ESCOLA DE DOUTORAMENTO
INTERNACIONAL DA USC

José Manuel
Vázquez López

Tese de doutoramento

O proceso de modernización escolar na provincia de Lugo (1900-1936)

Lugo, 2025

Programa de Doutoramento en Educación

ESCOLA DE DOUTORAMENTO INTERNACIONAL DA USC

TESE DE DOUTORAMENTO

O PROCESO DE MODERNIZACIÓN ESCOLAR NA PROVINCIA DE LUGO (1900-1936)

Autor/a:

José Manuel Vázquez López

https://orcid.org/0009-0007-5781-5840

Director e titor: Eugenio Manuel Otero Urtaza

PROGRAMA DE DOUTORAMENTO EN EDUCACIÓN

LUGO – 2025

RESUMO: O Primeiro terzo do século XX constituíu unha época privilexiada para o proceso de *modernización escolar* en España, que tivo o seu punto álxido durante o primeiro bienio da Segunda República, unha realidade que foi o produto do cruzamento dos diversos factores analizados no presente traballo. Por este motivo, o obxectivo principal desta tese de doutoramento é recuperar este período na provincia lucense (1900-1936), describindo cales foron as principais medidas realizadas para combater o deficitario estado da escola e quen foron os principais protagonistas, en especial no referente á introdución das primeiras experiencias de *ensinanza activa*. Asemade, analiza as distintas iniciativas circumescolares que favoreceron a toma de conciencia sobre o atraso escolar e a desigualdade de oportunidades educativas para o desenvolvemento académico e persoal dos escolares. Así, esta etapa abarca un dos períodos de maior importancia para a historia pedagóxica desta provincia: a "Idade de Prata", descrita por Mainer, e o florecemento educativo do primeiro bienio da Segunda República, onde se defendeu a ampliación da educación pública, activa, laica e unificada. Deste xeito, introduciuse a idea de revalorizar a educación e o patrimonio cultural, poñendo de manifesto que non todos os nenos recibían formación, creándose así unha situación de desequilibrio. A carencia deste dereito converteuse nun medio de discriminación provocando situacións de marxinación. Xornalistas, mestres, administradores e inspectores, conscientes da presenza destas dificultades, realizaron reivindicacións a favor da dignificación da escola e dos dereitos dos escolares, mediante diversas iniciativas e a través da difusión de novas teorías transnacionais. Isto favoreceu o desenvolvemento dun proceso de *modernización escolar*, constituído por un conxunto de reformas que foron insuficientes e paralizadas debido á falta de recursos, aos frecuentes cambios de goberno ou á chegada da Guerra Civil.

PALABRAS CLAVE: escola, ensinanza primaria, Lugo, mestres, inspectores, modernización escolar.

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

ABSTRACT: This document contains the work of protected Research, about the school modernization process in Lugo (1900-1936), which analyzes the influence of the environment on teaching Primary Lugo, based on documents found in the educational Archives and books. In addition, the different school-wise initiatives that have promoted awareness of school delay and the inequality of educational opportunities are analyzed. In this way, the idea of revaluing education and cultural heritage was introduced, demonstrating that not all children received training, thus generating a situation of imbalance. The lack of this right has become a means of discrimination, causing situations of marginalization. Journalists, teachers and inspectors, aware of the presence of these difficulties, made claims in favor of the dignity of public institutions through their work, reports and publications. This favored the development of a process of school modernization, consisting of a conglomeration of slow, insufficient educational actions, paralyzed by the arrival of the *Civil War*, such as those established in the pedagogical conferences of 1923 and 1933. Thus, this stage constitutes one of the most important in the pedagogical history of this province: the "Silver Age" and the educational flourishing of the first biennium of the Second Republic. Study time that reveals an essential relationship between society and school, in defense of public, active, secular and unified education.

KEY WORDS: school, primary education, Lugo, teacher, inspector and school modernization.

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

RECOÑECEMENTOS E AGRADECEMENTOS:

Quero expresar a miña profunda gratitude á miña familia, amigos e profesores: especialmente a Eugenio Otero Urtaza, Herminio Barreiro Rodríguez, Antón Costa Rico, Rocío Corral Ladra e Tito Diéguez Sánchez.

Á Galicia aquela
casposa e castelá
duns anos trinta
que era gobernada
por uns caciques
que fan cacicadas.
Á Galicia aquela
de aldeas pequenas
e diseminadas
sen luz, sen estradas
chegan as misións.
Mestres entusiastas
entusiasmados
levan a cultura
á xente que estaba
pobre, analfabeta
e escravizada.
Pero chega a guerra
e os mariñeiros
máis entusiasmados
foron os primeiros
en ser detidos
e encarcerados.

Bablo do Batán[1]

[1] X. R. Penoucos, "Pablo Pérez: Mestre, poeta, artista e namorado do rural", *La voz de Galicia*, (27 de agosto de 2018) extraído o 15 de xaneiro de 2025 de: https://www.lavozdegalicia.es/noticia/lugo/2018/08/27/pablo-perez-mestre-poeta-artista-namorado-do-rural/0003_201808L27C8991.htm

ÍNDICE DE CONTIDOS:

INTRODUCIÓN 8
1. O CONTEXTO DA INVESTIGACIÓN 14
1.1. O ENSINO PRIMARIO EN ESPAÑA: APROXIMACIÓN HISTÓRICA 15
1.2. A EDUCACIÓN COMO TERCEIRA VERTENTE DE DESENVOLVEMENTO INTELECTUAL NA "IDADE DE PRATA" 18
1.3 A INSPECCIÓN EDUCATIVA DO ENSINO PRIMARIO EN ESPAÑA 20
1.4. A ESCOLA EN GALICIA A PRINCIPIOS DO SÉCULO XX 25
1.5. O EQUILIBRIO ENTRE OS FACTORES E A COMPATIBILIDADE IDEOLÓXICA ENTRE A POLÍTICA EDUCATIVA E A PEDAGOXÍA 27
2. A REVISIÓN TEÓRICA E O MARCO CONCEPTUAL 30
2.1. ENTRE A ESCOLA DOS ANNALES E A NOVA HISTORIA CULTURAL . 32
2.2. O MODELO SOCIOCRÍTICO 34
2.3. A VISIÓN "MACRO": ESTUDO DOS CAMBIOS DA POLÍTICA EDUCATIVA NACIONAL 37
2.4. A VISIÓN "MICRO": ESTUDO DA GRAMÁTICA, A FORMA E A CULTURA ESCOLAR 43
3. O DESEÑO DA INVESTIGACIÓN 46
3.1. A INQUEDANZA PERSOAL, A VALORACIÓN DO ESTADO DA CUESTIÓN E A PREOCUPACIÓN INVESTIGADORA 46
3.2. AS HIPÓTESES E OBXECTIVOS DA INVESTIGACIÓN 48
3.2.1. Hipóteses 49
3.2.2. Obxectivo xeral e específicos 49
3.3. A METODOLOXÍA XERAL 51
3.3.1 Procedemento metodolóxico xeral 51
3.3.2. Técnicas de investigación 51
3.3.3. A práctica da procura de arquivos 52
3.4. AS FONTES E FONDOS DOCUMENTAIS 55
3.4.1. Fontes primarias 57
3.4.2. Fontes secundarias 63
3.4.3. Limitacións da investigación respecto ás fontes 64
4. OS RESULTADOS E DISCUSIÓN DA INVESTIGACIÓN 66
4.1. A ESCOLA NA PROVINCIA DE LUGO (1900-1936) 75
4.1.1. O predominio da escola tradicional 75
4.1.2. A dependencia do campo e a súa incidencia no absentismo escolar 111
4.1.3. A escasa eficacia das xuntas provinciais e locais 126
4.1.4. O choque cultural entre a lingua ambiental e a lingua escolar 132
4.1.5. Os longos e dificultosos traxectos ata a escola 140
4.1.6. O dominio da Igrexa católica na escola a través da ensinanza relixiosa 146
4.1.7. O descenso da mortalidade infantil e a súa incidencia escolar 163
4.1.8. O aumento da matrícula escolar 165
4.1.9. Diferenzas entre homes e mulleres no acceso á escola 172
4.1.10. O aumento da demografía, a emigración e a súa incidencia na escola 179
4.2. OS MESTRES NA PROVINCIA DE LUGO (1900-1936) 188
4.2.1. O aumento do cadro de persoal 191
4.2.2. As reformas da formación 195
4.2.3. A humilde vida laboral 205
4.2.4. O problema do financiamento 211
4.2.5. O aumento do asociacionismo 215

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

4.2.6. O proceso de depuración coa chegada da Guerra Civil 228
4.2.7. O proceso de militarización 236
4.2.8. Os mestres exiliados e falecidos a causa da Guerra Civil 238
4.2.9. A adecuación aos novos principios ideolóxicos-educativos do Goberno Franquista 246
4.3. A INSPECCIÓN DO ENSINO PRIMARIO NA PROVINCIA DE LUGO (1900-1936) 254
4.3.1. Os antecedentes na provincia de Lugo 275
4.3.2. Os cambios nos soldos 287
4.3.3. A demanda dunha formación máis técnica e menos burocrática 292
4.3.4. A JAE e as viaxes de estudos dos inspectores destinados en Lugo 298
4.3.5. O progresivo aumento de inspectores 305
4.3.6. A incidencia da inestabilidade política 313
4.3.7. As funcións dos inspectores: "unha Escola Normal a domicilio" 316
4.3.8. A progresiva incorporación de mulleres á inspección 325
4.3.9. A escola segundo os estudos de José del Peso y Sevillano e José Galera Moreno 331
4.3.10. Os itinerarios vitais e profesionais dos inspectores e inspectoras que traballaron na provincia lucense 338
4.3.10.1. Luis Soto Menor 338
4.3.10.2. Juan Comas Camps 351
4.3.10.3. José Galera Moreno 364
4.3.10.4. José del Peso y Sevillano 367
4.3.10.5. José Ramón y Fernández Ojea. (Ben-Cho-Shey) 370
4.3.10.6. Salvador Cillán Hernández 374
4.3.10.7. Luis Jorge y Téllez de Meneses 375
4.3.10.8. Carmen Muñoz Manzano 375
4.3.10.9. Elisa Rodríguez Estévez 377
4.3.10.10. Carmen Castilla Polo 378
4.3.10.11. Joaquín García Ojeda 383
4.3.10.12. Daniel Calvo Portero 387
4.3.10.13. José María Díaz y Díaz Villamil 388
4.3.10.14. Jacinto Ruiz Santiago 390
4.3.11. O proceso de depuración dos inspectores e inspectoras coa chegada da Guerra Civil 391
4.4. OS FACTORES DE INCIDENCIA NO PROCESO DE MODERNIZACIÓN ESCOLAR NA PROVINCIA DE LUGO (1900-1936) 403
4.4.1. O transito do pensamento da ILE á *Escola Nova* 409
4.4.2. O aumento das escolas públicas e a redución dos centros privados, de tempada e de ferrado 414
4.4.3. A difusión de teorías transnacionais promovidas pola ILE 433
4.4.4. A creación de escolas indianas 451
4.4.5. As colonias escolares 471
4.4.6. A Misións Pedagóxicas na provincia de Lugo 477
4.4.7. A importancia da muller como educadora e protectora da infancia 489
4.4.7.1. A Escola de Nais-"La Gota de Leche" 513
4.4.8. O aumento das publicacións educativas 520
4.4.9. A influencia dos congresos pedagóxicos lucenses 530
4.4.9.1. O Congreso Pedagóxico Lucense de 1923 531
4.4.9.2. A Semana Pedagóxica Lucense de 1933 539

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

4.4.10. Propostas favorables á introdución de cambios na escola 551
4.4.11. Dende a ensinanza agraria á realización das primeiras experiencais dirixidas ao ocio, coñecemento e protección da natureza 558
4.4.12. Os inspectores como axentes de desenvolvemento escolar 580
5. AS CONCLUSIÓNS XERAIS 609
5.1. CONCLUSIÓNS RESPECTO AO PROCESO DE MODERNIZACIÓN ESCOLAR 609
5.2. LIÑAS FUTURAS DE INVESTIGACIÓN 626
6. A BIBLIOGRAFÍA 628
6.1. BIBLIOGRAFÍA XERAL 628
6.2. BIBLIOGRAFÍA ESPECÍFICA SOBRE INSPECCIÓN 657
6.3. DISPOSICIÓNS LEXISLATIVAS EMPREGADAS 663
6.4. ARQUIVOS CONSULTADOS 667
6.4.1. Expedientes do arquivo JAE 667
6.4.2. Expedientes do arquivo ACME-AGA (Arquivo da General de la Administración) 668
6.4.3. Documentos empregados do APL (Arquivo Provincial de Lugo) 668
6.5. CADROS, TÁBOAS, ILUSTRACIÓNS E GRÁFICOS 676
6.5.1. Cadros 676
6.5.2. Táboas 678
6.5.3. Ilustracións 679
6.5.4. Gráficos 683
6.6. REVISTAS E PERÍODICOS CITADOS OU CONSULTADOS 684
6.6.1. Números consultados e citados de *El Progreso* (principais) 685
6.6.2. Números consultados da *Gaceta de Madrid* 685
6.6.3. Números consultados do *Boletín Oficial do Estado* 688
6.6.4. Artigos específicos empregados 688
6.7. ANUARIOS ESTATÍSTICOS E CENSOS DE POBOACIÓN 690
6.8. PRINCIPAIS ABREVIATURAS 691
6.8.1. Empregadas na escritura 691
7. OS ANEXOS 693
7.1. CARTA DO ALCALDE DE LUGO AO PRESIDENTE DA XUNTA PROVINCIAL DE PRIMEIRA ENSINANZA 693
7.2. CARTA DO PRESIDENTE DA XUNTA LOCAL LUCENSE AO GOBERNADOR CIVIL 695
7.3. JOSÉ DEL PESO Y SEVILLANO: “GALICIA Y SU ENSEÑANZA PRIMARIA” 697
7.4. JOSÉ GALERA MORENO: “LA ORGANIZACIÓN DE LA INSPECCIÓN DE PRIMERA ENSEÑANZA” 730
7.5. JOSÉ DEL PESO Y SEVILLANO EN *VIDA ESCOLAR*: “LA CULTURA POPULAR GALLEGA” 734
7.6. MESTRES/AS DEPURADOS/AS NA PROVINCIA DE LUGO (1936-1942) 736
7.7. ESTUDO SOBRE A MOBILIDADE DOS INSPECTORES DE PRIMEIRA ENSINANZA 743
7.8. ESTUDO SOBRE O ACCESO Á INSPECCIÓN 751
7.9. ESTUDO SOBRE OS DOCENTES MÁIS DESTACADOS (1900-1936) 769
7.10. AUTORIZACIÓNS PARA O USO DAS FOTOGRAFÍAS 777

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

INTRODUCIÓN

A presente tese doutoral ten como obxectivo o estudo da ensinanza primaria na provincia de Lugo e as tentativas de renovación ocorridas dende 1900 ata 1936, como reacción á depauperada situación escolar herdada do século XIX. Sobre a elección do título, *O proceso de modernización escolar*, partiu da pregunta: Que aspectos foron os máis substanciais e definitorios deste período? Con estas miras, engadir que esta designación procurou recoller os feitos "esenciais" realizados polas diferentes administracións, mestres, inspectores, asociacións e iniciativas particulares; como xeito de poñer fin ao deficitario e obsoleto panorama do ensino primario nesta provincia. A pesar da procura de tan loable obxectivo, daquela non se puido constituír unha total adecuación das escolas, debido principalmente á falta de recursos, ás constantes viraxes no goberno ou á chegada da Guerra Civil. No entanto, con este título pretendemos sintetizar os feitos máis importantes, centrándonos en como se levou a cabo o conglomerado de medidas educativas ao longo do tempo.

En segundo lugar, cabe preguntarse entón: Que entendemos por *modernización* escolar?[2] Cal era o estado da ensinanza primaria nos primeiros anos do século XX na provincia de Lugo, que propiciou a necesidade de levar a cabo unha renovación? Cales foron os principais avances neste sentido? e Cales foron os factores que promoveron os cambios? Por este motivo, esta traballo centrouse no estudo de: a escola, os mestres, os inspectores e os factores de modernización escolar que influíron na provincia de Lugo dende o comezo do XX ata a chegada da Guerra Civil, tendo en especial consideración a difusión de novas teorías transnacionais. Dende esta perspectiva, cómpre situar *a escola* como eixe do estudo e como elemento dinámico que foi mudando ao longo das tres primeiras décadas do século XX. Así, confrontamos a presente investigación dende tres puntos de vista: o teórico (recompilación dos pensamentos dos mestres, inspectores, administradores, xornalistas e outros axentes), o legal (debido a influencia das novidades normativas ligadas aos cambios de goberno) e o práctico (o estudo da experiencia e a *gramática da escola*).[3] Isto supón un cambio entre o vello xeito de construír a historia e a procura dun enfoque feito desde a *nova historia cultural*,[4] analizando dun xeito interdisciplinar o contorno,[5] baixo as diversas correntes aplicadas ao estudo e investigación da escola.[6] Para isto empregáronse principalmente as investigacións previas realizadas sobre a educación en Galicia, e á documentación dispoñible que deixaron os mestres e inspectores que traballaron nesta provincia:

[2] A modernización enténdese como un proceso de renovación, actualización e incorporación de novas metodoloxías ou enfoques contemporáneos na procura do progreso educativo. Concepto disertado no capítulo 2, titulado: Revisión teórica e marco conceptual. Vide Joan Comas Camps, "Escuelas Nuevas-Educación activa I", *Vida Escolar,* (Nº 96, ano II, 1928), 3-5; e Joan Comas Camps, "Escuelas Nuevas-Educación activa II", *Vida Escolar,* (Lugo: Nº 97, ano II, 1928), 3-4;

[3] En David Tyack e Tobin William, "The "grammar" of schooling: Why has it been so hard to change?", *American educational research journal*, (31.3, 1994): 453-479.

[4] Vide Marc Depaepe y Simon, "Vieja y nueva historia de la educación: Ensayos críticos", *Vieja y nueva historia de la educación: ensayos críticos*, (2006).

[5] En Herminio Barreiro, "Consideraciones en torno a la investigación histórico-educativa. Sobre objetivos y modelos", *Sarmiento*, Nº 15, (2011): 141.

[6] En Agustín Escolano Benito. "La escuela como construcción cultural". *Espacios en Blanco. Revista de Educación*, (Serie Indagaciones, 2008), 137.

informes, traballos, cartas, citas normativas, memorias, publicacións, anuarios e fotografías.[7] Mediante a revisión de fontes puidemos afondar no coñecemento sobre a interrelación entre as circunstancias e os influxos pedagóxicos externos.

En terceiro lugar, respecto á revisión do *estado da cuestión*, cómpre ter en conta que sobre a historia da ensinanza lucense previa son poucos os estudos específicos realizados, tomando en consideración ata a data a Tese de David Fernández Fraga titulada *Lugo S. XVIII Educación e Ilustración*, así como os traballos e textos de Antonio Prado, neste caso centrados na educación secundaria.[8] Secasí, tendo en conta a cronoloxía de traballos realizados sobre este tema, para constituír unha base sólida de coñecemento, en primeiro lugar revisamos os 337 estudos sobre a historia educativa de Galicia, publicados entre 1980 e o 2001, realizados principalmente por Antón Costa, Carmen Benso, Xosé Manuel Cid, Narciso de Gabriel, Vicente Peña e Anxo Porto, entre outros;[9] así como as súas últimas investigacións.[10] De xeito específico, para a inspección tivemos en conta de maneira relevante os traballos achegados por Eduardo Soler, Adolfo Maíllo, Alfredo Jiménez Eguizábal, Manuel Morente e Luis Batanaz. O incremento significativo de estudos sobre estes temas reflicten como co paso do tempo aumentou a incidencia da educación na sociedade e nas institucións, dinamizando esta relación, grazas á aparición de novas análises sobre o contorno.[11]

En cuarto lugar, no presente estudo tivemos en conta as características das escolas lucenses, como institucións que producen a súa propia cultura e as súas particulares prácticas e códigos, referímonos ao estudo da *cultura escolar*. Esta práctica abandona o enfoque de institución cultural como simple espazo de reprodución de discursos académicos externos,[12] establecendo un enfoque estratigráfico da realidade mental e material que analiza a disposición interna das escolas, distribución e uso.[13] Temos que ter en conta que durante o período investigado produciuse unha viraxe importante na política, pasando dunha escola local, controlada polas autoridades municipais, a unha escola nacional sufragada pola Administración Central.[14]

Neste proceder abordamos tamén o estudo profesional dos mestres e inspectores que traballaron nesta provincia. Mediante a súa visión conformamos a imaxe dos cambios e das tentativas de modernización educativa sucedida en Lugo. Este período abarca tempos de transformación: avances intelectuais, artísticos, nas mentalidades, novas liberdades, costumes e ideais dos mestres na denominada *Edad de Plata*.[15] Con todo isto produciuse unha efervescencia cultural que desembocou no *primeiro bienio* da

[7] Unha obra clave para coñecer o estado da cuestión foi para nós a de Antón Costa Rico, *Escolas e Mestres...*, (Santiago: Servizo Central de Publicacións Xunta de Galicia, 1989).

[8] En José David Fernández Fraga, *Lugo S. XVIII Educación e Ilustración*, (Lugo: Servizo de Publicacións da Deputación Provincial Lugo, 1992).

[9] En Antón Costa Rico, "Historiografía educativa de Galicia (1750-2000)", *Sarmiento*, (Nº 5, 2001) 157-159.

[10] Vide apartado de Bibliografía xeral e específica 6.1 e 6.2 do presente traballo.

[11] En Herminio Barreiro, "Consideraciones en torno a la investigación histórico-educativa. Sobre objetivos y modelos", *Sarmiento*, (Nº 15, 2011) 141.

[12] En Agustín Escolano Benito, "La cultura de la escuela en el sistema educativo liberal", *Historia ilustrada de la escuela en España. Dos siglos de perspectiva histórica,* (2006): 23.

[13] En Antonio Viñao Frago, "Historia de la educación e Historia cultural: posibilidades, problemas, cuestiones". *Revista Brasileira de Educación,* (1995): 70.

[14] En Carmen Benso Calvo e Rosa María Cid Galante, "A ensinanza privada en Ourense a principios do século XX", *Sarmiento*, Nº 8, (2004): 45.

[15] Durante as primeiras décadas do século XX produciuse en España o que José Carlos Mainer denomina a *Idade de Prata*. Este período caracterizouse por un proceso de modernización literaria, científica e pedagóxica. No presente traballo empregouse este termo para facer énfase na vertente pedagóxica. Vide José Carlos, Mainer, *La edad de Plata*, (Madrid: Ediciones Cátedra, 1968).

Segunda República.[16] Produciuse unha intensa alteración dos costumes nas cidades: co seu crecemento urbano, a difusión da luz eléctrica, os vehículos a motor, o cine como un novo espazo de lecer que se superpuxo ao teatro e espectáculos musicais, os comercios con grandes escaparates e unha moda máis accesible ás clases medias e incluso populares, así como maiores sentimentos de liberdade fronte ao poder constituído, que levan a liquidar o sistema político da Restauración e avanzar nunha democracia moderna e ilustrada. Asemade, o empuxe do movemento obreiro incidiu nos cambios radicais dos poderes políticos internacionais, especialmente visibles tras a Revolución Rusa e o final da Primeira Guerra Mundial. Son anos tamén da eclosión do deporte como espectáculo e práctica popular, que se expandiu "como unha mancha de aceite na sociedade urbana española da época".[17] Por outro lado, xurdiron novas vangardas artísticas que desembocarán nas creacións da denominada Xeración de 1927. Estas vangardas asimilaron en moitos casos que a súa función era poñer o seu arte ao servizo dunha causa. Estes cambios levaron á súa vez a aparición de novas tensións sociais que influirán na orixe do fascismo. Entre a xuventude que despunta cara a 1930 −certamente en Madrid pero con afluencia de xoves de toda España− parecía que non se podía estar noutro lugar político máis que nos extremos. Unha mocidade que escribiu ao principio nas mesmas revistas, empezaron a elixir camiños diferentes cando comezou a República:

> Hasta 1929, los caminos de todos ellos se cruzaban o confundían sin que nada les obligara a separarlos, pero desde la misma caída del dictador, la conviccion común de que las plumas debían ponerse al servicio de las ideas fue determinante a la hora de elegir camino. Ideas había todas las que se quisiera en el aquel momento que se presentaba ante la juventud literaria como fundacional. Era cuestión únicamente de elegir. Y cada cual eligió su propio camino: la pluma al servicio del nuevo liberalismo, del fascismo, del comunismo. No se agotaban ahí las opciones, pero estas fueron algunas de las que rompieron los caminos de aquellos intelectuales que fueron jóvenes, en Madrid, hacia 1930.[18]

Pola súa parte, a *Segunda República* non foi un goberno homoxéneo, xa que se dividiu en distintos momentos: a etapa dos gobernos provisionais, a coalición republicana-socialista ou bienio azañista e o bienio radical cedista.[19] Na primeira etapa pretendeuse levar a cabo unha reestruturación global da ensinanza primaria, levando a cabo un impulso educativo relevante: construíronse novas escolas, ampliouse o cadro de persoal do corpo de mestres, subíronse os salarios dos docentes e reformouse o modelo de formación, selección e perfeccionamento profesional do maxisterio.[20] De maneira máis intensa, nestes dous anos leváronse a cabo importantes reformas en educación, porque a escola era unha das principais preocupacións para o Goberno.[21] Un espazo de tempo onde a ensinanza primaria experimentou un proceso de efervescencia pedagóxica, que se traduciu nun aumento significativo de escolas públicas e prazas docentes, así como unha revaloralización social e económica do exercicio do maxisterio. Un período privilexiado na historiografía educativa lucense onde se pode

[16] En Manuel Tuñón de Lara, *Medio Siglo de cultura española*, (Madrid: Tecnos, 1973).

[17] En Luis Enrique Otero Carvajal, "La sociedad urbana y la irrupción de la Modernidad en España, 1900-1936", *Cuadernos de Historia Contemporánea*, 38, (2016): 268.

[18] En Juliá Santos, "Ser intelectual y ser joven, en Madrid, en 1930", *Historia Contemporánea*, 27, (2003): 775.

[19] En Anxo S., Porto Ucha, "Dous modelos educativos, duas escolas enfrontadas: a escola republicana e a escola nacional-católica", *Sarmiento*, Nº 10, (2006): 116-118.

[20] En Meritxell Simon-Martin y Gloria Jové Monclús, "Los "cursillos de selección profesional" en la Escuela Normal de Lleida, 1931-1933", *Pedagogias alternativas y educación en los márgenes a lo largo del siglo XX*, (Valencia: Universidade de Valencia, 2022), 286.

[21] En Herminio Barreiro Rodríguez, *Lorenzo Luzuriaga y la Renovación en España (1889-1936)*, (A Coruña: Edicións do Castro, 1989), 85.

apreciar un aumento de publicacións a favor da introdución de ideais renovadores impulsados polo Goberno Republicano. Pero entendemos que estes cambios partiron dun período previo máis extenso, unhas reformas que xa se demandaban nas escolas con anterioridade e que coa instauración do primeiro bienio republicano se fíxo realidade, o que sinalan autores como Viñao e Ribagorda.[22]

Este traballo está dividido en catro partes, os tres primeiros capítulos recollen os *aspectos de bosquexo e deseño conceptual e metodolóxico*: a presentación, o deseño da investigación, a revisión teórica e o marco conceptual. O seguinte capítulo difunde os resultados da investigación en catro apartados: o estudo da escola, a vida dos mestres, a inspección e por último os factores de incidencia no proceso de modernización escolar lucense (1900-1936). No primeiro apartado abordouse a relación entre a escola e a sociedade, xa que non se pode entender a historia provincial sen coñecer e analizar brevemente o marco exterior influinte, sobre todo tendo en conta a grande importancia dos avances pedagóxicos internacionais sucedidos durante os últimos anos do século XIX e os primeiros anos do século XX. O segundo grande apartado alberga o estudo dedicado aos mestres: o aumento do asociacionismo docente,[23] a influencia da Igrexa nos docentes, a análise dos principais problemas que presentaba a escola, a organización, os axentes que conformaron o desenvolvemento, así como o acceso á profesión de mestre. No terceiro apartado desta sección é onde se desenvolve un estudo biográfico dos inspectores que traballaron en Lugo dende 1900 ata 1936, achegando a súa visión respecto aos problemas que presentaba o sistema educativo, analizando posteriormente o proceso de depuración ao que foron sometidos. Respecto a isto, o último apartado 4.4. recolle o estudo dos factores no proceso de modernización escolar sucedidos nesta provincia, tendo en conta a investigación do ensino primario e os factores influentes no proceso de alfabetización.[24] Ao final do estudo recóllense as conclusións extraídas (capítulo cinco) e os libros e documentos consultados recollidos na bibliografía (capítulo seis). Por último atoparemos o apartado de Anexos (capítulo sete), onde destacan os documentos máis representativos dos inspectores que traballaron nesta provincia no período estudado e algúns dos epistolarios que se conservan.

Respecto á cuestión das *fontes* empregadas, para realizar este traballo a procura de memorias, cartas, ilustracións, publicacións e informes constituíron unha parte importante da investigación histórica. En todo a investigación hai abundante material visual que conta coas autorizacións incorporadas no Anexo Nº 10.[25] Convén ter en conta que, unha vez visitados os colexios lucenses, os inspectores trasladaban ás autoridades

[22] Vide Antonio Viñao, "Ayer y hoy de la educación en España: memorias y desmemorias*", Lecciones contra el olvido. Memoria de la educación y educación de la memoria,* (2011), 23-60 e Álvaro Ribagorda, "La historiografía sobre la educación, la ciencia y la cultura durante la Segunda República española", *Luces y sombras del 14 de abril: la historiografía de la Segunda República española*, (Biblioteca Nueva, 2017).

[23] En Eric Jorge Fontoba Jordá, "Asociacionismo docente en España durante el siglo XIX y XX. Inicios y puntos de partida durante el siglo XIX", *Pedagogias alternativas y educación en los márgenes a lo largo del siglo XX*, (Valencia: Universidade de Valencia, 2022), 76-77.

[24] Vide Narciso de Gabriel, "O proceso de alfabetización en Galicia", *Sarmiento*, Nº 1, (1997): 11-15.

[25] No referido ao emprego das fotografías (a maioría teñen máis de 80 anos). O resto solicitamos os respectivos permisos para a re utilización e/ou difusión de reproducións no traballo de investigación, exclusivamente para fins académicos e sen ánimo de lucro. Para isto, puxémonos en contacto con todos os autores. No caso da revista *Vida Escolar* editada ata 1937, probablemente moitos dos seus colaboradores foron depurados e non existe a posibilidade de contactar con algún membro da redacción. Tan só o caso de RTVE manifestou que non cedía imaxes para uso particular, polo que foi suprimida a súa foto de Enriqueta Otero. Respecto ao maior fonte de fotografías foi o diario lucense *El Progreso* (con 61 instantáneas), achegase o permiso correspondente no Anexo Nº 10, xunto a outros. No que toca ás fotografías de Wikimedia son de uso público. As demais están debidamente citadas ou son de autoría propia en museos e arquivos.

informes oficiais sobre as escolas, a maioría en mal estado salvo algún centro indiano localizado na zona na Mariña Lucense ou na Terra Chá.[26] Nestes documentos revisábanse os principais problemas que afectaban aos centros e proporíanse posibles solucións ou medidas a introducir para paliar: as deficiencias nas infraestruturas, a ineficacia da Administración Escolar, a precaria profesionalización do maxisterio, a miseria nas escolas públicas e privadas e as baixas taxas de escolarización-asistencia. Segundo os inspectores, polo xeral os centros de nova creación tampouco reunían unhas condicións pedagóxicas e hixiénicas adecuadas.[27]

Para realizar a presente investigación foi necesario partir da *análise do contorno* educativo,[28] é importante sinalar, que a comezos do século XX en Lugo existiu unha corrente paralela á renovación pedagóxica: a efervescencia do sociaterismo docente. Esta é unha cuestión relevante analizada neste traballo, xa que estes organismos complementaban ás institucións escolares en temas claves: á protección educativa e asistencial de alumnos con poucos recursos e a mellora das condicións laborais dos mestres. Deste xeito atopamos asociacións que traballaron promovendo a satisfacción das necesidades dos nenos orfos e pobres como as *Cantinas Escolares*, o *Ropero Escolar*, o *Patronato de Protección Escolar de Pedrada-Cimavila*, as *Colonias Escolares*, a Xunta Provincial para a Protección de Orfos do Maxisterio, o Padroado de Protección Escolar Lucense, *Escuela de Madres* ou a *Asociación La Gota de Leche*. Tamén atopamos asociacións de mestres que defenderon os dereitos dos traballadores docentes como a Mutualidade do Maxisterio da Asociación Provincial de Lugo, a *Asociación de Maestros de Viveiro*, a *Asociación Católica de Maestros de Lugo*, a *Asociación Maestros Interinos y Substitutos*, a *Asociación de Maestros Nacionales del Partido de Lugo*, a *Asociación Profesores de Magisterio Primario*, a *Asociación Provincial de Maestros de Lugo* ou a *Confederación Nacional de Maestros*

Outro tema relevante analizado foi a análise do *comportamento da asistencia escolar* na provincia de Lugo. Para realizar esta tarefa empregamos o traballo do inspector José del Peso y Sevillano, a estatística escolar e os estudos previos. O resultado desta investigación reflicte unha gráfica que debuxa a evolución da asistencia escolar, conformando unha campá de Gauss, é dicir, observamos como o absentismo era máis agudo nos primeiros e últimos meses do ano, coincidindo cos períodos de recolleita e sementeira. Tamén denotamos como a medida que os alumnos eran maiores, a porcentaxe de abandono escolar era máis alto, debido principalmente á progresiva incorporación laboral, en moitas ocasións a idade temperá. Tamén establécense diferenzas de asistencia entre homes e mulleres. Esta tendencia provocaba unha situación de desigualdade de oportunidades de acceso á educación entre os escolares, un comportamento enmarcado nun escenario no que o aumento demográfico da poboación da provincia provocou o incremento da matrícula escolar.

A *cuestión relixiosa* asemellaba un asunto difícil, sobre todo disputarlle ás congregacións eclesiásticas os seus 600.000 alumnos.[29] Segundo Pierre Vilar, para facer unha escola laica en España, ao modo francés, facían falta 27.000 novas escolas, pero os recursos do bienio reformista tan só permitiron empezar cun lote de 7000 u 8000.

[26] Segundo Luis Bello especialmente a Escola de Galdo.
[27] En "Escolas de indianos", *El Progreso*, 18 de novembro de 1914.
[28] En Herminio Barreiro, "Consideraciones en torno a la investigación histórico-educativa. Sobre objetivos y modelos", *Sarmiento*, Nº 15, (2011): 141.
[29] En Pierre Vilar, *Historia de España*, (Barcelona: Crítica), 188.

Historicamente, Galicia caracterizouse por soportar unha forte influencia do clero, acompañada dunha profunda preponderancia no ámbito da sociedade.[30] Na provincia de Lugo é conveniente ter en conta a importante presenza da Igrexa, sobre todo nas cidades (Lugo, Mondoñedo e Monforte), onde os centros de formación relixiosa ocupaban gran parte do ensino primario. Aquí, as institucións eclesiásticas tiñan moita autoridade a través das bibliotecas, a ensinanza primaria, o Seminario Diocesano e os estudos de Gramática. Pero a medida que transcorreu o primeiro terzo do século XX, estas institucións foron perdendo parte do seu dominio, sobre todo no primeiro bienio da Segunda República.

Por último, convén incidir eu que este traballo perseguiu a ampliación do coñecemento sobre o pasado da escola en Lugo, mediante o exercicio hermenéutico de *reconstrución da memoria colectiva*. Deste xeito, mediante a investigación do desenvolvemento da escola pretendemos incrementar a riqueza cultural e histórica da provincia lucense. Para ampliar o coñecemento empregáronse como fío condutor os sucesos culturais, políticos, sociais e educativos máis importantes. Todas estes exercicios viñeron acompañados dunha revisión lexislativa e bibliográfica, para poder observar as modificacións que sufriu ao longo da historia a ensinanza primaria, analizando os cambios sobre a configuración da escola, do perfil profesional do inspector e do mestre.[31]

[30] En José Ramón Fernández Vázquez, "Algúns aspectos históricos sobre a incorporación femenina á educación e a normalización do formato escolar mixto en Galicia", *Sarmiento,* Nº 7, (2003): 96.

[31] Para realizar o estudo da escola en Lugo tivéronse en consideración os estudos previos de Antón Costa Rico, especialmente a súas obras *Escolas e mestres, O ensino en Galicia. Problemática e perspectivas, Historia da Educación e da Cultura en Galicia e A Reforma da educación (1906-1936): X. V. Viqueira e a historia da psicopedagoxía en Galicia.*

1. O CONTEXTO DA INVESTIGACIÓN

Non sería xusto nin cientificamente correcto non valorar algunhas das achegas clásicas da Historia da Educación e da Pedagoxía,[32] por este motivo, no seguinte apartado cómpre realizar unha breve introdución sobre o *ámbito internacional, nacional e provincial*. Seguindo esta orde, comezaremos explicando como era o panorama europeo entre 1900 e 1936. Durante as primeiras décadas do século XX Europa foi o escenario de constantes e rápidas transformacións: numerosos cambios políticos, a Gripe Española, a Primeira Guerra Mundial, o movemento de masas e a implantación dunha economía capitalista influída pola Crise Económica do 29.[33] O capitalismo e os avances técnicos estableceron unha nova clase burguesa como sector dominante. A transformación económica estableceuse como un factor que condicionou as relacións capitalistas.[34] A sombra da Crise do 29 deixaría novas democracias liberais de orientación socialdemócrata e a construción de economías capitalistas con intervención do Estado.[35] Os intercambios e relacións económicas multiplicaron as relacións e con elas os conflitos sociais, acompañados de o aumento demográfico e a redución da mortalidade. Estes foron factores que suscitaron novas transformacións en todo o mundo, acompañados por unha expansión urbanística e un aumento dos movementos migratorios agudos. Estes factores serían especialmente intensos na constitución de novos sistemas educativos en Europa.[36]

Con esta análise preténdese situar ao lector no *contexto internacional*, tendo en conta as transformacións xeográficas, económicas, sociais, políticas e culturais que influíron na ensinanza primaria lucense e na súa inspección. Ademais de tratar estes factores, cómpre analizar as bases pedagóxicas da educación contemporánea internacional, para continuar co movemento da *Escola Nova*, que confluíron na creación da nova pedagoxía no século XX. Unha nova maneira de traballar do mestre, dun xeito activo e democrático, que foi trasladado á provincia principalmente a través dos inspectores retornados das viaxes coa JAE. Mediante unha perspectiva comparada estes aspectos adquiren un significado e sentido histórico, xa que a provincia estivo influenciada polas correntes educativas europeas. Do mesmo xeito, no referente ás innovacións culturais e artísticas, producíronse profundas transformacións: rupturas co pensamento dominante no século XIX, difusión de ideais de liberdade e igualdade que

[32] En Herminio Barreiro, "Consideraciones en torno a la investigación histórico-educativa. Sobre objetivos y modelos", *Sarmiento*, Nº 15, (2011): 142.

[33] Vide José Ortega y Gasset, *La rebelión de las masas*, (Madrid: Espasa Calpe, 2006).

[34] A pesar do marcado carácter rural e a feble industria de Lugo, a comezos do século XX produciuse unha constante expansión económica, mediante: a integración da economía agraria no mercado, a comercialización de novos produtos, a expansión do comercio, a industrialización e os avances tecnolóxicos. Os mercados aproveitáronse da ausencia de fronteiras proteccionistas e a normalización do uso de novos medios de comunicación e transporte. Estes aspectos económicos relevaron a un segundo plano á economía popular tradicional e promoveron o sindicalismo.

[35] A procura do estado de benestar tomou como referencia o *New Deal* de Roosvelt posto en marcha en 1932 en EEUU. En George Strayer, "La contribución de la educación al bienestar de los Estados Unidos", *Revista de Pedagogía*, (Nº 118, Ano X, outubro de 1931): 433-438.

[36] Vide Philip G. Neserius, "La educación en las nuevas constituciones de Europa", *Revista de Pedagogía*, (Nº 101, Ano IX, maio de 1931): 216-223.

desenvolveron conflictos co pensamento tradicionalista católico e o clero do mundo rural.[37]

No caso de España, o *desenvolvemento económico* foi lento e desigual nas zonas agrarias, especialmente en Galicia que era entón unha das rexións máis deprimidas economicamente.[38] Ademais o carácter cambiante na política, marcadamente pendular, non facilitou unha administración eficaz.[39] Respecto ao pensamento pedagóxico, en España a ILE foi o movemento de innovación máis importante do primeiro terzo do século XX, non xa porque a súa liña intelectual, de marcado acento froebeliano, que estaba aínda moi estendida en Europa e América, senón porque seguía na vangarda das innovacións educativas e coa JAE iniciou un período no que o contacto coas correntes educativas europeas fixo "aflorar unas nuevas generaciones de maestros que esparcieron, en muchos pueblos de España, una cultura pedagógica innovadora que inspiraría cambios en su quehacer profesional y que, poco a poco, desembocaría en un potente movimiento educativo, bien visible en la II República."[40]

Respecto á provincia de Lugo a comezos do século XX existía unha sociedade na súa maioría dedicada a tarefas agrarias. A educación lucense estivo condicionada polas súas particularidades históricas: forte *tradicionalismo*, acusado *ruralismo*, intensa presenza das institucións eclesiásticas e costumes conservadores. Estas foron variables que incidiron nos procesos educativos, de xeito recíproco: a educación influía na sociedade e os aspectos sociais afectaban á escola. Polo tanto, o medio social condicionaba os procesos de desenvolvemento do alumno, que se caracterizaba polas precoces esixencias laborais.[41] Durante os primeiros decenios do século XX, a provincia lucense comezou a intensificar as relacións con ámbitos máis amplos: galego, hispano e europeo. No ámbito educativo está conexión foi real. Houbo en Lugo e nos seus contornos comarcais exemplos de iniciativas punteiras de reforma e de innovación que abriron portas ao pensamento escolar e permitiron abrir camiños a unha pedagoxía activa neste período.[42]

1.1. O ENSINO PRIMARIO EN ESPAÑA: APROXIMACIÓN HISTÓRICA

A finais do século XIX, España estaba mergullada no desastre das perdas coloniais, e debido a esta circunstancia xorde un forte movemento rexeneracionista encabezado por Joaquín Costa. Así, o ensino primario gañou importancia sociopolítica, como factor básico para o progreso do noso país.[43] Estas melloras pedagóxicas contribuíron a

[37] A escola foi o escenario para a implantación dunha nova disciplina social, en ocasións confrontada con outras institucións formadoras eclesiásticas.

[38] Vide Xose Manuel Beiras Torrado, *O atraso económico de Galicia,* (Vigo: Galaxia, 1982). En Galicia, a influencia do capitalismo e o progreso económico foron máis lentos que noutras zonas de España, mellor comunicadas, máis industrializadas e con outra orografía. As características das terras galegas e da súa sociedade fixeron que as novas técnicas tardaran en ser implantadas e a economía tradicional perdurara máis tempo.

[39] En Pierre Vilar, *Historia de España,* (Barcelona: Crítica, 2008), 166.

[40] Eugenio Otero Urtaza, "Las primeras expediciones de maestros de la Junta para Ampliación de Estudios y sus antecedentes: los viajes de estudio de Cossío entre 1880 y 1889", *Revista de Educación,* Núm. Extraordinario. Reformas e innovaciones educativas, (2007): 66.

[41] En Lorenzo Luzuriaga, "La influencia del medio social en el desarrollo físico de los niños", *Revista de Pedagogía,* Nº 36, Ano III, (1924): 441-445.

[42] En Xosé Pombo Mosquera, *Liga Santaballesa. Historia dunha Escola Habanera 1907-2007,* (Vilalba: Padroado da Liga Santaballesa, 2007), 29.

[43] En José María Acuña y Pérez de Vargas, "El progreso de la cultura pública en España", *Revista de Pedagogía,* Nº 63, Ano VI, (1927): 136-142.

modernizar e renovar o sistema educativo español, realidade que foi positiva para a vida cultural de todo o territorio nacional, conseguindo novos dereitos no colectivo dos mestres e inspectores. A pesar disto, en España existía unha feble rede de centros escolares, xeralmente en malas condicións. Aos poucos, comezou a crearse un clima de preocupación na Administración, o que se traduciu na primeira reforma: creación en 1900 do *Ministerio de Instrución Pública y Bellas Artes.* Ao pouco tempo constituíuse a Asociación Nacional do Maxisterio.[44] Entre as importantes decisións tomadas polos gobernos liberais, resaltou a creación en 1907 da *Junta Ampliación de Estudios* (en adiante JAE). Daquela, tamén creouse en Madrid a *Residencia de Estudiantes* en 1910, a *Escuela Superior del Magisterio* que en 1911 pasou a chamarse *Escuela de Estudos Superiores del Magisterio* e a *Dirección General de Primera Enseñanza*.[45] Respecto á formación docente, os mestres formábanse segundo o Plan de estudos *Bergamín* de 1914.[46] Por aquel entón, na maioría das escolas aplicábase unha pedagoxía tradicional, principalmente intelectualista.[47] Convén destacar especialmente o Congreso do PSOE de 1918, onde Lorenzo Luzuriaga despregou os principios da *escuela unificada*, establecendo reflexións básicas sobre novos enfoques educativos como a coeducación e os principios pedagóxicas do movemento da *Escuela Nueva*.[48] Nos anos vinte, varios mestres e inspectores reclamaron un maior pragmatismo na escola,[49] entre eles atopamos a Rosa Sensat, Ferrer i Guardia, Xirau Palau, ou os galegos Marcelino Pereira, José Ramón Fernández Ojea ou María Barbeito.[50] Ademais, en 1921 fúndase a *Liga Internacional de la Escuela Nueva* (en adiante LIEN) e un ano más tarde a *Revista de Pedagogía*,[51] onde Lorenzo Luzuriaga publicaría unha serie de artigos titulados "La Educación Nueva I e II", entre outros.[52]

Froito de todas estes progresos educativos comezáronse a estudar con maior intensidade as formas de implantar unha *escola activa*.[53] En contra de todo este movemento estaban os gobernos conservadores, favorecedores do tradicionalismo educativo e o ensino confesional que se fortaleceu coa aparición da Ditadura de Primo de Rivera (1923-1930). A pesar diso, durante este período tentouse levar a cabo un ambicioso plan para a mellora e construción de infraestruturas escolares, co obxectivo de poñer freo aos altos índices de analfabetismo e absentismo escolar que poñían de manifesto a complicada situación hispánica.[54] Ademais, na metade deste decenio comezou a proliferación dalgunhas experiencias pedagóxicas como os museos e as

[44] En Prieto, "Sobre la asociación nacional del Maxisterio", *Revista de Pedagogía,* Nº 125, Ano XI, (1932): 200-207.

[45] En *Gaceta de Madrid* do 2 de enero de 1911.

[46] Vide o Plan de estudos no R. D. de 30 de agosto de 1914 no que figura a aprobación *O Plan Bergamín.*

[47] En José María Quintanas Cabanas, *Educación Social. Antología de textos clasicos,* (Madrid: Narcea, 1994) 96.

[48] En 1918 Lorenzo Luzuriaga propuxo reorganizar a Instrucción Pública en España, sentando as *Bases* da escola unificada. Entre as reformas propostas destacaba a asistencia a Educación Infantil, a democracia escolar, a liberdade, a supresión de desigualdades ou a coeducación. En Herminio Barreiro Rodríguez, "Lorenzo Luzuriaga y el movimiento de la 'escuela única' en España: de la renovación educativa al exilio (1913-1959)", *Revista de educación*, (Madrid, Nº 289, 1989), 32-33.

[49] Vide Joaquin Xirau Palau, "Pedagogía y practicismo", *Revista de Pedagogía,* abril Nº 16, Ano II, (1923): 138-139.

[50] En Antón Costa Rico, "Ecos, influencias e manifestacións da Escola Nova e Activa en Galicia", *Sarmiento,* Nº 25, (2021): 123-16 e Joaquín Xirau Palau, *Obras Completas,* (Madrid: Fundación Caja Madrid, 2021), 360.

[51] Vide Antón Costa Rico, "A Nova Educación (1921-2021) (LIEN): A Ligue Internatinale pour L'Éducation Nouvelle", en *Sarmiento: Revista Galego-Portuguesa de Historia da Educación,* Nº, 25, (2021): 9-22.

[52] En Lorenzo Luzuriaga, "La educación nueva II", *Revista de Pedagogía,* Nº 24, Ano II, (1923): 457-464.

[53] En García, "Como hacer nuestra escuela activa", *Revista de Pedagogía,* Nº 42, Ano IV, (1925): 241-245.

[54] En Teresa Rabazas Romero y Carlos Sanz Simón, "Entre el trabajo infantil y el abandono temprano. La educación de la mujer en la dictadura de Primo de Rivera a través de los informes de inspección", *Pedagogias alternativas y educación en los márgenes a lo largo del siglo XX,* (Valencia: Universidade de Valencia, 2022), 168.

exposicións escolares, iniciativas que se viñan aplicando dende o século XIX e recollían diverso material escolar ou incluso coleccións de laboratorio.[55]

Outro factor importante que afectou á escola foi *a emigración*. Por aquel entón, os movementos migratorios lucenses incidiron de xeito positivo e negativo. Explicando máis isto, segundo Vicente Peña, cos fondos achegados polos emigrantes iniciouse a construción de novos centros escolares financiados polos indianos, sobre todo nas zonas da Terra Chá e a Mariña Lucense. Pola contra, segundo o inspector José del Peso y Sevillano, a emigración levou consigo un déficit de man de obra masculina, o que fixo que moitos nenos tiveran que traballar en tarefas agrícolas no período escolar.[56]

Nos anos trinta cómpre enxalzar a dedicación pedagóxica realizada polo goberno do *primeiro bienio* ou bienio reformista da Segunda República (1931-1933), esforzo xustificado segundo Josefina Aldecoa: "...por la necesidad de salvar al país educándolo."[57] Durante a República cómpre destacar o movemento das Misións Pedagóxicas, organismo que achegou novas experiencias educativas e audiovisuais a algunhas localidades de Galicia: as bibliotecas, a colección de copias de cadros dos pintores clásicos, o cinematógrafo escolar que descubriría en moitos casos a existencia da luz eléctrica e as imaxes fixas.[58] Sobre a confesionalidade do sistema educativo destes anos, pronto chegarían os debates entre os partidarios da escola laica e os que preferían unha confesional. Algúns mestres e inspectores reivindicaron a aplicación dunha nova moralidade aconfesional.[59] Sobre este tema, Fernández Soria afirmaba que, conforme á Constitución republicana: "Si se quería respetar la conciencia del niño, la enseñanza había de ser neutra en materia religiosa, pues toda enseñanza confesional es considerada unidireccional en sus contenidos y tendenciosa en sus fines".[60] Pouco a pouco, o forte unitarismo relixioso desvaneceríase ante as novas propostas de carácter laico da Escola Nova. Durante este tempo, o número de escolas públicas aumentou ao carón do goberno da Segunda República.[61] O incremento de centros escolares veu acompañado dunha maior demanda de mestres, unha situación que foi froito do aumento demográfico, das demandas sociais, das novas teorías da Escola Nova e dunha maior valoración administrativa da educación.

A pesar destes *impulsos renovadores* a maioría dos centros escolares continuaba aplicando metodoloxías memorísticas e pasivas, a ensinanza primaria en xeral atopábase nun estado de humildade. Para comprender esta situación en primeiro lugar é necesario facer fincapé no aspecto económico de Galicia, este foi un factor importante porque condicionou os recursos dedicados á ensinanza primaria.[62] A *excesiva ruralización* e os

[55] En Lugo, destacou as exposicións escolares realizadas durante o Congreso Pedagóxico Lucense celebrado en 1923.

[56] Vide José del Peso y Sevillano, "Galicia y su Enseñanza Primaria", (Madrid. Arquivo JAE. Sinatura: JAE/115-391, 1925) e Luis Bello Trompeta, *Viaje por las escuelas de Galicia*, (Madrid: Akal, 1973)

[57] En Josefina Aldecoa, *Historia de una maestra*, (Madrid: Santillana, 2006), Prólogo.

[58] Vide Manuel Bartolomé Cossío, "Las Misiones Pedagógicas, Introducción al Patronato de Misiones Pedagógicas", *BILE*, Nº 89, (setembro de 1931).

[59] En Ramón Torroja Valls, "La educación moral en la escuela laica", *Revista de Pedagogía,* Nº130, Ano XI, (1932): 441.

[60] En Juán Manuel Fernández Soria e Alejandro Mayordomo Pérez, "Perspectiva histórica de la protección a la infancia en España", *Historia De La Educación*, (2010) extraído o 20 de decembro de 2010 en: https://revistas.usal.es/index.php/0212-0267/article/view/6599), 191–214

[61] En Lorenzo Luzuriaga, *Historia de la Educación y de la Pedagogía,* (Bos Aires: Losada, 1980), 223.

[62] Dende mediados do século XX, as teorías educativas teñen en conta as análises económicas como obxecto sistemático de estudo, tendo en conta dende os clásicos establecidos por A. Marshall e a súa "economía da educación", as teorías do economista americano T. Schultz (1961) ou as capital humano de Gary Becker (1983).

escasos medios económicos dos concellos facía imposible manter as escolas, pagar aos mestres e construír novos centros educativos.[63] Á súa vez, o aumento do comercio e a industria produciu un crecemento demográfico nas cidades, favorecendo a despoboación das zonas rurais luguesas.[64]

Pola súa influencia na escola, convén facer un inciso sobre a *demografía*. No primeiro terzo do século XX, Galicia experimentou un crecemento demográfico considerable, a pesar das saídas migratorias.[65] As cidades incrementaron o número de habitantes, excitadas polo proceso de industrialización. O aumento de habitantes facilitou á aplicación da Lei Moyano que autorizaba a construción de escolas completas en localidades superiores a 500 habitantes. Por este motivo, moitas parroquias galegas quedáronse sen centro escolar, xa que así o establecía a lexislación.[66] Moitas familias rurais non tiñan un centro escolar próximo e tampouco tiñan medios para mandar os seus fillos ao centro escolar da súa localidade. Por este motivo houbo dificultades para conseguir unha asistencia regular dos cativos e cativas. A provincia de Lugo tiña unha aguda dispersión de habitantes, un obstáculo para a creación dun tecido de centros escolares apropiados e a asistencia dos discentes. En efecto, esta cuestión foi un problema para a creación de escolas e para os desprazamentos dos alumnos, mestres e inspectores. O inspector xefe da provincia de Lugo Luis Soto Menor fixo fincapé na acusada dispersión rural a través dun informe recollido en 1924.[67]

1.2. A EDUCACIÓN COMO TERCEIRA VERTENTE DE DESENVOLVEMENTO INTELECTUAL NA "IDADE DE PRATA"

Dada a súa relevancia na historia de España, a continuación convén analizar brevemente o período denominado a *Idade de Prata* e a súa influencia na educación.[68] Esta foi unha das épocas educativas máis salientables da historia española moderna, en palabras de José Carlos Mainer: nunca España foi máis Europa que entre 1918 e 1939.[69] Mainer pon o comezo da Idade de Prata en 1902, pero non lle da importancia ás luces da pedagoxía, que se iniciou neses mesmos anos coa creación da cátedra de Pedagoxía Superior no doutorado de Filosofía en 1904, que mantería Cossío ata a súa xubilación en 1929.[70] Ademais do florecemento literario, artístico e intelectual, en España houbo tamén un avance científico considerable con Santiago Ramón y Cajal, Severo Ochoa e outros. Neste sentido tamén destacaria o galego Paulino Suárez. Ademais nesta etapa existiron un cumio de logros educativos que se empezaron a albiscar cando os mestres e

[63] Vide Lorenzo Fernández Prieto, *Labregos con ciencia. Estado, sociedade e innovación tecnolóxica na agricultura galega, 1980-1939*, (Vigo: Xerais, 1992).

[64] A mortalidade infantil acadou valores de 101 nenos falecidos por cada 1000 nados anualmente na década dos 30. En José de Cora Paradela, *Lugo XX Historia de un siglo*, (Lugo: Edit. *El Progreso*, 1999), 572.

[65] Vide Xose Manuel Beiras Torrado, *Estructura y problemas de la población gallega*, (A Coruña: Servizo de Estudos do Noroeste, 1970).

[66] A clasificación dos concellos en función do número de habitantes en Josep Franch Nadal, *La población española en los siglos XIX-XX*, (Barcelona: Ariel, 1976), 244.

[67] En Luis Soto Menor, *Informe de Luis Soto Menor da Junta Provincial de Lugo*, (APL, Fondo Ayuntamiento, Sinatura: 1202-01, outubro-1924).

[68] A *Edad de Plata* da cultura española foi unha época florecente, caracterizada polo interese cara a pedagoxía científica e a modernización da cultura escolar. Ademais foi unha das mellores etapas da formación pedagóxica e técnica dos inspectores, para a contribución ao proceso de renovación do sistema educativo. En José María Hernández Díaz, "La inspección educativa y la cultura escolar en España. Génesis, procesos constituyente y actualización de funciones", *Aula 25*, (2019): 69-70.

[69] En José Carlos Mainer, *La edad de Plata*, (Madrid: Ediciones Cátedra, 1981), 180.

[70] Eugenio Otero Urtaza**, "**La irrupción de la pedagogía en la universidad española, Manuel Bartolomé Cossío en la cátedra de Pedagogía Superior", *Revista de Educación*, 332 (2003): 249-263.

inspectores viaxan por Europa coa JAE. Pero pouco di Mainer desde florecemento pedagóxico que fai posible o momento emblemático das Misións Pedagóxicas. Esta última vertente de progreso foi encabezado por Manuel Bartolomé Cossío, tendo representantes por toda España. Entre eles figuraban moitos mestres, inspectores e outras personalidades como: Lorenzo Luzuriaga, Rosa Sensat, Luis Álvarez Santullano, Domingo Barnés Salinas, Justa Freire, Elisa López Velasco, Herminio Almendros Ibáñez, Modesto Medina Bravo, José de Tapia Bujalante, Josefa Uriz, Daniel González Linacero, José Galera Moreno, José María Pérez-Brun Pórtoles ou Juan Comas Camps (en adiante Joan).

A idea *gineriana* era xuntar nunha institución á xuventude valiosa que estaba dispersa por toda España para que convivira uns anos, xa que o ideal *institucionista* era transformar a mentalidade do país mediante a educación, para lévalo á modernidade democrática que se estaba xa desenvolvendo noutros países. Alén disto, o fracaso das reformas que propuxeron os krausistas no Sexenio Democrático (1868-1876) levaron a Giner a actuar dun xeito cauteloso nos anos seguintes:

> El fracaso de dicha experiencia de reforma «desde arriba» en todos los niveles de enseñanza y,en la enseñanza media y universitaria, por la oposición del profesorado y de las familias,hizo ver a Giner la inutilidad que suponía acometer un programa de reformas desde la *Gaceta* sin contar con profesores formados. Desagradables experiencias posteriores, como la acaecida en el Congreso Nacional Pedagógico de 1882 cuando el mismo Giner fue interrumpido en una de sus alocuciones por las protestas de maestros de escuelas públicas y las propuestas e ideas de la ILE tachadas, por los mismos, de extranjerizantes y propias de pedagogos de gabinete que nada sabían de la dura realidad escolar, acabaron de convencerle de que la reforma que preconizaba precisaba un nuevo sistema de formación y selección de profesores. Por último, el sucesivo tejer y destejer de las políticas ministeriales, unas favorables y las más de las veces desfavorables a sus propósitos,le hizo ver la necesidad de situar dicha reforma al margen de los vaivenes políticos y de actuar con cautela y astucia.[71]

Nesta etapa, cómpre incidir que se introduciron diversas institucións innovadoras como a *Residencia de Estudiantes* e a *Junta de Ampliación de Estudios e Investigacións Científicas* creada en 1907, promovendo a investigación e a educación científica en España, pero empezou a ter importancia a partir de 1910. O seu labor principal foi espallar por toda Europa e América a un conxunto importante de mocidade nacional para recoller o mellor dos países que visitaban, e deste xeito amparar a reforma que propoñían os discípulos de Giner. De influencia gineriana, nestes organismos estudaron e ampliaron a súa formación moitos dos inspectores que estiveron destinados posteriormente na provincia de Lugo. Sobre a *Residencia de Estudiantes*, creada en 1910, Álvaro Ribagorda afirmaba que:

> Fue la culminación y el centro más emblemático del proyecto de transformación social mediante la educación iniciado en España por la Institución Libre de Enseñanza, y fue, al mismo tiempo, el espacio cultural más brillante de la Edad de Plata de la cultura española.[72]

A idea dos institucionistas era desenvolver unha reforma mediante a formación de mestres, inspectores e profesores normalistas con outra cultura pedagóxica, mediante unha tarefa persuasiva que se desenvolvera con independencia da acción administrativa

[71] Antonio Viñao, "Reformas e innovaciones educativas (España, 1907-1939)", *Núm. Extraordinario. Reformas e innovaciones educativas, Revista de Educación*, (2007): 24.

[72] Álvaro Ribagorda. **"**La Residencia de Estudiantes. Pedagogía, cultura y proyecto social", *Seminario de Investigación del Curso 2007-2008. Departamento de Historia Contemporánea*, (2022) extraído de: https://www.ucm.es/data/cont/media/www/pag-13888/Alvaro_Ribagorda_2.pdf

sometida á inestabilidade política e que permitira avanzar na reforma. Un extenso campo de estudo que comprende a historia gobernamental, dos intelectuais e das institucións para constituír unha nova historia política da educación.[73] As numerosas confrontacións traducíronse nun movemento político serpentino, como dixo Pierre Vilar.[74] O choque entre o tradicionalismo do XIX e as novas correntes de pensamento non sempre foi ben asumido por tódolos sectores sociais.[75] Neste tempo debemos de ter en conta a ruptura entre os modelos tradicionais e as novas categorías conceptuais, filosóficas e educativas, como a aplicación dun modelo escolar laico, promovido polo movemento pedagóxico internacional da Escola Nova.[76]

Por outro lado, convén ter en conta que durante a *Idade de Prata* moitos lucenses emigraron fóra de Galicia. Posteriormente doaron capital indiano para crear escolas ou centros culturais que melloraron a atención educativa dos escolares, constituíndo un referente na renovación pedagóxica, polo seu signo laico e a súa dotación material.[77] A falta dun modelo innovador endóxeno promoveu a dependencia dos axentes nacionais externos. Debido a esta situación, as inquedanzas intelectuais e o afán de introducir cambios pedagóxicos na súa formación mobilizou a varios mestres e inspectores en Lugo a viaxar fóra de España coa JAE.[78] Nas súas viaxes estudaron as principais teorías pedagóxicas internacionais. Máis tarde, estes paradigmas serían trasladados á provincia lucense a través de conferencias, traballos e artigos. Unhas das plataformas máis empregadas serían a revista *Vida Escolar* ou o xornal provincial *El Progreso*.

1.3 A INSPECCIÓN EDUCATIVA DO ENSINO PRIMARIO EN ESPAÑA

A finais do século XIX, a inspección educativa era un organismo que tiña unha función principalmente *fiscalizadora*, burocrática e puntualmente pedagóxica. En 1902, a Lei Romanones continuou con esta liña, empregando aos inspectores principalmente para controlar ás escolas públicas e privadas.[79] Posteriormente, o Real Decreto do 18 de novembro de 1907 reformou a Inspección Educativa.[80] Esta regulación delegaba nos

[73] En Juan Manuel Fernández Soria, "La nueva historia política de la educación", *Historia De La Educación*, 25, (2013): 71.

[74] Vide Pierre Vilar, *Historia de España*, (Barcelona: Crítica, 2008).

[75] Un exemplo desta situación foi o acontecido en Lugo, cando moitos mestres católicos mostraron a desconformidade coa orde da retirar os crucifixos durante a Segunda República. En Luis Soto Menor, Carmen De la Torre e Joan Comas Camps, "Después de la proclamación de la República", *El Progreso,* Lugo, xoves 16 de abril de 1931.

[76] En Lorenzo Luzuriaga, *Historia de la Educación y de la Pedagogía*, (Buenos Aires: Losada, 1980) 226-227

[77] O xornalista Luis Bello Trompeta foi testemuño da adecuada e positiva dotación dalgúns destes centros indianos na Mariña Lucense. O profesor Vicente Peña Saavedra estudou polo miúdo a dotación escolar indiana en Galicia. Vide Vicente Peña Saavedra, *Las Escuelas de Americanos y las Sociedades de Instrucción en Galicia.* (Santiago, USC 1991); e Vicente Peña Saavedra, *Éxodo, organización comunitaria e intervención escolar*, (A Coruña. Xunta de Galicia, 1993).

[78] Para Carmen Muñoz Manzano: en J . M. J. / C. F. Ribeira, "Fallece la vida de Rafael Dieste", *La voz de Galicia*, (2002), extraído o 13 de abril de 2002 de: http://www.lavozdegalicia.es/hemeroteca/2002/04/13/1046341.shtml); para José del Peso y Sevillano en "Expediente de José del Peso y Sevillano", (Madrid. ACME-AGA. Sinatura: 083713-2576; Para José Galera Moreno en "Expediente de José Galera Moreno", (Madrid. ACME-AGA. Sinatura: 018462-0075); Para Luís Jorge Téllez de Meneses en Batanaz e Ubaldo Ruiz Tablada en Luis Palomares, *La inspección de primera enseñanza durante la guerra civil y el primer franquismo,* (Córdoba: Servizo de Publicacións da Universidade de Córdoba, 2011) 198-205; Para Joan Comas Camps en Carmen Ortiz García e L. A. Sánchez Gómez, *Diccionario histórico de la antropología española*, (Madrid: Edit. Consejo Superior de Investigaciones Científicas, 1994), 208.

[79] No arquivo da Universidade de Santiago están presentes 390 expedientes datados entre 1902 e 1910, en total preto dun 60%. Vide Antón Costa Rico, *Escolas e Mestres*..., (1989), 125-126.

[80] Ídem.

inspectores nacionais a vixilancia do estado das escolas e as vivendas dos mestres. Unha vez inspeccionados, os centros podían ser rexeitados, cando as súas condicións hixiénicas ou pedagóxicas eran inadecuadas.[81] Máis tarde, Romanones cambiou por completo a visión sobre a inspección do ensino primario declarando por primeira vez a importancia da *función titorial*.[82] Este cambio estivo influenciado pola ILE e os congresos pedagóxicos nacionais celebrados en 1882 e 1892; citas onde se puxeron enriba da mesa as propostas de Giner e Cossío sobre a inspección.[83] Convén ter en conta, que os posteriores influxos da Escola Nova cambiaron o concepto do inspector tradicional, fiscalizador e burocrático; por un concepto máis *técnico e pedagóxico*, proceso que describiremos a continuación.

En outubro de 1910 Julio Burell substituíu a Romanones no Ministerio creando a primeira *Dirección General de Primera Ensiñanza*.[84] Seguindo a liña cronolóxica de exposición dos feitos, o Real Decreto do 27 de maio de 1910 tamén modificou varios aspectos significativos da inspección: produciuse un cambio importante na política educativa e o Goberno, que mudou a súa visión sobre a inspección, realizando unha *reorientación* da función inspectora. Aos poucos, a Administración seguiu unha liña semellante á promovida por Cossío varios anos antes, defendendo a necesidade de implantar un *curso de formación* de carácter pedagóxico e potenciando a independencia da inspección.[85] Estes cambios outorgaron á figura do inspector dun carácter *máis técnico*. Asemade, nesta período aumentou o equipo de inspectores auxiliares de 10 a 60, endurecendo a inspección aos centros df ensino privado.[86] Estes cambios transformaron o modo de organizar a inspección educativa. En 1911, o Goberno incluíu nos seus presupostos unha partida económica dirixida a soster o Centro técnico encargado a aquel grao de ensinanza.[87] O 1 de xaneiro de 1911, a Dirección Xeral de Primeira Ensinanza asumiu tamén a inspección educativa, sendo esta unha das datas claves na historia deste organismo. Julio Burell colocou ao mando da Inspección Xeneral de Primeiro Ensino ao catedrático de Historia do Dereito na Universidade de Oviedo e exsecretario do *Museo Pedagógico* Rafael Altamira y Crevea.[88] Outra modificación lexislativa levada a cabo neste ano foi o Real Decreto do 18 de xaneiro de 1911, que reformou o Consello de Instrución Pública. Esta disposición ordenou que os inspectores xerais debían de contar cunha antigüidade de máis de dez anos. En España existían un total de nove inspectores de terceira clase e un para cada provincia. Na de Lugo, ata 1914 estaba destinado Manuel Lorenzo Gil, logo exerceu a titularidade como inspector xefe Luis Soto Menor, coñecido tamén como "O mestre de Zaín".

[81] En Manuel B. Cossío, *La enseñanza primaria en España,* (Madrid: R. Rojas, 1915), 142.

[82] En Rafael Fenoy Rico, "Historia de la Inspección en la Educación", *Educativa*, 8-9, (2007) extraído o 14 de novembro de 2009 de: http://www.edudactica.es/Docus/Ensayos/Historia2%20Inspeccion.pdf.

[83] En Luis Batanaz Palomares, *La inspección de primera enseñanza durante la guerra civil y el primer franquismo,* (Córdoba, Servizo de Publicacións da Universidade de Córdoba, 2011), 21.

[84] En Vicente Valls y Angles, "Sobre la inspección de primera enseñanza", *Revista de Pedgagogía,* Nº 11, Ano I, (1922): 410-418.

[85] A ILE demandou unha relación máis técnica e estreita entre o inspector e o Ministerio de Educación, profesorado, centros educativos e fundacións docentes.

[86] En Rafael Fenoy Rico, "Historia de la Inspección en la Educación", *Educativa,* 8-9 (2007), extraído o 14 de novembro de 2009 de: http://www.edudactica.es/Docus/Ensayos/Historia2%20Inspeccion.pdf.

[87] Manifestaba textualmente: "Otro disponiendo que la Dirección General de primera enseñanza, consignada en el presupuesto vigente, tendrá el carácter de Centro técnico encargado de la resolución y de los asuntos relativos á aquel grado de enseñanza". En *Gaceta* o 2 de xaneiro de 1911.

[88] En Rafael Fenoy Rico, "Historia de la Inspección en la Educación", *Educativa,* 9, (2007) extraído o 14 de novembro de 2009 de: http://www.edudactica.es/Docus/Ensayos/Historia2%20Inspeccion.pdf.

Outro dos cambios substanciais na inspección levouse a cabo entre 1911 e 1913, cando a Administración pretendeu crear un servizo de *inspección médico-escolar*. Esta especialidade creouse a través dos Reais Decretos do 16 de xuño de 1911 e do 20 de setembro de 1913. Segundo estas leis a Inspección médico-escolar tiña un carácter xeral e obrigatorio. Nestes documentos estipulouse o regulamento xeral para o seu funcionamento. Estas disposicións foron ineficaces para as provincias pequenas e na de Lugo non se chegou a implantar esta figura. A publicación do Decreto do 23 de abril de 1915 aspiraba a crear 250 prazas de inspectores médicos. Esta Lei pretendía implantar un inspector desta especialidade por cada 100 mestres, lexislando a organización administrativa e técnica correspondente. Estas propostas foron descartadas pola falta de consignación orzamentaria, xa que os gastos para a súa implantación eran de 50.000 pesetas.[89] Porén, a pesar de non levarse a cabo esta reforma, estes cambios continuaron reforzando a inspección, obtendo pouco a pouco unha maior consideración sociopolítica.

Mediante o Real Decreto do 5 de maio de 1913, levouse a cabo a denominada *reforma de Rafael Altamira*, a inspección do ensino primario sufriu unha forte reestruturación. Esta foi unha reforma lonxeva, xa que estivo vixente ata 1932. A efectos prácticos, esta normativa centrouse na organización e no funcionamento da inspección de Primeiro Ensino defendendo as ideas iniciadas pola ILE.[90] Este feito suscitou a axitación das distintas organizacións católicas e conservadoras. Consecuentemente a Igrexa esixiu a destitución de Altamira, que dende que ocupou o cargo estivo moi cuestionado.[91] Ademais, o Real Decreto do 5 de maio de 1913 regulaba as funcións dos inspectores: primeiramente tiñan que realizar as visitas e logo cubrir un *Boletín* con datos pedagóxicos e estatísticos. Este documento estaba composto por 103 epígrafes e un apartado de "Instrucións e advertencias do inspector".[92] Os inspectores debían de coñecer toda a lexislación, do contrario podían ser sancionados cunha falta grave. Mentres tanto, as funcións do inspector xeral de Primeiro Ensino eran bastante burocráticas e pouco técnicas.[93] A pesar disto, esta organización continuou coa tendencia de renovación da inspección comezada no século XIX. O seguinte cadro recolle as funcións do inspector xeral segundo este R.D.

Cadro 1. Funcións do inspector xeral segundo o R.D. do 5 de maio de 1913
1. Inspeccionar os organismos docentes e administrativos de Primeiro Ensino.
2. Inspeccionar sobre as escolas privadas.
3. Inspeccionar as institucións circumescolares e postescolares
4. Inspeccionar os inspectores profesionais.
5. Inspeccionar as Escolas Normais.
6. Inspeccionar as Escola Estudos Superiores do Maxisterio.

Fonte: Elaboración propia. Real Decreto do 5 de maio de 1913.

Aludindo aos *aspectos disciplinarios* os inspectores podían sancionar aos mestres. Segundo o Real Decreto do 5 de maio de 1913 tiñan a potestade de propoñer notas desfavorables no expediente dos mestres. Os efectos dos informes duraban máis de 2 anos, suspendendo ao profesor do soldo en catro modalidades: dun a 15 días, entre 15

[89] En *Presupuestos generales de educación de 1915* (Madrid: Ministerio de Instrución Pública e Belas Artes: Capítulo 6º, artigo único).

[90] En *Gaceta* do 13 de maio de 1913.

[91] En Eduardo Soler Fiérrez, María T. López del Castillo, D. Muñoz Marín, A. Molero Pintado, e E. Ramírez Aísa, *Estudios históricos sobre la Inspección Educativa* (Madrid: Escuela Española, 1995), 137.

[92] En Orde circular do 17 de setembro de 1913.

[93] En Manuel B. Cossío, *La enseñanza primaria en España* (Madrid: R. Rojas 1915), 155-156

días e menos de tres meses, e suspensión temporal do servizo con perda do soldo o tempo establecido (as suspensións duraban entre seis meses e dous anos), e finalmente a suspensión definitiva do servizo con perda de todos os dereitos e beneficios adquiridos coa praza.

Finalmente, en xullo de 1913, Rafael de Altamira presentou a súa dimisión, sendo xa unha persoa de gran relevancia internacional.[94] Neste ano, a oposición criticou o exceso de atribucións dos inspectores, obtidas paulatinamente a partir da reforma do Decreto do 5 de maio de 1913. Esta normativa procuraba imprimir á Inspección unha maior responsabilidade e un encadeamento de auditorías: "o inspector era á súa vez inspeccionado". Este organismo adquiriu un agudo ton moralizador, xa que incidía no carácter austero e *exemplificador* do inspector. Así, o exemplo profesional tivo unha maior consideración, pasando a ser unha figura de rexeneración da ensinanza velando pola transparencia da función didáctica nas escolas. Con estas medidas pretendeuse configurar unha inspección máis forte e sólida que velara polo bo funcionamento do sistema educativo primario.

Respecto á cuestión da *mobilidade*, o Real Decreto do 18 de febreiro de 1916 cambiou a situación de inmobilidade á que os inspectores estaban sometidos. É preciso ter en conta, que estas decisións atendían polo xeral aos intereses políticos do goberno de manter controlado a este sector.[95] No referente a esta cuestión, ao longo dos primeiros decenios do século XX, foron continuos os cambios na lexislación educativa. Cómpre ter en conta, que dende a súa creación, o Ministerio de Instrución Pública caracterizouse por cambiar frecuentemente de ministros. Así, dende o ano 1920 ata 1936 sucedéronse 20 ministros do ramo, estes cambios non favoreceron a estabilidade administrativa. Convén redundar que un punto clave para o Goberno era a supervisión da ideoloxía promovida nos centros educativos, xa que os contidos impartidos nas escolas podían ser contrarios aos intereses do Goberno ou da Igrexa. Por este motivo, en cada quenda gobernamental outorgaban poderes á inspección que pronto eran suspendidos. Ademais, debido a esta *inestabilidade*, substituíanse frecuentemente aos inspectores a través do dereito de mobilidade-inmobilidade de destino. Estas manobras levábanse a cabo para manter a orde establecida polos gobernos, utilizando á inspección como medio de control.[96]

Tras un período cheo de desavinzas políticas, sociais, militares, relixiosas e económicas, o xeneral *Primo de Rivera* deu un golpe de estado apoiado pola Igrexa, o Rei, o Exército, os grandes propietarios de terreo e a burguesía catalá e vasca. Finalmente, en 1923 proclámase presidente. Neste período, creouse unha atmosfera de desconfianza entre o Goberno e a inspección educativa. Debido a isto, a Administración Xeral comezou a controlar de xeito máis intenso aos mestres, o funcionamento das

[94] O novo Ministro decidiu que a partir do 15 de setembro o Delegado Rexio de Madrid pasaba a rexer a Alta Inspección de todas as institucións escolares e a organización do ensino. O seu sucesor foi Antonio Royo Villanova. Consecuentemente Francisco Bergamín foi nomeado Ministro de Instrución Pública, quen puxo á fronte da Dirección Xeral de Primeiro Ensino a Eloy Bullón e Fernández. En Rafael Fenoy Rico, "Historia de la Inspección en la Educación". *Educativa*, 10 (2007) extraído o 14 de novembro de 2009 de: http://www.edudactica.es/Docus/Ensayos/Historia2%20Inspeccion.pdf.

[95] O ministro Julio Burell permitiu de novo os distintos traslados, segundo o Real Decreto do 30 de decembro de 1918. En 1918 volveuse implantar a inmobilidade. En 1923, coa chegada da ditadura de Primo de Rivera suspendeuse a inmobilidade ata a chegada do Goberno Republicano.

[96] Vide Anexo 7.7. Estudo pormenorizado da mobilidade dos inspectores.

escolas e incluso aos propios inspectores,[97] mediante a figura dos *delegados gobernamentais*. Segundo Elías Ramírez, esta foi unha fase retroactiva para a inspección educativa que durou seis anos: "A Inspección durante os seis longos anos da Ditadura do Xeneral Primo de Rivera vivirá unha época de crise".[98] A pesar diso, o primeiro terzo do século XX foi unha etapa de rexeneracionismo que impulsou o labor da inspección: a implantación de escolas e mestres a partir da creación do *Ministerio de Instrucción Pública*.[99] Pero foi unha época onde os inspectores se caracterizaron por servir de medio de represión das ideas contrarias ao Goberno ditatorial, como os "nacionalistas" e os "anarquistas".[100] Estes homes estaban subordinados aos delegados gobernativos e podían ser trasladados de zona segundo as necesidades da Administración: cando un inspector non tiña os mesmos ideais que o Goberno era destinado a outra provincia forzosamente, como pasou co inspector Joan Comas Camps, que foi enviado de xeito obrigatorio á provincia de Lugo.

A partir do 14 de abril de 1931, o período histórico do *primeiro bienio* da Segunda República trouxo consigo un gran número de reformas democráticas e pedagóxicas: houbo unha maior participación da inspección na política escolar a través do novo regulamento, con novas competencias e actuacións.[101] Esta circunstancia aumentou o progreso cultural, a creación de centros escolares e a modernización pedagóxica, mediante a difusión de novas teorías trasladadas a través das viaxes de estudos da JAE. Con apego ás teorías da ILE, a Administración promoveu a renovación pedagóxica, a formación libre, a educación descentralizada, laica, coeducativa e unificada.[102] Así mesmo, a finais de 1932 publicáronse dous decretos que reformarían a inspección, o Decreto do 2 de outubro de 1932 e o Decreto do 2 de decembro do mesmo ano. Con esta nova normativa o Goberno presentaba a inspección como: "Un organismo encargado de orientar, impulsar e dirixir o funcionamento das escolas nacionais e das institucións auxiliares das mesmas".[103] Ademais do aumento de escolas e mestres no período republicano, tamén aumentou o número de inspectores para compensar a elevada *ratio* de escolas a supervisar. No referente á creación de prazas houbo un total de 150 novas incorporacións.[104]

Nas eleccións de novembro de 1933, a vitoria dos lerrouxistas e dos católicos da *Confederación Española de Dereitas Autónomas* (en adiante CEDA) levou a cabo unha

[97] En varios, "Correspondencia de los maestros de Lugo al ayuntamiento como contestación a la circular nº 265 del Consejo Local en *Boletín Oficial de la Provincia* el 9 de septiembre de 1936", *BOP* (Lugo: APL. Fondo do Concello. Sinatura: 1422-02).

[98] En Elías Ramírez Aísa, (1993) 220

[99] En José Luis Castán Esteban, "La investigación sobre la historia de la inspección de educación en España. Balance y perspectivas", *Espacio, Tiempo y Educación*, 8.1, (2021) 220, extraído o 20 de decembro de 2021 de: http://dx.doi.org/10.14516/ete.338.

[100] En Elías Ramírez Aísa, "Introdución á historia da Inspección en España", *Fundamentos de Supervisión Educativa* (Madrid: Ed. A Muralla, 1993), 220.

[101] En José Luis Castán Esteban, "La investigación sobre la historia de la inspección de educación en España. Balance y perspectivas", *Espacio, Tiempo y Educación*, 8,1, (2021) 220 extraído o 19 de decembro de 2021 de: http://dx.doi.org/10.14516/ete.338.

[102] Vide Herminio Barreiro Rodríguez, *Lorenzo Luzuriaga y la renovación pedagógica en España* (Santiago: Do Castro, 1989).

[103] Decretos relativos á inspección profesional de primeira ensino: Decreto do 2 de decembro 1932 e Decreto de decembro de 1932, establecendo no artigo 1º as funcións dos inspectores. En *Gaceta de Madrid* do 7 de decembro de 1932.

[104] A primeira quenda de oposicións atópase recollida na Orde Ministerial do 11 de abril de 1932 e a segunda coa Orde Ministerial do 5 de setembro de 1933.

contrarreforma educativa, introducindo cambios na inspección.[105] En primeiro lugar, o Decreto do 23 de xullo de 1935 suprimiu a Inspección Central, mediante un recorte no gasto presupostado para o devandito organismo.[106] Ademais, descenderon as construcións escolares e prohibiuse a coeducación nas escolas primarias, perpetuando un modelo feminino centrado na formación doméstica das nenas.[107]

> ...y aunque los Inspectores generales que la desempeñaban no percibían actualmente más haberes ni gratificaciones que el sueldo correspondiente a sus lugares en el Escalafón, resulta prácticamente imposible el ejercicio de su misión específica y más esencial que era la visita a provincias y la redacción del *Boletín de Educación*.[108]

Durante o goberno da CEDA tamén se *paralizaron* varias reformas planificadas no primeiro bienio polos reformistas republicanos. Estas medidas trouxeron consigo as protestas dun sector relevante da poboación. Liderados por José María Gil Robles, a CEDA levou a cabo unha serie de cambios na inspección do ensino primario, no período comprendido dende 1933 ata a súa disolución en 1937. A primeira delas foi mediante o Decreto do 26 de novembro 1933 que estableceu, unha vez máis, a mobilidade nos destinos por conveniencia do servizo. Logo publicouse o Decreto do 23 de xullo de 1935, suprimindo a Inspección Central.

Con posterioridade, o triunfo da *Fronte Popular* significou, para a política educativa de España, o retorno á liña de decisións tomadas no primeiro bienio da Segunda República. Esta circunstancia produciu a volta de Marcelino Domingo á carteira de Instrución Pública, retomando as medidas globais orientadas á defensa da ensinanza pública. Por conseguinte, a política do Goberno retornou ás orixes republicanas mediante a publicación do Decreto do 4 de marzo de 1936, explicitado no artigo número un da correspondente disposición, o restablecemento da Inspección Central de Primeira Ensinanza e a non mobilidade dos inspectores profesionais.[109] A pesar disto, a *sublevación militar franquista* truncou os plans establecidos polo breve goberno de Marcelino Domingo, que durou dende febreiro a maio de 1936.

1.4. A ESCOLA EN GALICIA A PRINCIPIOS DO SÉCULO XX

Seguindo co proceso de contextualización progresiva do período estudado, cómpre describir cal era o *contexto galego* a inicios do século XX. En primeiro lugar, é necesario facer fincapé no aspecto económico de Galicia. Este foi un factor importante porque condicionou a cantidade de recursos dedicados á ensinanza primaria, porque cando non existía unha adecuada partida orzamentaria era imposible manter as escolas, pagar aos mestres e construír novos centros educativos. Como xa dixemos con anterioridade, no primeiro terzo do século, a economía galega foi maioritariamente *agraria*.[110] Á súa vez, o lento pero constante crecemento do comercio e a industria produciu un crecemento demográfico nas cidades. Esta tendencia excitou a emigración

[105] En Eduardo Soler Fiérrez e outros, *Estudios históricos sobre la Inspección Educativa* (Madrid: Edit. Escuela Española, 1995), 169.

[106] En *Gaceta de Madrid* do 25 de xullo de 1935.

[107] En Rita Gradaílle Pernas, "As traxectorias educativas da muller rural galega: unha visión interxeneracional", *Sarmiento*, Nº 8 (2004): 149.

[108] En 1935 o *Ministerio de Instrucción Pública y Bellas Artes* publicou o Decreto do 23 de xullo de 1935 polo cal se suprimía a Inspección Central de Primeiro Ensino. En *Gaceta* do 25 xullo de 1935.

[109] Vide *Gaceta de Madrid* do 5 de marzo de 1936.

[110] Vide Lourenzo Fernández Prieto, *Labregos con ciencia. Estado, sociedade e innovación tecnolóxica na agricultura galega, 1980-1939* (Vigo: Xerais, 1992).

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

ás principais urbes, o que favoreceu a despoboación das zonas rurais. Neste senso, Lugo e Ourense eran as provincias máis ruralizadas, con maior *dispersión poboacional* e con menos habitantes de Galicia. Segundo José del Peso, estas circunstancias intensificaron aínda máis o illamento das zonas de montaña. Incluso, a mortalidade infantil acadou uns valores de 101 nenos falecidos por cada 1000 nados anualmente nos anos 30.[111]

Durante o primeiro terzo do século XX, Galicia experimentou un *crecemento demográfico*, favorecido polo descenso da mortalidade e a pesar das saídas migratorias.[112] As cidades incrementaron o número de habitantes, excitadas polo proceso de industrialización. O aumento de habitantes facilitou á aplicación da *Ley Moyano* que autorizaba a construción de escolas completas en localidades superiores a 500 habitantes. Por este motivo, as parroquias máis deshabitadas non tiñan un centro escolar, moitas delas en Lugo pola súa aguda dispersión, xa que así o establecía a lexislación.[113] Debido a esta situación, nas zonas máis illadas moitas familias rurais non tiñan un centro escolar próximo, obrigando aos menores a percorrer extensos e dificultosos traxectos para acudir ao colexio. Por este motivo, algúns menores tiñan máis dificultades asistir regularmente á escola, conformándose así unha situación de desigualdade entre os educandos. En consecuencia, a dispersión poboacional e o agudo ruralismo lucense eran dous obstáculos para a creación dun tecido de centros escolares adecuados e unha asistencia dos escolares oportuna. En efecto, estas cuestións tamén foron un problema para os desprazamentos dos inspectores, que debían virar visitas con certa frecuencia aos colexios. O inspector xefe da provincia de Lugo, Luis Soto fixo fincapé nestas dificultades a través dun informe recollido no APL.[114]

Nestes anos, outro aspecto importante da historia galega foron os *movementos migratorios*, constantes ata a chegada da depresión económica de 1929. Este factor deseminou a poboacional sobre todo mediante viaxes a terras americanas, debido á inestabilidade e á pobreza da economía en Galicia. Segundo Beiras Torrado, de todos os galegos emigrados entre 1900 e 1940, tan só o 21% regresou entre 1931 e 1940.[115] Co tempo, este fluxo migratorio contribuíu á entrada de capitais indianos e a construción de escolas,[116] creando centros en ocasións con tres ou catro aulas, cunha incipiente gradación e unha dotación de medios didácticos exemplar no seu contorno.[117]

En Galicia *a matrícula e a asistencia escolar* era baixa pero aumentaron dende 1900 ata 1936, a pesar dos movementos migratorios. As provincias cunha maior porcentaxe de alumnos matriculados en idade escolarizable eran Pontevedra e A Coruña respectivamente. Pola contra, as provincias de Lugo e Ourense acadaban as porcentaxes máis baixas, sendo as que tiñan máis nenos sen escolarizar en idade escolarizable.[118] Os

[111] En José de Cora Paradela, (1999), *Lugo XX Historia de un siglo* (Lugo: Edit. *El Progreso*, 1999), 572.

[112] Vide Xosé Manuel Beiras Torrado, *Estructura y problemas de la población gallega* (A Coruña: Servizo de Estudos do Noroeste, 1970).

[113] A clasificación dos concellos en función do número de habitantes, podemos velo en Joaquín Nadal, *La población española en los siglos XIX-XX* (Barcelona: Ariel, 1976), 244.

[114] En Luis Soto Menor, *Informe de Luis Soto Menor da Junta Provincial de Lugo* (Lugo. APL. Fondo Ayuntamiento. Sinatura: 1202-01, outubro-1924).

[115] Vide Xose Manuel Beiras Torrado, *Estructura y problemas de la población gallega* (A Coruña: Servizo de Estudos do Noroeste, 1970).

[116] Vide Vicente Peña Saavedra, *Éxodo, organización comunitaria e intervención escolar* (A Coruña: Xunta de Galicia, 1993).

[117] Antón Costa Rico, "Emigrantes, escuelas y regeneración social. Los emigrantes gallegos a América y el impulso a la educación (1879-1936)", *Revista Brasileira de História de Educação* (8.1, 2008): 13-45.

[118] En José del Peso y Sevillano, *Galicia y su Enseñanza Primaria* (Madrid: Arquivo JAE. Sinatura: JAE/115-391, Xuño-1925).

principais factores que incidiron na matriculación, no absentismo e no abandono escolar prematuro foron: as tradicións agrícolas, as duras condicións climatolóxicas, a fisionomía de Galicia, a falta de cultura da poboación, os recursos limitados dos campesiños, o alto índice de mortalidade infantil e a falta de escolas,[119] substituídas en moitos casos por escolas creadas polas veciñanzas, atendidas por mestres de ferrado ou de tempada.[120]

Coa chegada do primeiro bienio da Segunda República, o Goberno creou en Galicia un número importante de escolas, pero estas non foron suficientes. Este investimento repercutiu de xeito positivo no proceso de modernización educativo, obstaculizado pola chegada do goberno da CEDA e paralizado dunha forma total co proceso de depuración do goberno golpista.[121] Nestes tempos, nas cidades existía unha forte presenza de escolas privadas de carácter relixioso, o que non aseguraba que estiveran en boas condicións.[122] Ademais a tipoloxía laboral do galego estaba ligado ao campo e existía un alto grao de mortalidade/enfermidade infantil. Con todo, un dos factores máis importantes para o desenvolvemento da escola foi a *compatibilidade ideolóxica entre a política educativa do goberno e a pedagoxía*, aspecto analizado no seguinte apartado.

1.5. O EQUILIBRIO ENTRE OS FACTORES E A COMPATIBILIDADE IDEOLÓXICA ENTRE A POLÍTICA EDUCATIVA E A PEDAGOXÍA

Dende 1900 ata 1936 foron varios os gobernos que iniciaron unha *política educativa*, moi diferentes entre si e con máis ou menos éxito. Ante estes continuos cambios, o ritmo de desenvolvemento foi diferente, sendo dous os procesos que regularon o progreso da escola: o equilibrio entre os factores e a compatibilidade pedagoxía-goberno. Deste xeito, observamos como a realidade é un conxunto intercomunicado que forma un grupo estrutural, establecendo relacións e influencias recíprocas que cambiaron continuamente.[123] Por este motivo, cómpre analizar as peculiaridades dos vínculos establecidos entre a política e o sistema escolar implantado, reflectida nos coñecementos e a documentación.[124] Segundo o historiador Ciro Cardoso, coñécense como "modelos isomórficos", e procuran a representación realista do sistema analizado, estudando a relación e a organización entre os seus elementos históricos.[125]

O grao de crecemento da escola nacional dependeu en parte do *tipo de administración rexente*: de carácter progresista ou conservador. Nas etapas de goberno conservador produciuse unha desaceleración na introdución e difusión de novas teorías transnacionais, porque moitas eran de carácter laico, o que non beneficiou ao dinamismo da ciencia. Diferentemente, o carácer progresista do goberno do primeiro bienio da Segunda República produciu un incremento na introdución de ideas

[119] En José de Cora Paradela, *Lugo XX Historia de un siglo* (Lugo: Edit. *El Progreso*, 1999), 572.

[120] Vide Narciso de Gabriel Fernández, *Escolantes e escolas de ferrado* (Vigo: Xerais de Galicia, 2001).

[121] Durante a gobernación de Primo de Rivera aumentou o ritmo de creación de escolas, aspecto que se intensificou no primeiro bienio do período republicano.

[122] En Luis Bello Trompeta, "Lugo. -La Capital", *Vida Escolar*, Nº 142, ano III (1929): 4; e Luis Bello Trompeta, *Viaje...* (Madrid: Akal, 1974), 81, 102, 103, 121, 129

[123] En Marc Depaepe, "Some statements about de nature of the history of educación", *Why should we teach. History of education* (Moscow: The Library of internacional academy of self-improvement, 1993), 31

[124] Vide Manuel Tuñón de Lara, "En torno a la metodología de la historia de los siglo XXI y XX", *Estudios sobre el siglo XIX español* (Madrid: Siglo XXI, 1972), 11-32.

[125] En Ciro F. S Cardoso, *Introducción al trabajo de la investigación histórica. Conocimiento, método e historia* (Crítica: Barcelona, 1981), 397.

innovadoras, a través principalmente da JAE, e un maior investimento económico da escola, representado principalmente polas creación das 7000 escolas de Llopis en toda España.[126] O carácter aberto do seu Goberno, ligados ao movemento da ILE e a *Escola Nova*, avogou pola entrada de novas teorías e polo aumento do investimento na escola pública, excitando as variables circundantes que nutrían á escola: cultura, política, economía, pedagoxía e sociedade. Unha tendencia cara o establecemento dunha "relación simbiótica" entre o sistema educativo e o resto de factores analizados no apartado número 4.4.

Respecto á *cuestión económica*, adoptando unha visión "macro", é preciso destacar o grao de dependencia entre a educación e o investimento orzamentario. En efecto, a cantidade de recursos dependeu do tipo de goberno estatal rexente. Neste sentido, non todos os gobernos que adoptaron unha postura ideoloxicamente máis conservadora investiron menos cartos. Por exemplo, durante a ditadura de Primo de Rivera, un dos principais obxectivos foi rematar cos altos índices de analfabetismo escolar a través da creación de escolas. Ademais, o feble proceso de industrialización na provincia de Lugo, a fisionomía, a economía agraria e a dispersión poboacional fixo que o desenvolvemento económico fora limitado, e os alumnos colaboraran con máis frecuencia nas tarefas agrícolas: este aspecto incidiu na asistencia escolar debido ao acusado modelo agrario provincial. Pero existiu tamén outro factor económico importante: a construción de escolas con cartos provenientes das asociacións indianas e os *benefactores*. Estes novos colexios solaparon en algúns casos o déficit de infraestruturas escolares e trasladaron novos recursos á provincia luguesa.[127]

Polo seu carácter confesional, os conservadores e tradicionalistas tiñan un estreito *vínculo coa Igrexa* e as tradicións eclesiásticas, renunciando á entrada de paradigmas pedagóxicos laicos. Esta situación propiciou o ralentí da introdución de teorías da ILE, porque eran laicas e podían reducir en parte o monopolio educativo do que gozaba a Igrexa. Esta circunstancia freou a actualización do sistema educativo aos cambios sociais como a laicidade da escola, aspecto entendido como a liberdade para poder elixir a espiritualidade persoal de cada individuo. Pola contra, os gobernos de carácter progresista do período republicano nutríanse en gran parte da pedagoxía na súa vertente científica, o que axudou a crear unha atmosfera de preocupación polo ensino primario lucense. Ademais, a intensificación da presenza de colexios aumentou o nivel de alfabetización da poboación, un dos indicadores máis básicos do capital humano e do crecemento económico.[128]

Por outro lado, convén observar o grao de dependencia entre o *desenvolvemento cultural da sociedade* e a institución escolar: referímonos á chegada da imprenta, á multiplicación de publicacións, á presenza de manifestacións culturais ás cidades, as melloras económicas, etc. O grao de intensidade da aplicación destas variables condicionou o grao de progreso da escola. Por exemplo, canto maior foi a concienciación social, a cultura e os recursos económicos das familias maior era a asistencia escolar. En consecuencia, pouco a pouco aumentou a consideración da escola, como institución social que proporcionaba o acceso a unha cultura letrada. En efecto,

[126] En varios "De enseñanza", *El Progreso,* Lugo, 14 de febreiro de 1932.

[127] En Vicente Peña Saavedra, *Éxodo, organización comunitaria e intervención escolar. La impronta educativa de la emigración transoceánica en Galicia* (Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 2 vols., 1991), 324.

[128] En Blanca Martínez Domínguez, "A transición da alfabetización en Galicia (1860-1930)", *Sarmiento,* Nº 7 (2003): 153-154.

cando existiu un maior equilibrio entre os factores, o ritmo de creación de centros públicos aumentou, simulando o efecto dunha "bola de neve". Non obstante, cando as relacións eran máis desequilibradas se producía un *ralentí*, como sucedeu coa cuestión económica e cultural, cando o fluxo de capitais eran menores, decreceu:[129] a creación de escolas, a dotación das mesmas, o melloramento das vías de comunicación, a implantación da luz eléctrica,... Outro exemplo obsérvase no factor físico: cando a orografía e o clima das zonas de montaña era moi extremo afectaba á asistencia, non só dos alumnos, senón tamén dos mestres e inspectores. Por este motivo, o inspector José del Peso y Sevillano afirmaba que en Galicia moitos dos aspectos físicos e climáticos regulaban os costumes e os hábitos da sociedade: sobre todo organizadas segundo as frecuentes precipitacións.[130]

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[129] A progresión da escola dependeu en parte do equilibrio existente entre os factores.

[130] En José del Peso y Sevillano, "Galicia y su Enseñanza Primaria" (Madrid. Arquivo JAE. Sinatura: JAE/115-391, 1925).

2. A REVISIÓN TEÓRICA E O MARCO CONCEPTUAL

O seguinte apartado trata sobre o desenvolvemento e a revisión teórica do marco conceptual que orientou esta tese sobre o estudo da ensinanza primaria en Lugo nas primeiras décadas do século XX ata o estalido da Guerra Civil. Este exame analizou os traballos máis relevantes que influíron na presente investigación e nos conceptos operativos que se manexaron no desenvolvemento teórico: *modernización escolar*, *caixa negra*, *estudo cultural lucense* e a *gramática de la escuela.*[131] Tendo en conta que, segundo Marc Depaepe, unha das principais consideracións da teoría e metodoloxía da historia da educación foi o dinamismo da ciencia pedagóxica que obriga ao investigador a levar a cabo unha constante actualización.[132]

Esta revisión teórica obriga ao investigador a adoptar unha visión *interdisciplinar* para o estudo da historia da educación, xa que o proceso de modernización non se pode entender como un feito illado, senón como un conxunto de factores que influíron de xeito relacionado. Por este motivo cómpre abordar o estudo de modo conxunto, xa que a chegada de innovacións pedagóxicas e teorías transnacionais á provincia luguesa relaciónanse directamente con varios factores sociais, culturais, políticos e económicos; analizados no apartado numero 4.4. titulado: Factores de incidencia no proceso de modernización escolar na provincia de Lugo (1900-1936).

Que entendemos por modernización escolar?

Entendemos o concepto de *modernización* como sinónimo de renovación, xa que ambos termos implican unha actualización e mellora da escola. Pese a isto, cómpre ter en conta un matiz diferente entro os dous conceptos: a modernización non só significa unha actualización escolar, implica ademais a adopción de metodoloxías e enfoques contemporáneos na procura do progreso educativo. Historicamente, este proceso entendeuse dende diferentes sectores como a adopción dunha actitude crítica, innovadora e transformadora das circunstancias obsoletas das escolas. Para levar a cabo isto é necesario realizar un esforzo de recursos e ter unha actitude de compromiso pedagóxico e social.[133] Segundo Francisco Pericacho, este é un proceso continuo, que dependerá dos retos educativos que cada sociedade establece nun momento histórico concreto.[134] É por iso que o dinamismo da sociedade e da ciencia esixe o cambio constante cara a modernidade, rexeitando cada certo tempo a institución escolar construída no tradicionalismo pedagóxico.

[131] Vide Lynn Hunt, *The New Cultural History* (California: University of California Press, 1989).

[132] En Marc Depaepe, "Some statements about de nature of the history of educación", *Why should we teach. History of education* (Moscow: The Library of internacional academy of self-improvement, 1993), 31

[133] En Cristina Redondo Castro, "*El Sol.* Un diario comprometido con la renovación pedagógica (1917-1921)", *Pedagogias alternativas y educación en los márgenes a lo largo del siglo XX* (Valencia: Universidade de Valencia, 2022), 91.

[134] En Francisco J. Pericacho Gómez, "Actualidade de la renovación pedagógica en la Comunidad de Madrid: un estudio a través de escuelas emblemáticas Evolución y experiencias actuales ante los retos socioeducativos de la sociedad del siglo XXI", Tese doutoral (Madrid: Universidade Computense Madrid, 2015), 61-62

As prácticas de modernización ao longo da historia amosan un xeito diferente de entender a institución escolar, poñendo de manifesto a necesidade de facer fronte á natural obsolescencia. Un proceso iniciado para romper coa realidade pedagóxica dominante na procura do melloramento dos procesos socioeducativos da escola.[135] Así, a *Revista de Pedagogía*, fundada en 1922 e dirixida catorce anos por Lorenzo Luzuriaga, foi unha das iniciativas máis importantes para o traslado de teorías trasnacionais na procura dunha modernización pedagóxica.[136] Como xa dixemos, durante a ditadura de Primo de Rivera un dos principais obxectivos foi a formación de "cidadáns modernos" convenientemente adoutrinados en ideas nacionalistas españolas de corte antidemocrático.[137] Posteriormente, no primeiro bienio da Segunda República iniciouse unha reforma estrutural do maxisterio na procura da modernidade. Parece evidente que isto implica un cambio *técnicopedagóxico* como o que sucedeu dende finais do século XIX en España, abandeirado por un número considerable de iniciativas escolares nacionais e provinciais que se analizan no presente traballo no apartado 4.4. Todas estas accións tiveron un aspecto en común: a procura do melloramento e actualización do sistema educativo. Nalgúns momentos históricos como o primeiro bienio da Segunda República, estes procesos tiveron unha maior preponderancia cara as correntes pedagóxicas contemporáneas escolanovistas, como o *Plan Dalton* ou o *Método Winnetka*.[138]

Respecto á *revisión histórica* deste concepto, é preciso citar tamén a José Carlos Mainer. Na súa obra *La edad de Plata* empregou este termo para describir as tres vertentes de modernización, sucedidas a comezos do século XX: literaria, científica e pedagóxica.[139] Nesta investigación centrámonos nesta última vertente, partindo dende 1900 coa creación do *Ministerio de Instrucción Pública y Bellas Artes*, porque esta institución promovía a mellora, investigación e reforma da escola dende o ámbito sociopolítico. Como cita Antonio Viñao, este novo Ministerio promoveu varios cambios para o ensino primario:

> Ministerio de Instrucción Pública y Bellas Artes, y a una serie de reformas efectuadas en los primeros años del siglo XX, tales como la creación de escuelas graduadas, la ampliación del currículum de la enseñanza primaria o el paso del pago de los haberes del magisterio primario desde los presupuestos municipales a los estatales.[140]

Por excelencia, como exemplo de movemento de modernización escolar en España atopamos *a ILE*. Esta institución naceu nunha etapa histórica inestable, co obxectivo da transformación da sociedade a través da escola cara o melloramento das condicións do cidadán. Seguindo a este organismo, durante estes anos apareceron un conxunto de iniciativas renovadoras a nivel nacional que, por contigüidade, afectaron a nivel provincial. Uns aspectos tratados polo miúdo no capítulo 4.4 do presente traballo.

---

[135] En Sata Ramos Zamora e Francisco J. Pericacho Gómez, "Sobre la renovación pedagógica y su enselñanza universitaria. Una propuesta metodológica", *Cabás*, 10 (2013): 145.

[136] Vide Antonio Viñao Frago, "La modernización pedagógica española a través de la "Revista de Pedagogía"(1922-1936)", *Anales de Pedagogía*, Nº 12-13 (1994).

[137] En Alejandro Quiroga Fernández de Soto, "Educación para la ciudadanía autoritaria. La nacionalización de los jóvenes en la Dictadura de Primo de Rivera", *Historia de la educación: Revista interuniversitaria*, 27 (2008): 93-94.

[138] En Joan Comas Camps, "Individualización de la enseñanza", *Vida Escolar*, Nº 207, ano V (1931): 2-4.

[139] José Carlos Mainer refírese a esta época como un período de florecemento literario, científico e pedagóxico. En José Carlos Mainer, *La edad de Plata* (Madrid: Ediciones Cátedra, 1981), 180.

[140] En Antonio Viñao Frago, *Sistemas educativos, culturas escolares y reformas* (Madrid: Morata, 2006), 16.

2.1. ENTRE A ESCOLA DOS ANNALES E A NOVA HISTORIA CULTURAL

O presente traballo aproxímase ao estudo de factores intervenientes, máis preto do modo de facer historiográfico "clásico" da *Escola dos Annales* dos anos 80. A pesar disto, tamén se tivo en conta a procura da *nova historia cultural.* Segundo Agustín Escolano, ao longo dos primeiros anos do século XXI comezouse a configurar en España unha nova forma de ver a historia, baixo o influxo de diversas correntes aplicadas ao estudo e investigación da escola, provocando unha viraxe investigativa e epistémica da historiografía da educación.[141] Para Thomas Popkewitz, Barry Franklin e Miguel Pereyra, os aspectos particulares de cada sociedade forman parte da reconstrución da vida e das realidades sociais da xente.[142] Non obstante, a presente investigación está orientada na procura deste enfoque, seguindo a liña desenvolvida por Hunt en 1989 na súa obra *The new Cultural History*. En España, esta orientación atópase representada en gran parte polas seguintes obras: de Agustín Escolano Benito "Nuevas tendencias en Historia de la educación" en *Historia de la Educación* (2006), de Guereña, Berrio y Tiana *Nuevas miradas historiográficas sobre la educación en la España de los Siglos XIX y XX* (2010), de Juan Mainer *Pensar criticamente la educación escolar* (2008), de Julio Ruiz Berrio *La cultura escolar Europea Tendencias históricas emergentes* (2000), de Alejandro Tiana Ferrer "La historia de la educación en la actualidad: viejos y nuevos campos de estudio" en *Repensar la historia de la educación: nuevos desafios, nuevas propuestas* (2005).

Como sinala Burke, é preciso ter en conta a fluidez das correntes culturais, a perspectiva das persoas e incluso de como os símbolos permanecen ou cambian coa circulación das ideas por un territorio determinado.[143] Ademais, este perspectiva non quedaría completa sen referirnos ao modelo que estableceron Deleuze e Guattari, cando falan do *refrain*, como aqueles elementos que se repiten nunha cultura e "territorialízanse ou desterritorialízanse", conforme os factores que é necesario descubrir nunha investigación histórica, de cómo se ensambla en cada territorio unha nova idea, un modelo de conduta, unha práctica de vida, establecendo puntos estruturais de mutación.[144] Finalmente e xa en 1995, Antonio Viñao relacionaba a necesidade de estudar as mentalidades como modos culturais de ollarse a si mesmos e aos outros,[145] o que leva a preguntarse polo impacto que deixaron os mestres e inspectores que viñan de fóra da provincia lucense: en que cambiou o tecido educativo e a cultura da escola?

A revisión teórica implica un traballo de carácter *interdisciplinar*, analizando os cambios do contorno próximo,[146] entendido como o conxunto histórico de saberes,

[141] En Agustín Escolano Benito, "La escuela como construcción cultural", *Espacios en Blanco. Revista de Educación* (Serie Indagaciones, 2008), 137.

[142] En Thomas Popkewitz, Barry Franklin e Miguel Pereyra, *Historia cultural y educación*, (Barcelona: Ediciones Pomares, 2003), 62.

[143] En Peter Burke, "Writing History in the 21st Century: Challenges and Responses", *Historia*, Nº 8, 2, (2018): 14

[144] En Gemma Collett, "Nine Notes on the Refrain", *La Deleuziana – online journal of philosophy*, (Nº 10, Rhythm, Chaos and Nonpulsed Man, (2019) 48, extraído o 20 de decembro de 2019 de: http://www.ladeleuziana.org/wp-content/uploads/2020/01/Collett10.pdf.

[145] En Antonio Viñao, "Historia de la Educación e Historia Cultural: Posibilidades, problemas, cuestiones" , en *Revista de Educación*, Nº 306 (1995): 265

[146] En Herminio Barreiro, "Consideraciones en torno a la investigación histórico-educativa. Sobre objetivos y modelos", *Sarmiento*, Nº 15 (2011): 141.

emocións, pensamentos, imaxes, ideais e culturas dun determinado territorio.[147] Por exemplo, o cambio de intereses do goberno pode verse reflectido a través dos procesos de selección docente e material escolar, acontecidos nos primeiros anos do século XX. Pero convén sinalar que, durante os dous primeiros decenios apenas se lexislou sobre a organización escolar e os métodos de ensinanza. Tan só Romanones promulgou a ampliación da idade escolar obrigatoria e un plan de estudos que estaría vixente dende 1901 ata 1937.[148] A efectos prácticos, o funcionamento interno da escola foi bastante estable. As diferentes propostas e iniciativas pedagóxicas levadas a diante nos diferentes gobernos conformaron as sucesivas declaracións de intencións sobre a práctica escolar, recuperándoas da "caixa negra da historiografía pedagóxica".[149] Apreciamos reformas circunscritas puntualmente, sucedidas con maior intensidade no primeiro bienio da Segunda República, como a aplicación do laicismo, a coeducación ou a neutralidade pedagóxica nas escolas. Por este motivo, dicimos que a modernización escolar acontecida estes anos en Lugo (1900-1936) foi un proceso multifactorial, irregular, lento, incompleto, interrompido pola chegada do goberno da CEDA e coas repercusións da Guerra Civil.[150] Por este motivo, a difusión de novas teorías dependeu en certa medida das iniciativas persoais dalgúns mestres e inspectores que traballaron na provincia luguesa, asunto investigado no presente traballo no apartado 4.4.

Por outro lado, fai falta incidir que a narrativa desta concepción desenvolveu un proceso de análise *da realidade escolar*, un exame dos aspectos mentais e materiais que vai dende fóra cara dentro, comezando dende o espazo externo europeo ata chegar á disposición interna, distribución e uso das escolas da provincia lucense. Deste xeito e para coñecer cales foron os derradeiros cambios históricos polos que fluctuou a ensinanza primaria en Lugo, esta investigación parte da revisión xeral da información que deixaron os mestres, xornalistas e inspectores sobre a ensinanza primaria deste período. Grazas a esta revisión ampla, entendemos mellor as primeiras tentativas de rexeneración no contorno lucense mediante a educación, observando a escola pública como factor de cambio e progreso.[151]

Por outro lado, debemos de comprender que a *nova historia cultural* da educación non significa o abandono dos antigo xeito de entender o pasado, senón un *estudo continuo* e *complementario*, centrando a nosa ollada no desenvolvendo e no dinamismo da realidade das aulas. Por este motivo, esta interpretación histórica non pretende esquecer os anteriores postulados de investigación, senón sumar novos coñecementos, centrándonos na análise das micro estruturas escolares, entendidas como unha historia "real", máis humanista e endóxena. Dándolle visibilidade ao testemuño dos mestres e inspectores que traballaron na provincia de Lugo, revalorizando así o seu traballo, e dando un paso ás novas *micro historias culturais* que conforman unha historia

[147] Vide Antonio Viñao Frago, "Historia de la educación e historia cultural: posibilidades, problemas, cuestiones". *Revista de educación* (1995).

[148] En Pedro F. Álvarez Lázaro, *Cien años de educación en España: en torno a la creación del Ministerio de Instrucción Pública y Bellas Artes. Historia de Madrid* (Madrid: Ministerio de Educación, 2001), 63.

[149] Vide Marc Depaede y Frank Simon, (1995). "Is there any Place for the History of 'Education' in the 'History of Education' ? A Plea for the History of Everyday Educational Reality in- and outside Schools", *Pedagogica Historica*, Nº 31, Nº 1 (1995), 10.

[150] Vide Antonio Viñao Frago, "Historia de la educación e Historia cultural: posibilidades, problemas, cuestiones", *Revista Brasileira de Educación*, Nº 0 (1995): 70

[151] En María del Mar del Pozo Andrés, "El movimiento de la Escuela Nueva y la renovación de los sistemas educativos", G. Ossenbach Sauter (coord.), *Corrientes e instituciones educativas contemporáneas* (Madrid: UNED, 2011), 169-195

historiográfica provincial maior.[152] Trátase de asumir e verificar o xa coñecido, e sen renunciar ao anterior, ver a historia doutra maneira, recuperando o testemuño dos docentes e inspectores que se atopaban en Lugo neste período (1900-1936).[153] Con todo, adoptamos unha perspectiva máis ampla e complementaria, constituíndo unha *pluralidade de criterios* enriquecedores para a historia educativa.

2.2. O MODELO SOCIOCRÍTICO

Talvez sexa preciso que este apartado comece cunha pregunta: pódense permitir situacións de desigualdade na ensinanza? Respecto ao *modelo sociocrítico* adoptado nesta investigación, convén ter en conta que un dos principios fundamentais para Giner era que a educación tiña que ser un motor de cambio social, construíndo un modelo pedagóxico centrado en educar para a comunidade. Tendo en conta este principio, o presente traballo parte dun marco conceptual centrado nos seguintes propósitos: a escola é unha comunidade educativa e de aprendizaxe, na que existe unha regulación horizontal de procesos cotiáns para aprender a convivir e constituír ambientes agradables.[154] Así, a educación constitúe unha forza incuestionable para entender os cambios sociais, pero tamén para explicar as continuidades das prácticas pedagóxicas, dos atrancos e retrocesos da "cultura escolar". Segundo Antonio Viñao, este concepto inclúe unha pluralidade de cuestións, que deben ser tidas en conta dende unha perspectiva sociocrítica da escola.[155]

Así, entendemos o proceso de escolarización como a consecuencia das circunstancias históricas máis destacables da modernidade.[156] Posiblemente este pasado necesita ser deconstruído para comprender os feitos dende outras miradas, atopando as "formas espectrais" que aínda quedan por explicar. Que ocorre co paso do tempo ou como se interpretaron os acontecementos educativos? Este exercicio permítenos restituír e rehabilitar o sentido crítico que ten como horizonte a xustiza e a liberdade.[157]

Como xa dixemos, as reformas pedagóxicas levadas a cabo no primeiro terzo do século XX en España transformaron pouco a pouco a escola, outorgándolle máis importancia á educación primaria. Este cambio trouxo consigo unha ampliación considerable do número de escolas, dalgunhas reformas na organización das aulas, dos contidos explicados polo profesorado, da idea de país, da administración política, da liberdade dos costumes e do papel do clero. Algúns mestres e inspectores foron testemuño da difusión de novas ideas educativas: defensa da escola rural,[158] actividades

[152] En Antonio Nóvoa, "Textos, imágenes y recuerdos. Escritura de nuevas historias de la educación", en *Historia cultural y educación : ensayos críticos sobre conocimiento y escolarización* / coord. por Thomas S. Popkewitz, Barry M Franklin, Miguel Ángel Pereyra-García (A Coruña: Castro, 2003), 64.

[153] Vide José Manuel Vázquez López, "Relación entre a defensa da escola rural cos inspectores e Mestres (Lugo 1900-1936)", *Educació i desenvolvement rural als segles XIX-XX-XXI* (Lleida: Universitat de Lleida, 2018), 161-175.

[154] En Borja Hontañón González, "La ILE: un proyecto de renovación pedagógica en el siclo XXI", *XIX Coloquio Historia de la Educación. Imágenes, discursos y textos de la educación* (Madrid: Universidade de Alcalá, 2017), 274.

[155] En Antonio Viñao, "La escuela y la escolaridad como objetos históricos. Facetas y problemas de la Historia de la Educación", *Espacios en Blanco. Revista de Educación*, Nº 18 (2008), 55.

[156] Ídem, 57.

[157] En Sebastián Martin, "Derrida: entre la promesa y la inyunción. Consecuencias educativas", *Educación, Lenguaje y Sociedad,* Vol. XVIII, nº 18 (2020): 15.

[158] Vide José Manuel Vázquez López, "Relación entre a defensa da escola rural cos inspectores e Mestres (Lugo 1900-1936)", *Educació i desenvolvement rural als segles XIX-XX-XXI* (Lleida: Universitat de Lleida, 2018), 161-175.

a prol da galeguización da escola, ensinanza activa, coeducación, experiencias laicas e novas teorías arraigadas nas viaxes realizadas coa JAE realizadas por algúns docentes e inspectores. Todas estas reformulacións estiveron cuestionadas polo sector tradicional implantado en Lugo a través do diario *La voz de la Verdad*, por este motivo moitos mestres adoptaron unha actitude pasiva ou incluso reticente ás innovacións, sobre todo os máis ligados ás institucións eclesiásticas. Máis, tendo en conta o descifrado da *gramática escolar* lucense, algúns mestres e inspectores, sinalados nesta investigación, fixeron unha rigorosa crítica das circunstancias da ensinanza primaria nos seus traballos, informes e publicacións.[159] Unha nova visión impulsada por aqueles docentes que tiñan contacto coa ILE e as novas correntes pedagóxicas, que criticaban aos sectores máis ligados á Igrexa. O principal punto de discusión foi a implantación do laicismo escolar, que se manifestou ao comezo da Segunda República, conforme á liña política constituída esencialmente por Lorenzo Luzuriaga, como exemplo de visión sociocrítica co tradicionalismo implantado.

Unha perspectiva sociocrítica permite integrar os datos extraídos dos arquivos, describir a realidade e interpretala, tendo en conta os cambios que experimenta a historiografía educativa.[160] A escola estivo delimitada por relacións científicas, políticas e sociais que condicionaron a transformación educativa. Mediante estes cambios e reformas políticas foise ampliando o campo de acción.[161] Este feito marcou o percorrido do desenvolvemento da ensinanza primaria e a súa inspección, reflectindo unha imaxe da tensión social vivida entre o sector católico e os partidarios do laicismo.[162] Os coñecementos acumulados forman parte dun proceso de "andamiaxe teórico" que nutren o marco para abordar a realidade, pero como aprecia Karl Pooper, estas observacións deben ter certo dinamismo.[163] En ocasións existe unha interpretación da práctica escolar que proxecta unha imaxe histórica demasiado estática, como xa viña advertindo Viñao na súa obra *Sistemas educativos, culturas escolares y reformas*.[164]

A formulación sociocrítica da escola realiza un enfoque da historia dos procesos, centrada na escolaridade e na escolarización como fenómeno social relacionado cos poderes *hexemónicos* e *contrahexemónicos*, que empregaron a escola como medio de dominio, control e lexitimización social. Cómpre ter en conta a pouca independencia sociocultural da escola a comezos do século XX, moi vinculada ás institucións eclesiásticas e con escasa autonomía para producir discursos, estratexias, prácticas e campos de control, disciplina, dominación e poder.[165] Aquí a inspección educativa do ensino primario xogou un papel fundamental, xa que era o organismo dedicado a fiscalizar os centros escolares, funcionando como un brazo controlador do goberno, sobre todo nos dous períodos ditatoriais de Primo de Rivera e de Franco. Cómpre ter en

[159] Vide José Manuel Vázquez López, "Relación entre a defensa da escola rural cos inspectores e Mestres (Lugo 1900-1936)", *Educació i desenvolvement rural als segles XIX-XX-XXI* (Lleida: Universitat de Lleida, 2018), 161-175.

[160] Vide Narciso de Gabriel e Antonio Viñao Frago (eds), *La investigación histórico-educativa. Tendencias actuale*s (Barcelona: Ronsel, 1997), 51-84.

[161] Vide J. Aróstegui, *La investigación histórica: teoría y método* (Barcelona, Crítica, 2001).

[162] Vide Viriato, "El Estado y la libertad de la enseñanza", *La Voz de la Verdad,* Lugo, O 13 de xuño de 1931.

[163] En Karl Popper, *Unended Quest, An Intellectual Autobiography* (Fontana/Collins: Glasgow, 1976), 38.

[164] En Antonio Viñao, *Sistemas educativos, culturas escolares y reformas: continuidades e cambios* (Madrid: Morata, 2002), 73.

[165] En Julia Varela, "Conocimiento, poder y subjetivación en las instituciones educativas. Sobre las potencialidades del método genealógico en el análisis de la educación formal e informal", *Historia cultural y educación: ensayos críticos sobre conocimiento y escolarización* / coord. por Thomas S. Popkewitz, Barry M Franklin, Miguel Ángel Pereyra-García (A Coruña: Castro, 2003), 136-140.

conta que a escola e a escolaridade tamén foi un *constructo* produto das circunstancias e fenómenos sociais concretos, como as tensións entre o rural e o urbano.

Os cambios na escola da provincia de Lugo sucedéronse dun xeito *lento e puntual*, froito da combinación: da pragmática da tradición rural,[166] da xestión local dos asuntos educativos dos concellos, da existencia dunha Igrexa fortemente instaurada, dos problemas económicos endóxenos (excesivo ruralismo), dos numerosos cambios políticos, do tímido proceso de secularización, dos poderes públicos e da *difusión de novas teorías*. Por este motivo, cómpre adoptar unha visión analítica da continuidade e persistencia da escolaridade tradicional, e dos bruscos cambios políticos e lexislativos. A incidencia da educación no mundo social nos obriga a facer unha análise das relacións entre a escola e a sociedade.[167] Emporiso, tamén responderemos ás preguntas historiográficas, observando o acontecido a pequena escala, aludindo aos temas que favoreceron situacións de *desigualdade de oportunidades de acceso á educación*: a diglosia no territorio lucense, a influencia das tradicións agrícolas na asistencia escolar, a dispersión poboacional, a incidencia do clima, as malas vías de comunicación entre as vilas, a influencia do territorio montañoso, ou os escasos recursos económicos dos gobernos e as familias para dotar de escolas a todas as localidades lucenses a comezos do século XX.[168] Unha realidade descrita por Miguel Ángel Ortega no seu estudo etnográfico sobre a escola rural.[169]

Por último, redundar que o axustado desenvolvemento cultural, o acusado illamento da maioría das *zonas rurais* e a distancia con respecto ao mundo escolar oficial español, facilitaron a persistencia e estabilidade das prácticas escolares tradicionais,[170] de modo que iso levou a unha certa resistencia ao cambio, como sucedeu cando se implantou a escola laica no primeiro bienio da Segunda República.[171] Este contexto sociopolítico eclesiástico primou a continuidade das prácticas escolares tradicionais. A Igrexa tiña medo de perder a súa posición privilexiada na ensinanza e da ameaza da entrada de novos paradigmas laicos. Así, pronto denotaremos a excesiva tradicionalidade da provincia lucense, onde se adoptou un enfoque máis *continuador* que reformista. Ademais cómpre sinalar a presenza dunha certa indefensión metodolóxica e funcional dos mestres, acomodados nas prácticas clásicas e no tradicionalismo asentado nas institucións onde se refuxiaban.[172] Pero tamén resaltamos a presenza de pequenas propostas de cambio da realidade escolar, presentadas en gran medida nos certames pedagóxicos celebrados en Lugo en 1923 e 1933. En efecto, un pequeno sector docente iniciou unha reformulación ou desprazamento teórico dos códigos tradicionais impostos,

[166] Vide José Manuel Vázquez López, "Relación entre a defensa da escola rural cos inspectores e Mestres (Lugo 1900-1936)", *Educació i desenvolvement rural als segles XIX-XX-XXI* (Lleida: Universitat de Lleida, 2018), 161-175.

[167] Vide Herminio Barreiro, "Consideraciones en torno a la investigación histórico-educativa. Sobre objetivos y modelos", *Sarmiento*, Nº 15 (2011): 141.

[168] En José del Peso y Sevillano, "La cultura popular gallega", *Vida Escolar*, Nº 91, ano II (1928): 4. En José del Peso y Sevillano, "Galicia y su Enseñanza Primaria", (Madrid: Arquivo JAE. Sinatura: JAE/115-391, xuño-1925; podemos atopar os informes onde describían o mal estado das escolas en Luis Soto Menor, "Informe de Luis Soto Menor da Junta Provincial de Lugo" (Lugo. APL. Fondo Concello. Sinatura: 1202-01, outubro-1924).

[169] Vide Miguel Ángel Ortega, *La parienta pobre. Significantes y significados de escuela rural* (Madrid: Ministerio de Educación, 1993).

[170] Cómpre ter en conta que a comezos do século XX, máis do 80% dos asentamentos na provincia de Lugo eran rurais, en C.E.S.I.N.O., 1964. En Xose Manuel Beiras Torrado, Estructura y problemas de la población gallega (A Coruña: Servizo de Estudios del Noroeste, 1970), 21.

[171] Vide Viriato, "El Estado y la libertad de la enseñanza", *La Voz de la Verdad*, Lugo, O 13 de xuño de 1931.

[172] En Ramón López Martín, *La escuela por dentro. Perspectiva de la cultura escolar en la España del siglo XX* (Valencia: Universidade de Valencia, 2001), 49.

e en ocasións incluso a practicalos, coma o Plan de estudos aplicado na Escola da Liga Santaballesa de Vilalba en 1913.[173]

2.3. A VISIÓN "MACRO": ESTUDO DOS CAMBIOS DA POLÍTICA EDUCATIVA NACIONAL

No seguinte apartado preténdese analizar a *influencia da política* educativa dos diferentes gobernos na escola primaria dende arriba, adoptando un enfoque "macro". Deste xeito e seguindo a evolución histórica, aparte das actuacións dos mestres e inspectores como órganos de cultura escolar, cómpre ter en conta a importancia das normativas legais de educación que se aplicaron ao longo do período estudado e que definiron a política educativa de España.[174] Este foi un dos factores máis influentes para que se sucederan as diversas modificacións no sistema educativo, nas súas dimensións técnica, profesional, política e social. Así, nas primeiras décadas do século XX, comezou a emerxer en España unha nova cultura escolar impulsada dende arriba pola Administración, mediante unha serie de reformas escolares como: a creación do *Ministerio de Instrucción Pública*, a introdución dun modelo organizativo escolar graduado, a creación da *Junta de Construcciones Escolares* en 1918 e a ampliación da obrigatoriedade de asistencia escolar ata os doce anos.[175]

Como citamos anteriormente, esta investigación procura coñecer a escola tamén dende unha perspectiva "micro", pero sen esquecer a visión "macro". Así, dende o punto de vista xeral, a continuación analizaremos como as distintas innovacións pedagóxicas e lexislativas chegaron ás escolas, e como dende un enfoque teórico o sistema educativo adaptouse ao seu medio físico, social e político. Para realizar este estudo tivemos en conta de xeito especial o traballo realizado por José del Peso y Sevillano, realizado cando era inspector na provincia de Lugo, titulado: "Galicia y su enseñanza primaria".[176] Partindo deste estudo incidimos en que os aspectos físicos, a sociedade e a escola estaban intimamente vinculados.

Por conseguinte, a continuación representamos as *relacións* entre a economía, a sociedade, a política, a ciencia e o sistema escolar nos primeiros decenios do século XX, explicando como os factores se relacionan de xeito recíproco, é dicir, explorando a interdependencia de ida e volta dos elementos con tendencia simbiótica. Mesmo, asemella que todo se relaciona, por exemplo, examinando o factor político: a normativa escolar condicionaba a creación de escolas pero tamén a necesidade dunha maior alfabetización da poboación condicionaba á administración, como quedou de manifesto coa visita do director xeral de Primeira Ensinanza, Federico Landrove, na *Semana Pedagógica Lucense* celebrada en 1933.[177] Así, valoramos como as demandas sociais induciron aos distintos gobernos a crear novas escolas, producindo á súa vez unha maior alfabetización e a modificación da paisaxe lucense, favorecendo o acceso á cultura, o fluxo económico e potenciando a relación entre o ensino primario e a sociedade. Exemplos de *interdependencia* entre factores:

[173] En Antón Costa Rico, *Escolas e Mestres. A educación en Galicia: Da restauración á Segunda República* (Santiago: Servizo Central de Publicacións: Xunta de Galicia: 1989), 125-126

[174] Vide José María Hernández Díaz, "La inspección educativa y la cultura escolar en España. Génesis, procesos constituyente y actualización de funciones", *Aula 25* (2019): 60.

[175] Ídem, 68.

[176] En José del Peso y Sevillano, "Galicia y su Enseñanza Primaria" (Madrid. Arquivo JAE. Sinatura: JAE/115-391, 1925)

[177] En varios, "Semana Pedagóxica de 1933", *El Progreso,* Lugo, 25 de xuño de 1933.

a) *Factor político:* os altos índices de analfabetismo de poboación española marcaron a política educativa implantada na ditadura de Primo de Rivera, baixar estas cifras foi un dos seus obxectivos. É dicir, o tipo de política educativa elixida condicionou o desenvolvemento escolar, controlada neste caso a través dos delegados gobernamentais.[178]

b) *Factor social:* as sociedades indianas contribuíron con cartos para as construcións escolares.[179] Mediante a escola, no primeiro terzo do século XX incrementouse o ritmo da alfabetización, especialmente no decenio dos anos trinta.[180] Respecto a isto, Joan Comas resaltaba: "Será cien veces más eficaz su gestión directa con los padres, por convencimiento, que todas las leyes y obligaciones".[181]

c) *Factor económico:* o aumento das partidas orzamentarias na ditadura de Primo de Rivera e o primeiro bienio da Segunda República propiciaron o aumento do número de escolas.[182] Á súa vez, a creación de novas escolas dinamizou a economía, mediante a demanda de novos materiais para a súa construción e dotación.

d) *Factor físico:* segundo o inspector José del Peso y Sevillano, o emprazamento de escolas modificou a paisaxe, sobre todo na Mariña Lucense. Á súa vez, as características climáticas e montañosas da provincia lucense condicionaron a dotación dos centros escolares e o seu funcionamento.[183] Segundo Joan Comas, "Hay una acentuada interdependencia entre la frecuentación escolar y las condiciones geográficas y climatológicas del terreno".[184]

e) *Factor cultural:* a aparición de novas imprentas promoveu a multiplicación de publicacións educativas,[185] e con elas, a difusión de novas teorías e experiencias escolares.[186] Á súa vez, a escola foi unha das fontes máis importantes para a redución do analfabetismo, sobre todo na década dos anos trinta,[187] chave necesaria para o acceso

[178] En Ramón López Martín, *Ideología y educación en la dictadura de Primo de Rivera: Escuelas y maestros*, Vol. 18, (1994): 75-111

[179] Vide Vicente Peña Saavedra, *Las Escuelas de Americanos y las Sociedades de Instrucción en Galicia*, (Santiago de Compostela: Servizo de Publicacións e Intercambio Científico, 1991), e Domingo L. González Lopo, "Los frutos de la emigración: las fundaciones filantrópicas de los indianos gallegos", *Galicia & América: cinco siglos de historia*, (Consello da Cultura Galega, 1992) 213-214.

[180] Del Antonio Viñao Frago, "Del analfabetismo a la alfabetización. Análisis de una mutación antropológica e historiografía II", *Universidade de Murcia* (1985): 221.

[181] En Joan Comas Camps, "Asistencia escolar y analfabetismo", *Vida Escolar* (1930): 3.

[182] Vide Teresa Rabazas Romero y Carlos Sanz Simón, "Entre el trabajo infantil y el abandono temprano. La educación de la mujer en la dictadura de Primo de Rivera a través de los informes de inspección", *Pedagogias alternativas y educación en los márgenes a lo largo del siglo XX* (Valencia: Universidade de Valencia, 2022), 168.

[183] José del Peso y Sevillano, "Galicia y su Enseñanza Primaria" (Madrid: Arquivo JAE. Sinatura: JAE/115-391, xuño 1925).

[184] En Joan Comas Camps, "Asistencia escolar y analfabetismo", *Vida Escolar* (1930): 3.

[185] Como a imprenta de Antonio Suárez, onde se reunían o *Grupo Yunque* en Lugo, constituído por: Romero Boelle, Ánxel Fole, Francisco Lamas e Antonio Suárez. En Fotografía exposta no Antigo Cárcere de Lugo, *Grupo Yunque* (Arquivo de Santiago Lamas, sen sinatura, 2024).

[186] En Joan Comas Camps, "Orientación profesional", *Vida Escolar,* Nº 95, ano II (1928): 2-4; Joan Comas Camps, "Escuelas Nuevas-Educación activa I", *Vida Escolar,* Nº 96, ano II (1928): 3-5; e Joan Comas Camps, "Escuelas Nuevas-Educación activa II", *Vida Escolar,* Nº 97, ano II (1928): 3-4; Joan Comas Camps, "Luis Bello en Lugo", *Vida Escolar,* Nº 88, ano II (1928): 1-2; Joan Comas Camps, "En el advenimiento del Directorio", *Vida Escolar,* Nº 88, ano II (1928): 4-6; Joan Comas Camps, "Luis Bello en Lugo", *Vida Escolar,* Nº 88, ano II (1928): 1-2; Joan Comas Camps, "Asistencia escolar y analfabetismo", *Vida Escolar,* Nº 167, ano IV (1930): 3; Joan Comas Camps, "Individualización de la enseñanza", *Vida Escolar,* Nº 207, ano V (1931): 2-4.

[187] Del Antonio Viñao Frago, "Del analfabetismo a la alfabetización. Análisis de una mutación antropológica e historiografía II" (Murcia: Universidade de Murcia. 1985), 221.

cultural da poboación. Segundo Joan Comas, a falta de cultura na provincia era unha problema considerable: "la ignorancia de los padres y del medio ambiente han cooperado mucho más que [...] a obtener una asistencia irregular".[188]

Entre todos os factores de incidencia escolar, especialmente a política, a economía e a cultura influíron na evolución do ensino primario dende 1900 ata 1936, proceso no que os mestres e os inspectores foron os principais testemuños.[189] Entre outras personalidades que verificaron esta situación, se atopa o xornalista Luís Bello nas súas visitas ás terras lucenses.[190] O cruzamento dos cinco factores do modelo de interpretación foi o desencadeante dunha posterior reforma pedagóxica do ensino primario, e tamén da súa inspección. De xeito posterior, co estalido da Guerra Civil produciuse unha ruptura do modelo pedagóxico implantado na Segunda República (exilio, depuración, represión do laicismo e das correntes innovadoras europeas), proporcionando unha significativa utilización da instrución primaria para os fines do modelo nacionalcatolicista.[191] O nivel de desenvolvemento educativo estaba suxeito ás variables políticas e sociais que regulaban os cambios e a dotación escolar, preservando así a influencia dos subsistemas políticos e sociais. Tendo en conta este aspecto, obsérvase unha relación de dependencia, onde se estableceu unha forza centrífuga e outra centrípeta entre a escola e o medio, así, como se pode observar no seguinte esquema, onde os factores relaciónanse uns cos outros con certa dependencia e correlación, en ambas direccións.

[188] En Joan Comas Camps, "Asistencia escolar y analfabetismo", *Vida Escolar* (1930): 3.

[189] Vide José Manuel Vázquez López, "Relación entre a defensa da escola rural cos inspectores e Mestres (Lugo 1900-1936)", *Educació i desenvolvement rural als segles XIX-XX-XXI* (Lleida: Universitat de Lleida, 2018), 161-175.

[190] En Luis Bello Trompeta, "Al salir de Lugo. Benquerencia, San Miguel y Reinante", *Vida Escolar,* Nº 162, ano IV (1930): 1-2.

[191] O crecemento da importancia dun factor determinado orixinou certo desequilibrio, como se pode observar coa chegada da Guerra Civil, entendido como un período onde existiu un "retroceso pedagóxico", sobre todo no referente a: o illamento de novas teorías transnacionais, á prohibición da coeducación e á aplicación de métodos pasivos e bancarios. Por isto, os vínculos fan que este "factor político" tivera repercusións económicas, culturais, sociais, físicas ou pedagóxicas e viceversa.


DECADENCIA NO ENSINO PRIMARIO ESPAÑOL S. XIX
NECESIDADE DUN PROCESO DE MODERNIZACIÓN ESCOLAR S. XX
Influencia
ESCOLA NOVA/ILE-KRAUSISMO
CAMBIOS NA POLÍTICA EDUCATIVA
Nova lexislación
Creación Ministerio de Edu.
AUMENTO:
1. Poboacional
2. Matrícula
3. Asistencia
Emigración
INDIANOS
ILE
Misións Pedagóxicas
JAE
Museo Pedagóxico
SOCIAL
Prensa
Sociedades
Muller
AUMENTO DE ESCOLAS
PROCESO DE MODERNIZACIÓN ESCOLAR:
lento, irrregular, multifactorial e incompleto
Dende abaixo
Dende arriba
MESTRES:
Escola Activa, publicacións, traballo manual
INSPECTORES:
Perfil máis técnico e menos burocrático-fiscal.
CAMBIOS NA POLÍTICA EDUCATIVA
Nova lexislación
Ditadura Primo R.
Aumento escolas/control
1º bienio SEGUNDA REPÚBLICA
Intensificación de reformas
1. Congresos de 1923 e 1933
2. Asociacionismo
3. Relacións administrativas
4. Informes, traballos,…
5. Correspondencia
6. Publicacións
Propostas e feitos favorables á introdución de cambios curriculares na escola
ECONOMÍA
AGRÍCOLA e rudimentaria: traballo infantil, recursos indianos, Ditablanda, 2ª Republica.
CULTURA
Incremento das revistas escolares, galeguización, iniciativas culturais, Misión Pedagóxica, indianos
ESCOLA
ASPECTOS FÍSICOS
Clima, orografía, paisaxe, …
SOCIEDADE
Emigración, demografía, beneficencia, tipos de asentamentos…
ASPECTOS POLÍTICOS: Guerra Civil (Depuración, exilio, militarización, corrente pedagóxica tradicionais,...)
RUPTURA CO MODELO PEDAGÓXICO

Modelos políticos adoptados durante os gobernos ditatoriais e o seu desenvolvemento pedagóxico

A comezos do século XX, na provincia lucense existían 465.386 habitantes dos cales 320.211 eran analfabetos, un índice considerable do 54,31%.[192] Por este motivo, durante a *ditadura de Primo de Rivera* o Goberno tentou reformar o sistema educativo para reducir as taxas de analfabetismo. Ademais pretendíase formar "cidadáns modernos", obedientes, patriotas e con un pensamento aliñado cos seus ideais autoritarios. Unha vez máis obsérvase o concepto de modernidade aplicado á sociedade a través dos programas formativos. Para isto, a Administración considerou oportuno o aumento de número de escolas e docentes, isto significou unha inxección económica que produciu o dinamismo deste factor no goberno conservador. Normalmente, estas novas escolas albergábanse en humildes vivendas particulares, ou en edificios proporcionados polas veciñanzas. Cando era posible polo número de estudantes, as escolas estaban separadas por sexo, aplicando un currículo diferenciado. A pesar disto, a presenza de mulleres nos institutos e nos estudos superiores aumentou, especificamente no maxisterio. Nas cidades con maior poboación da provincia de Lugo, a educación estaba atendida en gran medida por centros privados relixiosos. No decenio dos anos vinte o salario dos mestres mellorou algo, pero seguía sendo baixo, en 1920 a nivel nacional arredor de 30.000 docentes tiñan un salario de cinco pesetas ao día, inferior a un xornaleiro que cobraba aproximadamente sete. Ademais, de estar mal pagada, a función do mestre estaba sometida a unha forte presión e vixilancia social, baixo posibles represalias por realizar condutas antisociais e antipatrióticas. Do mesmo xeito, durante a ditadura de Primo de Rivera, se potenciou o uso do castelán na escola, nas festas e nos rituais patrióticos, propiciando un férreo control aos mestres e inspectores.[193] Debido a estas decisións, aínda que o factor económico foi estimulado, o factor pedagóxico permaneceu máis ben inmóbil debido á política conservadora implantada. Ademais, Primo de Rivera aprobou os trasladados forzosos de inspectores, o que contribuíu indirectamente a vivificar o proceso de modernización pedagóxica lucense.[194]

Como xa se vén advertindo, os primeiros anos do século XX foi un período caracterizado polos continuos *cambios de goberno*. As veces na Historia da Educación dáse un zigzag común de moitas ciencias sociais. En ocasións, as políticas educativas foron un avance e noutras unha rémora para o progreso. Neste sentido, segundo sinalaba Herminio Barreiro, debemos investigar o grao de desaxuste entre ambas distancias.[195] A presenza das correntes pedagóxicas da *Escola Nova* propiciou un novo pensamento educativo, potenciando a aplicación dun ideal de conciencia propia, democracia e liberdade. Esta posición ideolóxica desterraba case por completo as posturas adoutrinadoras e a exclusividade da ensinanza da relixión católica nas escolas.

Durante o goberno da CEDA, que apoiaban á ensinanza da relixión católica, adoitou unha postura de reticencia cara a laicidade e as innovacións pedagóxicas. Esta

[192] En Benigno Rodríguez Santamaría, *Los pescadores del Norte y Noroeste de España* (Madrid: Imprenta Alemana Fuencarral. 1916), 272

[193] En Rafael Fenoy Rico, "Historia de la Inspección en la Educación", *Educativa*, 13, (2007) extraído o 14 de novembro do 2009 de: http://www.edudactica.es/Docus/Ensayos/Historia2%20Inspeccion.pdf.

[194] Vide Manuel Ferraz Lorenzo, *Juan Comas Camps y su intensa labor de renovación pedagógica en las Canarias occidentales* (1924-1927) (Islas Canarias: Sociedad Española de Pedagogía, 2008).

[195] En Herminio Barreiro, "Consideraciones en torno a la investigación histórico-educativa. Sobre objetivos y modelos", *Sarmiento*, Nº 15 (2011): 142.

circunstancia fixo que a escola se nutrira en menor medida da pedagoxía contemporánea, freando o dinamismo científico aplicado durante o primeiro bienio da Segunda República. Este aspecto, unido a un menor investimento económico, obstaculizou o progreso do sistema educativo, producindo unha ralentí do crecemento, de xeito análogo a cando se suprimen dous radios dunha roda, referímonos ás vertentes: económica e pedagóxica, provocando unha *falta de mobilidade científica*. Esta ruptura foi esquematizada no seguinte esquema mediante as frechas invertidas ou ausencia das mesmas, producíndose unha relación negativa de desaceleración na expansión e avance da escola e das innovacións pedagóxicas.[196]



Modelo político da Segunda República (1º bienio) e grao de desenvolvemento pedagóxico.

Actualmente, temos que ter en conta que na Historia só é posible chegar a *modelos parciales* de coñecemento,[197] entendidos como construcións reducidas da realidade, globalizantes e de transición a un macromodelo de Historia total.[198] Tendo en conta isto, no período *bienio reformista* da Segunda República (1931-1933) adoptouse un modelo político progresista que difundiu en maior medida as teorías da *Escola Nova*.[199] Ademais, investíronse máis recursos económicos que os anteriores gobernos conservadores, caracterizados pola falta de "mobilidade científica" e o tradicionalismo educativo. Ademais, o modelo político republicano aplicou un maior investimento económico coa creación de máis escolas públicas.[200] Esta conexión entre a política e a ensinanza primaria propiciou o crecemento do sistema educativo, o progreso pedagóxico e a construción dunha rede de centros públicos de primeira ensinanza.[201] Ademais deixou penetrar novas teorías ligadas á ILE, á *Escola Nova* e ao laicismo escolar, ordenando a retirada de crucifixos nas escolas.[202] Como conclusión, no período do goberno progresista da Segunda República (1931-1933) produciuse un

[196] Este aspecto foi tratado polo inspector destinado en Lugo José del Peso y Sevillano no seu traballo: "Galicia y su enseñanza primaria". En Anexo 7.3.

[197] Vide Ciro Cardoso e Pérez Brignoli, *Los métodos de la historia* (Barcelona: Crítica, 1979), 39-57.

[198] Vide Manuel Tuñón de Lara, *Metodología de la historia social de España* (Madrid: Siglo XXI, 1979), 166.

[199] Como observamos nas conferencias realizadas na Semana pedagógica do 33 celebrada en Lugo.

[200] Coa creación de máis de 7000 escolas de Rodolfo Llopis en apenas dous anos.

[201] Este proceso esquematizouse de xeito sintético nos esquema reflectidos. A nivel social, a emigración e o aumento demográfico incidiron na asistencia e recursos escolares.

[202] Non se trataba dunha postura contraria á relixión católica, simplemente querían implantar un modelo de elección libre da educación relixiosa nos centros educativos, evitando os dogmas de obrigado cumprimento. Orde impulsada en Lugo polo inspector Joan Comas Camps.

desenvolvemento pedagóxico maior, grazas en parte á activación da vertente científica, á entrada de novas teorías transnacionais e a un maior investimento económico.



2.4. A VISIÓN "MICRO": ESTUDO DA GRAMÁTICA, A FORMA E A CULTURA ESCOLAR

Aparte das importantes leis de educación publicadas que definen a política educativa de España, convén recuperar a historia das actuacións dos mestres e inspectores nos distintos centros educativos lucenses, sobre todo no referido ao traslado e *difusión de novas teorías* transnacionais. Así, estes axentes constituíron un órgano de apoio á cultura escolar e unha porta para a entrada de novas influencias, dentro dun ámbito no que comezaron a producirse algúns cambios pedagóxicos notables e unha censura máis intensa e consciente sobre o mal estado das escolas. Ademais no segundo decenio deste século comezan a poñerse en práctica algunhas ideas sobre a orientación e apoio do inspector ao mestre. Así, acompañando aos cambios educativos impulsados pola Administración apareceron un grupo de mestres e inspectores innovadores, que traballaron a prol do tan desexado proceso de modernización escolar.[203]

A través do estudo da *gramática de la escuela* procuramos definir o conxunto de tradicións, regularidades acumuladas e transmitidas polos docentes ao longo do tempo.[204] A súa análise permítenos explicar as normas e prácticas sucedidas na escola:[205] disposición das aulas, a división espazo-temporal, a metodoloxía, o xeito de

[203] En José Manuel Vázquez López, "Relación entre a defensa da escola rural cos inspectores e Mestres (Lugo 1900-1936)", *Educació i desenvolvement rural als segles XIX-XX-XXI* (Lleida: Universitat de Lleida, 2018), 161-175.

[204] En David Tyack y William Tobin, "The 'Grammar' of Schooling: Why Has It Been So Hard to Change?" *American Educational Research Journal 31*, Nº 3 (1994): 456-460; e David Tyack e Larry Cuban, *Tinkering toward Utopia: A Century of Public School Reform* (Cambridge, MA: Harvard University Press, 1995), 85-109.

[205] En Antonio Molero Pintado, "En torno a la cultura escolar como objeto histórico", *La cultura escolar de Europa* (Madrid: Biblioteca Nueva, 2000), 223-228.

avaliar a graduación dos cursos, as materias ou disciplinas.[206] Unha idea empregada por primeira vez na obra de David Tyack y Larry Cuban *En busca de una utopía. Un siglo de reformas de las escuelas públicas*, publicado no ano 2000. Este termo xunto a *forma escolar* configuran e condicionan a *cultura escolar* de xeito subxacente.[207] Por este motivo, esta investigación trata de recuperar a realidade educativa das escolas en Lugo, achegándonos á análise do que pasou dentro das aulas, dende un prisma "micro". Referímonos á procura daqueles trazos propios de cada centro educativo que permiten comprender a súa *cultura escolar* propia e o seu funcionamento, tal e como explica Waller en 1932 no seu libro *The sociology of teaching*.[208]

A *cultura escolar* é un concepto que se emprega dende mediados dos anos 90, tratando de explicar as inercias, cambios, resistencias e todos os aspectos escolares que interveñen na configuración da *gramática escolar* particular de cada ámbito.[209] Tendo en conta esta definición, a investigación procura o coñecemento da cultura *cultura escolar* existente en Lugo, describindo as distintas dinámicas que se levaron a cabo nos centros educativos mediante os informes, principalmente dos inspectores, que reflectían as queixas dos mestres ante a decadencia da ensinanza primaria, sobre todo nas zonas rurais.[210] Non obstante, unha *cultura escolar* determinada é a memoria das escolas dun determinado espazo e tempo, tendo en conta: a cultura propia da institución escolar e o tipo de difusión social dos saberes escolares.

> "Un conjunto de teorías, ideas, principios, normas, pautas, rituales, inercias, hábitos y prácticas (formas de hacer y de pensar, mentalidades y comportamientos) sedimentadas a lo largo del tiempo en forma de tradiciones, regularidades y reglas de juego no puestas en entredicho, y compartidas por sus actores, en el seno de las instituciones educativas".[211]

Esta postura abandona a historiografía educativa clásica previa aos anos 70 na que o historiadores centraban a súa atención integramente no exame "macro" da historia da educación.[212] Uns estudos que centraban os seus esforzos na investigación da lexislación escolar, na introdución de innovacións a grande escala, no desenvolvemento de plans de estudo, nos materias docentes ou na asistencia escolar.[213] Así, non pretendemos deixar á marxe estes antigos obxectivos, senón complementalos, tornando a idea de que a escola era un simple espazo sistemático de reprodución social.[214] Antano, os centros educativos considerábanse polo seu número como unha pequena parte dunha estrutura social moito máis ampla, ao respecto non se valoraban de xeito

[206] En Antonio Viñao, "La escuela y la escolaridad como objetos históricos. Facetas y problemas de la Historia de la Educación. En Espacios en Blanco", *Revista de Educación*, vol. 18 (2008): 46-47.

[207] En Vincent Lahire y Thin, "Sobre a história e a teoria da forma escolar", *Educação em Revista,* Nº 33, (2001): 7- 47.

[208] En Willard Waller, *The sociology of teaching* (New York: Wiley, 1932), 12.

[209] En Federico Martín González, "Hacer escuela. Gramáticas escolares y políticas en la experiencia del Plan FinEs2 en la ciudad de La Plata", *Espacios en blanco. Serie indagaciones 31.1* (2021): 83-96.

[210] En José Manuel Vázquez López, "Relación entre a defensa da escola rural cos inspectores e Mestres (Lugo 1900-1936)", *Educació i desenvolvement rural als segles XIX-XX-XXI,* (Lleida: Universitat de Lleida, 2018) 161-175.

[211] En Antonio Viñao, "La escuela y la escolaridad como objetos históricos. facetas y problemas de la historia de la educación", *Espacios en Blanco. Revista de Educación*, vol. 18 (2008): 73.

[212] Vide Antonio Viñao, "La escuela y la escolaridad como objetos históricos. Facetas y problemas de la Historia de la Educación, *Espacios en Blanco. Revista de Educación,* vol. 18 (2008): 44-45.

[213] En Marc Depeape y Frank Simon, "Fuentes y métodos para la historia del aula", *Repensar la historia de la educación* (2005), 338

[214] Vide Agustín Escolano Benito, "La historiografía educativa. Tendencias generales", en *La investigación histórico-educativa. Tendencias actuales* (Barcelona: Ronsel, eds.: Gabriel Fernández, N. e Viñao Frago, 1997), 51-84.

relevante para a resposta de hipóteses "reais", isto constituía un erro.[215] Este aspecto provocou que moitas realidades e prácticas de aula interesantes para a historia da educación caeran no silencio descrito por Harold Silver en 1992 ou na *caixa negra* da historiografía pedagóxica.[216]

Tendo en conta isto, esta tese pretende recuperar as experiencias e prácticas reais acontecidas dentro da aula, evitando que estes coñecementos caian no silencio ou na xa mencionada *caixa negra*. Para levar a cabo este labor empregamos o testemuño dos xornalistas, mestres e inspectores que traballaron en Lugo (1900-1936), porque estes axentes reflectiron a súa visión da escola a través de informes, publicacións e traballos recompilados na presente investigación.[217] Tendo en conta estes documentos e evitando adoptar postulados externalistas, centrándonos máis na "internalidade" do traballo escolar.[218] Evitando así, caer na tradicionalidade dos teóricos da educación, que enfocaban, en demasía, os seus estudos nunha perspectiva "macro" da historia educativa, centrada exclusivamente nas ideas pedagóxicas e a súa influencia nas reformas educativas.[219] Deste xeito na presente investigación dedicamos tan só un apartado introdutorio á análise das teorías da *Escola Nova*, pola súa relevancia contextual, e outro ao conxunto de normas e saberes vinculados aos fins sociopolíticos do goberno de quenda.[220] Tendo en conta isto, os capítulos resultantes tratan de centrarse nos resultados, respondendo á pregunta: Como se aplicaban os distintas reformas e as prácticas escolares? Respostas recollidas no capítulo catro titulado *Resultados da investigación*.

Para comprender a *nova historia cultural*, o presente estudo parte dunha interpretación *interdisciplinar*, a incidencia da educación na sociedade e nas institucións lanza ao investigador inevitablemente á análise do contorno.[221] Por este motivo, é preciso ter en conta moitos coñecementos, achegados por outras disciplinas, préstamos metodolóxicos e conceptuais desta nova historia da educación, completada e apoiada principalmente pola economía, a política, a socioloxía, a antropoloxía ou o xornalismo. Atopamos así o testemuño do xornalista Luis Bello, que describiu detalladamente o estado das escolas lucenses nas súas visitas ás aulas nos anos vinte, achegándonos paulatinamente aos coñecementos sociais, económicos, culturais e políticos.

[215]En Harold Silver, "Knowing and not knowing in the history of education", *History of Education*, 21, N 1 (1992): 101.

[216] Vide Marc Depaepe y Frank Simon, "Is there any Place for the History of 'Education' in the 'History of Education? A Plea for the History of Everyday Educational Reality in- and outside Schools", *Paedagogica Historica*, 31, Nº 1 (1995): 10.

[217] En José Manuel Vázquez López, "Relación entre a defensa da escola rural cos inspectores e Mestres (Lugo 1900-1936)", *Educació i desenvolvement rural als segles XIX-XX-XXI* (Lleida: Universitat de Lleida, 2018), 161-175.

[218] En Antonio Nóvoa, *Histoire & Comparaison (Essais sur l'Éducation)* (Lisboa: EDUCA, 1998), 34

[219] Vide Dominique Julia, "La culture scolaire comme objet historique", *Paedagogica Historica,* Vol. 31, The Colonial Experience in Education (1995): 353-382.

[220] Ídem, 354.

[221] En Herminio Barreiro, "Consideraciones en torno a la investigación histórico-educativa. Sobre objetivos y modelos", *Sarmiento*, Nº 15 (2011): 141.

3. O DESEÑO DA INVESTIGACIÓN

O deseño da investigación realizouse do seguinte xeito, primeiro fíxose a elección do tema en función da inquedanza persoal do investigador. Despois investigouse sobre o estado da cuestión e a viabilidade de nosa preocupación investigadora. Unha vez valorados estes asuntos, fixémonos as preguntas: ¿Que, como, cando, onde e quen foron os protagonistas do proceso? En base a isto establecemos as hipóteses, obxectivos e metodoloxía, é dicir establecemos unhas posibles afirmacións e unhas finalidades, a través dunhas técnicas de investigación concretas expostas a continuación. Finalmente comprobamos estas hipóteses a través da investigación en si dos fondos documentais, expresados nos resultados da investigación e nas conclusións finais, respondendo así ás preguntas feitas inicialmente, cerrando o círculo do deseño da investigación.

3.1. A INQUEDANZA PERSOAL, A VALORACIÓN DO ESTADO DA CUESTIÓN E A PREOCUPACIÓN INVESTIGADORA

A continuación relaciónanse as fases que describen o desenvolvemento da estimulación da inquedanza persoal, a valoración do estado da cuestión e a preocupación investigadora:

a) A primeira fase: O punto de partida do presente traballo foi a *elección do tema* por inquedanza persoal: "A Ensinanza Primaria en Lugo 1900-1936". Para escollelo tivéronse en conta principalmente as principais cuestións: o estado da cuestión, o interese persoal, a viabilidade económica, a accesibilidade da información, o idioma, a relevancia socioeducativa, uns límites históricos abarcables, a posibilidade de validación, a verificación das fontes e a dispoñibilidade. Despois da elección do tema, esta investigación partiu da consulta de fontes arquivísticas, hemerográficas e bibliográficas. En concreto, foron importantes os documentos conservados no Arquivo Xeral da Administración, no Arquivo Histórico Nacional, no Arquivo do Ministerio de Educación e Ciencia, no Arquivo da Universidade de Santiago e no Arquivo Provincial Lucense. Cómpre sinalar que a presente investigación partiu da realización previa do Traballo de Investigación Tutelado (en adiante TIT) titulado: *Influencia del medio sobre la enseñanza primaria lucense (1845-1936): "Cata en el Archivo Provincial de Lugo"*. En 2006, este traballo serviu para realizar unha análise previa de todos os documentos relacionados coa ensinanza primaria en Lugo gardados no APL. Á súa vez este traballo permitiu o acceso e superación do diploma de estudos avanzados da USC (DEA). Esta investigación foi de grande utilidade, porque achegou o coñecemento global do panorama histórico educativo da provincia luguesa, incorporado e ampliado no presente estudo con un carácter maior. Non obstante, o TIT empregouse de estudo piloto de carácter investigador, para a aprendizaxe e o coñecemento da situación educativa xeral, dende finais do século XIX e principios do XX. De xeito concreto, o principal obxectivo do TIT foi afondar no coñecemento sobre a influencia que o medio social e xeográfico exerceu sobre os mestres e inspectores, no período histórico comprendido entre 1900 e 1936. Emporiso, a presente investigación parte dun estudo global previo sobre a educación luguesa, proceso imprescindible para poder fiar historicamente a información extraída de cada un dos documentos.

b) A segunda fase foi a revisión bibliográfica do *estado da cuestión*, un traballo que consistiu na procura de documentación para saber dende que punto partía o coñecemento histórico sobre a ensinanza primaria.[222] Este proceso dividiuse en tres partes: o estudo dos ámbitos: internacional, nacional e provincial. A análise dos antecedentes pedagóxicos e a síntese dos achegues realizados polos historiadores ata o momento sobre o tema foi un asunto de grande importancia para a construcción dun coñecemento sólido e completo sobre a *cuestión.* O estudo dos antecedentes comportou o descifrado de cando, como e desde que vertente conceptual e metodolóxica sitúanse os datos recollidos?[223]

Nesta fase, a bibliografía sobre historia da educación máis consultada foi a dos autores: Antonio Viñao, Agustín Escolano, Marimar del Pozo, Dominique Juliá, Antonio Molero, Antonio Novoa, Antón Costa, Eugenio Otero, Vicente Peña, Herminio Barreiro, Anxo Porto e Narciso de Gabriel, entre outros. A principal documentación empregada para a revisión do *estado da cuestión* foron os libros dos historiadores mencionados, os artigos, os expedientes persoais e os documentos do Arquivo Provincial de Lugo, da USC, JAE e o do AGA-ACME. Esta foi unha das fases máis *dilatadas* no tempo. Igualmente, é preciso incidir na importancia da revisión e de lecturas monográficas, documentos do arquivo, bibliografía específica e publicacións locais.[224] As principais limitacións para realizar esta fase foron a certa desorganización no fichado e arquivo dos documentos, xa que debido as primeiras indagacións descubriuse certo baleiro documental que tivo que ser completada con artigos das revistas e periódicos provinciais.[225] Estas dificultades son propias da investigación histórico e educativa, como afirmaba Marc Depaepe, la formación de la teoría de la educación en la historia contemporánea no está exenta de tener problemas.[226] Así, en ocasións apareceron dificultades para atopar información. Como sinalaba Julio Ruiz Berrio: "determinadas épocas o países concretos nos ofrecen también dificultades en fondos para investigar el siglo XIX y XX".[227] Sobre todo no referido á destrución de información durante a Guerra Civil, ao emprego de documentos para o reciclado de papel ou á falta de celo na organización e arquivado.[228]

c) A terceira fase consistiu na *selección e análise de información*, realizando un arquivado de datos. Este paso consistiu na organización dos antecedentes históricos que afectaban á escola e a súa inspección. A clasificación incluíu unha revisión do material conseguido, permitindo captar aspectos e realidades novas, orientando a investigación: en primeiro lugar cara os mestres, en segundo cara os inspectores e por último cara o proceso de *modernización escolar*. Ademais, este proceso permitiu facer anotacións marxinais, como xeito para complementar os contidos, mediante: a descrición dos

[222] En Julio Ruiz Berrio, *El método histórico en la investigación histórico-educativa,* R. E. P. – XXXIV, Nº 134 (Outubro-Decembro, 1976): 457-458.

[223] En Antón Costa Rico, *A investigación histórico-educativa: Cuestións epistemolóxicas e historiográficas* (Santiago: USC, 2014) 3.

[224] En Antonio Viñao Frago, "Historia de la Educación e Historia Cultural: posibilidades, problemáticas, cuestiones", *Revista de Educación*, Nº 306 (1995): 245-269.

[225] Segundo a entrevista cos responsable do APL, a falta documental dalgúns anos quizais débese a que durante a Guerra Civil se produciu a queima de informes, e na posguerra á utilización de arquivos para o reciclado de papel.

[226] En Marc Depaepe, "Some statements about de nature of the history of educación", *Why should we teach. History of education* (Moscow: The Library of internacional academy of self-improvement, 1993), 32.

[227] En Julio Ruiz Berrio, *El método histórico en la investigación histórico-educativa*, R. E. P., XXXIV. Nº 134 (Outubro-Decembro, 1976): 458.

[228] Ídem.

saberes, a elaboración de esquemas de interpretación e os traballos de reconstrución da historia da educación empregando os datos clasificados. Isto explicaría o cambio de título, que se centrou nun primeiro momento no estudo da escola (TIT), para centrarse na inspección e finalizar co estudo do proceso de modernización onde os mestres e inspectores foron dous dos principais axentes.

d) A cuarta e última fase foi a *redacción e corrección da tese*. Unha vez extraída e analizada a documentación, José Manuel Vázquez redactou os distintos capítulos en galego. Esta foi unha das tarefas de maior complexidade e máis extensas no tempo, supervisada en todo momento polos titores da Tese. Grazas a eles, especialmente a Eugenio Otero, axudaron ao autor a adquirir unha certa madurez na redacción, baixo un exercicio de constancia e de afecto. Cómpre subliñar que mentres se levou a cabo esta fase, realizouse un exercicio de permanente actualización de bibliografía, proporcionada en parte pola SEDHE ou a revista *Sarmiento*.

O comezo deste traballo de investigación partiu da seguinte *preocupación investigadora* ou cuestión xeral: Cales foron os avances no proceso de modernización escolar na provincia de Lugo, levado a cabo a comezos do século XX en España, ante o depauperado estado do ensino herdado do século XIX? Esta cuestión coñecesuse mediante o estudo da escola, dos mestres, dos inspectores e dos factores de modernidade deste período. Tendo en conta que "o coñecemento nace na pregunta" (mediante o método socrático), partimos dunha segunda cuestión xeral: Como foi o proceso de modernización escolar lucense dende 1900 ata 1936? Á súa vez, estas cuestións xerais están constituídas por varias preguntas de carácter secundario:

1. Cales foron os avances na provincia de Lugo no proceso de modernización escolar levado a cabo dende 1900 ata 1936?
2. Cal foi a relevancia dos inspectores e mestres no proceso de modernización escolar lucense dende 1900 ata 1936?
3. Cal era o estado da escola de Primeiro Ensino en Lugo segundo os mestres e inspectores entre 1900 e 1936?
4. Cal foi o principal papel da muller na ensinanza primaria e na protección da infancia na provincia de Lugo entre 1900 e 1936, como parte do proceso de modernización escolar?
5. Cales foron as principais tentativas e factores de modernización pedagóxica no ensino primario na provincia de Lugo dende 1900 ata 1936? [229]
6. Quen foron os mestres e inspectores máis representativos no proceso de modernización do ensino primario dende 1900 ata 1936?
7. Cales foron as institucións socioculturais relacionadas directa ou indirectamente coa escola e a inspección do Primeiro Ensino en Lugo?
8. Que repercusións tivo a Guerra Civil para os mestres e inspectores na provincia de Lugo?

3.2. AS HIPÓTESES E OBXECTIVOS DA INVESTIGACIÓN

Os obxectivos desta investigación condensan o *tema central* do traballo, representan as metas perseguidas, centradas na análise da ensinanza primaria principalmente a través da visión dos mestres, xornalistas e inspectores. Asemade,

[229] En Antonio Viñao Frago, *Innovación Pedagógica y racionalidad científica* (Madrid: Akal, 1990), 11.

tivemos en conta a relación entre a escola e os factores culturais, físicos, políticos, sociais e económicos descrita nas distintas fontes documentais. Tamén procuramos descubrir a difusión de innovacións, acompañadas dos esforzos dalgúns docentes que traballaron a prol da modernización educativa, ao carón do movemento da *Escola Nova* e das iniciativas persoais dalgúns mestres e inspectores que favoreceron a dignificación pedagóxica dunha escola pública abandonada.[230] Ademais, algúns destes axentes tiñan bastantes inquedanzas intelectuais, como se poden coñecer a través dos artigos publicados na prensa local. Para acadar estes obxectivos empregouse a procura de documentos nos diferentes arquivos recollidos no apartado de fontes. Grazas a este proceso puidemos constatar a realidade da aula, recuperando da *caixa negra* da escola a *cultura escolar* presente na provincia de Lugo (1900-1936).[231]

3.2.1. Hipóteses

1. A evolución histórica do ensino primario dende 1900 a 1936 na provincia de Lugo estivo ligado a un conxunto de cambios que podemos denominar proceso de modernización escolar.
2. Algúns inspectores e mestres que estiveron destinados na provincia de Lugo describiron unha escola pública deficitaria durante o período estudado 1900-1936 e formaron parte dun proceso de modernización escolar.
3. A función dalgúns inspectores e mestres en relación co proceso de modernización escolar lucense repercutiu de xeito positivo na actividade do persoal docente, no funcionamento e na creación dos centros escolares.
4. A chegada da Segunda República significou para a provincia de Lugo melloras no ensino primario, sobre todo no referente á creación de escolas, traslado de experiencias pedagóxicas internacionais, aumento de prazas docentes e actividades educativas.
5. Algúns inspectores e mestres destinados en Lugo introduciron teorías afíns á ILE, demandando unha escola pública con características de independencia, laicismo, progresismo ou modernización escolar.
6. A poboación, alfabetización, matrícula e asistencia escolar de Lugo dende 1900 ata 1936 experimentaron un crecemento gradual, favorecendo o proceso de modernización escolar.
7. Algúns mestres, indianos, particulares, párrocos, xornalistas, mulleres e inspectores traballaron a prol da modernización escolar na provincia luguesa.
8. A aparición da Guerra Civil Española supuxo un proceso de depuración de varios inspectores e mestres destinados nesta provincia, moitos deles promotores da modernización escolar.

3.2.2. Obxectivo xeral e específicos

En virtude da preocupación investigadora e tendo en conta as hipóteses estableceuse o estudo do *obxectivo principal*, como comprensión e investigación sistemática da dimensión histórica do feito educativo, como ámbito científico importante para a *Historia total*.[232] Para isto constitúe un feito fundamental coñecer a

[230] En José Manuel Vázquez López, "Relación entre a defensa da escola rural cos inspectores e Mestres (Lugo 1900-1936)", *Educació i desenvolvement rural als segles XIX-XX-XXI* (Lleida: Universitat de Lleida, 2018), 161-175.
[231] Vide Lynn Hunt, *The New Cultural History* (California: University of California Press, 1989).
[232] En Herminio Barreiro, "Consideraciones en torno a la investigación histórico-educativa. Sobre objetivos y modelos", *Sarmiento*, Nº 15 (2011): 141.

evolución histórica das primeiras tentativas de *modernización escolar* levadas a cabo dende 1900 ata 1936 en Lugo, tendo en conta o estudo da vida profesional dos inspectores e mestres, entre outros aspectos. Mediante este propósito investigamos tamén como se trasladaron as teorías e as correntes pedagóxicas internacionais. Tamén estudamos as características da ensinanza primaria e a relación da escola co contorno.[233] Secasí convén expoñer a estrutura de obxectivos que conforman este traballo, definindo así o coñecemento do desenvolvemento histórico educativo provincial no referente á ensinanza primaria e a súa inspección.[234]

Obxectivos específicos

En primeiro lugar cómpre enxalzar que este traballo respondeu ao obxectivo xeral, desprendido da preocupación investigadora, mediante a resposta dos *obxectivos específicos,* formulados segundo a relevancia histórica transmitida polo investigador. En efecto, para enuncialos levouse a cabo unha selección segundo a súa importancia histórica, con base nos coñecementos extraídos das fontes primarias e secundarias.[235]

1. Coñecer cales foron os avances na provincia de Lugo no proceso de modernización escolar levado a cabo dende 1900 ata 1936.
2. Describir cal foi a relevancia dos inspectores e mestres no proceso de modernización escolar lucense dende 1900 ata 1936.
3. Saber cal era o estado da escola de Primeiro Ensino en Lugo segundo os mestres e inspectores entre 1900 e 1936.
4. Elaborar un estudo sobre cal foi o papel da muller na ensinanza primaria e na protección da infancia na provincia de Lugo entre 1900 e 1936, como parte do proceso de modernización escolar.
5. Coñecer cales foron as principais tentativas e factores de modernización no ensino primario na provincia de Lugo dende 1900 ata 1936.[236]
6. Descubrir quenes foron os mestres e inspectores máis representativos no proceso de modernización do ensino primario da provincia de Lugo dende 1900 ata 1936.
7. Coñecer cales foron as institucións socioculturais relacionadas directa ou indirectamente coa escola e a inspección do Primeiro Ensino en Lugo.
8. Saber cales foron as repercusións tivo a Guerra Civil para os mestres e inspectores na provincia de Lugo.

[233] Manuel Amor Meilan escribiu sobre a provincia de Lugo, en Francesc Carreras y Candi, *Geografía General del Reino de Galicia* (Barcelona: Casa Editorial Alberto Martín, T. IV, 1936), 86.

[234] En Julio Ruiz Berrio, *El método histórico en la investigación histórico-educativa*, R. E. P.- XXXIV, Nº 134 (Outubro-Decembro, 1976): 458.

[235] En Antón Costa Rico, "Traballo de cátedra do Programa de Doutoramento" (Santiago: non editado, 2014), 3.

[236] En Antonio Viñao Frago, *Innovación Pedagógica y racionalidad científica* (Madrid: Akal, 1990), 11.

3.3. A METODOLOXÍA XERAL

Sobre todo no último medio século experimentouse unha crecente aproximación da historia educativa ao campo das ciencias sociais, o que significou unha *ampliación das técnicas*, fontes e métodos de traballo para a investigación da Historia da Educación.[237] Por este motivo, a metodoloxía empregada neste traballo foi mixta, utilizando varios modos de manexar a documentación, centrada na revisión de: bibliografía histórica e educativa destacada, documentación histórica da época, revisión da prensa, fotografías, informes escolares arquivados, expedientes, normativa, traballos e publicacións dos inspectores. Ademais temos que ter en conta a importancia do estudo do conxunto, como sinala Tuñón de Lara, para non caer nun mero estudo de "cuantitativismo", "sociologismo" o "historia institucionalista".[238] Así, o presente traballo cunha metodoloxía de *complementación de técnicas en investigación social*, cualitativa e cuantitativa que serán presentados no apartado 3.2.2.[239]

Por outro lado, cómpre ter en conta o *carácter interdisciplinar* da investigación actual. Segundo Herminio Barreiro, a incidencia da educación na sociedade lánzanos bruscamente á análise do contorno.[240] Así, cando falamos da visión da *nova historia cultural* referímonos tamén á relación da historia da educación con outras ciencias complementarias: antropoloxía, socioloxía, economía e xeografía principalmente. Uns saberes empregados para construír un novo coñecemento máis amplo, sustentado a través do estudo da casuística específica da provincia de Lugo.

3.3.1 Procedemento metodolóxico xeral

En relación ao estudo das *fases* nas que se dividiu este traballo, en primeiro lugar partimos do deseño ou borrador e na recollida de información documental. Logo procedeuse á facer un exame e valoración da información. De seguido, realizouse a interpretación dos datos e por último a presentación dos resultados, no apartado de conclusións. Para isto fixemos fincapé na procura dunha metodoloxía que proporcionou un texto *contrastado*, aplicando un procedemento sistemático e crítico.[241] A adopción destes criterios básicos permitiu conformar un método de traballo centrado no rigor académico para estudar a escola, os mestres, os inspectores e o proceso de modernización en Lugo.

3.3.2. Técnicas de investigación

Como citamos anteriormente, esta traballo realizouse principalmente empregando *varios métodos* de análise cualitativos e cuantitativos das fontes arquivísticas, hemerográficas e bibliográficas.[242] A través destes métodos obtivemos moita

[237] En Carmen Benso Calvo, "Notas para un planteamiento actual de la Historia de la Educación", *Revista de Pedagogía* (1982): 157.

[238] Manuel Tuñón de Lara, *Metodología de la historia social de España* (Madrid: Siglo XXI, 1979), 178.

[239] En Héctor Mora, "Complementación de métodos en investigación social: Una reflexión en torno a las implicancias teóricas y las prácticas metodológicas", *Revista Anthropos,* N° 205 (2006): 5.

[240] En Herminio Barreiro, "Consideraciones en torno a la investigación histórico-educativa. Sobre objetivos y modelos", *Sarmiento,* Nº 15 (2011): 141.

[241] En Miguel Martínez, "La investigación cualitativa (síntesis conceptual)", *Revista IIPSI,* UNMSM (2006): 124-146.

[242] O traballo de arquivo foi a principal metodoloxía empregada para a resolución destes obxectivos, están incluídos na fase de procura de documentación, pero tendo en conta as "novas" fontes empregadas dende os anos 70

información e documentos sobre: a ensinanza primaria, os mestres, a súa inspección e o proceso de modernización dende 1900 ata 1936. Grazas a estes procesos foi posible acadar os obxectivos e establecer as principais evidencias que constitúen este traballo para fundamentar as posteriores conclusións.[243]

Mediante esta investigación non só se aplica un modo de estudar único, tamén se empregaron varias *técnicas complementarias* de grande utilidade para contrastar a documentación. Ademais, para realizar isto tivemos en conta a opinión de Escolano, propoñendo tres niveis para definir a *cultura escolar*: a cultura político institucional, a cultura científica e a cultura práctica escolar.[244] En consonancia con esta idea, este estudo confronta tres aspectos: o punto de vista teórico dos pensadores, as prácticas escolares e a normativa. Á hora de abordar a presente investigación histórica e educativa, tivemos presente o obxectivo de evitar a subxectividade, garantindo a validez e fiabilidade dos coñecementos adquiridos. Para isto empregáronse as seguintes técnicas complementarias:

1. Relatos de vida cruzados: a través do estudo biográfico dos mestres e inspectores *contrastamos* a veracidade dos datos obtidos. En especial cómpre facer fincapé aos expedientes, informes e traballos dos inspectores e mestres, que proporcionaron criterios de representatividade e significación das súas vidas. Especialmente, tivemos en conta os relatos dos inspectores: Luis Soto, Joan Comas, José Galera e José del Peso. Así, como os traballos do xornalista Luis Bello ou do mestre Antonio Quintela Ferreiro. A través da comparación e o contraste das súas traxectorias observamos como os relatos foron paralelos, achegándonos á reconstrución e narración do proceso de *modernización escolar* parcial e incompleto, sucedido ao longo do tempo estudado, que comprende períodos tan importantes como o denominado por Mainer como *Edad de Plata*.[245]

2. O método da triangulación: este tipo de metodoloxía e propia da investigación cualitativa e permite contrastar e controlar a información obtida a través de diversos instrumentos e fontes.[246] En concreto, cómpre centrarse nos traballos, publicacións e informes dos inspectores José del Peso y Sevillano, José Galera Moreno, Joan Comas Camps e Luis Soto. A través destes documentos establecemos unha liña de investigación común que procura dar luz e veracidade ao discurso establecido no presente traballo, sendo unha peza fundamental para o establecemento das conclusións sobre o proceso de modernización escolar na provincia de Lugo.

3.3.3. A práctica da procura de arquivos

Esta investigación realizouse en base á *procura en arquivos*, empregando como recurso auxiliar a observación de: producións pictóricas, gravados, fotografías,

para estudar a *cultura escolar* na "nova" historia da educación, referímonos as cartas, diarios, fotografías, autobiografías, memorias e traballos dos propios axentes estudados.

[243] En Manuel Tuñón de Lara, "En torno a la metodología de la historia de los siglo XXI y XX", *Estudios sobre el siglo XIX español* (Madrid: Siglo XXI, 1972), 11-32.

[244] En Agustín Escolano Benito, "Las culturas escolares del siglo XX", *Revista de educación,* Nº Extra 1, Exemplar dedicado a: La educación en España en el S. XX (2000): 201-218.

[245] Vide J. José Pujadas, *El método biográfico: el uso de las historias de vida en ciencias sociales* (Madrid: CIS, Serie Cuadernos metodológicos 5, 2002).

[246] Vide Hernán Feria Avila, Magarita Matilla González e Silverio Mantecón Licea, "La triangulación metodológica como método de la investigación científica. Apuntes para una conceptualización", *Revista Didasc@ lia: Didáctica y Educación,* Madrid: Volume 10, Nº 4 (2019).

estatísticas, expedientes, artigos, correspondencia dos mestres, listas de datos e fichas.[247] Ademais, este traballo nutriuse do visionado de documentos iconográficos, a síntese analítica e o coñecemento mediante a interpretación de datos: como sucede nas gráficas de asistencia escolar onde se observan como os períodos con máis absentismo coinciden coas épocas de recolleita e sementeira.[248] Entre os documentos empregados, destacaron pola súa claridade os informes realizados polos inspectores Joan Comas Camps, José Galera Moreno ou Luis Soto Menor,[249] porque sintetizan todas as súas observacións, definindo a humildade das escolas luguesas de ensino primario. Do mesmo xeito, os traballos presentados á JAE foron de gran relevancia, en especial o de José del Peso,[250] porque ampliaron a información sobre o sistema educativo na provincia de Lugo.[251]

Tamén realizouse un proceso de *complementación de documentos*. Actualmente ningún arquivo recolle toda a información necesaria para a realización integra desta investigación, por este motivo tivemos que complementar a documentación coa consulta de artigos, revistas, expedientes, correspondencia, fotografías, entrevistas, etc.[252] Este proceso de complementación tamén nos permite a comparación dos coñecementos achegados polos mestres e inspectores coa prensa e o resto de publicacións, contrastando a información, engadindo fontes e definindo mellor a *nova historia cultural*. Por exemplo, a comparación da visión do inspector lucense Luis Soto Menor co traballo realizado por Luis Bello na que visitou e describiu o panorama das escolas lucenses.[253]

Igualmente, para a realización desta investigación leváronse a cabo *técnicas cualitativas e cuantitativas*, que foron desenvolvidas no apartado de metodoloxía do presente traballo. Por un lado analizáronse libros, informes, expedientes, entrevistas, artigos ou epistolarios. Por outro lado, tamén se realizou o tratamento estatístico dos cadros e táboas achegadas sobre a asistencia escolar, a creación de escolas e o proceso de alfabetización entre outros temas.[254] Antes de comezar o traballo elaborouse a revisión do estado da cuestión, esclarecendo, orientando e actualizando os datos. Os documentos foron consultados principalmente nos arquivos e bibliotecas de Lugo, Santiago de Compostela e Madrid. Primeiro realizouse a revisión do Arquivo Provincial de Lugo (en adiante APL), para analizar a información extraída sobre o pasado histórico e educativo lucense. Neste arquivo atopáronse cartas, informes, expedientes e os nomes dos principais axentes "activos" que dinamizaron a escola luguesa: inspectores e mestres.[255] Unha vez obtida esta información visitouse ao *Arquivo da Biblioteca Nodal*

[247] En Julio Ruiz Berrio, "El método histórico en la investigación histórico-educativa", *Revista Española de Pedagogía,* XXXIV, Nº 134, (Outubro-Decembro, 1976): 457-458.

[248] En José del Peso y Sevillano, "Galicia y su Enseñanza Primaria", (Madrid: Arquivo JAE. Sinatura: JAE/115-391, xuño 1925). Recollido no Anexo 7.3. do presente traballo.

[249] En Luis Soto Menor, "Informe de Luis Soto Menor da Junta Provincial de Lugo" (Lugo: APL. Fondo Concello. Sinatura: 1202-01, outubro 1924)

[250] En José del Peso y Sevillano, "Galicia y su Enseñanza Primaria" (Madrid: Arquivo JAE. Sinatura: JAE/115-391, xuño 1925).

[251] En José Manuel Vázquez López, "Relación entre a defensa da escola rural cos inspectores e Mestres (Lugo 1900-1936)", *Educació i desenvolvement rural als segles XIX-XX-XXI* (Lleida: Universitat de Lleida, 2018), 161-175.

[252] Vide Héctor Mora, "Complementación de métodos en investigación social: Una reflexión en torno a las implicancias teóricas y las prácticas metodológicas", *Revista Anthropos,* Nº 205 (2012).

[253] O resultado da comparación entre todos os documentos complementarios foi coincidente para a provincia de Lugo entre 1900 e 1936: mal estado xeral da Ensinanza Primaria coa presenza de experiencias e períodos concretos de modernización pedagóxica como o primeiro bienio da Segunda República.

[254] Vide Narciso de Gabriel, "O proceso de alfabetización en Galicia", *Sarmiento,* Nº 1 (1997): 11-15.

[255] En José Manuel Vázquez López, "Relación entre a defensa da escola rural cos inspectores e Mestres (Lugo 1900-1936)", *Educació i desenvolvement rural als segles XIX-XX-XXI* (Lleida: Universitat de Lleida, 2018), 161-175.

de Lugo: alí conservase toda colección do diario *El Progreso* (1900-1936), este medio foi a prensa máis activa, regular, consultada e actualizada da época. Paralelamente fíxose unha revisión do *Archivo General de la Administración* (en adiante AGA) de Madrid, neste lugar atopábanse os expedientes dos inspectores. Esta nova documentación rematou de consolidar os descubrimentos nun proceso de "andamiaxe teórico", que nutren o marco de referencia para abordar a realidade, segundo a concepción definida por Karl Pooper.[256] Ao mesmo tempo visitamos a *Biblioteca da Fundación Penzol* onde se conservan a colección da revista lucense *Vida Escolar*. Daquela consultáronse os expedientes e as solicitudes presentadas na JAE polos inspectores e profesores para pedir unha bolsa de estudos no estranxeiro.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[256] En Karl Popper, *Unended Quest, An Intellectual Autobiography* (Fontana/Collins: Glasgow, 1976), 38.

3.4. AS FONTES E FONDOS DOCUMENTAIS

No último cuarto do século XX, comezáronse a ter en conta *novas fontes* pouco empregadas anteriormente para observar as prácticas escolares do pasado e recuperar os coñecementos sumidos na opacidade da *caixa negra escolar,*[257] empregando un xeito de pensar máis achegado á antropoloxía e á etnografía.[258] Este feito tívose en conta na realización do presente traballo, empregando documentos para coñecer a realidade da aula, como: a prensa pedagóxica, as publicacións editadas no diario *El Progreso* de Lugo ou en revistas escolares como *Vida Escolar*.[259] Convén ter en conta que a consulta de publicacións é unha técnica empregada por Marc Depaepe na súa obra *Order in progress*.[260] Ademais temos que apreciar que a información das diferentes revistas pode estar condicionada ideoloxicamente por filtros, interpretacións e censuras; aplicadas antes de que unha noticia sexa editada e que pode limitar o coñecemento real. Tendo en conta isto, cómpre facer sempre un exercicio de *contrastación* con outras fontes (triangulación). A pesar disto, a prensa foi un recurso esencial, moi empregado neste traballo, que xunto ás imaxes fotográficas, permitíronos coñecer as distintas celebracións, actividades e exposicións lectivas das escolas.[261] Estas ferramentas axudaron a aproximarse á realidade dos colexios. Ademais e en especial, a iconografía foi un medio que nos permitiu ademais comparar, situar e interpretar a realidade.

En primeiro lugar convén citar o uso das *fonte primarias*, entendidas como as producións realizadas polos principais protagonistas do estudo: mestres e inspectores. Entre estas fai falta sinalar a importancia das memorias, epistolarios, traballos, autobiografías, expedientes e diarios producidos polos propios principais axentes estudados na presente investigación. A utilidade destes documentos foi fundamental para a interpretación e reconstrución do pasado histórico e educativo.[262] Uns documentos de certa relevancia para a construción de identidades profesionais na realidade da aula, atopando alusións: ao cambio metodolóxico, a dignificación do maxisterio e a dotación do mesmo. Respecto ao uso do *epistolario*, incidir que resultaron imprescindibles as cartas dos mestres, inspectores e xornalistas; preocupados pola mala situación da escola lucense e a procura de solucións, información que posibilitou a aproximación á realidade do ensino primario dende 1900 ata 1936. Estas foron parte das fontes primarias máis consultadas, e piares fundamentais nos que se sustentan as conclusións. Grazas a estes textos comprobamos como a ensinanza primaria incrementou a súa presenza e repercusión social, política e científica en Lugo, sobre todo no período do *primeiro bienio* republicano.

En segundo lugar, convén facer unha *revisión bibliográfica* das fontes secundarias, como medio que serviu para complementar o coñecemento do *estado da cuestión*. Mediante o traballo de revisión dos arquivos coñecemos a situación educativa

[257] En Mariano González Delgado, "Una aproximación historiográfica sobre el origen de los estudios de la caja negra", *Profesorado. Revista de curriculum y formación del profesorado,* Vol. 17, Nº 3 (2013): 389-408.

[258] En Marc Depaepe e F. Simon, "Fuentes y métodos para la historia del aula", *Repensar la historia de la educación: nuevos desafíos, nuevas propuestas* (Biblioteca Nueva, 2005), 337-364.

[259] Vide por exemplo Joan Comas Camps, "Asistencia escolar y analfabetismo", *Vida Escolar* (1930): 3.

[260] Vide Marc Depeape, Dams Kristof Eggermont Betty Vroede, *Order in Progress. Everyday education practice in primary schools-Belgium 1880-1970* (Bélxica: Leuven University Press, 2000).

[261] A maioría das imaxes teñen máis de 80 anos de antigüidade dende a morte do autor, o que permite empregalas neste traballo sen permiso expreso.

[262] En Antonio Viñao Frago, "Autobiografías, memorias y diarios de maestros y maestras en la España contemporánea (siglos XIX-XXI)", *Cultura Escrita & Sociedad* 8 (2009): 183-200.

provincial: político, cultural, económico, educativo e social.[263] Máis tarde foise concretando ata distinguir os aspectos históricos máis relevantes que rodearon aos mestres e inspectores. Entre as obras consultadas máis relevantes foron: *Las Misiones Pedagógicas (1931-1936),* de Eugenio Otero,[264] *Escolas e mestres* de Antón Costa, "Nuevas tendencias en Historia de la educación" de Agustín Escolano,[265] *Nuevas miradas historiográficas sobre la educación en la España de los Siglos XIX y XX* de Guereña, Berrio y Tiana, *Pensar criticamente la educación escolar* de José Carlos Mainer,[266] *La cultura escolar Europea. Tendencias históricas emergentes* de Julio Ruiz Berrio,[267] "La historia de la educación en la actualidad: viejos y nuevos campos de estudio" de Alejandro Tiana Ferrer,[268] *La escuela de la República* e *La experiencia del poder* de Marcelino Domingo, *La revolución en la escuela y Hacia una escuela más humana* de Rodolfo Llopis, *Éxodo, organización comunitaria e intervención escolar. La impronta educativa de la emigración transoceánica en Galicia* de Vicente Peña,[269] *Leer, escribir e contar* de Narciso de Gabriel,[270] *Educación e Ideoloxía en Ourense na II República. Ourense* de Xosé Manuel Cid,[271] *El analfabetismo en España, La escuela unificada* o *Las escuelas nuevas* de Lorenzo Luzuriaga. Ademais desta división (primaria e secundaria), cómpre redundar que para levar a cabo esta tarefa foron empregadas tres tipos de fontes: escritas, gráficas e entrevistas.

a) Fontes escritas: este tipo refírese aos documentos persoais e profesionais recollidos nos diferentes arquivos públicos, principalmente no AHPL e AHUS, aínda que tamén foi de especial interese a documentación localizada no ACME-AGA. De xeito similar, foron imprescindibles os expedientes e traballos dos inspectores que traballaron en Lugo dende 1900 ata 1936, realizando un chamamento especial aos estudos realizados por José del Peso y Sevillano, Joan Comas Camps, Luis Soto Menor e José Galera Moreno. Non debemos de esquecer ao conxunto bibliográfico que inclúen obras xerais e específicas dedicadas ao estudo do ensino primario en Galicia e da cultura do primeiro terzo do século XX. Con todo, convén ter en conta as publicacións educativas provinciais, os repertorios xornalísticos e lexislativos, que permiten coñecer o contexto xurídico e administrativo no que se desenvolveu o proceso de modernización escolar.

b) Fontes gráficas: este tipo recursos refírese ás imaxes, ilustracións e fotografías empregadas ao longo da investigación.[272] De xeito concreto, empregáronse máis de 160

[263] Vide Lorenzo Luzuriaga, "La influencia del medio social en el desarrollo físico de los niños", *Revista de Pedagogía,* Nº 36, Ano III (1924): 441-445.

[264] Vide Eugenio Otero Urtaza, *Exposición Las Misiones Pedagógicas (1931-1936)* (A Coruña: Ayuntamiento da Coruña, 2007).

[265] Vide Agustín Escolano Benito, "Nuevas tendencias en Historia de la educación", *Historia de la Educación. Revista interuniversitaria,* Nº 25 (2006): 31-358.

[266] Vide José Carlos Mainer, *La edad de Plata* (Madrid: Ediciones Cátedra, 1981), 180.

[267] Vide Julio Ruiz Berrio, *La cultura escolar Europea. Tendencias históricas emergentes* (Madrid: Biblioteca Nueva, 2000).

[268] Vide Alejandro tiana Ferrer, "La historia de la educación en la actualidad: viejos y nuevos campos de estudio", *Repensar la historia de la educación: nuevos desafios, nuevas propuestas* (Madrid: Biblioteca nueva, 2005).

[269] Vide Vicente Peña Saavedra, *Éxodo, organización comunitaria e intervención escolar. La impronta educativa de la emigración transoceánica en Galicia* (Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 2 vols., 1991), 324.

[270] Vide Narciso de Gabriel Fernández, *Leer, escribir e contar* (A Coruña: Do castro, 1990).

[271] Vide Xosé Manuel Cid Fernández, *Educación e Ideoloxía en Ourense na II República* (Ourense: Andavira Editora, 2010).

[272] É interesante facer unha revisión das fotografías realizadas por Ruth Matilda Anderson na década dos anos vinte (1924-1925). Vide Silvia Medina Quintana, "El trabajo rural femenino en la fotografía de Ruth Matilda

imaxes que describiron a situación das escolas e os sucesivos cambios que se sucederon ao logo do período estudado (1900-1936), denominado proceso de modernización escolar ao conxunto de reformas, que tiñan o obxectivo de actualizar unha escola descoidada, herdanza do século XIX. Neste sentido, cómpre facer un chamamento especial ao xornal *El Progreso* e a revista *Vida Escolar*, que foron dúas das *fontes escritas* máis empregadas para a extracción de fotografías e imaxes, especialmente no "Número da Semana Pedagóxica Lucense de 1933". Tamén tiveron un gran valor as ilustracións conseguidas e conservadas nos diferentes expedientes do ACME-AGA.

c) Entrevistas: este tipo de documentos o conformaron os cuestionarios realizados polos historiadores. O rexistro oral constitúe un recurso moi valioso para complementar as investigacións. En relación con isto, unha das fontes imprescindibles para documentar a estancia de Joan Comas en Lugo foi a entrevista realizada por Matilde Mantecón e Pere Alzina Seguí, recollidas na obra titulada: *Joan Comas Camps, de pedagog a antropóleg*.[273]

3.4.1. Fontes primarias

As *fontes primarias* achegaron información valiosa para un mellor coñecemento global sobre a educación primaria e a historia do ambiente pedagóxico en que se desenvolveron as escolas lucenses. Principalmente empregáronse os traballos dos mestres e inspectores investigados que están recollidas na prensa provincial. De xeito especial, foron importantes os documentos educativos atopados no Arquivo Provincial de Lugo (APL), comprendidos entre 1900 e 1936. O obxectivo principal foi o de afondar na análise da influencia na escola do medio físico, cultural, educativo, social, político, científico e económico. Tras a revisión do APL, a investigación ampliouse a través de procuras no resto dos arquivos, das bibliotecas e das publicacións recollidas a continuación nos seguintes cadros.

Cadro 2. Arquivos consultados
1. Arquivo Arquivo General Administración (AGA)
2. Arquivo Central Ministerio de Educación (ACME)
3. Arquivo Junta de Ampliación de Estudios (JAE)
4. Arquivo Provincial de Lugo (APL)
5. Arquivo Histórico da Universidade de Santiago Compostela (USC)
6. Arquivo Biblioteca Nacional de España (BNE)
7. Arquivo fundación Penzol (Vigo)
8. Arquivo Biblioteca Conde Duque (Madrid)

Fonte: Elaboración propia.

Entre as *fontes primarias* empregadas achéganse as fotografías e os documentos dos arquivos orixinais e escritos directamente polos mestres e inspectores que traballaban na provincia de Lugo. Cómpre sinalar tamén cales foron os arquivos máis significativos, o lugar onde están recollidas as principais fontes primarias empregadas: Arquivo de la *Junta de Ampliación de Estudios* (JAE), *Archivo General Administración* (AGA), *Archivo Central Ministerio de Educación* (ACME), *Archivo Provincial de Lugo* (APL), *Archivo Histórico da Universidade de Santiago Compostela* (USC), *Biblioteca*

USC

Anderson: un recurso didáctico para Educación Primaria", *Digilec: revista internacional de lenguas y culturas*, Nº 4 (2017): 69-88.

[273] Vide Matilde Mantecón e Pere Alzina Segui, *Joan Comas Camps, de pedagog a antropóleg* (Menorca: Ed. Institut Menorquí d´estudis, 2001).

Nacional (BNE), *Archivo fundación Penzol*, *Biblioteca Conde Duque* (Madrid) e o *Anuario Estatístico de España* de 1933-1936. Respecto ás *fontes primarias*, tamén revisouse a documentación existente nos arquivos locais, provinciais, autonómico e nacional en relación coa escola lucense: especialmente o Arquivo Provincial de Lugo, Arquivo da Universidade de Santiago, Arquivo do Ministerio de Educación (ACME), o Arquivo Xeral da Administración (AGA). Ademais realizouse unha revisión da prensa da época e revistas profesionais: *El Progreso*, *Revista de Pedagogía*, *La voz de la Verdad* ou a revista *Vida escolar*. Cabe facer fincapé na importante información gardada nos expedientes da AGA, concretamente para o estudo da vida profesional dos inspectores.

Os artigos dos mestres e inspectores publicados nas revistas consultadas foron extraídos principalmente das bibliotecas que se citan a continuación: *Biblioteca Penzol* (Vigo), *Biblioteca Conde Duque* (Madrid), *Biblioteca Nodal de Lugo* (Diario *El Progreso* de Lugo), *Biblioteca da Facultade de Ciencias da Educación da USC*, *Biblioteca de la Escuela de Formación do Profesorado* (Lugo), *Biblioteca Nacional de España* (BNE) ou o *Consejo Superior de Investigaciones Científicas* (CSIC).

Cadro 3. Revistas e períodicos citados ou consultados
1. Sociedad Española Hª de la Educación (SEDHE)
2. Museo Pedagóxico Galego (MUPEGA)
3. (SEPE)
4. Fundación Francisco Giner
5. Sarmiento
6. Don Galan
7. Galiciana
8. Anuario do Maestro [Asquadra-Asquarza]
9. Literatura de cordel
10. CSIC
11. La Escuela Azul
12. Revista de Escuelas Normales
13. Revista de Pedagogía
14. La Escuela Moderna
15. El diario de Lugo
16. El Progreso
17. La Educación
18. Los Anales de Primera Enseñanza
19. El Mensajero de Primera Enseñanza
20. La Enseñanza Moderna
21. La Gaceta
22. La Unión del Magisterio
23. Vida Escolar
24. El Pequeño Escolar
25. El Heraldo de Viveiro
26. Boletín de Educación
27. L.A.T.E.
28. RONSEL
29. Unión Escolar
30. Juvenilia
31. Ahora
32. Guión
33. Yunque
34. *El Magisterio Lucense*
35. Cuadernos de Pedagogía e Papeis de Psicoloxía
Prensa xeral lucense.
1. El diario de Lugo
2. La idea moderna
3. El Progreso
4. La Reforma

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

5. *La Voz de la Verdad*

Fonte: Elaboración propia.

Mentres afondamos na investigación, observamos como se relacionan os distintos datos entre si, en ocasións isto provoca que aparezcan en diferentes apartados. Mais, este aspecto considérase necesario para entender os vínculos e observar a súa relevancia no novo tema tratado, previa realización das oportunas análises, aclaracións e xustificacións; procurando situar ao lector no coñecemento da interacción dos diferentes acontecementos históricos. Por exemplo, tendo en conta os estudos de Vicente Peña, a emigración tivo que ser analizada en varios apartados pola súa incidencia social, económica, estética, cultural e educativa. Aparte disto, convén destacar outras fontes importantes para completar a información extraída e consultar as bases documentais foron:

• *Boletín Oficial do Estado* (*BOE*). Neste medio de comunicación publicábanse toda as reformas lexislativas a nivel nacional. Foi un medio fundamental para coñecer os aspectos legais en relación coa educación do período 1900-1936.

• *Boletín Oficial da Provincia de Lugo* (BOP). Este boletín informaba tamén sobre os cambios lexislativos, as circulares do gobernador civil e a normativa correspondente á provincia lucense: ordes e disposicións legais que afectaban ao ensino primario. Podemos consultalo no Arquivo Histórico Provincial de Lugo (AHPL). A continuación recóllense as principais leis sobre educación publicadas no século XIX e comezos do XX (ordenadas cronoloxicamente).

Cadro 4. Lexislación empregada ou consultada, ordenada cronoloxicamente
Século XIX
-Regulamento xeral de Instrución Pública do 29 de xuño de 1821.
-Plan de Reglamento de las Escuelas de Primeras Letras do 16 de febreiro de 1825.
-Plan General de Instrucción Pública do Duque de Rivas do 4 de agosto de 1836.
-Plan de Instrución Pública do 21 de xullo de 1838.
-Reglamento de las Comisiones de Instrución Pública do 18 de Abril de 1839
-Real Orde 25 de abril de 1841.
-Real Orde 15 de outubro de 1843.
-Real decreto do 23 de setembro de 1847.
-Real orde de 12 de outubro de 1849
-Regulamento do 20 de maio de 1849.
-Real decreto do 30 de marzo de 1849.
-Lei Moyano de Instrucción Pública do 9 de setembro de 1857.
-Lei do 2 de xuño de 1868.
-Resolución do 29 de outubro de 1869.
-Real Decreto do 23 de febreiro de 1883.
-Real Decreto do 30 de Abril de 1886.
-Resolución do 29 de abril de 1889.
-Resolución do 18 de setembro de 1890.
-Real decreto do 11 de outubro de 1898.
Século XX
-Real Decreto do 18 de abril de 1900.
-Real Decreto de 6 de xullo de 1900. Acceso a inspección por oposición.
Real Orde do 27 de decembro de 1900. Publicación das primeiras prazas de inspectores por oposición.
-Real Orde do 28 de decembro de 1900, pola cal establecéronse as probas para a selección dos inspectores.
-Lei de Presupostos do 31 en decembro de 1901.
-Real Orde do 8 de xaneiro de 1901. Publicase as segundas prazas de inspectores por oposición.
-Real Decreto de 26 de outubro de 1901.
-Real Decreto do 12 de abril de 1901. Instauración do designación directa dos inspectores.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

-Real Decreto de marzo de 1905 Reorganización da Inspección de De la Cierva.
-Real Decreto de 18 de novembro de 1907.
-Real Decreto do 11 de xaneiro de 1907. Creación do curso de grao Normal para a formación de Inspectores de primeira ensinanza e os profesores de Escola normais.
-Real Orde do 16 de xullo de 1908, publica a primeira promoción de inspectores ingresados por oposición.
-Real Decreto de 27 de maio de 1910.
-Real Decreto do 8 de xuño de 1910.
-Real Decreto do 7 de maio de 1910 reorganización da inspección educativa do goberno de Romanones.
-Real Orde do 21 de febreiro de 1910 polo cal o goberno de Romanones ordenou a reposición con carácter urxente das prazas vacantes de Inspección.
-Real Decreto do 18 de Xaneiro de 1911.
-Real Decreto do 25 de febreiro de 1911.
-Real Decreto do 1 de xaneiro de 1911 creación da Dirección Xeral de Primeira Ensinanza.
-Real Decreto do 16 de xuño de 1911.
-Real Decreto do 10 de setembro de 1911. Modificación da implantación do grao Normal.
-Real Decreto do 14 de agosto de 1912, publícase a adjudicación de zonas dos novos inspectores que superaron a oposición.
-Real Decreto do 24 de abril de 1913 publícase a voluntariedade da asistencia ao ensino do Catecismo nas escolas públicas para os nenos dos pais non católicos.
-Real Decreto do 17 de outubro de 1913 pola cal modificou a composición do tribunal de oposicións.
-Real Orde do 23 de xuño de 1913.
-Real Orde do 26 de maio de 1913, pola cal se abriu o prazo para solicitar o nomeamento dos candidatos que cumprían os requisitos.
-Real Decreto de 7 de Febreiro de 1913. Creación da inspección feminina.
-Real Decreto do 20 setembro de 1913.
-Decreto de 24 marzo de 1913.
-Decreto do 5 de maio de 1913. Publícanse dúas leis: unha respectiva a organización da Inspección de Ensinanza Primaria, e outra referida a Administración provincial e local da primeira ensinanza, regulando as xuntas provinciais, locais e da Sección Administrativa de Primeira Ensinanza.
-Circular do 17 de setembro de 1913, pola cal se regulan as visitas dos inspectores nun Boletín con datos pedagóxicos e estatísticos.
-Orde Ministerial do 23 de xuño de 1913, pola cal apareceron os Inspectores profesionais de primeira ensinanza.
-Real Decreto de 30 de agosto de 1914 no que figura a aprobación *O Plan Bergamín*.
-Real Decreto do 24 de abril de 1914.
-Real Decreto do 7 de marzo de 1814.
-Real Decreto do 30 de Agosto de 1914, sobre organización da Escola de Estudos Superiores do Maxisterio.
-Real Decreto do 4 de marzo de 1915.
-Real Decreto do 23 de abril de 1915.
-Real Decreto do 19 de febreiro de 1915, distribución das vinte prazas de inspectores de Primeira Ensino.
-Real Decreto do 4 de marzo de 1915, establece o proceso de oposición para o ingreso no Corpo de inspectores de ensino primario.
-Debido ao Real Decreto do 18 de febreiro de 1916. A situación de inmobilidade manteríase ata 1916, onde o ministro Julio Burell volve a cambiar a situación permitindo os distintos traslados no corpo de inspectores.
-Real Decreto do 18 de febreiro de 1916, establece que a distribución dos inspectores estaba suxeita as necesidades do servizo de Inspección estatal
-Real Decreto do 14 de decembro de 1918.
-Real Decreto do 30 de decembro de 1918, implantación da inmobilidades dos inspectores.
-Real Decreto do 30 de maio de 1918 restablecendo a inmobilidade no cargo e no destino, implantada anteriormente no Real Decreto do 5 de maio de 1913.
-Real Orde do 1 de xullo de 1919.
-Real Decreto do 17 de outubro de 1919.
-Real Decreto do 3 de marzo de 1922, deroga o acceso directo a inspección dos alumnos da EESM.
-Real Orde do 14 de xullo de 1922. A última convocatoria de ingreso por acceso directo mediante a EESM ao corpo de inspectores de ensino primario.
-Orde 30 de decembro de 1922.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

-Orde do 22 de xaneiro de 1923.
-Real Orde do 29 de Agosto de 1924, relativa á visitas das escolas públicas e privadas polos delegados gobernativos.
-Real Orde de 12 de febreiro de 1924 a inspección educativa era tratada como unha forma de fiscalizar e controlar todas aquelas accións que non se axustaban á lexislación.
-Orde do 4 de Setembro de 1924, establece que os delegados gobernativos eran os encargados de realizar a inspección superior das escolas de Primeiro Ensino.
-Real Orde do 5 de xaneiro de 1924.
-Orde de 7 de xaneiro de 1926, disputa entre o delegado gobernativo e o Inspector Modesto Medina Bravo: Concluíndo cun apercibimento ao inspector.
-Real Decreto do 16 de abril de 1926 do Ministerio de Instrución Pública e Belas Artes. Neste real decreto acordábase en Consello de Ministros adscribir libremente aos inspectores de Primeira Ensino á provincia onde sexan máis convenientes os seus servizos.
-Real Decreto do 8 de novembro de 1930, polo cal se reorganiza e cambia o nome a EESM.
-Decreto do 7 de agosto de 1931, trámites de seccións de bolsas para alumnos de altas capacidades.
-Decreto do 4 de maio de 1931 polo cal se constituíu o Consello de Instrución Pública
-Decreto do 3 de xullo de 1931.
-Decreto do 24 de xullo de 1931.
-Decreto do 21 de maio de 1931 prohibiu aos mestres exercer o maxisterio nas escolas de Lugo cando non tiñan o título de mestre.
-Decreto do 7 de agosto de 1931 importancia de que os Concellos colaboraran á hora de proporcionar local para a escola, material e mobiliario.
-Decreto do 29 de setembro de 1931. Reforma republicana das Escolas Normais.
-Decreto do 29 de maio 1931 derrogaba o anterior Real Decreto do 16 de Abril de 1926, polo que se acordaba adscribir libremente os inspectores en función das demandas do Ministerio.
-Decreto do 2 de outubro de 1931. Convocatoria de oposicións libres e créase unha figura provisional inédita chamada o inspector mestre.
-Decreto do 2 de decembro de 1932. Aprobación do novo Reglamento da Inspección de Primeira Ensinanza.
-Decreto do 13 de xuño de 1932, creación da Sección de Pedagoxía dentro da Facultade de Filosofía e Letras da Universidade de Madrid.
-Decreto do 27de xaneiro de 1932. Creación da Sección de Pedagoxía na Universidade.
-Orde do 9 de setembro de 1932, que regulaba por primeira vez o proceso de selección de dez prazas por concurso restrinxido de méritos.
-Orde do 28 de maio de 1932, selección de libros escolares.
-Orde de 2 de decembro de 1932. Nomeamento da Comisión de Selección para a dotación de dez prazas por concurso restrinxido de méritos.
-Orde Ministerial do 11 de abril de 1932. Oposicións de 50 prazas de Inspectores.
-Orde Ministerial do 5 de setembro de 1933. Oposicións de 52 prazas de Inspectores.
-Decreto do 7 de xuño de 1933.
-Decreto do 26 de novembro 1933. Establecemento da mobilidade nos destinos por conveniencia do servizo.
-Orde de 27 de abril de 1933, pola cal se resolveu o concurso de selección de aspirantes para cubrir dez prazas de inspector de Ensino Primario por concurso restrinxido.
-Orde Ministerial de 17 de abril de 1933.
-Decreto do 23 de xullo de 1935, polo cal se suprimía a Inspección Central de Primeiro Ensino.
-Decreto do 26 de novembro de 1935, pola cal se volve a instaurar a mobilidade libre de traslados dos inspectores de Primeiro Ensino.
-Lei do 1 de outubro de 1936.
-Decreto do 4 de marzo de 1936, restableceu a inmobilidade dos inspectores.
-Decreto do 8 de novembro de 1936.
-Decreto do 21 de xullo de 1936.
-Decreto do 29 de setembro de 1936 créase a Xunta de Defensa Nacional e a Comisión de Cultura e Ensinanza da Xunta Técnica do Estado.
-Orde 21 de setembro de 1936. Establece obligatoria a ensinanaza da Relixión Católica.
-Decreto do 4 de marzo de 1936. Restablecemento da inmobilidade.
-Decreto do 21 de xullo de 1936. Cesión de todos os traballadores públicos sublevados ou inimigos aos intereses de Manuel Azaña.
-Decreto do 31 de de xullo de 1936, polo cal produciron as primeiras destitucións depurativas. En *Gaceta de Madrid* do 2 de agosto de 1936.
-Decreto do 19 de setembro de 1936. Nomeamento de inspectores interinos para substituír aqueles auditores levantados que participaron no desmantelamento.
-Circular do 7 de decembro de 1936, pola cal se daban as orientacións aos presidentes das

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

comisións depuradoras.
-Orde do 9 de xullo de 1936.
-Circular de Xullo de 1937, onde se recollen os cursos de formación para os mestres.
-Lei do 10 de febreiro de 1939.
-Orde Ministerial do 30 de decembro de 1939.
-Orde do 18 de marzo de 1939.
-Orde Ministerial do 4 de maio de 1939.
-Orde Ministerial do 31 de outubro de 1939.
-Orde do 20 de xaneiro de 1939, regula as visitas dos inspectores seleccionados aos centros educativos.
-Orde Ministerial do 30 de decembro de 1939.
-Orde Ministerial do 3 de marzo de 1940.
-Orde Ministerial o 26 de xullo de 1940.
-Orde Ministerial do 4 de xullo de 1942.
-Orde Ministerial do 18 de marzo de 1942.
-Lei de Educación Primaria do 17 de xullo de 1945, Lei de Educación Primaria.
-Orde Ministerial do 9 de marzo de 1945.
-Orde do 16 de marzo de 1946.
-Orde Ministerial do 30 de maio de 1950.
-Orde Ministerial do 1 de maio de 1953.
-Orde Ministerial do 28 de agosto de 1953.
-Orde do 25 de outubro de 1965.

Fonte: Elaboración propia.

• A *Gaceta de Madrid.* Medio oficial de comunicación onde se publicaba as medidas reformistas educativas dos gobernos republicanos progresistas. Esta fonte pode consultarse na páxina web do *Boletín Oficial do Estado*.

• *Expedientes AGA-ACME* de mestres e inspectores de Primeiro Ensino da provincia de Lugo. Foron consultados principalmente no Arquivo Xeral da Administración (AGA), situado en Alcalá de Henares.

• Arquivo Histórico da Universidade de Santiago de Compostela (AHUS). Foi consultado para atopar a documentación referente ao Goberno Civil, da Sección Administrativa de Primeiro Ensino e da Inspección de Primeiro Ensino.

• *Anuario Estatístico de España*. Medio oficial de información sobre o censo de poboación e habitantes das diferentes provincias españolas.

Cadro 5. Censo de poboación e Anuarios estatísticos consultados
1. Censo de Población de España de 1910 T. III.
2. *Censo de Población de España de 1900*, T. II.
3. Censo de Población de España de 1910 T. II e T. III.
4. Censo de Población de España de 1920.
5. Censo de Población de España de 1930.
6. Tomos Provinciales de Coruña, Lugo, Orense y Pontevedra del Censo de Población de España de 1930.
7. Estadística Escolar de España de 1908.
8. Anuario Estadístico de España de 1918.
9. Anuario Estadístico de España de 1925.
10. Anuario Estadístico de España de 1928.
11. Anuario Estadístico de España de 1930.
12. *Anuarios Estadísticos de España de 1932-33-34*.
13. Anuario Estadístico de Instrucción Pública de 1909-1910.
14. Anuario estadístico de España de 1911.
15. *Anuario Estadístico de España de 1930*.
16. MINISTERIO DE INSTRUCCIÓN PÚBLICA: *La primera enseñanza en España*, Madrid, 1927.
17. MINISTERIO DE INSTRUCCIÓN PÚBLICA. Oficina de Informaciones, Publicaciones

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

y Estadísticas: *Estadísticas de Escuelas Graduadas,* Madrid, 1935.

Fonte: Elaboración propia.

Cadro 6. Documentos do APL sobre os movementos de mestres en 1936
-Carta do trece de marzo de 1936 sobre a readmisión da mestra María González Patrana.
-Mestre Anxo Santos Vila, o catorce de xullo do 36, exaltando a súa vocación docente.
-Carta do 28 de agosto de 1936, onde se asignaba o cargo aos mestres José Ramiro Potas e José Antonio Murado Pérez.
-Amalia Quiroga Carreno afirmaba que traballaba como auxiliar de enfermeira e mestra e ao mesmo tempo rexentando a escola de Montevideo, o 1 de Setembro de 1936.
-Jesús Vázquez Saco, mestre da escola do polvorín, o catro de setembro de 1936.
-María Piñeiro Piñeiro.
-Mestra María Dores Lostoa.
-Mestra María Concepción Janeiro rexentaba a escola de párvulos en García Abad, o 14 de setembro de 1936.
-A mestra Alicia Rodríguez suspendeu as clases para o branqueo e a reparación da sala (clase) onde impartía docencia, debido ás malas condicións hixiénicas.
-O 21 de setembro de 1936 noméase a Anxo da Veiga Alonso como mestre da Escola de Vilamoure, publícase na *Gaceta.*
-Cambio no nomeamento de Daniel Silva Díaz, de Bagueiros o 22 de setembro de 1936.
-Baixa por un mes de Antonio López Vázquez, o seis de outubro de 1936
-Carmen Villamarín Folgueira solicitaba un crucifixo para o seu centro escolar, o catorce de outubro de 1936.
-Baixa por enfermidade da mestra Concepción Vara Hernández.
-Nomeamento de Rivas de Miño como mestre, asina o reitor.
-Requerimento de mestres substitutos o tres de maio de 1937, documento emitido pola xefa de sección Sofía Piñeiro.
-A mestra Carmen Veiga González solicitou uns días de permiso por cuestións de saúde, o 3 de marzo do 1937.
-Nomeamento de Consuelo Quintela Ruiz.
-Concesión de 30 días de baixa por enfermidade a Dores Taboada Ferreiro, o 13 de abril de 1937, e María Candelaria Fernández Marbán. Documento aprobado polo reitor e o xefe de Sección.
-María Piñeiro Piñeiro gozou dunhas vacacións o 17 de agosto de 1937, ou o que é o mesmo cesamento por vacacións estivais.
-Cesamento por estar mobilizado o once de febreiro de 1937, do mestre Fernando Ferro.
-Permiso para asistir aos cursos de mestres armeiros provisionais que se celebrou na Coruña. No seu posto deixa unha mestra substituta: mestra de Tervel, Cándida Prades Salvador, o 13 de outubro de 1937.
-O mestre José Arias Sánchez perdeu doce meses sen percibir haberes, asinado pola xefa de sección accidental Sofía Piñeiro o 1 de decembro de 1937.

Fonte: Elaboración propia. En varios, "Movementos de mestres en 1936 en Lugo" (Lugo: APL. Fondo Concello. Sinatura. 1202-01, 1936)

3.4.2. Fontes secundarias

Por último, cómpre sinalar cales foron as *fontes secundarias* empregadas. Este material documental foi fundamental para verificar e completar as análises constituídas ao longo do traballo. Consisten en traballos e valoracións realizadas por outros investigadores, a partir das fontes primarias, principalmente: mestres, inspectores, historiadores e xornalistas. Con todo, no apartado de bibliografía figuran todas as obras consultadas para coñecer o estado da cuestión respecto á escola. Entre os historiadores de referencia empregados no estudo atópanse Xose Manuel Cid, Vincente Peña, Herminio Barreiro, Antón Costa, Narciso de Gabriel, Eugenio Otero ou Antonio Viñao. Como exemplo, citamos o traballo coordinado por Eugenio Otero para o estudo das

Misións Pedagóxicas titulado *Las Misiones Pedagógicas 1931-1936*,[274] ou o de Antón Costa sobre as escolas e mestres en Galicia, titulado: *Escolas e Mestres. A educación en Galicia: Da Restauración á Segunda República*.[275] Ademais, cómpre sinalar que as teorías da *Escola Nova* foron introducidas a través das revistas profesionais como a *Revista de Pedagogía* e a *Escuela Moderna*.[276] Tamén mediante os documentos achegados nos congresos, as viaxes coa JAE e a emigración. Estes cambios abriron a escola a unha nova dimensión educativa e a pedagoxía experimentou unha irregular transformación á luz das reformas educativas, trasladadas por algúns mestres e inspectores como Joan Comas en Lugo.

En referencia á inspección educativa, os *principais autores* empregados para o seu coñecemento foron as obras dos seguintes especialistas: sobre coordinación e recolección da inspección Eduardo Soler Fiérrez, sobre a función da inspección no desenvolvemento do sistema educativo español Adolfo Maíllo, sobre o estudo específico sobre a inspección de primeira ensinanza na Segunda República Alfredo Jiménez Eguizábal, sobre a depuración de funcionarios no franquismo Manuel Morente Díaz, sobre a inspección de Primeira Ensinanza na Guerra Civil e o primeiro franquismo Luis Batanaz Palomares. Ademais realizouse unha revisión constante das novas publicacións. Tamén utilizáronse recursos como as bases de datos bibliográficas sobre a inspección e a ensinanza primaria en España e Galicia.

Entre as fontes secundarias, os documentos foron agrupados de forma temática en: escola, mestres, inspección e factores de modernización escolar. Estes aspectos conforman o apartado catro titulado: *Resultados da investigación*. Especialmente, tiveron importancia para o estudo do contextualización do traballo os seguintes autores estranxeiros: Lynn Hunt, Marc Depaepe, Karl Popper ou Pierre Villar.

3.4.3. Limitacións da investigación respecto ás fontes

A pesar da *conservación fragmentaria* e incompleta dalgunha colección documental utilizada para fundamentar este traballo, aspecto frecuente e propio da investigación histórica educativa, a cantidade de expedientes atopados foi relevante para realizar unha análise exhaustiva e representativa. Tamén temos que ter e conta a natureza das fontes utilizadas, que en ocasións, poden ter un compoñente de subxectividade, sobre todo nas de carácter autobiográfico. Aspecto que se solucionou coa *contrastación* doutros documentos. Debido a isto, empregouse o método de triangulación, é dicir, tratando outras fontes complementarias para facer unha comparativa, mediante: publicacións, fotografías, expedientes, informes e prensa local. Ademais, esta documentación constituíu un recurso importante para definir as prácticas escolares que sosteñen os discursos profesionais. Non obstante as principais dificultades do presente traballo foron as seguintes:

1. Segundo a entrevista ao bibliotecario do APL, *posible destrución ou queima* de parte da documentación no período de posguerra.

[274] Vide Eugenio Otero Urtaza, *Las Misiones Pedagógicas 1931-1936* (Madrid: Sociedade Estatal de Conmemoracións Culturais, 2006).

[275] Vide Antón Costa Rico, *Escolas e Mestres. A educación en Galicia: Da restauración á Segunda República* (Santiago: Editorial Servizo Central de Publicacións Xunta de Galicia, 1989).

[276] Vide William H. Kilpatrick, "La filosofía social en la educación nueva", *Revista de Pedagogía*, Nº 163 (1935).

2. Certo *desorde no arquivado* dos cartafoles ou cartapacios do Arquivo Provincial da Biblioteca Nodal de Lugo.
3. *Conservación fragmentaria* e incompleta das colección documental das bibliotecas AGA e APL.
4. *Natureza subxectiva* e parcial dos expedientes, informes, traballos, publicacións dos mestres, xornalistas e inspectores; interpretados mediante o contraste dos resultados (método de triangulación).

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

4. OS RESULTADOS E DISCUSIÓN DA INVESTIGACIÓN

Como punto de partida, para realizar o estudo das características da ensinanza primaria na provincia de Lugo no transcurso histórico comprendido entre 1900 e 1936 tivemos en conta dúas ideas de xeito especial. En primeiro lugar considerar a liña seguida por Hunt na súa obra *The new Cultural History* e a importancia do estudo da *difusión de novas teorías escolares*.[277] En segundo lugar procurar o coñecemento dende un pensamento interdisciplinario,[278] porque para abordar este traballo necesitamos examinar tamén outros campos como a economía, a sociedade ou a política. Para realizar esta investigación tamén realizamos o estudo dos *antecendentes* (século XIX) e tomamos as primeiras décadas do século XX como obxecto de estudo. Esta época tivo moita importancia para o desenvolvemento do ensino primario en España, marcada pola introdución das ideas educativas da *Institución Libre de Enseñanza* (en adiante ILE).[279] Probablemente, froito do fracaso político do "moderantismo" e dos malos resultados da Lei Moyano apareceu a revista pedagóxica hispano-americana, fundada por Alcántara, denominada *La Escuela Moderna*.[280] Mediante esta publicación difundíronse diversos artigos, tratando o movemento internacional da *Escola Nova*. Segundo Antón Costa, este movemento constituíu unha formula en alteridade e oposición aos sistemas escolares establecidos, propoñendo un proxecto de educación global atento ás necesidades e intereses no conxunto das dimensións intelectual, corporal, moral e estética dun home/muller novo.[281] Segundo Bolaño Amigo, a educación é un acto axiolóxico, intencional e reflexivo, que necesita un compromiso ético para transmitir unha serie de valores asumidos a partir dunha profunda reflexión.[282] Para a ILE, a exaltación da arte e da cultura eran elementos educativos esenciais que formaban parte da educación estética, constituíndo no seu tempo unha novidade en Europa dentro das concepcións curriculares.[283]

Antes de afondar na análise específica do ensino lucense ao longo da historia, introduciremos este apartado realizando unha *breve exame do contexto nacional*, pola súa influencia e dependencia. Así, durante este período sucedéronse bastantes cambios históricos, tanto "macros" como "micros" para contrarrestar a mala situación da escola herdada do século XIX e levar a cabo un proceso de modernización escolar. Convén ter en conta, que os frecuentes *cambios de goberno* e a alternancia dos ministros en breves períodos de tempo provocaron a falta de definición nas políticas ministeriais debido

[277] Vide Lynn Hunt, *The New Cultural History* (California: University of California Press, 1989).

[278] En Antonio Viñao Frago, "Historia de la educación e Historia cultural: posibilidades, problemas, cuestiones", en *Revista Brasileira de Educación* (1995): 63.

[279] Vide Herminio Barreiro Rodríguez, "A Institución Libre de Enseñanza, unha política da pedagoxía", *Sarmiento*, Nº5 (2001).

[280] En Soledad Montes Moreno, "La Escuela Moderna". Revista pedagógica hispano-americana (1891-1934)", en *Revista Universidade de Salamanca* (2000): 413.

[281] En Antón Costa Rico, "A Nova Educación (1921-2021) (LIEN): A Ligue Internatinale pour L'Éducation Nouvelle", *Sarmiento: Revista Galego-Portuguesa de Historia da Educación*, Nº 25 (2021): 15.

[282] En María Eugenia Bolaño Amigo, "A educación en valores na ILE en España: ética e estética", *Sarmiento*, Nº 18-19 (2015): 129.

[283] En José A. Garrido González e Amparo Pinto Martín, *La enseñanza y el aprendizaje del arte: una innovación de la ILE* (Granada: Grupo Editorial Universitario, 2002), 392.

entre outros aspectos á crise monárquica (1917-1931).[284] Este panorama tivo como consecuencia numerosos relevos como a ditadura de Primo de Rivera (1923-1930), os distintos períodos da Segunda República (1931-1939) ou o levantamento militar de Franco e as súas repercusións. España amosábase desunida, segundo a descrición realizada por José Ortega e Gasset na súa obra *La España Invertebrada*: "Hoy es España, más que una nación, una serie de compartimentos estancos".[285] O rexeneracionismo introduciu unha política de modernización volvendo a mirada cara a Europa. En 1913, Ortega logrou constituír a *Liga de Educación Política*, xuntando a un gran número de intelectuais reformistas de gran peso e de diversa ideoloxía, que discutiron sobre a complicada situación política e a problemática educativa.[286] Segundo Pierre Vilar, en 1917 a carestía da vida xeral, entre outros factores, provocou o inicio dunha crise da monárquica profunda, comandada por diversas axitacións sociais e políticas.[287]

A principios do século XX, a mala situación económica e social, vinculada tamén aos malos resultados estratéxicos que provocaron o desastre do 1898, tiveron repercusións non só na política externa, senón tamén na adopción dunha actitude interna de introspección e autoexame.[288] Este clima social e administrativo veu acompañado dalgunha reforma educativa, como a creación en 1900 do *Ministerio de Instrucción Pública* e a aplicación en 1901 de novos programas para o ensino primario. O 18 de abril de 1900, o *Ministerio de Instrucción Pública* separouse do de *Fomento* e Antonio García Alix tomou posesión do cargo, avalado por unha política resicual herdada do antigo Réxime. Para este Goberno o ensino eclesiástico tivo un papel fundamental. Neste primeiro decenio tamén regulouse un novo plan de estudos das escolas de maxisterio e reorganizouse o Consello de Instrución Pública e as xuntas provinciais. O Real Decreto do 8 de xuño de 1910 no artigo 12 sinalaba:

> O ensino en todas as escolas será completamente gratuíto a medida que se implanten os novos soldos, sen que os mestres poidan reclamar cantidade ningunha por retribucións, nin por ningún concepto, aos alumnos.[289]

Este cambio foi emprendido polo ministro conservador García Alix e polo liberal Conde de Romanones. A partir de 1901, este Goberno promulgou unha serie de reformas curriculares no programa para o ensino primario. Segundo esta nova normativa as ciencias sociais, físicas e naturais tiveron máis importancia curricular.[290] Estes cambios viñeron acompañados dun sentimento de mellora do ensino público, tras anos de abandono e desprestixio. Ademais, algún sector progresista pretendeu levar a cabo unha *modernización* da escola, sobre todo nas grandes cidades españolas como Barcelona.[291] Os defensores de corte conservador partidarios dun ensino privado, eclesiástico e tradicional mostráronse en contra da reforma de Romanones. A pesar

[284] En L. Gonzalo Calavia, "Datos da inestabilidade política en España", *Revista Supervisión Escolar*, Nº 1 (Setembro de 1966): 5-6.

[285] En Ortega e Gasset (1921), 460.

[286] En María del Mar del Pozo Andrés, "Las escuelas primarias pñublicas de Madrid (1913-1931)", *Premios nacionales de investigación educativa* (1997), 131-245.

[287] En Pierre Vilar, *Histoira de España* (Barcelona: Crítica), 175-176

[288] En Antonio Viñao, *Escuela para todos. Educación y modernidad en la España del siglo XX*, (Madrid: Marcial Pons Historia, 2004), 19

[289] En Real Decreto do 8 de xuño de 1910 no artigo número 12.

[290] En Margarita Comas, "Las ciencias en la escuela", *Revista de Pedagogía*, Nº 38, Ano IV (1925): 56-64.

[291] En Barcelona podemos atopar a *Escola Moderna* fundada por Ferrer i Guardia (1901-1909), ademais dunha rede de escolas nas que aplicaban as teorías da *Escola Nova* e *Activa*. En Concepción Sainz Amor, "La enseñanza en Barcelona", en *Revista de Pedagogía*, Nº 120, Ano X (1931): 546-554.

disto, o Goberno aprobou a non obrigatoriedade do estudo da relixión católica nos colexios e suprimiu a categoría de colexios anexos aos institutos públicos. A partir desta reforma, os centros clasificábanse en dúas categorías: oficiais e libres. Os inspectores tiñan que someter aos centros privados a un control máis rigoroso, aspecto que fixo que algunhas destas institucións pecharan as súas portas, perdendo parte do seu dominio nas provincias.[292] Segundo as estatísticas oficiais dende 1886 ata 1927, o aumento das esixencias ás escolas privadas provocaron unha redución destes centros, sendo Lugo a provincia onde máis diminuíron, en total desaparecendo 116 colexios deste tipo.[293] Paralelamente a esta circunstancia aumentaron as escolas públicas, e como consecuencia, o volume do seu profesorado.[294]

A *problemática nacional* de ter unha escola obsoleta e deficiente supuxo que moitos concellos demandaran á Administración unha maior atención á cuestións educativas, panorama herdado do século XIX.[295] Para facer fronte a esta situación leváronse a cabo unha serie de cambios. Este proceso de modernización e renovación escolar foi lento, dilatado e incompleto. Outro grave problema era a cuestión do absentismo escolar. A principal causa era o traballo infantil, máis agudo no rural. Isto producía unha clara diferenza de oportunidades educativas entre os escolares. Por exemplo, na provincia de Lugo era frecuente atopar un estilo de vida "ruralizado", onde os nenos e nenas colaboraban nas tarefas agrícolas e domésticas ante a escaseza de recursos familiares.[296] Ademais o absentismo escolar feminino era máis elevado tanto nas escolas unitarias como graduadas, por este motivo neste período comezouse a reclamar unha maior presenza da muller na ensinanza.[297]

Respecto á cuestión da *formación dos mestres*, segundo o Real Decreto de 17 de agosto de 1901 reformuláronse os estudos ligados a ensinanza do maxisterio, atopando así senllas reformas nas ensinanzas técnicas e os seus estudos elementais e superiores.[298] De xeito similar, creouse un novo Plan de Estudos de grao Normal masculino e feminino:[299] cunha duración dun curso lectivo, sumados aos tres cursos da formación ordinaria de grao elemental nos Institutos Xerais Técnicos. Esta organización cambiaría en 1903, esixindo a realización de dous cursos nas Escolas Normais e otros dous na de grao Superior. Para isto, xa dende o século XIX habilitáronse dous centros de formación en Madrid denominados Escolas Normais Centrais de Mestres e Mestras. Esta división

[292] Vide José Ramón Rodríguez Lago, *La Iglesia Católica en Galicia (1910-1936) Entre la revolución de Portugal y la Cruzada de España* (Santiago de Compostela: Andavira, 2012).

[293] En José del Peso y Sevillano, "La cultura popular gallega", *Vida Escolar*, Nº 91, ano II (1928): 4.

[294] En datos da *Estadística Escolar de España de 1908* (1908): 393; 1910 Datos do *Anuario Estadístico de Instrución pública de 1909-1910* (1910): 199; 1916: Datos do *Anuario Estadístico de España de 1911* (1911): 470-71 inclúense mestres titulados ou non empregados pola Administración; 1922: datos do *Anuario Estadístico de España de 1930*, p. 619; 1926: Ministerio de Instrución Pública: *La Primeira Enseñanza en España*, (1927); Datos do *Anuario Estadístico de España de 1928* (1928): 577; 1931 e 1935: Ministerio de Instrución Pública. Oficina de Informacións, Publicacións e Estatísticas: *Estadísticas de Escuelas* Graduadas (1935); Datos do *Anuario Estadístico de España de 1932* (1932): 62 (o Anuario de 1932-33 dá uns datos diferentes); 1933: Datos do *Anuario Estadístico de España 1934* (1934): 82 (o *Anuario de 1934/35* dá tamén datos diferentes).

[295] En "Carta del Alcalde de Lugo ao presidente de la Xunta Provincial de primeira ensinanza" (Lugo: APL. Fondo Concello, sinatura: 931, 1985).

[296] En Rosa Filomena Grobes, *Carta de Rosa Filomena Grobes en 1885* (Lugo: APL. Fondo do Concello. Sinatura: 931, 1985).

[297] En Victoria Kent, "Lo que reclama la educación de la mujer", *Revista de Pedagogía*, Nº 51, Ano V (1926): 102-104.

[298] Vide *Plan de Estudios de 6 de septiembre de 1903*. Modificación do *Plan de Estudios Generales* para obter o grao de Bacharel. Real Decreto de Instrución Pública de 17 de agosto de 1901.

[299] Vide Jaen y Sánchez, "La formación del Magisterio primario", *Revista de Pedagogía*, Nº 113, Ano X (1931): 204-210.

estivo vixente ata 1914, ano no que se modificou coa aparición do *Plan Bergamín*.[300] Estas reformas afectaron ao currículo oficial durante seis cursos escolares. En 1903 o ministro conservador conde de Bugallal revisou parcialmente estas medidas.[301] A tónica de reformas progresistas cambiou coa arribada ao poder dos conservadores. É dicir, salvo os curtos períodos de tempo onde gobernaron os liberais, os conservadores implantaron de novo prácticas ou modos tradicionais.

No referente á *retribución salarial*, no período estudado os mestres melloraron as súas condicións, ata entón moi desfavorables.[302] A medida que transcorreu o primeiro terzo do século XX fóronse sumando varias melloras laborais como o aumento do soldo medio dos inspectores, aspecto que afectou positivamente aos seus dereitos laborais, afirmacións corroboradas polo estudo realizado por Jiménez Eguizábal.[303] En 1911, coa creación da *Dirección General de Enseñanza Primaria* incluíuse unha partida económica específica nos orzamentos anuais do Estado dirixida a cubrir os pagos dos salarios docentes.[304] Este feito empezou a regularizar de forma efectiva o pago dos mestres. Na provincia de Lugo, esta cuestión foi importante porque algúns concellos non lles pagaban aos mestres e tiñan dificultades para asumir o seu salario, existindo frecuentes irregularidades no pago municipal. Con frecuencia, tampouco lles proporcionaban un local-vivenda axeitado.[305] Coa regularización dos pagamentos mellorou o *status* social dos mestres, recoñecidos como parte do persoal funcionario da Administración Central do Estado. Por enriba disto, cómpre ter en conta que nas zonas rurais os mestres cobraban menos, obrigándoos a buscar outras alternativas económicas para subsistir.[306] O soldo dos inspectores tamén melloraron, aspecto que afectou en Lugo ás retribucións anuais, entre outros, de Luis Soto Menor.[307]

No *réxime ditatorial de Primo de Rivera* en 1923 prohibiríase a ensinanza *uso do galego* nas escolas, as iniciativas rexionalistas estaban mal vistas polo Estado, considerándoas como movementos que debilitaban a España e "amputaban" algún dos seus membros. Esta circunstancia confirmaba a existencia dun enorme distanciamento entre o programa escolar, a cultura e a lingua ambiental.[308] Neste período, as liberdades públicas foron reducidas claramente, sobre todo a nivel ideolóxico e de expresión. As medidas de control político e administrativo primoriveristas perduraron ata o inicio dos

[300] Vide Plan de estudos lexislado no R. D. de 30 de agosto de 1914 no que figura a aprobación *O Plan Bergamín.*

[301] En Gabino Bugallal, "Ministro de Instrucción Pública y Bellas Artes", *BOE,* 21 de xullo de 1903.

[302] En Antón Costa Rico, *Historia da educación e da cultura en Galicia* (Vigo: Xerais, 2004), 929. E en "Expediente de Joaquín García Ojeda" (Madrid: AGA-ACME. Sinatura: 16697 sig. Topográfica 32/51).

[303] En Juan Alfredo Jiménez Eguizábal, *La inspección de primera enseñanza en la segunda república española (1931-1936)* (Salamanca: Edit. Universidade de Salamanca, 1984), 121.

[304] En Manuel Cossío, *La enseñanza primaria en España*. (Madrid: Edit. R. Rojas Museo Pedaxógico Nacional 1915), 83.

[305] En A. Castro Garcia, "Informe da Escola da parroquia de San Vicente de Coeo" (Lugo. APL. Sección: Concello, sinatura: 1200-01, 1932-33).

[306] A comezos do século XX, o *Ministerio de Instrución Pública y Bellas Artes* aumentou o soldo base dos mestres de 450 pesetas a 500 pesetas anuais para os que rexentaban escolas en asentamentos de menos de 300 habitantes, e 750 pesetas para os de poboacións de entre 300 e 1.000 veciños. No entanto, na provincia luguesa a maior parte dos núcleos de habitantes eran pequenos debido a aguda dispersión. En Real Decreto do 8 de xuño de 1910, artigo número 12.

[307] Existe un estudo completo das retribucións dos inspectores no expediente do inspector xefe da provincia de Lugo Joaquín García Ojeda. En Joaquín García Ojeda, "Expediente de Joaquín García Ojeda" (Madrid: AGA-ACME. Sinatura: 16697 sig. Topográfica 32/51).

[308] En Luis Soto Menor, "Informe de Luis Soto Menor da Junta Provincial de Lugo" (Lugo: APL. Fondo Concello. Sinatura: 1202-01, outubro-1924), e Quintela Ferreiro, "Problemas de la escuela actual", *El Progreso,* Lugo: 14 de outubro de 1923.

anos trinta.[309] No entanto, a ILE xa contaba con moitos seguidores docentes e inspectores que estaban en contra das medidas primorriveristas. Seguindo esta liña, os mestres lucenses reuníronse na cidade de Lugo en 1923 no *Congreso Pedagógico Lucense*, onde se realizaron diversas actividades reivindicando a necesidade de cambio.[310]

Aludindo tamén ao tema do *investimento educativo*, o Goberno de Primo de Rivera tivo en conta a dotación dunha partida económica para mellorar as condicións pedagóxicas e hixiénicas. Ademais implantou a obrigatoriedade da asistencia á escola dos nenos entre 6 e 12 anos. A pesar destas intencións, estes avances non se conseguiron implantar na súa totalidade, por exemplo na provincia de Lugo continuaba existindo un alto índice de absentismo escolar e unhas condicións escolares vetustas.[311] Con todo isto, cabe ter en conta o esforzo da Administración por mellorar en parte as condicións atopadas, sobre todo no referente á creación de escolas e adaptación das mesmas. Unhas medidas que tentaron solapar o alto índice de analfabetismo e promover a formación do "cidadán moderno".

Mentres tanto, non faltaron as *confrontacións* entre republicanos e progresistas, demócratas, liberais e conservadores.[312] Os sectores intelectuais conducidos pola ILE reivindicaron á Administración central unha reforma xeral, a implantación dun sistema educativo laico e unha escola unificada.[313] Segundo Molero Pintado, os institucionistas lideraron o movemento secularizador en España.[314] A reivindicación institucionista de constituír unha escola libre e democrática, onde os alumnos puideran elixir a súa propia relixiosidade trouxo consigo a lóxica confrontación coa Igrexa, sobre todo en zonas máis eclesiásticas como a provincia lucense. En efecto, o profundo unitarismo curricular relixioso,[315] lingüístico, cultural e programático tradicional chocou ante as novas propostas de carácter laico: "Es el signo de una quiebra en la educación popular: escuela y catecismo a la vez. Este fracaso es apenas discutible".[316] O choque coa Igrexa non tardaría en chegar e moitos intelectuais situáronse a favor da reforma. Respecto á *cuestión relixiosa*, varios autores situáronse en contra do conservadorismo e do tradicionalismo eclesiástico, ideas contrapostas ás innovacións pedagóxicas laicas. Igualmente, Ortega y Gasset expresou a súa falta de conformidade coa Igrexa e a monarquía, para o cal non ofrecían propostas de futuro viables cara a sociabilidade de España. As orientacións sociocatólicas non farán máis que empeorar as relacións entre os diversos sectores laicos e confesionais.[317] Tamén se formaron círculos católicos obreiros e dinámicas de acción social eclesiástica. En Lugo destacaron as publicacións

[309] En Lorenzo Luzuriaga, "La enseñanza en España de 1922 a 1932", *Revista de Pedagogia*, Nº 121, Ano XI (1932): 22-28.

[310] En "Congreso Pedagógico lucense", *El Progreso*, Lugo, 10 de outubro de 1923.

[311] En Bernardino de Azpiazú Álvarez, "Proposta creación de Escuela Nocturna y Escuela Normal de Maestras" (Lugo: APL. Fondo do Concello. Sinatura: 931, 1897).

[312] En José Ortega y Gasset sobre esta circunstancia: "Castilla ha hecho a España, y Castilla la ha deshecho". En José Ortega y Gasset, *La España Invertebrada* (Madrid: Dykinson. 1921), 455-457

[313] En Lorenzo Luzuriaga, "La escuela unificada", *Revista e Pedagogía*, Nº 8, Ano I (1922): 281-282.

[314] En Antonio Molero Pintado, *La Institución Libre de Enseñanza. Un proyecto de reforma pedagógica* (Madrid: Biblioteca Nueva, 2000), 13.

[315] O obxectivo da Unión Católica era favorecer aos centros dirixidos por congregacións católicas. En Manuel Puelles Benítez, *Educación e ideología en la España contemporánea* (Barcelona, 1980), 213-217.

[316] En Pierre Vilar, *Historia de España* (Barcelona: Crítica, 2008), 166.

[317] Estas orientacións proveñen da publicación Rerum Novarum do Papa León XIII en 1891. Neste texto da o visto bo á aplicación das teorías educadoras de Ruiz Amado, do Padre Poveda, das escolas do Sagrado Corazón e do Padre Andrés Manjón; iniciadas coñecidas como Escolas de Ave María (1889).

do diario *La Voz de la Verdad*, discrepando coa postura institucionista que defendía a laicidade, a coeducación e o cambio pedagóxico.[318]

Nesta clima sociocultural introducíronse algunhas experiencias de *ensinanza activa*.[319] Ademais achegáronse traducións de obras internacionais de marcado carácter pedagóxico práctico e teórico.[320] Os institucionistas reivindicaron unha modernización xeral do sistema educativo e investigador creando a JAE, os centros de investigación, a Residencia de Estudantes, as bolsas de estudos, as conferencias, as asembleas, o contacto coa natureza, a educación popular, os centros de ensino, a modernización do sistema universitario, as *Misiones Pedagógicas*, as bibliotecas,[321] o excursionismo, as actividades ao aire libre e as colonias escolares.[322] Igualmente existiron cambios moi relevantes no ensino como a creación do Instituto-Escola, institución que significaba unha innovación a nivel internacional. Pese a todo, a nivel didáctico, convén ter en conta que no primeiro terzo do século XX empregouse maioritariamente unha *metodoloxía tradicional*, caracterizada por aplicar métodos pasivos e memorísticos.[323] Estes métodos atopábanse afastados da pedagoxía funcional e pragmática proposta nos laboratorios pedagóxicos da *Escuela Nueva*.[324] En todo caso, comezouse a estudar con maior intensidade a forma de implantar unha escola máis activa.[325] En Lugo os pioneiros en experiencias deste tipo foron os mestres da Escola de Santaballa dende 1913, nomeando de xeito especial a Antonio Quintela Ferreiro.[326] Tamén cómpre incidir no traballo realizado polo mestre Gregorio Sanz,[327] ou o levado a cabo por Evaristo Cuena dende a súa escola na Terra Chá, como defensores da escola rural.[328]

Igualmente cómpre tomar en consideración especialmente o período do *primeiro bienio da Segunda República*, distinguida pola presenza dunha renovación pedagóxica máis intensa que intentou modificar o sistema educativo tradicional. Ademais, os seus primeiros gobernos tiveron en consideración a importancia da aplicación dunha ensinanza aconfesional e *unificada*. Fálase dunha etapa histórica na que se construíron moitos dos avances pedagóxicos do primeiro terzo do século XX en España, conformando así a base dunha serie de cambios na educación, multiplicando as escolas,

[318] En Joan Comas Camps, "La educación moral en la escuela laica", *Revisa de Pedagogía*, Nº 126, Ano XII (1932): 260-266.

[319] En C. Amor: "Que hay de vivo en la escuela activa", *Revista de Pedagogía*, Nº 164, Ano XIV (1935): 349-355.

[320] Por exemplo, cómpre engadir a tradución de obras de Piaget, Dewey e outros autores que sentan as bases do movemento de renovación pedagóxica da *Escola Nova.* Principalmente eran traducións literarias do alemán, do francés e do inglés que serviron para ilustrar ao lector sobre a psicoloxía aplicada á educación, da pedagoxía positivista experimental, das teorías sociolóxicas e políticas, e da filosofía neoidealista e neokantianas. En xeral procurábase ilustrar sobre a psicoloxía aplicada á educación.

[321] Vide J. Herrera Vila, "Bibliotecas escolares", *Revista de Pedagogía*, Nº 6, Ano I (1922): 212-215.

[322] En Adolfo de Abel Villela, *Cincuenta años de Formación Profesional en Lugo (1932-1981)* (Lugo: Xunto de Galicia, Consellería de Educación e Cultura, 1985), 90-92.

[323] En Viriato, "El Estado y la libertad de la enseñanza", *La Voz de la Verdad*, Lugo: O 13 de xuño de 1931; e en Joan Comas Camps, "La escuela única", *El Progreso*, Lugo: 28 de xuño de 1931.

[324] No Congreso do PSOE de 1918, L. Luzuriaga estableceu senta reflexións básicas sobre puntos como a coeducación e as novas pedagóxicas en relación a "Escola Nova". En Lorenzo Luzuriaga, "La educación nueva II", *Revista de Pedagogía* (Madrid: Nº 24, Ano II, 1923): 457-464.

[325] En Elvira García, "Como hacer nuestra escuela activa", *Revista de Pedagogía*, Nº 42, Ano IV (1925): 241-245.

[326] En Xosé Pombo Mosquera, *Liga Santaballesa. Historia dunha Escola Habanera 1907-2007* (Vilalba: Padroado da Liga Santaballesa, 2007), 29.

[327] En Grecorio Sanz, "Ensayo de escuela activa en una escuela rural", *Revista de Pedagogía*, Nº 130, Ano XI (1932): 454-458.

[328] En Antón Costa Rico, "Ecos, influencias e manifestacións da Escola Nova e Activa en Galicia", *Sarmiento. Revista Galego-Portuguesa de Historia da Educación*, Nº 25 (2021): 150.

os postos docentes e o número de publicacións pedagóxicas.[329] De maneira global o Goberno Republicano concedeu unha maior importancia ao ensino primario, como medio para cambiar o rumbo do noso país, que arrastraba un estado decadente considerable. Neste tempo configurouse unha nova política máis concienciada coa importancia do investimento educativo público.[330] Durante este período constituíronse iniciativas como as *Misiones Pedagógicas.*[331] Este organismo achegou algunhas localidades lucenses diversas experiencias audiovisuais como o uso do cinematógrafo,[332] retablo de fantoches, coleccións fílmicas ou imaxes fixas.[333] Así, leváronse a cabo unha serie de actividades pedagóxicas que combateron a invisibilidade das carencias da escola rural, descrita por Miguel Ángel Ortega no seu estudo etnográfico sobre as zonas rurais.[334]

Ilustración 1. Nena collendo auga na praza do Campo de Lugo (editada en *Lugo XX Historia de un siglo*)[335]

En certa medida, educación e república foron sinónimos de progreso educativo.[336] Ademais, nesta provincia concedéronse 20 bibliotecas de instrución primaria con servizo circulante en 1931, número que ascendería a 68 en 1934.[337] A atención aos colexios rurais eran un dos principios ideolóxicos republicanos.[338] Así, o 27 de maio de 1933 Daniel Calvo dirixiu un escrito ao reitor solicitando unha saída á provincia ao Padroado de Misións Pedagóxicas, coincidindo coa *Semana Pedagógica Lucense*.[339] Convén ter en conta que a pesar destas experiencias renovadoras, nesta provincia a maior parte dos centros de ensino primario continuaron empregando métodos pasivos e memorísticos en contra das correntes innovadoras da Escola Nova.[340]

[329] Vide Antón Costa Rico, *Escolas e Mestres...* (Santiago: Servizo Central de Publicacións Xunta de Galicia, 1989).

[330] En Ángel Llorca, "La escuela de la República española", *Revista de Pedagogía*, Nº 125, Ano XI (1932): 2215-223.

[331] En L. Díaz, L. "Misiones Pedagógicas", *Vida Escolar* , Ano IV (1935).

[332] Segundo María del Mar del Pozo o cine foi un medio de alfabetización de masas. En María del Mar Pozo Andrés, "El cine como medio de alfabetización y de educación popular. Primeras experiencias", *Sarmiento*, Nº 1 (1997): 71

[333] Vide Eugenio Otero Urtaza, *Las Misiones Pedagógicas: Una experiencia de educación popular*, (Sada: Edicións do Castro, 1982); e Eugenio Otero Urtaza, "O labor educativo de Rafael Dieste nas Misións Pedagóxicas" *Revista Galega de Educación*, Nº 23, (1995); e en Alexis Sluys, "La cimetagrafía escolar", *Revista de Pedagogía*, Nº 11, Ano I (1922): 401-410.

[334] Vide Miguel Ángel Ortega, *La parienta pobre. Significantes y significados de escuela rural*, (Madrid: Ministerio de Educación, 1993).

[335] As ilustracións expostas no traballo son fotografías antigas tomadas fai máis de 70 anos, polo que son de dominio público e non necesitan autorización expresa. As demais fotos foron tomadas nos museos e escolas antigas.

[336] Vide P. Privat, "El juego de la República", *Revista de Pedagogía*, Nº 48 (1925): 565-566.

[337] En Ángel Serafín Porto Ucha e R. V. Ramil, "Innovacións republicanas na educación popular: as misións pedagóxicas. Análise dunha experiencia, con referencias a Galicia", *Innovación educativa*, 23 (2013): 118.

[338] En Manuel de Puelles Benítez, en *Política y educación en la España contemporánea* (Madrid: Editorial UNED, 2011), 66.

[339] En Ángel Serafín Porto Ucha e R. V. Ramil, "Innovacións republicanas na educación popular: as misións pedagóxicas. Análise dunha experiencia, con referencias a Galicia", *Innovación educativa* (23, 2013), 115.

[340] En Viriato, "El Estado y la libertad de la enseñanza", *La Voz de la Verdad*, Lugo, o 13 de xuño de 1931); e en Joan Comas Camps, "La escuela única", *El Progreso*, Lugo, 28 de xuño de 1931.

Respecto á *creación de escolas*, durante os anos trinta intensificouse.[341] Isto traduciuse paulatinamente na constitución dunha nova rede de institucións de ensino primario e no aumento da alfabetización.[342] Esta expansión estivo apoiada especialmente polos goberno republicano do primeiro bienio. Pouco a pouco gañáronse dereitos educativos e mellorouse a consideración da escola para o progreso da sociedade.[343] Nas propostas de cambio colaboraron os rexeneracionistas, citando de xeito especial o *Partido Republicano Reformista*.[344] Pouco a pouco presentáronse ideas de renovación, nunha sociedade lucense caracterizada por ter un forte arraigamento a hábitos e prácticas tradicionais.[345] En efecto, coa aparición do período republicano pretendeuse levar a cabo unha reestruturación global da ensinanza primaria: reabríronse e construíronse novas escolas, aumentouse o cadro de persoal do corpo de mestres, subíronse os salarios dos docentes e reformouse o modelo de formación, selección e perfeccionamento profesional do Maxisterio.[346] Uns cambios que se sucederon como consecuencia das demandas sociais e de xeito paralelo ás modificacións lexislativas, ao aumento demográfico, aos cambios administrativos e a unha maior valoración gobernamental da educación.[347]

Ilustración 2. Nenos na praza do Campo de Lugo en 1933 (*Albún de cromos "Las Bellezas de Galicia"*)

Respecto á *cultura pedagóxica*, no primeiro bienio da Segunda República experimentouse unha maior ligazón entre a súa modalidade política, científica e práctica. En Lugo, esta ligadura traduciuse nun maior número de publicacións pedagóxicas e un aumento de escolas de ensino primario.[348] A pesar disto, as reformas propostas no primeiro bienio republicano non chegaran a consolidarse integramente.[349] Segundo Agustín Escolano, neste período a educación caracterizouse por amosar un forte contraste entre as depauperadas metodoloxías e os novos saberes

[341] En Lorenzo Luzuriaga, *Historia de la Educación y de la Pedagogía* (Barcelona: Losada. Bos Aires, 1980), 223.

[342] En Narciso de Gabriel (varios), "O proceso de alfabetización en Galicia (1860-1991)", *Sarmiento*, Nº 1 (1997): 27

[343] En José María Acuña y Pérez de Vargas, "El progreso de la cultura pública en España", *Revista de Pedagogía*, Nº 63, Ano VI (1927): 136-142.

[344] Aquí, cómpre citar sen lugar a dúbidas a Giner de los Ríos e a o seu discípulo e colaborador Cossío. Estas dúas figuras, xunto a outros institucionistas como Luzuriaga loitaron pola renovación pedagóxica e o laicismo, nun país metaforicamente falando en "ruínas pedagóxicas".

[345] En Ángel Llorca, "La escuela graduada en España", *Revista de Pedagogía*, Nº 7, Ano I (1922): 254-257.

[346] En Meritxell Simon-Martin e Gloria Jové Monclús, "Los "cursillos de selección profesional" en la Escuela Normal de Lleida, 1931-1933", *Pedagogias alternativas y educación en los márgenes a lo largo del siglo XX* (Valencia: Universidade de Valencia, 2022), 286.

[347] En Lorenzo Luzuriaga, *Historia de la Educación y de la Pedagogía* (Bos Aires: Losada, 1980), 223.

[348] Porén, os datos están recollidos en: 1908 Datos da *Estadística Escolar de España de 1908*, (1908): 393; 1910 Datos do *Anuario Estadístico de Instrución pública de 1909-1910* (1910): 199; 1916: Datos do Anuario estadístico de España de 1911 (1911): 470-71 inclúense mestres titulados ou non empregados pola Administración; 1922: datos do *Anuario Estadístico de España de 1930*, (1930): 619; 1926: Ministerio de Instrución Pública: *La Primeira Enseñanza en España*, Madrid, 1927; 1928: Datos do *Anuario Estadístico de España de 1928*, (1908): 577; 1931 e 1935: Ministerio de Instrución Pública. Oficina de Informacións, Publicacións e Estatísticas: *Estadísticas de Escuelas* Graduadas, Madrid, 1935; 1932: Datos do *Anuario Estadístico de España de 1932* (1932): 62 (o Anuario de 1932-33 dá uns datos diferentes); 1933: Datos do *Anuario Estadístico de España 1934* (1934): 82 (o *Anuario de 1934/35* dá tamén datos diferentes).

[349] Vide Agustín Escolano Benito, *La educación en la España Contemporánea* (Madrid: Biblioteca Nueva, 2002).

achegados pola Escola Nova, ligados a un espírito de cambio pedagóxico no que afloraron os novos postulados trasladados pola ILE.[350] Moitas dos cambios educativos levados a cabo no bienio reformista (1931-1933) truncaríanse coa chegada primeiro co *bienio negro* e coa Guerra Civil en 1936, onde houbo un parón destas iniciativas. Este freo cultural acompañou a España na posterior ditadura de Franco. O novo Réxime implantou un sistema educativo de control ideolóxico de posguerra e uns ideais contrarios á política educativa republicana, baseados no patriotismo e no sentimento católico. En consecuencia, a ditadura supuxo a destrución de gran parte do legado material, da obra educativa da ILE, do liberalismo democrático e do socialismo histórico.[351]

En resumo, durante os primeiros decenios do século XX comezou a emerxer unha nova *cultura escolar*, impulsada dende arriba pola Administración educativa mediante: a creación do *Ministerio de Instrucción Pública y Bellas Artes*, a introdución dun modelo organizativo de escolas graduadas, a creación da *Junta de Construcciones Escolares* en 1918 e a ampliación da obrigatoriedade de asistencia educativa ata os 12 anos.[352] Este proceso emerxeu de xeito máis intenso no bienio reformador da Segunda República (1931-1933), xa que para este Goberno a educación constituía un dos principais problemas nacionais a tratar.[353] Neste período obsérvanse distintos momentos de impulso: a etapa dos gobernos provisionais, a coalición republicana-socialista (bienio azañista) e o bienio radical cedista.[354] Estes cambios promovidos dende a Administración Xeral foron acompañados pola aparición dalgúns mestres e inspectores a nivel provincial, como Luis Soto Menor en Lugo, que difundiron algún aspecto innovador para a época. Estas propostas polo xeral estaban intimamente ligadas á ILE e á JAE, institucións que difundiron teorías do movemento escolanovista, dispostas a contribuír á modernización da ciencia mediante o traslado de teorías internacionais.[355] Estes progresos educativos truncaríanse co estalido da Guerra Civil, durante o período ditatorial de Franco houbo un retroceso na difusión de novas teorías, sobre todo de carácter laico.

[350] En Agustín Escolano Benito, *La educación en la España contemporánea* (Madrid: Escuela Nueva, 2002), 81.

[351] En Manuel Puelles Benítez, en *Modernidad, Republicanismo y Democracia. Una historia de la educación en España (1898 – 2008)* (Valencia: Tirant lo Blanch, 2009), 370.

[352] Vide José María Hernández Díaz, "La inspección educativa y la cultura escolar en España. Génesis, procesos constituyente y actualización de funciones", *Aula 25* (2019): 68.

[353] En Herminio Barreiro Rodríguez, *Lorenzo Luzuriaga y la Renovación en España (1889-1936)* (A Coruña: Educións do Castro, 1989), 41.

[354] En Anxo S, Porto Ucha, "Dous modelos educativos, duas escolas enfrontadas: a escola republicana e a escola nacional-católica", *Sarmiento*, Nº 10 (2006): 116-118.

[355] En Joan Comas Camps, "Individualización de la enseñanza (continuación)", *Vida Escolar*, Nº 208, ano V (1931): 2-5; e Joan Comas Camps, "Individualización de la enseñanza (conclusiones finales)", *Vida Escolar*, Nº 209, ano V (1931): 3-4.

USC DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

4.1. A ESCOLA NA PROVINCIA DE LUGO (1900-1936)

Ao comezo do século XX, a situación da ensinanza primaria na provincia lucense era precaria, debido especialmente á falta de recursos económicos, aos aspectos de carácter estrutural e á escasa formación do profesorado. A escola tiña varios problemas de grande importancia: carencia de medios, dispersión de alumnos e alumnas, elevada *ratio* de alumnado por mestre, déficit de infraestruturas escolares solapadas por escolas de tempada ou de ferrado, continuos cambios de goberno, marcado carácter metodolóxico tradicional e baixa asistencia escolar. Ademais, o aumento de poboación dos primeiros decenios do século XX e a falta de postos de traballo fixo que bastantes lucenses emigraran, o que provocou, aínda máis, que moitos nenos tiveran que dedicarse ás tarefas agrarias, sobre todo nas épocas de sementeira e recolleita. Os continuos cambios de goberno favoreceron a inestabilidade das reformas educativas. A nivel local, acumulou un gran poder o xurídico-social José Benito Pardo, máis coñecido como "Don Pepe Benito", citado en obras como as de Cunqueiro e Fole.[356] Este escenario político, educativo e social estaba influído polo illamento das localidades e as malas vías de comunicación. Segundo o inspector de Lugo José del Peso y Sevillano, isto facía que no inverno os camiños dalgúns escolares foran longos, fríos e chuviosos.[357] É por iso que nos meses que duraba a estación invernal, o clima e a fisionomía do terreo influíu nas traxectos dos alumnos e alumnas. Segundo Joan Comas, "Hay una acentuada interdependencia entre la frecuentación escolar y las condiciones geográficas y climatológicas del terreno".[358] En efecto, moitas rutas eran case impracticables para os nenos e nenas de curta idade que tiñan que acudir á escola.[359]

4.1.1. O predominio da escola tradicional

En primeiro lugar comezaremos este apartado realizando un breve repaso aos antecedentes do ensino primario na provincia de Lugo. No século XVI aparecen as primeiras escolas rurais promovidas por algúns municipios e párrocos como José Fort ou Pascual Pérez. Nas cidades as ordes relixiosas acumularán un gran poder, como os franciscanos en Lugo ou os jesuitas e escolapios en Monforte, co seu magnífico Colexio da Compañía patrocinado polo cardenal Rodrigo de Castro (*Colegio Nuestra Señora de la Antigua*). Historicamente, a provincia lucense caracterizouse por soster unha forte influencia do clero. Situación que veu acompañada tamén dunha preponderancia na sociedade.[360] En efecto e sobre todo nas cidades, o desenvolvemento educativo estaba en mans de institucións eclesiásticas e privadas.[361] Segundo Narciso de Gabriel, o número de escolas particulares existentes en 1885 en Lugo por 10.000 habitantes era do 4,07 fronte ás 6,8 públicas. Tendo en conta estes datos, verificamos a presenza dun modelo tradicional e deficitario, constituído en moitos casos por establecementos creados polas veciñanzas, de tempada, de ferrado e uns antecedentes históricos e educativos caracterizados polo seu marcado carácter relixioso e privado; en efecto o

[356] En Xose Ramón Barreiro Fernández, *O devalar da Restauración: a Ditadura e o tránsito á República* (A Coruña: Gran Historia de Galicia, T., 2007), 213.

[357] En José del Peso y Sevillano, *Galicia y su Enseñanza Primaria* (Madrid: Arquivo JAE. Sinatura: JAE/115-391, Xuño-1925).

[358] En Joan Comas Camps, "Asistencia escolar y analfabetismo", *Vida Escolar* (1930): 3.

[359] En Luis Soto Menor, *Informe de Luis Soto Menor da Junta Provincial de Lugo* (Lugo. APL. Fondo Ayuntamiento. Sinatura: 1202-01, outubro-1924).

[360] En José Ramón Fernández Vázquez, "Algúns aspectos históricos sobre a incorporación femenina á educación e a normalización do formato escolar mixto en Galicia", *Sarmiento,* Nº 7 (2003): 96.

[361] En Narciso de Gabriel, *Leer, escribir y contar* (A Coruña: Do Castro, 1990), 139 e 146.

ensino primario estivo tradicionalmente estivo en mans da Igrexa e de iniciativas individuais filantrópicas. En primeiro lugar existía o *Seminario* da cidade de Lugo, fundado en 1598 e situado no convento dos franciscanos. Neste centro esta orde relixiosa encargouse de proporcionar unha cultura católica. Posteriormente en 1879, seis eclesiásticas *Hijas de la Caridad* fixéronse cargo da beneficencia, agrupando o hospital, o asilo e o hospicio no edificio do Museo Provincial. Aquí, este grupo de relixiosas ocupouse da educación dos nenos sen recursos de 3 a 6 anos.[362] Ao final, estas institucións, xunto ás iniciativas privadas e as escasas escolas seculares foron os principais axentes educadores nas cidades da provincia.[363] Tendo en conta esta circunstancia comprendemos a timidez do posterior proceso de *modernización pedagóxica*, sucedido no período comprendido entre 1900 e 1936.[364]

A escola rural máis antiga do sur da provincia Lugo da que temos coñecemento data do ano 1724. Este centro foi construído no municipio de Sober, referímonos á Escola de Pinol (O Ribado), colexio promovido polo párroco José Fort y Recuerda (1689-1773). Aos poucos anos, concretamente en 1727, na mesma municipalidade fundouse a Escola de Proendos, estudada polo miúdo por José María Lago Bornstein. Este colexio estivo activo dende 1730 e foi impulsado polo eclesiástico Pascual Pérez de Armesto.[365] Cómpre puntualizar que a creación deste tipo de centros nas zonas rurais por aquel entón era moi raro, porque os principais centros de estudos estaban situados nas capitais de provincia. Os nenos nestas zonas eran empregados como man de obra por imperativos circunstanciais dadas as malas condicións económicas das familias.

Ilustración 3. Palacio Episcopal de Lugo en 1930 (*El Progreso*)

O dominio da escola tradicional durante os últimos anos do século XIX

Despois da Constitución de 1812, o goberno comezou a sentar as bases do sistema educativo actual, tratando por primeira vez o tema da universalidade da educación primaria. Igualmente, o Estado empezou a asumir algúns aspectos da organización, do financiamento e do control da ensinanza. Estes novos cambios virán acompañados das disputas permanentes entre conservadores e liberais, pero polo menos xa era tema de debate. Así chegarán os primeiros plans de estudo e leis ata a aprobación o 9 de setembro de 1857 da Lei Moyano. Esta normativa foi moi importante

[362] En Sabela Corbelle, "Aulas que todavía no colgaron los hábitos", *El Progreso*, (1922) extráido de: https://www.elprogreso.es/articulo/lugo/aulas-que-todavia-colgaron-habitos/202206121327321583259.html.

[363] Vide Concepción Burgo López, "Lugo na Idade Moderna", *Historia de Lugo* (A Coruña: Vía Láctea. Capítulo III, 2001).

[364] Período que engloba o primeiro bienio da Segunda República que constituíu uns dos momentos álxidos para a pedagoxía española. En Jean Louis Guereña, Julio Ruiz Berrio, J. R., e Alejandro Tiana Ferrer (Eds.), *Historia de la educación en la España contemporánea: diez años de investigación* (Madrid: Vol. 92. Ministerio de Educación, 1994), 101.

[365] En Francisco Albo, "En La escuela rural más antigua del sur de la provincia cumple 300 años", *La Voz de Galicia,* 27 de maio de 2024.

porque introduciu entre outros aspectos: obrigatoriedade da ensinanza desde os seis ata os nove anos (amoestacións aos pais ou titores por incumprimento), división da Ensinanza Primaria en Elemental e Superior, unificación de libros de texto en todas as escolas, introdución dos gastos do Primeiro Ensino cos orzamentos municipais, disciplina das nenas de "labores propios do sexo" (labores e lixeiras nocións de hixiene doméstica), procedemento de oposición (prazas de mestres con soldo menor de 3000 reais e as de mestras menor de 2000 proveranse sen necesidade de oposición). Cómpre redundar que moitas destas cuestións eran bastante irregulares na súa aplicación práctica, sobre todo no referido ao financiamento por parte das municipalidades ou a asistencia escolar.[366]

A Deputación Provincial de Lugo nos primeiros anos da súa creación ata 1845 mostrou interese por implantar un moderno sistema de ensino. Con todo, a *Primeira Guerra Carlista* limitou os obxectivos educativos marcados na política liberal isabelina deste organismo. Secasí, a administración do Estado estaba entón máis centrada en manter as colonias de ultramar que en renovar os servizos públicos como as escolas. Talvez este foi un dos motivos principais pola cal a aplicación da *Ley Moyano* foi bastante dilatada e laxa, sobre todo no referente á construción de centros, o pagamento aos mestres e á obrigatoriedade de asistencia.

No referente á cuestión da *construción de centros públicos* educativos na provincia de Lugo, a partir de 1850 foi escasa. Nas localidades das zonas rurais existía como moito unha escola deste tipo, normalmente unitaria, mal atendida e cun índice de absentismo escolar moi agudo.[367] Segundo Patricio Aguirre de Tejada, entón presidente da *Junta Provincial de Enseñanza de Lugo*, a asistencia á escola nacional estaba considerada como pouco decorosa entre os veciños lucenses. Así, as prazas de alumnado destes centros públicos eran reservadas para aqueles nenos pobres que non podían acudir a privados, feito explicado nunha carta do presidente da Xunta Provincial de ensino primario lucense ao gobernador civil en 1884:

> En este caso contamos al Ayuntamiento de Lugo, capital de la provincia, cuyo gobierno está encomendado tan dignamente por Usted, el que a pesar de sus 18.939 almas de población, de las cuales 8.995 corresponden a centro de su capitalidad, no cuenta más que con una escuela pública de niños, agregada como prácticas a la Normal de Maestros, y otra de niñas, insuficiente para la educación e instrucción de las juventudes, quedando totalmente sin ella la mayoría de los habitantes del municipio, o sea cerca de 10.000 almas de población diseminadas, a pesar de contribuir como las demás al sostenimiento de todos sus cargas. Desigualdad que tan solo puede explicarse por la equivocada administración de los intereses locales, una vez que tienen unos mismos derechos los que, por su fortuna, pueden habitar en el caso de la población, como los que por su infortunio, lo verifiquen en la población rural. La inspección de primera enseñanza en sus diferentes visitas, y al ocuparse con la Junta local de las escuelas que sostiene el Ayuntamiento, no pudo dejar de notar la falta de algunas, y pedir su creación en cumplimiento de la ley y con arreglo á los artículos 101 al 107 de la misma.[368]

Seguindo con esta cuestión, o alcalde de Lugo respondía en 1885 ao presidente da Xunta Provincial de Lugo, explicando as razóns da mala dotación da ensinanza lucense. Ademais este dirixente lamentaba a ausencia real das escolas estipuladas pola Lei

[366] A Ley de Instrucción Pública del 9 de setembro de 1857 (coñecida como Lei Moyano).

[367] Existe unha carta dos veciños do barrio de San Pedro de Meira solicitando a creación dunha escola temporal, dada a pésima situación na que se encontraba o centro da localidade. Existen dúas cartas en Aurelio J. Pereira e Manuel Veigas, "Cartas ao Concello" (Lugo: APL. Sinatura: 931, abril de 1896 e de en 1895).

[368] En *Carta del Presidente de la Junta provincial de Lugo al Gobernador Civil en 1884* (Lugo: APL. Fondo do Concello. Sinatura: 931) Copia presente no apartado de Anexos 7.1 e 7.2: achégase a carta completa e contestación.

Moyano. A principal razón era económica, xa que os concellos lucenses tiñan escasos recursos. Outra das causas da mala situación dos centros era a escasa demanda de prazas públicas. Segundo o Concello, estes motivos provocaban a desatención da ensinanza pública no referente ao número de centros. A continuación transcríbese o fragmento desta carta na que se pode apreciar o paupérrimo estado do ensino público nesta provincia, como un servizo reservado e dirixido para os alumnos de familias con poucos recursos:

> Además de lo expuesto la situación económica de este Ayuntamiento no permite por hoy sufragar los gastos que ocasionaría la creación de estas escuelas a no ser que desatienda la Beneficencia, Corrección pública y otros servicios no menos importantes; y si llegase el caso que no se tuviesen en cuenta estas consideraciones, de nunca hacer uso de la autorización que le concede el Real decreto de 6 de noviembre de 1884, solicitando en consecuencia la asimilación de algunas escuelas libres de las existentes en este término, antes que recurrir a la creación de las que se exigen por la imposibilidad de atender a su instalación en el próximo año económico.[369]

Como xa advertimos anteriormente, durante as primeiras décadas do XX un dos grandes problemas foi a falta de recursos humanos, materiais e pedagóxicos. Nas cidades a ensinanza estaba en gran medida ocupada por entidades privadas relixiosas e a escola pública estaba mal considerada, este tipo de centros quedaban reservados con regularidade para os nenos con poucos recursos.[370] En Lugo, moitas das escolas particulares estaban en mans das institucións eclesiásticas, debido á ampla liberdade para constituír centros desta natureza, sen máis requisitos cos establecidos na Lei Moyano.[371] Como constataba Narciso de Gabriel:

> O resultado máis chamativo posiblemente sexa o de Lugo. Esta provincia era unha das que presentaba un maior déficit de escolas públicas, como puñan de manifesto as estadísticas escolares, algunhas das cales lle adicaban comentarios específicos.[372]

Respecto á cuestión dos *alumnos socialmente desfavorecidos* cómpre ter en conta que estaban atendidos educativamente nas escolas públicas e na *Casa Municipal de Beneficencia* de Lugo. A inspección educativa amosaba a través dos seus informes a preocupación polos nenos e polo mal estado do ensino primario público, reflectindo a necesidade de mellorar esta etapa educativa, creando máis escolas e dotando ás existentes dunhas mellores condicións pedagóxicas, metodolóxicas e hixiénicas. Así, en 1885 a Xunta Local de Lugo solicitou a creación de novas escolas públicas, pero as autoridades locais xustificaban que estaban baleiras e que non tiñan recursos para sostelas. Ademais, a escasa presenza de centros públicos na capital de Lugo a finais do século XIX atopábase substituída pola existencia de 28 escolas libres, e os limitados recursos económicos deste concello facían imposible o sostemento da máis escolas públicas.

En Monforte, a poboación responsabilizaba á Igrexa, máis que ao Estado, da neglixencia da depauperada situación das escolas. Os Escolapios tiñan a institución máis

[369] En *Carta del Alcalde de Lugo al presidente de la Junta provincial de primera enseñanza en 1885* (Lugo: APL, fondo do Concello, sinatura: 931). Esta carta atópase anexada no último apartado deste traballo debido á súa importancia.

[370] Ídem.

[371] En Carmen Benso Calvo e Rosa María Cid Galante, "A ensinanza privada en Ourense a principios do século XX", *Sarmiento* (Nº 8, 2004): 46.

[372] En Narciso de Gabriel (e varios), "O proceso de alfabetización en Galicia (1860-1991)", *Sarmiento*, Nº 1 (1997): 15

poderosa da terra de Lemos: o *Escorial* galego.[373] A esta institución, e en palabras textuais dos mestres que entrevistou Luís Bello, só acudían as familias con maior poder adquisitivo: "Pero aquí nos importa más decir que de primera y segunda enseñanza, con internado y acuden las *mejores familias* (entre comiñas)". Tamén na cima de Lemos se atopaba outra institución privada á que acudían 30 alumnos atendidos por sete ou oito beneditinos.[374]

> El llamado grupo escolar se acabó en 1912. No lleva de vida veinte años y su aspecto es lamentable [...] El solado está roto. El techo, de madera, se desfonda, podrido. Vallellano fue un día a visitarlo y por compasión mandó unas bancas, lo único servible del material. La ciudad no ayuda a la escuela. Inútil es llamarla, demostrarle capacidad, inteligencia y trabajo. La otra enseñanza mina el terreno; procura llevarse a los mejores alumnos.[375]

Respecto ás *escolas de tempada*, sostidas nos meses de inverno e principio de primavera, eran organismos que flutuaban dun lugar a outro, dispersas por toda a provincia co fin de chegar ás aldeas máis remotas. A presenza de "mestres de tempada" era máis frecuente naqueles lugares con maior dispersión poboacional. Algunhas destas escolas foron suprimidas aos catro anos por non acadar os resultados desexados, circunstancia que fixo que a cantidade de centros fora reducida.[376] As institucións públicas nas zonas rurais eran retribuídas polos concellos e veciños, sendo unha das provincias que menos se endebedaron cos seus mestres.[377] No seguinte gráfico atópase representada a comparativa entre o número de institucións educativas privadas e públicas existentes no Concello de Lugo.

Gráfico 1. Número de escolas públicas e privadas no Concello de Lugo en 1885



Fonte: Elaboración propia. En *Carta del Alcalde de Lugo al presidente de la Junta provincial en 1885* (Lugo: APL. Fondo del Ayuntamiento. Sinatura: 931).

Unha vez analizada a situación de desequilibrio entre o número de escolas públicas e privadas, cómpre sinalar aquelas circunstancias que favoreceron ou empeoraron a escasa dotación de escolas públicas. Acerca disto, un dos sucesos máis importantes foi que a Deputación de Lugo tentou suprimir en 1885 varias escolas completas rurais por escolas de tempada. Esta circunstancia non beneficiou a creación dunha rede de centros estatais estables, como publicaba a revista *La Educación* en 1885*:*

[373] Podemos consultar o mapa dos centros escolares de Monforte de Lemos divididos por parroquias en: Pedro Gómez Álvarez, *O ensino a terra de Lemos nos séculos XIX e XX* (Monforte de Lemos: Deputación de Lugo, 2022), 455.

[374] En Luis Bello Trompeta, "Monforte y el país de Lemos", *Vida Escolar*, Nº 141, ano III (1929): 4-9.

[375] Ídem, 5.

[376] Ídem.

[377] En Antonio Correa Fernández, *Historia fin de siglo* (Lugo: Tipografía de A. Villamarín, Tomo I, 1900), 72.

> Hemos visto con gran pesar la inconcebible proposición aprobada por la Excma. Diputación de Lugo pidiendo la supresión de las escuelas completas rurales y la sustitución por escuelas de temporada"… "Los Excelentísimos Sres. Conde de Pallares, Quiroga, Becerra, D. Cándido Martínez y demás ilustres próceres de la provincia de Lugo lejos de apoyar…[378]

Tendo en conta esta noticia, convén sinalar que as poucas escolas públicas establecidas na provincia proporcionaban un importante labor de ensinanza aos discentes que acudían con regularidade. Segundo o libro de Antonio Correa Fernández *Historia fin de siglo,* nas estatísticas españolas Lugo figuraba como unha das que tiña maior poboación alfabetizada.[379] Dato que quizais se refería á cidade de Lugo, porque na estatística comparada de Galicia, a provincia lucense non acadaba cifras moi elevadas de alfabetización.[380]

Respecto á existencia de escolas denominadas de *categoría superior* no concello de Lugo existían preto de cinco centros deste tipo. Estes organismos estaban situados no centro da cidade repartidas entre a Praza do Campo e os baixos do Convento de Santo Domingo, pasando polo Atrio da propia catedral lucense. O seguinte cadro achega o número deste tipo de escolas a finais do século XIX na cidade lucense.[381]

Cadro 7. Escolas de categoría superior da cidade de Lugo	
Nome	**Situación**
1. Colexio de Ramón Alonso	Praza do Campo
2. Colexio do "Jorobado"	Atrio pequeno da catedral
3. Escola "Pública"	Baixos do convento de Santo Domingo
4. Colexio de Dona Emilia Nieto	Centro da cidade
5. Colexio Señoritas de Rois	Centro da cidade

Fonte: Elaboración propia. En Salvador Castro Freire, *Lugo y sus hombres. Ensayo de síntesis histórica* (Lugo: Edit. Celta), 129.

Seguindo coa cuestión dos *centros de instrución superior* máis importantes da provincia foron: o Instituto Provincial de Segunda Ensinanza de Lugo, o Colexio de Padres Escolapios de Monforte e o Colexio de Nosa Señora dos Remedios de Mondoñedo. Aludindo a outras ensinanzas atopábanse en Lugo a Escola Normal Elemental de Mestras, o Seminario Conciliar de Lugo e o de Mondoñedo, a Escola de Artes e Oficios e a Escola Mercantil.[382]

Cadro 8. Centros de estudos superiores máis importantes da provincia de Lugo finais S. XIX	
Nome	**Lugar**
1. Instituto Provincial de Segunda Ensinanza	Lugo
2. Colexio de Padres Escolapios	Monforte
3. Colexio de Nosa Señora dos Remedios	Mondoñedo
4. Escola Normal Elemental de Mestres	Lugo
5. Seminario Conciliar	Lugo
6. Seminario Conciliar	Mondoñedo
7. Escola de Obreiros	Lugo

[378] En varios, *La Educación,* Nº 3 (20 de xaneiro de 1885): 143.
[379] En Antonio Correa Fernández, *Historia fin de siglo* (Lugo: Tipografía de A. Villamarín, Tomo I, 1900), 72.
[380] Vide Narciso de Gabriel, "O proceso de alfabetización en Galicia", *Sarmiento,* Nº 1, (1997): 14-15.
[381] En Antonio Correa Fernández, *Historia fin de siglo* (Lugo: Tipografía de A. Villamarín, Tomo I, 1900), 72.
[382] En Antonio Correa Fernández, *Historia fin de siglo* (Lugo: Tipografía de A. Villamarín, Tomo I, 1900), 72; Para 1900-1930, en José Trapero Pardo, *Lugo 100 años de vida local* (Lugo: Ediciones Celta, 1969) 208-263; Para 1930-1936, en Blanca García Montenegro, (coordinación), "Lugo: cien años de progreso", *El Progreso,* Lugo, 1 de marzo de 2008.

8. Escola de Artes e Oficios	Lugo
9. Escuela Mercantil	Lugo

Fonte: Elaboración propia. En Antonio Correa Fernández, *Historia fin de siglo* (Lugo: Tipografía de A. Villamarín, Tomo I, 1900) 72; Para 1900-1930, en José Trapero Pardo, *Lugo 100 años de vida local* (Lugo: Ediciones Celta, 1969) 208-263; Para 1930-1936, en Blanca García Montenegro, (coordinación), "Lugo: cien años de progreso", *El Progreso*, Lugo, 1 de marzo de 2008.

A finais do século XIX comezou a xurdir algunha proposta illada para a *ampliación* do número de escolas públicas en Lugo, iniciativas que partiron principalmente de Patricio Aguirre de Tejada, Vicente Pérez Sierra e Rosa Filomena Groves.[383] Por enriba disto, a educación primaria nas cidades seguiu sendo unha cuestión en mans da Igrexa, que practicaba unha educación evanxelizadora e eclesiástica.[384] As iniciativas a favor da educación pública, constituídas dende a creación do Ministerio de Instrución, fixeron que pouco a pouco o clero fora perdendo influencia na ensinanza primaria, sobre todo no primeiro bienio reformista da Segunda República (1931-1933). Pese a isto, no último decenio do século XIX, a provincia lucense contaba ademais con preto de 177 escolas libres, cunha elevada proporción de escolas privadas nas cidades.[385]

Táboa 1. Número de escolas públicas na provincia de Lugo en 1900							
Superiores		Elementais completas		Incompletas de nenas	Incompletas mixtas	De párvulos	**TOTAL**
De nenos	De nenas	De nenos	De nenas				
1	1	73	61	4	226	1	367
Escolas privadas							177
Suma de escolas públicas e privadas							**544**

Estatística escolar en España 1908		
Cocello	**Escolas existentes en 1908**	**Escolas que debería de ter segundo a Lei Moyano**
Abadín	**5**	**14**
Alfoz	**4**	**9**
Antas de Ulla	**3**	**14**
Baleira	**10**	**14**
Barreiros	**6**	**11**
Becerreá	**8**	**26**
Begonte	**7**	**16**
Bóveda	**2**	**12**
Carballedo	**3**	**26**
Castro de Rei	**7**	**21**
Castroverde	**6**	**16**
Cervantes	**8**	**21**
Cervo	**3**	**10**
Chantada	**7**	**36**
Corgo, O	**6**	**17**
Cospeito	**7**	**16**
Folgoso do Courel	**9**	**19**
Fonsagrada, A	**32**	**49**
Foz	**4**	**15**
Friol	**6**	**24**
Guntín	**6**	**20**

[383] En Rosa Filomena Grobes, *Carta de Rosa Filomena Grobes en 1885* (Lugo: APL. Fondo do Concello. Sinatura: 931, 1985).

[384] Vide Felipe Arias Vilas e Concepción Burgo López, *Historia de Lugo* (A Coruña: Vía Láctea, Capítulo III: Lugo na Idade Moderna, 2001).

[385] En Antonio Correa Fernández, *Historia fin de siglo* (Lugo: Tipografía de A. Villamarín, Tomo I, 1900), 72.

Incio, O	**2**	**21**
Láncara	**4**	**14**
Lourenzá	**5**	**15**
Lugo	**16**	**55**
Meira	**4**	**12**
Mondoñedo	**11**	**23**
Monforte de Lemos	**6**	**29**
Monterroso	**4**	**16**
Muras	**2**	**12**
Navia de Suarna	**5**	**20**
Neira de Xusa (Baralla)	**4**	**17**
Nogais, As	**6**	**13**
Ourol	**2**	**15**
Outeiro de Rei	**8**	**14**
Palas de Rei	**3**	**25**
Pantón	**6**	**30**
Paradela	**0**	**12**
Páramo, O	**2**	**10**
Pastoriza, A	**6**	**19**
Pedrafita do Cebreiro	**6**	**12**
Pol	**4**	**15**
Pobra do Brollón, A	**5**	**19**
Portomarín	**4**	**9**
Quiroga	**11**	**23**
Ribadeo	**11**	**18**
Ribas de Sil	**4**	**8**
Río Barba (O vicedo)	**7**	**11**
Riotorto	**5**	**13**
Samos	**4**	**18**
Sarria	**4**	**30**
Saviñao, O	**4**	**22**
Sober	**6**	**26**
Taboada	**6**	**22**
Trabada	**8**	**10**
Trasparga (Guitiriz)	**6**	**21**
Triacastela	**2**	**7**
Valadouro, O	**5**	**11**
Vilalba	**10**	**33**
Vilameá	**3**	**5**
Vilaoudriz	**6**	**10**
Viveiro	**7**	**21**
Xermade	**5**	**11**
Xove	**5**	**10**

Fonte: Elaboración propia. En Antonio Correa Fernández, *Historia fin de siglo* (Lugo: Tipografía de A. Villamarín, Tomo I, 1900), 72; e en Ministerio de Instrucción Pública y Bellas Artes, "Estadística escolar oficial de España en 1908".

Como reacción ao decadente panorama da ensinanza comezaron a xurdir iniciativas particulares, de carácter educativo e institucional, para mellorar a formación dos mestres e alumnos. En 1894, o alcalde Antonio Rodríguez Pérez propuxo entre outras cuestións a construción de escolas públicas.[386] Igualmente, o 10 de abril de 1897, Bernardino de Azpiazú Álvarez propuxo á Xunta Local a creación da Escola Normal de Mestras. Finalmente, esta institución foi creada no primeiro terzo do século XX.[387] Un ano antes, o mestre da Escola Elemental de Lugo en 1896, Evaristo Usero Sánchez propuxo á Xunta Local de primeira ensinanza a creación dunha escola nocturna. Este home ofreceuse voluntario para impartir as clases de xeito gratuíto, en detrimento das súas

[386] En "Actas capitulares de 1894" (Lugo: AHPL, Ayuntamiento, sinatura 130, 1 de febrero de 1984), 21-23.
[387] En Bernardino de Azpiazú Álvarez, "Proposta creación de Escuela Nocturna y Escuela Normal de Maestras" (Lugo: APL. Fondo do Concello. Sinatura: 931, 1897).

propias horas de descanso. Esta proposta pretendía ofrecer posibilidades educativas aos alumnos que non podían asistir á escola diúrna, normalmente por razóns laborais. Cómpre lembrar, que certa parte da poboación infantoxuvenil estaba suxeita ao traballo agrícola, negándoselles a posibilidade de obter unha correcta educación.[388]



Ilustración 4. Juan Alvarado y Albo de Viveiro (1864-1914) (editada en *110 lucenses singulares*)

Este conglomerado de realidades históricas e educativas anteriores ao século XX constituíu o antecedente do tímido proceso de modernización sucedido no seguinte século, con maior *intensificación* a comezos dos anos trinta co bienio reformista da Segunda República, sobre todo no referido á construcións escolares e difusión de novas teorías. Tras coñecer a evolución cómpre centrar a atención na biografía daquelas personalidades que sobresaíron polo seu celo profesional ou polo cargo que ocuparon. Cómpre facer fincapé, en que todos eles convertéronse en figuras sociais bastante coñecidas na sociedade lucense, tal e como consta na análise realizada por Correa Fernández no seu traballo titulado *Historia fin de siglo.*

En relación cos antecedentes históricos e educativos cómpre destacar aos educadores lucenses máis sobresaíntes do século XIX. Entre estas personalidades recollemos os seguintes nomes: o director do Instituto de Segunda Ensinanza Valentín Portabales, o director da Escola Normal de Mestres Manuel Táboas Torres, o mestre da Escola Graduada Victoriano Tuñón e García, o inspector de Primeira Ensinanza Vicente Pérez Sierra e por último a directora da Escola Pública de Nenas Rosa Filomena Grobes Jeremías.

Ilustración 5. Andrea López Chao de Mondoñedo *(editada en* 110 lucenses singulares*)*

Nos últimos decenios do século XIX, tamén destacaron outros lucenses ilustrados, en primeiro lugar destacou o profesor da escola de Sierra Pambley de Villablino, Juan Alvarado y Albo, autor da obra titulada *La memoria de Lanciana* (León).[389] En Mondoñedo, cómpre sinalar tamén a profesora Andrea López Chao como primeira muller que realizou un relatorio no I Congreso de Mulleres de Cuba.[390]

[388] En Evaristo Usero Sánchez, "Implantación da escola nocturna en Lugo" (Lugo: APL. Fondo Concello, sinatura: 931, 1896).

[389] Ídem.

[390] En "Discurso pronunciado por Andrea López Chao,...", *Eco de Galicia,* 189 (22 de abril de 2023).

1. *Valentín Portabales Blanco*

Nos antecedentes lucenses cómpre facer referencia á importante presenza que tivo a familia Portabales en Lugo e Monforte (en relación cos *Escolapios*).[391] Valentín Portabales foi unha das figuras máis representativas da provincia lucense. Tivo dous fillos, un impartiu clases no Colexio dos Padres Escolapios de Monforte e o outro foi párroco no concello de Maside. Xa na súa xuventude estivo designado en Ourense para dedicarlle unha oración a un compañeiro falecido, texto que sería posteriormente editado e difundido.[392]

Valentín Portabales foi trasladado ao *Instituto de Lugo* por Real Orde do 1 de novembro de 1863, tomando posesión o 10 de decembro dese mesmo ano. Neste posto estivo traballando tres anos como docente de *Retórica y Poética*. Tamén se dedicou á ensinanza dos exercicios da análise, tradución e *Composición Latina* segundo a Real Orde do 9 de outubro 1866. No curso 1870-71 ocupouse da ensinanza de primeiro de *Método Principios de Literatura,* con resumo da *Historia de la Literatura Española* de segundo. Dende 1873 ata 1900 retomou a docencia na súa antiga disciplina de *Elementos de Retórica y Poética* no Instituto de Lugo. Neste centro educativo ocupou o cargo de secretario dende 1864 ata 1878, ao mesmo tempo que impartía a docencia da materia de Retórica e Poética. Sucesivamente, por Real Orde do 18 de xaneiro de 1878 pasou a ocupar a dirección do centro, representando a este instituto en diversas comisións e asuntos.[393]

Ilustración 6. O catedrático Valentín Portabales Blanco de Maside en Ourense(1829-1921)[394]

Na provincia de Lugo, Valentín Portabales pronto adquiriu boa fama debido ao seu bo traballo á fronte do Instituto de Segunda Ensinanza. Aspecto que trataremos brevemente pola súa certa influencia sobre a ensinanza

[391] Valentín Portabales foi unha das figuras máis representativas da provincia lucense. Este ourensán naceu na vila de Maside no ano 1829, o seus primeiros estudos foron cursados no seu concello natal baixo a dirección do "Preceptor de Latinidade" Gabriel Fernández. Durante estes anos amosou actitudes avantaxadas como discípulo xunto ao seu irmán maior Tomás Portabales, Deán da S. I. Catedral de Ourense. O seu sobriño Inocencio Portabales tamén foi arcipreste e provisor do Bispado de Plasencia en 1900. Irmáns e sobriño foron instruídos por Gabriel Fernández que seguiu exercendo a docencia ata finais de século XIX. Tivo dous fillos, un impartiu clases no Colexio dos Padres Escolapios de Monforte e o outro foi párroco no concello de Maside. Xa na súa xuventude estivo designado en Ourense para dedicarlle unha oración a un compañeiro falecido, texto que sería posteriormente editado e difundido. Despois realizou os seus estudos primarios cursou Filosofía e Teoloxía entre os anos 1841 e 1854 na Universidade de Valladolid. Nesta institución docente conseguiu uns meritorios resultados acadando o título de bacharelato en Teoloxía. Entre outras materias estudou Xurisprudencia e obtivo o título de profesor de Lingua Grega o 29 de outubro de 1854. Este cargo foi expedido polo ministro de Graza e Xustiza o 9 de febreiro de 1855. O Claustro Universitario de Santiago de Compostela outorgoulle en 1873 o título de Licenciado e doutor na Facultade de Filosofía y Letras. En A. Correa Fernández *Historia fin de siglo* (Lugo: Tipografía de A. Villamarín, Tomo II, 1900), 192-193

[392] En Antonio Correa Fernández, *Historia fin de siglo* (Lugo: Tipografía de A. Villamarín, Tomo II, 1900), 192-193.

[393] Ídem.

[394] En José de Cora, *110 lucenes singulares* (Lugo: El Progreso de Lugo S.L., 2018), 4.

primaria. Cómpre ter en conta que este organismo era un dos establecementos educativos lucenses máis importantes do século XIX. Segundo Correa Fernández, Portabales foi un dos profesores ilustrados máis entregados, afable e protector da xuventude. Ademais foi un distinguido filántropo.[395] Tamén presidiu o tribunal de oposicións celebradas dende 1866 ata 1900 para a dotación de mestres que rexentaran a Escola Práctica agregada á Normal de Mestras da cidade. Por último foi membro do tribunal para prover as prazas das Seccións de Fomento.[396]

Por outro lado, cómpre sinalar a participación de Portabales en eventos eclesiásticos.[397] Entre eles destaca a difusión da *Exposición Rexional* anexa ao importante Congreso Eucarístico celebrado en agosto de 1896. Este foi o segundo certame a nivel nacional realizado na historia da Igrexa Católica.[398] Aproveitando este evento, o 29 de agosto dese mesmo ano inaugurou o *Museo de Antigüidades e Reproducións Artísticas*. Ademais foi vicepresidente da Xunta Provincial Católica, contribuíndo ao sostemento da iluminación do Santísimo Sacramento da catedral Lucense. Para esta causa destinou un real mensual dos integrantes do devandito organismo. Para darnos conta da súa estreita colaboración coa Igrexa fundou a Cruz Vermella e a Caixa de Aforros e Monte de Piedade en Lugo. Á marxe de todos os numerosos cargos que ocupou este home, Portabales foi un personaxe social filantrópico moi coñecido e valorado.[399] Unha das súas principais preocupacións foi a dinamización da cultura, impartindo conferencias organizadas pola *Junta del Círculo de las Artes*. Estas actividades pedagóxicas realizábanse normalemente no salón de actos da Deputación Provincial da cidade de Lugo.[400]

Xunto con Gumersindo Laverde Ruiz, Valentín Portabales formulou as observacións acerca do proxecto de Lei de Instrución Pública exposto nas Cortes o 23 de abril de 1870. Ademais redactou un informe pedido polo Ministerio de Fomento ao Corpo Docente na circular de 15 de xullo de 1881. Tamén se ocupou da redacción e lectura das memorias de apertura dos cursos dende 1864 ata 1900. Do mesmo xeito se lle encargou da dotación e apertura da Escola de Artes e Oficios de Lugo dotándoa de local, recursos e persoal. Por motivos filantrópicos colaborou para conseguir as

[395] En Antonio Correa Fernández, *Historia fin de siglo* (Lugo: Tipografía de A. Villamarín, Tomo II, 1900), 7.

[396] Ídem, 192-193.

[397] No referente á súa vida laboral comezou sendo catedrático de Grego e Hebreo no Seminario de Ourense en 1854. Ocupou este cargo durante de nove anos. En 1858 traballou como catedrático substituto do Instituto Provincial de Ourense. Cargo que ocupou durante cinco anos sendo nomeado polo director xeral de Instrución Pública. Posteriormente foi o encargado da Secretaría do Instituto Provincial de Ourense. Neste posto recibiu unha mención especial na memoria da apertura do curso. Valentín Portabales desempeñou coa maior circunspección o seu cargo conseguindo as comisións do claustro de profesores, da dirección e do gobernador civil como presidente da Xunta Provincial de Instrución Pública en Ourense. En semellante posto foi destinado a Lérida mediante oposición pola Real Orde do 14 de outubro de 1863.

[398] No ano 1897, gárdase unha subscrición a esta revista católica, onde exaltan a defensa da Igrexa ante a ameaza do anarquismo e o socialismo, ambas as dúas consideradas como un perigo social para os valores e a harmonía da sociedade. En varios, "Subscrición á revista católica das cuestións sociais en 1897" (Lugo: APL. Fondo do Concello, sinatura: 931, 1897).

[399] No que respecta aos honores e conmemoracións, Valentín Portabales foi agraciado coa mención especial por ser académico correspondente nacional das Tres Nobres Artes de San Fernando. Tamén foi membro da Comisión Provincial de Monumentos Históricos e Artísticos. Ocupou o cargo da Xunta Diocesana de Construción e Reparación de Templos e Edificios Eclesiásticos. Este ilustre home foi académico correspondente da Real Academia de Ciencias e Letras de Cádiz, destinado na sección de Ciencias Morais e Políticas. Por último tamén colaborou como socio do Círculo Filantrópico Marinense sendo xefe superior honorario da Administración Civil. Valentín Portabades ocupou gran cantidade de cargos. En primeiro lugar formou parte de Xunta creada pola Deputación Provincial na conversión do edificio destinado á Hospital en Instituto de Segunda Ensinanza.

[400] En Antonio Correa Fernández, *Historia fin de siglo* (Lugo: Tipografía de A. Villamarín, Tomo II, 1900), 37-40.

anteriores pretensións cunha partida económica propia. Tamén presidiu en varias ocasións a *Sociedade Lucense do Liceo*. No seu círculo realizábanse espléndidos festivais, concursos, sesións literarias, actividades líricas de orde intelectual, moral e material de Galicia. Destacamos igualmente a súa actuación como vogal-secretario e xurado do Certame Literario da Exposición de 1877 celebrada na cidade. Este acto foi presidido polo seu amigo o Conde de Pallares.[401]



Ilustración 7. Valentín Portabales Blanco.
Director do Instituto da Segunda Ensinanza de Lugo

2. *Manuel Táboas Torres*

Outro personaxe relevante do século XIX foi Manuel Táboas, natural de Freinobal, lugar de Santa Comba de Orizón (Castro de Rei). Este home foi o director da Escola Normal de Mestres de Lugo e casouse coa profesora da *Escuela Superior de Niñas*, Antonia Salvador Seara.[402] Naceu o 17 de xuño de 1856, os seus pais foron Jacobo Táboas Teijeiro e Jacoba Torres Cancela, pero cómpre sinalar que ficou orfo de pai a curta idade. Posteriormente estudou a carreira de Maxisterio en Lugo, continuando en Santiago e Madrid coa súa formación en latín e francés.[403] Unha vez rematados os seus estudos aprobou a oposición de maxisterio accedendo á Escola Completa de Nenos de Vilalba en outubro de 1881. Nesta proba obtivo o primeiro lugar nos resultados, o que lle proporcionou a praza en propiedade que ocupou en 1890. En agosto de 1892 foi nomeado como mestre interino da Escola Normal de Lugo, onde traballou como director e secretario desta institución docente. Por Real Decreto do 18 de novembro do mesmo ano foi profesor numerario da Sección de Ciencias da devandita Escola. Tamén

[401] Ídem

[402] En José de Cora, "José Táboas Salvador", *El Progreso*, Lugo, 1 de novembro de 2021, extraído de: https://www.elprogreso.es/articulo/album-de-los-lucenses/jose-taboas-salvador/202109161951161525674.html.

[403] En Antonio Correa Fernández, *Historia fin de siglo* (Lugo: Tipografía de A. Villamarín, Tomo II, 1900), 87.

ensinou a Cátedra de Caligrafía no Instituto de Segunda Ensinanza dende o 20 de decembro de 1894.

Complementando estes cargos, Manuel Táboas foi presidente do Tribunal de Oposicións para as escolas de nenos do distrito universitario de Santiago. Ademais participou na Asemblea Pedagóxica de Pontevedra, onde se recoñeceu o seu celo e o seu traballo. Pola súa boa conduta profesional foi proposto para obter unha distinción honorífica, expedida polo claustro da Escola Normal o 8 de marzo de 1899. Segundo Correa Fernández, Manuel Táboas distinguiuse polas súas virtudes cívicas e relixiosas.[404]

3. *Victoriano Tuñón e García*

Por outro lado, incidimos no traballo realizado polo mestre asturiano Victoriano Tuñón e García na Escola Superior de Veiga de Ribadeo.[405] Este docente naceu na localidade asturiana de Vega del Ciego o 12 de setembro de 1857. Con 13 anos foi trasladado a Oviedo á casa do seu tío ao quedar orfo de pai e nai. A pesar de comezar tarde os seus estudos pronto conseguiu bos resultados na primeira ensinanza. Ante tales progresos a Deputación de Asturias sufragou os custas da súa carreira de Maxisterio. Finalmente en decembro de 1886 obtivo a praza na Escola Superior de Veiga de Ribadeo. Desta institución educativa foi ascendido á de Úbeda en Xaén, nesta cidade impartiu varias disciplinas de segunda ensinanza no Colexio de San Juan de la Cruz. Dende outubro de 1891 foi trasladado como docente á escola de ensino primario en Lugo.[406] Entre as súas publicacións periodísticas recollemos en primeiro lugar as realizadas en Asturias; aquí colaborou moito tempo no diario político *El Eco de Asturias* e no diario *El Astur*. Por outro lado, en Úbeda publicou varios artigos en *El Catón Granadino* e formou parte do equipo de redacción de *La Ruleta* e *La Opinión*. En Lugo escribiu na Sección de Instrución Pública de *La Idea Moderna*. Tamén publicou traballos relacionados coa Hixiene Escolar e a Caligrafía.[407] A historia das disciplinas e obras estudadas atópanse baixo o paraugas da nova historia cultural.[408]

Entre as súas *mencións honoríficas* concedéronlle varios galardóns. Polos seus numerosos anos de servizo na Escola Graduada lucense foille concedida a Cruz de Isabel a Católica. Tamén foi recompensado coa Medalla de Cobre polos traballos escolares da escola que rexentaba. Por último, hai que engadir que por Real Decreto do 23 de febreiro de 1883 foi proposto para recompensa polo claustro da Escola Normal. Victoriano Tuñón caracterizouse por ter unhas circunstancias familiares adversas, xa que perdeu aos trece anos aos seus pais e tivo que ser pensionado pola Deputación de Asturias.[409]

[404] Ídem, 193.

[405] Segundo o historiador Torres Fernández ocupou un lugar honroso en devandito destino.

[406] En Antonio Prado Gómez, *O Instituto Provincial de Lugo 1842-1975* (Lugo: Servizo de Publicacións de Lugo, 2013), 146

[407] En Antonio Correa Fernández, *Historia fin de siglo* (Lugo: Tipografía de A. Villamarín, Tomo II, 1900), 194.

[408] En Antonio Viñao, "La historia de las disciplinas escolares", *Historia de la Educación* (Madrid: 25, 2006), 243-269.

[409] En Antonio Correa Fernández, *Historia fin de siglo* (Lugo: Tipografía de A. Villamarín, Tomo II, 1900), 193-194.

4. *Vicente Pérez Sierra*

De seguido cómpre destacar a Vicente Pérez Sierra, o único inspector de ensino primario da provincia de Lugo dende 1883 ata finais do século XIX. Durante este ano, Pérez Sierra propuxo á *Junta Provincial de Primera Enseñanza* a ampliación á clase superior da Escola Pública de Nenas da capital lucense, ocupada por aquel entón pola mestra Rosa Filomena Grobes.[410] Pode dicirse que Vicente Pérez foi, xunto a Manuel Panero Martínez, o inspector lucense máis importante do século XIX.[411] Convén ter en conta que, dende a creación do sistema de inspección primaria ata mediados de 1910, había un só inspector por provincia. Esta circunstancia outorgaba a Vicente Pérez a exclusividade do labor da inspección. Entre as súas obras máis destacadas atopamos *El niño ante la sociedad o Reglas de urbanidad, buena crianza y educación*, do que se conserva unha copia da súa portada.


EL NIÑO
ANTE LA SOCIEDAD
O
REGLAS DE URBANIDAD, BUENA CRIANZA
Y EDUCACIÓN,
POR
D. Vicente Perez Sierra

Ilustración 8. Obra do inspector destinado en Lugo Vicente Pérez Sierra

5. *Rosa Filomena Grobes*

No que respecta á presenza feminina na ensinanza primaria no século XIX, é pertinente sinalar o traballo realizado por Rosa Filomena. Esta muller foi unha das mestras e directoras máis importantes de Lugo de finais de século, rexentou a *Escuela Pública de Niñas* dende 1883 ata 1887. Ademais de encargarse do ensino das alumnas, esta docente ocupábase da formación dunha mestra aprendiz e educaba a varias nenas pobres de tres anos de xeito gratuíto. A *Junta Provincial de Lugo* tomou en consideración estes datos, destacando súa profesionalidade e boa conduta nos servizos educativos prestados, converténdose na mestra máis destacada da provincia. Como consecuencia dos seus méritos profesionais foi ascendida, pasando a cobrar 2500 pesetas.[412] Despois de varios anos ao cargo da Escola Pública de Nenas, Rosa Filomena viu recoñecido o seu esforzo no maxisterio recibindo o premio de *Modelo en su Clase*.[413]

O 22 de outubro de 1883, o inspector Vicente Pérez Sierra emitiu un informe á Xunta Provincial de Primeira Ensinanza para facer efectiva a ampliación e ascenso á clase superior da escola que rexentaba Rosa Filomena, pola súa acertada organización e

[410] No referente a estas Xuntas existen varias cartas no Arquivo Provincial de Lugo de 1891-97. Asuntos pendentes. En *carta de Manuel Veiga e carta de Manuel Táboas* (Lugo: APL. Fondo do Concello. Sinatura: 931).

[411] En 1903 ocupou o cargo de inspector na provincia de Lugo José Soto Campos (1903). Consultamos un informe sobre o estado do ensino en Quiroga (Lugo), no Arquivo Histórico da Universidade de Santiago. Sección Primeira Ensinanza, en 1903. En Antón Costa Rico, *Historia da educación e da cultura en Galicia* (Vigo: Xerais, 2004), 918-920.

[412] En *Gaceta de Madrid*, Nº 361 (26 de decembro de 1910): 362.

[413] En Rosa Filomena Grobes Jeremías, "Carta de proposta ascenso de Rosa Grobes Jeremías" (Lugo: APL. Fondo do Concello. Sinatura: 931, 1885).

resultados.[414] Este ascenso foi importante para esta institución tendo en conta a precaria situación no que se atopaba o ensino, consecuentemente Rosa Filomena describía en 1885 a descoidada situación do seu centro. A súa escola non tiña unhas condicións axeitadas para levar a cabo unha educación íntegra nin de calidade. Ademais fixo fincapé no alto grao de absentismo escolar e na falta de recursos, informando á Xunta Local sobre o limitado presuposto que tiña en 1887.[415]

Todas os educadores e educadoras estudadas teñen en común a boa conduta e o celo amosado ante o vetusto sistema educativo.[416] A falta de recursos mesturábase con puntuais actuacións filantrópicas, un exemplo disto foi a entrega profesional da mestra Rosa Filomena. A través da súa biografía observamos os cambios nas concepcións sobre a utilidade da educación, o tradicionalismo, o forte arraigamento ás institucións eclesiásticas, a metodoloxía bancaria e o abandono da escola primaria en xeral. Outros mestres e inspectores tamén confirmaron posteriormente a descoidada situación das escolas. Este clima de decadencia do ensino sería o pórtico que abriría paso a presentación do século XX.

6. *Ángel Fernández Gómez*

No referente aos mestres filántropos, cómpre destacar a figura de Ángel Fernández Gómez como o fundador da Escola de Lugo situada en Campo Castillo, que en 1893 foi trasladada á Calle de Clérigos.[417] Naceu o 2 de outubro de 1845 en Lugo, no eido dunha familia proveniente de Ourense que tivo tres fillos e viviu nunha vivenda situada na praza traseira do Concello. Non contraeu matrimonio nin tivo fillos. O seu irmá foi Francisco (1842-96), eclesiástico especializado en dereito canónico na sé lucense e logo na ourensá. A súa irmán foi Josefa (1843-1900).[418]

Ángel Fernández foi o director da Escola de Obreiros dende 1886, institución mantida coa axuda do bispado.[419] Tamén foi o mestre de Ángel López Pérez, posteriormente alcalde da cidade de Lugo. En 1914 defendeu a conservación dos árbores da Alameda de Praza de España de Lugo.[420] Aparte de Mestre foi industrial e comerciante, o que o levou a ocupar o cargo de *contador* da Cámara de Comercio lucense. Igualmente foi membro destacado da sociedade *La Venatoria*, dende onde se promoveu a creación dun centro piscicultura con laboratorio ictioxénico no río Mera.[421] O 22 de xuño de 1922, Ángel Fernández falece aos 75 anos de idade. Antes de finar deixou todo a súa herdanza para a construción do *Hospital Municipal de Lugo*. Por este motivo, o alcalde López Pérez propuxo que o pavillón destinado ás enfermidades infantís levase o nome deste filántropo mestre lucense.

> Que el pabellón destinado a enfermedades de los niños se le dé el nombre del benefactor Sr. Fernández Gómez, sin perjuicio de otros actos para perpetuar la memoria del caritativo donante, que

[414] Concesión consultada no Real Decreto do 23 de febreiro de 1883.

[415] En Rosa Filomena Grobes, *Carta de Rosa Filomena Grobes en 1885* (Lugo: APL. Fondo do Concello. Sinatura: 931, 1885).

[416] Información extraída e recollida nos Anexos 7.1. e 7.2.

[417] En Lugo, residindo na praza traseira do Concello. O seu irmá foi Francisco (1842-96) que foi eclesiástico especializado en dereito canónico da sé lucense e despois a ourensá. A súa irmán foi Josefa (1843-1900). Ángel faleceu o 22 de xuño de 1922 aos 75 anos de idade. Vide *El Lucense*, Lugo, 9 de maio de 1893.

[418] En *El Lucense*, Lugo, 9 de maio de 1893.

[419] En *El Lucense*, Lugo, 9 de febreiro de 1889.

[420] Vide Ángel Ferández Gómez, *La Idea Moderna*, Lugo, 18 de abril de 1914.

[421] En *La Idea Moderna*, Lugo, 3 de xaneiro de 1915.

> en sus últimos momentos se acordó de los pobres, como con frecuencia lo hacía en su vida modesta y ejemplar.[422]

En 1924, o mestre e auxiliar sumario do *Instituto General Técnico* da capital de Lugo, Sergio Castilla López, solicitou ao gobernador civil a ampliación da formación dos nenos do Hospital Municipal de Lugo.[423] Esta construción e mantemento realizaríase posteriormente en parte grazas aos recursos económicos recadados polo Concello.

Unha vez analizados os antecedentes históricos-educativos da provincia de Lugo, despréndese unha imaxe clara das depauperadas circunstancias nas que se atopaba o ensino primario. Esta foi unha cuestión importante para comprender o posterior desenvolvemento histórico do século XX. Nesta primeira parte foise contextualizando a investigación partindo do ámbito galego e lucense. Seguindo a mesma metodoloxía, neste apartado finalízase co estudo dos sucesos educativos máis relevantes dos últimos anos do século XIX. Con este gradual achegamento á ensinanza primaria lucense, entendemos mellor o posterior dominio da escola tradicional e a súa influencia.

A escola tradicional durante as primeiras décadas do século XX

Nos primeiros anos do século XX, a pesar da introdución dalgunha reforma, a sociedade lucense conservaba unha tendencia a preservar as ideas, costumes e o estilo de vida tradicionais. O alto nivel de analfabetismo, a forte presenza eclesiástica nas cidades, os gobernos conservadores e a falta dun modelo democrático contribuíron ao mantemento dun sistema político caciquil. O goberno estaba formado por un círculo de persoas que aglutinaban case todo o poder político e social, unha supremacía herdada do século XIX. Este sector compartía o seu poder cunha crecente burguesía e cos dirixentes da Igrexa católica. Así, en 1900 o bispo Benito Murúa solicitou ás Fillas da Caridade de Lugo que se ocuparan da Escola para nenas pobres situada a lado da Igrexa de San Froilán. En relación con isto, fundáronse tres institucións relixiosas máis, dedicadas á ensinanza primaria: en 1907 Benito Murúa impulsaba a creación do Colexio dos Maristas, situado na Rúa Bispo Aguirre e que albergaba preto de 120 nenos sen recursos; en 1917 creábase o Colexio da Compañía de María e en 1926 constituíuse o Colexio de San José ou "Escola das Josefinas", situado na Rúa da Raíña.[424] É preciso incidir que a proliferación de colexios relixiosos en España estivo influída pola aplicación en Francia das *Leyes de Jules Ferry* e *Goblet*, durante a aplicación da Terceira República, que dictaminaba a implantación dunha ensinanza laica e a prohibición de que os clérigos exerceran a docencia.[425]

Na provincia luguesa, os sectores republicanos, rexionalistas, sindicais e de esquerdas gozaban dun menor control político e social.[426] Ademais, as deputacións e os

[422] En *El Norte de Galicia*, Lugo: 23 de xuño de 1921.

[423] En S. Castilla López, "Solicitude de ampliación da formación dos nenos do Hospital Municipal de Lugo" (Lugo: APL. Fondo: Ayuntamiento. Sinatura: 930, 1924).

[424] En 1940 esta institución converteuse tamén nun internado para as nenas das zonas rurais que querían comezar os seus estudos na cidade de Lugo. En Sabela Corbelle, "Aulas que todavía no colgaron los hábitos", *El Progreso*, (2022) extráido de: https://www.elprogreso.es/articulo/lugo/aulas-que-todavia-colgaron-habitos/202206121327321583259.html, 12 de xuño de 2022.

[425] Vide Xavier Darcos, *La escuela republicana en Francia: obligatoria, gratuita y laica. La escuela de Jules Ferry*, Vol. 71 (2008).

[426] No Arquivo Provincial de Lugo, na sección del Goberno Civil (1900-1933), actualmente podemos atopar os arquivos referentes ás asociacións republicanas, rexionalistas, sindicais e de esquerda ideolóxica.

concellos en ocasións dificultaron a aplicación dun sistema electoral transparente: en Lugo o inspector Joan Comas Camps foi testemuño desta situación. Baixo esta tesitura social e política algúns mestres e inspectores comezaron a reivindicar a necesidade dunha renovación escolar, como se manifestou nos certames pedagóxicos celebrados en 1923 e 1933. Ademais, nestes anos había un clima de inestabilidade política debido aos sucesivos cambios na alcaldía, goberno civil e deputación. Esta situación reflectíase nas frecuentes discusións e nun clima de hostilidade nas asembleas. Por este motivo, comezaron a incrementarse as protestas, o crecemento do asociacionismo e as publicacións reivindicativas.[427] Todas estas medidas eran a consecuencia do desencanto político da poboación luguesa, por este motivo a sociedade local comezou a reivindicar algunhas melloras nas condicións laborais, especialmente no exercicio do maxisterio. A pesar destas protestas persistiron uns ideais de corte tradicional, porque ao longo do tempo constituíuse unha rede moi forte de costumes eclesiásticas. Coa arribada da Segunda República, os movementos progresistas e reivindicativos adquiriron unha maior solidez e influencia sociopolítica. Este período foi aproveitado polos sectores obreiros, galeguistas, rexionalistas e nacionalistas para reivindicar os seus intereses. A pesar da aparición de novos organismos críticos co goberno, na provincia de Lugo continuaba existindo unha mentalidade e idiosincrasia de carácter tradicional. Entre as novas asociacións destacaron as de carácter nacionalista, galeguista, republicana e sindical.

No período republicano falaremos brevemente sobre a efervescencia editorial ligadas a chegada de novas imprentas, teorías educativas ou o aumento do societarismo.[428] Non obstante, observamos un aumento das imprentas e de publicacións educativas como: *Revista de Pedagogía, El Yunque, La Escuela Moderna, Revista de Escuelas Normales, BILE, Vida Escolar, El Progreso.*[429] Seguindo esta liña de estudo, atopamos en Lugo as numerosas publicacións de Joan Comas Camps,[430] así como outras orientacións fundamentais para os inspectores levadas a cabo na Segunda República.[431] Ademais cómpre enxalzar o aumento da aparición de revistas e imprentas lucenses.[432] Entre as noticias editadas na prensa facíase referencia á análise da vida lucense e aos principais sucesos sociopolíticos e culturais sinalados que condicionaban a vida social dos habitantes: continuos cambios de goberno, aparición de novas organizacións socioculturais, decadencia económica, crecemento demográfico, emigración, dispersión poboacional, falta de medios educativos e absentismo escolar. Para observar dun xeito máis claro esta situación, a continuación preséntase un cadro que recolle de xeito cronolóxico os sucesos sociopolíticos acontecidos dende 1900 ata 1936.

[427] En Eric Jorge Fontoba Jordá, "Asociacionismo docente en España durante el siglo XIX y XX. Inicios y puntos de partida durante el siglo XIX", *Pedagogias alternativas y educación en los márgenes a lo largo del siglo XX* (Valencia: Universidade de Valencia, 2022), 76-77.

[428] En 1903, en Galicia xa existían 123 sociedades obreiras rexistradas, formadas por 15.000 afiliados, citado en Antón Costa Rico, *Historia da educación e da cultura en Galicia* (Vigo: Xerais, 2004) 836.

[429] Vide José María Hernández Díaz, "La inspección educativa y la cultura escolar en España. Génesis, procesos constituyente y actualización de funciones", *Aula 25* (2019): 70.

[430] En Joan Comas Camps, "Individualización de la enseñanza (continuación)", *Vida Escolar*, Nº 208, ano V (1931): 2-5; e Joan Comas Camps, "Individualización de la enseñanza (conclusiones finales)", *Vida Escolar*, Nº 209, ano V (1931): 3-4.

[431] Vide Ravael Álvarez, Joan Comas Comas e Juvenal de la Vega, *Manual del Inspector de Primera Enseñanza*, (Madrid: Publicacións da Revista de Pedagoxía, 1934).

[432] Cómpre ter en conta o incremento do uso do galego, en 1922 publicáronse 15 obras en galego en toda Galicia.

Cadro 9. Feitos sociopolíticos e culturais que afectaron á provincia de Lugo entre 1900-1036		
Ano	**Suceso de relevancia social**	**Goberno**
1900	Inflación dos prezos especialmente do papel da prensa un 30%. Fundación do *Colegio Farmacéutico*, Manuel Iglesias Ferradas sería o seu presidente. Celebración dos Xogos Florais.[433]	Silvela y de Le Vielleuze (marzo 1899-outubro 1900)
1901	Desaparición do periódico *El Correo de Lugo* en febreiro deste ano. Aparición do diario *El Norte de Galicia*. Dimisión do gobernador e o alcalde da cidade. Nomeamento de León Urzáiz y Cuesta como novo gobernador civil de Lugo e de Morandeira Rico como alcalde. Traballo intenso da Alcaldía en mans do alcalde interino Pedro Morandeira Rico. Celebración doutra quenda dos Xogos Florais en maio deste ano.	Sagasta (marzo 1901-decembro 1902)
1902	Nomeamento de alcalde en propiedade a Pedro Morandeira Rico, ata entón ocupando un posto interino. Comezo da exportación de gando vacún e estudo da ampliación das instalacións de embarque vacún da Estación.	
1903	Creación en toda Galicia 123 sociedades obreiras e preto de 15.000 afiliados. Gonzalo Iglesias Moure foi nomeado como alcalde. Celebración de eleccións provinciais o 8 de marzo deste ano: Nomeamento como gobernador civil de Lugo a Germán Villanueva o 19 de xullo de 1903 (Os edís enfrontáronse no concello por diferenzas no Goberno, seguindo co clima de hostilidade nas asembleas). Nomeamento como alcalde lucense a Gonzalo Vázquez Moure. Nomeamento de Federico López González como novo gobernador civil en Lugo.	Villaverde (xullo 1903-decembro 1903)
1904	Cambio na presidencia da Alcaldía de Lugo: en xaneiro era nomeado á fronte do Concello a Antonio Belón Ventosinos. Varios republicanos lucenses acudían á Asemblea Rexional Republicana. Exposición de películas en Lugo cun "cinemathograph" na praza de España.	Maura (decembro 1903-decembro 1904)
1905	A Lugo chegaron as noticias do Congreso Rexional da clase proletaria galega e a fundación de "A asociación iniciadora e protectora da Academia galega". Comezou o ano co gobernador civil Eduardo Garrido; en xaneiro cesaba e pasaba o cargo a mans do Gutiérrez de la Vega e logo a Fernando González Regueral. Cambio do presidente na Deputación: Vázquez de Parga. D. Manuel Vázquez de Parga, coñecido como o Conde de Pallares, defendeu os intereses da cidade como senador vitalicio en Madrid e promoveu as iniciativas municipais. Celebráronse actos de festexo do centenario da publicación "Quijote". Publicación de traballos para a restauración do cultivo da vide a imaxe da publicación en 1897 da obra titulada: *La invasión filoxérica en la provincia de Lugo -Cartilla Viticola.- Cultivo de Cepas -Americanos e Europeas* – por	Montero Ríos Xuño (1905-dcembro 1905)

[433] Un certame cultural e artístico que incentivaba a cultura lucense. A organización do evento correu a cargo do Círculo das Artes. O avogado e periodista Juan Bautista Varela Balboa foi un dos máis destacados participantes, gañando varios concursos florais. En Fascículos para coleccionar, *Lugo XX historia de un Siglo*. Tomo I. (*El Progreso*, Lugo, 2000), 39.

	Dario Fernández Crespo. Lugo 1897. –Tip. Antonia Villamarín).[434]	
1906	Alcalde: Rodrigo de la Peña. Ao cargo o Bispo Murúa. Dende A Coruña chegaban noticias sobre a Sociedade anarquista que contaba xa con preto de 5000 afiliados. Neste ano fundábase a Academia Galega. Campaña contra o alcoholismo na cidade tralos numerosos incidentes ocorridos nas tascas e tabernas. Artista do momento pintaba cadros e retratos, exhibidos nun escaparate da Rúa da Raíña: Fole. Apareceu *El Magisterio Español,* dirixida polo Rexente da Escola Normal Victoriano Tuñón. Un lucense, Felipe Pozzi, presentou un proxecto de lei que trataba a represión do anarquismo. En xuño cambiou o Goberno dirixido por Moret, nomeou a un ministro lucense, o señor Quiroga Espín. En xullo novo cambio no Goberno Estatal, pasou a gobernar López Domínguez cesando a Quiroga Espín. O director de *El Norte de Galicia,* Emilio Tapia, dirixiu unha publicación necrolóxica de Pascual Veiga tamén mindoniense.	Moret (decembro 1905-xullo 1906)
1907	A cidade de Lugo tiña novo gobernador José Mestre de Vera. Publicouse o *Catecismo Solidario* de Eugenio Carré Aldao. Aplicación do Plan de Estudos da Liga Santaballesa.	Maura (xaneiro 1907-outubro 1909)
1908	Tratouse de formar unha coalición de esquerdas para facer fronte aos conservadores fortemente asentados na cidade e aos que se reprochaba coartar a liberdade da prensa tralo proxecto de lei contra o terrorismo. O 17 de agosto emprendeu a súa publicación o diario *El Progreso,* o que perdura ata os nosos días. O 19 de agosto celebrouse un banquete de benvida aos políticos García Prieto e Montero Vilegas; nesta celebración interviñeron homes de peso intelectual: Fole, Quiroga, Neira Gayoso, Montero Vilegas e García Prieto. Celebrouse a primeira Asemblea Agraria de Monforte. En setembro, chegaba Canalejas á cidade dando unha conferencia no Círculo das Artes. Neste mes aplicouse un plan contra o cólera. Celebráronse funerais polo Conde de Pallares e por Nicolás Salmerón.	
1909	Crise agropecuaria polo descenso dos prezos da carne. Sete labregos morreron tralos disturbios agrarios de Oseira, enfrontamento coa garda civil. Nomearon arcebispo de Toledo o bispo Aguirre. Celebración de eleccións municipais. Efervescencia de aparición de sociedades na provincia da Coruña: 450 sociedades agrícolas. "Acción Gallega" nace en Madrid.	
1910	Loita entre os conservadores e os liberais de Lugo polo goberno e ataques da prensa de ámbolos dous bandos. Ano de fortes temporais que sufriron especialmente as zonas de Sarria, Láncara, Pobra de San Xiao, Monforte e Quiroga. Fundouse a *Biblioteca de Escritores Gallegos* en Madrid. En maio anulación dos resultados das pasadas eleccións municipais. Don Ángel López Pérez deixaba de ser alcalde da cidade, pasando a mans de Ramón Landriz. Éxitos nas exposicións de Corredoyra en Barcelona e Bélxica.	Canalejas (xaneiro 1910-
1911	En xaneiro aplicación do imposto do Concello de Lugo sobre	

[434] En xaneiro de 1905, segundo José Trapero Pardo con Villaverde no poder foron anos grises: en José Trapero Pardo, *100 años de vida local* (Lugo, 1969), 197.

	a entrada de leña na cidade, coa consecuente manifestación e disturbios cortados con contundencia polo gobernador civil Rodríguez Blanco. Organización de festas para a recadación de fondos para as *Cantinas Escolares*. Eleccións provinciais en marzo. Formación da *Liga de Amigos* presidida por José María Montenegro, ese mesmo ano organizaron festas. Manifestacións electorais ante o concello de Viveiro con incidentes e altercados.	novembro 1912)
1912	Novo alcalde da cidade Carlos Llamas Navia. IVª Asemblea Agraria en Ribadavia. Paso dos reis Alfonso e Victoria pola cidade. A *Liga de Amigos* mantivo unha grande actividade e impulsou as festas de San Froilán. Celebración en abril dos Xogos Florais. Corredoyra expoñía no Museo *Nacional de Bellas Artes*. Declaración de monumento nacional da muralla de Lugo.	
1913	Regreso de López Pérez á Alcaldía de Lugo. Corredoyra seguiu coa súa pintura e publica en *El Progreso* un artigo. Marcial Neira pasou como novo presidente da *Liga de Amigos*. O día 2 de febreiro, celebración dun festival infantil. Protestas de lucenses ante o proxecto do goberno de suprimir o Catecismo nas escolas. Publicación *Estudios Gallegos* en Madrid. Prohibición polo Bispo da lectura do diario *El Norte de Galicia*.[435] Mitin das alumnas do instituto en contra da entrada das forzas nas universidades de Barcelona. A *Liga de Amigos* seguiu ofrecendo *matinées* no *Círculo de las artes*.	Eduardo Dato (outubro 1913-decembro 1915)
1915	Folgas agrarias contra os foros.	
1916	Nace Irmandades da Fala, fundado entre outros polos lucenses Antón Vilar Ponte (Viveiro 1890-1953) e Luis Porteiro Garea (Lugo 1889-Frades 1918). Aparece o seminario *A Nosa Terra*.	Álvaro de Figueroa (decembro 1915-abril 1919)
1917	Asunto polémico na prensa lucense: 25 defuntos nas revoltas de Narón e Sofán. Ramón Cabanillas publicou *Da Terra Asoballada*. Políticos da Liga de Cataluña en Galicia.	
1918	Manifestación da Asemblea Nacionalista de Lugo.	Maura (marzo 1918-novembro 1918)
1919	Manifesto do Partido Nacional Galego.	Sánchez de Toca (xullo 1919-decembro 1919)
1920	V. Risco saca á luz o libro *Teoría do nacionalismo galego*. Apareceu a publicación cultural *Nós*.	Eduardo Dato (maio 1920-marzo 1920)
1922	Nova organización política Irmandade Nacionalista Galega, impulsada por Vicente Risco.	Sánchez Guerra (marzo 1922-decembro 1922)

[435] O director deste periódico foi Emilio Tapia Rivas e os principais redactores dende 1900 ata 1923: Antonio Couceiro Freijomil, Juan Ramón Somoza, Ramón Robles Neira, Manuel Molina Mesa e como colaborador a Manuel García Blanco. Vide Ana María Rodríguez Rivas, *O xornalismo en Galicia: percorrido histórico pola prensa de Lugo* (Vigo: Galaxia, 2005).

1923	Creación do Seminario de Estudos Galegos e creación da Escola do Ensino Galego na Coruña.	Ditadura Primo de Rivera (setembro 1923-xaneiro 1930)
1925	Decreto do Goberno pola redención de foros. A Sociedade Nacionalista Pondal, desde Bos Aires, edita *A Fouce*.	
1926	*Congreso Pedagóxico Rexional* na Coruña con moita audiencia.	
1929	Fundación da Organización Republicana Galega Autónoma (ORGA), coa colaboración de Casares Quiroga e A. Vilar Ponte.	
1930	Pacto de Lestrove do republicanismo galego. Fundación da *Federación Republicana Gallega* (FRG), representando a Galicia nos pactos na política da república. Vicente Risco publica *El problema político de Galicia*.	
1931	Fundación nacionalista *Partido Galeguista* que reclamou o Estatuto de Autonomía. Aprobación das bases do Estatuto na Asemblea da FRG na Coruña, presidida por Alonso Ríos e por Suárez Picallo. Celebración do "Día de Galicia. O día da Nosa Fala Nacional". Irmandades de Fala.	Azaña (outubro 1931-setembro 1933)
1932	Creación do partido *Unión Socialista Galega*. Tema de interese na prensa lucense: celebración da Asemblea de Concellos pro-Estatuto en Santiago.	
1933	Temas de interese neste ano: naceu *Galeusca* (pacto das forzas políticas de Galicia, Euskadi e Cataluña) e o movemento estudantil Ultreya de Álvaro das Casas.	
1934	ORGA fusiónase coa *Esquerda Republicana* de Azaña.	Lerroux (decembro 1933-abril 1934)
1935	Pacto entre *Partido Galeguista* e *Esquerda Republicana* para a republicanización e a autonomización de Galicia.	
1936	O *Partido Galeguista* asóciase á Fronte Popular. O 28 de xuño referendo Estatuto de Autonomía de Galicia, votado a favor pola maioría. Plebiscito no que participou activamente Ben Cho Shey en Lugo. Comezou a Guerra Civil, paralizando a vida política de organizacións e movementos políticos contrarios á sublevación.	Azaña (febreiro 1936-maio 1936)

Fonte: Elaboración propia. Para 1900-1930, en José Trapero Pardo, *Lugo 100 años de vida local* (Lugo: Edicións Celta, 1969), 208-263; Para 1930-1936, en Blanca García Montenegro (cord.), "Lugo: cien años de progreso", Lugo, *El Progreso,* 1 de marzo de 2008; e tome en consideración o Cadro 30, "Acontecementos socio-políticos e culturais en Galicia (1900-1936); en Antón Costa Rico, *Historia da educación e da cultura en Galicia* (Edicións Xerais, 2004), 837-838 e en José Ramón Fernández Oxea, *Ben Cho Shey. Diario de Lug*o (Lugo: Deputación de Lugo, 2024).

A implantación da escola pública foi un proceso dificultoso, debido principalmente aos limitados recursos dirixidos á ensinanza primaria polos concellos e polo goberno central, salvo o período da ditadura de Primo de Rivera e a Segunda República, onde se aprecia un maior esforzo económico dirixido ás construccións escolares. Ademais as cartas da alcaldía da cidade clarificaban as razóns polas que non se cumpría a Lei Moyano no referente á creación de centros públicos: falta de demanda de prazas, pouco decoro das escolas e falta de recursos económicos para soster os centros educativos. As limitacións económicas, a obsoleta metodoloxía e o grande absentismo escolar foron problemas que limitaban a creación de centros educativos de Primeiro Ensino no século XX.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

O tradicionalismo da organización escolar

Respecto ao tradicionalismo da organización escolar lucense do século XX, cómpre ter en conta a cuestión lexislativa anterior: A Lei Moyano de 1857. Esta normativa estableceu o ensino primario obrigatorio para nenos e nenas, entre os seis e os nove anos de idade. Os contidos impartidos continuaban sendo diferentes para as mulleres: para elas tiñan que facer as faenas domésticas, costura, debuxo aplicado ao fogar e nocións de hixiene doméstica.[436] A segregación da ensinanza por xénero foi unha cuestión herdada do século XIX. En efecto, antes e despois da Lei Moyano, a ensinanza separaba a homes e mulleres. Esta mesma tendencia aplicouse no ensino do maxisterio, que regulaba tamén a creación separada das escolas normais de mestres e de mestras. A finais do século XIX, as comunidades veciñais de menor poboación agrupábanse con outras veciñanzas para habilitar unha Escola Elemental completa, senón era posible isto creábase administrativamente unha incompleta, que máis tarde, os concellos pagaban o alugueiro. Como última opción se recorreu á organización dunha escola de ferrado ou de tempada, con servizo dun mestre nunha determinada época do ano.[437] No Congreso Pedagóxico de 1892 tratouse o tema da aplicar unha mesma educación para alumnos e alumnas. Aínda que estas propostas non foron aceptadas, algúns docentes mostraron a súa predilección pola educación conxunta de ambos sexos en todos os niveis.[438]

Ilustración 9. Purificación de Cora y Más Villafuente fudador do diario *El Progreso* en 1908

La mujer más virtuosa e ilustrada se considera por la ley como inferior al hombre más vicioso e ignorante, y ni el amor de madre, ¡ni el santo amor de madre!, cuando queda viuda, inspira al legislador confianza de que hará por sus hijos tanto como el hombre. ¡Absurdo increíble!

Es tal la fuerza de la costumbre, que saludamos todas estas injusticias con el nombre de derecho. Podríamos recorrer la órbita moral y legal de la mujer y hallaríamos en toda ella errores, contradicciones e injusticias. La mitad del género humano, la que más debiera contribuir a la armonía, se ha convertido por el hombre en un elemento de desorden, en un auxiliar del caos, de donde salen antagonismos y luchas sin fin.

Los problemas de la mujer en sus relaciones con el hombre y con la sociedad, están siempre más o menos fuera de la ley lógica. ¿Es esto razonable?, ¿es racional siquiera? No hay más que una razón, una lógica, una verdad. El que quiera introducir la pluralidad donde la unidad es necesaria, introduce la injusticia y con ella la desventura.[439]

Dende 1921, difundíronse novas teorías mediante congresos, publicacións corporativas e colectivas.[440] Ademais, nestes anos leváronse a cabo varios intercambios de material pedagóxico.[441] Salvo excepcións, na escola lucense continuábanse

[436] En José Manuel Vázquez López, "Escuela de Madres-La Gota de Leche", *Actas do V Congreso Manuel Luís Acuña* (Orense: Deputación Provincial de Ourense, 2021), 129-139.

[437] En Manuel B. Cossío, *La enseñanza primaria en España* (Madrid: Edit. R. Rojas Museo Pedagóxico Nacional, 1915), 28.

[438] En C. Arenal, *La emancipación de la mujer en España* (Madrid, Júcar, 1974), 10.

[439] Vide Concepción Arenal, *Da muller da súa casa á muller do porvir* (Santiago de Compostela: Xunta de Galicia e Sotelo Blanco Edicións, Colección: As letras das mulleres, 2006).

[440] En Antón Costa Rico, "A Nova Educación (1921-2021) (LIEN): A Ligue Internatinale pour L'Éducation Nouvelle", *Sarmiento: Revista Galego-Portuguesa de Historia da Educación*, Nº 25 (2021): 10.

[441] En T. Causi, "El intercambio de material pedagógico", *Revista de Pedagogía*, Nº 11, Ano I (1922): 418-422.

empregando métodos pedagóxicos persuasivos e conductuais, a pesar dos novos contidos teóricos da *Escola Nova* achegados por: algúns mestres, inspectores, ILE e LIEN.[442] En Lugo, Salvador Castro Freire citaba textualmente:

> En todas estas escuelas se empleaban métodos pedagógicos parecidos; sistemas persuasivos y convincentes: encierro, vara y palmetazos. Por algo dice el refrán: "la letra con sangre entra". La Gramática, la Geografía, la Historia y la Aritmética, sólo con varas se explicaban. La escuela era el terror de los muchachos. La escritura era la preocupación de los maestros y la pesadilla de los chicos. [...] A las niñas se le educaba en colegios particulares. Doña Emilia Nieto, las Señoritas de Rois, figuraban en primer término. Las enseñanzas principales eran cultura general y labores. La música y el piano eran la ilusión de las mamás.[443]

Nas zonas rurais da provincia de Lugo, a maioría das escolas eran unitarias. Nas cidades e concellos que contaban con dúas escolas elementais era frecuente que a ensinanza estivese separada por xénero. Incluso os contidos que se impartían nestes centros eran distintos para nenos que para nenas, xa que se consideraba que os temas de faenas domésticas e costura eran temas propios do sector feminino. Moitos textos da época sinalaban que as mulleres debían de ser educadas para facer os traballos do fogar. Esta cuestión reproduciuse en Lugo de xeito similar: "Las enseñanzas principales eran cultura general y labores. O obxectivo desta ensinanza era conseguir que as mulleres e nais tivesen unha elevada formación doméstica. As novas correntes impulsadas pola ILE vivificaron o contexto para por en marcha propostas máis progresistas. Emilia Pardo Bazán apostou pola igualdade no sistema educativo. Salvador Castro Freire na súa obra *Lugo y sus hombres* manifestaba a presenza na capital lucense dunha escola mixta dirixida pola mestra Carmen de Chaín "La Tajonera".[444] En total, na provincia de Lugo existían 226 escolas mixtas incompletas.[445] Estamos nun momento en que a nivel nacional comezan a xurdir iniciativas na ensinanza da muller como a *Residencia de Señoritas* en 1915, institución dirixida en Madrid por María de Maeztu: un centro feminino similar á residencia de estudantes masculina creada anteriormente e que se converteu nun centro nacional de referencia para as mestras.[446]

Un dos factores que limitaba a organización escolar en Lugo foi o escaso nivel de recursos, a ensinanza atopándose limitada polas malas condicións de hixiene, en efecto a maioría dos locais estaban en moi mal estado.[447] Xeralmente tiñan problemas de humidade, estantes vellos e sucios, con furados nas paredes que non illaban a clase do frío, o ruído e os olores desagradables.[448] Tanto foi así, que no inverno de 1915 produciuse un dos sucesos que máis conmoveu a opinión pública sobre o deteriorado dos centros educativos: o "Incidente da Escola de Tirimol", onde os temporais de choiva e neve provocaron o derrube do colexio, unha alumna morta e 35 alumnos feridos. Do mesmo xeito, en maio de 1927 se produciron o afundimento doutras escolas.[449]

---

[442] En Nicolás Longarón, "Para Vida Escolar", *Número especial sobre a Semana Pedagóxica Lucense*. *Vida Escolar*, Nº 336, ano VII (1933): 8.

[443] En Salvador Castro Freire, *Lugo y sus hombres. Ensayo de síntesis histórica* (Lugo: Edit. Celta, (...)), 129.

[444] En Salvador Castro Freire, *Lugo y sus hombres. Ensayo de síntesis histórica* (Lugo: Editorial Celta), 128-129.

[445] En Antonio Correa Fernández, *Historia fin de siglo* (Lugo: Tipografía de A. Villamarín, Tomo I, 1900), 72.

[446] En Raquel Vázquez Ramil, *Mujeres y educación en la España contemporánea. La Institución Libre de Enseñanza y la Residncia de Señoritas de Madrid* (Madrid: Akal, 2012), 182.

[447] En José Rodríguez Mourelo, "Condición social de los niños labradores en Galicia", *Reformas Sociales. Información escrita practicada por la Comisión de Reformas Sociales en Madrid. Publicada en 1890* (Madrid: Centro de Publicaciones del Ministerio de Trabajo y Seguridad Social, 1985), 188.

[448] En Germán Lastra, "La escuela del porvenir- Ojeada retroespectiva. La Escuela III", *El Progreso*, Lugo: 10 de xaneiro de 1932.

[449] En *El Progreso*, Lugo, 3 de febreiro de 1915.

No Concello de Vilalba, capital da Terra Chá, as condicións das escolas eran deficitarias, salvo as numerosas construcións indianas promovidas pola *Liga Santaballesa*, *Unión Vilalbesa* ou o *Progreso de Lanzós*. A través destas asociacións os cartos dos emigrados retornaban de xeito produtivo, chagando a constituír un factor económico e segundo Antón Costa Rico un dos capítulos máis fermosos da historia de Galicia. Para entender mellor este movemento dentro do panorama do ensino cómpre ter en conta o artigo de T. Zurra no que describía a situación concreta das escolas de Vilalba en 1912:

> O mestre de Tardade está a poñer escola nun alpemdre de meter leña que non servía á súa dona para gardar as ovellas e ten que servir de casa escola para que os nenos se acostumen aos rigores do inverno, á choiva que entra polo tellado callado de carpichosos portelos, e ao aire xeado que entra libremente polo enorme bocarte do local infame. Aterecidos de frío, ben poden os nenos prestar atención aos estudos.
>
> En Goiriz está a poñer escola en medio de catro paredes destinadas á construcción dunha capela; no piso da escola está depositada constantemente a auga; non ten máis luz nin ventilación que a porta, que por necesidade ha de estar sempre aberta á fin de que os nenos vexan as letras que aprenden e as que escriben. E neste local tan húmido, que non podrécesen os obxectos e útiles de ensino, tan sucio, tan antihixiénico e tan reducido que non ten máis de sete metros cadrados, é onde se ha de dar a educación á unhas cento cincuenta nenas que é á o que ascende a matrícula de Goiriz. Non é extraño que moitos pais que non perderon aínda o cariño a os seus fillos prefiran deixalos na casa antes de que vaian coller unha enfermidade á escola; nin será estraño que en Goiriz e noutras aldeas vexamos os homes con corpo mozo e alma en cueiros.
>
> En Santaballa, á pesar de ser un local relativamente superior, ten o non pequeno inconveniente de respirar polas ventás as emanacións do ceminterio.
>
> E non citamos máis por non encher máis espazo, senón sería interminable a lista ou polo menos sería extensa como o número de escolas do noso concello. E son suficientes para demostrar que [...] non pode haber nin escolas nin mestres.[450]

Outro suceso importante foi o accidente de bus no que morreron varios nenos, o 30 de agosto de 1931.[451] Os mestres da provincia de Lugo eran conscientes destes problemas e algúns deles demandaron unha mellora da situación do sistema educativo provincial: "los maestros nacionales y todos los que en esta provincia sienten ansias de mejoramiento de la Escuela".[452] Ademais, outros axentes sociais en Lugo demandaron unha solución, por exemplo, o político Germán Latra indicaba no inverno de 1932:[453]

> ...,le diré que entre las muchas veces que pedí a la primera autoridad del Ayuntamiento que me sacase de esta mazmorra donde se marchita mi vida y la de mis pobres pequeñuelos. [ao que o representante do Concello de Lugo respondía] Son ustedes muy inflexibles y no me da la gana de atenderle. Ha de aguantarse en el local que tiene cuando sepa que yo, lo que sé, lo aprendí en una cuadra (Rigurosamente histórico).[454]

[450] En T. Zurra, "Escolas e mestres", *El ratón,* Ano II (Marzo de 1912): 1

[451] En Antón Grande, "Lugo sufrió en agosto de 1931 un accidente de bus con 14 muertos y cerca de 40 heridos", *La Voz de Galicia,* 18 de agosto de 2013, 97-99, extraído o 21 do outubro de 2023 de: https://www.lavozdegalicia.es/noticia/firmas/2013/08/18/lugo-sufrio-agosto-1931-accidente-bus-14-muertos-cerca-40-heridos/0003_201308L18C5991.htm); e M. D. Seijas Soto, *El maestro de Zaín,* (Lugo. Edicións Libertarias, 2009) 97-99.

[452] Ídem.

[453] En José Manuel Vázquez López, "Relación entre a defensa da escola rural cos inspectores e Mestres (Lugo 1900-1936)", *Educació i desenvolvement rural als segles XIX-XX-XXI* (Lleida: Universitat de Lleida, 2018), 161-175.

[454] Ídem.

Na provincia de Lugo existiron varias *circunstancias que favoreceron o predominio de organización* escolar tradicional, en primeiro lugar, convén ter en conta que o ensino primario nesta provincia se atopaba nun proceso de desenvolvemento embrionario: os centros educativos estaban en malas condicións, existía unha presenza importante de institucións privadas nas cidades e a maioría das escolas da provincia non estaban graduadas, tendo que aplicar o método de "ensinanza mutua" para atender aos diferentes ritmos dos educandos.[455] Os poucos centros educativos graduados creados na provincia de Lugo tiñan orixe indiano, con excepción da situada na praza de Santo Domingo en Lugo ou nos franciscanos en Viveiro.[456] Este último centro estaba dirixido polo mestre José María Pereda Álvarez.[457] O alto número de alumnos por aula favorecía a aplicación dunha ensinanza bancaria e pasiva, debido a imposibilidade de realizar unha intervención individualizada.

Os traballos e informes realizados polos inspectores Joan Comas Camps, Jacinto Ruiz Santiago, Luis Soto Menor, José del Peso y Sevillano e José Galera Moreno describiron unha *imaxe histórica da organización escolar* na provincia luguesa practicamente idéntica.[458] Esta visión tamén foi coincidente co testemuño do xornalista Luis Bello Trompeta e coa dalgúns mestres da provincia. Con base nisto, ponse de manifesto as seguintes características da escola de Lugo no primeiro terzo do século XX segundo Luis Soto Menor:[459]

1. *Ratio* elevada de alumnado por aula.
2. Emprego de libros de carácter relixioso.
3. Profunda limitación dos recursos persoais e materiais.
4. Falta de celo dalgúns mestres.
5. Malas condicións hixiénicas e pedagóxicas.
6. Forte presenza das institucións privadas e relixiosas nas principais cidades da provincia: Lugo, Mondoñedo e Monforte.
7. Falta de principios pedagóxicos renovadores.
8. Escaso soldo dos mestres.
9. Falta de asistencia escolar en épocas de sementeira e recolleita.
10. Contribución económica dos nenos e nenas ao traballo agrícola.
11. Emprego do castelán como lingua vehicular.
12. Emprego de métodos pasivos e bancarios.
13. Distanciamento existente entre o programa escolar, a cultura e a lingua ambiental.

No primeiro terzo do século XX, a organización escolar e o currículo sufriu algún cambio como na *Escola de Santaballa,* pero a maioría dos colexios lucenses durante o primeiro terzo continuaron empregando unha organización e un currículo tradicional. Os libros empregados nestes colexios eran en castelán, de préstamo e repartíanse diariamente. Normalmente concentrábanse en dous campos: matemáticas e lingua. Ao

[455] En Antón Costa Rico, *La educación en Galicia (1669-1970)* (A Coruña: Universidade de Santiago, 1999), 33

[456] En Antón Costa Rico e Uxía Bolaño Amigo, "Represión política e castigo do profesorado republicano na provincia de Lugo. As consecuencias do 36", *Sarmiento,* Nº 21, (2017): 101.

[457] Vide Emilio Xosé Ínsua, *Verdades Como Puños y Consideraciones* (Xunta de Galicia, 2023), 72.

[458] En José Peso y Sevillano, "La cultura popular gallega", *Vida Escolar,* Nº 91, ano II, (1928): 4.

[459] En Luis Soto Menor, "Informe de Luis Soto Menor da Junta Provincial de Lugo" (APL, Fondo Concello. Sinatura: 1202-01, 1924) e Quintela Ferreiro, "Problemas de la escuela actual", *El Progreso,* Lugo, 14 de outubro de 1923.

longo das xornadas tomábanse notas, recitábanse leccións e memorizábanse textos en moitas ocasións pouco significativos para os alumnos: como o metódico *Catón para niños* de José González Seijas, a *Guía del Artesano* e o *Silabario.* O Catón era un libro de desenvolvemento da lectura de orixe latino, que tivo moitas e diferentes edicións. Acotío este recurso didáctico albergaba conceptos básicos do abecedario, silabario e palabras, frases e exercicios curtos; graduados segundo a dificultade para a práctica e aprendizaxe das primeiras letras. Ao longo do tempo elaboráronse numerosas reestruturacións, pero todas elas tiñan en común o perfil moralista encamiñadas á ensinanza do bo comportamento. Estes eran recursos frecuentemente empregados nas institucións escolares para traballar o método do deletreo e o silabeo. As guías eran libros autónomos que tiñan unha orientación moral e administrativa, e en menor medida metodolóxica.[460] Tendo en conta a dialéctica gramsciana, sería interesante facer unha reflexión sobre os valores transmitidos nestas obras.[461]

Ilustración 10. Catón metódico para a ensinanza da lecto-escritura de José González Seijas[462]

Para tomar notas usábase unha lousa e xiz, tamén empregábanse cadernos e plumas. A metodoloxía empregada era pasiva, cantábase a táboa de multiplicar e recitábase o *catecismo* con moita frecuencia.[463] Nos cursos máis avanzados realizábanse longos ditados, contas de aritmética, problemas de matemáticas e estudaban Astronomía e Xeometría. Estas aprendizaxes, acotío acadábanse a través do uso das Táboas de Aritmética, que eran pequenos folletos con táboas de restar, sumar, multiplicar e dividir. Ademais este recurso didáctico tiña equivalencias do uso de peso, lonxitude, capacidade e nocións espaciais. Estas actividades ocupaban gran parte da xornada escolar. No último curso da escola primaria, os alumnos chegaban a realizar fraccións e a regra de tres.[464] Respecto ao control das discentes empregábase con frecuencia un sistema de modificación condutual baseado en premios e castigos. Para os alumnos con bo comportamento outorgábanse privilexios, en cambio para aqueles escolares que se portaban mal castigábase con algunha tarefa sen interese para eles.[465]

Aludindo ao tempo extraescolar, os alumnos e as alumnas acudían ao colexio andando, sempre que non tiveran que axudar nas tarefas agrícolas.[466] Os escolares acostumaban a formar cuadrillas e os xogos preferidos nos períodos de lecer eran: a raia, o marco, o aro, o corro, a pelota de trapo, o pano e a pillar. En ocasións os nenos e nenas acostumaban a comer na aula ou nalgún lugar abrigado, debido á dura

[460] En Narciso de Gabriel, "Guías e libros do mestre en España (1850-1936)", *Sarmiento,* Nº 1 (1997): 112.

[461] Vide Nick Mead, *Moral and political values in teacher education over the time international perspectives* (London-New York: Routledge, 2023).

[462] Achegamos as fotografías das portadas dos libros empregados na época para amosar o marcado carácter clerical do material didáctico.

[463] Vide Francisco Cabello, *Catecismo de Ripalda* (Serradilla: Editorial Sánchez Rodríguez, 1932).

[464] Vide descrición da escola feita polo inspector José del Peso. En José del Peso y Sevillano, "La cultura popular gallega", *Vida Escolar,* Nº 91, ano II (1928): 4.

[465] En Eugenio Carré Aldao, "Sociedad de amigos de los árboles", *Boletín de la Real Academia Gallega* (1 de novembro de 1918): 199.

[466] En José Manuel Vázquez López, "Relación entre a defensa da escola rural cos inspectores e Mestres (Lugo 1900-1936)", *Educació i desenvolvement rural als segles XIX-XX-XXI* (Lleida: Universitat de Lleida, 2018), 161-175.

climatoloxía invernal lucense. A vestimenta polo xeral era pantalón, chaqueta de pana, zocos e calcetíns de la. As nenas vestían saias ou vestidos de pano ou estameña.[467]

Trala visita á provincia de Lugo de Luis Bello, este xornalista sinalaba que a maior parte das parroquias eran certamente desafortunadas, sobre todo no referente á dotación escolar. Este aspecto tiña influencia na organización escolar e na metodoloxía. A final dos anos vinte a maioría dos centros seguían sendo insalubres e sórdidos, en palabras textuais dos propios campesiños: as escolas no eran do seu agrado polo seu mal olor e polo frío.[468] Ademais, moitos edificios tiñan polo xeral "un mal estado de conservación".[469] Igualmente, os inspectores de ensino primario destinados en Lugo deixaron constancia dunha frecuente preocupación polas condicións hixiénicas, pedagóxicas e ambientais.[470]

Cadro 10: Características organizativas e curriculares dominantes nas escolas da provincia de Lugo (1900-1936)
1. Emprego regular de métodos de ensinanza tradicional.
2. A maioría de escolas eran unitarias.
3. Condicións pedagóxicas heteroxéneas.[471]
4. Expansión de "escolas de ferrado" ata comezos do decenio de 1970.[472]
5. O Estado exerce un control administrativo mediante os inspectores.[473]
6. Presenza de escolas de tempada.
7. Mala estruturación administrativa de modelo municipal que desatendía as escolas das parroquias.[474]
8. Presenza de Aulas clandestinas.[475]
9. As escolas públicas non tiñan as condicións axeitadas dispostas na lexislación no referente ás condicións espaciais e materiais.[476]
10. Presenza de infraestruturas escolares de indianos especialmente na Mariña Lucense.[477]
11. Forte presenza de institucións relixiosas nas cidades.
12. As mellor dotadas foron as escolas indianas.[478]
13. Redución da presenza relixiosa coas disposicións de 1932-33.[479]

[467] En José Galera Moreno, "Dignidad", *Vida Escolar,* Nº 226, ano , (1931): 6-7.

[468] En Luis Bello Trompeta, "Los trabajos y los días-Luis Bello en Lugo", *Vida Escolar,* Nº 91, ano II (1928): 3-4.

[469] En Salomó Marqués, "Un mestre catalán nunha aldea galega", *Revista Galega de Educación,* Nº 18 (1933): 60-64.

[470] En Manuel Panero, "Informe do inspector Manuel Panero" (Lugo: APL, Fondo: Concello. Sinatura: 931, 1900).

[471] Existe unha descrición na obra con prólogo de Gonzalo Anaya. En Luis Bello Trompeta, *Viaje por las escuelas de Galicia* (Madrid: Akal, 1973).

[472] Estudo sobre a presenza en Lugo de escolas de ferrado. En Narciso de Gabriel Fernández, "A cultura escolar popular e as escolas de ferrado", *Eduga: revista galega de ensino,* Nº 55, (2009): 72; vide Narciso de Gabriel Fernández, *Escolantes e escolas de ferrado* (Vigo: Xerais de Galicia, 2001).

[473] En Antón Costa Rico, *Escolas e Mestres*.... (Santiago: Servizo Central de Publicacións Xunta de Galicia, 1989), 126.

[474] En Antón Costa Rico, *Historia da educación e da cultura en Galicia* (Vigo: Xerais, 2004), 929.

[475] En Antón Costa Rico, *Escolas e Mestres. A educación en Galicia: Da restauración á Segunda República* (Santiago: Editorial Servizo Central de Publicacións Xunta de Galicia, 1989), 125.

[476] En E. Reboredo Blanco, "Solicitud de acondicionamiento de centro escolar en el período de vacaciones para no interferir en el comienzo de las clases" (Lugo: APL. Concello. Sinatura: 931, 1911).

[477] Vide Vicente Peña Saavedra, *Éxodo, organización comunitaria e intervención escolar* (A Coruña: Xunta de Galicia, 1993); e José Del Peso y Sevillano, "Galicia y su Enseñanza Primaria" (Madrid: Arquivo JAE. Sinatura: JAE/115-391, xuño-1925).

[478] Podemos atopar os informes onde describían o mal estado das escolas en Luis Soto Menor, "Informe de Luis Soto Menor da Junta Provincial de Lugo" (Lugo: APL. Fondo Concello. Sinatura: 1202-01, outubro-1924).

[479] Referímonos a disolución dos Xesuítas e a substitución das ordes relixiosas debido a normativa promulgada na II República.

Fontes: Elaboración propia. Vide Narciso de Gabriel Fernández, *Escolantes e escolas de ferrado* (Vigo: Xerais de Galicia, 2001); Antón Costa Rico, *Escolas e Mestres....* (Santiago: Servizo Central de Publicacións Xunta de Galicia, 1989), 125-126; Antón Costa Rico, *Historia da educación e da cultura en Galicia* (Vigo: Xerais:, 2004) 929; E. Reboredo Blanco, "Solicitud de acondicionamiento de centro escolar en el período de vacaciones para no interferir en el comienzo de las clases", (Lugo: APL. Sinatura: 931, 1911); Vicente Peña Saavedra, *Éxodo, organización comunitaria e intervención escolar*, (A Coruña: Xunta de Galicia, 1993); e José del Peso y Sevillano, *Galicia y su Enseñanza Primaria* (Madrid: Arquivo JAE. Sinatura: JAE/115-391, xuño 1925); podemos atopar os informes onde describían o mal estado das escolas en Luis Soto Menor, "Informe de Luis Soto Menor da Junta Provincial de Lugo" (Lugo: APL. Fondo Concello. Sinatura: 1202-01, outubro 1924).

En último termo, na provincia de Lugo non só preocupaban as condicións pedagóxicas, tamén existía certa inquietude polos *aspectos estéticos*, unha cuestión historicamente bastante esquecida e apartada nas construcións escolares, salvo excepcións como o edificio do *Colexio dos Escolapios* en Monforte. Así, o 25 de maio de 1910, a dirección do centro vendía o cadro titulado *La Adoración de los Reyes* para sufragar a reconstrución do edificio.[480] Tamén estaban en boas condicións algunha edificación indiana e que tiñan un sentir estético apropiado, destacando as da Mariña Lucense e as da Terra Chá, especialmente a Escola Habanera de Santaballa ou a Escola de Simón da Costa, sobre todo polo seu contorno.[481] Moitas destas escolas eran réplicas de casas americanas, decoradas con formidables balconadas e palmeiras, signo de bonanza económica. Estes asuntos estéticos suscitaban polo xeral pouco interese no ciudadano das localidades da Mariña. A costa de Lugo contaba con edificios escolares cun aspecto decorado, iluminado, hixiénico e confortable, grazas ao impulso dos recursos alén de ultramar. Asemade, Luis Bello describiu a maxestuosidade dalgunhas escolas instaladas polos indianos. Calquera das escolas construídas pola *Sociedade de Viveiro y su Comarca*, como a de Merille situada preto da parroquia de Ourol, ou a de Magazos: estes centros tiñan unhas boas condicións a pesar de non ter vivenda para o mestres.[482] En palabras textuais de José del Peso y Sevillano Galicia, a ensinanza primaria beneficiouse dos influxos ultramarinos dos emigrados, comezando así un proceso de renovación cultural.

Respecto á organización das *escolas indianas* era máis axeitada, situadas polo xeral na Mariña Lucense e na Terra Chá. Nos centros unitarios de construción americana a ensinanza era mixta e non graduada salvo excepcións como a escola fundada polo indiano Vicente Casabella en Ourol, centro constituído por dúas clases. Tamén no municipio de Viveiro, na parroquia de Galdo, existía en 1928 unha das mellores escolas lucenses a nivel organizativo. Este centro era mixto e tiña un enorme casal indiano onde acudían setenta nenos e nenas. Segundo o propio Luis Bello: "La escuelita mixta más rica y más absurda que ha creado en Galicia el espíritu de los americanos".[483]

Segundo o inspector José del Peso, outra cuestión importante que afectou á organización escolar foi o alto *absentismo escolar*,[484] asociado ao costume tradicional

[480] Pedro Gómez Álvarez, *O ensino a terra de Lemos nos séculos XIX e XX* (Monforte de Lemos: Deputación de Lugo, 2022), 253.

[481] Vide Xosé Pombo Mosquera, *Liga Santaballesa. Historia dunha Escola Habanera 1907-2007* (Vilalba: Padroado da Liga Santaballesa, 2007).

[482] En Luis Bello Trompeta, "Vivero. Campo y Mariña", *Vida Escolar,* Nº 159, ano IV (1930): 1-2.

[483] Ídem.

[484] En Joan Comas Camps, "Asistencia escolar y analfabetismo", *Vida Escolar* (1930): 3.

de que os nenos axudaran nas tarefas agrícolas: sobre todo no tempo de sementeira e recolleita a poboación lucense das zonas rurais organizaba a súa vida en función das tarefas agrícolas.[485] Por este motivo, nestes meses o nivel de absentismo escolar foi maior. Esta circunstancia obrigaba ao mestre a adaptar tanto a organización como o currículo escolar. Así, a asistencia dos discentes ás clases era interrompida e irregular polas esixencias agrícolas, sendo esta circunstancia un grave prexuízo para a continuidade dos procesos de ensinanza/aprendizaxe dos alumnos e alumnas. Na procura de solucións sobre o tema do absentismo escolar, o inspector lucense Jacinto Ruiz afirmaba que unha posible solución á falta de asistencia escolar nos períodos de sementeira e recolleita era "adaptar as horas de clase ás faenas agrícolas".

> Y aún cabe más; establecer las horas de clase de acuerdo con las de las faenas agrícolas. Esto lo creo una necesidad y más fácil de realizar que el establecimiento de roperos y cantinas escolares rurales, que suena una utopía bastantes años.[486]

Así, na *Semana Pedagógica de 1933*, o mestre da Escola de San Martiño en Foz, Manuel Cordeiro, indicaba que a regularización da asistencia continuaba a ser un dos problemas educativos na provincia. Nunha cuartilla publicada na revista *Vida Escolar* este mestre sinalaba que esta situación era froito da herdanza dos poderes absolutistas, presentando un contorno rural pobre onde os nenos víanse obrigados a traballar coas familias. Así, os alumnos acudían á escola cando os seus pais non tiñan cargas familiares e agrónomas en exceso. Este docente recoñecía que os escolares tiñan que traballar e que as súas familias non podían prescindir da súa axuda, debido ás penurias económicas ás que estaban sometidas diariamente, unha mala colleita significa un ano de necesidade alimenticia:

> Es que en estos pueblos presentan facetas tales que los niños desde la tierna edad de ocho a doce años se ven obligados a realizar trabajos impropios de las personas de más avanzada edad, y sin el rendimiento de este cotidiano trabajo los hogares de esas humildísimas familias se verían envueltos en el manto de las más espantosa miseria.[487]

Respecto á *difusión de novas teorías* escolares en Lugo, Joan Comas analizou os problemas da asistencia escolar e o analfabetismo,[488] trasladando a idea da aplicación dunha ensinanza única, unificada e individualizada.[489] Asemade afirmou que os novos métodos organizativos foron difíciles de aplicar debido á falta de recursos, á forte presenza eclesiástica e á reticencia á introdución de cambios pedagóxicos. Ademais, Comas defendeu a aplicación da persoalización da ensinanza. Mediante un artigo dividido en tres partes este inspector explicaba en que consistía esta organización metodolóxica.[490] Na revista *Vida Escolar* tratou o modo en que se debía de facer fronte á atención á diversidade nas escolas, aludindo ás ideas de Èdouard Claparède de adoptar unha postura intermedia, para atender aos *diferentes ritmos* dos discentes en clases numerosas. Ademais criticaba a postura incoherente do sistema educativo español que aplicaba un modelo uniforme en aulas diversas. Por outro lado analizaba a posibilidade de realizar desdobramentos das clases por niveis, afirmando que estes métodos só

[485] En José Manuel Vázquez López, "Relación entre a defensa da escola rural cos inspectores e Mestres (Lugo 1900-1936)", *Educació i desenvolvement rural als segles XIX-XX-XXI* (Lleida: Universitat de Lleida, 2018), 161-175.

[486] En J. Ruiz, "La primera enseñanza en la provincia de Lugo-1927", *Vida Escolar*, Nº 40, ano I (1927): 4.

[487] En Manuel Cordeiro, "La asistencia escolar en el rus", *Vida Escolar*, Nº 336, ano VII (1933): 26.

[488] En Joan Comas Camps, "Asistencia escolar y analfabetismo", *Vida Escolar* (1930): 3.

[489] En Joan Comas Camps, "Individualización de la enseñanza (continuación)", *Vida Escolar*, Nº 208, ano V (1931): 2-5.

[490] Esta obra foi editada en 1931 nos números de *Vida Escolar* 207, 208 e 209 respectivamente.

conseguían solucionar en parte o problema. Do mesmo xeito, este inspector describiu o método estadounidense *Dalton Plan* e o *Método Winnetka* como posibles solucións organizativas ante a imposibilidade de crear unha escola diferente para cada alumno, en ambas as dúas propostas aplicábase unha ensinanza individualizada. Comas realizou unha análise crítica da organización destas experiencias pedagóxicas.

Entre as súas *conclusións,* Joan Comas publicou un artigo tratando a importancia de coidar o interese, a individualización e as necesidades do alumno na ensinanza. Seguindo esta liña escribiu un artigo de dúas páxinas tratando a organización aplicada no sistema *Winnetka*, que comezou a empregarse en 1921:[491] este método caracterizábase pola procura das vantaxes do traballo individualizado, respectando as diferenzas individuais e a personalidade do alumno.[492] Na segunda parte deste artigo, Comas continuou analizando o tema da "Individualización na ensinanza" facendo referencia a tres ideas organizativas: a utilidade da selección dos contidos impartidos nas clases, a individualización dos traballos e a conciencia de estrutura social. Para xustificar a importancia da individualización,[493] Comas presentou catro principios básicos que afectaban á organización sobre os que se baseaba Washburne: o conformismo, a iniciativa, a independencia e a liberdade do alumno. Asemade propuxo a introdución da autorregulación do alumno e a autoavaliación dos traballos de aula.[494] Asemade mentres traballaba en Lugo, a súa muller Regina Lago preparaba o libro *Las repúblicas juveniles,* editado posteriormente en Madrid na *Revista de Pedagogía*.[495]

Tratando a cuestión da *análise da metodoloxía tradicional*, a organización xeral aplicada nas aulas das escolas lucenses foi valorada nos informes dos inspectores Luis Soto Menor, José del Peso y Sevillano e Joan Comas Camps. Nestes anos rexistráronse algúns cambios puntuais como a aplicación de experiencias de *ensinanza activa*, "fundamentalmente prácticas". Deste xeito, comezaron a difundirse novas vías de pensamento pedagóxico, na maior parte de orixe foránea, trasladadas pola ILE e o movemento da Escola Nova. Pese a isto, no proceso de modernización tamén apareceron algunhas ideas e proxectos de orixe endóxeno, como se establece no regulamento do *Plan de Estudos da Escola da Liga Santaballesa* en 1907,[496] planificación educativa que incluía na súa programación o estudo do galego e unha ensinanza asociada á natureza e ás teorías laicas europeas.[497] Ademais, algunhas institucións foron adaptándose ás distintas innovacións pedagóxicas do século XX: O profesor da Escola Graduada de Lugo e presidente da Asociación do Maxisterio Lucense Victoriano Tuñón y García escribía así sobre o "traballo manual":[498]

> Don Victoriano Tuñón y García, Regente de la Escuela graduada de la ciudad, y Presidente de la Asociación provincial del Magisterio público, legalmente autorizado por su Junta directiva y en

[491] En Joan Comas Camps, "Individualización de la enseñanza", *Vida Escolar*, Nº 207, ano V, (1931): 2-4.

[492] Vide Joan Comas Camps, "El sistema de Winnetka en la práctica", *Revista de Pedagogía* (1930).

[493] En Joan Comas Camps, "Individualización de la enseñanza (continuación)", *Vida Escolar*, Nº 208, ano V (1931): 2-5.

[494] En Joan Comas Camps, "Individualización de la enseñanza (continuación)", *Vida Escolar*, Nº 208, ano V (1931): 2-5; e Joan Comas Camps, "Individualización de la enseñanza (conclusiones finales)", *Vida Escolar*, Nº 209 ano V, (1931): 3-4.

[495] Vide Regina Lago García, "Las Repúblicas Juveniles", *Revista de Pedagogía* (1931).

[496] En Xosé Pombo Mosquera, *Liga Santaballesa. Historia dunha Escola Habanera 1907-2007* (Vilalba: Padroado da Liga Santaballesa, 2007), 29.

[497] En Antón Costa Rico, *Escolas e Mestres. A educación en Galicia: Da restauración á Segunda República*, (Santiago: Editorial Servizo Central de Publicacións: Xunta de Galicia, 1989), 125-126.

[498] En Antón Costa Rico, *La educación en Galicia (1669-1970)* (A Coruña: Universidade de Santiago, 1999) 33.

> representación de la misma, a vuestra excelencia respetuosamente expone: Que se halla implantado en casi todas las provincias de nuestra patria el trabajo manual educativo, que dando magníficos resultados en la enseñanza; y la Junta de mi presidencia, constituida por lo más culto del Magisterio provincial, desea que esta provincia no sea la última en implantar en sus escuelas este moderno provechoso sistema educativo, y laborando por la prosperidad ilustración y cultura de nuestra querida provincia han determinado celebrar en el verano próximo un Cursillo de trabajos manuales, y acaso y modesto certamen pedagógico, trayendo a dos o tres Maestros de los que fueron al extranjero a adquirir el conocimiento de dichos procedimientos, para lo cual sólo cuentan con los escasísimos recursos de esta naciente Sociedad, y cuatrocientas pesetas que la Excelentísima Diputación se ha dignado a conceder para tal fin, y consignó en su presupuesto para el año próximo. Y conociendo el amor que vuestra excelencia y la Corporación que tan dignamente preside procesan a la enseñanza, no dudo en acudir haciendo el mismo ruego y confiando en que, al igual que la Excelentísima Diputación consignaran en el presupuesto próximo á discutir una módica subvención, que sirva de auxilio a la Junta directiva que presido para realizar tan laudables propósitos, que han de secundar en beneficio de la provincia y, en general, de la cultura patria.[499]

A nivel organizativo cómpre sinalar que a provincia lucense se dividía en concellos e en último termo en parroquias. Estes aspectos confluíron nunha nova estruturación administrativa de modelo municipal. Para concluír, indicamos que a organización levada a cabo nas escolas de ensino primario dende 1900 ata 1936 era bastante obsoleta, excepto as experiencias innovadoras citadas anteriormente.[500] Con todo a organización xeral nas escolas era a seguinte:

Cadro 11. Organización escolar tradicional ao comezo do século XX	
Espazo	As aulas estaban mal dotadas e ordenábanse ao redor o mestre e ao encerado de xeito uniforme. Non se tiñan en conta polo xeral as diferenzas individuais, faltaba adaptación individualizada do espazo. Empregábase o método da "ensinanza mutua" polo que era frecuente que os alumnos maiores axudasen aos máis pequenos (excepto nas escolas graduadas).
Lexislación	A Lei Moyano de 1857 limitouse a enumerar as materias que se debían de impartir nos diferentes graos. O mestre elaboraba o seu propio programa ou guiábase por outro autor. O programa de estudos vixente a principios do século XX, estaba regulado segundo o RD do 26 de outubro de 1901 (*Gaceta* do 30). Este programa nunca foi aplicado integramente polo *Ministerio de Instrución Pública* a pesar das tentativas, como amosa o art. 3 do RD do 8 de xuño de 1910.
Metodoloxía	Memorización, copia, método de pregunta-respota e outros métodos pasivos. Empregábase frecuentemente o manual escolar xa estruturado e graduado. Os textos incluían as preguntas e respostas: unha metodoloxía moi pouco motivadora. O mestre era o responsable de conseguir o control dos alumnos mediante o respecto á norma e a regra.
Materias	O Primeiro Ensino dividíase en escolas elementais e

[499] En Victoriano Tuñón y García, "Introducción del trabajo manual y un certamen pedagógico por el presidente de la Asociación del Magisterio lucense, Victoriano Tuñón y García" (Lugo: APL. Fondo: Concello. Sinatura: 930, 1906).

[500] Vide Narciso de Gabriel Fernández, *Escolantes e escolas de ferrado* (Vigo: Xerais de Galicia, 2001); Antón Costa Rico, *Historia da educación e da cultura en Galicia* (Vigo: Xerais 2004), 929; Antón Costa Rico, *Escolas e Mestres. A educación en Galicia: Da restauración á Segunda República* (Santiago: Editorial, Servizo Central de Publicacións: Xunta de Galicia, 1989), 125-126; E. Reboredo Blanco, "Solicitud de acondicionamiento de centro escolar en el período de vacaciones para no interferir en el comienzo de las clases" (Lugo: APL. Fondo: Concello. Sinatura: 931, 1911); Vicente Peña Saavedra, *Éxodo, organización comunitaria e intervención escolar,* (A Coruña: Xunta de Galicia, 1993); e José del Peso y Sevillano, *Galicia y su Enseñanza Primaria* (Madrid: Arquivo JAE. Sinatura: JAE/115-391, xuño-1925); podemos atopar os informes onde describían o mal estado das escolas en Luis Soto Menor, "Informe de Luis Soto Menor da Junta Provincial de Lugo" (Lugo: APL. Fondo Concello. Sinatura: 1202-01, outubro 1924).

	superiores. Na Escola Elemental impartíanse Lectura, Escritura, Principios de Gramática Castelá, con exercicios de Ortografía, Principios de Aritmética con o sistema legal de medidas, pesas e moedas, breves nocións de Agricultura, Comercio e Industria, segundo as localidades. O Primeiro Ensino Superior, ademais dunha ampliación das materias anteriores, incorporaba Principios de Xeometría, de Debuxo lineal e de Agrimensura; Rudimentos de Historia e Xeografía, especialmente de España; e Nocións xerais de Física e de Historia natural. As nenas, en lugar dalgunhas materias anteriores, como as nocións de Agricultura, Comercio e Industria, os Principios de Xeometría, de Debuxo lineal e as nocións de Física e de Historia natural, recibían as correspondentes ensinanzas en: Labores, Canto, Traballos manuais, Elementos de Debuxo aplicado e Lixeiras nocións de Hixiene doméstica. Tanto nas escolas elementais como nas superiores se impartiu a Doutrina Cristiá e Nocións de Historia Sagrada.
Currículo	A organización do currículo por cursos ou graos. Os contidos estaban definidos de xeito ríxido e a superación dos mesmos implicaba a promoción ao grao Superior.
Libros	Xeralmente este escaso material escolar era de préstamo e rara vez existían achegas externas, que estaban sometidas á valoración do mestre. Os libros usados polos alumnos eran frecuentemente de carácter relixioso e repartíanse diariamente sobre: Historia Sagrada, Xeometría, Urbanidade, Aritmética, Dereito, Astronomía e Historia de España.
Avaliación	O mestre era o responsable de valorar os resultados dos alumnos en función da realización das probas.
Tempo	A temporalización estaba suxeita aos distintos ritmos de aprendizaxe nas escolas incompletas. Estas escolas estaban baixo a dirección e supervisión do profesor do escola completa máis próxima.
Aloxamento E soldo	Os mestres das escolas públicas elementais completas tiñan dereito a vivenda e os seus salarios variaban en función de localidades de destino.

Fontes: Elaboración propia. Para metodoloxía: Carreño Rivero, Miryam, *Teorías e instituciones contemporáneas de educación* (Madrid: Síntesis, 2000), 15; en V. Tuñón y García, "Introducción del trabajo manual y un certamen pedagógico por el presidente de la *Asociación del Magisterio Lucense*, Victoriano Tuñón y García" (Lugo. APL. Fondo: Concello. Sinatura: 930, 1906): Para materiais: en A. Montero, "Una Ley centenaria: la Ley de instrucción pública (Ley Moyano, 1857)", extraído en decembro de 2020: https://webs.ucm.es/info/cvicente/imagenes/ley%20moyano.pdf; Para Lexislación Ley Moyano 1857: en José Del Peso y Sevillano, *Galicia y su Enseñanza Primaria* (Madrid. Arquivo JAE. Sinatura: JAE/115-391, 1925); aloxamento e soldo podemos atopar os informes onde describían o mal estado das escolas en Luis Soto Menor, "Informe de Luis Soto Menor da Junta Provincial de Lugo" (Lugo. APL. Fondo Concello. Sinatura: 1202-01, outubro-1924); para organización curricular: en Jacinto Ruiz, "La primera enseñanza en la provincia de Lugo-1927", *Vida Escolar*, Lugo: Nº 40, ano I (1927): 2; En "La Constitución en las escuelas", *El Progreso,* Lugo: 16 de xaneiro de 1932.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Analizando de xeito pormenorizado a *organización escolar comparada,* pódense diferenciar dúas zonas na provincia de Lugo: rural e urbana.[501] Todas estas zonas estaban suxeitas aos factores conformadores da organización escolar: os costumes agrarios, o clima-orografía e a falta de recursos.[502] O primeiro aspecto foi a presenza dunha forte tradición agraria (sementeira e recolleita), do cal moitos alumno eran partícipes por necesidade dos pais ou falta de recursos. A segunda cuestión conformadora da organización escolar era o clima e a orografía montañosa que limitaba o acceso aos colexios e a asistencia. Por último, cómpre sinalar que as vías de comunicación tampouco eran boas, o que favorecía o illamento dos concellos, impedindo en épocas de inverno acudir aos centros escolares. O terceiro factor foi o escaso nivel de recursos materiais e humanos cos que contaban as escolas.[503]

Ilustración 11. Escudo republicano da Escola Nacional de párvulos (Museo Comarcal de Fonsagrada)

Organización escolar nas zonas de montaña

As áreas rurais divídense en tres zonas determinadas: as zonas intermedias de dificultade de acceso moderada, as periurbanas e as escasamente poboadas.[504] Comezando polo análise das zonas rurais, os inspectores, mestres e xornalistas describiron con tristeza a mala dotación dos colexios dos concellos de montaña: os máis illados.[505] Nestas zonas a organización escolar non era graduada, situación que obrigaba aos mestres a aplicar a práctica da ensinanza mutua: o mestre escollía aos discentes máis preparados para que axudasen aos alumnos máis pequenos.[506] Este xeito de organizar a aula tiña como obxectivo que os escolares melloraran a lectura, o deletreo ou a aritmética.[507]

Normalmente, esta organización da aula potenciaba principalmente a memorización non significativa, pasiva e bancaria. As causas que condicionaban a organización eran principalmente a débil infraestrutura escolar, a falta de dinamismo pedagóxico e a escaseza de recursos. A penuria económica dos concellos rurais e a falta de innovacións organizativas aumentaron a situación de desvantaxe cultural entre os nenos.[508] En 1928, Becerreá era un concello que tiña 26 parroquias, 200 localidades e preto de 10.000 habitantes. Esta dispersión de habitantes tamén foi un inconvinte para a organización de

[501] Sobre todo no referente á invisibilidade da escola rural e dos seus problemas, circunstancia vivida en España ao longo do século XIX e principios do século XX. Vide Miguel Ángel Ortega, *La parienta pobre. Significantes y significados de escuela rural* (Madrid: Ministerio de Educación, 1993).

[502] En Luis Bello Trompeta, "Visita escuelas de Lugo. Becerreá", *Vida Escolar,* Nº 145, ano III, (1929): 1-3.

[503] En José del Peso y Sevillano, "Galicia y su Enseñanza Primaria" (Madrid: Arquivo JAE. Sinatura: JAE/115-391, xuño 1925).

[504] En Begoña Vigo Arrazola, "Significado de la escuela rural representaciones compartidas entre España y Suecia", *Educació i desenvolvement rural als segles XIX-XX-XXI* (Lleida: Universitat de Lleida, 2018), 227.

[505] En Luis Bello, "Los trabajos y los días-Luis Bello en Lugo", *Vida Escolar,* Nº 91, ano II (1928): 3-4.

[506] En Victoriano Tuñón y García, "Introducción del trabajo manual y un certamen pedagógico por el presidente de la Asociación del Magisterio lucense, Victoriano Tuñón y García" (Lugo: APL. Fondo: Concello. Sinatura: 930, 1906).

[507] Esta práctica educativa era moi pareceida a levada a cabo nas clases industriosas. En J. Lancaster, *Mejoras en la educación para las clases industriosas de la comunidad* (Madrid: Morata, 2019), 26.

[508] En José del Peso y Sevillano, "Galicia y su Enseñanza Primaria" (Madrid: Arquivo JAE. Sinatura: JAE/115-391, xuño 1925). En Anexo 7.3.

centros escolares, para a visita dos inspectores e a distribución das escolas. Afrimaba Luis Bello sobre súa visita a estas escolas:

> Guardo una nota casi oficial, que dice: "En estos locales pequeños, húmedos, fríos y soterrados, muchos niños han adquirido enfermedades de las que algunos han muerto". Puede imaginarse cómo será en país lluvioso una clase en los bajos del Ayuntamiento.[509]

Ilustración 12. Ferrado (Museo Comarcal da Fonsagrada)

Nas zonas rurais de montaña, aparte destas institucións existían as escolas "de ferrado" e "de tempada". Os mestres destes centros temporais abrían as súas portas só nos meses invernais máis extremos, radicando dispersas por toda a provincia e chegando ás localidades máis remotas. Nas *escolas de ferrado*, o mestre normalmente non tiña competencia profesional nin pedagóxica, un curioso formato instrutivo que reflectía as limitacións e condicionamentos socioeconómico galegos.[510] Os docentes destas escolas impartían as clases a cambio dun número de "ferrados" determinado previamente, xeralmente de centeo ou millo.[511] Este tipo de ensinanza tiñan un horario irregular, atopábanse escasos de material, funcionaban xeralmente durante os meses de inverno e con regularidade situábanse na cociña dunha casa de aldea.[512] Convén lembrar que nos atopamos nun tempo onde se reclamaban e aplicaban redencións de foros, unha situación que durou ata 1963 e que animaba a moitos campesiños: a aprender a ler e escribir para xestionar as súas terras, asociarse en organizacións e formar resistencias campesiñas.[513] Un momento importante para a historia de educación das zonas rurais foi cando os labregos comezaron a ser propietarios, sentindo a necesidade de aprender a entender e asinar contratos de compravenda. Así, fai falta incidir na idea de que a aparición da capitalización dos bens, redundou de xeito positivo no aumento dos coñecemento na lecto-escritura.

Organización escolar nas zonas urbanas

A organización dos colexios urbanos era similar ás do rural, pero talvez menos extremo. Tomando como referencia o Concello de Lugo, obsérvase como existía unha mala dotación dos centros escolares e un alto absentismo escolar, pero cunha menor incidencia dos factores orográficos e climáticos.[514] Segundo Luis Bello, chama a atención que na urbe lucense as circunstancias das escolas continuara sendo moi deficiente, aspecto constatado tamén polo inspector Manuel Panero.[515] Sobre todo no referido aos recursos e á organización pedagóxica, a situación non era propicia para

[509] En Luis Bello Trompeta, "Lugo: Becerrea", *Vida Escolar,* Nº 145, ano III (1929): 1-3.

[510] En Antón Costa Rico, *Escolas e Mestres. A educación en Galicia: Da restauración á Segunda República* (Santiago: Editorial Servizo Central de Publicacións Xunta de Galicia, 1989), 91.

[511] Vide Narciso de Gabriel, *Escolantes e escolas de ferrado* (Vigo: Xerais, 2001).

[512] En Jesús de Juana, e Julio Prada, *Historia contemporanea de Galicia* (Barcelona: Ariel, 2005), 192.

[513] En Henrique Hervés Sayar, "A propósito del conflicto antiforal en la Galicia del primer tercio del siglo XX. Asociacionismo agrario y resitencias campesinas", *Áreas: revista de Ciencias Sociales,* vol. 15 (1993).

[514] En Luis Bello Trompeta, "Lugo. La capital", *Vida Escolar,* Nº 134, ano III (1929): 2-4.

[515] O inspector Manuel Panero realizou un informe sobre o depauperado estado das escolas públicas na provincia de Lugo, aportando datos interesantes sobre o investimento escolar en Galicia e as necesidades educativas: en Manuel Panero, "Inversión educativa en Galicia" (Lugo: APL, fondo do Concello, sinatura: 931).

levar a cabo unha adecuada educación coas alumnas e alumnos lucenses.[516] Neste sentido a profesora da *Escuela Normal de Lugo,* Carmen Pardo Losada, contribuíu a mellorar a organización das dúas escolas graduadas anexas á de Maxisterio, e tamén axudou a conformar as cantinas e colonias escolares.[517] O Concello de Lugo distinguíase por ter unha forte presenza de institucións escolares de dependencia eclesiástica, e por adoptar un progresivo aumento da feminización do Maxisterio.

No que se refire á ensinanza primaria, existiron en Lugo numerosos colexios en mans de mulleres, seguindo a tradición do século anterior. Así, recóllense os seguintes nomes: o *Colegio de Señoritas,* o *Colegio Feminino* dirixido por *Siervas P. José* e o *Colegio La Milagrosa* dirixido por *Las Hijas de la Caridad*. No *Colegio de Señoritas*, estiveron ocupando a dirección dende 1913 ata 1936: Carmen Castro, Elvira López Alonso e Pilar Rego Rodríguez. No *Colegio de a Rúa Nova* ocupou o cargo María Collazo Buey. No *Colegio da Plaza do Obispo Izquierdo,* Emilia Serrano García e Matilde Blanco Fonteboa. No *Colegio de San Pedro* ocupou a dirección Carmen Lourido Varela. Por último o *Colegio de La Asunción* estivo dirixido por Asunción Lomas Díaz. En efecto nas principais cidades lucenses, observamos como existiron outras escolas particulares sostidas por mulleres.[518] Estes centros escolares organizaban o currículo en base ás festividades eclesiásticas: sobre todo no Nadal e na Semana Santa. Con regularidade aplicaban unha metodoloxía pasiva, bancaria e confesional.[519] Castro Freire citaba na súa obra *Lugo y sus hombres*:

> [...] A las niñas se le educaba en colegios particulares. Doña Emilia Nieto, las Señoritas de Rois, figuraban en primer término. Las enseñanzas principales eran cultura general y labores. La música y el piano eran la ilusión de las mamás. Los pianos eran la plaga de la ética, pero cambiemos el disco.[520]

Respecto á existencia de escolas en Lugo que tiñan un currículo e *organización diferentes* ás tradicionais. Así en novembro de 1929 inaugurouse a Escola Nocturna da Sociedade do Comercio Lucense que impartía as súas clases en horarios máis compatibles coa vida laboral.[521] Esta centro estaba dirixido por Tarsicio Pastor Barros e Manuel Covas Rodríguez. Tamén existía a *Escuela Nocturna Obrera* que ofrecía cursos de formación orientados a inserción laboral dos discentes.[522] Ademais temos constancia da presenza de aulas clandestinas que impartían contidos curriculares e tiñan unha organización da que pouco sabemos.[523]

---

[516] A directora da Escola Pública de nenas de Lugo Rosa Filomena Grobes describía a descoidada situación da ensinanza na capital. Rosa Filomena Grobes, "Carta ao Concello" (Lugo: APL, fondo do Concello, sinatura: 931).

[517] En Adolfo de Abel Villela, *Cincuenta años de Formación Profesional en Lugo (1932-1981)* (Lugo: Xunto de Galicia, Consellería de Educación e Cultura, 1985), 90-92.

[518] Na cidade de Lugo predominaban as escolas privadas segundo o *Boletín Oficial da Provincia* en 1908, na capital desta provincia existían tan só dúas escolas publicas, unha elemental e unha superior; mentres que privadas había 15 escolas, 5 elementais e 1 superior.

[519] En Viriato, "El Estado y la libertad de la enseñanza", *La Voz de la Verdad,* Lugo, O 13 de xuño de 1931; e Joan Comas Camps, "La escuela única", *El Progreso,* Lugo, 28 de xuño de 1931.

[520] En Salvador Castro Freire, *Lugo y sus hombres. Ensayo de síntesis histórica* (Lugo: Edit. Celta,(...)), 129.

[521] En Pardo Vila, "Creación de la Escuela Nocturna de la Sociedad de Comercio lucense en 1929" (Lugo: APL. Fondo Concello, Sinatura: 931, 1929).

[522] En Pardo Vila, "En la Escuela Nocturna Obrera", *El Progreso,* Lugo, 29 de abril de 1932.

[523] Vide Narciso de Gabriel Fernández, *Escolantes e escolas de ferrado* (Vigo: Xerais de Galicia, 2001); Antón Costa Rico, *Historia da educación e da cultura en Galicia* (Vigo: Xerais, 2004) 929; Antón Costa Rico, *Escolas e Mestres. A educación en Galicia: Da restauración á Segunda República* (Santiago: Editorial Servizo Central de Publicacións: Xunta de Galicia, 1989), 125-126; E. Reboredo Blanco, "Solicitud de acondicionamiento de centro escolar en el período de vacaciones para no interferir en el comienzo de las clases" (Lugo: APL, Fondo: Concello. Sinatura: 931, 1911); Vicente Peña Saavedra, *Éxodo, organización comunitaria e intervención escolar* (A Coruña: Xunta de Galicia, 1993); e José del Peso y Sevillano, "Galicia y su Enseñanza Primaria" (Madrid: Arquivo JAE.

Organización escolar na Terra Chá

Durante as primeiras anos do século XX, a organización escolar da Terra Chá tamén era bastante tradicional, similar á do resto de localidades de Lugo. Pero convén sinalar a existencia dalgunhas escolas do Concello de Vilalba que levaron a cabo unha metodoloxía diferente, referímonos ao *Plan de Estudios de la Escuela de la Liga Santaballesa* en 1907. Esta planificación educativa incluía na súa programación o estudo do galego e unha ensinanza asociada á natureza e ás teorías laicas europeas. Este Plan era unha iniciativa innovadora e unha excepción, porque polo xeral na Terra Chá existían colexios que non favorecían o uso do galego, aplicando un sistema organizativo bancario e pasivo, onde a ensinanza mutua era unha metodoloxía frecuente.[524] Esta proposta significou unha das primeiras formulacións pedagóxicas de carácter diferencialista a prol da galeguización da sociedade.[525] Aínda que a maioría dos centros desta zona tiñan unha organización tradicional non graduada, acompañada da sordidez do maxisterio que caracterizaba aos centros de ensino da provincia. Dos testemuños atopados destaca as frases do mestre da escola de Outeiro de Rei, Teófilo Gautier, que afirmaba que a súa escola tiña poucos libros e un material escolar bastante obsoleto.

> En San Juan de Alba, cerca de Torre, vi algo curioso y nuevo: Una piscina convertida en escuela. La maestra quedaba a salvo, en seco, pero la nadera infantil, a un metro bajo el nivel, vivía en el estuario. ¡Todo lo resiste la infancia! ¡Todo lo sufre![526]

Cómpre sinalar que a Terra Chá xunto coa Mariña Lucense foron os territorios lucenses máis beneficiados pola *emigración*. Este proceso sucedeu de modo semellante ao fenómeno indiano acontecido en toda a cornixa cantábrica. A pesar diso, polo xeral as escolas do concello de Vilalba tiñan unha pobre dotación material e organizativa, tan só nas escolas indianas se apreciaba certos aires de renovación pedagóxica.[527]

Respecto ao *laicismo escolar*, algúns centros situados na Terra Chá creados polas organizacións indianas aplicaron unha ensinanza laica, dende o primeiro bienio da Segunda República. Coa chegada da CEDA e o réxime de Franco, o laicismo escolar non estaba permitido e por este motivo moitas destas escolas foron abandonadas.[528] De todos os centros da Terra Chá destacou a boa dotación da escola construída polos indianos na parroquia de Árbol (Vilalba).[529] A maioría dos concellos desta zona contaban cunha escola unitaria, dotadas dun só mestre, polo que a educación loxicamente era mixta e non graduada. A organización destas escolas dependeu do sistema educativo implantado pola Lei Moyano e as posteriores disposicións. Cando existían varias escolas no mesmo concello a educación era segregada por xénero, unha escola de nenos e outra de nenas.

Sinatura: JAE/115-391, xuño 1925); podemos atopar os informes onde describían o mal estado das escolas en Luis Soto Menor, "Informe de Luis Soto Menor da Junta Provincial de Lugo" (Lugo: APL. Fondo Concello. Sinatura: 1202-01, outubro 1924).

[524] En Victoriano Tuñón y García, "Introducción del trabajo manual y un certamen pedagógico por el presidente de la Asociación del Magisterio lucense, Victoriano Tuñón y García" (Lugo: APL. Fondo: Concello. Sinatura: 930, 1906)

[525] Vide Sabela Rivas Barros, "A educación e a galeguización da sociedade", *Sarmiento,* Nº 1 (1997): 169.

[526] En Luis Bello, "Un raid- Villalba", *Vida Escolar,* Nº 148, ano III (1929): 3.

[527] En José del Peso y Sevillano, "Galicia y su Enseñanza Primaria" (Madrid. Arquivo JAE. Sinatura: JAE/115-391, xuño 1925).

[528] En Jesús de Juana, Julio de Prada, *Historia contemporanea de Galicia* (Barcelona: Ariel, 2005), 193.

[529] En Joan Comas Camps, "Luís Bello en Lugo", *Vida Escolar*, Nº 88, ano II (1928): 1-2.

Convén sinalar que o goberno do *primeiro bienio* da Segunda República tentou cambiar a organización escolar, impulsando varias reformas democráticas mediante a vida social e a educación: promoveu o concepto de igualdade de oportunidades, impulsou o laicismo escolar e dignificou o maxisterio traballando a favor da ensinanza unificada. Nesta etapa creáronse dezasete novas escolas nacionais na Terra Chá: entre a Escola de Seixo (Abadín).[530] Estes feitos loxicamente contribuíron a reducir o analfabetismo na poboación. En ocasións, estes novos centros non estaban preparados para afrontar o incremento da asistencia escolar que se produciu durante o período republicano.[531]

Cadro 12: Creación de escolas na zona da Terra Chá en 1931		
Concello	**Nome da Escola**	Nº
Abadín	Seixo	1
Begonte	Castro, Campos de Arriba, Donalbay e Reboltas.	4
Cospeito	Rioaveso	1
Xermade	Criba Roupar	2
Vilalba	Román, Santa Eulalia de Alloz, Belesar, Casco (unitaria niños e párvulos), Noche, Nete, Codesido, Goiriz, Lanzos e Feira Nova.	10
TOTAL:		18

Fontes: Elaboración propia. En Comas Camps, Joan "Creación de centros escolares en Lugo", *El Progreso* (Lugo: 7 de xullo de 1931); en *Gaceta de Madrid* do 5 de xullo de 1931 e posteriormente na do 19 de setembro de 1931; e en Antón Costa Rico, *Historia da educación e da cultura en Galicia* (Vigo: Xerais, 2004), 928.

Sobre estes centros, o mestre *Quintela Ferreiro* analizaba os métodos de ensinanza empregados na provincia de Lugo en 1932: en primeiro lugar facía referencia á importancia de ter en conta o momento evolutivo do discente nos procesos de ensinanza/aprendizaxe. En segundo lugar facía fincapé na importancia de harmonizar a liberdade e a disciplina como xeito de motivar aos escolares. Por último Quintela Ferreiro criticaba os sistemas baseados en premios e castigos.[532] No referente á renovación pedagóxica introducida pola Segunda República en Lugo, Germán Lastra tamén manifestaba a necesidade de modernización do sistema educativo tradicional:

> Ha de romperse de una vez con las viejas rutinas a la moderna Pedagogía, que no admite excepciones para explicar el por qué de las cosas. La Naturaleza es un libro abierto a todas las inteligencias; pero para leer en él es preciso que el profesor nos guíe a fin de que no interpretemos erróneamente sus lecciones.[533]

4.1.2. A dependencia do campo e a súa incidencia no absentismo escolar

Ao comezo do século XX un dos problemas máis importantes do ensino primario era o *alto absentismo escolar,* como consecuencia do costume das familias de que os nenos e nenas traballaran no campo. Un problema estrutural rexistrado polos mestres, xa que cada colexio tiña que levar un rexistro e control de asistencia escolar, segundo o

[530] En Joan Comas Camps, "Creación de centros escolares en Lugo", *El Progreso,* Lugo, 7 de xullo de 1931; e en *Gaceta de Madrid* do 5 de xullo de 1931 e posteriormente na do 19 de setembro de 1931; Antón Costa Rico *Historia da educación e da cultura en Galicia,* (Vigo: Xerais, 2004), 928.

[531] Salomó Marqués, "Un mestre catalán nunha aldea galega", *Revista Galega de Educación*, Nº 18 (1933): 60-64.

[532] En Antonio Quintela Ferreiro, "Ideas Pedagógicas", *El Progreso,* Lugo, 4 de marzo de 1932.

[533] En Germán Lastra, "La escuela del porvenir- Higiene, mucha higiene", *El Progreso,* Lugo, 24 de xaneiro de 1932.

Real Decreto do 26 de outubro de 1901. Por enriba disto, as tradicións agrícolas e a excesiva dependencia do campo fixo que moitas familias non puideran prescindir dos fillos nas tarefas agropecuarias, situación que obrigaba a moitos discentes a traballar nos períodos lectivos, impedíndolles asistir con regularidade á escola.[534]

Convén ter en conta que Lugo era unha provincia empobrecida, fundamentalmente agraraia, que formaba parte dun país ferido despois da independencia das últimas colonias, cunha aguda dispersión de habitantes, un acusado ruralismo e unha elevada porcentaxe de territorio montañoso. Por este motivo, os sectores rexeneracionistas fixeron un chamamento para implantar unha economía máis produtiva,[535] unha iniciativa que achou un grande apoio social, conseguindo agrupar aos liberais, republicanos e centristas na *Liga de Educación Política*.[536] Consecuentemente produciuse un certo arranxo económico da produción e o comercio de diversas zonas, producindo desequilibrios peninsulares a favor de Cataluña e País Vasco, en detrimento doutros territorios como o galego.

Nos primeiro terzo do século XX, Lugo continuaba tendo unha forte *tradición agropecuaria*, con poucas infraestruturas industriais, situación que propiciou un desenvolvemento económico lento, custoso e un acusado carácter agrario.[537] Na provincia luguesa existía unha economía excesivamente ruralizada de *autoabastecemento* e os concellos non tiñan recursos para soster as escolas con arranxo, ademais a *súa xeografía* tampouco axudou á implantación de novas tecnoloxías aplicadas ao campo, dado o seu relevo montañoso e un forte minifundismo. Estes aspectos impediron a incorporación de grandes terreos agrarios de cultivo. Tan só na Terra Chá esta característica xeográfica desaparece, porque existe unha meseta máis ou menos regular cun relevo pouco pronunciado. Nesta zona non existen as agudas elevacións, favorecendo o cultivo e a incorporación de maquinaria no sector primario. Convén ter en conta que nestas zonas existía unha maior recolección, producindo un maior excedente agropecuario e a posibilidade da súa posterior comercialización.

O alto prezo da terra foi outro dos impedimentos para constituír grandes explotacións. A non propietarización e o aforamento frearon a economía cunha división maior das terras de cultivo. O excesivo minifundismo das fincas luguesas favoreceu que moitos nenos tivesen que colaborar nas tarefas agrícolas debido a imposibilidade de traballar a terra cunha máquina pesada. Todos estes factores, á súa vez, contribuíron á emigración a terras de ultramar e ao interior de España e Europa.[538] Polo tanto, veremos como a falta de tecnoloxía na agricultura influíu nunha maior necesidade das familias da colaboración dos seus fillos nas tarefas agrícolas, a presenza de traballo infantil era máis habitual onde non existían grandes explotacións. Convén citar que en especial a provincia luguesa mantivo un forte tradicionalismo respecto ás novas técnicas de comercio e industria. Apareceron de xeito puntual algunhas innovacións industriais. Así, en 1905 incorporáronse novas técnicas agrarias relacionadas coa restauración do

[534] En José Manuel Vázquez López, "Relación entre a defensa da escola rural cos inspectores e Mestres (Lugo 1900-1936)", *Educació i desenvolvement rural als segles XIX-XX-XXI* (Lleida: Universitat de Lleida, 2018), 167.

[535] O político Joaquín Costa foi o maior representante deste movemento intelectual. En Xose Manuel Beiras, *O atraso económico de Galicia* (Vigo: Galaxia, 1981), 18.

[536] En del María del Mar Pozo Andrés, "Las escuelas primarias pñublicas de Madrid (1913-1931)", *Premios nacionales de investigación educativa* (1996), 131-245.

[537] En Xose Manuel Beiras, *O atraso económico de Galicia* (Vigo: Galaxia, 1981), 18.

[538] En José del Peso y Sevillano, "Galicia y su Enseñanza Primaria" (Madrid: Arquivo JAE. Sinatura: JAE/115-391, xuño 1925).

cultivo da vide, inspiradas na publicación de 1897 titulada: *La invasión filoxérica en la provincia de Lugo.*[539] A pesar diso a súa integración na provincia tivo un carácter sobrio, lento e prudente. A implantación de novas tecnolóxicas afectou á propiedade da terra e á progresiva integración das institucións do Estado, feito que favoreceu á adquisición de propiedades e á incorporación de innovacións.[540]

Amais, durante os anos vinte produciuse una forte inflación a escala mundial na economía, como consecuencia da Primeira Gran Guerra. Este conflito bélico tamén trouxo consigo novas exportacións aos países confrontados, pero Lugo, case sen industria e cunha economía excesivamente ruralizada, non sairía moi favorecida destes novos intercambios comerciais.[541] En Lugo este feito traduciuse nun incremento do fluxo migratorio.[542] Como consecuencia se produciu un descenso da poboación e matrícula escolar nos anos vinte, pasando de 86.498 alumnos en idade escolarizable en 1910 a 79.885 no segundo decenio.[543] A esta circunstancia uníuselle en 1921 o "Desastre de Annual" e o pronunciamento de Primo de Rivera, dous feitos que produciron unha gran conmoción e protesta social. A pesar de todo isto, en outubro de 1923 celebrouse o Congreso Pedagóxico Lucense, a este evento asistiron varios inspectores e o mestre de Foz Ramón Salgado Toimil: docente que expuxo un traballo onde se demandaba unha inspección educativa máis pedagóxica e menos burocrática.[544]

Nos anos trinta do século XX, a economía galega e lucense continuaba sendo maioritariamente agraria. Dende comezos do século XX ata 1940, a maioría dos habitantes lucenses estaban ocupados en faenas agropecuarias. O sector primario significaba máis do 65% da poboación activa, tal e como establece Beiras Torrado na súa obra *Estrutura y problemas de la población gallega.*[545] Para a escola esta circunstancia foi importante porque afectaba á asistencia, polo que convén ter en consideración esta distribución.[546] En 1900 o 86% da poboación dedicábase exclusivamente aos traballos agrícolas. Pese a isto, segundo Fernández Prieto, durante as primeiras décadas do século XX realizáronse avances importantes para desenvolver o proceso de industrialización da sociedade agraria.[547] Dende 1900 ata 1930 a poboación en activo dedicada ao sector agrario reduciuse un 21%. Normalmente, a agricultura, a gandería e a pesca foron as fontes de subsistencia da poboación galega, por este motivo a maioría dos ingresos económicos familiares proviñan do sector primario. No seguinte gráfico analízanse as porcentaxes de labregos, dedicados aos traballos agrarios dende o pórtico do século XX ata o terceiro decenio.

[539] Vide Dario Fernández Crespo, *Cartilla Viticola.- Cultivo de Cepas –Americanas y Europeo-Americanas* (Lugo: Tip. Antonia Villamarín, 1897).

[540] Vide José Trapero Pardo, *100 años de vida local* (Lugo: Talleres Tipográficos Celta, 1969).

[541] En José Manuel Vázquez López, "Relación entre a defensa da escola rural cos inspectores e Mestres (Lugo 1900-1936)", *Educació i desenvolvement rural als segles XIX-XX-XXI* (Lleida: Universitat de Lleida, 2018), 161-175.

[542] En Antón Costa Rico, *Historia da educación e da cultura en Galicia* (Vigo: Xerais, 2004), 916.

[543] Ídem.

[544] En varios, "Congreso Pedagóxico de 1923", *El Progreso,* Lugo, 10 de outubro de 1923.

[545] Vide Xose Manuel Beiras Torrado, *Estrutura y problemas de la población gallega* (A Coruña: Servizo de Estudos del Banco del Noroeste, 1970).

[546] En Xose Manuel Beiras, *Estructura y problemas de la población gallega* (A Coruña: Banco del Noroeste, 1970) 192.

[547] Vide Lourenzo Fernández Prieto, *Labregos con ciencia. Estado, sociedade e innovación tecnolóxica na agricultura galega, 1980-1939* (Vigo: Xerais, 1992).

Gráfico 2. Porcentaxe da poboación activa agraria galega en 1900 e 1930.



Fonte: Elaboración propia. En Antón Costa Rico, *Historia da educación e da cultura en Galicia*, (Vigo: Xerais, 2004), 835.

Tendo en conta o *acusado ruralismo* explicado anteriormente fixo que moitos alumnos tiveran que traballar nas tarefas agrarias. En termos cuantitativos, este aspecto incidiu no absentismo e por contigüidade no analfabetismo. Convén ter en conta que en 1923/24 a asistencia total de alumnos e alumnas na provincia de Lugo era de entre o 40 e 50%.[548] Nas comarcas lucenses de Lemos, Chantada e Quiroga existían 30 escolas e a estes centros educativos tan só asistían a clase a metade dos alumnos,[549] observamos como nestas zonas era frecuente que os menores traballaran no campo. Nas zonas costeiras da Mariña Lucense tamén moitos nenos compaxinaban a escola coas faenas de pesca ou nas fábricas de salgadura: "Desde los diez años, y aún desde los nueve se los llevan a la pesca. Las niñas, a las fábricas de salazón".[550]

> En instrucción hállanse bastante atrasados generalmente como en toda la costa; la mitad de ellos no conocen los beneficios de este bien tan grande, y por eso si no adquirieron algún conocimiento antes de dedicarlos á la pesca, es difícil que los adquieran después, porque no pueden ya estudiar, debido á sus ocupaciones por un lado y por su modo de ser por otro, que no les permiten un momento de libertad para poder instruirse; pero si lo tuviesen, lo dedican siempre a la taberna ó al juego de varias clases antes que á la instrucción. Los niños tampoco están adelantados en este sentido, y aunque hoy los pescadores de la costa de Lugo van mejorando un poco en cuanto a instrucción, todavía tienen dificultades muy grandes que vencer... [551]

Respecto á *análise comparada da asistencia escolar*, no ano 1922 as provincias de Lugo, Ourense e Pontevedra introducen un modelo de escolas de prácticas anexas ás normais. Debido ao predominio dunha demografía rural, nestas rexións existía unha mísera proporción a nivel nacional deste tipo de escolas.[552] Na visión analítica da asistencia escolar ten unha especial importancia o estudo realizado polo inspector destinado en Lugo José del Peso y Sevillano. Este inspector lucense analizou pormenorizadamente a poboación escolar matriculada en 1922. Esta traballo é moi importante porque demostra as diferenzas na matrícula escolar entre as provincias galegas, sendo a provincia de Lugo a que menos alumnos matriculados tiña. Ademais, no seu traballo pon de manifesto en que meses existía un maior absentismo escolar,

[548] En Ramón López Martín, *Ideología y educación en la dictadura de Primo de Rivera: Escuelas y maestros* (Valencia: Universitat de València, Vol. 18, 1994), 126.

[549] En varios, *Discursos Parlamentarios (19311933)* (A Coruña: Edicións do Castro, 1978); e en Jesús de Juana e Julio Prada, *Historia contemporanea de Galicia* (Barcelona: Ariel, 2005), 191.

[550] En Jesús de Juana e Julio Prada, *Historia contemporanea de Galicia* (Barcelona: Ariel, 2005), 191.

[551] En Benigno Rodríguez Santamaría, *Los pescadores del Norte y Noroeste de España* (Madrid: Imprenta Alemana Fuencarral, 1916), 278-279.

[552] En Antonio Viñao Frago, *Innovación pedagogía y racionalidad científica. La escuela graduada pública en España (1989-1936)*, (Madrid: Akal, 1990), 15-25.

agudo nos períodos de semente e recolección. Preto dun 30% dos discentes tiñan que axudar nas ocupacións agrícolas familiares nestas épocas. O seu estudo detallou tamén a asistencia mensual na provincia de Lugo, para constatar o gran peso social das explotacións agropecuarias. Igualmente comparamos a asistencia media anual coa de cada mes, resultando que a asistencia máxima era en xaneiro e a mínima en setembro. Tamén observou como os alumnos matriculados á escola deixaban de asistir ao centro progresivamente, a medida que se ían facendo maiores. Por conseguinte, tomando como fonte a José del Peso, a seguinte táboa recolle a matrícula comparada en 1922.[553]

Táboa 2. Poboación escolar matriculada en 1922					
Provincias	**Habitantes**	**Poboación Escolar**	**% de alumnos matriculados en idade escolarizable**	**% de matriculados respecto á poboación total**	**% de alumnos non matriculados en idade escolarizable**
A Coruña	772.363	98.381	46.338 (47,1%)	5.99	52,9%
Lugo	517.918	66.203	36.043 (54,4%)	6.95	45,6%
Ourense	466.398	60.193	51.911 (86,2%)	11.13	13,8%
Pontevedra	585.866	73.899	47.622 (64,4%)	8.12	35,6%
Total	2.342.545	298.676	181.914 (60,9%)	7.75	39,1%

Fonte: Elaboración propia. En José del Peso y Sevillano, *Galicia y su Enseñanza Primaria* (Madrid: Arquivo JAE. Sinatura: JAE/115-391, xuño 1925).

Tendo en conta a táboa anterior, Lugo eran unha das provincias con menos estudantes matriculados. Tamén acadaba a segunda porcentaxe máis baixa de matrícula escolar cun 54,4%, tan só superado polo da Coruña. Estas dúas provincias eran as que tiñan máis nenos sen escolarizar, unha cuestión moi significativa para o acceso a unha posterior alfabetización. Tendo en conta os resultados, a provincia lucense sería unha das que máis descoidaba a formación nas primeiras letras, acadando tan só un 6,95% de nenos escolarizados respecto a poboación total de habitantes, circunstancia que coincidía co deficiente investimento económico na ensinanza primaria.

Cómpre incidir no *baixo nivel de escolarización* da provincia de Lugo nos anos vinte do século XX. En total o 45,6% dos nenos e nenas en idade escolarizable non estaban matriculados en ningunha escola, segundo o inspector José del Peso, unha cifra altísima que nos leva a pensar na forte instauración sociocultural lucense de non matricular aos nenos, privándoos así de obter unha formación letrada e posterior alfabetización. Cifras tan só superadas pola provincia da Coruña que acadaba un 52,9%. Tomando como referencia os estudos de José del Peso, a continuación mostramos a análise da poboación non matriculada en 1922. Segundo este inspector que ocupaba a praza en Lugo, o 16,83% dos non matriculados eran nenos maiores de 12 anos: idade onde xa tiñan instaurada o costume de traballar nas tarefas do campo e o mar.

Táboa 3. Poboación escolar galega non matriculada en 1922				
Provincias	**Menores de 6 anos**	**%**	**Maiores de 12 anos**	**%**
A Coruña	1.392	3.00	5.382	11.61
Lugo	1.057	2.63	6.066	16.83
Ourense	1.962	3.78	5.343	10.29
Pontevedra	1.403	2.95	6.305	13.24
Total	5.814	3.16	23.096	12.99

Fonte: En José del Peso y Sevillano, *Galicia y su Enseñanza Primaria* (Madrid: Arquivo JAE. Sinatura: JAE/115-391, xuño 1925).

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

553 En José del Peso y Sevillano, "Galicia y su Enseñanza Primaria" (Madrid: Arquivo JAE. Sinatura: JAE/115-391, xuño 1925). Presente no apartado de Anexos do presente traballo: 7.3.

Outro aspecto moi importante a ter en conta foi o *estudo das diferenzas de posibilidades de acceso* ao ensino primario entre nenos e nenas, unha cuestión que en Lugo acadaba unhas cifras desiguais, agudas e desfavorables para as mulleres.[554] Partindo dos índices de poboación escolar matriculada, e tomando como referencia os informes de José del Peso cómpre responder ás principais causas que provocaron esta baixa matriculación e asistencia na provincia luguesa. Así, os principais factores de incidencia foron: a limitada infraestrutura escolar, os limitados recursos económicos e as costumes agrícolas. Ademais destas causas principais, existiron outros factores que influíron en parte este descoido educativo.[555] Moitos destes problemas foron estudados por Joan Comas Camps e publicados na revista *Vida Escolar*.[556]

a) A rigorosa tradición agrícola: costumes moi marcadas ligadas ao campo
b) As duras condicións climatolóxicas
c) A fisionomía de Lugo: montañosa
d) A presenza de institucións particulares e escolas de ferrado[557]
e) A atención dos mestres de tempada
f) A escasa preocupación política pola cultura endóxena
g) Os recursos limitados das familias, concellos e Administración

Do mesmo xeito, estes factores se atopan recollidos nas descricións dos inspectores, nas cartas dos mestres, nos artigos publicados e nos informes das xuntas locais. Con base no total de nenos escolarizados, en Lugo tan só asistían á escola o 42,3% dos alumnos matriculados, este era a porcentaxe máis baixa das catro provincias galegas. Estas cifras foron comprobadas a partir dos documentos arquivados e citados, para verificar a influencia destes factores na provincia de Lugo.[558] Sobre o absentismo escolar lucense, Luis Bello sinalaba nun artigo publicado no diario *El Sol*:

> El buen tiempo es para el campo, y los muchachos se le iban a trabajar. Los pequeños de cuatro o cinco años sirven para pastorear cerdos, vacas y ovejas. A los mayores los llevan a roturar montes, arar las tierras, estercolarlas, sembrarlas, escardarlas y demás labores de hombres.[559]

No referente ao estudo da *asistencia media en Galicia*, en 1922 tan só o 51,57% dos alumnos asistían ás clases con regularidade. Estes resultados eran baixos e confirmaban o alto absentismo escolar descrito anteriormente polos inspectores e mestres nas cartas atopadas no APL de Lugo. As cifras de asistencia media total presentadas describiron de xeito sintético a porcentaxe de educandos que asistían á escola con certa frecuencia. Nesta provincia a asistencia regular non acadaba nin a metade dos matriculados, sendo setembro o mes onde os escolares acudían menos ao centro. Pola contra, os meses con máis afluencia de alumnos nas escolas eran xaneiro e febreiro, períodos onde os traballos agrícolas atopábanse parados. Tendo en conta estes datos, a provincia cun absentismo máis agudo era Lugo, tan só acudían á escola o 42,3%

[554] En Narciso de Gabriel (varios), "O proceso de alfabetización en Galicia (1860-1991)", *Sarmiento*, Nº 1 (1997): 17

[555] Podemos atopar varios informes onde describían o mal estado das escolas en Luis Soto Menor. En "Informe de Luis Soto Menor da Junta Provincial de Lugo" (Lugo: APL. Fondo Concello. Sinatura: 1202-01, outubro-1924).

[556] En Joan Comas Camps, "Asistencia escolar y analfabetismo", *Vida Escolar* (1930): 3.

[557] Vide Narciso de Gabriel, *Escolantes e escolas de ferrado* (Vigo: Xerais, 2001).

[558] En "sobre asistencia escolar" (Lugo, APL, fondo do Concello. Sinatura: 1422-02).

[559] En Jesús de Juana e Julio Prada, *Historia contemporanea de Galicia* (Barcelona: Ariel, 2005), 191.

respecto ao total de matriculados.[560] Pola contra, as provincias cunha asistencia máis asidua foron A Coruña e Pontevedra.

Táboa 4. Asistencia media total en 1922			
Provincias	**Matrícula.**	**Asistencia media.**	**%**
A Coruña	46.338	26.521	57.23
Lugo	36.043	15.248	42.30
Ourense	51.911	24.938	48.03
Pontevedra	47.622	26.119	54.84
Total	181.914	92.826	51.57

Fonte: En José del Peso y Sevillano, *Galicia y su Enseñanza Primaria* (Madrid: Arquivo JAE. Sinatura: JAE/115-391, xuño 1925).

Táboa 5. Asistencia media en Galicia en cada mes do curso											
	Set.	**Out.**	**Nov.**	**Dec.**	**Xa.**	**Fe.**	**Mar.**	**Abr.**	**Mai.**	**Xuñ.**	**Media**
A Coruña	22.229	24.871	27.832	28.776	30.448	29.886	17.988	26.185	24.041	22.974	26.621
Lugo	7.611	10.595	16.733	20.238	21.957	21.306	18.173	14.914	11.627	9.332	15.248
Ourense	16.108	20.447	27.094	30.289	31.739	31.221	28.128	24.156	21.124	19.075	24.938
Pontevedra	22.178	24.021	27.824	28.935	29.818	29.525	28.003	24.187	22.097	24.607	26.119
Total	68.126	69.934	99.483	108.938	111.918	111.918	10.2292	89.442	78.889	75.988	23.206

Fonte: En José del Peso y Sevillano, *Galicia y su Enseñanza Primaria* (Madrid: Arquivo JAE. Sinatura: JAE/115-391, xuño 1925)

Realizando unha *análise da asistencia escolar*, o gráfico describe unha curvatura en forma de campá: a asistencia dos escolares forman unha liña ascendente a partir de setembro ata xaneiro, logo esta tendencia é descende dende comezos de ano ata xuño, coincidindo coas épocas de traballo agrícola de semente e recolleita como xa citamos anteriormente. Rememoremos que este factor foi importante, xa que se repetiu ao longo de todo o período estudado, afectando ao número de clases que recibían os educandos. En efecto, as necesidades das familias limitaban os procesos de ensino e aprendizaxe, sendo o factor económico por tanto un factor normativo. Este aspecto incluso pode considerarse como un factor idiosincrático do pobo galego nestas décadas: concluíndo que a época de sementeira ao principio do curso e a de recolección ao final foron as culpables da curvatura da gráfica.[561] En Galicia, incluso os festexos nestes anos organizábanse en función dos excedentes dos cultivos, a caza e a pesca. Poñamos por exemplo as feiras do viño realizadas para gastar o viño vello e limpar as barricas realizadas antes do verán.

Nos meses intermedios do inverno alcanzábanse as cotas máis altas de asistencia. Tendo en conta os meses restantes, a asistencia tampouco non era completa debido á dureza do inverno, ás malas vías de comunicación, á despreocupación familiar, á enfermidade e á mortalidade infantil elevada.[562] Pero continuemos disertando a asistencia, a continuación achégase o gráfico que analiza a asistencia media en Galicia do curso 1922.

[560] En José del Peso y Sevillano, "Galicia y su Enseñanza Primaria" (Madrid: Arquivo JAE. Sinatura: JAE/115-391, xuño 1925)

[561] O mes de setembro coincidía coa sementeira e en abril ou xullo coa recolección, épocas de duro traballo agrícola no que as familias humildes non podían prescindir do traballo dos seus fillos.

[562] En Arbelo Cubelo, *Sanidad infantil en España* (Madrid: Ministerio de la Gobernación, Dirección General de Sanidad, 1971), 145-147.

Gráfico 3. Asistencia media en Galicia en 1922.



Fonte: Elaboración propia. En José del Peso y Sevillano, *Galicia y su Enseñanza Primaria* (Madrid: Arquivo JAE. Sinatura: JAE/115-391, xuño-1925).

Como xa observamos, esta irregularidade nas épocas de sementeira e recolección foi un dos problemas escolares máis graves nas zonas rurais de Lugo. Os mestres eran conscientes do problema ao observar que algúns alumnos e alumnas deixaban de acudir aos centros educativos.[563] Esta situación foi denunciada polos mestres e inspectores ante as xuntas locais, no APL atópanse arquivadas varias cartas referidas a este asunto.[564]

Táboa 6. Asistencia máxima e mínima en 1922			
Provincias	**Máxima**	**Mínima**	**Media**
A Coruña	Xaneiro	Setembro	Abril
Lugo	Xaneiro	Setembro	Abril
Ourense	Xaneiro	Setembro	Abril
Pontevedra	Xaneiro	Maio	Novembro

Fonte: En José del Peso y Sevillano, *Galicia y su Enseñanza Primaria* (Madrid: Arquivo JAE. Sinatura: JAE/115-391, xuño-1925).

Centrándonos na análise dos cadros, parece que as duras condicións climatolóxicas da provincia lucense, a partir do primeiro cuarto de século afectaban en menor grao á asistencia escolar. O seguinte cadro e gráfico achegan a asistencia media total, a media do curso, o mes coa asistencia máxima, a mensualidade coa mínima e a situación dos alumnos e alumnas respecto ao curso 1922.

Cadro 13. Asistencia máxima e mínima en Lugo en 1922			
Provincia	**Máxima**	**Mínima**	**Media**
Lugo	Xaneiro	Setembro	Abril

Fonte: Elaboración propia. En José del Peso y Sevillano, *Galicia y su Enseñanza Primaria* (Madrid: Arquivo JAE. Sinatura: JAE/115-391, 1925).

[563] Vide "Nomeamento de mestres interinos polo Reitor de la Universidade de Santiago", *El Progreso*, Lugo, 2 de decembro de 1914.

[564] Este documento recolle as denuncias dos mestres ante a aguda falta de asistencia nas temporadas agrícolas, informando debidamente do problema detectado. En "Denuncias dos mestres" (Lugo: APL, fondo do Concello. Sinatura: 1422-02).

Gráfico 4. Asistencia media en Lugo cada mes do curso 1922



Fonte: Elaboración propia. En José del Peso y Sevillano, *Galicia y su Enseñanza Primaria* (Madrid: Arquivo JAE. Sinatura: JAE/115-391, xuño 1925).

En efecto e facendo unha síntese, todos estes aspectos influenciaron na asistencia, xa que nesta provincia existía un exceso de poboación rural cunha economía primaria, principalmente de subsistencia. Por este motivo, moitos lucenses víronse obrigados a emigrar,[565] escapando dunha provincia excesivamente ruralizada e con pouca demanda laboral.[566] Este modo de vida incidía negativamente na asistencia escolar, xa que obrigaba a moitos alumnos a axudar á familia nas tarefas agrícolas, gandeiras e pesqueiras.[567] Este tipo de absentismo escolar foi descrito por mestres, inspectores e xornalistas, como Luis Bello nas súas visitas ás escolas da provincia luguesa.[568]

Análise do abandono escolar progresivo

Outro aspecto moi interesante é a análise do *abandono escolar progresivo*, ou o xeito en que os escolares deixaban os seus estudos para incorporarse ao mundo laboral. Na seguinte táboa recóllese a tendencia no decenio dos anos vinte do século XX: a asistencia a partir do primeiro ano de escolarización experimentaba un descenso progresivo, isto explicaba a paulatina incorporación dos nenos e nenas ao mundo laboral. En efecto, a medida que os escolares cumprían anos se producía un constante descenso da poboación escolarizada. Así, a necesidade de man de obra campesiña obrigaba aos discentes a abandonar os seus estudos. Isto era debido á necesidade das familias de contar co traballo dos fillos, principal causa deste descenso na matrícula. Esta situación foi descrita no apartado referido aos factores de influencia na asistencia escolar: *Galicia y su Enseñanza Primaria*.[569] Dende logo, o seguinte gráfico representa o progresivo abandono escolar, reflectindo como a medida que os discentes facíanse maiores non se matriculaban nas escolas lucenses, principalmente debido á incorporación ao mundo laboral agropecuario.

[565] Vide José Manuel Vázquez López, "Relación entre a defensa da escola rural cos inspectores e Mestres (Lugo 1900-1936)", *Educació i desenvolvement rural als segles XIX-XX-XXI* (Lleida: Universitat de Lleida, 2018), 161-175.

[566] En José Ramón Fernández Vázquez, "Algúns aspectos históricos sobre a incorporación femenina á educación e a normalización do formato escolar mixto en Galicia", *Sarmiento*, Nº 7 (2003): 95.

[567] En Antonio Quintela Ferreiro, "Renovación de la escuela rural", *El Progreso*, Lugo, 17 de marzo de 1932.

[568] En Luis Bello Trompeta, *Viaje por escuelas de Galicia* (Madrid: Akal, 1974), 137.

[569] En José del Peso y Sevillano, "Galicia y su Enseñanza Primaria" (Madrid. Arquivo JAE. Sinatura: JAE/115-391, xuño 1925).

Gráfico 5. Análise do abandono escolar en Lugo (1922).



Táboa 7. Situación dos alumnos asistentes en Galicia en 1922							
Provincias	**Total de alumnos**	**1º ano**	**2º ano**	**3º ano**	**4º ano**	**5º ano**	**Outros anos**
A Coruña	46.338	11.324	11.072	9.354	7.421	6.656	511
Lugo	36.043	9.256	8.538	7.990	5.483	4.776	
Ourense	51.911	12.330	12.115	11.036	8.826	7.409	195
Pontevedra	47.622	12.536	11.771	9.867	7.477	5.791	
Total	181.914	53.446	33.496	38.247	29.207	24.812	

Fonte: Elaboración propia. Extraído de José del Peso y Sevillano, *Galicia y su Enseñanza Primaria* (Madrid: Arquivo JAE. Sinatura: JAE/115-391, xuño 1925). En Anexos.

A preocupación dos mestres e inspectores

No primeiro terzo do século XX, a cuestión do *absentismo escolar* suscitou unha considerable preocupación aos inspectores e mestres, unha circunstancia herdada do século dezanove. Cómpre lembrar que durante as primeiras anos do século XX, o absentismo escolar xunto coa falta de recursos foron os problemas escolares máis graves na provincia de Lugo.[570] A pesar do aumento progresivo da asistencia escolar sufrido neste período, as cifras non eran boas nin proporcionais ao aumento de matriculacións de alumnos. Para entender este crecemento convén centrar a nosa atención nos aspectos que favoreceron o aumento progresivo da matrícula e asistencia escolar dende 1900 ata 1936 en Lugo. Os principais factores que influíron no desenvolvemento da asistencia escolar foron: o aumento da demografía, o aprecio á escola como centro conformador de saber para a incorporación laboral, os cambios nas políticas educativas nacionais ou o descenso da mortalidade infantil contribuíron ao incremento da matrícula escolar e á creación de novos centros.

O mestre Pedro Vázquez da Escola Nacional de Santa Eulalia de Bóveda manifestaba nunha das cartas ao concello: "Nunca asisten todos".[571] En efecto, a irregularidade na asistencia converteuse nun problema grave para a alfabetización nesta vila. Ante a insistencia do docente sobre a importancia de asistir con frecuencia aos centros educativos, apareceron as primeiras familias que recoñecían as grandes vantaxes de acudir á escola. Pero, algúns pais reprochaban ao mestre "...que o primeiro é comer". A maioría da poboación "por ser pobre" vía nos seus fillos un necesario apoio nas épocas de sementeira e recolección. O mestre desta escola achegaba coa súa carta unha

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[570] Trátase dun recorte de prensa arquivado no APL, pero non consta a data exacta nin o número de publicación. En *Periódico Semanal de Instrucción Pública de 1884* (APL. Fondo Concello. Sinatura: 931, 1884).

[571] En P. Vázquez, "Carta do mestre da Escola de Santa Eulalia de Bóveda ao Concello" (Lugo: APL, 1936).

gráfica coas porcentaxes onde se reflectían as numerosas faltas escolares, constatando esta situación na provincia de Lugo:

> El egoismo de los padres dedicando a los hijos a cualquier faena que les reporte algún beneficio material en vez de encaminarlos a la escuela a donde los mandan tan solo los días de lluvia durante los tres meses de diciembre, enero y febrero en que las faenas del campo se hallan paralizadas.[572]

Os mestres tiñan que entregar ao Presidente da Xunta Local a relación de nenos matriculados e os que asistían.[573] Na obra *Escolas e Mestres* de Antón Costa achega unha acta da sesión celebrada pola Xunta Local de Primeiro Ensino de Quiroga, celebrada en novembro de 1903, este informe describía unha alta in-asistencia na escola,[574] aspecto tratado posteriormente polo mestre Quintela Ferreiro,[575] coincidindo coa celebración do primeiro *Congreso Pedagógico Lucense de 1923*.

> El Sr. Inspector manifestó que de la visita que acababa de practicar en las escuelas de este Ayuntamiento, resultaba que en algunas de ellas no se han reanudado todavía las clases por la arraigada costumbre que existe en los padres de no mandar sus hijos a la escuela mientras no termine la recolección, siendo ésta la causa principal de la poca concurrencia que se observa en las que están abiertas actualmente y de que los resultados no sean lo todo satisfactorio que fuera de desear, especialmente en lo que respecta a las mixtas debido al poco tiempo que durante el año se hallan funcionando, a las malas condiciones de los locales, faltos de luz, de capacidad superficial y de ventilación, al escaso sueldo de los maestros y a no haber recibido, según parece, visita de autoridad alguna.[576]

Como conclusións, convén facer fincapé en que o *alto índice de absentismo escolar e o abandono precoz do ensino público* eran máis frecuentes nas zonas rurais.[577] A pesar de que os pais estaban obrigados a inscribir aos seus fillos nas escolas, baixo pena de multa.[578] Pero a aplicación desta norma debeu de ser bastante laxa. Para constatar esta circunstancia, achegamos un anaco do informe realizado polo inspector de ensino primario Joan Comas Camps:

> Hay una acentuada interdependencia entre la frecuencia escolar y las condiciones geográficas y climatológicas del terreno: consecuencia de lo cual la asistencia es menos asidua en los campos que en las villas y ciudades.[579]

Cómpre ter en conta o que a *Ley Moyano* manifestaba a obrigatoriedade e gratuidade da ensinanza primaria: "a escola era gratuíta para todos aqueles proxenitores que non a puidesen pagar". As familias pobres que tiñan unha situación de desvantaxe necesitaban demostrar mediante unha certificación expedida polo respectivo párroco, e visada polo alcalde do municipio. Os titores legais estaban obrigados a enviar aos nenos á escola dende os seis anos ata os nove anos baixo pena de multa de 0´50 ata 5 pesetas

[572] En Jesús de Juana e Julio Prada, *Historia contemporanea de Galicia,* (Barcelona: Ariel, 2005) 191.

[573] En Pedro Gómez Álvarez, *O ensino a terra de Lemos nos séculos XIX e XX* (Monforte de Lemos: Deputación de Lugo, 2022), 197.

[574] Vide J. Rincón Fernández, *Memoria acerca de los medios prácticos para conseguir la asistencia de los niños a las escuelas* (A Coruña: Imp. Galicia Minera, 1903).

[575] "Es un hecho triste, pero real, que el campesino no pueda prescindir del trabajo de sus hijos". Esta situación foi arrastrada dende o século XIX e descrita como un problema actual xa ven entrado o século XX, citado en *El Progreso*, Lugo, 14 de outubro de 1923.

[576] En Antón Costa Rico, *Historia da educación e da cultura en Galicia* (Vigo: Xerais, 2004), 918-920.

[577] En "Congreso Pedagóxico Lucense", *El Progreso,* Lugo, 10 de outubro de 1923.

[578] En Pedro Gómez Álvarez, *O ensino a terra de Lemos nos séculos XIX e XX* (Monforte de Lemos: Deputación de Lugo, 2022), 198.

[579] En Joan Comas Camps, "Asistencia escolar y analfabetismo", *Vida Escolar,* Nº 167, ano IV (1930): 3.

como máximo.[580] A extrema precariedade das familias e a escasa valoración social dos estudos primarios dilatou esta situación ata ben entrado o seculo XX.

Nas zonas rurais esta neglixencia educativa era máis aguda. Nas aldeas apenas existían os adiantos da vida moderna como a luz eléctrica. Alén disto, quizais por descoñecemento, as familias nas zonas rurais tampouco tiñan a inquietude de posuír moitas das comodidades das que gozaban os cidadáns das urbes. Sobre todo nas zonas de montaña levaban unha vida moi sinxela, dedicando a maior parte do tempo a súa familia, a horta e o gando: "Calquera inquietude de comodidade urbana atopábase fóra da súa rutina agraria".[581]

Ilustración 13. Dúas nenas lucenses traballando no campo en 1905, publicada en *El Progreso*[582]

Segundo del Peso y Sevillano en 1922, Lugo era unha das provincia coa asistencia máis baixa co 42,3%: practicamente tan só a metade de alumnos asistían as clases. Con estes datos reflíctese os baixos resultados, comprobando o alto absentismo escolar enunciado anteriormente. As cifras de asistencia media total presentadas por José del Peso recollen de xeito sintético que moitos estudantes, non podían adaptar ás horas de clase ás faenas agrícolas.

> Y aún cabe más; establecer las horas de clase de acuerdo con las de las faenas agrícolas. Esto lo creo una necesidad y más fácil de realizar que el establecimiento de roperos y cantinas escolares rurales, que suena una utopía bastantes años.[583]

[580] En Manuel B. Cossío, *La enseñanza primaria en España,* (Madrid: Edit. R. Rojas Museo Pedaxógico nacional, 1915), 81.

[581] En José del Peso y Sevillano, "Galicia y su Enseñanza Primaria" (Madrid: Arquivo JAE. Sinatura: JAE/115-391, xuño 1925)

[582] En José de Cora Paradela, *Lugo XX Historia de un siglo* (Lugo: Edit. *El Progreso*, 1999), 103.

[583] En Jacinto Ruiz, "La primera enseñanza en la provincia de Lugo-1927", *Vida Escolar,* Nº 40, ano I (1927): 4.

Como observamos, existen tres características significativas nas asistencia escolar: a baixa matriculación, a irregularidade na asistencia e o abandono progresivo (observando que moitos alumnos e alumnas deixaban de acudir ás escolas).[584] Na Semana Pedagóxica de 1933, o mestre de San Martiño (Foz), Manuel Cordeiro, indicaba que a regularización da asistencia continuaba a ser un problema educativo. Nunha cuartilla publicada na revista *Vida Escolar*, este mestre afirmaba que esta situación era froito da herdanza dos "poderes absolutistas",[585] describindo un contorno rural pobre onde os nenos e nenas se vían obrigados a traballar coas familias.[586]

Gráfico 6. Asistencia media lucense total en 1922



Fonte: En José del Peso y Sevillano, *Galicia y su Enseñanza Primaria* (Madrid: Arquivo JAE. Sinatura: JAE/115-391, xuño 1925).

Outros mestres tamén describiron esta situación pormenorizadamente nos seus traballos e cartas: unha escola gratuíta e obrigatoria, cunha asistencia irregular dos alumnos por dedicarse ás tarefas agrícolas. Por exemplo, a mestra da *Escuela Nacional de nenas de Calde* (Lugo), Carme Montenegro, constataba a caída da matrícula de nenas dende o ano 1935 ao 1936. No curso de 1935 tiña 40 alumnas matriculadas, máis o ano seguinte só contaba con 6 nas súas listas. A mestra informaba nunha carta ao Concello que as demais atopábanse dedicadas ás faenas agrícolas da sementeira outonal. Igualmente, Avelino Rivieral mestre da *Escuela Nacional de Nenos* da mesma localidade denunciaba un descenso considerable nas listas dos seus matriculados ao igual que a súa compañeira. No curso 1935, a matrícula escolar descendeu de 57 a 13. Esta diferenza supón unha baixada na matrícula da *Escuela de Calde* dun 78% masculina e un 85% feminina. Un cambio significativo que volve a mostrar unhas cifras peores para as alumnas, que se ausentaban do colexio para axudar as súas familias nos quefaceres agrícolas.[587]

[584] En Joan Comas Camps, "Asistencia escolar y analfabetismo", *Vida Escolar*, Nº 167, ano IV (1930): 3.

[585] Entendemos que Manuel Cordeiro se refería a que a decadencia da nación española desprendeuse dunha mala xestión política dos gobernadores do século XIX: sobre todo a administración do capital, perda das colonias e pouco investimento nos servizos públicos

[586] En Manuel Cordeiro, "La asistencia escolar en el rus", *Vida Escolar*, Nº 336, ano VII (1933): 26.

[587] Ambas as dúas cartas poden atoparse arquivadas no APL (Lugo: APL, sinatura 1422-02). En V. Montenegro e A. Rivieral, "Cartas al Ayuntamento de Lugo sobre asistencia escolar" (Lugo: APL. Fondo Concello. Sinatura: 1422-02, 1936).

Segundo os inspectores José del Peso, Joan Comas e as viaxes de Luis Bello (triangulación), as localidades lucenses visitadas polos tres estaban influídas por factores naturais e sociais, ambos conformadores da vida escolar. Pese a que a fisionomía da provincia incidía na asistencia escolar, segundo Joan Comas foi a ignorancia e a pobreza dos habitantes a que tivo maior peso no absentismo. Así, denotamos certa complexidade nas características sociais que limitaban a vida dos discentes.[588] En 1930, Comas resaltaba o grave problema da ignorancia da poboación, influenciando en exceso sobre a asistencia dos alumnos: "la ignorancia de los padres y del medio ambiente".[589] E engade:

> ...la ignorancia de los padres no ejerce la misma influencia en las ciudades que en el campo; seguramente porque la aplicación de la ley de obligatoriedad es más rigurosa que aquéllas, y ademas a causa del medio ambiente cultural que en las aldeas es, por imperativo lógico, casi nulo.[590]

Ilustración 14. Manuel Cordeiro, mestre de San Martiño de Foz ("Número especial sobre a Semana Pedagóxica Lucense*" de Vida Escolar*)

En relación coa asistencia escolar, cómpre rememorar que as *condicións dos locais* escolares non se axustaban ás necesidades hixiénicas e pedagóxicas. Esta circunstancia non axudaba ao benestar nin á aprendizaxe dos discentes. Os mestres denunciaban aos concellos o mal acondicionamento dos centros.[591] Os seus equipamentos foron valorados polos inspectores chegando a similares conclusións.[592] Posteriormente, nas xuntas locais tratáronse o problema dos escasos fondos económicos. Os accesos ás escolas e os recintos escolares tamén eran deficitarios, comunicados normalmente por camiños veciñais ou corredoiras. Estas vías de comunicación tampouco cumprían unhas condicións de seguridade adecuadas para os discentes. No APL están arquivadas as cartas onde se manifestaban estas deficiencias.[593] Incluso a maioría da poboación rural lucense estaba disgregada, algúns nenos tiñan que percorrer longos e dificultosos traxectos para acudir ás institucións escolares: "Desprovistos de caminos, los niños tienen que atravesar grandes barrizales en invierno y cruzar ríos desbordados, peligrosos y con frecuencia acuden mojados hasta las rodillas".[594] Exceptuando algunhas escolas de indianos lucenses, o aspecto das escolas rurais estaba infradotado. Os emprazamentos variaban segundo as posibilidades: antigas cortes, bodegas ou almacéns. Segundo o inspector del Peso y Sevillano, normalmente as aulas

[588] Vide José del Peso y Sevillano, "Galicia y su Enseñanza Primaria", (Madrid: Arquivo JAE. Sinatura: JAE/115-391, xuño 1925 e Luis Bello Trompeta, *Viaje por las escuelas de Galicia*, (Madrid: Akal, 1973).

[589] En Joan Comas Camps, "Asistencia escolar y analfabetismo", *Vida Escolar*, Nº 167, ano IV (1930): 3.

[590] Ídem.

[591] En J. Díaz Fernández, "Alquileres y denuncias de propietarios de locales" (Lugo: APL. Fondo: Concello. Sinatura: 930, 1909).

[592] En Luis Soto Menor, "Informe de Luis Soto Menor da Junta Provincial de Lugo" (Lugo: APL. Fondo Concello. Sinatura: 1202-01, outubro 1924)

[593] En varios, "Correspondencia de los maestros de Lugo al Ayuntamiento, como contestación a la Circular nº 265 del Consejo Local, publicado el 9 de septembre de 1936" (Lugo: APL. Fondo Concello. Sinatura: 1422-02, 1936).

[594] Ídem.

eran salóns mal habilitados para cubrir as necesidades pedagóxicas e hixiénicas, que noutros tempos serviron para outras utilidades.[595]

Cadro 14. Características físicas que limitaban a asistencia
1. Xeografía montañosa
2. Condicións climatolóxicas duras
3. Malas vías de comunicación
4. Mal estado das escolas
5. Falta de establecementos escolares
6. Poucos recursos para desprazarse

Fonte: Elaboración propia. En José Rodríguez Mourelo, "Condición social de los niños labradores en Galicia", *Reformas Sociales. Información escrita practicada por la Comisión de Reformas Sociales en Madrid. Publicada en 1890* (Madrid: Centro de Publicaciones del Ministerio de Trabajo y Seguridad Social, 1985), 188 e en José del Peso y Sevillano, *Galicia y su Enseñanza Primaria* (Madrid: Arquivo JAE. Sinatura: JAE/115-391, xuño 1925).

Nos anos vinte do século XX aumentou a matrícula, as escolas e os mestres,[596] incremento que se intensificou nos anos trinta.[597] Así, incluso algunhas escolas tiñan alumnos e alumnas pendentes de admisión por ter exceso de matrícula. Por este motivo, algún escolar non obtivo praza nun primeiro momento. Esta situación era difícil para o mestre porque tiña que negarlle a un menor a posibilidade de recibir educación na súa escola. O mestre non tiña posibilidade física de incluír a tantos nenos nun espazo tan reducido. Esta circunstancia recolleuse nas cartas arquivadas no APL en setembro de 1936. Os mestres do Concello de Lugo obedecían a unhas novas indicacións recollidas na Circular N.º 265 publicada no *Boletín Oficial da Provincia*. Esta normativa esixía aos centros educativos que informaran ao presidente do *Consejo Local* sobre os resultados da matrícula anual.[598]

Ilustración 15. Mestre Francisco Medina (Pazamor) (Número especial sobre a *Semana Pedagóxica Lucense* en 1933)

Nos cursos 1935 e 1936 existiron catro centros de Lugo que non podían matricular a varios alumnos por falta de material mobiliario. A mestra da *Escuela Nacional de Niñas* situada na avenida da Coruña en Lugo Consuelo Guerra transmitiu: "que non puido escolarizar a cinco nenas por insuficiencia de moblaxe", xa que carecía de bancos bipersoais de madeira onde sentar ás alumnas pendentes de admisión. Esta situación levou consigo que algunhas nenas estiveran pendentes da súa matriculación. A pesar dos esforzos dos mestres por incluír estes nenos nas aulas non podían porque o material era escaso, deficiente ou inapropiado. Igualmente, o mestre da Escola de Nenos

[595] En varios "Número especial sobre a Semana Pedagóxica Lucense", *Vida Escolar,* Nº 336, ano VII (1933): 23.

[596] En Antón Costa Rico, *Escolas e Mestres: da Restauración á II República* (Santiago: Xunta de Galicia, 1980), 380-386.

[597] En Antón Costa Rico, A. e Uxía Bolaño Amigo, "Represión política e castigo do profesorado republicano na provincia de Lugo. As consecuencias do 36", *Sarmiento,* Nº 21 (2017): 106

[598] En varios, "Correspondencia de los maestros de Lugo al Ayuntamiento como contestación a la Circular nº 265 del Consejo Local" (Lugo: APL. Fondo Concello. Sinatura: 1422-02, 1936).

Nº 2, Jesús Reaco afirmaba que estaba moi afectado por non poder incluír a varios nenos na súa clase, sinalando: "Siento pena por verlos no poder recibir instrucción y quedar sin enseñanza".[599] En cuestión de absentismo escolar, o curso 1936/37 foi especialmente significativo debido ao comezo da Guerra Civil, á tradición das tarefas agrícolas, á incorporación a filas de algúns mestres e á situación de inestabilidade sociopolítica.[600] Estes aspectos fixeron que se interromperan as clases, polo que se alcanzaron cifras de asistencia baixas.[601]

4.1.3. A escasa eficacia das xuntas provinciais e locais

No século XIX, os gobernos potenciaron o intervencionismo do Estado en materia de educación, para garantir o correcto funcionamento do sistema educativo. Así, en 1812 as Cortes fundou a *Dirección General de Estudios* e en 1832 creou a *Secretaría de Estado y el Despacho do Fomento General del Reino*, que se encargaba da instrución pública. Posteriormente, en 1836 existían conselleiros neste organismo, estes cargos exercían unha función con carácter consultivo. O Goberno non tiña por que acudir a eles. O ministro podía decidir unilateralmente, pero o Consello podía tomar a iniciativa para propoñer accións como visitas de inspección. En 1847, estes asuntos pasaron ás mans do *Ministerio de Comercio, Instrucción y Obras Públicas*. En 1851, este Ministerio pasou a chamarse de Fomento, pero a instrución estaba a cargo do *Ministerio de Gracia y Justicia*.[602]

Ata 1857 as *Juntas Locales* chamábanse Comisións Locais de Investigación Primaria, nestas reunións o inspector informaba brevemente ao concello da situación dos centros educativos, especialmente na que afectaba directamente á corporación local: instalacións, equipamento, salario do profesor ou profesor, etc. Mais tarde, o inspector trasladaba esta información a través dun informe á Comisión Provincial de Educación Primaria (máis tarde denominadas Xunta Provincial), que en teoría analizaba e adoptaba as medidas legais oportunas, aínda que na práctica amosaron ser pouco efectivas.[603]

Unha das principais *funcións da Junta Local* era tramitar as demandas das escolas das localidades. Mediante esta xuntanza, moitos veciños lucenses solicitaron a creación dun centro para o seu municipio, en conformidade co artigo 10 da Orde do 18 de outubro de 1859. Estas demandas foron frecuentemente tramitadas e estimuladas por inspectores, párrocos e mestres nacionais.[604] A través destas vías, a comunidade educativa solicitaba a construción de novos colexios á *Junta Local* de Primeiro Ensino. O procedemento era o seguinte, normalmente os veciños das parroquias acudían ao inspector ou ao párroco para que redactara a pertinente solicitude e a interpoñían nos

[599] En J. Reaco, "Correspondencia de los maestros de Lugo al Ayuntamiento como contestación a la circular nº 265 del Consejo Local, publicado el 9 de setembro de 1936" (Lugo: APL. Fondo Concello. Sinatura: 1422-02, 1936).

[600] Estas cartas datan de setembro de 1936, cando os mestres do concello de Lugo responderon á Circular N.º 265 publicada no Boletín Oficial da Provincia. Na que o Consello Local esixiu que os centros educativos informen o presidente do concello de varias cuestións. En varios, *Correspondencia de los maestros de Lugo al Ayuntamiento como contestación a la Circular nº 265 del Consejo Local* (Lugo: APL. Fondo Concello. Sinatura: 1422-02, 1936).

[601] En F. Andoneguí, "Mestra da Escola de Niñas da cidade de Lugo, comunicando as numerosas baixas das alumnas por dedicarse aos labores do fogar ou por mortalidade" (Lugo: APL. Fondo Concello. Sinatura: 931, 1908).

[602] En Manuel B. Cossío, *La enseñanza primaria en España* (Madrid: Edicións R. Rojas, Museo Pedagóxico Nacional, 1915), 43.

[603] En Jesús Marrodán Gironés, "La visita de inspección y las Juntas Locales de Instrucción Primaria en el siglo XIX", *Revista Supervisión 21,* Nº 26 (2012): 2.

[604] Expedientes relacionados coa concesión de subvencións para a construción de edificios escolares. En varios, "Expedientes sobre la construcción de escuelas" (Lugo: APL. Fondo Concello. Sinatura: 931, 1905).

concellos, describindo as malas condicións pedagóxicas e de salubridade dos establecementos. Nalgunhas ocasións os propios veciños ofreceron locais da súa propiedade gratuitamente para aloxar a escola, sen que para iso a corporación local tivese que realizar ningún desembolso ou investimento: "Doazón social dalgúns veciños para a implantación do ensino público e gratuíto".[605]

A partir de 1885 a relación entre a Administración Local e a Provincial limitábase a fiscalizar o número de escolas públicas e privadas respecto a Lei Moyano.[606] A *Xunta Provincial de Instrucción Pública* de Lugo entendía que os centros privados debían de figurar nas estatísticas escolares porque algúns dos seus mestres carecían da aptitude legal, organización e instrución suficiente.[607] En realidade, estes centros non se contabilizaban porque a Lei Moyano establecía que as escolas públicas tiñan que ser un terzo das totais. Tendo en conta isto, o reitor da *Universidad de Santiago de Compostela* aconsellou a creación de máis escolas nacionais segundo a Lei Moyano.[608] Emporiso no quinquenio 1856-1860, o Concello de Lugo non considerou oportuno a creación de máis escolas públicas porque carecían de demanda.[609]

Nos primeiros anos do século XX, o papel do medio administrativo local e provincial operou sobre o ensino primario en Lugo cunha eficacia limitada, segundo o inspector José del Peso y Sevillano.[610] Estes organismos constituíronse para facer efectivos os distintos cambios legislativos pero os documentos atopados nos arquivos ofrecen unha imaxe demasiado burocrática e pouco efectiva. Cómpre sinalar a enorme inestabilidade na dirección administrativa xeral da que dependían estas xuntas. En 1900 pola Lei de Presupostos de 31 de marzo e o Real Decreto do 18 de abril creouse o *Ministerio de Instrucción Pública*. En quince anos pasaron por este organismo vinte e seis ministros, un cada sete meses. O 1 de xaneiro de 1911, para facer fronte a estes sucesivos cambios ministeriais, creouse a *Dirección General de Primera Enseñanza.* Polo Real Decreto do 5 de maio de 1913, os conselleiros de instrución pública eran inspectores de ensinanza. Para ocupar este cargo non necesitaban encargo ministerial. Por orde xerárquica, despois destes conselleiros atopábanse os reitores da universidade. Estes exercían de xefes de Ensino Primario nos seus respectivos distritos universitarios. Lugo estaba baixo a tutela do reitor da *Universidad de Santiago de Compostela*. O seguinte cadro recolle por orde descendente a ordenación administrativa.

Cadro 15. Orde administrativa da Dirección Xeral de Primeira Ensinanza en 1913
1. Ministro e subsecretario
2. Conselleiros ministeriais de instrución pública
3. Asesoría xurídica
4. Reitores de universidade
5. Consello universitario: carácter consultivo (decanos)

[605] En José Marín Pasalodos, "Donación del edificio para fines docentes del Menéndez Pelayo por José Marín Pasalodos" (Lugo: APL. Fondo Ayuntamiento. Sinatura: 1202-01, 1942)

[606] En varios, "Carta del Presidente de la Junta Provincial de Lugo al Gobernador Civil en 1884" (Lugo: APL. Fondo: Concello. Sinatura: 931, 1884); e varios, "Carta del Alcalde de Lugo al presidente de la Junta provincial de primera enseñanza en 1885" (Lugo: APL. Fondo: Concello. Sinatura: 931, 1885).

[607] Cómpre ter en conta que existía gran número de institucións particulares-relixiosas nos municipio de Lugo, Mondoñedo e Monforte de Lemos.

[608] En varios, "Carta del Presidente de la Junta Provincial de Lugo al Gobernador Civil en 1884" (Lugo: APL. Fondo: Concello. Sinatura: 931, 1884); e en varios, "Carta del Alcalde de Lugo al presidente de la Junta provincial de primera enseñanza en 1885" (Lugo: APL. Fondo: Concello. Sinatura: 931, 1885).

[609] En Narciso de Gabriel, *Ler e escribir en Galicia* (A Coruña: Universidade da Coruña, 2006), 157.

[610] En José del Peso y Sevillano, "Galicia y su Enseñanza Primaria" (Madrid: Arquivo JAE. Sinatura: JAE/115-391, xuño 1925).

6.	Xunta Provincial (cada mes)
7.	Seccións administrativas de Primeiro Ensino
8.	Xunta Local (unha vez ao mes)

Fonte: Elaboración propia. En Manuel B. Cossío, *La enseñanza primaria en España* (Madrid: Edit. R. Rojas, Museo Pedagóxico Nacional: 1915), 50.

A orientación centralista do Estado a finais do século XIX e comezos do XX foi deixando case sen facultades á *Junta Provincial de Lugo* en beneficio do Reitorado da *Universidad de Santiago de Compostela* e da Administración Central. Por contigüidade, a medida que pasou o tempo, o proceso de centralización tamén deixou case sen poderes ás *Juntas Locales de Primera Enseñanza* de Lugo e os outros concellos. As funcións destes organismos eran as seguintes:

a) Discutir sobre doazóns provinciais.
b) Realización de censos destinados a Primeiro Ensino.
c) Elaboración de estatística provincial de Primeiro Ensino.
d) Fomento para a creación de escolas.
e) Establecemento de caixas de aforros.
f) Realización de museos escolares.
g) Nomeamento dos vogais das xuntas.
h) Tratar a realización de reformas nas escolas.

Por outro lado, convén puntualizar que a *Junta Provincial* non funcionaba ben porque segundo o inspector José del Peso y Sevillano tiña unha serie de problemas: reuníase con pouca asiduidade, existía certo desleixo administrativo e foi perdendo competencias pouco a pouco ao longo dos primeiros decenios do século XX.[611] Consecuentemente, a este organismo suprimíronselle todas as funcións executivas sobre os mestres nacionais. Xeralmente, nestas reunións tratábanse temas como a adecuación dos locais ou a dotación das escolas, pero a maior parte das súas funcións pasaron a estar centralizadas.

> En 1903, se convoca una Junta Provincial, en la que se trató la necesidad de realizar reformas en las escuelas de la provincia de Lugo. Muchas escuelas necesitaban reparaciones en las instalaciones, como obras en las vidrieras, pintura, goteras, etc. En gran parte del período estudiado se encuentran testimonios de maestros que afirman que sus centros escolares no reunían las condiciones higiénicas y pedagógicas adecuadas, poniendo en peligro la enseñanza e incluso la salud de los alumnos y maestro. Mala ventilación, accesos peligrosos al lado de pozos de aguas fecales; una escuela, incluso llega a estar contigua a una taberna. [612]

O Real Decreto do 18 de novembro de 1907 reorganizou a inspección de Primeiro Ensino:[613] tentativa de crear o grao Normal para inspectores e o de profesor de Escola Normal. En liñas xerais, este R.D. estableceu unha importante reforma da inspección, marcando os obxectivos onde incidir nas orientacións pedagóxicas e accións gobernativas nas escolas: informar sobre a situación da ensinanza e realizar reformas beneficiarias para o Estado.[614] Igualmente, este normativa promoveu un aumento do

[611] En José del Peso y Sevillano, "Galicia y su Enseñanza Primaria" (Madrid: Arquivo JAE. Sinatura: JAE/115-391, xuño 1925).

[612] En varios, "Actas de Concello" (Lugo: APL. Fondo: Concello, sinatura 931).

[613] En Consuelo Flecha García, "La inspcción de primera enseñanza en la España del primer tercio del siglo XXI: modelos, contextos y protagonistas", *Historia Caribe*, volumen XIII, Nº 33 (2018): 197.

[614] Esta normativa volveu a implantar o sistema de ingreso a través de un *concurso-oposición*, un proceso mixto que combinaba unha proba cun concurso de méritos para conseguir o ascenso á inspección. De xeito similar, volveu a

control sobre a inspección e as *Juntas Provinciales*, e recoñeceu a necesidade de independencia dos inspectores respecto á Administración Provincial, ao acordar no seu artigo número 13 que estes axentes dependían directamente da *Subsecretaría de Instrucción Pública*. Así, outorgáballe unha maior potestade sancionadora ante os mestres:

> "…de la Subsecretaría de Instrucción Pública y para el ejercicio de la Inspección bajo la del Inspector de distrito universitario en que presten servicios".[615]

Nestes anos os inspectores limitábanse en gran parte a revisar as condicións hixiénicas e a conduta moral dos profesores: sobre todo en que as actitudes docentes non foran contrarias aos postulados ideolóxicos do Goberno. O inspector gozaba de certa autoridade e podía amoestar aos mestres e clausurar as escolas que non se axustasen á lexislación vixente, como foi o caso do peche temporal da Escola de Fontaneira (Baleira). Á súa vez, este dependía do inspector xefe provincial, cargo ocupado en Lugo por Luis Soto Menor que levaba o rexistro das visitas: "as escolas debían de ser visitadas polo menos unha vez cada tres anos". Analogamente, o inspector de termo visitaba o distrito universitario, todo este control era rexistrado na *Sección de Estatística e Inspección* a través de notas. O ámbito de actuación destes axentes non se limitaba ao ámbito escolar, tamén tiñan xurisdición inspectora sobre as xuntas provinciais e locais. Esta potestade estaba recollida nos artigos 30 e 29. 2.º respectivamente: "Los inspectores llamarán la atención de los Secretarios de las Juntas Provinciales cuando éstas demoren la celebración" [...] "podrán proponer al Gobernador civil de la provincia la suspensión o reforma de las Juntas locales". En efecto, esta figura abarcaba todos os aspectos relacionados coa ensinanza pública: "Todo cuanto directa o indirectamente pueda contribuir a la mejora y adelantamiento de la educación y la cultura popular".[616] O Goberno de Maura quixo potenciar o funcionamento das xuntas, pero respecto a elas, os inspectores gozaban de certa independencia ao depender directamente da Subsecretaría do Ministerio.[617]

Neste sentido, cómpre analizar a relación entre a inspección do ensino primario e as *Juntas Provinciales* de Lugo. Existen dúas teses sobre as relacións entre a inspección e estes organismos, a primeira traslada a idea de que estas reunións foron unha fonte de conflitos entre as autoridades pertinentes e os inspectores. Tendo en conta a opinión de Ramírez Aísa, sobre este asunto este investigador sinalaba:

> La hegemonía inspectora quedó en manos de las Juntas provinciales reorganizadas en 1907 [...] Cualquiera de sus miembros podía girar visita a las escuelas, asistir a los exámenes y expedientar a los maestros por faltas graves en el desempeño de su cargo con supresión de sueldo e incluso proponer su separación del servicio […] los inspectores eran instrumentos al servicio de la Juntas provinciales y por tanto estaban sujetos a la influencia política y caciquil de los miembros y organismos en ellas representados.[618]

En segundo lugar existe a análise de María Teresa López del Castillo, que mantivo unha idea diferente pero complementaria a Ramírez Aísa. Este inspector concédelle

retomar o polémico tema da inmobilidade do cargo: os inspectores podían volver a ser trasladados a outra provincia ou distrito universitario por conveniencia da Administración, sempre dentro da súa categoría e non se podía facer máis dunha vez ao ano. En *Gaceta de Madrid* do 24 de novembro de 1907.

[615] En Real Decreto do 18 de novembro de 1907 (Artigo 13).

[616] En Real Decreto do 18 de novembro de 1907 (Artigo 20.1.º).

[617] Vide Real Decreto do 18 de novembro de 1907.

[618] En Elías Ramírez Aísa, "Introducción a la historia de la Inspección en España", *Fundamentos de Supervisión Educativa* (Madrid: Edicións La Muralla. 1993), 216-217.

máis importancia ao feito de que as *Juntas Provinciales,* xa que dende o seu nacemento, xa tiñan funcións inspectoras, aceptando as facultades deste organismo. Pero ten en conta a orixe destas e a incorporación dunha nova xurisdición inspectora a partir da publicación do Real Decreto de 1907. Deste xeito, mantiña a teoría de que: "Las Juntas Provinciales tenían facultades inspectoras ya desde su origen: recordemos que los inspectores nacieron en principio como simples delegados de estos organismos".[619] A partir do Real Decreto de 1907, o Goberno outorgoulle á inspección unha xurisdición inspectora nas xuntas, cambios que a nivel real tardarían en adoptarse. Nesa mesma liña, a reorganización levada a cabo con esta disposición decretaba sobre as reunións:

> Los inspectores llamarán la atención de los secretarios de las Juntas provinciales cuando estas demoren la celebración de sus sesiones"…" así como para el pronto despacho de los asuntos encomendados a estas cuando sufrieren retraso o se formulase reclamación por parte de los Maestros.[620]

Sobre a cuestión dos inspectores que mantiveron asistiron ás xuntas locais e provinciais, Manuel Lorenzo Gil foi o inspector en Lugo que percibiu a transferencia de atribucións do Real Decreto de 1907. Sete anos máis tarde sucederíao no cargo Luis Soto Menor.[621] O certo é que no artigo número trece desta disposición outorgáballe unha nova independencia aos inspectores, sobre todo no referido a súa relación cos demais órganos provinciais. A inspección do ensino primario pasaba a depender directamente da subsecretaría do Ministerio. Este cambio propiciou que os inspectores alcanzaran novas atribucións e capacidades a nivel legal. A nivel práctico non sabemos canto durou a hexemonía inspectora lucense: nun primeiro momento a función inspectora estaba en mans das *Juntas Provinciales,* pero estes organismos foron reorganizados e atopábanse fortemente ligados á enquistada tradición provincial. Porén a implantación destas novas facultades estaría suxeita a unhas variables sociais, culturais, políticas e relixiosas máis prácticas e funcionais. En relación con isto, un aspecto importante foi a adquisición progresiva dun maior grao de progreso cultural da provincia luguesa.

O Real Decreto do 5 de maio de 1913 transformou o regulamento de funcionamento das *Juntas Provinciales* y *Locales*: basicamente modificouse a potestade destas xuntas para exercer unha inspección directa, que só podían aplicar unha vixilancia do cumprimento do *calendario escolar*. No caso de que a escola non cumprira os días lectivos a Xunta avisaba ao inspector xefe, neste caso a Luis Soto Menor.[622] Este decreto suscitou as críticas da Igrexa e as instancias conservadoras. As institucións eclesiásticas temeron pola perda de poder do que gozaban antano, xa que podían establecer con liberdade o calendario escolar nos seus centros.[623] En 1915 a inspección do ensino primario en Lugo constituíu varias *Juntas Locales*, pero estas reunións perderon varias das atribucións das que gozaban antano: a súa principal función era coidar de que os mestres non se ausentasen indebidamente das súas escolas.

---

[619] En María Teresa López del Castillo, "El acceso de la inspección profesional en el sistema educativo español", en Eduardo Soler Fiérrez, María Teresa López del Castillo, Domingo Muñoz Marín, Antonio Molero Pintado e Elías Ramírez Aísa Eías, *Estudios históricos sobre la Inspección Educativa* (Madrid: Escuela Española, 1995), 117.

[620] En Real Decreto do 18 de novembro de 1907, "Sobre a reorganización da inspección educativa", artígo: 30 (1907), 117.

[621] En Manuel Lorenzo Gil, "As colonias escolares", *El Progreso,* Lugo, 25 de xullo de 1914.

[622] Modificacións do *Ministerio de Instrución Pública y Bellas Artes* segundo o Real Decreto relativo á organización e funcionamento das xuntas provinciais e locais de Primeira Ensino. En *Gaceta* do 13 de maio de 1913.

[623] En Rafael Fenoy Rico, "Historia de la Inspección en la Educación" (2007) 10, extraído o 14 de novembro de 2009 de: http://www.edudactica.es/Docus/Ensayos/Historia2%20Inspeccion.pdf.

A nivel práctico as *Juntas* non se encargaban da vixilancia de asuntos pedagóxicos,[624] era a inspección a que se encargaba deste asunto e trasladaba os resultados. Porén este organismo mudou o seu carácter burocrático por un máis técnico e pedagóxico. Na provincia luguesa non existían inspectores locais. Esta figura estaba presente extraordinariamente nas cidades cunha gran poboación como Madrid, Barcelona, Bilbao ou San Sebastián.

En definitiva, pode dicirse que as *Juntas Provinciales e Locais* luguesas foron órganos incompletos, debido á falta de solidez e eficacia nas relacións administrativas. Mentres tanto, as escolas nacionais atopábanse en malas condicións pedagóxicas e hixiénicas, unha situación provocada en parte polo desinterese que se alongou ata ben entrado o século XX.[625] Estes xuntanzas carecían da correspondencia doutros organismos, de falta de ritmo histórico, equilibrio e disposición. As *Juntas* simplemente avogaban polo cumprimento da Lei Moyano, a pesar da resistencia das tradicións provinciais acomodadas na Administración Central. Apartados do corpo orgánico do ensino, as súas funcións estiveron ausentes longos períodos de tempo. A influencia, utilidade e existencia de tales asembleas foi débil e pouco eficaz; o proceso de renovación da ensinanza chegou principalmente por influencias externas. Segundo o inspector José del Peso, estes organismos eran pouco eficientes e de natureza consultiva, tan só as coñecían algúns dos seus membros e se exercían con pouca regularidade.

> Las funciones que realizan en la práctica la mayoría de las existentes en esta Región, se reducen a servir de organismos consultivos de la Inspección o del Ayuntamiento, sin que suelan ni reunirse con la periodicidad legal ni tomar iniciativas en los asuntos de su competencia.
>
> Son pasivas que solo engranan y actúan –y esto muy premiosamente- a impulsos de enérgicas solicitaciones externas.
>
> La inacción habitual se estas Juntas va haciéndoles perder paulatinamente, como en las provinciales, su primitiva eficacia, por lo cual raras veces ve requerida su ayuda para resolver problemas docentes.
>
> Toda su actividad se va desplazando hacia el Alcalde, el cual, ostentando su representación y la del Ayuntamiento, por ambos suele actuar personal y exclusivamente en la mayoría de los casos, y, esto, desde un plano puramente administrativo.

[624] En varios, "Expediente de reorganización de la Junta Local de Primera Enseñanza" (Lugo: APL. Fondo Concello. Sinatura: 1202-01, febreiro 1908); en Junta local, "Aprobación de la creación de nuevas escuelas" (Lugo: APL. Fondo Concello. Sinatura: 1202-01, 1923); en Juntas Locales, "En la que se expresan los distribuciones en distritos escolares, y sus ditribuciones en la forma siguiente, se confirma la existencia de un total de 12.523" (Lugo: APL. Fondo Concello. Sinatura: 1202-01, xuño 1927); en Junta Local, "Tratamiento de la distritos adjuntos al Colegio de Lamas de Prado" (Lugo: APL. Fondo Cocello. Sinatura: 1202-01, agosto-1927); en Junta Local, "Edificio conocido como San Juán de Dios, creación de una escuela gratuita de las Hermanas de la caridad" (Lugo: APL. Fondo Concello. Sinatura: 1202-01, novembro-1927); en Junta Local, "El concejal de Educación de Lugo, solicita la creación de escuelas en: la Fervedoira, Eireje, Coeses, Recenil, Labio, Castelo, Frías y Magoy" (Lugo: APL. Fondo Concello. Sinatura: 1202-01, xuño-1928); en Junta Local, "Informe sobre el comportamiento de la Maestra: María Poural Lorenzo" (Lugo: APL. Fondo Concello. Sinatura: 1202-01, xaneiro-1930); en Junta Local, "Informe", (Lugo: APL. Fondo Concello. Sinatura: 1202-01, febreiro-1926); en Junta Local, "De enseñanza" (Lugo: APL. Fondo Concello. Sinatura: 1202-01, xaneiro-1926); en Junta Local, "De enseñanza" (Lugo: APL. Fondo Concello. Sinatura: 1202-01, decembro1924); en Junta Local, "De enseñanza" (Lugo: APL. Fondo Concello. Sinatura: 1202-01, abril-1926).

[625] En Luis Soto Menor, "Informe sobre o estado do Ensino Público na localidade de Lugo" (Lugo: APL. Fondo: Concello. Sinatura: 1202-01, 1924).

> Las Juntas locales, como tantas otras células administrativas que arrastran inadvertidamente el cuerpo de nuestro Estado, van perdiendo la vivacidad y la sensibilidad y atrofiándose, a medida que se va ausentando de ellas su primitiva función.[626]

Para concluír, cómpre facer referencia a varias *ideas sobre as Juntas Locales e Provinciales:* nun primeiro momento estes organismos tiñan unha función inspectora sobre as escolas lucenses pero coas sucesivas reformas lexislativas foron perdendo estas atribucións, as súas reunións e decisións tiñan pouca influencia e utilidade. É máis, o proceso de modernización pedagóxica chegou principalmente por influencias externas a estes organismos.[627] Logo de estudar a influencia administrativa das xuntas locais e provincias e os congresos lucenses onde os inspectores e mestres compartiron os problemas e solucións do ensino primario dende 1900 ata 1936, analizaremos as distintas propostas particulares favorables á valoración da lingua galega nas escolas. Así, varios inspectores e docentes estaban asociados a esta idea, sendo un factor notable e complementario ao desenvolvemento da ensinanza primaria e a súa inspección.

4.1.4. O choque cultural entre a lingua ambiental e a lingua escolar

Na Galicia de finais do século XIX existía un choque cultural entre a lingua ambiental (o galego) e a lingua vehicular divulgada nas escolas (o castelán). Esta realidade facilitou a existencia dunha situación sociolingüística diglósica.[628] Na provincia de Lugo, a coexistencia entre as dúas linguas empregadas tamén era desequilibrada no seu uso e valoración: o castelán gozaba dun maior prestixio social e era empregada en ambientes formais, mentres tanto o galego era utilizado en ámbitos informais.[629] Do mesmo xeito, o castelán era a lingua empregada nos libros escolares e con regularidade na vida eclesiástica.[630] Por todos estes motivos, o sistema educativo no primeiro terzo do século XX era un instrumento de *españolización* e desgaleguización.[631] Segundo Antón Costa, o sistema educativo implantado pola Administración Central era un medio de ruptura da identidade cultural e lingüística tradicional galega.[632]

> Nenbargantes o idioma galego estaba vivo en vilas e cidades e a muiñeira bailábase aínda nos casinos ó final das festas de sociedade. Mais era cousa nidia que a nosa lingoa perdía terro diante do castelán, vítima da constante e cada vez meirande presión oficial.[633]

En contra desta situación de bilingüismo desequilibrado, cabe destacar os impulsos realizados a favor da *galeguización* da escola polo *Partido Galeguista,* as *Irmandades*

[626] Vide José del Peso y Sevillano, "Galicia y su Enseñanza Primaria" (Madrid: Arquivo JAE. Sinatura: JAE/115-391, xuño 1925). Recollido todo o traballo no Anexo 7.3.

[627] En José del Peso y Sevillano, "Galicia y su Enseñanza Primaria" (Madrid: Arquivo JAE. Sinatura: JAE/115-391, xuño 1925).

[628] A constancia desta situación atópase reflectida nas caricaturas de Castelao. Este autor fixo visible o pensamento de moitos alumnos transcribindo: "O maestro non fala como nós".

[629] Centro estudado por primeira vez por Antón Costa na súa Tese publicada en 1982. En *Escolas e Mestres. A educación en Galicia: Da restauración á Segunda República* (Santiago: Editorial Servizo Central de Publicacións: Xunta de Galicia, 1989), 125-126. Máis tarde foi analizada tamén en Jesús de Juana e Julio Prada, *Historia contemporanea de Galicia* (Barcelona: Ariel, 2005), 191.

[630] En Salvador Castro Freire, *Lugo y sus hombres. Ensayo de síntesis histórica* (Lugo: Editorial Celta, (...)), 128-129.

[631] En Delfín Caseiro Nogueiras, "A inspección educativa e a normalización lingüística no primeiro terzo do século XX". En *Actas do V Congreso Manuel Luís Acuña* (Orense: Deputación Provincial de Ourense, 2021), 29

[632] En Antón Costa Rico, (2004), 1028.

[633] En Ben Cho Shey "Irmauciños", *Exposición Ben Cho Shey, 50 anos de maxisterio cultural (1918 – 1968),* (Extraído o 1 de febreiro de 2024) https://benchoshey.wordpress.com/2013/03/04/os-irmaucinos-bcs-e-as-irmandades/.

da Fala e o *Seminario de Estudos Galegos*. Outra asociación defensora da cultura galega foi a *Academia galega*, fundada en 1905. Nos anos posteriores naceron as seguintes organizacións agrarias, benéficas e culturais na Coruña: *Unión Campesiña*, *Solidariedade Galega* e *Acción Galega*.

En 1907, convén facer unha mención especial na provincia de Lugo ao *Plan de estudos da Escola da Liga Santaballesa de Vilalba*,[634] unha experiencia innovadora que incluía o estudo do galego na súa escola (1913), considerando a relevancia de que os seus mestres empregasen este idioma na aula. Neste centro levouse a cabo unha metodoloxía afín ás teorías da ILE, xa que foi a primeira institución en España que valorou a importancia de estudar e conservar as linguas rexionais nas escolas normais.[635] Quizais debido a isto, segundo o *Heraldo de Vilalba*, o 14 de novembro de 1916 anunciouse a creación nesta vila da asociación *Irmandade de Amigos da Fala*.[636]

Ademais nestes anos produciuse unha renacenza literaria e a aparición de novas imprentas,[637] aspectos que redundaron positivamente no uso do galego.[638] Así, en 1916, o lucense Antonio Vilar Ponte defendeu a cultura propia de Galicia impulsando a creación das *Irmandades da Fala*, do que foi membro o lucense Luis Porteiro Garea e o mindoniense Antonio Maseda Bouso en 1917. Neste ano tamén apareceu *Xeración Nós*, empregando como órgano de expresión o xornal *A Nosa Terra* coa colaboración de Vicente Risco e Xoán Vicente Viqueira entre outros.[639]

Nos anos vinte aumentou de xeito significativo o ritmo de creación de *asociacións* galegas que reivindicaron un maior uso do galego: en 1922 apareceu a organización política *Irmandade Nazonalista Galega* impulsada por Vicente Risco. Un ano antes, este autor elaborou o "Plan pedagóxico para galeguización das escolas", con ánimo de unificar nun proxecto o proceso de galeguización.[640] En 1923 naceu o *Seminario de Estudos Galegos* e Ánxel Casal creou as *Escolas de Insiño Galego.*[641] En 1925, a *Sociedade Nazonalista Pondal*, editando *A Fouce* en Bos Aires.[642] Daquela publicouse o Decreto do Goberno, no que regulaba a redención de foros, impulsada polo galeguista Basilio Álvarez. No ultimo ano do decenio dos anos vinte naceu a *Organización Republicana Galega Autónoma* (en adiante ORGA), coa colaboración de Santiago

[634] En Antón Costa Rico, *Escolas e Mestres. A educación en Galicia: Da restauración á Segunda República* (Santiago: Editorial Servizo Central de Publicacións: Xunta de Galicia, 1989), 125-126

[635] Vide Eugenio Otero Urtaza, *Manuel Bartolomé Cossío, trayectoria vital de un pensador* (Madrid: CSIF, 1994).

[636] En Xosé Pombo Mosquera, *Liga Santaballesa. Historia dunha Escola Habanera 1907-2007* (Vilalba: Padroado da Liga Santaballesa, 2007), 163.

[637] Referímonos principalmente á Imprenta de Antonio Suárez onde traballaba o grupo da revista *Yunque* en Lugo: formada por Romero Boelle, Francisco Lamas, Antonio Suárez e Ánxel Fole.

[638] En Xesús Alonso Montero, "A cuestión crucial do idioma galego desde o Rexurdimento a hoxe mesmo", *Actas do V Congreso Manuel Luís Acuña* (Orense: Deputación Provincial de Ourense, 2021), 13.

[639] En Galicia, respecto á defensa do uso do galego, é preciso destacar varias iniciativas individuais que apoiaron a galeguización da escola, levadas a cabo principalmente por: Ánxel Casal, Xohan Vicente Viqueira, Vicente Risco, Xosefa Iglesias Vilaverde, Ramón Otero Pedrayo, Antón Vilar Ponte e Luis Barreiro Paradela.

[640] En Vicente Risco, "Plan pedagóxico pra galeguización das escolas", *Revista Nos* (1921): 6-7

[641] En S. R. Barrós, "As "Escolas do Insiño Galego" da Coruña (1924-1930)", *Revista galega de educación,* Nº 30 (1997): 80-85.

[642] En Xose M, Seixas, "La" Sociedade Nazonalista Pondal": el separatismo gallego en la emigración", *Los nacionalismos en la España de la II República:[Simposio" Os nacionalismos na Segunda República (1931-1939), Pazo de Mariñán (La Coruña) 29-1 de Octubre de 1988]* (A Coruña: Siglo XXI de España, 1991), 171-194.

Casares Quiroga e o lucense Antón Vilar Ponte.[643] Todas estas asociacións pretendían unha maior dignificación e valoración da cultura galega.

Debido á necesidade de recoñecer e conservar a identidade da cultura galega, un grupo de mozos universitarios constitúen o *Seminario de Estudios Gallegos* (SEG) o 12 de outubro de 1923, integrando a parte da intelectualidade galeguista da revista *Nos*. O SEG foi unha identidade que traballou a prol da valorización da nosa cultura, tomando como referentes o rexurdir de Galicia do século XIX. Aspecto polo que máis tarde esta organización sería perseguida e represaliada durante o franquismo.[644] O traballo pedagóxico do galeguismo vaise a apoiar nun primeiro momento nunha intensa campaña periodística e no labor das institucións educativas, co ánimo de chegar ao recoñecemento social da singularidade de Galicia.[645]

A nivel educativo, cómpre ter en conta a Camilo Saco López mestre e presidente do *Grupo Galeguista de Monforte de Lemos*.[646] Da mesma maneira, *algúns inspectores* describiron nos seus informes a situación de diglosia ou bilingüismo desequilibrado existente en Galicia.[647] Na provincia de Lugo, en outubro de 1924, o inspector xefe de Lugo Luis Soto Menor describiu a falta do uso do galego: "como un dos principais problemas detectados no ensino provincial". Segundo este inspector, un das carencias educativas máis importantes era o existencia dun enorme distanciamento entre o programa escolar, a cultura e a lingua ambiental.[648] Este feito demostrou que os colexios non tiñan en conta o galego e polo tanto non se protexía unha parte fundamental da nosa cultura, liña de pensamento promovida tamén por Manuel Díaz Rozas.[649]

A pesar dos esforzos realizados, no primeiro terzo do século XX mantívose a *ruptura* entre a identidade cultural e lingüística tradicional de Galicia e os saberes aplicados na escola.[650] Nestes anos, a nivel sociocultural tamén existía unha situación de bilingüismo desequilibrado. Segundo o inspector Delfín Caseiro Nogueiras, a posición máis común dos mestres durante este período era contraria á galeguización da escola, salvo algunhas excepcións,[651] A principal orixe desta casuística lingüística foi a falta de valorización da lingua galega, considerada como a lingua dos "pobres" por José Ramón Fernández Ojea (Ben-Cho-Shey).[652]

---

[643] En José Luis de la Granja, Justo Beramendi e Pere Anguera, *La España de los nacionalismos y las autonomías* (Madrid: Síntesis, 2003), 156.

[644] En Germán Manuel Torres de Aboal, "O SEG (1923-1936), o labor científico pola construción dunha identidade galega", *XX Coloquio congreso internacional Historia de la Educación. Pacifismo-Internacionalismo y Educación* (Ourense: SEDHE, 2019), 187.

[645] En Sabela Rivas Barros, "A educación e a galeguización da sociedade", *Sarmiento* (Vigo: Universidade de Vigo, Nº 1, 1997): 172.

[646] En Camilo Saco López, "Ficha de represión franquista", extraído o 22 de setembro de 2023 de: http://www.lugo.es/cs/represion/ficha.jsp?id=3920&tipo=1&letra=S&pagina=1.

[647] En Delfín Caseiro Nogueiras, "A inspección educativa e a normalización lingüística no primeiro terzo do século XX", *Actas do V Congreso Manuel Luís Acuña,* (Orense: Deputación Provincial de Ourense, 2021) 29

[648] En Luis Soto Menor, "Informe de Luis Soto Menor da Junta Provincial de Lugo" (Lugo: APL. Fondo Concello. Sinatura: 1202-01, outubro 1924) e Antonio Quintela Ferreiro, "Problemas de la escuela actual", *El Progreso,* Lugo, 14 de outubro de 1923.

[649] En Delfín Caseiro Nogueiras, "A inspección educativa e a normalización lingüística no primeiro terzo do século XX", en *Actas do V Congreso Manuel Luís Acuña,* (Orense: Deputación Provincial de Ourense, 2021) 30.

[650] Antón Costa Rico, *Historia da educación e da cultura en Galicia (Séculos IV-XX)* (A Coruña: Xerais, 2004), 1028.

[651] En Delfín Caseiro Nogueiras, "A inspección educativa e a normalización lingüística no primeiro terzo do século XX", *Actas do V Congreso Manuel Luís Acuña* (Ourense: Deputación Provincial de Ourense, 2021), 29

[652] En Xesús Alonso Montero, *Ben-Cho-Shey Mestre, político, erudito, xornalista. O valedor da lingua galega* (Vigo: Indo, 1996), 6.

Os anos trinta foi un período no que se sucederon varios cambios respecto á reivindicación da cultura galega, ata entón bastante desatendida. En 1930 Vicente Risco publicou *El problema político de Galicia*.[653] Un ano despois fundouse o *Partido Galeguista*, que contaba coa colaboración de persoas dunha relevante repercusión intelectual coma: Castelao, Otero Pedrayo, Alexandre Bóveda e Suárez Picallo. Este partido demandou a creación do Estatuto de Autonomía de Galicia de 28 en xuño do 1936 na *Federación Republicana Galega* (FRG) na Coruña, presidida por Alonso Ríos e de Suárez Picallo. Tamén realizou un pacto coa *Esquerda Republicana* de Azaña e loitou pola República, o agrarismo e o Estatuto de Autonomía.[654] Por estes motivos foi un partido perseguido con dureza polos militares sublevados na Guerra Civil.[655] O entusiasmo dos republicanos, liberais, socialistas e rexionalistas mostrou o desexo de sentar unhas novas bases democráticas en España mediante debates parlamentarios. Estas negociacións desembocaron na aprobación da Constitución republicana en 1931. Na Segunda República, a *Federación Nacional de Trabajadores de la Enseñanza* (FETE) era partidaria do uso do castelán nos centros pero abría a posibilidade do emprego do galego en todos os graos de ensinanza. En Galicia, unha parte dos mestres manifestaron a súa preocupación pola implantación da cooficialidade dos dous idiomas na escola.[656] En 1932 fundouse o partido *Unión Socialista Galega* e celebrouse a Asemblea de Concellos pro-Estatuto en Santiago. En 1933 reactivouse o pacto de *Galeusca*.[657] Ese mesmo ano Álvaro de las Casas (1901-1950) fundou o movemento estudantil máis ben conservador *Ultreya* ("máis alá"), impulsando as xornadas a pé para coñecer Galicia.[658] Así mesmo, no decenio dos anos trinta xurdiron novas fundacións indianas, segundo os estudos de Vicente Peña Saavedra,[659] as primeiras en promover a galeguización da ensinanza a través das súas escolas.[660]

Como consecuencia de todos estes cambios, o primeiro terzo do século XX foi un período de reivindicación dun maior *uso do galego* nas escolas. Entre os principais valedores do uso do galego, atopamos ao mestre de Primeiro Ensino de Ribadeo e logo inspector lucense Ben Cho Shey.[661] Este ourensán levou unha intensa actividade intelectualista e galeguista.[662] Cabe sinalar que en 1934, que este docente estivo destinado na cidade de Lugo como inspector de ensinanza primaria e foi membro da *Agrupación Galeguista Lucense*.[663] Co tempo chegou a ocupar o cargo de *Presidente do Partido Galeguista lucense*. Ánxel Fole tamén formou parte do equipo directivo desta organización, como secretario provincial, ámbolos dous levaron a cabo un *Programa de*

[653] Vide Vicente Risco, *El problema político de Galicia* (Galicia: Compañía ibero-americana de publicaciones, vol. 6, 1930).

[654] Vide Miguel Cabo Villaverde, Galeguismo, agro e agrarismo na Galicia da II República, *Cuadernos de estudios gallegos* 56, 122 (2009): 371-389.

[655] En Narciso de Gabriel, "A represión fascista do profesorado galeguista", *Sarmiento*, Nº 24 (2020): 235.

[656] Vide Antón Costa Rico, *Escolas e Mestres. A educación en Galicia: Da restauración á Segunda República* (Santiago: Editorial Servizo Central de Publicacións: Xunta de Galicia, 1989).

[657] En Uxío Breogán Diéguez, "Del Galeusca històric a l'historiogràfic", *Eines per a l'esquerra nacional* (Santiago: USC, 2011), 95.

[658] En José Luis de la Granja, "La alianza de los nacionalismos periféricos en la II República: Galeuzca", *Actas Congreso Castelao* (Santiago de Compostela, 1986).

[659] Vide Vicente Peña Saavedra, "Das fundacións docentes dos indianos ás escolas de americanos: cano séculos de intervención escolar dos emigrantes galegos", en *I Encontros Galicia-América* (Santiago: CIHUGA, 1992), 53-79.

[660] En Delfín Caseiro Nogueiras, "A inspección educativa e a normalización lingüística no primeiro terzo do século XX", en *Actas do V Congreso Manuel Luís Acuña,* (Orense: Deputación Provincial de Ourense, 2021), 30.

[661] Asinaba moitas das súas colaboracións de prensa con este pseudónimo.

[662] En Carmen Benso Calvo, "José Ramón Fernández-Ojea, mestre. Memorias do seu paso por dúas escolas galegas", *Sarmiento,* Nº 10 (2006): 271

[663] En Anxel Fole, *Cartafolio Galego* (Vigo: Prensa & Criación A nosa Terra, 1996), 96.

Audición Futura.[664] Segundo sinala o propio Ánxel Fole, Ben Cho Shey foi un admirable galeguista, froito da súa admiración dedicoulle un capítulo no seu *Cartafolio Galego*.[665] Aparte de inspector e mestre foi escritor etnográfico, traballando a prol do uso do galego na escola, postulados que defendeu en diversos xornais como *La Zarpa*.[666] En 1936 escribiu o *Catón Galego*, un libro escolar para a aprendizaxe da lectura en galego que non sería editado ata 1969 por Edicións do Castro.[667]

Seguindo un relato cronolóxico na década dos anos trinta, na *Semana Pedagógica Lucense* de 1933 tratouse a importancia de empregar o galego como lingua vehicular nas aulas e como xeito de conservar a nosa cultura.[668] A pesar desta situación escolar desproporcionada, houbo algunhas tentativas illadas de empregar o galego nas aulas no período da República.[669] Un ano máis tarde, a ORGA fusionouse coa *Izquierda Republicana* de Azaña, un ano máis tarde esta organización xunto co *Partido Galeguista* estableceron un pacto a prol da instauración do Estatuto de Autonomía. Neste sentido, no Congreso dos Traballadores Galegos do Ensino celebrado en maio de 1936 reivindicouse a autonomía política e cultural de Galiza, mediante a constitución dun Estado rexional socialista e unha nova organización educativa, máis humana e defensora da cultura galega. No seu regulamento consta textualmente:

> Primero.-Existe una cultura particular gallega, de la que son manifestaciones externas el idioma y las condiciones peculiares de la economía y del trabajo en nuestra región.
>
> Segundo.-Esta cultura esta mediatizada y ahogada por la cultura de tono imperialista de los pueblos de la meseta castellana.
>
> Tercero.-La deformación sufrida en el desenvolvimiento natural debido a la absorción centralista, ha causado grandes estragos en el campo de la educación y el orden económico. Precisa repararlos y vigorizar nuestra propia cultura sin espíritu nacionalista estrecho, antes bien, mirando a una conepción nacional que abarque los límites de la Península Ibérica, si fuera posible, y los sobrepase espiritualmente hasta donde alcance el habla general hispana. Mirando además a una comprensión fraternal humana, de tipo universal, socialista.
>
> Cuarto.-Para la consecución de estos fines es condición indispensable:
> a) La autonomía política de Galicia, estructurada en forma de estado regional socialista.
> b) Una organización instructiva particularmente gallega, adaptada especialmente a sus condiciones geográficas y económicas.
>
> Quinto.-La autonomía política en forma de estado regional socialista ha de conseguirse mediante cuantos medios preconizan los sindicatos proletarios y partidos políticos obreros, a cuyas consignas es preciso estar atentos, aprovechando todas las coyunturas favorables a este fin.
>
> La educación formativa humana corresponde esencialmente a la Escuela Primaria y en el estadio superior del hombre y la Universidad.[670]

Tamén no ano de 1936, Antonio Hipólito Alonso Ríos era elixido como deputado polo *Partido Agrario de Pontevedra.* Por outro lado, o *Partido Galeguista* asociábase

---

[664] Ídem, 97.

[665] Ídem 96-97.

[666] Vide Xoán R. Cuba (comisario), "Exposición Ben-Cho-Shey. 50 anos de maxisterio cultural (1918 – 1968)" (Lugo: Deputación de Lugo, 2013).

[667] En Antón Costa Rico, "A escola que mudou: Dinámicas, innovacións e experiencias na educación en Galicia (1961-2000)", *Sarmiento,* Nº 11 (2007): 11.

[668] En "La Semana Pedagóxica lucense", *El Progreso,* Lugo, 25 de xuño de 1933.

[669] En De Jesús Juana e Julio Prada, *Historia contemporanea de Galicia* (Barcelona: Ariel, 2005), 193.

[670] Aspectos dados a coñecer por Antón Costa e recollidos no *Congreso de Trabajadores de la Enseñanza de Galicia*, "Misión de los trabajadores de la enseñanza en el actual momento histórico de la cultura gallega", *El Pueblo Gallego* (22 de maio de 1936): 7.

ao Fronte Popular, mediante un referendo estatuario votado a favor pola maioría dos participantes durante a xornada do 28 de xuño. Un mes máis tarde, o estalido da Guerra Civil paralizou a vida política das organizacións e os movementos políticos de Galicia. No seguinte cadro achéganse as principais fundacións de sociedades políticas e culturais galegas.[671] Moitas desta asociacións loitaron neste período pola dignificación e o uso do galego.

Cadro 16. Creación das principais asociacións políticas e culturais galegas 1900-1936	
1905	Asociación Iniciadora e Protectora da Academia Galega.
1906	Academia Galega.
1907	Unión Campesiña na Coruña. Solidariedade Galega na Coruña.
1909	Acción Galega en Madrid.
1910	Biblioteca de Escritores Galegos en Madrid.
1911	Acción Galega en Ourense.
1916	Irmandades da Fala (Antón Vilar Ponte). A Nosa Terra.
1922	Aparece a organización política Irmandade Nazonalista Galega, impulsada por V. Risco.
1923	Creación do Seminario de Estudos Galegos e creación do Insiño Galego na Coruña.
1925	A sociedade Nazonalista Pondal, desde Bos Aires, edita *A Fouce*.
1929	Fundación da Organización Republicana Galega Autónoma (ORGA), coa colaboración de Casares Quiroga e A. Vilar Ponte.
1930	Fundación da Federación Republicana Galega (FRG), representando a Galicia nos pactos na política da república.
1931	Fundación do nacionalismo Partido Galeguista que reclamou o Estatuto de Autonomía. Aprobación das bases do Estatuto na Asemblea da FRG na Coruña, presidida por Alonso Ríos e de Suárez Picallo.
1932	Creación do partido Unión Socialista Galega.
1932	Fundouse o grupo *Yunque* en Lugo constituído por Ramón Boelle, Ánxel Fole, Francisco Lamas e Ángel Johan, na imprenta de Antonio Suárez.
1933	Nova reactivación de *Galeusca*: pacto das forzas políticas de Galicia, Euskadi e Cataluña. Nace a movemento estudantil *Ultreya*.
1934	ORGA fusiónase coa Esquerda Republicana de Azaña.
1935	Pacto entre Partido Galeguista e Esquerda Republicana para a republicanización e a autonomización de Galicia.
1936	Alonso Ríos elixido como deputado polo Partido Agrario de Pontevedra. O Partido Galeguista asóciase o Fronte Popular.

Fontes: Elaboración propia. En Antón Costa Rico, *Escolas e Mestres. A educación en Galicia: Da Restauración á Segunda República* (Santiago: Editorial: Servizo Central de Publicacións Xunta de Galicia, 1989); e en *Lugo XX: historia de un Siglo* (Lugo: en El Progreso, Tomo I, 2000).

Agora cómpre afondar nos *mestres* que traballaron en Lugo a prol da galeguización como Ángel Santos Vila ou Antonio Quintela Ferreiro, docentes que evidenciaron a existencia dunha ruptura entre o programa escolar, a cultura e a lingua ambiental.[672] Tamén existiron outros autores lucenses que denunciaron esta desequilibrada situación lingüística, reivindicando unha revalorización da cultura galega, neste sentido achéganse os nomes de ilustres lucenses como: Ánxel Fole, Francisco Lamas, Ramón Boelle, Ángel Johan, Antonio suárez, Antón Noriega Varela ou o mindoniense Álvaro

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[671] Ídem, 195.

[672] En Antonio Quintela Ferreiro, *Problemas de la escuela actual, El Progreso*, Lugo, *El Progreso*: 14 de outubro de 1923.

Cunqueiro.[673] Non obstante, dende mediados do século XIX ata a finais da Segunda República foron moitos as voces de galeguistas que criticaron a situación na que se atopaba o sistema educativo: sobre todo no referente á mala situación das escolas rurais, adaptada aos intereses socioeconómicos.[674]

Ilustración 16. Portela Valladares e Antonio Vilar Ponte en Lugo (*El Progreso*)

Outros lucenses nacionalistas e galeguistas destacados foron Francisco Domínguez Mosquera (Lousada 1889-Habana 1937) e Francisco Fernández Riego. Este último, naceu no concello de Vilanova de Lourenzá o 7 de xaneiro de 1913 e estivo ligado ás *Mocidades Galeguistas* (1932), á organización xuvenil *Ultreya*, ao *Seminario de Estudos Galegos* e a o *Partido Galeguista.* Máis tarde fundaría a *Editorial Galaxia*, dirixiría a revista *Grial* e a *Fundación Penzol*. Asemade foi presidente da *Real Academia Galega*, tradutor e un fecundo articulista.[675] Do mesmo xeito, convén destacar o labor realizado por Argimiro Rico Trabada na Escola de Loureiro ata o seu asasinato en Montecubeiro (1931-1936): coros, teatro, pezas como a "Noite de Ruada", dinamización sociocultural, modernización do campo e un intenso e diversificado traballo docente promovendo o uso do galego a través da *Unión cultural de San Bernabé* nos concellos de Fonsagrada, Meira, A Pontenova e Castroverde.[676]

En referencia a Ángel Santos Vila foi un mestre lucense valedor do uso do galego, que combateu o absentismo escolar e o analfabetismo mediante a creación do *Premio Ángel Santos Vila*,[677] a pesar da súa ideoloxía profalanxista. Este concurso tiña por obxectivo favorecer a lectura entre os escolares. Tamén, durante a súa vida defendeu a vinculación entre o galego e a cultura na escola. Este docente naceu en Lugo en 1891. En 1909 obtivo o *premio extraordinario de título de mestre*. Nos anos dez traballou como mestre en Ortigueira, Vilaodriz, Vegadeo, Cambados, Ribadeo e Lugo. Durante estes anos participou no Concurso de Protección da Infancia do Ministerio e publicou *Por la raza para ser sanos y fuertes*.[678] En abril de 1921, pasou a formar parte das

[673] En Claudio Rodríguez Férnandez, "Exposición Vello Cárcere de Lugo" (Lugo: Vello Cárcere, 2023).
[674] En Sabela Rivas Barros, "A educación e a galeguización da sociedade", *Sarmiento,* Nº 1 (1997): 172-174.
[675] En Malores Villanueva Gesteira, *Francisco Fernández del Riego* (Vigo: Galaxia, 2022), 19-70.
[676] En Narciso de Gabriel, *Os mortos daquel verán* (Vigo: Galaxia, 2023), 131.
[677] En José de Cora, *110 lucenes singulares*, *El Progreso* (Lugo: S.L. El Progreso, 2018), 92-93.
[678] Obra censurada polas súas analoxías coa ideoloxía nazi. Máis tarde, foi un mestre depurado polo réxime franquista. En José de Cora, "Ángel Santos Vila", *El Progreso,* Lugo, o 16 de abril de 2019.

Irmandades da Fala. O 19 de xuño de 1926 obtivo un premio polo seu traballo "Fiat Lux" no Certame Nacional Pedagóxico. Nos decenios dos anos vinte e trinta publicou varios artigos: en *El Magisterio Español* o artigo titulado "El Magisterio", no xornal *A Nosa Terra:* "Quiexumes", "Galego Castelán ou o castelán polo Galego", "Soilo", "Notas ó marxen da discusión", "Cuaderns d´estudi", "Deus o noso idioma", "Follas secas", "Xifras doentes", "As primeiras neves", "O traxe galego". Publicou un libro escolar que foi prohibido en Asturias titulado *Por la raza. Para ser fuertes y sanos.*[679] Mirar En 1931 pasou a formar parte da *Irmandade Galeguista de Ribadeo*.[680] Cabe sinalar a importancia da súa muller Generosa Moreno Rodrigo, que continuou coa súa Fundación Benéfica-docente despois da súa morte o 4 de xaneiro de 1965.



Ilustración 17. Obra de Ángel Santos Vila[681]

Cómpre analizar agora a *ruptura social* entre os habitantes das aldeas e as cidades. A principios do século XX e en palabras de Ben Cho Shey: "Polos comezos diste século vinte a Galicia vilega e cibdadán vivía de costas ó agro e afastada da vida rural. O divorcio entre os labregos e os vilegos era casi total".[682] No mesmo artigo, este inspector galeguista advertía que a nosa lingua perdía terreo diante do castelán. Mentres tanto, dende a cidade levábase a cabo a Misión Pedagóxica (1933) co obxectivo de acercar a cultura a algunhas localidades.[683] Segundo o mestre da *Escuela de Retorta* (Guntín) José María Pérez-Brun Pórtoles, era necesario promover a educación nas zonas rurais para combater a ruptura social coa cidade e o clima de desconfianza social implantada entre os veciños. Na Semana Pedagóxica Lucense de 1933, este docente publicou un artigo titulado "Misiones Culturales", no que disertaba sobre o concepto que os habitantes das zonas rurais tiñan da cidade:

> Salga de la ciudad para la aldea la nueva comitiva; no la que esquilma el bolsillo del mísero labriego ni la que arranca los mozos que remueven la tierra con vigor, no la que es portadora de frívolas ideas, de vanalidades ni corruptelas que halagan las pasiones y sostienen los vicios, sino la que lleve por insignia la verdad, la que lleve a la aldea con ráfagas de paz, semillas de cultura y estímulos de amor.[684]

Aludindo aos libros empregados nas escolas da provincia de Lugo, durante estes anos eran na súa maior parte estudos en castelán, como o Silabario ou o Catón de San Casiano. Nalgúns concello acháronse títulos como *Literatura Gallega*,[685] gardado no Centro Cultural Santallés da Ribeira de Piquín situada entre Fonsagrada e Meira. Nesta última vila a *Sociedade Cultural de Pol y Su Comarca* organizou a creación dunha biblioteca. Estas novas incorporacións bibliográficas eran excepcionais, xa que

[679] En José de Cora Paradela, *110 lucenses singulares*, *El Progreso* (Lugo: *El Progreso*, 2018).

[680] En Suso F. Acevedo, "Ángel Santos Vila", blogspot: *El toupo da fuga* (2019) extraído o 18 de maio de 2020 de: https://eltoupoquefuga.blogspot.com/2019/11/angel-santos-vila-htm?m-1.

[681] En "Fotografía de la Obra de Ángel Santos Vila", en *eltoupoquefuza.blogspot.com.*

[682] En Ben-Cho-Shey, "Os irmauciños", *El Correo de Galicia*, 5 de xuño de 1966.

[683] En Delfín Caseiro Nogueiras, "A inspección educativa e a normalización lingüística no primeiro terzo do século XX", *Actas do V Congreso Manuel Luís Acuña* (Orense: Deputación Provincial de Ourense, 2021), 30-31.

[684] En José María Pérez-Brun, "Misiones Culturales", *Vida Escolar*, Número especial sobre a Semana Pedagóxica Lucense, Nº 336, ano VII, (1933): 27-28.

[685] En Eugenio Carré Aldao, *Literatura Gallega* (Barcelona: Casa Editorial Maucci, 1911).

normalmente se fomentaba a lectura en castelán, desatendendo en gran parte o galego e a súa cultura.

Ilustración 18. Ángel Santos Vila publicada en *Lucenses singulares* de *El Progreso*

Co estalido da Guerra Civil e o vitoria de Franco, o galeguismo foi perseguido, impoñéndose con forza a *castelanización* nas escolas. Convén lembrar que sobre todo nos períodos de gobernos conservadores, calquera iniciativa rexionalista era concibida como un inimigo do Estado, sendo o castelán a única lingua oficial da escola.[686] Respecto a isto, Ben Cho Shey relataba o sucedido en Lugo durante os primeiros días do sucesivos ao golpe de estado:

> Hoxe recibo moticias de novos asesinatos doorosísimos que supoñen unha perda gravísima pra o galeguismo e que confirman a xenreira e a persecución inxustificada que se desencadean contra da xente nosa [...] A fobia antigaleguista cebouse tamén no irmán Camilo Díaz Baliño, que me din apareceu asesinado en Palas de Rei polo feroz procedimiento de ciscalo na estrada.[687]

A ruptura entre o modelo educativo tradicional e as propostas escolares na que a cultura galega tiña un novo foi unha realidade. A lingua castelá continuou sendo un idioma que os labregos asociaban ao pagamento de impostos, á comparecencia ante as autoridades administrativas e xudiciais, ás visitas médicas, aos señoritos das cidades e aos comerciantes que rara vez aparecían polas súas aldeas.[688] As iniciativas galeguistas non foron suficientes. A falta de impulsos da administración política e a pouca consolidación das propostas educativas propias sobre a defensa do galego fixo que as alternativas ao modelo escolar nacional foran practicamente nulas, salvando experiencias como as levadas a cabo na Escola de Santaballa en 1913. Pero cómpre poñer en relevancia que tampouco sabemos ata onde o dito nos papeis foi á práctica.

4.1.5. Os longos e dificultosos traxectos ata a escola

Nas primeiras décadas do século XX, a precaria situación da ensinanza primaria na provincia de Lugo obedecía a unha falta importante de recursos, vinculada a moitos *problemas de carácter estrutural*: a dispersión poboacional, as malas vías de comunicación, unha xeografía de montaña, fríos invernos e a falta de escolas fixo que algúns alumnos e alumnas das zonas rurais tiveran que percorrer longos e dificultosos traxectos ata chegar á escola, como describiu o inspector de Lugo José del Peso y Sevillano no seu traballo titulado: *Galicia y su enseñanza primaria*.[689] En efecto, a distancia e a tipoloxía de camiños que algúns nenos percorrían para acudir ao centro eran un aspecto que incidiu na asistencia escolar, determinando a presenza e regularidade de escolares nos centros. Nesta cuestión incidía Benigno Rodríguez:

[686] Vide Antón Costa Rico, *Escolas e Mestres*...
[687] En José Ramon Fernández Oxea, *Ben Cho Shey, Diario de Lugo, 1936* (Lugo: Deputación de Lugo), 43.
[688] Ídem.
[689] En José del Peso y Sevillano, "Galicia y su Enseñanza Primaria" (Madrid: Arquivo JAE. Sinatura: JAE/115-391, xuño 1925).

> Los niños tampoco están adelantados en este sentido, y aunque hoy los pescadores de la costa de Lugo van mejorando un poco en cuanto a instrucción, todavía tienen dificultades muy grandes que vencer porque hay puerto que está separado del barrio o núcleo de población en donde se halla instalada la escuela algunos kilómetros, y esto es causa de que en épocas de invierno se prescinda de ella por no exponer a los niños a los fríos y a las mojaduras.[690]

Outra cuestión importante que afectou á asistencia escolar foi o factor climático e o relevo montañoso, o clima e a orografía do terreo influenciaban á organización social dos lucenses e as súas tarefas agrarias. Ademais, os días moi chuviosos impedían unha asistencia regular dos alumnos e alumnas, porque os camiños de montaña volvíanse case impracticables. O mesmo pasaba coas fortes nevadas na montaña e os frecuentes chuvieiras que esnaquizaban os camiños rurais, facéndoos case impracticables segundo o inspector José del Peso.[691] Estes aspectos tamén influían ás cidades. En 1930, na cidade de Lugo houbo problemas en varias barriadas:

> ¿Qué importa que en los días de lluvia como el de ayer, veinte niños de ambos sexos, habitantes de los barrios de Paraday y Burozos, situados a 300 metros de la capital, no puedan concurrir a las escuelas a causa del agua torrencial que discurre por la Calzada de Paraday por falta de la debida canalización?[692]

Nesta época os nenos e nenas non podían acudir á escola con regularidade, un aspecto influinte na asistencia escolar: "Os desprazamentos na estación invernal eran complicados debido ás numerosas precipitacións que desfacían os camiños".[693] Esta situación foi descrita polo citado inspector no traballo *Galicia y su Enseñanza Primaria.*[694] No curso de 1936, tamén o mestre Pedro Vázquez describía con preocupación as duras condicións invernais que dificultaban os camiños en Lugo:

> Las duras condiciones climatológicas y los caminos no pavimentados, donde se forman barrizales por las lluvias y se desbordan los ríos y regatos; dificultan que todos los niños puedan asistir con regularidad al centro educativo.[695]

Por outro lado, convén ter en conta que as infraestruturas desgastábanse polo *clima invernal* da provincia polas súas numerosas precipitacións: segundo os inspectores, a humidade nestes edificios chegaban a constituír un verdadeiro perigo para a saúde e a integridade dos alumnos. A choiva podrecía os tellados, as fiestras non illaban, as paredes tampouco ofrecían a resistencia adecuada ao clima da provincia. As escolas dos núcleos de habitantes máis pequenos non tiñan locais adecuados para illar aos nenos das duras condicións climatolóxicas, paredes mal construídas, minúsculas fiestras que non ofrecían a suficiente luz.[696] Algúns destes asentamentos aínda tiñan un ambiente case medieval, como describía Luis Bello nas súa viaxe pola provincia de Lugo:

> La mayor parte de las veces, los pueblos, eran un conjunto de chozas con techumbres de bálago empapado de humedad y cubierta frecuentemente de vegetación silvestre. Había montones de

[690] En Benigno Rodríguez Santamaría, *Los pescadores del Norte y Noroeste de España* (Madrid: Imprenta Alemana Fuencarral, 1916), 278-279.

[691] En José del Peso y Sevillano, "Galicia y su Enseñanza Primaria", (Madrid. Arquivo JAE. Sinatura: JAE/115-391, xuño 1925).

[692] En *El Regional*, Lugo, 12 de marzo de 1931.

[693] As vías de comunicación entre as vilas non eran boas, faltaba a maior parte da pavimentación dos camiños.

[694] En José del Peso y Sevillano, "Galicia y su Enseñanza Primaria" (Madrid: Sinatura: JAE/115-391, xuño 1925).

[695] En Pedro Vázquez, *Correspondencia dos mestres ao Concello de Lugo como contestación á circular nº 265 do consello local* (Lugo: APL, fondo do Concello. Sinatura: 1422-02, setembro 1936).

[696] En José del Peso y Sevillano, "Galicia y su Enseñanza Primaria" (Madrid: Sinatura: JAE/115-391, xuño 1925).

> estiércol delante de las puertas y abundaban los charcos y lodazales. Enormes cerdos pululan mezclados con chiquillos en cueros. El interior de las chozas, correspondía a su apariencia exterior: estaban llenas de suciedad y miseria.[697]

Especialmente, o inverno de 1934 foi duro polas intensas nevadas. Segundo o mestre de Piornedo de Donís, Juán Sánchez, as localidades lucenses de Donís, Santiago de Cereixido, Santalla e Degrada estiveron illadas dende os meses de novembro ata febreiro. Esta situación acosou máis o illamento endóxeno ao que xa estaban sometidos por imperativos xeográficos. Os habitantes destas localidades víronse obrigados a mercar produtos de primeira necesidade a prezos máis elevados.

> Los más elementales medios de subsistencia se encuentran a 20 kilómetros donde tienen que ir los lugareños a abastecerse, teniendo que atravesar cimas, aldeas, desfiladores, en famélicas caballerías. En estos lugares mejor comunicados seres desaprensivos y atentos a su explotación, se aprovechan de la ignorancia, incomunicación y pobreza de los aldeanos para su medro personal.[698]

A parte de del Peso, outros inspectores tamén analizaron as razóns que afectaban á asistencia escolar na provincia lucense durante os primeiros anos dos século XX. Non obstante, Jacinto Ruiz verificaba a opinión descrita anteriormente no epistolario dos mestres: a xeografía montañosa, as condicións climatolóxicas e as malas vías de comunicación influíron na matriculación e asistencia dos discentes. Esta circunstancia dificultaba os traxectos dos alumnos e polo tanto a súa asistencia.

> Porque, ¿Dónde está la escuela? ¿Cómo es posible exigir a un ciudadano el cumplimento de un cometido social si no se le dan medios para ello? ¿Puede obligarse a los niños a recorrer 3, 4, 5, o más kilómetros, dos o cuatro veces al día para asistir a las escuelas? ¿Hay derecho a hacinar los niños en locales inmundos, sin luz, sin ventilación, ateridos de frío?[699]

Ilustración 19. Copiosas nevadas de 1934 en Donís (Cervantes) publicada en *Lugo XX Historia de un siglo*

Para evitar estes factores de incidencia xurdiron varias ideas e iniciativas: en primeiro lugar constituíronse as *escolas de tempada* e de *ferrado*. En segundo lugar o devandito inspector propuxo a adaptación do calendario e o horario escolar: "Aún falta otro factor que tener en cuenta para resolver el problema de la asistencia escolar: La

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

697 En Luis Bello, "Los trabajos y los días-Luís Bello en Lugo", *Vida Escolar,* Nº 91, ano II (1928): 3-4.
698 En José Paradela de Cora, *Lugo XX Historia de un siglo* (Lugo: Edit. *El Progreso*, 1999), 572.
699 En Jacinto Ruiz, "La primera enseñanza en la provincia de Lugo-1927", *Vida Escolar,* Nº 40, ano I (1927): 1-4.

adaptación de la escuela a la Región".[700] Con base nesta afirmación, o epistolario dos mestres lucenses verificaron estes aspectos influentes.[701]

Ilustración 20. Importantes inundacións en Lugo a principios do século XX, publicada en Lugo XX: *Historia de un siglo*

Para o inspector José del Peso era tan importante a *situación xeográfica* que condicionaba o grao de progreso escolar. Así, diferenciaba entre tres tipos de centros no seu traballo titulado *Galicia y su Enseñanza Primaria*: as escolas de montaña, as próximas ás vías de comercio ou comunicación e as escolas da costa.[702] Tomando como referencia a posición xeográfica das escolas dentro do marco provincial lucense José del Peso obtiña a seguinte organización funcional:[703] nas zonas da montaña as escolas estaban máis afastadas das vías de comunicación e polo tanto do comercio, das posibilidades económicas e dos seus vínculos sociais, aquí os colexios estaban máis deficientemente acondicionadas. En ocasións estes centros eran creados pola colectividade de veciños, as condicións destas institucións veciñais eran xeralmente malas. Por estes motivos, a situación da escola nestas zonas era máis primaria, entendida como preparatoria para a incorporación á vida laboral.

Segundo este inspector, nas zonas máis illadas das montañas, a natureza e as copiosas chuvias de Lugo dificultaban as visitas dos inspectores, polas malas vías de comunicación que levaban ás escolas.[704] Para os inspectores o factor montañoso vinculado á climatoloxía, ás condicións meteorolóxicas invernais, aos escasos recursos económicos limitaban as visitas ás escolas, reducindo en parte o control e o asesoramento aos devanditos centros. Á súa vez estes factores influían no absentismo escolar e determinaban amplamente a vida labrega.

Outra cuestión importante que convén analizar é a *xeografía lucense*. A provincia lucense conta cun total de cinco grandes zonas montañosas que dificultaban o acceso ás escolas: os Ancares, o Courel, a Serra do Faro, a Cova da Serpe e o Xistral. Nestas

[700] Ídem, 3.

[701] En varios, "Correspondencia de los maestros de Lugo al Ayuntamiento como contestación a la Circular nº 265 del Consejo Local" (Lugo: APL. Fondo Concello. Sinatura: 1422-02, 1936).

[702] Pola súa relevancia, este traballo atópase recollido no apartado de Anexos do presente documento: 7.3.

[703] Este estudo serviu de análise para o servizo de inspección en 1925 na provincia lucense. En José del Peso y Sevillano, "Galicia y su Enseñanza Primaria" (Madrid. Arquivo JAE. Sinatura: JAE/115-391, xuño 1925).

[704] En José del Peso y Sevillano, "Galicia y su Enseñanza Primaria" (Madrid: Arquivo JAE. Sinatura: JAE/115-391, xuño 1925).

zonas segundo os inspectores os traxectos para visitar as escolas eran longos e dificultosos. Tendo en conta isto, podemos facernos unha idea do que supoñía percorrer distancias considerables para un escolar de curta idade en épocas invernais. Segundo José del Peso, en ocasións por rutas practicamente impracticables e desfeitas en moitos casos polas precipitacións.

Cadro 17: Sistemas montañosos lucenses	
Nome	**Descrición.**
Os Ancares.	Situados en contigüidade con León e Asturias, con a súa cima en Pena Rubia (1821 m).
O Courel.	Ao norte do río Sil, ao igual que o anterior facendo fronteira coa cotela do Faro (1606 m).
A Serra do Faro.	Limitando entre Lugo e Pontevedra, co monte Cantelle a 1222 m de altura.
A Cova da Serpe.	Situado entre Lugo e A Coruña, co monte que leva o mesmo nome, coroada a 841 m de elevación aproximadamente.
O Xistral.	Entre A Mariña e a Terra Chá lucense, con Cadramón a 1019 m e Monseiván a 929 m respectivamente, como puntos máis altos. O Alto da Gañidoira no Concello de Muras.

Fonte: Elaboración propia (Anexo 7.3.). En Francesch Carreras y Candi, *Geografía General del Reino de Galicia*, (Barcelona: Casa Editorial Alberto Martín, T. IV, 1936), 86.

Outro dos aspectos máis importantes e influentes para a asistencia escolar foi a *baixa densidade* e a *aguda dispersión poboacional*: este aspecto non facilitaba a dotación de escolas, nin a asistencia escolar e por contigüidade tampouco o proceso de alfabetización. Polo seu elevado custo económico, este factor limitaba a construción dunha rede consolidada de escolas públicas. É máis, para os concellos lucenses a tarefa de manter a escola significaba un grande esforzo, segundo as cartas atopadas no APL. Na provincia lucense, a densidade de habitantes por km² era a máis baixa de Galicia, sendo a superficie en km² de 9.880,54 a máis extensa das catro provincias galegas. Convén sinalar que a partir de finais do século XIX se aprecia un aumento da densidade poboacional na provincia de Lugo, pero continuou sendo moi baixa durante os primeiros lustros do século XX. O seguinte gráfico presenta a análise da densidade de habitantes na provincia lucense.

Gráfico 7. Densidade de poboación por Km² en Lugo



Fonte: Elaboración propia. Recollido da base estatística dos *Censos de Población de España*; en Antón Costa Rico, *Escolas e Mestres. A educación en Galicia: Da Restauración á Segunda República* (Santiago: Servizo Central de Publicacións, Xunta de Galicia, 1989), 26.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Esta circunstancia dificultaba a comunicación e os traxectos dos discentes ás escolas, debido a que nas zonas rurais os percorridos que existían entre os asentamentos eran moi extensos. Xeralmente, o estilo de vida dos lucenses respondía a características propias de pequenos núcleos de habitantes diseminados, exceptuando das poucas cidades existentes na provincia.[705] A diseminación poboacional era máis forte nas zonas de montaña e Lugo é a provincia galega cunha maior superficie de territorio montañoso. Pola contra existía unha maior concentración de habitantes nas zonas costeiras, mentres que no interior moitos asentamentos atopábanse illados, eran moi pequenos e numerosos.[706] Este illamento provocaba que os vínculos sociais e as posibilidades de progreso foran limitadas. O seguinte gráfico representa o marcado carácter rural dende 1900 ata 1940, onde Lugo era unha das provincias máis ruralizadas.

Gráfico 8. Evolución urbano/rural galega entre 1900-1940.



	1900	1940
Rural	89%	82%
Urbana	11%	18%

Fonte: Elaboración propia. En Xose Manuel Beiras Torrado, *Estrutura y problemas de la población gallega* (A Coruña: Sevicio de Estudios del Banco del Noroeste, 1970), 21.

Como observamos no primeiro terzo do século XX, os núcleos pequenos de habitantes eran o tipo de asentamento máis común en Galicia e sobre todo en Lugo. Este aspecto influíu na comunicación entre veciñanzas e limitaba as relacións sociais e culturais. Incluso a arribada de novas educativas foi máis tardía, como manifestaba Salvador Castro Freire no seu ensaio de síntese histórica titulado *Lugo y sus hombres*.[707]

Gráfico 9. Tipoloxía dos asentamentos poboacionais galegos



Fonte: C.E.S.I.N.O., 1964. En Xose Manuel Beiras Torrado, *Estructura y problemas de la población gallega*, (A Coruña: Servizo de Estudios del Noroeste, 1970), 21.

[705] Analizando a densidade de habitantes en Galicia, particularmente baixa en Lugo, a comezos do século XX, verifícase a marcada dispersión no medio rural.

[706] Este matiz dificultaba a tarefa de dotar de escolas a todos os grupos de aldeas segundo os informes recollidos dos mestres e inspectores.

[707] En Salvador Castro Freire, *Lugo y sus hombres. Ensayo de síntesis histórica* (Lugo: Editorial Celta (...)), 128-129.

Táboa 8. Tipoloxía contextual dos asentamentos da poboación galega				
Anos	**Cidades**	**Aldeas**	**Transición**	**Medio rural**
1900	6,6%	---	4,7%	88,7%
1910	7%	---	4,8%	88,2%
1920	7,8%	0,3%	5,4%	86,5%
1930	8,9%	0,3%	6,4%	84,4%
1940	10,4%	1,4%	6,2%	81,9%

Fonte: C.E.S.I.N.O., 1964. En X. M. Beiras Torrado, *Estructura y problemas de la población gallega* (A Coruña: Servizo de Estudios del Noroeste, 1970), 21.

Táboa 9. Densidade de poboación por Km^2 das provincias galegas						
Dimensón Xeográfica	**Superficie en Km2**	**1860**	**1877**	**1887**	**1900**	**1910**
A Coruña	7.902,79	70,52	75,47	77,68	82,70	85,63
Lugo	9.880,54	43,77	41,58	43,74	47,10	48,58
Ourense	6.978,71	52,89	55,72	58,25	57,93	58,97
Pontevedra	4,391,32	100,26	102,92	100,97	104,13	112,80
Galicia	29.153,36	66,86	68,42	70,11	72,96	76,94
España	505.207,72	30,97	32,90	34,74	36,81	39,44

Fonte: Recollido da base estatística dos *Censos de Población de España*; en Antón Costa Rico, *Escolas e Mestres. A educación en Galicia: Da Restauración á Segunda República* (Santiago: Servizo Central de Publicacións, Xunta de Galicia, 1989), 26.

Outro aspecto importante foi a *cuestión lexislativa,* en concreto no promulgado na Lei Moyano. Esta normativa só ordenaba a construción de escolas en localidades superiores a 500 habitantes, polo tanto, as vilas de menos habitantes quedaban desprovistas de centro escolar, xa que así o establecía a lexislación.[708] Este sería un dos erros de maior consideración para as zonas afectadas pola baixa densidade demográfica. Tendo en conta esta circunstancia, a dispersión da poboación lucense foi un problema para a creación de centros educativos, para os desprazamentos dos alumnos, dos mestres e dos inspectores, limitando en parte o asesoramento e a dotación de recursos.[709] Cabe ter en conta que algunhas familias rurais non tiñan un centro escolar próximo, nin medios para mandar os seus fillos á escola. Estes motivos dificultaban o propósito dalgunhas familias e dos mestres de conseguir a asistencia regular dos escolares.

4.1.6. O dominio da Igrexa católica na escola a través da ensinanza relixiosa

Ao longo de todo o século XIX e o primeiro terzo do XX, a Igrexa Católica exerceu un agudo control ideolóxico sobre a sociedade española, en gran medida a través da

[708] A clasificación dos concellos en función do número de habitantes, podemos velo en Jordi Nadal, *La población española en los siglos XIX-XX* (Barcelona: Ariel, 1976), 244.

[709] En Luis Soto Menor, *Informe de Luis Soto Menor da Junta Provincial de Lugo* (Lugo: APL. Fondo Ayuntamiento. Sinatura: 1202-01, outubro 1924).

escola.[710] Neste tempo, o clero tiña *numerosas congregacións* instaladas por todo o territorio nacional, que realizaban unha función educativa e evanxelizadora relevante. Algunhas destas ordes viñeron rebotadas de Francia, debido á prohibición de que o clero participase no ensino público, conforme unha norma establecida na *Loi Goblet* no ano 1886,[711] que completaba á Lei do 16 de xuño de 1881 que establecía a gratuidade universal da primeira ensinanza e á Lei de 22 de maio de 1882 que implantaba a completa lacicidade dos programas escolares.[712] Reformas que culminaron nunha total separación da Igrexa e o Estado a través da *Loi de séparation des Eglises et l´Etat* de 1905.[713]

Coa emerxencia de novos enfoques liberais producíronse enfrontamentos entre a Igrexa Católica e as correntes progresistas que defendían o laicismo escolar. É preciso dicir que estes novos paradigmas xurdiron dende diversos sectores sociais: a ILE, revistas como a *Escuela Moderna*, os racionalistas, os anarquistas e os socialistas. Así, cabe sinalar a presenza dunha rivalidade constante entre os conservadores e progresistas, como afirma Jiménez Eguizábal:

> Constituye una tesis suficientemente contrastada que sólo a partir de la crisis del Antiguo Régimen en la que la educación es concebida prácticamente como una cuestión privada y reservada a los estamentos más privilegiados con el triunfo, aunque ciertamente discontinuo, de las revoluciones liberal-burguesas en Occidente, la escolarización se convierte en un objetivo social y universal, abanderando de forma decidida el principio del carácter público de la educación en el marco de una pugna continuada de los grupos políticos y religiosos por apoderarse del control de la educación.[714]

En xullo de 1909, a opinión pública estaba conmovida polos sucesos da *Semana Tráxica*, que en Barcelona motivaron unha dura represión do goberno maurista aos anarquistas, executando a Francisco Ferrer i Guardia o día 13 de outubro. Este home foi o fundador do movemento da *Escola Moderna*, inspirado no ideario anarquista. Esta noticia tamén conmocionou aos lectores da *Revista Católica de las Cuestiones Sociales* que exaltaba a defensa da Igrexa ante a ameaza do anarquismo e o socialismo, considerando as novas correntes laicas como un perigo social para os valores e a harmonía da sociedade.[715] Durante todo o primeiro terzo do século XX víñanse producindo enfrontamentos entre a Igrexa e as novas correntes pedagóxicas laicas.

Despois dos sucesos da Semana Tráxica o Goberno conservador culpou da sublevación ás "escolas laicas", que segundo a Igrexa estaba sementando o odio e a violencia na xuventude. O 21 de outubro de 1909 o Goberno liberal presidido polo institucionista Segismundo Moret defendeu o dereito dos escolares a optar pola asistencia ás escolas laicas. O único requisito para o funcionamento dos novos centros era que non atentaran contra a orde social. Así, o ministro Antonio Barroso y Castillo asinou tres reais ordes relacionadas con este asunto, todas elas datan do tres de febreiro de 1910. Esta normativa outorgaba aos centros certa liberdade pero aumentaba a

[710] En Herminio Barreiro Rodriguez, "A institución libre de enseñanza, "unha política de pedagoxía", *Sarmiento*, Nº 5 (2001): 11.

[711] Vide Lei do 30 de outubro de 1886, que dictamina que a ensinanza pública debía ser impartida por persoal laico.

[712] En Jules Steeg, "La Loi du 30 de octobre 1886", *Revue Pédagogique*, IX, Nº 11 (1886): 384.

[713] Vide Lei do 9 de decembro de 1905, de separación da Igrexa e o Estado en Francia.

[714] En Juan Alfredo Jiménez Eguizábal, "Xénese da función social e carácter profesional da Inspección Educativa en España (1849-1936)", *Revista de Educación*, Nº 17 (1998): 206.

[715] A *Revista Católica de las Cuestiones Sociales* viña facendo advertencia do perigo do anarquismo en Lugo dende 1897. En varios "Suscripción a la revista católica de las cuestiones sociales" (Lugo: APL. Sinatura: 931, 1987).

presenza e facultades da inspección educativa do ensino primario. Dada esta circunstancia fixo que as escolas laicas temeran por unha excesiva intromisión do Estado:

> El gobierno únicamente se reserva el derecho de inspeccionarlos en cuanto se refiere a la moral y a las condiciones higiénicas, y el de corregir, en la forma que los Reglamentos prescriban, las faltas que en esta materia se cometan.[716]

Poucos días despois da publicación desta normativa, o 10 de febreiro de 1910, Moret foi cesado polo seu propio partido. O novo Goberno presidido por José Canalejas nomeou ao Conde de Romanones como ministro de instrución pública. Este equipo ampliou e consolidou o servizo de inspección, como un organismo para controlar a orde pedagóxica e social,[717] e publicou a chamada *Ley del Candado*, promovida polo propio Canalejas.[718] Esta normativa prohibiu durante dous anos o establecemento de novas ordes relixiosas en España.[719] Seguindo esta liña e tres anos máis tarde, coa publicación do Real Decreto do 24 de abril de 1913[720] a asistencia ao ensino do Catecismo declarouse voluntaria nas escolas públicas, para os nenos de pais non católicos.[721] A opinión católica agrupouse para demandar a derrogación inmediata deste decreto na denominada *Guerra del Catecismo*, adoptando unha postura belixerante ante a opción de eximir estas ensinanzas católicas.[722] En segundo lugar, tamén se realizou unha campaña en contra das bibliotecas circulantes creadas pola Dirección Xeral, por mor de ofrecer obras "pouco recomendables".

Outro capítulo importante da relación entre a Igrexa Católica e o Goberno foi o período do primeiro bienio da Segunda República. Nestes anos aplicouse un modelo laico no ensino primario, situación que suscitou a oposición total da comunidade eclesiástica e unha grande axitación social.[723] Ademais este postulado favoreceu a entrada e a difusión de novas teorías pedagóxicas contemporáneas transnacionais. A Igrexa consideraba a ILE como un organismo culpable da maioría dos cambios, entendendo a "escola unificada" como a pretensión do Estado de monopolizar o ensino.[724] Porén a ILE non estaba en contra de ningunha relixión, simplemente cuestionaba o dogmatismo e a imposición obrigatoria dunha determinada crenza nos colexios, para os *institucionistas* a espiritualidade debía de ser unha elección libre. Estas reformas duraron relativamente pouco, porque a aparición do goberno da CEDA en 1933 e o posterior Goberno Franquista arrasaron cos proxectos educativos laicos republicanos. Neste sentido, o inspector Ben Cho Shey describía esta situación na provincia de Lugo do seguinte xeito: "Os homes de orde que sofren presión sin máis delito que o de seren republicanos".[725]

---

[716] Vide Real Orde do 3 de febreiro de 1910, *en Gaceta de Madrid* do 4 de febreiro de 1910.

[717] En Eduardo Soler Fiérrez, María Teresa López del Castillo, Domingo Muñoz Marín, Antonio Molero Pintado e Elías Ramírez Aísa, *Estudios históricos sobre la Inspección Educativa* (Madrid: Escuela Española, 1995), 130.

[718] Vide Manuel Suárez Cortina, *La España Liberal* (Madrid: Síntesis, 2006), 180-181.

[719] Vide artículo 1 da Lei do 28 de decembro de 1910, respecto á prohibición do establecemento de...

[720] En *Gaceta de Madrid* do 25 de abril de 1913.

[721] En Manuel B. Cossío, *La enseñanza primaria en España* (Madrid: Edit. R. Rojas Museo Pedagóxico Nacional, 1915), 40.

[722] En María Dolores Gómez Molleda, "La inspección de la Iglesia en la enseñanza oficial, una forma de esclavitud", *Los reformadores de la España contemporánea* (Madrid: C.S.I.C., 1966), 484

[723] En Joan Comas Camps, "Información de Enseñanza. El laicismo en las escuelas", *El Progreso,* Lugo, 17 de xaneiro de 1932.

[724] En Joan Comas Camps, "Lo que es la Escuela única", *El Progreso,* Lugo, o 17 de xuño de 1931.

[725] En José Ramon Fernández Oxea, *Ben Cho Shey, Diario de Lugo, 1936* (Lugo: Deputación de Lugo), 42.

A importante presenza da Igrexa na provincia de Lugo

Seguindo coa *cuestión relixiosa*, para observar o seu marcado carácter clerical en Lugo, cómpre poñer de manifesto que esta provincia se dividía en concellos e en último termo en parroquias debido á dispersión poboacional, o que facilitaba o *control* social do seus habitantes. Deste xeito era máis doada a protección, custodia e organización do itinerario dos peregrinos que cruzaban Lugo para rematar en Santiago de Compostela.[726] Referímonos á vixilancia dunha orde relixioso e militar que gardaba o camiño dos asaltantes, con esta medida a Igrexa pretendeu mellorar a seguridade dos peregrinos.[727] No seu percorrido os crentes atopábanse hospitais, albergues e pousadas. O fenómeno da peregrinación a Santiago dinamizou socialmente as rexións lucenses polas que pasaba *O Camiño*. Segundo José del Peso y Sevillano, as vilas próximas ás principais vías de comunicación víanse favorecidas socialmente. Os beneficios para os asentamentos repercutían no número de habitantes e por continuidade na cantidade de nenos e nenas que debían de ir á escola.[728] As actividades educativo e relixiosas circunscribíanse a cada unha das parroquias. Estes definidos marcos relixiosos lucenses atopábanse subordinados ás sés episcopais que determinaban a natureza e a función administrativa. Esta división respondía á existencia dun Estado nacional e católico, resultando unha organización que procuraba a omnímoda eficacia e o control sobre os habitantes.

Debido a esta relevante presenza, o sector docente estivo sometido á *influencia eclesiástica*, exercendo súa profesión entre o confesionalismo católico, o papel de funcionarios do Estado e as novas correntes educativas de marcado carácter laico. Nalgúns concellos os mestres estaban obrigados a acompañar aos nenos e nenas á misa os días de prelado.[729] Lugo era a provincia que tiña unha forte presenza de institucións eclesiásticas: con dúas sés episcopais e numerosas congregacións asociadas. Un exemplo desta situación de dominio é o impresionante edificio dos Escolapios de Monforte de Lemos, institución focalizada no ensino primario ata 1847, cando se converteu no único instituto de ensinanza media da provincia, transformándose en sé do ensino secundario como *Instituto Provincial de Monforte* ata 1862-63.[730] Daquela este organismo pasou a denominarse *Instituto Local de Monforte de Lemos*. Aquí, a Igrexa aglutinaba unha grande influencia nos principais concellos, establecendo numerosos lazos e privilexios cos gobernos conservadores.[731] No referente á ensinanza relixiosa, gozaban case por completo dun "monopolio escolar" do Estado Confesional español. Pese a isto, o anticlericalismo literario e a defensa da escola pública recibiron un

[726] Este itinerario pasaba por Lugo por dúas rutas secundarias: Xixón-León, Ribadeo, Lugo, Triacastela e Ferrol-Santiago.

[727] Vide Federico Gallegos Vázquez, *Estatuto jurídico de los peregrinos en la España medieval* (A Coruña: Xunta de Galicia, 2005).

[728] En José del Peso y Sevillano, "Galicia y su Enseñanza Primaria", (Madrid: Arquivo JAE. Sinatura: JAE/115-391, xuño 1925)

[729] En Lucía Porto, "La primera escuela rural de Sarria", El Progreso, Lugo, 21 de xullo de 2018.

[730] En Antonio Prado Gómez, *O Instituto Provincial de Lugo* (Lugo: Deputación de Lugo, 2013), 68. En 1847 esta institución convirtiuse no único instituto de ensinanza media da provincia de Lugo. En Francisco Albo, "La profunda huella de los escolapios", *La Voz de Galicia*, 1 de maio de 2017, extraído o 3 de maio de 2017 de: https://www.lavozdegalicia.es/noticia/lemos/monforte-de-lemos/2017/04/21/profunda-huella-escolapios/0003_201704M21C3991.htm.

[731] Vide Luis Bello, (1929): 4.

importante impulso, sobre todo no último terzo del século XIX e no primeiro terzo del século XX en Europa.[732]

A finais do século XIX, a xerarquía eclesiástica da provincia de Lugo e o carácter tradicional da súa poboación fixeron que os mestres tiveran un marcado *carácter conservador*, salvo mestres como Antonio Quintela ou Gregorio Sanz. A descrición do perfil do profesorado tradicional recóllese na abundante correspondencia que mantivo Salmerón cos seus compañeiros durante o seu desterro en Lugo. O 17 de abril de 1875 enviaba unha carta a Giner describindo o ambiente da capital:

> Si tuviera menos cartas y las gentes de aquí no extremaran sus oficios, no sería ingrata la estancia. La estación hace agradable este clima. Algo de ese sol aquí y de esta lluvia ahí y sería excelente. País montañoso, mucho verde: pastos, centeno, legumbres, algunos castaños y robles comienzan a echar hojas. Las márgenes del Miño, que nunca son las de esos ríos, son, sin embargo lo más ameno. La población inculta, no hay con quien hablar. Los profesores –salvo uno- momias y carlistas, me han visitado –menos el Director- "Ex Oficio", y dos por cartas de Uña y Varela han sido más expresivos; pero ni aun estos me proporcionan –habiéndose limitado al cumplimiento- ocasión de conversar.[733]

Entre outras personalidades, a estancia de Salmerón en Lugo xerminou o que máis tarde sería o círculo de simpatizantes da ILE. Este grupo de docentes difundiría novas correntes laicas europeístas. Actualmente, están arquivadas as cartas dos compañeiros que viñeron visitalo a estas terras galegas. Entre as súas amizades máis significativas atopamos a Emilia Pardo Bazán e Laureano Calderón.[734] A estancia deste último intelectual non agradou ás autoridades lucenses. Este dato atópase recollido actualmente no discurso de apertura da ILE que Justo Pelayo Cuesta deu en 1878.

> Ayer mientras comíamos se presentó en la fonda un inspector de policía (ejé), que de orden del Gobernador de Lugo me invitó a que pasara por su despacho cuando pudiera...Con levita inglesa y guantes me dirigí al Gobierno... Después de los pases consabidos me dijo que me suplicaba, abrogándose títulos que no tenía, que no residiera mucho tiempo en Lugo pues quizá el Gobierno, le produjera a él una situación violenta y me diera a mí también alguna molestia, etc.[735]

O marcado carácter eclesiástico de Lugo apréciase tamén a través das numerosas *edificacións de orixe relixioso* que hai dispersas por toda a provincia, e especialmente nas principais cidades: Lugo, Viveiro, Mondoñedo ou Monforte. A pesar das sucesivas desamortizacións, basta con visitar calquera vila ou aldea lucense e pronto nos sorprenderán a cantidade e calidade das súas construcións arquitectónicas, apreciaremos a importante presenza de igrexas, conventos e camposantos, ocupando un lugar xeográfico relevante e con tamaños en ocasións inverosímiles.

Outro feito importante foi a creación en 1598 do *Seminario* de Lugo, albergando aos alumnos que se querían iniciar no sacerdocio. A mediados do século XVIII, na capital lucense existía un convento situado na Praza de Santo Domingo, habitado por trinta frades, catro leigos, cinco estudantes e seis criados; formando así unha Casa Xeral

[732] En Fernando Álvarez-Uría Rico, "Escuela, laicismo, y democracia: Literatura clerical y anticlerical en la España de la Restauración", *Sarmiento,* Nº 26, (2022): 9.

[733] Esta carta foi escrita no confinamento de Salmerón en Lugo tras a aplicación da "Segunda cuestión universitaria" de Orovio en plena Restauración. En Anxo Serafín Porto Uchoa, *La Institución Libre de Enseñanza en Galicia,* (A Coruña: Do Castro, 1986), 76.

[734] Ídem.

[735] En Justo Pelayo Cuesta, "Discurso leído por el Excm. Rector de la Institución, en la apertura del curso académico de 1878-79", *BILE,* II (1878): 147-150.

de Estudos con cátedras de Filosofía e Teoloxía, antes da exclaustración de 1835. En 1879 fundouse o *Colegio de la Milagrosa*, o máis antigo da cidade, dirixido polas *Hijas de la Caridad* de San Vicente de Paúl de Lugo.

Xa no seguinte século apareceron as seguintes institucións eclesiásticas: en 1900 a *Escuela para niñas pobres* ao cargo das *Hijas de la Caridad*, en 1907 o *Colegio de los Maristas* e en 1926, en 1917 *Compañía de María* e en 1926 o *Colegio de San José*, coñecido como a "Escola das Josefinas" ou de xeito coloquial "As pepas".[736] Nestes centros foron directoras as seguintes mulleres: María Aguiar Chillón, Sor Elvira Herrero, Benigna de la Fuente, Sara Fernández Rubinos, Dolores Castelo Rego e Magdalena Jiménez. Durante as primeiras décadas do século XX, as institucións de ensinanza pertencentes á Igrexa Católica e as súas distintas ordes relixiosas continuaron tendo moita influencia na educación, sobre todo nas cidades. Esta circunstancia producíase debido á forza sociolóxica que tiña o clero e a súa moral eclesiástica secular.[737] Nas estatísticas lucenses da capital a educación pública seguía tendo pouco peso en comparación coa privada, normalmente relixiosa.[738] Ademais, nas zonas rurais da provincia cada municipio normalmente contaba cunha escola unitaria pública, ou no seu defecto unha constituída polos veciños.

Por outro lado, convén resaltar o *traballo dalgúns clérigos* na proliferación da creación de escolas, defendendo o dereito dos menores de asistir á escola nos primeiros anos do século XX. Referímonos entre outros ao traballo realizado nesta provincia por sacerdotes como: Benigno Ledo González, Pedro Varela,[739] José Fort y Recuerda,[740] Pascual Pérez de Armesto,[741] José Valcarce Luna coñecido como o "Cura Luna", Fermín Fraga Bello, Melchor Montes e Domingo Pérez Ocampo párrocos de Santaballa e promotores do nacemento da *Liga Santaballesa de Educación e Instrucción*,[742] Pedro Escudero e Manuel Seara Martínez como impulsores das escolas indianas de Viveiro, ou Antonio Medina como fundador de varias granxas modelo. Este último crego dirixiuse ao alcalde da capital lucense para solicitar a construción de varios centros deste tipo, respectando así a Lei de Ensino Agrícola, concretamente no artigo 6º no que se lexislaba este tipo de creacións e outras de carácter experimental. Con esta solicitude este eclesiástico tratou de instaurar uns centros de formación onde se introduciran novas técnicas e innovacións agropecuarias. Respecto ao "Cura Luna" foi un párroco agrarista que colaborou na fundación do Colexio de Santa Cristina de Areas (Antas de Ulla), promovida pola *Sociedad Monterroso y Antas de Ulla*.[743]

Entre as *funcións* ocupadas polos párrocos rurais, normalmente impartían a catequese, colaboraban coa inspección, xestionaban solicitudes para a tramitación da

[736] En Sabela Corbelle, "Aulas que todavía no colgaron los hábitos", *El Progreso*, 2022, extraído o 30 de xaneiro de 2023 de: https://www.elprogreso.es/articulo/lugo/aulas-que-todavia-colgaron-habitos/202206121327321583259.html.

[737] Vide Francisco Carballo e Alfonso Margariños, *La Iglesia en la Galicia contemporánea. Análisis histórico y teológico del período 1931-1936* (Madrid: Akal, 1978).

[738] En Documento arquivados en APL, "Carta do Alcalde en 1885" (Lugo, APL, fondo do Ayuntamiento, sinatura: 931).

[739] En Xosé María Pin Villares, "Escolas doutro tempo", *Galicia Digital* , 23 de xaneiro de 2009, extraído o 20 de xaneiro de 2023 de: https://www.galiciadigital.com/opinion/opinion.3217.php

[740] Impulsor da creación de escolas no sur da provincia de Lugo. En Francisco Albo, "En La escuela rural más antigua del sur de la provincia cumple 300 años", *La Voz de Galicia*, 27 de maio de 2024.

[741] Ídem.

[742] En Xosé Pombo Mosquera, *Liga Santaballesa. Historia dunha Escola Habanera 1907-2007* (Vilalba: Padroado da Liga Santaballesa, 2007), 24.

[743] Vide X. Bautista Costa, *Cura Luna* (Vigo: Rvdo. P. Xoán Bautista Costa, 1983).

creación de novas escolas,[744] como reflicten as diferentes misivas atopadas no APL.[745] Tamén realizaban conmemoracións e efemérides a ilustres personaxes lucenses, por exemplo, en 1912 celebráronse varias homenaxes nas que colaboraron as institucións eclesiásticas: en Mondoñedo, Pascual Veiga Iglesias era recordado coa creación dunha masa coral lucense.[746] Este mesmo ano faleceu o poeta mindoniense Manuel Leiras Pulpeiro, ao que despois da súa morte dedicáronselle varias homenaxes en América Latina.[747]

Ilustración 21. Homenaxe a Pascual Veiga Iglesias (*El Progreso)*

Agora, é preciso sinalar o papel do xornalista lucense Manuel Castro López, que mantivo unha constante loita coa Igrexa. Tamén, foi militante do *Partido Republicano Democrático Federal* e un dos pioneiros na confrontación coa institución eclesiástica. Manuel Castro escribiu numerosos artigos en *Las Dominicales del Libre Pensamiento,* fundou o semanario *El Ciudadano* e *El Eco de Galicia* en Arxentina. Debido ao contido das revistas foi excomungado.[748] Nesta mesma liña publicou *Preludios* e *Los jesuitas al desnudo*. Finalmente Manuel Castro faleceu en Arxentina o 25 de xuño de 1926.[749]

Observamos, como a Igrexa mantivo unha *posición privilexiada* en Lugo durante os primeiros decenios do século XX, a pesar do aumento das escolas públicas e dalgunhas voces que se alzaron en contra do seu dominio. Máis alá disto, a educación en toda a provincia estivo intensamente ligada aos centros educativos clericais.[750] Así, o proceso secularizador, promovido polas institucións eclesiásticas, tivo moita presenza na

[744] En Luis Soto Menor, "Solicitudes económicas y creación de escuelas" (Lugo: APL. Sinatura: 1200-01, 1932).

[745] En A. Prado Castro, "Creación y traslados de escuelas en la provincia de Lugo" (Lugo: APL. Fondo Concello. Sinatura: 930, outubro 1923).

[746] Ídem, 213.

[747] En Juan R. Somoza, *El Progreso,* Lugo, 15 de novembro de 1912.

[748] En Lugo traballou nos xulgados e foi representante en Lugo das lendarias máquinas de coser Singer, considerada como un dos mellores inventos da historia, sobre todo no referido a súa relación coa independencia económica da muller, resultando un sistema doméstico de produción: "En los años 30, el 90% de las familias españolas tenía una y figuraba como el regalo más preciado en las lista de bodas. Entonces, cuando la Singer costaba entre 75 y 160 pesetas, saber coser se convirtió en una obligación para las jóvenes de la época y comenzaron a proliferar los talleres de costura". En Ana María Ortiz, "La Singer da su primera puntada", *El Mundo* (12 de agosto de 2001) extraído de: https://www.elmundo.es/cronica/2001/CR304/CR304-08.html.

[749] En José de Cora, *110 lucenes singulares,* (Lugo: El Progreso de Lugo S.L., 2018), 22-23.

[750] Vide José Ramón Rodríguez Lago, *La Iglesia Católica en Galicia (1910-1936) Entre la revolución de Portugal y la Cruzada de España,* (Santiago de Compostela: Andavira, 2012).

ensinanza e nas ordes relixiosas da cidade de Lugo, onde tamén se fixeron cargo da ensinanza dos alumnos sen recursos as *Hijas de la Caridad* na Escola da Milagrosa.[751]

Ilustración 22. Manuel López Castro en América (publicada en *Lucenses singulares*)

Convén redundar agora en que dende 1900 ata 1936 a Igrexa case sempre gozou do beneplácito dos poderes públicos, salvo o primeiro bienio da Segunda República, situación herdada do século decimonónico. Esta situación perdurou durante moito tempo, constituíndo unha forte tradición clerical na sociedade e na cultura lucense. En relación con isto, os *libros de texto* empregados no ensino primario eran frecuentemente de carácter católico como o catecismo do Padre Gaspar Astete ou o Catón de San Casiano:[752] textos realizados por eclesiásticos que durante moito tempo ocuparon case con exclusividade o ensino das primeiras letras. A ineludible influencia das escolas católicas tivo na memorización do catecismo un dos seus piares. Esta situación de dominio eclesiástico estivo consolidada en todo o primeiro terzo do século XX, salvo no primeiro bienio da Segunda República, cando se implantou un modelo de ensino primario laico, ordenando a retirada de crucifixos das escolas da provincia de Lugo, situación que suscitou un grande axitación social.[753] O sector eclesiástico adoptou *unha resistencia activa* aos cambios pedagóxicos laicos, vixiando o labor dos novos mestres.



Ilustración 23. Segmento do Catón de San Casiano[754]

[751] En varios, "Colexio da Milagrosa" (21 de xaneiro de 2021) extraído de páxina do Colexio Plurilingüe da Milagrosa de Lugo, sección historia, http://lu37.e.telefonica.net/historiacole.html.

[752] En Salvador Castro Freire, *Lugo y sus hombres. Ensayo de síntesis histórica* (Lugo: Editorial Celta, 1951), 128-129.

[753] En Joan Comas Camps, "Información de Enseñanza. El laicismo en las escuelas", *El Progreso*, Lugo, 17 de xaneiro de 1932.

[754] En "Fotografía del Catón de San Casiano", en *Blog Ceince*. Continuamos achegando mostras do marcado carácter clerical dos libros de texto.

O *párroco* era o representante da Igrexa nas vilas e posuía polo xeral un gran *poder social* sobre as súas parroquias. Segundo José del Peso, a súa cultura e a súa dignidade, de maior índole co resto da aldea, outorgáballe unha posición social e de autoridade civil privilexiada. Normalmente os habitantes das zonas rurais posuían unha inferior posición cultural. Nas rexións anexas ás rutas do Camiño de Santiago foi onde se acusou unha maior influencia do clero. Este feito implicaba de forma directa ás zonas lucenses de Sarria, Triacastela, Fonsagrada e Lugo.[755]

Ilustración 24. Colexio de Escolas Pias de Monforte 1888-89 ("Grupo Escolar Padres Escolapios de Monforte de Lemos" extraído de www.escolapiosmonforte.es)

En Monforte de Lemos, segundo Luis Bello, a poboación responsabilizaba da mala situación da escola á Igrexa, xa que os Escolapios aglutinaban moito poder nesta localidade, descoidando sobremaneira a Escola Pública Nacional.[756] Unha clara mostra desta influencia é a presenza do formidable edificio chamado o *Escorial* galego.[757] Por enriba disto, a medida que se foron creando novos centros públicos, os párrocos, ao ver compartida a súa función pedagóxica, ampliaron a catequese nas antigas escolas parroquiais.[758]

Ilustración 25. Colexio dos Padres Escolapios en Monforte, publicada en *Historia de un siglo*

[755] En José del Peso y Sevillano, "Galicia y su Enseñanza Primaria" (Madrid: Arquivo JAE. Sinatura: JAE/115-391, xuño 1925).

[756] En 1847 esta institución converteuse no único instituto de ensinanza media da provincia de Lugo.

[757] En Luis Bello (1929): 4.

[758] Vide José del Peso y Sevillano, "Galicia y su Enseñanza Primaria" (Madrid. Arquivo JAE. Sinatura: JAE/115-391, xuño 1925).

Pouco a pouco, os relixiosos tiveron que aprender a compartir o prestixio e a ascendencia cultural que antes monopolizaban cos mestres nacionais. A pesar disto, é necesario destacar o labor da Igrexa, que mediante as súas institucións soportaron a carga educativa provincial ante a falta dunha rede de escolas públicas.[759] Como exemplo, constatamos cartas nas que o clérigo A. Prado Castro xestionaba a demanda de creación de novos centros, solicitando ao Concello a súa construción.[760] Estas solicitudes compracían as necesidades dos veciños e da vontade popular. Segundo José del Peso, a *cooperación parroquial* adoitaba desaparecer ao pouco de funcionar o nova escola, porque o clérigo tiña que compartir a súa catequese cos contidos curriculares. Non obstante, o seu simbolismo de único home culto desapareceu paulatinamente a medida que se implantaron as novas escolas públicas.[761] En consecuencia, esta nova figura social limitou o protagonismo pedagóxico do párroco, ata entón monopolista da cultura. O mestre público foi a nova figura letrada de moitas loalidades. Por regra xeral, estes docentes dedicaban un escrupuloso interese ao ensino da Relixión, cinguíndose á lexislación. Temos constancia de que en ocasións os cregos entremetíanse no traballo dos mestres,[762] situación que deteriorou a relación destes nas vilas e aldeas.[763]

Ilustración 26. Colexio Padres Escolapios de Monforte de Lemos (Francisco Albo, "La profunda huella de los escolapios")[764]

Coa chegada do *primeiro bienio* Segunda República, o sector eclesiástico amosou un acusado malestar pola aplicación da laicidade no ensino.[765] A Igrexa non tardou en

[759] En Antonio Correa Fernández, *Historia fin de siglo* (Lugo: Tipografía de A. Villamarín, Tomo I, 1900) 72.

[760] En A. Prado Castro, "Creación y traslados de escuelas en la provincia de Lugo" (Lugo: APL. Fondo Concello. Sinatura: 930, outubro 1923).

[761] En José del Peso y Sevillano, "Galicia y su Enseñanza Primaria" (Madrid: Arquivo JAE. Sinatura: JAE/115-391, xuñlo 1925).

[762] En José del Peso y Sevillano, "Galicia y su Enseñanza Primaria" (Madrid. Arquivo JAE. Sinatura: JAE/115-391, xuño 1925).

[763] En A. Fernández Romero, "Asociación de Maestros Interinos-Substitutos. Maestros cuestionando la enseñanza religiosa y solicitando la sustitución de la misma" (Lugo: APL. Sección Gobierno Civil. Sinatura: 13045/29, 1936).

[764] Vide Francisco Albo, "La profunda…", *La Voz de Galicia,* 1 de maio de 2017.

[765] A partir da década dos anos dez comezou un crecemento constante na creación de escolas públicas, intensificado este aumento na década dos anos trinta. Estes cambios viñeron suxeitos a un paralelo proceso de transformación social, que neste caso foi lento pero continuo.

reaccionar, coa presentación do *bienio negro* da CEDA leváronse a cabo unha serie de actuacións promovidas polas campañas da dereita católica: prohibición da coeducación e retorno a posturas conservadoras de empregar o ensino como medio para manter a unidade e orde social.[766] A reticencia social aos cambios fixo que o ritmo de renovación educativa fora pausado. A forte tradición eclesiástica conservadora fíxose patente na controversia mantida entre o inspector Joan Camps e Viriato, redactor de *La Voz de la Verdad*. Así, debido á resistencia sociopolítica á implantación da "escola única" non chegou a cristalizarse por completo.[767] Para Herminio Barreiro, o movemento político e educativo da Escola Única debía entenderse como "a infraestrutura necesaria do sistema educativo".[768] En efecto, as mentalidades conservadoras reticentes aos cambios foron un lastre para a introdución destes novos pensamentos renovadores, en gran medida, ideais laicos e contemporáneos.

Por outro lado, convén sinalar que os centros máis importantes de instrución superior da provincia atopábanse relacionados coa Igrexa, entre eles destacamos as seguintes institucións: o *Colegio de los Padres Escolapios de Monforte* e o *Colegio de Nuestra Señora de los Remedios* de Mondoñedo. No referente a outras ensinanzas atopábanse en Lugo: o *Seminario Conciliar* de Lugo[769] e o de Mondoñedo,[770] a *Escuela de Obreros* e a *Escuela de Artes y Oficios*.[771] O seguinte cadro recolle os principais colexios confesionais católicos en Lugo durante 1900 ata 1936.

Cadro 18. Principais centros educativos confesionais católicos		
Orde	**Xénero**	**Ano**
Lugo		
Seminario de	Masculino	1598
Fillas de Mª. Auxiliadora (Salesianas)	Feminina	1872
Colexio Milagrosa (Praza del Ferrol) *Hijas de la Caridad San Vicente de Paul* (Hospital San Bartolomé)	Masculina	1879
Escola para nenas pobres	Feminina	1900 (1940 internado)
Maristas	Masculino	1907
Compañía de María	Feminina	1917
Colexio San José "Josefinas"	Feminino	1926
centros de apertura posterior		
Divino Maestro	Feminino	1949
María Auxiliadora	Feminino	1953
Divina Pastora	Feminino	1962
Franciscanos	Masculino	1969
Colexio Diocesano San Lorenzo	Mixto	2021
Monforte de Lemos		
Monxes Beneditinos	Masculino	----

[766] En Anxo S, Porto Ucha, "Dous modelos educativos, duas escolas enfrontadas: a escola republicana e a escola nacional-católica", *Sarmiento* (A coruña: Xunta de Galicia, Nº 10, 2006): 122.

[767] En Viriato, "El Estado y la libertad de la enseñanza", *La Voz de la Verdad,* Lugo, o 13 de xuño de 1931; e en Joan Comas Camps, "La escuela única", *El Progreso,* Lugo, 28 de xuño de 1931.

[768] En Herminio Barreiro Rodríguez, *Lorenzo Luzuriaga y la Renovación en España (1889-1936)* (A Coruña: Educións do Castro, 1989), 247.

[769] En Gonzalo Fraga Vázquez, *El seminario diocesano de Lugo* (Lugo: Fundación La Caixa, 1989).

[770] En Antonio López Díaz, Ramón Villares, (eds.), *Seminario de Mondoñedo 1565-2013. Centro de formación e de promoción cultural* (Mondoñedo: Sucs. De Mancedo, 2015).

[771] En Antonio Correa Fernández, *Historia fin de siglo* (Lugo: Tipografía de A. Villamarín, Tomo I, 1900), 72.

Escolapios	Masculino	1873
Divina Pastora	Feminino	----
Mondoñedo		
Seminario de Santa Catalina	Masculino	1572
Fillas da Caridade	Feminino	1786
Ribadeo		
Seminario de Educación de la Veiga de Ribadeo	Masculino	Século XIX
Fillas da Caridade	Feminino	1898
Fillas de S. Vicente Paul	Feminino	1918
Viveiro		
Escola da Igrexa de San Francisco	Masculina	1842
Fillas de S. Vicente Paul	Feminino	1904
Merille		
Escola-Fogar dos Vilares (Santa Eulalia de Merille) Relixiosas Terciarias Franciscanas da Inmaculada Concepción	Feminino	1926
Sarria		
Escuela de Primeiras Letras do Hospital de San Antón	Mixto	1794
Escolas Públicas dos Pais Mercedarios (donación del Matías López)	Mixto	1896
Centros de apertura posterior		
Colexio da Asunción	Mixto	1965
Colexio La Merced (Padres Mercenarios)	Masculino	1970

Fonte: Elaboración propia. En Luis Bello Trompeta, "Monforte y el país de Lemos", *Vida Escolar* (Lugo: Nº 141, ano III, 1929), 9; en Antonio Correa Fernández, *Historia fin de siglo*, (Lugo: Tipografía de A. Villamarín, Tomo I, 1900) 72; en José del Peso y Sevillano, *Galicia y su Enseñanza Primaria* (Madrid: Arquivo JAE. Sinatura: JAE/115-391, xuño 1925); en Sabela Corbelle, "Aulas que todavía no colgaron los hábitos", *El Progreso* (extráido de: https://www.elprogreso.es/articulo/lugo/aulas-que-todavia-colgaron-habitos/202206121327321583259.html, 12 de xuño de 2022); e en José Manuel García Iglesias, "Viveiro es también franciscana", *El Correo Gallego*, 11 de octubre de 2014.

Outro aspecto a ter en conta foi a realización de *actividades benéficas*, que en Lugo estiveron fortemente ligadas ás institucións relixiosas católicas. Estas actividades de beneficencia foron socialmente relevantes: un dos servizos máis importantes para os nenos sen recursos foron as o *Roupeiro e as Cantinas Escolares Lucenses*, levadas a cabo en xaneiro de 1924 polas Irmás da Caridade, atendendo a 48 nenos pobres. Devandito gasto foi sostido principalmente polas doazóns ao *Patronato de Protección de la Infancia*, preocupado pola infancia escolar desfavorecida.[772] Esta institución levou a cabo diversas actividades circumescolares que axudaron aos nenos con menos recursos, como as *Colonias Escolares*, realizando así un exercicio compensatorio e restaurativo das desigualdades entre as familias.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[772] En *El Progreso*, Lugo, 4 de febreiro de 1924.

O predominio do uso dos libros eclesiásticos na escola.

Ao longo da historia, a escolarización e a alfabetización constituíron un eficaz instrumento de control social, adoutrinamento e moralización; posibilitando de autonomía persoal e expectativas de promoción social aos alumnos.[773] Os *libros escolares* tiveron interese para o estudo do proceso de modernización escolar levado a cabo nos primeiros anos do século XX, cando menos dende dúas perspectivas: como fontes para a reconstrución do pasado escolar e como un material de estudo específico.[774] Os libros empregados nas escolas lucenses durante os primeiros anos do século XX eran de xeito habitual de orientación relixiosa e en castelán, que en palabras de Carderera: "os únicos libros imprescindibles na escola eran o catecismo e os de lectura".[775] Segundo Carmen Benso, estes materiais impresos eran recursos escasos e frecuentemente intervidos.[776] Neste sentido, a influencia curricular da Igrexa era unha realidade, aspecto reflectido nos numerosos títulos relixiosos empregados nas escolas. Aparte de cantar a táboa de multiplicar, segundo o "Cura Luna" empregábase con frecuencia o *Catecismo do Padre Astete* e recitábanse oracións como *o Señor mío Jesucristo,* o *Rosario* e o *Padre Nuestro*. Á marxe de traballar con estes libros, tamén realizábanse longos ditados nos cursos máis avanzados, contas de Aritmética e problemas de Matemáticas. Os mellores alumnos chegaban a realizar fraccións e a regra de tres. No que respecta as técnicas de modificación condutual, polo xeral empregábase un sistema de premios e castigos.

Na provincia de Lugo, a *implantación de novos fondos bibliográficos* nas escolas foi unha cuestión puntual, introducindo cambios na súa organización en rara ocasión. Cómpre destapar a constitución de novas bibliotecas promovida polas Misións Pedagóxicas, cada unha dotada de preto de 100 libros. Porén, nalgunhas escolas nacionais achegáronse novos libros ás bibliotecas e modificaron a súa organización.[777] Para a aplicación do currículo empregábanse materiais pedagóxicos centrados na aprendizaxe das letras, matemáticas básicas, relixión e labores. A ineludible influencia das numerosas escolas privadas con vínculos eclesiásticos tivo no estudo do catecismo un dos principais contidos. No seguinte cadro achéganse os libros máis empregados nas escolas lucenses polos mestres de ensino primario.

Cadro 19. Libros empregados nas escolas lucenses a finais do século XIX e comezos do XX (3 de orientación marcadamente relixiosa)
1. O Silabario
2. O Catecismo do Padre Astete
3. O Catón de San Casiano
4. O Libro segundo de lecturas
5. O Catecismo Histórico de Fleury

Fonte: Elaboración propia. En Salvador Castro Freire, *Lugo y sus hombres. Ensayo de síntesis histórica* (Lugo: Editorial Celta, (...)), 128-129.

[773] En Antonio Viñao, "Del analfabetismo a la alfabetización. Análisis de una mutación antropológica e historiográfica", *Historia de la Educación*, 3 (1984): 180-184.

[774] En Narciso de Gabriel, "Guías e libros do mestre en España (1850-1936)", *Sarmiento*, Nº 1 (1997): 111.

[775] En Mariano Carderera, *Guía del maestro de primera enseñanza o estudios morales acerca de sus disposiciones y conducta, con un apéndice sobre la educación de la mujer* (Madrid: Librería de D. Gregorio Hernando, 1884), 78.

[776] En Carmen Benso Calvo, "El libro en los inicios del sistema escolar contemporáneo", *Sarmiento,* Nº 1 (1997): 81

[777] En Ricardo Vilar Negre, "Bibliotecas escolares. Modo de organizarlos en las escuelas de España", *Revista de Pedagogía,* Nº 40, Ano IV (1925): 161-165.

En referencia á *depuración* da dotación bibliográfica das escolas, as bibliotecas dos centros xeralmente eran pobres, existían poucos libros de préstamo e a súa selección era moi minuciosa por parte do clero. Así, no primeiro bienio da Segunda República houbo unha campaña da Igrexa en contra das bibliotecas circulantes creadas pola Dirección Xeral de Ensinanza, por mor de ofrecer obras "pouco recomendables". Algúns clérigos consideraban á ILE como culpable da maioría dos cambios pedagóxicos.[778] Como exemplo, un dos libros censurados pola Igrexa foi a *Historia del Mundo para los niños* de V.M. Hillyer:

> Terminantemente prohibido el uso en las escuelas de la provincia, como obra de lectura la titulada Historia del Mundo para niños por V. M. Hillyer por considerarla nociva para el dogma católico por los errores de orden moral e histórico que contiene y por la tendencia internacionalista que la inspira al objeto de entibiar en la niñez el sacrosanto amor a la Patria.[779]

En 1932, o Goberno Republicano tamén recomendou a realización dunha selección bibliográfica prohibindo a ensinanza de relixión nas escolas, co fin de evitar contidos contrarios ao Goberno. Esta selección foi menos rigorosa que a realizada durante séculos pola Igrexa, sobre todo tendo en conta a nota de prensa onde o inspector Joan Comas enfatizaba a importancia de impartir as clases con rigor histórico: "recomendando a todos os mestres que as ensinanzas de Historia e Dereito realizáranse con obxectividade e sinceridade".[780] En 1932, seguindo esta liña de pensamento, Germán Lastra salientaba que a selección dos libros que se compraban para as bibliotecas circulantes eran seleccionados de forma estrita: "No obstante, eran objeto de escrupulosa selección de libros que se adquieran con destino a estas humildes bibliotecas circulantes". Na provincia de Lugo, os exemplares que tiñan unha maior demanda eran os de agricultura, especialmente os temas referidos a avicultura, sericultura e arboricultura.[781]

A *nivel práctico*, as clases centrábanse principalmente en ensinar aos alumnos a ler, escribir e calcular a través de libros eclesiásticos. As obras máis empregados eran o *Catón de San Casiano*, o *Catecismo del Padre Astete*, o *Silabario* (de Vicende Navarro) e as Cartillas (de xeito especial o método de *Rayas* de Ángel Rodríguez Álvarez).[782] A Cartilla consistían nunha pequena libreta con letras do alfabeto, sílabas e palabras impresas que se empregaban para o ensino da lectura e escritura. Foi un recurso didáctico moi estendido que se diversificou co paso do tempo, empregándose para a iniciación de moitas materias. Para a ensinanza da agricultura na provincia de Lugo utilizábase a *Cartilla de Agricultura*, e para os temas de urbanidade e hixiene a *Cartilla de Urbanidad* e a *Cartilla de Higiene*, entre outras. O *Silabario* tamén eran pequenos cadernos que ordenaban as letras, silabas e palabras segundo o grao de dificultade. En ámbolos dous recursos didácticos empregábase unha metodoloxía analítica para a aprendizaxe da lecto-escritura. Pouco a pouco, estes libros foron mellorando formalmente grazas ao aumento de ilustracións para establecer relacións significativas e ao aumento do tamaño da letra. Nos últimos cursos de educación primaria tiña máis

[778] En Joan Comas Camps, "Lo que es la Escuela única", *El Progreso*, Lugo, o 17 de xuño de 1931.

[779] En Pablo Villalaín García, *La segunda república: una regulación entre el libro de texto control y la libertad.* (12 de decembro de 2011) extraído de: http://www.eumed.net/rev/cccss/11/pvg.htm

[780] En Joan Comas Camps, "Información de Enseñanza. El laicismo en las escuelas", *El Progreso*, Lugo, 17 de xaneiro de 1932.

[781] En Germán Lastra, "La escuela del porvenir-El conjunto", *El Progreso*, Lugo, 5 de febreiro de 1932.

[782] Este libro editouse de 1905 ata 1973. Vide Ángel Rodríguez Álvarez, *Cartilla Rayas* (Plasencia: Editorial Sánchez Rodrigo, 1905).

importancia a práctica da caligrafía. Para isto, as materias empregadas frecuentemente eran *Historia Sagrada, Historia de España, Urbanidad e Aritmética.* Para conseguir estas aprendizaxes usábanse os cadernos de caligrafía, que eran libretos de papel pautado con actividades que se realizaban coa pluma ou plumilla tintada. O método máis común era o clásico *Método caligráfico de Iturzaeta*.[783]

Entre outros factores analizados no presente traballo (apartado 4.4. Factores de incidencia no proceso de modernización escolar en Lugo 1900-1936), a introdución de innovacións pedagóxicas estivo ligada á influencia da ILE. Pouco a pouco rexistráronse algunhas experiencias próximas a este pensamento como o *Plan de Estudios de la Liga Santaballesa* en 1907,[784] a aplicación da metodoloxía do *traballo manual* levados a cabo por Victoriano Tuñón y García,[785] e as experiencias de ensinanza activa levadas a cabo por Gregorio Sanz.[786]

Ilustración 27. Colección de obxectos para a *ensinanza activa*
(Escola da Liga Santaballesa)

En referencia á *cuestión lexislativa*, ata 1913 a ensinanza da relixión era obrigatoria para todos os alumnos. En relación con isto, convén facer fincapé na lexislación referente á aplicación de contidos relixiosos, recollida no Real Decreto do 24 de abril de 1913.[787] Con esta normativa a asistencia ao ensino do Catecismo foi declarada voluntaria nas escolas públicas para os nenos de pais non católicos.[788] Unha

[783] Vide José Francisco de Iturzaeta, "Caligrafía para los niños, o sea compendio del arte de escribir la letra española, dispuesto en forma de diálogo para los niños que concurren a los Establecimientos de primera educación del Reino, mandado seguir por Real Orden de 7 de enero de 1835, y últimamente por el Gobierno de SM en 30 de junio de 1848" (1851).

[784] En Xosé Pombo Mosquera, *Liga Santaballesa. Historia dunha Escola Habanera 1907-2007* (Vilalba: Padroado da Liga Santaballesa, 2007), 29.

[785] Este home foi o Director e Presidente da "Asociación del Magisterio Lucense" e o Director da Escola Graduada da capital de Lugo. En Victoriano Fernández Tuñón y García, "Jubilación del director de la Escuela Graduada de la capital de Lugo Victoriano Fernández Tuñón y García en 1918" (Lugo: APL. Fondo: Concello. Sinatura: 931, 1918).

[786] En Antón Costa Rico, *La educación en Galicia (1669-1970,)* (A Coruña: Universidade de Santiago, 1999), 33.

[787] En *Gaceta de Madrid* do 25 de abril de 1913.

[788] En Manuel B. Cossío, *La enseñanza primaria en España* (Madrid: Edit. R. Rojas Museo Pedagóxico Nacional, 1915), 40.

circunstancia que desencadeou a chamada *Guerra do Catecismo*.[789] Os catecismos máis empregados eran o do *Padre Astete* (Catecismo de la doutrina cristiá) e o *Fleury* (Catecismo histórico).

Ilustración 28. Portada do Catecismo de Fleury, Ripalda e o Catón de San Caesiano.[790]

A falta de material escolar

Outro aspecto importante foi o tema da *escasa dotación material* das escolas. O factor económico limitaba a cantidade de centros e de recursos, e por contigüidade esta circunstancia afectaba á calidade dos procesos de ensino e aprendizaxe na escola. Os concellos mellor comunicados polo xeral tiñan maiores posibilidades para albergar instalacións educativas. Por este motivo as súas escolas adoitaban reunir mellores condicións que as zonas rurais, aínda que non sempre era así, posto que algunhas escolas indianas da Mariña lucense e da Terra Chá tiñan unha sorprendente boa dotación. En efecto, a calidade destes locais non era directamente proporcional ao nivel de progreso e riqueza da localidade como sucedía na capital lucense. En 1929 segundo Luis Bello as infraestruturas das escolas continuaban en malas circunstancias na cidade de Lugo:

... las clases están bajo el nivel de la calle. El aliento de las voces del mercado favorecen poco a una escuela. Pregones, disputas, emanaciones agrarias, no solo de la mercancía sino de la educación propia del lugar...” (...) “Sobre la alcantarilla y junto a un pozo negro, las cuatro clases ocupan un pasillo enorme que en tiempos fue bodega y de cuartel de Caballería, pero no era aquí, seguramente, donde se alojaban los hombres”... “El abandono en que yo encontré toda la titulada escuela, y especialmente el de primer grado, era espantoso.[791]

[789] En María Dolores Gómez Molleda, “La inspección de la Iglesia en la enseñanza oficial, una forma de esclavitud”, en *Los reformadores de la España contemporánea* (Madrid: C.S.I.C., 1966), 484.

[790] Resulta sorprendente a cantidade de publicacións empregadas na escola de orixe católico e con fins evanxelizadores. En páxinas web como *www.todocolección.com* pódense atopar aínda hoxe moitos dos volumes expostos neste traballo.

[791] En Luis Bello Trompeta, *Viaje por escuelas de Galicia* (Madrid: Akal, 1974), 137.



Ilustración 29. Catecismo del Padre Gaspar Astete (imprenta celta de Lugo en 1938) e *método de ensinanza la lectoescritura Rayas de Ángel Rodríguez Álvarez (editado por primeira vez en 1905 ata 1975)*

Con todo, durante o primeiro terzo do século XX, a maioría das escolas nacionais estaban limitadas curricularmente pola falta ou ausencia de material e non tiñan recursos económicos suficientes para adquirilo: lousas, xices, cadernos, tinta, plumas, carbón e lapiseiros. debido a isto en 1932 creouse unha *Comisión* encargada de adquirir e distribuír material polas escolas luguesas, pero segundo a prensa provincial estes recursos chegaban a poucos centros. As condicións climáticas, orográficas, as malas vías de comunicación e a falta dunha boa organización condicionaban o reparto destes materiais.

> Lo curioso es que mientras la inmensa mayoría de las escuelas carecen del material indispensable, funciona una Comisión encargada de adquirir y distribuir material, que en tales condiciones bien podemos llamar de lujo; máquinas de escribir, pianos, aparatos de radio y otras cosas por el estilo de que naturalmente difrutan solo las escuelas privilegiadas.[792]



Ilustración 30. Colexio internado do Sagrada Corazón (Marista de Lugo)[793]

[792] En J. Schuler, "Información de Enseñanza", *El Progreso,* Lugo, el 9 de xaneiro de 1932.

[793] Este centro era un dos máis importantes da provincia. Fundado en 1907 polos Maristas, en 1929 era un centro completo e graduado, impartindo a ensinanza primaria, secundaria e comercial (matemáticas, francés, inglés, alemán e "carreiras especiais"). Fotografía extraída do Fondo Fotográfico da Deputación de Lugo. En José Cao

A Guerra Civil foi chamada por algúns gobernantes como unha guerra relixiosa, unha especie de "cruzada" en contra do laicismo.[794] Coa instauración do goberno franquismo implantouse un modelo de escola *nacionalcatolicista*, o que significou unha involución escolar en España.[795] Para impoñer este cambio levouse a cabo un proceso de depuración. O catolicismo e o *conservacionismo* que profesaba parte de galeguismo contribuíu á modulación da represión.[796] Así, produciuse novamente o enfrontamento de dous modelos educativos: a escola republicana e a escola nacional-católica.[797]



Ilustración 31. Mesa e cadeira escolar, no concello de Fonsagrada

4.1.7. O descenso da mortalidade infantil e a súa incidencia escolar

Segundo Arbelo Cubedo, ao comezo século XX *a mortalidade infantil* en Lugo era elevada,[798] debido principalmente á falta de: condicións adecuadas para a vida, de recursos hixiénicos e dun sistema sanitario desenvolto.[799] Aínda que este factor non tivo excesiva incidencia nas porcentaxes de matrícula e na asistencia escolar, xa que na primeira década do século XX o número de nenos falecidos por cada 1000 nacementos era de 127, tendo en conta que non todos os menores que sobrevivían eran matriculados nin asistían con regularidade á escola. A medida que os avances científicos, a atención sanitaria e a mellora das condicións de vida dos lucenses reduciron os falecementos infantís paulatinamente.[800] Unha situación desencadeada grazas aos avances médicos e a mellora da calidade de vida que propiciou un aumento demográfico.

No referente ás *condicións de salubridade* dos locais escolares, o estado da maioría dos centros era deplorable e non contribuía a redución de enfermidades e mortalidade infantil. Seguindo un método de triangulación, constatamos esta situación grazas: ao

Moure, *Lugo y su provincia: (Libro de oro)* (Lugo: Editorial P.P.K.O.,1929), 9. Extraído o 7 de xaneiro de 2024 de: https://deputacionlugo.gal/sites/deputacionlugo.org/files/inline-files/Libro%20de%20Oro%20LugoNEO_0.pdf

[794] Vide Ramón Navarro Sandalinas, *La enseñanza primaria durante el franquismo (1936-1975)* (Barcelona: PPU, 1990), 142.

[795] En Anxo S, Porto Ucha, "Dous modelos educativos, duas escolas enfrontadas: a escola republicana e a escola nacional-católica", *Sarmiento*, Nº 10 (2006): 130.

[796] En Narciso de Gabriel, "A represión fascista do profesorado galeguista", *Sarmiento*, Nº 24 (2020): 235.

[797] En Anxo S, Porto Ucha, "Dous modelos educativos, duas escolas enfrontadas: a escola republicana e a escola nacional-católica", *Sarmiento*, Nº 10 (2006): 116-118.

[798] En Arbelo Cubelo, *Sanidad infantil en España* (Madrid: Ministerio de la Gobernación: Dirección General de Sanidad, 1971), 145-147.

[799] En Luis Bello, "Lugo: Becerrea", *Vida Escolar*, Nº 145, ano III (1929): 2.

[800] En Arbelo Cubelo, *Sanidad infantil en España* (Madrid: Ministerio de la Gobernación: Dirección General de Sanidad, 1971), 145-147.

USC DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

epistolario dos mestres como a docente Filomena Groves,[801] aos inspectores nos informes como o de Luis Soto Menor realizado en outubro de 1924,[802] ou aos xornalistas citados nos diferentes capítulos que configuran esta investigación e que son sucesivamente referenciados, como Luis Bello Trompeta. Como mostra da situación desoladora da ensinanza primaria citamos a Luis Bello, en referencia á lamentable dotación, mantemento e situación de neglixencia dos centros educativos.[803] En 1912, a alcaldía propuxo na cidade de Lugo a instalación do Instituto e as escolas públicas na calle do Seminario porque eran zonas máis hixiénicas e protexidas contra enfermidades:

> En la calle del Seminario debieran estar instalados el Instituto provincial y las escuelas públicas, porque se trata de una zona sana, particularmente contra la tuberculosis.[804]

Na seguinte táboa reflíctese o número de falecidos por cada 1000 nacementos en catro períodos de nove anos. Apréciase como, nas dúas provincias interiores, máis montañosas, rurais e illadas (Ourense e Lugo), a mortalidade era máis alta. Esta circunstancia pode darse, talvez, porque o grao de desenvolvemento era menor e as condicións de vida eran máis duras: climatoloxía e xeografía máis extrema, á falta de recursos, á presenza do traballo infantil e a un maior illamento. Debido ao progreso social e a mellora das condicións de vida paulatinamente reduciuse o número de falecementos infantís. Estas cifras foron apenas perceptibles na estatística escolar, xa que podía significar un aumento de dez alumnos máis por cada 1000 escolares en cada decenio, pero non todos os nenos en idade escolarizable eran matriculados, polo que calculamos un incremento real da cinco alumnos aproximadamente.

Táboa 10. Mortalidade infantil por provincias galegas (1901-1939)[805]				
Provincias	**De 1901-1909**	**De 1910-1919**	**De 1920-1929**	**De 1930-1939**
A Coruña	140	122	116	97
Lugo	142	127	124	107
Ourense	151	140	138	108
Pontevedra	120	108	111	92
Galicia	138	124	122	101
Nota: Falecidos ao ano por cada 1000 nacementos.				

Fonte: Elaboración propia. Extraído de Arbelo Cubelo, *Sanidad infantil en España*, (Madrid: Ministerio de la Gobernación, Dirección General de Sanidad, 1971), 145-147.

Con todo, o descenso nos índices de enfermidade e mortalidade infantil redundou a favor do aumento de poboación infantil e por conseguinte na posterior matrícula escolar. Este aspecto tamén influíu na asistencia escolar anual, determinando levemente a *ratio* da aula nos centros escolares. No gráfico exposto a continuación apréciase máis visualmente este descenso en Lugo.[806]

[801] En Rosa Filomena Grobes, *Carta de Rosa Filomena Grobes en 1885* (Lugo: APL. Fondo do Concello. Sinatura: 931, 1985).

[802] En Luis Soto Menor, "Informe de Luis Soto Menor da Junta Provincial de Lugo" (Lugo: APL. Fondo Concello. Sinatura: 1202-01, 1924).

[803] En Luis Bello, "Lugo: Becerrea", *Vida Escolar*, Nº 145, ano III (1929): 2.

[804] En *El Regional*, Lugo, 24 de outubro de 1912.

[805] En Arbelo Cubelo, *Sanidad infantil en España* (Madrid: Ministerio de la Gobernación Dirección General de Sanidad, 1971), 145-147.

[806] Ídem

> Según la última estadística, existen en nuestra provincia 71.687 niños en edad escolar; repartidos entre las 839 escuelas, dan una matrícula media de 85 por unidad. Cifra a todas luces bastante elevada para que el maestro responda a las exigencias de la pedagogía actual.[807]

Gráfico 10. Descenso da mortalidade infantil en Lugo dende principios do século XX ata finais da década dos anos trinta



Fonte: Elaboración propia. En Arbelo Cubelo, *Sanidad infantil en España*, (Madrid: Ministerio de la Gobernación, Dirección General de Sanidad, 1971), 145-147.

Analizando os decenios dos anos vinte e trinta do século XX e coincidindo coa progresión anteriormente exposta, as melloras hixiénicas e sanitarias redundaron en beneficio do aumento da matriculación, a pesar de que os anos vinte foi un período especialmente relevante para a *emigración* de galegos alén de ultramar: isto supuxo unha leve baixada de lucenses. Igualmente, cabe ter en conta que en 1927 a *ratio* do alumnado era de 85 discentes por aula, una cifra moi elevada tal e como afirmaba o inspector lucense Jacinto Ruiz: aspecto que probablemente non beneficiou a mellora das condicións de salubridade nin das pedagóxicas.[808]

4.1.8. O aumento da matrícula escolar

A cuestión da *evolución da matrícula escolar* lucense dende o comezo do século XX, o número de alumnos e alumnas de ensino primario matriculados foi en aumento, paralelamente ao incremento de habitantes. Este aspecto foi rexistrado polo profesorado, xa que dende mediados do século XIX, os mestres tiveron que desenvolver tarefas de carácter administrativo, como a de controlar a matrícula escolar e rexistrar as faltas de asistencia, comunicando máis tarde estes datos ao concello pertinente. Asemade tamén tiñan que controlar os aparellos escolares, inmobles, material e presupostos da escola.[809] Neste sentido, o aumento dos alumnos matriculados e a asistencia escolar foron, xunto co problema do financiamento, dous dos obxectivos no punto de mira das políticas educativas fineseculares. A pesar dos movementos migratorios, no primeiro terzo do século XX produciuse un incremento significativo do número de alumnos matriculados.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[807] En Jacinto Ruiz, "La primera enseñanza en la provincia de Lugo-1927", *Vida Escolar*, Nº 40, ano I (1927): 2
[808] Ídem
[809] En Montserrat González, "El control del profesorado no universitario en España", *XIX Coloquio Historia de la Educación. Imágenes, discursos y textos de la educación* (Madrid: Universidade de Alcalá, 2017), 37.

Este foi un dos factores máis importantes para o proceso de alfabetización en Lugo, vinculado tamén ao incremento da asistencia escolar dos discentes.[810]

Convén ter en conta que a *escolarización* é un concepto restrinxido entendido como unha parte do proceso educativo global da vida, mentres que o termo "educación" é un concepto máis amplo que abrangue todos os procesos de ensinanza/aprendizaxe recibidos ao longo da vida nas familias ou en calquera circunstancia social.[811] Tendo en conta isto, a escola foi unha institución onde se levaba a cabo un proceso de escolarización eminentemente formal, pero tamén ten unhas claras funcións: educadora, social, cultural e de control. Inherente a estas funcións, xogou un papel decisivo, sendo un dos principais *axentes alfabetizadores* da sociedade lucense dende 1900 ata 1936. Segundo Narciso de Gabriel, dende os anos dez ata os corenta foi o período de alfabetización máis expansivo.[812] Nestes anos, a escola era unha institución encargada de ensinar as aprendizaxes básicas, un lugar onde os nenos acudían a aprender principalmente a ler, escribir e os procesos matemáticos básicos; aprendizaxes que servirían ao discente para facer fronte as futuras necesidades sociais e laborais.

Respecto á *cuestión do analfabetismo*, a comezo do século XX, na provincia lucense existían 465.386 habitantes, dos cales 320.211 eran analfabetos.[813] Estamos a falar dun índice considerable do 54,31%, unha cifra moi elevada. En total o 29% dos habitantes galegos que non sabían ler nin escribir residían na provincia lucense.[814] A pesar diso, a taxa de alfabetización masculina era superior á media española, as áreas nacionais con máis intensidade de analfabetismo atopábanse na cordilleira Penibética, especialmente nas provincias de Jaén, Granada, Almería, Murcia e Albacete.[815]

> En todos e cada un dos censos os seus valores son superiores á media española, contrariamente ao que acontecía coa alfabetización bruta. Esta discrepancia semella evidenciar que en Galicia adoitaba accederse á condición de alfabetizado a idades máis serodias que no resto de España.[816]

En concreto, Lugo acadaba unha das mellores porcentaxes de alfabetización de Galicia: 22 (1860), 28 (1887), 39 (1910), 50 (1920), e 86 (1950); en parte grazas ao traballo secular realizado polos escolantes como José Roncaño nas escolas de ferrado, porque o índice de escolarización lucense era o máis baixo: 15 (1860), 22 (1885), 21 (1908), 44 (1923), 72 (1952).[817] Por regra xeral, nacer nun estrato social baixo

[810] Vide *Censo de la población de España de 1900*, T. III (1900): 116-7, 168-9, 202-3, 234-5, 296-7; Para 1910 *Censo de la población de España de 1910*, T. II (1910): 152-3, 236-7, 281-2, 318-9; Para 1920 *Censo de la población de España de 1920*, T. II (1920): 280-3; Para 1933 *Anuario Estadístico de España*. En Antón Costa Rico, *Historia da educación e da cultura en Galicia* (Vigo: Xerais, 2004) 916; para 1932 en Mercedes Samaniego Boneu, *La política educativa de la Segunda República* (Madrid: CSIC, 1977), 254.

[811] En José Miguel Somoza Rodríguez, Ramón Santos Rodríguez, "Escolarización e alfabetización no medio rural galego. Rianxo 1900-1931", *Sarmiento*, Nº 1 (1997): 43.

[812] En Narciso de Gabriel (varios), "O proceso de alfabetización en Galicia (1860-1991)", *Sarmiento*, Nº 1 (1997), 27.

[813] En Benigno Rodríguez Santamaría, *Los pescadores del Norte y Noroeste de España* (Madrid: Imprenta Alemana Fuencarral. 1916), 272.

[814] Vide Narciso de Gabriel, Antón Costa Rico, (varios), "O proceso de alfabetización en Galicia (1860-1991)", *Sarmiento* (A Coruña: Nº 1, 1997) 11-40. Asunto estudado máis amplamente en Narciso de Gabriel, *Ler e escribir en Galicia. A Alfabetización dos galegos e aalegas nos Séculos XIX e XX* (Coruña: Servizo de Publicacións da Universidade da Coruña, 2014); e citado en Ángel Serafín Porto Ucha, *La Institución Libre de Enseñanza en Galicia*, (A Coruña: Do Castro, 1986), 170.

[815] En Lorenzo Luzuriaga, *El analfabetismo en España* (Madrid, J. Cosano, 1926), 11.

[816] En Narciso de Gabriel Fernández, "O proceso de alfabetización en Galicia (1860-1991)", *Sarmiento* (1997), 25.

[817] En Narciso de Gabriel Fernández, "El proceso de alfabetización en Galicia: un intento de explicación y comprensión", *Historia de la Educación* (Salamanca: Ediciones Universidade de Salamanca, 2013), 300.

implicaba unha diferenza apreciable de oportunidades de alfabetización e de acceso ás fontes culturais. Porén, os niveis de alfabetización respondían con asidua frecuencia á seguinte clasificación, constituíndo un patrón de comportamento semiríxido.

Cadro 20. Características da alfabetización a principios do S. XX
1. O clero e a nobreza tiñan niveis de alfabetización plenos.
2. Nas profesións vinculadas á artesanía, os niveis de alfabetización eran máis débiles.
3. No campesiñado, os niveis eran moi baixos (minimizados grazas ao traballo dos escolantes nas escolas de ferrado).
4. Influencia positiva debido ao aumento das escolas nacionais.
5. Maior formación do alumnado co incremento da asistencia escolar.
6. Nas zonas rurais (con maior dispersión poboacional) existían uns índices maiores de analfabetismo.
7. A población feminina alcanzaba índices máis elevados de analfabetismo ca masculina.

Fonte: Elaboración propia. En Narciso de Gabriel, "Alfabetización, semialfabetización y analfabetismo en España (1860-1991)", *Revista Complutense de Educación,* vol. 8, (1997): 200; e en José del Peso y Sevillano, *Galicia y su Enseñanza Primaria,* (Madrid: Arquivo JAE. Sinatura: JAE/115-391, 1925); en Antón Costa Rico, *Historia da educación e da cultura en Galicia,* (Vigo: Xerais, 2004), 917; para 1932 Ángel Serafín Porto Ucha, *La Institución Libre de Enseñanza en Galicia,* (A Coruña: Do Castro, 1986), 367.

Seguindo coa disertación desta cuestión e dende a existencia de fontes notariais, os *índices de analfabetismo* lucense foron moi agudos e dificilmente cuantificados, frecuentemente sometidos a factores de erro.[818] Procurando estudos deste tipo sobre Lugo, tomamos como referencia as análises realizadas por H. Sobrado sobre a zona central da provincia e os de Narciso de Gabriel.[819] Na primeira metade do século XIX, o 58,2% dos lucenses sabían escribir un documento de compravenda.[820] A continuación, a seguinte táboa reflicte como a porcentaxe de analfabetismo se reduciu nos primeiros tres decenios do século XX.

Táboa 11. Porcentaxe de analfabetismo neto en Lugo				
Provincia	**1900**	**1910**	**1920**	**1930**
Lugo	67%	60%	50%	35%

Fonte: Elaboración propia. En Rosa María Cid Galante, "Breve revisión á situación educativa do primeiro terzo do século XX no partido xudicial da Pobra de Trives e as primeiras mulleres que acceden aos estudos superiores", *Actas do V Congreso Manuel Luís Acuña* (Ourense: Deputación Provincial de Ourense, 2021), 60.

Outro aspecto que pode servir para facerse unha idea da importancia da *cuestión migratoria* foi a redución do número de casamentos e bautismos, en parte polo aumento dos desprazamentos ultramarinos, sobre todo no segundo decenio. En 1917, Lugo era a provincia española onde menos matrimonios se celebraban.[821] Cabe poñer de manifesto que: ante a falta de traballo e de saídas laborais moitos mozos lucenses invertían todo o seu capital nas viaxes de emigración a outras provincias españolas e alén de ultramar.

[818] En Narciso de Gabriel Fernández, "Alfabetización, semialfabetización y analfabetismo en España (1860-1991)", *Revista Complutense de Educación,* vol 8 (1997): 200.

[819] Existe unha ausencia de datos estatísticos debido á falta de fontes documentais. Este baleiro foi solapado coa consulta dos estudos históricos de Viñao e Narciso de Gabriel, que si fan referencia á existencia de altos índices de analfabetismo lucenses.

[820] Vide Felipe Arias Vilas, *Historia de Lugo* (A Coruña: Vía Láctea, 2001).

[821] En varios, "Fascículos para coleccionar", *Lugo XX historia de un Siglo* (Lugo: *El Progreso,* Tomo I. 2000), 301.

Mais, cómpre incidir na influencia da *ampliación da idade de escolarización*, cando en 1901 faise máis habitual asistir á escola ata os 12 anos. Aspecto que redundou no aumento do número de alumnos matriculados e na asistencia ás escolas públicas lucenses, a pesar da incidencia demográfica negativa do feito migratorio vivida especialmente nos anos vinte.[822] A partir de 1909, considerouse como mostra a poboación de 6 a 12 anos, como rango de idade de escolarización obrigatoria, aínda que cabe engadir que frecuentemente nos informes estatísticos oficiais non se diferenciaban as idades dos matriculados, clasificando os asistentes segundo asistían á escola pública ou privada. Este feito produciu que se contabilizasen nas estatísticas do ensino primario a nenos entre catro e trece anos, abarcando rangos de idade non obrigatorios. Así en termos xerais, en 1910 reduciuse en dez puntos porcentuais. Un decenio máis tarde produciuse unha semellante redución ata chegar ao 50%. Aínda así era unha cifra bastante aguda. A demanda social de prazas premeu aos gobernos e foi un dos impulsos de creación de novas institucións públicas, aumentando a matrícula escolar. Estes feitos produciron un cambio na política educativa, impulsando o incremento de novas escolas e o índice de alfabetización.[823]

Nos anos vinte a *Ditadura de Primo de Rivera* tentou combater o analfabetismo mediante varias estratexias: maior control da asistencia escolar, creación de escolas, ampliación da obrigatoriedade escolar ata os 14 anos e maior control do profesorado.[824] Aínda que Lugo experimentou un descenso da poboación escolarizada pola incidencia dos movementos migratorios. Só isto fixo que o número de habitantes descendera.[825] A pesar do progresivo aumento demográfico lucense, constante e lento, os datos do censo de 1920 e principios de 1930 unha redución da infancia escolarizada pola incidencia dos movementos migratorios e demográficos. Segundo o inspector José del Peso, a emigración cambiou a tendencia xeral sucedida ao longo do primeiro decenio.[826] A pesar deste descenso, en 1921 o Concello de Lugo propuxo a construción dun grupo escolar. Nestes anos iniciouse tamén un Proxecto de creación de 24 escolas dispersas por todo o municipio.[827]

Nos anos trinta, o aumento da matrícula e asistencia produciu un *descenso constante do analfabetismo* na provincia de Lugo, tan só freada en 1932 por motivos migratorios.[828] Segundo o político galego Germán Lastra, antes da presentación da Segunda República, en Galicia o analfabetismo chegou a alcanzar un 60% da poboación.[829] Unha vez analizado o aumento da matrícula e a súa incidencia na alfabetización escolar, obtense unha imaxe da problemática do ensino primario inicial e seu posterior desenvolvemento. A pesar disto, en 1932 algunhas localiades lucenses

[822] En Antón Costa, (2004) 916.

[823] En Narciso de Gabriel (varios), "O proceso de alfabetización en Galicia (1860-1991)", *Sarmiento*, Nº 1 (1997): 27

[824] Vide Rosa María Cid Galante, *O ensino primario en Ourense no primeiro terzo do século XX* (Ourense: Deputación Provincial de Ourense, 2014).

[825] Ídem.

[826] En José del Peso y Sevillano, "Galicia y su Enseñanza Primaria", (Madrid: Arquivo JAE. Sinatura: JAE/115-391, 1925).

[827] En Julio Reboredo Pazos, *López López la mosca blanca La ciudad de Lugo en el primer tercio del siglo XX* (Lugo: Concello de Lugo, 2022).

[828] En Antón Costa Rico, *Historia da educación e da cultura en Galicia* (Vigo: Xerais: 2004) 917; para 1932 Ángel Serafín Porto Ucha, *La Institución Libre de Enseñanza en Galicia* (A Coruña: Do Castro, 1986), 367.

[829] En Germán Lastra, "La escuela del porvenir- Visión pretérita de conjunto", *El Progreso*, Lugo, 17 de xaneiro de 1932.

aínda se atopaban nunha situación de desamparo educativo como manifesta Germán Lastra nun dos seus artigos.

> La verdad, lo que no se oculta a los ojos de nadie que conozca un poco nuestras aldeas, es que en el noventa por ciento de las mismas no hay escuela, porque la escasez de censo escolar lo impide, unas veces, y porque a los Ayuntamientos no interesa, otras.[830]



Ilustración 32. *El Progreso* mostrando o baixo nivel de instrución rural en 1916 (publicada en *Lugo XX: Historia de un siglo)*

Principalmente, debido á *crise internacional do 29*, os movementos migratorios sufriron unha desaceleración. Aínda que era un tema que seguía preocupando aos lucenses. Así, en 1934 os veciños de Lugo alertaban sobre esta realidade ao director do diario *El Progreso*: manifestando a preocupación polos habitantes das aldeas luguesas que se vían obrigados a emigrar alén de ultramar, faltos de recursos e coa esperanza de proporcionar as súas familias un futuro mellor.

> "...estos aldeanos tendrán que emigrar en masa de una tierra infecunda, que no sirve más que para llevar una vida misérrima aun a costa de tantos sacrificios".[831]

En efecto, existía unha tendencia demográfica escolarizable ascendente, circunstancia que incrementou o número de matriculados nos colexios públicos da provincia lucense. Coa aparición da Segunda República, a escolarización da alumnos e alumnas seguiu aumentando nesta provincia, como mostran os datos oficiais. A intensa perda de capital humano vinculada á emigración vivida nos anos vinte en Galicia provocou un lixeiro descenso da matrícula en 1932. Na seguinte gráfica apréciase o aumento dos alumnos matriculados, exceptuando no inicio do decenio dos anos trinta onde se producíu un lixeiro decrecemento, probablemente recuperado posteriormente coa arribada de emigrantes retornados en 1933.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[830] En Germán Lastra, "La Escuela del Porvenir", *El Progreso*, Lugo, 20 de febreiro de 1932.
[831] En José de Cora Paradela, *Lugo XX Historia de un siglo* (Lugo: Edit. *El Progreso*,1999), 572.

Gráfico 11. Índices de crecemento dos alumnos matriculados en Lugo nas escolas públicas



Fonte: Elaboración propia. En Antón Costa Rico, en *Historia da educación e da cultura en Galicia*, (Vigo: Xerais, 2004), 917; para 1932 Ángel Serafín Porto Ucha, *La Institución Libre de Enseñanza en Galicia*, (A Coruña: Do Castro, 1986), 367.

Non obstante, non todos os nenos en *idade escolarizable* eran escolarizados, valga a redundancia, como reflicte o seguinte gráfico:

Gráfico 12. Poboación escolar matriculada en 1922 e 1932 na provincia de Lugo total



Fonte: Elaboración propia. En Mercedes Samaniego Boneu, *La política educativa de la Segunda República*, (Madrid: CSIC, 1977), 254; En José del Peso y Sevillano, *Galicia y su Enseñanza Primaria*, (Madrid: Arquivo JAE. Sinatura: JAE/115-391, xuño 1925); En Ángel Serafín Porto Ucha, *La Institución Libre de Enseñanza en Galicia*, (A Coruña: Do Castro, 1986), 366.

Respecto ao proceso de *alfabetización real*, cabe ter en conta que os nenos e nenas en *idade escolarizable* non coincidía coa *poboación escolar matriculada*. Unhas cifras considerables que reflicten que moitos nenos e nenas emigraban ou non se escolarizaban. Ademais, non todos os matriculados e matriculadas asistían á escola con regularidade, como xa analizamos na *sementeira e recolección*, cando os alumnos matriculados deixaban de asistir ao centro por ter que axudar nas ocupacións

agropecuarias.[832] O seguinte gráfico mostra o aumento da *poboación escolarizable* en Lugo, descendente nos anos vinte e intensificada nos anos trinta. Tendo en conta que durante este período se produciu un aumento significativo da población.

Gráfico 13. Poboación escolarizable en Lugo segundo os censos oficiais (1900-1933)



Fonte: Elaboración propia. Para 1900 *Censo de la población de España de 1900*, T. III, (1900) 116-7, 168-9, 202-3, 234-5, 296-7; Para 1910 *Censo de la población de España de 1910*, T. II, (1910) 152-3, 236-7, 281-2, 318-9; Para 1920 *Censo de la población de España de 1920*, T. II, (1920) 280-3; Para 1933 *Anuario Estadístico de España*. En Antón Costa Rico, *Historia da educación e da cultura en Galicia*, (Vigo: Xerais, 2004) 916; para 1932 en Mercedes Samaniego Boneu, *La política educativa de la Segunda República*, (Madrid: CSIC, 1977), 254.

Respecto á *cuestión social*, a escola tiña unha función sociocultural que favorecía a alfabetización, a técnica aplicada principalmente era a de "ensinanza mutua" dada a elevada *ratio*, xa empregada no século XIX. Esta metodoloxía propiciou as primeiras experiencias de aprendizaxe cooperativo,[833] afastadas aínda do método de proxectos de Kilpatrick. A pesar disto, a escola era un espazo para a conservación sociocultural, entendida como un recurso fundamental para ofrecer experiencias educativas aos discentes e ás súas familias.[834] O centro educativo formaba parte da sociedade, e en certo modo a modelaba. En si, os mestres e inspectores promovían a cooperación social a favor da escola, como base para a constitución da paz, cultura e alegría social.[835] É preciso incidir agora, que nos anos vinte e trinta se introduciron varias experiencias da escola activa e educación popular na provincia lucense, o mestre Julián Pérez Palacios introduciu na escola da parroquia da Rúa (Cervo) unha metodoloxía vivencial de influencia decroliana, experiencias descritas en 1935 na súa memoria titulada "Mi vida en la escuela".[836]

[832] En José del Peso y Sevillano, "Galicia y su Enseñanza Primaria" (Madrid: Arquivo JAE. Sinatura: JAE/115-391, 1925).

[833] En Victoriano Tuñón y García, "Introducción del trabajo manual y un certamen pedagógico por el presidente de la Asociación del Magisterio lucense, Victoriano Tuñón y García" (Lugo: APL. Fondo: Concello. Sinatura: 930, 1906).

[834] Cómpre citar a función cultural da escola: os centros escolares eran entendidos como un espazo de transmisión cultural. Como se pode observar, nestes organismos celebrábanse conmemoracións como "O día da árbore" ou o Nadal. Vide Antón Costa Rico, "Xardíns escolares e festas da árbore en Galiza", *Sarmiento*, Nº 22 (2018): 237-248.

[835] En Luis Soto Menor, "Paz, cultura, alegría..." *Número especial sobre a Semana Pedagóxica Lucense*, *Vida Escolar*, Nº 336, ano VII (1933): 11.

[836] En Julián Pérez Palacios e J. Pérez Fernández, *Vida y Pedagogía de un maestro. Julián Pérez Palacios (1901-1984)* (A Coruña: Publicacións Arenas, 2011), 20, 24 e 40.

Un aspecto que limitou o proceso de alfabetización foi a *preocupante limitación de recursos* persoais, materiais, curriculares e organizativos da escola: o libro escolar era un recurso escaso.[837] En agosto de 1930, Joan Comas criticaba estas limitacións: para este inspector o mestre tiña tendencia "a vexetar", contaxiando ao discente deste estado anímico de "letargo" de comodidade. Do mesmo modo cuestionaba as prácticas pasivas e bancarias levadas a cabo polo maxisterio na provincia.[838]

En 1936 os movementos migratorios, as tradicións agrícolas, as malas condicións climáticas, as deficientes vías de comunicación e Guerra Civil afectou á escolarización. Coa cegada do conflito bélico, moitas familias foron empuxadas ao exilio e con elas os seus fillos. Como consecuencia se apreciou un baixo índice de asistencia escolar no curso 1936/37. En Lugo, este feito foi significativo debido ao chamamento a filas de mestres.[839] Os sucesivos enfrontamentos fixeron que se interromperan as clases, polo que se alcanzaron cifras de asistencia máis baixas. Pese a isto, durante estes anos a función educadora da escola foi importante, a pesar da imposición da metodoloxía pasiva, memorística e bancaria asociada ao *nacionalcatolicismo*.[840]

4.1.9. Diferenzas entre homes e mulleres no acceso á escola

A finais do século XIX existía unha *desatención considerable* pola escolarización das mulleres, quedando excluídas inicialmente do sistema de instrución pública ideado polo liberalismo español. Tradicionalmente, ofertábase unha ensinanza enfocada en constituír un perfil de muller centrado no desempeño das funcións de esposa e de nai.[841] A escolarización feminina era un fenómeno notablemente problemático en Galicia, así segundo De Gabriel en 1860 esta situación continuaba a ser máis negativa que no resto de España. Neste tempo, a porcentaxe de alfabetización das mulleres galegas era do 3,86% fronte ao 9,05% a nivel estatal.[842] O seu atraso estivo ligado a un desenvolvemento da alfabetización moi desequilibrado entre homes e mulleres. Dende 1860 a caída das diferenzas educativas foron insignificantes.[843] Secasí, na etapa finisecular e comezos do século XX xurdiron as primeiras voces: Antonio García Fuertes, Concepción Arenal ou Emilia Pardo Bazán. Igualmente, e tomando como referencia exemplos de vida como o de Rosalía de Castro, Eduardo Vicenti demandou un cambio urxente na Asemblea Pedagóxica celebrada en Pontevedra en 1894.[844]

Na procura da formación do correcto cidadán, a urbanidade e a educación cívica formaron parte do modelo de educación adoptado para a infancia e xuventude durante

[837] En Carmén Benso Calvo, "El libro en los inicios del sistema escolar contemporáneo", *Sarmiento,* Nº 1 (1997): 81

[838] En Joan Comas Camps, "De educación", *Vida Escolar,* Nº 193, ano IV (1930): 2-3.

[839] En varios, "Chamamento de mestres a filas", (Lugo: APL. Fondo Concello. Sinatura: 1202-01, 1936).

[840] Vide Gabriel Parra Nieto, "Origen y evolución de la escuela elemental del nacionalcatolicismo", *Studia Zamorensia* 20 (2021): 21-34.

[841] En Narciso de Gabriel, "A educación das mulleres no século XIX: exclusión, dependencia e autonomía", *Sarmiento,* Nº 17 (2013): 7.

[842] En José Ramón Fernández Vázquez, "Algúns aspectos históricos sobre a incorporación femenina á educación e a normalización do formato escolar mixto en Galicia", *Sarmiento,* Nº 7 (2003): 83.

[843] En Blanca Martínez Domínguez, "A transición da alfabetización en Galicia (1860-1930)", *Sarmiento,* Nº 7 (2003): 163.

[844] En Rosa María Cid Galante, "Breve revisión á situación do primeiro terzo do século XX no partido xudicial da Pobra de Trives e as primeiras mulleres que acceden aos estudos superiores", *Actas do V Congreso Manuel Luís Acuña* (Orense: Deputación Provincial de Ourense, 2021), 58 .

os século XIX e XX.[845] Neste sentido, un dos problemas máis importantes foi a *diferenza de posibilidades de acceso á cultura* entre o home e a muller, patente na diferenza entre as porcentaxes de analfabetismo. Un colectivo con tendencia a adoptar un estado de *semialfabetismo*.[846] En efecto, os homes e as mulleres non tiñan as mesmas oportunidades educativas, tomando como referencia as proporcións analizadas estas cifras acentuáronse: no ámbito rural chegouse a alcanzar unha porcentaxe de 5% das mulleres que sabían ler e escribe. Pese a estes datos, entre 1900 e 1930 intensificouse o proceso de alfabetización en Galicia.[847] Igualmente, a educación feminina experimentou un progreso lento pero progresivo no primeiro terzo do século XX, sobre todo durante a Segunda República:[848] "Cronológicamente incrementa su ritmo en el siglo XX, especialmente en la década de los 20, y, para la mujer, en la de los 30".[849] Por enriba disto, en 1932 o índice de analfabetismo seguía sendo elevado nas localidades lucenses e moitas nenas aínda se atopaban nunha situación de desamparo educativo, como manifestaba Germán Lastra nun dos seus artigos.[850]

A pesar da súa importancia social, entre as distincións históricas concedidas polo Concello de Lugo ao longo da historia, atopamos poucas mulleres, entre elas cómpre destacar a figura da mestra Enriqueta Otero. Analizando o seguinte listado obsérvase que algúns dos galardoados teñen un carácter marcadamente cultural como Anxel Fole Sánchez ou o organismo do Círculo das Artes da cidade de Lugo. Nembargante todos os distinguidos lucenses teñen relación algunha coa cultura, sociedade ou política. Os premiados co devandito título honorífico figuran a continuación. O sentido deste cadro é poder observar como o diario *El Progreso* foi un periódico distinguido que recolleu todas as novidades educativas do período estudado. Da mesma maneira institución coma *El Círculo de las Artes* colaboraron de xeito cultural con institucións educativas. Entre os galardoados atópase Ánxel Fole, home que vivificou a literatura e serviu como referencia á intelectualidade lucense.

Cadro 5. Distincións históricas do Concello de Lugo	
Nome	**Título**
Benito Murúa López	Hijo Adoptivo de la Ciudad
Alfredo Rodríguez Labajo	Hijo Predilecto
Almirante, Capitán General ZM. Cantábrico	Medalla de Plata
Almirante, Capitán General ZM. Cantábrico	Tte. Alcalde Honorario
Álvaro Gil Varela	Hijo Predilecto
Ánxel Fole Sánchez	Hijo Predilecto
Ánxel López Pérez	Alcalde Honorario
Ánxel López Pérez	Hijo Preclaro
Ánxel López Pérez	Medalla de Oro
Ánxel Pérez Cosme	Cronista Honorífico
Antolín López Pelaez	Hijo Adoptivo
Antonio Goy Ulloa	Medalla de Plata

[845] En Carmen Benso Calvo, "La urbanidad y la educación cívica como disciplinas escolares: relación e implicaciones", *Sarmiento,* Nº 12 (2008): 36.

[846] En José Ramón Fernández Vázquez, "Algúns aspectos históricos sobre a incorporación femenina á educación e a normalización do formato escolar mixto en Galicia", *Sarmiento,* Nº 7 (2003): 83.

[847] En Blanca Martínez Domínguez, "A transición da alfabetización en Galicia (1860-1930)", *Sarmiento,* Nº 7 (2003): 165.

[848] En Ana Cebreiros Iglesias, "O acceso das mulleres ao ensino secundario e superior en Galicia no primeiro terzo do século XX. Unha aproximación histórica", *Actas do V Congreso Manuel Luís Acuña* (Orense: Deputación Provincial de Ourense, 2021), 41.

[849] Del Antonio Viñao Frago, "Del analfabetismo a la alfabetización. Análisis de una mutación antropológica e historiografía II", *UM* (Murcia: Universidade de Murcia. 1985), 221.

[850] En Germán Lastra, "La Escuela del Porvenir", *El Progreso,* Lugo 20 de febreiro de 1932.

Antonio Pedrosa Latas	Medalla de Oro
Capitán G. Zona Marítima Cantábrico	Alcalde Honorario
Carlos Pombo Somoza	Hijo Adoptivo
Círculo das Artes	Medalla de Plata
Club Fluvial de Lugo	Medalla de Plata
Colegio Maristas de la Inmaculada	Medalla de Plata
Dámaso Berenguer Fuste	Hijo Adoptivo
Eduardo del Rio Iglesias	Medalla de Oro
Eduardo García Rodríguez	Hijo Adoptivo
Exército Español	Medalla de Oro
El Progreso	Medalla de Plata
Emigración Española en Ultramar	Hóspedes de Honra
Enrique Otero Aenlle	Hijo Adoptivo
Gonzalo Fernández de la Mora y Mon	Medalla de Oro
Heli Rolando Tella	Medalla de Oro
Irmás Ancianos Desemparados	Medalla de Oro
José Ibáñez Martín	Medalla de Oro
Jesús Manso Rodríguez	Medalla de Oro
José Ibáñez Martín	Hijo Adoptivo
José Luis Hernangómez Sastre	Medalla de Cobre
José Luis Vega Fernández	Concejal Honorario
José Trapero Pardo	Medalla de Oro
José Trapero Pardo	Medalla de Plata
Juán Antonio Suances	Medalla de Oro
Juan Antonio Suances Fernández	Medalla de Oro
Juan Carlos 1º, Rey de España	Alcalde Perpetuo Honorario
Juan Rof Carballo	Hijo Predilecto
Julio Salvador Díaz de Benjumea	Hijo Adoptivo
Luis Mariñas Otero	Medalla de Plata
Luis Rodríguez de Vígury	Hijo Adoptivo y Preclaro
Manuel Castro Gil	Hijo Preclaro
Manuel Fraga Iribarne	Medalla de Oro
Manuel Lago González	Hijo Adoptivo
Manuel López Varela	Hijo Predilecto
Manuel Vázquez Seijas	Medalla de Plata
Manuel Zas Abelairas	Medalla de Plata
Miguel Novoa Fuente	Hijo Adoptivo
Narciso Peinado Gómez	Hijo Adoptivo
Nicolas Arias Andreu	Tte. Alcalde Honorario
Pedro Caselles Beltrán	Hijo Adoptivo
Plácido A. Rey Lemos (Fray)	Hijo Preclaro
Pombo Somoza	Hijo Adoptivo
Radio Lugo (EAJ)	Medalla de Plata
Raimundo Fernández Cuesta	Medalla de Oro
Ramón Falcón Rodríguez	Medalla de Oro
Ramón Ferreiro Rodríguez	Medalla de Oro
Ramón Ferreiro Rodríguez	Hijo Adoptivo
Regimiento de Infantería 13 de Talavera	Medalla de Oro
Regimiento Infantería Zamora nº 8	Medalla de Oro
Romualdo de Toledo	Medalla de Oro
Rufino Beltrán Vivar	Medalla de Plata
Virgen de los Ojos Grandes	Medalla de Oro

Fonte: Extraído o 12 de decembro de 2012 do listado xenérico da páxina web www.lugo.es: http://www.lugo.es/cs/Satellite?c=Spark_SecNivel3&cid=1194429691060&color=Rojo&ecentral=Lugo%2FCentroSeccion%2FLugoListadoTextoGenerico&idioma=es&pagename=Lugo%2FPage%2FLugoContenedor&tipoLetra=texto1

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Respecto á *cuestión do traballo no ámbito familiar*, segundo Borrás parece que se adoitaba liberar con máis frecuencia aos nenos que as nenas, quizais debido á necesidade de preparalos para unha futura emigración[851] Así, dende 1887 ata 1940, os valores máis elevados de diferenza na alfabetización entre homes e mulleres correspondía a Lugo.[852] O alto índice de analfabetismo feminino no primeiro terzo do século XX era máis elevado que o masculino: en algunhas ocasións cuestionábase a necesidade de educar á muller ou quedaba relegada a un segundo plano, tomando en maior consideración os valores de ser unha boa esposa e nai. Esto concepción cambia cando se introducen en España novas tendencias ideolóxicas asociadas ao Krausismo e a ILE, avogando pola formación feminina como un dos piares da prosperidade social.[853]

Respecto á análise da *alfabetización*, ao final do século XIX establecíanse taxas de entre o 10% e o 15% da poboación total femenina.[854] Paulatinamente produciuse un incremento no número de alumnos e alumnas escolarizados, favorecendo aos correspondentes índices de alfabetización. Así, no inicio do século XX apréciase un aumento dos escolares matriculados nas escolas lucenses salvo no curso de 1932/33 por mor da emigración.[855] Debido a isto, a porcentaxe de analfabetismo presente na provincia reduciuse significativamente: pasando dun 67% en 1900 a un 35% en 1930.[856] Aos poucos, a evolución histórica inclínase cara a equiparación de oportunidades entre sexos no ámbito educativo.[857]

A comezos do século XX, produciuse un aumento considerable da *participación feminina na vida pública*, aspecto que suscitou un debate público sobre o lugar que debía de adoptar a muller na sociedade. No ámbito educativo, o primeiro terzo do século xurdiu un progreso lento pero constante da alfabetización da muller.[858] Na cidade de Lugo, a educación das nenas era un asunto en mans de centros católicos: a coñecida Escola Pública (para nenas con poucos recursos), o Colexio de Dona Emilia Nieto, o Colexio Señoritas de Rois, o Colexio das Fillas de Mª. Auxiliadora "Salesianas" (dende 1872), O Colexio da Compañía de María (1917) e o Colexio San José "Josefinas" (1926).[859] En Monforte de Lemos, as nenas acudían ao Colexio de monxas da Divina Pastora e a dúas escolas privadas que pecharon coa construción da escola ferroviaria en 1917.[860] Ademais, durante este tempo o Real Decreto do 8 de xuño de 1910 facía fincapé en que as escolas tiñan que ser de balde e obrigatoria a súa asistencia.[861] Esta

[851] En Gabriel Fernández, Narciso, "El acceso de la mujer gallega a la cultura escrita en el siglo XIX", *Bordón,* Nº 253 (1984): 437-448.

[852] En Narciso de Gabriel (varios), "O proceso de alfabetización en Galicia (1860-1991)", *Sarmiento,* Nº 1 (1997), 17.

[853] Vide Raquel Vázquez Ramil, *Mujeres y educación en la España contemporánea. La Institución Libre de Enseñanza y la Residencia de Señoritas de Madrid* (Madrid: Akal, 2012).

[854] En *Censos de poboación* de 1860, 1870, 1887, e 1900, Fondo Documental do INE, extraído de: www.ine.es/inebaseweb/71807.

[855] Antón En Costa Rico, *Historia da educación e da cultura en Galicia*, (Vigo: Xerais, 2004) 917; para 1932 Ángel Serafín Porto Ucha, *La Institución Libre de Enseñanza en Galicia* (A Coruña: Do Castro, 1986) 367.

[856] En Rosa María Cid Galante, "Breve revisión á situación educativa do primeiro terzo do século XX no partido xudicial da Pobra de Trives e as primeiras mulleres que acceden aos estudos superiores", *Actas do V Congreso Manuel Luís Acuña* (Orense: Deputación Provincial de Ourense, 2021), 60.

[857] En José Ramón Fernández Vázquez, "Algúns aspectos históricos sobre a incorporación femenina á educación e a normalización do formato escolar mixto en Galicia", *Sarmiento,* Nº 7 (2003): 95.

[858] Ana Cebreiros Iglesias, "O acceso das mulleres ao ensino secundario e superior en Galicia no primeiro terzo do século XX. Unha aproximación histórica", *Actas do V Congreso Manuel Luís Acuña* (Orense: Deputación Provincial de Ourense, 2021), 41.

[859] En Salvador Castro Freire, *Lugo y sus hombres. Ensayo de síntesis histórica* (Lugo: Edit. Celta,), 129.

[860] En Pedro Gómez Álvarez, *O ensino a terra de Lemos nos séculos XIX e XX* (Monforte de Lemos: Deputación de Lugo, 2022), 217.

[861] En varios, *Bolentín Oficial Provincia de Lugo,* Nº 167 (publicada o 27 de xullo de 1910).

institución tiña certa relevancia no computo provincial polo número de discentes, a comarca de Lemos era unha das máis poboadas a comezos deste século. En Ribadeo exercían a docencia as Fillas da Caridade (1898) e as Fillas de San Vicente de Paul (1918). En Mondoñedo dende 1786, as Fillas da Caridade fixéronse cargo da *Casa Cuna*, no Fogar de nenas Virxe do Carme e a súa vinculación coa historia do Hospital de Caridade.[862]

Disertando sobre a cuestión da *alfabetización comparada*, a pesar da presenza destas institucións educativas, a inicio do século XX a poboación feminina lucense alcanzaba uns índices de analfabetismo maiores que a masculina, respondendo á tendencia xeral das demais rexións galegas. Un decreto de 1910 concedía o libre acceso das mulleres a todos os graos de ensinanza.[863] O feito de que se reduciran as diferenzas de alfabetización entre homes e mulleres foi principalmente á progresiva igualación das oportunidades de escolarización femininas e masculinas.[864] Non obstante, o absentismo era maior entre as mulleres. En 1915, a porcentaxe de asistencia masculina era do 56,1% fronte ao 43,9% do feminino nas escolas públicas.[865]

Respecto á *cuestión do acceso feminino a estudos superiores*, puntualizar que se pasou da exclusión, á construción e incluso á incorporación de cada vez máis mulleres ao bacharelato en España,[866] facilitando o posterior acceso ao maxisterio e outros estudos superiores. Neste período tamén se reformaron as Escolas Normais, o Ministro Romanones entendía que a preparación profesional dos mestres e mestras era fundamental para mellorar a situación educativa de España.[867] Chama a atención a asistencia de 17 mestras de escuela da provincia de Lugo ao *I Congreso de Economía Gallega* celebrado o 7 e 8 de outubro de 1925: Antonia Barreiro, Dolores Cabrero, Justa Carrera García, María Díaz Corral, Teresa Espiñedo Blanco, Micaela Garrote Martín, Carmen González Lorenzo, Manuela Iglesias, Concepción López, Gabriela Nieto Chaín, Elena Quiñoá Flores, Esperanza Reboredo Blanco, Aurea Rodríguez Bouza, Carmen Rodríguez Pardo, Asunción Sanjurjo e Piedad Sarry Buján.

> Junto a ellos, los lucenses y los representantes de las instituciones de toda Galicia se dieron cita en Lugo, sobrepasando con creces el centenar de asistentes. La intelectualidad gallega y lucense de la época, empresarios, industriales e instituciones se dieron cita en las diferentes sesiones celebradas: Rof Codina, Salgado Toimil, Armando Castroviejo, Basilio Álvarez, Vicente Martínez Risco, Isaac y Evaristo Correa, Jesús Bal y Gay, Ramón del Cueto, Ángel del Castillo, Antonio Villar Ponte; José Páramo, Modesto Travadelo, José Barro… Y, en fin, lo que llama poderosamente la atención es la asistencia nada menos que de 17 mujeres.[868]

Nos anos vinte, os homes e as mulleres continuaban sen ter as mesmas *oportunidades* educativas, expresando en termos xerais: "Cronológicamente incrementa su ritmo en el XX, especialmente en la década de los 20, y, para la mujer, en la de los

[862] En José María Fernández Fernandez, "La Casa Cuna de Mondoñedo", *Estudios mindonienses: Anuario de estudios histórico-teológicos de la diócesis de Mondoñedo*-Ferrol 12 (1996): 405-432.

[863] En De Jesús de Juana e Julio Prada, *Historia contemporanea de Galicia* (Barcelona: Ariel, 2005) 193.

[864] En Narciso de Gabriel (varios), "O proceso de alfabetización en Galicia (1860-1991)", *Sarmiento,* Nº 1 (1997): 23

[865] En Antón Costa Rico, *Escolas e mestres* (Santiago de Compostela: Servizo Central de Publicacións, Consellería da Presidencia e Administración Pública, 1989), 114.

[866] En Carmen Benso Calvo e Rosa María Cid Galante, "A participación das mulleres ourensas no ensino secundario", *Sarmiento,* Nº 10 (2006): 147.

[867] En Rosa María Cid Galante, "A percepción dos docentes do ensino primario ourensán a comezos do século XX: un profesorado en entredito", *Sarmiento,* Nº 11 (2007): 38.

[868] En Julio Reboredo Pazos, *López López la mosca blanca La ciudad de Lugo en el primer tercio del siglo XX* (Lugo: Concello de Lugo, 2022), 196.

30".[869] Tendo en conta isto, foi aumentando o número de alumnas escolarizadas na escola primaria e na segunda ensinanza. Esta circunstancia provocou unha lenta e gradual feminización do profesorado. A continuación, o seguinte gráfico recolle a taxa de alfabetización comparada por xénero en Galicia dende 1900 ata 1936. Deste xeito, observamos a existencia dunha diferenza significativa entre os homes e mulleres.

Gráfico 14. Taxa de alfabetización femenina e masculina en Galicia



Fonte: Elaboración propia. Extraído de Narciso de Gabriel, *Ler e escribir en Galicia. A Alfabetización dos galegos e aalegas nos Séculos XIX e XX* (Monografías) (Coruña: Servizo de Publicacións da Universidade da Coruña, 2014). *Censo de Población de España de 1910* (T. III) 7-15 para obter a poboación de máis de dez anos, e o *Censo de Población de España de 1900* (T. II,) 116-7, 202-3, 168-9, 234-5, 296-7, para todos os demais datos; (2) 1910: Datos do *Censo de Población de España de 1910* (T. II), 449-50 e (T. III) 152, 234-7, 278-81, 316-19; (3) 1920: Datos do *Censo de Población de España* de (1920) 36; (4) 1930: Datos do *Censo de Población de España de 1930*, (Resúmenes generales, 1930), 4-7, para os datos de España e *Tomos Provinciales de Coruña, Lugo, Orense y Pontevedra del Censo de Población de España de* (1930), 8-9, 6-7 e 55-53 e 2-7.

Nos anos trinta, *o absentismo feminino* continuou sendo maior co masculino. A porcentaxe de asistencia masculina era maior, diferenza que se mantivo do seguinte xeito: 54,5% de alumnos asistían regularmente ás escolas fronte ao 45,5 de alumnas. Respecto aos centros privados existía unha diferenza similar: 65,6% de nenos fronte a 43,3% de nenas. Debido a esta situación afirmamos que durante todo o período estudado (1900-1936) esta situación estivo presente.[870] Convén ter en conta a presenza dun incremento dos fluxos migratorios, no decenio dos anos vinte produciuse unha ralentí no incremento de lucenses debido á emigración.[871]

Un tema de grande interese foi a *asistencia de mulleres lucenses á Residencia de Señoritas* de Madrid, en concreto estudaron dez entre 1915 y 1936: a pedagoga Concepción Fernández López (promoción 1928-1935), a médica Ángeles Pardo Celada, a mestra Carmen Pernas Sanjurjo (1935-1936), a mestra Claudia Otero Besteiro (1919-1920), a profesora da Escola Normal de Lugo Rosario Vila Hernández, a primeira profesora do Instituto de Ensinanza Media Filomena Páramo Fernández, a química e investigadora de San Pedro de Benquerencia (Barreiros) Aurora Sampedro Piñeiro, a

[869] En Antonio Viñao Frago, *Del analfabetismo a la alfabetización. Análisis de una mutación antropológica e historiografía II* (Murcia: Universidade de Murcia. 1985), 221.

[870] En Antón Costa Rico, *Escolas e mestres* (Santiago de Compostela: Servizo Central de Publicacións, Consellería da Presidencia e Administración Pública, 1989), 114.

[871] En José del Peso y Sevillano, "Galicia y su Enseñanza Primaria" (Madrid: Arquivo JAE. Sinatura: JAE/115-391, xuño 1925)

científica Rosa Doel Traseira e a directora da Escola Normal Carmen Pardo Losada (1916-1931 e 1939-1959).[872]

No primeiro bienio republicano levouse a cabo unha reforma educativa que apostaba pola coeducación e polo ensino da muller. Durante estes anos impúlsase un sistema educativo centrado nas ideas institucionistas e socialistas: laica, de balde, creadora, activa e social. A escola activa significaba levar a cabo unha reforma completa, afectando aos métodos tradicionais e aos termos pedagóxicos e didácticos.[873] Pero en 1933, como xa dixemos, o goberno da CEDA levou a cabo unha contrarreforma educativa, que esmoreceu parte do camiño andado no primeiro bienio republicano: descenderon as construcións escolares, prohibiuse a coeducación nas escolas primarias e implantaron un modelo curricular centrado na formación doméstica das nenas.[874]

A finais do primeiro terzo do século XX, a educación feminina experimentou un certo progreso.[875] Segundo as fontes históricas, o índice feminino reduciuse máis a modo co masculino tamén na provincia de Lugo.[876] A alfabetización e o aumento da matrícula escolar conforman un binomio intimamente ligado que repercutiu nunha maior demanda de recursos escolares.[877] En xaneiro de 1928, Mondoñedo tiña dúas escolas, unha de nenas e outra de nenos.[878] Ese mesmo ano foron desdobradas debido ao aumento da matrícula escolar.[879] Así, nos anos trinta observamos como se produciu unha intensificación da alfabetización feminina, superando o 40% en todas as provincias galegas.[880]

En resumo, a *desigualdade de oportunidades* foi un dos principais problemas educativos na provincia luguesa. Aspecto que se reduciu nas primeiras décadas do século XX. Ademais, as escolas públicas tiñan un grave déficit de equipamento e unha baixa escolarización, de menos do 50% dos nenos e nenas entre 6 e 13 anos. En Lugo, estas cifras chegaron a ser máis elevadas nos primeiros decenios, circunstancia que mantivo unha alta taxa social de analfabetismo, con máis presenza no xénero feminino e no medio rural. Este feito amosaba unha situación de desigualdade de oportunidades no que o mestre xogaba un papel fundamental: "Os valores máis elevados de diferenza na alfabetización entre homes e mulleres correspondía a Lugo dende 1887 ata 1940".[881]

---

[872] En Martín Fernández, "Memoria de mariñáns: Diez mujeres de Lugo en la Residencia de Señoritas de Madrid", *La voz de Galicia*, (Lugo 15 de decembro de 2023) Extraído de: https://www.lavozdegalicia.es/noticia/amarina/barreiros/2023/08/26/memoria-marinans-diez-mujeres-lugo-residencia-senoritas-madrid/00031693054052792446220.htm.

[873] En Herminio Barreiro Rodríguez, *Lorenzo Luzuriaga y la Renovación en España (1889-1936)* (A Coruña: Educións do Castro, 1989), 247.

[874] En Rita Gradaílle Pernas, "As traxectorias educativas da muller rural galega: unha visión interxeneracional", *Sarmiento*, Nº 8 (2004): 149.

[875] En Ana Cebreiros Iglesias, "O acceso das mulleres ao ensino secundario e superior en Galicia no primeiro terzo do século XX. Unha aproximación histórica", *Actas do V Congreso Manuel Luís Acuña* (Ourense: Deputación Provincial de Ourense, 2021), 41.

[876] En Narciso de Gabriel Fernández, "O proceso de alfabetización en Galicia (1860-1991)", *Sarmiento. Anuario Galego de Historia da Educación*, Nº 1 (1997): 11-40.

[877] Vide F. Catalán, *La instrucción pública en Galicia; lo que existe, lo que debe existir, datos estadísticos de Escuelas, Maestros, Analfabetos, etc*. (Pontevedra: Imprenta y Librería de A. Landín, 1907).

[878] Mondoñedo era unha das sés episcopais lucenses polo que tiña unha forte presenza eclesiástica.

[879] En Luis Bello Trompeta, "Mondoñedo. Lourenzana", *Vida Escolar*, Nº 149, ano III (1929): 3.

[880] En Ana Cebreiros Iglesias, "O acceso das mulleres ao en sino secundario e superior en Galicia no primeiro terzo do século XX. Unha aproximación histórica", *Actas do V Congreso Manuel Luís Acuña* (Orense: Deputación Provincial de Ourense, 2021), 42.

[881] En Narciso de Gabriel, "O proceso de alfabetización en Galicia (1860-1991)", *Sarmiento*, Nº 1 (1997): 17.

Non obstante, podemos apreciar como a escola tiña conexións co mundo social: os seus ritmos, cambios e permanencias.[882]

Co estalido da Guerra Civil, o franquismo aplicou unha *contrarreforma* educativa nos territorios ocupados. A coeducación prohibiuse nas escolas normais: "Se suprime el régimen de coeducación".[883] Con esta tipo de medidas todas as expectativas de transformación republicanas esvaecéronse. O sistema educativo empregouse como un método de adoutrinamento e control do novo Réxime. Como consecuencia, algunhas mestras foron represaliadas no proceso de depuración, incluso houbo casos de mestras que estiveron no cárcere. Un exemplo das medidas aplicadas polo Goberno Franquista foi prohibir a coeducación en todo o sistema educativo.[884] Outro aspecto fundamental foi a implantación dun *modelo confesional católico* e un currículo diferenciado, centrado na potenciación do sentimento patriótico e as tradicións de *Hispanidad*;[885] e por suposto unha gran diferenciación entres as expectativas esperadas entre os homes e as mulleres. Segundo Ana Cabreiros Iglesias, para o novo goberno a transmisión destes valores era unha cuestión fundamental, no que a muller xogou un papel importante como educadora.[886]

4.1.10. O aumento da demografía, a emigración e a súa incidencia na escola

Tendo en conta a *corrente malthusiana*, convén ter en conta que un exceso de habitantes fronte a uns recursos limitados pode producir unha maior subdivisión das parcelas rurais e unha saída de poboación, na procura doutras fontes de riqueza e de subsistencia.[887] Esta circunstancia apréciase ao observar o aumento de galegos e galegas nestes anos e o saldo de emigrantes intercensais arquivados en Galicia entre 1860 e 1960.[888] Para darnos conta do gran número de emigrados en 1915, tan só en Cuba residían un total de 3893 lucenses.[889] En total, na provincia de Lugo ata 1936 emigraron 290.603 alén de ultramar (para Lugo uns 290.000 emigrantes aproximadamente).[890] Moitos destes emigrados constituíron asociacións indianas, que construíron escolas en Galicia no período estudado, depositando esperanzas na educación como medio de rexeneración e transformación social. Pero non só habilitaron centros educativos, tamén fixeron doazóns substanciais, por exemplo a realizada pola *Liga Santaballesa* ao Hospital-asilo de Vilalba ou a Casa de Beneficencia de la Habana.[891]

[882] En Carmen M. Cerdá Mondéjar. "Aproximación al estudio de la escuela y medio rural en la comarca de Lorca en Murcia durante los años de la II República, 1931-1939", *Educació i desenvolvement rural als segles XIX-XX-XXI* (Lleida: Universitat de Lleida, 2018), 147.

[883] En Orde do 22 de setembro de 1936, B.O., Nº 28 (25 de setembro de 1936).

[884] Vide Decreto do 23 de decembro de 1936 e a Orde do 1 de maio de 1939.

[885] Vide *El Pueblo Gallego*, 6 de xaneiro de1937.

[886] En Ana Cebreiros Iglesias, "O acceso das mulleres ao ensino secundario e superior en Galicia no primeiro terzo do século XX. Unha aproximación histórica", *Actas do V Congreso Manuel Luís Acuña* (Orense: Deputación Provincial de Ourense, 2021), 48-52.

[887] En Hilario M. Rodríguez Ferreiro, "Economía y población rural en la Galicia atlántica:…", *Minius* 4 (1995): 89-98.

[888] En A. Fraga Rodríguez, *Emigración e Historia conemporánea Galicia Cuba* (A Coruña: ASPG, 1994), 69.

[889] Vide J. Maluquer de Montes, *Nación e inmigrantes: Os españois en Cuba (Séculos XIX e XX)*, (1992).

[890] En Vicente Peña Saavedra, *Luces de alén de mar, As escolas de Americanos en Galicia* (Consello de Cultura Galega, 2012), 16.

[891] En Daniel Manuel Vázquez Vila, *Legado Migratorio Santaballes* (Vilalba: Padroado pro-escola da Liga Santaballesa, 2011), 26.

Detallando a *cuestión demográfica*, nos primeiros anos do século XX, Galicia aumentou progresivamente o número de habitantes, incrementando á súa vez a demanda de prazas para matricular aos nenos e nenas.[892] Esta foi unha característica xeral, sucedida en todo o territorio español a pesar dos movementos migratorios. En Galicia aumentou de 1,9 millóns en 1900 a 2,1 millóns habitantes en 1920.[893] Este continuo progreso de nacementos estivo repartido en desigual proporción. Por exemplo, na provincia de Lugo o crecemento demográfico situábase por debaixo doutras zonas galegas, mellor comunicadas, cun maior desenvolvemento financeiro e cunha menor dispersión de habitantes.[894]

En termos xerais, *o desenvolvemento demográfico* galego foi constante. A modo comparativo, entre as diferentes localidades galegas existían certas diferenzas, porque cada unha delas experimentou un devir histórico e un crecemento demográfico e urbanístico vinculado ao seu progreso económico, social e comercial. Neste sentido, despuntaron Vigo e A Coruña como zonas máis dinamizadas. Segundo José del Peso, as rexións do interior de Galicia, como Lugo ou Ourense, seguiron unha progresión máis lenta que as principais cidades das zonas costeiras, as cifras do *Anuario Estadístico de España de 1934* así o reflicten:

Gráfico 15. Demografía comparada entre Lugo e as outras provincias galegas en 1933.



Fonte: Elaboración propia. En *Anuario Estadístico de España de 1934* (1934), 16.

Neste sentido, as *rexións de montaña* máis afastadas das vías de comunicación, polo xeral tiñan unhas posibilidades económicas menores e as súas relacións sociais e culturais máis reducidas. Ademais, de xeito usual os seus habitantes tiñan un menor interese polo ensino.[895] Tan só na zona interior da Terra Chá e a Mariña se apreciaba un notable dinamismo cultural e económico. Comparando a experiencia da emigración lucense co resto de Galicia, axiña se observan diferenzas significativas entre as zonas costeiras e as do interior debido ás condicións xeográficas e sociolóxicas.

[892] Este aumento foi paralelo ao crecemento considerable da demografía lucense, a pesar dos movementos migratorios da década dos anos vinte que significaron un escape de mozos lucenses ao estranxeiro.

[893] En Antón Costa Rico, *Historia da educación e da cultura en Galicia* (Vigo: Xerais, 2004), 834.

[894] En Galicia, e particularmente en Lugo, existía a máxima dispersión galega.

[895] Atopamos a análise das diferenzas entre as escolas galegas no traballo do inspector de Ensinanza Primaria en José del Peso y Sevillano, "Galicia y su Enseñanza Primaria" (Madrid: Arquivo JAE. Sinatura: JAE/115-391, xuño 1925).

Táboa 12. Poboación galega emigrada dende 1900 ata 1936 (comparativa)					
Ano	**A Coruña**	**Lugo**	**Ourense**	**Pontevedra**	**Galicia**
1900	43.971	26.959	15.194	22.330	108.454
1910	47.984	35.726	15.998	24.222	123.930
1915	49.907	40.553	16.377	25.121	131.962
1920	62.022	28.346	17.581	26.944	134.893
1930	74.132	31.137	21.581	30.821	157.671
1933	77.825	31.981	22.797	31.997	164.600

Emigración na provincia lucense (1900-1936)	
Período	**Habitantes emigrados na provincia de Lugo**
1881-1890	11.984
1891-1900	20.193
1901-1910	85.998
1911-1920	99.082
1921-1930	63.311
1931-1936	10.035
Total	**290.603 (Para Lugo uns 290.000 emigrantes aprox.)**

Fonte: Elaboración propia. En Base á Estatística dos *Censos de Poboación de España*; Antón Costa Rico, *Escolas e Mestres. A educación en Galicia: Da Restauración á Segunda República*, (Santiago: Servicio Central de Publicacións, Xunta de Galicia. 1989), 26; e en Vicente Peña Saavedra, *Luces de alén mar, As escolas de Americanos en Galicia* (Consello de Cultura Galega, 2012), 16.

As cidades máis importantes de Galicia (Vigo e A Coruña) aumentaron a súa poboación gradualmente dende 1900 ata 1936, feito que acelerou o *proceso de urbanización*, producida en certo modo pola emigración interna das zonas rurais e polas propias demandas económicas e laborais. Estes factores contribuirían ao crecemento das clases medias e o aumento dun proletariado, dependente da *influencia da industrialización* e o *comercio*.[896] En efecto, estes aspectos potenciaron a emigración rural, no primeiro terzo do século XX os movementos migratorios foron constantes. O fluxo de viaxes mantívose regular ata a chegada da depresión económica de 1929. A pesar disto, en 1910 a maioría dos núcleos de habitantes continuaban sendo rurais, sobre todo en Lugo e Ourense. Así, o 97,5% dos asentamentos de Galicia tiñan menos de 300 habitantes, segundo as estatísticas oficiais.[897] En total tiña 16.159 núcleos de poboación, uns 11.917 eran de menos de 100 habitantes e 3.208 de entre 100 e 200.[898]

Como xa advertimos anteriormente, a provincia de Lugo caracterizábase por ter unha aguda *dispersión poboacional* e un acusado *ruralismo*, o que propiciou un aumento de lucenses máis lento. Emporiso, a maioría dos asentamentos eran aldeas e

[896] Vide L. Fernández Prieto, *Labregos con ciencia. Estado, sociedade e innovación tecnolóxica na agricultura galega, 1980-1939* (Vigo: Xerais, 1992).

[897] En Antón Costa Rico, *Historia da educación e da cultura en Galicia* (Vigo: Xerais, 2004), 835.

[898] En Antón Costa Rico, *"Escolas e mestres". A educación en Galicia: Da restauración á Segunda República"* (Santiago: Servizo Central de Publicaciones, Xunta de Galicia, 1989), 22.

vilas de pequeno volume. Por exemplo en 1928, o concello de Becerreá tiña 26 parroquias, 200 localidades e preto de 10.000 habitantes. Esta dispersión condicionaba a dotación de centros escolares, a asistencia escolar e as visitas dos inspectores.[899]

Respecto á influencia do *desenvolvemento económico* na demografía, o progresivo proceso de *industrialización* afectou aos movementos de habitantes: crecemento significativo de núcleos urbanos (*urbanización*). Igualmente, o aumento do comercio e da industria excitaron o crecemento demográfico nas principais cidades. En Lugo, este proceso foi máis lento e por debaixo da porcentaxe española, xa que esta provincia se caracterizaba por ter unha industria feble, que non puido facer fronte ao aumento de lucenses, o que excitou os *movementos migratorios* cara outras cidades.

Segundo o inspector José del Peso y Sevillano e seguindo coa disertación da *cuestión económica,* outros factores importantes foron: a elevada parcelación das terras, unhas desproporcionadas cargas fiscais, a falta de traballo, un prezo do terreo moi elevado, certa superstición, certo fanatismo, a usura dos ambientes pobres, sometemento sociomoral á Igrexa e o *amiguismo* político caciquil.[900] A continuación transcríbese o artigo do deputado, socialista e xornalista Indalecio Prieto, que publicou en 1925 baixo o título: "La emigración española". Neste texto reflicte a importancia do labor realizado co capital indiano, na que implica a cuestión docente:

> Y el español americanizado, vuelto a España, es un hombre distinto del que no se movió de sus lares. Si investigáis en las escasas audacias industriales habidas en nuestro territorio, descubriréis muy pronto el capital "indiano". Recorred el Norte-Galicia, Asturias, Santander, las Vascongadas, Navarra, y encontréis los pueblos costeros y montañeses salpicados de escuelas y asilos erigidos generosamente con el dinero de los "indianos". Un afán sagrado de renovar su patria anima a estos hombres, muchos de los cuales marcharon execrándola. Y suele acontecer que en muchos de esos pueblos, dominados por el fanatismo y la superstición, el único positivamente liberal es el "indiano.
>
> Todas las vibraciones de España se recogen sutilmente en la prensa de lengua castellana de allende los mares. Nuestros problemas, aquí casi ignorados, con allí examinados y debatidos. Si ponéis ante los ojos un diario bonaerense, y otro madrileño, creeréis cambiado su centro editorial. Las cosas de España están mejor reflejados desde la hoja suramericana, en la cual hallaréis, a cuenta de ella, juicios atinados y noticias exactas. Claro por ello no es imputable hoy por entero a la prensa española, sometida y sin libertad; pero resulta cierto que para enterarse bien de los que pasa en España. Es preciso leer los grandes diarios argentinos. Esto prueba el enorme interés que allí despierta España, la inquietud con que los españoles emigrados siguen los destinos de la patria y la curiosidad cariñosa de aquellos países de nuestra estirpe.[901]

En efecto, a *falta de oportunidades* para acceder á propiedade e a falta de traballo obrigaron a moitos galegos a buscar oportunidades fóra, feito que marcou unha etapa xeracional de emigrados. Este suceso provocou a diseminación de moitos homes e mulleres debido á inestabilidade da economía nacional. As viaxes migratorios fluíron principalmente cara tres destinos: ao interior de España, Europa e a América. A falta de oportunidades laborais, o aumento demográfico das cidades e o exilio rural excitaron a emigración lucense. De todos os galegos emigrados entre 1900 e 1940, tan só o 21% regresou a Galicia entre 1931 e 1940, segundo Beiras Torrado na súa obra *Estrutura y problemas de la población gallega.*[902] Tamén a ausencia de alternativas económicas ás

[899] En José del Peso y Sevillano, *Galicia y su Enseñanza Primaria* (Madrid: Arquivo JAE. Sinatura: JAE/115-391, 1925).

[900] Ídem.

[901] Ídem.

[902] Vide X. M. Beiras Torrado, *Estructura y problemas de la población gallega* (A Coruña: Servizo de Estudos do Noroeste, 1970).

tradicionais e a consolidación do fluxo migratorio agudizaron o carácter selectivo da demanda de alfabetización das familias galegas.[903]

Despois esta situación mudou, os mozos e mozas xa non emigraban "por reboso", viaxaban procurando a superación persoal e conservación. Respecto a este asunto, José del Peso describía como a emigración se foi transformando, mudando a antiga concepción de emigrar por "necesidade" por unha máis de "desexo de progresar". E para comprender mellor esta circunstancia, transcribimos un treito do seu estudo entregado a JAE titulado *Galicia y su enseñanza primaria*:

> Hoy los gallegos no se marchan ya de su tierra "por reboso", como hace unos años, afirmaba nuestro glorioso Unamuno, se marchan empujados por dos instintos poderosos: el de la conservación y el de la superación individual.[904]

Para entender estes movementos sociais cómpre coñecer a *mentalidade* da época: moitos habitantes rurais cansos de traballar no campo quixeron atopar o xeito de aforrar para conseguir instalarse na cidade, pasando dunha economía excesivamente ruralizada de subsistencia a unha vida urbana máis cómoda. Isto de forma habitual sucedía, segundo José del Peso y Sevillano, nunha brusca transición que lle levaba a estar grande parte da súa existencia aforrando.[905] Este fluxo migratorio retornado contribuíu á entrada de capitais indianos e á creación de escolas en Galicia.[906] Estes capitais redundarían posteriormente no ensino primario a través de asociacións de emigrados que construíron escolas nas súas respectivas comarcas.

Por outro lado, convén sinalar que nos anos vinte se produciu un decrecemento de lucenses na cidade de Lugo, debido principalmente aos movementos migratorios e a falta de recursos económicas. A economía non puido solapar o aumento de habitantes o que precipitou o *fenómeno da emigración*.[907] Esta circunstancia empuxou a moitos lucenses a procurar un traballo afastado das nosas fronteiras. Este foi un feito importante, xa que posteriormente se tornou nun estímulo económico retornado polos indianos. No seguinte gráfico obsérvase como oscilou o número de habitantes debido aos factores migratorios e estacionais, observando como a número de veciños da cidade de Lugo baixou debido ás viaxes cara o estranxeiro, factor que tivo unha especial influencia entre 1915 e 1920.

[903] En Blanca Martínez Domínguez, "A transición da alfabetización en Galicia (1860-1930)", *Sarmiento*, Nº 7 2003): 172.

[904] En José del Peso y Sevillano, *Galicia y su Enseñanza Primaria* (Madrid: Arquivo JAE. Sinatura: JAE/115-391, 1925). Este traballo aporta unha información completa deste tema, por este motivo atópase recollido no Anexo 7.3.

[905] Ídem

[906] Vide Vicente Peña Saavedra, *Éxodo, organización comunitaria e intervención escolar* (A Coruña: Xunta de Galicia, 1993).

[907] En S. Carreira, "La población gallega creció en el siglo XX tres veces menos que la española" (2007) Extraído o 30 de outubro de 2017 de: https://www.lavozdegalicia.es/noticia/sociedad/2007/09/28/poblacion-gallega-crecio-siglo-xx-tres-veces-espanola/0003_6180120.htm.

Gráfico 16. Poboación da cidade de Lugo dende 1900 ata 1933



Fonte: Elaboración propia. Extraído da base estatística dos *Censos de Población de España* e de Antón Costa Rico, *Escolas e Mestres. A educación en Galicia: Da Restauración á Segunda República* (Santiago: Servizo Central de Publicacións, Xunta de Galicia. 1989), 26.

Realizando unha análise do gráfico anterior, en 1920 a emigración de mozos lucenses era un dos problemas sociais da provincia. Deste movemento migratorio despréndese unha redución de casamentos e natalidade, tomando como referencia o censo eclesiástico consultado nese ano. Segundo un artigo publicado en *El Progreso*, Lugo era a provincia española onde menos enlaces se celebraban. O cronista afirmaba ironicamente "La nieve de las montañas y las nieblas del Miño". Así ante a escaseza das saídas laborais moitas familias invertían todo o seu capital na viaxe a outras provincias españolas, América e Europa principalmente.[908]

Ilustración 33. A infancia nas beiras do río Miño en 1904[909]

Unha vez alén do mar moitos emigrados agrupáronse en *sociedades*. A comarca da Terra Chá foi a que máis asociacións indianas tiña da provincia de Lugo cun total de 34, seguida de: a Mariña Oriental con 15, a Ulloa con 12, a Mariña Central con 9, Chantada

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[908] En varios, "Fascículos para coleccionar", *Lugo XX historia de un Siglo* (Lugo: Tomo I. *El Progreso*, 2000), 301.

[909] En José de Cora Paradela, *Lugo XX Historia de un siglo* (Lugo: Edit. *El Progreso*, 1999), 83.

con 9, a Mariña Occidental con 8, Meira con 8, Fonsagrada con 7, Sarria con 6, Os Ancares con 5, Terra de Lemos con 5, Quiroga con 4 e Lugo con 2.[910]

Outro aspecto importante foi a *saída de capital humano feminino e infantil*, reflectida no descenso da matrícula escolar a inicios dos anos trinta. Segundo o inspector destinado en Lugo José del Peso, as mulleres e os fillos emigraron tralos seus maridos e pais.[911] Esta saída de habitantes reduciu a poboación lucense a pesar do crecemento demográfico. Os destinos elixidos polos lucenses principalmente foron Cuba, Arxentina e Uruguai. Estes viaxes tiveron como desencadéante a falta de transformación das estruturas económicas tradicionais lucenses. Na contraportada do diario lucense *El Progreso*, publicáronse numerosas anuncios das compañías de viaxes a América. A continuación preséntanse as principais empresas que ofrecían os servizos de transporte transatlántico.[912]

Ilustración 34. Llovd Real Holandés, "Compañía de vapores de correos" (*El Progreso)*

[910] En Vicente Peña Saavedra, *Luces de alén mar, As escolas de Americanos en Galicia* (Consello de Cultura Galega, 2012), 28.

[911] En José del Peso y Sevillano, "Galicia y su Enseñanza Primaria" (Madrid: Arquivo JAE. Sinatura: JAE/115-391, xuño 1925).

[912] En Llovd Real Holandés, "Compañía de vapores de correos", *El Progreso,* Lugo, 29 de outubro de 1914.



COMPANIA del PACÍFICO

VAPORES CORREOS INGLESES

Salida de LA CORUÑA cada dos lunes, y de VIGO al día siguiente para Río Janeiro, Montevideo, Buenos Aires, Punt, Arenas, Valparaiso y otros puertos del Pacífico hasta el Callao.—Próximas salidas:

	Salida de La Coruña	Salida de Vigo
Vapor Ortega	el 2 de Noviembre	el 3 de Noviembre
» Orissa	el 16 de Noviembre	el 17 de Noviembre
» Oropesa	el 30 de Noviembre	el 1 de Diciembre
» Oronsa	el 14 de Diciembre	el 15 de Diciembre
» Orita	el 28 de Diciembre	el 29 de Diciembre

Todos de gran tonelaje y de dos hélices.—Admiten pasajeros de 1.ª, 2.ª y 3.ª clase. La conducción a bordo en lanchas de vapor de los pasajeros y de sus equipajes, es por cuenta de la Compañía.

Tienen alumbrado eléctrico en todos los departamentos, salones para Señoras, fumadores bibliotecas, cuartos de baño, cámaras frigoríficas, banda deica y todos los adelantos.

Para el servicio de pasajeros de tercera clase se embarcan en La Coruña y Vigo camareros y cocineros españoles y las comidas son condimentadas al estilo del país.

Agentes generales de la Compañía,

Sobrinos de José Pastor

Dirección en La Coruña: Plaza de María Pita, núm. 12.

Dirección en Vigo: Velázquez Moreno, núm. 1

C.ie G.le Trasatlántique

Vapores correos franceses a gran velocidad

Servicios directos desde el puerto de la Coruña

Para la Habana y Nueva Orleans

El 25 de Octubre . . . . . el vapor CAROLINA.

Precio en tercera clase: A la Habana, 202'10

A la Habana y Veracruz

El 23 de Octubre . . . . . el vapor LA CHAMPAGNE.

Precio en tercera clase: A la Habana, 242'10

Admiten pasajeros de 1.ª, 2.ª, 3.ª preferencia, 3.ª ordinaria y carga.

Todos los vapores admiten pasajeros de primera, segunda y tercera clase, que deben de presentarse en la Agencia de la Compañía dos días antes de la salida, avisando de antemano para reservarles cabida.—Para informes de pasaje y carga:

Nicandro Fariña.--LA CORUÑA

Ilustración35. Compañía de vapores de correos, en *El Progreso* de 1914.



CONSEJO SUPERIOR DE EMIGRACION

Aviso a los que tratan de emigrar

Noticias recibidas en el Ministerio de Estado, y que concuerdan con las que diariamente se reciben en este Consejo, respecto a la grave situación por que están atravesando las clases trabajadoras en la República Argentina, nos obligan a poner en conocimiento de cuantos españoles intenten emigrar a aquella República, los peligros a que seguramente se exponen con ello.

Ocho mil españoles se han presentado en aquella Legación de España pidiendo con toda urgencia la repatriación, por serles imposible encontrar modo de ganar ni para el sustento diario, y ni el Gobierno argentino ni los particulares tienen medio de solucionar el conflicto.

La subvención al Hotel de Inmigrantes se ha rebajado en la mitad, sufriendo con esta disminución las consecuencias de no poder atender a los que llegan en la forma que antes lo hacían y viéndose obligados a suprimir el pago de los viajes del emigrante al interior, como venía haciéndose.

La Prensa toda de aquel país se hace eco de la grave crisis por que está pasando la la República, y comenta el extremo, al que nunca llegaron, de verse obligados, tanto el Gobierno como las Empresas particulares, de suprimir empleados y hacer descuentos de consideración en el sueldo de los que quedan.

Todo esto puede decirse de la República del Uruguay, de donde llegan noticias muy parecidas a las anteriores, siendo muchos también los españoles que piden a nuestra Legación y Consulado el ser repatriados, tropezándose para complacerles con la misma falta de medios.

Ilustración 36. Anuncio na prensa local sobre as limitacións impostas aos emigrados en 1914

Estas *compañías* trasladaron a moitos emigrantes e tamén aos seus familiares lucenses. Unha vez alí, xeralmente ocuparon postos non cualificados de baixa consideración social e remuneración salarial. Estas ocupacións respondían tamén a unha escasa ou nula preparación técnica laboral. Tamén houbo lucenses que fixeron grandes fortunas entre os que destacaban: Pedro Murías (Ribadeo), Justo Taladrid (Viveiro) e Antonia Trobo (Galdo). Temos a constancia tamén de que moitos emigrados non atoparon traballo. En 1914, 8000 galegos solicitaron en Arxentina a repatriación urxente por non atopar un emprego. Debido ás masivas solicitudes moitos organismos como o *Hotel de Inmigrantes* víronse obrigados a suprimir o pago das viaxes. Estes feitos repetíronse tamén en Uruguai.[913] Con todo, despréndese a idea de que as circunstancias para os emigrantes non foron doadas, xa que moitos lucenses residentes en Arxentina tiñan que enviar cantidades de diñeiro importantes para as súas familias a través dos bancos. Na prensa lucense publicáronse anuncios das sucursais onde se podían acceder aos depósitos e fomentar o aforro de capitais. Un dos bancos empregados para este fin era o Banco Español do Río da Prata. A súa sucursal máis próxima a Lugo atopábase na Rúa Real Nº 22 da Coruña. A cambio do ingreso económico, esta entidade bancaria aboaba ao cliente uns intereses que oscilaban entre o un e o catro por cento.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[913] En Consello Superior de emigración, "Aviso a los que traten de emigrar", *El Progreso,* Lugo, 19 de decembro de 1914.

Banco Español del Río de la Plata ESTABLECIDO EN 1886.
Casa matriz: BUENOS AIRES

SUCURSALES: 57 en la República Argentina; además en Montevideo (República Oriental del Uruguay), en Río Janeiro, Santos y San Paulo (Brasil), y en Europa: Barcelona, Bilbao, Coruña, Génova, Hamburgo, Londres, Madrid, París, San Sebastián, Valencia y Vigo.

Capital suscripto	pesos mjl	100.000.000'00	o sean Ptas.	oro.	220.000.000'00
Capital integrado al 30 de Junio de 1914	»	97.537.910'00	» »	»	216.534.160'20
Fondo de reserva y previsión al 30 de Junio de 1914	»	47.024.393'50	» »	»	104.394.153'13
Prima a recibir sobre las acciones no liberadas	»	1.477.254'00	» »	»	3.279.503'88

OPERACIONES DEL BANCO.—Hace por cuenta propia y por comisión de terceros, toda clase de operaciones bancarias.

Sucursal de Coruña: Real, 22, teléfono, núm. 310. *Horas de oficina: de 9 a 1/2 y de 3/2 a 5/2.*

INTERESES QUE SE ABONAN

En cuenta corriente a la vista	1 por 100 anual.
DEPOSITOS a tres meses fijos	2 1/2 por 100 anual.
» » seis meses fijos	3 1/2 por 100 anual.
» » un año	4 1/2 por 100 anual.
» » mayor plazo	Convencional.
En caja de Ahorros, desde 25 pesetas hasta 5.000 pesetas, transcurridos 00 días	3 por 100 anual.

Para esta clase de depósitos y a fin de fomentar el ahorro por acumulación de pequeñas cantidades, esta Sucursal tiene a disposición de sus clientes el servicio de *huchas* (alcancías), cuya entrega efectúa mediante un primer ingreso de siete pesetas.

Sobre las cantidades que, retiradas de la hucha (alcancía), se ingresa en cuenta—operación que puede realizarse en cualquier tiempo a voluntad del imponente, se abonan intereses al tipo indicado de **3 por 100** anual.

El imponente sólo podrá disponer del referido ingreso inicial de SIETE pesetas contra la devolución de la hucha (alcancía) que se le hubiese entregado.

Cajas de alquiler para la guarda de títulos, valores, documentos, alhajas, etc.

Se previene a los señores accionistas que de acuerdo con lo dispuesto en el artículo 22 de los Estatutos, esta Sucursal admite los depósitos en custodia de acciones de este Banco, sin comisión ni gasto alguno para sus propietarios.

Calle Real, núm. 22.—La Coruña.

Ilustración 37. Anuncio do Banco Español[914]

Respecto á relación de todos estes datos coa *evolución da escolarización*, tanto o aumento de demografía como a emigración influíron no número de menores en idade escolarizable, e por conseguinte na matrícula escolar. O primeiro destes factores fixo que aumentaran o número de matriculados, salvo nos anos vinte cando se produciu unha ralentí no incremento de habitantes debido á emigración.[915] A pesar desta fuxida de lucenses, a nivel provincial instalouse unha tendencia de crecemento constante dos alumnos matriculados nas escolas,[916] provocando unha redución significativa do analfabetismo, acadando preto dun 35% no decenio dos anos trinta.[917]

[914] En "Banco Español del Río de la Plata", *El Progreso*, Lugo, 18 de novembro de 1914.

[915] En José del Peso y Sevillano, "Galicia y su Enseñanza Primaria" (Madrid. Arquivo JAE. Sinatura: JAE/115-391, xuño 1925).

[916] Antón En Costa Rico, en *Historia da educación e da cultura en Galicia* (Vigo: Xerais, 2004), 917; para 1932 Ángel Serafín Porto Ucha, *La Institución Libre de Enseñanza en Galicia* (A Coruña: Do Castro, 1986), 367.

[917] En Rosa María Cid Galante, "Breve revisión á situación educativa do primeiro terzo do século XX no partido xudicial da Pobra de Trives e as primeiras mulleres que acceden aos estudos superiores", *Actas do V Congreso Manuel Luís Acuña* (Ourense: Deputación Provincial de Ourense, 2021), 60.

4.2. OS MESTRES NA PROVINCIA DE LUGO (1900-1936)

Nos primeiros anos do século XX, *os mestres* foron os principais testemuños do mal acondicionamento da escola na provincia de Lugo e do posterior proceso de modernización pedagóxica, do que formaron parte algúns docentes a través da realización de experiencias renovadoras. Por este motivo, é importante o seu estudo biográfico para obter unha imaxe clara do pasado histórico do exercicio do maxisterio. Por todo isto, cómpre centrar a nosa ollada na súa humilde vida laboral, na renovación da formación do maxisterio, nas teorías difundidas, na importancia da independencia psicolóxica do soldo mínimo docente,[918] no aumento das súas publicacións educativas,[919] no aumento de prazas en centros de ensinanza públicos, na progresiva feminización do maxisterio, no aumento do asociacionismo docente,[920] ou nas principais consecuencias do estalido da Guerra Civil. Con todo, este estudo forma parte da procura da nova historia cultural, mediante a investigación e interpretación interdisciplinar da educación como feito sociocultural.[921] Debido a isto, convén ter en conta como aumentaron significativamente as publicacións educativas docentes. Moitos destes textos reivindicaban igualmente a dignificación da ensinanza primaria, especialmente descoidada nas zonas rurais. Isto explica tamén o incremento do asociacionismo docente, que difundiu a necesidade dun melloramento das condicións laborais, hixiénicas e pedagóxicas das escolas.[922]

En consecuencia, cabe coñecer cales foron os principais protagonistas docentes no proceso de modernización escolar, docentes concienciados coa necesidade de mellorar a escola, entre os que destacamos a: Ángel Fernández Gómez, Camilo Fernández Díaz, José María Rodríguez Rivera, Evaristo de Cuena, Victoriano Tuñón y García, Hortensia Friol, Marcelino Friol Novoa, Bernardino de Azpiazú, Gregorio Sanz, Pedro Saco Filloy, José Rois Castro, Emilio Ceide Vilar, Luís Diego Cuscoy, Antonio Pérez López e José Arévalo Simón, Julián Pérez Palacios, Juan Mariño López, Rosa Filomena Grobes Jeremías, Ángel Fernández Romero, Felipe Carnicer, Felipe Paz Agrio, José R. Fernández Carral, Manuel Vázquez Barrio, J. Rodrigo de Castro, Juan Bautista Neira, Ángel Santos Vila, Antonio Pernas Martínez, Jesús Franco Fernández, Rogelia Aguirre Pardo, José Vázquez Senra, Ramón Salgado Toimil, Andrés Gómez Legaspi, Sergio Castilla López, Camilo Fernández Díaz, Lola Viñas e López Piñoal (Piñol).[923] Todos

[918] Vide Eric Jorge Fontoba Jordá, "Asociacionismo docente en España durante el siglo XIX y XX. Inicios y puntos de partida durante el siglo XIX", *Pedagogias alternativas y educación en los márgenes a lo largo del siglo XX* (Valencia: Universidade de Valencia, 2022), 76-77.

[919] O aumento do número de escolas e mestres veu acompañado dun aumento de publicacións e asociacións educativas. En Jesús de Juana e Julio Prada, *Historia contemporanea de Galicia*, (Barcelona: Ariel, 2005), 194-195.

[920] En Juan Encinar, "Número especial sobre a Semana Pedagóxica Lucense", *Vida Escolar*, Nº 336, ano VII (1933): 11.

[921] En Agustín Escolano e José Luis Álvarez, "Cultura, educación e historia. Entrevista a Agustín Escolano", *Cultura y Educación*, vol. 14, Nº 3 (2002): 229-236.

[922] En Jesús De Juana e Julio Prada, *Historia contemporanea de Galicia* (Barcelona: Ariel, 2005) 194-195.

[923] En Ricardo Pena Domínguez, *Burela. Apuntes Históricos y Crónicas del Siglo XX* (Viveiro: Lar, 2004), 198: en varios, "Maestros del ayuntamiento de Lugo que solicitan una casa-habitación conforme el artículo 191 de la Ley de Instrución Pública y las Resolucións do 29 de outubro de 1869, de 29 de abril de 1889 y el 18 de septiembre de 1890" (Lugo: APL. Fondo: Concello. Sinatura: 930, 1869-1936); en José Vázquez Senra, "Solicitud de traslado de la Escuela completa de Niños de la Capital" (Lugo: APL. Fondo: Concello. Sinatura: 931, 1908); Vicoriano Fernández Tuñón y García, "Jubilación del director de la Escuela Graduada de la capital de Lugo Victoriano Fernández Tuñón y García en 1918" (Lugo: APL. Fondo: Concello. Sinatura: 931, 1918); Joan Comas Camps, "José Rois Castro propuesto para formar parte de la Comisión Provincial de visitas a las escolas regentadas por los opositores de 1928", *El Progreso*, Lugo, 25 de setembro de 1931; en Emilio Ceide Vilar e Rois Castro Prado Gómez, *O Instituto Provincial de Lugo 1842-1975* (Lugo: Servizo de Publicacións de Lugo, 2013) 205; en José de Cora, *110 lucenes singulares* (Lugo: El Progreso de Lugo S.L., 2018), 92-92; en Antón Costa Rico e Uxía Bolaño Amigo, "Represión política e castigo do profesorado republicano na provincia de Lugo. As consecuencias do 36", *Sarmiento*, Nº 21

estes docentes axudaron a crear unha atmosfera reflexiva sobre a necesidade de renovación pedagóxica do ensino primario, impulsada tamén dende arriba pola Administración educativa a través de cambios lexislativos.[924] Esta tendencia estivo influenciada tamén pola introdución en España de enfoques innovadores ligados á *Escola Nova* e á ILE, sobre todo no primeiro bienio da Segunda República.

Entre as principais *accións docentes* encamiñadas a renovar a escola e difundir enfoques innovadores destacamos: a práctica de experiencias da escola activa e colaboración con diversas revistas educativas e de pedagoxía,[925] a constitución de diversas asociacións para defender os dereitos dos docentes, a participación activa en diversos actos provinciais, o desenvolvemento dos certames pedagóxicos de 1923 e 1933, a realización de diversos cursos de formación educativa, a autoría do epistolario en defensa da implantación do maxisterio feminino en Lugo, a dignificación das escolas, a fundación da Academia Juan Jacobo Rousseau en Monforte de Lemos, a detección das necesidade hixiénicas e pedagóxicas, a introdución de experiencias escolares sobre comprensión lectora, a defensa da galeguización escolar, a promoción da diversas edicións como *El Pequeño escolar*, a realización de experiencias de comunicación interescolar de orientación freinetiana, a introdución de experiencias sobre educación popular, a frecuente combinación da docencia coa beneficencia, a organización dunha "Biblioteca Popular Circulante" en Viveiro, a doazón de diverso material para a escola, a incentiva da asistencia escolar, a ocupación de cargos de vogal-delegado na Asemblea Nacional polos mestres da provincia de Lugo, a inauguración de varios centros indianos, a realización de varias conferencias no *Centro Obrero de Cultura* e o desempeño de cargos ao servizo da ensinanza nas escolas ou no *Instituto General Técnico de la capital de Lugo*.[926]

Outra cuestión importante foi que dende a primeira década do século XX, algúns mestres lucenses amosaron unha actitude preocupada pola mala situación das escolas,

(2017) 104; en A. Fernández Romero e F. Paz Agrio, "Asociación de Maestros interinos-substitutos" (Lugo: APL. Fondo do Goberno Civil. Sinatura: 13045/29, 1931-1936); Julián Pérez Palacios, J. J. e Pérez Fernández, *Vida y Pedagogía de un maestro. Julián Pérez Palacios (1901-1984)* (A Coruña: Publicacións Arenas, 2011) 20, 24 e 40; Pedro Gómez Álvarez, *O ensino a terra de Lemos nos séculos XIX e XX* (Monforte de Lemos: Deputación de Lugo, 2022) 251; en *L`Educateur Proletarien*, Nº 8, (1933): 427-430 e en Luis Bello Trompeta, *Viaje...* (Madrid: Akal, 1974), 81, 102, 103, 121, 129.

[924] En José María Hernández Díaz, "La inspección educativa y la cultura escolar en España. Génesis, procesos constituyente y actualización de funciones", *Aula 25* (2019): 68.

[925] En Xosé Pombo Mosquera, *Liga Santaballesa. Historia dunha Escola Habanera 1907-2007* (Vilalba: Padroado da Liga Santaballesa, 2007), 29.

[926] En varios, "Maestros del ayuntamiento de Lugo que solicitan una casa-habitación conforme el artículo 191 de la Ley de Instrución Pública y las Resolucións do 29 de outubro de 1869, de 29 de abril de 1889 y el 18 de septiembre de 1890" (Lugo: APL. Fondo: Concello. Sinatura: 930, 1869-1936); en José Vázquez Senra, "Solicitud de traslado de la Escuela completa de Niños de la Capital", (Lugo: APL. Fondo: Concello. Sinatura: 931, 1908); Vicoriano Fernández Tuñón y García, "Jubilación del director de la Escuela Graduada de la capital de Lugo Victoriano Fernández Tuñón y García en 1918" (Lugo: APL. Fondo: Concello. Sinatura: 931, 1918); Joan Comas Camps, "José Rois Castro propuesto para formar parte de la Comisión Provincial de visitas a las escolas regentadas por los opositores de 1928", *El Progreso,* Lugo, 25 de setembro de 1931; en Emilio Ceide Vilar e Rois Castro Prado Gómez, *O Instituto Provincial de Lugo 1842-1975* (Lugo: Servizo de Publicacións de Lugo, 2013) 205; en José de Cora, *110 lucenes singulares* (Lugo: *El Progreso* de Lugo S.L., 2018), 92-92; en Antón Costa Rico e Uxía Bolaño Amigo, "Represión política e castigo do profesorado republicano na provincia de Lugo. As consecuencias do 36", *Sarmiento,* Nº 21, (2017): 104; A. Fernández Romero e F. Paz Agrio, "Asociación de Maestros interinos-substitutos", (Lugo: APL. Fondo do Goberno Civil. Sinatura: 13045/29, 1931-1936); Julián Pérez Palacios, J. J. e Pérez Fernández, *Vida y Pedagogía de un maestro. Julián Pérez Palacios (1901-1984)* (A Coruña: Publicacións Arenas, 2011) 20, 24 e 40; Pedro Gómez Álvarez, *O ensino a terra de Lemos nos séculos XIX e XX* (Monforte de Lemos: Deputación de Lugo, 2022) 251; en *L`Educateur Proletarien*, Nº 8 (1933): 427-430; en Luis Bello Trompeta, *Viaje...*, (Madrid: Akal, 1974), 81, 102, 103, 121, 129 e en Ricardo Pena Domínguez, *Burela. Apuntes Históricos y Crónicas del Siglo XX* (Viveiro: Lar, 2004), 198-199.

tanto a nivel hixiénico como pedagóxico,[927] denunciando que traballaban en centros educativos que se atopaban nunha situación deficitaria. En xeral estas escolas estaban aloxadas nuns locais abandonados considerablemente, por este motivo, algúns docentes asociáronse para poñer fin a esta situación, informando mediante protestas escritas aos concellos. En relación con isto, tratouse este tema nas conferencias realizadas no *Congreso Pedagógico Lucense* celebradas en 1923 e na convocatoria de 1933.[928] Nestes eventos moitos docentes foron as figuras que trasladaron a mala situación da escola á sociedade, axudando a tomar conciencia social desta situación. En consecuencia os docentes procuraron solucións e difundíronse novas teorías educativas, abrindo novas portas de coñecemento entre os docentes.

Segundo Joan Comas Camps, os principais logros conseguidos polos mestres foron en tres direccións: o aumento do número de docentes, a construcións de novos edificios escolares e as melloras económicas nos soldos. Este inspector achegou datos moi interesantes sobre a creación de escolas na provincia de Lugo: dende 1923 ata 1928 a provincia experimentou un aumento de 285 centros de educación primaria, situación que axustaba, un pouco máis, ao número de escolas esixidas pola Lei Moyano para o número de habitantes. Estes feitos conseguiron o progresivo aumento na dotación de mestres. Así, Joan Comas citaba textualmente na revista *Vida Escolar*: "La provincia de Lugo ha incrementado el número de sus escuelas nun 47%; tenía 605 en 1923, y tiene hoy 890".[929] A pesar das frutíferas creacións conseguidas durante este lustro, a ensinanza na provincia continuaba a ser deficitaria e sórdida.[930] Porén este Lei non chegaría a aplicarse con rigorosidade, dada a aguda dispersión de habitantes e a imposibilidade de desprazar aos alumnos.[931] Igualmente, outro aspecto importante que influíu no aumento de mestres foi a creación de escolas indianas, en palabras textuais de José del Peso y Sevillano: "Galicia, grazas aos influxos ultramarinos dos emigrados, comezou un proceso de renovación cultural".[932]

> En Galicia ambos elementos de progreso y de robustez racial comienzan a florecer conjuntamente. Saludables influencias ultramarinas, llegadas poco a poco a estas bravas costas por la estela de luz de los barcos de emigrantes, las van paulatinamente emparejando.
>
> ...Y, si atendemos al incremento en número de dichos centros, podemos afirmar que, de las provincias gallegas, es en la de Lugo donde más eficazmente se manifiesta: Hace poco más de un año, en una estadística de creación de escuelas nacionales confeccionada con datos de las últimas anualidades por el Ministerio de Instrucción Pública, la de Lugo figuraba a la cabeza, no ya solamente de las provincias gallegas, sino de todas las demás provincias españolas: En 1920 contaba solo con 544 escuelas nacionales. Hoy posee ya 874. En los ocho últimos se ha incrementado, pues, el número de dichos centros en un 62%.[933]

[927] En Ramón Salgado Toimil, "El congreso pedagóxico lucense", *El Progreso,* Lugo, 16 de outubro de 1923.

[928] En varios, "Correspondencia de los maestros con fecha de cinco de decembro de 1903" (Lugo: APL. Fondo Concello. Sinatura: 931, 1903); e en varios, "Correspondencia de los maestros de Lugo al Ayuntamiento como contestación a la Circular nº 265 del Consejo Local" (Lugo: APL. Fondo Concello. Sinatura: 1422-02, 1936); e en Luis Soto Menor, "Informe de Luis Soto Menor de la Junta Provincial de Lugo" (Lugo: APL. Fondo Concello. Sinatura: 1202-01, outubro 1924).

[929] Ídem, 5.

[930] En Joan Comas Camps, "En el advenimiento del Directorio", *Vida Escolar,* Nº 88, ano II (1928): 5

[931] En varios, "Creación y traslados de escuelas en la provincia de Lugo" (Lugo: APL. Fondo Concello. Sinatura: 930, 1878-1930).

[932] En José del Peso y Sevillano, "Galicia y su Enseñanza Primaria", (Madrid: Arquivo JAE. Sinatura: JAE/115-391, xuño 1925).

[933] En José del Peso y Sevillano, "La cultura popular gallega", *Vida Escolar,* Nº 91, ano II (1928): 2-4.

Antes de dar comezo á análise da evolución do cadro de persoal e dos estudos previos á incorporación do exercicio do maxisterio, cómpre poñer de manifesto a gran dependencia herdada do século XIX das institucións privadas e relixiosas, as primeiras iniciativas particulares docentes e o aumento de prazas de mestres na provincia de Lugo. En 1900 nas principais cidades lucenses (Lugo, Monforte e Mondoñedo) existía unha forte presenza de escolas privadas e relixiosas. Mondoñedo, aparte das escolas nacionais, contaba loxicamente coas de carácter eclesiástico: o seminario, unha de nenos da *Sociedad de Obreros Católicos* e a *Escuela de las Hermanas de la Caridad* no Hospital. Ás aforas de Mondoñedo tamén existían varias escolas mixtas repartidas en catorce ou quince localidades pertencentes ao respectivo Concello.[934] Despois de introducir o devir histórico da docencia en Lugo pasaremos a realizar a análise específica do incremento docente na provincia luguesa, sobre todo na Segunda República. Lembraremos que durante este período a escola foi un dos principais problemas abordados polo Goberno do primeiro bienio.[935]

4.2.1. O aumento do cadro de persoal

Respecto á *evolución do cadro de persoal* de mestres na provincia de Lugo, cabe incidir que nos primeiros anos do século XX produciuse un incremento considerable do número de escolas de ensino primario, e con elas a demanda de novas prazas de mestres. Este crecemento sucedeu en menor proporción que no resto das provincias galegas. A pesar disto, entre 1908 e 1935 multiplicáronse as prazas, feito paralelo á construción de novos colexios nas zonas rurais, denominadas "construcións escolares". Este aumento non sería significativo ata final do primeiro decenio do século XX,[936] circunstancia que se veu favorecida principalmente por: a aparición de novas escolas, a que algúns grupos escolares privados pasaron a ser responsabilidade do Estado e a aparición de colexios de indianos na Terra Chá e na Mariña Lucense. Aínda que nesta provincia non existía a cantidade de centros establecidos na Lei Moyano, situación que obrigou algúns veciños lucenses a crear as súas propias escolas ou contratar algún mestre de ferrado. Pese a isto, o territorio lucense foi pioneiro no descenso de entidades privadas. Así o afirmaba o inspector de ensino primario José del Peso y Sevillano nun artigo da revista *Vida Escolar* en 1928:

> Como fenómeno correlativo a éste y acusador de la eficacia creciente de estas escuelas nacionales y de la confianza que el pueblo les otorga, debemos consignar que, según la estadística de escuelas privadas publicada en 1927 por el referido Ministerio, solo existen en la provincia de Lugo 58 escuelas particulares, no aventajando en exigüidad de número a esta provincia sino la de Soria, con 39 de estos centros. En cambio, Lugo vuelve a alcanzar lugar preferente entre todas las provincias de España en lo que respecta a la progresiva disminución de los mismos, pues desde 1886 solo en esta provincia y en la de Soria disminuyeron tales escuelas, y en número de 116 y 48 respectivamente.[937]

O período no que se incorporaron máis profesores á provincia lucense foi coa ditadura de Primo de Rivera (quinquenio 1922-1926) e no primeiro bienio da Segunda República (1931-1933).[938] Especialmente a principios dos anos trinta produciuse unha

[934] En Luis Bello Trompeta, "Mondoñedo. Lourenzana", *Vida Escolar,* Nº 149, ano III (1929): 2-4.

[935] En Herminio Barreiro Rodríguez, *Lorenzo Luzuriaga y la Renovación en España (1889-1936)* (A Coruña: Educións do Castro, 1989), 85.

[936] A pesar disto o crecemento do número de mestres foi moderado na década dos anos dez.

[937] En José del Peso y Sevillano, "La cultura popular gallega", *Vida Escolar,* Nº 91, ano II (1928): 4.

[938] Vide *Datos da Estadística Escolar de España de 1908,* (1908): 393; 1910 Datos do Anuario Estadístico de Instrucción Pública de 1909-1910, (1910): 199; 1916: *Datos do Anuario Estadístico de España de 1911* (1911) : 470-71 inclúense mestres

intensificación na creación de prazas. Un punto importante a ter en conta é que por regra xeral existía un mestre por centro, debido a que a maioría de escolas eran unitarias e non tiñan unha ensinanza graduada, agrupando a nenos de diversa idade e aplicando o método da *ensinanza mutua*, para atender ás *ratios* próximas aos 100 alumnos.[939] Nos anos vinte, na provincia lucense tan só existían dúas escolas graduadas, unha na capital e outra na Mariña Lucense. En 1931, esta cantidade aumentaría a tres.[940] No seguinte decenio, a maioría das prazas de mestres habilitadas eran para escolas unitarias, xa que na como citamos anteriormente, na provincia de Lugo existían tan só tres centros de ensino primario graduados.[941]

Respecto á cuestión das *retribucións salariais*, as novas incorporacións de mestres viñeron acompañadas de melloras dos soldos no primeiro bienio. Un necesario incremento salarial docente que se viña reivindicando dende comezos do século XX, sobre todo nas categorías máis baixas do profesorado.[942] Este reaxuste foi proporcional ao número de escolas creadas, pero insuficiente. Por isto moitos mestres tiñan que ocupar un segundo emprego, ademais de traballar en moi malas condicións.[943] Esta condición volvíase máis extrema nas aldeas de montaña máis illadas.[944]

De xeito especial, cómpre analizar o período da Segunda República, porque foi o período onde se detectou un maior incremento de prazas docentes e do presuposto dedicado ao seu mantemento.[945] En 1931, co goberno provisional republicano existían na provincia lucense 965 prazas de mestre. Logo, en 1935 había xa creadas 1.491 prazas. Deste xeito, en total creáronse 526 novas prazas de profesionais dedicados á ensinanza primaria.[946] En relación con isto, un feito importante foi a publicación do Decreto do 15 de xuño de 1934. Segundo esta normativa, o Estado daba facilidades para que os concellos, entidades, sociedades, corporacións oficiais e particulares cooperaran na dotación de edificios para instalar escolas nacionais.[947] Segundo Cándido Ruiz, non

---

titulados ou non empregados pola Administración; 1922: datos do *Anuario Estadístico de España de 1930* (1930): 619; 1926: Ministerio de Instrución Pública: La Primera Enseñanza en España, Madrid, 1927; 1928: *Datos do Anuario Estadístico de España de 1928*, (1908): 577; 1931 e 1935: Ministerio de Instrución Pública. Oficina de Informacións, Publicacións e *Estatísticas: Estadísticas de Escuelas Graduadas* (1935); 1932: *Datos do Anuario Estadístico de España de 1932*, (1932): 62 (o Anuario de 1932-33 dá uns datos diferentes); 1933: *Datos do Anuario Estadístico de España 1934*, (1934): 82, (o Anuario de 1934/35 dá tamén datos diferentes); e en Antón Costa Rico, *Escolas e Mestres: da Restauración á II República* (Santiago: Xunta de Galicia, 1980), 380-386.

939 En Antón Costa Rico, *La educación en Galicia (1669-1970)* (A Coruña: Universidade de Santiago, 1999), 33.

940 En Rodolfo Llopis, *La revolución en la escuela. Dos años en la Dirección general de Primera enseñanza* (Madrid: M. Aguilar, 1933) 168; e Antón Costa Rico e Uxía Bolaño Amigo, "Represión política e castigo do profesorado republicano na provincia de Lugo. As consecuencias do 36", *Sarmiento,* Nº 21 (2017): 106.

941 Ídem.

942 Ídem.

943 En Luis Bello Trompeta, "Los trabajos y los días-Luís Bello en Lugo", *Vida Escolar,* Nº 91, ano II (1928): 3-4.

944 En "Congreso Pedagóxico Lucense", *El Progreso,* Lugo, 10 de outubro de 1923.

945 Vide 1908 *Datos da Estadística Escolar de España de 1908*, p. 393; 1910 *Datos do Anuario Estadístico de Instrucción Pública de 1909-1910*, (1910): 199; 1916: *Datos do Anuario Estadístico de España de 1911* (1911): 470-71 inclúense mestres titulados ou non empregados pola Administración; 1922: datos do *Anuario Estadístico de España de 1930* (1930) 619; 1926: Ministerio de Instrución Pública: *La primera enseñanza en España,* Madrid, (1927); 1928: *Datos do Anuario Estadístico de España de 1928* (1908): 577; 1931 e 1935: Ministerio de Instrución Pública. Oficina de Informacións, Publicacións e Estatísticas: *Estadísticas de Escuelas Graduadas*, Madrid (1935); 1932: *Datos do Anuario Estadístico de España de 1932* (1932): 62 (o Anuario de 1932-33 dá uns datos diferentes); 1933: *Datos do Anuario Estadístico de España 1934* (1934): 82 (o Anuario de 1934/35 dá tamén datos diferentes); e en Antón Costa Rico, *Escolas e Mestres: da Restauración á II República* (Santiago: Xunta de Galicia, 1980), 380-386.

946 En Xose Ramón Barreiro Fernández, *Historia de Galicia IV. Edade contemporánea* (Vigo: Galaxia, 1981), 205.

947 En Luis Soto Menor, "De actualidad", *Vida Escolar,* Nº 391, ano VIII (1934): 2.

se pode falar dunha "republicanización" docente completa xa que a tendencia xeral era dunha certa indiferenza política.[948] Non obstante, é preciso ter en conta que foi un factor de estudo esencial para a historia gobernamental, dos intelectuais e das institucións; sobre todo para constituír unha nova historia política da educación.[949] Deste xeito, nos anos trinta coa instauración da Segunda República, produciuse unha intensificación da creación de prazas docentes.[950] A continuación, a seguinte táboa e gráfico recollen a evolución e ampliación do cadro docente na provincia de Lugo.

Táboa 13. Evolución do número de mestres públicos na provincia de Lugo

Ano	M	F	Total
1908	-	-	396
1910	-	-	408
1916	-	-	416
1922	-	-	597
1926	545	275	820
1928	576	303	879
1931	-	-	965
1932	722	373	1.095
1933	757	526	1.283
1935	-	-	1.491

Fonte: Elaboración propia. 1908 *Datos da Estadística Escolar de España de 1908,* (1908) 393; 1910 *Datos do Anuario Estadístico de Instrucción Pública de 1909-1910*, (1910); 1916: *Datos do Anuario Estadístico de España de 1911*, (1911): 470-71 inclúense mestres titulados ou non empregados pola Administración; 1922: datos do *Anuario Estadístico de España de 1930* (1930): 619; 1926: Ministerio de Instrución Pública: *La primera enseñanza en España,* Madrid, 1927; 1928: *Datos do Anuario Estadístico de España* de 1928 (1908): 577; 1931 e 1935: Ministerio de Instrución Pública. Oficina de Informacións, Publicacións e Estatísticas: *Estadísticas de Escuelas Graduadas*, Madrid, 1935; 1932: *Datos do Anuario Estadístico de España de 1932* (1932): 62 (o Anuario de 1932-33 dá uns datos diferentes); 1933: *Datos do Anuario Estadístico de España 1934*, (1934): 82 (o Anuario de 1934/35 dá tamén datos diferentes); e en Antón Costa Rico, *Escolas e Mestres: da Restauración á II República*, (Santiago: Xunta de Galicia, 1980), 380-386.

Respecto á evolución do número de prazas de mestres na provincia de Lugo, dende 1908 ata 1935, apreciouse unha ampliación do cadro de persoal constante, impulsado pola creación de prazas por parte da Administración Central dos diferentes gobernos, sobre todo no período da ditadura de Primo de Rivera e o primeiro bienio da Segunda República. No seguinte gráfico obsérvase de forma visual esta ampliación:

[948] En Cándido Ruiz González, "Mitos y memoria de la represión franquista de los docentes en la provincia de Zamora", *Studia Zamorista*, Vol. XVI, (2017): 39-59.

[949] En Juan Manuel Fernández Soria, "La nueva historia política de la educación", *Historia De La Educación* (Madrid: 25, 2013), 71.

[950] En 1908 *Datos da Estadística Escolar de España de 1908*, (1908): 393; 1910 *Datos do Anuario Estadístico de Instrucción Pública de 1909-1910*, (1910): 199; 1916: *Datos do Anuario estadístico de España de 1911* (1911): 470-71 inclúense mestres titulados ou non empregados pola Administración; 1922: *Datos do Anuario Estadístico de España de 1930*, (1930): 619; 1926: Ministerio de Instrución Pública: La Primera Enseñanza en España, Madrid, 1927; 1928: *Datos do Anuario Estadístico de España de 1928*, (1928): 577; 1931 e 1935: Ministerio de Instrución Pública. Oficina de Informacións, Publicacións e Estatísticas: *Estadísticas de Escuelas Graduadas*, (1935); 1932: *Datos do Anuario Estadístico de España de 1932*, (1932): 62 (o Anuario de 1932-33 dá uns datos diferentes); 1933: *Datos do Anuario Estadístico de España 1934*, (1934): 82 (o Anuario de 1934/35 dá tamén datos diferentes).

Gráfico 17. Evolución da creación do número de prazas de mestres na provincia de Lugo



Fonte: Elaboración propia. 1908 *Datos da Estadística Escolar de España de 1908* (1908): 393; 1910 *Datos do Anuario Estadístico de Instrucción Pública de 1909-1910*, (1910): 199; 1916: *Datos do Anuario Estadístico de España de 1911* (1911): 470-71 inclúense mestres titulados ou non empregados pola Administración; 1922: datos do *Anuario Estadístico de España de 1930*, (1930): 619; 1926: Ministerio de Instrución Pública: *La primera enseñanza en España, Madrid*, (1927); 1928: *Datos do Anuario Estadístico de España de 1928*, (1928): 577; 1931 e 1935: Ministerio de Instrución Pública. Oficina de Informacións, Publicacións e *Estatísticas: Estadísticas de Escuelas Graduadas* (1935); 1932: *Datos do Anuario Estadístico de España de 1932*, (1932): 62 (o Anuario de 1932-33 dá uns datos diferentes); 1933: *Datos do Anuario Estadístico de España 1934*, (1934): 82 (o *Anuario de 1934/35* dá tamén datos diferentes).

A ampliación de funcionarios públicos na provincia lucense foi en detrimento da *redución das entidades privadas*, de ferrado e de temporada; que tiveran unha forte presenza no século XIX e principios do XX. Esta situación veu acompañada dun aumento da matrícula, da asistencia escolar, das escolas de indianos e dos cambios promovidos polos gobernos tratados nos capítulos anteriores. Á marxe do incremento do cadro de persoal docente, durante os primeiros anos do século XX levouse a cabo unha reforma no proceso de formación do Maxisterio.

En efecto, mudaron as características formativas e informativas: os mestres comezaron a crear asociacións tratando temas sobre a problemática do estatuto docente, a influencia do confesionalismo católico, o papel como funcionarios do Estado ou a influencia do *Institucionismo* entre outros asuntos.[951] Expostas as circunstancias que influíron no aumento dos mestres dedicados ao ensino primario lucense, a continuación estudarase como era a súa formación, a súa vida, o asociacionismo e o proceso de depuración ao que estiveron sometidos nesta provincia.[952] Aínda que estas innovacións foron estudadas xa con certa profundidade, falta describir o marco teórico en que deben enmarcarse, as fontes e vías de penetración dalgunhas diferenzas específicas luguesas. Agora que xa se analizou o aumento das escolas e dos mestres nesta provincia, centraremos a nosa ollada na formación obtida por estes axentes antes de comezar a realizar o exercicio do maxisterio.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[951] En Ramón Salgado Toimil, "El congreso pedagóxico lucense", *El Progreso*, Lugo, 16 de outubro de 1923.
[952] En Jesús de Juana e Julio Prada, *Historia contemporanea de Galicia* (Barcelona: Ariel, 2005), 194.

4.2.2. As reformas da formación

Respecto á cuestión da *formación do profesorado* e os seus cambios, dende mediados do século XIX realizáronse unha serie de reformas importantes que modificaron os estudos de Maxisterio. Así, o 15 de outubro de 1843 publicouse o Regulamento das Escolas Normais, este marco lexislativo acelerou a fundación nas distintas provincias das escolas normais. Posteriormente, o 21 de outubro de 1868 o Manuel Ruiz Zorrilla aprobou a Lei coñecida como "Decreto de Libertad de Enseñanza", onde se autorizaba a todos os españois a fundar establecementos de ensinanza. Esta normativa favoreceu que o Primeiro Ensino pasara, en gran medida, a mans de institucións privadas ata o Decreto de 1915.[953] No último ano do reinado de Isabel II, a Lei do 2 de xuño de 1868, promulgada polo ministro Severo Catalina, substituíu as escolas normais polos institutos relixiosos.[954] Modificación que estivo vixente durante un breve período de tempo a favor do libre exercicio privado, debido á Revolución de 1868, coñecida como a *Gloriosa*.

Segundo Agustín Escolano, o proceso de profesionalización docente levado a cabo nos século XIX e XX foi un proceso lento e precario.[955] Por enriba disto, o maxisterio español sufriu modificacións que repercutiron positivamente no ensino provincial lucense. En 1882, debido a axitación e efervescencia da ILE, reorganizouse por completo a *Escuela Normal Central* creando un Curso Normal para preparar ás mestras. Ese mesmo ano se fundou o *Museo Pedagógico Nacional*. En 1884, o partido conservador suprimiu o *Curso Normal de Maestras de Párvulos*. En 1887 restableceuse outra vez o *Curso Normal de Escuelas de Párvulos*, esta foi unha das loitas entre as ideas pedagóxicas reformistas e as conservadoras. A ILE, xa fundada no ano 1876, introduciu en España os ideas krausistas asociadas a unha intelectualidade *paneuropea*, provocando unha loita aberta en termos de tradicionalismo e renovación.[956]

A reforma de 1898 foi especialmente importante dada a tentativa de equiparación dos estudos de mestre e de mestra, a excepción de Labores Corte y Ximnasia (substituída por paseos e excursións), significando un avance pedagóxico e social relevante.[957] Por conseguinte, o ministro liberal Germán Gamazo publicou un Decreto incluíndo por primeira vez un Plan conxunto para as Escolas Normais de Mestres e Mestres.[958] Ademais, na reforma do 98 expuxo varias innovacións relevantes: a primeira foi a redución da fomación a *dous cursos* breves dada a mala situación económica do Goberno, a segunda foi a *eliminación dos certificados de aptitude* e a terceira foi a aplicación dun *examen de revalida do grao Elemental*.[959] Por último, cabe sinalar respecto a esta reforma que a *ximnasia* e as ciencias *físiconaturais* ocuparon un lugar preponderante na preparación do profesorado de primaria, recuperando a materia de

[953] En Manuel B. Cossío, *La enseñanza primaria en España* (Madrid: Edit. R. Rojas Museo Pedagóxico Nacional, 1915), 32.

[954] En Lei do 2 de xuño de 1868 (artigo 123), 41.

[955] En Agustín Escolano Benito, "Memoria de la formación de maestros", *Aula,* 8 (1996): 324.

[956] En Herminio Barreiro Rodríguez, *Lorenzo Luzuriaga y la Renovación en España (1889-1936)* (A Coruña: Educións do Castro, 1989), 41.

[957] Vide Real Decreto do 11 de outubro de 1898.

[958] Vide Real Decreto do 23 de setembro de 1898.

[959] En Alejandro Ávila Fernández, "La formación del profesorado primario desde la perspectiva histórica de finales del siglo XIX: reorganización de las escuelas normales y planes de estudios más importantes", *Cuestiones pedagógicas*, 2, 17-28 (1985): 18-19.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

xeografía na formación docente de ensino primario.[960] Mentres tanto, a finais do século XIX un dos profesores destacados da Escola Normal de Lugo foi Vicente Fraiz Andón, chegando a ocupar o cargo de director interino. Igualmente, uns anos máis tarde traballou na dirección da *Escuela Normal de Santiago de Compostela*. Posteriormente viaxou a Cuba, durante a súa estancia na Habana ocupou os cargos de secretario e bibliotecario da *Escuela Normal Superior* desta cidade.[961]

Os *plans de estudos* que regularon a formación docente nos primeiros anos do século XX dependían da Administración Central e datan principalmente de: 1898, 1900, 1901, 1903 e 1914. En Lugo existía a *Escuela Normal de Maestros,*[962] institución que ofrecía aos estudantes o acceso aos estudos do maxisterio. En 1900 este organismo estaba presidido por Manuel Táboas Torres, sendo o secretario e segundo profesor: Vicente Carrillo Guerrero. Completando o claustro atopábanse o profesor de Relixión Rosendo Fernández Turbón,[963] Evaristo Usero Sánchez (auxiliar), Severiano Gómez e Arturo López.[964] En virtude do Real Decreto publicado polo *Ministerio de Instrucción Pública* en 1901, esta Escola pasou a formar parte do Instituto lucense.[965] Esta normativa asinada polo Conde de Romanones, incorporou os estudos de Maxisterio aos institutos. Igualmente, este Ministro entendía que a preparación profesional dos mestres e mestras era fundamental para mellorar a situación educativa en España, en consecuencia reformou as Escolas Normais.[966]

No que respecta á *ensinanza das ciencias* na formación do maxisterio se levaron a cabo varias reformas. Con esta formación impulsaron o currículo de ciencias sobre o das letras ata o anos finais da segunda metade do século XIX, xa que nas reformas curriculares introducidas nos programas de 1898 e 1900, equilibrada a presenza de ambas as categorías científicas (letras e ciencias). A pesar disto, os programas de 1901 e 1903 volveron a dar prioridade as letras en contra das ciencias. Emporiso, a pedagoxía atopábase nunha situación de desvantaxe no que respecta sobre todo á formación docente.[967]

Respecto *a JAE* creada en 1907, non temos constancia de que ningún mestre de ensino primario de Lugo gozara dunha bolsa de estudos, tan só algúns inspectores e profesores do Instituto de Segunda Ensinanza, recollidos no cadro número 44. A pesar disto, probablemente os mestres lucenses víronse beneficiados de xeito indirecto, a través da lectura de publicacións, cursos ou conferencias impartidas polos inspectores e profesores que viaxaron ao estranxeiro, trasladando a España teorías pedagóxicas internacionais. Convén ter en conta que estes homes e mulleres recibiron unha formación técnica importante: normalmente mediante cursos, conferencias, realización

[960] En Julia Melcón, "Educación de la mujer y enseñanza de la geografía (1839-1914)", *Documents d'anàlisi geogràfica*, 17 (1990): 144.

[961] Vide V. Taibo, "Vicente Fraiz Andón", *El Magisterio Gallego,* IO,XII (1915); e tamén unha obra de interese dentro da súa actividade pedagóxica. En Vicente Fraiz Andón, en *Labor Pedagógica del Certamen de Santiago*, (Santiago: Escuela Tip Municipal Sañudo, 1906).

[962] Institución inaugurada en 1842, pero que comezou a funcionar en 1849 no Convento de Santo Domingo.

[963] Este profesor finou en 1900 sendo substituído por Guillermo Rodríguez Sierra.

[964] En Antonio Correa Fernández, *Historia fin de siglo* (Lugo: Tipografía de A. Villamarín, Tomo II, 1900), 194.

[965] En Salvador Castro Freire, *Lugo y sus hombres Ensayo de síntesis histórica* (Lugo: Celta, 1900), 129.

[966] En Rosa María Cid Galante, "A percepción dos docentes do ensino primario ourensán a comezos do século XX: un profesorado en entredito", *Sarmiento,* Nº 11 (2007): 38.

[967] En José María Ramón Sánchez y R. C., "La formación de maestros en España (1838-2008): necesidades sociales, competencias y planes de estudio", *Educación XX1,* Nº 11 (2008): 79.

de traballos e prácticas nas mellores escolas de formación de Europa.[968] Estes feitos foron vitais para a construción dun renovado ideal pedagóxico. O desenvolvemento da investigación e o financiamento da educación permanente serían dous dos principios fundamentais levados a práctica pola JAE. Nun período de 25 anos de historia da institución, concedéronse a profesores e investigadores 2.000 bolsas en diversos campos para ampliar os estudos no estranxeiro. Entre eles foron pensionados varios inspectores destinados en Lugo como Joan Comas Camps, José Galera Moreno ou José del Peso y Sevillano. Ademais, ofertouse formación na *Residencia de Estudiantes* e na *Residencia de Señoritas* da JAE inauguradas en 1914 en Madrid,[969] institucións dirixidas por Alberto Jiménez Fraud e María de Maeztu respectivamente.[970] Grazas aos contactos establecidos pola ILE e polas viaxes da JAE, España converteuse nun receptor da vangarda pedagóxica europea e americana. As innovacións trasladadas abandeiraron o progreso baixo os influxos republicanos da veciña Francia.[971] O estalido da Guerra Civil e as súas consecuencias provocaron que todos os organismos dependentes da JAE, como a *Residencia de Señoritas* deixaran de funcionar.[972]

Nos anos dez, tamén se produciron diversos cambios na formación docente. En primeiro lugar, convén analizar o Real Decreto de 30 de agosto de 1914, normativa que introduciu ata 1931 innovacións importantes: "Unificación del título de maestro, suprimiendo la tradicional división de los grados elemental y superior y organizando la carrera en cuatro cursos, supresión del "certificado de aptitud", reducción del número de alumnos por clase a 50, dotación de becas y estímulo para la creación de internados o colegios y acceso a la enseñanza pública por oposición".[973]

Coa entrada en vigor do *Plan de Estudios Normalista* en 1914, o Goberno tentou reformar a organización das escolas normais. Durante este ano, en Lugo celebráronse diversos mitins para pedir a creación da *Escuela Normal de Maestras* no Teatro-Circo da cidade e tamén actuou a *Tuna escolar* de Santiago.[974] A creación da *Escuela Normal de Maestras* lucense atrasaríase ata o ano 1916, emprazada no Palacio da Deputación Provincial.[975] Ao longo do período estudado esta institución sufriu varios traslados como veremos máis adiante no estudo pormenorizado da formación dos mestres e mestras. A continuación, transcríbese ás conclusións do mitin realizadas o 27 de setembro de 1914.

[968] Vide Ángel Serafín Porto Ucha, e J. L. Iglesias-Salvado, "La JAE y la formación del magisterio gallego: profesores de escuelas normales, inspectores y maestros becados (1907-1936)", *100 JAE: la Junta para Ampliación de Estudios e Investigaciones Científicas en su centenario. Actas del II Congreso Internacional, celebrado los días 4, 5 y 6 de febrero de 2008* (2010), 730-757.

[969] Na *Residendencia de Señoritas* estudaron dez mulleres vinculadas á provincia lucense. En Martín Fernández, "Memoria de mariñáns: Diez mujeres de Lugo en la Residencia de Señoritas de Madrid", *La voz de Galicia*, Lugo, 15 de decembro de 2023, extraído de: https://www.lavozdegalicia.es/noticia/amarina/barreiros/2023/08/26/memoria-marinans-diez-mujeres-lugo-residencia-senoritas-madrid/00031693054052792446220.htm)

[970] En Raquel Vázquez Ramil, *Mujeres y educación en la España contemporánea. La Institución Libre de Enseñanza y la Residencia de Señoritas de Madrid* (Madrid: Akal, 2012), 182.

[971] En Antonio Ballesteros, "La reforma escolar en Francia", *Revista de Pedagogía*, Nº 51, ano V (1926): 104-110.

[972] En Raquel Vázquez Ramil, *Mujeres y educación en la España contemporánea. La Institución Libre de Enseñanza y la Residencia de Señoritas de Madrid*, (Madrid: Akal, 2012) e *Sarmiento*, N 16 (2012): 218.

[973] En Agustín Escolano Benito, Las escuelas normales, siglo y medio de perspectiva histórica, *Revista de educación*, (1982): 67.

[974] En varios, "A Tuna de Santiago", *El Progreso*, Lugo, 18 de novembro de 1914.

[975] En *Gaceta de Madrid*, Nº 29 (17 de xullo de 1916): 129.

Por las Normales
Las conclusiones del mitin

A la Excma. Diputación Provincial de Lugo.

El pueblo lucense, sin distinción de matices, reunido en el Teatro-Circo con representaciones de todas las clases directoras, intelectuales y productoras, a V. E. ha acordado acudir para solicitar de tan respetable Corporación el establecimiento de las Escuelas Normales de maestros y maestras en esta capital de Lugo, con arreglo a los artículos 4.° y 5.° del Real Decreto de 30 de agosto último.

La reorganización de las Normales hecha por el Excmo. Sr. Ministro de Instrucción Pública pone en grave aprieto de vitalísima trascendencia para esta ciudad y provincia, ya abandonados en demasía por los Poderes centrales, si esa Corporación no acuerda, con la premura que el caso requiere, obligarse a satisfacer los gastos de instalación y sostenimiento de las mencionadas Normales.

Es el Magisterio la carrera de las clases humildes, y de algunos años acá se ha despertado en toda la provincia de tal suerte la vocación de la enseñanza, que son legión los alumnos y alumnas que Lugo da a los estudios pedagógicos.

No puede ocultarse a la Excma. Diputación que, creadas las Escuelas en la capital de Lugo, se multiplicarían las matrículas aportadas en la actualidad por nuestra provincia al Magisterio.

No está Lugo sobrado de centros de cultura para no oponerse a esta nueva amputación que lesionaría gravemente sus intereses morales y materiales.

La Diputación provincial debe impedir que tal esfuerzo contributivo con que la provincia coopera al sostenimiento de las Escuelas del Magisterio, vaya a beneficiar pueblos más afortunados.

Por la cultura popular, por los generales intereses de la provincia, por la conveniencia de las clases medias y humildes, espera el pueblo de Lugo sean sus aspiraciones urgentemente atendidas por esa Excma. Diputación.

Lugo 27 de septiembre 1914.

Por los escolares lucenses, Ramón Salgado Toimil. Por el. Ayuntamiento de Lugo, Manuel F. Guiñas.—Por la Dependencia de Comercio, Benjamín Rodríguez Sio.—Por la Cámara de Comercio, Jesús Bal.—Por la Liga de Amigos, Antonio de Cora.—Por la Juventud Maurista, Constantino Castro y Castro.—Por el Centro Obrero, Manuel Boelle.—Por el Seminario, Francisco Paredes y Ángel Souto.—José Gayoso Lois, Abogado.[976]

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[976] En Ramón Salgado Toimil, "Por las Normales. Las conclusiones del mitin", *El Progreso,* Lugo, 27 de setembro de 1914.



Reforma de las Escuelas Normales

Ha despachado el Consejo de Instrucción pública el informe sobre el proyecto de Escuelas Normales.

Completando la información que, hace pocos días, publicamos en estas columnas respecto a este particular, podemos hoy añadir las siguientes noticias:

Se fija en quince años la edad para el examen de ingreso, y los estudios, dispuestos todos en orden cíclico, abarcan las materias más importantes que forman la cultura general y la formación técnica del maestro.

Se refuerzan los estudios de Geografía e Historia; figuran sustancia propia como asignaturas independientes, la Educación física y la Higiene escolar; los trabajos manuales se reparten en las clases que son posibles, y todo el aspecto práctico del plan, especialmente en la parte pedagógica, se desenvuelve con un gran sentido educativo.

En cada Normal habrá una biblioteca y un museo pedagógico a cargo de los profesores.

Las enseñanzas se darán con sujeción a un cuestionario, y se limita a 50 como máximum el número de alumnos de cada clase.

Los Jurados de reválida se formarán con cinco jueces, y los ejercicios serán también cinco.

Uno de ellos consistirá en el examen y crítica de la Memoria de prácticas escrita por los alumnos.

Un médico escolar será profesor de Fisiología.

Ilustración 38. Artigo de 1914 en *El Progreso*: "Reforma das escolas normais"

Outro punto importante para coñecer o alcance da formación docente é saber o número de alumnos matriculados na *Escuela Normal de Lugo* no primeiro terzo do século XX. Para realizar esta análise foi necesario consultar os datos dos anuarios estatísticos de España e os datos do *Ministerio de Instrucción Pública y Bellas Artes*. Tomando como referencia estas fontes observamos como a *Escuela Normal de Lugo* tiña a matrícula máis baixa das escolas normais de Galicia.[977] Aínda así, a proporción de alumnos matriculados nesta institución lucense era salientable dentro do conxunto español. No seguinte gráfico establécese o alumnado matriculado na Escola Normal de Lugo dende 1917 ata 1933, na súas modalidades de escolarización oficial e libre, sendo o curso de 1926-27 o máis numeroso.[978]

Gráfico 18. Alumnado matriculado na Escola Normal en Lugo (1917-1933). Matrícula oficial e libre



Fonte: Elaboración propia. En Miniterio de Instrucción Pública, *Anuario Estadístico de España de 1918*, (1918) 480-481; *Anuario Estatístico de España de 1925*, (1925): 570-1, 580-1; *Anuario Estadístico de España de 1928*; *Anuario Esladístico de España de 1930*, (1930) 634-637; *Anuarios Estadísticos de España de 1932-33-34.* A partir de 1931 a escola pasou a ser mixta.

Un aspecto importante na análise da anterior gráfica, é o estancamento da tendencia ao alza do aumento do alumando matriculado na Escola Normal de Lugo entre 1929 e 1933, posiblemente explicada polos movementos migratorios coincidentes, sucedidos neste período. En termos xerais prodúcese unha redución de veciños, porque moitos lucenses deciden emigrar na procura de novas oportunidades laborais.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[977] En "Reforma das escolas normais", *El Progreso*, Lugo, 28 de agosto de 1914.

[978] De 1916 ata 1931 a Escola Normal de Lugo era feminina. A partir de 1931 ata a chegada do Réxime franquista pasou a impartir unha ensinanza coeducativa e con profesorado de ambos sexos.

A renovación da formación docente durante o primeiro bienio da Segunda República

Para o goberno da coalición republicana-socialista (bienio azañista), vixente dende o 16 do decembro de 1931 ata o 12 de setembro de 1933 e influído polas ideas da ILE, a formación do profesorado era un dos aspectos máis importantes.[979] Debido a isto, a formación práctica dos alumnos de Maxisterio destes anos reflectiu nas memorias prácticas dos alumnos e alumnas a introdución clara de contidos, ideais e novas metodoloxías vinculadas a ILE.[980] Neste tempo, a formación do profesorado foi un dos temas que o novo Goberno tratou de estimular, tentando cambiar o obsoleto modelo pedagóxico instaurado, impulsando extraordinariamente a formación e o perfeccionamento do profesorado.[981] Por este motivo, unha das liñas prioritarias de renovación pedagóxica republicana foi a reforma das escolas normais. Este cambio levouse a cabo mediante mandato do Decreto do 29 de setembro de 1931, modificando a organización das escolas normais.[982] Esta reforma foi criticada pola oposición conservadora, por ter un fin político máis que unha intención pedagóxica.[983] Ademais as prácticas de formación do maxisterio de 1931 estaban remuneradas.[984] Os trazos definitorios máis importantes do Plan Profesional de 1931, que segundo Narciso de Gabriel foron: esixencia do título de bacharelato para ingresar nas normais, máis importancia da capacitación profesional na formación dos futuros mestres, prácticas docentes supervisadas nas escolas primarias nacionais, avaliación do claustro sobre a promoción dos alumnos de maxisterio, realización dun período de prácticas despois da rematar a formación, conexión da formación docente coa *Sección de Pedagogía* e por último unificación das escolas masculinas e femininas.[985]

Un dos obxectivos da Segunda República foi formar mellores docentes segundo o Decreto do 29 de setembro de 1931: mediante unha formación de 3 cursos e realizando prácticas escolares nas escolas anexas. Logo, os alumnos de maxisterio realizaban un exame e podían ocupar unha praza para levar a cabo a práctica docente. Outra modificación importante chegou coa publicación do Decreto do 21 de maio de 1931, esta normativa prohibiu aos mestres exercer o maxisterio nas escolas de Lugo cando non tiñan o título de mestre, con excepción aos núcleos de poboación inferiores a 1.000 habitantes. Cómpre sinalar que durante o período estudado (1900-1936), a maior parte dos núcleos poboacionais lucenses tiñan un número inferior de veciños. Por este motivo, dada a aguda dispersión existente no primeiro terzo do século XX a aplicación deste decreto foi menos influinte.[986]

[979] En Anxo S, Porto Ucha, "Dous modelos educativos, duas escolas enfrontadas: a escola republicana e a escola nacional-católica", *Sarmiento*, Nº 10 (2006): 119.

[980] En Bienvenido Martín Fraile e Isabel Ramos Ruiz, "La formación práctica del magisterio republicano a través de los cuadernos de memorias", *XIX Coloquio Historia de la Educación. Imágenes, discursos y textos de la educación* (Madrid: Universidade de Alcalá, 2017), 423.

[981] En Antón Costa Rico, *Escolas e mestres...*, (Santiago de Compostela: Servizo Central de Publicacións Consellería da Presidencia e Administración Pública, 1989), 231-235.

[982] En Rodolfo Llopis, (1933), 90-93.

[983] En "Sobre a reforma das Escolas Normais", *Revista de Pedagogía*, Nº 151 (1934): 329.

[984] En Carmen García Colmenares, *La escuela de la República: memoria de una ilusión* (Madrid: Catarata, 2014) 43.

[985] En Narciso de Gabriel Fernández, "Historia de la profesión docente en España", *Nóvoa* (Galicia: 1993), 150-151.

[986] En *Gaceta de Madrid* do 23 de maio de 1931.

Respecto ás condicións para *acceder ás oposicións de maxisterio,* dende os comezos do século XX, os aspirantes tiñan que ter cumpridos os vinte e un anos, condicionante regulado no Real Decreto 26 de outubro de 1901.[987] Como xa se analizou anteriormente, cómpre lembrar que a medida que se incrementaron a construción de novos centros escolares, aumentaron as prazas de mestres. Co obxectivo de ocupar estas centros creouse un sistema de oposicións de ingreso ata o 3 de xullo de 1931, cando o Goberno Provisional da República publicou un Decreto que implantou un formato de formación de docentes de primaria o de ingreso ao maxisterio. Unha proposta realizada en substitución das oposicións: os chamados *Cursillos de selección profesional* convocados en 1931, 1933, 1935 y 1936.[988]

Coa arribada da Segunda República a *Escuela Normal de Lugo* deixou de estar separada por sexos, pasando a ser mixta, un dos cambios máis significativos sucedidos na formación docente desta provincia. Esta acción renovadora impulsou o proceso de feminización. Cabe sinalar que acotío as mulleres lucenses compaxinaban esta profesión con outros cargos sociais e ocupacións, un exemplo desta situación foi o da profesora Herminia Martínez Cabrera.[989] Ademais existían varios grupos de mulleres, normalmente de dereitas e fortemente ligadas coa relixiosidade local e de clase media ou alta, que desenvolveron un importante traballo social e benéfico dende os anos vinte, mediante asociacións como: *Acción Católica de la mujer, La Gota de Leche*, *Damas Catequistas* ou o *Ropero Escolar.*[990] Estas institucións trataron de defender os dereitos dos nenos, promovendo os valores educativos do catolicismo e nas que a opinión da Igrexa influíu excesivamente.[991]

Ilustración 39. Ana María Múgica Martínez, directora da Escola Normal de Lugo (publicada en *La voz de Galicia* o 10 de febreiro de 2023 en "Estas fueron las científicas pioneras de Lugo", Suso Varela)

No decenio dos anos trinta, a *Escuela Normal de Lugo*, aparte de ofrecer formación docente, ofertaba diversas actividades pedagóxicas, excursións e festivais. A *Dirección General de Primera Enseñanza* convocou en Lugo varios *Cursillos de Magisterio*: estas actividades estiveron presididas pola directora da Escola Normal Ana María Múgica e o mestre nacional de Ribadeo Ángel Julio Santos Vila; substituíndo a Juan Encinar.[992] O 25 de xaneiro de 1932 comezou as clases dun *Curso Preparatorio* e do *Curso Profesional da Escuela Normal de Magisterio Primario de Lugo*.[993] No mesmo ano comezaron os *Cursos de Selección de Magisterio,* nestas actividades pedagóxicas

[987] En Manuel B. Cossío (1915) 134.

[988] En Meritxell Simon-Martin y Gloria Jové Monclús, "Los "cursillos de selección profesional" en la Escuela Normal de Lleida, 1931-1933", *Pedagogias alternativas y educación en los márgenes a lo largo del siglo XX* (Valencia: Universidade de Valencia, 2022), 286.

[989] Vide a biografía da Herminia Martínez Cabrera, no apartado dedicado á ensinanza e mulleres na provincia de Lugo.

[990] En Emilio Grandío Seoane, *Los orígenes de la Derecha Gallega: la CEDA en Galicia* (1931-1936) (A Coruña: Edicións do Castro, 1998), 102-106.

[991] En Marcos Villares Díaz, "A muller consevadora lucense: do labor social á organización da dereita política" (1931-1933), *Revista CROA Boletín do Museo do Castro de viladonga* (Lugo, 2014), 48-49.

[992] En varios, "Los curillos de Magisterio", *El Progreso,* Lugo, 5 de xaneiro de 1932.

[993] En varios, "Información de Enseñanza", *El Progreso,* Lugo, 19 de xaneiro de 1932.

impartíronse as seguintes materias: *El estado gaseoso del agua* (Ana María Múgica), *El método Decroly*, *Instalaciones complementarias de la escuela*, *Acción geológica de las aguas* e *El método Winnetka* (Carmen Carpintero), *La escuela graduada*, *La escuela unitaria y sus posibilidade* (Ángel Santos Vila), *El Renacimiento* (Luisa García Medina), *Principales centros productores del mundo* (Luis Soto Menor), *Tendencias actuales de la Pedagogía* (profesora da Escola Normal Carmen Pardo), *Períodos más destacados de la historia del pueblo español* (Luis Soto Menor), *La velocidad de los líquidos según la presión a que sean sometidos* (lección modelo do profesor da graduada Manuel Gutiérrez), *Lenguaje* (lección modelo de Ángel Santos Vila),*El Carbón*, *El calor*, *Números quebrados* e *El agua* (lección modelo da mestra Martínez Moro e Sánchez), *Cultivo del maiz* (Friol Novoa), *La evoparación* (Pilar Maseda), L*a sangre* e *Los sentidos* (Gabriela Nieto).[994]

Outro aspecto importante foron as *conmemoracións ou efemérides* realizadas durante o período republicano. Así, o día 11 de febreiro de 1932 a *Escuela Normal de Magisterio de Lugo* pechou a súas portas, celebrando a festa nacional para conmemorar a proclamación da Primeira República.[995] Ese mesmo ano, un grupo de alumnos da Escola de Maxisterio de Lugo visitaron a *Grupo Escolar Cervantes de Madrid* que estaba entón dirixido por Ángel Llorca.[996] Igualmente, o día 20 de abril, os alumnos dos tres primeiros anos da Escola Normal realizaron unha excursión, nesta ocasión visitaron a botadura do barco *Baleares* en Ferrol. A expedición estivo dirixida por Ana María Múgica. Ese mesmo día, os alumnos do cuarto ano da escola de maxisterio visitaron Madrid xunto a profesora Martínez Cabrera.[997]

Ilustración 40. Regina Lago en 1965 (publicada en *Las primeras psicólogas españolas itinerarios vitales y profesionales*)

En 1932 péchase a EESM e creouse a *Sección de Pedagogía* dentro de la *Facultad de Filosofía y Letras de la Universidad de Madrid*, segundo Decreto do 13 de xuño de 1932. Neste centro os mestres lucenses podían acceder ao estudo superior e titulación do grao de Pedagoxía.[998] Este feito foi un importante paso para a formación de futuros inspectores, regulado segundo o Decreto do 27 de xaneiro de 1932 e asinado polo entón ministro de instrución pública Fernando de los Ríos.[999] O obxectivo da *Sección de Pedagogía* foi crear un centro específico de ciencias da educación, impulsando a formación pedagóxica dos inspectores, profesores de segunda ensinanza, escolas normais e directores das graduadas.[1000] Neste centro se expedían tres tipos de títulos: certificado de estudos pedagóxicos, licenciatura e doutorado en Pedagoxía. Para obter o diploma de licenciado, a escolaridade mínima era de tres anos. Os aspirantes tiñan que superar unha serie de probas escritas e orais. No seguinte cadro

[994] En varios, "Información de Enseñanza", *El Progreso,* Lugo, 26 de xaneiro de 1932 e *El Progreso,* Lugo, 27 de xaneiro de 1932; *El Progreso,* Lugo, do 28 de xaneiro de 1932 e *El Progreso,* do 31 de xaneiro de 1932.

[995] En Ana María Múgica, "Información de Enseñanza", *El Progreso,* Lugo, 11 de febreiro de 1932.

[996] En J. Díaz Teijeiro, "De Pedagogía", *El Progreso,* Lugo, 27 de marzo de 1932.

[997] En Ana María Múgica, "Excursiones escolares", *El Progreso,* Lugo, 17 de abril de 1932.

[998] En Julio Ruiz Berrio, "La pedagogía universitaria y los estudios universitarios de pedagogía", *Bordón,* Nº 252 (1984): 218-224.

[999] En *Gaceta de Madrid* do 29 de xaneiro de 1932.

[1000] En Luis Sánchez Sarto, *Diccionario de Pedagogía* (Barcelona: Labor, 1936), 1691

recóllense as probas esixidas para ingresar na *Sección de Pedagogía*, tendo sempre en conta que a formación da primeira promoción interrompeuse debido no inicio Guerra Civil.[1001]

Cadro 21. Probas para o ingreso na Sección de Pedagoxía
Probas escritas
1. Composición dunha proba sobre Pedagoxía
2. Tradución dun texto en Latín
3. Tradución dun texto en Inglés ou alemán
4. Composición sobre Filosofía
5. Composición sobre Paidoloxía
Probas orais:
1. Enquisa sobre Historia da Cultura
2. Enquisa sobre Historia de Pedagoxía
3. Enquisa sobre Didáctica especial e problemas educativos
4. Enquisa sobre Bioloxía aplicada a educación

Fonte: Elaboración propia. En *Gaceta de Madrid* do 29 de xaneiro de 1932.

A partir de 1933, na provincia de Lugo prosperou a aparición de asociacións de diversa índole. En primeiro lugar dicir que se fundaron agrupacións estudantís como a *Alumnos do Maxisterio Primario de Lugo.* Por outro lado, apareceron un gran número de asociacións femininas, normalmente asociadas á Igrexa, como: *Juventudes Antonianas, Agrupación Feminina Lucense, Cantina Escolar, Asociación Damas Catequistas, Madres de Familia* ou *Acción Católica de la Mujer*. Tampouco desprezaremos a aparición de sociedades indianas, políticas e sindicais que veremos máis adiante detalladamente. Segundo Emilio Grandio, boa parte das personalidades máis relevantes lucenses pasaron a integrar as filas de novas asociacións afíns ao novo goberno, como a *Derecha Republicana*.[1002]

Outro tema importante foi a cuestión das primeiras demandas públicas dunha *ampliación da formación docente*. Así, o político lucense Germán Lastra manifestou na prensa lucense a necesidade de establecer cursos de orientación e perfeccionamento nas épocas de vacacións, realizando unha proposta en referencia á *formación permanente* do profesorado.[1003] Do mesmo xeito, na *Semana Pedagógica* celebrada en Lugo en 1933, demandouse un maior impulso da formación docente. Nesta convocatoria, mestres e inspectores trataron entre outros asuntos: unha mellora dos aspectos salariais, da formación do Maxisterio e da regulación administrativa da vida profesional dos mestres lucenses. A posterior reforma destes aspectos redundou en beneficio da formación e imaxe social do docente.[1004] Nesta xuntanza pedagóxica, os mestres introduciron aspectos innovadores e teorías pedagóxicas relacionadas coa ILE: unha ensinanza activa e vivencial.[1005] En parte, varios profesores da *Escuela Normal de Lugo* estaban influenciados por este centro, dentro deste grupo atopábanse a Regina Lago. Como esta última profesora, grazas á JAE algúns profesores realizaron viaxes de ampliación de estudos a Xenebra e tiñan contacto coa revista lucense *Vida Escolar*.[1006] Con este

[1001] Vide Decreto do 27 de xaneiro de 1932.

[1002] En Emilio Grandío Seoane, *Los orígenes de la Derecha Gallega: la CEDA en Galicia* (1931-1936) (A Coruña: Edicións do Castro, 1998), 49.

[1003] En Germán Lastra, "Maestros de solvencia, cultural y económica", *El Progreso,* Lugo, do 31 de xaneiro de 1932.

[1004] En J. Valero, "Ideales de la Escuela", *Vida Escolar,* Nº 312, ano VII (1933): 4.

[1005] Vide temas tratados en "Congreso Pedagógico lucense", *El Progreso,* Lugo, 10 de outubro de 1923; e en varios "La Semana Pedagógica Lucense", *El Progreso,* Lugo, 23 de xuño de 1933.

[1006] Joan Comas e Regina Lago estiveron en Lugo dende 1928 ata 1931. Durante este tempo gozaron de dúas bolsas de estudos coa JAE. En total estiveron fóra de Lugo tres semestres e un mes.

organismo tamén viaxaron algúns inspectores destinados na provincia de Lugo como Joan Comas. O tempo en que estivo destinado aquí publicou dezanove breves artigos na revista *Vida Escolar*, amais defendeu a creación dun novo edificio docente anexo á existente de *Escuela Normal de Maestras* da capital, na que exercía docencia a súa esposa Regina Lago, autora do libro *Las Repúblicas Juveniles* durante a súa estancia na capital de Lugo.[1007]



Ilustración 41. Escola Normal de Lugo en 1933,
Número especial sobre La Semana Pedagóxica Lucense de 1933

Xunto a *Escuela Normal lucense en Lugo* tamén atopábanse outros organismos docentes como a *Escuela de Artes y Oficios* e a *Escuela de Obreros.* A primeira destas institucións estivo presidida por Antonio Belón Ventosinos: os seus profesores eran Ramón Iglesias Camino, Manuel Martínez Fole, Bartolomé Teijeiro, Aniceto Menéndez e Andrés Barreiro. No referente á veciña Escola de Obreiros, o director era Nemesio Cobreros e o vicedirector Manuel Pardo Becerra.[1008]

A modo de síntese convén facer un inciso sobre os cambios. Os fortes precedentes eclesiásticos de Lugo fixeron que a formación docente fora en gran medida "catolizante" e "eclesiástica", en ocasións contraria á introdución de innovacións progresistas e laicas. Unha das melloras máis importantes foi a creación da *Escuela Normal de Maestras* da cidade,[1009] institución que mellorou a formación e a consideración social do maxisterio na provincia. Con todo a opinión pública lucense mudou lentamente, vinculada a un paulatino melloramento dos aspectos cívicos, formativos, profesionais e técnicos docentes. Tendo en conta a formación previa dos docentes analizada neste apartado, a continuación convén estudar a humilde vida laboral dos mestres, sobre todo nas zonas rurais da provincia luguesa: "os trazos profesionais e a vida nas escolas unha vez que se incorporaban ao destino laboral".

[1007] En varios, *El Progreso,* (Lugo, martes 9 de xuño de 1931.

[1008] En Antonio Correa Fernández, en *Historia fin de siglo* (Lugo: Tipografía de A. Villamarín, Tomo II, 1900), 194.

[1009] En varios, "Presupuestos de la Escuela Normal de Lugo, (1862-1896)" (Lugo: APL. Fondo Concello. Sinatura: 931, 1862-1896).

4.2.3. A humilde vida laboral

A finais do século XIX, os mestres tiñan unhas condicións laborais bastante precarias, situación que se estendeu ata ben entrado o século XX. Aparte de dar clases tiñan que desenvolver outras tarefas de carácter administrativo: controlar a matrícula escolar e rexistrar as faltas de asistencia, comunicar os datos aos concellos, fiscalizar os aparellos escolares, inmobles, material e presupostos da escola.[1010] Despois de realizar estas faenas retirábanse as súas vivendas para preparar as clases do día seguinte, co obxectivo de incrementar a alfabetización, fomentando a lectura e as matemáticas dos alumnos e alumnas. Xeralmente, os docentes das escolas eran os principais encargados de levar a cabo os procesos de ensino e aprendizaxe das primeiras letras e o cálculo básico. Ao longo da historia a escolarización, os procesos de ensino e aprendizaxe constituíron un eficaz instrumento de control social, adoutrinamento, moralización; posibilitando a autonomía persoal e as expectativas de promoción social dos alumnos e alumnas.[1011] No caso da ILE, os valores éticos e morais nos que se fundamentaba estaban arraigados no discurso liberal institucionista, que tiñan como base o krausismo.[1012] Esta base estableceu en España unha loita aberta en termos de tradicionalismo e renovación.[1013]

Durante o período estudado (1900-1936), os docentes de ensino primario eran homes e mulleres que estaban considerados como transmisores de cultura máis que elaboradores da mesma, dependían da Administración Xeral polo que rara vez aparecían alternativas educativas protectoras da cultura galega.[1014] Así, atopamos no APL unha decena de cartas verificando estes aspectos, relatos que esclareceron as malas condicións laborais dos docentes.[1015] En efecto, o perfil laboral deste gremio en toda a provincia lucense tiña unhas condicións pouco creativas e deficitarias, este último aspecto foi ratificado a finais dos anos vinte por Luis Bello nas súas visitas ás escolas desta provincia.[1016]

O servizo de inspección educativa lucense tamén tratou a cuestión das *malas condicións laborais dos mestres*. Segundo os informes dos inspectores Luis Soto Menor, José del Peso e Manuel Panero pódense constatar as súas características laborais, mediante un método de triangulación. Ámbolos tres inspectores amosan unha visión case idéntica da situación do profesorado primario. O seguinte cadro recolle unha exposición global e numerada das características do traballo rexistrados nos informes dos referidos inspectores lucenses.

[1010] En Montserrat González e Carmen Diego, "El control del profesorado no universitario en España", *XIX Coloquio Historia de la Educación. Imágenes, discursos y textos de la educación* (Madrid: Universidade de Alcalá, 2017), 37.

[1011] En Antonio Viñao, "Del analfabetismo a la alfabetización. Análisis de una mutación antropológica e historiográfica", *Historia de la Educación*, 3 (1984): 180-184.

[1012] En Herminio Barreiro Rodríguez, "A ILE unha política da Pedagoxía", *Sarmiento*, Nº 5 (2001): 7-21.

[1013] En Herminio Barreiro Rodríguez, *Lorenzo Luzuriaga y la Renovación en España (1889-1936)* (A Coruña: Educións do Castro, 1989), 41.

[1014] Faremos fincapé á existencia dalgunhas escolas do Concello de Vilalba que levaron a cabo o *Plan de Estudos da Escola da Liga Santaballesa* en 1907.

[1015] En varios, "Alquileres y denuncias de propietarios de locales" (Lugo: APL. Fondo Ayuntamiento. Sinatura: 930, 1900-1936).

[1016] Vide Luis Bello Trompeta, *Viaje por las escuelas de Galicia* (Madrid: Akal, 1973).

Cadro 22. Características do perfil laboral do mestre a principios do século XX
1º Malas condicións hixiénicas e pedagóxicas laborais dos locais.
2º Demanda de postos de traballo xeralmente para escolas particulares a comezos do século XX-Aspecto que cambia coa creación de escolas públicas.
3º Utilización de principios pedagóxicos tradicionais e pasivos.
4º Currículo baseado na doutrina cristiá, "catolizante" e eclesiástica.
5º Escaso soldo dos mestres.
6º Falta de asistencia escolar en épocas de sementeira e recolleita.
7º Distanciamento existente entre o programa escolar, a cultura e a lingua ambiental.

Fonte: Elaboración propia. En varios, "Alquileres y denuncias de propietarios de locales" (Lugo: APL. Fondo Concello. Sinatura: 930, 1900-1936); en Manuel Panero, *Informe de Manuel Panero* (Lugo: APL. Fondo do Concello: Sinatura: 931); en Luis Soto Menor, *Informe de Luis Soto Menor da Junta Provincial de Lugo* (Lugo: APL. Fondo Concello. Sinatura: 1202-01, outubro 1924) e Antonio Quintela Ferreiro, *Problemas de la escuela actual*, *El Progreso,* Lugo, 14 de outubro de 1923.

Os documentos arquivados procedentes de inspección recollen varias características do *perfil laboral* dos mestres de ensino primario nas súas visitas ás escolas, cuestión que suscitou unha considerable preocupación nos primeiros anos do século XX.[1017] Na obra *Escolas e Mestres* recóllese unha acta da sesión celebrada pola Xunta Local de Primeiro Ensino de Quiroga en novembro de 1903. O informe sobre a visita escolar do inspector de educación José Soto Campos sinalaba:

> La Junta toma nota de las acertadas indicaciones hechas por el Sr. Inspector, y, por unanimidad y en cumplimiento de lo que entiende ser su deber, se cree en el caso de hacer constar en la presente acta la mala, muy mala impresión que le ha producido la visita girada a la escuela de niños de esta villa a cargo del Maestro Don Joaquín Rodrigo, porque se han confirmado las quejas que contra la negligencia y apatía de éste se vienen formulando por los vecinos.[1018]

Por outro lado cómpre sinalar que a final dos anos vinte, Luis Bello visitou varias escolas lucenses describindo tamén a sórdida vida laboral dos mestres. Nas súas viaxes fixo referencia aos reducidos recursos económicos cos que contaban os docentes. Deste xeito, algúns educadores estaban obrigados a ter un segundo emprego para subsistir. Ademais, o pagamento dos materiais escolares eran retribuídos en moitas ocasións polas familias. Así, en Lugo a maior parte das parroquias eran certamente desafortunadas no referente á dotación escolar, existían escolas de ferrado e centros insalubres e sórdidos, que en palabras textuais: "ata os propios campesiños repudiaban polo seu mal olor e polo frío".[1019]

Outro aspecto importante foi a *dotación* dos espazos laborais dos mestres, os docentes necesitaban unha maior adquisición de material didáctico xa que nos colexios faltaban libros e revistas científicas para as bibliotecas escolares.[1020] En 1926 había unha dotación orzamentaria específica para as bibliotecas das escolas graduadas, partidas específicas que se incrementaron coa chegada da Segunda República.[1021]

[1017] Vide M.A. Muñoz Ruiz del Castillo, "Sobre la labor del maestro en la escuela", *Revista de Pedagogía,* Nº 16, Ano II (1923): 130-132.

[1018] Este informe atópase no Arquivo Histórico da Universidade de Santiago, sección Primera Enseñanza, Lugo en 1903; en Antón Costa Rico, *Historia da educación e da cultura en Galicia* (Vigo: Xerais, 2004), 918-920.

[1019] En Luis Bello Trompeta, "Los trabajos y los días-Luís Bello en Lugo", *Vida Escolar,* Nº 91, ano II (1928): 3-4.

[1020] En Lorenzo Luzuriaga, "Bibliotecas escolares", *Revista de Pedagogía,* Nº 66, Ano VI (1927): 267-272.

[1021] En Pedro Gómez Álvarez, *O ensino a terra de Lemos nos séculos XIX e XX* (Monforte de Lemos: Deputación de Lugo, 2022), 205.

No *Congreso Pedagógico* de Lugo en *1923,* nunha das xornadas de debate, o mestre Salgado Toimil fixo unha revisión do estatuto docente vixente durante a segunda década do século XX. Entre estes temas discutiuse: a necesidade de aplicar modificacións no calendario escolar,[1022] no "Almanaque Escolar" destacaban os 240 días lectivos, dous meses de vacacións no verán (do quince de xullo ao quince de setembro) e os días festivos correspondentes aos festexos tradicionais.[1023] Amais, o estatuto do maxisterio de 1923 establecía un horario de cinco horas lectivas e a entrega do certificado de cultura xeral ao rematar os respectivo período de escolarización.[1024] Nos relatorios pedagóxicos de 1923 tamén tratáronse outros temas destacados: a necesidade de conceder ao maxisterio primario todos os dereitos políticos, a representación do maxisterio no Senado e unha maior intervención nas xuntas relacionadas coa infancia, cultura e educación popular.[1025] Do mesmo xeito, o estatuto dos inspectores mudou seguindo unha liña máis pedagóxica e menos burocrática, aspecto reclamado facía xa varios decenios por Cossío.

Cadro 23. Conclusións sobre o estatuto do maxisterio
1. En 1901 o pagamento do soldo dos mestres pasa a mans do Estado. Este cambio mellorou o cobro do salario dos docentes.
2. A partir de 1901, os concellos lucenses reduciron a débeda salarial dos mestres.
3. Dereito a local e casa vivenda para os mestres pasou a ser máis regular.
4. Demandouse unha mellora das condicións xerais laborais: locais das escolas e unha maior dotación de material.
5. A adquisición de libros e revistas científicas para as bibliotecas escolares como dereito, a publicación dun catálogo informativo sobre as publicacións e adquisicións analogamente o sistema "Board" inglés onde o mestre pode elixir aquelas que mellor se adapten ás necesidades e á escola correspondente.
6. A eliminación da *Escola Superior do Maxisterio* a favor da incorporación de facultades de Pedagoxía nas universitarias para favorecer a posibilidade do docente de realizar estudos superiores do maxisterio.
7. Demandouse unha inspección educativa máis técnica e menos burocrática que velara polos dereitos dos mestres e apoio pedagóxico.
8. A concesión ao maxisterio primario de todos os dereitos políticos.
9. A representación do maxisterio no Senado.
10. Unha maior intervención nas xuntas relacionadas coa infancia, cultura e educación popular.
11. Aumentou o asociacionismo para establecer contactos e intercambios cos medios sociais, mellorar os órganos educativos culturais do contorno e velar polos intereses dos docentes.

Fonte: Elaboración propia. En Ramón Salgado Toimil, "El congreso pedagóxico lucense", *El Progreso,* Lugo, 16 de outubro de 1923.

Na cidade de Lugo as condicións laborais dos mestres tampouco eran boas, polo xeral tiñan un inventario moi pobre de institucións escolares. En 1928 o número de centros era baixo, para 14.000 habitantes existía unha escola para nenos, unha graduada de catro clases, dúas unitarias, unha para nenas de tres clases e unha de párvulos (atendidos por Carmen Fouz). Para atender estes centros, o cadro de persoal contaba con seis mestres e catro mestras. Constatamos que Lugo contaba cunha Escola graduada situada en San Domingo, nun vello convento de recolectas preto do mercado e cunhas pésimas condicións para os docentes. Os mestres que rexentaban esta escola afirmaban:

[1022] En Ramón Salgado Toimil, "El congreso pedagóxico lucense", *El Progreso,* Lugo, 16 de outubro de 1923.
[1023] En "El congreso pedagóxico lucense", *El Progreso,* Lugo, 16 de outubro de 1923.
[1024] En Antón Costa Rico, *Escolas e mestres...* (Santiago de Compostela: Servizo Central de Publicacións, Consellería da Presidencia e Administración Pública, 1989), 66-71.
[1025] En Ramón Salgado Toimil, "El congreso pedagóxico lucense", *El Progreso,* Lugo, 16 de outubro de 1923.

"!Nos contentamos con salir vivos¡".[1026] Ao final dos anos vinte comezouse a construír unha nova escola: *Grupo Escolar Quiroga Ballesteros* (edificio proveniente dunha doazón feita polo deputado por Lugo Benigno Quiroga y López Ballesteros).

Ilustración 42. Marcelino Friol Novoa (publicado en *Número especial sobre La Semana Pedagóxica Lucense de 1933*)

A comezos do século XX Monforte de Lemos contaba con dúas escolas públicas elementais completas en malas condicións. A corporación municipal propuxo en 1903 a construción de novos edificios municipais onde albergar as escolas, infrestructuras que non se inauguraron ata finais de 1912.[1027] Nesta localidade os mestres tampouco gozaban dunhas boas condicións laborais segundo Luis Bello nas súas visitas ás escolas desta xurisdición, publicadas posteriormente na obra titulada: *Viajes por las escuelas de Galicia.* En 1928 este Concello tiña 5000 habitantes, e esta cidade tan só posuía un"grupo escolar" constituído por dúas unitarias, unha de nenos e outra de nenas, situada na estación fóra do casco. Estes grupos estiveron atendidos pola mestra Hortensia Friol durante máis de 40 anos. O seu marido, Friol Novoa tamén impartía clases de ensino primario na escola situada na praza do Conde, lugar onde se atopaban outras dúas escolas.[1028] Este mestre de Monforte tamén colaborou co sostemento da *Mutualidade de Socorros de la provincia de Lugo*, unha das máis importantes de España.[1029]

Á parte destas colexios públicos existía o *Colegio de los Escolapios*, situado no maxestoso edificio que leva o seu nome.[1030] Con anterioridade en Monforte tamén existiron outras dúas institucións educativas, que foron desaloxadas en outubro de 1917 para acuartelar dúas compañías de Infantería.[1031] Nestes dous centros as clases eran sórdidas e numerosas, entre 120 e 150 alumnos; polo que a atención individualizada do alumno era practicamente nula. Nesta zona, polo xeral as familias estaban máis interesadas na ensinanza dos labores domésticas que de obter unha cultura letrada, para eles era "o útil e o necesario". Unhas tarefas que ao longo da historia estiveron estreitamente ligadas ao sector feminino.[1032] Respecto a dotación material existían certas similitudes entre a ensinanza privada e pública. En Monforte, os mestres dos Escolapios inculcaban os principios cristiás aos nenos con poucos recursos na súa

[1026] En Luis Bello Trompeta, "Lugo. -La Capital", *Vida Escolar,* Nº 142, ano III (1929): 4.

[1027] En Pedro Gómez Álvarez, *O ensino a terra de Lemos nos séculos XIX e XX* (Monforte de Lemos: Deputación de Lugo, 2022), 250.

[1028] En varios, "Número especial sobre a Semana Pedagóxica Lucense" , *Vida Escolar,* Nº 336, ano VII (1933): 11.

[1029] En Pedro Gómez Álvarez, *O ensino a terra de Lemos nos séculos XIX e XX* (Monforte de Lemos: Deputación de Lugo, 2022), 202.

[1030] En José de Cora Paradela, *Lugo XX Historia de un siglo* (Lugo: Edit. *El Progreso*, 1999), 167.

[1031] Podemos atopar un estudo dos centros de Monforte de Lemos en: Pedro Gómez Álvarez, *O ensino a terra de Lemos nos séculos XIX e XX* (Monforte de Lemos: Deputación de Lugo, 2022), 215.

[1032] En Rita Gradaílle Pernas, "As traxectorias educativas da muller rural galega: unha visión interxeneracional", *Sarmiento,* Nº 8 (2004): 148.

formidable construción: "ofrece el mismo contraste en lujo y desahogo con las escuela pública nacional".[1033]

Ilustración 43. Salgado Toimil, o estudoso de Odoario (publicado en *Número especial sobre La Semana Pedagóxica Lucense de 1933*)

Na Mariña Lucense e na zona lucense da Terra Chá as condicións laborais dos mestres tampouco eran boas, como se pode constatar nas viaxes de Luis Bello. Unha vez máis repetíase a sordidez do maxisterio provincial, exceptuando algunhas edificacións indianas. Dos testemuños atopados, pódense destacar as frases de Teófilo Gautier (mestres da escola de Outeiro de Rei) que afirmaba que a familia e o libro eran luxos que o mestre non se podía permitir.

> En San Juan de Alba, cerca de Torre, vi algo curioso y nuevo: una piscina convertida en escuela. La maestra quedaba a salvo, en seco, pero la madera infantil, a un metro bajo el nivel, vivía en el estuario.¡ Todo lo resiste la infancia! ¡Todo lo sufre![1034]

Tendo en conta as malas condicións laborais dos mestres, o depauperado acondicionamento das escolas e a alta *ratio* de alumnos, despréndese que a vida do mestre non era doada. Por estes motivos, o traballo dos docentes que atendían estes centros era admirable. Consecuentemente, parece estar xustificada que algún mestre fora proposto para concederlle un ascenso pola súa boa conduta e celo profesional.[1035]

Unha consecuencia da precaria situación laboral dos mestres foi o *aumento do sindicalismo e asociacionismo* docente. Ante o mal acondicionamento da ensinanza primaria, moitos mestres decidiron crear organizacións para reclamar melloras nos dereitos laborais: e aquí o principal motivo do aumento do sindicalismo sucedido no primeiro terzo do século XX, cuestión analizada no seguinte apartado deste traballo. Amais, o Goberno da Segunda República levou a cabo a tentativa de reformar o sistema educativo realizando un aumento significativo do gasto público, circunstancia que fomentou varias melloras vertebradas a través dos sucesivos cambios lexislativos. Neste período leváronse a cabo varias reformas: creáronse os consellos escolares provinciais e municipais, establecéronse as Misións Pedagóxicas, regulouse a coeducación e esixiuse a licenciatura para realizar a docencia nos institutos, tamén para as congregacións relixiosas.[1036] Convén ter en conta que en 1931, os sectores galeguistas e nacionais manifestaron a necesidade de levar a cabo unha reforma global do sistema educativo pola súa falta de adaptación á cultura galega.[1037]

[1033] En Jesús De Juana e Julio Prada, *Historia contemporanea de Galicia* (Barcelona: Ariel, 2005) 193.

[1034] En Luis Bello Trompeta, "Un raid- Villalba", *Vida Escolar,* Nº 148, ano III (1929): 3.

[1035] En Vicente Pérez Sierra, "Carta de proposta ascenso de Rosa Grobes Jeremías" (Lugo: APL. Fondo Concello. Sinatura: 931, 1885).

[1036] En Antón Costa Rico, *Historia da educación e da cultura en Galicia*: Permanencias e cambios no contexto cultural educativo europeo (Vigo: Edicións Xerais, 2004), 875-887.

[1037] En Antón Costa Rico, *Escolas e mestres...* (Santiago de Compostela: Servizo Central de Publicacións, Consellería da Presidencia e Administración Pública, 1989), 43-47.

Outro asunto de grande importancia para facer visible as malas condicións laborais dos mestres foi o *aumento das publicacións educativas.* Potenciadas pola aparición de novas imprentas como a de Antonio Suárez en Lugo (Grupo *Yunque*), a multiplicación dos artigos na prensa, realizados por figuras sociais de certa importancia como Luis Bello, redundou de forma positiva para a visibilización dos problemas educaivos. Así, convén ter en conta as reivindicacións de persoas ilustradas nesta provincia a favor da educación e dos dereitos laborais: en febreiro de 1932, o avogado Germán Lastra promoveu a ensinanza de adultos na provincia a través dun artigo publicado no diario lucense *El Progreso*. Nesta publicación o político afirmaba: "la labor del maestro de aldea no debe limitarse a la escuela, sinó que ha de hacerse extensiva a toda la población".[1038]

Segundo a Lei do 16 de xullo de 1887, a *idade de xubilación* mínima dos mestres en propiedade de escolas públicas de Primeiro Ensino era de 15 anos traballados. Ademais, para poder xubilarse os docentes tiñan que demostrar a imposibilidade de impartir clases ou cumprir os 60 anos. En 1915 existía unha *Junta Central de Derechos Pasivos del Magisterio de Instrución Primaria*, as xubilacións dividíase en catro períodos: con 20 anos de servizos prestados adquirían o 50%, con 25 anos adquirían o 60% do soldo maior que tiveran nos dous últimos anos, por último aos 30 anos 70% e con 35 anos o 80%.[1039] Uns anos antes, no *Congreso Nacional de 1882* Moyano defendeu a implantación do dereito pasivo aos familiares dos mestres, citando textualmente:

> Madrid 30. El Congreso pedagógico ha inaugurado sus sesiones en medio de un orden y circunspección admirables. Moyano pronunció un magnífico discurso abogando por la concesión de derechos pasivos a los maestros y sus viudas. [1040]

Por último, outro punto importante da precaria vida dos docentes foi o *proceso de depuración* ao que foi sometido este gremio. Cando chegou o levantamento militar franquista a maioría dos militares, a burguesía conservadora e os sectores eclesiásticos alimentaron o golpe militar. O inicio da Guerra Civil española paralizou as melloras e o investimento público en educación realizadas anteriormente polo Goberno Republicano. Comezou así un grave período bélico caracterizado por: a incorporación a filas dalgúns mestres, da persecución ideolóxica do profesorado que obrigou a moitos a tomar o camiño do exilio, mortes inxustificadas e de latencia de innovacións educativas; aspectos que estudaremos con maior profundidade nos seguintes apartados.[1041] A modernización da ensinanza quedou relevada a un segundo plano, xa que os mestres sufriron unha represión considerable segundo a súa ideoloxía: destitucións, cárcere, exilio, morte, etc. Un proceso que se describe brevemente a continuación, por ser un período profesional significativo na vida dos mestres estudados.

Cando rematou a contenda bélica, a Administración franquista ocupouse do proceso de depuración dos mestres e inspectores, co obxectivo de asegurarse o control dos territorios ocupados. Fronte ao modelo escolar laico republicano levantouse un novo aparato ideolóxico escolar católico, militarista, patriótico e centralizado. Durante a

[1038] En Germán Lastra, "La escuela del porvenir-El conjunto", *El Progreso,* Lugo, 5 de febreiro de 1932.
[1039] En Manuel B. Cossío, (1915), 147.
[1040] En Congresos, *Congreso Nacional Pedagógico de 1882* (Madrid) 97; e en Ángel Serafín Porto Ucha, *La Institución Libre de Enseñanza en Galicia* (A Coruña: Do Castro, 1986), 179.
[1041] En Antonio Quintela Ferreiro, "Incorporación a filas de mestres" (Lugo: APL. Fondo Concello. Sinatura: 1202-01, 1936).

implantación do novo sistema houbo vítimas militares e civís.[1042] Preto do 26,9% do maxisterio lucense foi sancionado e castigado polos golpistas (o 45% foi destituído ou separado definitivamente do cargo). A selección ideolóxica influíu incluso ao alumnado das escolas de formación do profesorado.[1043] Desta análise despréndese que as porcentaxes variaban segundo o partido xudicial, chegando en zonas ao 42% de perseguidos entre o profesorado.[1044] En Lugo este proceso de depuración foi analizado por María José Souto.[1045] En setembro de 1936, Millán Astray deu un discurso na cidade de Lugo no que declaraba: "Para aquellos maestros que educaron a los niños con el puño en alto no habrá tierras bastante para enterrarlos" (Lugo, setembro 1936). Entre o profesorado da provincia lucense 32 homes resultaron fusilados ou asasinados,[1046] entre os que convén sinalar ao docente represaliado Argimiro Rico Trabada, estudado por Narciso de Gabriel e Xosé Manuel Sarille.[1047] Entre os desaparecidos recóllense os nomes dos mestres Ignacio Álvarez Álvarez e Julio González Álvarez.[1048] Amais varios docentes que traballaban na provincia de Lugo víronse obrigados a exiliarse, entre os que atopamos: José Guitián López, Ignacio Herrero Fuentes, Justo Nogueira Gordaliza, Enrique Santamarina, Lois Tobío Fernández, Ángeles Tobío Fernández e Eladio Marcos Rodríguez.[1049]

Unha das causas da humilde vida dos mestres foi sen dúbida o problema de financiamento, ata ben entrado no século XX descoidado polos distintos gobernos. Esta relevarante cuestión foi analizada de xeito pormenorizado no seguinte apartado, porque cómpre ter en conta que a medida que nos metemos no primeiro terzo do século XX, fóronse sucedéndose diversas melloras no referido á cantidade económica percibida polos docentes e a regularidade de cobro.

4.2.4. O problema do financiamento

Un dos problemas máis importantes do sistema educativo nacional durante o século XIX e parte do XX foi a *falta de financiamento dos docentes*. A finais do século decimonónico os concellos ocupábanse de pagar o xornal dos mestres, aspecto que non se respectaba con regularidade. Na provincia de Lugo, varios concellos lucenses descoidaron o pagamento do profesorado, contraendo unha débeda co docente.[1050] Ademais, os documentos atopados mostran como nalgunhas localidades os gobernos non contribuían adecuadamente co local, mobiliario o materias precisos para o correcto

[1042] Vide Antonio Miguez Macho, *Xenocidio e represión franquista en Galicia. A violencia da retagarda en Galicia na Guerra Civil (1936-1939)* (Santiago de Compostela: Lóstrego, 2009), 61

[1043] En Antón Costa Rico e Uxía Bolaño Amigo, "Represión política e castigo do profesorado republicano na provincia de Lugo. As consecuencias do 36", *Sarmiento*, Nº 21 (2017): 113.

[1044] Vide Xose Manuel Cid Fernández, *Educación e Ideotaxía en Ourense na II República,* (Santiago: Servizo de Publicacións da Universidade de Santiago, 1989) 155-174.

[1045] En María Jesús Souto Blanco, *La represión franquista en la provincia de Lugo (1939-1940)* (Sada: O Castro, 1998), 301-317.

[1046] En Antón Costa Rico e Uxía Bolaño Amigo, "Represión política e castigo do profesorado republicano na provincia de Lugo. As consecuencias do 36", *Sarmiento*, Nº 21 (2017): 115-116.

[1047] En Narciso de Gabriel, "Vida e morte dun mestre republicano", *Sarmiento Anuario Galego de Historia da Educación,* Nº 4 (2000): 39-47.

[1048] En Xose Ramón Hermida Meilan, *Mortos por amor á Terra. A Represión sobre o nacionalismo galego (1936-1950)* (A Coruña: Sermos Galiza, 2016), 22 e 120.

[1049] En Antón Costa Rico e Uxía Bolaño Amigo, "Represión política e castigo do profesorado republicano na provincia de Lugo: As consecuencias do 36", *Sarmiento. Revista Galego-Portuguesa de Historia da Educación,* Nº 21 (2018): 101-118.

[1050] En Ramón Salgado Toimil, "El congreso pedagóxico lucense", *El Progreso* (Lugo 16 de outubro de 1923).

funcionamento das escolas; alegando frecuentemente problemas económicos.[1051] Por este motivo, algunhas comunidades veciñais optaron por realizar outras modalidades de pago polos servizos formativos dos docentes, os chamados "Os escolantes e escolas de ferrado", que eran mestres como José Roncaño que traballaban a cambio dun ferrado (medida de cantidade) de cereal.[1052]

En referencia á cuestión da *equiparación salarial* deste colectivo, o 6 de xullo de 1883 os mestres e mestras comezaron a ter o mesmo soldo, segundo a *Lei de Equiparación Salarial* do 6 de xullo de 1883, no que o goberno recoñecía a igualdade de percibir as mesmas retribucións polo traballo docente para os homes e mulleres.[1053] Tres anos máis tarde, coa publicación do Real Decreto do 30 de Abril de 1886, o Goberno levou a cabo a tentativa de centralizar a administración salarial dos docentes pero non acadou unha efectividade práctica. En 1895, os concellos endebedan ao Estado 9.036.503 pesetas en concepto de pagamento dos salarios dos mestres. Esta circunstancia orixinou unha corrente centralizadora da administración dos soldos, introducindo os gastos do ensino nos presupostos xerais do Estado. Con anterioridade, lembraremos que o 21 de outubro de 1868, Ruiz de Zorrilla favoreceu a liberdade de exercicio privado de todos os graos do Ensino, lei coñecida como "Decreto de Libertad de Enseñanza". Dende a publicación deste decreto ata 1915, os partidos políticos esqueceron e menosprezaron as cuestións de Primeiro Ensino.[1054]

Mais, por outro lado cabe sinalar respecto á *cuestión da renovación fiscal*, que nos anos dez do século XX xurdiron diversas iniciativas lexislativos e propostas de cambio. A tentativa de renovación máis importante do período estudado data de finais da primeira década. Particularmente, en 1910 levouse a cabo a tentativa de introducir o principio do soldo persoal do mestre, mediante o Real Decreto do 8 de xuño de 1910. En 1911 produciuse unha unificación do soldos de mestres e mestras.[1055] Convén facer fincapé na mobilización realizada en 1919 para reclamar a igualdade con outros funcionarios da mesma categoría, aos que se lles subiu o soldo por Decreto.[1056] O artigo número 12 do Real Decreto do 8 de xuño de 1910 sinalaba:

> O ensino en todas as escolas será completamente gratuíto a medida que se implanten os novos soldos, sen que os mestres poidan reclamar cantidade ningunha por retribucións, nin por ningún concepto, aos alumnos.[1057]

En xeral o pagamento do soldo dos mestres en Lugo estivo sufragado polos concellos ata 1900. Despois desta data, coa creación do *Ministerio de Instrucción Pública*, pasou a depender da Administración Central. Pero, mentres o gasto estivo baixo a dependencia municipal e a Xunta Local, o financiamento do ensino público era irregular e o pagamento tamén. Con regularidade, esta función estaba baixo a responsabilidade política dos alcaldes, que se caracterizaba por un certa

[1051] En María del Pilar García Salmerón, "La política y las realizaciones educativas de la segunda República, a la luz de los estudios locales", *Sarmiento*, Nº (2004): 106.

[1052] Vide Narciso de Gabriel Fernández, *Escolantes e escolas de ferrado*, (Vigo: Xerais de Galicia, 2001); Narciso de Gabriel, *Escolantes e escolas de ferrado* (Vigo: Xerais, 2001);

[1053] Vide Lei de equiparación salarial do 6 de xullo de 1883.

[1054] En Manuel B. Cossío, *La enseñanza primaria en España* (Madrid: Edit. R. Rojas Museo Pedagóxico Nacional, 1915), 32.

[1055] En Pedro Gómez Álvarez, *O ensino a terra de Lemos nos séculos XIX e XX* (Monforte de Lemos: Deputación de Lugo, 2022), 200.

[1056] En Franciso Martín Zúñiga, "Categorías y sueldos de los maestros nacionales en el primer tercio del S. XX", *Historia de la educación: Revista interuniversitaria*, Nº 10 (1991): 279.

[1057] En Real Decreto do 8 de xuño de 1910 no artigo número 12.

despreocupación administrativa e normativa do sistema escolar público. Máis lonxe disto, coa creación do *Ministerio de Instrucción Pública* o Estado comezou a regularizar os pagos, mellorando a depauperada dotación do ensino público. Esta medida levouse a cabo mediante a publicación do Presupostos de 31 de marzo e do Real Decreto do 18 de abril de 1900. Como consecuencia, os gastos da ensinanza primaria pasaron a ser unha cuestión en mans do Goberno. Ao ano seguinte, co Real Decreto de 26 de outubro e a Lei de Presupostos do 31 de decembro de 1901, dispúxose o pagamento dos gastos de Primeiro Ensino, salvo as Vascongadas e Navarra. Estes gastos foron sufragados polo Tesouro e incluídos nos gastos do Estado. Esta situación acabou en parte coa precariedade dos soldos dos mestres lucenses, ata entón asunto desatendido polas administracións municipais da provincia. A partir deste momento, o Estado comezou a asumir lentamente a regularización dos pagamentos e preocuparíase algo máis polo Primeiro Ensino:

> As obrigas do persoal e material de instrución primaria que se perciban dende 1º de xaneiro de 1902, a excepción das Provincias das Vascongadas e Navarra, serán satisfeitas polo Tesouro, con cargo ao presuposto de gastos do Estado.[1058]

Como xa advertimos, en case todo o primeiro terzo do século XX, convén ter en conta que a cuestión estatutaria máis problemática foi o tema do financiamento do profesorado, lexislada pola Lei Romanones en 1902. Esta normativa levou a cabo unha tentativa de controlar máis as escolas e incorporou o soldo dos mestres aos presupostos estatais. Neste sentido, o estatuto docente sufriu varias modificacións ao longo do período estudado (1900-1936). En 1900 a maioría dos mestres lucenses gañaban menos de 450 pesetas. En 1903 elevouse o soldo a un mínimo de 500 pesetas. Un ano máis tarde, o Ministerio de Instrución Pública introduciu o devandito aumento. Con todas estas reformas acadouse un soldo base de 500 pesetas anuais para os mestres que rexentaban escolas en poboacións de menos de 300 habitantes, e un aumento de 750 pesetas para os de poboacións de entre 300 e 1.000 habitantes.[1059] En especial, este foi un asunto importante para Lugo, porque a maior parte dos núcleos de habitantes eran pequenos, xa que era unha das provincias galegas cunha maior dispersión poboacional, circunstancia analizada no capítulo 4.1.10. do presente traballo.

Xa no decenio dos anos dez do século XX, coa publicación do Decreto do 8 de xuño de 1910 produciuse a primeira tentativa de elevar a 1.000 pesetas o soldo mínimo dos mestres. Ata o ano seguinte non se produciu ningunha mellora. O Real Decreto do 25 de febreiro de 1911 mellorou unha parte das retribucións de forma moderada. Pero foi en 1913 cando se reformou unha vez máis a dotación mínima anual elevándoa a 1.000 pesetas, aínda que non se cumpriu a súa total aplicación. Un ano máis tarde conseguiuse elevar o soldo dos mestres cun salario inferior a 1.000 pesetas. Deste xeito, a maioría dos mestres cobraban entre 1000 e 1100 pesetas segundo o Real Decreto do 29 de decembro de 1914. A pesar disto, esta reforma publicada en 1914 e impulsada por Bergamín, trouxo diferentes protestas e folgas na provincia.[1060]

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[1058] En Lei do 31 de decembro de 1901 que regulaba o pagamento dos gastos de Primeiro Ensino, no artígo 13.

[1059] Vide Ramón Salgado Toimil, "El congreso pedagóxico lucense", *El Progreso*, Lugo, 16 de outubro de 1923.

[1060] En "Protestas e folgas", *El Progreso*, Lugo, 8 de novembro de 1914.

Nos anos vinte continuouse reclamando unha maior dignificación salarial dos mestres.[1061] En 1920 retomouse a modificación dos salarios, ascendendo a base salarial ás 2.000 peseta. Segundo o Estatuto de Maxisterio de 1923 regulouse o dereito a casa-habitación para os mestres. Aínda así en 1929 a maioría dos mestres lucenses só gañaban de 2.000 a 2.500 pesetas anuais.[1062] Nesta década celebrouse o *Congreso Pedagógico Lucense* de 1923, neste certame tamén tratouse o tema do Estatuto do Maxisterio e da forma de adaptalos ás necesidades da provincia. Entre os temas discutidos destacou a necesidade de que os concellos lucenses reduciron a débeda salarial dos mestres.[1063]

Xa nos anos trinta seguiron aparecendo novas reformas lexislativas de mellora das condicións laborais dos mestres. Así, un aspecto estatutario importante foi a publicación do Decreto do 7 de agosto de 1931: esta normativa facía fincapé na importancia de que os concellos colaborasen á hora de proporcionar local, material e mobiliario aos centros; a pesar de que o soldo dos mestres lucenses foran sufragados polo Estado.[1064] A *Asociación de Maestros Interinos y Substitutos de la Provincia de Lugo* defendeu a aplicación desta lexislación como xeito de garantir os dereitos dos docentes e mellorar as súas condicións laborais. Entre outras funcións, este organismo ocupouse de solicitar o recoñecemento dos servizos dos mestres interinos.[1065] A pesar destes cambios, por aquel entón, os soldos dos mestres seguían sendo humildes, pero estes aumentos contribuíron a acadar certa dignificación social para esta profesión.

En 1932 celebrouse unha nova *Asemblea de Concellos pro-Estatuto de Galicia* en Santiago. Neste ano existían en total 7000 mestres de segundo escalafón, producíndose un aumento considerable.[1066] Segundo Germán Lastra, a instauración da Segunda República significou unha mellora xeral dos salarios do profesorado, pasando de cobrar 2000/2500 (segundo escalafón) a 3000 pesetas.[1067] Este político galego tamén demandou publicamente a necesidade de igualar os soldos de todos os mestres, advertindo a necesidade de suprimir os distintos escalafóns. Segundo este sindicalista para que un mestre vivira adecuadamente en 1932 necesitábase elevar os salarios ata 5000 pesetas.[1068] En definitiva, o soldo dos mestres aumentou paulatinamente: en 1908 cobraban 500 pesetas anuais, en 1916 1.100 pesetas, en 1919 2.000, en 1921 3.000, en 1930 4.000. e 5.000 coa arribada da República.[1069]

> Siempre que se hacían economías, nosotros éramos los sacrificados, y cuando nuestra voz se elevaba a las alturas del Poder en demanda de pan y justicia, surgía un ministro que se permitía el lujo de hacer un chistecon con nuestra miseria, diciendo que los maestros "éramos unos pedigüenos". ¡Por cuantas amarguras e injusticias hemos pasado! ¡Bendito sea el 14 de abril, fecha gloriosa para las reivindicaciones de la Escuela, el Niño y el Maestro![1070]

[1061] En Germán Lastra, "Maestros de solvencia, cultural y económica", *El Progreso,* Lugo, 31 de xaneiro de 1932.

[1062] En Antón Costa Rico, *Historia da educación e da cultura en Galicia* (Vigo: Xerais, 2004), 929.

[1063] En Ramón Salgado Toimil, "El congreso pedagóxico lucense", *El Progreso,* Lugo, 16 de outubro de 1923.

[1064] En *Gaceta de Madrid* do 8 de xuño de 1932.

[1065] En varios "Los curillos de Magisterio", *El Progreso,* Lugo, 5 de xaneiro de 1932.

[1066] Vide Rodolfo Llopis, *La revolución de la escuela. Dos años en la dirección General de Primera Enseñanza* (Madrid: M. Aguilar, 1933).

[1067] En Germán Lastra, "La escuela del porvenir- Ojeada retroespectiva-El maestro", *El Progreso,* Lugo, 13 de xaneiro de 1932.

[1068] En Germán Lastra, "Maestros de solvencia, cultural y económica", *El Progreso,* Lugo, do 31 de xaneiro de 1932.

[1069] En Naciso Gabriel Fernández, "La profesionalización del Magisterio en España, (siglos XIX-XX): literatura, biografías, memorialística", *Historia y memoria de la educación,* N 1 (2015): 86

[1070] Ídem.

Por último, outro punto importante foi o *papel da prensa* para facer visible o problema de financiamento docente. Así, os periódicos informaron e reivindicaron os dereitos económicos dos mestres. En efecto, a prensa educativa lucense serviu como plataforma informadora sobre as convocatorias ou novidades administrativas de instrución pública, deste xeito apareceron varias publicacións que trataban temas estatutarios de ensinanza primaria.[1071] Entre estes medios informativos para a defensa do estatuto docente destacou a revista *Vida Escolar*: plataforma que informaba sobre educación, cuestións salariais, traballando a prol dos dereitos e deberes dos mestres. Un feito paralelo ao aumento das revistas educativas foi o crecemento do asociacionismo, cuestión moi relacionada coa reivindicación de melloras laborais dos docentes. Por este motivo, no seguinte apartado analizáronse as distintas asociacións lucenses para a defensa dos dereitos dos traballadores do ensino, estudando o papel que xogaron estes organismos na provincia de Lugo.

4.2.5. O aumento do asociacionismo

En resposta á mala situación do ensino primario herdada do século XIX en España, durante os primeiros anos do século XX produciuse un *aumento do sindicalismo e asociacionismo,* movido pola necesidade de crear un movemento social reivindicativo. Así, comezou unha lixeira multiplicación da creación de asociacións de mestres, na procura dunha ensinanza primaria de balde, obrigatoria e cunhas condicións laborais docentes adecuadas. A nivel internacional, a finais do século XIX e o primeiro terzo do século XX foi un período moi convulso e cheo de novos cambios sociais: sobre todo no referente á influencia na educación do socialismo marxista e á sociopolítica vinculada aos movementos obreiros internacionais. En España, a educación anarquista estivo representada, entre outros, polos estudos de Ricardo Mella.[1072] A pesar disto, o anarquismo tivo a nivel nacional unha representación feble.

A nivel internacional, entre todos os difusores da pedagoxía socialista, podemos destacar a varios axentes destacados. A finais do século XIX atópanse entre outros: F. Buonarroti (1761-1837), W. Godwin (1756-1836), S. Marcchal (1750-1803), F. N. Babeuf (1760-1797), R. Owen, C.H. de Saint-Simon, J. Jacotot, E. Cabet, Ch. Fourier, V. Considérant, Max Stirner, E. Proudhon (1809-1865).[1073] Continuaron posteriormente nesta tesitura os socialistas Makarenko e N. K. Kroupskaia (1869-1939).[1074] Débese citar tamén a P. Blonsky e a Pistrak, preocupado polos *Problemas fundamentales de la escuela del trabajo* (1925), os talleres na escola e a creación do movemento comunista escolar.[1075] Polo dilatación deste traballo non nos pararemos máis aquí, xa que o noso obxectivo e facer unha breve contextualización internacional. Amais con estes datos queda claro a existencia dunha efervescencia da pedagoxía socialista durante estes anos.

[1071] O mestre Evaristo Cuena escribiu varias colaboracións na *Revista de Pedagoxía*.

[1072] Vide Ricardo Mella, *Cuestiones de enseñanza* (Tierra y Libertad, 1936).

[1073] Vide Theo Dietrich, *Pedagogia socialista* (Salamanca: Sígueme 1976); e Tina Tomassi, *Breviario del pensamiento educativo libertario* (Madrid: Madre Tierra, 1978).

[1074] Insistía en coñecer as peculiaridades de cada educando e os trazos personais influentes, aspectos parecidos á teroría da *individualización* difundida en Lugo por Joan Comas.

[1075] Vide Lazar Pistrak, *Problemas fundamentales de la escuela del trabajo,* (Madrid: Atenas, 1975).

A pedagoxía anarquista tivo moita relevancia internacional, como revelaron entre outros por Paul Robin (1837-1912) e James Guillaune (1844-1916).[1076] En España tamén destacou esta pedagoxía, sobre todo a partir da publicación de *La Revista Blanca* en 1900, dirixida por Federico Urales (1864-1942). Neste sentido, destacaremos a importancia que tiveron o catalá Francisco Ferrer i Guardia (1859-1909) e o galego Ricardo Mella (1861-1925).[1077] Estas teorías incidían na reformulación do sistema implantado, demandando unha transformación educativa que tivera en conta as necesidades sociais, de igualdade e neutralidade. Continuando con esta tendencia leváronse a cabo vaias reformas en Italia.[1078] De xeito contiguo e sopesando a súa influencia apareceron diversas asociacións como a *Oficina Internacional de Maestros*, creada en 1905 ou a *Federación Mundial de Asociaciones de Educación* creada en San Francisco en 1923, sen incidencia en Europa. Na mesma década, en 1926 fúndase a *Federación Internacional de Asociaciones de Maestros* (FIAM). O resultado foi a reivindicación dos dereitos dos docentes e a creación dunha escola pública a nivel internacional máis democrática e integrada na sociedade.[1079]

Durante estes anos a precariedade dos mestres era un asunto grave, tendo en conta o seu salario e a frecuencia de faltas de pagamento dos concellos. Estas circunstancia fixo palpable a necesidade dun movemento asociacionista estatal, xurdindo así: en 1901 a *Asociación Nacional do Maxisterio*, en 1912 a *Asociación General de Maestros* ligada á UGT, a *Federación Nacional de Traballadores do Ensino* (FETE), a *Confederación Nacional de Maestros*, a *Federación de Maestros Católicos* ou a *Federación de Amigos de la Enseñanza* na Segunda República.[1080] Non obstante, o asociacionismo en España comezou a ter unha presenza especial durante as primeiras décadas do século XX. Foi unha época ilusionante de defensa dos dereitos, onde hai un novo sentir sen precedentes de construción e reivindicación da dignidade no sentido amplo. Neste sentido, a *Asociación Nacional do Maxisterio Primario* chegou a ter aproximadamente 15.000 afiliados a finais do primeiro decenio.[1081] En 1912, a *Asociación General de Maestros* (AGM) incluía tamén ao sector público como un movemento de carácter laico, social, activo e obreiro.[1082] Á marxe destas grandes asociacións nacionais existían outras menos representativas como: *Unión Nacional de Maestros*, *Maestros de Derechos Limitados* (posteriormente *Confederación Nacional de Maestros*) ou a *Liga de Maestros Rurais*,

[1076] En Martine Brunet, "Ferdinand Buisson (1841-1932): Educador e pacifista. As influências libertárias de James Guillaume e Paul Robin." *História da Educação* 7.13 (2003): 7-34.

[1077] Vide Francisco Ferrer I Guardia, *La Escuela Moderna* (Barcelona: Edit.Tusquets, 1987).

[1078] En C. Amor, "La escuela italiana", en *Revista de Pedagogía*, Nº 63, Ano VI (1927): 121-130.

[1079] En Xosé Manuel Cid Fernández, "O asociacionismo do maxisterio ourensán no primeiro terzo do século XX", *Sarmiento*, Nº 26 (2022): 196.

[1080] En Eric Jorge Fontoba Jordá, "Asociacionismo docente en España durante el siglo XIX y XX. Inicios y puntos de partida durante el siglo XIX", *Pedagogias alternativas y educación en los márgenes a lo largo del siglo XX* (Valencia: Universidade de Valencia, 2022), 76-77.

[1081] Vide Aida Terrón, "El movimiento asociacionista del magisterio nacional, *Historia de la Educación. Revista Interuniversitaria*, (6, 1987) 279-300; "Cien años de defensa colectiva: la dinámica societaria y sindical del Magisterio Español", *Sarmiento: Anuario Galego de Historia da Educación*, Nº 3 (1999): 157-182; ou "Coordenadas del asociacionismo profesional de los docentes. Estado de la cuestión en España", *Historia y Memoria de la Educación*, Nº 1 (2015): 93-13.

[1082] En Francisco de Luís Martín, *Historia de la FETE (1909-1936)* (Madrid: Tecnos, 2009); Alfredo Liébana Collado, (Investigación, documentación, selección, interpretación e elaboración de paneles) Catálogo: *Historia de la FETE desde los Orígenes a 1939*. Preámbulo: Gerardo Fernández, secretario de Relacións Institucionais de FETE País Valenciá (Madrid: FETE-UGT, 2009); Yolanda Lucia Arcones *FETE-UGT.- Sindicato de enseñanza.* Traballo de fin de grao (Facultade de Ciencias Sociais, Xurídicas e da Comunicación, grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos. Universidade de Valladolid, 2016).

nacidas en 1911 e significativamente presentes nas provincias do interior rural de Galicia.[1083]

Analizando a cuestión dos *antecedentes do asociacionismo lucense*, en 1883 constitúese a primeira *Asociación de Maestros de la provincia Lugo*,[1084] organismo que enviou ao *Presidente Nacional del Magisterio* as conclusións asemblearias para apoiar a reforma do Estatuto do Maxisterio.[1085] Coa presentación do século XX, o asociacionismo nesta provincia creceu,[1086] incrementándose de forma significativa coa aparición do sindicalismo e as novas imprentas como a de Antonio Suárez. Este auxe estivo promovido polo mal acondicionamento da escola e pola arribada dos novos movementos obreiros nacionais e internacionais, que serviron como referencia. Esta circunstancia fixo que moitos mestres aproveitaran o dereito de liberdade de asociación, restaurado en 1881, para reivindicar melloras laborais, sobre todo económicas, ata entón moi descoidadas. Estas agrupacións organizábanse de xeito habitual co obxectivo de loitar pola adquisición de dereitos e espazos de liberdade cultural. Así, en moitas ocasións as propias casas dos mestres convertéronse en lugares de reunión e encontro das novas sociedades.[1087]

Ilustración 44. Docentes da Liga Nacional de Mestres Rurais[1088]

As asociacións constituídas polos mestres e inspectores tentaron estender a instrución popular, empregando a prensa e as publicacións provinciais como *El Progreso*. Neste diario Luis Soto Menor ou Felipe Paz Agrio reivindicaron a introdución de melloras e innovacións no ensino primario.[1089] Este mestre era membro da *Asociación de Maestros interinos-substitutos* e manifestou a importancia que tiña a unión dos mestres como forza social,[1090] sobre todo ante a mala situación existente na

[1083] Xosé Manuel Cid Fernández, "O asociacionismo do maxisterio ourensán no primeiro terzo do século XX", *Sarmiento*, Nº 26 (2022): 198.

[1084] En Antón Costa Rico, "Profesorado que se organiza...", *Escolas e Mestres, a educación en Galicia*... (Santiago: 1989), 273-303.

[1085] En varios, "Congreso Pedagóxico lucense", *El Progreso,* Lugo, 12 de outubro de 1923.

[1086] En efecto, a chegada do século XX veu acompañada da creación de numerosas sociedades, partidos e organizacións na provincia de Lugo: debido ao obsoleto estado da ensinanza e á precaria situación laboral dos mestres.

[1087] En Jesús de Juana, Julio Prada, *Historia contemporanea de Galicia* (Barcelona: Ariel, 2005), 195.

[1088] En *Boletín del Magisterio*, ano VI, Nº 224 (15 de setembro de 1911): 1.

[1089] En Antón Costa Rico, "Profesorado que se organiza...", *Escolas e Mestres, a educación en Galicia*... (Santiago: 1989), 218-229

[1090] En A. Fernández Romero, "Asociación de Maestros Interinos-Substitutos" (Lugo: APL. Fondo Goberno Civil. Sinatura: 13045/29, 1936).

docencia galega durante estes anos, unha "profesión maltratada" segundo o profesor Xosé Manuel Cid Fernández.[1091] A principal finalidade destes organismos era velar polos dereitos dos traballadores da educación, reivindicando o dereito a unha "ensinanza digna". En efecto, o abandono do ensino primario en Lugo foi o motor que impulsou a aparición das asociacións,[1092] tratando temas relacionados coa escolarización como: a hixiene escolar, a metodoloxía e a didáctica. Amais estas organizacións reivindicaron entre outros asuntos: a gratuidade da ensinanza, a obrigatoriedade da asistencia, o ingreso no Maxisterio por oposición, a regularización do pago dos salarios, a importancia da independencia ideolóxica do mestre e o soldo mínimo.[1093]

Nalgunha destas corporacións foi onde se cristalizaron os novos paradigmas introducidos en gran parte por Lorenzo Luzuriaga, como o laicismo escolar e a *ensinanza unificada*.[1094] A nivel de beneficencia destacou o *Patronato Lucense de Protección Escolar*, promotor das primeiras Colonias Escolares.[1095] Outras asociacións lucenses destacadas no primeiro terzo do século XX foron: *El Ropero Escolar, Las Cantinas Escolares, El Patronato de Protección de la Infancia, La Escuela de Madres* e *La Gota de Leche*. Estas organizacións traballaron a prol dos dereitos dos alumnos e facilitaban o acceso á educación dos menores, por este motivo o sentido social e a ensinanza foron dos conceptos intimamente relacionados no "novo" concepto de escola.[1096]

Tamén é importante ter en conta o aumento dos medios de comunicación e a aparición de novas imprentas, que significou o medio físico onde multiplicar os números das revistas, panfletos e diarios. Polo tanto, estes medios favoreceron a ampliación e o desenvolvemento do librepensamento e a constitución de sociedades na provincia de Lugo. Os principais medios de difusión das asociacións eran os panfletos, as revistas como *Vida Escolar* ou os periódicos locais como *El Progreso*, de corte liberal, ou *La Voz de la Verdad*, de corte conservador, entre outros. Estas plataformas serviron como instrumento de propaganda e difusión,[1097] medios que empregaban as organizacións para informarse sobre as novos paradigmas educativos, mantendo contactos cos sectores institucionistas e socialistas europeos.[1098]

[1091] En Xosé Manuel Cid Fernández, "O asociacionismo do maxisterio ourensán no primeiro terzo do século XX", *Sarmiento*, Nº 26 (2022): 191.

[1092] Mediante estes organismos os mestres tiveron a esperanza de conseguir unha maior dignificación do ensino primario reivindicando a defensa dos dereitos das diferentes comunidades educativas.

[1093] En Jesús de Juana e Julio Prada, *Historia contemporanea de Galicia* (Barcelona: Ariel, 2005), 195.

[1094] Durante a primeira década do século XX, cómpre abordar a tendencia docente de organizarse en sociedades para defender os seus intereses comúns, institucións circumescolares que colaboraron cos mestres tamén en funcións pedagóxicas.

[1095] En Ángel Serafín Porto Ucha, *La institución Libre de Enseñanza en Galicia* (A Coruña: Do Castro, 1986) 220.

[1096] En J. Vega y Relea, "La educación del "sentido social" en la escuela primaria", *Revista de Pedagogía*, Nº 172 (1936): 155-160.

[1097] Cómpre poñer de manifesto a importancia da difusión das novas experiencias pedagóxicas introducidas en España pola ILE, estas prácticas animaron aos mestres e inspectores a cuestionar os métodos tradicionais de ensinanza, sobre todo na procura dunha *escola activa* e laica.

[1098] Referímonos sobre todo ás viaxes de ampliación de estudos dos inspectores coma Joan Comas a Xenebra, onde foi discípulo de Paiget, Claperéde, Duboir, etc. En Joan Comas Camps, "Luis Bello en Lugo", *Vida Escolar,* Nº 88, ano II (1928): 1-2. en Joan Comas Camps, "Asistencia escolar y analfabetismo", *Vida Escolar,* Nº 167, ano IV, (1930): 3; en Joan Comas Camps, "Individualización de la enseñanza", *Vida Escolar,* Nº 207, ano V (1931): 2-4; en Joan Comas Camps, "Orientación profesional", *Vida Escolar,* Nº 95, ano II (1928) 2-4; en Joan Comas Camps, "Escuelas Nuevas-Educación activa I", *Vida Escolar,* Nº 96, ano II (1928): 3-5; e Joan Comas Camps, "Escuelas Nuevas-Educación activa II", *Vida Escolar,* Nº 97, ano II (1928): 3-4; en Joan Comas Camps, "Luis Bello en Lugo", *Vida Escolar,* Nº 88, ano II (1928): 1-2; en Joan Comas Camps, "En el advenimiento del Directorio", *Vida Escolar,*

As sociedades creadas eran de diversa índole ideolóxica, tanto de tipo laico como relixioso. Así, en 1917 fundouse o *Sindicato Nacional de Maestros Católicos*. Aos poucos, como resposta laica apareceu a *Federación de las Asociaciones de Maestros de Galicia*, asociación reorganizada posteriormente en 1928.[1099] No APL están arquivadas as agrupacións relacionadas coa educación e cultura, recollidas na sección do Goberno Civil. No mesmo lugar, se atopan outras de carácter máis asistencial, pero relacionadas coa infancia e a súa protección, como a asociación do *Ropero Escolar*. Esta organización foi creada en xullo de 1922 e constituída para tratar sobre a repartición de roupas para os nenos pobres. Os afiliados proporcionaban abrigos e roupas aos escolares que tiñan necesidades, asociación benéfica que colaboraba de forma importante cos colexios lucenses ao igual que a cantina escolar. Esta corporación atopábase dentro da *Asociación Católica de la Mujer*, e estaba dirixida por Carmen Pardo Losada[1100], docente que traballou cos menores desprotexidos achegando artigos de primeira necesidade e que deixaba recollido en 1922 no arquivo do Goberno Civil. [1101]

Seguindo co estudo da evolución do *asociacionismo* na provincia de Lugo, nos anos vinte intensificouse a creación de asociacións culturais. Así, en 1927 apareceu a asociación republicana *Centro Obrero de la Cultura* de la ciudad de Lugo,[1102] Neste centro o mestre Ramón Salgado Toimil achegou as súas opinións rexeneracionistas a través de varias conferencias tituladas:[1103] "Puntos cardinales del pensamiento pedagógico contemporáneo. Sociología infantil. Escuela Única. Pacifismo".[1104] Ademais Ramón Salgado foi xefe de Redacción de *La Voz de la Verdad*, membro da Real Academia Galega e habitual colaborador de *El Progreso, Boletín de la Real Academia Gallega, Vida Escolar* ou o *Almanaque Gallego* de bos Aires.[1105] Durante estes anos, tamén apareceron un varias asociacións femininas para defender e promover os valores educativos do catolicismo.[1106] Estas mulleres repartían roupa, diñeiro, alimentos e doaban vestimentas aos menores pobres mediante o *Ropero Escolar* ou as *Juventudes Antonianas*.[1107] En 1928, existía en Viveiro a *Asociación de Maestros de Viveiro*, este organismo atopábase constituído polos seguintes mestres: José Galera Moreno (secretario), Antonio Hernández (Vice.), Baidino Martínez (tesoureiro), Joaquín Valero, Emilio Ceide, Arturo López, Antonio Alonso e José A. Sánchez (vocais).[1108]

Nº 88, ano II (1928): 4-6; en Joan Comas Camps, "El interés como base de la educación", *Vida Escolar*, Nº 106, ano III, (1929): 2-3; e en Joan Comas Camps, "Ensayos Educativos", *Vida Escolar*, Nº 105, ano III (1929): 1-2.

[1099] En Jesús de Juana e Julio Prada, *Historia contemporanea de Galicia* (Barcelona: Ariel, 2005), 195.

[1100] En Comisión organizadora, "Asociación do Roupeiro Escolar" (Lugo: APL. Sección: Goberno Civil. sinatura: 13040/01).

[1101] En Carmen Pardo Losada, "Asociación del Ropero Escolar" (Lugo: APL. Fondo Goberno Civil. Sinatura: 13040/01, 1922).

[1102] En varios, "Número especial sobre a Semana Pedagóxica Lucense", *Vida Escolar*, Nº 336, ano VII (1933): 10.

[1103] Vide Ramón Salgado Toimil, *Puntos cardinales del pensamiento pedagógico contemporáneo. Sociología infantil. Escuela única. Pacifismo* (Lugo: Imp. de G. Castro, 1927).

[1104] En Ramón Salgado Toimil, "Puntos cardinales del pensamiento pedagógico contemporáneo. Sociología infantil. Escuela Única. Pacifismo", *Centro Obrero de Cultura* (Lugo, 1927), 45.

[1105] En varios, "Ramón Salgado Toimil", *Galiciadigital* (13/07/22) extraído de: http://galegos.galiciadigital.com/gl/ramon-salgado-toimil).

[1106] En Emilio Grandío Seoane, *Los orígenes de la Derecha Gallega: la CEDA en Galicia* (1931-1936) (A Coruña: Edicións do Castro, 1998), 49.

[1107] En varios, "Asociacións", (Lugo: APL, Fondos do Goberno Civil, sinatura: 13035/19) e Vide *La Voz de la Verdad*, 30 de maio 1931, 7 e 24 de decembro de 1931.

[1108] En Comisión, "Asociación Maestre de Viveiro", *Vida Escolar*, Nº 111, ano III (1929): 4.

Nese ano tamén constituíuse en Lugo a asociación *La gota de Leche*, institución instalada na planta baixa do Goberno Civil.[1109]

Entre todas as asociacións aparecidas na provincia de Lugo durante estes anos (1900-1936), cómpre destacar as accións benéficas realizadas polo *Patronato de Protección Escolar Lucense.* No Nadal de 1927 esta sociedade puxo en marcha unha campaña de reparto de xoguetes nas escolas. Convén ter en conta que este Padroado xa levaba dez anos traballando a prol da dignificación da infancia sen recursos.[1110] Asemade, en referencia ás asociacións lucenses que traballaron pola infancia desfavorecida, convén facer fincapé tamén na constitución do *Patronato Provincial de Construciones Escolares*. Este organismo estaba presidido polo gobernador civil e constituído por representantes da Deputación e o Concello.[1111]

Respecto á atención da *infancia desfavorecida*, nas asociacións detectouse unha notable presenza e participación de mulleres en tarefas benéficas e educativas, con frecuencia de orientación eclesiástica e de dereitas.[1112] En efecto, a atención á infancia pobre foi un dos motivos máis frecuentes que impulsou o asociacionismo feminino lucense. Estas agrupacións promoveron a colaboración coas escolas, a protección da infancia e a educación das familias, organismos non lucrativos que completaron o labor dos colexios respecto á protección da infancia desprotexida, solicitando recursos e mellorando as condicións dos nenos e nenas mediante: a inauguración de centros, os congresos, as reunións, os roupeiros escolares, as escolas, as cantinas escolares, os festivais, as colonias ou as exposicións escolares. Segundo a Circular do 12 de outubro de 1920 e o Real Decreto do 5 de maio de 1913, para motivar aos profesores e alumnos debían realizarse exposicións escolares ao remate de cada curso nas escolas nacionais, invitando aos veciños e a Xunta Local. Estas experiencias foron ben acollidas pola sociedade, cómpre recordar que, ata ben entrado o século XX, en Lugo imperaba un estilo de vida humilde e tradicional.[1113]

Respecto a isto, os inspectores tamén foron promotores da *protección infatoxuvenil*. Así Luis Soto Menor fixo un chamamento público sobre a importancia de satisfacer as necesidades dos escolares que non tiñan posibilidades económicas. Así mesmo, Joan Comas foi un dinamizador do asociacionismo durante a súa curta estadía en Lugo. En 1929 este home presidiu a Xunta Provincial para a *Protección de Huérfanos del Magisterio*. Para levar a cabo o sostemento desta organización dirixiu o 1% dos soldos dos mestres en activo dende novembro de 1929.[1114] Ese ano Joan Comas asistiu aos congresos internacionais de ensinanza que se celebraron en Xenebra (Suíza) e en Elsingor (Dinamarca). A viaxe foi sufragada de modo particular sen subvención económica do Estado, o 25 de xullo e o catro de agosto de 1929 respectivamente.[1115] Durante o seu cargo tamén organizou unha *Campaña de Subscricións Pro-parados*. Esta sociedade recadaba donativos para axudar a remediar a crise obreira presente no

[1109] Idem, 476

[1110] En Luis Soto Menor, "Los Reyes Magos en las escuelas de Lugo", *Vida Escolar,* Nº 51, ano I (1927): 1-3.

[1111] En Jacinto Ruiz, "La primera enseñanza en la provincia de Lugo-1927", *Vida Escolar,* Nº 40, ano I (1927): 1-4.

[1112] En Emilio Grandío Seoane, *Los orígenes de la Derecha Gallega: la CEDA en Galicia* (1931-1936) (A Coruña: Edicións do Castro, 1998), 102-106.

[1113] Vide José Trapero Pardo, *100 años de vida local* (Lugo: Celta, 1969).

[1114] En Joan Comas Camps, "Junta Provincial de protección huérfanos del Magisterio", *El Progreso,* Lugo, 25 de xuño de 1931.

[1115] En Joan Comas Camps, "Expediente de Juan Comas Camps" (Madrid: Arquivo AGA-ACME. Sinatura. 16752, topográfica: 32/53).

campo e na cidade. A Comisión Provincial encargouse da administración dos gastos solicitando a axuda do maxisterio lucense provincial.[1116] Deste modo conseguiuse crear un fondo común de axuda aos sectores sociais máis desfavorecidos. Estas iniciativas filantrópicas sumáronse ás fecundas accións sociais e pedagóxicas feitas pola prensa, as doazóns veciñais e as asociacións de mestres.[1117]

Respecto ao sector docente, é necesario sinalar que algúns mestres traballaron intensamente no asociacionismo lucense. Por un lado, Ángel Mato Peña impulsou a formación de varios grupos en Lugo.[1118] Tamén, cabe sinalar o formidable traballo social de Carmen Pardo Losada, profesora e directora da *Escuela Normal de Maestras de Lugo*.[1119] Esta ourensán nacida en 1890, formou parte da Xunta creada para a Institución *La Gota de Leche* e do Padroado de Cantinas e Colonias. A nivel organizativo esta profesora contribuíu á organización das escolas graduadas anexas á Escola de Maxisterio de Lugo e ás *Cantinas* e *Colonias Escolares*. Despois da Guerra Civil, esta muller foi condecorada coa *Cruz de la Orden de Alfonso X "O Sabio"* e nomeada directora honoraria da Escola de Maxisterio Feminina.[1120] Durante o seu cargo distinguiuse por ter unhas fortes convicción relixiosas e culturais.

Outro docente importante foi Andrés Gómez Legaspi. Este mestre e xornalista lucense naceu en Muxa (Lugo) o 19 de xaneiro de 1892.[1121] O seu pai foi Miguel Gómez Meilán e casou en Lugo con Teresa Losada Soto en 1917.[1122] Aprobou as oposicións ao Maxisterio en 1924 e foi mestre escolar nas localidades de Viveiro, Ribadeo, San Román de Vilaestrofe e Cima de Vila (Pedreda). Na provincia de Lugo dirixiu as Colonias Escolares de San Miguel de Reinante, foi concelleiro de Lugo en 1928, presidiu a *Asociación de Maestres Nacionales del partido judicial de Lugo* con Manuel Torrón como secretario,[1123] militou en Unión Republicana, foi tesoureiro da Xunta Local de Lugo en marzo de 1936,[1124] presidiu a Mutualidade do Maxisterio de Lugo e dende 1950 foi profesor da *Escola de Comercio de Lugo*. En 1960 concedéronlle a medalla de *Alfonso X El Sabio*,[1125] xubilándose como mestre en 1962.[1126]

Por outro lado, convén facer referencia á presenza de numerosas *sociedades de emigrados* galegos en América que contribuíron sobre todo á construción de novos centros escolares. As principais asociacións de indianos lucenses foron: *Sociedad Hijos de Santaballa*, *Sociedad de Instrución de San Lázaro del árbol y su Comarca*, *Sociedad de Chantada*, *Sociedad de Taboada*, *Sociedad de Portomarín*, *Sociedad Viveiro e*

[1116] En Consello Provincial de Inspección de primeira ensinanza, "Suscripción pro-parados", *El Progreso*, Lugo, 2 de xuño de 1931.

[1117] Existían a Asociación Provincial de Mestres de Lugo, a Confederación Nacional de Mestres e naceron outros colectivos novos: a Asociación de Mestres interinos-substitutos constituíuse en 1931, a Asociación de Mestres nacionales del Partido de Lugo en 1932 e a Asociación Católica de Mestres de Lugo creada en 1936. En varios, "Libro de asociacións lucenses" (Lugo, APL, fondo: Goberno Civil, 1900-1936).

[1118] En Víctor Manuel Santidrián Arias, *Historia do PCE en Galicia (1920-1968)* (A coruña: Castro, 2002), 105.

[1119] En María José Méndez Lois (Coord.), *Mulleres na educación en Galicia* (MUPEGA: Xunta de Galicia, 2009), 199-200.

[1120] En Adolfo de Abel Villela, *Cincuenta años de Formación Profesional en Lugo (1932-1981)* (Lugo: Xunto de Galicia, Consellería de Educación e Cultura, 1985), 90-92.

[1121] En varios, *Primer escalafón de maestros de escuelas nacionales existentes en 31 de diciembre de 1933* (Madrid: Ministerio de Instrucción Pública y Bellas Artes, 1934), 44.

[1122] En *La Voz de la Verdad*, Lugo, 27 de outubro de 1919.

[1123] En Andrés Gómez Legaspi, "Del Magisterio", *El Progreso*, Lugo, 23 de febreiro de 1932.

[1124] En *El Progreso*, Lugo, 3 de marzo de 1936.

[1125] En *El Progreso*, Lugo, 27 do novembro de 1960.

[1126] En *El Progreso*, Lugo, 19 de xaneiro de 1962.

Comarca, Sociedad Gueimunde e Portela, Hijos de Lanzós en Cuba, Hijos del Valle de Oro de la Habana, Hijos de Roupar en Xermade, Hijos de Goiriz, Hijos de San Simón da Costa, Hijos de Samarugo, Hijos de Tardaz, Hijos de Distriz, Hijos del Concello de Trabada, Hijos de Sarria, Hijos de Marce en Cuba, Hijos de Benquerencia, Hijos de San Miguel e Reinante (Barreiros) e *Hijos Valle del Oro de la Habana.*[1127] Estas organizacións promoveron a construción de numerosos colexios que levan o seu nome. A continuación recóllense os nomes doutras asociacións que tiñan actividade educativa e cultural en Lugo no período 1900-1936.

Cadro 24. Principais asociacións con influencia sociocultural ou educativa na provincia de Lugo (1900-1936)

Nome.	Ano.	Sinatura.
Patronato de Protección Escolar Lucense	1900-1936	---
Sociedad obrera de socorros mutuos e instrucción La Concordia	1904	----
Asociación provincial de Maestros de Lugo	1906-36.	13035/02
La Prosperidad	1909-1936	----
Sociedad Agraria de La Devesa	1910	----
"El Socorro" de Arante	1910	----
La Prosperidad Cantábrica de La Devesa	1910	----
Sindicato de San Miguel de Reinante	1910	----
"El Porvenir" de Remourelle	1910	----
O Ateneo	1915	----
Madres de Familia	1921	---
Sindicato Agrícola del Eo (Meira)	1922	----
Asociación del Ropero Escolar [1128]	1922.	13040/01
Confederación Nacional de Maestros	1925.	13041/15
Federación de Sociedades Agrarias do Partido Xudicial de Ribadeo (Secretario Gregorio Sanz)	1928	----
Agrupación Socialista de Baralla	1930-31	----
Agrupación Socialista de "Neira de Jusá"	1931	----
Asociación Maestros Interinos y Substitutos[1129]	1931-36.	13045/29
Acción Católica de la Mujer	1931-33	----
Asociación Damas Catequistas	1931-33	----
Instituto de Cultura Gallega	1931.	13046/07
Sociedad Obrera de San Miguel de Reinante	1931	----
Asociación de Maestros Nacionales del Partido de Lugo[1130]	1932	----
Alumnos do Maxisterio Primario de Lugo	1932	----
Juventudes Antonianas	1932	13035/19
Agrupación Feminina Lucense	1932	----
Cantina Escolar (asistencial)	1932	----
Asociación Benéfica "Escuela de Madres-la Gota de Leche"[1131]	1932.	13047/29
Asociación Profesores de Magisterio Primario	1934.	13050/06
Patronato de Protección Escolar de Pedrada- Cimavila	1935	13051/29
Unión de Labregos de Montecubeiro	1936	----

[1127] Vide Vicente Peña Saavedra, *Las Escuelas de Americanos y las Sociedades de Instrucción en Galicia* (Santiago de Compostela: Servizo de Publicacións e Intercambio Científico 1991) e Luis Bello, "Vivero, con los americanos", *Vida Escolar*, Nº 154, ano III (1929): 1-3; e Antón Costa Rico, *Luis Bello. Viaje por las escuelas de Galicia* (Xixón: trea, 2010)

[1128] En Carmen Pardo Losada, "Asociación del Ropero Escolar" (Lugo: APL. Fondo Goberno Civil. Sinatura: 13040/01, 1922)

[1129] En F. Paz Agrio, "Asociación de Maestros Interinos-Substitutos" (Lugo: APL. Fondo Goberno Civil. Sinatura: 13045/29, 1936).

[1130] En Andrés López Legaspi e Manuel Torron, "Asociación de Maestros Nacionales del Partido de Lugo", *El Progreso*, Lugo, 23 de febreiro de 1932.

[1131] En Irene Montenegro Castro de Domínguez, "Escuela de madres de Lugo y de sus anexo La Gota de Leche", (Lugo: APL. Fondo Goberno Civil: 13047/29).

Asociación Católica de Maestros de Lugo	1936.	13052/47
Unión de Labradores de Baleira	1936	----

Fonte: Elaboración propia. En varios, en "Libro de asociacións lucenses" (Lugo: APL. Fondo: Goberno Civil 1900-1936); e directiva da Asociación de *Alumnos do Maxisterio Primario de Lugo*, "Información de Enseñanza", *El Progreso,* Lugo, 27 de xaneiro de 1932; para *Agrupación Feminina Lucense*: en Marcos Villares Díaz, "A muller consevadora lucense: do labor social á organización da dereita política" (1931-1933), *Revista CROA Boletín do Museo do Castro de viladonga* (2014): 51; e Asociación de Madres de Familia, "Denuncia pública en contra del juego y la exposición de revistas pornográficas", *El Progreso,* Lugo, 19 de xaneiro de 1921.

No período estudado tiveron unha notable relevancia a creación de organizacións e a participación feminina nas de beneficencia. Estas agrupacións formábanse por regra xeral en núcleos urbanos e en localidades cunha forte arraigamento confesional.[1132] A nova efervescencia política e cultural reflectiu a intención de organizarse ante a inestabilidade sociopolítica de España. Algunhas destas asociacións organizaron reunións, que eran puntos de encontro onde os mestres discutían sobre o estatuto docente e as preocupacións educativas, políticas, sociais e culturais. Aínda que en todo o territorio nacional apreciábase certa pasividade e falta de preocupación política pola educación pública, circunstancias que cambiou en parte durante o goberno do primeiro bienio da Segunda República. Respecto a estas organizacións, convén ter en conta segundo a opinión de Emilio Grandío:

> Las organizaciones femeninas (...) que se crearon en estos meses fueron consideradas como una apertura a la sociedad, pero (...) en su funcionamiento práctico no eran más que agrupaciones de señoras y señoritas con escaso poder autónomo, limitadas a determinadas actividades sociales. [1133]

Unha das etapas máis importantes para o asociacionismo foi o bienio reformista da Segunda República (1931-1933). Coa instauración do Goberno Republicano sucedéronse novas convocatorias e reunións societarias, recuperándose o asociacionismo do maxisterio.[1134] En 1931, na provincia luguesa existía unha *Mutualidad de Socorros del Magisterio Lucense*, asociación provincial que tiña o seu local social na Escola de Nenos de Lugo situada en Santo Domingo. Grazas ás regulares publicacións de *Vida Escolar* e *El Progreso* podemos coñecer hoxe os socios mutualistas, conformados por un grupo de docentes altruístas e solidarios coa causa que deu lugar á aparición desta Mutualidade: Francisco Varela Ouro, Regina García Félix, Casilda Pavón Salgado (de Antas de Ulla), Matías Zeide, Emilina González, María de la Concepción Torre, Tomás Muñoz Gil (de Carballedo), José María Rois Castro, Aurea Rodríguez Bouza, Purificación Escolante, Carmen Pedrosa Blanco, Manuel Costa González, Modesta Díaz Castro, Manuel Suárez Díaz, Simón Saco López, Manuel López García, Emilia García Arias (de Chantada), Clemente Yedra, Adelina López González, Luisa García (de Monterroso), Ángel Fernández Vázquez, Irene Louzan Fole, Inocencia Gea, Asunción Dominguez (de Palas de Rei), Elena Quiñoa Flores, Consuelo Martínez Dios, Manuel Rodriguez Pardo (de Portomarín), Josefa Martín Piñeiro, María Herminia Viana (de Taboada), Antonio A. López, Concepción López Rey, Dorotea Sampedro (de Baleira), Balbina López Pérez, Manuel Rancaño Tellado, David Ferreiro Rico, Manuel Álvarez Sanchez, Francisco Álvarez Iglesias, Pedro Portela Gómez, Dionisio Fernandez, Uz Barja, Regina García y Enrique González (de Fonsagrada),

[1132] En Emilio Grandío Seoane, *Los orígenes de la Derecha Gallega: la CEDA en Galicia* (1931-1936) (A Coruña: Edicións do Castro, 1998) 329.

[1133] Ídem, 92.

[1134] En Antón Costa Rico, *Escolas e mestres...* (Santiago de Compostela: Servizo Central de Publicacións, Consellería da Presidencia e Administración Pública, 1989), 284-299.

Honorato García Sánchez, Antonio Lastra Uría, Trinidad Sánchez Díaz, Pedro Löpez Bermúde, Argimiro Rico Trabada (de Meira), María Castrillón Subirats, Estanislao Fernández Soto (de Navia Suarna), Eleuteria María Loredo, Juana Díaz Pérez, José Mourenza Carreira, Perpetua Rodríguez, Gregorio Sanz, Dionisio Díaz, Purificación Vilanova, María Seijas Marcos (de Barreiros), José Novo Rico, María Elena García Piñeiro, Manuel R. Reinante, Leovigildo Herrero García, María Mercedes Yañez López, Manuel Moyer Guardiola (de Ribadeo).[1135] O obxectivo de recoller os nomes dos mutualistas é ter presente que mestres máis solidarios, unha cuestión pola que ben merecen que sexan recordados, dada a mala situación económica dos docentes e as frecuentes situacións de necesidade da época, debido á precariedade laboral ou á alta taxa de mortalidade.

Neste ano a *Asociación Patronal de la Provincia de Lugo* tamén solicitou a creación dunha *Escuela Veterinaria*, debido a riqueza pecuaria desta provincia no primeiro terzo do século XX.[1136] Esta solicitude xa se realizou con anterioridade, de xeito concreto en xaneiro de 1910 ao *Ministerio de Agricultura,* sendo denegadas polas autoridades competentes.[1137]

Na Segunda República destacaron varios docentes nas diferentes sociedades: entre eles atopábanse o mestre de Lugo José Ramos, como directivo do *Partido Obrero de Unificación Marxista* (POUM), o seu obxectivo foi a defensa dos dereitos dos traballadores do ensino. Outro mestre destacado foi Anxo Fernández Romero que criticaba o carácter dalgúns sectores do maxisterio incidindo: "... case todos os mestres da provincia de Lugo, son de ideoloxía fascista".[1138] Cómpre facer fincapé na mobilización que o inspector Luis Soto Menor realizou en defensa da creación da *Asociación do Maxisterio* antes de chegar a Lugo.[1139] No ano 1932 constituíronse varias asociacións, en xaneiro a directiva da *Asociación de Alumnos del Magisterio Primario* de Lugo aprobou os seus regulamentos da sociedade.[1140] Durante este ano, o vogal desta asociación Salvador González e González realizou conferencias culturais e educativas defendendo os dereitos dos estudantes da *Escuela Normal de Lugo*.[1141] En 1932 inscribiuse tamén no Goberno Civil a *Asociación de Maestres interinos-substitutos* por José R. Fernández Carral, o seu estatuto foi elaborado por Manuel Vázquez Barrio.[1142] Tamén fúndase a *Agrupación Feminina Lucense* que chegou a ter 6000 militantes.[1143] Entre outras funcións, a Comisión Executiva da *Asociación de Maestres* tramitaba as solicitudes para o recoñecemento dos servizos dos mestres interinos.[1144] Un ano máis tarde, en 1933, o mestre das escolas públicas de Sarria Domingo Saavedra Sánchez foi o

[1135] En Mutualidade de Socorros do Maxisterio Lucense, "Mutualidade de Socorro del Magisterio lucense", *El Progreso,* Lugo, 18 de marzo de 1932.

[1136] En varios, *Lugo XX historia de un Siglo* (Lugo: Fascículos para coleccionar Tomo I. *El Progreso,* 2000), 538.

[1137] En Presidente da Asociación Patronal, "Pidiendo una Escuela de Veterinaria para Lugo", *El Progreso,* Lugo, 10 de xaneiro de 1932.

[1138] En A. Fernández Romero, "Asociación de Maestros Interinos-Substitutos" (Lugo: APL. Fondo Goberno Civil. Sinatura: 13045/29, 1936).

[1139] En Antón Costa Rico, *Historia da educación e da cultura en Galicia,* (Vigo: Xerais, 2004), 1004. Ademais podemos atopar un mitin en: Varios, "El mitin del domingo", *La Región,* 27/VIH/1912.

[1140] En directiva da Asociación de Alumnos do Maxisterio Primario de Lugo, "Información de Enseñanza", *El Progreso,* Lugo, 27 de xaneiro de 1932.

[1141] En Alfonso Núñez, "Asociación de Estudiantes de Lugo", *El Progreso,* Lugo, 28 de xaneiro de 1932.

[1142] En A. Fernández Romero, "Asociación de Maestros Interinos-Substitutos" (Lugo: APL. Fondo Goberno Civil. Sinatura: 13045/29, 1936).

[1143] En Emilio Grandío Seoane, *Los orígenes de la Derecha Gallega: la CEDA en Galicia* (1931-1936) (A Coruña: Edicións do Castro, 1998), 131.

[1144] En varios "Los curillos de Magisterio", *El Progreso,* Lugo, 5 de xaneiro de 1932.

presidente da *Asociación do Partido Judicial de Sarria.* Despois da Guerra Civil, este docente obtivo a *Medalla de Alfonso X O Sabio* pola súa grande integración na vida cultural e social da vila.[1145] Por outro lado, convén facer fincapé na presenza do mestre Juan Encinar que foi o presidente da *Mutualidad del Magisterio de la Asociación Provincial de Lugo,* entidade que constituíu o *Patronato de Huérfanos del Magisterio.*[1146]

Ilustración 45. Domingo Saavedra mestre das escolas públicas de Sarria (publicado en *Número especial sobre la Semana Pedagóxica Lucense de 1933)*

Nos anos trinta aumentou significativamente o *número de afiliados* nas organizacións sindicais. Así, 60 docentes lucenses incorporáronse a *Federación Española de Traballadores do Ensino* (FETE), organización vinculada á UGT. Este organismo comezou a editar L.A.T.E. en 1936 e tiña como representante a Ángel Romero Vázquez.[1147] Os mestres lucenses da FETE-UGT eran favorables da unificación da ensinanza (sindicato historicamente vinculado ao PSOE), como antídoto á aparición das tradicionais arbitrariedades caciquís e para asegurar o progreso.[1148] Durante este período tamén fundáronse novas organizacións como: a ORGA, o *Partido Republicano Radical* en Galicia (do que era membro o inspector de Lugo José del Peso y Sevillano), a *Federación Republicana Gallega* convertida posteriormente no *Partido Republicano Gallego* e logo como *Izquierda Republicana, o Partido Republicano Radical Socialista* (do que era membro Luis Soto Menor), o *Partido Galeguista* (do que era membro José Fernández Ojea) e a *Unión Republicana* (do que era membro o médico lucense Vega Barrera) e a *Falange en Galicia*,[1149] esta última organización experimentou un aumento dos seus afiliados en 1936.[1150] O *Partido Galeguista* foi reprendido con dureza polos militares sublevados durante a Guerra Civil.[1151]

Convén poñer de manifesto as declaracións do galego Germán Lastra respecto ao asociacionismo en 1932. Este político afirmaba que os mestres tiñan que fomentar a creación de cooperativas de labradores e seguros parroquiais, organizacións que axudaban aos veciños cando sufrían perdas agropecuarias.[1152] Segundo Germán Lastra, estas *caixas de aforro* podían constituír unha solución ás frecuentes perdas veciñais, favorecendo que as familias non dependeran tanto do traballo dos fillos, mellora que redundaba en beneficio dunha maior asistencia escolar: "...serían la salvación de nuestro

[1145] En *El Progreso*, Lugo, 10 de agosto de 1968.

[1146] En varios, "Número especial sobre a Semana Pedagóxica Lucense", *Vida Escolar*, Nº 336, ano VII (1933): 11.

[1147] En Antón Costa Rico, "Socialismo e educación en Galiza do primeiro terzo do século XX", *Xornada de Historia de Galicia, dirs. Xavier Castro, Jesús de Juana* (Ourense: Servizo de Publicacións Provincial, 1986), 135-164.

[1148] En Jesús de Juanae Julio Prada, *Historia contemporanea de Galicia* (Barcelona: Ariel, 2005), 195.

[1149] Vide Alfonso de Alfonso Bozzo, *Los partidos políticos y la autonomía en Galicia 1931-36* (Madrid: AKAL, 1976).

[1150] Vide Xavier Costa Clavell, *Los dos caras de Galicia bajo el franquismo* (Madrid: Cambio, 1977), 16.

[1151] En Narciso de Gabriel, "A represión fascista do profesorado galeguista", *Sarmiento*, Nº 24 (2020), 235.

[1152] En Germán Lastra, "La escuela del porvenir-El conjunto", *El Progreso,* Lugo, 5 de febreiro de 1932.

agro".[1153] Nas cooperativas o mestre funcionaba como un orientador, xestionando os sobrantes das colleitas que irían aos hórreos comúns, e á súa posterior venda á *Caixa de aforro* parroquial. Segundo o inspector José del Peso, o mestre ocupaba unha posición privilexiada na organización dos núcleos pequenos de poboación, porque xunto co sacerdote eran practicamente as únicas persoas letradas.

> Toda esta labor de orientación y divulgación científica y societaria, ha de desarrollarla la Escuela del Porvenir, porque es la única institución capacitada para encauzar a las masas agrarias por el camino de la reinvindicación social y económica[1154].

Xa dentro do *bienio negro* gobernado pola CEDA, segundo o Decreto do 15 de xuño de 1934, o Estado daba facilidades para que os concellos, particulares, entidades, sociedades, corporacións oficiais e particulares que cooperaran na dotación nacional de edificios para instalar escolas nacionais.[1155] Na primavera de 1935, celebrouse en Lugo a *Asamblea de la Federación de Maestros Gallegos* con 920 afiliados en toda Galicia. Ata este período, algúns profesores lucenses non eran partidarios da aplicación dun *Estatuto de Autonomía en Galicia.* De xeito paralelo, houbo unha corrente a prol de que o ensino fora unha competencia político-administrativa independente, tan só o medo a un deficitario goberno e ao control caciquil frearon estas tentativas.[1156]

Outro tema importante dentro do asociacionismo foi a participación de docentes e inspectores nas *logias masónicas*, convén remarcar que estas asociacións colaboraron coa expansión das escolas laicas, mediante axudas económicas, técnicas e científicas. Por este motivo, as autoridades franquistas perseguiron a estes organismos.[1157] A efervescencia cultural produciu un fortalecemento da francmasonería que apostaba pola implantación dunha ensinanza laica,[1158] referímonos ás *logias lucenses*: *Triangulo Fraternidad Humana número 75* (Viveiro) e *Lucus* (Lugo), dos que foron membros o José del Peso y Sevillano e José Galera Moreno.[1159]

Respecto á *cuestión relixiosa*, o mestre lucense Anxo Fernández cuestionou o ensino eclesiástico e a necesidade de implantar unha ensinanza laica.[1160] Por este motivo algunhas asociacións foron perseguidas, entre elas, a *Escuela Racionalista de Lugo*, promovida polo *Ateneo Libertario Humanidad de Lugo*. O obxecto de atención desta institución cultural era tendente ao neutralismo, antitradicionalismo relixioso e a incorporación de innovacións pedagóxicas.[1161] Chama a atención o dinamismo *asociacionista* en Lugo, unha rexión en certo modo cun desenvolvemento economicamente tardío e deprimida culturalmente respecto a outras provincias españolas.

[1153] Ídem.

[1154] En Germán Lastra, "La escuela del porvenir-El conjunto", *El Progreso,* Lugo, 5 de febreiro de 1932; e En Germán Lastra, "La escuela del porvenir-Más sobre la labor circunescolar", *El Progreso,* Lugo, 10 de febreiro de 1932.

[1155] En Luis Soto Menor, "De actualidad", *Vida Escolar,* Nº 391, ano VIII (1934): 1-2.

[1156] Vide *Escolas e Mestres*...

[1157] En Jesús de Juana e Julio Prada, *Historia contemporanea de Galicia* (Barcelona: Ariel, 2005), 193.

[1158] Ídem.

[1159] En José Galera Moreno, "Expediente de José Galera Moreno" (Madrid. ACME-AGA. Sinatura: 018462-0075).

[1160] En A. Fernández Romero, "Asociación de Maestros Interinos-Substitutos" (Lugo: APL. Fondo Goberno Civil. Sinatura: 13045/29, 1936).

[1161] En Antón Costa Rico, *Historia da educación e da cultura en Galicia* (Vigo: Xerais, 2004), 964-965.

Por último, comprobamos que durante o primeiro terzo do século XX, nesta provincia apareceron bastante asociacións educativas con fines sindicais, culturais e benéficas. Estas corporacións tiñan unha ideoloxía diversa, tendo en conta os nomes das asociacións rexistradas no arquivo do Goberno Civil do APL. Polo seu signo cultural e educativo, moitas destas agrupacións influíron na vida dos mestres. Entre outras funcións realizaban actividades culturais e sindicais de diversa índole: reivindicaban os dereitos dos mestres, organizaban charlas e debates sobre os problemas educativos provinciais. En 1936 a federación galega da FETE reuniuse no seu congreso constitutivo para tratar entre outros temas o uso da lingua galega nas aulas, o laicismo escolar, o estatuto do maxisterio, a escola rural e a escola do traballo.[1162] O 14 de abril dese mesmo ano, a *Unión de Labregos de Montecubeiro*, fundada por Bonifacio Sarille, promoveu a *Festa da República*, onde o mestre Argimiro Rico Trabada participou cun discurso cultural.

Principais asembleas e congresos promovidas polas asociacións lucenses

A aparición do asociacionismo trouxo consigo un aumento de reunións para compartir e debater os contidos. Por este motivo leváronse a cabo diversas celebracións de asembleas, congresos, publicacións de carácter político e cultural. En 1906 a *Asociación Nacional del Magisterio* reunía a 300 asociados. Dous anos máis tarde en 1908, convén ter en conta que existía un panorama de axitación social polas malas condicións laborais.[1163] No seguinte cadro atópanse recollidas as principais asembleas e congresos máis relevantes, celebrados en Galicia dende 1900 ata o comezo da Guerra Civil española en 1936.

Cadro 25. Principais asembleas e congresos celebrados en Lugo nas primeiras décadas do século XX	
1908	Celebración da I Asemblea Agraria de Monforte
1918	Manifesto da *Asemblea Nazonalista de Lugo*
1923	Congreso Pedagóxico en Lugo
1933	Semana Pedagóxica en Lugo

Fonte: Elaboración propia. Para 1900-1930, en José Trapero Pardo, *Lugo 100 años de vida local* (Lugo: Edicións Celta, 1969), 208-263; para 1930-1936, en Blanca García Montenegro (cord.), "Lugo: cien años de progreso", en *El Progreso,* Lugo, 1 de marzo de 2008; e varios, *Lugo XX historia de un Siglo* (Lugo: *El Progreso,* Tomo I, fascículos para coleccionar, 2000).

Entre todas as asembleas e congresos convén destacar a nivel educativo o *Congreso Pedagógico lucense* celebrado en 1923 e a *Semana Pedagógica lucense* celebrada en 1933. Ambas as dúas convocatorias foron as citas de ensinanza máis importantes para a escola lucense, porque serviu para reunir aos mestres e inspectores máis salientables de toda Galicia, discutindo sobre os problemas da ensinanza e sentar as bases dunha necesaria renovación pedagóxica. Coa chegada da Guerra civil o asociacionismo, especialmente o republicano e masónico estivo altamente represaliado. Debido a este motivo leváronse a cabo numerosas depuracións.[1164] A vitoria das tropas franquistas

[1162] Estes datos foron tratados por Antón Costa na súa obra *Escolas e Mestres* e citados posteriormente en Jesús de Juana e Julio Prada, *Historia contemporanea de Galicia* (Barcelona: Ariel, 2005), 196.

[1163] Estas novas organizacións foron o espello da inestabilidade política e social de comezos de século. En José Trapero Pardo, *Lugo 100 años de vida local* (Lugo: Edicións Celta, 1969) 208-263; Para 1930-1936, en Blanca García Montenegro (cord.), "Lugo: cien años de progreso" (Lugo: *El Progreso,* 1 de marzo de 2008); e varios, *Lugo XX historia de un Siglo, El Progreso* (Lugo: *El Progreso,* Tomo I, Fascículos para coleccionar, 2000).

[1164] Vide María José Souto Blanco, *La represión franquista en la provincia de Lugo (1939-1940),* (Sada: O Castro, 1998), 301-317: e En Antón Costa Rico e Uxía Bolaño Amigo, "Represión política e castigo do profesorado republicano na provincia de Lugo. As consecuencias do 36", *Sarmiento,* Nº 21 (2017): 114.

fixo que remataran de forma abrupta os plans republicanos de continuar coa reforma educativa iniciada. O seguinte apartado recolle como foi o proceso de depuración docente do réxime franquista e as súas principais consecuencias do proceso de modernización escolar iniciado nos primeiros anos do século XX.

4.2.6. O proceso de depuración coa chegada da Guerra Civil

Segundo Pierre Vilar, tres foron os problemas que desembocaron no gran conflito bélico español do século XX: problema político, problema social e cuestión rexional catalá.[1165] Daquela veu o lamentable "espectáculo" de prisioneiros, de defuntos e a insoportable presión ideolóxica sobre as vítimas. No campo da docencia, coa vitoria dos partidarios franquistas deu lugar a un proceso de depuración, destituíndo aos mestres sospeitosos de ter ideas contrarias á posterior Ditadura. Pese a todo, o fondo dos acontecementos non residiu só en isto, se trataba de destruír o labor escolar republicano, rematando: co laicismo, coa coeducación, coa democratización do ensino e con parte das innovacións pedagóxicas.[1166] Estas circunstancias marcaron a historia da educación en España. En efecto, o levantamento militar franquista levou consigo un proceso de control. Segundo Rodrigo Alvarado, aproximadamente un 12,3% dos docentes de Primeiro Ensino foi sancionado nun primeiro momento nesta primeira acometida represiva.[1167] Tamén, no período de posguerra moitos mestres republicanos foron perseguidos, rematando co proxecto educativo comezado polo goberno do bienio reformador (1931-1933), onde a educación era un dos piares fundamentais nos que se sustentaba a reforma.[1168] Nesta corrente atopábase implicado un amplo sector do ensino, xa que durante a República os docentes foron figuras fundamentais para conseguir o cambio na conciencia, a ideoloxía e a mentalidade da sociedade,[1169] por este motivo un amplo sector do profesorado foi duramente perseguido e represaliado, que non dubidou en sancionar a calquera profesional sospeitoso de non ser fiel ao novo réxime ditatorial, fundamentado na patria, a monarquía e a relixión católica. Así os vencedores da Guerra Civil implantaron unha novo aparato ideolóxico-escolar,[1170] no que se apartaba mediante un proceso rápido aos mestres que non seguían a liña ideolóxica *nacionalcatolicista*, fundamentado en informes das autoridade locais.[1171] En Lugo, esta situación foi descrita por Ben Cho Shey, a través da redación dunha obra titulada *Ben Cho Shey. Diario de Lugo 1936*. Neste libro manifesta a pouca resistencia que ofreceu a provincia ao levantamento militar e as barbaridades que se produciron, en referencia sobre todo aos asasinatos e torturas inxustificadas levadas a cabo polos golpistas.[1172]

> O pobre home asesinado onte foi enterrado de calqueira xeito sin que lle permitiran a ninguén o acompañalo. Esto, feito en nome dacaridade cristiana e invocando o orde púbrico.[1173]

[1165] En Perre Vilar, *Historia de España* (Barcelona: Crítica, 2008), 201.

[1166] En Anxo S, Porto Ucha, "Dous modelos educativos, duas escolas enfrontadas: a escola republicana e a escola nacional-católica", *Sarmiento*, Nº 10 (2006): 114.

[1167] En Rodrigo Alvarado Iglesias, "A primeira etapa do proceso de depuración de mestres e mestras de Primeiro Ensino na provincia de Lugo: agosto-novembro de 1936", *Sarmiento*, Nº 18-19 (2015): 116.

[1168] Neste período creouse un movemento social e político a prol do progresismo social e o liberalismo político.

[1169] Vide Francisco Morente Valero, *La escuela y el Estado Nuevo. La depuración del Magisterio Nacional (1936-1943)* (Valladolid: Ámbito, 1997).

[1170] En F. Raposo, "Lista de los alumnos en Abril de 1936 de la escuela de la Calle Santiago, acompañado por el inventario del material escolar El maestro F. Raposo (señalando artículos propios de las escuelas con fecha del 4 de Julio de 1936)" (Lugo: APL. Sección: Concello, sinatura: 1200-02, 1936).

[1171] En Antón Costa Rico, "Da escola da palabra á escola do silencio: Educación é primeiro franquismo", *A Nosa Historia/2* (Vigo: A Nosa Terra, 1987), 13-19.

[1172] En José Ramón Fernández Oxea, *Ben Cho Shey Diario de Lug*o (Lugo: Deputación de Lugo, 2024), 17-48.

[1173] Ídem, 30.

Pero, debido ao conflito bélico xurdirían cambios na escola? En efecto, unha vez iniciado o golpe militar en Lugo, nas zonas ocupadas púxose en marcha un proceso de represión sobre o profesorado e adecuación escolar de novos principios ideolóxicos.[1174] A vida de cada mestre foi analizada, filtrando calquera conduta política e social sospeitosa. O marco legal deste proceso foi o seguinte: Decreto do 8 de decembro de 1936, Circular do 7 de decembro de 1936 e Orde do 18 de marzo de 1939. Estas disposicións levaron a cabo unha ampla gama de sancións. As principais razóns polas que eran castigados os docentes eran por ter actitudes contrarias ao réxime, participar en organizacións afíns á República, masonería, nacionalismos, simpatías de esquerda, comunistas, irrelixiosidade, conduta considerada inmoral, practicas pedagóxicas non aptas e separatismos. As principais sancións aplicadas foron de distinta índole: castigos leves, expulsións, inhabilitación para cargos de dirección ou confianza, traslados obrigatorios, suspensións, xubilacións anticipadas, ou suspensións de emprego e soldo parcial ou indefinida.[1175] Ademais, o inicio da Guerra Civil provocou que todos os organismos dependentes da JAE deixaran de funcionar.[1176]

Táboa 14. Profesorado/estudantes/inspectores de ensino sancionado en Lugo (1936-1942)	
Número	**Sanción**
118	Destitución e cesamento total.
85	Suspensión temporal de emprego e traslado.
203	**TOTAL**
1835	Total de resolucións depuradoras (1936-1942)
1810	Resolucións mestres
1056/754	Mestres/mestras (clasificadas por xénero)
101	Estudantes
14	Profesorado de instituto.
5	Inspectores
6	Persoal non docente
53	Traslados
32	Suspensións temporais de emprego e soldo
118	Cesamento e destitución indefinida (13 mestras)

Fonte: Elaboración propia. En María José Souto Blanco, *La represión franquista en la provincia de Lugo (1939-1940),* (Sada: O Castro, 1998), 301-317: e en Antón Costa Rico e Uxía Bolaño Amigo, "Represión política e castigo do profesorado republicano na provincia de Lugo. As consecuencias do 36", *Sarmiento,* Nº 21, (2017): 114.

Dividindo por partidos xudiciais da provincia lucense, segundo os datos do *Boletín Oficial de la Provincia* (BOP) e o análise realizado por Rodrigo Alvarado, distinguindo o seguinte número de sancionados: en Becerreá 18, en Chantada 19, en A Fonsagrada 13, en Lugo 20, en Mondoñedo 13, en Monforte 19, en Quiroga 11, en Ribadeo 22, en Sarria 12, en Vilalba 21, en Viveiro 11 e 5 non rexentaba escola.[1177] En total, preto do 12% dos mestres de Primeiro Ensino sufriron algunha clase de represalia. Sancións na súa maioría aplicadas polo gobernador civil da provincia lucense Ramón Bermúdez de Castro e o comandante militar de Ribadeo.

[1174] En Rodrigo Alvarado Iglesias, "A primeira etapa do proceso de depuración de mestres e mestras de Primeiro Ensino na provincia de Lugo: agosto-novembro de 1936", *Sarmiento. Anuario Galego de Historia de Educación,* Nº 18, 19 (2015): 111-128.

[1175] En Julio Prada Rodríguez, "As modalidades represivas no primeiro franquismo. Unha proposta de sistematización", *Minius,* Nº VI (1997): 99-115.

[1176] En Raquel Vázquez Ramil, *Mujeres y educación en la España contemporánea. La Institución Libre de Enseñanza y la Residencia de Señoritas de Madrid* (Madrid: Akal, 2012) e en *Sarmiento,* Nº 16 (2012): 218.

[1177] En Rodrigo Alvarado Iglesias, "A primeira etapa do proceso de depuración de mestres e mestras de Primeiro Ensino na provincia de Lugo: agosto-novembro de 1936", *Sarmiento,* Nº 18-19 (2015): 116.

Aludindo ao *funcionamento das escolas*, en agosto de 1936 a *Junta de Defensa Nacional* (en adiante JDN) aprobou unha lexislación para aparentar normalidade en todo o territorio sometido e demostrar a súa autoridade. O curso 1936 comezou con regularidade no mes de setembro, máis o reinicio do ano lectivo trouxo cambios na ensinanza: entre elas o control ideolóxico do maxisterio e a reintegración do crucifixo nas aulas. O carácter da JDN iniciado polo exército esixiu o apartamento absoluto de todo partidismo político e sindical, empregando a defensa da unidade nacional implantada polo movemento franquista como obxectivo nas escolas.[1178]

Ilustración 46. O mestre represaliado Enrique Correa (publicada en *Número especial sobre la semana Pedagógica Lucense de 1933*)

Respecto á cuestión do *número de docentes depurados* na provincia de Lugo, temos constancia de que entre 1936 e 1942 foron sancionados un total de 291 mestres e mestras (205 eran homes e 86 mulleres). Moitos destes docentes foron apartados e apartadas dos seus cargos, como consecuencia das disposicións directas da JDN. Proceso que foi publicado no *Boletín Oficial* dende o 19 de setembro de 1936, onde se rexistraban o nomeamento dos novos mestres e mestras substitutos pertencentes á nova ideoloxía dominante. Sobre isto, Ben Cho Shey afirmaba no seu *Diario de Lugo*:

> Así se ven a cotío istes desoladores exempros de menciñeiros ignorantes e sin clientela que acusan e non calan ata matar a compañeiros seus que se acreditaron pola súa valía e pola súa ciencia; de mestres vagaceiros que endexamais traballaron nas escolas, perseguindo os infelices a quen a súa vocación os levou a un verdadeiro apostolado do ensiño; de señoritos analfabetos que andaxamais foron capaces de conquerir un emprego polo seu esforzo intelectual, arrempuxando a probes funcionarios pra ocupara iles os seus lugares, e así poderíase seguir ata perde-la paciencia.[1179]

A Comisión de Cultura e Ensinanza foi a encargada de regular as normas dos nomeamentos, unha vez aprobados, os cargos quedarían en vigor ata que o Goberno Nacional determinase a provisión definitiva de prazas. En consecuencia, varios mestres foron apartados do exercicio do maxisterio, a pesar do traballo realizado pola infancia e xuventude lucense.

No Anexo número 7.6 achégase o nome de todos os sancionados/as entre 1936 e 1942,[1180] ano no que foi nomeado Antonio Rosón Pérez, como delegado Provincial de Educación Popular do réxime franquista.[1181] Un dos docentes castigados foi Gregorio

[1178] Regulado no Decreto do 25 de setembro do 36.

[1179] En José Ramón Fernández Oxea, *Ben Cho Shey Diario de Lug*o (Lugo: Deputación de Lugo, 2024) 47.

[1180] Esta lista é susceptible de incluír algún erro, porque os datos foron transcritos a partir de fontes oficiais trasladadas polo bando nacional. En persoal depurado (1936-1942) "Expedientes de depuración da provincia de Lugo" (Madrid. Sección de Educación e Ciencia, Arquivo Xeral da Administración (MEC, cartapacio 251. Sinaturas: 32/12744, 32/12743, 32/13204, 32/13211, 32/12730, 32/12734, 32/12742, 32/12740 e 32/12738).

[1181] En Pilar López e Mª Jesús Baz, "Una aproximación a Falange en la provincia de Lugo (1936-1942)", *A Patria enteira. Historia Política* (Santiago: USC, 2008), 199.

Sanz:[1182] expulsado do corpo de mestres e preso durante cinco anos (1936-1941),[1183] dedicando un emotivo epistolario a súa familia.[1184] Este arresto foi narrado polo inspector Ben Cho Shey na súa obra *Diario de Lugo 1936*: "De Ribadeo trouxeron 113 prisioneiros, entre iles ven o amigo Gregorio Sanz, a quen tratei de ver sen conquerilo".[1185] O propio Gregorio describiu nas súas memorias as crueles condicións do Vello Cárcere de Lugo:

> Había de tenerse en cuenta que la cocina de la Cárcel estaba hecha pensando en una población reclusa de 125 personas como máximo y en algunas ocasiones pasamos de los ochocientos por lo cual a las doce de la noche empezaban a cocer las patatas que habían de servirnos al mediodía siguiente. Una vez cocinadas, se dejaban en unos barreños de hierro, se cocían otras dos o tres tandas de patatas, judías o lentejas, o lo que fuera, y poco antes de verificar el reparto se les añadía agua caliente, agregando a la vez unas cucharadas de aceite y se procedía a su distribución, llegando a nuestros platos ligeramente templadas y con el sabor que cada uno puede imaginarse.[1186]

> Conta Gregorio Sanz nas súas memorias como houbo momentos nos que conviviron corenta e cinco persoas nunha cela de menos de trinta metros cadrados. Así pois, cando chegou a ela xunto a tres compañeiros máis confesa que "pensaba yo en cómo nos las íbamos a arreglar por la noche cuando llegara la hora de acostarse. Me parecía materialmente imposible hallar un hueco donde los tres nuevos ingresados pudiéramos tumbarnos". Con retranca engade Sanz que esa noite "comprobamos que todo aquello que la Física nos había enseñado sobre la impenetrabilidad de los cuerpos tenía solamente un valor relativo".[1187]



Ilustración 47. Emilio Ceide e Gregorio Sanz, mestres represaliados ("Largo invierno" en *Ribadeando* e "Gregorio Sanz, o mestre elocuente" en *Sarmiento*)[1188]

Na zona sometida, Antonio Rosón Pérez implantou baixo as circulares gobernamentais un sistema de selección ideolóxica do profesorado, aplicando unha

[1182] Vide Narciso de Gabriel Fernández, "Gregorio Sanz, o mestre elocuente", *Sarmiento: Anuario galego de historia da educación,* Nª 22 (2018): 207-234.

[1183] En Víctor Moro, *"Limiar" Gregorio Sanz Uno de tantos* (Sada: Edicións do Castro, 1990), 19.

[1184] En Gregorio Sanz, *Uno de tantos, cinco años a la sombra* (Sada: Edicións do Castro, 1986).

[1185] En José Ramón Fernández Oxea, *Ben Cho Shey Diario de Lug*o (Lugo: Deputación de Lugo, 2024), 25.

[1186] En Gregorio Sanz, *Uno de tantos. Cinco años a la sombra* (Sada: Ediciós do Castro, 1986): 110 .

[1187] En Cristina Fiaño, "O vello cárcere de Lugo (1936-1946)", *Unión Libre. Cadernos de Vida e Culturas,* Nº 20 (2015): 19.

[1188] A fotografía de Gregorio Sanz foi cedida pola súa familia a través do seu neto Ángel. A ilustración de Emilio Ceide foi transferida por Pablo Mosquera Mata, preciosa instantánea que retrata a un dos mestres máis importantes da Escola de Nenos de San Ciprián.

criba sustentada por unha nova normativa para poder censurar os medios de comunicación. Non só os mestres foron sancionados, tamén os inspectores e os profesores da Escola Secundaria e da Escola Normal. En xeral, case todos os profesionais da ensinanza pasaron polo proceso de depuración pertinente de xeito formal e informal. As principais razóns polo que os docentes foron castigados foron: filiación política esquerdista e acción cidadá antirrelixiosa. Actualmente a listaxe de profesores destinados en Lugo depurados atópanse no arquivo ACMA-AGE e no BOP de Lugo.[1189]

As mestras depuradas polo franquismo

Antes do levantamento dos "golpistas", a presión social cara os mestres e as mestras na provincia de Lugo eran frecuente, sobre todo por parte dos sistemas caciquís e do clero máis conservador. Un exemplo destas situacións foi a sucedida na *Escuela de Alba* en setembro de 1930, neste centro a mestra María Pérez Pérez foi reprendida polo cura da parroquia por impartir clases defendendo valores democráticos e de liberdade. Situación que se estendeu durante a Segunda República, agravada tras a retirada dos crucifixos e o cesamento das clases de catequese na escola.[1190] En efecto, a figura do docente a miúdo era vixiada moi preto polo cura e o alcalde. Tanto foi así, que en moitas ocasións, por falta de inspectores, este último era o encargado de facer a correspondente auditoría. Pero aínda é máis, ante a imposibilidade de facer as visitas correspondentes, o inspector a veces mandaba ao propio mestre facer un informe describindo as condicións hixiénicas e pedagóxicas dos edificios, como pasou na Escola de Cubilledo, inspeccionada esta vez polos mestres das escolas de Baleira e Fontaneira.

Coa consolidación do réxime franquista levouse a cabo unha *depuración docente feminina*. En consecuencia, tendo en conta os documentos consultados e sinalados a pé de páxina, cónstanos que 86 mestras foron suspendidas de emprego e soldo porque tiñan ideais progresistas e republicanas. Entre as docentes represaliadas polo franquismo, unha das máis coñecidas na sociedade lucense era Enriqueta Otero Blanco. Traballaba como auxiliar de enfermería ao mesmo tempo que rexentaba a Escola asentada da Rúa Montevideo de Lugo.[1191] Coñecida como "María de los Dolores a Pasionaria Lucense",[1192] en xullo de 1936 non exercía a docencia por estar desempeñando tarefas administrativas na *Delegación Provincial de Lugo del Ministerio de Instrucción Pública*. Segundo afirmou nunha entrevista realizada en 1987, estaba a favor dunha escola onde a capacidade do alumno fora máis decisiva que o poder do diñeiro.[1193] Como mestra traballou en tres escolas da provincia de Lugo: San Cosme de Barreiros, Ferreirós e Montefurado.

Cando aplicouse o modelo franquista varias profesoras e inspectoras foron apartadas do seu cargo, implantándose un novo modelo ideolóxico escolar: católico,

[1189] Documentación referida ao Maxisterio represaliado lucense en comunicacións, "Ensino primario: Comunicacións e informes sobre os mestres depurados na provincia de Lugo, 1936-1938" (Santiago: Arquivo Histórico de Santiago, Caixas 176, 177 e 178).

[1190] En varios, "En defensa de una maestra nacional", *El Faro Vialbés*, 15 de setembro de1930.

[1191] A súa primeira escola como mestra foi en San Cosme de Barreiros, máis tarde ocuparía outros destinos na provincia de Lugo ata marcharse a Madrid para ampliar os seus estudos. Vide Ángel Rodríguez Gallardo, *Letras armadas. As vidas de Enriqueta Otero Blanco* (Lugo: Concello de Lugo-Fundación, 2005).

[1192] O súa primeira escola como mestra foi en San Cosme de Barreiros, máis tarde trasladouse a outros destinos na provincia de Lugo ata marcharse a Madrid para ampliar os seus estudos.

[1193] En Morea Baleira, "Entrevista a Enriqueta Otero na COPE no 1987", *COPE.* (2013) extraído o 17 de xaneiro de 2018 de: http://moreabaleira.blogspot.com.es/2013/04/entrevista-enriqueta-otero-na-cope-no.html.

militarista, patriótico e *españolizador*. [1194] Das dez mulleres lucenses que estudaron na *Residencia de Señoritas de Madrid* foi depurada Claudia Otero Besteiro (Lugo, 1895).[1195] En agosto de 1936, a JDN aprobou varios decretos e ordes educativas para aparentar normalidade en todo o territorio sometido, afirmando que en setembro comezaría o curso con regularidade. O carácter da JDN esixiu o apartamento absoluto de todo partidismo político republicano e sindical nas docentes. O movemento franquista tiña como obxectivo principal a consolidación dun novo sistema patriótico nas escolas.[1196] Para levar a cabo este fin elevouse a vixilancia sobre os mestres e mestras, revisáronse as publicacións e implantouse un método de control e propaganda.[1197] A *Comisión de Cultura y Enseñanza* foi a encargada de regular as normas dos nomeamentos, unha vez aprobados os cargos quedaron en vigor ata que o Goberno Nacional determinou a provisión definitiva mediante expedientes.[1198] Como consecuencia deste proceso, moitas mulleres foron apartadas dos seus postos de traballo como mestras e profesoras.[1199]

Ilustración 48. Mujeres na *Residencia de Señoritas de Madrid* *(La Voz de Galicia)*[1200]

Respecto á cuestión do presidio feminino, en 1936 catorce mulleres foron *prisioneiras no Cárcere de Lugo*. Posteriormente, entre 1939 e 1940, pasaron por esta prisión 200 máis. A maioría delas foron acusadas de "auxilio á rebelión", presas por

[1194] En Mª Jesús Souto Blanco, "Exposición Vello Cárcere de Lugo", *Proxecto Interuniversitario. Nomes e Voces* (Lugo: Vello Cárcere, 2023)

[1195] En Martín Fernández, "Memoria de mariñáns: Diez mujeres de Lugo en la Residencia de Señoritas de Madrid", *La voz de Galicia*, Lugo, 15 de decembro de 2023, extraído de: https://www.lavozdegalicia.es/noticia/amarina/barreiros/2023/08/26/memoria-marinans-diez-mujeres-lugo-residencia-senoritas-madrid/00031693054052792446220.htm.

[1196] En Decreto do 25 de setembro do 36.

[1197] Pode atoparse a descrición deste proceso na revista *Vida Escolar*, Nº 502, Lugo, o 17 de outubro de 1936.

[1198] Documentación referida ao Maxisterio represaliado lucense en Comunicacsión e informes, "Ensino primario: Comunicacións e informes sobre os mestres depurados na provincia de Lugo, 1936-1938" (Santiago: Arquivo Histórico de Santiago, Caixas 176, 177 e 178).

[1199] En Rodrigo Alvarado Iglesias, "A primeira etapa do proceso de depuración de mestres e mestras de Primeiro Ensino na provincia de Lugo: agosto-novembro de 1936", *Sarmiento. Anuario Galego de Historia de Educación* (18 e 19, 2015), 111-128.

[1200] María Maeztu impartindo clase na Residencia, "Fotografía de la Residencia", en *Wikimedia Commons* (1930).

axudar algún familiar máis que polas súas convicción ideolóxicas. Entre estas mulleres estiveron recluídas: Enriqueta Otero, Carmen Rodríguez Nogueira,[1201] Encarnación Ferreiro García, Paz Losada Ferreiro, Milagros Losada Ferreiro,[1202] Belarmina de la Vega González, Mercedes Margolles, Consuelo Alba Digón e as súas fillas Florinda e Domitila Guitiérrez Alba.

Tendo en conta as testemuñas atopadas, algunhas mulleres sufriron moito: separación do seu eido familiar, humillacións, interrogatorios ou vexacións. Foi o caso de Enriqueta Otero que nunha entrevista describía como foi torturada: "No podían pegarme más a causa del yeso".[1203] As presas tiñan que dar a luz no propio cárcere como sucedeu con Encarnación Ferreiro García, outras ante a impotencia incluso chegaron a suicidarse:

> En el día de hoy y despues de haber terminado la celebración de la Santa Misa, sobre las 9:30, al retirarse las reclutas a sus respectivas celdas, la interna... salió precipitadamente de la formación desviándose hacia la barandilla por la que se arrojó (10 metros de altura) sin que esto pudiera ser evitado, cayendo a la planta baja donde fue recogida sin conocimiento y al parecer grave.[1204]

Ilustración 49. Enriqueta Otero, (foto de Xosé Casal Lamelas)

O modelo franquista *nacionalcatolicista* someteu ás nenas nas escolas a un proceso de adoutrinamento, empregando ás docentes como medio para impoñer un novo sistema ideolóxico:[1205] formación patriótica, educación eclesiástica segregada, contidos

[1201] O seu marido José Maximiliano López foi fusilado en 1937

[1202] As irmás Pérez Losada foron detidas para que o seu marido Ramón Pérez se entregase. Mª Jesús Souto Blanco, "Exposición Vello Cárcere de Lugo", *Proxecto Interuniversitario. Nomes e Voces* (Lugo: Vello Cárcere, 2023).

[1203] En Maria Victoria Martins Rodríguez, "Literatura memorialista-testimonial en Galicia. El universo carcelario femenino de la dictadura franquista", *eHumanista: IVITRA* 19 (2021): 127-146.

[1204] Notas dunha funcionaria do servizo de vixilancia da zona de mulleres. En María José Souto Blanco "Exposición Antiga Cárcere de Lugo" (Lugo, 22 de decembro de 2023).

[1205] Vide Antón Costa Rico, "Da escola da palabra á escola do silencio: Educación é primeiro franquismo", *A Nosa Historia/2* (Vigo: A Nosa Terra, 1987), 13-19.

curriculares específicos para a muller, presión moral e control ideolóxico. As principais funcións que tiñan que desempeñar as mestras eran: celebrar actos relixiosos e patrióticos propagandísticos, organizar cursos prácticos de relixión e moral, favorecer a unidade nacional, contribuír coa maior discreción á depuración do maxisterio mediante informes individuais, revisar bibliotecas, desenvolver unha activa propaganda dos ideais sen descoidar e poñer en coñecemento á Administración das actividades realizadas nas escolas.[1206] No Anexo número 7.6 trasládanse os nomes das 86 mestras depuradas na provincia de Lugo, das que actualmente temos constancia.[1207]

Ilustración 50: Milagros Losada Pereira e
Paz Losada Ferreiro-Ramón Pérez Bispo "Peixunco"
***(Proxecto Interuniversirtario Nomes e Voces*)**

En resumo, a guerra provocou o desmantelamento de calquera medida iniciada polo goberno reformador republicano do primeiro bienio, a favor das castas dirixentes do franquismo: clero, exercito, xuventude rica asociada ao Partido do *Movimiento Nacional* e ao Auxilio Social.[1208] Logo de estudar os principais mestres e mestras depurados e depuradas polo Goberno Franquista, convén ter en conta o proceso de militarización docente. O conflito bélico fomentou o recrutamento de soldados coas correspondentes consecuencias para o ensino primario nacional: remprazo de mestres con incidencia na provincia de Lugo. Para estudar este proceuse empregáronse os documentos arquivados no APL, onde se recolle a información achegada no seguinte apartado.

[1206] Pode atoparse nun artigo titulado "A los maestros de la Provincia": en Federación de maestros católicos españoles, "A los maestros de la Provincia", *Vida Escolar*, Nº 505 (14 de novembro de 1936).

[1207] Expedientes de Depuración da Provincia de Lugo. Sección de Educación e Ciencia, Arquivo Xeral da Administración (MEC).

[1208] Vide Pierre Vilar, *Historia de España*, (Barcelona: Critica, 2008), 237.

4.2.7. O proceso de militarización

Segundo o *Archivo General Militar de Guadalajara*, preto de 9.943 lucenses foron militarizados no primeiro terzo do século XX.[1209] Respecto ao *chamamento de docentes a filas* e substitucións de soldados no fronte, a Guerra Civil promoveu situacións que afectaron directamente ao traballo dos mestres, entre elas: separación do corpo, traslado e incorporación a filas.[1210] Nestes anos, os homes estaban sometidos ao deber común de acudir ao servizo militar,[1211] conservando a propiedade da súa praza mentres duraba a prestación oficial: tres en activo, tres na primeira reserva, seis na segunda e seis na reserva territorial.[1212] Algúns destes homes negáronse a facer o servizo militar escapando ou incluso emigrando, feito que trasladaremos no seguinte parágrafo deste apartado.

Respecto aos docentes que se negaron a realizar o servizo militar, os denominados *insubordinados*, convén ter en conta que existía unha listaxe de lucenses prófugos que non querían realizar o servizo militar, antes do comezo da Guerra Civil. No APL recóllense a listas de prófugos de 1926, 1927, 1928 e 1929 e 1930.[1213] O soldado Ángel Alvite Gómez, natural de Friol, que negouse a formar parte "das partidas voluntarias" e do escenario de violencia promovido pola Guerra, fuxindo aos montes lucenses.[1214] Para facer fronte a estas revoltas, o gobernador civil da provincia de Lugo asegurouse o triunfo do levantamento franquista ordenando endurecer as condicións nos cuarteis:

> En este sentido, en agosto de 1936 el Gobernador Militar de la Provincia de Lugo decretó la intensificación de la disciplina dentro de los cuarteles con el objetivo de evitar revueltas y asegurar el triunfo del levantamiento militar.[1215]

Respecto ás mestras non estaban obrigadas a realizar este servizo, pero algunhas combinaron as súas funcións docentes con tarefas militares complementarias como o Roupeiro Militar ou auxiliar de enfermería. Durante a Guerra Civil, a profesora Herminia Martínez colaborou co Roupeiro Militar dos militares sublevados, polo que máis tarde sería condecorada.[1216] Asemade, as docentes Enriqueta Otero e Amalia Quiroga Carreno traballaron como auxiliares de enfermería.[1217]

En referencia ao *proceso de militarización* do maxisterio lucense, no APL atopamos varias cartas coa incorporación a filas dos mestres. Un exemplo deste epistolario foi a correspondencia do alcalde Juan Yánez o 24 de novembro de 1936,

[1209] Vide "Patrimonio Cultural" (2024) extraído o 23 de febreiro de 2024 de: https://patrimoniocultural.defensa.gob.es/es/centros/archivo-general-militar-guadalajara/documentos.

[1210] En Antonio Quintela Ferreiro, "Incorporación a filas de mestres" (Lugo: APL. Fondo Concello. Sinatura: 1202-01, 1936).

[1211] En Manuel B. Cossío, (1915), 155-156.

[1212] Vide Lei do 19 de xaneiro de 1912.

[1213] En Listas de prófugos, "Listas de prófugos de 1926, 1927, 1928 e 1929 e 1930" (Lugo: APL. Fondo Concello. Sinatura: 1262).

[1214] En *Expedientes judicial militar Regimiento de Montaña Zamora* (AIRMNO. Nº 29, C. 2771/38. Caja 16).

[1215] En Francisco J. Leira Castiñeira, "Los «soldados de Franco». Entre la movilización ciudadana y el reclutamiento militar obligatorio. Galicia, 1936-1939", *Revista Universitaria de Historia Militar 2.4* (2013): 30.

[1216] Herminia Martínez formou parte da agrupación Mulleres ao servizo de España. Estes traballos propiciaron que o Ministro do Exercito concedéralle, o 21 de febreiro de 1940, a Medalla de Campaña con Distintivo de Retagarda polos servizos prestados no Movemento Nacional. Neste ano estivo conxuntamente encargada de explicar a materia de Historia da Pedagoxía. Finalmente xubilouse como profesora da Escola do Maxisterio femenina no ano 1957. En *BOE* do 27 de xullo de 1957, Nº 192 (1957): 3493.

[1217] Vide Ángel Rodríguez Gallardo, *Letras armadas. As vidas de Enriqueta Otero Blanco* (Lugo: Concello de Lugo-Fundación, 2005).

informando sobre a substitución do mestre titular que se atopaba en filas, a escola en cuestión pertencía a parroquia de Ombreiro, no concello de Lugo.[1218] O seguinte cadro achega os documentos existentes no APL sobre os movementos docentes de incorporación militar.

Cadro 26. Militarización dos Mestres
-Comunicado de Antonio Quintela Ferreiro que se atopaba en filas patrióticas, destinado ao seu colexio para seguir impartindo as súas clases, o 3 de Outubro de 1936.
-Desestimación da solicitude de Antonio Quintela, para levar a cabo a militarización na escola. Desde o 12 de Outubro de 1936 quedou a escola pechada.
-Carta de María Josefa Osorio López, o mestre da súa escola está en filas.
-Substitución por estar en filas os mestres titulares, o 26 de outubro de 1936, nas parroquias de Bascuas e Bagueiros. Estas substitucións serían negociadas polo Concello.
-Verificados de estancia en filas dos seguintes mestres de Primeiro Ensino, oficios emitidos polo Tenente Coronel: 1. Cayetano Seoane Rocha. 2. Ramón Cocheiro Soengas, o 17 de agosto de 1936. 3. Anxo Rodríguez López, o 30 de agosto de 1936. 4. Pedro Reija Arroxo, o 26 de agosto de 1936. 5. Teolindo Corredoira Castedo. 6. Antonio Quintela Ferreiro, o 30 de outubro de 1936. 7. Ramiro Portas, membro da falange, o 31 de agosto de 1936. 8. José Antonio Pérez, membro da falange, o 6 de setembro de 1936. 9. Anxo Rodríguez López, o 4 de febreiro de 1937. 10. Teolindo Corredoira Castedo. 11. José Rico Trabada (mestre da Escola de Vilaselán).[1219]
-Incorporación a filas (remplazo do 31 de marzo de 1937)
-En filas o 27 de setembro de 1937 a Anxo J. Gayoso.

Fonte: Elaboración propia. En Consello Local, "Militarización dos mestres" (Lugo: APL. Fondo Concello. Sinatura: 1202-01, 1936).

O estalido da Guerra Civil tivo como consecuencia un retroceso na introdución de innovacións e un baixo índice de asistencia escolar. No curso 1936/37 bastantes escolares faltaron ás clases debido á inestabilidade sociopolítica. Tamén doce mestres non puideron asistir aos centros tal e como mostran os documentos recollidos na sección de chamamentos a filas.[1220] As afiliacións estaban lexisladas conforme a Lei de recrutamentos e prófugos, propiciando os respectivos movementos do persoal docente na provincia de Lugo. No período bélico producíronse varios procesos de recrutamentos recollidos no APL.[1221] O 31 de decembro de 1936, a raíz das baixas dos mestres sancionados producíronse novos nomeamentos docentes e inspectores afíns ás ideas do novo Réxime. Ante este panorama, os republicanos que non morreron ou foron sometidos, optaron polo exilio, aspecto desenvolto a continuación.

[1218] En J. Yáñez, "Informe sobre a militarización do mestre da escola de Ombreiro" (Lugo: APL. Sección: Concello, sinatura: 1200-02, 1936).

[1219] Nado en 1900, estudou na Escola Normal de Madrid na década dos anos vinte. En José Rico Trabada, "Expediente de José Rico Trabada", AGA-ACME, Educación, legajo: 7587, exp. 2.

[1220] En Consello Local, "Militarización dos mestres" (Lugo: APL. Fondo Concello. Sinatura: 1202-01, 1936) e en Varios, "Chamamento de mestres a filas" (Lugo: APL. Fondo Concello. Sinatura: 1202-01, 1936)

[1221] En Filiacións, "Filiacións baixo a Lei de Recrutamentos e Prófugos en Lugo" (Lugo: APL. Fondo Concello. Sinatura: 1262).

4.2.8. Os mestres exiliados e falecidos a causa da Guerra Civil

No interior de España, uns anos máis tarde da Guerra viñeron tempos moi duros: pobreza, presión social e illamento. Coa vitoria dos militares sublevados, a provincia de Lugo foi ocupada case sen resistencia en 1936. O gobernador civil Bermúdez de Castro aplicou con celo o proceso de depuración, onde os mestres e inspectores de ensino primario que traballaron na provincia de Lugo foron un branco principal. A sanción máis recorrente foi a destitución da escola dos mestres, representando máis do 60% dos casos. A segunda medida aplicada foi o traslado a outra escola cun 25%.[1222] O resto da poboación tamén foi perseguida polos seus ideas, detida, torturada e asasinada en moitas ocasións co pretexto de ser comunista. Ao respecto, Ben Cho Shey incidía no seu diario escrito durante os primeiros días da Guerra Civil:

> Pero aínda hai máis, os comunistas afiliados en Lugo non chegan a trinta e non creo que en toda a provincia poidesen xuntar un milleiro, pois ben, os comunistas afilidos apenas si hai presos arriba de dez, en troques cóntanse por milleiros as xetes burguesas, os homes de orde que sofren prisión sin máis delito que o de seren republicanos e moitos deles enimigos do comunismo.[1223]

Moitos ciudadanos optaron por marchar ante as duras represións falanxistas que lle seguiron á Guerra Civil. Do mesmo xeito, para algúns docentes e inspectores esta foi a mellor opción. Como consecuencia do proceso de depuración varios mestres optaron polo exilio ante a persecución franquista de 1936.[1224] Os principal destino de exilio foi América, ocupando un lugar de gran relevancia: Arxentina, México e Cuba. Dentro das institucións de emigrados máis salientables atopábase o *Servicio de Emigración de Refugiados Españoles* (SERE) e a *Junta de Auxilio a los Republicanos Españoles* (JARE). En total, preto de 30.000 exiliados refuxiáronse en terras americanas, unha gran parte deles dirixíronse a México. Neste país produciuse unha integración masiva de intelectuais españois.[1225] Entre os exiliados lucenses máis importantes, atopamos a Jesús Bal y Gay (musicólogo) ou Jesús Vázquez Gayoso (político e xornalista). Amais, recóllense os seguintes nomes relacionadas co ensino desta provincia:[1226] Ignacio Herrero Fuentes, Ramón Martínez López, Eladio Marcos Rodríguez, Marcos da Abeleda, Leandro Santamaría, José Guitián López, Justo Nogueira Gordaliza, Enrique Santamarina, José Vizoso Vizoso, Lois Tobío Fernández ou Ángeles Tobío Fernández.

Ignacio Herrero Fuentes: oriúndo de Pedrafita do Cebreiro en 1909 (Lugo). Logo de realizar os seus estudos de Maxisterio foi mestre da escola de Pedrafita en 1930 e posteriormente de Tamallancos (Ourense).[1227] Este republicano galego levou a cabo actividades sindicais no maxisterio: foi membro da *Asociación de Trabajadores de la Enseñanza de Ourense* (ATEO) que formaba parte da FETE-UGT e colaborou coa *Escuela de Trabajo* desta organización. Durante a Guerra Civil foi perseguido, por este motivo Ignacio Herrero adoptou o camiño do exilio á A Habana e Panamá. Neste novo

[1222] En Rodrigo Alvarado Iglesias, "A primeira etapa do proceso de depuración de mestres e mestras de Primeiro Ensino na provincia de Lugo: agosto-novembro de 1936", *Sarmiento*, Nº 18-19 (2015): 125.

[1223] En José Ramon Fernández Oxea, *Ben Cho Shey, Diario de Lugo, 1936* (Lugo: Deputación de Lugo), 42.

[1224] Vide Antón Costa Rico, *II República e a guerra civil, Enrique Barrera el alii* (Deputación da Coruña: Asociación pola Memoria Histórica, 2006), 487-521.

[1225] No proceso do exilio a preferencia dos intelectuais hispanos por emigrar a México está recollida na obra de historia oral: en Dora Schwarstein, *Entre Franco y Perón. Memoria e identidad del exilio republicano español en Argentina* (Barcelona: Crítica, 2001).

[1226] En Antón Costa Rico, *Historia da educación e da cultura en Galicia* (Vigo: Xerais, 2004) 1052-1057.

[1227] Vide Xosé Manuel Cid Fernández, *Educación e Ideoloxía en Ourense na II República. Ourense* (Ourense: Andavira Editora, 2010).

destino traballou na Universidade no campo da ensinanza das linguas. Entre os seus traballos publicou varios artigos filolóxicos na revista de devandita Universidade. Tamén dirixiu o boletín da *Delegación de Panamá de Acción Republicana Española*: *Nuestra España*. Posteriormente emigrou a Venezuela, onde dirixiu a *Escuela Estatal de Cojedes*. Neste último destino finou en 2001: en San Carlos-Cojedes.[1228]

Ilustración 51: Ramón Martínez López publicada en Biografías de Cadena Ser

Ramón Martínez López: naceu en Boiro (Pontevedra) o 4 de abril de 1907. Ao longo da súa vida foi filósofo, político e profesor. Este exiliado foi catedrático de Literatura Hispana no Instituto de Lugo e profesor en Lisboa do *Curso de Literatura Comparada Hispano-Portuguesa*. No período de posguerra viaxou a Arxentina, onde traballou como investigador do Instituto de Filoloxía da Universidade de Bos Aires. En 1940 viaxou a Estados Unidos, onde permaneceu durante máis de 30 anos como catedrático de filoloxía española na Universidade de Austin-Texas. Tamén participou en actividades pedagóxicas con outras universidades. En Galicia destacou por ser o presidente do *Seminario de Estudios Galegos* e por escribir traballos relacionados á historia literaria de Galicia.[1229]

Eladio Marcos Rodríguez/Marcos da Abeleda: naceu en Sober (Lugo). Ao longo da súa vida foi pintor e mestre, ocupando o posto de docente na Escola de Santa Trega de Castro Caldelas. Escribiu poemas que apareceron en *Vida Gallega, La Región e Faro de Vigo*. Coa chegada da Guerra Civil foi perseguido e separado do cargo en 1936. Dende 1949 ata 1975 estivo exiliado en Bos Aires.[1230]

Ilustración 52. Eladio Marcos Rodríguez/Marcos da Abeleda publicada en *Memoria da Emigración*[1231]

Leandro Santamaría: este lucense naceu en 1916 en Fonsagrada, posteriormente estudou en Madrid Filosofía e Letras. Loitou no conflito bélico no bando dos republicanos, nun primeiro momento estivo exiliado en Francia, Cuba (A Habana) e Estados Unidos. No último destino traballou como profesor de Español na *Douglas College de New Jersey*, lugar onde finou.[1232]

[1228] En Manuel Aznar Soler e José Ramón López García, *Diccionario biobibliográfico de los escritores, editoriales y revistas del exilio republicano de 1939* (Sevilla: Renacimiento, vol. 3, 2017), 37.

[1229] En Amancio X. Liñares Giraut, *Ramón Martínez López* (Santa Comba: tresCtres, 2007) 41.

[1230] En X. Neira Vilas, X., *Memoria da Emigración* (Sada: Do Castro. 1994) 295-302; e A. Vilanova Rodríguez, *Los gallegos en la Argentina* (Buenos Aires: Ediciones Galicia, II, 1966), 1376.

[1231] Ilustración provinte do proxecto interuniversitario *Nomes e voces*.

[1232] En profesorado exiliado, "Profesorado galego exiliado arredor de 1936", *Vieiros da escola: memoria do 36.* (2006) extraído o 19-07-2022 de: https://www.vieiros.com/nova.php?Ed=1&id=54386.

José Benito Guitián López: Naceu en Mosteiro (Bóveda) en 1910 e finou en 2001. Foi mestre de Vilariño en Ribas de Sil e Presidente da *Asociación de Mestres Interinos e Substitutos de Lugo* en 1935. Tamén formou parte das Milicias da Cultura na división número 72 do exército republicano para a liberación. Posteriormente, preso en trasladado ao campo de concentración de Saint-Cyprien. Finalmente exiliouse a México.[1233]

José Vizoso Vizoso: Coñecido como o "mestre condado", este docente naceu en Alfoz en 1914 e finou na Coruña en 2003. Foi político e mestre do Cadramón no Valadouro ata 1936. Logo exerceu na Escola de Cervo ata 1939 cando tivo que viaxar a Brasil. Nos anos cincuenta funda a Escola do Condado, que tivo moito prestixio ata os anos sesenta.[1234]

Entre outros profesores exiliados destinados en Lugo tamén se atopan Xosé M. Bourio Fernández e Regina Lago García, profesora da *Escuela Normal de Lugo* dende 1928 ata 1931. Debido ao estalido da Guerra Civil Española, esta muller tivo que emigrar a México e traballar na Escola Normal de Pachuca.[1235] A continuación, preséntase o cadro que recolle o nome do profesorado lucense exiliado:

Cadro 27. Profesorado exiliado destinado na provincia de Lugo

Exiliado	Cargo ocupado
1. Ignacio Herrero Fuentes.	Mestre da Escuela de Tamallancos (Ourense)
2. Ramón Martínez López.	Catedrático do Instituto de Lugo.
3. Eladio Marcos Rodríguez.	Mestre da Escuela de Santa Trega de Castro Caldelas
4. Leandro Santamarina.	Profesor de Español na Douglas College de New Jersey
5. Jesús Bal y Gay	Musicólogo (non exerceu a docencia)
6. José Mª. Bourio Fernández	Profesor mercantil do Instituto Feminino.
7. José Benito Guitián López	Mestre
8. Ignacio Herrero Fuentes	Mestre
9. Justo Nogueira Gordaliza	Mestre
10. Enrique Santamarina	Mestre
11. Lois Tobío Fernández	Mestre
12. Ángeles Tobío Fernández	Mestre

Fonte: Elaboración propia. Luis Batanaz Palomares, *La inspección de primera enseñanza durante la guerra civil y el primer franquismo* (Córdoba: Servizo de Publicacións da Universidade de Córdoba, 2011), 198-205; e En Antón Costa Rico e Uxía Bolaño Amigo, "Represión política e castigo do profesorado republicano na provincia de Lugo. As consecuencias do 36", *Sarmiento,* Nº 21 (2017): 117-118.

Como consecuencia do proceso de depuración e restitución dos postos educativos, o ensino primario en Lugo volveu un estado de tradicionalismo, do que talvez nunca saíu, dado que as iniciativas renovadoras e modernizadoras non foron suficientes nin continuas. Trala Guerra, o modelo conservador dos franquistas adoptou unha posición privilexiada na sociedade, impoñendo: patria, relixión católica, familia e represión. A

[1233] En "José Benito Guitián López", *Memórica*, extraído o 23 de xaneiro de 2022 de: https://memoricamexico.gob.mx/swb/memorica/Cedula?oId=53Mbr28BKx7cnKFK6_hl.

[1234] En José Vizoso Vizoso, "O BNG reclama no Valadouro homenaxes ó "mestre do Condado" e "o médico dos pobres" (outubro de 2015) extraído o 22 de xaneiro de 2021 de: https://www.cronica3.com/2015/03/o-bng-reclama-no-valadouro-homenaxes-o-mestre-do-condado-e-o-medico-dos-pobres/.

[1235] En Carmen García Colmenares, *Las primeras psicólogas españolas itinerarios vitales y profesionales* (Granada: Editorial Universidade de Granada, 2011), 33

introdución de novas experiencias pedagóxicas foron descartadas si tiñan algún matiz de laicidade. Tan só algunhas iniciativas docentes viron a luz, como as de Avelino Pousa na *Escola da Granxa* de Barreiros, as do catedrático Xesús Alonso Montero ou ao impulso económico do empresario Antonio Fernández.[1236] Esta situación de letargo pedagóxico continuou ata finais do período franquista, os problemas sociais continuaron sendo extremadamente agudos e a oposición intelectual foi asfixiada pola censura.

Profesorado lucense asasinado durante a Guerra Civil

De seguido, estudaremos os *docentes asasinados* polo goberno golpista durante a Guerra Civil con destino na provincia de Lugo. Segundo as informacións franquistas, entre o profesorado falecido figuraban os nomes dos seguintes mestres: Ramón Bou Gil,[1237] Julio Fraga Orosa, David Labrador Zuil, Antonio Lafuente Giménez, Argimiro Rico Trabada, María Vázquez Suárez, Juan Vidal, José Correa Miranda, José Costa Pardo, Benito Colín Veiga, José Ramos López e José Gómez Gayoso, o *radicalsocialista* da Pontenova José Mª. Gallo Gallo, o socialista de Muras Antonio Lafuente Jiménez, Antonio María Palmeiro López (mestre de Luaces) e José Palmeiro Pérez (fillo).[1238] Respecto a isto, Ben Cho Shey preguntábase no seu diario: "¿Cando se saciarán esta hienas sedentas de verter tanto sangue?"[1239]

Entre todos eles, convén pararse a falar do comprometido coa "Terra" Argimiro Rico Trabada de Baleira (1905-1937), militante *Izquierda Republicana*, asasinado en Montecubeiro e recordado polos seus alumnos como: "unha persoa moi galeguista".[1240] Este mestre naceu en San Bernabé (Baleira) o 14 de setembro de 1905. Despois estudou maxisterio e levou un intenso e diversificado labor docente, promovendo moitas actividades culturais a través da asociación *Unión cultural de San Bernabé* nos concellos de Fonsagrada, Castroverde, Meira e A Pontenova.[1241]

Outro mestre asasinado no que cómpre pararnos é no valenciano Ramón Bou Gil. Este docente impartía clases en Castillón, localidade pertencente ao Concello de Ferreira de Pantón. Durante a súa vida foi concelleiro pola *Fronte Popular en Pantón*. Segundo Ben Cho Shey, a súa morte foi macabra e sen ter que apelar ao fantasma da masonería. Sen máis razón os falanxistas puxeron fin a súa vida, logo dun paseo nun monte de Piñeira.[1242] Tendo en conta isto, o seguinte cadro recolle os nomes dos 33 mestres finados, dos que temos constancia, e os cargos que tiñan.

Cadro 28. Profesorado lucense asasinado (directo ou indirecto)	
Nome	**Cargo**
1. Ramón Bou Gil	Mestre de Ferreira de Pantón
2. Julio Fraga Orosa	Mestre de Viveiro
3. David Labrador Zuil	Mestre da Pontenova

[1236] En Antón Costa Rico e Uxía Bolaño Amigo, "Represión política e castigo do profesorado republicano na provincia de Lugo. As consecuencias do 36", *Sarmiento*, Nº 21 (2017): 118.

[1237] En José Ramon Fernández Oxea, *Ben Cho Shey, Diario de Lugo, 1936* (Lugo: Deputación de Lugo) 41.

[1238] Ídem, 116 e en Ruth Fernández, "O engano familiar e a violación da liberdade", *El Correo Gallego*, (20 de maiko de 2007), extraído o 22 de xaneiro de 2010 de: https://archive.ph/20130701095006/http://www.elcorreogallego.es/indexSuplementos.php?idMenu=17&idNoticia=168151&idEdicion=524

[1239] En José Ramon Fernández Oxea, *Ben Cho Shey, Diario de Lugo, 1936* (Lugo: Deputación de Lugo) 42.

[1240] En Narciso de Gabriel, "A represión fascista do profesorado galeguista", *Sarmiento* (A Coruña, Nº 24, 2020) 213.

[1241] En Narciso de Gabriel, *Os mortos daquel verán* (Vigo: Galaxia, 2023), 131.

[1242] En José Ramon Fernández Oxea, *Ben Cho Shey, Diario de Lugo, 1936* (Lugo: Deputación de Lugo), 62.

4. Antonio Lafuente Giménez	Mestre de Muras
5. Argimiro Rico Trabada	Mestre no Cádavo
6. María Vázquez Suárez	Mestra do Miño
7. Juan Vidal	Mestre de Arzúa
8. José Correa Miranda	Mestre e alcalde de Cervo.
9. José Costa Pardo	Mestre de Cervo
10. Benito Colín Veiga	Mestre de Cervo,
11. José Ramos López	Mestre lucense do POUM.
12. José Gómez Gayoso	Mestre lucense e responsable político do PCE en Galicia. Fusilado no *Campo da Rata* en 1948 na Coruña.
13. Hermegildo Alonso Sánchez	Mestre Vilaodriz (Pontenova)
14. Ignacio Álvarez Álvarez	P. de Vega (Navia)
15. Jacobo Barral Otero	-----
16. Ramón Bou Gil	Pantón
17. José Costa Pardo	Cervo
18. Ángel Fraga Orosa	Viveiro
19. José Mª. Gallo Gallo	A Pontenova
20. Julio González Álvarez	Gontan (Abadín)
21. David Labrador Zuil	A Pontenova
22. César Margolles de la Vega	Ribadeo
23. Emilio Muiños Guerra	O Saviñao
24. Antonio María Palmeiro Pérez	Meira
25. Evaristo Pereira Rubio	Sarria
26. Ángel Romero Vázquez	Trasparga (Guitiriz)
27. Manuel Santeiro Boo	Chantada
28. Francisco Vega Ceide (Francisco de Fientosa)	Lucense (parroquia de Santa Locaia-Castro de Rei) que exerceu docencia en Asturias.
29. Antonio María Palmeiro Pérez	Mestre de Luaces (Pol)
30. José Palmeiro Pérez	Pol
31. Manuel Guitián Somoza	O Incio
32. Manuel Díaz López	O Incio
33. Juan Abramo Dios	Mestre de Vilachá de Salvadur (1933) natural de Currás-Tomiño (Pontevedra)

Fonte: Elaboración propia. En Antón Costa Rico (1999), 1058-1509 e Antón Costa Rico e Uxía Bolaño Amigo, "Represión política e castigo do profesorado republicano na provincia de Lugo. As consecuencias do 36". *Sarmiento* (A Coruña: Nº 21, 2017), 101-118; en José Ramon Fernández Oxea, *Ben Cho Shey, Diario de Lugo, 1936* (Lugo: Deputación de Lugo) 41; en Francisco Vega, "Francisco Vega Ceide", *El Progreso,* Lugo, de outubro de 2010; en Ruth Fernández, "O engano familiar e a violación da liberdade", *El Correo Gallego* (20 de maiko de 2007), extraído o 22 de xaneiro de 2010 de: https://archive.ph/20130701095006/http://www.elcorreogallego.es/indexSuplementos.php?idMenu=17&idNoticia=168151&idEdicion=524; en "Los vecinos paseados y persecución contra izquierda republicana y ORGA", (7 de setembro de 2006), extraído o 22 de xuño de 2024 de: https://www.lavozdegalicia.es/noticia/lemos/2006/09/07/incio-vecinos-paseados-persecucion-contra-izquierda-republicana-orga/0003_5086747.htm; en Cilia Torna "O Chaquetón' e 'O Eirexalba': vida e morte de dous verdugos fascistas", *Nos-diario* (21 de setembro de 2019), extraído o 23 de setembro de 2023 de: https://www.nosdiario.gal/articulo/memoria/chaqueton-eirexalba-vida-morte-dous-verdugos-fascistas/20180919182708072180.html; en María Jesús Souto Blanco, "Represión...", *Memoria Histórica Concello de Lugo,* extraído o 29 de xaneiro de 2024 de: http://www.lugo.es/cs/represion/ficha.jsp?id=6888&tipo=4&letra=A&pagina=1.

Entre os asasinados, cómpre afondar tamén no caso de Antonio María Palmeiro Pérez, que foi fusilado por orde do Goberno Franquista. O seu fillo, tamén mestre, cando coñeceu a morte do seu pai pediu un permiso para volver a casa e facer fronte á

desagradable situación. Segundo o arquivo de *Nomes e Voces*, na súa viaxe de regreso os golpistas tamén puxeron fin a súa vida.[1243] Tráxico final para dous membros dunha mesma familia, mestres e con igual sorte.

Outro caso salientable, recollido no anterior cadro, foi o de José María Gallo Gallo, mestre da Pontenova, Presidente do partido político *Republicano Radical Socialista* e alcalde de Vilaoudriz en 1936. Este republicano foi executado nas tapias do cuartel da Garda Civil o 29 de abril de 1937 xunto a: Manuel Enríquez Fernández, Eduardo Suárez García, Daniel Fernández López, Marcelino Alba Meicín, Antonio García Gómez, Emilio Timiraos Cervo e Faustino Fernández Cartategui.[1244]

De similar xeito, convén face fincapé no asasinato do mestre do Incio Manuel Guitián Somoza, nado na citada localidade en 1910 e finado en 1936 en Lugo. Amais de impartir docencia era membro de *Izquierda Republicana* en Sarria, principal motivo polo que foi fusilado. Morreu no Hospital de Lugo a causa das feridas traumáticas producidas polos falanxistas.[1245] No Incio, tamén foi detido e trasladado á cadea de Monforte ao docente José Díaz González, amigo persoal de Ben Cho Shey.[1246]

Outro dos casos máis sorprendentes foi o de Manuel Díaz López, coñecido como "o chaquetón". Este home naceu en Laiosa (O Incio) e finou en 1938 en Lugo. Durante a súa vida foi mestre, comerciante, concelleiro en Sarria e xefe local da Falanxe en 1936. Tamén dirixiu, xunto a Eduardo Gómez Requejo e Manuel Castro Castro "Eirexalba", o grupo paramilitar coñecido como *Escuadra Negra*. En 1938 esta organización foi acusada de matar ao dirixente dereitista Manuel Saco Rivera en Sarria debido a un axuste de contas. Declarados culpables foron executados no patio do cárcere de Lugo.[1247]

Ilustración 53. Escuadra Negra (publicada en *NosDiario*)[1248]

[1243] En Nomes e Voces, "Antonio Palmeiro", *Momes e Voces*, extraído o 20 de xuño de 2024 de: http://vitimas.nomesevoces.net/gl/ficha/13648

[1244] En *El Compostelano* (30 de abril de 1937): 2.

[1245] En Ficha de Manuel Guitián Somoza, http://www.lugo.es/cs/represion/ficha.jsp?id=1573&tipo=1&letra=G&pagina=43 "Los vecinos paseados y persecución contra izquierda republicana y ORGA" (7 de setembro de 2006) extraído o 22 de xuño de 2024 de: https://www.lavozdegalicia.es/noticia/lemos/2006/09/07/incio-vecinos-paseados-persecucion-contra-izquierda-republicana-orga/0003_5086747.htm.

[1246] En José Ramón Fernández Oxea, *Ben Cho Shey, Diario de Lugo, 1936* (Lugo: Deputación de Lugo), 35.

[1247] En Cilia Torna "O Chaquetón' e 'O Eirexalba': vida e morte de dous verdugos fascistas", *Nos-diario* (21 de setembro de 2019) extraído o 23 de setembro de 2023 de: https://www.nosdiario.gal/articulo/memoria/chaqueton-eirexalba-vida-morte-dous-verdugos-fascistas/20180919182708072180.html.

[1248] Fondo José Luis Díaz Gómez e que é descrita como: "Milicia falanxista de Sarria. Segundo a viúva Luz Carnero Pardo, varios dos seus integrantes estiveron entre os asasinos de Manuel Díaz".

Outro dos casos lucenses máis coñecidos sobre enfrontamentos entre os sublevados foi a disputa que tiveron o xefe provincial da Falanxe, José Viador Traseira, e o xefe dos milicianos da provincia de Lugo, Mario González Zeara. Xa que o primeiro quería matar por traidores ao tenente coronel Velayos e o capitán Siro González por non aprobar a matanza de moitos republicanos. Segundo Ben Cho Shey, José Viador incluso chegou a presentarse no domicilio de Siro González e ameazar a súa familia cun arma, causa polo que máis tarde sería destituído. O propio inspector describía estes feitos no seu *Diario de Lugo*:

> Xa principiaron os líos entre os feixistas: polo visto, o domingo 16, houbo trifulca entre os xefes Zeara e Viador pois iste era partidario de matar o Tenente Coronel Velayos e o Capitán Siro "por cobardes". A cobardía según iste indeseable, consistía en que Sr. Velayos non autorizou o asesinatos a mansalva. O tal Viador chegou na súa insania a rexistrar a casa do capitán Siro ás tres da mañá ameazando cunha pistola á familia; esto deu lugar a que destetuisen ó inmoral do Viador, quen tiña da súa parte a tódolos criminales sedentos de sangue inocente e o que resulta aínda máis inconcebible, ás nenas góticas que presumen de católicas. Está boa a moralidade e a relixiosidade destas... deixarémolas en pendóns que é o que millor lle acae á súa relixión.[1249]

No caso do mestre Ángel Fraga Orosa (Goiriz 1898-Lugo 1936) foi xulgado por rebelión militar e condenado a pena de morte. En vida foi o presidente da *Asociación de Mestres Nacionais de Viveiro*, escritor e militante de *Izquierda Republicana*, motivo polo cal foi executado nas tapias do cuartel da Garda Civil de Lugo o 17 de decembro de 1936.[1250] Con relación a esta zona, cómpre destacar a presenza da coñecida como "Partida del Trobo", unha agrupación de falanxistas de Viveiro comandada por Manuel Trobo Ribero.[1251]

Igualmente, peculiar foi o caso de Francisco Vega Ceide (Castro de Rei 1912-Aravaca 1936), fusilado debido uns: a unha vinganza por celos de compañeiros de estudos da Universidade Central de Madrid, outros por testificar en contra de Pichilatu. Existen diversas versións polo que non se pode afirmar con seguridade a razón do seu asasinato. Datos que segundo a prensa se ocultaron de xeito intencional polo bando franquista aludindo o asasinato "aos marxistas".[1252]

Por outro lado, temos que dicir que a intensa campaña de depuración levada a cabo no concello de Baleira, un "punto quente" para os falanxistas que tivo como consecuencia a separación do servizo de moitos mestres como Jovito Prieto Fernández, Miguel Ogando Rodríguez, José Mato de la Fuente ou Alicia Rodríguez Fuentes.[1253] E como esquecernos do cruel asasinato nesta zona de Argimiro Rico Trabada a cargo dos falanxistas, mozo do que a continuación expoñemos unha instantánea.

[1249] En José Ramón Fernández Oxea, *Ben Cho Shey, Diario de Lugo, 1936* (Lugo: Deputación de Lugo) 44.

[1250] En "Angel Fraga Orosa", *Nomes e Voces*, extraído o 4 de xuño de 2021 de: http://vitimas.nomesevoces.net/gl/ficha/2364

[1251] Este destacado falanxista de Viveiro foi asasinado por guerrilleiros antifranquistas en xaneiro de 1946. En Ramón García Piñeiro, *La voz de la República*, extraído o 3 de setembro de 2025 de: https://www.lavozdelarepublica.es/2024/01/la-evacuacion-del-santa-teresa-un.html#:~:text=Retomaron%20el%20plan%20de%20evasi%C3%B3n%20en%201946,destacado%20falangista%20de%20Viveiro%20que%2C%20a%20bordo

[1252] Vide José de Cora, "Francisco Veiga Ceide", *El Progreso* (30 de outubro de 2019) extraído de: https://www.elprogreso.es/articulo/album-de-los-lucenses/francisco-vega-ceide/20190924222814139859O.html

[1253] En Alicia Rodríguez, "Expediente de Alicia Rodríguez" (AGA-ACME, sinatura: 32/12733); en Jovito Prieto, "Expediente de Jovito Prieto" (AGA-ACME, sinatura:32/12732); e en Miguel Ogando, "Expediente de Miguel Ogando" (AGA-ACME: 32/12743).

Ilustración 54. Argimiro Rico Trabada e Francisco Vega Ceide
(*El Progreso*, 20 de outubro de 2010 en *Lucenses Singulares*)

Outro asasinado foi César Morgalles de la Vega, mestre de Ribadeo e Benquerencia. Este docente tamén foi político, militando no PSOE e ocupando o posto de delegado gobernativo de Barreiros. Debido ao golpe de estado realizado polas tropas franquistas vese obrigado a fuxir á zona de Vegadeo en Asturias. Despois de ser expedientado por responsabilidades políticas en 1937 foi arrestado en terras asturianas e fusilado, ou como se denomina popularmente "paseado".[1254]

Mulleres asasinadas na provincia de Lugo

Respecto ás mulleres mortas debido a represión da Guerra Civil, cómpre rememorar o sonoro caso en Galicia da mestra asasinada Mercedes Romero Abella.[1255] Esta docente morreu debido aos disparos dun arma de fogo aos 29 anos de idade, despois de ser perseguida polos falanxistas. Destacou por ser unha das poucas mulleres que foi presidenta da *Federación Española de Traballadores do Ensino* (FETE), sendo ese un dos motivos polo que foi executada, dado a vinculación desta asociación coa esquerda política.[1256] Alén disto, esta foi unha acción inxustificada, tendo en conta o cruel asasinato e tortura da docente Mercedes Romero.[1257]

Segundo Xosé Ramón Hermida e tomando en consideración o estudo das *mulleres asasinadas* na provincia de Lugo polo réxime franquista, entre as represaliadas nesta

[1254] En Claudio Pérez Díaz e Claudia Pérez Moratilla, *Un gorro ruso* (Vigo: Xerais, 2003), 73-74 e César Margolles de la Vega, "Ficha de represión franquista", *Nomes e Voces*, extraído o 21 de xaneiro de 2024 de: http://vitimas.nomesevoces.net/gl/ficha/2951

[1255] Consuelo Alonso González tamén foi fusilada en Lugo pero non exercía a docencia. En Mª Jesús Souto Blanco, "Exposición Vello Cárcere de Lugo", *Proxecto Interuniversitario. Nomes e Voces* (Lugo: Vello Cárcere, 2023).

[1256] En Narciso de Gabriel, *Os mortos daquel verán* (Vigo: Galaxia, 2023) 83-87.

[1257] En Mª Jesús Souto Blanco, "Exposición Vello Cárcere de Lugo", *Proxecto Interuniversitario. Nomes e Voces* (Lugo: Vello Cárcere, 2023) e en Narciso de Gabriel, *Os mortos daquel verán* (Vigo: Galaxia, 2023) 83-87.

provincia ningunha foi fusilada.[1258] Non obstante, nunha posterior investigación, atopamos o nome do asasinato de varias mulleres, entre as que figura a mestra lucense María Vázquez Suárez e o fusilamento de Consuelo Alonso González, coñecida como "A comunista" e que traballaba como alguacil no xulgado de Monforte de Lemos, de 40 anos de idade e con catro fillos. Igualmente, en Castroverde apareceron tres fusiladas en Montecubeiro: Virginia Meilán Varela, Manuela Graña Rico e Carmen Serille Lenceiro.[1259]

Durante os primeiros días da Guerra Civil en Lugo, Ben Cho Shey recollía no seu diario a morte dunha muller preto de Rábade: Juana Capdevielle San Martín era unha pedagoga e bibliotecaria que foi perseguida polas forzas sublevadas por ser muller do gobernador civil da Coruña: Francisco Pérez Carballo (tamén asasinado). Despois de ser liberada e permanecer durante algún tempo en Vilaboa (Culleredo), na casa de Victorino Veiga membro de *Izquierda Republicana,* foi detida pola Garda Civil, violada e asasinada. O seu corpo apareceu no monte da Gándara no Concello de Rábade.[1260]

A guerra, lonxe de producir a "revolución" anunciada polos falanxistas, supuxo unha serie de tráxicos acontecementos como: depuración do profesorado, exilios, represalias, militarización docente, imposición do modelo escolar *nacionalcatolicista* e varios mestres e mestras asasinadas na provincia de Lugo. Mais cómpre facer unha aclaración, esta condición sucedeu en menor medida que nas outras provincias galegas. Incidindo nisto, Ben Cho Shey recollía no seu diario:

> Son tantas as barbariedades que a diario se cometen tantos os asasinatos que se fan cada día que a pruma xa se resiste a comentalos i eu renuncio a seguir iste diario. A Cruña e o Ferrol can á cabeza destas matanzas implacables en masa; Ourense e Pontevedra síguenos moi preto; Lugo somella un islote nesta inundación de salvaxismo e de sangue no que a Galicia parece que se vai asolagar, e non porque eiqui non se mate tamén pro non hai comparanza coa ferocidade que por ahí adiante se desatou.[1261]

Unha vez que a balanza se inclinou para o réxime franquista levouse a cabo un proceso para adecuar os novos principios ideolóxicos. Uns ideais que terían como obxectivo rematar con calquera indicio republicano ou sublevación á ditadura de Franco: *reacción contra a obra da Fronte Popular.*[1262] A escola pasaría a ser un medio de control e adoutrinamento, inculcando dende a terna infancia os valores do novo Réxime, aspecto estudado no seguinte apartado da presente investigación.

4.2.9. A adecuación aos novos principios ideolóxicos-educativos do Goberno Franquista

Nos terriotorios ocupados polos gobernantes franquistas, en primeiro lugar levouse unha campaña de represión para controlar os territorios, esto implicou o xa estudado proceso de depuración ideolóxica para eliminar a toda oposición: os ideais republicanos e progresistas foron reprimidos con dureza. O resultado foi a implantación dun modelo

[1258] En Xose Ramón Hermida Meilan, *Mortos por amor á Terra. A Represión sobre o nacionalismo galego (1936-1950),* (A Coruña: Sermos Galiza, 2016) 22 e 120.

[1259] En homenaxe ás represaliadas en Castroverde (2013). En Ruth Fernández Fernández, Tres Vidas Truncadas: Virginia Meilán Varela, Manuela Graña Rico e Carmen Serille Lenceiro, *Unión libre : cadernos de vida e culturas*, Nº 11 (2006), 107-138.

[1260] En José Ramon Fernández Oxea, *Ben Cho Shey, Diario de Lugo, 1936* (Lugo: Deputación de Lugo), 63.

[1261] En José Ramon Fernández Oxea, *Ben Cho Shey, Diario de Lugo, 1936* (Lugo: Deputación de Lugo), 45.

[1262] En Pierre Vilar, *Historia de España* (Barcelona: Crítica, 2008) 236.

nacionalcatólico. Calquera resistencia foi aniquilada, aparecendo incluso varios mestres e inspectores que traballaban en Lugo mortos, fuxidos, agochados,[1263] represaliados, presos ou exiliados. É por iso, que Ben Cho Shey recolleu no seu *Diario de Lugo* que tanta ferocidade chegaba a desesperar:

> Ante iste diario espectáculo de ver morrer a tantos amigos e a tanta xente inocente non hai nervios que resistan e, por veces, parace que vai un perder a razón !Canto durará esto aínda¡[1264]

En segundo lugar, os militares sublevados levaron a cabo outras medidas de coerción para asentar as bases dos novos principios ideolóxicos educativos do réxime franquista nos territorios ocupados sen practicamente enfrontamento bélico.[1265] En Lugo, neste proceso tivo un liderado especial o papel do gobernador civil, Ramón Bermúdez de Castro.[1266]

> Eliminarlo de raíz, desarticular sus bases sociales de apoyo e impedir toda futura reorganización. Y eso se conseguía no sólo ocupando el poder, sino haciendo desaparecer todo tipo de organización, institución, ideas y personas que fueran proclives o defensoras de este régimen.[1267]

En terceiro lugar, co triunfo do modelo conservador franquista restableceu a separación das zonas masculinas e femininas existentes antes da República. Esta disociación favoreceu o control do Goberno de Franco, medida que respondía a un novo modelo educativo que eliminaba a coeducación separando aos alumnos das alumnas. Estas e outras asignacións relixiosas serviron de funcións de control político e relixioso. Amais, a vertente científica pedagóxica deixou de nutrir ao sistema educativo, adoptando unha postura conservadora, controladora e clerical. A Administración valorou positivamente a pronta implantación dunha moral cristiá e patriótica dende a nenez, segundo a Orde de 4 de setembro de 1936.[1268] No artigo quinto da Orde do 20 de xaneiro de 1939 recolle textualmente:

> De exaltar o espíritu religioso y patriótico, procurando hacer de la escuela una institución española, educativa y formadora de buenos patriotas [...] la vigilancia y el control de la ortodoxia ideológica nacional-católica.[1269]

Para levar a cabo a adecuación ideolóxica das escolas ao *nacionalcatolicismo*, un dos axentes de control máis importante foron os inspectores e os eclesiásticos. Así, o espírito técnico e pedagóxico adoptado na EESM pronto desapareceu, a favor dun *modelo de inspección franquista* centrado en controlar a idoloxía dos mestres e fiscalizar os contidos impartidos nos centros educativos. Os obxectivos da súa férrea vixilancia serían: escolas graduadas, unitarias de nenas e mixtas, servidas polos mestres. Os inspectores tiñan a obriga de vixiar a actitude dos docentes e os libros empregados.

[1263] Entre os lugares nos que se agochaban os republicanos fuxidos, convén incidir no "Burato dos Mouros" situado na localidade da Pobra de Brollón. Neste lugar agachouse o mestre leonés Esteban Quiñones Nistal. Historia reconstruída pola escritora Olga Novo na revista *Luzes de Galiza*. En Francisco Albo, "Un maestro republicano escondido en el castro de Cereixa", *La Voz de Galicia* (Lugo, 2019) extraído o 20 de xaneiro de 2024 de: https://www.lavozdegalicia.es/noticia/lemos/2019/08/20/maestro-republicano-escondido-castro-cereixa/0003_201908M20C3993.htm

[1264] En José Ramón Fernández Oxea, *Ben Cho Shey Diario de Lug*o (Lugo: Deputación de Lugo, 2024) 45.

[1265] En Mirta Núñez Díaz-Balart, "El porqué y el para qué de la represión", *La gran represión. Los años de plomo del franquismo* (Barcelona: Flor del Viento Ediciones, 2009), 31.

[1266] En Rodrigo Alvarado Iglesias, "A primeira etapa do proceso de depuración de mestres e mestras de Primeiro Ensino na provincia de Lugo: agosto-novembro de 1936", *Sarmiento*, Nº 18-19 (2015): 120.

[1267] En Jesús de Juana López e Julio Prada Rodríguez, "Conclusiones", *Lo que han hecho en Galicia. Violencia, represión y exilio (1936-1939)* (Barcelona: Crítica, 2006), 293.

[1268] En *BOE* do 8 de setembro de 1936.

[1269] En *BOE* do 27 de xaneiro de 1939.

Daquela debían de informar á Administración das auditorías, enviando os libros de visitas ás escolas, xunto aos informes e análises pedagóxicos realizados. Esta consigna atopábase regulada no artigo quince da Orde do 20 de xaneira de 1939.[1270] A depuración pronto fixo os seus efectos na Administración pública: control, selección de persoal e eliminación do ideario contrario ao novo réxime:

> Proceso preventivo y punitivo que constituye una estrategia más de control, de selección del personal funcionario y de eliminación de elementos considerados nocivos para la sociedad que se pretende construir, mediante la humillación y el miedo.[1271]

Entre os obxectivos do control dos inspectores, os mestres foron un dos colectivos prioritarios máis represaliados polos gobernantes franquistas.[1272] Neste sentido realizouse un estudo pormenorizado do pasado e presente de cada docente. Segundo Sara Ramos, o proceso de depuración dividíase en tres etapas: unha local e rexional, outra onde se establecen as comisións provinciais e a terceira e última coa creación do *Ministerio de Educación Nacional*.[1273] Neste sentido tivo un papel especial a publicación da Circular do 16 de setembro de 1936, complementada posteriormente pola Circular do 16 de setembro 38. Ambas as dúas normativas establecían os seguintes fundamentos:

> Primero. Los maestros cuyos informes sean totalmente desfavorables por sus actuaciones anteriores, no sólo en su aspecto perturbador de las conciencias infantiles, sino por su conducta amoral o antipatriótica serán inmediatamente suspendidos de empleo y sueldo y se publicará en los Boletines Oficiales de la provincia respectiva.
>
> Segundo. Maestros de conducta no bien definida en los informes de los Alcaldes o que por organizaciones o personalidades solventes fueron de actuación dudosa. Los Rectores consultarán a cuantos organismos o personalidades crean que pueden aclarar las dudas. Si de los datos recibidos merecieran ser incluidos en el apartado primero, quedarán suspensos de empleo y sueldo. Si no resultasen acreedores de esta medida radical, pero por su indiferencia en cultivar las inteligencias, conducta discutible, abandono de sus servicios, etcétera, apreciaren los Rectores que merecen alguna sanción de menor importancia, los suspenderán de uno a tres meses de empleo y sueldo o hasta seis meses de empleo y medio sueldo.
>
> Tercero. Maestros cuyos informes dados por los Alcaldes fueran favorables y no hubiesen llegado a los Rectorados otros desfavorables emitidos por organizaciones de solvencia moral y patriótica, quedan ratificados en sus cargos.[1274]

A nova concepción social da eduación franquista foi un dos piares principais onde o Goberno exerceu unha maior presión ideolóxica, e a escola un dos principais escenarios onde levar a cabo o control e a adecuación aos novos principios do Réxime. Para conseguir isto destituíronse moitos mestres, nomeando novos docentes cun historial avalado por un informe do alcalde e o párroco da localidade. Estes últimos exercían o seu maxisterio con toda clase de comodidades e sen ningunha presión, recoñecidos e incluso admirados por parte da cidadanía lucense. Este panorama de "dominancia clerical" foi descrita por Ben Cho Shey unha vez iniciada a Guerra Civil do seguinte xeito:

[1270] Ídem.

[1271] En Josefina Cuesta Bustillo, "Introducción", *La depuración de funcionarios bajo la dictadura franquista* (Madrid: Fundación Francisco Largo Caballero, 2009), 15.

[1272] En Rodrigo Alvarado Iglesias, "A primeira etapa do proceso de depuración de mestres e mestras de Primeiro Ensino na provincia de Lugo: agosto-novembro de 1936", *Sarmiento*, Nº 18-19 (2015): 116.

[1273] En Sara Ramos Zamora, *La represión del Magisterio: Castilla La Mancha,1936-1945* (Ciudad Real: Almud, 2006), 35-44.

[1274] Vide Circular do 16 de setembro de 1936.

USC DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Por outra parte o conflicto relixioso non esistía entre nós, onde os cregos gozaban de toda clase de respetos e ninguén se metía con iles, como confesaban os seus mesmos xornaes nos primeiros meses de xulio.[1275]

A premisa era clara: instaurar unha *ideoloxía nacionalcatolicista* baseada nos fundamentos de unidade, patria, familia e catolicismo. Na Circular do 2 de setembro de 1936 publicábase claramente as funcións destes novos mestres, co fin de continuar as tarefas escolares implantando os novos ideais afíns aos réxime franquista: patria, relixión católica e hispanidade. Transcribindo un treito, engade:

> Teniendo en cuenta que han de reanudarse las tareas escolares en esta provincia, es necesario que los Maestros que hayan de regentar Escuelas, siquiera sea interinamente, vengan rodeados de las máximas garantías para el Estado, no sólo por su aptitud y capacidad, sino también, y de condición primordial y especialísima en el Magisterio, por una moral cristiana a toda prueba, acendrado patriotismo y dotes inequívocas de honrada ciudadanía; en uso de las facultades que me están conferidas, acuerdo:
>
> Primero. Declarar nulas, y sin ningún valor y efecto las listas de aspirantes a interinidades de esta provincia.
>
> Segundo. Quienes deseen regentar Escuela interinamente, presentarán sus solicitudes en la Sección Administrativa hasta el 15 del presente mes […]. Cada instancia vendrá acompañada del informe detallado del Sr. Alcalde y Sr. Cura Párroco, donde resida el solicitante, que versará, precisamente, sobre los requisitos establecidos en el preámbulo de la presente orden, quedando sin curso las que carezcan de dicho informe.[1276]

A depuración do material escolar

A principios do século XX, acotío os libros empregados na escola eran de tres tipos: os de iniciación, os de desenvolvemento e os de lectura extensiva. Os máis comúns nos centros de ensino primario eran os primeiros, constituídos por pequenos textos para a introdución das primeiras letras e números. A súa estrutura era sinxela e con asiduidade empregábase a metodoloxía socrática de pregunta e resposta: cuestións simples con solucións concretas e exercicios prácticos sinxelos. Os nenos máis avantaxados maiores usaban os libros de desenvolvemento e con menos frecuencia os de lectura extensa. Unha das obras deste tipo máis empregadas foi *El Camarada* de Dalmau Carles, combinando lecturas e pequenas leccións que iniciaban aos escolares na formación moral e patriótica.[1277] Os libros de lectura extensiva eran menos empregados porque existía un elevado absentismo e abandono escolar. Estes recursos didácticos posibilitaban aos alumnos e alumnas nun maior desenvolvemento lector, que xa acadaran un certo nivel de comprensión nas materias. Estes libros con frecuencia tamén trataban temas morais, de comportamento e patrióticos. Entre eles figuraban obras clásicas estranxeiras e españolas como *El Quijote*, existindo un déficit significativo da presenza de obras en galego.

Os libros das escolas usualmente eran insuficientes, pouco adaptados ás necesidades dos escolares e de préstamo dunha xeración a outra, debido á falta dunha

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[1275] En José Ramón Fernández Oxea, *Ben Cho Shey Diario de Lug*o (Lugo: Deputación de Lugo, 2024), 46.
[1276] Vide Circular do 2 de setembro de 1936
[1277] Vide José Dalmau Carles, "El camarada" e José Dalmáu Carles, "El nuevo camarada, 2. ª parte,método completo de lectura." (Editorial Dalmáu Carles Pla, Gerona-Madrid, s/f, 1929).

partida orzamentaria adecuada.[1278] Regularmente, o mobiliario das aulas consistía nunha mesa bipersoal cun asento xiratorio e un enreixado fixo. Tamén empregábanse mesas e taboleiros horizontais con cadeiras fabricadas en varios tamaños segundo a idade do discente. Para traballar a caligrafía das distintas letras os alumnos e alumnas empregaban portaplumas, plumillas, tinteiros e secantes.

Historicamente, os libros foron obxecto de revisión e censura por parte dos distintos gobernos, un material intervido ao servizo do Estado para trasladar a historia como máis interesaba. Durante os primeiros anos do século XX, non existía unha vixilancia tan estrica como a do modelo nacionalcatólico, era máis ben unha revisión católica e con certo fondo pacifista. Para isto, a inspección era un instrumento para seleccionar o material escolar e controlar as escolas, asegurándose a permanencia do modelo desexado. Xa dende o Real Decreto do 5 de maio de 1913, a inspección revisaba as institucións privadas limitándose a: "descubrir si las escuelas funcionan con la autorización necesaria, si cumplían con las condiciones fijadas y con la autorización, y si las enseñanzas son contrarias a la seguridad del Estado, a la moral o a las leyes del país".[1279] De forma especial, a depuración do material escolar foi unha cuestión importante para os gobernos ditatoriais de Primo de Rivera e Franco, como xeito de controlar os contidos impartidos nas escolas. Respecto a isto, o inspector destinado en Lugo, José Galera Moreno, cuestionou este tipo de prácticas xa levadas a cabo polo sistema conservador implantado entre 1923 e 1930.[1280]

Ilustración 55. Cadros escolares de Franco na escola lucense de Trabada

No primeiro bienio da Segunda República, o inspector Joan Comas Camps ordenou poñer as bandeiras tricolor e a retirada dos crucifixos das escolas na provincia de Lugo. Ademais fixo referencia á importancia de impartir as clases con rigor histórico, "recomendando" que as ensinanzas de Historia e Dereito realizáranse con obxectividade e sinceridade.[1281] Tamén ordenou adquirir unha alegoría á República e celebrar o primeiro de maio como *Fiesta del Trabajo*.[1282] A inspección empregábase para asegurarse a aceptación e *lexitimización* do modelo educativo implantado polo goberno:

[1278] En Antón Costa Rico, *Escolas e mestres...* (Santiago de Compostela: Servizo Central de Publicacións, Consellería da Presidencia e Administración Pública, 1989), 46-66.

[1279] En Manuel B. Cossío (1915), 69.

[1280] En José Galera Moreno, "Expediente de José Galera Moreno" (Madrid. ACME-AGA. Sinatura: 018462-0075).

[1281] En Joan Comas Camps, "Información de Enseñanza. El laicismo en las escuelas", *El Progreso*, Lugo, 17 de xaneiro de 1932.

[1282] En Luis Soto Menor, Carmen De la Torre e Joan Comas Camps, "Después de la proclamación de la República", *El Progreso,* Lugo, xoves 16 de abril de 1931.

fíxose referencia ao control do maxisterio mediante a inspección, segundo o artigo un do Decreto do 2 de decembro de 1932.[1283] Con todo, o Goberno Republicano tamén adaptou aos seus intereses ideolóxicos o material escolar, pero apréciase "unha menor dureza", sobre todo porque emprega o concepto de "recomendación", un sistema menos férreo cos empregados nos gobernos ditatoriais "máis ríxidos" na adaptación dos materiais escolares.

Como consecuencia do levantamento militar, en decembro de 1936 constitúese na provincia de Lugo unha *Comisión Depuradora de Bibliotecas*, formada polo canónico Antonio García Conde e o gobernador civil Ramón Bermúdez de Castro. Este organismo era o encargado de avaliar o catálogo de libros de estudo e lectura de todas as bibliotecas e escolas da provincia. Para isto os mestres e encargados das bibliotecas debían informar a esta Comisión sobre a relación de libros empregados, pechando as bibliotecas ao público ata a devandita valoración. A Comisión dividía en tres categorías os obras: os que podían empregarse para as escolas e nenos, os dirixidos as bibliotecas para adultos e por último os libros escolares que por diversos motivos tiñan que ser retirados e entregados á Comisión para a súa custodia.[1284]

As escolas das zonas ocupadas polo franquismo solicitaron novos libros, bandeiras, símbolos, selos, etc. Grazas aos inventarios escolares e a os informes dos mestres e inspectores coñecemos a incorporación destes novos materiais, que formaron parte da adecuación aos fundamentos ideolóxicos e educativos franquistas. Este proceso pódese denominar *depuración do material escolar*. En efecto, a guerra trouxo consigo unha selección dos textos empregados nas escolas. Por este motivo, segundo a análise da dotación das escolas, denótase certa evolución conservadora vinculada aos cambios políticos, económicos, sociais e culturais da sociedade. Así, no bienio 1936-1937, os materiais escolares tiñan un marcado carácter adoutrinador do espírito nacional e eclesiástico. A través dos libros, o goberno de Franco implantou a ideoloxía *nacionalcatólica* e a súa Administración ocupouse de tomar as medidas para conservar a súa posición política, mantendo a poboación ideoloxicamente controlada.

Ilustración 56. Escola Pública de Meixide (1927)
(Estudos de Xulio Pardo de Neyra)

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[1283] En *Gaceta de Madrid* do 7 de decembro de 1932.
[1284] En Antonio García Conde e Ramón Bermúdez de Castro, "Depuración de Biliotecas", *Vida Escolar*, Nº 510 (26 de decembro de 1936).

O goberno de Franco empregou as escolas como un brazo político e adoutrinador dos seus intereses, como un escenario para difundir os seus postulados para seguir conservando a súa posición política e ideolóxica na sociedade.[1285] Na provincia de Lugo, durante o curso 1936/37, aprobáronse os presupostos das seguintes escolas: *Escuela de Bazar*, *Escuela de Villamoure*, *Escuela nacional de Rivas do Miño* e *Escuela de Rebordaos*.[1286] Estes foron varios dos centros seleccionados para facer unha criba de material, retirando a bandeira tricolor ou os libros contrarios ao Réxime.

Como conclusión, a análise do material escolar reflicte unha imaxe de "manipulación histórica", emprego con fins partidistas para a consolidación do réxime político implantado. No *Museo Comarcal de A Fonsagrada* e na *Escuela de Trabada* na provincia de Lugo atópanse expostos algúns inventarios que recollen os materias empregados no cambio político de posguerra e a consolidación do movemento político franquista.[1287] Ademais dos mestres e do material escolar, a depuración estendeuse ao ensino secundario, apartando por motivos ideolóxicos ao profesorado do *Instituto de Lugo*.

Como consecuencia da Guerra Civil, a escola converteuse no xerme dunha nova España, comandada pola Administración franquista. Entre as súas funcións atopamos as de celebrar actos relixiosos, patrióticos, propagandísticos, instauradores, organizar cursos prácticos de relixión e moral.[1288] Franco implantou un sistema educativo totalitario na escola, caracterizado por apostar por unha metodoloxía bancaria, pasiva, adoutrinadora, eclesiástica, patriótica e memorística. Despois da contenda implantouse un currículo reaccionario, antiliberal e ultraconservador[1289] Do mesmo xeito se favoreceu a instauración dunha "pedagoxía católica",[1290] un sistema empregado como método de control e propaganda.[1291] Na seguinte ilustración obsérvase unha foto onde aparece o profesor deste centro Glicerio Albarrán, preso durante a Guerra Civil no Cárcere de Lugo.

[1285] En M. López, "Inventario material 1934-38" (Lugo: APL, Sección: Concello, sinatura: 1200-02, 1934-1938).

[1286] En varios, "Presupostos de material" (Lugo: APL. Sección: Concello, sinatura: 1200-02).

[1287] As escolas republicanas empregaban unha metodoloxía máis progresista, ao asumir e aceptar novas correntes pedagóxicas vangardistas europeas. En F. Raposo, "Lista de los alumnos de Abril de 1936. Escuela de la Calle Santiago acompañado por el inventario del material escolar del maestro F. Raposo, "Señalando artículos escolares con fecha del 4 de julio de 1936" (Lugo: APL. Sección: Concello, sinatura: 1200-02, 1936).

[1288] Pode atoparse nun artigo titulado: en Federación de maestros católicos españoles, "A los maestros de la Provincia pola *Federación de maestros católicos españoles* dirixida aos mestres do territorio lucense", *Vida Escolar,* Nº 505 (Lugo, 14 de novembro de 1936).

[1289] En Justo Cuño Bonito, "Reforma y contrarreforma de la enseñanza primaria durante la II República Española y el ascenso del Fascismo (1932-1943)", *Revista historia de la educación latinoamericana*, Nº 15, 21 (2013): 89-106.

[1290] En Xavier Torrebadella Flix e Jordi Brasó i Rius, "El patriotismo nacionalizador del padre Andrés Manjón y la «nueva pedagogía católica» en la educación física española (1889-1936)", *Revista de estudios y experiencias en educación,* Nº 18, 36 (2019): 137-159.

[1291] Este proceso atópase referenciado na revista de educación: *Vida Escolar,* Nº 502 (Lugo: 17 de outubro de 1936).

Ilustración 57. Glicerio Albarrán Puente[1292]

Por último, cabe destacar que no período de posguerra, un aspecto fundamental foi manter nas escolas unha conduta moral cristiá e patriótica. Dende 1942, Antonio Rosón Pérez tomou parte neste asunto como delegado provincial de Educación Popular franquista.[1293] Segundo o artigo 82.1 da Lei de Educación Primaria do 17 de xullo de 1945,[1294] que regulaba a división das zonas de inspección en masculina e feminina debido a separación por sexos da educación primaria segundo os artigos 14 e 80.b da Lei de Educación Primaria, a inspección ficou configurada en dous graos: xeral e provincial e restableceuse o dereito á inmobilidade no cargo e no destino dos inspectores segundo o artigo 82.6 da Lei de Educación Primaria.[1295] Así mesmo, os inspectores continuaron como axentes fundamentais para o adoutrinamento nas regras lexitimadoras principais: nacionalismo e catolicismo. Para Franco, a ensinanza primaria era un campo esencial para a construción dunha sociedade nacional e católica,[1296] por este motivo o Estado realizou unha serie de proxectos escolares para construír unha escola cristiá e potenciar a *españolización*.[1297]

[1292] Glicerio Albarrán foi o director do Instituto de Lugo, máis tarde preso no Cárcere de Lugo. En José de Cora, "Probando Sorte", *Bitácora de Cora en El Progreso*, extraído o 25 de xullo de 2025 de: https://bitacoradecora.galiciae.com/?cat=zlsovhukvidg&paged=108

[1293] En Pilar López e Mª Jesús Baz, "Una aproximación a Falange en la provincia de Lugo (1936-1942)", *A Patria enteira. Historia Política* (Santiago: USC, 2008), 199.

[1294] En *BOE* do 18 de xullo de 1945.

[1295] Ídem. (Tema estudado polo miúdo e trasladado polo seu volume ao Anexo 7.7. do presente traballo).

[1296] En Fernando Díaz Plaja, *La Historia de España en sus documentos. El siglo XX. La Guerra (1936-1939)* (Madrid: Faro, 1963), 499-524.

[1297] En Alicia Alted Vigil, *Política del Nuevo Estado sobre el Patrimonio Cultural y de la Educación durante la guerra civil española* (Madrid: Dirección Xeral de Belas Artes e Arquivos, 1984), 184-188.

4.3. A INSPECCIÓN DO ENSINO PRIMARIO NA PROVINCIA DE LUGO (1900-1936)

Comezaremos disertando acerca do *concepto de inspector*. Temos que remontarnos ao 1 de setembro de 1743, cando a Real Cédula de Felipe V entendeu a necesidade de formar "veedores" da Congregación de San Casiano para velar polo cumprimento da obriga dos docentes, a estes axentes outorgábaselles o título de *Visitadores.* Posteriormente, no século XVIII comezan a ser denominados inspectores.[1298] Respecto á denominación xa non existirían máis cambios ata a Segunda República, cando o nome de *inspector* substituíuse polo de *consejeros escolares* segundo o Decreto do 2 de decembro de 1932.[1299] Tres anos máis tarde, en 1935, Dottrens publicou *El problema de la inspección y la educación nueva,* onde propuxo a aplicación do termo de *consejero escolar*.[1300] Finalmente en 1936 o *Diccionario de Pedagogía Labor* denominaba os inspectores como: *directores de educación*. Estes foron os momentos máis importantes onde se expuxo algún cambio de denominación do inspector.[1301]

Antes de comezar o estudo da inspección do ensino primario a nivel provincial, convén facer unha pequena introdución sobre os *contextos internacional e nacional*. Estes coñecementos son imprescindibles para comprender o devir histórico da inspección na provincia de Lugo, xa que este organismo dependía das modificacións lexislativas estatais e estivo influída polas correntes pedagóxicas contemporáneas da ILE e a Escola Nova. Tendo presente o anterior, comezaremos advertindo que a finais do século XIX e principios do XX, os influxos da Escola Nova cambiaron o concepto do inspector "tradicional", fiscalizador e burocrático, por un concepto máis técnico e pedagóxico. Así mesmo, convén destacar a influencia da ILE no proceso de modernización da inspección educativa en España, sobre todo mediante a creación da JAE. Os institucionistas defendían a necesidade de asesoramento e actualización continua do profesorado, mediante accións coordinadas entre as escolas normais e os inspectores.[1302] Así, Antonio García Alix manifestaba: "La inspección de las escuelas representa en el organismo de la primera enseñanza una función tan importante como las escuelas normales".[1303] En busca deste obxectivo pretendeuse ampliar a formación dos inspectores. Emporiso, que mediante o Real Decreto do 18 de novembro de 1907, levouse a cabo a tentativa de crear o *grado Normal* para inspectores de Primeiro Ensino e profesores das escolas normais.[1304] Ao pouco tempo, o Real Decreto do 27 de maio de 1910 incidía sobre a necesidade de implantar un curso de formación de carácter pedagóxico.[1305]

[1298] En Francisco Tadeo Calomarde, *Plan y Reglamento de las Escuelas de Primeras Letras del 16 de febreiro de 1825* (Madrid: Dirección General de Estudios. Nos títulos: XII, XIII e XIV, 1825).

[1299] En Ministerio de Instrución en Belas Artes, *La inspección de Primera Enseñanza. Organización y legislación* (Madrid: Publicacións da Inspección Central de primeira ensinanza, 1934), 9-24.

[1300] En Robert Dottrens, *El problema de la inspección y la educación nueva* (Madrid: Espasa Calpe, 1935), 290.

[1301] En Luis Sanchez Sarto, *Diccionario de Pedagogía* (Barcelona: Labor, 1936), 1691

[1302] En Consuelo Flecha, "La inspección de primera enseñanza en la España del primer tercio del siglo XXI: modelos, contextos y protagonistas", *Historia Caribe*, Nº 33, volumen XIII (2018): 188.

[1303] En Real Decreto do 6 de xullo de 1900, *Gaceta de Madrid*, 8 (1900): 113-115.

[1304] En Asens Nogues, "Indicacións para una reforma de la inspección de primera enseñanza", *Revista de Pedagogía*, Nº 30, Ano III (1924): 208-214.

[1305] A ILE demandou unha relación máis técnica e estreita entre o inspector e o Ministerio de Educación, profesorado, centros educativos e fundacións docentes.

Tendo en conta o dito, dende a publicación da Lei Moyano a inspección do ensino primario en España foi un organismo dedicado fundamentalmente a tarefas administrativas, centradas principalmente no *control* das escolas e do cumprimento da lexislación. Agora ben, a inicios do século XX produciuse un feito que mudou en parte a concepción da figura do inspector. Así, mediante o Real Decreto do 26 de agosto de 1902, Romanones introduciu un matiz diferente: "pese a priorizar a función de vixilancia, tamén fixo fincapé na importancia de que os inspectores guiasen aos mestres e mestras na súa vida profesional e pública".[1306] Pese a esta innovación, o posterior Real Decreto do 18 de novembro de 1907 continuaba poñendo a énfase nas funcións de fiscalización das escolas e dos locais-vivenda dos mestres,[1307] podendo clausuralas por malas condicións hixiénicas ou pedagóxicas.[1308] Tendo en conta estas funcións, o obxectivo principal desta normativa foi exercer un maior control sobre os centros, no referente ao cumprimento das obrigas docentes previamente lexisladas.

Respecto á *inspección das escolas privadas*, convén subliñar que durante o século XIX estes centros mantiveron unha certa liberdade para exercer os seus poderes respecto á ensinanza pública, sobre todo nas cidades. Coa Lei Romanones pretendeuse endurecer máis o control destas escolas particulares respecto ao cumprimento das leis.[1309] Amais, con esta normativa incorporouse o soldo dos mestres de ensino primario aos presupostos estatais. Como consecuencia disto, algunhas destas escolas solicitaron á inspección e ao Reitorado da Universidade de Santiago a súa regularización.[1310]

Pero no albor dos anos dez, produciuse un dos sucesos máis importantes para a inspección do ensino primario.[1311] En efecto, mediante o Real Decreto do 27 de maio de 1910, Romanones cambiou por completo a visión sobre a inspección do ensino primario, declarando a *importancia da función titorial*.[1312] Esta nova configuración seguía a liña introducida antano por Giner de los Ríos e Cossío, enxalzando a importancia pedagóxica deste organismo educativo para os centros públicos e privados.[1313] Seguindo a liña cronolóxica de exposición dos feitos, o Real Decreto do 27 de maio de 1910 tamén configurou aspectos significativos da inspección: "como órgano de la relación técnica del Ministerio con todo el profesorado y con todos los centros y fundaciones docentes".[1314] Un ano máis tarde, o Real Decreto do 18 de xaneiro de 1911 reformou o Consello de Instrución Pública. Este decreto ordenou que os inspectores xerais debían de contar cunha antigüidade de máis de dez anos como conselleiros. Durante este ano tamén se produciu outro feito relevante, cando Julio Burell substituíu a Romanones no Ministerio creou a primeira *Dirección General de Primera Enseñanza,* dirixida por Rafael Altamira.[1315]

[1306] Vide artigo 1º do Real Decreto do 26 de agosto de 1902.
[1307] Ídem.
[1308] En Manuel B. Cossío, *La enseñanza primaria en España* (Madrid: R. Rojas, 1915), 142.
[1309] En Rafael Fenoy Rico, "Historia de la Inspección en la Educación" (2007) 8-9, extraído o 14 de novembro de 2009 de: http://www.edudactica.es/Docus/Ensayos/Historia2%20Inspeccion.pdf.
[1310] No arquivo da Universidade de Santiago consérvnase 390 expedientes datados entre 1902 e 1910. En varios, "Expedientes", *Escolas e Mestres*... (1989), 125-126.
[1311] Ídem.
[1312] Vide Real Decreto do 27 de maio de 1910.
[1313] En Rafael Fenoy Rico, "Historia de la Inspección en la Educación", *Edudactica,* 8-9, (2007) extraído o 14 de novembro de 2009 de: http://www.edudactica.es/Docus/Ensayos/Historia2%20Inspeccion.pdf.
[1314] En J. Seage, "La administración educativa en España (1900-1971)". *Revista de educación* (1975): 103.
[1315] En Vicente Valls y Angles, "Sobre la inspección de primera enseñanza", en *Revista de Pedgagogía*, Nº 11, Ano I (1922): 410-418.

Coa publicación do Real Decreto do 5 de maio de 1913, as funcións da inspección sobre as institucións privadas limitábanse a pedir as autorizacións necesarias e vixiar o cumprimento das leis: non contrarias á seguridade do Estado, á moral ou ás leis do país.[1316] Dadas estas consignas, os centros privados seguían tendo unha gran liberdade para exercer o maxisterio, pero o inspector tamén podía clausurar os centros nos casos graves ou urxentes, informando previamente á Dirección Xeral. Cómpre lembrar que durante este período a presenza das escolas particulares en Lugo era tradicionalmente forte nas cidades, debido a boa posición social das institucións eclesiásticas.

Na provincia de Lugo, durante os primeiros anos do século XX exercía como único inspector José Soto Campos (1903),[1317] realizando unha función practicamente administrativa e de control do cumprimento da normativa, combinándoa cunha tímida acción orientadora e pedagóxica.[1318] Fundamentalmente, este inspector encargábase de *vixiar* a situación das escolas e os locais dos mestres, rexeitando estes inmobles en varias ocasións polas inadecuadas condicións hixiénicas e pedagóxicas.[1319] De xeito similar, ocupaba o seu tempo na organización e na dotación de *casa-habitación* dos mestres nos concellos, conforme ao artigo 191 da Lei de Instrución Pública e as Resolucións do 29 de outubro de 1869, do 29 de abril de 1889 e do 18 de setembro de 1890.[1320]

Despois de José Soto, a provincia luguesa exerceu como único inspector de terceira clase Manuel Lorenzo Gil, compaxinado as auditorías regulares coa organización das *Colonias Escolares*.[1321] Paulatinamente, este tipo de exercicios socioeducativos axudaron a conformar unha maior consideración social do inspector como benfeitor. Estes novos feitos influirán na visión de novo inspector Luis Soto Menor, quen ocupou a titularidade da xefatura da provincia dende 1914 ata 1936, segundo o artigo quince do Real Decreto do 5 de maio de 1913. Debido a isto, a estrutura da inspección provincial cambiou, realizando entre outras funcións a organización das colonias escolares durante máis de dezaseis anos. Por estes motivos podemos afirmar que Soto Menor foi unha das figuras máis importantes no tímido proceso de modernización escolar e na conformación dunha nova cultura escolar.[1322] Tamén defendeu a paz, a cultura, a alegría e a creación da *Asociación del Magisterio* conforme aos ideais de Cossío.[1323] Actualmente leva o seu nome a Escola Infantil Municipal Luis Soto Menor, situada no barrio lucense de San Fiz. O resto de inspectores que traballaron en Lugo elixiron a zona por orde *escalafonal*. Pese a isto, cada dous anos tiñan que cambiar de zona de forma obrigatoria. Dende unha perspectiva centralizadora a xefatura da provincia estaba

[1316] En Manuel B. Cossío, *La enseñanza primaria en España* (Madrid: R. Rojas, 1915), 69.

[1317] Existe un informe sobre o estado do ensino en Quiroga (Lugo), atópase no Arquivo Histórico da Universidade de Santiago, na sección Primeira Ensinanza en 1903. En Antón Costa Rico, *Historia da educación e da cultura en Galicia* (Vigo: Xerais, 2004), 918-920.

[1318] Vide Decreto do 12 de abril de 1901, *Gaceta de Madrid*, do 13 de abril de 1901. Decreto definido por Pedro Alcántara García como "una triste decepción" polo seu déficit *técnicopedagóxico* e non ter en conta a importancia do asesoramento e orientación ao profesorado, en Pedro Alcántara García, "Crónica de la Enseñanza en España", *La Escuela Moderna*, XI, 121 (1901): 393.

[1319] Este informe atópase no Arquivo Histórico da Universidade de Santiago, sección Primera Enseñanza, Lugo en 1903; en Antón Costa Rico, *Historia da educación e da cultura en Galicia* (Vigo: Xerais, 2004), 918-920.

[1320] En J. Vázquez Senra e outros, "Maestros del Ayuntamiento de Lugo que solicitan una casa-habitacion conforme el artículo 191 de la Ley de Instrucción Pública y las Resoluciones del 29 de octubre de 1869, del 29 de abril de 1889 y 18 de septiembre de 1890" (Lugo: APL. Fondo Concello. Sinatura: 930, 1907).

[1321] En Manuel Lorenzo Gil, "As colonias escolares", *El Progreso*, Lugo, 25 de xullo de 1914.

[1322] Entre os seus traballos atópase a organización da Semana Pedaxica Lucense: en varios, "Número especial sobre a Semana Pedagóxica Lucense", *Vida Escolar*, Nº 336, ano VII (1933): 4.

[1323] Podemos consultar o mitin en: varios, "EI mitin del domingo", *La Región* (27/VIH/1912) e en Antón Costa Rico, *Historia da educación e da cultura en Galicia* (Vigo: Xerais, 2004), 1004.

situada na capital de Lugo, situación que facilitaba a unificación, os traballos de oficina e a distribución da función inspectora.


PAZ, CULTURA, ALEGRIA...

«Haced de la Escuela templo de amor y de virtud, de tolerancia y de solidaridad entre todos los hijos de madre; llevad a ella la alegría de la Naturaleza y la idealidad espiritual y, sin pretenderlo, el alma de los niños entonará el salmo de Isaías»...

Ilustración 58. Luis Soto Menor na revista *Vida Escolar*

Emporiso, no seguinte estudo analízase o papel que desempeñou a inspección do ensino primario durante as primeiras décadas do século XX na provincia lucense, afondando nas funcións máis importantes dos inspectores e as súas principais actuacións na escola. Con todo, a inspección significou nestes anos un dos factores máis influentes do sistema educativo nas súas dimensións técnica, profesional, política e social.[1324] A través do estudo deste organismo podemos descubrir algúns "xestos escolares" cotiáns sucedidos en Lugo nos primeiros anos do século XX.

En consecuencia, é preciso centrarnos na *multiplicidade funcional* da tarefa inspectora ao longo deste período (1900-1936). A medida que nos metemos no século XX, os inspectores foron ocupando cada vez máis funcións como: a organización de actividades para o progreso cultural, a creación de centros escolares e a renovación pedagóxica.[1325] En efecto, dende o principio do século XX produciuse un progresivo fortalecemento da función inspectora, asignándolle cada vez máis encomendas.[1326] En primeiro lugar, os inspectores tiñan que realizar as visitas cubrindo un *Boletín* con datos pedagóxicos e estatísticos. Este documento estaba composto por 103 epígrafes e un apartado de "Instrucións e advertencias do inspector".[1327] Nos seus informes, cada vez con máis frecuencia os inspectores comezaron a censurar a falta de asistencia e a mala dotación das escolas, debido principalmente aos poucos recursos cos que contaban os centros. En algúns casos, esta circunstancia foi permitida pola apatía dos pais e a falta de interese dos gobernos locais pola educación.[1328] Acerca disto, Luis Bello sinalaba a importancia da mala estruturación administrativa galega, que obedecendo a un modelo municipal, desatendeu as escolas de moitas parroquias. Pouco a pouco, este desolador

[1324] Vide José María Hernández Díaz, "La inspección educativa y la cultura escolar en España. Génesis, procesos constituyente y actualización de funciones", *Aula 25* (2019): 60.

[1325] Neste sentido destacamos a participación dos inspectores na organización dos dous congresos pedagóxicos celebrados na cidade de Lugo en 1923 e 1933.

[1326] No arquivo da Universidade de Santiago están presentes 390 expedientes datados entre 1902 e 1910, en total preto dun 60%. Vide Antón Costa Rico, *Escolas e Mestres*... (1989), 125-126.

[1327] En Orde circular do 17 de setembro de 1913.

[1328] En Presidente da Xunta Provincial de Lugo en 1884, "Carta del Presidente de la Junta provincial de Lugo al Gobernador Civil en 1884" (Lugo: APL. Fondo do Concello. Sinatura: 931). E en Germán Lastra, "La escuela del porvenir-Ojeada retroespectiva. La Escuela III", *El Progreso*, Lugo, 10 de xaneiro de 1932.

panorama animou a personaxes galegos coma Couceiro Freijomil, sen intensidade, a esixir a creación da autonomía política e administrativa de Galicia.[1329]

Este aumento de funcións limitou aínda máis a cantidade das inspeccións, que xa arrastraba unha *excesiva carga de traballo*. Para darnos conta da falta de persoal, cada inspector tiña ao seu cargo preto de 450 escolas, un número desproporcionado que impedía xirar unha visita anual a cada centro.[1330] Por esta razón era frecuente que pasaran varios anos hasta que o inspector conseguira visitar todos os centros da súa zona. Durante os anos dez, o *cadro de persoal* nacional de Inspección de Ensino Primario estaba conformada tan só por 112 inspectores.[1331]

Facendo referencia á ampliación deste servizo por parte da Dirección Xeral, entre 1911 e 1913 é preciso incidir na tentativa do Goberno de implantar a figura do *inspector médico-escolar*. Esta especialidade creouse a través dos Reais Decretos do 16 de xuño de 1911 e do 20 de setembro de 1913.[1332] Respecto a isto, a lexislación determinou que gozasen deste servizo só as cidades con maior poboación como Madrid e Barcelona. Porén, a súa implantación tivo un carácter de ensaio e contaba cun equipo moi reducido. Por todas estas razóns, esta figura non se chegou a implantar na provincia luguesa, xa que esta non tiña o número de habitantes suficientes para crear este Departamento. Para facernos unha idea do censo poboacional de Lugo en 1933, a capital contaba con 32.000 habitantes, situándose en terceiro lugar despois da Coruña e Vigo, como os asentamentos máis poboados de Galicia.[1333] Loxicamente, as outras cidades galegas de menor poboación, igualmente quedaron excluídas do devandito programa médico-escolar.

Outro aspecto importante foi a creación do *Padronato Nacional de Anormales* mediante o Real Decreto 24 de abril de 1914. Coa publicación desta normativa tamén reformáronse a EESM e as escolas normais onde estudaron algúns dos inspectores de Primeiro Ensino que traballaron en Lugo. Igualmente realizáronse varias fiscalizacións na provincia luguesa, analizando os organismos de control sobre o ensino primario. O 28 xullo de 1914, o Secretario da *Junta Central de Derechos Pasivos del Magisterio de Instrucción Primaria*, Gabriel del Valle, estivo visitando as sociedades administrativas de Lugo. Esta visita publicouse na prensa local, que describía do seguinte xeito a noticia:

> "El secretario de la Junta Central de Derechos pasivos del Magisterio de Instrucción Primaria, D. Gabriel del Valle, que anda realizando visita de inspección a las sociedades administrativas de primera enseñanza, llego ayer a Lugo, con objeto de cumplir su cometido en la citada oficina de esta provincia".[1334]

A nivel internacional España permaneceu neutral na Primeira Guerra Mundial.[1335] Así a todo, nestes anos xurdiron novas teorías promovidas pola Liga Internacional da

[1329] En R.F.J., "Las construcciones escolares", *Vida Escolar*, Nº 29, Ano I (novembro de 1926): 3.

[1330] En Rosa María Cid Galante, "A percepción dos docentes do ensino primario ourensán a comezos do século XX: un profesorado en entredito", *Sarmiento*, Nº 11 (2007): 42-43.

[1331] Ídem, 68.

[1332] Ademais no primeiro cuarto do século XX saíron á luz diversas disposicións co fin de establecer en todas as escolas de España a inspección médica.

[1333] En *Anuario Estatístico de España de 1934* (1934): 16.

[1334] En *El Progreso*, Lugo, 28 de xullo de 1914.

[1335] Durante estes anos a opinión social estaba asustada polo conflito internacional e as noticias bélicas maquillaban os problemas reais de España, entre os que figuraban a mala situación do sistema educativo tanto a nivel pedagóxico e hixiénico.

Nova Educación (LIEN) en referencia á procura da paz a través da educación.[1336] Algunhas destas concepcións foron difundidas pola ILE mediante o *Boletín de la Institución Libre de Enseñanza.*[1337] Estas novas teorías cambiaran por completo o concepto do inspector, a favor de postulados máis técnicos e pedagógicos. Estes axentes pasarían a ser, xunto ao mestre, a pedra angular do tan necesario cambio pedagóxico do sistema educativo do noso país.[1338] Esta renovación conceptual non chegaría a realizarse por completo debido ás continuas viraxes no goberno. Para darnos conta da inestabilidade política, no período comprendido entre 1902 e 1923 existiron 33 gobernos totalmente heteroxéneos, feito que non favoreceu a continuidade das reformas.[1339] Esta pronunciada inestabilidade provocou un declarado déficit de actuación efectiva nos procesos de modernización

Outro aspecto importante vivido nos anos vinte foi que os inspectores destinados en Lugo perderon a *inmobilidade* territorial da que gozaban ata ese momento. Tamén o Real Decreto do 3 de marzo de 1922 introduciu varios cambios importantes, aludindo ao acceso á inspección de primeira ensinanza: en primeiro lugar eliminároнse as prazas cubertas pola EESM que contaban en dous terzos, en segundo lugar as prazas foron cubertas unicamente por oposición libre.[1340] Deste xeito, a promoción de 1922-1926 foi a última que gozou do acceso directo mediante a proposta da EESM. En Lugo proviñan desta institución os seguintes inspectores: Jacinto Ruiz Santiago (undécima promoción 1919-1923), Carmen Castilla Polo (1917-1920), José del Peso y Sevillano, Joan Comas Camps (décima promoción 1918-1921) e Antonia Ortiz Currais (sétima promoción 1915-18). Tamén a inspectora lucense destinada fóra de Galicia María Victoria Díaz Riva (sétima promoción 1915-1918).[1341]

Tendo en conta o establecido anteriormente, durante a ditadura de *Primo de Rivera*, a inspección educativa caracterizouse por servir de medio de represión das ideas contrarias ao Goberno,[1342] especialmente de grupos nacionalistas e anarquistas. Os inspectores estaban subordinados aos delegados gobernativos, podendo ser trasladados de zona de xurisdición segundo as necesidades da Administración.[1343] En efecto, a inspección educativa dependía da figura do *delegado gobernativo*, que o Xeneral nomeaba como método de control. Así, a Administración do Estado supervisaba este organimo mediante estes novos representantes. Os delegados tiñan potestade de realizar visitas ás escolas públicas e privadas segundo a Real Orde do 29 de agosto de 1924.[1344]

[1336] Vide Ernesto Codignola e Aldo Visalberghi (Tradución Antón Costa Rico), *As "escolas novas" e os seus problemas*, (Pontevedra: Kalandraka, 2023).

[1337] Observamos como en 1923 a inspección educativa de Lugo organizou o Certame Pedagóxico Lucense de 1923 onde conseguiron reunir a gran parte do profesorado da provincia, ofrecendo unhas xornadas con coloquios e formación profesional educativa.

[1338] En José María Hernández Díaz, "La inspección educativa y la cultura escolar en España. Génesis, procesos constituyente y actualización de funciones", *Aula 25* (2019): 66.

[1339] En Gerald Brenan, *El laberinto Español antecedentes sociais e políticos da guerra civil* (Barcelona: Ed. Ibérica de Edicións e Publicacións, 1977), 36.

[1340] En V. Valls y Angles, "Sobre la inspección de primera enseñanza", *Revista de Pedgagogía*, Nº 11, Ano I (1922): 410-418.

[1341] En Antonio Molero Pintado e María del Mar del Pozo Andrés, *Escuela de Estudios Superiores del Magisterio (1909-1932)* (Alcalá de Henares: Universidade de Alcalá de Henares, 1989) 200-214.

[1342] Vide Ramón López Martín, "La inspección de enseñanza primaria en la dictadura de Primo de Rivera", *Historia de la educación: Revista interuniversitaria* (1987): 311.

[1343] En Rafael Fenoy Rico, "Historia de la Inspección en la Educación", *Edudactica* (2007) 11-12, extraído o 14 de novembro do 2009 de: http://www.edudactica.es/Docus/Ensayos/Historia2%20Inspeccion.pdf.

[1344] O Ministerio de Instrución Pública e Belas Artes publicou esta nova real orde relativa ás visitas das escolas públicas e privadas polos delegados gobernativos. Vide *Gaceta*, 4 de setembro de 1924.

> La suspensión de los Maestros nacionales que no cumplieran las disposiciones vigentes respecto de la enseñanza en castellano o que en sus explicaciones vertieran doctrinas opuestas a la unidad de la Patria, ofensivas a la religión o de carácter disolvente o actuaran con tal debilidad que se pueda presumir que existe carácter tendencia o en contra de dichos sagrados principios.[1345]

Segundo as análises que realizaron Molero e Maíllo, estes rexistros eran contraproducentes para o propio sistema educativo. Estes dos autores estudaron esta cuestión, concluíndo que esta nova figura de control solapaban e dificultaban as actuacións dos inspectores.[1346] En Lugo, os mestres debían de colaborar en todo momento con este representante gobernamental, favorecendo a auditoría e o exercicio do delegado nas visitas. No seguinte treito observamos como o goberno primorriverista valoraba os centros e as actividades que se realizaban:

> Todas las facilidades que sean precisas (hacia los delegados) para visitar escuelas, formar juicio sobre el estado de la enseñanza y de las deficiencias que, tanto en el personal como en el material y en los edificios observen, así como de las relaciones de los maestros con las autoridades y el vecindario.[1347]

A ditadura de Primo de Rivera

Nesta nova etapa, podemos apreciar como coa publicación da Real Orde do 12 de febreiro de 1924, a inspección educativa volveu ser un organismo principalmente *fiscalizador e controlador* de todas aquelas accións que non se axustasen á lexislación vixente. En efecto, as ideas contrarias ao sistema dominante foron perseguidas e sancionadas. Cómpre ter en conta que nestes anos, España estaba mergullada nun período ditatorial caracterizado pola "presión" e a desconfianza sociopolítica. Por estas razóns, moitos inspectores foron destinados lonxe dos seus destinos desexados. En Lugo, foi o caso de Joan Comas Camps, trasladado forzosamente a xeito de castigo e como maneira de ter a este intelectual controlado. Xa dende o principio estivo incómodo e tivo diversos enfrontamentos coas autoridades locais, por estes motivos en canto puido se trasladou coa súa muller para Madrid (1931).[1348]

Durante a *ditadura de Primo de Rivera*, os inspectores destinados na provincia lucense estaban obrigados a informar ao delegado das visitas na súa zona ou partido xudicial. Estes axentes podían facer acto de presenza en calquera momento. O delegado tamén podía sancionar aos mestres e inspectores, convocar xuntas locais de primeira ensinanza e establecer visitas con carácter extraordinario. A través da Orde do 4 de setembro de 1924, o delegado tamén era o encargado de realizar a inspección superior das escolas de Primeiro Ensino. Un ano máis tarde, o control e a fiscalización das doutrinas impartidas estaban normalizadas, sendo unha prioridade na política educativa de Primo de Rivera. Precisamente, a Inspección de Ensino Primario en Lugo atopábase

[1345] En Real Orde do 12 de febreiro de 1924. O Ministerio de Instrución Pública e Belas Artes dispuxo que os inspectores de Primeiro Ensino procederan a xirar visitas de inspección ás escolas municipais, artigo Nº 3. Vide *Gaceta* do 15 de febreiro de 1924.

[1346] Vide Antonio Molero Pintado e Elías Ramírez Aísa, *Estudios históricos sobre la Inspección Educativa,* (Madrid: Escuela Española, 1989); e Adolfo Maíllo García, *Historia crítica de la Inspección Escolar en España* (Madrid: USITE, 1989).

[1347] En Preámbulo da Real Orde de 29 de Agosto de 1924. Publicado polo Ministerio de Instrución Pública e Belas Artes. Real Orde, relativa ás visitas das escolas públicas e privadas polos delegados gobernativos. Vide *Gaceta*, 4 de setembro de 1924.

[1348] En Joan Comas Camps, "Expediente de Joan Comas Camps-Administración" (Madrid: AGA-ACME. Sinatura: 16752, topográfica: 32/53, 1925).

suxeita a estas características fiscalizadoras, sobre este tema, o propio Xeneral manifestaba neste treito realizado en outubro de 1925:

> Se ordena a los rectores, directores de centros públicos e inspectores de enseñanza primaria se vigile cuidadosamente acerca de las doctrinas antisociales o contra la unidad de la patria que puedan ser expuestas por algunos profesores o maestros, considerando la falta lo suficientemente grave para abrir el correspondiente expediente, previa suspensión de empleo y medio sueldo, si hubiera indicios de culpabilidad. La prohibición no se limitaba a la exposición de esas ideas, sino también al uso de libros de texto, siendo responsable el maestro que los utilizara. En el caso de escuela privada, este uso podía suponer la clausura inmediata[1349].

En 1926, o Goberno modificou o concurso de traslados dos inspectores, restablecendo a implantación da *mobilidade xeográfica* dos inspectores, reforma recollida no Real Decreto do 16 de abril de 1926. Esta lexislación implantou unha nova normativa sobre os traslados dos inspectores en función das necesidades do Réxime. Segundo Adolfo Maíllo, este Real Decreto foi creado a raíz dunha disputa entre o delegado gobernativo e o inspector Modesto Medina Bravo, discusión que concluíu cun apercibimento a Medina, publicado na Orde de 7 de xaneiro de 1926.[1350] Despois desta notificación, non se levaron a cabo reformas de gran relevancia na inspección educativa de primeiro ensino ata a proclamación da Segunda República.

> Es necesario dar una mayor flexibilidad a la misión de los Inspectores, que permita acomodarla a las variables exigencias de la realidad y obtener el mejor rendimiento de su trabajo; lo que se conseguirá determinando las zonas de visita para que se ajusten al número y las condiciones de las Escuelas y del terreno en que estén enclavadas, y utilizando en provincia distinta, cuando así lo aconsejen las necesidades del servicio, la acción de los Inspectores, porque dada la representación que ostentan y la libertad que exige su designación, por el carácter delegado de sus funciones han de hallarse plenamente asistidos de la confianza de quien los nombra.[1351]

En relación co interior, agora é oportuno sinalar dous factores importantes na evolución histórica deste período que tiveron incidencia na provincia de Lugo: o primeiro foi a contribución dalgúns inspectores, como Joan Comas Camps, ao avance científico a través da difusión de novas teorías pedagóxicas transnacionais mediante publicacións, extraídas principalmente das súas viaxes de estudos ao estranxeiro coa JAE.[1352] En segundo lugar, cabe destacar a función política da figura do inspector e a súa influencia social: centrados no criterio burocrático establecido polo goberno de quenda, baseado na comprobación do cumprimento dos regulamentos e no control dos contados escolares, sobre todo nesta época ditatorial.

A etapa da Segunda República

No pórtico dos anos trinta o goberno de Primo de Rivera tiña un menor respaldo de Alfonso XIII, ademais a presión política e social acabou por derrubar o réxime ditatorial proclamándose a *Segunda República*. Para a inspección educativa, a caída do *ditabranda* significou pechar unha etapa sombría de presión gobernamental, librándose

[1349] En Adolfo Maíllo García, *Historia crítica da Inspección Escolar en España* (Madrid: publicacións USITE, 1989), 1243-1244.

[1350] En Rafael Fenoy Rico, "Historia de la Inspección en la Educación", *Educativa* (2007) 13, extraído o 14 de novembro do 2009 de: http://www.edudactica.es/Docus/Ensayos/Historia2%20Inspeccion.pdf.

[1351] Na Real Decreto do 16 de abril de 1926 do Ministerio de Instrución Pública e Belas Artes. Neste Real Decreto acordábase, no Consello de Ministros, adscribir libremente aos inspectores de Primeiro Ensino á provincia onde foran máis convenientes os seus servizos. En *Gaceta* do 17 abril de 1926.

[1352] En Joan Comas Camps, "Lo que es la escuela única", *El Progreso,* Lugo, 17 de xuño de 1931.

do control dos delegados gobernamentais primorriveristas. Agora bén, débese ter en conta un aspecto relevante: a participación intelectual dos inspectores durante a Segunda República foi masiva, sendo esta unha das súas características principais. Na provincia de Lugo, esta circunstancia foi ben acollida, xa que estes axentes desempeñaron un rol de carácter intelectual importante para a historia educativa, sobre todo coa organización da *Semana Pedagógica Lucense* de 1933 ou na realización de actividades para establecer un maior coidado e vixilancia pedagóxica da ensinanza.[1353]

O período histórico da Segunda República, que comezou a partir do proceso electoral do 14 de abril de 1931, trouxo consigo un gran número de reformas democráticas e pedagóxicas, sobre todo no primeiro bienio. Xustamente a inspección foi un elemento que contribuíu ao desenvolvemento e renovación educativa, sendo un elemento clave para o novo goberno provisional mediante o cal impulsou a escola pública, gratuíta e obrigatoria. Coa idea da *Einheitsschule*[1354] e o apoio das ideas institucionistas,[1355] moitos inspectores e profesores promoveron así a renovación pedagóxica, a formación libre e a educación: descentralizada, laica, coeducativa e unificada.[1356] Esta foi unha actualización importante, a pesar da falta de firmeza dos gobernos e a inestabilidade política e social.[1357] Non obstante, o panorama educativo en España seguía sendo deficitario e, aínda que as intencións do seu Goberno provisional eran de modernizar o sistema educativo, o país non contaba cos recursos nin cun contorno social favorecedor para o proceso de modernización completa.

Así a todo, no primeiro bienio da Segunda República, a inspección foi un factor clave para crear unha escola para todos, popular, moderna e republicana; impulsando a creación dos *Centros de Colaboración Pedagógica*, onde os mestres de cada comarca compartían experiencias coa axuda do inspector.[1358] Deste xeito, esta figura converteuse nun vivificador da tan necesaria modernización pedagóxica do sistema educativo.[1359] Na provincia de Lugo, estes novos "folgos" estiveron representados pola xestión de Luis Soto Menor. Durante estes anos, tamén se iniciou a publicación do *Boletín de Educación* na provincia de Lugo, mediante a Circular do 15 de abril de 1931. Este *Boletín* constituía un medio de colaboración dos inspectores: daban informacións sobre os movementos pedagóxicos e as reformas escolares doutros países. O Decreto do 2 de decembro de 1932 afirmaba que o *Boletín de Educación* era o órgano oficial de información dos mestres e inspectores,[1360] nel tiñan que expor: necesidades, solucións, obras realizadas, noticias das escolas normais, accións realizadas polas *Misiones Pedagógicas*, etc.[1361] Un exemplo das noticias foi a orde dada

[1353] En Herminio Barreiro Rodríguez, *Lorenzo Luzuriaga y la Renovación en España (1889-1936)* (A Coruña: Educións do Castro, 1989), 81.

[1354] Vide Julio Ruiz Berrio, "El significado de la escuela única y sus manifestaciones históricas", *Revista de educación* (1976).

[1355] En Lorenzo Luzuriaga, "Ideas para una reforma constitucional de la educación pública", *Revista de Pedagogía*, vol. 112 (1931): 145-146.

[1356] Vide Herminio Barreiro Rodríguez, *Lorenzo Luzuriaga y la renovación pedagógica en España* (Santiago: Do Castro, 1989).

[1357] En Alfonso Capitán Díaz, *Historia da educación en España* (Madrid: Editorial Dykinson, 1994) 637.

[1358] Os Centros de Colaboración Pedagóxica creáronse para o intercambio de experiencias e coñecementos entre os mestres, espazos que serviron para compartir materiais escolares realizando reunións periódicas.

[1359] Vide José María Hernández Díaz, "La inspección educativa y la cultura escolar en España. Génesis, procesos constituyente y actualización de funciones", *Aula 25* (2019): 69.

[1360] Vide Consuelo Flecha, "La inspección de primera enseñanza en la España del primer tercio del siglo XXI: modelos, contextos y protagonistas", *Historia Caribe*, Nº 33, volumen XIII (2018).

[1361] En Decreto do 2 de decembro de 1932 (Artigo 15, regra 5, 1932).

pola inspección de primeira ensinanza sobre a colocación da bandeira tricolor republicana.[1362]

O Goberno do primeiro bienio republicano tamén introduciu unha *reorganización* da inspección educativa en España, aumentando o número de inspectores. Mediante a exposición de motivos do Decreto do 29 de maio de 1931 formulouse unha urxente ampliación dos equipos destes, elevando o seu número ata 213.[1363] Secasí, o aumento de escolas e mestres no período republicano traduciuse nun incremento de inspectores, sobre todo para compensar a elevada carga de supervisión de centros. No referente á creación de novas prazas en España houbo un total de 150.[1364] No seguinte exercicio económico e baixo a Lei de Presupostos do ano 1932 creáronse 100 novas prazas, sacando a oposición 66 prazas e reservando 44 prazas para os alumnos da EESM, realizouse así unha ampliación do equipo nacional de inspectores a 213. As restantes prazas estaban dirixidas para as oposicións e distribuídas da seguinte forma: 50 para inspectores e 16 para inspectoras. O opositor tiña que posuír o título de mestre da Normal da EESM e levar cinco anos no ensino público. No exercicio económico de 1933 creáronse outras 65 prazas máis.[1365]

En 1931 o Goberno da Segunda República anulou a normativa primoriverista no referente aos traslados dos inspectores, mediante a publicación do Decreto do 29 de maio 1931. Esta lexislación implantou novamente a *inmobilidade,* co Real Decreto do 16 de abril de 1926 anulara previamente, nalgúns casos como castigo, acordando adscribir libremente aos inspectores en función das demandas do Ministerio. Así, o ministro Marcelino Domingo modificou esta cuestión tan lesiva para os inspectores na Ditadura de Primo de Rivera. En relación con isto, o preámbulo do Decreto do 29 de maio 1931 explicitaba:

> Fueron lanzados de Cataluña la mayor parte de los Inspectores que servían en aquellas provincias y otros se encontraron trasladados sin las más leve explicación pública [...] tan pronto como fueron removidos cuantos inspectores inspiraron sospechas de desafección a aquél régimen político.... Numerosos inspectores en activo o aspirantes a ingreso en el cuerpo, que se encontraban en condiciones de merecer el favor del Gobierno fueron destinados a vacantes o a plazas de nueva creación, arbitrariamente distribuidas por las provincias más apetecidas.[1366]

Con todo, o chamado bienio reformador (1931-1933) foi a etapa onde se realizaron máis cambios a prol da ensinanza pública e a inspección, adaptándoa aos novos principios republicanos: a implantación do *laicismo escolar,* o establecemento da escola unificada e a renovación pedagóxica do sistema educativo.[1367] Respecto ao primeiro propósito, o Decreto do 6 de maio de 1931 desmontou a obrigatoriedade dos nenos e nenas a recibir ensinanzas relixiosas: "La escuela ha de ser laica. La escuela sobre todo ha de respetar la conciencia del niño. La escuela no puede ser dogmática ni

[1362] Vide Circular do 15 de abril de 1931.

[1363] En varios, "De inspección educativa", *El Progreso,* Lugo, sábado 13 de xuño de 1931.

[1364] A primeira quenda de oposicións atópase recollida na Orde Ministerial do 11 de abril de 1932 e a segunda coa Orde Ministerial do 5 de setembro de 1933.

[1365] Vide Orde do 11 de abril de 1932.

[1366] O Ministerio de Instrución Pública e Belas Artes publicaba un Decreto incluído o Real Decreto-Lei do 16 de abril de 1926 no que trataban as zonas e distribución de inspectores de Primeiro Ensino, considerando anulados todos os traslados e adxudicacións de destinos anteriores. En *Gaceta* do 30 de maio de 1931.

[1367] En Gómez e Rodríguez de Cadarso, "Política educativa en la Segunda República", *Historia de los Sistemas educativos actuales* (Madrid: UNED, 1977), 87-104.

puede ser sectaria".[1368] Así, o Goberno substituíu a educación relixiosa por o laicismo escolar, modificando á educación das congregacións relixiosas fortemente implantadas, sobre todo na cidade de Lugo.[1369]

Respecto á defensa da *escola unificada* revelouse como un tema de forte impacto social, cuestión defendida en Lugo por Joan Comas.[1370] Este concepto foi interpretado polas institucións tradicionais e eclesiásticas como unha tentativa de monopolizar a educación nacional.[1371] Sobre esta cuestión houbo discrepancias manifestas e reflectidas nos debates de revistas de difusión nacional e provincial: *Boletín de la Institución Libre de Enseñanza*, *La Voz de la Verdad*, *Revista de Pedagogía*, *Revista de Escuelas Normales*, *El Magisterio Español* e o semanal *Vida Escolar*.[1372]

Podemos afirmar que o primeiro bienio da Segunda República foi un período destacable para a inspección, significando un punto de inflexión. Así, no estudo da evolución da función inspectora distínguense tres momentos importantes: o primeiro iniciouse coa publicación do Decreto do 29 de maio de 1931 ata a publicación en 1934 do *Manual del Inspector de Primera Enseñanza* de Joan Comas, Rafael Álvarez e Juvenal Vega. O segundo coincidiu co bienio radical-cedista. Por último o terceiro momento, comprendido entre febreiro a xullo de 1936, coa publicación do dous Decretos do 4 de marzo de 1936 (un modificaba a cuestión da inmobilidade no destino e o outro restablecía a *Inspección Central*).

Centrándonos agora no primeiro momento, a publicación do Decreto de maio de 1931 desencadeou un proceso de reconceptualización da función inspectora a través das seguintes disposicións lexislativas: o Decreto do 2 de outubro de 1931, o Decreto do 2 de decembro de 1932 e a Circular do 27 de novembro de 1933. Este marco lexislativo constituíu a nova función legal, corporativa e *técnicoprofesional* do corpo de inspectores profesionais de primeira ensinanza. Neste ámbito mantívose o polémico principio de inmobilidade e o dereito administrativo dos inspectores. Consecuentemente anuláronse os nomeamentos arbitrarios realizados na ditadura primorriverista, establecendo unha Orde que cubría de forma regulamentaria as vacantes.

O preámbulo do Decreto do 2 de decembro de 1932 ofreceu unha imaxe do inspector *máis técnica e menos fiscalizadora*. Porén a función de control pasou a un segundo plano. A política educativa da Segunda República levou a cabo a tentativa de vincular ao inspector, ao mestre e á Escola Normal; establecendo unha relación máis próxima e directa entre a Administración Central e o Servizo Provincial. Por estas razóns, o *Ministerio de Instrucción Pública y Bellas Artes* da Segunda República consideraba á inspección do ensino primario como un órgano de apoio á escola. Pouco a pouco abandonouse a convicción dos gobernos anteriores de que a inspección educativa tiña que ter un marcado carácter burocrático e fiscalizador.

[1368] En Rodolfo Llopis, *La revolución de la escuela. Dos años en la dirección General de Primera Enseñanza* (Madrid: M. Aguilar. 1933), 237.

[1369] En F. Carral, "Número especial sobre a Semana Pedagóxica Lucense", *Vida Escolar,* Nº 336, ano VII (1933): 14.

[1370] Concepto de orixe alemán *Einheitsschule* análogo aos pensamentos de Lorenzo Luzuriaga. En Joan Comas Camps, "Lo que es la escuela única", *El Progreso,* Lugo, 17 de xuño de 1931.

[1371] En José Galera Moreno, "Dignidad", *Vida Escolar,* Nº 226, ano V (1931): 6-7.

[1372] Tan só o inspector Joan Comas Camps publicou dezanove artigos na revista lucense *Vida Escolar,* difundindo varias teorías pedagóxicas e cuestionando o estado da ensinanza (achegando a Escola Nova e outras teorías transnacionais).

Consecuentemente, o inspector neste período pasou a ser un especialista máis orientador, achegándose cada vez máis ao ideal descrito por Giner de los Ríos nos seus postulados institucionistas: un axente para reformar a escola, apoiar aos mestres e garantir o cumprimento das medidas educativas ditadas polo *Ministerio de Instrucción Pública*.[1373] Estas novas liñas intelectuais republicanas sobre a inspección constituíron o xerme dun cambio cualitativo.

Secasí *as funcións* dos inspectores cambiaron, respecto a isto estes axentes tiñan principalmente que: xirar dúas visitas anuais a cada escola, tomar nota para a corrección de defectos, mellorar o funcionamento dos centros, levar o control estatístico do alumnado e do material e xestionar na Xunta Local a mellora das condicións da ensinanza.[1374] Estes aspectos eran importantes, tendo en conta que neste período histórico se produciu un certo proceso de modernización do sistema educativo. Neste asunto, os inspectores eran unha parte esencial para coordinar e controlar a execución das reformas nas escolas. Convén destacar que varios cambios foron debatidos como resultado da celebración do Congreso extraordinario do PSOE, celebrado o 11 de xullo de 1931.[1375] No primeiro bienio establecéronse dúas ideas xerais: a pretensión de construír un cambio baseado no espírito rexeneracionista e a reivindicación do pobo como motor estatal. Baixo este prisma, o individuo considerábase un suxeito activo con responsabilidade e consciencia do novo paradigma. Porén, o neno considerábase tamén como un suxeito con dereitos, deberes, autonomía e consciencia "patriótica constitucional". Dende este punto de vista, o alumno pasou a ser o protagonista pedagóxico artífice dunha nova construción democrática: *ensinanza activa*.[1376] Os sectores conservadores criticaron este postulado como un ataque contra a identidade nacional, tachando ao paradigma de ser unha medida socialista e anarquista.[1377]

Todos estes cambios víronse influenciados por *problemas nacionais e internacionais*. As novas relacións internacionais trouxeron consigo principalmente dous sucesos: a crise económica mundial (coñecido como "Venres Negro de Wall Street" en 1929) e as novas relacións comerciais. No período republicano existiron tres factores que preocuparon ao Goberno: a alza demográfica, o movemento crítico da política internacional e o problema do paro.[1378]

Na Segunda República, e mediante a publicación do Decreto do 2 de outubro de 1931, creouse unha figura provisional inédita chamada *inspector-mestre*. Un posto creado quizais para aliviar a carga de traballo dos inspectores ante a imposibilidade de virar visitas a todos os centros escolares. Na provincia Lucense, o inspector Joan Comas propuxo ao mestre José Rois como inspector auxiliar (denominado tamén como "inspector mestre"). Este profesor formou parte da *Comisión Provincial* para visitar as escolas ocupadas polos opositores de 1928 e percibindo unha gratificación polo traballo

[1373] En A. Ballesteros, "La inspección y la reforma escolar", *Revista de Pedagogía*, Nº 121, Ano XI (1932): 17-22.

[1374] En Luis Batanaz Palomares, *La inspección de primera enseñanza durante la guerra civil y el primer franquismo* (Córdoba: Servizo de Publicaciones de la Universidade de Córdoba, 2011) 25.

[1375] En Antonio Molero Pintado, *La reforma educativa de la Segunda República Española. Primer bienio* (Madrid: Santillana, 1977), 160-163

[1376] En Xosé Pombo Mosquera, *Liga Santaballesa. Historia dunha Escola Habanera 1907-2007* (Vilalba: Padroado da Liga Santaballesa, 2007), 29.

[1377] En María del Mar del Pozo Andrés, "Educación para la ciudadanía democrática en la Segunda República: Un intento de construcción de la identidad nacional desde la escuela", *Historia de la Educación*, Nº 27 (2008): 105-135.

[1378] En Leandro Benavides, *La política económica en la II República* (Madrid: Guadiana, 1972), 12.

extraordinario. Logo de ocupar dous anos este cargo, Rois Castro como inspector "auxiliar" conseguiu unha valoración positiva, podendo solicitar a normativización do posto.[1379] Non temos constancia de que existiran na provincia de Lugo máis mestres que ocuparan este novo cargo, sendo unha "excepción histórica". Este axente estaba encargado de supervisar a situación pedagóxica das escolas próximas a súa escola e tiña que posuír unha experiencia docente de quince anos ou máis. O *inspector-mestre* conservaba o grao de Maxisterio percibindo unha gratificación económica, non obstante foi unha situación anecdótica xa que só houbo un concurso con dez candidatos. Aínda así, tiveron plena capacidade para exercer a inspección por distrito e participar na xuntas de inspectores da provincia. En Lugo, o *inspector-mestre* era unha figura escolar que polos seus méritos tiñan ocupacións fiscalizadoras e asesoras, este axente formaba parte da Xunta de Inspección Provincial, asesorando pedagoxicamente ás escolas e intervindo na súa respectiva xurisdición.[1380]

Pero disertemos un pouco máis esta normativa pola súa relevancia, debido a que o Decreto do 2 de outubro de 1931 reformou de xeito global a inspección, procurando a modernización da inspección do ensino primario. Para López del Castillo, este decreto foi importante porque recompilaba varias leis anteriores, constituíndo unha simbiose das diferentes normativas publicadas ata entón: "reorganiza a fondo a inspección de Primeiro Ensino, refunde anteriores e marca un feito nunca superado na historia do servizo".[1381] O Decreto do 2 de outubro de 1931 tamén agrupou as zonas de inspección masculinas e femininas. Con estas miras, a partir de 1932 os traslados forzosos foron revisados, derrogando o Real Decreto do 16 de abril de 1926. Isto provocou o inicio dun proceso de revisión dos 59 traslados de inspectores en España, entre os que se atopaba o de Joan Comas a Lugo. Gradualmente foise restablecendo a inmobilidade preliminar á Ditadura de Primo de Rivera, mediante o Decreto do 29 de maio 1931 que derrogou o Real Decreto do 16 de abril de 1926, anulando todos os traslados anteriores, incidindo na adxudicación de destinos para os inspectores de novo ingreso, entre o 13 de setembro de 1923 e o 13 de abril de 1931. Nese ano estivo como Concelleiro de Educación do Concello de Lugo Joan Comas, levando os asuntos de ensinanza.[1382] O seu cargo durou moi pouco, xa que foi destituído por manter diferenzas co resto de integrantes do partido socialista lucense, grupo do que sería expulsado inmediatamente.[1383]

Outro dos aspectos onde os inspectores colaboraron coa reforma educativa do primeiro bienio da Segunda República foi a introdución da coeducación e a educación

[1379] En Joan Comas Camps, "Propuesta de Joan Comas Camps para la Comisión Provincial para las visitas de las escuelas", *El Progreso,* Lugo, 25 de setembro de 1931.

[1380] Os inspectores-mestres eran delegados da inspección, sendo mestres visitaban as escolas das súas xurisdicións asesorando pedagoxicamente os mestres e colaborando co inspector.

[1381] En María Teresa López del Castillo, "El acceso de la inspección profesional en el sistema educativo español", en Soler Fiérrez Eduardo, López del Castillo María Teresa, Muñoz Marín Domingo, Molero Pintado Antonio e Ramírez Aísa Eías, *Estudios históricos sobre la Inspección Educativa* (Madrid: Escuela Española, 1995), 164.

[1382] Cargo que ocupou durante 48 horas.

[1383] A partir de 1932 os traslados forzosos dos inspectores comezaron a normalizarse derrogando o Real Decreto do 16 de Abril de 1926. Inmediatamente iniciouse o proceso de revisión dun total de cincuenta e nove traslados de inspectores. Con esta reforma restableceuse a inmobilidade preliminar á ditadura primorriverista. Así o Decreto do 29 de maio 1931 promulgou a anulación do Real Decreto do 16 de abril de 1926 e os traslados de inspectores acordados en cumprimento do Real Decreto citado, así como a adxudicación de destinos de novo ingreso entre o trece de setembro de 1923 e o trece de abril de 1931.

para a *cidadanía democrática*.[1384] En Lugo, tamén se ocuparon do aderezo das institucións escolares e da xestión da creación de novas escolas de ensino primario.[1385] Todos estes aspectos estaban integrados na difusión do programa progresista do primeiro bienio, onde tivo unha forte influencia a ILE.[1386] Con estes fins, os inspectores colaboraron en crear unha atmosfera de preocupación pola correcta dotación e consideración do ensino primario mediante a publicación de artigos, manuais, estudos ou tradución de obras.[1387]

Respecto á *formación dos inspectores* e da tentativa republicana de mellorar o ensino primario, convén facer fincapé na creación da *Sección de Pedagogía en la Facultad de Filosofía y Letras* da Universidade de Madrid, segundo o Decreto do 27 de xaneiro de 1932. O equipo de Marcelino Domingo, dirixido polo director xeral de ensinanza Rodolfo Llopis, decidiu a súa creación e grazas ao equilibrio do seu mandato posibilitou a eficacia e rapidez da innovación.[1388] Esta *Sección* tiña o principal obxectivo de: "cultivo de las ciencias de la educación y el desarrollo de los estudios pedagógicos superiores y la formación del profesorado de Segunda Enseñanza, de las Escuelas Normales, Inspección de Primera Ensefianza y directores de Escuelas Graduadas".[1389] Así a todo, este organismo apenas chegou a desenvolverse polo que a súa influencia foi leve. Pese a isto, este feito foi un paso importante para a formación dos inspectores, cambio promovido polo Decreto do 27 de xaneiro de 1932.[1390] Ora ben, con todas estas reformas mellorouse paulatinamente a construción socioprofesional dos inspectores, reclamando unha maior modernización da cultura escolar. Deste xeito, por primeira vez estableceuse un sistema regrado de formación específica en España, coa creación da EESM e máis tarde coa licenciatura de Pedagoxía en 1932.

Baixo o mandato do ministro republicano de instrución pública Fernando de los Ríos, político socialista e discípulo de Giner, creáronse *novas prazas* de inspectores e mestres. Baixo esta atmosfera produciuse o incremento de 7000 prazas de mestres e mestras públicas nacionais. Este feito tamén veu acompañado dun aumento substancial do cadro de persoal de inspección.[1391] A provincia de Lugo sairía beneficiada desta ampliación, e durante o período republicano estiveron destinados os seguintes inspectores: Luis Soto Menor (xefe de Inspección dende 1914 ata 1936), Luis Jorge Téllez de Meneses, José Ramón Fernández Ojea, José Galera Moreno, Elisa Rodríguez Estévez, Joan Comas Camps (1928-1931), Daniel Calvo Portero (ocupando o posto en 1933), Manuel Vázquez Gesto, Fabriciano Posada Codón, Carmen Muñoz Manzano e

[1384] En María del Mar Del Pozo Andrés, "Educación para la ciudadanía democrática en la Segunda República: Un intento de construcción de la identidad nacional desde la escuela", *Historia de la Educación*, Nº 27 (2008): 105-120.

[1385] En Luis Soto Menor, "Creación de la escuela en la parroquia de San Vicente de Coeo", (Lugo: APL. Fondo Concello. Sinatura: 1200-01, 1932-1933-1934): en varios, "Solicitudes económicas y creación de escuelas" (Lugo: APL. Fondo Concello. Sinatura: 1200-01, xuño 1936); en M. Veigas, "Vecinos de San Pedro de Mera solicitan la creación de una escuela temporera" (Lugo: APL. Fondo Concello. Sinatura: 931, 1895).

[1386] En Ángel Serafín Porto Ucha, *La Institución Libre de Enseñanza en Galicia* (A Coruña: Do Castro, 1986), 101-102.

[1387] En Joan Comas Camps, "Creación de centros escolares en Lugo", *El Progreso,* Lugo, 7 de xullo de 1931; publicado tamén en *Gaceta de Madrid* do 5 de xullo de 1931 e posteriormente na do 19 de setembro de 1931.

[1388] En Julio Ruiz Berrio, "La pedagogía universitaria y los estudios universitarios de pedagogía", *Bordón,* Nº 252 (1884): 218-224.

[1389] En Mariano Pérez Galán, "La enseñanza en la Segunda República", *Revista de educación* (2000): 324.

[1390] En *Gaceta de Madrid* do 29 de xaneiro de 1932.

[1391] En "Creación de 7000 plazas docentes-Del Magisterio", *El Progreso,* Lugo, 26 de xuño de 1931.

Ubaldo Ruiz (baixo a dirección de Luis Soto Menor).[1392] Precisamente, en Lugo incrementouse o número de inspectores na provincia de tres a sete entre 1933 e 1936,[1393] aumentando cuantitativamente o cadro de persoal de inspección do ensino primario, incorporándose Carmen Muñoz Manzano, respondendo á demanda previa do necesario de profesionais neste campo. Este foi un momento importante para a historia da inspección desta provincia, coincidindo co nomeamento como inspector xeral de ensino primario de Florentino Martínez Torner. En 1932 estaban destinados en Lugo os inspectores Joan Comas Camps, Luis Soto Menor, Carmen Muñoz Manzano, Jacinto Ruiz e Daniel Calvo. Unha ampliación demandada con anterioridade por Luis Soto e José del Peso y Sevillano.[1394] Segundo estes inspectores, o desequilibrio entre a cantidade de escolas por inspector en Lugo enquistaba a fluidez, a calidade da atención e a frecuencia das visitas.[1395] No seguinte cadro recóllense os nomes e as datas de servizo dos inspectores que estiveron destinados na provincia de Lugo durante a Segunda República.

Cadro 29. Inspectores destinados en Lugo durante a Segunda República	
Nome.	**Datas**
1. Luis Soto Menor	Inspector xefe provincial ata 1936
2. Daniel Calvo Portero	Ocupa o posto en 1933
3. Joaquín García Ojeda	Substitúe a Luis Soto Menor na Xefatura de Inspección Primaria en outubro de 1936
4. Joan Comas Camps	Ocupa o posto dende 1928 ata 1931.
5. Manuel Vázquez Gesto	(1933)
6. José Ramón Fernández Ojea	(1934-1936)
7. Carmen Muñoz Manzano	(1932)
8. José Galera Moreno	(1935-1936) (1936-1939 Cárcere-Lugo)
9. Luis Jorge y Téllez de Meneses	(1934-1937)
10. Elisa Rodríguez Estévez	(1934-1939)
11. Fabriciano Posada Codón	(1934)
12. Ubaldo Ruiz Tablado	1932 ata 1963

Fonte: Elaboración propia, Joan Comas Camps, "Expediente de Joan Comas Camps-Administración" (Madrid: AGA-ACME. Sinatura: 16752, topográfica: 32/53, 1925); en Luis Batanaz Palomares, *La inspección de primera enseñanza durante la guerra civil y el primer franquismo* (Córdoba: Servicio de Publicacións da Universidade de Córdoba, 2011), 21-120; en Antón Costa Rico, *Historia da educación e da cultura en Galicia* (Vigo: Xerais 2004), 918-920; Para Daniel Calvo en Daniel Calvo, "Informe Daniel Calvo sobre a creación da escola no Concello de Coeo-Quintela" (Lugo: APL. Sinatura: 1200-01, 1933); e en Antón Costa Rico e Uxía Bolaño Amigo, "Represión política e castigo do profesorado republicano na provincia de Lugo. As consecuencias do 36", *Sarmiento,* Nº 21 (2017): 106.

[1392] En Luis Batanaz Palomares, *La inspección de primera enseñanza durante la guerra civil y el primer franquismo* (Córdoba: Servizo de Publicaciones de la Universidade de Córdoba, 2011), 198-205; en María Dolores Seijas Soto, *El maestro de Zaín* (Lugo: Ed. Libertarias 2009); e en Lorenzo Gil, "As colonias escolares", *El Progreso*, Lugo, 25 de xullo de 1914; e en Antón Costa Rico e Uxía Bolaño Amigo, "Represión política e castigo do profesorado republicano na provincia de Lugo. As consecuencias do 36", *Sarmiento,* Nº 21 (2017): 116-117.

[1393] En Antón Costa Rico, *Historia da educación e da cultura en Galicia* (Vigo: Xerais, 2004), 918-920.

[1394] Vide José del Peso y Sevillano, *Galicia y su Enseñanza Primaria* (Madrid: Arquivo JAE. Sinatura: JAE/115-391, xuño 1925).

[1395] Ante a imposibilidade de visitar todas as escolas, Joan Comas Camps delegaba as visitas nos alcaldes dos respectivos lugares. Estes axentes auxiliares constataban o estado das instalacións, locais e materiais. En Luis Soto Menor, "Inspección provincial de Primera enseñanza", *El Progreso,* Lugo, 14 de xullo de 1931.

Respecto ao procedemento de *acceso á inspección*, durante a república publicouse o Decreto do 2 de outubro de 1931. Esta normativa estableceu o procedemento de acceso a este corpo mediante un concurso restrinxido de servizos e méritos relevantes como mestres. Este proceso dividíase en dúas quendas: unha libre e outra restrinxida. O principal requisito era ser mestre nacional con cinco anos de experiencia na escola pública. Tamén podían presentarse os mestres normais procedentes da EESM, estas foron as condicións de selección dos inspectores.[1396] No seguinte cadro recóllense as esixencias de acceso á inspección segundo o Decreto do 2 de outubro de 1931.

Cadro 30. Condicións de acceso á inspección segundo o Decreto do 2 de outubro de 1931.
1. Para acceder á oposición libre:
Ser mestre nacional
Menor de corenta anos
Cinco anos de bos servizos na escola pública
Tamén podían presentarse titulados procedentes da EESM e os mestres normais
As probas (presentación dunha memoria sobre o seu labor no ensino primario e informes da inspección)
1. Exercicio escrito sobre unha cuestión de Pedagoxía fundamental
2. Exercicio escrito sobre un tema de Organización e Metodoloxía
3. Lección a un grupo de alumnos; o opositor elixía o tema e o grupo ao que se dirixía
4. Informe escrito, tras a visita a unha escola unitaria
5. Informe escrito, tras a visita a unha escola graduada
6. Exercicio escrito sobre Lexislación Escolar
7. Tradución do Francés sen auxilio de dicionario
2. Concurso restrinxido:
Excelentes no ensino oficial

Fonte: Elaboración propia. En *Gaceta* (Madrid do 3 de outubro de 1931, Nº. 276) 62-63; en M. Santander Díaz, "A Inspección de la Enseñanza Primaria en la Segunda República", *Edudactiva,* (2014) extraído o 12 de maio de 2014 de: www.edudactica.es/Docus/Articulos/Articulo9.pdf.

A Orde do 9 de setembro de 1932 tamén regulou o proceso de selección ao corpo de inspectores, establecendo un novo concurso restrinxido. Por primeira vez convocábase unha proba para cubrir dez prazas en *función dos méritos* dos aspirantes. Para levar a cabo este proceso formouse unha Comisión Seleccionadora constituída por: un conselleiro de instrución pública, dous inspectores de Primeiro Ensino, un profesor da Escola Normal e un mestre nacional.[1397] O concurso resolveuse segundo a Orde de 27 de abril de 1933,[1398] sobre a selección de inspectores a Administración republicana dispuxo a seguinte normativa:

> La República, prosiguiendo el plan que tiene trazado, continúa creando Escuelas Nacionales que el país demanda y necesita. Pero no basta con crearlas. Hay que asegurar su máxima eficacia. Necesitamos prodigar a las Escuelas los constantes cuidados de una excelente orientación pedagógica. Esta misión tan delicada corresponde plenamente a la Inspección de Primera enseñanza[1399].

[1396] En M. Santander Díaz, "A Inspección do Ensino Primario en Lugo na II República", *Educativa* (2014) extraído o 12 de maio de 2014 de: www.edudactica.es/Docus/Articulos/Articulo9.pdf.

[1397] En *Gaceta* do 3 de decembro de 1932, publicouse a Orde do 2 de decembro de 1932 que trataba o nomeamento da Comisión de Selección para a dotación de dez prazas por concurso restrinxido de méritos.

[1398] Na *Gaceta* do 30 de abril de 1933.

[1399] No preámbulo do Decreto do Ministerio de Instrución Pública e Belas Artes, relativo ao ingreso na inspección de primeira ensinanza do 2 de outubro de 1931.

A importancia do Decreto do 2 de outubro de 1932

A finais de 1932 publicáronse dous novos Decretos. A través da súa edición, o Goberno Republicano introduciu unha nova *reorganización da inspección* educativa en España, formulando novas liñas de actuación menos represivas cos métodos, os programas, os idiomas e a relixión.[1400] Esta normativa sería moi lonxeva porque reformaría a inspección de primeira ensinanza ata 1967: o Decreto do 2 de outubro de 1932 e o Decreto do 2 de decembro do mesmo ano. Estes decretos instauraron o Regulamento da Inspección de Primeira Ensinanza e foron bastante duradeiros, a pesar de ser unha Lei republicana perdurou ata a finais dos sesenta. Mediante esta lexislación o Goberno presentaba a inspección como: "Un organismo encargado de orientar, impulsar e dirixir o funcionamento das escolas nacionais e das institucións auxiliares das mesmas".[1401] Neste sentido Gálvez e Onieva, autor citado por Capitán Díaz en 1994 na súa obra *Historia da educación en España*, realizou unha análise sobre a influencia desta reforma, sinalando:

> Fue una reforma a fondo, hecha sobre bases técnicas y por técnicos en la que se implantaron normas nuevas en la función inspectora" […] "El Inspector para la República, lo era todo en Primera enseñanza y era también sin decirlo el decreto, el arma que blandía el Ministerio para llevar al Magisterio por los derroteros que aquel régimen político deseaba, "orientando" hacia su fin el funcionamiento de las Escuelas y el espíritu de los Maestros" […] "Por lo menos acertó en un principio a saber: que el Inspector es una palanca poderosísima en la educación nacional.[1402]

Asemade, o Decreto do 2 do outubro de 1932 regulaba o *sistema de acceso* e as oposicións á Inspección de Primeira Ensinanza, esixindo aos aspirantes a entrega dunha memoria previa, uns informes de inspección e os méritos. De forma eliminatoria, o tribunal elixía aos candidatos pedindo no caso necesario a entrega de informes e a xustificación da documentación alegada. Este sistema de acceso foi criticado por sectores da comunidade educativa, para os aspirantes este proceso era un sistema falto de criterios concretos, selección e *baremación*. Así, López del Castillo poñía en dúbida a obxectividade e o rigor do proceso, afirmando: "No solo introduce un alto factor de subjetividad, sino que además podía hacer excesivamente dilatada la pre-selección".[1403] Baixo esta convocatoria accede a inspectora destinada en Lugo Elisa Rodríguez Estévez que, despois de aprobar as oposicións, ingresou no corpo de inspectores no ano 1934.[1404] Segundo este decreto os requisitos para optar ao *concurso-oposición* eran: ser mestre nacional con menos de 40 anos de idade, acreditar bos servizos no seu expediente escolar e ter o título da Escola Normal ou pertencer á EESM.

Este decreto tamén creaba a *Inspección Central de Enseñanza Primaria.* Nesta institución organizábase a Inspección Superior, aprobando un novo Regulamento da Inspección de Primeira Ensinanza. Este organismo tamén traballada polo enlace entre

[1400] Vide prólogo do Decreto do 29 de maio de 1931.

[1401] Decretos relativos á inspección profesional de primeira ensino: Decreto do 2 de decembro 1932 e Decreto de decembro de 1932, establecendo no artigo 1º as funcións dos inspectores. En *Gaceta de Madrid* do 7 de decembro de 1932.

[1402] En G. Gálvez e A. J. Onieva, *Para ser Inspector de Primera Enseñanza* (Madrid: Edicións Augado. 1942), 23.

[1403] En María Teresa López del Castillo, "El acceso de la inspección profesional en el sistema educativo español", en Soler Fiérrez Eduardo, López del Castillo María Teresa, Muñoz Marín Domingo, Molero Pintado Antonio e Ramírez Aísa Eías. *Estudios históricos sobre la Inspección Educativa* (Madrid: Escuela Española, 1995), 160.

[1404] En Elisa Rodríguez Estévez, "Expediente de Elisa Rodríguez Estévez" (Madrid: ACME-AGA, sinatura: 083710-05663).

os servizos provinciais e o Ministerio, de xeito que as escolas normais, os inspectores e os consellos provinciais estivesen coordinados. Coa aparición da Segunda República canceláronse as xuntas locais e substituíronse polos consellos locais.[1405] Esta normativa lexislativa recollía as disposicións anteriores, reunificando normas antes dispersas. Por este motivo significou un regulamento clave na historia da inspección polo seu carácter *unificador*. A súa elaboración foi feita polos inspectores centrais Antonio Ballesteros Usano e Fernando Saínz. Este novo regulamento tiña varios obxectivos pedagóxicos: en primeiro lugar, concedíalle máis importancia ao aspecto educativo que ao burocrático do inspector, como establecía Giner de los Ríos en 1899: "En una escuela normal a domicilio".[1406] En segundo lugar, ampliaba a autonomía pedagóxica dos profesionais nos súas respectivas xurisdicións. E en terceiro lugar, creaba a Xunta de Inspectores como xeito de comunicar e coordinar este organismo a nivel provincial. Ademais este decreto permitía a publicación dos resultados no *Boletín de Educación* provincial, a súa divulgación e difusión entre os mestres. Outro cambio importante foi a introdución da orientación e o impulso da conciencia do neno nas escolas.[1407] O quinto aspecto modificado foi o impulso das visitas ás escolas, para comprobar as súas condicións pedagóxicas e hixiénicas. Amais, modificaba a polémica inmobilidade do destino, establecendo o traslado só por motivos de apertura de expediente.

Co fin de fiscalizar a introdución da liberdade relixiosa nas escolas, o inspector lucense Daniel Calvo Portero escribiu un artigo resaltando a importancia de que os inspectores e os mestres tiveran contactos frecuentes, tal e como establecía o Decreto do 2 de decembro de 1932: esta normativa reformaba a inspección profesional, obrigando ao inspector a facer *dúas reunións anuais* con todos os mestres do Concello, unha ao comezo de cada curso escolar e outra ao rematar todas as visitas aos centros escolares.[1408] Convén ter en conta que os inspectores republicanos estiveron bastante influídos polo pasamento e as propostas da ILE.[1409] Estes axentes tiñan unha concepción educativa na que predominaba a implantación dunha escola democrática, pública, laica e única.[1410] A inspección foi un punto de apoio esencial para realizar novos proxectos e innovacións nos que se sustentaba o proceso de renovación pedagóxica republicana.

Por outro lado, convén destacar que neste período *multiplicáronse as publicacións* dos inspectores. Esta foi unhas das variables máis importantes na tentativa de modernización escolar e consolidación dun novo goberno democrático. No referido aos traballos dos inspectores destinados en Lugo destacaron os de Joan Comas Camps e Luis Soto Menor (baixo o pseudónimo do Mestre de Zaín). Unha das revistas onde colaboraron estes inspectores foi *Vida Escolar*: os textos publicados trataban de difundir a racionalidade ilustrada e as novas correntes de pensamento pedagóxico internacional, nunha provincia lucense tradicionalista, relixiosa e conservadora. Porén, esta finalidade non foi doada, porque o clima conservador foi un factor que

[1405] En Ángel Serafín Porto Ucha, *La Institución Libre de Enseñanza en Galicia* (A Coruña: Do Castro, 1986), 368.

[1406] Vide José Luis Castán Esteban; Ma Lourdes Alcalá Ibáñez, *El sueño del porvenir: Magisterio y escuela rural en la provincia de Teruel (1900-1931)* (Madrid: Caligrama, 2021).

[1407] En Lorenzo Luzuriaga, "La escuela de la República", *Revista de Pedagogía*, Nº 146 (1934): 49-56.

[1408] En Daniel Calvo, "Inspección provincial de 1ª enseñanza", *Vida Escolar*, Nº 317, ano VII (1933): 6.

[1409] En Elías Ramírez Aísa, "La nueva inspección escolar de la Segunda República 1931-1936", *Bordón. Revista de Pedagogía*, Nº 49, 1 (1997): 47-56.

[1410] En Lorenzo Luzuriaga, "Idea de la escuela única", *Revista de Pedagogía*, Nº 117 (1931): 417-421.

condicionou a implantación das achegas renovadoras dos inspectores, como podemos observar nas presións sociais ás que foi sometido Joan Comas cando chegou a Lugo.[1411]

Con todo, no ano 1933 levouse a cabo unha das citas pedagóxicas máis importantes para a inspección: o *Congreso Pedagógico Lucense*. Nesta convocatoria os relatores demandaron un cambio na concepción tradicional do inspector, que era fundamentalmente fiscalizador e burocrático. Mediante este evento esta consideración pedagóxica europea que tiñan os distintos países veciños trasladouse ao noso país. Neste *Congreso Pedagógico* realizáronse importantes propostas, en contraposición á escasa iniciativa do sector tradicional e conservador, cuestionando as disposicións legais, reflexionando e expoñendo novas propostas escolares.[1412] Ese mesmo ano, Luis Soto foi escollido pola *Asociación provincial del Magisterio* como candidato a deputado das Cortes, para defender os intereses educativos e o maxisterio lucense. Esta candidatura foi moi ben acollida por toda a comunidade educativa na provincia. Igualmente en 1933 este inspector participou na campaña propagandística da esquerda do maxisterio. Tamén participou como membro do *Comité Provincial de Propaganda del Estatuto Gallego* e tamén estivo afiliado ao *Partido Radical-Socialista* e *Unión Republicana*.

O bienio negro da CEDA

Despois das eleccións lexislativas de novembro de 1933, o Goberno reduciu o presuposto para as viaxes e eliminou o dereito á inmobilidade dos inspectores de Primeira Ensinanza.[1413] Habería que esperara ata 1935 cando o goberno da CEDA volveu instaurar a mobilidade de traslados dos inspectores de Primeiro Ensino, reforma regulada a través da publicación do Decreto do 26 de novembro dese ano. Esta normativa outorgáballe unha grande importancia outra vez ao *control* do Goberno sobre o sistema educativo mediante os inspectores, tan discutida polos gobernos, ficou suprimida segundo este novo Decreto. Esta medida foi xustificada polo seguinte motivo: procurar unha maior eficacia da función dos inspectores educativos. Nestes anos estiveron destinados na provincia lucense os inspectores José Galera Moreno, Luis Jorge y Téllez de Meneses, Elisa Rodríguez Estévez, Fabriciano Posada Codón, José Ramón Fernández Ojea e Luis Soto Menor. Así, no *bienio negro* o Goberno dedicouse outra vez a controlar todas as institucións con maior celo, unha característica compartida nos gobernos ditatoriais de Primo de Rivera e Franco.

[1411] En Matilde Mantecón, *Joan Comas Camps, de pedagog a antropóleg* (Menorca: Edicións Institut Menorquí d´estudis, 2001), 156.

[1412] En varios, "Semana Pedagóxica de 1933", *El Progreso*, Lugo, 25 de xuño de 1933.

[1413] O Estado reduciu o investimento nas institucións escolares públicas segundo a Lei de Presupostos do 1 de agosto de 1935, con data do 28 de setembro do mesmo ano, os gastos para dietas e viaxes dos inspectores lucenses foron reducidos, feito que produciu unha efecto negativo á marxe das visitas e mobilidade da función inspectora luguesa.


Candidato para las Constituyentes

Atendiendo a requerimientos de las Asociaciones de los Partidos, la provincial del Magisterio lucense acordó proponer para candidato a diputado a Cortes para las próximas elecciones, a don Luis Soto Menor, inspector jefe de primera enseñanza de la provincia, defensor tenaz de los intereses del niño, de la escuela y del Magisterio.

La propuesta ha sido acogida con gran entusiasmo, por los elementos del Magisterio lucense.

Ilustración 59. "Candidatura para ás eleccións constituíntes" (*El Progreso*)

A chegada da Guerra Civil e as súas consecuencias.

Coa arribada da época franquista, o sistema de inspección escolar republicano ficou practicamente desmantelado. A pesar de que a vitoria da *Fronte Popular* restituíu a inmobilidade dos inspectores destinados en Lugo e a *Inspección Central*, con Marcelino Domingo no *Ministerio de Instrucción*.[1414] O comezo da Guerra Civil fixo que estes novos cambios durasen tan só uns meses,[1415] o alzamento militar e o estalido do conflito bélico remataron coas reformas retomadas por este Goberno, paralizando calquera investimento ou innovación republicana. Despois das eleccións do 16 de febreiro publicouse o Decreto do 4 de marzo de 1936 e o Decreto do 26 de marzo de 1936, restablecendo a inmobilidade do corpo de inspectores. Deste modo a Administración podía adscribir de forma libre os inspectores de primeira ensinanza. Esta foi a primeira das reformas contemplada no ámbito da inspección, como consecuencia das eleccións deste ano.

Coa chegada da Guerra Civil, as zonas ocupadas polos franquistas organizáronse segundo os intereses dos sublevados. Neste período, os inspectores dependían das entidades centrais, cuestión reflectida nas posteriores listas de represaliados polo movemento republicano e franquismo.[1416] Asemade, nos distintos territorios comezaron os procesos de depuración contra os desleais en ambos os dous bandos, pero os franquistas con maior celo e crueza.[1417] Emporiso a represión republicana tivo un carácter máis simbólico, situación descrita por Ben Cho Shey na provincia de Lugo:

> A República respetou nos seus cárregos a tódolos cibdadáns sin lles preguntar que ideais tiñan; había pan para todos e incruso podían conspirar contra o réxime sin que perigrasen as prazas respectivas. Por eso ten menos espricación esta barbarie feixista, iste terror feroz que se desencadeou sobre a nosa desdichada terra.[1418]

Cadro 31. Textos lexislativos sobre Inspección da Ensinanza Primaria (1931-1936)

Lei	Tema regulado
Decreto do 29 de maio de 1931	Implantación da inmobilidade dos inspectores.
Decreto do 2 de outubro de 1931	Convocatoria de oposicións libres e créase unha figura provisional inédita chamada o *inspector mestre*.
Decreto do 2 de decembro de 1932	Aprobación do novo Regulamento da Inspección de Primeira Ensinanza.
Decreto do 26 de novembro 1933	Establecemento da mobilidade nos destinos

[1414] Vide os dous Decretos publicados o 4 de marzo de 1936

[1415] O Ministerio de Instrución Pública e Belas Artes restableceu a *Inspección Central de Primera Enseñanza* cos funcionarios e atribucións que lle encomendaban aos Decretos do 2 de outubro de 1931 e 2 de decembro de 1932. En *Gaceta* do 5 de marzo de 1936.

[1416] En Luis Batanaz Palomares, *La inspección de primera enseñanza durante la guerra civil y el primer franquismo* (Córdoba: Servizo de Publicacións da Universidade de Córdoba, 2011), 59-151.

[1417] En Lugo Joaquín García Ojeva substituíu a Luis Soto Menor na Xefatura de Inspección Primaria en outubro de 1936.

[1418] En José Ramon Fernández Oxea, *Ben Cho Shey, Diario de Lugo, 1936* (Lugo: Deputación de Lugo), 46.

	por conveniencia do servizo.
Decreto do 4 de marzo de 1936	O restablecemento da inmobilidade.
Decreto do 4 de marzo de 1936	O restablecemento da *Inspección Central*.
Decreto do 21 de xullo de 1936	Cesión de todos os traballadores públicos sublevados ou inimigos aos intereses de Manuel Azaña.
Decreto do 19 de setembro de 1936	Nomeamento de inspectores interinos para substituír aqueles auditores levantados que participaron no desmantelamento.

Fonte: Elaboración propia.

En xullo de 1936, nas zonas gobernadas polos golpistas produciuse unha *contrarreforma pedagóxica*, eliminando varias das reformas implantadas con anterioridade. Ao pouco tempo, comezou un proceso de depuración do persoal e a implantación ideolóxica *nacionalcatolicista* do novo Réxime nas escolas. Isto orixinou a substitución de inspectores técnicos por outros de perfil fiscalizador e controlador, depurando os profesionais por motivos ideolóxicos, políticos, sindicais e partidistas.[1419] Esta etapa significou o completo desterro do concepto de *escola republicana*. Logo da depuración produciuse un tempo de silencio, medo, vixilancia e control no conxunto da sociedade. Isto favoreceu o letargo e retroceso pedagóxico e, outra vez, acentuouse a función controladora, política do inspector.[1420]

Conclusións

A xeito de síntese, a continuación preséntase un cadro realizando unha revisión dos sucesos máis importantes para a inspección educativa. Cómpre ter en conta os aspectos organizativos e laborais dos inspectores. Segundo os documentos achegados, reflicten un crecemento significativo no número de inspectores destinados na provincia lucense. Este aspecto permite comprender mellor a evolución e os motivos polos que se implantou lentamente unha maior presenza deste corpo a nivel provincial.

Cadro 32. Sucesos que afectaron á inspección do ensino primario en Lugo	
Ano	**Suceso**
1900	Establécese que o acceso á inspección sexa por oposicións.
1901	Romanones estableceu outra vez a designación ministerial directa dos inspectores.
1902	Lei de Romanones (aumento do valor técnico do inspector).
1903	Necesidade de independencia profesional dos inspectores e ante os recortes do Real Decreto do 24 de agosto de 1902.
1907	Reorganización da inspección: novos poderes.
1909	Créase a JAE (concede bolsas de estudos a inspectores no estranxeiro).
1910	Nova reorganización de Romanones.
1911	O 1 de xaneiro a inspección pasa a mans da Dirección Xeral de Primeira Ensinanza.
1913	Aparición da inspección feminina.
1921	Pronunciamento de Primo de Rivera (aumenta o control sobre os inspectores pola desconfianza política).
1931	Instauración da II República (procúrase unha modernización global da inspección).
1932	Reforma da Inspección de Primeiro Ensino (durou ata 1967).
1933	As leis do bienio do goberno da CEDA (volta á política

[1419] En Juan Alfredo Jiménez Eguizábal, *La inspección de primera enseñanza en la segunda república española (1931-1936)* (Salamanca: Edicións Universidade de Salamanca, 1984), 70-71.

[1420] Vide José María Hernández Díaz, "La inspección educativa y la cultura escolar en España. Génesis, procesos constituyente y actualización de funciones", *Aula 25* (2019): 72.

	conservadora).
1936	O Goberno da Fronte Popular (marcada pola inestabilidade político-social): Restablecemento da inmobilidade e da *Inspección Central*.
1936	Comezo da Guerra Civil e posteriormente proceso de Depuración (desmantelamento da política educativa progresista republicana): significa abrir ouro período de represión, control e vixilancia aos inspectores.

Fonte. Elaboración propia. Para 1900 o Real Decreto de 6 de xullo de 1900; para 1901 o Real Decreto do 12 de abril de 1901 na *Gaceta de Madrid* do 13 de abril de 1901; para 1902 en Rafael Fenoy, "Historia da Inspección Educativa", en *Educativa* (2007) extraído o 14 de novembro de 2009 de: http://www.edudactica.es/Docus/Ensayos/Historia2%20Inspeccion.pdf; para 1909 en Manuel B. Cossío, *La enseñanza primaria en España* (Madrid: Edit. R. Rojas Museo Pedaxógico Nacional, 1915) 38; para 1910 Ministerio de Instrución Pública e Belas Artes. Real Decreto reorganizando da inspección de la Ensinanza Primaria, *Gaceta* (29 de maio de 1910); para 1911, *Gaceta* do 2 de xaneiro de 1911; para 1913 o Real Decreto de 7 do febreiro de 1913 (artigo 2º); en 1932 Ministerio de Instrución Pública e Belas Artes, Decreto de 2 do decembro de 1932, relativo á inspección profesional de Primeira Ensinanza, *Gaceta*, 7 de decembro de 1932.

Despois de analizar a Inspección Educativa da Ensinanza Primaria dende 1900 ata 1936, esta investigación centrará a súa liña no estudo dos aspectos máis importantes da vida dos inspectores: antecedentes, acceso, requisitos, inmobilidade, soldo, formación, organización, funcións, distribución provincial, masculinidade/feminidade e inspección como xerme do desenvolvemento escolar. A continuación, para comprender mellor as dúas vertentes do proceso de modernización sobre a inspección e a escola, é necesario coñecer o devir histórico previo e a herdanza do século XIX na provincia luguesa.

4.3.1. Os antecedentes na provincia de Lugo

Para comezar un breve repaso da normativa decimonónica que articulou a inspección nos primeiros anos do século XX. A primeira vez que se fixo referencia á necesidade de exercer certo control sobre as escolas e os mestres xurdiu no século XVIII. O 1 de setembro de 1743, a Real Cédula de Felipe V entendeu a necesidade de formar auditores da Congregación de San Casiano para velar polo cumprimento da obriga dos mestres. A estes axentes outorgábaselles o título de *Visitadores*. Xeralmente elixíase para ocupar este posto a aqueles profesores máis veteranos. Lugo caracterizábase neste século por un certo medievalismo, un carácter levítico e certa inquietude ilustrada. Nesta provincia, a educación contemplábase como un factor económico pola Sociedade Económica de Amigos. Os primeiros ilustrados lucenses foron o bispo Frade Francisco Armayá (máis coñecido como Bispo de Armañá) e Juan Francisco de Castro. Estas dúas figuras representaron o século das luces e o intento de modernización da educación.[1421]

[1421] O primeiro gran ilustrado de Lugo foi Frei Francisco Armanyá Font (O Bispo Armañá). Este crego ocupou o bispado da sé lucense dende 1768 a 1785. En contacto con Climent foi un dos prelados abandeirados do antixesuitismo. Neste senso, votou mediante un informe prelaticio pola súa extinción total: "En el nomeamento de Armañá habían pesado su condición antijesuítica, derivada en lo personal de su fracaso en las oposiciones a una cátedra en Cervera, monopolio de la Compañía de Jesús" (Fernández Fraga, 1992, p.382). Entre as súas preocupacións estaban a formación do clero, a educación familiar e escolar. No que respecta ao seu labor educativo destacou pola publicación de pastorais, dotación da biblioteca do seminario, perfeccionamento do clero, creación de escolas populares e o establecemento da Sociedade Económica de Amigos do País. O seu pensamento pedagóxico caracterizouse por avogar por unha educación universal, diferencial e ambiental. Os postulados que defendía eran bastante contemporáneos para súa época.

A Sociedade Económica de Amigos do País difundiu o ensino primario e profesional co obxectivo de mellorar a situación económica e cultural da provincia ante o alto índice de analfabetismo. Esta sociedade quería lograr a felicidade do pobo a través do fomento da agricultura, as industrias e as artes; obxectivo afín á ideoloxía dos pensadores do "Século das Luces". Deste xeito este organismo potenciou o cultivo extensivo do millo, seda e outras industrias. Coa morte do seu fundador, o Bispo de Armañá, a Sociedade continuou co bispo Juán Francisco de Castro. Este lucense, nacido en 1721, ocupou o posto de arcediago de Dozón na catedral lucense dende 1776. Este clérigo e avogado tivo unha grande influencia na intelectualidade galega da época e foi crítico coas leis do antigo réxime. Para este relixioso a lexislación era un freo para o desenvolvemento da poboación e agricultura. Este eclesiástico mostrou unha gran preocupación polo mal estado da educación e a sociedade en Lugo. Durante o tempo en que estivo á fronte da Sociedade Económica intentou crear varias escolas mixtas e do Hospital de San Bartolomé, mediante a aplicación dun fondo caritativo da catedral. En 1792 Castilla concedeu fondos para a creación de centros para cubrir as necesidades educativas, sanitarias e sociais desta provincia. Os recursos dedicados á educación pública eran moi limitados neste século. Estas iniciativas promovéronse debido á decadencia da cidade descrita por Dopico.

Outro grande ilustrado lucense foi Juan Francisco de Castro. Este home foi un excelente avogado colaborador do Bispo Armañá. Este crego continuou á fronte da Sociedade Económica de Amigos do País. A caridade cristiá deste "Educador do pobo" fixo que ao longo da súa vida traballara para reformar as mentalidades no referente á utilidade da educación: "Como miembro del grupo reformista se ocupa ampliamente de la Inutilidad de los estudios escolásticos aunque tales ataques estuviesen sobrados en un Lugo casi desierto de aulas" (Fernández Fraga, 1992, p.383). As súas ideas educativas procedían do *sensualismo* de Platón e de xeito non declarado tamén de Rousseau. Á fronte da Sociedade Económica de Amigos sentou as bases para a construción dunha rede de centros educativos en Lugo.

> Funcionaba la económica como "excitadora" del celo, del celo educativo, de los demás órganos locales, que contaban con más medios, y como consecuencia de ello, más en su tercera época, se concretan realizaciones como la creación del Instituto de Segunda Enseñanza y de la Escuela Normal, pilares de la futura red estatal de centros de enseñanza[1422].

De Castro foi quizás foi o mellor representante da Ilustración lucense. Ademais estivo á fronte da Sociedade Económica de Amigos do País de Lugo durante varios anos. Esta institución foi a que mellor representaba o pensamento ilustrado nesta provincia. Dende os seus inicios constituíuse por funcionarios e membros do alto clero. Entre as súas preocupacións atopábanse a sensibilización burguesa pola preocupación económica e a educación popular. Porén este foi o xerme dunha intención claramente reformadora do sistema social implantado. Unha visión innovadora tendo en conta o carácter marcadamente tradicional da sociedade lucense do século XVIII.

Mentras tanto, en España, o Goberno creou en 1812 a Dirección Xeral de Estudios para a organización dos centros escolares. En consecuencia, a Administración Central exerceu a inspección do ensino público. Un ano máis tarde o gran poeta Quintana creou unha xunta para mellorar a organización dos medios educativos. O 7 de marzo de 1814

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[1422] En Fernández Fraga, J. D. (1992). *Lugo S. XVIII Educación e Ilustración*. Lugo: Servizo Publicacións Deputación Provincial Lugo, p. 385.

presentouse ás Cortes un Proxecto de Decreto para reformar o ensino público. A Comisión de Instrución Pública concedía á Dirección Xeral de Estudos que os seus membros tivesen a capacidade para realizar visitas ás escolas. Este proxecto especificaba que cada tres anos debían visitarse todas e cada unha das institucións. Ao mesmo tempo encargouse aos concellos a vixilancia da actitude dos mestres da súa localidade. Así o Plan de Regulamento das Escolas de Primeiras Letras de Calomarde, con data do 16 de febreiro de 1825, dicía textualmente:

> "El gobierno, inspección y dirección de las escuelas pertenece al Consejo Real, y respectivamente, en la parte que se dirá, a la Junta Superior, a las de capital de provincia y a las de pueblo, inspectoras de las escuelas de primeras letras"[1423].

O Plan de Regulamento das Escolas de Primeiras Letras de Calomarde estipulaba nos títulos XII, XIII e XIV as funcións de vixilancia dos inspectores. Nelas outorgábase a inspección moral e cristiá aos párrocos e bispos. Estas homes acudían ás escolas a dar fe da actitude cristiá dos mestres e dos contidos impartidos. O 21 de outubro de 1834, *La Instrucción para el régimen y gobierno de las escuelas de primeras letras del Reino* delegaba a inspección das escolas ás comisións de provincia de partido e de pobo. O artigo quinto desta normativa pretendía velar polo fomento das escolas. O catro de agosto de 1836, o Plan Xeral de Instrución Pública do Duque de Rivas continuou encargando ás comisións de provincia a devandita función:

> Visitar anualmente, por medio de uno o dos individuos de dentro o fuera de su seno, a quienes se les señalarán las dietas correspondientes, sobre los fondos provinciales, todos los establecimientos de Instrucción pública y privada; con respecto a los últimos, sus atribuciones se limitarán a verificar los adelantamientos de los discípulos y los métodos seguidos con mejor éxito.[1424]

Dous anos despois vólvense reorganizar as funcións das Comisións mediante o Plan de Instrución Pública do 21 de xullo de 1838. Este Plan organizou a función das Comisións en dous tipos: provinciais e locais. Estas xuntanzas encargábanse de vixiar anualmente todos os establecementos de instrución primaria da provincia[1425]. Un ano máis tarde, o Regulamento das Comisións de Instrución Pública do 18 de abril de 1839 estableceu as regras concretas para exercer a función de inspección:

> Hasta tanto que las circunstancias lo permitan que el servicio de los Inspectores sea debidamente pagado, para que puedan valerse de personas idóneas que hagan estas visitas en las diferentes poblaciones sin estipendio alguno, pero dándoles instrucciones determinadas…[1426].

O 25 de abril de 1841, unha Real Orde do Ministro da Gobernación encargaba interinamente ás comisións provinciais o nomeamento de inspectores especiais para visitar as escolas primarias. Para ocupar este cargo tiñan preferencia os alumnos da Escola Normal Central, inaugurada o 8 de marzo de 1839. Pouco a pouco foise conformando unha concienciación da importancia da figura do inspector. Este cargo cada vez tiña máis peso. De xeito gradual ampliáronse as súas funcións. Dende conselleiros non vinculantes pasaron a ter unha función máis fiscalizadora. Así,

[1423] En Calomarde, (1825). *Plan y Reglamento de las Escuelas de Primeras Letras del 16 de febreiro de 1825*. Madrid. Dirección General de Estudios. Nos títulos: XII, XIII e XIV.

[1424] En Duque de Rivas, (1836). *O Plan General de Instrucción Pública del 4 de agosto de 1836*. Madrid. Dirección General de Estudios: título V, artigos 116-3º.

[1425] En (1838). *Plan de Instrucción pública do 21 de xullo de 1838.* Madrid. Dirección General de Estudios: título VII, art. 29-3º.

[1426] En (1939) *Reglamento de las Comisiones de Instrucción Pública do 18 de Abril de 1839*. Madrid. Madrid. Dirección Xeral de Estudios: título I, art. 19.

comezábase a recoñecer a utilidade de aplicar un control sobre as institucións escolares e os mestres. A pesar disto, os inspectores non tiñan unha función pedagóxica marcada, eran principalmente controladores. A Orde do 25 de abril de 1841 resaltaba a importancia do cargo de inspector e das súas visitas:

> No confiar el cargo de Inspectores sino a personas capaces de desempeñarlo, conviniendo, además…, que se les atribuya este trabajo…Y entre tanto no pueda tener lugar lo dispuesto en la Real orden del 15 de febrero de 1840, abonándose las dietas de estos comisionados de la cantidad que en la Ley de Presupuestos se asigne a la Instrucción primaria, se hace indispensable que las Diputaciones provinciales provean á estos gastos …Para estos cargos las Comisiones se valdrán, con preferencia, de los individuos que hubiesen concluido los cursos de estudio en la Escuela Normal-Seminario de Maestros de esta Corte… En su defecto, echarán mano de profesores acreditados ó de cualquiera otra persona capaz de llenar el objeto de la visita.[1427]

Alén disto, cómpre ter en conta que durante o século XIX os inspectores tiñan que ser previamente directores dunha Escola Normal ou mestres da *Escola Central*. Usualmente visitaban as escolas normais e as das capitais das provincias. Eran axentes nomeados polo Goberno Central e pagados con fondos provinciais.[1428] O Real Decreto do 30 de marzo de 1849, o Regulamento do 20 de maio de 1849 e a Real Orde de 12 de outubro de 1849 organizaron por primeira vez a inspección primaria, feito importante porque creaba dun modo permanente un inspector por provincia e seis inspectores xerais. Asemade, estes números eran moi reducidos para poder ofrecer unha correcta atención e visita a todos os centros escolares. Sobre todo tendo en conta as malas vías de comunicación, a dispersión poboacional e o tamaño da provincia de Lugo.

Segundo o artigo 299 da Lei Moyano, a cada provincia correspondíalle un inspector Primeiro Ensino. Estes axentes tiñan que estudar na Escola Normal Central e exercer o maxisterio por un tempo de 5 anos. No posterior Regulamento Xeral para a Administración e Réxime da Instrución Pública publicado o 20 de xullo de 1859, que desenvolvía a Lei Moyano, cada inspector debía inspeccionar anualmente o maior número posible de escolas. As Xuntas de Instrución Pública de cada provincia eran as encargadas de fixar o itinerario das visitas, posteriormente aprobadas polo reitor da Universidade, que daquela era o máximo responsable da educación en Galicia. Segundo o artigo 138, esta planificación era publicada no Boletín Oficial de cada provincia.[1429]

Respecto ás *escolas particulares ou privadas*, segundo Cossío a finais do século XIX, os colexios privados tiñan que someterse igualmente á inspección e ter dous anos de experiencia, xa que neste sentido, estes centros eran considerados públicos polo concello correspondente. Unha das principais esixencias establecidas pola lexislación foi que as escolas privadas non podían exceder "máis de dúas terzas partes das totais na provincia".[1430] Non obstante, na cidade de Lugo máis de dous terzos dos centros eran privados polo que non se axustaba á lexislación: circunstancia que as autoridades lucenses aludían á falta de recursos e a que: "la asistencia a estes centros era considerada como poco decorosa".[1431]

[1427] En Cossío, M. (1915). *La enseñanza primaria en España*. Madrid. Edit. R. Rojas Museo Pedagógico Nacional: p. 60.

[1428] En Real Decreto do 30 de marzo de 1849, o Regulamento do 20 de maio de 1849 e a Real Orde de 12 de outubro de 1849 (Madrid: Dirección General de Estudios: artigos 17 ao 23).

[1429] Vide *Reglamento General para la Administración y Régimen de la Instrucción Pública de 20 de xulio de 1859*, artigo 138.

[1430] En Manuel Bartolomé Cossío, *La enseñanza primaria en España* (Madrid: Editorial R. Rojas, 1915), 75.

[1431] En Gobernador Civil de Lugo, "Carta del Gobernador Civil de Lugo al Rector de la Universidad de Santiago" (Lugo: APL. Fondo Concello: sinatura: 931, 1886).

O Partido Liberal mediante o Decreto do 30 de abril de 1886 quixo levar aos presupostos xerais do Estado o financiamento das escolas primarias, a inspección e os institutos de segundo ensino. Esta proposta non se levaría a cabo ata os presupostos de 1887, menos na parte relativa ás escolas primarias. Ese mesmo ano se presentou outro Proxecto de Lei de reforma da inspección primaria, que pretendía un aumento considerable do persoal administrativo, cun carácter algo máis técnico. Neste documento recollíase unha reorganización da inspección na que xa se poñía en evidencia a *falta de sentido pedagóxico* da inspección educativa. Este proxecto tiña un perfil progresista, incluíndo a partida económica necesaria para levar a cabo unha reforma do corpo de inspectores. Así, o Goberno comezou a asumir os primeiros gastos de inspección de Primeiro Ensino e das escolas normais, sufragada anteriormente polo goberno provincial lucense.[1432] A continuación, preséntase o cadro que recolle as categorías do corpo de inspectores presentes nos presupostos de 1887-88.

Cadro 33. Categorías do Corpo de inspectores nos presupostos de 1887-88
2 Inspectores xerais
4 Inspectores de primeira clase
9 Inspectores de terceira clase (un para cada provincia). Dende o 14 de febreiro de 1883, tomou posesión na provincia de Lugo Vicente Pérez Sierra como inspector de primeira ensinanza.[1433]

Fonte: Elaboración propia. En Manuel B. Cossío, *La enseñanza primaria en España* (Madrid: Edit. R. Rojas Museo Pedaxógico Nacional, 1915), 62.

Despois do Proxecto Lei de 1887 publicáronse varias disposicións para regular os gastos do funcionamento da inspección. Estas normativas recollían as partidas económicas para sufragar o corpo de inspectores, pero non introduciron ningún cambio significativo. En 1888 á inspección xeral concedéuselle certa xurisdición autonómica nas funcións técnicas, pero un ano máis tarde quitaríaselle estas potestades concedidas. Aparte disto, non se produciron máis cambios notorios na inspección do ensino primario no resto do século XIX.

Como xa citamos anteriormente, os inspectores que traballaron na provincia de Lugo a finais de século XIX tiñan como obxectivo principal vixiar o cumprimento da Lei Moyano do 9 de setembro de 1857 e os seguintes regulamentos: o Real Decreto do 30 de marzo, o Regulamento do 20 de maio e a Real Orde do 12 de outubro de 1849. Estas disposicións reorganizaban as escolas normais e a inspección do ensino primario, creando dun xeito permanente un inspector por provincia. A Lei de Instrución Pública Moyano practicamente non modificou a organización anterior, tiña un carácter máis ben burocrático, introducindo pequenas modificacións: os poucos cambios realizados foron en detrimento do equipo de inspectores, xa que produciron unha redución aínda maior do seu número. Esta normativa responsabilizaba as xuntas provinciais e locais lucenses da inspección das escolas, e confería ao Rei a facultade de nomear os inspectores segundo as condicións establecidas nos artigos 294 e 307.[1434] En materia lexislativa cómpre citar especialmente ao levado a cabo polo director xeral de instrución pública Antonio Gil de Zárate. Este regulamento resumiu as reformas realizadas ata entón en materia educativa. Segundo a Lei de 1857, os organismos de

[1432] En Manuel B. Cossío, *La enseñanza primaria en España* (Madrid: Edit. R. Rojas, 1915), 83.

[1433] En Vicente Pérez Sierra, "Expediente de Vicente Pérez Sierra-Administración" (Madrid: AGA-ACME. Sinatura: 19755, topográfica: 31, 1883).

[1434] En Rosa María Cid Galante, "A percepción dos docentes do ensino primario ourensán a comezos do século XX: un profesorado en entredito", *Sarmiento*, Nº 11 (2007): 42.

vixilancia eran un inspector provincial e as Xuntas Locais. Con estes dous organismos a arbitrariedade non estaba asegurada porque con frecuencia as persoas elixidas non eran as máis adecuadas por estar suxeitas ás presións, intereses sociopolíticos e con escasa formación. Así, en 1888, Miguel Pimentel afirmaba:

> Existían inspectores...cuya aptitud profesional no les permite, ante una sección de niños, en una visita escolar, distinguir la diferencia entre lo que es un número y lo que es una cifra aritmética. Inspectores que, en una visita también, analizan la frase de la oración dominical *venga a nos el tu reino* considerándola como forma del verbo vengar. Inspectores que se entregan al más censurable mercantilismo imponiendo al maestro libros suyos o de autores o de libreros con ellos convencidos. Inspectores que viajan con sus familias haciendo la visita a costa de los infelices maestros.[1435]

A finais do século XIX, o inspector en Lugo dedicábanse principalmente a revisar as escolas e vixiar a asistencia dos alumnos. Na provincia de Lugo existía tan só un inspector, que como empregado da Administración non posuía regularmente tempo para acudir a todas as escolas. Por estes motivos, nos últimos anos do século XIX, a inspección era controladora e moi escasa, susceptible de ser mellorada e non ofrecía garantías de realizar un traballo pedagóxico eficaz. Así a todo, durante as súas visitas realizaban un documento para rexistrar as auditorías. Estas visitas non eran frecuentes. Segundo as fontes atopadas, ás veces pasaban máis de cinco anos en xirar unha visita (esta foi unha das principais protestas do gremio). Nas avaliacións dos centros centrábanse na revisión das características do inmoble, asistencia, medios materiais e materias. Cabe ter en conta que nestes tempos a inspección era principalmente burocrática, fiscalizadora, centrada na estatística escolar e con apenas orientacións pedagóxicas, respondendo a un perfil de "inspector clásico". O seu obxectivo principal era velar polo cumprimento da Lei Moyano, e en moitas ocasións nin aínda así o conseguían, debido á carencia de recursos dos concellos. A inspección estaba nun "estado embrionario", haberá que esperar aos anos trinta do século XX, para atopar unha faceta máis orientadora e pedagóxica, como viñan demandando Giner e Cossío, facía xa bastantes décadas nos congresos pedagóxicos nacionais. As escolas inspeccionadas eran moi simples, normalmente mesas bipersonais, con asento xiratorio e reixa fixa, ou mesas taboleiro horizontais con cadeiras fabricadas en varios tamaños, segundo a idade. A situación do escolar favorecendo case sempre unha educación pasiva, bancaria e memorística.

Durante o goberno de De la Cierva introducíronse varias novidades interesantes: dotación dun edificio para a *Real Academia de Medicina* ou a organización dos servizos de restauración de monumentos nacionais.[1436] Pouco tempo máis tarde creouse a *Dirección General de Primera Enseñanza*, baixo a dirección de Rafael Altamira, que era unha persoa achegada a Cossío e ao *Museo Pedagógico*.[1437] Este feito impulsou a reforma máis importante da Inspección de Ensino Primario, ata entón certamente descoidada, sobre todo no referente á dotación de inspectores nas provincias.

Dadas estas circunstancias, no posterior Congreso Pedagóxicos Lucense de 1923 propúxose unha reforma do sistema de inspección do ensino primario. Unha das voces encargadas de reivindicar unha reforma da inspección foi o mestre Pascual Martínez

[1435] En Luis Batanaz Palomares, La *inspección de primera enseñanza durante la guerra civil y el primer franquismo* (Córdoba: Servizo de Publicacións da Universidade de Córdoba, 2011), 23.

[1436] En Esteban Rodríguez Ocaña, "Carlos María Cortezo y Prieto", *Real Academia de la Historia* (2023), extraído o 31 de outubro de 2023 de: https://dbe.rah.es/biografias/5153/carlos-maria-cortezo-y-prieto.

[1437] Vide Real Decreto do 1 de xaneiro de 1911.

Abellán, quen insistiu en implantar un sistema selectivo novo de oposición neste gremio, este cambio trataba de potenciar a función pedagóxica do inspector fronte á clásica de vixilancia. Con anterioridade este aspecto foi reivindicado por outros mestres, dende comezos do século XX existía unha corrente no maxisterio que demandaban unha maior atención pedagóxica. Así, a idea de propagar unha educación popular provocou que se cuestionara o modelo de inspección implantado pola Lei Moyano. Estas liñas de cambio estaban vinculadas ao movemento da ILE, que trataron de manter vivo o espírito pedagóxico docente trazado por Francisco Giner de los Ríos. O mestre era un profesional que necesitaba unha persoa que resolvera as dúbidas inherentes ao exercicio do maxisterio, por este motivo demandábase un servizo de inspectores cun perfil máis pedagóxico e asesor. Deste xeito, responsables pedagóxicos como Francisco Giner de los Ríos e Manuel Bartolomé Cossío defenderon unha maior orientación dos profesores e a incorporación de máis inspectores por distrito.

Ahora centrémonos no número de inspectores, dende a creación do sistema de inspección ata mediados dos anos dez do século XX, na provincia lucense existía un só inspector de ensino primario, igual que nas outras provincias de Galicia.[1438] En Lugo, Vicente Pérez Sierra, Tomás da Concha (1890),[1439] Manuel Panero Martínez e José Soto Campos foron os primeiros inspectores que se encargaron de realizar o exercicio da inspección das escolas no século XIX.[1440] Primeiro exerceu a inspección Manuel Panero e despois Vicente Pérez. Estes inspectores tiñan que ter cursados tres anos na *Escuela Central* ou en calquera das escolas superiores. A pesar de que a súa función principal era auditar, puntualmente tamén ocupáronse da orientar ás escolas luguesas sobre algún asunto administrativo ou pedagóxico. Unha das obras empregadas para orientar aos colexios foi a publicada polo inspector Vicente Pérez Sierra titulada: *El niño ante la sociedad o Reglas de urbanidad, buena crianza y educación.* Estes inspectores tamén realizaban propostas de ascenso á Administración: así en 1883 propuxo á Xunta Provincial de Primeira Ensinanza a ampliación á clase superior da *Escuela Pública de Niñas de Lugo*, institución rexentada pola mestra e directora Rosa Filomena Grobes.[1441]

Inspectores máis salientables do século XIX

Para comprender mellor o devir histórico do século XX da provincia luguesa, cabe destacar o legado dos inspectores máis salientables do século XIX: Manuel Panero Martínez e Vicente Pérez Sierra. Por este motivo a continuación realízase un estudo biográfico pormenorizado destes suxeitos, co fin de achegar ao lector os coñecementos apropiados para configurar un continuo histórico, xa que estes axentes asentaron as bases da inspección do ensino primario na provincia de Lugo no século seguinte.

[1438] En Delfín Caseiro Nogueiras, "A inspección educativa e a normalización lingüística no primeiro terzo do século XX". *Actas do V Congreso Manuel Luís Acuña* (Orense: Deputación Provincial de Ourense, 2021), 29.

[1439] En "As escolas de Primeiro Ensino en Chantada na segunda metade do século xix", *A Eirexe* (13 de outubro de 2019) extraído o 10 de decembro de 2024 de: https://eirexe.es/as-escolas-de-primeiro-ensino-en-chantada-na-segunda-mitade-do-seculo-xix/.

[1440] Actualmente estes inspectores atópanse citados: nun informe sobre o estado do ensino en Quiroga (Lugo), en Arquivo Histórico da Universidade de Santiago. Sección Primeira Ensinanza, en 1903. En Antón Costa Rico, *Historia da educación e da cultura en Galicia* (Vigo: Xerais, 2004), 918-920.

[1441] No referente a estas Xuntas existen varias cartas no Arquivo Provincial de Lugo de 1891-97. Asuntos pendentes. En Manuel Táboas e Manuel Veigas, "carta de Manuel Veiga e carta de Manuel Táboas" (Lugo: APL. Fondo do Concello. Sinatura: 931).

1. Manuel Panero Martínez

Un dos inspectores máis importantes do século XIX en Lugo foi Manuel Panero Martínez. Este inspector naceu en 1831 en Morales de Vino, provincia de Zamora. Ao longo da súa vida superou cinco oposicións ocupando o primeiro lugar en todas elas. De estado civil casado, graduouse como mestre de instrución pública superior o 22 de decembro de 1852, título expedido polo ministro de Graza e Xustiza. Entre as oposicións superadas, en primeiro lugar destacou a praza como mestre do Concello de Moraleja del Vino na provincia de Zamora, o 12 de abril de 1853. En segundo lugar superou o exercicio práctico para ocupar a vacante na cidade de Toro. Posteriormente accedeu a *Escuela de Fuentesauco* en virtude da superación da oposición, ocupando o primeiro lugar. Igualmente conseguiu por segunda vez ocupar a vacante da *Escuela de Morales de Vino*. Por último foi nomeado para traballar na *Escuela Superior de Zamora* e rexentar a *Escuela Normal de Maestros*, acadando o primeiro lugar da respectiva proposta. Como funcionario interino, Manuel Panero foi nomeado polo gobernador Civil como inspector da provincia de Zamora en 1859. Posteriormente, o 26 de xullo de 1872 foi declarado cesante do corpo da inspección provincial zamorana, por Real Orde e sen formación de expediente. Este cesamento durou tan só dous anos, ata o 12 setembro de 1874. Nos anos setenta, Manuel Panero trasladouse a Galicia, tomando posesión da praza de inspector da provincia de Lugo en 1874, nomeado polo ministro de *Fomento*.[1442] Finalmente, en 1878 tomou posesión da praza de inspector na Coruña.[1443]

Manuel Panero ao longo da súa vida fundou un periódico e publicou catros libros, dous deles de texto; acadando quince premios e distincións. Entre os servizos especiais realizados por Manuel Panero destacou a fundación do periódico profesional denominado *El Eco de las Escuelas*. Este diario foi fundado o 16 de agosto de 1872 e durou ata o 25 de setembro de 1874, ano no que deixou de ser publicado. Os libros que escribiu foron: *Programa de Instrucción Primaria Elemental Ampliada, Tablas de equivalencias entre las ciudades antiguas y métricas de la provincia de Zamora, El Corazón de la Infancia y El Guía de los Maestros, o deberes y derechos de los mismos, con formularios para practicar los primeros y hacer valederos los segundos.*

O 7 de setembro de 1867, a Xunta Provincial de Instrución Pública de Zamora agradeceu a publicación da súa obra *Programa de Instrucción Primaria Elemental ampliada*. O 24 de setembro de 1872, o Goberno de Zamora volveu felicitar publicamente a Manuel Panero pola publicación do periódico *El Eco de las Escuelas*. Na exposición rexional, verificada en Santiago no ano 1875, concedéuselle unha mención honorífica da 1º clase polo seu libro denominado *El Corazón de la infancia*. Circunstancia que se repetiu na exposición rexional de León celebrada en 1877. Neste ano tamén participou na exposición rexional de Lugo, onde acadou a mesma distinción honorífica polas súas obras de primeira ensinanza. Por real orde, segundo a *Gaceta* do 26 de Setembro de 1868, o seu libro titulado *Programa de Instrucción Primaria Elemental Ampliada* declarouse unha obra de utilidade para a ensinanza. Segundo a Real Orde do 7 de xaneiro de 1880, publicada na *Gaceta* do 22 de xaneiro de 1880, a

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[1442] En F. Pérez Dávila, "Expediente persoal de Manuel Panero Martínez, asinado polo Secretario da Xunta de Instrución Pública da Coruña" (A Coruña: AGA-ACME. Sinatura: 31/19603, 1885).

[1443] Ídem.

obra de Manuel Panero *El Corazón de la Infancia* foi declarada como libro de texto para lectura nas escolas.[1444]

Entre os premios e distincións acadadas polo inspector cómpre destacar a pensión obtida dende 1849 ata 1951 pola provincia de Zamora. Con esta axuda puido estudar na Escola Normal de Mestres de Salamanca. Debido a súa boa conduta conseguiu de premio todos os libros e útiles necesarios para cursar os devanditos estudos. O 27 de decembro de 1853, o Concello de Moraleja de Vino en virtude dos bos resultados acadados como discípulo concedeulle un aumento salarial de 250 pesetas anuais. Ademais, dende o 1 de xullo de 1876, este inspector foi incluído na segunda clase do escala de inspectores, gozando dun sobresoldo doutras 250 pesetas. Debido aos seus bos antecedentes, en xullo de 1868, a Xunta Provincial de Zamora acordou propoñer a Manuel Panero para ocupar a praza de mestre na Escola-modelo. O 2 de outubro de 1879, o reitor e a Xunta Provincial de Instrución Pública de A Coruña acordou aumentar o soldo deste inspector outras 250 pesetas, debido a "...la buena actividad e intelixencia con que desempeñaba su cargo, y la prudencia, tino y honradez, con que procede en sus visitas a las Escuelas". A respectiva Xunta Provincial acordou agradecerlle o acerto co que deu as conferencias pedagóxicas aos mestres da provincia. Debido a estas actividades de formación, o 3 de outubro de 1884 foi proposto para recibir unha distinción por contribuír ao melloramento das escolas e a maior asistencia do alumando[1445]. Ademais, Manuel Panero Martínez foi vocal da Xunta Provincial de Instrución Pública de Zamora o 25 de setembro de 1874. Tamén desempeñou a secretaría da Xunta Provincial de Instrución Pública da Coruña dende o 5 de setembro de 1882 ata o 22 de outubro de do mesmo ano, por falecemento do secretario anterior. Circunstancia que obrigouno a ocupar o mesmo posto do 1 de agosto de 1885 ata o 31 do mesmo mes e ano. Ao longo da súa carreira non estivo sometido a ningunha represión nin castigo administrativo.[1446]

En total Manuel Panero prestou 30 anos de servizo en propiedade nos distintos postos funcionarias: en 1853 rexentou a Escola Pública Elemental Completa de Nenos da Moraleja de Vino, en 1858 ocupou a Escola de Fuentesauco por nomeamento do Director Xeral de Instrución Pública, en 1859 volveu á Escola Pública Elemental de Nenos da Moraleja na provincia de Zamora, en 1862 tomou posesión da praza da Escola Superior de Nenos e a Rexencia da Escola Normal de Mestres de Zamora, en 1969 accedeu a praza de inspector de ensino primario da provincia da mesma provincia na que rexentaba como profesor de maxisterio.

2. *Vicente Pérez Sierra*

Outro inspector de grande importancia para a provincia luguesa no século XIX foi Vicente Pérez Sierra. Este home naceu en 1845 na Pobra de Sanabria, na provincia de Zamora. De estado civil casado, obtivo o título de Mestre Normal de Primeiro Ensino, para conseguir a titulación cursou anteriormente catro anos de Latín e Humanidades coa nota de sobresaínte. O 26 de xuño de 1874, revalidouse na *Escuela Normal de Maestros de Oviedo*, cambiando polo título Superior da Elemental que posuía dende o ano 1862. Cando foi nomeado como inspector de primeira ensinanza xa levaba catorce

[1444] Ídem.

[1445] En Pérez Dávila, F. (1885). "Expediente persoal de Manuel Panero Martínez, asinado polo Secretario da Xunta de Instrución Pública da Coruña". AGA-ACME. Sinatura: 31/19603.

[1446] Ídem.

anos como mestre na *Escuela Pública Elemental Completa de Niños de Llanes*, o 6 de novembro de 1868 Vicente Pérez tomou posesión da respectiva praza. Estes títulos foron expedidos o 26 de xuño de 1874 polo director da Escola Normal de Oviedo. A devandita praza foi obtida mediante a superación do exercicio de oposición escrito, verificada e aprobada polo gobernador da provincia. Posteriormente, exerceu como profesor de Caligrafía no *Colegio de Segunda Enseñanza da Encarnación de Llanes* durante dous anos. Esta escola foi recoñecida pola Inspección de Ensinanza Primaria e o goberno de Oviedo como institución modélica na súa clase.[1447]

Respecto aos recoñecementos públicos, pola súa brillante carreira foi proposto para ser condecorado como *Caballero de las reales órdenes de Isabel La Católica y de Carlos III*, segundo a Real Orde do 27 de marzo de 1876 e 23 de xaneiro de 1877. Posteriormente foi nomeado como Presidente da *Confederación de Maestros de Llanes* durante catorce anos, exercendo tamén como mestre examinador, perito Calígrafo do xulgado de Llanes e fotógrafo da Princesa de Asturias.[1448] Con aprobación da Xunta Local, na súa escola estableceu as materias de: Ximnasia, Solfexo e Debuxo gratuitamente. Este tipo de docencia estaba dirixida tanto para os alumnos menores como para os adultos.[1449]

O 14 de febreiro de 1883 tomou posesión como inspector de primeira ensinanza da provincia de Lugo, nomeado por Real Orde do 16 de xaneiro de 1883. Nesta provincia, cómpre sinalar que o Rei manifestou o seu agradecemento polo *álbum caligráfico* feito polos discípulos de Vicente Pérez, mediante o Real Orde do 27 de febreiro de 1872. O 14 de xuño de 1875 foi atendido en audiencia particular por Alfonso XII, representando á provincia de Asturias. Todos estes feitos contribuíron a que o Rei concedéralle a *Cruz de Carlos III y Isabel La Católica*, aspecto recollido nos Reais Decretos do 24 de marzo de 1876 e 23 de xaneiro de 1877.[1450] O 12 de decembro de 1876, o seu labor foi recoñecido nas actas de inspección, polo que obtivo un aumento salarial.[1451]

> Y por lo tanto esta Corporación haciendo la justicia que se merece a D. Vicente Pérez Sierra le ha venido considerando y le considera como uno de los Maestros más dignos y aventajados de esta provincia en el desempeño de la 1ª enseñanza y demás conceptos".[1452]

No que respecta ás publicacións, Vicente Pérez Sierra publicou diferentes obras de ensinanza acadando o recoñecemento do Casa Real: "Recomendamos a nuestros lectores el método de lectura publicado bajo la protección de S. M. el rey por el Sr. Vicente Pérez Sierra, autor también dun aparato para enseñar a leer, y cuyas obras, elogiadas en la prensa...".[1453] Entre as súas publicacións atópanse recollidos os seguintes títulos: *El instructor de Lectura*, *Ortografía práctica*, *Vocabulario lexicológico*, *Dibujo natural* e *El niño ante la sociedad*.[1454] Ambas as dúas obras foron

[1447] En varios, "Excelentes", *El Noticiero de Asturias,* Nº 879, 23 de xaneiro de 1877.

[1448] En Vicente Pérez Sierra, "Folla de servizos de Vicente Pérez Sierra" (Madrid: AGA- ACME. Sinatura: 31/19755).

[1449] Ídem.

[1450] En F. Pérez Dávila, "Expediente persoal de Manuel Panero Martínez, asinado polo Secretario da Xunta de Instrución Pública da Coruña" (Madrid: AGA-ACME. Sinatura: 31/19603, 1885).

[1451] En Vicente Pérez Sierra, "Vicente Pérez Sierra, maestro de Llanes…", *El Costitucional,* Nº 93 (19 de setembro de 1876).

[1452] Ídem.

[1453] En Órgano da Academia de Mestres de Madrid, "Recordatorio al magisterio español", *La Reforma de primera enseñanza,* Nº 205 (15 de maio de 1876).

[1454] En varios "La Correspondencia de la Juventud", en *Semanario Católico* Nº 6 e 8 (do 5 e 19 de novembro de 1876).

aprobadas polos Cardeais Moreno e Simeoni, tamén polo Vicario eclesiástico de Madrid; recomendando nas súas "cartas e decretos de censura moral" que os libros contiñan prácticas recomendables.[1455] Amais, a prensa e o público premiou estes traballos con varias medallas e diplomas nas exposicións de París, Madrid, León e Valladolid.[1456]

> El Rey D. Alfonso XII se ha dignado concederle su protección a dos obras tituladas *El Instructor de lectura* que personalmente tuvo el honor de ofrecerle y otra de *Dibujo natural* y tantas obras como otras varias publicadas por dicho autor han sido premiadas con Medalla y Diplomas en las exposiciones de París, León y Valladolid.[1457]

Vicente Pérez foi o creador dunha *clave ortográfica* e dun *aparato auxiliar ortolóxico-ortográfico*.[1458] Este método promovía un innovador enfoque teórico e práctico máis agradable para os escolares e para os docentes que a metodoloxía tradicional. O seu modelo tiña dúas partes: a primeira parte era máis construtiva para os discentes e a segunda centrábase na memorización da lectura, introducindo na infancia a moral cristiá. Este Programa contiña un vocabulario léxico e unha clave ortográfica que preparaba aos alumnos para realizar estudos superiores. Por último, Pérez Sierra tamén traballaba cunha nova técnica, baixo o nome de: "Telégrafo o auxiliar ortolóxico e ortográfico". Estes exercicios favorecían a ensinanza práctica da lectura e da ortografía.[1459]

> Hemos tenido el gusto de examinar el nuevo método de lectura que ha presentado a la dirección de Instrucción el Sr. Pérez Siera, maestro de Llanes, lo propio que un aparato de su invención cuyo objeto es remplazar a los carteles de lectura sirviendo a la vez para facilitar la composición de toda clase de palabras y aún frases cortas, y como tal poderoso auxiliar también para la enseñanza de la ortografía, estudio que pone el mismo autor al alcance de los niños en un breve y sencillo clave. Es de suponer favorablemente dichos libros y aparato y cuyo adopción recomendaremos a los maestros.[1460]

A importancia dos congresos pedagóxicos para a inspección educativa

Os congresos pedagóxicos nacionais foron importantes para a inspección educativa porque difundiron novas teorías, sobre todo no referido á necesidade de aumentar as súas *funcións pedagóxicas*. Deste xeito, no Congreso Pedagóxico Nacional de 1882, Giner de los Ríos e Manuel Bartolomé Cossío formularon varios postulados sobre os inspectores, defendendo o seu carácter orientador, facultativo e pedagóxico. Para Giner, a inspección do ensino primario significaba constituír un corpo de profesionais que fora un *apoio técnico* para os mestres.[1461] En consecuencia, cabe destacar a influencia dos congresos e da ILE no referente á formación dunha concienciación sobre a importancia da inspección técnica do ensino. Convén ter en conta que a finais do século XIX a inspección en Europa xa tiña unha boa consideración sobre esta demanda. A nivel internacional, os inspectores eran figuras imprescindibles para o correcto

[1455] En Vicente Pérez Sierra, "Folla de servizos de Vicente Pérez Sierra" (Madrid: AGA- ACME. Sinatura: 31/19755).

[1456] En Vicente Pérez Sierra, "Premios adjuntos á las obras de Pérez Sierra", *La Iberia,* 22 de setembro de 1876.

[1457] Ídem.

[1458] En Vicente Pérez Sierra, "Lo merecen", *El Eco de Asturias,* 20 de xaneiro de 1877.

[1459] En Vicente Pérez Sierra, "Método de lectura de Vicente Pérez Sierra", *La Época,* 19 de setembro de 1876.

[1460] En Vicente Pérez Sierra, "Nuevo método de lectura", *La política,* 12 de setembro de 1876.

[1461] En Luis Batanaz Palomares, *La inspección de primera enseñanza durante la guerra civil y el primer franquismo* (Córdoba: Servizo de Publicaciones da Universidade de Córdoba. 2011), 21.

funcionamento do sistema educativo, como se fíxo notar nos congresos de Bruxelas en 1880, Londres en 1884 e París en 1889.[1462]

Entre as respectivas convocatorias españolas destacaron as de *1882* e *1892*. No primeiro destes congresos Francisco Giner de los Ríos e Manuel Bartolomé Cossío formularon propostas sobre o papel pedagóxico do inspector. Para eles, esta figura exercía un forte influxo continuador da Escola Normal sobre os mestres, favorecendo o tan desexado proceso de modernización do sistema educativo. Estas ideais institucionistas foron o xerme dun posterior cambio e dun aumento nacional do número de inspectores de ensino primario. A parte disto, neste Congreso tamén se tratou a importancia da formación permanente e vocación destes axentes.[1463]

O *Congreso Pedagógico Nacional de 1882* foi un dos eventos máis salientables do século XIX respecto á historia da inspección primaria, no que se realizaron importantes propostas e debates.[1464] No relativo á asistencia, os representantes lucenses que foron a este Congreso foron: Vicente Fraíz, Juan Goy Peinó, José Rodríguez Mourelo (ILE),[1465] o mestre da Escola Pública de Mondoñedo Ramón Caamaño Paz, o director da *Escuela Normal de Maestros* Tomás Nieto Imaz, Julián Chave Castilla (representantes da Deputación Provincial de Lugo), o director de *La Reforma* e o mestre de primeira ensinanza Eusebio Aguileta (representante de Viveiro).[1466] Respecto a isto, é oportuno poñer de manifesto a importancia das propostas realizadas por José Rodríguez Mourelo neste Congreso: desmontando o mito de *elitismo* do ideario pedagóxico da ILE.[1467]

A pesar dos cambios lexislativos, reformas, congresos e demandas particulares; a finais do século XIX non houbo avances de gran repercusión. Por este motivo, os inspectores non alcanzaron melloras respecto á implantación de acceso ao corpo por oposición, nin a inmobilidade no destino. O sistema de quenda de partidos facía que estas ocupacións non foran permanentes e inamovibles. Máis ben, os inspectores foron empregados como persoal de control do Goberno e autoridade impositiva.[1468] En parte

[1462] Respecto á asistencia de inspectores ao Congreso Pedagóxico de Bruxelas en 1880, cómpre sinalar que a esta cita non acudiu ningún inspector, estivo representado por Manuel B. Cossío e José Lladó. Este evento foi o precedente ao seguintes congresos europeos celebrado en Londres en 1884 e París en 1889, as citas pedagóxicas europeas máis importantes deste período. Quizais os *institucionistas* aquilataron aquí parte dos coñecementos que máis tarde trasladarían aos congresos pedagóxicos nacionais, como os celebrados na capital lucense en 1923 e 1933.

[1463] En Luis Batanaz Palomares, *La inspección de primera enseñanza durante la guerra civil y el primer franquismo* (Córdoba: Servizo de Publicaciones da Universidade de Córdoba, 2011), 21.

[1464] En María Teresa López del Castillo, "Historia de la inspección de primera enseñanza en España", *Historia de la inspección de primera enseñanza en España* (Madrid: Ministerio de Educación, Cultura y deporte, 2013), 266.

[1465] Entre os asistentes ao *Congreso de 1882* destacou José Rodríguez Mourelo, nado en Lugo o 24 de febreiro de 1857, falecido en Madrid o 22 de novembro de 1932. Este lucense foi profesor numerario de Química Industrial e Orgánica da Escola Central de Artes e Industrias, estudou na Universidade de Santiago de Compostela e en Madrid. Durante os seus anos de servizo colaborou nas seguintes revistas e diarios: *Revista de España*, *Revista Europea*, *Revista Contemporánea*, *La Ilustración Española y Americana e Los Lunes del Imparcial.* En José Rodríguez Mourelo, "Madrid a vista de pájaro. La Institución Libre de Enseñanza" e "Observaciones fotofónicas", *BILE*, Nº V, (1881): 177-180. Coa JAE ampliou os seus estudos en Xenebra e París en 1921. En José Rodríguez Mourelo, "Expediente José Rodríguez Mourelo", (Madrid: JAE, Carpeta 343, sinatura: 9593, 1921); e en Real Orde do 14 de xuño de 1921, *Gaceta* (19/06/1921, capítulo 3º, artículo 1º). Entre as publicacións de Rodríguez Mourelo destacou o informe lido no *Ateneo* de Madrid en 1884, titulado: "Condición de los niños labradores de Galicia". Este artigo foi publicado en *Información Oficial* en 1890. En Antonio Couceiro Freijomil: *Enciclopedia Gallega. Diccionario Bio-Bibliográfico de escritores* (Santiago: Ed. de los Bibliográficos Gallegos, V. III, 1953), 225.

[1466] En Ángel Serafín Porto Ucha, *La Institución Libre de Enseñanza en Galicia* (A Coruña: Do Castro, 1986), 145.

[1467] Vide José Rodríguez Mourelo, "Expediente José Rodríguez Mourelo" (Madrid: JAE, Carpeta 343, sinatura: 9593, 1921)

[1468] En Delfín Caseiro Nogueiras, "A inspección educativa e a normalización lingüística no primeiro terzo do século XX". *Actas do V Congreso Manuel Luís Acuña* (Orense: Deputación Provincial de Ourense, 2021), 29.

eran axentes ao servizo dunha determinada ideoloxía presionados por uns "intereses partidistas". Estes homes e mulleres traballaban por regra xeral baixo unhas directrices concretas, ríxidas e dirixidas. Ademais, frecuentemente estaban sometidos á presión social dun sistema político determinado, tanto a nivel estatal como local, con presenza dun certo caciquismo implantado nas provincias.[1469] Esta foi unha das causas da deterioración do exercicio profesional deste gremio a finais do século XIX. Ao mesmo tempo este feito serviu como razón para realizar as posteriores reformas levadas a cabo por García Alix, restablecendo o ingreso por oposición e a inmobilidade no destino que se tratarán no Anexo 7.7.

4.3.2. Os cambios nos soldos

Un dos temas máis polémicos do século XX foi o *problema do financiamento* do ensino público. Para comezar, convén facer fincapé en que as retribucións económicas percibidas polos inspectores do ensino primario aumentaron paulatinamente no período comprendido entre 1900 ata 1925. Pero observemos de forma pormenorizada esta evolución. En 1900, o político conservador Juan De la Cierva defendía a necesidade de incluír unha partida económica nos presupostos do Estado para gastos dos inspectores,[1470] xa que os seus soldos estaban sostidos polos concellos e debían de poñerse de acordo co Goberno para realizar as visitas das escolas. Coa creación do *Ministerio de Instrucción Pública y Bellas Artes* esta situación mudou. Así, en 1902 o gasto consignado para a sustentación deste organismos era dun 0,65% da partida total do Ministerio. Aos poucos, este presuposto incrementouse. Así, dende 1902 ata 1915, o presuposto do Estado para a inspección educativa aumentou un 0.9%. En 1915 esta cifra creceu ata acadar o 1,5%. Neste último ano o diñeiro para sufragar os gastos de persoal de inspección xeral de ensino era de 655.000 pesetas.[1471]

A mediados dos anos dez, o *presuposto estatal* para a inspección xeral do ano 1915 ascendía a un total de 63.000 pesetas, esta partida económica foi administrada do seguinte modo: para o soldo dos de terceira clase 42.500, para axudas e gastos de viaxe 12.500 e para pagar só persoal administrativo 8.000 pesetas. Na provincia de Lugo, Luis Soto Menor ocupaba o cargo de inspector xefe da provincia de Lugo, designándoselle mil pesetas para gastos anuais de visitas ás escolas. Esta cantidade aproximadamente outorgaba dez pesetas por cada visita ordinaria, e 15 por cada extraordinaria. Nestes anos, é preciso lembrar que a inspección era demasiado administrativa, fiscalizadora e pouco técnica.[1472]

Para entender mellor a *organización* da inspección do ensino primario, convén ter en conta que, en 1915 a inspección se dividía do seguinte modo: inspección xeral, provincial e local. Estes funcionarios cobraban 12.000 (o inspector xeral) e 10.000 pesetas (primeira clase) respectivamente. O nomeamento da primeira clase era unha función do Consello de Ministros: realizábase nunha Xunta onde seleccionaban un candidato con categoría administrativa e o número suficiente de servizos prestados á administración pública. Para seleccionar aos dous candidatos de primeira clase, só necesitaban ter certa relevancia cultural e pública. Logo os tres seleccionados

[1469] Vide Eduardo Soler Fiérrez e outros, *Estudios históricos sobre la Inspección Educativa* (Madrid: Edit. Escuela Española, 1995), 96-97.

[1470] En Discurso Juan de la Cierva. "Final del congreso", *Las Noticias*, Barcelona,14 de xaneiro de 1900.

[1471] En Manuel Bartolomé Cossío, *La enseñanza primaria en España* (Madrid: Edit. R. Rojas Museo Pedagóxico Nacional, 1915), 89.

[1472] Ídem, 61.

convertíanse en vogais do Consello de Instrución Pública.[1473] A seguinte táboa recólle o soldo e número de inspectores nacionais de Primeiro Ensino en 1915.

Táboa 15. Soldo e número de inspectores de Primeiro Ensino en 1915	
Número de inspectores.	**Soldo.**
-1 Inspector xeral de Primeiro Ensino	10.000 pts.
-1 Inspector da provincia de Madrid	7500 pts.
-9 Inspectores de termo	5000 pts.
-39 Ídem de ascenso	4000 pts.
-45 Ídem de zona	3000 pts.
-45 Ídem auxiliares	2500 pts.
-1 ás ordes da Dirección Xeral	4000 pts.
Total: Un equipo de 140 inspectores.	**Gastos totais presupostarías:** 602.000 pts., máis 18.000 para material de oficina.

Fonte: Elaboración propia. En Manuel B. Cossío, *La enseñanza primaria en España*, (Madrid: Edit. R. Rojas Museo Pedagóxico Nacional: 1915) 64-65. Este incremento afectou aos inspectores que traballaron na provincia luguesa: en Joan Comas Camps, "Expediente de Joan Comas Camps-Administración", (Madrid: AGA-ACME, sinatura: 16752, topográfica: 32/53, 1925); e en Luis Batanaz Palomares, *La inspección de primera enseñanza durante la guerra civil y el primer franquismo*, (Córdoba: Servizo de Publicacións da Universidade de Córdoba, 2011) 21-120.

Fagamos agora un inciso, poñendo o foco na remuneración das *primeiras inspectoras*, tema de análise no presente parágrafo. A primeira muller que traballou neste posto na provincia de Lugo durante seis meses foi Carmen Muñoz Manzano.[1474] O traballo desta primeira inspectora foi remunerada con 2500 pesetas anuais. Este recoñecemento estaba recollido no preámbulo do Real Decreto do 19 de febreiro de 1915, publicado polo *Ministerio de Instrución Pública y Bellas Artes*.

Neste ano, o Real Orde do 17 de marzo de 1915 creaba baixo o control da Inspección Xeral: *O Negociado Central*. Este organismo estaba composto por un inspector xeral (un dos tres inspectores xerais ocupábase do ensinanza primaria) e un inspector de Primeiro Ensino, sendo ao mesmo tempo o xefe do *Negociado Central*. A súa función era a de informar sobre os asuntos de persoal da inspección.[1475]

O Real Decreto do 6 de maio de 1924 no seu artigo número 1, definía o concepto de *gastos de representación* como: "Asignación por representación, la que se entende por los gastos que por su naturaleza están en tal manera unidos a la Autoridad que ostenta un funcionario, que no se pueden separar de ella". Esta retribución entendíase como unha "gratificación" ou cantidade asignada aos diversos destinos como recompensa dun servizo ou mérito extraordinario. Para os inspectores esta circunstancia supoñía un aumento de traballo e unha situación extraordinaria análoga. A pesar da enorme responsabilidade que ocuparon, Luis Soto Menor e Joaquín García Ojeda non percibiron ningún soldo específico para este concepto (os únicos xefes de Inspección de Ensinanza Primaria que traballaron en Lugo durante o período estudado 1900-1936). O inspector xefe lucense Joaquín García manifestaba preocupado:

> Es inexplicable que, en tanto que la mayor parte, si no todos, de los Jefes de los distintos Servicios Provinciales dependientes del Estado (Jefes de Correos, Telégraafos, Estadística,

[1473] Ídem, 62.

[1474] Vide Emilio Oliva Fernández, *Carmen Muñoz Manzano y su tiempo (1906-2002*) (Estremadura: Editora Rexional de Estremadura, 2021).

[1475] En Manuel B. Cossío, *La enseñanza primaria en España* (Madrid: Ed. R. Rojas Museo Pedagóxico Nacional, 1915), 63.

> Sanidad, Directores de Institutos y Normales, etc.), prescindindo de los de categoría superior en la Administración, tengan asignadas cantidades que oscilan de 1000 a 4000 pesetas anuales para gastos de representación, ya con esta denominación, ya con la de gratificación, y sean una excepción los Inspectores Jefes de Primera Enseñanza que a pesar de la representación y responsabilidad que lleva anejas el cargo, nada perciban por tal concepto sino simplemente su sueldo personal.[1476]

Período da Segunda República

Nos anos trinta, o soldo dos inspectores *aumentou* de forma significativa, sobre todo coa chegada da Segunda República, signo do proceso de modernización no que estaba mergullado o ensino primario nacional. En 1932 o soldo dos inspectores destinados en Lugo era de 4.500 pesetas mínimo e máximo de 15.000, sendo a retribución media de 7.982. En 1933 a súa mensualidade oscilaba entre 5.000 e 15.000 pesetas, obtendo unha retribución media de 7.224. En 1934 e 1935 a retribución dos inspectores incrementouse, oscilando entre de 5.000 e 18.000 pesetas cun soldo medio de 6.880.[1477] As dietas obtidas eran de 437,50 pesetas trimestralmente, restándolle o 12% de impostos estatais, resultando unha consignación líquida de 411,25 pesetas. Para gastos de locomoción a retribución anual era de 619,52 retribución que era fixa para todos os inspectores, non era aboada por adiantado e non se tiñan en conta as distancias percorridas nin os medios empregados. Esta situación foi denunciada por Joan Comas, Rafael Álvarez e Juvenal de la Vega na súa obra *Manual del Inspector de Primera enseñanza*.[1478] Ademais, este foi un período cheo de moitos cambios:

> En el periodo republicano y concretamente de 1931 a 1936 pasaron por Instrucción Pública doce ministros- algunos en dos y tres gabinetes- hecho que repercutió negativamente en el proceso de la reforma educativa: fueron titulares de la cartera de Instrucción Pública: Marcelino Domingo, Fernando de los Ríos, Francisco Barnés, Domingo Barnés, José Pareja Yébenes, Salvador de Madariaga, Filiberto Villalobos, Joaquín Dualde, Juan José Rochar, Luis Bardají, Ramón Prieto Bances y Manuel Becerra. De ellos Fernando de los Ríos, Villalobos y Marcelino Domingo fueron, por este orden, quienes permanecieron más tiempo en el cargo; lo que explica la sensación de cambio, de provisionalidad y de improvisación con que algunas decisiones que pudieron ser beneficiosas para la educación española, fueron acogidas escépticamente por la sociedad.[1479]

Outro aspecto de análise importante foi o tema da *equiparación salarial* entre inspectores, profesores das escolas normais e os catedráticos dos institutos. Esta cuestión xa foi regulada nos anos vinte a través da Lei do 29 de abril de 1920. Mediante esta regulación os inspectores mantiveron unha equiparación salarial idéntica aos profesores das escolas normais e os catedráticos dos institutos.[1480] Durante a Segunda República os remuneracións acadadas polos distintos colectivos foron semellantes.[1481] A continuación, o seguinte cadro recolle: o soldo anual dos profesores da Escola Normal, inspectores e catedráticos de instituto (logro da equiparación salarial na Segunda República).

[1476] En Joaquín García Ojeda, "Expediente de Joaquín García Ojeda" (Madrid: AGA-ACME. Sinatura: 16697 sig. Topográfica 32/51).

[1477] En Juan Alfredo Jiménez Eguizábal, *La inspección de primera enseñanza en la segunda república española (1931-1936)* (Salamanca: Edit. Universidade de Salamanca, 1984), 117

[1478] En Joan Comas Camps, Rafael Álvarez e Juvenal de la Vega, *Manual del Inspector de Primera enseñanza* (Madrid: *Revista de Pedagogía*, 1934), 132

[1479] En Capitán Díaz, A. (1994). *Historia da educación en España.* Madrid: Editorial Dykinson, p. 637.

[1480] Lei do 29 de abril de 1920

[1481] En Consuelo Flecha, "La inspección de primera enseñanza en la España del primer tercio del siglo XXI: modelos, contextos y protagonistas", *Historia Caribe*, Nº 33, volumen XIII (2018): 307. Tamén coa Lei do 29 de abril de 1920.

Cadro 34. Soldo dos profesores da escola normal, inspectores e catedráticos de instituto (equiparación salarial durante a Segunda República)
Os profesores numerarios, considerados profesores de Universidade cobraban:
- 4.500 pesetas soldo de entrada
- 500 por quinquenio
- Os profesores de inglés e alemán 3.000
Os profesores auxiliares:
- 1.500 pesetas anuais
- Un aumento de 1.000 cando desempeñaban clase de vacantes.
- Un posterior Decreto propuxo o ingreso de 2.000 pesetas e 250 por quinquenios traballados. Do mesmo xeito propuxo aumentar a planta en 4 inspectores.

Fonte: Elaboración propia. En Manuel B. Cossío, *La enseñanza primaria en España,* (Madrid: Edit. R. Rojas Museo Pedagóxico Nacional, 1915) 184.

No período estudado nesta investigación (1900-1936), o soldo dos inspectores que traballaban na provincia triplicaba a renda media do traballador en España, equivalendo seis veces á renda "per cápita" nacional. En xeral e tendo en conta a retribución que percibía polo seu traballo, o inspector tiña unha consideración social boa. Aínda que dende mediados dos anos vinte a paga media dos inspectores decreceu levemente. Esta baixada nos soldos produciuse en maior grao dende o segundo bienio republicano ata a Guerra Civil. Para poder constatar esta perda de poder adquisitivo, a continuación expóñense as retribucións medias percibidas polos inspectores segundo Jiménez Eguizábal dende 1924 ata 1936.

Táboa 16. Soldo medio dos inspectores 1924-1936	
Ano	**Soldo**
1924-25	7.517
1926	7.437
1927	7.533
1928	7.314
1929	7.314
1930	7.326
1931	7.905
1932	7.982
1933	7.224
1934	6.880
1935	6.880
1936	6.880

Fonte: En Juan Alfredo Jiménez Eguizábal, *La inspección de primera enseñanza en la segunda república española (1931-1936),* (Salamanca: Edit. Universidade de Salamanca, 1984) 121.

Os inspectores en Lugo ao depender da *Administración Central* percibían unha partida para gastos complementarios, entre a contía dirixida para tal fin distinguíanse entre tres tipos: dietas de visita, gastos de locomoción e gastos de representación (en Lugo realizados polo inspector xefe Luis Soto Menor). Estas contías económicas repartíanse ao longo do ano co fin de solapar os custos dos desprazamentos: tendo en conta que a elevada *ratio* inspector por número de escolas, estes gastos foron extremadamente altos durante todo o período estudado debido a esta desproporción.[1482]

[1482] En Antón Costa Rico, *Historia da educación e da cultura en Galicia* (Vigo: Xerais, 2004), 918-920; e Luis Batanaz Palomares, *La inspección de primera enseñanza durante la guerra civil y el primer franquismo* (Córdoba: Servizo de Publicacións da Universidade de Córdoba, 2011), 21-120; para 1900 en Antonio Correa Fernández, *Historia fin de siglo* (Lugo: Tipografía de A. Villamarín, Tomo I, 1900), 72; para 1917 e 1927 en Jacinto Ruiz, "La

Paulatinamente, estas cifras reducíronse a medida que se foron creando novas prazas de inspectores na provincia luguesa, sobre todo á sombra das reformas lexislativas do primeiro bienio da Segunda República. Na provincia de Lugo, en 1933 produciuse un aumento cuantitativo na planta de inspección do ensino primario, pasando de tres a sete prazas. Aspecto reflicto no presente traballo como un factor relevante no proceso de modernización e renovación do ensino primario.

Respecto as *dietas de visita*, as cantidades designadas para que os inspectores pagaran os gastos das viaxes cambiaron ao longo deste período (1900-1939). Segundo o Regulamento do 18 de xuño de 1924 e o Real Decreto do 23 de febreiro do mesmo ano, cada inspector percibía unha cantidade anual fixa de 1.750 pesetas. Ademais a Real Orde do 7 de marzo de 1931 lexislaba que cada inspector recibise 17,5 pesetas por día de saída. Esta cifra foi rectificada pola Orde do 4 de xaneiro de 1932. Do mesmo xeito, a Orde do 8 de agosto de 1935 e a Orde do 30 de novembro de 1935 restableceu 15 pesetas por día de visita ás escolas. Estas cantidades eran insuficientes, tendo en conta a elevación dos prezos que experimentou a vida nestes anos. Segundo o xefe de Inspección lucense Joaquín García Ojeda, a cantidade anual necesaria para cubrir todos os gastos tería que ser de 2500 pesetas anuais e 25 diarios por visita. A pesar da advertencia deste inspector, en 1939 esta cantidade seguía sendo de 1.500 pesetas.[1483]

Aludindo aos medios de *transporte e locomoción* empregados polos inspectores lucenses, eran: a principios do século XX para acudir ás aldeas máis illadas empregábanse cabalerías de montura e nas localidades mellor comunicadas autobuses ou coches de liña. Neste tempo, a consignación para cubrir estes gastos experimentou un lixeiro aumento debido á inflación que experimentaron os prezos: vendaxes, pezas de recambio, elevación dos custos dos pensos e da gasolina. Esta leve subida non chegaba para cubrir os gastos. Ata o ano 1940, cada inspector en Lugo percibía para pagar os transportes 123,20 pesetas trimestralmente. Un ano máis tarde, esta cifra aumentou ata 185,70 pesetas. Esta variación aumentou nun 50% as partidas, pero era insuficiente segundo o xefe de Inspección de Lugo: convén ter en conta que no primeiro terzo do século XX, Luis Soto realizaba anualmente numerosos e extensos servizos de representación, considerando que a provincia lucense era das máis grandes de España en superficie e con maior dispersión poboacional. As principais actividades e cargos extraordinarios de representación dos inspectores eran: vogais natos da *Junta Provincial de Primera Enseñanza*, da *Junta Provincial de Protección de Menores*, da *Junta Provincial de Sanidad*, da *Junta Provincial del Fomento Agropecuario*, da *Junta Provincial de Beneficencia*, e durante a Guerra Civil eran vogais da *Junta Provincial del Tesoro Artístico Histórico*. En conclusión, moitos destes servizos de representación tiñan asociados uns gastos que sufragaban co seu soldo particular. Respecto a isto, Joaquín García manifestaba que o inspector xefe de Primeira Ensinanza en Lugo non percibían a cantidade prudencial en concepto de gastos de representación o gratificación.[1484]

primera enseñanza en la provincia de Lugo-1927", *Vida Escolar*, Nº 40, ano I (1927): 2; para 1920 e 1925 en José del Peso y Sevillano, "Galicia y su Enseñanza Primaria" (Madrid: Arquivo JAE. Sinatura: JAE/115-391, xuño 1925); e para 1931 e 1933 en J. Santa María, "Número especial sobre a Semana Pedagóxica Lucense", *Vida Escolar*, Nº 336, ano VII (1933): 13.

[1483] En Joaquín García Ojeda, "Expediente de Joaquín García Ojeda" (Madrid: AGA-ACME. Sinatura: 16697 sig. Topográfica 32/51).

[1484] Ídem.

Entre as *peticións de mellora*, o inspector xefe Joaquín García solicitou á Administración Central un aumento dos soldos dos inspectores de ensino primario debido a catro razóns: a consignación económica para cubrir os gastos de locomoción era insuficiente debido á inflación dos prezos, recoñecemento de cobrar 25 pesetas diarias con motivo da visita ás escolas lucenses para cubrir a inflación, reforma do cadro de persoal do corpo de inspección de primeira ensinanza equiparándoa aos dos catedráticos do Instituto Nacional de Segunda Ensinanza e outorgamento dunha partida económica para os gastos de representación.[1485]

4.3.3. A demanda dunha formación máis técnica e menos burocrática

No século XIX, para poder ser inspector os aspirantes tiñan que ter feitos un curso específico de formación na *Escuela Normal Central*, esta formación permitíalle unha credencial para poder virar visitas ás escolas. Esta normativa atopábase recollida na Lei de Instrución Pública do 9 de setembro de 1857: onde se establecía a necesidade de realizar un curso de acceso específico e a obrigatoriedade de cursar a formación na *Escuela Normal Central.* Unha das primeiras ocasións onde se demandou publicamente a necesidade de proporcionar aos inspectores unha maior formación técnica e menos burocrática foi durante o *Congreso Pedagóxico Nacional* celebrado en 1882, constituíndo unha inspección do ensino primario que ofrecera un maior apoio técnico aos mestres.[1486] Este foi un signo do proceso de modernización levado a cabo a nivel nacional. Así, ata comezos de século XX, a formación dos inspectores lucenses estaba ligada a esta institución *Central*.

> Para estos cargos las Comisiones se valdrán, con preferencia, de los individuos que hubiesen concluido los cursos de estudio en la Escuela Normal-Seminario de Maestros de esta Corte… En su defecto, echarán mano de profesores acreditados ó de cualquiera otra persona capaz de llenar el objeto de la visita.[1487]

Tendo en conta este antecedente na formación, en 1899 Cossío promoveu a necesidade de crear un *curso de formación central* para os inspectores. Esta proposta está recollida no seu discurso sobre a "Reforma de la Educación Nacional", exposto na *Asamblea Nacional de Productores* de Zaragoza. Un aspecto que xa dende finais do século XIX a ILE defendía a importancia do: "establecemento dunha ampla formación pedagóxica deste corpo". A continuación achégase un treito da súa exposición, onde Cossío incide nas liñas fundamentais do que máis tarde sería a *Escuela de Estudios Superiores del Magisterio* (EESM):

> En cuanto a la formación, se necesita crear, ante todo, un curso central para directores, profesores de las escuelas normales é inspectores. Este curso debería constituirse con todas aquellas personas de superior cultura, que en el país han dado muestras más relevantes de entender los programas pedagógicos y de saber lo que ocurre acerca de ellos en otros países.[...] Serian puramente profesionales, pedagógicos y de carácter práctico, durante dos años ó menos é inmediatamente pasarían otros dos años, pensionados también modestamente, y bajo la inspección del profesorado del curso central, al extranjero. a su vuelta, se les confiarían las direcciones y clases vacantes en las normales y las inspecciones.[1488]

[1485] Ídem.

[1486] En María Teresa López del Castillo, "Historia de la inspección de primera enseñanza en España", *Historia de la inspección de primera enseñanza en España* (Madrid: Ministerio de Educación, Cultura y deporte, 2013), 266.

[1487] En Manuel B. Cossío, *La enseñanza primaria en España* (Madrid: Edit. R. Rojas Museo Pedagóxico Nacional, 1915), 60.

[1488] En Manuel Bartolome Cossío, *De su jornada, fragmentos* (Madrid: Aguilar, 1966), 186-87.

A partir de 1901 a formación impartida anteriormente pola *Escuela Normal Central* modificouse debido á necesidade de proporcionar aos inspectores e profesores unha formación máis pedagóxica.[1489] Consecuentemente en 1907 estableceuse un *Grado Normal Superior.* Sobre estas bases asentáronse as posteriores reformas: esta nova titulación preparaba aos profesores de Escola Normal e aos inspectores simultaneamente, establecendo unha comunicación directa e regular entre os profesores e alumnos.[1490] O curso de *Grado Normal* para a formación de inspectores de primeira ensinanza e os profesores de escola normais creouse mediante a publicación do Real Decreto do 11 de xaneiro de 1907. Tamén, mediante este decreto estableceuse a *Inspección General de Primera Enseñanza*.[1491] O ingreso neste organismo verificábase mediante a realización de probas de aptitude, formación pedagóxica, orientación e nivel cultural. O número de alumnos non podía exceder de trinta.

> Para la formación de lnspectores de Primera Enseñanza y de profesores de las Escuelas Normales se crea en Madrid un curso o grado Normal superior, cuya organización y dirección, con arreglo a las prescripciones del presente Decreto, se encomienda a la Junta para el Fomento de la Educación Nacional.[1492]

A Escola de Estudios Superiores do Maxisterio (EESM)

En 1909 é preciso estudar a aparición da *EESM.* Este organismo invitaba a persoas cun alto nivel cultural para complementar a formación dos alumnos, impartindo: leccións, cursos breves e outras accións formativas. Entre 1909 e a reforma de 1911 traballaron un total de 28 profesores numerarios e once auxiliares, entre os que figuran os seguintes nomes: Eugenio Piñerúa (primeiro director do Centro), José Ortega y Gasset, Enrique Reig (membro do Tribunal da Rota e posteriormente ilustre cardeal), Blas Lázaro, Adolfo A. Buylla, Rufino Blanco Sánchez, Luis de Hoyos Sainz, Ricardo Beltrán y Rózpide, Vicente Vera, Luis de Zulueta, Magdalena S. Fuentes, Concepción Saiz, José Rogerio Sánchez...[1493]

O número de *prazas de ingreso* de alumnos na EESM era limitado, porque todos os alumnos gozaban dunha bolsa e eran colocados ao rematar os estudos sen a necesidade de realizar unha oposición.[1494] A *Junta de Fomento Nacional* foi a encargada de xestionar este curso, tiña a potestade de: "Acordar, cando conveña, que os novos inspectores primarios alternen cos novos profesores normais nas súas respectivas funcións, cambiando no desempeño do seu cargo durante certo tempo".[1495] Este organismo mantiña un carácter técnico e ofrecía cursos sobre os seguintes temas: *Grado Normal Superior* para a formación de persoal da Escola Normal ou da inspección primaria, os métodos, estudos, material, hixiene dos edificios escolares de primeira ensinanza e as institucións complementarias á escola.

[1489] Vide Real Decreto do 17 de agosto de 1901.
[1490] Vide Real Decreto do 11 de xaneiro de 1907.
[1491] En *Gaceta de Madrid* do 14 de xaneiro de 1907.
[1492] Vide o artigo 1º do Real Decreto de 11 de enero de 1907.
[1493] En Salvador Ferrer C. Maura, "La escuela de estudios superiores del magisterio (1909-1932)", *Revista de Educación* (Madrid: 1975), 44.
[1494] En Eduardo Soler Fiérrez e outros, *Estudios históricos sobre la Inspección Educativa* (Madrid: Edit. Escuela Española, 1995), 111.
[1495] Medida que non se chegou a implantar debido ao cambio de Ministerio, recollida no artigo 12 do Real Decreto do 11 de xaneiro de 1907.

Finalmente desapareceu o curso de *Grado Normal Superior*: a principal causa de que non se chegara a constituír o último curso foi o cambio de gabinete ministerial. Amais a *Junta para el Fomento de la Educación Nacional* foi criticada polos sectores profesionais polas seguintes cuestións: por non incluír unha representación das escolas públicas, profesores normais, nin inspectores e porque se permitía o acceso ao curso a persoas sen título de mestre nin experiencia docente.[1496]

Despois destes sucesos os sectores progresistas asociados á ILE tamén demandaban unha maior formación especializada técnica, práctica e menos burocrática e fiscalizadora. Debido a esta pretensión, ao longo do primeiro terzo deste século a inspección gañou en calidade e cantidade pedagóxica, grazas á aparición da EESM e as viaxes de estudos coa JAE (*Junta de Ampliación de Estudios).* Respesto á EESM, Salvador Ferrer C. Maura afirmaba:

> El profesorado de la Escuela Superior se mantenía flel a las técnicas pedagógicas que tipificaron el quehacer de la Escuela. Se trabajaba en vivo, sin sujetarse a un cuestionario estrecho y minuciosamente prefabricado; pero a lo largo del curso cada profesor, atemperándose a su propia idiosincrasia; desmenuzaba el contenido de su asignatura con eficacia sorprendente. Los coloquios y los temas preparados por cada alumno eran las procedimientos preferidos.[1497]

É preciso destacar que estas institucións tiñan a marcada influencia renovadora da ILE: feito importante para a formación dos inspectores que traballaron máis tarde na provincia luguesa (sobre todo no referido á EESM e as pensións no estranxeiro da JAE). O primeiro destes centros ocupouse da formación inicial da inspección e o segundo da formación continua mediante viaxes de estudos internacionais.

A formación dos inspectores destinados en Lugo na EESM

A partir de 1909, coa desaparición da *Escuela Normal Central* creouse a *Escuela Superior del Magisterio.* A partir de 1911 denominada como *Escuela de Estudios Superiores del Magisterio* (EESM).[1498] Foi creada como resultado da convicción política de ofrecer unha formación máis técnica ao profesorado das escolas normais e aos inspectores educativos. Este organismo sería obra do ministro conservador Faustino Rodríguez San Pedro, durante o goberno de Maura. Con anterioridade, o tentaría sen éxito o ministro liberal Amalio Gimeno no goberno do Marqués de la Vega de Armijo. Esta nova institución educativa reservaba aos alumnos graduados dúas terceiras partes das prazas totais para o acceso ao corpo de inspectores, como xa vemos anteriormente.[1499] Este sistema de acceso directo perdurou dende a creación da EESM en 1909 ata a publicación do Real Decreto do 3 de Marzo de 1922.[1500]

[1496] En Eduardo Soler Fiérrez e outros, *Estudios históricos sobre la Inspección Educativa* (Madrid: Edit. Escuela Española, 1995), 113.

[1497] En Salvador Ferrer C. Maura, "La escuela de estudios superiores del magisterio (1909-1932)", *Revista de Educación* (Madrid: 1975), 47.

[1498] En Ángel Serafín Porto Ucha, "La Educación Especial en la formación de los maestros y maestras en el primer tercio del siglo XX : algunos datos referidos a Galicia", *El largo camino hacia una educación inclusiva : la educación especial y social del siglo XIX a nuestros días : XV Coloquio de Historia de la Educación* (v. 1 ; p. 335-344, 2009), 4.

[1499] Creación do Ministerio de Instrución Pública e Belas Artes e dunha Escola Superior do Maxisterio, en *Gaceta* do catro de xuño de 1909.

[1500] Este Real Decreto derrogando os artigos 46 ao 52 do Real Decreto do 30 de Agosto de 1914, sobre organización da EESM. En *Gaceta* do 04 de marzo de 1922.

Como xa citamos anteriormente, cómpre ter en conta os sucesos históricos que puideron incidir no aumento da importancia do papel dos inspectores. Segundo López del Castillo convén ter en conta que a *Semana Tráxica de Barcelona* en 1909 como fonte dunha posible revalorización da función inspectora. Este suceso puido influir nas orientacións lexislativas do Goberno conservador: provocando unha utilización da inspección como un instrumento político para controlar ás escolas anarquistas.[1501] O Estado culpou á figura de Ferrer i Guardia como principal culpable daqueles desafortunados incidentes:

> Creemos que no es casualidad que a raíz de los tremendos sucesos de la Semana Trágica y la de la supuesta implicación en ellos de las escuelas anarquistas, se inicie una rapidísima revalorización, ampliación y consolidación del cuerpo de inspectores.[1502]

Influenciado ou non por este suceso, en 1909 coa creación da EESM produciuse un impulso á formación dos mestres das escolas normais e os inspectores de Primeiro Ensino, seguindo o modelo pedagóxico da ILE.[1503] Posteriormente, en 1910 el Conde de Romanones continuou coa liña promovida anteriormente por Cossío, cando defendía a necesidade de implantar un curso de formación de carácter pedagóxico e de promover a independencia da inspección.[1504] Cabe rememorar que a partir de 1912 dous terzos das vacantes se cubriron polos mestres normais da EESM. O Real Decreto do 5 de maio de 1913 implantou un curso de acceso organizado pola EESM para os profesores da Escola Normal, Decreto que mellorou a formación da inspección do ensino primario creando un curso específico de perfeccionamento para inspectores.[1505] Varias inspectoras nadas na provincia de Lugo estudaron nesta institución e posteriormente foron destinadas fóra: María Victoria Díaz Riva, Antonia Ortiz Currais (sétima promoción 1915-1918) e Manuel Maceda López.[1506] Este último inspector estivo na Normal de Ourense, onde confraternizou cunha das primeiras profesoras procedentes da EESM que chegou a Escola Normal de Mestras de Pontevedra: Ernestina Otero Sestelo.[1507] Segundo o Decreto de 5 de maio de 1913, os alumnos da EESM mantiveron o dereito de acceder por promoción directa aos dous terzos das prazas convocadas, o terzo restante era cuberto por oposición.[1508]

Unha vez obtida a formación na EESM, o ingreso no corpo de inspectores realizábase do seguinte xeito: en 1915 dúas terceiras partes das vacantes estaban reservadas aos mestres normais da EESM e a outra a través dunha oposición. O acceso estaba regulado a través do Real Decreto do 4 de marzo de 1915, existindo dúas quendas: unha quenda Libre e outra Restrinxida. Neste ano non ingresou ningún novo inspector na provincia de Lugo, exercendo a inspección en solitario Luis Soto Menor. O seguinte cadro recolle os inspectores e profesores oriúndos ou destinados en Lugo

[1501] En López del Castillo, (1995), 129.

[1502] Ídem.

[1503] En Real Decreto do 3 de xuño de 1909, modificada posteriormente polo Real Decreto do 10 de setembro de 1911 e do 30 de agosto de 1914.

[1504] A ILE demandou unha relación máis técnica do inspector co Ministerio de Educación, profesorado, centros e fundacións docentes.

[1505] En Manuel B. Cossío, *La enseñanza primaria en España* (Madrid: Edit. R. Rojas Museo Pedagóxico Nacional, 1915), 41.

[1506] En Antonio Molero Pintado e María del Mar del Pozo Andrés, *Escuela de Estudios Superiores del Magisterio (1909-1932)* (Alcalá de Henares: Universidade de Alcalá de Henares, 1989), 200-214.

[1507] En Manuel Guzmán, *Vida y muerte de las escuelas normales. Historia de la formación del Magisterio Básico* (Barcelona: PPU, 1986), 147.

[1508] En *Gaceta de Madrid*, do 13 de maio de 1913

que estudaron na EESM, incidindo no ano de promoción para o posterior acceso á inspección do ensino primario.[1509]

Cadro 35. Inspectores-profesores lucenses ou destinados en Lugo que estudaron na EESM	
Nome.	**Promoción**
1. Victoria Díaz Riva (nado en Lugo)	1915-1918
2. Antonia Ortiz Currais (Ídem)	1915-1918
3. Manuel Maceda López (Ídem)	-----
4. Jacinto Ruiz Santiago (Inspector/a en Lugo)	1919-1923
5. Carmen Castilla Polo (Ídem)	1917-1920
6. José del Peso y Sevillano (Ídem)	1918-1921
7. Joan Comas Camps (Ídem)	1918-1921
8. José Ramón y Fernández Ojea (Ídem)	1927-1930
9. Herminia Martínez Cabrera (Profesora en Lugo)	-----

Fontes: Elaboración propia. En Luis Batanaz Palomares, *La inspección de primera enseñanza durante la guerra civil y el primer franquismo,* (Córdoba: Servicio de Publicaciones da Universidade de Córdoba, 2011) 48-50.

Para levar a cabo este programa de estudos, a EESM tiña un *presuposto anual* total de 275.500 pesetas.[1510] O seguinte cadro recolle o presuposto da EESM e os gastos que se outorgaron a cada unha das seccións. Esta partida foi aproveitada pola promoción de 1915, onde estudaron as lucenses Antonia Ortiz Currais e Victoria Riva Díaz. Cómpre facerse unha idea de que os inspectores que traballaron en Lugo e estudaron neste centro tiveron unha formación bastante progresista e innovadora, sostida por unha partida económica axeitada para os gastos da época, analizada a continuación.

Cadro 36. Presuposto da EESM en 1915
Delegado rexio de ser coselleiro de instrución pública: soldo e 3000 pesetas de gratificación.
Director: soldo e 1000 pesetas de gratificación
Xefa de estudos: Ídem
Secretario, profesor: Ídem
Subsecretario e profesor auxiliar: soldo e 500 pesetas de gratificación
CAPÍTULO 4º, ART.º 3º:
Gastos de persoal docente 109.500
Elevación do soldo a 4.500 de varios profesores-13.500
Acumulación de dúas clases novas 2000
Bolsas para 120 alumnos e alumnas 96.000
Persoal administrativo e subalterno 17.500
CAPÍTULO 5º
Sostemento e material de ensino 10.000
Material de oficina-2000
Aluguer de edificio-25.000
En total: 275.500 pesetas

Fonte: Elaboración propia. En Manuel B. Cossío, *La enseñanza primaria en España* (Madrid: Edit. R. Rojas Museo Pedagóxico Nacional, 1915), 185.

En 1930 a EESM reorganizouse co o seu primitivo título e coa súa categoría de *Escuela superior*, esta sería a derradeira reorganización sufrida por este organismo, modificación recollida no Real Decreto do 8 de novembro de 1930.[1511] Un ano máis tarde, no primeiro bienio da Segunda República a administración demandou un

[1509] En Manuel B. Cossío, *La enseñanza primaria en España* (Madrid: Edit. R. Rojas Museo Pedagóxico Nacional, 1915), 185.

[1510] Ídem.

[1511] En "Real Decreto reorganizando la Escuela de Estudios Superirores del Magisterio", *Gaceta de Madrid* (Madrid: 10 de novembro de 1930), 817-821.

aumento da colaboración e preparación cultural do corpo de inspectores.[1512] Acerca disto, en 1932 péchase a EESM creándose a *Sección de Pedagogía en la Facultad de Filosofía y Letras de la Universidad Complutense*, finalizando así os 23 anos de formación pedagóxica de mestres normais e inspectores desta institución. O equipo de Marcelino Domingo, dirixido polo director xeral de ensinanza Rodolfo Llopis, avogou pola creación desta *Sección*, procurando a actualización da formación dos inspectores. A continuidade no seu mandato posibilitou a implantación desta innovación pedagóxica.[1513] Durante este proceso os antigos profesores da EESM foron habilitados para pasar a ocupar as cátedras da nova *Sección*. Profesores e alumnos obtiveron a revalidación, podendo continuar cos seus estudos. A pesar disto, este cambio produciu a perda do carácter específico da desaparecida EESM.[1514] A partir desta suxerinte idea, o Goberno posibilitou a eficacia e rapidez da constitución deste novo organismo.[1515] A creación da *Sección* foi un paso importante para a regulamentación da formación dos inspectores, feito publicado no Decreto do 27 de xaneiro de 1932: asinado polo ministro de instrución pública Fernando de los Ríos.[1516] Aínda que este organismo non tivo apenas relevancia, debido a que a primeira promoción da *Sección de Pedagoxía* foi interrompida polo inicio Guerra Civil.[1517] A supresión da EESM coincidiu coa eliminación da cátedra de Pedagoxía para os estudos de doutoramento dirixida por Cossío.[1518]

Recapitulemos que seguindo con esta liña, cabe destacar que en 1934 a publicación do *Manual del Inspector de Primera Enseñanza*, publicado por Joan Comas Camps, nesta obra destacábanse os aspectos que tiñan que ter os inspectores: coñecemento dos métodos de organización teórica e práctica, ampla e sólida formación cultural, coñecemento en psicoloxía infantil, sólida moralidade e coñecemento do medio no que traballaba.[1519]

Para rematar este apartado e a modo de resumo, cómpre rememorar que dende o comezo do século XX a tendencia xeral foi a demanda dunha maior formación pedagóxica dos inspectores, tendo en conta que a ensinanza do *Grado Normal* esixida aos inspectores sufriu unha variación notable a partir de 1898 ata 1936. Coa publicación do Real Decreto do 23 de setembro de 1898 estableceuse un curso normal académico de acceso limitado, cuestión investigada por Escolano Benito.[1520] En 1901 o recentemente creado *Ministerio de Instrucción Pública* (1900) suprimiu *o Grado de Maestro Normal*. Aos poucos anos, en 1905 e 1907 levouse a cabo a tentativa de restablecer o *Grado Normal*, pero este obxectivo non chegaría a acadarse ata 1909, coa publicación do Real Decreto do 3 de xuño do ministro Rodríguez Sampedro coa creación da EESM. O Real Decreto do 30 de agosto de 1914 estableceu o *Plan Bergamín* que organizaba o plan de estudos desta institución.[1521] Así, en 1914 e 1915

[1512] En Luis Sánchez Sarto, *Diccionario de Pedagogía* (Barcelona: Labor, 1936), 1691

[1513] En Julio Ruiz Berrio, "La pedagogía universitaria y los estudios universitarios de pedagogía", *Bordón,* Nº 252 (1884): 218-224.

[1514] No Decreto do 2 de decembro de 1932, recollido en *Gaceta de Madrid* do 7 de decembro de 1932.

[1515] En Julio Ruiz Berrio, "La pedagogía universitaria y los estudios universitarios de pedagogía", *Bordón* (Madrid: Nº 252, 1884), 218-224.

[1516] En *Gaceta de Madrid* do 29 de xaneiro de 1932.

[1517] Vide Decreto do 27 de xaneiro de 1932.

[1518] En *Gaceta de Madrid* do 29 de xaneiro de 1932.

[1519] En Joan Comas Camps, *Manual del Inspector de Primera Enseñanza* (Madrid: Revista de Pedagogía, 1934), 7-12.

[1520] Vide Agustín Escolano Benito, "Las escuelas normales, siglo y medio de perspectiva histórica", *Revista de Educación*, Nº 269, (1982): 55-76.

[1521] Vide Real Decreto do 30 de agosto de 1914.

implantouse o primeiro curso oficial de Técnica da Inspección de Ensinanza na EESM, formación impartida por Francisco Carrillo Guerrero. Ademais, o Real Decreto do 3 de marzo de 1922 introduciu un cambio importante no acceso á inspección de primeira ensinanza: eliminároнse as prazas cubertas pola proposición da EESM que contaban en dous terzos. A partir deste momento foron cubertas unicamente por oposición libre, a promoción de 1922-1926 foi a última que gozou do acceso directo mediante a proposta da EESM. En 1932 creáronse 100 novas prazas baixo a Lei de Presupostos, sacando a oposición 66 prazas e reservando 44 prazas para os alumnos da EESM,[1522] catro destes graduados exerceron a inspección na provincia de Lugo.[1523]

Unha vez que coñecemos a historia da formación dos inspectores que traballaron na provincia de Lugo, facendo fincapé na formación obtida na EESM e no aumento da formación técnica dos inspectores que estudaron en devandita institución, analizaranse as pensións que estes axentes recibiron para ampliar os seus estudos fóra do noso país coa JAE. Institución clave para o proceso de modernización escolar en España, sobre todo porque foi unha fonte de actualización nas *novas teorías* internacionais para os inspectores e profesores, pero disertemos este asunto con maior celo no seguinte apartado.

4.3.4. A JAE e as viaxes de estudos dos inspectores destinados en Lugo

Unha das institucións formativas máis importantes do século XX en España foi a JAE, no referido á formación permanente no estranxeiro e posterior *difusión de teorías transnacionais*. Grazas a este organismo moitos profesores e inspectores que estiveron destinados en Lugo puideron ampliar a súa formación nas teorías máis innovadoras mediante bolsas de estudos.[1524] Durante as viaxes os estudantes entraron en contacto coas teorías internacionais máis vangardistas do momento asociadas ao movemento da *Escola Nova*, achegando posteriormente estas ideas renovadoras a todo o territorio nacional. Por este motivo, as viaxes de estudos coa JAE pódense considerar como un factor influínte no proceso de modernización escolar, tendo en consideración que os inspectores que estiveron pensionados pola JAE contribuíron ao avance científico da pedagoxía, mediante a publicación de artigos, realización de traballos, levando a cabo experiencias educativas renovadoras e aumentando significativamente a súa formación técnica e pedagóxica.[1525]

Denominada *Junta para Ampliación de Estudos e Investigaciones Científicas* (JAE), este organismo foi creado en 1907, baixo a influencia da ILE para promover os

[1522] Vide Orde de once de Abril de 1932.

[1523] En Lugo traballaron os inspectores: Jacinto Ruiz Santiago (undécima promoción 1919-1923), Carmen Castilla Polo (1917-1920), José del Peso y Sevillano e Joan Comas Camps (décima promoción 1918-1921). Tamén accederon por esta vía as inspectoras lucenses destinadas fóra de Galicia: María Victoria Díaz Riva, Antonia Ortiz Currais (sétima promoción 1915-1918) e o inspector Manuel Maceda López. En Antonio Molero Pintado e María del Mar Del Pozo Andrés, *Escuela de Estudios Superiores del Magisterio (1909-1932)* (Alcalá de Henares: Universidade de Alcalá de Henares, 1989), 200-214.

[1524] Cómpre destacar a figura do doutor Juan López Suárez, cuñado de José Castillejo: este lucense oriúndo do lugar de Forcados (Vilacaíz) e coñecido como "Xan de Forcados" destacou polo seu traballo a prol da JAE en Galicia. Grazas aos seus esforzos moitos intelectuais galegos puideron viaxar para formarse internacional mediante unha bolsa de estudos. Ademais, Xan foi un dos principais dinamizadores culturais da Terras de Lemos. Vide Xose Ramón Fandiño e Ricardo Guirriarán Rodríguez, *Juan López Suárez ou "Xan de Forcados": Home de Ciencia e impulsor das melloras culturais en Galicia* (Sada: Edicións do Castro, 2003).

[1525] Vide José María Hernández Díaz, "La inspección educativa y la cultura escolar en España. Génesis, procesos constituyente y actualización de funciones", *Aula 25,* (2019): 68-69.

estudos científicos e a educación no noso país.[1526] Neste tempo tamén creouse a *Junta para el Fomento de la Educación Nacional* pero desapareceu ao pouco tempo (próximo a este feito apareceu a JAE). En 1911 verificouse a primeira excursión ao estranxeiro coa JAE de profesorado pensionado. En sucesivas quendas viaxaron os inspectores destinados en Lugo José del Peso y Sevillano, José Galera Moreno e Joan Comas Camps. Cabe sinalar que este último home viaxou a Xenebra xunto a súa muller Regina Lago, profesora de matemáticas na *Escuela Normal de Lugo*. O principal obxectivo destes viaxes era construír unha corrente de intercambio científico e cultural, mellorando a modernización e renovación da cultura escolar en España. Consecuentemente, as viaxes de estudos desta institución tiveron relevancia na actualización pedagóxica nacional e por contigüidade a da provincia lucense.[1527]

Pero centrémonos agora nos nomes dos inspectores de Lugo e que estiveron estudando fóra de España para aprender novas teorías pedagóxicas. Nesta liña de estudo citaremos a: José Galera Moreno, Carmen Castilla Polo, Jacinto Ruiz Santiago, Joan Comas Camps, José del Peso y Sevillano e José Ramón Fernández Ojea.[1528] Joan Comas traduciu varias obras de Piaget e achegou á provincia lucense as seguintes experiencias pedagóxicas: o método ruso dos complexos ou os estadounidenses *Dalton Plan* e *Winnetka*.[1529] Deste xeito, a JAE contribuíu ao desenvolvemento pedagóxico da ensinanza primaria do século XX, rexistrouse como un factor a ter en conta na introdución de innovacións en Lugo a través de artigos. A formación europea ofrecida pola JAE complementou á EESM, constituíndo un sistema de inspección máis actualizado e capaz de chegar a todas as capas da sociedade do noso país.[1530]

Grazas á JAE constituíuse un círculo de profesores e inspectores destinados nas terras lucenses formados nas novas correntes e teorías da *Escola Nova*. Os seus postulados foron introducidos na provincia mediante o exercicio das súas profesións, os traballos e as súas publicacións. Estes accións promoveron o contacto e o achegamento de novos postulados europeos e americanos.[1531] Os seus estudos, traballos e memorias como pensionados atópanse recollidos no arquivo da JAE (Francesca Comas estudou as viaxes de Joan Comas).[1532] O seguinte cadro recolle todos os homes e mulleres que viaxaron coa JAE relacionados coa provincia luguesa. Dentro deste cadro atópanse

[1526] En Luciano Fernández Penedo, "Visión histórica do ensino español (1900-1936)", *CL do Instituto Provincial de Lugo* (Lugo: Deputación Provincial, 1994), 96

[1527] En Antón Costa Rico, *A reforma da educación (1906-1936). X. V. Viqueira e a historia da pedagogía de Galicia* (A Coruña: Sada 1996), 9-59 e Angel Serafín Porto Ucha, "A formación do profesorado galego: a Xunta de Ampliación de Estudios e as viaxes a Europa (1907-1936)", *Adaxe* (1958): 81-90.

[1528] En José del Peso y Sevillano, "Expediente de José del Peso y Sevillano" (Madrid: ACME-AGA. Sinatura: 083713-2576); e José Galera Moreno, "Expediente de José Galera Moreno" (Madrid: ACME-AGA. Sinatura: 018462-0075); para Joan Comas Camps en Carmen Ortiz García e Luis Ángel Sánchez Gómez, *Diccionario histórico de la antropología española* (Madrid: Edicións do Consello Superior de Investigacións Científicas, 1994), 208; para Xose Fernández Fernández, "Xosé R. Fernández Oxea. Ben-Cho-Shey: un luchador por la adaptación de la escuela a la realidad gallega en el primer tercio del siglo XX", *Societat D´Historia de L´Educació del Països de Llengua Catalana, en La Renovació Pedagógica* (Girona: Edicións CCG, 2003), 125-141.

[1529] En Joan Comas Camps, "Concesión a Joan Comas e Regina Lago dunha ampliación de estudos da JAE", *El Progreso,* Lugo, 29 de outubro de 1929.

[1530] Creación da Escola de Estudos Superiores do Maxisterio, en *Gaceta de Madrid* do 4 de xuño de 1909.

[1531] Vide Ángel Serafín Porto Ucha, "Los "laboratorios en provincias"de la JAE La misión biológica de Galicia (1921-1936)". En Felicidad Sánchez, Francisco Javier Alejo, Gaspar Felix Calvo (Varios), en *Relaciones Internacionales en la Historia de la Educación. Junta para Ampliación de Estudios e Investigaciones científicas* (Cáceres: Universidade de Estremadura, 2007), 437.

[1532] Vide Francesca Comas Rubí, "Joan Comas Camps i els seus estudis pedagògics a Ginebra pensionats per la JAE", *Educació i Història: Revista d'Història de l'Educació,* Nº 22 (2013).

principalmente inspectores, mestres, profesores, enxeñeiros e catedráticos, todos eles teñen en común que estaban destinados ou naceron nesta provincia.[1533]

Cadro 37. Inspectores/profesores relacionados coa provincia de Lugo e pensionados pola JAE

Nome	Cargo	Ano da viaxe	País	Especialidade
José del Peso Sevillano	Inspector de Lugo	1925-26	Suíza, Francia, Bélxica e Italia	Psicoloxía e Pedagoxía Experimental
Joan Comas Camps	Inspector de Lugo	1921-28-29-35	Francia, Suíza e Bélxica	Pedagoxía
Regina Lago García	Prof. E. Normal de Lugo	1930	Suíza	Estudos pedagóxicos
Mª. Victoria Díaz Riva	Inspectora lucense destinada en Oviedo	1932-1933	Francia, Suíza e Bélxica	Pedagoxía de Anormais. Wallon, Piaget,Decroly
José Galera Moreno	Inspector de Lugo	1936 solicita	Francia, Bélxica e Suíza	Estudos Pedagóxicos
José R. Fernández Ojea (Ben Cho Chey)[1534]	Inspector de Lugo	1928	Francia e Bélxica	Estudos Pedagóxicos
Carmen Castilla Polo	Inspectora de Ensino Primario de Lugo	1921-1922.	Boston	Estudos Pedagóxicos da Smith College
Jacinto rúiz Santiago	Inspector de Primeira Ensinanza de Lugo	1924-1926	Francia, Bélxica e Suíza	Viaxe de Estudos de Pedagoxía
José Luis Asián peña	Catedrático do Instituto de Segunda Ensinanza de Lugo.	1934-35	Alemaña e Austria	Xeografía
José Rodríguez Mourelo	Prof. numerario de Química industrial e orgánica de la Escola Central de Artes e Industrias	1921	Bélxica	Conferencia Internacional de Química Pura e Aplicada
Gonzalo Aldecoa Sarasola	Bacharelato	1917	Estados Unidos	Enxeñería Mecánica Electricista
Máximo Modesto Álvarez-Laviada y Rodríguez	Enxeñeiro Agrícola	1929	Bos Aires	Estudos sobre Orixes e Variedades do Millo
César Corral Borja	Licenciado en Dereito	1913-1916	Bonn, Estados Unidos, Alemaña e New London	Educación, Economía, Comercio e Dereito político
Ramón Blanco y Pérez del Camino	Enxeñeiro agrónomo	1927	Inglaterra, Escocia e Irlanda	Enxeñería Agrónoma
José Casais	Doutor en Dereito	1918	Italia	Dereito Procesal

[1533] En Pedro Luis Moreno Martínez, "Los pensionados de la Junta para Ampliación de Estudios e Investigaciones Científicas (JAE) y la Higiene Escolar", *Revista de Educación*, Número extraordinario (2007): 167-190.

[1534] Vide José Fernández Fernández, "Xosé R. Fernández Oxea. Ben-Cho-Shey: un luchador por la adaptación de la escuela a la realidad gallega en el primer tercio del siglo XX", *Societat D´Historia d eL´Educació del Països de Llengua Catalana, La Renovació Pedagógica* (Girona: CCG Ediciones, 2003), 125-141.

Santaló				
Luis Castro Sierra	Mecánico	1919	Estados Unidos	Enxeñería
Antonio Correa Calderón	Licenciado en Dereito	1927	Francia e Alemaña	Dereito
Luis Crespí Jaume	Prof. Instituto de Lugo.	1917 e 1924	Francia	Botánica.
Humberto Díaz Méndez	Contador Mercantil	1931	Estados Unidos	Economía e Comercio, Lingua e Literatura
Cruz Ángel Gallástegui Unamuno. Mas en la página JAE	Enxeñeiro Agrónomo	1917, 1918 e 1928	Estados Unidos e Alemaña	Enxeñería Agrícola
José García Armendaritz	Inspector de Hixiene e Sanidade pecuaria de Lugo	1922-23	Estados Unidos	Estudos sobre o Cólera, Peste Porcina e Soros
Jimena Fernández de la Vega	Doutora en medicina.	1923-1927 e	Alemaña e Austria	Herencia Mendeliana con Aplicación á Clínica
García Lamas Eugenio	Catedrático de Lingua Francesa do Instituto de segunda Ensinanza de Lugo	1933-34	Montpellier, Estrasburgo, París	Estudos sobre os Fonemas Franceses
Julio Suárez López	Enxeñeiro Agrícola de Monforte de Lemos	1913	Alemaña	Estudos Agrónomos
Delio Mendaña Álvarez	Catedrático numerario de Física y Química en Lugo	1933	Italia, Francia, Suíza, Alemaña e Inglaterra	Visitas a centros de ensinanza
Enrique Vidal Abascal	Profesor do Instituto elemental de Segunda Ensinanza de Monforte de Lemos	1934	Suíza	Metodoloxía das Matemáticas na Segunda Ensinanza
Joaquín García Ojeda	Inspector xefe de Ensinanza Primaria de Lugo	1921-23	Francia, Carcassone	Educación

Fonte: Elaboración propia. En "Expediente José Rodríguez Mourelo" (Madrid: JAE: Carpeta 343, sinatura: 9593); en Real Orde do 14 de xuño de 1921, *Gaceta* (19/06/1921, capítulo 3º, artículo 1º); en "Expediente Gonzalo Aldecoa Sarasola" (Madrid: JAE. Sinatura JAE/4-161); en "Expediente Máximo Modesto Álvarez-Laviada y Rodríguez" (Madrid: JAE. Sinatura: JAE/7-320); en "Expediente de César Corral Borja" (Madrid: JAE. Sinatura: JAE/16-104); en "Expediente Ramón Blanco y Pérez del Camino" (Madrid: JAE. Sinatura: JAE/21-360); en "Expediente José Casais Santaló", (Madrid. JAE. Sinatura: JAE/32-321); en "Expediente Luis Castro Sierra", (Madrid: JAE, sinatura: JAE/34-431); en "Expediente Antonio Correa Calderón" (Madrid: JAE, sinatura: JAE/38-632); en "Expediente Luis Crespí Jaume" (Madrid: JAE, sinatura: JAE/39-680); en "Expediente Humberto Díaz Méndez" (Madrid: JAE, sinatura: JAE/42-62); en "Expediente Cruz Ángel Gallástegui Unamuno" (Madrid. JAE, sinatura: JAE/58-39); en José García Armendaritz en Orde 30 de decembro de 1922 e Orde do 22 de xaneiro de 1923; en "Expediente de Eugenio García Lomas" (Madrid: JAE. Sinatura: JAE/63-262); en "Expediente de Julio Suárez López", (Madrid: JAE, sinatura: JAE/88-319); en "Expediente Delio Mendaña Álvarez" (Madrid: JAE, sinatura: JAE/98-525); en "Expediente de Jacinto Ruiz Santiago" (Madrid: JAE, sinatura: JAE/129-604); en "Expediente de Enrique Vidal Abascal" (Madrid: JAE. Sinatura: JAE/149-220); en "Expediente José Luis Asián peña", (Madrid: JAE, sinatura: JAE/12-589); en "Expediente de José Ramón Fernández Ojea" (Madrid: JAE, sinatura: JAE/120-24); en "Expediente de Joaquín García Ojeda", (Madrid: JAE, sinatura: JAE/64-311) e en Jimena Fernández de la Vega, *Unizar*

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

(Mujeres_ciencias, biografías, 2011) extraído o 11 de decembro de 2011 de: http://wzar.unizar.es/siem/mujeres_ciencias/4.BIOGRAFiAS/JFernandezVega.html.

Ilustración 60. Fotografía de Carmen Castilla Polo na súa estancia en EEUU coa JAE[1535]

Os pensionados

Pero seguindo este tema, detallemos un pouco máis a vida dos pensionados. Deste xeito, entre todos os inspectores destinados en Lugo que obtiveron unha bolsa destacaron a José del Peso y Sevillano, Carmen Castilla Polo e Jacinto Ruiz Santiago. O primeiro destes tres inspectores foi bolseiro da JAE dende 1924 ata 1926, estudou en Suíza, Bélxica, Francia e Italia. Nestes destinos especializouse en Organización Escolar, a Orientación Profesional e o funcionamento do *Institut Jean Jacques Rousseau* en Xenebra.[1536]

Pasaremos agora a centrarnos en Jacinto Ruiz Santiago. Este inspector solicitou en 1924 unha pensión á JAE fóra de prazo. En 1925 renovou esta petición, quedando como suplente. Pero ese mesmo ano se elevou a proposta. Finalmente previa deliberación, a JAE concedeulle a pensión para ampliar os seus estudos no estranxeiro. Como consecuencia, en 1925 viaxou a Francia, Bélxica e Suíza. Nestes viaxes formou parte da excursión constituída polos seguintes inspectores: o Director Antonio Eiján (Zamora), Juan López Tamayo (Sevilla), Antonio Michavila (Lleida), José Morales (Cádiz), Pablo Otero (Logroño), Daniel Rodríguez Rubín (Ourense), José María Villergas (Gerona) e Jacinto Ruiz (Lugo).[1537]

Por último, incidiremos na biografía de Carmen Castilla Polo mentres foi pensionada coa JAE, facendo un repaso ao cadro feminino de Inspección de Ensino Primario na provincia de Lugo. Esta inspectora viaxou coa JAE en 1921 e 1922. Coa súa bolsa viaxou ao Smith College de Boston en EEUU, participando dentro dun

[1535] En Carmén Magallón Portolés, "La JAE y las pioneras españolas en las ciencias." *Tiempos de investigación: JAE-CSIC, cien años de ciencia en España.* Consejo Superior de Investigaciones Científicas (CSIC), 2007.

[1536] Vide Teresa Marín Eced, *Innovadores de la educación en España (Becarios de la Junta de Ampliación de Estudios)* (Castilla La Mancha: Universidade de Castilla La Mancha, Servizo de Publicacións, 1991)

[1537] En Jacinto Ruiz Santiago, "Expediente de Jacinto Ruiz Santiago" (Lugo: JAE. Sinatura: JAE/129-604).

programa de intercambio de señoritas promovidas por José Castillejo e María Maetzu.[1538]

Sen ser inspector de ensino primario, unha persoa de especial relevancia para a conformación da *Escuela Preparatoria de formación de maestros* en Lugo foi o profesor do *Instituto de Segunda Ensinanza* lucense José Luis Asián Peña. Por este motivo, a continuación preséntase un estudo biográfico citando tamén os interesantes traballos realizados sobre Galicia durante a súa viaxe de estudos coa JAE.

José Luis Asián Peña

Entre os homes e mulleres estudados no anterior cadro, cómpre facer referencia de xeito pormenorizado a José Luis Asián. Este profesor foi o catedrático de xeografía e historia do *Instituto de Segunda Ensinanza de Lugo* dende o curso 1930-31 ata 1933.[1539] Como docente desta institución, Asián propuxo a utilización dos manuais: *Geografía general y de Europa* de Antonio Bermejo de la Rica, *Geografía especial de España* de Ibáñez Marín, *Historia de España* e *Historia Universal* de Antonio Jaén Morente.[1540] Neste sentido, rememoremos que durante a Segunda República como medida de control, a Administración solicitou aos profesores que indicaran os programas e libros que aplicarían nas súas clases.[1541] En 1932 fíxose cargo das audicións musicais que se organizaban no Instituto. Na súa estadía lucense tamén xestionaría a conformación da *Escuela Preparatoria,* exercendo como "inspector catedrático" de devandita institución e recomendando para dar clase neste centro aos mestres José María Rois Castro e Emilio Ceide Vilar.[1542] Na capital luguesa, José Luis Asián tamén participou na *Comisión de Cooperación Intelectual* para organizar actividades culturais: enxalzando a conferencia que Federico García Lorca realizou en Lugo o 23 de novembro de 1932.[1543] Ese mesmo ano se publicou na capital luguesa o libro *Lecturas Escolares. Grado Superior. Hispanoamérica*.[1544]

En 1933, Asián solicitou unha bolsa a JAE ocupando aínda a praza de catedrático de Xeografía e Historia do *Instituto de Segunda Ensinanza Lucense*. Ese mesmo ano se lle concedeu unha pensión de dez meses para viaxar a Francia cunha adxudicación de 425 pesetas mensuais e 450 para a correspondente viaxe. Un ano máis tarde, Asián foi catedrático interino do *Instituto de Quevedo en Madrid*. Pensionado no estranxeiro en 1934 e 1935, este profesor tamén foi catedrático no *Instituto de Segunda Enseñanza Baleares*. Igualmente, concedéuselle durante dous meses unha pensión para estudar a

[1538] Vide Teresa Marín Eced, *Innovadores de la educación en España (Becarios de la Junta de Ampliación de Estudios)* (Castilla La Mancha: Universidade de Castilla La Mancha, Servizo de Publicacións, 1991).

[1539] Vide Real Orde de 6 de xuño de 1930.

[1540] En Antonio Prado Gómez, *O Instituto Provincial de Lugo 1842-1975* (Lugo: Servizo de Publicacións de Lugo, 2013), 201.

[1541] Vide Gaceta do 9 de setembro de 1931

[1542] En Antonio Prado Gómez, *O Instituto Provincial de Lugo 1842-1975* (Lugo: Servizo de Publicacións de Lugo, 2013), 205.

[1543] En Memoria JAE 1933-1934, p. 33; Expediente JAE 12-589, 20 p. del Arquivo de la Residencia de Estudantes; Arquivo Xeneral de la Administración. Sección de Educación: 32/14039 expediente 7072-82 (título de licenciado); Caixa 32-14717 expediente 7486-14 (para a expedición do título de catedrático numerario de Instituto); Sección (5) 19.2 32/07911 y 32/07912 Actas e documentación das oposicións (quenda libre) ás cátedras de Xeografía e Historia vacantes nos institutos de Lugo, Vigo, Manresa, Ferrol, Osuna, Calatayud, Tortosa, Zafra, As Palmas e Huesca; Sección (5) 1: 12 32/16737 Expediente 018462-0064 (expediente de depuración de José Luis Asián).

[1544] Vide Luis Redonet y López-Dóriga, "Lecturas escolares. Grado superior. Hispanoamérica", *Boletín de la Real Academia de la Historia*, tomo 101 (1932):18-22.

Bibliografía de la Geografía Humana en Alemaña e Austria, coa asignación de 425 pesetas mensuais e 600 para a viaxe. Neste tempo estivo concentrado nos problemas de "Stadtgeographie" e no *Seminario de la Universidad de Colonia*. Nestes anos estudou e ampliou os seus coñecementos bibliográficos baixo a dirección do director Thorbecke. Fixo pequenas excursións con especialistas na materia de lecturas de obras fundamentais: *Der Stadtgrundriss und seine Entwicklung*, O Leixner; *Die Stadtgeographie betranchtet aus Natur und Geisteswelt*, K Hasser, etc. Tamén iniciouse no estudo de publicacións en revistas de xeografía, baixo a dirección do doutor Krauss, traballando e mellorando nas dificultades do idioma alemán para traducir un interesante texto de G. Niemier, titulado: "Untersuchungen über die Streusiedlugen in Spanisch-Galizien", publicado en abril de 1934 en *Ibero Amerikanische Archiv*.[1545] Por último, en 1935 ocupou a cátedra do *Instituto Nacional de Segunda Ensinanza de Balmes* en Barcelona.

Inspectores pensinados coa JAE que traballaron na provincia de Lugo e foron depurados

Respecto a isto, cabe analizar o gran período bélico nacional de 1936, a depuración e a posterior represión franquista. Neste sentido, salientaremos que durante este tempo moitos dos pensionados pola JAE foron perseguidos. En Lugo, o 50% dos inspectores que obtiveron unha bolsa con esta organización foron represaliados.[1546] A divulgación do concepto de ensinanza *unificada* e do laicismo escolar foron dous dos motivos polos cal o goberno golpista perseguiu a moitos docentes e inspectores. O seguinte cadro recolle os inspectores de ensino primario que estiveron destinados en Lugo, os que foron sancionados que previamente estiveron estudando fóra das nosas fronteiras coa JAE e a súa participación coas *Misiones Pedagógicas*.

Cadro 38. Inspectores destinados en Lugo que estiveron pensionados e foron represaliados

Data	Nome	Apelidos	Provincia de Destino	JAE	Misións pedagóxicas
1928	José Ramón	Fernández Ojea	Ourense	Si	Non
1931	Joan	Comas Camps	Madrid	Si	Non
1937	José	Galera Moreno	Lugo	Si	Non
1937	Jacinto	Ruiz Santiago	Lugo	Si	Non
1942	José	Peso y Sevillano	Lugo	Si	Non
1947	Carmen	Castilla Polo	Lugo	Si	Non

Fonte: Elaboración propia. En "Expediente de José Galera Moreno" (Madrid. ACME-AGA); para José del Peso y Sevillano en "Expediente de José del Peso y Sevillano" (Madrid. ACME-AGA. Sinatura: 083713-2576); en "Expediente de José Galera Moreno" (Madrid: ACME-AGA, sinatura: 018462-0075), para Joan Comas Camps en Carmén Ortiz García e Luis Ángel Sánchez Gómez, *Diccionario histórico de la antropología española* (Madrid: Edit. Consejo Superior de Investigaciones Científicas, 1994), 208; para Xose Fernández Fernández, "Xosé R. Fernández Oxea. Ben-Cho-Shey: un luchador por la adaptación de la escuela a la realidad gallega en el primer tercio del siglo XX", en *Societat D´Historia d eL´Educació del Països de Llengua Catalana, La Renovació Pedagógica* (Girona: CCG Ediciones, 2003) 125-141.

En conclusión, establecemos unha *relación directa* entre: os inspectores destinados en Lugo que estiveron pensionados coa JAE (como fonte de traslado de teorías transnacionais á provincia Lucense), o proceso de modernización escolar e o posterior proceso de depuración franquista na provincia de Lugo (alta porcentaxe de depurados

[1545] En Luis Asián Peña, "Expediente José Luis Asián Peña" (Madrid: JAE. Sinatura: JAE/12-589).
[1546] Ídem, 51-53.

que gozaron de bolsas coa JAE). Co estalido da Guerra Civil iniciouse un período de selección administrativa dos funcionarios segundo afinidade política: por este motivo moitos dos pensionados pola JAE foron perseguidos, concretamente por trasladar ideas progresistas e internacionais contrarias ao réxime *nacionalcatolicista* de Franco, que castigou calquera postulado de laicidade ou republicanismo. Baixo esta consigna iniciouse un inxusto proceso depurativo que tivo en consideración o pasado dos profesores e dos inspectores. Emporiso que estes inspectores foron sometidos a un xuízo onde se revisou a súa vida laboral e persoal. Este período significou o fin do traslado de novas teorías da Escola Nova. Con isto, o proceso de modernización escolar viuse refreado. Así, fóronse afastando as viaxes de estudos coa JAE estudados neste apartado. E con elas a fonte principal de modernización, paralizándose en gran medida a difusión de novas teorías transnacionais en cada unha das provincias españolas.

Despois de desagregar o tema das pensións obtidas coa JAE polos inspectores residentes en Lugo, convén centrarnos na paulatina ampliación do cadro nacional. Aspecto que afectou á provincia lucense, que arrastraba unha carencia destes efectivos para atender a todas as súas escolas, dada a aguda dispersión poboacional, ao tamaño da provincia e as súas características xeográficas e climáticas.

4.3.5. O progresivo aumento de inspectores

Outro dos aspectos máis importantes para coñecer o proceso de modernización escolar foi o *aumento no cadro de persoal* tanto de mestres como de inspectores. Así, de xeito semellante aos docentes, dende 1915 ata 1936 produciuse en Lugo un incremento progresivo de inspectores de Primeiro Ensino. Pero, para entender esta circunstancia cómpre coñecer os antecedentes, sobre todo no referente ao tradicional baixo número de inspectores para atender todas as escolas nacionais no século XIX e principios do XX. Convén ter en conta que a proporción entre inspectores e mestres en España foi das máis baixas de Europa: segundo a "Estatística escolar" española de 1908 existían 24.915 escolas públicas e 62 inspectores escolares. Estes profesionais realizaron 5.070 visitas a escolas nacionais, o que daba 97 visitas por inspector de Primeiro Ensino, os 62 inspectores necesitaban preto de cinco anos para visitar todas as escolas.[1547]

Segundo Cossío na súa obra *La enseñanza primaria en España*, en 1915 para atender as 21.915 escolas existían 144 inspectores, a cada inspector correspondíanlle 177 visitas ao ano. Cada inspector tiña consignadas anualmente 100 visitas polo que necesitaría transcorrer preto de dous anos para poder visitar todas os colexios da súa xurisdición, segundo os datos oficiais. En total, a administración central necesitaba 250 inspectores para poder visitar todas as escolas unha vez ao ano. Tendo en conta isto, facían falta o dobre dos inspectores establecidos para poder virar unha visita a todas as escolas españolas nun ano. Por todo isto, durante os primeiros anos do século XX o número de inspectores seguía sendo insuficiente, segundo Cossío: "Las escuelas eran inspeccionadas cada siete años".[1548]

Acerca do citado anteriormente, en 1925 José del Peso y Sevillano incidiu nesta situación, afirmando que a *ratio* entre inspector e o número de centros a revisar en

[1547] En Manuel B. Cossío, *La enseñanza primaria en España* (Madrid: Edit. R. Rojas Museo Pedagóxico Nacional, 1915), 70.

[1548] En Cossío (1915), 70.

Lugo era moi desfavorable a comezos do século XX.[1549] Ademais, a grande extensión da provincia de Lugo, as malas vías de comunicación e a alta dispersión poboacional producían unha relación deficitaria para que os inspectores puideran xirar todas as visitas establecidas. Esta circunstancia fixo que a ensinanza primaria en xeral atopárase en mal estado. Segundo o mestre lucense Ruiz Jiménez, "La Primera Enseñanza ha estado harto descuidada hasta hace poco tiempo".[1550] Igualmente, o inspector de primeira ensinanza José del Peso y Sevillano afirmaba sobre esta situación:

> Pero su número en la Región todavía hoy muy pequeño. Cada Inspector tiene a su cargo de 200 a 300 Escuelas, por lo cual, aunque su capacidad de trabajo y sus esfuerzos fuesen gigantescos, su influencia espiritual directa sobre cada una de sus escuelas tendría que ser sumamente lenta e intermitente. Y esto se ve agravado por la extraordinaria labor burocrática que la defectuosa organización funcional del Cuerpo le compele a realizar.[1551]

Como a maioría da provincias españolas, en Lugo existía un desequilibrio numérico. Esta situación foi regularizándose lentamente, sobre todo coa aparición do goberno do primeiro bienio republicano en 1931. O que sucedeu foi que, a nivel nacional e de xeito paralelo, o aumento de escolas provocou unha ampliación do equipo de inspectores.[1552] A pesar do aumento de inspectores sucedido neste bienio, a *ratio* de inspectores e número de escolas a valorar continuaba sendo desproporcionada.[1553] Tendo en conta a elevada carga de traballo, o seguinte cadro recolle o progresivo aumento do cadro de persoal de Inspección de Ensino Primario en España, dende 1907 ata 1935:

Cadro 39. Progresión do aumento de inspectores en España	
Ano	**Número de inspectores**
En 1907	49
En 1908	59
En 1911	79
En 1913	120
En 1915	140
En 1930	246
En 1935	390

Fonte: Elaboración propia. Para 1907-1915 en Manuel B. Cossío, *La enseñanza primaria en España*, (Madrid: Edit. R. Rojas Museo Pedagóxico Nacional, 1915) 71; para 1930 e 1935 en Antonio Ballesteros Usano, "La inspección de enseñanza primaria en España", en Robert Dottrens, *El problema de la inspección y la educación nueva*, (Madrid: Espasa Calpe, 1935).

[1549] En José del Peso y Sevillano, "Galicia y su Enseñanza Primaria" (Madrid: Arquivo JAE, sinatura: JAE/115-391, xuño 1925).

[1550] En J. M. Ruiz Jiménez, "El maestro nacional", *El Progreso*, Lugo, 20 de outubro de 1929.

[1551] En José del Peso y Sevillano, "Galicia y su Enseñanza Primaria" (Madrid: Arquivo JAE, sinatura: JAE/115-391, xuño 1925).

[1552] En Antón Costa Rico, *Historia da educación e da cultura en Galicia* (Vigo: Xerais, 2004), 918-920; para 1931 varios "De inspección educativa", *El Progreso*, Lugo, sábado 13 de xuño de 1931; en Luis Batanaz Palomares, *La inspección de primera enseñanza durante la guerra civil y el primer franquismo* (Córdoba: Servizo de Publicacións da Universidade de Córdoba, 2011) 21-120.

[1553] En Rodolfo Llopis, *La revolución en la escuela. Dos años en la Dirección general de Primera enseñanza* (Madrid: M. Aguilar, 1933), 168.

O aumento de inspectores durante a Segunda República.

No que respecta a ampliación do cadro de persoal en inspección, cómpre afondar de forma especial no período do *primeiro bienio* da Segunda República. Neste período o número de inspectores creceu de xeito significativo. En concreto creáronse 164 prazas de inspectores, o que representaba un aumento do 40% de todo o equipo. En 1935 existían no territorio nacional un total de 390 prazas, por cada inspector existían 121,09 mestres.[1554] Esta aumento apostaba pola calidade (aumento da formación) e cantidade (incremento do número de inspectores), outorgándolle unha maior representación e reducindo a *ratio* a 130 mestres por inspector.[1555] Aínda así, o número de escolas que tiñan que ser atendidas por cada inspector continuaba sendo moi elevado. Esta circunstancia fixo que o servizo ofertado fora por imperativos naturais deficitario. Con todo, o aumento das prazas proporcionou unha mellora notable no seguimento das escolas e saneamento das condicións de idoneidade pedagóxica e hixiénica. O seguinte gráfico representa, de forma visual, o aumento do número de inspectores en España.

Gráfico 19. Evolución do número de inspectores en España (1907-1935)



Fonte: Elaboración propia. Para 1907-1915 en Manuel B. Cossío, *La enseñanza primaria en España* (Madrid: Edit. R. Rojas Museo Pedagóxico Nacional, 1915), 71; para 1930 e 1935 en Antonio Ballesteros Usano, "La inspección de enseñanza primaria en España", en Robert Dottrens, *El problema de la inspección y la educación nueva* (Madrid: Espasa Calpe, 1935).

Aumento de inspectores e inspectoras na provincia de Lugo

Loxicamente, a ampliación do equipo de inspectores en todo o territorio nacional repercutiu nun incremento específico de inspectores na *provincia de Lugo*, dende 1900 ata 1936 o número de inspectores nesta provincia era o seguinte: ata mediados dos anos dez había un só inspector de ensino primario ao igual que as demais provincias de Galicia.[1556] A partir de 1915 o número de inspectores nesta provincia aumentou a dous, con Luis Soto Menor ocupando a xefatura. En 1921 produciuse un novo aumento de dous a tres inspectores provinciais. En 1926 incorporáronse José del Peso y Sevillano e Jacinto Ruiz Santiago. En decembro de 1927, este último inspector foi substituído por Joan Comas Camps, trasladado forzosamente pola Administración.[1557] En 1931 o cadro

[1554] Ídem, 35.
[1555] Vide Antonio Ballesteros Usano, "La inspección de enseñanza primaria en España", Robert Dottrens, *El problema de la inspección y la educación nueva* (Madrid: Espasa Calpe, 1935).
[1556] En Lugo, en 1912 ocupaba o cargo Manuel Lorenzo Gil.
[1557] En Joan Comas Camps, "Expediente de Joan Comas Camps-Administración" (Madrid: AGA-ACME. Sinatura: 16752, topográfica: 32/53, 1925).

de persoal contaba con cinco inspectores destinados na provincia lucense.[1558] Aos poucos, en 1933 produciuse outro aumento do equipo de inspectores provinciais, elevando a súa cifra ata sete o número de membros.[1559]

O aumento de inspectores de Primeiro Ensino en España redundou de xeito positivo en Galicia e por contigüidade á provincia de Lugo, por este motivo a continuación preséntanse dúas táboas e un gráfico: a primeira táboa presenta o número de inspectores que existían en 1931 en todo o territorio galego e a segunda a evolución do cadro de persoal da provincia lucense dende 1900 ata 1936. Sucesivamente, a modo de síntese e para facilitar a análise e observación do aumento sucedido no equipo de inspectores lucenses, preséntase un gráfico que reflicte o incremento dos membros dun a sete dende 1915 ata 1936.

Táboa 17. Número de inspectores en Galicia en 1931

Provincia	Homes	Mulleres
A Coruña	5	2
Lugo	4	1
Ourense	5	2
Pontevedra	4	2

Fonte: Elaboración propia. En varios, "De inspección educativa", en *El Progreso,* Lugo, sábado 13 de xuño de 1931.

Táboa 18. Evolución do número de inspectores do ensino primario en Lugo (1900-36 e continuación)

Ano da incorporación	Nome do inspector e ano que exerceu o cargo	Nº prazas de inspección
1874-1878	Manuel Panero y Martínez Vicente Pérez Sierra (1885) José Soto Campos (1903)[1560]	1
1900-1915	Manuel Lorenzo Gil (1912) Santiago de la Rica[1561] (cesou en 1914) Luis Soto Menor, inspector xefe da provincia (1914-1936)	
1915-1921	Manuel Lorenzo Gil (1917)	2
1921-1930	Manuel Vázquez Gesto	3
1931-1933	José del Peso y Sevillano (1922-1930) Jacinto Ruiz Santiago (1924) Joan Comas Camps (1927-31) (Pensionado 1928 e 29) José Rois Castro (*inspector-mestre*) Manuel Vázquez Gesto José Luis Asián Peña (inspector-catedrático da *Escuela Prepatoria*)	5
1933 -1936	Carmen Muñoz Manzano (1933) Daniel Calvo Portero(1933) José Ramón Fernández Ojea (1934-1936) José Galera Moreno (1935-1936) (36-39 Cárcere) Luis Jorge y Téllez de Meneses (1934-1937) Elisa Rodríguez Estévez (1934-1939) Fabriciano Posada Codón (1934-1936) José Fernández Rodríguez (1935-1936) Angel de la Vega Ugarte	7

[1558] En varios, "De inspección educativa", *El Progreso,* Lugo, sábado 13 de xuño de 1931.

[1559] En Antón Costa Rico, *Historia da educación e da cultura en Galicia* (Vigo: Xerais, 2004), 918-920

[1560] Atópase citado nun informe sobre o estado do ensino en Quiroga (Lugo), atópase no Arquivo Histórico da Universidade de Santiago, sección Primeira Ensinanza, en 1903. En Antón Costa Rico, *Historia da educación e da cultura en Galicia* (Vigo: Xerais, 2004), 918-920.

[1561] Inspector interino da segunda zona da provincia lucense, cesou en 1914. O seu posto foi ocupado por alumnos da Escola Superior do Maxisterio. En De inspección, "comunicado", *El Progreso,* Lugo, 9 de xullo de 1914.

	Salvador Cillán Hernández (1934)	
	Joaquín García Ojeda (1936-1961), substitúe en 1936 a Luis Soto Menor no cargo de inspector xefe provincial. Antonia Ortiz Currais (1936)	
1943	Juan Rodríguez Santana (Montes de la Oca) Modesto Rodríguez Figeroa Elisa Rodríguez Estévez Ubaldo Ruiz Tablado Manuel Maceda López	
1947	Carmen Castilla Polo (1947-1954)	

Fonte: Elaboración propia, en Joan Comas Camps, "Expediente de Joan Comas Camps-Administración" (Madrid: AGA-ACME, sinatura: 16752, topográfica: 32/53, 1925); en Luis Batanaz Palomares, *La inspección de primera enseñanza durante la guerra civil y el primer franquismo* (Córdoba: Servizo de Publicacións da Universidade de Córdoba, 2011), 21-120; en Antón Costa Rico, *Historia da educación e da cultura en Galicia* (Vigo: Xerais, 2004), 918-920; para 1931 varios, "De inspección educativa", en *El Progreso,* Lugo, sábado 13 de xuño de 1931; para Daniel Calvo Portero en Calvo, en Daniel Calvo, "Informe Daniel Calvo sobre a creación da escola no Concello de Coeo-Quintela" (Lugo: APL. Sinatura: 1200-01, 1933); para Elisa Rodríguez Estévez, "Distribución especificada de zonas de inspección", *Vida Escolar,* Nº 513 (30 de xaneiro de 1937); para Carmen Muñoz Manzano, en J . M. J. / C. F. Ribeira, "Fallece la viuda de Rafael Dieste", en *La voz de Galicia*, (2002) extraído o 13 de abril de 2002 de: http://www.lavozdegalicia.es/hemeroteca/2002/04/13/1046341.shtml; para Carmen Castilla Polo, en Eduardo Montagut Contreras, "La memoria histórica como proyecto social y cultural", *La comunidad-El país* (2012), extraído o 7 de agosto de 2012 de: http://lacomunidad.elpais.com/tags/carmen-castilla-polo; Para Salvador Cillán Hernández en Orde do 16 de marzo de 1946, *BOE,* Nº 105, (1946) 2979 extraído o 8 de xullo de 2014 de http://www.boe.es/datos/pdfs/BOE/1945/105/A02979-02979.pdf.

Na provincia de Lugo, a pesar do aumento exposto no gráfico seguinte en 1933, a proporción entre profesor e número de escolas a supervisar continuaba sendo moi elevada. Así en 1900 había 367 escolas para un só inspector, mentres que en 1917 había 398 escolas para dous, o que facía unha *ratio* de case 200 escolas, unha redución do 50% respecto a quince anos antes. A partir de 1933 existían 1231 centros para sete inspectores, 175,8 escolas para cada un deles.[1562] A Orde do 9 de xuño de 1931 fixaron os equipos para todas as provincias. En 1933 a distribución e o número de inspectores destinados na provincia de Lugo foi de 2-1, tendo un equipo de 4-1 e con 992 escolas ao seu cargo.[1563]

Táboa 19. Distribución provincial de inspectores e número de escolas ao seu cargo en 1933

Provincia	Escolas	Inspectores	
		Equipo.	Ampliación 1933
Lugo	992	4-1	+ 2-1

Fonte: Elaboración propia. En Rodolfo Llopis, *La revolución en la escuela. Dos años en la Dirección general...,* (Madrid: M. Aguilar, 1933), 168.

[1562] En Antón Costa Rico, *Historia da educación e da cultura en Galicia* (Vigo: Xerais, 2004), 918-920; e Luis Batanaz Palomares, *La inspección de primera enseñanza durante la guerra civil y el primer franquismo* (Córdoba: Servizo de Publicacións da Universidade de Córdoba, 2011), 21-120; Para 1900 en Antonio Correa Fernández, *Historia fin de siglo* (Lugo: Tipografía de A. Villamarín, Tomo I, 1900), 72; Para 1917 e 1927, en Jacinto Ruiz, "La primera enseñanza en la provincia de Lugo-1927", *Vida Escolar,* Nº 40, ano I (1927): 2; para 1920 e 1925, en José del Peso y Sevillano, "Galicia y su Enseñanza Primaria" (Madrid: Arquivo JAE. Sinatura: JAE/115-391, xuño 1925) e para 1931 e 1933 en J. Santa María, "Número especial sobre a Semana Pedagóxica Lucense", *Vida Escolar,* Nº 336, ano VII (1933): 13.

[1563] En *Gaceta de Madrid* do 11 de xuño de 1931.

Gráfico 20. Evolución do número de inspectores que traballaron na provincia de Lugo



Fonte: Elaboración propia. En Anton Costa Rico, *Historia da educación e da cultura*... (Vigo: Xerais, 2004), 918-920; para 1931 varios, "De inspección educativa", en *El Progreso*, Lugo, sábado 13 de xuño de 1931; en Luis Batanaz Palomares, *La inspección de primera enseñanza durante la guerra civil y el primer franquismo* (Córdoba: Servizo de Publicacións da Universidade de Córdoba, 2011), 21-120.

Estes datos cuantitativos facilitan a visión do pasado local sobre a inspección do ensino primario, en concordancia co estudo da cuestión nacional empregamos os seguintes documentos: en primeiro lugar atopamos no *Boletín Oficial del Ministerio de Instrucción Publica y Bellas Artes* do 4 de xuño de 1935, neste documento achegouse o *Escalafón del Cuerpo de inspectores de primeira ensinanza* pechado o un de maio dese ano. Ademais aquí atopouse a situación dos inspectores e os datos relacionados coa data, lugar de nacemento, destinos e comezo laboral. Esta información foi de grande utilidade para obter o *curriculum vitae* dos inspectores que estiveron destinados na provincia de Lugo. Estes documentos tamén foron imprescindibles para coñecer a situación deste corpo de funcionarios. Por outro lado, destacaremos a importancia que teñen os datos referidos nos procesos *sancionadores* levados a cabo polo goberno ditatorial. A continuación, expóñense o devandito *escalafón* de 1935, tendo en conta os inspectores que non proviñan desta quenda pero que estiveron destinados na provincia luguesa.

Cadro 40. Inspectores do escalafón de 1935 destinados na provincia de Lugo						
Nome	**Apelidos**	**Títulos**	**Nacemento**	**Provincia**	**Destino**	**Ingreso**
José Ramón	Fernández Ojea	M	05/04/1896	Valladolid	Lugo	21/12/1934
José	Galera Moreno	M	02/08/1901	Sevilla	Lugo	21/12/1934
Joaquín	García Ojeda	M	05/04/1891	León	Lugo	21/12/1934
Luis	Jorge y Téllez de Meneses	M	07/05/1898	Ourense	Lugo	21/12/1934
Fabriciano	Posada Codón	M	22/08/1892	Zamora	Lugo	21/12/1934
Elisa	Rodríguez Estévez	M N	24/10/1905	León	Lugo	21/12/1934
Luis	Soto Menor	M S e B	24/04/1881	Ourense	Lugo	28/03/1917
Inspectores do escalafón de 1943 destinados na provincia de Lugo						
Juan	Rodríguez Santana	M	1900	Gran Canaria	Lugo	1932
Modesto	Rodríguez Figeroa	M	1894	Ourense	Lugo	1934
Elisa	Rodríguez Estévez	M	1905	León	Lugo	1934
Ubaldo	Ruiz	M	1900	Gran	Lugo	1932

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

	Tablado			Canaria		
Manuel	Maceda López	M	1889	Lugo	Lugo	1920
Joaquín	García Ojeda	M	1891	León	Lugo	1934

Fonte: Elaboración propia. En Luis Batanaz Palomares, *La inspección de primera enseñanza durante la Guerra Civil y el Primer Franquismo (1936-1943) Represalia y desgarramiento* (Córdoba: Edit. Universidade de Córdoba, 2011), 175-210. Escalafón do 1943: Ídem, 198-205.

De xeito *comparativo*, en canto ao número de inspectores a evolución das provincias galegas da Coruña, Ourense e Pontevedra foi similar á de Lugo. En todas elas experimentouse un aumento dende comezos do século XX. O seguinte cadro recolle: o nome do inspector pertinente, a sinatura do expediente no que se atopa a data de nacemento e de ingreso na Inspección de Ensino Primario. Estes datos foron recollidos dos expedientes conservados na *Residencia de Estudiantes de Madrid*, recordando que nestes documentos os inspectores solicitaban a pensión para ampliar estudos no estranxeiro coa JAE, aínda que non a todos se lles foi concedida.

Cadro 41. Inspectores da provincia da Coruña

Nome.	Sinatura.	Ano de nacemento e de ingreso na Inspección
1. Manuel Díaz Rozas	(42/97)	[1894-1920]
2. Víctor Castro Silva	(34/432)	[1895-1932]
3. Antonio Eiján Lorenzo	(46/19)	--------
4. Carmen Herrero Martín	(77/92)	[1898-1932]
5. Vicente Moltó Gargori	----------	[1893-1932]
6. Jesús Muñoz Gaspar	(104/875)	[1898-1932]
7. Cristina Pol García	(116/479/T)	[1893-1920]
8. Luciano Seoane Seoane	(137/442)	[1876-1912]
9. Carmen de la Torre Gómez	----------	[1892-1920]
10. Gabriel Loperena Ero	----------	--------
11. José Peinado [¿Altable?]	(111/162)	--------
12. Fermín García Ezpeleta	(61/201)	--------
13. Evaristo de Cuenca	----------	--------

Fonte: Elaboración propia. "Inspectores provincia da Coruña", (Madrid: Arquivo da Residencia de Estudantes de Madrid, con sinaturas incluídas no cadro).

Cadro 42. Inspectores da provincia de Ourense

Nome	Sinatura	Ano de nacemento e de ingreso na Inspección
1. Antonio Couceiro Freijomil	-------	[1888-1917]
2. María Cid López	(36/511)	[1895-1929]
3. Benito Luis Lorenzo Rodríguez	(88/342)	-------
4. Aurora Maceda López	(90/2)	[1898-1932]
5. Manuel Maceda López	-------	[1889-1920]
6. Antonia Ortiz Currais. (108/119)	-------	[1896-1920]
7. Alfonso Iniesta Corredor[1564]	-------	-------
8. Modesto Merino de la Fuente	-------	-------
9. Matilde Camacho	-------	-------
10. Lucia Lucha [y García de la Llave]	89/376/T	-------
11. Plácido Castro	-------	-------

[1564] Este inspector foi vogal secretario da Comisión Depuradora do Maxisterio de Ourense.

Fonte: Elaboración propia. "Inspectores provincia de Ourense", (Madrid: Arquivo da Residencia de Estudantes de Madrid, con sinaturas incluídas no cadro).

Cadro 43. Inspectores da provincia de Pontevedra		
Nome	**Sinatura**	**Ano de nacemento e de ingreso na Inspección**
1. Gerardo Álvarez Limeses[1565]	(7/322)	[1871-1904]
2. Juan Novás Guillén	(106/119)	[1880-1917]
3. Pedro Caselles Rollán	-------	[1903-1932]
4. José Gabaldón Navarro	-------	[1888-1914]
5. José López Varela	(88/325/T)	[1893-1932]
6. José Muntada Bach	-------	[1896-1934]
7. Darío Caramés Ruza	(Bis30/224)	[1871-1908]
8. María Cruz Pérez González	(113/295)	[1886-1920]
9. Rogelio Pérez González	(113/296)	[1897-1932]
10. Ramiro Sabell Mosquera	-------	[1899-1934]
11. Olimpio Liste Naveira	-------	[1899-1937]
12. Modesto Rodríguez Figueiredo (pai)	-------	-------

Fonte: Elaboración propia. "Inspectores provincia de Pontevedra", (Madrid: Arquivo da Residencia de Estudantes de Madrid, con sinaturas incluídas no cadro).

Por outro lado, é necesario estudar o nome dos inspectores nados en Lugo que nunca exerceron esta profesión na provincia lucense, traballando noutras provincias do territorio nacional. A provincia natal será entón o denominador común no seguinte cadro, que recolle os lucenses que chegaron a ser inspectores fóra da súa provincia natal. Nas diferentes columnas achégase: o nome do inspector, títulos, data de nacemento, provincia de nacemento, destino e data de ingreso no corpo.

Cadro 44. Inspectores lucenses destinados fóra da provincia de Lugo						
Nome	**Apelidos**	**Títulos**	**Nacemento**	**Provincia de nacemento**	**Destino**	**Ingreso**
Jesús	Carballeira López	M N	20/10/1899	Lugo	Oviedo	21/12/1934
Mª. Victoria	Díaz Riva	M S e L En F	15/08/1904	Lugo	Oviedo	24/12/1929
José	López Varela	M S e B	19/12/1893	Lugo	Pontevedra	19/11/1932
Manuel	Maceda López	M N	17/04/1889	Lugo	Ourense	19/07/1920

Fonte: Elaboración propia. En Jesús Carballeira, "Expediente de Jesús Carballeira" (Madrid: ACME-AGA. Sinatura: 83710-0398); en José López Varela, "Expediente de José López Varela" (Madrid: ACME-AGA. Sinatura: 83718-6044); en Manuel Maceda, "Expediente de Manuel Maceda López", (Madrid: ACME-AGA. Sinatura: 083710-0084); en Salvador Ferrer C. Maura, *La escuela de Estudios Superiores de Magisterio* (Madrid: CEDESA, 1973); para Mª. Victoria Díaz Riva, "Expediente de Mª. Victoria Díaz Riva" (Madrid: JAE. Sinatura: JAE 42/93).

Unha vez estudado o aumento de inspectores na provincia de Lugo e os aspectos relativos á distribución do cadro de persoal dende 1900 ata 1936, o seguinte apartado recolle a análise sobre as reformas promulgadas e como estas afectaron a este gremio, sobre todo no referido á inestabilidade política e ao movemento gobernamental pendular descrito por Pierre Vilar.[1566]

[1565] Este inspector de Pontevedra foi profesor de Dereito e Lexislación Escolar no Instituto Provincial de Lugo de 1904 ata abril de 1909. En Antonio Prado Gómez, *O Instituto Provincial de Lugo 1842-1975* (Lugo: Servizo de Publicacións de Lugo, 2013), 140.

[1566] Vide Pierre Vilar, *La Historia de España* (París: Editorial Librairie Espagnole, 1975), 122.



Ilustración 61. Gerardo Álvarez Limeses, inspector de Pontevedra (publicado en *O Instituto Provincial de Lugo 1842-1975*)[1567]

4.3.6. A incidencia da inestabilidade política

Un dos aspectos que máis influíu na "desaceleración" do proceso de modernización escolar foi a *falta de continuidade* política nos proxectos renovadores educativos. Partindo desta característica española de finais do século XIX e principios do XX, a inspección lucense estivo influída pola inestabilidade política estatal. Tanto foi así que, despois da creación do *Ministerio de Instrucción Pública y Bellas Artes* o 31 de marzo de 1900, dende o ano 1920 ata 1936 sucedéronse 20 ministros, cambios que non favoreceron á estabilidade administrativa.[1568] Ademais, cada goberno empregou aos inspectores como unha figura de control para manter a orde establecida, vixiando: aos mestres, os contidos impartidos e o funcionamento das escolas públicas. Para isto publicáronse numerosas leis recollidas neste estudo, moitas veces contraditorias.

Rememorando brevemente os antecedentes sobre a organización da inspección do ensino primario, a súa primeira regulación recolleuse no Real Decreto do 30 de marzo de 1849. Esta normativa realizouse baixo un goberno de carácter progresista, comandado polo ministro de Fomento Antonio Gil de Zárate, autor da obra reguladora da inspección titulada *De la Instrucción Pública,* publicada en 1855.[1569] Esta obra e o Real Decreto formaron parte das bases reguladoras que afectaron á inspección do ensino primario no posterior século XX. O Decreto do 30 da marzo de 1849 trataba a designación directa dos inspectores pola Administración educativa e os requisitos establecidos para acceder á profesión, que serían ter cursados tres anos na *Escuela Normal Central* ou nas superiores e ter unha experiencia de cinco anos na ensinanza.[1570] Ademais, o goberno designaba un inspector por provincia e tres inspectores xerais con dedicación exclusiva e unha preparación específica para realizar devandita profesión: dous puntos claves nos que recadaría a ILE nos diferentes congresos pedagóxicos nacionais e internacionais posteriores. Para darnos conta da grande inestabilidade política, a continuación expoñemos, seguindo unha orde cronolóxica, as distintas publicacións relativas á inspección educativa. Non obstante, o seguinte cadro recolle toda a lexislación máis importante referente á organización que afectaba ao ensino primario e aos inspectores dende 1849 ata 1939, segundo María Teresa López, Eduardo Soler, Domingo Muñoz, Antonio Molero e Elías Ramírez.

[1567] En "Gerardo Álvarez Limeses", *Enciclopedia Galega Universal,* Xunta de Galicia.

[1568] Cómpre ter en conta que un punto clave para o Goberno era a supervisión da ideoloxía promovida nos centros educativos, xa que os contidos impartidos nas escolas podían ser contrarios aos intereses do Goberno ou da Igrexa.

[1569] En *Gaceta de Madrid,* 2 de abril de 1849.

[1570] Vide Decreto, 30 de marzo de 1849.

Cadro 45. Lexislación sobre a organización da Inspección de Ensino Primario
1. Decreto do 30 da marzo de 1849
2. Lei de Instrución Pública do 9 de setembro de 1857. A *Ley Moyano*
3. Real Decreto do 25 de agosto de 1855
4. Real Decreto do 27 de marzo de 1896
5. Real Decreto do 18 de abril de 1900
6. Real Decreto do 3 de xuño de 1909
7. Real Decreto do 5 maio de 1913
8. Real Decreto do 18 de febreiro de 1916
9. Real Decreto do 30 de decembro de 1918
10. Real Decreto do 3 de marzo de 1922
11. Decreto do 29 de maio de 1931
12. Decreto do 2 de outubro de 1931
13. Decreto do 2 de decembro de 1932
14. Decreto do 26 de novembro 1933
15. Decreto do 4 de marzo de 1936
16. Decreto do 21 de xullo de 1936
17. Decreto do 19 de setembro de 1936
18. Orde Ministerial do 20 de agosto de 1938
19. Orde Ministerial do 20 de xaneiro de 1939

Fontes: Elaboración propia. En María Teresa López del Castilllo, "El acceso a la inspección profesional en el sistema educativo español", en Eduardo Soler Fiérrez, María Teresa López del Castillo, Domingo Muñoz Marín, Antonio Molero Pintado e Elías Ramírez Aísa, *Estudios históricos sobre la Inspección Educativa* (Madrid: Escuela Española, 1995) 97.

Baseándonos nos estudos de María Teresa López del Castillo, Antonio Soler Fiérrez, Antonio Molero Pintado e Elías Ramírez Aísa analizaremos a lexialción dos primeiros anos do século XX. Nestes anos foron dúas as leis que incidiron principalmente á inspección de primeira ensinanza: en primeiro lugar atopamos o Real Decreto do 18 de abril de 1900, coa creación do *Ministerio de Instrucción Pública*, e o Real Decreto do 6 de xullo de 1900, coa chamada "Reforma de García Alix".[1571] Estas dúas leis modificaron aspectos como el acceso e a mobilidade dos inspectores.

Nos anos dez *intensificouse* a modificación lexislativa sobre a inspección de Primeiro Ensino.[1572] En relación con isto, convén facer fincapé no Real Decreto do 5 de maio de 1913, regulación dirixida polo ministro rexente foi Rafael Altamira. As dúas liñas xerais desta reforma foron: por un lado a denominación específica pasaría a ser a de inspectores profesionais, a outra liña reformadora foi unha vez máis a da inmobilidade do destino.[1573] Así, os inspectores pasaban a ter un destino fixo onde exercían o pertinente cargo. Por outro lado, implantouse un curso de acceso organizado pola EESM para os profesores da *Escuela Normal*, como xa analizamos nos anteriores apartados. Posteriormente, o ministro Julio Burell substituíu a situación de inmobilidade mediante o Real Decreto do 18 de febreiro de 1916, permitindo outra vez os distintos traslados no corpo de inspectores.[1574] Para finalizar esta primeira década, o

[1571] En Pedro Ferrer e Rivero, *Tratado de Lexislación de Primera Enseñanza vixente en España* (Madrid: Librería dos Sucesores de Hernando, 1906), 397.

[1572] O Real Decreto do 27 de maio de 1910 incidía na obrigación dos inspectores de visitar as escolas e realizar traballos estatísticos de corrección e comprobación.

[1573] Vide Real Decreto do 5 de maio de 1913.

[1574] Vide Real Decreto do 18 de febreiro de 1916.

Real Decreto do 30 de decembro de 1918 volveu implantar a inmobilidade.[1575] A nivel da provincia Lugo, o máximo organismo de control educativo correspondíalle ao *Consejo Provincial de Primeira Ensinanza* presidido, durante boa parte do primeiro terzo do século XX, polo xefe de inspectores de ensino primario Luis Soto Menor, sendo a súa secretaria Enriqueta Otero.[1576]

A liña de modificación lexislativa constante *continuou* durante os anos vinte. Así, publicouse o Real Decreto do 3 de marzo de 1922 que introduciu un cambio importante no acceso á inspección de primeira ensinanza, eliminando as prazas cubertas pola proposición da EESM (dous terzos). Como xa dixemos, a partir deste momento as vacantes foron cubertas unicamente por oposición libre. Deste xeito, a promoción de 1922-1926 foi a última que gozou do acceso directo mediante a proposta da EESM.[1577] Aparte destes cambios, este foi un período cheo de desavinzas políticas, sociais, militares, relixiosas e económicas. Todo este clima de inestabilidade desencadeou en 1923 no golpe de estado de Primo de Rivera: apoiado pola Igrexa, o Rei e o Exército. Segundo Elías Ramírez, esta foi unha fase retroactiva para a inspección educativa que durou seis anos: "A Inspección durante os seis longos anos da Ditadura do Xeneral Primo de Rivera vivirá unha época de crise".[1578]

Nos anos trinta foron varias as reformas levadas a cabo na inspección: en 1931 o Goberno Republicano do ministro Marcelino Domingo publicou o Decreto do 29 de maio de 1931 implantando a mobilidade dos inspectores.[1579] Ese mesmo ano se publicou o Decreto do 2 de outubro de 1931, mediante a cal se convocaban oposicións libres e creaba a figura provisional inédita denominada "inspector mestre". Dada a súa experiencia esta figura tiña potestade para inspeccionar a súa escola e as lindeiras, encargándose de supervisión da situación pedagóxica dos centros. Igualmente tamén se regulaba o acceso, así para poder acceder a estas prazas, os mestres tiñan que ter unha experiencia docente de quince anos ou máis a efectos de gratificación económica, conservando o grao de maxisterio. Secasí, esta foi un situación anecdótica xa que só houbo un concurso con dez candidatos, entre eles o mestre lucense José Rois Castro. Aínda así, tiveron plena capacidade para exercer a inspección no seu distrito e participar na Xunta de Inspectores da Provincia. No referente á creación de prazas houbo un total de 150 novas vacantes, creacións repartidas respectivamente nas convocatorias de 1932 e 1933.[1580]

Convén recapitular outra vez o *Decreto do 2 de decembro de 1932*, porque foi unha normativa que reunificou varias leis antes dispersas.[1581] López del Castillo afirmaba que este regulamento foi un punto clave na historia da inspección polo seu carácter unificador e único. A súa elaboración foi feita polos inspectores centrais Antonio Ballesteros Usano e Fernando Sainz. A continuación exponse unha síntese das aspiracións que contiña este regulamento: en primeiro lugar concedíalle máis importancia ao aspecto pedagóxico que ao burocrático do inspector, como establecía Giner de los Ríos en 1899. En segundo lugar ampliaba a autonomía pedagóxica dos profesionais nas súas respectivas xurisdicións. Por outro lado, creaba a *Junta de*

[1575] Vide Real Decreto do 30 de decembro de 1918.
[1576] En "Información de Enseñanza", *El Progreso*, Lugo, do 17 de xaneiro de 1932.
[1577] Vide Real Decreto do 3 de marzo de 1922.
[1578] En Elías Ramírez Aísa, (1993) 220
[1579] Vide Decreto do 29 de maio de 1931
[1580] Vide Decreto do 2 de outubro de 1931.
[1581] Vide Decreto do 2 de decembro de 1932.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Inspectores como xeito de comunicar e coordinar este organismo a nivel provincial. Ademais, esta reforma permitía a publicación dos resultados no *Boletín de Educación* para permitir a súa divulgación e difusión entre os mestres. Outro aspecto importante foi a introdución da orientación e o impulso da conciencia do neno nas escolas. Tamén facía fincapé na importancia das visitas ás escolas para comprobar as súas condicións pedagóxicas e hixiénica. Ademais, restablecía a inmobilidade do destino, establecendo o traslado só por motivos de apertura de expediente. Do mesmo xeito esta lexislación ordenaba a creación de centros de colaboración pedagóxica para o intercambio de experiencias e coñecementos entre os mestres, espazos que serviron para compartir materiais escolares en reunións periódicas. Outro aspecto importante foi a creación da *Inspección Central*, unha institución que traballou a prol da coordinación entre os servizos provinciais e o *Ministerio*: mellorando así a comunicación entre as escolas normais, os inspectores e os concellos provinciais. Por último, cómpre dicir que mediante este regulamento os requisitos para optar ao *concurso-oposición* eran ser mestre nacional con menos de 40 anos de idade, acreditar bos servizos no historial docente e ter o título da Escola Normal ou pertencer á EESM.

Outro dos cambios que reflicten a inestabilidade estudada neste apartado veu á sombra do período da *Guerra Civil* de 1936 e a posguerra. Nesta época os militares desleais ao Goberno estableceron nas provincias ocupadas un *proceso de depuración*, nomeando novos inspectores provisionais segundo a Orde Ministerial do 20 de agosto de 1938. En Lugo, como xa dixemos Luis Soto Menor sería substituído por Joaquín García Ojeda. En efecto, no cadro laboral de inspección da provincia lucense produciuse un relevo de inspectores republicanos por outros partidarios dos sublevados.[1582] Por último, a Orde Ministerial do 20 de xaneiro de 1939 estableceu o regulamento das visitas escolares dos inspectores, facendo fincapé en levar orientacións de control e propaganda da Administración de Franco.[1583] Unha vez máis observamos como os distintos cambios de goberno influíron de forma significativa na inspección do ensino primario e as súas funcións, aspecto que foi tratado polo miúdo no seguinte apartado.

4.3.7. As funcións dos inspectores: "unha Escola Normal a domicilio"

Outro dos aspectos ligados ao proceso de modernización da inspección do ensino primario foi a *ampliación das funcións* e o cambio no signo das mesmas. No século XIX a inspección do ensino primario en Lugo foi un organismo dedicado fundamentalmente a controlar as escolas e os mestres. Nos primeiros anos do século XX esta situación non mudou, así en 1902 a Lei Romanones empregaba aos inspectores basicamente para vixiar ás escolas, tanto publicas como privadas.[1584] Neses anos exercía como inspector en Lugo José Soto Campos, realizando unha función practicamente administrativa.[1585] A medida que nos introducimos neste novo século continuaba existindo un déficit na orientación *técnicopedagóxica* do profesorado,[1586] a

[1582] Vide Orde Ministerial do 20 de agosto de 1938.

[1583] Vide Orde Ministerial do 20 de xaneiro de 1939.

[1584] No arquivo da Universidade de Santiago están presentes 390 expedientes datados entre 1902 e 1910, en total preto dun 60%. Vide Antón Costa Rico, *Escolas e Mestres*... (1989), 125-126.

[1585] Existe un informe sobre o estado do ensino en Quiroga (Lugo), atópase no Arquivo Histórico da Universidade de Santiago, sección Primeira Ensinanza, en 1903. En Antón Costa Rico, *Historia da educación e da cultura en Galicia* (Vigo: Xerais, 2004), 918-920.

[1586] Vide Decreto do 12 de abril de 1901, *Gaceta de Madrid* (13 de abril de 1901). Decreto definido por Pedro Alcántara García como "una triste decepción" polo seu déficit *técnicopedagóxico* e non ter en conta a importancia do

pesar das tímidas iniciativas orientadoras que saíron á luz. Ademais produciuse un progresivo fortalecemento da función inspectora, asignándolle cada vez máis encomendas.[1587] De forma recorrente, as accións do inspector lucense limitábanse a censurar a falta de asistencia escolar, a mala dotación dos centros e a apatía dalgunhas localidades pola educación.[1588]

Lentamente comezaron a aparecer voces que reclaman unha *función máis pedagóxica* dos mestres.[1589] Pero recapitulemos, segundo a ILE os inspectores eran unhas figuras para combater o excesivo illamento e ruralización dos mestres na provincia, complementando á Escola Normal no referido á formación permanente do profesorado e ao asesoramento docente.[1590] Así, no artigo número dous do Real Decreto do 30 de marzo de 1905 clarificaba sobre as funcións do inspector de primeira ensinanza o seguinte:

> La Inspección de Primera Enseñanza se ejercerá sobre la aptitud profesional de maestros y maestras, sobre el cumplimiento de sus deberes en el ejercicio del cargo, sobre su conducta moral, sobre el estado de las escuelas, de la asistencia y adelanto de los niños, edificios escolares, mobiliarios, material pedagógico, formación e inversión de presupuestos y sobre cualquier otro asunto que tenga relación con la educación y enseñanza primaria.

Por outro lado, o Real Decreto do 27 de maio de 1910 incidía na obrigación dos inspectores de visitar as escolas e realizar traballos estatísticos de corrección e comprobación. Aspecto regulado anteriormente no artigo número dezasete do Real Decreto do 30 de marzo de 1905, no que se sinalaba: "la visita de escuelas es la obligación preferente de los inspectores de Enseñanza Primaria". En relación con isto, o Real Decreto do 5 de maio de 1913 dividía estas visitas en ordinarias e extraordinarias, ordenando a auditoría de "ao menos 100 escolas ao ano". Segundo o mesmo Real Decreto se creaba o *Boletín de Visitas* que custodiaba o mestre e no que o inspector anotaba as apreciacións e advertencias que consideraba oportuno.[1591]

Respecto ás funcións do inspector nos anos dez, o Decreto do 20 de decembro de 1917 aprobou a reorganización da inspección da Ensinanza Superior e Ensino Secundario. Nesta lei abordábanse as funcións da inspección no relativo á ensinanza privada, afirmando que os inspectores nacionais tiñan que valorar as condicións hixiénicas dos locais e impedir doutrinas contrarias á moral, Patria e leis en vixencia.[1592] Respecto a estas modificacións, cómpre facer fincapé na independencia da inspección xeral respecto ao corpo docente, decisión que outorgou unha maior autonomía aos inspectores asegurando o correcto labor e rebaixando as posibles influencias sociopolíticas. Respecto a isto o Real Decreto do 20 de decembro de 1917 facía referencia:

---

asesoramento e orientación ao profesorado, en Pedro Alcántara García, "Crónica de la Enseñanza en España", *La Escuela Moderna,* Nº 121, XI (1901): 393.

[1587] En Rosa María Cid Galante, "A percepción dos docentes do ensino primario ourensán a comezos do século XX: un profesorado en entredito", *Sarmiento,* Nº 11 (2007): 42-43.

[1588] En Presidente da Xunta Provincial de Lugo en 1884, "Carta del Presidente de la Junta provincial de Lugo al Gobernador Civil en 1884", (Lugo: APL. Fondo do Concello. Sinatura: 931); e en Germán Lastra, "La escuela del porvenir- Ojeada retroespectiva. La Escuela III", *El Progreso,* Lugo, 10 de xaneiro de 1932.

[1589] En Francisco Giner de los Ríos, "El problema de la educación nacional y las clases «productoras»", *F. Giner de los Ríos Obras completas* (Madrid: Espasa-Calpe, 1933), 237-295.

[1590] Vide José María Hernández Díaz, "La inspección educativa y la cultura escolar en España. Génesis, procesos constituyente y actualización de funciones", *Aula 25* (2019): 68-69.

[1591] En Victoriano Arroyo del Castillo, "En torno a la visita de inspección", *Vida Escolar,* Nº 88 (1967): 9.

[1592] Real Decreto do 20 de decembro de 1917 que regula a reorganización da inspección das ensinanzas Superior e Secundaria.

> Se ha creido necesario armonizar ambos conceptos, organizando por una parte, la Inspección general central con absoluta independencia del Cuerpo docente, y utilizando, no obstante, para los efectos de la reforma de la enseñanza, las luces de ese mismo Cuerpo reunido en Comisiones inspectoras o en Claustros generales... [1593]

Na provincia lucense, esta función era realizada pola xefatura provincial ocupada por Luis Soto Menor (cargo que ocupou dende 1914 ata 1936, cando foi substituído por Joaquín García Ojeda).[1594] Este inspector dependía á súa vez da *Inspección y Administración Central*. A figura do *inspector-xefe* encargábase principalmente das visitas ás escolas da capital e provincia. En 1915 tiña que facer aproximadamente 100 rexistros aos centros da súa xurisdición. En cada visita, Luis Soto reuníase cos mestres para expoñer as respectivas observacións e estudar as posibles solucións. Posteriormente, o referido inspector informaba sobre os presupostos escolares á comunidade educativa.[1595] Pero, convén recapitular que a inspección durante estes anos era demasiado administrativa e pouco pedagóxico.[1596] O seguinte cadro recolle as funcións realizadas por Luis Soto ao cargo da xefatura provincial de Inspección de Ensino Primario lucense.

Cadro 46. Funcións do inspector de ensino primario na provincia de Lugo ata 1915
1. Inspeccionar escolas (métodos, materiais, edificios, clases, etc.). A inspección pedagóxica estaba atesourada de forma exclusiva aos inspectores provinciais do Estado.
2. Inspeccionar institucións *post* e *circumescolares* do Estado ou concertados.
3. Propoñer a suspensión da Xunta Local por non respectar as leis.
4. Redactar unha memoria anual.
5. Formar e tramitar os expedientes dos mestres e escolas.
6. Informar das escalas para o aumento dos soldos.
7. Visitar as escolas en construción.
8. Oír as queixas dos mestres, autoridades e veciños.
9. Impoñer certas correccións disciplinarias.
10. Conceder 10 días de licenza.
11. Visitar as escolas privadas.

Fonte: Elaboración propia. En Manuel B. Cossío, *La enseñanza primaria en España*, (Madrid: Edit. R. Rojas Museo Pedagóxico Nacional, 1915) 65.

É oportuno comezar este paragrafo lembrando que dende o último terzo do século XIX e o primeiro do XX, a historia da inspección do ensino primario en Lugo estivo marcado por un profundo malestar xeral no corpo de inspectores: este feito manifestouse na segunda sección da *Asamblea Oficial de Inspectores Profesionales de Primera Enseñanza* celebrada dende o 26 de xaneiro ata o 10 de febreiro de 1931 na EESM. As principais razóns do seu descontento foron: as constantes supresións da inmobilidade, a falta de inspectores, a limitada partida económica obtida e unha

[1593] Del preámbulo del Real Decreto do 20 de decembro de 1917.

[1594] Entre as funcións ocupadas por este inspector destacaron a organización de actividades pedagóxicas como as colonias escolares, os congresos pedagóxicos ou a xestión de construcción escolares. En Organizador de Colonias Escolares, "Colonias Escolares Lucenses", *Vida Escolar*, Nº varios (Lugo 13 de xullo de 1929, 13 de agosto de 1929 e 7 setembro de 1929, 1919-1930): 3

[1595] Para gastos anuais de visitas ás escolas tiñan designadas mil pesetas, aproximadamente dez pesetas por cada visita ordinaria e 15 por cada extraordinaria. En 1915 os gastos totais presupostados foron de 602.000 pesetas, máis 18.000 para material de oficina. Vide Manuel B. Cossío, *La enseñanza primaria en España* (Madrid: Edit. R. Rojas Museo Pedagóxico Nacional, 1915).

[1596] En Manuel Bartolomé Cossío, *La enseñanza primaria en España* (Madrid. R. Rojas, 1915), 61.

irracional distribución das vacantes.[1597] Ademais, cómpre rememorar a reticencia que xerou nos inspectores a implantación da figura do *delegado gobernamental* na ditadura de Primo de Rivera, como medida de control do Goberno cara a inspección. Estes malestares xeraron a demanda de novas funcións de renovación expostas nos congresos pedagóxicos celebrados en Lugo en 1923 e 1933: entre os inspectores e docentes existía unha corrente solidaria reflectida nas numerosas asociacións creadas nos primeiros decenios do século XX.[1598] Estas institucións defenderon de xeito corporativo os dereitos dos inspectores, mestres e alumnos ante os organismos superiores do Estado.[1599] O Decreto do 2 de decembro de 1932 implantou legalmente o aspecto corporativo que se viña demandando no primeiro terzo do século XX como parte inherente á función inspectora. Ademais, este Decreto facía fincapé en que estes axentes eran: "los encargados de impulsar, orientar e dirigir el funcionamiento de las escuelas nacionales".[1600]

As funcións dos inspectores durante a Segunda República

Na Segunda República, a escola e a sociedade formaron un binomio practicamente inseparable. Este aspecto foi asumido pola inspección, incluso a lexislación resaltaba a importancia dos asuntos docentes, mediando e informando sobre calquera conflito entre os mestres.[1601] Grazas á *función orientadora* do inspector a relación entre os centros educativos e as institucións circunescolares melloraron, tales como: o *Ropero Escolar*, as *Colonias Escolares* e as *Cantinas Escolares*.[1602] O Goberno Republicano fixou a súa atención no benestar socioeducativo defendendo a idea de que "a escola era parte importante da sociedade e non podía vivir á marxe dela". A inspección aumentou así a relación coa Escola Normal e a beneficencia. Concretamente no artigo 48 do Decreto do 2 de decembro de 1932 establecía a conveniencia social de estimular as relacións entre os inspectores e os centros de formación do maxisterio.[1603]

Coa publicación do Decreto do 2 de decembro de 1932, cómpre citar a importancia da aparición dos *Centros de Colaboración Pedagógica*, no seu artigo número quince apartado nove. Estes organismos tiñan a misión de reunir os mestres para estudar os aspectos concretos do maxisterio e os seus problemas, compartindo ademais experiencias escolares e promovendo actos públicos, onde se realizaban críticas e intercambios de material pedagóxico. Estes centros ademais divulgaban o perfeccionamento do maxisterio dende o punto de vista lexislativo, teórico e práctico.[1604] Para realizar esta mellora desenvolvíanse cursos de perfeccionamento para mestres, viaxes de estudos subvencionadas polo Ministerio e organización de museos pedagóxicos provinciais. Neste sentido e para finalizar, como medida de melloramento do Maxisterio, cabe destacar a presenza das *escolas de ensaio*. En Lugo non temos

[1597] En varios, "Asociación Nacional de Inspectores Profesionales de Primera Enseñanza", *Asamblea Oficial de 1931. Conclusiones* (Barcelona: Seix y Barral, 1931), 45.

[1598] En Eric Jorge Fontoba Jordá, "Asociacionismo docente en España durante el siglo XIX y XX. Inicios y puntos de partida durante el siglo XIX", *Pedagogias alternativas y educación en los márgenes a lo largo del siglo XX* (Valencia: Universidade de Valencia, 2022), 76-77.

[1599] En Francisco Carrillo Guerrero, *Técnica de Inspección de Enseñanza. Resumen del primer curso oficial de esta asignatura explicado al grupo de alumnos de la Escuela de Estudios Superiores del Magisterio, durante el año académico de 1914 a 1915* (Madrid: Lib. de los Sucesores de Hernando, Tomo I, 1915): 239.

[1600] Vide artículo 1º do Decreto do 2 de decembro de 1932.

[1601] A natureza do Decreto do 2 de decembro de 1932 foi profundamente pedagóxica comparada coas anteriores normativas: incentivando as visitas aos centros e orientacións aos mestres.

[1602] En Manuel Lorenzo Gil, "As colonias escolares", *El Progreso,* Lugo, 25 de xullo de 1914.

[1603] Vide Decreto do 2 de decembro de 1932.

[1604] Vide Decreto do 2 de decembro de 1932.

constancia de que se chegara a crear este centro.[1605] Ademais a nivel nacional, estes establecementos tiveron unha escasa realización práctica.[1606]

Ilustración 62. Cantina escolar lucense en 1919,
Luis Soto Menor situado no centro con paxariña.

No referente á coordinación dos inspectores destacou a función da *Inspección Central de Primera Enseñanza*, sobre todo no referente á coordinación das relacións entre as autoridades e os organismos de tipo provincial e municipal (entre elas os servizos locais e provinciais de Lugo). Ademais, segundo o artigo sexto do Decreto do 9 de xuño de 1931, os inspectores provinciais de Lugo formaban parte do *Consejo Provincial*.[1607] A parte organizativa do Decreto do 2 de decembro de 1932 lexislaba sobre: a configuración da Inspección Profesional de Primeira Ensinanza, a *Inspección Central*, as da Xunta de Inspectores, as atribucións dos inspectores xefes e as funcións xerais do corpo de Inspección de Primeira Ensinanza.[1608] Neste sentido teremos en conta o regulamento da Orde do 27 de abril de 1933 e o artigo número trece do Decreto do 2 de decembro de 1932, o cal citaba textualmente:

> "La visita a una Escuela debe comprender, por lo menos, los propósitos siguientes:
>
> a) Observación atenta de la instalación y ambiente material de la escuela en cuantos aspectos han de ser juzgados por el inspector.
> b) Observación del funcionamiento de ia Escuela y del trabajo del Maestro y de los niños.
> c) Intervención activa del Inspector en el trabajo de la Escuela desarrollando una o varias lecciones con propósito de ofrecer, discreta y sencillamente, ejemplo de buena metodologia y de conversación con los niños.
> d) Cambio reservado de impresiones con el Maestro, inspección de registros escolares y gestión administrativa de aquél; instituciones complementarias, fichas de los escolares, dando instrucciones para su elaboración si aquéllas no existieran.
> e) Una vez adquiridos los anteriores elementos de juicio y otros que crea oportunos, el Inspector redactará en el libro de la Escuela un informe comprensivo de estas tres partes principales:
>
> lº Juicio sobre la situación y funcionamiento de la Escuela

[1605] En "Informacións", *Revista de Pedagogía,* Nº 128 (1932): 375-376.
[1606] En Rafael Álvarez, Joan Comas Camps e Juvenal de la Vega, "Escuela de ensayo", *Revista de Pedagogía,* Nº 151 (1934): 329.
[1607] En *Gaceta de Madrid* do 10 de xuño de 1931.
[1608] Vide do 2 de decembro de 1932.

2º Juicio sobre la labor y conducta profesional del Maestro.
3º Soluciones adecuadas a los problemas que la Escuela ofrezca.[1609]

Pero centrémonos agora nas *funcións burocráticas* que tamén se multiplicaron dende comezos do século XX. Respecto ao dereito administrativo, na Segunda República os inspectores regulaban os seguintes temas: traslados, permutas, licenzas, excedencias e xubilacións. Estas tarefas estiveron normativizados dende o artigo 37 ata o 46 do Decreto do 2 de decembro de 1932. O Decreto do 30 de decembro dese mesmo ano reformaba a inspección de segunda ensinanza.[1610] En 1935 co período de goberno radical cedista produciuse unha revisión desta normativa. Salvando este período, a evolución do dereito administrativo incorporou pouco a pouco o principio de legalidade da función inspectora.[1611]

A continuación, tomando como referencia os estudos bibliográficos, as disposicións lexislativas e os traballos dos inspectores destinados en Lugo analizaranse as funcións do inspector de Primeira Ensinanza.[1612] Os inspectores tiñan un perfil profesional marcado por tres variantes: administrativo, técnico e social.[1613] Segundo Maillo, en primeiro lugar cómpre facer unha separación das devanditas ocupacións en tres núcleos preponderantes de acción: a función administrativa burocrática, a función técnico pedagóxica e a función socioprofesional.[1614]

a) A primeira función realizada polos inspectores en Lugo foi a *administrativa*, consistindo principalmente na realización de actividades de control e de carácter burocrático: delegar, informar, presidir, propoñer e tramitar solicitudes ou documentos.[1615] Esta pode considerarse como unha función "tradicional" e con maior presenza no período estudado. En ocasións, tamén tiñan que dirixir tribunais de oposicións ou concursos para o nomeamento do director de escolas graduadas. No mes de setembro de 1931, Luis Soto foi o presidente do *tribunal del Cursillo del Magisterio Primario*.[1616] Outra función administrativa era a recapitulación estatística das escolas, materiais, docentes e discentes. Aspecto especificado nos apartados anteriores. Nestas dimensións, incluíanse tamén ao *mestre-inspector* que visitaban os grupos de escolas próximas ás que traballaban.[1617] Como xa citamos con anterioridade, en Lugo este posto foi ocupado por José Rois Castro.[1618]

Outra tarefa administrativa importante foi a *tramitación de problemas* entre os veciños e os mestres. Este foi un tema relevante no período estudado, sobre todo coa chegada da Segunda República e a implantación da escola laica. A publicación do Decreto do 4 de marzo de 1932 establecía que os inspectores debían de informar sobre

[1609] En Decreto do 2 de decembro de 1932 (Madrid: artigo 13).
[1610] Vide Decreto do 30 de decembro de 1932.
[1611] En Joan Comas Camps (1934), 127-131.
[1612] En Francisca Montilla, "Cometidos asignados a la inspección primaria en la bibliografía española", *Revista Española de Pedagogía*, Nº 42 (1953): 243-252.
[1613] En José Luis Rodríguez Diéguez, *La función de control en la educación* (Madrid: CSIC, 1973), 63-76.
[1614] Vide Adolfo Maillo, *La inspección de enseñanza primaria. Historia y funciones* (Madrid: Escuela Española, 1967).
[1615] Ídem, 421-436.
[1616] En Joan Comas Camps, "Expediente Joan Comas Camps", (Madrid: Arquivo AGA-ACME. Sinatura. 16752, topográfica: 32/53).
[1617] En Rafael Álvarez, Joan Comas Comas e Juvenal de la Vega, *Manual del Inspector de Primera Enseñanza* (Madrid: Publicaciones da Revista de Pedagogía, 1934) 127. A nova figura denominada mestre-inspector, en Joan Comas Camps, "Proposta para mestre-inspector", *El Progreso*, Lugo, 25 de setembro de 1931.
[1618] En Joan Comas Camps, "Propuesta de Joan Comas Camps para la Comisión Provincial para las visitas de las escuelas", *El Progreso,* Lugo, 25 de setembro de 1931.

os expedientes de incompatibilidade entre os veciños e os mestres, normativa modificada posteriormente segundo o Decreto do 19 de xaneiro de 1934.[1619] Esta disposición establecía unha maior celeridade sobre a resolución das discusións.[1620] O inspector tiña que resolver nun prazo de quince días propoñendo ao Ministerio unha solución.[1621] Os informes realizados polos inspectores neste período tiñan unha diversa tipoloxía, tomando como referencia a obra do inspector Joan Comas *Manual del Inspector de Primera Enseñanza*. A continuación o seguinte cadro recolle os tipos de informes que realizaban os inspectores destinados na provincia lucense.

Cadro 47. Tipoloxía dos informes realizados polos inspectores de Primeira Ensinanza
1. Peticións aos consellos provincias para establecer a sesión única nas escolas.
2. Trámites de seccións de bolsas para alumnos de "superdotados" (Altas Capacidades), segundo o Decreto do 7 de agosto de 1931.[1622]
3. Solicitudes de subvencións agrícolas dirixidas ao Ministerio mediante o inspector-xefe.
4. Expedientes de reclamación e solicitude de casa e vivenda para os mestres.
5. Cobro e xustificación de dietas e gastos de transporte para funcións administrativas.
6. Creación, construción e arranxo de centros escolares do Estado, vilas e concellos.
7. Tramitación da xubilación de mestres.
8. Cesamento de destinos de mestres interinos non competentes.
9. Revisión de libros nas escolas segundo a Orde do 28 de maio de 1932.[1623]

Fontes: Elaboración propia. En Rafael Álvarez, Joan Comas Camps e Juvenal de la Vega, *Manual del Inspector de Primera Enseñanza* (Madrid: Publicacións da *Revista de Pedagogía*, 1934), 67-122. Para Decreto do 7 de agosto de 1931, *Gaceta de Madrid* (8 de agosto de 1931); e para Orde do 28 de maio de 1932 en C.J. Aguilar e S. Hernández, *La legislación de Primera Enseñanza de la República* (Madrid: Tip. Yagües, 1934), 129-131.

b) A segunda función dos inspectores foi a *técnicopedagóxica*, abarcando todas aquelas actividades relacionadas coa alta dirección, unificando a coordinación escolar. Esta función constaba de tres vertentes: a publicación do *Boletín de Enseñanza*, as visitas dos inspectores e as funcións do perfeccionamento do maxisterio.[1624] En 1931 a inspección das escolas era unha das actividades máis importantes dentro da complexa ocupación deste corpo. No referente ás visitas dos centros educativos, os inspectores compartían esta función cos consellos locais, os mestres delegados (ou mestre-inspector) e os visitadores vogais médicos para controlar as condicións sanitarias. Na provincia luguesa esta última figura non tivo presenza. Segundo o Real Decreto do 21 de decembro de 1917 tan só se estableceu a *Inspección Médica de las Escuelas Nacionales* en Madrid e Barcelona.[1625] Así a todo, as visitas de carácter técnico eran

[1619] En *Gaceta de Madrid* do 12 de marzo de 1932

[1620] En *Gaceta de Madrid* do 21 de xaneiro de 1934.

[1621] En Rafael Álvarez, Joan Comas Camps e Juvenal de la Vega *Manual del Inspector de Primera Enseñanza*. Madrid: Publicacións da *Revista de Pedagogía* (1934), 190.

[1622] En *Gaceta de Madrid* do 8 de agosto de 1931. En Salvador Grau Company, "Estudio Comparativo de los aspectos legislativos y educativos sobre la atención y el tratamiento al superdotado", *Faisca: revista de altas capacidades*, Nº 5 (1997): 4

[1623] En *Gaceta de Madrid* do 8 de xuño de 1932.

[1624] En Juan Alfredo Jiménez Eguizábal, *La inspección de primera enseñanza en la segunda república (1931-1936)* (Salamanca: Edit. Universidade de Salamanca, 1984), 79-87.

[1625] En María del Mar del Pozo Andrés*, "Salud, higiene y educación: origen y desarrollo de la Inspección Médico Escolar en Madrid (1900-1931)", Áreas. Revista Internacional de Ciencias Sociales,* Nº 20 (2000): 107

levadas a cabo polo respectivo inspector provincial. As observacións realizadas por este axente permitían recoñecer e mellorar a actividade profesional do mestre, deixando á marxe as valoracións de condicións hixiénicas.[1626]

As visitas técnicas foron fiscalizadas ata 1933 seguindo a normativa da Orde Circular do 17 de setembro de 1913. Logo pasaron a ser normativizadas segundo o artigo 13 da Orde do 27 de abril de 1933, disposición que facía referencia á recollida nun caderno de tres partes de observación: a situación e funcionamento xeral da escola, o labor e conduta do mestre, e as propostas de melloramento das dificultades atopadas.[1627] Desta triplo diverxencia o inspector lucense tiña o obxectivo final de impulsar as escolas dende un punto de vista técnico e pedagóxico.

> La Inspección profesional de Primera enseñanza es el organismo encargado de orientar, impulsar y dirigir el funcionamiento de las Escuelas nacionales y de las instituciones educativas auxiliares de las mismas...[1628]

A recollida de información do inspector tiña unha dobre intención, a de mellorar a función docente e a de controlar os aspectos normativos: "Visitar las demás escolas públicas y privadas para comprobar si en su labor se someten a los preceptos legales y a las condiciones en que fue autorizado su funcionamiento".[1629] Con todo, os libros de visitas dos inspectores recollían os seguintes aspectos: dotación, localización, material, local, organización, metodoloxía, asistencia media dos alumnos e relacións entre a escola e a sociedade. Debido o volume de traballo, en moitas ocasións a visión técnico e pedagóxica do inspector era unha mera visión fiscalizadora para controlar que os centros respectaran a normativa vixente. No referente á vertente pedagóxica de melloramento do Maxisterio lucense, o inspector foi un axente importante para combater a excesiva ruralización escolar e o illamento do mestre na provincia lucense.[1630] En referencia a isto, en Lugo os inspectores Luis Soto Menor, José del Peso y Sevillano, Joan Comas Camps, Jacinto Ruiz Santiago e José Galera Moreno xiraron visitas de tipo técnico, mellorando a formación dos mestres en zonas rurais. Tendo en conta o carácter conservador, ruralizado, eclesiástico e tradicional desta provincia, a tarefa de implantar novas experiencias progresistas ou pedagoxicamente avanzadas non era doada. Ademais cómpre ter en conta que estas zonas estaban sometidas a frecuentes presións caciquís.[1631]

Por outro lado, centremos a nosa atención nun recurso que tiñan os inspectores para informar aos mestres: os *Boletines de Educación*. Estes Boletíns tiñan a finalidade de mellorar a relación técnica entre a Dirección Xeral e os distintos organismos de primeira ensinanza. O último trimestre de 1933 e 1934, o *Boletín de Educación* manifestaba que Lugo tiña concedida a aprobación do proxecto e presuposto da revista.

[1626] En V. Fernández Ascarda, *Manual del Maestro* (Madrid: Magisterio Español, 1932), 144-146.

[1627] En Ministerio de Instrución Pública e Belas Artes, *La inspección de Primera Enseñanza. Organización y legislación* (Madrid: Bolaños y Aguilar, 1934), 32.

[1628] En ídem, 10.

[1629] En *Ministerio de Instrución Pública y Bellas Artes*, "Sobre as funcións dos inspectores" (Madrid: *Ministerio de Instrución Pública y Bellas Artes*, 1934), 10.

[1630] En José Manuel Vázquez López, "Relación entre a defensa da escola rural cos inspectores e Mestres (Lugo 1900-1936)", *Educació i desenvolvement rural als segles XIX-XX-XXI* (Lleida: Universitat de Lleida, 2018), 161-175.

[1631] En Elías Ramírez Aísa, "Introducción a la historia de la Inspección en España", *Fundamentos de Supervisión Educativa*, (Madrid: Edicións La Muralla. 1993) 216-217. Segundo Sánchez Sarto, durante estes anos a nivel nacional era frecuente atopar esta situación nas escolas. En Luis Sánchez Sarto, *Diccionario de Pedagogía* (Barcelona: Labor, 1936), 1689.

A súa subscrición era obrigatoria para todas as escolas cun excedente no seu presuposto de cinco pesetas anuais, aínda que non temos seguridade de que esta normativa chegara a implantarse con rigorosidade. Está constatado que esta publicación foi un excelente medio nacional para a coordinación e difusión pedagóxica entre o Maxisterio e os seus estamentos pedagóxicos superiores.[1632]

Outro aspecto importante inherente á función de orientación técnica e pedagóxica foi a *defensa da cultura galega*, que algúns inspectores realizaron neste tempo, traballando a prol da galeguización da escola. Entre estes homes citamos as figuras de: Gerardo Álvarez Limeses, Antonio Couceiro Freijomil, Antonio Alonso Ríos, Rogelio Pérez González, Manuel Díaz Rozas e en Lugo o xa citado anteriormente Ben Cho Shey, a pesar do pouco tempo que estivo nesta cidade.[1633]

Xiremos agora a nosa vista cara a *inspección de escolas graduadas* en Lugo. En referencia a isto, os inspectores tiñan que avaliar moi poucos centros deste tipo. Rememorando o número de centros deste tipo, ata principios do século XX, existía unha soa Escola Graduada en toda a provincia, colexio dependente do *Instituto Provincial de Lugo.* Este centro atopábase dirixido en 1911 polo prestixioso publicista Antonio Couceiro Freijomil (Pontedeume, 1888-Santiago de Compostela 1955), brillante polígrafo que escribiu na década dos anos corenta o *Diccionario Bio-Bibliográfico de escritores*, e máis tarde chegaría a formar parte da Real Academia Galega e do Seminario de Estudos Galegos.[1634] Nos anos trinta, o número de centros desta clase ampliaríase ata tres.[1635]

c) A terceira e última función do inspector foi a *socioprofesional*, comprendendo aquelas actividades relacionadas coa coordinación das institucións *circumescolares* e sociais. En referencia a isto Sánchez Sarto afirma: "Acaso el más enhiesto valor de la función inspectora está en su transcendencia social".[1636] No primeiro terzo do século XX os inspectores tiñan unha grande importancia como axentes sociais, podríamos dicir que esta foi outra das funcións "tradicionais". En concreto na provincia lucense resaltou a figura de Luis Soto Menor.[1637]

Segundo Jiménez Eguizábal, a nivel social despréndese unha *dobre función*: por un lado temos a actividade dos inspectores en relación coa escola e por outro a coordinación do conxunto institucional da educación.[1638] Durante estes anos, podemos apreciar como se produciu unha excitación importante do societarismo, constituíndo este fenómeno como unha nova corrente corporativa.[1639] En efecto, nestas

[1632] En varios "Presuposto Boletín de Educación", *Boletín de Educación*, Nº 7 (1934): 57-64.

[1633] En Delfín Caseiro Nogueiras, "A inspección educativa e a normalización lingüística no primeiro terzo do século XX", *Actas do V Congreso Manuel Luís Acuña* (Orense: Deputación Provincial de Ourense, 2021), 30.

[1634] En Antonio Prado Gómez, *O Instituto Provincial de Lugo 1842-1975*, (Lugo: Servizo de Publicacións de Lugo, 2013), 135. Pode consultarse o seu expedente en Expedientes persoais. AHLA e GEG.

[1635] En Rodolfo Llopis, *La revolución en la escuela. Dos años en la Dirección general de Primera enseñanza* (Madrid: M. Aguilar, 1933), 168; e para 1933 en Antón Costa Rico e Uxía Bolaño Amigo, "Represión política e castigo do profesorado republicano na provincia de Lugo. As consecuencias do 36", *Sarmiento,* Nº 21 (2017): 106.

[1636] En Luis Sánchez Sarto, *Diccionario de Pedagogía,* (Barcelona: Labor, 1936), 1690.

[1637] En Luis Soto Menor, "Número especial sobre a Semana Pedagóxica Lucense", *Vida Escolar* Nº 336, ano VII (1933): 4.

[1638] En Alfredo Jiménez Eguizábal, "Génesis de la función social y carácter profesional de la inspección educativa en España (1849-1936)", *Historia de la educación: Revista Interuniversitaria*, Nº 17 (1998): 217-218.

[1639] En Eric Jorge Fontoba Jordá, "Asociacionismo docente en España durante el siglo XIX y XX. Inicios y puntos de partida durante el siglo XIX", *Pedagogias alternativas y educación en los márgenes a lo largo del siglo XX* (Valencia: Universidade de Valencia, 2022), 76-77.

organizacións participaron ou estaban inscritos varios membros da inspección. En primeiro lugar sinálase a José del Peso e José Galera como membros da loxa masónica *Lucus*.[1640]

Todos estes cambios implantaron lentamente unha nova concepción da *figura social* do inspector, aumentando o seu labor social, administativa, técnica e pedagóxica que propiciou unha maior presenza no panorama socioeducativo. Este sería un signo do proceso de modernización escolar inconcluso estudado neste traballo. O que si podemos apreciar con claridade foi que paulatinamente as funcións do inspector foron incrementándose, así como as visitas ás escolas. Este cambio conceptual veu acompañado de diversas contrarreformas en función do sistema político rexente como: a Ditadura de Primo de Rivera, o bienio do Goberno da CEDA ou o goberno ditatorial de Franco. Así, a profesión de inspector de ensino primario dependeu dos cambios na administración gobernamental, proceso que encadeou varias reformas nas súas funcións e por conseguinte a implantación de novas premisas da Administración Central.

4.3.8. A progresiva incorporación de mulleres á inspección

Para comezar este apartado cómpre rememorar a importancia da ILE para a educación da muller, que aproximou o pensamento krausista e as iniciativas de educación feminina promovidas por Fernando de Castro e Francisco Giner dos Ríos.[1641] Froito das consecutivas reformas promovidas no ensino, a finais do século XIX incorpóranse as primeiras mulleres aos institutos de segunda ensinanza. En Lugo a primeira nena matriculada nesta etapa educativa foi durante o curso 1879-1880.[1642] Sucesivamente, nas primeiras décadas do século XX pasouse da exclusión feminina á construción e incorporación de cada vez máis mulleres ao bacharelato en España.[1643] Isto redundou de forma positiva ao acceso de moitas mulleres a estudos superiores, posibilitando posteriormente a incorporación laboral e a ocupación de cargos específicos. Grazas a isto, durante os primeiros anos deste século apreciouse unha progresiva incorporaron de mulleres ao corpo docente e de inspectores. Este foi outro dos factores que reflectiu o proceso de modernización e renovación da pedagóxica da escola e das institucións das que dependía.

Pero veamos agora a primeira vez que se promove o ingreso feminino á inspección. A nivel nacional, segundo o Real Decreto do 7 de febreiro de 1913 implantáronse dez prazas de inspectoras auxiliares con destino nas capitais de distrito universitario en España.[1644] De xeito similar, a Lei de Presupostos 1913 autorizaba a creación de 40 prazas de inspectores e inspectoras auxiliares baixo a Dirección Xeral de Primeira Ensinanza.[1645] Estes postos foron redistribuídas por toda España nas principais capitais

[1640] En Antón Costa Rico, *La educación en Galicia (1669-1970)* (A Coruña: Universidade de Santiago, 1999), 1058-1509.

[1641] Vide Raquel Vázquez Ramil, *Mujeres y educación en la España contemporánea. La Institución Libre de Enseñanza y la Residencia de Señoritas de Madrid* (Madrid: Akal, 2012).

[1642] En Consuelo Flecha García, "La incorporación de las mujeres a los institutos de segunda enseñanza en España", *Historia de la Educación*, 17, 159-178, (1998): 166.

[1643] En Carmen Benso Calvo e Rosa María Cid Galante, "A participación das mulleres ourensas no ensino secundario", *Sarmiento*, Nº 10 (2006): 147.

[1644] En Eduardo Soler Fiérrez, María Teresa López del Castillo, Domingo Muñoz Marín, Antonio Molero Pintado, e Elías Ramírez Aísa, *Estudios históricos sobre la Inspección Educativa* (Madrid: Escuela Española, 195), 138.

[1645] O Ministerio de Instrución Pública e Belas Artes publicou un Real Decreto suspendendo a distribución do persoal de inspectores de Primeiro Ensino. Deste xeito a Lei de Presupostos de 1913 redistribuíu as prazas suspendidas sumadas ás 40 de inspeccións auxiliares.

de provincia e ocupadas polas alumnas da EESM. Aínda que ningunha das inspectoras desta promoción foron destinadas á provincia lucense.[1646] Agora ben, a aparición da inspección feminina foi un feito histórico sen precedentes no noso país. En 1959, Francisca Montilla afirmaba nun traballo titulado *A Inspección Feminina*:

> Precisando máis diremos que foi o Real Decreto do 7 de febreiro de 1913, artigo segundo, o que rexistrou por primeira vez a Inspección Feminina, creando 10 prazas de inspectoras auxiliares con residencia en capitais de provincia.[1647]

Outro avance que cómpre recapitular é o aspecto da remuneración económica e a *equiparación salarial* entre xéneros. As primeiras inspectoras cobraban 2500 pesetas anuais, segundo o preámbulo do Real Decreto do 19 de febreiro de 1915 publicado polo novo *Ministerio de Instrucción Pública*. Esta disposición tamén trataba as normas relativas á distribución das novas vinte prazas de inspectores de primeira ensino, o resultado foi a constatación dun maior crédito consignado na Lei de Presupostos. A valoración dos resultados obtidos nos distintos cargos foi a seguinte:

> Buscando a maior eficacia dos servizos e tendo en canta os bos resultados que deu a inspección feminina, propóñense a extensión desta a outras provincias, xa que ata o presente estivo limitada ás que son capitais de Distrito universitario.[1648]

Posteriormente, a *Dirección General de Primera Enseñanza* creou vinte prazas máis repartidas igualmente entre os dous xéneros, dez para inspectores e outras dez para inspectoras.[1649] A estas últimas encomendóuselle a tarefa de visitar as escolas de nenas nas capitais das localidades ben comunicadas. Segundo Cossío, nun dos ensaios máis interesantes realizados no primeiro cuarto do século XX, a inspección desempeñada por mulleres levouse a cabo sobre tres institucións: escolas de nenas, escolas de párvulos e escolas de adultas.[1650] En Lugo, este cargo foi ocupado por Carmen Muñoz Manzano (primeira inspectora destinada na provincia luguesa).[1651] Esta muller tiña ao seu cargo 100 escolas que supervisar, e foi compañeira de Joan Comas Camps e Luis Soto Menor. Sucesivamente, na provincia de Lugo traballaron tamén Elisa Rodríguez Estévez e Carmen Castilla Polo, ocupando o mesmo posto.

E cómpre facer un inciso respecto a mulleres relevantes ocupando postos de certa responsabilidade na provincia de Lugo. Emporiso que destacamos a Filomena Páramo Fernández, como a primeira muller profesora do Instituto lucense, e Carmen Pardo Losada como directora da Escola Normal.[1652] A continuación expoñemos o cadro que recolle o nome de todas as mulleres inspectoras de ensino primario destinadas na provincia de Lugo dende 1900 ata 1936.[1653]

Cadro 48. Inspectoras destinadas en Lugo dende 1900 ata 1936.	
Nome	**Datas**
1. Carmen Muñoz Manzano	1933 (6 meses)
2. Elisa Rodríguez Estévez	1934-1939

[1646] En *Gaceta* do 09 de febreiro de 1913.
[1647] En Francisca Montilla, "La Inspección femenina", *Revista Bordón,* Nº 84-85, tomo XI (1959): 271-274.
[1648] No preámbulo do Real Decreto do 19 de febreiro de 1915 (*Gaceta* do 20 de febreiro de 1915).
[1649] En Real Decreto do 19 de febreiro de 1915 (*Gaceta* do 20 de febreiro de 1915), 565.
[1650] En Manuel B. Cossío, (1915), 68.
[1651] Logo de tomar posesión no seu destino, Carmen de la Torre debía elevar á Dirección Xeral un proxecto de traballo para inspeccionar as escolas da súa xurisdición.
[1652] En *El Progreso*, Lugo, 9 de outubro de 1923.
[1653] En de enseñanza, "Congreso Pedagógico de 1923", *El Progreso,* Lugo, o 14 de outubro de 1923.

3. Carmen Castilla Polo	1947-1954

Fontes: Elaboración propia. Para Carmen de la Torre en Carmen de la Torre, "Congreso Pedagógico de 1933", *El Progreso,* Lugo, o 14 de outubro de 1923; para Elisa Rodríguez Estévez en Elisa Rodríguez Estevez, "Distribución especificada de zonas de inspección", *Vida Escolar*, Nº 513 (30 de xaneiro de 1937): 4; para Dieste, J . M. J. / C. F. Ribeira, "Fallece la vida de Rafael Dieste", *La voz de Galicia*, abril de 2002, extraído 13/abril/2002 de: http://www.lavozdegalicia.es/hemeroteca/2002/04/13/1046341.shtml; para Carmen Castilla Polo Montegut Contreras, en Carmen Castilla Polo Montegut, "La memoria histórica como proyecto social y cultural", *La comunidad-El país* (Agosto de 2012) extraído o 7 de agosto de 2012 de: http://lacomunidad.elpais.com/tags/carmen-castilla-polo.

Cadro 49. Inspectoras lucenses destinadas fóra da provincia de Lugo

Nome	Apelidos	Títulos	Nacemento	Provincia	Destino	Ingreso
Mª. Victoria	Díaz Riva	M S e L En F	15/08/1904	Lugo	Oviedo	24/12/1929
Antonia	Ortiz Currais [1654]	M N	15/06/1896	Lugo	Ourense	19/07/1920

Fonte: Elaboración propia. Luis Batanaz Palomares, *La inspección de primera enseñanza durante la guerra civil y el primer franquismo,* (Córdoba: Servizo de Publicacións da Universidade de Córdoba, 2011) 198-205.

Con estes datos chegamos ata os anos trinta: dende 1933 ata 1935 o número de inspectoras variou de modo significativo, tendo en conta a proporción entre homes e mulleres que traballaron na provincia de Lugo. En 1933 estaban destinados en Lugo cinco inspectores, en total catro eran homes e unha muller: Carmen Muñoz Manzano. Podéndose apreciar así un tímido proceso de feminización da inspección primaria en Lugo. En 1935, a inspección feminina tiña unha maior presenza, acadando o 40%. Dos cinco inspectores destinados na provincia lucense tres eran homes e dúas mulleres: Elisa Rodríguez Estévez e Carmen Castilla Polo (restituída en 1947). No ano 1936 trasladan forzosamente a Antonia Ortiz Currais á localidade de Viveiro durante un breve período de tempo.[1655] O seguinte cadro achega o cambio porcentual:

Cadro 50. Análise por xénero dos inspectores de Lugo entre 1933 e 1947

Ano	Mulleres	Homes	% femenina.
1933	1	4	20%
1947	2	3	40%
Total	5		

Fonte: Elaboraación propia. En J. Alfredo Jiménez Eguizábal, *La inspección de primera enseñanza en la segunda república (1931-1936),* (Salamanca: Universidade de Salamanca, 1984) 114.

Coas oposicións de 1932 e 1934 aumentou a incorporación de mestres de primeira ensinanza ao *escalafón* de inspectores, un incremento que se apreciou na provincia lucense, tendo en conta a incorporación da primeira muller inspectora na provincia de Lugo en 1933: Carmen Muñoz Manzano. Esta circunstancia foi o resultado da diminución da porcentaxe do Grao Normal e as novas normas de ingreso fixadas nos

[1654] No ano 1936 foi trasladada á localidade de Viveiro na provincia de Lugo. En Rosa María Cid Galante, "Antonia Ortiz Currais: A primeira inspectora de ensino primario en Galicia comprometida coa ensinanza e defensora da educación da muller", *Eduga: revista galega do ensino*, Nº 80 (2020).

[1655] Rosa María Cid, "A primeira inspectora de ensino primario en Galicia comprometida coa ensinanza e defensora da educación da muller", *Eduga,* Nº 80 (decembro de 2020).

Decretos do 2 de outubro de 1931 e do 2 de decembro de 1932.[1656] Por todas estas razóns, cómpre realizar unha recapitulación biográfica daqueles aspectos máis significativos das vidas de: Carmen Muñoz Manzano, Elisa Rodríguez Estevez e Carmen Castilla Polo. Estes datos atópanse recollidos no apartado deste traballo de investigación co número 4.3.10. titulado: "Itinerarios vitais e profesionais dos inspectores e inspectoras que traballaron na provincia lucense".

Á marxe disto, a continuación expóñense o estudo biográfico das inspectoras lucenses que traballaron neste período (1900-1936) no proceso de modernización escolar fóra da provincia de Lugo: María Victoria Díaz Riva e Antonia Ortiz Currais. Esta última inspectora foi trasladada durante un corto período de tempo a Viveiro no ano 1936.[1657]

1. María Victoria Díaz Riva

Comecemos por Victoria Díaz Riva. Esta inspectora naceu en Lugo o cinco de agosto de 1904, pero a súa actuación como inspectora foi externa a súa provincia natal. Co tempo obtivo a licenciatura de Filosofía e Letras na sección de Historia. Posteriormente ingresou na EESM, obtendo a titulación que lle permitiu ingresar no corpo de inspectores de ensino primario. En 1929, comezou o seu bagaxe coma inspectora en Oviedo, neste primeiro destino permaneceu varios anos e nunca chegaría a exercer a función inspectora na provincia de lucense.[1658] En 1932 e 1933, Victoria díaz viaxou a Francia, Bélxica e Suíza coa JAE. Nestas viaxes especializouse en Pedagoxía de Anormais e as Perturbacións da Linguaxe. Incidiremos na relevancia de que foi unha das primeiras especialistas en problemas da linguaxe infantil do noso país.[1659] Nestes anos de formación no estranxeiro recibiu clases deos seguintes profesores: Wallon, Piaget e Decroly. Tamén visitou os seguintes centros: *Centro de Observación y Reeducación de niños difíciles* en Xenebra, *Instituto Real de Sordomudos del Rempart des Moines*, *Escuela de Ermitage* e *Escuela de Anormales de Uccle*, *Instituto Cantonal de Sourds-Muets de Moudon* (Vaud), *Erziehungsanstalt Regensberg-Padagogische Richtlinien*, *Casa Familiar de Tratamento y Reeducación* en Boulogne-sur-Seine (París), *Escuela jardín de Anderletch*, *Granja Escuela de Waterloo*, *S. Joseph Swynaerde* (Bélxica), *Institutos Médico-Pedagógicos de Bouscat* (Bordeus), *Rixensart y Bierbais-Mont.St. Guibert* en Bélxica, Institutos Nacionais Departamentos e *Redes* de Bordeus, Asnières, París, Gante, Bruxelas e "L`Home des Enfants Sourds" de Xenebra. Netes centros cursou os seguintes estudos especializados sobre educación:

1. Método Decroly no *Instituto Real de Sordomudos del Rempart des Moines*, *Escuela de Ermitage*, *Escuela de Anormales de Uccle* e a *Escuela número siete de Bruxelas*.
2. Método Brankmam na clase "des enfants durs d´oreilles" de Lausana, *Instituto Cantonal de Sourds-Muets de Moudon* (Vaud) e o *Erziehungsanstalt Regensberg-Padagogische Richtlinien*.

[1656] En Ministerio de Instrucción e Bellas Artes, *Colección legislativa de Instrucción Pública. Año 1931* (Madrid: Edicións Administración, 1931), 594-600.

[1657] En Rosa María Cid Galante, "A primeira inspectora de ensino primario en Galicia comprometida coa ensinanza e defensora da educación da muller", *Eduga*, Nº 80 (decembro de 2020).

[1658] En Aurora Marco, *Dicionario de Mulleres Galegas* (A Coruña: Edicións A Nosa Terra, 2007), 133.

[1659] En Antón Costa Rico, "María Victoria Díaz Riva", en *Cultura Galega* (Álbum da JAE), http://culturagalega.gal/albumdajae/detalle.php?id=57

3. Estudos sobre sordomudos no Institutos Nacionais, *Departamentos e Redes de Bordeus, Asnières, París, Gante, Bruselas* e *L`Home des Enfants Sourds* de Xenebra.

4. Estudos sobre anormais en Asnières, *Casa Familiar de Tratamiento e Reeducación en Boulogne-sur-Seine* (París), *Escuela jardín de Anderletch*, *Granja-Escuela de Waterloo*, *Escuela S. Joseph Swynaerde* (Bélxica), *Institutos Médico-Pedagógicos de Bouscat* (Bordeus), *Rixensart* e *Bierbais-Mont.St. Guibert* en Bélxica.

5. Entre outras clases especiais asistiu ás de Bordeus, París, Xenebra, Bruxelas, Lausana. Tamén estivo presente nas clases de Mrs. Guilmain en París e Madlle.

6. Estudos con Jean-Paul Descoeudres en Xenebra.

A nivel práctico, é oportuno redundar na importancia de que Victoria Díaz aplicou varios "test" en diversos laboratorios e visitou os *Museos Pedagógicos* de Bruxelas e Zurich. Presentou un traballo de 48 páxinas titulado: "Algunas notas sobre la perturbación del lenguaje". Ademais formouse noutros temas de interese, acudindo as clases suplementarias de *Dibujo rítmico en Moleembeck*, algunha profesional en París, *Menagères e Infantes* de Bélxica e Suíza. No estranxeiro, tamén asistiu aos seguintes cursos e conferencias: de *Higiene y Patología Mental* organizados pola *Facultad Ciencias de Higiene*, a *Facultad de Pedagogía de Bruxelas* e do *Instituto Rousseau* en Xenebra, e de formación do profesorado especial e *Pedagogía Experimental*, *Ortofonía* e conferencias organizadas polo *Dispensario de Higiene Mental* de Bruxelas.[1660]

Ilustración 63. María Victoria Díaz Riva (extraída de *www.culturagalega.org)*

No que respecta ao labor científico, Victoria Díaz emitiu unha investigación moi completa sobre as áreas de estudo especificadas anteriormente. Ademais, esta inspectora estivo destinada en Málaga xunto a Simón Serrano Rodríguez, co cal escribiu algún traballo científico.[1661] No período de posguerra foi depurada. Na *Gaceta* do doce de febreiro de 1937 publicouse o Decreto polo cal foi separada do cargo.[1662]

2. *Antonia Ortiz Currais*

Antonia Ortiz foi a *primeira inspectora* de ensino primario de Galicia. Era natural de Lugo, naceu no municipio de O Corgo no ano 1896. Entre os anos 1902 e 1904 estudiou na Escola Superior de Maxisterio da Coruña, exercendo como mestra en 1908 na Escola Graduada de Nenas en Pontevedra.[1663] En 1911 foi trasladada á Auxiliaría da

[1660] En Victoria Díaz Riva, "Expediente de Mª Victoria Díaz Riva" (Madrid: JAE. Sinatura: JAE 42/93).

[1661] En Ángela Caballero Cortes, "La inspección en la legislación del nuevo Estado", *Revista interuniversitaria, de formacion del profesorado,* Nº 13 (Abril-xaneiro de 1992): 118.

[1662] En Luis Batanaz Palomares, *La inspección de primera enseñanza durante la guerra civil y el primer franquismo* (Córdoba: Servizo de Publicacións da Universidade de Córdoba, 2011), 198-205.

[1663] En *El Noroeste,* 7 de maio de 1904; en *La idea moderna,* 5 de marzo de 1908; en *El Progreso*, Lugo, 4 de decembro de 1909; en *El magisterio español*, Nº 3632 (19 de agosto de 1911): 13; en *El magisterio español,* Nº

Escola Superior Graduada de Cidade Real. En 1915 matriculouse na EESM, unha vez rematados os seus estudos, en 1920 ingresou no corpo de inspectores. O seu primeiro destino como inspectora foi Ourense.[1664] Posteriormente obtivo unha pensión da JAE coa que viaxou a Francia, Bélxica e Suíza.[1665] Nas súas viaxes estudou a organización dun grupo de párvulos e as *Escuelas Nuevas*.[1666]

Ilustración 64. Antonia Ortiz Currais en *Álbum de Galicia*[1667]

Co estalido da Guerra Civil esta inspectora foi depurada polo réxime franquista, sendo castigada e apartada do seu posto. Por esta razón en 1936 Antonia Ortiz foi trasladada forzosamente á localidade lucense de Viveiro. Definitivamente, o 24 de setembro de 1936 foi cesada do seu cargo por orde do Comandante Militar de Ourense. A súa penalización foi limitada, reingresando no corpo durante o franquismo. Unha vez xubilada foille outorgada a *Cruz de Alfonso X* pola súa traxectoria vital.[1668]

En definitiva e a xeito de conclusión, todas estas inspectoras que se relacionan coa provincia de Lugo tiveron como referencia lexislativa o Real Decreto do 7 de febreiro de 1913, polo cal se crearon as primeiras dez prazas dirixidas á inspección feminina, ocupadas por mestras da EESM. Nos presupostos de 1915 habilitáronse dez prazas máis de inspección feminina con igual soldo e iguais dereitos que o dos inspectores auxiliares.[1669]

Para finalizar convén dicir que moitas das inspectoras que exerceron o seu traballo foron *depuradas* nos períodos da Guerra Civil Española e posguerra. As mulleres sancionadas na provincia luguesa foron: Elisa Rodríguez Estévez polo goberno golpista e Carmen Castilla Polo, por ámbolos dous réximes.[1670] Este proceso levouse a cabo mediante o Decreto do 2 de decembro de 1932, disposicións que rescindiron da diferenciación entre inspección feminina e masculina ata 1939. En xaneiro de 1939 volveuse diferenciar prazas de inspección masculina e feminina respectivamente. Non obstante, neste período apreciouse un relevo considerable de mulleres nos postos na inspección do ensino primario.

4647, (17 de xullo de 1915): 2; en *El Compostelano*, 24 de xuño de 1920; 27 de xullo de 1920; 10 de agosto de 1920; 8 de abril de 1920 e o 26 de xaneiro de 1921.

[1664] En Xose Manuel Cid Fernández, "Antonia Ortiz Currais", *Álbum de Galicia*, (Consello da Cultura Galega, publicado o 1/1/2012) extraído o 21 de decembro do 2012 de http://consellodacultura.gal/album-de-galicia/detalle.php?persoa=2850.

[1665] En Antonio Ortiz Currais, "Expediente Antonio Ortiz Currais" (Madrid: sinatura JAE/108-119).

[1666] En Teresa Marín Eced, *Los pensionados en Educación por la Junta de Ampliación de Estudios y su influencia en la pedagogía española* (Madrid: Universidade Computense de Madrid, 1988).

[1667] Fotografía de Atonia Ortiz, en *culturagalega.gal*, extraída o 25 de xaneiro de 2025 de http.//culturagalega.gal/album/detalle.php?id=236.

[1668] En Antonia Ortiz Currais, "Expediente de Antonia Ortiz Currais", (Madrid: ACME-AGA. Sinatura: 016747-007) e tamén en Salvador Ferrer C. Maura, *La escuela de Estudios Superiores de Magisterio* (Madrid: CEDESA, 1973).

[1669] En Lugo gozaron deste dereito as inspectoras de ensino primario: Elisa Rodríguez Estévez (1934-1939) e Carmen Castilla Polo.

[1670] Por Orde Ministerial o 26 de xullo de 1940, en *BOE* do 23 de setembro de 1940.

4.3.9. A escola segundo os estudos de José del Peso y Sevillano e José Galera Moreno

Tendo en conta o método da *triangulación* propia da investigación cualitativa, convén comparar os diferentes traballos sobre o ensino primario realizado polos inspectores que estiveron destinados na provincia de Lugo, co fin de obter unha descrición máis exacta do proceso de modernización escolar. Esta tarefa permite ao investigador obter un criterio de maior calidade, contrastando a información obtida no proceso de investigación. Partindo desta idea, os inspectores José del Peso y Sevillano e José Galera Moreno realizaron varios traballos nos que analizaron o ensino primario e a súa inspección no primeiro terzo do século XX. Estes estudos reflectiron a imaxe dun inspector burocrático e sobrecargado laboralmente: caracterizado por ter un exceso de escolas a supervisar e por unha *dilatada carga administrativa*.[1671]

Estes dous inspectores, formaron parte da *Logia Lucus* e do equipo de inspección primaria en diferentes anos, igual que Ángel de la Vega Ugarte, Daniel Calvo (rexentou o posto en 1933), Elisa Rodríguez Estévez, Fabriciano Posada, Jacinto Ruiz Santiago que foi inspector, en 1924, Joaquín García Ojeda, José Ramón Fernández Ojea, José Fernández Rodríguez, Juan Comas Camps, Luis Soto Menor, (1881-1917), Luis Jorge Téllez de Meneses, Manuel Panero, Manuel Lorenzo Gil, Salvador Cillán, Manuel Vázquez Gesto (que acompañou a Luis Soto) e Vicente Pérez Sierra. Nos primeiros anos do século XX, o principal obxectivo destes inspectores foi: mellorar unha descoidada ensinanza primaria, que se atopaba nunha etapa embrionaria. O gran número de escolas a supervisar imposibilitaba un servizo de calidade, por este motivo en 1932 convocouse unha ampliación do número de inspectores de ensino primario.[1672] O aumento de inspectores na provincia significou un salto cualitativo e cuantitativo na historia da inspección educativa da provincia lucense. Todos eles xestionaron a apertura de centros educativos, circunstancia que provocou un crecemento do número de escolas para cada inspector, cantidade que anteriormente xa era desfavorable e desequilibrada. Por conseguinte, o aumento de escolas nos anos vinte e trinta fixo que a relación inspector-número de escolas fora aínda máis desproporcionada. Respecto a isto, en 1920 o inspector de Primeiro Ensino José del Peso afirmaba: "Cada Inspector tiene a su cargo de 200 a 300 Escuelas".[1673]

Vexamos agora o que dicían sobre a *relación coas escolas.* A pesar do desproporcionado número de escolas a supervisar no primeiro terzo do século XX, a inspección era o único elemento oficial que, xunto co mestre, mantiña unha relación estreita coa escola, segundo José del Peso. En referencia a isto, estes inspectores realizaron varios traballos analizando a situación do ensino primario en Lugo (traballos adxuntos ao final no apartado de Anexos: 7.3. e 7.4.

[1671] Eran numerosos os documentos que pola súa lexislación o inspector tiña que supervisar, debido a isto, estes homes e mulleres reivindicaron á Administración Central un maior apoio, para poder ofrecer unha función máis pedagóxica de apoio aos mestres e menos burocrática.

[1672] En Antón Costa Rico, *Historia da educación e da cultura en Galicia* (Vigo: Xerais, 2004), 918-920 e Antón Costa Rico, *Escolas e Mestres. A educación en Galicia: Da restauración á Segunda República*, (Santiago: Servizo Central de Publicacións, Xunta de Galicia, 1989) e varios, "De enseñanza-Inspección de Primera Enseñanza", *El Progreso,* Lugo, do 13 de marzo de 1932.

[1673] En José del Peso y Sevillano, "Galicia y su enseñanza primaria" (Madrid: Arquivo JAE. Sinatura: JAE/115-391, xuño 1925), anexado neste traballo e presente no arquivo da JAE.

Por outro lado, incidiremos que ambos os dous inspectores son unhas figuras privilexiadas para realizar a descrición do estado das escolas, xa que mantiñan unha intensa relación cos centros educativos. Mais tarde, difundían normas e orientacións ás escolas e aos seus mestres. Estas achegas pedagóxicas beneficiaron ao funcionamento das escolas e por contigüidade aos habitantes das diferentes localidades luguesas. Secasí, este organismo incidiu nos elementos e direccións para conseguir unha maior cultura e incrementar a calidade de educación pública. Ademais, o traballo destes dous inspectores en Lugo foi importante para a creación de centros, a organización de cursos de melloramento para mestres, a organización de actividades formativas, a orientación pedagóxica e a adaptación de centros escolares.

Tomando como referencia os estudos dos dous inspectores sinalados, cómpre ter en conta a cuestión *monetaria,* é dicir o investimento que se realizaba nos colexios provinciais, que por aquel entón era moi baixa. Segundo José Galera e José del Peso, as malas condicións do ensino primario na provincia lucense eran unha realidade, feito confirmado xa en 1900 polo inspector de Primeiro Ensino de Lugo Manuel Panero.[1674] En Lugo, outros inspectores tamén realizaron un informe describindo a mala situación das escolas, completando o método de triangulación e confirmando imaxe ofrecida por José Galera e José del Peso.[1675] Estes documentos recollen datos reveladores sobre o investimento educativo en Lugo: unha análise comparada sobre o investimento económica en educación nas distintas provincias galegas, achegaba a conclusión de que a provincia luguesa era o que tiña o orzamento máis baixo. Realizando unha lectura destes datos, obsérvase como se investía pouco diñeiro nas escolas. Este factor económico pode responder en parte ao detrimento no que estaban mergulladas a maioría das escolas lucenses.[1676]



Ilustración 65. Exemplo dun caderno de visitas de inspección

O estudo de José del Peso y Sevillano sobre a escola

Aludindo aos traballos realizados por José del Peso, sendo inspector de ensino en Lugo escribiu un estudo inconcluso sobre a escola galega que leva por título *La enseñanza primaria en Galicia*. Este texto foi presentado na JAE para optar a unha bolsa como pensionado no estranxeiro, pensión que se lle concedeu finalmente no ano 1936. A investigación previa realizouna cando era compañeiro de Luis Soto Menor na

[1674] O inspector informou ás autoridades sobre o depauperado estado das escolas, das situacións de empobrecemento e de todas aquelas dificultades polas que pasaba o Primeiro Ensino lucense.

[1675] En Manuel Panero, "Informe de Manuel Panero" (Lugo: APL. Fondo Concello, sinatura: 931, 1900).

[1676] Ídem.

provincia lucense.[1677] A primeira parte desta obra titúlase "Influencia del medio gallego sobre la Escuela Primaria", mentres que a segunda e terceira non se chegaron a rematar, premeditadamente tituladas: "Influencia de la Escuela Primaria sobre el medio gallego" e "Lo que es y lo que debe ser la Escuela Primaria en Galicia".

O primeiro texto consta de 113 páxinas escritas a máquina e non están numeradas. Esta parte analiza a evolución de orde administrativa, política e social da escola.[1678] Así, del Peso centra a súa ollada na descrición dos aspectos orgánicos e funcionais da inspección educativa nas primeiras décadas do século XX.[1679] No mesmo apartado analiza as relacións entre os inspectores e a sociedade lucense, os vínculos intensos a favor da escola pública e a dinamización pedagóxica desta provincia. Este factor descriptivo ilustra as tímidas pero necesarias iniciativas de modernización e renovación pedagóxica nas escolas. Segundo o presente autor, os inspectores exercían unha grande influencia nos mestres e organizaban reunións nas capitais dos partidos xudiciais.

Este tipo de traballos conforman parte do legado histórico da ensinanza primaria en Galicia. Estes coñecementos presentados á cidadanía foron complemetandos con outras propostas e edicións, como mostran os sucesivos artigos editados no diario provincial de corte liberal *El Progreso*. Mediante a súa lectura podemos observar como emerxen as novidades pedagóxicas chegaban principalmente á provincia lucense mediante revistas, periódicos, libros, reunións e correspondencia.

A segunda parte do traballo analítico de José del Peso *Galicia y su enseñanza primaria* incidiu nos principais problemas do ensino: alto absentismo escolar, carencia de recursos materiais, obsoletas metodoloxías pedagóxicas e excesiva influencia do medio (social, económico, político, relixioso e cultural). Ademais, no texto trata os problemas da inspección sobre a evolución, a organización e a súa visión particular sobre a función técnica e administrativa.

Ilustración 66. José Galera Moreno en estudo histórico *Colegio de los Grupos-Colegio Primo de Rivera*[1680]

Os traballos de José Galera Moreno sobre a escola

Entre os traballos presentados por José Galera cómpre facer fincapé no estudo presentado no certame pedagóxico lucense celebrado en 1933. Nesta *Semana Pedagógica* celebrada en Lugo este inspector obtivo o primeiro premio cun traballo

[1677] O autor rematou só a primeira parte das tres partes que planificara e que imprudentemente prometeu entregar en maio do 1925 á JAE.

[1678] Este traballo achégase no apartado de Anexos 7.3. pola súa relevancia e claridade expositiva nos anos estudados na provincia lucense. Tamén pode atoparse no Arquivo da JAE coa seguinte sinatura: José del Peso y Sevillano, *Galicia y su Enseñanza Primaria* (Madrid: Arquivo JAE. Sinatura: JAE/115-391, xuño 1925).

[1679] José del Peso era natural de La Campana, provincia de Sevilla, con domicilio en C/ Felipe II nº 14.

[1680] En Manuel do Veiguello, "Labrada e os labradeses", en *labradeses.blogspot.com*, extraída o 20 de xaneiro de 2025 de: https://labradeses.blogspot.com/2019_11_01_archive.html

titulado *La escuela rural y sus problemas*.[1681] Do mesmo xeito se lle concedeu unha mención honorífica por outro estudo: *La coeducación y sus problemas en la Escuela Primaria*. Unha das características máis importantes que definían o pensamento de José Galera foi a súa ideoloxía laica e a convencemento da necesidade de emprender unha renovación pedagóxica en España. Seguindo esta liña, en 1931 escribiu un artigo titulado *Dignidad,* este estudo situaba ao clero como principal inimigo para a renovación pedagóxica provincial.[1682] Outro traballo relacionado co seu pensamento laico foi a cuartilla titulada *Columna vertebral de acero,* presentada na Semana Pedagóxica de 1933.[1683]

Galera tamén defendeu os postulados da ILE mediante as súas conferencias pedagóxicas, versando frases sobre as inquietudes do Primeiro Ensino e procurando solucións aos problemas escolares.[1684] Nestas xornadas tamén se intercambiaban impresións sobre as propostas. Os seus discursos ilustraban sobre os problemas da escola rural e a difusa situación da ensinanza primaria de antano centradas no primeiro terzo do século XX.[1685] Entre as súas publicacións, faremos unha mención especial aos artigos titulados *Glosando un tema* e *Serenidad*. No primeiro artigo cuestionaba as prácticas levadas a cabo pola *Federación Gallega de Maestros*. No segundo texto, o inspector pediu tranquilidade a todos os mestres da provincia ante a axitación social ligada aos cambios políticos de 1933.[1686] Non arquivo da JAE, atopamos o expediente de José Galera e varios documentos que recollen textualmente as palabras do inspector xefe Luis Soto sobre Galera Moreno:

> En el año 1933 se celebró en esta provincia una Semana Pedagógica y José Galera obtuvo el primer premio con un trabajo titulado "La Escuela rural y sus problemas", así mismo se le premió con una mención honorífica, otro titulado "La coeducación y sus problemas en la escuela primaria".[1687]

En 1935, Galera decidiu presentar un traballo para solicitar unha bolsa coa JAE. Así, durante este ano entregou un texto disertando sobre a evolución e a organización da función técnica e administrativa da inspección. Con este estudo o inspector optou a conseguir unha bolsa coa JAE para viaxar ao estranxeiro, pensión que lle concederían finalmente no ano 1936 para estudar en Francia, Bélxica e Suíza. Nun primeiro momento esta viaxe durou seis meses. Grazas a estos cursos, Galera especializouse na *Organización de la Inspección*. Deseguido decidiu solicitar unha ampliación do tempo de formación pero chegou a Guerra Civil.

Pero analicemos agora o contido do traballo presentado por Galera á JAE para optar á pensión, titulado: *Organización da Inspección do Primeiro Ensino.* Segundo este inspector, a principal tese que defendeu neste estudo foi que a inspección comezou

[1681] En José Manuel Vázquez López, "Relación entre a defensa da escola rural cos inspectores e Mestres (Lugo 1900-1936)", *Educació i desenvolvement rural als segles XIX-XX-XXI* (Lleida: Universitat de Lleida, 2018), 161-175.

[1682] En José Galera Moreno, "Dignidad", *Vida Escolar,*: Nº 226, ano V (1931): 6-7.

[1683] En José Galera Moreno, "Número especial sobre a Semana Pedagóxica Lucense", *Vida Escolar*, Nº 336, ano VII (1933): 4-32.

[1684] A día de hoxe coñecemos que se realizaron en Lugo dous certámenes pedagógicos en 1923 e 1933.

[1685] Estes traballos atópanse transcritos no apartado de Anexos pola súa importancia, para analizar o estado da escola e da inspección: Anexo 7.4.

[1686] En José Galera Moreno, "Serenidad", en *Vida Escolar*, Nº 323, ano VII (1933): 1-2; e José Galera Moreno, en *Vida Escolar,* Lugo: Nº 207, ano V (1931): 4-5.

[1687] En José Galera Moreno, "Expediente de José Galera Moreno" (Madrid: Arquivo JAE. Sinatura: JAE/58-23BIS).

sendo puramente política e administrativa, para pasar posteriormente a ser máis técnica. Para Galera, a inspección debía ser máis educativa que administrativa, pero polo contrario, durante o período analizado nesta investigación os inspectores tiveron unha función máis fiscalizadora que pedagóxica. Por este motivo, José Galera propuxo reformar as funcións dos inspectores, afirmando que a inspección do ensino primario aínda se atopaba nunha primeira etapa de formación. Esta circunstancia veu acompañada dun aumento dos documentos administrativos, como citaba Ovidio Decroly e Raymond Buyse "mesturar o administrativo co técnico supón un erro". Para Galera, a entrega de documentos de ensino era unha parte importante pero non podía solapar a función pedagóxica e social da educación.[1688]

Ilustración 67. Escultura en Zamora.
Doazón de José Galera en honor ao maxisterio[1689]

Outra función que realizou José Galera foi a análise dos obxectivos e a metodoloxía escolar. Segundo este inspector os resultados acadados e os métodos organizativos aplicados eran aspectos fundamentais para a escola, dúas ideas nas que acertadamente afondou. Para este home estes dous factores debían de coidarse con rigorosidade, e non só como medida de *retroalimentación (feedback)* senón para manter un nivel de esixencia escolar e profesional alto. Secasí, Galera era consciente da necesidade profundar nas ideas suscitadas no século XIX polos membros da ILE e os precursores da Escola Nova. Deste xeito, este inspector formou parte dos inspectores que construíron a identidade da inspección lucense, crítica e renovadora co sistema educativo tradicional implantado.[1690] Emporiso que nos seus traballos glosou temas contemporáneos para o ensino da época, partindo sempre da acertada análise do contexto. Esta dinámica favoreceu o funcionamento e a creación de centros escolares,[1691] xa que denunciou o mal estado das escolas. Signos característicos que foron estudados tamén polo inspector Luis Soto e máis tarde por Esteban Frades na súa obra titulada *La inspección de educación.*[1692]

[1688] Ídem.

[1689] Fotografía extraída da páxina do CEIP "Don José Galera Moreno".

[1690] En páxina web CEIP Don José Galera Moreno (sección José Galera Moreno, extraído el 20 de outubro de 2019 de: http://ceipjosegaleramoreno.centros.educa.jcyl.es/sitio/index.cgi?wid_seccion=1&wid_item=383)

[1691] En Santiago Esteban Frades, *La inspección de educación,* (Castilla León: KRK edicións. 2014) 30.

[1692] Vide Santiago Esteban Frades, *La inspección de Educación. Historia, pensamiento y vida* (Castilla y León: KRK edicións, 2014).

Cadro 51. Sinais de identidade da inspección lucense
A inspección educativa en Lugo foi unha institución empregada con fins partidistas e condicionada polos constantes cambios de Goberno. Este feito engadiuse a presenza dunha posible clima caciquil instaurado.
A pesar de que Luis Soto Menor estivo máis de doce anos ao cargo da xefatura, a incerteza e a inestabilidade dos cargos caracterizaron o desenvolvemento desta profesión durante o século XX.
Distínguense unha etapa onde o número de inspectores na provincia era moi reducido e non podían ofrecer unha inspección de calidade, tendo en conta a alta *ratio* de escolas a supervisar por inspector. Esta situación obrigaba ao inspector a facer só unha visita anual a cada centro no mellor dos casos.
Coa presentación da Segunda República chegou unha maior intervención pedagóxica en detrimento da burocrática e administrativa. Creáronse prazas para cubrir o anterior baleiro outorgándolle á inspección un maior peso pedagóxico e non tan fiscalizador. Este foi o comezo dun ciclo álxido freado pola Guerra Civil, onde o proceso de desconfianza e depuración adquiriu todo o peso liderado na vida dos centros e da sociedade.
No período analizado a inspección do ensino primario tivo unha organización centralizada.
A inspección tiña unha organización social específica como unidade administrativa de control da ensinanza primaria.
Demandouse un organismo adaptado as novas esixencias educativas da sociedade española e unha maior intervención *interescolar*. Nas súas dúas vertentes de inspección e organización, asemella que a necesidade de apoio organizativo se volveu máis acusada que o labor de control fiscal, ademais, en 1935 seguían multiplicándose os centros tutelados por cada inspector.

Fontes: Elaboración propia (tomando en consideración os seguintes textos). En Luis Soto Menor, "Informe a la Junta Local de Lugo", (Lugo: APL. Sinatura: 1202-01, 1924); Santiago Esteban Frades, *La inspección de educación*, (Castilla León: KRK edicións, 2014) 30; e Luis Soto Menor, "Paz, cultura, alegría...", *Vida Escolar*, Nº 336, Número especial sobre a Semana Pedagóxica Lucense, ano VII, (1933): 11.

Diferencias e semellanzas sobre estes traballos

Para concluír, é preciso facer énfase na similitude das visións de José Galera e José del Peso sobre a ensinanza primaria, mentres foron inspectores de ensino primario na provincia de Lugo. Ademais, estes dous axentes centraron os seus estudos nos problemas da inspección e da ensinanza primaria, achegando diferentes propostas para solucionar as dificultades que se desprendían deste organismo.[1693] Ambos os dous introduciron a idea de que a inspección se atopaba nun período de formación: remarcando o excesivo perfil político e burocrático do inspector en España dos anos trinta do século XX. Igualmente, consideraban necesaria unha reforma neste organismo.

Deste xeito obsérvase certo paralelismo entre as súas vidas e os seus postulados (método de triangulación, incidindo tamén noutros testemuños como Luis Soto). Ademais existen outros paralelismos, ambos os dous inspectores eran sevillanos, estudaron na EESM e fixeron unha análise da inspección e da educación pública similar: describindo unha escola pública en malas condicións onde o número de colexios que tiñan que supervisar cada inspector era moi elevado, incapacitando a asistencia técnica para difundir normas, orientacións e inquietudes renovadoras nas escolas. E, ao respecto, lembraremos que este panorama estaba adornado ademais por unhas condicións metodolóxicas obsoletas, baixo a presión de frecuentes sistemas políticos caciquís, aspectos idiosincráticos *ruralizados*, unha economía agrícola, a

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[1693] Ídem.

presenza de índices altos de analfabetismo e unha forte presenza das institucións eclesiásticas. Do mesmo xeito, o volume de documentos, solicitudes e informes era excesivo e moi elevado. As queixas dos demais inspectores estudados foron nesta liña: a carga de traballo limitaba á capacidade dos inspectores para visitar todos os centros e mellorar a calidade profesional da súa atención.

Aparte desta análise, achegamos as principais *reivindicacións* destes inspectores: a importancia de revisar os valores de todos os docentes, unha maior especialización inicial na formación do profesorado, un maior coñecemento da realidade da escola primaria, a importancia da ampliación dos estudos no estranxeiro para os funcionarios, a creación de internados para estudantes das escolas normais nas capitais de provincia, a agrupación das escolas normais masculinas coas femininas, a preparación do camiño para unha unión posterior dos institutos e as escolas normais, converter o Maxisterio nunha carreira universitaria, a aplicación dunha escola laica, a creación de facultades de Pedagoxía para que os seus licenciados poidan acceder as cátedras de instituto e os doutores podan opositar ás cátedras das facultades, a organización de excursións de mestres aos centros de ensinanza estranxeiros, a retribución dos funcionarios de acordo ás esixencias e calidades integrais dos mestres e o aumento do prestixio oficial dos mestres pola súa indispensable función social.[1694]

Cadro 52. Similitudes sobre o mal estado da ensinanza primaria en Lugo de José del Peso e José Galera
1. Revisión os valores de todos os docentes.
2. Maior especialización inicial na formación do profesorado de maxisterio
3. Maior coñecemento da realidade da escola primaria.
4. Ampliación dos estudos no estranxeiro para os funcionarios.
5. Creación de internados para estudantes das escolas normais nas capitais de provincia.
6. Agrupación das escolas normais masculinas coas femininas.
7. Unión posterior dos institutos e as escolas normais.
8. Conversión do Maxisterio nunha carreira universitaria.
9. Aplicación dunha escola laica.
10. Creación de facultades de Pedagoxía para que os seus licenciados poidan acceder ás cátedras de instituto e os doutores podan opositar as cátedras das facultades.
11. Organización de excursións de mestres aos centros de ensinanza estranxeiros.
12. Aumento da retribución dos funcionarios de acordo ás esixencias e calidades integrais dos mestres e aumentar o prestixio oficial dos mestres pola súa indispensable función social.

Fonte: Elaboración propia. A partir de Varios, "Congreso Pedagóxico de 1923", *El Progreso,* Lugo, 10 de outubro de 1923.

Pola súa relevancia, no apartado de Anexos (7.3. e 7.4.) recóllense os dous textos analizados neste capítulo, titulados: *La enseñanza primaria en Galicia* de José del Peso y Sevillano e *La organización de la inspección de primera enseñanza* de José Galera Moreno. Estes documentos permiten verificar os aspectos sinalados a través do testemuño dos propios inspectores. Despois de definir as características da inspección do ensino primario tomando como referencia as achegas dos José del Peso e José Galera, desenvolverase o estudo biográfico dos inspectores que traballaron en Lugo, incluíndo os artífices dos anteriores traballos desagregados.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[1694] En varios, "Congreso Pedagóxico de 1923", *El Progreso,* Lugo, 10 de outubro de 1923.

4.3.10. Os itinerarios vitais e profesionais dos inspectores e inspectoras que traballaron na provincia lucense

No seguinte capítulo realízase o estudo da *vida dos inspectores e inspectoras* de Primeiro Ensino que estiveron destinadas na provincia de Lugo dende 1900 ata 1936. Este foi un período onde se levaron a cabo un conxunto de cambios renovadores educativos que hoxe denominamos proceso de modernización escolar, debido á incorporación dalgunhas experiencias contemporáneas daquelas "modernas". Con esta análise preténdese coñecer o devir histórico da educación primaria e a influencia destes axentes no proceso de actualización educativa de principios do século XX na provincia luguesa. Por este motivo resaltáronse os feitos históricos e educativos máis relevantes das súas vidas profesionais, analizando os aspectos profesionais máis significativos e as súas traxectorias vitais. Este coñecemento facilita a comprensión da súa actividade pedagóxica e administrativa, poñendo a énfase na construción da imaxe profesional do inspector que se foi constituíndo na sociedade.[1695]

En primeiro lugar preséntase o estudo biográfico do inspector máis prolífero e que máis tempo permaneceu no cargo de inspector xefe Luis Soto Menor, para seguir coa análise da vida de Joan Comas Camps como o personaxe histórico máis coñecido e dos axentes que estiveron en Lugo. De seguido pasaremos a sinalar aspectos máis relevantes da vida de José Galera Moreno, José del Peso y Sevillano, José Ramón y Fernández Ojea (Ben-Cho-Shey),[1696] Salvador Cillán Hernández, Luis Jorge y Téllez de Meneses, Carmen Muñoz Manzano, Elisa Rodríguez Estévez, Carmen Castilla Polo e Joaquín García Ojeda respectivamente.

4.3.10.1. Luis Soto Menor

Luis Soto foi o inspector máis relevante dende 1914 ata 1936 na provincia de Lugo. Este home naceu na vila de Rande (Ourense) o 2 de marzo de 1881, no seno dunha familia traballadora: os seus país foron Manuel Soto e Dolores Menor. A nivel familiar sabemos que se casou na parroquia da Santísima Trinidad de Ourense con Dolores Cordero Outeiriño (ilexible na nota marxinal da partida bautismal) o día catro de agosto de 1909. Froito deste matrimonio tivo oito fillas e un fillo, a morte dunha das fillas nun accidente en Benquerencia foi un feito moi doloroso na súa vida, provocando nel un lóxico estado de abatemento.[1697] Dende a súa toma de posesión como inspector xefe desta provincia residiu na cidade de Lugo, concretamente na coñecida como *Calle de La Reina*.[1698]

> Don Ignacio Moreda Mera, cura de San Ciprián de Viñas, encargado de Andrés de Rande y diócesis de Orense, certifico que en el folio 115, (ilegible) del libro de Hª existe una partida que dice: En la iglesia parroquial de San Andrés de Rande, municipio de San Ciprián de Viñas, partido judicial de Orense, a 3 días del mes de marzo de 1881, ... un párroco del mismo... solemnemente un niño que nació el día dos del mismo año, hijo legítimo de Manuel Soto e Dolores Menor, naturales el primero natural de Fontefría de la parroquia de Nogueira de Ramuín y la segunda de Rande y vecinos en esta; se le puso para nombre Luis. Abuelos paternos José Lolo y Benita Ginés, naturales el primero de Fontefría y la segunda de la mencionada parroquia de Ramuín y vecinos de

[1695] Vide O Decreto do 2 de decembro de 1932.
[1696] En Carmen Benso Calvo, "José Fernando-Ojea, mestre. Memorias do seu paso por dúas escolas galegas", *Sarmiento*, Nº 10, (2006): 272.
[1697] En A.Q.F., "Un inspector modelo D. Luis Soto Menor", *Vida Escolar*, Nº 321, ano VIII (1933): 1-2.
[1698] En Dolores Seijas Soto, *El maestro de Zain* (Madrid: Ediciones Libertario, 2009), 23

la misma. Abuelos maternos José Menor y Josefa Fernández naturales el primero de Rande y la segunda de Castroverde parroquia de San Salvador de Noalla y vecinos de Rande. Fueron padrinos Manuel Laburcido y Pilar Osorio, casados y vecinos de Rande. Y que conste lo firmo en Rande con fecha de (ilegible).

Orense 23 de abril de 1951.[1699]

Ilustración 68. Luis Soto Menor paseando polas calles lucenses (editada en *El maestro de Zaín*)

Despois de cursar os seus estudos primarios ingresou no *Seminario* de Ourense para estudar Linguas e Filosofía. Logo estudou maxisterio e traballou como mestre en Zaín, na parroquia de Seixalbo (pseudónimo que máis tade empregaría para asinar varias das súas publicacións como "O mestre de Zaín"), escola nacional que rexentou durante dezaoito anos. Mentres era docente neste centro encargouse da organización da *Asociación de Maestros* del partido xudicial do Carballiño. Respecto a isto, Cossío defendeu a creación deste organismo mediante unha carta dirixida a Luis Soto e o resto dos organizadores.[1700] Dende o punto de vista ideolóxico era un mestre demócrata, republicano e de corte progresista que mantivo frecuentes contactos coa ILE. Entre os seus amigos destacou a presenza de Basilio Álvarez, o director da revista *La Zarpa* fundada en 1921 Roberto Blanco Torres, o mestre Antonio González e a directora do *Grupo Escolar de Rande* Clara Veiga.[1701]

[1699] En Luis Soto Menor, "Expediente de Luis Soto Menor" (Madrid: AGA-ACME, sinatura: 16748 topográfica 32/53).

[1700] Carta Achegada por Antón Costa na súa obra *Escolas e Mestres* e citado tamén en Manuel B. Cossío, "Carta dirigida a Luis Soto Menor y otros organizadores dun mitin cultural en Orense", *Gaceta de Instrución Pública e Belas Artes* (Madrid: XXIV, 1912), 548-550; 564-566.

[1701] En Luis Soto Menor, "Expediente de Luis Soto Menor" (Madrid: AGA-ACME, sinatura: 16748 topográfica 32/53).

Ilustración 69. Luis Soto Menor en Lugo o 7 de xuño de 1931
(editada en *El maestro de Zaín*)

Despois de ser mestre na provincia de Ourense, Luis Soto foi nomeado como inspector xefe de primeira ensinanza da provincia lucense en 1914.[1702] Nos seus primeiros anos traballou intensamente, acadando unha relación laboral estreita coa directora da Escola Normal de Lugo Ana María Múgica. Debemos de lembrar que nos seus inicios como inspector xefe chegou a levar toda a provincia el só. En total estivo á fronte da Inspección de Ensino provincial durante máis de dezaseis anos, sendo un firme defensor do maxisterio e demandando a creación dunha escola práctica anexa a Escola Normal de Mestras na cidade de Lugo.[1703]

> D. Luis Soto Menor, a quien el Magisterio de esta provincia procesa especial cariño por su acertada actuación, no solo en el Consejo provincial, sino también en la Inspección, hemos oido decir más de una vez: Me encuentro solo, estoy cansado de trabajar en la visita de Escuelas al Norte, Sur, Este y Oeste de la provincia y Escuelas de nueva creación para disponer las obras que han de hacerse en los locales que han de servir para las mismas, además del trabajo de oficina, en el que hay que emplear bastante tiempo. Estoy deseando que vengan nuevos inspectores que a esta provincia corresponden, para que sin pérdida de tiempo se lleven a cabo los anhelos del Magisterio, que son los míos, aumentados si se quiere.
>
> Pocos meses hay que llegaron los nuevos inspectores, y a pesar de que se dijo que a las alturas llegara la noticia de que esta provincia estaba poco menos que abandonada, pronto se habrán convencido de que era incierta tal afirmación. La provincia de Lugo cuenta actualmente con Magisterio en el cual no escasea la cultura propia de la trascendental misión, y, por lo tanto, muy consciente de los deberes y derechos. La provincia de Lugo, hasta que vinieron, en buena hora, los nuevos Inspectores, ha contado y sigue contando con uno que lleva más de dieciséis años al frente de la Inspección trabajando uno y otro día sin descanso por la prosperidad de la enseñanza y bienestar del Magisterio y del niño. Con respecto a éste a la vista están las numerosas Colonias organizadas, Cantinas, etc.[1704]

[1702] Segundo o disposto no artigo quince do Real Decreto do 5 de maio de 1913.
[1703] En María Dolores Seijas Soto, *El maestro de Zain* (Lugo: libertarias, 2009), 23.
[1704] En Luis Soto Menor, "Número especial sobre a Semana Pedagóxica Lucense", *Vida Escolar,* Nº 336, ano VII (1933): 11.

Ilustración 70. Calle de la Reina en 1930 donde vivía Luis Soto Menor

Cando chegou capital lucense, en 1914, Soto Menor pronto comezou a realizar accións encamiñadas a procura dunha maior modernización pedagóxica.[1705] Entre as súas ocupacións máis importantes destacou a organización de colonias escolares na Mariña Lucense,[1706] os congresos pedagóxicos do 1923 e 1933, a organización de cursos de maxisterio, a xestión da creación de máis de mil escolas, a adaptación de centos de colexios, a organización das cantinas e bibliotecas escolares, a execución de múltiples conferencias e a colaboración en diversas festividades como o Día da árbore.[1707] Actualmente conta cunha entrada histórica na *Gran Enciclopedia Galega* e leva o seu nome a Escola Infantil Municipal Luis Soto Menor, situada no barrio lucense de San Fiz (Lugo).

Ilustración 71. Escola infantil Municipal Luis Soto Menor

No referente ás *efemérides*, Luis Soto formou parte de varias comisións organizadoras das conferencias pedagóxicas realizadas en Lugo: por un lado temos a *Fiesta del Libro*, actividade de exaltación da literatura nacional segundo o Real Decreto de 6 de febreiro de 1926. Os mestres provinciais eran os encargados de celebrar este día mediante exercicios lectores, fomentando así o uso do libro nos escolares dos respectivos centros lucenses. Ademais, colaborou na organización da *Fiesta del árbol*

[1705] En Cristina López, "El pedagogo que Lugo desconoce", *La Voz de Galicia,* extraído en 10 de novembro de 2009 de: http://www.lavozdegalicia.es/lugo/2009/09/10/0003_7961353.htm).

[1706] En Luis Soto Menor, "Las colonias escolares lucenses", *Vida Escolar,* Lugo, Nº 339, ano VII (1933): 1-2

[1707] Vide Antón Costa Rico, "Xardíns escolares e festas da árbore en Galiza", *Sarmiento*, Nº 22 (2018): 237-248.

celebrada do trece ao vinte de marzo de 1927.[1708] Tamén colaborou coa organización de *Día de la Madre* ou a *Garden-Party*, para recadar fondos para as Colonias Escolares.

Luis Soto Menor como defensor dos dereitos da infancia máis desprotexida

Un dos traballos socioeducativas máis importantes de Luis Soto durante a súa vida en Lugo foi a defensa dos intereses dos nenos con menos recursos. Entre os seus principais obxectivos atopábase a importancia de prestar máis atención ao ensino primario e a controlar a obrigatoriedade de asistencia á escola, sobre todo dos fillos dos campesiños. Por este motivo, como defensor da infancia desfavorecida levou a cabo a tentativa de introducir nas Xuntas Locais aos pais das familias humildes que amosaban interese polo acondicionamento das escolas. Ademais, para estimular aos nenos pobres organizou na Mariña Lucense as *Colonias* e *Cantinas Escolares*.[1709] Ademais, no Nadal de 1927 dirixiu unha campaña de reparto de xoguetes nas escolas, sendo o *Patronato de Protección escolar lucense* o encargado do reparto polos centros dos obxectos lúdicos. Esta institución levaba dez anos traballando a prol da dignificación da infancia sen recursos.[1710] Neste ano fixo un chamamento público á importancia de satisfacer as necesidades dos alumnos máis desprotexidos. Neste período constituíronse diferentes obras benéficas para sufragar os gastos das *Colonias Escolares, Cantinas Escolares* e *Ropero Escolar*. Este movemento filantrópico sumouse aos esforzos levados a cabo polo *Patronato de Protección Escolar Lucense, Protección de Orfos do Maxisterio, a* organización de *Campaña de Subscricións Pro-parados* e *La Mutualidad del Magisterio de la Asociación Provincial de Lugo.*[1711]



Ilustración 72. Obra de María Dolores Seijas Soto dedicada a Luis Soto Menor

Por outro lado, tamén traballou en beneficio dos alumnos con necesidade específicas de apoio educativo, mediante a demanda da creación dunha escola anexa á graduada que impartira clases especiais á infancia con enfermidades psíquicas. Dende a inspección traballou tamén na creación do *Patronato de Escuelas de la provincia de Lugo.* Ata aquí, consideramos a enorme preocupación deste inspector pola infancia desfavorecida. Debido a isto, en 1933, Golmar Rodríguez dedicoulle un artigo na revista *Vida Escolar* titulado "Don Luis Soto Menor", no que afirmaba:

> Su existencia la dividió en dos grandes amores: La libertad y la ciencia pedagógica, dos ideales que la naturaleza misma ha hermanado como fundamento supremo de la sociedad; y con el rigor procedido en la depuración de sus principios y orientaciones que más de una vez ha tenido que chocar con la caciquería rural. Bajo su dirección se organizan colonias y cantinas escolares, se crearon numerosas escuelas, se construyeron edificios escolares, se organizó el Congreso

[1708] En Luis Soto Menor, "Inspección de Primera Enseñanza", en *Vida Escolar*, Nº 91, ano II (1928): 1-2.

[1709] A frecuente colaboración de Luis Soto con estes organismos amosaba un especial interese e esforzo pola infancia abandonada lucense.

[1710] En Luis Soto Menor, "Los Reyes Magos en las escuelas de Lugo", en *Vida Escolar*, Nº 51, ano I (1927): 1-3.

[1711] En Jacinto Ruiz, "La primera enseñanza en la provincia de Lugo-1927", *Vida Escolar*, Nº 40, ano I (1927): 1-4.

> Pedagógico de 1923, y en la tribuna pública y en la prensa se hizo recia campaña en pro de la cultura...[1712]

Luis Soto Menor e as colonias escolares

A primeira *Colonia Escolar* realizada en Lugo estivo dirixida polo inspector xefe da provincia de Lugo Manuel Lorenzo Gil en 1912.[1713] A partir de de 1914 Luis Soto tomou o relevo, ocupándose de organizar e impulsar este tipo de actividades costeiras de verán. Como membro ilustre do *Padroado* das colonias escolares encargábase de informar a aos directores dos centros sobre os prazos. Logo inspeccionaba as condicións hixiénicas e pedagóxicas das instalacións, informando posteriormente á Dirección Xeral de Primeira Ensinanza. Os centros á súa vez remitíanlle os nomes dos alumnos participantes.

Para recadar fondos para a realización das colonias, o Padroado de Protección organizaba actividades benéficas como a *Garden-Party* na festividade de Santiago Apóstolo en 1920. Esta festa estaba amenizada pola bandas musicais de Lugo e Zamora. Entre os asistentes atopábanse as máximas autoridades locais, como o alcalde Ángel López.[1714] Ese mesmo ano tamén organizou o *Día de la Madre*, valorizando a figura da muller como parte social imprescindible da provincia de Lugo, como podemos testemuñar dado o gran número de asociacións femininas que loitaron polos dereitos dos nenos e os valores relixiosos.

Ilustración 73. Luis Soto Menor nas Colonias Escolares de 1927
(foto publicada en *El Progreso*)

Dende 1926 ata 1930, Luis Soto organizou as colonias escolares nas praias de San Miguel de Reinante e Benquerencia (Barreiros).[1715] Nas quendas de 1927 e 1928 colaborou o mestre e director da revista *Vida Escolar* Andrés Gómez Legaspi. [1716] Para a quenda de 1929 celebrouse un festival no *Circulo de las Artes de Lugo*, onde se recadaron fondos para as colonias e os xoguetes para os escolares desfavorecidos das escolas nacionais lucenses. Esta última causa foi cuestionada polo inspector xa que non

[1712] En Jesús Golmar Rodríguez, "D. Luis Soto Menor", *Vida Escolar,* Nº 325, ano VII (1933): 2-3.
[1713] En Ángel Serafín Porto Ucha, *La institución Libre de Enseñanza en Galicia* (A Coruña: Do Castro, 1986), 220.
[1714] En María Dolores Seijas Soto, *El maestro de Zain* (Madrid: Ediciones Libertario, 2009), 35-36.
[1715] En Luis Soto Menor, "Expediente de Luis Soto Menor", (Madrid: AGA-ACME 16748 topográfica 32/53).
[1716] En Luis Soto Menor, "De actualidad. Las colonias escolares", *Vida Escolar,* Nº 133, ano III (1929): 1-2.

constituía para el unha prioridade, preocupáballe máis que os nenos recibiran unha educación axeitada que os obxectos materiais.[1717] Neste verán as colonias celebráronse en San Miguel de Reinante e Alfoz. A este evento invitouse ao presidente da sociedade *Hijos de Reinante en Cuba* e ao alcalde de Alfoz.[1718]

O impulso das construción escolares en Lugo

Convén poñer de relevo que Luis Soto foi o responsable de xestionar a adaptación e a *construción de centros escolares*, factor influínte na modernización pedagóxica lucense. Segundo o artigo de *Vida Escolar* do once de marzo de 1933, dende que ocupou o seu cargo creou máis de 1000 escolas. Amais, Soto foi crítico coas autoridades lucenses ante a falta de inquietude pola construción de edificios adecuados para as albergar as escolas de ensino primario, defendendo a necesidade de respectar o número de escolas que determinaba a Lei Moyano. Esta circunstancia procuraba a mellora dos recursos da ensinanza, a pesar de que a *ratio* inspector por número de escolas supervisadas era moi elevada.

Ilustración 74. Luis Soto Menor, "Presentación do libro del maestro"[1719]

As necesidades escolares segundo Soto Menor

Un dos seus informes á *Junta Local* de Lugo que data de 1924, realizaba unha espléndido análise sobre a situación e os *problemas da escola*.[1720] A continuación numéranse as necesidades que o devandito inspector realizou nos anos vinte:

1. Necesidade de reformar as escolas ante as malas condicións pedagóxicas, hixiénicas, estéticas e mal orientadas das escolas nacionais, incluso con perigos de orde moral
2. Necesidade de facer fronte á falta de inquietude urbanística dos responsables da cidade pola construción de edificios adecuados para as súas escolas primarias.
3. Necesidade de crear seis escolas na cidade de Lugo, debía de ter catorce escolas nacionais e tan só contaba con oito.
4. Necesidade de dispoñer dunha escola práctica anexa a *Escuela Normal de Maestras* da cidade de Lugo, esta situación era altamente prexudicial para a infancia e a formación profesional das alumnas do maxisterio.
5. Necesidade de cooperar coa acción benéfica do *Patronato de Protección Escolar Lucense* no referente ás colonias, cantinas e roupeiros escolares.

[1717] En Dolores Seijas Soto, *El maestro de Zain* (Madrid, Ediciones Libertario, 2009), 55-56.
[1718] En Luis Soto Menor, "Expediente" (Madrid: AGA-ACME 16748 topográfica 32/53).
[1719] En A.C. Arumes, "Presentación do libro…" *Arumescorgo.blogspot.com*, (2010), extraida o 3 de xaneiro de 2011 de: https://arumescorgo.blogspot.com/2010/02/presentacion-do-libro-el-maestro-de.html.
[1720] En Luis Soto Menor, "Informe a la Junta Local de Lugo" (Lugo: APL. Sinatura: 1202-01, 1924).

6. Necesidade da creación dunha escola anexa á graduada que imparta clases especiais aos educandos enfermos psíquicos (ocupada por un mestre especialista).

7. Necesidade de crear escolas na zona rural lucense, segundo a *Lei Moyano* correspondíanlle 43 escolas e contaba soamente con 32.

8. Necesidade de prestar máis atención ao censo escolar e a obrigatoriedade de asistencia á escola dos discentes.[1721]

9. Necesidade de incorporar pais de familias humildes ás Xuntas Locais propostos polos mestres, porque as familias adiñeiradas non mostran interese polo acondicionamento das escolas nacionais.

10. Necesidade de que os médicos dos respectivos distritos visitaran as escolas para controlar a vacinación dos alumnos, condicións hixiénicas das escolas e prevención de enfermidades.

11. Necesidade de trasladar a Escola de Vilamoure a un local doado polo veciño Benigno Anseres Neira.

12. Necesidade de adecuar as escolas á conformidade marcada na *Ley Moyano*.[1722]

Sucesos relevantes para a opinión pública que reflectiron o mal estado das escolas na provincia de Lugo

Tres foron os feitos que conmoveron á opinión pública lucense sobre o *mal estado dos colexios e dos transportes* na provincia luguesa no primeiro terzo do século XX: o primeiro foi o *Incidente da Escola de Tirimol* durante o inverno de 1915-16, onde os temporais de choiva e neve "reblandeceron" a cimentación do edificio provocando o derrube do colexio, deixando unha alumna morta e 35 alumnos feridos.[1723] O segundo feito relevante que tivo lugar na provincia luguesa foi o afundimento de varias escolas no mes de maio de 1927. Por último, incidiremos no accidente de bus no que morreron varios nenos o 30 de agosto de 1931.[1724]

Como consecuencia destes infortunios, Soto Menor tivo que revisar a situación das infraestruturas escolares, informando ao gobernador civil da cidade sobre as carencias e os medios educativos, que máis tarde constataría Luis Bello. Ese ano existían 554 escolas e 275 mestres.[1725] A cuestión foi que as edificacións escolares afundidas eran de recente construción, por este motivo se solicitou que se fixeran recoñecementos de todos os edificios escolares.

Luis Soto traballou seriamente para que os arquitectos do *Servizo de Arquitectura Escolar del Ministerio de Instrucción Pública* revisaran os elementos de construción empregados, defendendo así a mellora das condicións de seguridade, comodidade e hixiene dos colexios. O impulso e a reforma das novas escolas minimizaron un pouco

[1721] En José Manuel Vázquez López, "Relación entre a defensa da escola rural cos inspectores e Mestres (Lugo 1900-1936)", *Educació i desenvolvement rural als segles XIX-XX-XXI* (Lleida: Universitat de Lleida, 2018), 161-175.

[1722] Ídem.

[1723] En *El Progreso*, 3 de febreiro de 1915, 2.

[1724] En Antón Grande, "Lugo sufrió en agosto de 1931 un accidente de bus con 14 muertos y cerca de 40 heridos", *La Voz de Galicia*, 18 de agosto de 2013, extraído o 21 do outubro de 2023 de: https://www.lavozdegalicia.es/noticia/firmas/2013/08/18/lugo-sufrio-agosto-1931-accidente-bus-14-muertos-cerca-40-heridos/0003_201308L18C5991.htm; e Seijas Soto, M. D. (2009). *El maestro de Zaín* (Lugo. Edicións Libertarias), 97-99.

[1725] O gobernador civil de Lugo foi partidario de arranxar as escolas existentes mentres que Luis Soto pretendía tamén inaugurar escolas de nova creación. En María Dolores Seijas Soto, *El maestro de Zain* (Madrid: Ediciones Libertario, 2009), 38.

as malas condicións pedagóxicas, morais, hixiénicas, estéticas en Lugo.[1726] Nos seus informes tamén fixo referencia a cuestións estéticas, cuestións innovadoras para a época referentes á orientación das escolas, tendo en conta os limitados esforzos urbanísticos que se empregaban na construción das escolas nacionais.[1727]

A importancia do traballo dos mestres na provincia de Lugo

Na revista *Vida Escolar* Luis Soto eloxiou o traballo dos mestres, especialmente o realizado por Ramón Salgado Toimil. Segundo o inspector, a función realizada por este docente foi de gran valor para a sociedade, constituíndo unha parte fundamental para a dinamización dos procesos educativos. Tamén poñemos de manifesto o seu rigor cando algún docente non cumpría coas súas obrigas. Así, o 15 de novembro de 1927 solicitou a tramitación do expediente gobernativo á mestra Mercedes López polo abandono continuado da escola de Vilaoudriz.

O 17 de decembro dese ano, o gobernador civil Rogelio Tenorio informou ao Director Xeral de primeira ensinanza, sobre a neglixencia da conduta profesional do inspector de non facer a oportuna visita, ignorando o estado da ensinanza das escolas da súa zona, en referencia á *Escuela Mixta de Villaodrid*. A Dirección Xeral chamou a atención ao inspector para que realizara a visita extraordinaria. Visita que o inspector realizou posteriormente, escribindo o oportuno informe sobre a situación de abandono do citado centro.[1728] Segundo os documentos atopados no APL, cabe incidir na puntualidade destas feitos, xa que non se atoparon máis casos. Nunha ocasión, Soto advertiu aos mestres dos perigos de orde moral ligados á mala praxe docente.

> Haced de la Escuela templo de amor y de virtud, de tolerancia y de solidaridad entre todos los hijos de madre; llevad a ella la alegría de la Naturaleza y la idealidad espiritual y, sin pretenderlo, el alma de los niños entonará el salmo de Isaías...[1729]

As colaboracións pedagóxicas de Luis Soto Menor na prensa lucense

Agora analicemos a faceta de Luis Soto como articulista, respecto ás *publicacións educativas* realizadas cómpre facer fincapé en que foi redactor de varios diarios locais como *La Provincia.* Así o dezanove de xullo de 1914 asinaba un artigo co pseudónimo de "El maestro de Zain".[1730] Ademais participou nas revistas educativas *Vida Escolar* e *La Unión del Magisterio,* co fin de elevar a espiritualidade e intelectualidade dos mestres. En 1927 tamén publicou un artigo sobre os estudos realizados polo científicos Augustus D. Waller, Louis-Antoine Ranvier e outros sobre a psicoloxía experimental.[1731] Tamén participou no Comité Provincial de Propaganda do Estatuto Galego, sendo afiliado ao *Partido Radical Socialista* e a *Unión Republicana*.[1732]

[1726] En Luis Soto Menor, "Expediente de Luis Soto Menor" (Madrid: ACME-AGA, sinatura: 083711-797 e AGA-ACME 16748, topográfica 32/53).

[1727] No referente á dotación das escolas, Luis Soto propuxo que os médicos dos respectivos distritos visitaran os centros educativos para controlar a vacinación dos alumnos, as condicións hixiénicas e a prevención de enfermidades. Tamén impulsou un campaña a prol da reforma das escolas nacionais ante as malas condicións pedagóxicas, hixiénicas, estéticas.

[1728] En Luis Soto Menor, "Informe a la Junta Local de Lugo" (Lugo: APL. Sinatura: 1202-01, 1924).

[1729] En Luis Soto Menor, "Paz, cultura y alegría", *Vida Escolar,* Nº 336, ano VII (1933): 4.

[1730] En María Dolores Seijas Soto, *El maestro de Zain* (Madrid: Ediciones Libertario, 2009), 26.

[1731] En Luis Soto Menor, "De colaboración. Algo de Psicología experimental", *Vida Escolar* (Lugo: Nº 5, ano I, 1927): 3-4.

[1732] En Luis Soto Menor, "Expediente de Luis Soto Menor" (Madrid: ACME-AGA, sinatura: 083711-797 e AGA-ACME 16748 topográfica 32/53).

Ilustración 75. Luis Soto Menor en 1917 (extraída da páxina web de *Vida Gallega*)[1733]

Na Segunda República, Soto tamén foi *presidente do tribunal dos cursillistas* do maxisterio primario, ocupación que desempeñou en setembro de 1931.[1734] Os quince días que durou este curso impartiu 28 conferencias. Ante a imposibilidade de cubrir as obrigacións como xefe de inspección da provincia delegou a xefatura, de xeito interino, ao inspector da segunda zona Joan Comas Camps. Este último inspector mostrou a súa desconformidade e non aceptou de bo agrado o novo cargo.[1735] Nese mesmo ano, Luis Soto escribiu un artigo describindo a dimisión Marcelino Domingo ao cargo do Ministerio de Instrución Pública, lamentando o respectivo cesamento debido o seu brillante traballo como impulsor da reforma do ensino primario ata decembro de 1931 en Lugo. Do mesmo xeito Luis Soto, asinando outra vez como o Mestre de Zaín, resaltou as figuras de Fernando de los Ríos e Llopis defensores da ensinanza pública na Segunda República. Respecto a este tema escribiu outra artigo na revista *Vida Escolar*.[1736]

Na Segunda República, Luis Soto xunto a Joan Comas informou aos centros públicos sobre a orde administrativa de retirar os crucifixos das escolas durante o primeiro bienio da Segunda República. Esta orde non fixo máis que avivar as diferenzas do inspector co sector católico da provincia de Lugo. Non debemos de esquecer, que a Igrexa tiña unha enorme presenza nesta provincia, onde as súas sés episcopais exercían grande influencia social.[1737] Por enriba disto foron moitos os mestres que enxalzaron o labor de Luis Soto, sobre todo no referido a súa entrega tendo en conta que estaba sobrepasado de traballo. A revista *Vida Escolar* no ano 1931 dedicoulle un artigo enxalzando o seu traballo como inspector destacando as súas actividades profesionais.[1738]



Candidato para las Constituyentes

Atendiendo a requerimientos de las Asociaciones de los Partidos, la provincial del Magisterio lucense acordó proponer para candidato a diputado a Cortes para las próximas elecciones, a don Luis Soto Menor, inspector jefe de primera enseñanza de la provincia, defensor tenaz de los intereses del niño, de la escuela y del Magisterio.

La propuesta ha sido acogida con gran entusiasmo, por los elementos del Magisterio lucense.

Ilustración 76. Artigo de *El Progreso* anunciando a candidatura de Luis Soto Menor

A súa carreira e persuasión política

Debido ao intenso traballo de Luis Soto como inspector foi presentado como candidato ás eleccións de 1931, co beneplácito do *Presidente da Confederación*

[1733] Ilustración de Luis Soto Menor, "Fotografía en Vida Gallega", en *Wikimedia.org* (1917).
[1734] Vide segunda a quinta regra da Orde do 24 de xuño de 1913.
[1735] En Luis Soto Menor, "Expediente de Luis Soto Menor" (Madrid: AGA-ACME 16748 topográfica 32/53).
[1736] En Luis Soto Menor, "De actualidad", *Vida Escolar* (Lugo: 26 de decembro de 1931, Nº 258, ano V, 1931): 1-2.
[1737] En Lugo, Luis Soto e Joan Comas foron testemuño desta situación, inspectores encargados de informar aos mestres sobre a orde de retirar os crucifixos dos colexios.
[1738] En "Sobre Luis Soto Menor", *Vida Escolar*, Nº 235 (do dezaoito de xullo de 1931).

Nacional de Maestros. Nestes anos estaba afiliado ao partido *Partido Radical Socialista* (PRS) e foi proposto tamén pola *Asociación provincial del Magisterio* como aspirante a deputado das Cortes xunto a Niceto José García Armendarizt, Ramón Méndez Castro-Jato e Luis Peña Novo.[1739]

Un ano máis tarde en 1932,[1740] Soto Menor foi *denunciado* xunto aos mestres Antonio Crespo Fernández, Amparo Caballero e Mercedes López da escola de Vilaoudriz polas autoridades municipais da respectiva localidade ante o *Consejo Nacional de Cultura*. As persoas que denunciaron a este colectivo foron José Guimonde, Dositeo Losada e Costantino Verga entre outros veciños. Afondando un pouco máis nesta cuestión, durante este ano as autoridades de Vilaoudriz e o gobernador civil de Lugo acusaron a Luis Soto de tomar decisións de forma parcial. Estas queixas produciron nel unha depresión e un abatemento considerable, mostrando certo esgotamento das súas enerxías.[1741] Finalmente, o quince de outubro de 1932, a denuncia resolveuse a favor do inspector e dos mestres, por non ser probados os cargos formulados contra eles. A resolución ditaminaba textualmente:

> CONSIDERANDO, por lo que concierne al referido Inspector, que al no haber sido probadas las imputaciones contra él formuladas por los denunciantes, él queda exento de responsabilidad por el mero hecho de negarlas; toda vez que la carga de la prueba incumbe a quien afirma y no a quien niega; por lo que sin prueba se afirma, puede negarse.[1742]


INSPECCION DE PRIMERA ENSEÑANZA
DE LA
PROVINCIA DE LUGO
ZONA
ENTRADA
12 NOV. 1932
ENTRADA
Ilmo. Sr.
Núm.
Próximo el día, por mi tan deseado, en que han de ser destinados a esta provincia, en virtud de oposición, nuevos Inspectores, deli sador deberse la lucha y franqueza para e para con V... imperativos categóricos de mi conciencia profesional y un profundo respeto de que la Enseñanza primaria tenga en esta Inspección el mejor, la acertado, eficaz y pre ticos orientación que precisa, si ha de co rresponder a los anhelos y sacrificios del Régimen, encarnado tan afortunadamente en para, obligame a poner en su conocimiento lo siguiente:
1º. A consecuencia de la lucha política que, como afiliado al partido R... S., como candidato a Diputado a Cortes, hube de sostener, aunque yo he desligado en todo momento, en tre, en y durante la contienda, mi actuación profesional de la política, han surgido desde entonces en contra mía quejas y denuncias que, aunque falsas e insidiosas, como es fácil demostrar, por aquello de "algo queda", adecuadas para producir en mí la depresión espiritual consiguiente, temo que hayan disminuido ante la autoridad que mi honrosísimo de Inspector-Jefe requiere, o que alguien pueda considerar mis actos no revestidos de la imparcialidad que he siempre mi norma.
2º. Obligado por la labor de los Cursillos a residir en Santiago desde hace cuatro meses casi sin interrupción, la Inspección en esta provincia, sobre todo para los profanos
ha dado la sensación muy parecida a abandono, dejación de deberes, y aunque de esto yo no soy responsable, ello tampoco puede ser propicio para prestigiar, cual se necesita, la actuación del Inspector-Jefe.
3º. Tengo más de veinticuatro años de servicios en la enseñanza primaria, quince en la Inspección, de los cuales diez como Inspector-Jefe. Este cargo en una provincia como ésta, en que la plantilla de Inspectores rara vez estuvo completa, dedicado con afán a elevar la espiritualidad del Magisterio, a la creación, que he conseguido, de cerca de mil escuelas, a lograr... lograr adaptaciones y construcciones de varios cientos de edificios escolares, a colonias, cantinas, bibliotecas, conferencias, fiestas del Arbol etc. etc. supone una labor agotadora de muchas energías, apesar del entusiasmo y devoción que en ella puse siempre; y sospecho que para continuarla, y aún agrandarla, como exigen las nuevas orientaciones de la educación nueva, me escasean luego.
Estos motivos y algunos otros que no pueden cultivarse al arbitrio comprensivo y justo de V.I. impelenme, opinando que esta es buena ocasión, porque... estando todavía sin nombrar los nuevos Inspectores puede esa Dirección General conocer más de cerca las condiciones de cada uno, y éstos recibir las instrucciones ~~verbales~~ precisas, de V.I. más directa e inmediatamente, a poner en manos de V.I. mi dimisión del cargo de Jefe de esta Inspección; rogándole que no juzgue esta dimisión como ansia de rehuir trabajo, sino como expresión de mi temor a que mi futura actuación, por causas ajenas a mi buena voluntad, no sea tan eficaz y completa como yo quisiera y como la Patria tiene derecho a exigir de quien honra con tan preeminente nombramiento.
Que viva V.I. muchos años.
Lugo, 6 de noviembre de 1932.
El Inspector Jefe.
Ilmo. Sr. Director General de Primera Enseñanza.
Madrid.

Ilustración 77. Carta de dimisión de Luis Soto Menor[1743]

[1739] En varios, "Semana Pedagóxica de 1933", en *El Progreso*, Lugo, 25 de xuño de 1933.
[1740] Vide o Decreto orgánico do 2 de setembro de 1932.
[1741] Luis Soto Menor tivo medo de que quedara en dubida a súa imparcialidade, por este motivo puxo o seu cargo en maos da Administración, como mostra a carta arquivada no seu expediente administrativo
[1742] Ídem.
[1743] En Luis Soto Menor, "Expediente de Luis Soto Menor" (Madrid: AGA-ACME, sinatura: 16748 topográfica 32/53). Segundo a normativa pola que se rixe o emprego dos expedientes do AGA: "Neste sentido, para a reutilización e/ou difusión de reproducións no seu traballo de investigación (colaboración académica en congresos, teses doutorais ou traballos de máster/licenciatura), non se require ningún acordo formal, licenza ou autorización, sempre que a súa publicación sexa exclusivamente para fins académicos. Este procedemento só sería necesario se o traballo fose publicado fóra da súa universidade (por unha editorial ou revista académica, por exemplo)".

Segundo as fontes consultadas, estas acusacións xeraron unha diminución da súa autoridade como inspector xefe, e por este motivo o 6 de novembro de 1932, despois de máis de quince anos na xefatura provincial de inspección, Luis Soto presentou a súa dimisión ante ao Director General de primeira ensinanza. Esta decisión foi froito da presión política e social inferidas a través das acusacións non demostradas ás que foi sometido. Finalmente, a súa dimisión non foi aceptada polo Goberno, e Luis Soto continuou no seu posto.[1744] Un ano máis tarde foi escollido pola *Asociación provincial del Magisterio* como candidato a deputado das Cortes para integrar con outros sectores a candidatura de esquerdas, que perdeu e non saíu adiante.


Inspección de Primera Enseña
de la provincia de Lugo

CIRCULAR

Por Orden del Excmo. Sr. Ge
dor civil de esta provincia, se ha
cargo de la Jefatura de la Inspec
Primera Enseñanza, el Inspec
Joaquín García Ojeda, y, de
con lo que dispone el artículo
Decreto orgánico de fecha 2 de
bre de 1932, quedan modifica
zonas 1.ª y 11.ª, en la siguiente

Zona 1.ª: A cargo del Inspec
Luis Soto Menor, comprendie
escuelas de los Ayuntamientos
go, Guntín, Friol, Puertomarín
menos las de la capital y agre
su casco.

Zona 2.ª: A cargo del Inspe
Joaquín García Ojeda, integ
las escuelas de los Ayuntami
Sarria, Láncara, Paradela, Pára
mos y todas las de la ciudad
más las agregadas al casco de

Lo que se hace público para
neral conocimiento y el de los
maestros de aquellas zonas
cular.

Lugo, 1.º de septiembre de 1
Inspectora Secretaría.—V.º B.º
pector-Jefe.

Ilustración 78. Publicación sobreparto de zonas de inspección en 1936 (Artigo *Vida Escolar)*

O proceso de depuración

Co estalido do golpe de estado de Franco, a población de Lugo ficou paralizada: "Os soldados máis feixistas obrigan os transeúntes a ir bailando a muiñeira do medo. Nun instante as rúas fican desertas e Lugo cae na paz dun camposanto".[1745] Ao pouco tempo, Soto Menor foi sometido ao *proceso de depuración* do persoal administrativo. Segundo o propio inspector, durante o seu mandato estivo sometido a presións sociopolíticas e denuncias falsas, como citamos anteriormente. Aínda que tratou de separar a loita política da súa actuación profesional non puido evitar varias calumnias contra a súa persoa, non demostradas. Segundo o testemuño dos seus familiares evitou o exilio porque a súa familia residía en España. Como consecuencia foi detido en Lugo e sufriu dificultades económicas obrigándoo a desfacerse de varias propiedades.[1746] Foi destituído como Inspector de Primeira Ensinanza o 31 de agosto de 1936, obrigándoo a cambiar de condición laboral: representante de produtos alimenticios. Os cargos polos que foi denunciado foron: afiliación ao *Partido Radical Socialista* (PRS) (candidato ás eleccións en 1933), participación na campaña propagandística esquerdista no maxisterio, afiliación a *Unión Republicana* e participación como membro do *Comité Provincial de Propaganda do Estatuto Galego*. A continuación transcríbese textualmente o cesamento:

> Haciendo uso de las facultades que me han sido conferidas, he dispuesto que Don Luis Soto Menor cese en el desempeño del cargo de Inspector Jefe de Primera Enseñanza; Nombrando para el ejercicio de dicho cargo a Don Joaquín García Ojeda. Lo que se hace público para general conocimiento y cumplimiento.
>
> Lugo 31 de agosto 1936.
> El gobernador Ramón Bermúdez de Castro. Ref 155

O 1 de setembro de 1936 por Orde do gobernador civil de Lugo, a xefatura pasou ao cargo do inspector Joaquín García Ojeda. Esta substitución provocou a modificación

[1744] Luis Soto Menor, "Expediente" (Madrid: AGA-ACME 16748 topográfica 32/53).

[1745] En José Ramón Fernández Oxea, *Ben Cho Shey. Diario de Lugo 1936* (Lugo: Deputación de Lugo, 2024), 21.

[1746] En Cristina López, "El pedagogo que Lugo desconoce", en *La Voz de Galicia*, extraído en 10 de novembro de 2009 de: http://www.lavozdegalicia.es/lugo/2009/09/10/0003_7961353.htm.

das zonas de inspección: a primeira zona quedou a cargo do inspector Luis Soto comprendendo as escolas de Guntín, Friol, Portomarín, menos as da capital e as agregadas ao seu casco.[1747] A segunda zona ficou ao cargo do novo inspector xefe Joaquín García Ojeda, inspeccionando as escolas de Sarria, Láncara, Paradela, Páramos e todas as da cidade de Lugo, contando coas integradas no casco.[1748]

En xuño de 1937, Luis Soto foi suspendido laboralmente por completo:[1749] no seu expediente figura a imposición de castigo de "separación del servicio".[1750] En 1939, este caso foi reaberto debido a apareción de novos elementos.[1751] Mentres estivo apartado do servizo, Luis Soto solicitou o 50% dos haberes activos. O quince de novembro de 1941, esta solicitude foi concedida.[1752] A pesar desta concesión e rebaixa da pena, a *Comisión Superior Dictaminadora* ratificou a separación do cargo como inspector en 1942. Logo pasou unha etapa de presidio.

Situación administrativa despois da depuración.
Ortigueira: Procedente do proceso de depuración como inspector, foi destinado á Escola Nacional en 24 de xaneiro de 1945.
León: Por Orde Ministerial do 24 de outubro de 1950, o 27 de outubro de 1950 ocupou o cargo de inspector de ensino primario na provincia de León. Despois de uns meses recibiu a xubilación forzosa. Durante o seu cargo encargouse da zona nº 12 que comprendía Villafranca do Bierzo, que levaba acumulada o inspector José Cordero Mallo.
Xubilación: Por Orde ministerial do 1 de maio de 1951 declarouse a xubilación forzosa de Luis Soto Menor, inspector de ensinanza primaria da provincia de León. Unha vez cumpridos os 70 anos de idade, regramentaria para o retiro profesional. Segundo as leis do 18 de xullo de 1918, a do 22 de outubro de 1926 e a do 27 de decembro de 1934. Neste proceso realizáronlle o reintegro dos títulos e variacións de soldo segundo as leis do timbre de 1 de xaneiro de 1906, 19 de outubro de 1920, 11 de maio de 1926 e 18 de abril de 1932. Asemade cumpríronse os requisitos especificados na Orde da Presidencia, do 22 de maio de 1942[1753].

Fonte: En Expediente de Luis Soto Menor. Madrid. ACME-AGA (083711-797) e AGA-ACME 16748 topográfica 32/53.

Tras a liberación do encarceramento, e despois de pasar por duras condicións económicas, tivo que traballar como vendedor de pemento e doce de marmelo. Tamén deu clases particulares, nun local da Praza do Campo de Lugo, xunto ao mestre de San Miguel de Reinante Antonio Pérez López.[1754] Temos constancia disto, a través dun anuncio atopado no xornal *El Progreso* e na revista *Vida Escolar*. Na ilustración contigua vemos o recorte de prensa onde o referido inspector e o eu compañeiro anunciábanse para impartir docencia.

[1747] Modificación das zonas de inspección 1ª e 11ª. En varios, "Ispección", *Vida Escolar,* Nº 498 (7 de setembro de 1936): 19.

[1748] En varios, "Ispección", *Vida Escolar,* Nº 498 (7 de setembro de 1936): 19.

[1749] Vide Orde do 19 de xuño de 1937.

[1750] En Luis Soto Menor, "Expediente de Luis Soto Menor" (Madrid: AGA-ACME 16748 topográfica 32/53).

[1751] Vide Lei do 10 de febreiro de 1939.

[1752] Vide as Ordes do 29 de abril e do 2 de xullo de 1939.

[1753] Expediente Luis Soto Menor. Madrid. AGA-ACME 16748 topográfica 32/53.

[1754] Vide María Dolores Seijas Soto, *El maestro de Zaín* (Madrid: San Lorenzo del Escorial, Edicións Libertarias, 2009).

Ilustración 79. Anuncio das clases particulares de Luis Soto Menor en 1936 (publicada en *El Progreso* e *Vida Escolar*)

Nos anos corenta foi separado e desempeñouse nunha academia particular. Despois foi habilitado para desempeñar a docencia nunha escola fóra da provincia de Lugo, pero non podía ocupar cargos directivos. En consecuencia foi destinado como mestre á *Escuela de Ortigueira* na provincia da Coruña. De maneira oficial estaba ocupando unha praza docente denominada como: "inspector suprimido destinado en escola nacional".[1755] O caso deste inspector foi especial porque este tipo de emprazamento non estaba recollido na lexislación: "separado do cargo pero non se lle aplicaron a separación como funcionario do Estado". Debido a este erro concedéronlle a súa reposición no maxisterio nacional en 1950. Grazas a esta situación foi rehabilitado aos 69 anos de idade, ocupando o cargo de inspector de ensino primario na provincia de León.[1756] Posterirmente, despois duns meses en activo, obtivo a xubilación forzosa. En 1964 finou e o seu enterro tivo unha grande asistencia xa que era unha persoa moi querida, recibindo unha homenaxe pública pola súa traxectoria como persoa, articulista, político e inspector.[1757]

4.3.10.2. Juan Comas Camps

Juan Comas (en adiante Joan) foi o inspector que traballou en Lugo que tivo unha maior proxección internacional como antropólogo. Naceu na cidade de Alayor en Menorca o 23 de xaneiro de 1900. Tivo cinco irmáns do que foi o único home. O seu pai foi Gabriel Comas, mestre de profesión, e a súa nai Rita Camps. En 1906 ingresou na *Escuela Elemental de Mallorca* na que traballaba o seu pai.[1758] En Alayor conseguiu o título de mestre sen estudar na Escola Normal, cursando *Didáctica e Pedagógica* e facendo as prácticas escolares. Dende 1918 ata 1921 estivo na *Residencia de Estudiantes de Madrid*, onde obtivo unha pensión para estudar na EESM. Alí estableceu diversos contactos intelectuais, entre os que estaba Luis de Hoyos Sainz, segundo o propio Comas:

> Yo no tuve que pagar, porque conseguí una beca para la Escuela de Estudios Superiores del Magisterio, que es donde yo amplié mi formación de maestro primario, obtenido en Palma (de Mallorca). Es más, yo obtuve el título de profesor de Escuela Normal, que es el grao equivalente a

[1755] Segundo a Orde Ministerial do 18 de marzo de 1942 (*BOE* do 20 de abril de ese ano) foi habilitado para o desempeño da docencia en escolas fóra da provincia de Lugo, pero inhabilitado para o exercicio de cargos directivos e de confianza en institucións culturais e de ensinanza. Probablemente non chegou a ocupar a praza como mestre da Escola de Ortigueira porque non hai constancia de que chegara a exercer a docencia neste destino.

[1756] En Orde ministerial do 30 de maio de 1950.

[1757] Estes datos foron subtraídos principalmente do seu expediente administrativo, dos documentos do arquivo, dous artigos de prensa e da bibliografía específica debidamente referenciada. En Luis Soto Menor, "Expediente de Luis Soto Menor" (Madrid: ACME-AGA 083711-797).

[1758] Durante eses anos as autoridades de Lugo estaban pendentes da visita de Alfonso XIII.

> un tipo universitario. Para llegar ahí, tuve una beca, o sea que esa beca me permitía pagar la residencia sin cargar sobre mi padre, que no podía.[1759]

Durante a súa vida política foi un axente de convicción republicanas, socialista, progresistas e liberais.[1760] Estivo influído polas ideas de Luis de Hoyos Sainz na EESM.[1761] Ademais na *Residencia de Estudiantes de Madrid* coñeceu a Ángel Llorca e Rodolfo Llopis. Segundo o propio inspector foron eles quen o animaron a inscribirse posteriormente no Partido Socialista Lucense.[1762] Cando rematou os seus estudos ingresou como inspector de Primeiro Ensino en Girona, pero aos poucos anos tivo que viaxar a África para realizar o servizo militar. Cando rematou este período traballou en Tenerife, dende 1924 ata 1927.[1763] Posteriormente, o goberno ditatorial de Primo de Rivera trasladouno de xeito forzoso á provincia de Lugo, período analizado polo miúdo no seguinte apartado e de transcendencia no referido á difusión de novas teorías pedagóxicas.

Joan Comas Camps en Lugo

Joan Comas traballou na provincia lucense dende 1927 ata 1931, a pesar do pouco tempo que estivo en Lugo o seu traballo foi moi prolífero. Neste sentido, tres son os aspectos definen a súa traxectoria nesta provincia: en primeiro lugar o súa participación no proceso de modernización escolar a través da difusión de novas teorías transnacionais entre outras accións (mediante a publicación de artigos),[1764] en segundo o seu curto cargo como *Conselleiro de Educación* e por último as súas viaxes como pensionado da JAE. Dende un primeiro momento este inspector cando chegou a Lugo pretendeu vivificar a ensinanza primaria influenciado pola ideas previas da ILE. En consecuencia foi un axente de dinamización e modernización pedagóxica do ensino público.[1765] Tomando como referencia os seus artigos publicados na prensa local, obsérvase a súa defensa dunha escola pública, única, activa e aconfesional. Ademais, influído polos institucionistas converteuse nun defensor da renovación pedagóxica da figura do inspector. Así, o propio Comas explicaba nunha entrevista a importancia do apoio ao mestre, suprimindo a idea da inspección como un servizo puramente burocrático e fiscalizador:

> Se trata de suprimir una idea, creo que lo conseguimos. Las generaciones que salimos de la escuela de Estudios Superiores del Magisterio, como inspectores , ya salimos con ese criterio formado por la Institución y por los profesores de la Escuela que tenían la influencia de la Institución: suprimir la idea de que un inspector es un señor que está sentado en una esquina vigilando que el maestro entre a las ocho en punto y que salga a las doce en punto, y que haga cosas mecánicas; y que, al contrario, fuera un señor que se pusiera en plan de maestro, de enseñar como el maestro, de encontrar dificultades, porque ninguno de nosotros era ningún sabio, ni ningún hombre perfecto. Habíamos leído un poco más, habíamos visto más cosas que el maestro

[1759] En Matilde Mantecón, *Joan Comas Camps, de pedagog a antropóleg* (Menorca: Edit.: Institut Menorquí d´estudis. 2001), 147.

[1760] En Joan Comas Camps, "Creación de escolas en Lugo", *El Progreso,* Lugo, 7 de xullo de 1931 e posteriormente o 13 de outubro de 1931. Sendo Juan Comas vicesecretario Consejo Provincial de Primera Enseñanza de Lugo. Tamén en *Gaceta de Madrid* do 5 de xullo de 1931 e posteriormente na do 19 de setembro de 1931.

[1761] En Luis Batanaz Palomares, *La inspección de Primera Enseñanza durante la Guerra Civil y el Primer Franquismo (1936-1943)* (Córdoba: Edicións Universidade de Córdoba, 2011), 108.

[1762] En Matilde Mantecón, *Joan Comas Camps, de pedagog a antropóleg* (Menorca: Edicións Institut Menorquí d´estudis, 2001), 154.

[1763] Vide Manuel Ferraz Lorenzo, *Juan Comas Camps y su intensa labor de renovación pedagógica en las Canarias occidentales* (1924-1927) (Islas Canarias: Sociedad Española de Pedagogía, 2008).

[1764] En Joan Comas Camps, "Lo que es la escuela única", *El Progreso,* Lugo, 17 de xuño de 1931.

[1765] Vide Lorenzo Luzuriaga, "La escuela unificada", *Revista e Pedagogía,* Nº 8, Ano I (1922).

> rural, pero la idea era, y lo conseguimos en mi generación, que el inspector fuera un compañero más que ayudara a los pobres maestros rurales, que no tenían ningún medio de trabajo, ningún medio de ayuda.[1766]

Entre as propostas feitas por Joan Comas en Lugo, defendeu a creación dunha escola graduada anexa á *Escuela Normal de Maestras* de Lugo.[1767] Por aquel entón, a súa muller era Regina Lago García e traballaba como profesora na devandita Escola Normal.[1768] Ademais, Comas propuxo a creación de máis escolas rurais, debido a que nas súas visitas ás localidades lucenses observou a carencia e a mala dotación escolar. Esta circunstancia non só pasaba nas zonas rurais, segundo o propio inspector, no termo municipal de Lugo tamén existía a necesidade da albergar máis centros educativos:

> El señor Comas trata del problema de la Enseñanza manifestando que actualmente existen en el término municipal de Lugo 59 escuelas, cuando si se cumpliera con lo legislativo, harían falta 90.[1769]

En definitiva, entre os seus obxectivos apoiaba a creación dun modelo educativo que entregara a todos os nenos a oportunidade do acceso a unha cultura superior.[1770] Este concepto trasladaba a idea de rematar coas *desigualdades* sociais existentes: "a capacidade de aprender tiña que ser máis determinante que o nivel socioeconómico do alumno". Así o inspector estudado neste artigo expoñía no diario liberal *El Progreso* lucense:

> Unidad y gratuidad de la enseñanza, abriendo a las masas el acceso a la cultura superior; el paso de un grado a otro no debe de ser medido por la capacidad de pagar, sino por la capacidad de aprender. No hay jerarquías de enseñanza (primaria, secundaria y superior) sino etapas diferentes accesibles no a los ricos sino a los aptos.[1771]

Joan Comas tamén defendeu o *laicismo escolar*, en contra da intelectualidade lucense máis conservadora e tradicional.[1772] As teorías laicas do inspector pronto foron criticadas polo sector conservador e católico a través do diario *La Voz de la Verdad*.[1773] Fai falta ter en conta que, como sé episcopal, a Igrexa en Lugo tiña un forte poder daquela. Porén a arribada de novas ideas asociadas a ILE facía perigar a súa orde moral secular, que aglutinaban as institucións relixiosas na provincia luguesa.[1774] Dadas estas circunstancias, a forte presenza eclesiástica no campo educativo fixo que o proceso de renovación fora máis pausado, como xa advertiu Pierre Vilar na súa famosa obra *Historia de España*.[1775]

[1766] En Matilde Mantecón, *Joan Comas Camps, de pedagog a antropóleg,* (Menorca: Edicións. Institut Menorquí d´estudis, 2001), 152-153

[1767] En Joan Comas Camps, "Creación dunha Escola Normal Graduada", *El Progreso,* Lugo, 9 de xuño de 1931.

[1768] A finais de 1937, esta muller substituíu ao seu marido Joan Comas como *Delegada de la Infancia Evacuada* en París. En Carmen García Colmenares, *Las primeras psicólogas españolas itinerarios vitales y profesionales* (Granada: Editorial Universidade de Granada, 2011), 75.

[1769] En Joan Comas Camps, "De instrucción primaria", en *El Progreso*, Lugo, 9 de xuño de 1931.

[1770] A Escola Unificada era entendida como unha ensinanza unida, gratuíta e para todos.

[1771] Concepto de orixe alemán (Einheitsschule) análogo aos pensamentos de Lorenzo Luzuriaga. En Joan Comas Camps, "Lo que es la escuela única", *El progreso,* Lugo, 17 de xuño de 1931.

[1772] Ídem.

[1773] En Viriato, "El Estado y la libertad de la enseñanza", *La Voz de la Verdad,* Lugo, 13 de xuño de 1931; e en Joan Comas Camps, "En contestación", *El Progreso,* Lugo, 28 de xuño de 1931.

[1774] En Pierre Vilar, *La Historia de España* (París: Editorial Librairie Espagnole, 1975), 122.

[1775] En Pierre Vilar, *Historia de España,* (Barcelona: Crítica, 2008) 166.

A presenza de Joan Comas na cidade de Lugo caracterizouse por ter un *papel social activo* a pesar do pouco tempo que pasou, nun momento histórico onde a inspección se atopaba nun período de crecemento. En primeiro lugar, é necesario dicir que foi o presidente da *Junta Provincial para la Protección de Huérfanos del Magisterio*, reservando para o sostemento desta organización o 1% dos soldos dos mestres en activo, dende novembro de 1929.[1776] Do mesmo xeito organizou unha *Campaña de Subscricións Pro-parados*, iniciativa que recadou donativos para axudar a remediar a crise obreira. A Comisión que presidía se encargou da administración dos gastos, solicitando a axuda do maxisterio lucense provincial.[1777] Con todo, grazas ás publicacións feitas pola prensa, ás doazóns veciñais e as asociacións de mestres conseguiuse crear un fondo económico de socorro.[1778]

Mentres estivo en Lugo, Joan Comas *combinou a función pedagóxica coa política*,[1779] levando unha vida pública dinámica tendo en conta o pouco tempo que estivo, integrándose nos círculos sociopolíticos progresistas lucenses. Daquela foi o responsable da educación do Concello de Lugo durante 48 horas, representando ao Partido Socialista lucense. Cargo que ocupou moi pouco tempo debido a diferenzas cos demais integrantes do partido.[1780] Este feito foi descrito polo propio inspector na entrevista realizada por Matilde Mantecón en outubro e novembro de 1978.

> "...si el Partido me echa del Partido, automáticamente o no represento nada. Total, que lo único que hice era lo que debía hacer, fue recurrir, reclamar ante el Comité".[1781]

Joan Comas durante a Segunda República

Cando chegaron as eleccións de 1931 Joan Comas era un dos máximos responsables de educación no Partido Socialista de Lugo.[1782] Ademais o trece de outubro ocupaba o cargo de *Vicesecretario del Consejo Provincial de Primera Enseñanza*. Con este cargo, e apoiado polos seus compañeiros, presentouse como aspirante a concelleiro en 1931. Consecuentemente comezou a desenvolver a campaña política realizando discursos, establecendo contactos e organizando reunións. Oito días antes das eleccións o inspector reuniuse co gobernador civil. Segundo Comas, nesta reunión privada, o representante do Estado advertiu ao inspector que as eleccións estaban xa resoltas, poñendo en dúbida o resultado das mesmas: "O representante do Goberno insinuou que os resultados das futuras eleccións estaban arranxados".[1783]

[1776] En Joan Comas Camps, "Junta Provincial de protección huérfanos del Magisterio", en *El Progreso,* Lugo, 25 de xuño de 1931.

[1777] En Consello provincial de inspección de primeira ensinanza (1931), "Suscripción pro-parados", *El Progreso,* Lugo, 2 de xuño de 1931.

[1778] Na provincia de Lugo existían varias asociacións: a Asociación Provincial de Mestres de Lugo, a Confederación Nacional de Mestres e nacerían outros colectivos novos como a Asociación de Mestres interinos-substitutos constituíuse en 1931, a Asociación de Mestres nacionales del Partido de Lugo en 1932 e a Asociación Católica de Mestres de Lugo creada en 1936. En varios, "Libro de asociacións lucenses", (Lugo, APL, fondo: Goberno Civil, 1900-1936).

[1779] En Antón Costa Rico, *A reforma da educación (1906-1936)* (A Coruña: Edit. Do Castro, 2000), 31.

[1780] Joan Comas foi expulsado do Partido Socialista Lucense por defender que as destitucións dos membros do Partido tiñan que seguir un protocolo, abrindo previamente un expediente. En Matilde Mantecón, *Joan Comas Camps, de pedagog a antropóleg* (Menorca: Edicións Institut Menorquí d´estudis, 2001), 156-157.

[1781] En Matilde Mantecón, *Joan Comas Camps, de pedagog a antropóleg* (Menorca: Edicións Institut Menorquí d´estudis, 2001), 156.

[1782] En Joan Comas Camps, "Creación de escolas en Lugo", *El Progreso,* Lugo, 7 de xullo de 1931; e en *Gaceta de Madrid* do 5 de xullo de 1931 e posteriormente na do 19 de setembro de 1931.

[1783] En Matilde Mantecón, *Joan Comas Camps, de pedagog a antropóleg* (Menorca: Edicións Institut Menorquí d´estudis, 2001), 153-154. Como político tivo diferenzas cos membros do Partido Socialista e foi

Cando se proclamou a Segunda República Joan Comas recibiu un telegrama do Ministerio para retirar as imaxes monárquicas e eclesiásticas das escolas. Este inspector tamén designou aos Vogais Mestres do *Consejo Provincial de Enseñanza.*[1784] Despois das reeleccións, saíu elixido como concelleiro de Lugo polo partido Socialista.[1785] Neste período fixo uso das súas atribucións, ordenando, como xa citamos, a retirada dos retratos de Alfonso de Borbón das escolas lucenses. Igualmente mandou substituír a bandeira bicolor por unha tricolor republicana. Ademais ordenou adquirir unha alegoría á República e celebrar o primeiro de maio como *Fiesta del Trabajo*. Por último, recomendou a todos os mestres que as ensinanzas de Historia e Dereito se realizaran con obxectividade e sinceridade.[1786]



Agrupación Socialista de Lugo

Candidatura oficial para concejales

Primer distrito

(Casa Consistorial, Manuel Becerra, San Roque, Albeiros):
Carlos Vázquez Fernández Pimentel, médico.
Joaquín Fugarolas Marbán, industrial.
Juan Comas Camps, inspector de primera enseñanza.
José Quintás López, carpintero, (presidente de la sociedad).
Constante Conde Ortea, pintor, y presidente del Centro Obrero.

Segundo distrito

(San Fernando-Soledad).
Emilio López Marey, tipógrafo, (presidente de la Sociedad Tipográfica).
Joaquín Iglesias Muñoz, tipógrafo, (secretario del Centro Obrero).
Manuel Castro López, mampostero, (contador del Centro Obrero).

Tercer distrito

(Recatelo, Puente, Travesía del Miño).
José Antonio Viliña, tipógrafo.
José Abella Laurel, agente comercial.
Manuel Fernández y Fernández, mampostero, (presidente de la sociedad).

Quinto distrito

(Pedreda, San Félix de Muja, Nadela).
Manuel Trigo Anseán, albañil.
Ramiro López Lema, industrial.

El comité.

Ilustración 80. Candidatura oficial socialista de Lugo nas eleccións municipais de 1931[1787]

expulsado como concelleiro de educación en Lugo. Os motivo foi o de negarse a intervir no proceso de expulsión ao Oficial maior do Concello. Por este motivo 48 horas máis tarde foi expulsado por indisciplina polo Partido Socialista lucense. Os feitos foron os seguintes: na primeira reunión do partido acordouse botar ao Oficial maior sen abrirlle previamente un expediente, ao que Joan Comas se negou porque primeiro se lle debía de abrir un expediente e despois botalo, respectando así as leis. Ao estar en desacordo negouse a participar no proceso e non acudiu á sesión de expulsión. O Partido Socialista lucense interpretaría a súa ausencia como un acto de indisciplina, por este motivo foi expulsado do Partido socialista. Este Inspector informou de contado da inxusta expulsión ao Comité Rexional do Partido Socialista (con sé en Vigo por aquel entón), que ordenou a súa reposición inmediata. O gobernador civil residente na cidade concederíalle a razón repoñendo ao Oficial maior durante 6 meses, tempo que tardou a tramitación do expediente. En varios, "De el Partido Socialista", *El Progreso,* Lugo, 25 de xuño de 1931.

[1784] En Luis Soto Menor, "Inspección de Primera enseñanza", *El Progreso,* Lugo, 15 de xuño de 1931.

[1785] Atoparemos o nomeamento das comisións do concello no que aparece Juan Comas formando a comisión Instrución Pública e música. En A Comisións do concello, "Comisións do Concello", *El Progreso,* Lugo, martes 9 de xuño de 1931.

[1786] En Luis Soto Menor, Carmen De la Torre e Joan Comas Camps, "Después de la proclamación de la República", *El Progreso,* Lugo, xoves 16 de abril de 1931.

[1787] En El comité, "Agrupación Socialista de Lugo. Candidatura oficial para concejales", *El Progreso,* Lugo, xoves 28 de maio de 1931.

O 18 de agosto de 1931 Camps estivo uns días de permiso de acordo coa distribución de vacacións que aprobou o Consello Provincial de Inspección. Neste ano participou no XV *Congreso Internacional de Antropología* celebrado o 20 ao 30 de setembro en Coimbra e Oporto, nesta reunión figuraba como coautor na primeira sección dunha comunicación científica como membro do Instituto Internacional de Antropoloxía. Nestes meses foi nomeado como xefe de Inspección (interino) de Ensinanza Primaria da provincia de Lugo, substituíndo a Luis Soto Menor que tiña que ocupar o cargo de presidente do tribunal dos cursillistas de maxisterio primario.[1788] Finalmente, o 28 de febreiro de 1932 Luis Soto comunicaba á administración o cesamento no cargo de Joan Comas como inspector lucense por traslado a Segovia e logo a Madrid.[1789] Debido ao seu cesamento, o 14 de abril de 1932 ficou vacante a súa praza, saíndo a concurso para a súa provisión.[1790]

O último destino como inspector de Joan Comas foi en Madrid, dende 1932 ata 1939.[1791] Nesta cidade estivo afiliado ao *Partido Comunista* entre 1936 e 1941, ocupando diversos cargos políticos no *Ministerio de Educación del Frente Popular.* Tras a vitoria das forzas franquistas e por medo a posibles represalias pola súa afiliación política, en febreiro de 1939 Joan Comas exiliouse a México.[1792] Neste destino publicou a súa obra *Manual de Antropología Física*, mediante o cal se fíxo coñecido internacionalmente. Finou en 1979, recibindo unha multitude de recoñecementos profesionais dada a súa traxectoria intelectual.

As viaxes de estudos de Joan Comas coa JAE

Gran parte do tempo que Joan Comas estivo destinado en Lugo estivo pensionado coa JAE para ampliar a súa formación dende 1928 ata 1930, polo que tivo que abandonar a provincia. Aínda que seguiu enviando artículos á revista *Vida Escolar*. Emporiso que o seu pensamento progresista ten influencia, en parte, nos estudos internacionais onde se empapou das correntes vangardistas da *Escuela Nueva*. [1793] Durante estas viaxes recibiu clases de Claparede, Bovet, Piaget, Dottrens e Eugene Pittard entre outros. Con eles presentou varios traballos que recollían os seus estudos e investigacións, documentos arquivados actualmente no arquivo da JAE.[1794] No estranxeiro gozou de dúas licenzas para estudar pedagoxía e psicoloxía infantil con Piaget en Xenebra. Durante este tempo, Comas asistiu aos congresos internacionais levados a cabo en Suíza e Dinamarca.[1795]

[1788] En Joan Comas Camps, "Expediente Juan Comas Camps", (Madrid: Arquivo AGA-ACME. Sinatura. 16752, topográfica: 32/53).

[1789] Ídem

[1790] En varios, "Concurso desierto", *El Progreso,* Lugo, 14 de abril de 1932.

[1791] En Carmen Ortiz García e Luis Angel Sánchez Gómez, *Diccionario histórico de la antropología española* (Madrid: Edicións Consello Superior de Investigacións Científicas, 1994), 208.

[1792] En José Hernandez Mora, "Juan Comas Camps: esquema de una vida", *Revista Española de Antropología Americana* (1979): 22.

[1793] En Joan Comas Camps, "Expediente de Juan Comas Camps" (Madrid. Arquivo AGA-ACME. Sinatura. 16752, topográfica: 32/53).

[1794] En Joan Comas Camps, "Expediente persoal de Juan Comas Camps" (Madrid: Arquivo JAE. Sinatura: JAE/37-588).

[1795] Joan Comas acudiu aos congresos de: Xenebra (Suíza) e en Elsingor (Dinamarca). A viaxe foi sufragada polo propio inspector, xa que non obtivo subvención económica do Estado para dita formación. Este feito sucedeu o 25 de xullo e o 4 de agosto de 1929 respectivamente. En Joan Comas Camps, "Expediente de Juan Comas Camps" (Madrid: Arquivo AGA-ACME. Sinatura. 16752, topográfica: 32/53).

Mentres en Lugo, esta situación supuxo un incremento do número de escolas a supervisar para o seu compañeiro Luis Soto, cando a provincia xa arrastraba unha carencia de inspectores e unha dilatada dispersión escolar. Rememoremos que este organismo tiña unha sobrecarga de traballo e un nomadismo laboral agudo, circunstancias que foron problemáticas á hora de desenvolver unha ocupación integral e de calidade. Desta situación despréndese que a reposición dos inspectores pensionados non sempre era idónea por parte da Administración.


FÉDÉRATION UNIVERSELLE DES ASSOCIATIONS PÉDAGOGIQUES

III^e Congrès bisannuel

GENÈVE (Suisse)

25 Juillet - 4 Août 1929

sous le Haut Patronage du Conseil Fédéral Suisse

avec la collaboration du Bureau International d'Education

COMITÉ D'HONNEUR

Président d'Honneur : M. Robert HAAB, Président de la Confédération Suisse.

Vice-Présidents : MM. Jean Boissonnas, Président du Conseil d'Etat de Genève.
Albert Malche, Président du Département de l'Instruction publique de Genève.

Marquise d'Aberdeen et Temair, Présidente du Conseil international des Femmes.
Mme d'Arcis, Présidente de l'Union mondiale de la Femme.
M. A. Ballansat, Président du Conseil administratif de la Ville de Genève.
M. Gabriel Bonnet, Président du Conseil administratif de la Commune de Plainpalais.
M. Arthur Burrows, Secrétaire général de l'Union internationale de Radiophonie.
Mme Chaponnière-Chaix, Ancienne présidente du Conseil international des Femmes.
M. Edouard Chapuisat, Président d'honneur du Cercle de la Presse.
Mme Edouard Chapuisat Présidente de l'Union des Femmes.
M. Marcel Chantrens, Président de la Société pédagogique romande.
M. Edouard Claparède, Professeur à l'Université de Genève.
Dame Rachel Crowdy, Chef de la Section pour les questions sociales de la Société des Nations.
M. A. Des Gouttes, Président du Consistoire de Genève.
Sir Eric Drummond, Secrétaire général de la Société des Nations.
M. H. Fehr, Secrétaire général de la Commission internationale de l'enseignement mathématique.
M. Adolphe Ferrière, Ligue Internationale pour l'Education nouvelle.
M. Léopold Gautier, Président de l'Association Suisse des professeurs de Gymnase.
M. W.W. Gethman, Secrétaire général de l'Alliance universelle des Unions chrétiennes de jeunes gens.
M. Jaques-Dalcroze, Directeur de l'Institut Jaques-Dalcroze.
M. Adolphe Keller, Secrétaire général de l'Institut international de Christianisme social.
M. Kupper, Président du Schweizerischer Lehrerverein.
M. Paul Lachenal, Président du Grand Conseil.
Sénateur La Fontaine, Président du Bureau international de la Paix.
Mme Coralie Leback, Présidente de la Ligue des Femmes juives.
Mme Leuch, Présidente de l'Association suisse pour le Suffrage féminin.
M. Paul Logoz, Professeur à l'Université, Conseiller national.
M. Gilbert Murray, Président de l'Institut de Coopération intellectuelle.
M. André Oltramare, Professeur à l'Université de Genève.
M. le Dr Clément Pirquet, Président de l'Union internationale de Secours aux Enfants.
M. Edmond Privat, Président du Bureau international de l'Esperanto.
M. le Dr Rajchman, Président de l'Association pour l'Ecole internationale de Genève.
M. William Rappard, Directeur de l'Institut universitaire des Hautes Etudes internationales.
Mlle Sermet, Présidente de la Commission d'Education de l'Association des femmes suisses.
Miss Mary Sheepshanks, Secrétaire internationale de la Ligue internationale des Femmes pour la Paix et la Liberté.
M. Albert Thomas, Directeur du Bureau international du Travail.
M. Charles Werner, Recteur de l'Université de Genève.
M. Frédéric Zollinger, Secrétaire du Département de l'Instruction publique du Canton de Zurich.

ELSINORE

HELSINGOR, DENMARK

WORLD CONFERENCE ON NEW EDUCATION

(The Fifth International Conference of the New Education Fellowship)

From Thursday Evening, August 8th, 1929, to Wednesday Evening, August 21st

General Theme

The New Psychology and the Curriculum

Scandinavian Patrons

Denmark

Herr J. Byskov, Minister of Education
Herr Dr. Kragh, Minister of the Interior
Herr J. Bülow, Lord Mayor of Copenhagen
Dr. E. Kaper, Mayor of Education, Copenhagen
Herr A. P. Fossing, Ch. Inspector of Elementary Schools, Copenhagen
Herr Christensen, Mayor of Elsinore
Herr Col. J. Qvist, Kronborg Castle, Elsinore

Finland

Dr. O. Mantere, Director General in Chief of the Board of Education
Dr. R. Saxen, Director of the Swedish Department, Board of Education

Sweden

Dr. K. Lindskog, Minister of Education
Dr. B. Jonsson Berggvist, Director General in Chief of the Board of Education
Dr. K. N. Nordlund, Chief Inspector of Elementary Schools, Stockholm
Herr J. Bääth, Mayor of Helsingborg

Norway

Herr S. M. Hasund, Minister of Education, Norway

Iceland

Herr Jonas Johnsson, Minister of Education

Organizing Committee

Herr G. J. Arvin (Chairman), Principal, La Cour Voiens School, Copenhagen
Herr P. Högström, Principal, Deaf and Dumb Institute
Fru E. Marstrand (Secretary)
Dr. S. Nasgaard, Editor of "Den Frie Skole"
Fru M. Petersen, Principal, Ny Carlsberg Voiens School
Fröken S. M. Rifbjerg, M.A.
Dr. N. Hänninger, Member, Board of Education, Sweden
Herr G. Mattsson, Vice President, University of Uppsala Union
Herr J. Hertzberg, Principal, Silkeåkk School, Norway
Fru A. Sethne, Principal, Sagene School, Oslo
Angeir Angeirsson, Chief Inspector of Elementary Schools, Reykjavik, Iceland

The New Education Fellowship, 11 Tavistock Square, London, Eng.

Organising Director: Mrs. Beatrice Ensor — Organising Secretary: Miss Clare Soper

Telephone and Telegrams: Museum 1109, London

Ilustración 81. Carteis de congresos pedagóxicos aos que acudiu Joan Comas Camps[1796]

Pero detallemos de forma específica as súas viaxes. Na súa primeira quenda Joan Comas estivo matriculado como alumno oficial no *Instituto de Ciencias de la Educación de Ginebra*, estudando durante dous semestres do curso lectivo 1928-29 e facendo prácticas de Pedagoxía e Psicoloxía Experimental. Tamén levou a cabo experiencias educativas de Orientación profesional, Organización escolar e Didáctica da Pedagoxía, afondando nas concepcións da *Escuela Nueva* e a *Escuela Activa*.[1797] De xeito complementario, durante as súas viaxes estudou contidos referentes á *Educación por la Paz* e á *Formación Profesional del Magisterio*. Todos estes cursos estiveron baixo a dirección dos profesores: Bovet, Piaget, Claperéde, Léon Walther, Helena Antippoff e Dottrens. Ao final da pensión obtivo o Certificado de estudos de Ciencias da Educación.[1798]

[1796] En Joan Comas Camps, "Expediente Juan Comas Camps" (Madrid: AGA-ACME. Sinatura: 16752, topográfica: 32/53).

[1797] En Joan Comas Camps, "Escuelas Nuevas-Educación activa I", *Vida Escolar,* Nº 96, ano II (1928): 3-5; e Joan Comas Camps, "Escuelas Nuevas-Educación activa II", *Vida Escolar,* Nº 97, ano II (1928): 3-4.

[1798] En Joan Comas Camps, "Expediente persoal de Juan Comas Camps" (Madrid: Arquivo JAE. Sinatura: JAE/37-588).

> Piaget no solo ha sido mi maestro, yo he traducido al castellano dos libros de Piaget: *La causalidad física del niño* y *El sentido moral en el niño*; son dos libros de Espasa Calpe ha publicado traducidos al castellano, y la traducción es mía[1799].

Nesta viaxe estivo acompañado pola súa muller Regina Lago. Á marxe disto, cómpre sinalar que foi autora do libro *Las Repúblicas Juveniles*.[1800] Esta obra teorizaba sobre a relevancia da organización escolar para o desenvolvemento da autonomía do discente (self government), análogo aos deseños da *Escuela Nueva*. Despois da análise deste título, constatamos que Regina Lago seguía unha liña ideolóxica moi parecida ao seu marido, difundido por aquel entón estudos sobre a psicometría escolar como membro do *Comité Ejecutivo de las Escuelas de Morelia*.[1801]

> La base psicológica de *Las Repúblicas juveniles* está precisamente en la tendencia gregaria y el impulso de la sociabilidad" [...] "La pedagogía moderna está también de acuerdo en considerar la coeducación (que no es lo mismo que la construcción) como uno de sus postulados.[1802]



Ampliación de estudios

Se ha concedido a don Juan Comas, inspector de escuelas de la tercera Zona de esta provincia la consideración de pensionado por nueve meses, para completar estudios Psico-pedagógicos en el Instituto Rousseau y en la Facultad de Ciencias de Ginebra.

Con tal motivo, acompañado de su esposa, profesora de esta Normal, que también disfruta de la misma consideración oficial, ha salido para Suiza.

Ilustración 82: Concesión a Joan Comas e Regina Lago da ampliación de estudos coa JAE[1803]

Tornemos a nosa ollada agora cara a segunda viaxe que realizou o matrimonio. En 1930, Joan Comas solicitou unha segunda renovación da bolsa para facer estudos de *Pedagogía e Psicología Infantil*, por este motivo volveu viaxar a Xenebra. Alí coñeceu o profesor de Antropoloxía Eugene Pittard con quen traballou nos seus primeiros estudos antropolóxicos.[1804] Baixo a súa dirección prolongará a súa estanza. Pittard era daquela xa un recoñecido e prestixioso antropólogo e físico. Xunto a el estudou na liña metodolóxica da cranioloxía e osteometría. Neste tempo presentou varios traballos arquivados na JAE titulados*: Memoria del trabajo realizado durante la pensión de estudios, La nueva educación, la orientación profesional* e *La correlación y simultaneidad entre ambos problemas.*[1805] No seu exilio, Pittard axudouno a sacar a tese doutoral.[1806] No seguinte cadro podemos consultar os cursos de formación europea

[1799] En Matilde Mantecón, (2001). "Joan Comas Camps, de pedagog a antropóleg" (Menorca: Edicións. Institut Menorquí d´estudis), 159.

[1800] En Joan Comas Camps, "Expediente de Juan Comas Camps" (Madrid: Arquivo AGA-ACME. Sinatura. 16752, topográfica: 32/53).

[1801] En Carmen García Colmenares, *Las primeras psicólogas españolas, itinerarios vitales y profesionales* (Granada: Editorial Universidade de Granada, 2011) 93.

[1802] En Regina Lago, "Las Repúblicas juveniles.[The youth republics]", *Revista Española de Pedagogía. La Nueva Educación,* Nº 22 (1931): 100-103.

[1803] En Joan Comas Camps, "Ampliación de Estudios", *El Progreso,* Lugo, 29 de outubro de 1929.

[1804] En Matilde Mantecón e Pere Alzina Segui, *Joan Comas Camps, de pedagog a antropóleg* (Menorca: Edicións Institut Menorquí d´estudis, 2001), 161.

[1805] En Joan Comas Camps, "Expediente Joan Comas Camps", (Madrid: Arquivo JAE/37-588).

[1806] En Carmen Ortiz García e Luis Ángel Sánchez Gómez, *Diccionario histórico de la antropología española* (Madrid: Edit. Consejo Superior de Investigaciones Científicas, 1994), 208.

aos que acudiu Joan Comas coa JAE, entre os que figura o seu futuro titor predoutoral.[1807]

Cadro 53. Profesores de Joan Comas nas súas viaxes de estudos. Xenebra (1928-29)

Profesores	Cursos
1. Claperéde	*Psicología experimental*
2. Duboir	*Pedagoxía teórica*
3. Bovet	*Educación moral aplicada á escola*
4. Mele Descoeudres	*Deficiencia mental na infancia*
5. Dr. Metheé	*Patoloxías na infancia*
6. Piaget	*Psicoloxía evolutiva*
7. Dottrens	*Organización escolar*
8. Mme. Antipoff	*Investigación psicolóxica*
9. M. M. Lambercier	*Investigación psicolóxica*
10. Dr. Meili	*Investigación psicolóxica*
11. Mr. Rouvroy	*Alumnos con dificultades*
12. Mlle. Butts	*Ensinanza Primaria en Escandinavia e Educación para a Paz*
13. Mr. Henry Johannot	*Ensinanza Primaria en México*
14. M Pittard	*Estudos de Antropoloxía*
15. M. Ferriere.	*Escola Nova en Alemaña*
16. Léon Walther.	*Tecnopsicoloxía*

Fonte: Extraído de Francesca Comas Rubí, "Joan Comas Camps i els seus estudis pedagògics a Ginebra pensionats per la JAE", *Educació i Història: Revista d'Història de l'Educació,* Nº 22, (xullo-decembro de 2013).

Xa fóra de Lugo, concretamente destinado en Madrid, en 1935 Joan Comas Camps volveu viaxar cun grupo de inspectores a Francia, Bélxica, Holanda, Suíza e Italia. Entre os acompañantes de estudos atopábanse José Díaz Ruano, inspector de primeira Ensinanza de Granada; Aurora Maceda López e Antonia Ortiz Currais inspectoras de primeira Ensinanza de Ourense; Mª. de las Mercedes Quiñones Valdés, inspectora de primeira Ensinanza de Oviedo; Arturo Sanmartín Suñer, inspector de primeira ensinanza de Palencia.[1808]

As súas publicacións pedagóxicas

No referente ás publicacións de Joan Comas, cómpre recapitular as que fixo mentres era inspector en Tenerife, neste lugar publicou un artigo en 1926 na *Revista de Pedagogía* de divulgación e formación titulado: "A orientación profesional y a escola". Xa como inspector lucense, publicou na mesma *Revista* os seguintes artigos: en 1928 sairía a luz "La reforma escolar en Viena", en 1929 "El método ruso de los complejos", en 1930 "Caracteres generales del sistema Winnetka"[1809], en 1931 "Contribución al estudio de la génesis psicobiológica del lenguaje hablado".[1810] En 1934, levou a cabo unha fecunda función pedagóxica colaborando con Modesto Medina, Rafael Álvarez e

[1807] En 1929 e acompañado pola súa muller profesora da Escola Normal, Comas anunciou na prensa lucense a súa viaxe como pensionado a Xenebra: "Ampliación de estudios. Se ha concedido a don Juan Comas inspector de la tercera Zona de la provincia por nueve meses, para completar estudios Psicopedagógicos en el instituto Rousseau y la facultad de Ciencias de Ginebra…" e continua "…acompañado por su esposa, profesora de esta Normal, que también disfruta de la misma consideración oficial". En varios, "ampliación de estudios", *El Progreso,* Lugo, 29 de outubro de 1929.

[1808] En Antonia Ortiz Currais, "Expediente de Antonia Ortiz Currais" (Madrid: Arquivo JAE. Sinatura: JAE/108-119).

[1809] Esta publicación trataba o sistema de Winnetka na práctica en 200 páxinas, editado en Madrid en 1930 por edicións da *Revista de Pedagogía*.

[1810] En Antón Costa Rico, *A reforma da educación (1906-1936)* (A Coruña: Edit. Do Castro. 2000), 32.

Juvenal de Vega coa publicación do *Manual del inspector de primera enseñanza*. Obra que segundo Hernández Mora supuxo a culminación da súa carreira profesional na educación. Nese ano tamén escribiría "Consideraciones sobre la inspección de Primera Enseñanza".[1811]

> ….incluso publicamos entre un compañero y yo un libro, que perdí en la guerra, que se llamaba Manual del inspector de primera enseñanza. Lo hicimos entre yo y otro inspector, Modesto Medina, y yo. Y se vendió mucho, se distribuyó mucho porque daba reglas, no de cosas administrativas sino de cosas pedagógicas: como se debía de enfocar el problema de la escuela, qué se debía de hacer por qué se debía de hacer.[1812]

Ilustración 83. Joan Comas Camps con Eugene Pittard en Xenebra[1813]

Na revista lucense *Vida Escolar*, Joan Comas publicou en total dezanove artigos, moitos deles a prol da escola pública, da modernización e da implantación dun sistema educativo laico, único e unificado.[1814] Precisamente en 1928 escribiu os seguintes títulos: "Orientación profesional",[1815] "Escuelas Nuevas-Educación activa" (Divididas en dúas partes),[1816] "Luis Bello en Lugo",[1817] "En el advenimiento del Directorio".[1818] Neste último artigo Joan Comas celebraba a mellora conseguida no maxisterio no quinquenio 1923-1928.

Agora cómpre desagregar o artigo publicado en 1928, titulado "En el advenimiento del directorio". Segunda esta publicación os logros educativos conseguidos no primeiro terzo do século XX foron en tres dereccións: a creación de escolas, as construcións de edificios escolares e a mellora económica do soldos dos mestres. Concretamente, o artigo achega datos moi importantes sobre a creación de escolas na provincia de Lugo, que experimentou un aumento de 285 centros de educación primaria durante estes cinco

[1811] En Joan Comas Camps, "Consideraciones sobre la inspección de Primera Enseñanza", *Revista de Pedagogía*, Nº 13 (1934).

[1812] En Matilde Mantecón e Pere Alzina Segui, *Joan Comas Camps, de pedagog a antropóleg* (Menorca: Edicións Institut Menorquí d´estudis, 2001), 153.

[1813] En colección Hernández Mora-Concello de Maó, en baleopolis.blogspot.com.

[1814] En Joan Comas Camps, "Lo que es la escuela única", *El Progreso,* Lugo, 17 de xuño de 1931.

[1815] En Joan Comas Camps, "Orientación profesional", *Vida Escolar,* Nº 95, ano II (1928): 2-4.

[1816] En Joan Comas Camps, "Escuelas Nuevas-Educación activa I", *Vida Escolar,* Nº 96, ano II (1928): 3-5; e Joan Comas Camps, "Escuelas Nuevas-Educación activa II", *Vida Escolar,* Nº 97, ano II (1928): 3-4.

[1817] Neste artigo describía as visitas que fixo Luis Bello á provincia de Lugo en 1928. En Joan Comas Camps, "Luis Bello en Lugo", *Vida Escolar,* Nº 88, ano II (1928): 1-2.

[1818] En Joan Comas Camps, "En el advenimiento del Directorio", *Vida Escolar,* Nº 88, ano II (1928): 4-6.

anos. Así este inspector citaba textualmente na revista *Vida Escolar*: "La provincia de Lugo ha incrementado el número de sus escuelas nun 47%; tenía 605 en 1923, y tiene hoy 890".[1819] A pesar da consecución destes frutíferos obxectivos acadados durante este lustro, Comas afirmaba que a situación da ensinanza na provincia continuaba a ser deficitaria e sórdida.

En 1929, Comas atopábase no estranxeiro (Xenebra) ampliando os seus estudos cunha pensión da JAE. Non obstante, o 19 de xaneiro de 1929 publicaba en *Vida Escolar* "El interés como base de la educación",[1820] en la que manifestaba a importancia do "interese", fronte o esforzo dos escolares no mundo ficticio da escola que potenciaban os contidos memorísticos. En decembro escribiu "Ensayos Educativos".[1821] Neste artigo explicaba a organización escolar levada a cabo na "Petit Ecole Nouvelle de Vésenaz", con internado nos arredores de Xenebra. Sucesivamente seguiríanlle as seguintes publicacións: "Granjas-Escuelas"[1822], "El Magisterio primario: su formación II"[1823], "La Escuela Internacional de Ginebra"[1824] e "La Oficina Internacional de Educación".[1825] No ano 1930, Joan Comas publicaba outro texto titulado "Asistencia escolar y analfabetismo",[1826] nesta publicación enxalzaba a importancia dos traballos estatísticos realizados ata o 22 de marzo de 1930, concluíndo:

> Existe una correlación acentuada entre analfabetismo de una colectividad y la asistencia escolar de los niños de 7 a 14 años pertenecientes a dicha colectividad. Hay cierta tendencia por parte de un grupo humano analfabeto a seguir ignorantes, es decir una resistencia más fuerte que la del resto de ciudadanos a proporcionar escuela a sus hijos y obligarlos a concurrir.
>
> Hay una acentuada interdependencia entre la frecuencia escolar y las condiciones geográficas y climatológicas del terreno: consecuencia de los cual la asistencia es menos asidua en los campos que en las villas y ciudades. Pero existen fuertes factores psicológicos y sociales bastante fuertes para contrarrestar las circunstancias físicas que de hecho favorecen la asistencia escolar. En otros términos la ignorancia de los padres y del medio ambiente han cooperado MUCHO MÁS que el clima, la diseminación de los caseríos y el alejamiento de una escuela combinados a obtener una asistencia irregular.[1827]

Aparte deste ilustrativo artigo Joan Comas tamén publicou neste ano "Débiles mentales y anormales"[1828] e "El Magisterio primario: su formación I".[1829] En marzo, explicaba os cursos celebrados en Xenebra organizados pola *Comisión de Cooperación Intelectual B.I.E.* no artigo "Educación y Paz",[1830] tema que abordaría nun segundo artigo titulado "La Escuela y la Paz: Un curso para educadores en Ginebra" publicado en dúas ocasións.[1831] En agosto, sairía a luz o título "De educación".[1832] Neste artigo

[1819] Ídem, 5.
[1820] En Joan Comas Camps, "El interés como base de la educación", *Vida Escolar*: Nº 106, ano III (1929): 2-3.
[1821] En Joan Comas Camps, "Ensayos Educativos", *Vida Escolar,* Nº 105, ano III (1929): 1-2.
[1822] En Joan Comas Camps, "Granjas-Escuelas", *Vida Escolar,* Nº 107, ano III (1929): 3-4.
[1823] En Joan Comas Camps, "El Magisterio primario: su formación II", *Vida Escolar,* Nº 108 ano III (1929): 2-3.
[1824] En Joan Comas Camps, "La Escuela Internacional de Ginebra", *Vida Escolar,* Nº 109, ano III (1929): 2-4.
[1825] En Joan Comas Camps, "La Oficina Internacional de Educación", *Vida Escolar,* Nº 111, ano III (1929): 2-3.
[1826] En Joan Comas Camps, "Asistencia escolar y analfabetismo", *Vida Escolar,* Nº 167, ano IV (1930): 3.
[1827] En Joan Comas Camps, "Asistencia escolar y analfabetismo", *Vida Escolar,* Nº 167, ano IV (1930): 3.
[1828] En Joan Comas Camps, "Débiles mentales y anormales", *Vida Escolar,* Nº 194, ano IV (1930): 2-3.
[1829] En Joan Comas Camps, "El Magisterio primario: su formación I", *Vida Escolar,* Nº 104, ano III (1930): 2-3.
[1830] En Joan Comas Camps, "Educación y Paz", *Vida Escolar,* Nº 170, ano IV (1930): 2-3.
[1831] En Joan Comas Camps, "La Escuela y la Paz: Un curso para educadores en Ginebra", *Vida Escolar,* Nº 176, ano IV (1930): 2-3.
[1832] En Joan Comas Camps, "De educación", en *Vida Escolar,* Nº 193, ano IV (1930): 2-3.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

analizaba a educación como un estado de ánimo no que o mestre tiña o vicio de "vexetar", contaxiando ao discente desta actitude de letargo e comodidade. Así, o inspector lucense cuestionaba as seguintes prácticas levadas a cabo polo maxisterio provincial: a xestión escolar era deficiente cun rendemento por debaixo de esperado, os métodos obsoletos e a organización escolar non conseguía o desenvolvemento máximo social nin produtivo. En resumo, a ensinanza "ofrecía moita cultura pero non facilitaba instrumentos para servirse dela, provocando falta de iniciativa, de personalidade e carácter no discente". Para Comas, o inmobilismo laboral dos mestres, a falta de significatividade, a pasividade dos traballos escolares e a pouca preocupación polos intereses e necesidades dos discentes eran graves problemas para a ensinanza neses tempos.



Ilustración 84. Joan Comas Camps[1833] (en *Antropowiki*)

No último ano que estivo en Lugo, en xaneiro de 1931 subscribiría un artigo titulado "Individualización de la enseñanza",[1834] dividido en tres partes consecutivas publicadas nos números de *Vida Escolar* 207, 208 e 209 respectivamente.[1835] Esta publicación trataba sobre a atención á diversidade nas escolas, aludindo á idea de Claperéde de adoptar unha postura intermedia entre a atención individual e grupal para poder atender aos diferentes ritmos dos alumnos e alumnas nas clases (cunha *ratio* elevada). Ademais criticaba a postura incoherente do sistema educativo español que aplicaba un modelo uniforme en aulas diversas, propoñendo a posibilidade de realizar desdobramentos das clases por niveis, aínda que estes métodos só conseguían solucionar en parte o problema.

Por outro lado Comas publicou dous artigos, describindo os métodos estadounidenses *Dalton Plan* e o *Método Winnetka,* como posibles solucións ante a imposibilidade de crear unha escola diferente para cada alumno. En ambas as dúas propostas aplicábase unha individualización aguda. Aos poucos, este inspector fixo unha análise crítica destas propostas, remarcando publicamente a importancia de coidar o interese, a individualización e as necesidades do alumno na ensinanza. De forma especial defendeu as innovacións metodolóxicas do sistema *Winnetka* que comezou a aplicarse en 1921.[1836] Na segunda parte deste artigo, continuou analizando o tema da *Individualización* facendo referencia a tres ideas: a utilidade da selección dos contidos impartidos durante as clases, a *persoalización* dos traballos e a conciencia de estrutura social. Para xustificar a importancia destas ideas, respecto á individualización, o autor presentou os catro fundamentos básicos sobre os que se baseaba Washburne, tentando satisfacer as aspiracións contraditorias en aparencia sobre: o *conformismo* e a *iniciativa.*

[1833] En Arquivo de Antropowiki, "Juan Comas", *Antropowiki* (2019), extraída o 30 de xaneiro de 2024 de: https://antropowiki.alterum.info/Archivo:JuanComas.jpg?uselang=es#Licencia

[1834] En Joan Comas Camps, "Individualización de la enseñanza", *Vida Escolar,* Nº 207, ano V (1931): 2-4.

[1835] A pesar de ter varias partes, estes artigos son contabilizados como tres entre as dezanove publicacións.

[1836] En Joan Comas Camps, "Individualización de la enseñanza", *Vida Escolar,* Nº 207, ano V (1931): 2-4.

O aspecto interesante desta publicación foi a procura da autonomía, independencia e liberdade do alumno, introducindo a autorregulación e autoavaliación dos traballos de aula.[1837]

Nestes anos tamén publicou un artigo que realizaba unha análise comparativa sobre o investimento económico en educación dos seguintes países: Dinamarca, Suíza, Países Baixos, Prusia, Suecia, Noruega, Finlandia, Inglaterra, Italia, Francia, España, Grecia e Portugal.[1838] Dende un punto de vista histórico esta investigación é moi interesante xa que arroxa luz sobre o investimento económico europeo, reflectindo en parte a imaxe da preocupación que tiña a educación por aquel entón para os diferentes gobernos. Facendo unha comparación dos datos achegados, o Estado español non sae moi ben parado tendo en conta os esforzos económicos realizados.

Cadro 54. Investimento en educación no presuposto total dos países europeos en 1931

País	Investimento
Dinamarca	19,8%
Suíza	19,8%
Países Baixos	19,2%
Prusia	16.4%
Suecia	18.8%
Noruega	14.8%
Finlandia	11.4%
Inglaterra	10.6%
Italia	7.2%
Francia	6%
España	5.3%
Grecia	4.7%
Portugal	1.5%

Fuente: Elaboración propia. En Joan Comas Camps, "Lo que es la escuela única", *El Progreso,* Lugo, 17 de xuño de 1931.

Baixo o legado deste inspector, Comas publicou bastantes obras relacionadas coa educación, con frecuencia amparados baixo ideas promovidas pola ILE. Nelas defendeu o cumprimento das leis, a *neutralidade relixiosa* e a visión sobre a *escola pública e activa*.[1839] Estas ideas eran contiguas aos postulados expostos nas obras de Lorenzo Luzuriaga: "Escola Unificada" como un dos piares fundamentais no que se sustentan a defensa da escola pública.[1840]



Ilustración 85. Portada da obra de Peré Alzina Seguí: *Joan Comas Camps, de pedagog a antropòleg*

[1837] En Joan Comas Camps, "Individualización de la enseñanza (continuación)", *Vida Escolar*, Nº 208, ano V (1931): 2-5; e Joan Comas Camps, "Individualización de la enseñanza (conclusiones finales)", *Vida Escolar*, Nº 209, ano V (1931): 3-4.

[1838] En Joan Comas Camps, "Lo que es la escuela única", *El Progreso,* Lugo, 17 de xuño de 1931.

[1839] Referímonos á defensa dunha escola única e gratuíta que facilitaba o acceso á ensinanza a todos os alumnos. En Joan Comas Camps, "Lo que es la Escuela única", *El Progreso,* Lugo, do 17 de xuño de 1931.

[1840] Vide Herminio Barreiro Rodríguez, *Lorenzo Luzuriaga y la Renovación Pedagógica en España* (Santaigo: Do Castro, 1989).

E cabe facer un inciso describindo un pequeno altercado ou discusión que tivo co inspector xefe da provincia de Lugo, Luis Soto. Así, en 1931 a través dun artigo de *Vida Escolar*, Comas criticou publicamente a "volubilidade" política do candidato a deputado Luis Soto, porque entendía que non podía ter unha política de esquerda e estar a favor da política educativa eclesiástica levada a cabo por Primo de Rivera. Nunha segunda carta, Comas defendeuse da acusación de xefatura de ser un "frigio" (referíndose á persoa que adopta unha postura política ou pedagóxica de conveniencia). O tempo demostrará que os dous estaban equivocados porque talvez nin Soto era de "Dereitas" nin Comas un "frixio", porque recordaremos ao lector que máis tarde os dous foron depurados.

> ... el Sr. Soto definió claramente su política izquierdista, se podría aun más de manifiesto la volubilidad de criterio que yo censuro; porque ¿Como compaginar tal postura con las alabanzas y loores públicamente tributados al Dictador? ¿Es acaso que Primo de Rivera y Callejo hacían ensayos para implantar la escuela unificada cuando intentaban que las escuelas rurales quedaran en manos del clero? [...] Otras muchas cosas pudiera añadir, pero no se trata de reseñar mi hoja de méritos sino de dar algunos botones de muestra. Los FRIGIOS (valga la frase de Heliófilo) búsquense en otra parte. No es frigio quien con un cargo público y en plena dictadura defiende en la prensa los puntos que yo he defendido.[1841]

Podemos constatar nas liñas anteriores do artigo que Joan Comas estaba descontento con Luis Soto e tamén coa Dirección da revista *Vida Escolar*. A partir de 1931 trasladouse a Madrid para pasar o Nadal facendo uso dunha licenza.[1842] Unha vez na capital, a partir desa data, non existe constancia de que este inspector publicara máis artigos na provincia luguesa, continuando en Madrid coa súa actividade pedagóxica e antropolóxica.

Xa no exilio e separado da súa muller Regina Lago pasou a posguerra en México, onde se converteu nun dos antropólogos e indixenistas máis coñecidos internacionalmente. En territorio mexicano foi recoñecido nestes campos, así en 1975 foi nomeado Investigador Emérito pola súa destacada obra: *Manual de Antropología Física*. Neste sentido, podemos afirmar que España botou en falta antropólogos deste nivel intelectual e estudos indixenistas deste calado. Rematando con este formidable antropólogo, centrémonos agora noutro dos inspectores máis importantes para a provincia de Lugo do período estudado: José Galera Moreno.

4.3.10.3. José Galera Moreno

José Galera Moreno foi o inspector *máis crítico* co mal acondicionamento das escolas e coa Igrexa que pasou por Lugo no período estudado (1900-1936). Naceu en Morón de la Frontera na provincia de Sevilla en 1901, cidade onde depois estudou bacharelato e maxisterio. Unha vez superadas as oposicións para o ingreso no corpo de mestres traballou na Escuela Pública de San Román (O Vicedo), dende o 27 de setembro de 1927 ata decembro de 1934, durante seis anos e tres meses. Despois de traballar como mestre e realizar os seus estudos na EESM, ingresou no corpo de inspectores a través das oposicións en 1934. Nesta institución mantivo contactos intelectuais con outros inspectores e profesores relacionados coa ILE.

[1841] Tamén afirmaba que chegou a Lugo por primeira vez a finais de 1927. En Joan Comas Camps, "Carta Abierta", *Vida Escolar,* Nº 235, ano V (1931): 1-4; e en Joan Comas Camps, "Carta Abierta (contestación)", *Vida Escolar,* Nº 236, ano V, (1931): 5-6.

[1842] En "Juan Comas pasa la Navidad en Madrid", *Vida Escolar,* Nº 258, ano V (1931): 10.

En 1928 José Galera foi o secretario da *Asociación de Maestros de Viveiro* xunto a Antonio Hernández (Vicepresidente), Baidino Martínez (tesoureiro), Joaquín Valero, Emilio Ceide, Arturo López, Antonio Alonso e José A. Sánchez (vocais).[1843] En 1929 organizou xunto a Felipe Carnicer a *Biblioteca Popular Circulante de Viveiro*, destacando como mestre desta localidade, polo cal fixéronlle unha comida homenaxe cando se trasladou. Na Semana Pedagóxica celebrada en Lugo en 1933 obtivo o primeiro premio cun traballo titulado *La escuela rural y sus problemas*. Do mesmo xeito, se lle concedeu unha mención honorífica por outro estudo: *La coeducación y sus problemas en la Escuela Primaria*. Nun informe do inspector xefe Luis Soto Menor certificaba sobre José Galera:

> En el año 1933 se celebró en esta provincia una Semana Pedagógica y José Galera obtuvo el primer premio con un trabajo titulado "La Escuela rural y sus problemas", así mismo se le premió con una mención honorífica, otro titulado "La coeducación y sus problemas en la escuela primaria". Explicó tres lecciones modelos en los cursillos celebrados en esta provincia en 1931. Actuó de juez en los cursillos que se celebraron en 1933 y en los del pasado año, explicando en ambos casos conferencias sobre Pedagogía, Metodología y Organización escolar. Fue pensionado como becario en la Universidad Internacional de Verano de Santander, por el patronato de esta, el pasado verano.
>
> Todo lo cual lo certifico como Inspector Jefe de Primera Enseñanza de esta provincia, en Lugo a veintiséis de enero de 1936:
>
> Luis Soto Menor.[1844]

En xaneiro de 1935 ocupou a praza número cinco de 52 como inspector de Primeiro Ensino na provincia de Lugo. Na súa estancia nesta provincia, expuxo tres leccións modelo nos cursos de maxisterio celebrados en 1931.[1845] Ademais formou parte do tribunal para os cursillistas de maxisterio nas convocatorias de 1933 e 1935. Nestes procesos de formación impartiu oito conferencias sobre *Pedagogía*, *Metodología* e *Organización escolar*.[1846] Máis tarde, José Galera foi trasladado á provincia de Zamora onde casou con Isabel López del Amo, tamén inspectora. Neste último ano conseguiu unha pensión no Padroado da Universidade internacional de Verán de Santander.

Ilustración 86. José Galera Moreno ("Número especial sobre a Semana Pedagóxica Lucense", *Vida Escolar*)

[1843] En José Galera Moreno, "Asociación de Mestres de Viveiro", *Vida Escolar*, Nº 111, ano III (1928): 4.

[1844] En José Gaelra Moreno, "Expediente de José Galera Moreno", (Madrid: Arquivo JAE. Sinatura: JAE/58-23BIS).

[1845] Coa chegada da Segunda República, a tarefa de *orientar* o funcionamento das escolas tomou unha maior consideración, pero non a suficiente segundo José Galera. En 1935 este inspector afirmaba que a inspección debía ser máis técnica que administrativa e burocrática, a pesar de que a función pedagóxica dos inspectores aumentaron en parte coa formación impartida na EESM os inspectores continuaron realizando unha tarefa máis fiscalizadora.

[1846] En José Galera Moreno, "Expediente de José Galera Moreno", (Madrid: Arquivo JAE. Sinatura: JAE/58-23BIS).

As súas publicacións

Entre as súas publicacións destacan os artigos que situaban ao clero como principal inimigo para a renovación pedagóxica provincial. A continuación trascribimos un treito dun dos seus artigos, no que manifestaba abertamente a súa postura anticlerical, así como a falta de compatibilidade con unha escola democrática e aberta.[1847]

> Yo-y perdone que olvide las advertencias frailunas que me hace en la suya-creí, creo y continuaré creyendo, que en el seno del clero, por desgracia, y muy particularmente dentro de las órdenes religiosas, se cobije el enemigo más formidable que tiene el maestro y la escuela nacional. ¿Perjuicios? ¿Animosidad? No. Realidades y a veces bastante tétricas.[1848]

As súas viaxes de estudos ao estranxeiro coa JAE

En 1936, aos 34 anos de idade, Galera Moreno solicitou unha pensión de *estudos na JAE*. Con esta bolsa ampliou os seus coñecementos no estranxeiro sobre a Organización da Inspección en Francia, Bélxica e Suíza. Para optar a esta pensión presentou un traballo titulado *Organización de la Inspección de Primera Enseñanza.* Nun primeiro momento, Galera viaxou ao estranxeiro durante seis meses, para poder concursar a esta pensión, acreditando o coñecemento no idioma Francés. Neste concurso tívose en conta os traballos premiados e a súa carreira profesional como inspector.[1849]

A súa depuración

Coa chegada da Guerra Civil e o posterior proceso de depuración, José Galera foi expedientado o 20 de marzo de 1937. O 15 xuño de 1939, por Orde da *Junta Técnica del Estado* foi separado do cargo, obrigándoo a apartarse definitivamente do servizo. No seu xuízo foi acusado de pertencer a *Izquierda Republicana* dende o 11 de novembro de 1935. Ademais estivo acusado de ocupar cargos propagandísticos de ideas anticatólicas, aconsellar aos mestres en ideas da esquerda política, pertencer a loxa Masónica *Lucus*, facer mitins políticos contraditorios ao goberno conservador e pertencer a FETE.[1850]



El Excmo. Sr. Presidente de la Junta Técnica del Estado, con fecha 17 del actual, me comunica lo siguiente:

"Visto el expediente de D. JOSÉ GALERA MORENO, Inspector de Primera Enseñanza de Lugo, de conformidad con la propuesta de la Comisión de Cultura y Enseñanza y con arreglo a lo dispuesto en el Decreto de 8 de Noviembre último y Orden de 10 del mismo mes para su aplicación; esta Presidencia ha acordado la separación definitiva y la baja en el escalafón respectivo del referido Inspector.= Dios guarde a V.E. muchos años.= Burgos 20 de Marzo de 1937.= Fidel Dávila.= Rubricado.= Excmo. Sr. Presidente de la Comisión de Cultura y Enseñanza".

Lo que traslado a V.S. para su conocimiento, el del interesado y demás efectos.

Dios guarde a V.S. muchos años. Burgos 20 de Marzo de 1937.

EL VICEPRESIDENTE,

Ilustración 87. Separación definitiva de José Galera do cargo de inspector (en "Expediente de José Galera Moreno")

En 1941, na revisión do seu expediente foi ratificada a sanción imposta con anterioridade. Posteriormente a *Comisión Superior Dictaminadora*

[1847] "Glosando un tema", "Serenidad", "Columna vertebral de acero" e "Dignidad" son algunhas das súas publicacións.

[1848] En José Galera Moreno, "Dignidad", *Vida Escolar*, Nº 226, ano V, (1931): 6-7.

[1849] José del Peso era natural de La campana, provincia de Sevilla, con domicilio en C/ Felipe II nº 14.

[1850] Por orde da Xunta Técnica do Estado tivo que abandonar o cargo en xuño de 1939. No seu xuízo foi acusado de pertencer a *Izquierda Republicana* dende novembro de 1935, de propagar ideas anticatólicas, aconsellar a mestres en ideas da esquerda política, pertencer a loxia masónica "Lucus". En Antón Costa Rico, *La educación en Galicia, (1669-1970)* (A Coruña: Universidade de Santiago, 1999), 1058-1509.

recoñeceu a súa boa conduta e actitude. Aínda que continuou sancionado coa suspensión do soldo por seis meses máis. Posteriormente trasladáronmo durante cinco anos, inhabilitándoo para ocupar cargos de confianza e dirección, por pertencer á *Izquierda Republicana.* En 1949, despois da revisión do seu expediente foi readmitido con tódolos dereitos no seu cargo.[1851] Na cidade de Zamora existe unha estatua de Galera Moreno instalada cos fondos económicos do inspector en 1972.[1852]

4.3.10.4. José del Peso y Sevillano

José del Peso y Sevillano foi un inspector que traballou en Lugo que destacou por analizar a ensinanza primaria en Galicia mediante un formidable traballo presentado para acceder a unha bolsa da JAE.[1853] Este home naceu na localidade de La Campana, provincia de Sevilla o 29 de xuño de 1895. Os seus pais foron Juan del Peso e María Encarnación Sevillano. Posteriormente casouse con Carmen Pérez Rosón. Destacou como estudante. En maxisterio obtivo unha nota de sobresaínte, conseguindo un premio extraordinario na Escola Normal de Sevilla. En 1918 ingresou na EESM, conseguindo en tres anos o título de Profesor da Escola Normal.[1854] Neste centro foi compañeiro de promoción que Joan Comas.[1855]

Antes de ser inspector exerceu como mestre na provincia de Lugo e tamén participou en diferentes certames, conseguindo varios premios polos seus traballos.[1856] O 14 de agosto de 1922, José del Peso concursou para conseguir a provisión dunha praza de inspección de primeira ensinanza da zona masculina, concretamente para a vacante da provincia de Navarra, praza que nunca chegou a ocupar. Finalmente, o 29 de decembro de 1922, a Dirección de Primeira Ensinanza nomeou a José del Peso como inspector de primeira ensinanza da provincia de Lugo.[1857] Neste posto estaría retribuído con 4000 pesetas anuais.[1858] O 8 de xaneiro de 1923 tomou posesión da praza da segunda zona da provincia. En xuño deste mesmo ano impartiu varias conferencias con Luis Soto Menor.[1859] Tamén formou parte da *Logia Lucus*. En outubro colaborou coas autoridades provinciais de Lugo no Congreso Pedagóxico Rexional, participando no movemento de renovación pedagóxica lucense.[1860] Esta convocatoria serviu para analizar a situación do ensino primario e para propoñer cambios.

Cadro 55. Reivindicacións de José del Peso y Sevillano en Lugo
1. A importancia de revisar os valores de todos os docentes.
2. Unha maior especialización inicial na formación do

[1851] En José Galera Moreno, "Expediente de José Galera Moreno", (Madrid: ACME-AGA. Sinatura: (018462-0075).

[1852] Vide Juan González Ruiz, "Para honra y memoria: los monumentos a los maestros como fuente histórica de reconocimiento social de la labor docente", *Arte y Oficio de enseñar. Dos Siglos de perspectiva histórica, ed Pablo Celada Perandones,* (Valladolid: CEINCE, T.II, 2011), 688

[1853] En José del Peso y Sevillano, "Galicia y su Enseñanza Primaria", (Madrid: Arquivo JAE. Sinatura: JAE/115-391, xuño 1925).

[1854] Con cédula persoal de 9ª clase expedida na súa localidade natal, La Campana, o 22 de novembro de 1921 co número 2722.

[1855] En Matilde Mantecón, *Joan Comas Camps, de pedagog a antropóleg* (Menorca: Edicións. Institut Menorquí d´estudis, 2001), 145-154.

[1856] En De educación, "Congreso Pedagóxico de 1923", *El Progreso,* Lugo, 10 de outubro de 1923.

[1857] En José del Peso y Sevillano, "Expediente de José del Peso y Sevillano" (Madrid: ACME-AGA, sinatura: 083713-2576).

[1858] Vide artigo 49 do Real Decreto do 30 de Agosto de 1914 polo cal se reorganizaba a EESM. En José del Peso y Sevillano, "Expediente de José del Peso y Sevillano" (Madrid: ACME-AGA: 083713-2576).

[1859] Inspector Xefe de primeira ensinanza da provincia de Lugo dende 1914 ata 1936.

[1860] En congresos, "Congreso Pedagóxico de 1923", *El Progreso,* Lugo, 10 de outubro de 1923.

	profesorado, nas materias do que vai a ser responsable.
3.	Un maior coñecemento da realidade da escola primaria.
4.	A importancia da ampliación dos estudos no estranxeiro para os funcionarios.
5.	Creación de internados para estudantes das escolas normais nas capitais de provincia.
6.	A agrupación das Escolas Normais masculinas coas femininas.
7.	A preparación do camiño para unha unión posterior dos institutos e as escolas normais; converter o Maxisterio nunha carreira universitaria.
8.	A creación de facultades de Pedagoxía para que os seus licenciados poidan acceder as cátedras de instituto, e os doutores podan opositar as cátedras das facultades.
9.	A organización de excursións de mestres aos centros de ensinanza estranxeiros.
10.	A retribución dos funcionarios de acordo as esixencias e calidades integrais dos mestres.
11.	Aumentar o prestixio oficial dos mestres pola súa indispensable función social.

Fonte: Elaboración Propia. En congresos, "Congreso Pedagóxico de 1923", *El Progreso,* Lugo, 10 de outubro de 1923.

As súas viaxes de estudos no estranxeiro coa JAE

En Maio de 1924 concedéronlle a súa primeira pensión para realizar unha viaxe de ampliación de estudos coa JAE, visitando: Francia, Suíza, Bélxica, Italia e Portugal. Un ano máis tarde conseguiu unha renovación da pensión de estudos, con esta segunda axuda percorreu as escolas de Francia, Bélxica e Suíza.[1861] Por último, en setembro de 1925 renovou por terceira vez a súa pensión de estudos pedagóxicos para viaxar a Xenebra. Na Universidade desta última cidade realizou traballos de carácter teórico e experimental de información científica e de orientación profesional no Laboratorio de Psicoloxía.[1862]

En 1926 regresou a Lugo para ocupar o seu posto como inspector de primeira ensinanza, xestionando a creación de máis de 150 escolas nacionais e realizando visitas extraordinarias para recoñecer todos os distritos escolares. Aparte de denunciar a mala dotación das escolas xestionou a creación de novos centros e adaptacións dos edificios. Deste xeito, promoveu a construcción de varias escolas no concello de Sarria e inspeccionou os locais de nova construción dos concellos de Chantada, Pobra de Brollón e Ribas de Sil. Tamén estimulou a dotación e construción de inmobles para o aloxamento das escolas, mediando entre os veciños para a doazón de locais na súa zona de xurisdición.[1863]

Segundo o seu expediente administrativo, conseguiu axudas económicas para os concellos lucenses grazas ao seu dominio da oratoria e habilidades sociais. Así, emprendeu negociacións entre veciños e alcaldías a prol da habilitación de edificios e dotacións escolares, xestións que foron de vital importancia para o proceso de alfabetización ante os limitados recursos provinciais. Cómpre ter en conta que durante o período estudado, esta provincia tiña un ámbito socialmente pouco concienciado na

[1861] En José del Peso y Sevillano, "Expediente de José del Peso y Sevillano" (Madrid. ACME-AGA, sinatura: 083713-2576).

[1862] Ídem.

[1863] Vide Anexo 7.5. En José del Peso, "La cultura popular gallega", *Vida Escolar*, Nº 91, ano II (1928): 2-4.

necesidade de renovación pedagóxica.[1864] En novembro de 1926, José del Peso elevou á Dirección Xeral de Primeira Ensinanza a folla de servizos para poder entrar no concurso de traslados para ocupar a praza de inspector da provincia de Huelva.[1865] Na mesma solicitude expediuse a certificación académica do inspector: título de mestre de primeira ensinanza e o título de mestre Normal da EESM, correspondente a sección de letras.[1866] A folla de certificación dos títulos expedida por Luis Soto Menor o 19 de decembro de 1925 achegaba o seguinte:

> "Según resulta de certificación expedida en Madrid el 9 de enero de 1925 por el secretario de la Escuela de Estudios Superiores del Magisterio, cursó y aprobó en dicha Escuela los estudios correspondientes a la sección de Letras determinadas por los planes de estudios contenidos en el Real decreto de 10 de septiembre de 1911 y 20 de agosto de 1914, habiendo efectuado el depósito de los derechos legales para la expedición del Título de Maestro de Primera enseñanza Normal procedente de la Escuela de Estudios Superiores del Magisterio, según prescribe la Real orden de 12 de julio de 1912".
>
> (Lugo o 19 de diciembre de 1925, Luis Soto Menor).[1867]

É necesario incidir que dende maio de 1924 ata 1926 estivo ampliando os seus estudios no estranxeiro como pensionado da JAE. O 21 de Abril de 1930 cesou como inspector na provincia de Lugo, despois de sete anos e tres meses. Ata o 27 de xaneiro de 1930, José del Peso foi compañeiro de Joan Comas e Luis Soto,[1868] data no que o director xeral de primeira ensinanza concedeulle o traslado para ocupar a vacante de Huelva. Nesta cidade estivo ata o 17 de agosto de 1931, un ano e tres meses. Logo exerceu como inspector en Cádiz,[1869] Xaén e Córdoba.[1870] Na provincia de Xaén desempeñou a presidencia do Consello Provincial de Primeira Ensinanza, exercendo interinamente a xefatura da inspección en dita provincia, onde pasou once meses e catorce días como inspector, do 17 de agosto de 1931 ata o 1 de agosto de 1932. O 12 de setembro de 1932 foi nomeado inspector xefe da provincia de Cádiz, posto confirmado pola Xunta de Inspectores o cinco de marzo de 1934.[1871] Finalmente, rematou a súa carreira profesional na provincia de Córdoba, preto da súa cidade natal.[1872] Nesta cidade foi nomeado como inspector de primeira ensinanza o 6 de xullo de 1935 e permaneceu no posto durante sete anos e catro meses.

A súa depuración

Con todo, foi depurado e cesado 16 de novembro de 1936 polo *Tribunal de represión de la Masonería y el Comunismo,* pero esta sentenza non sería definitiva ata 1942.[1873] Consecuentemente foi sancionado coa separación definitiva do servizo e

[1864] Ídem.

[1865] Este concurso foi publicado na *Gaceta de Madrid* do 15 de decembro de 1925.

[1866] En José del Peso y Sevillano, "Expediente de José del Peso y Sevillano" (Madrid: ACME-AGA, sinatura: 083713-2576).

[1867] En José del Peso y Sevillano, "Expediente de José del Peso y Sevillano" (Madrid: ACME-AGA: 083713-2576).

[1868] En Matilde Mantecón, *Joan Comas Camps, de pedagog a antropóleg* (Menorca: Edicións. Institut Menorquí d´estudis, 2001), 145-154.

[1869] O dous de agosto de 1932 tomou posesión como inspector da provincia de Cádiz para cesar novamente o cinco de xullo de 1935, exercendo o cargo durante dous anos once meses e catro días.

[1870] Con domicilio en Medina Azahara número 15 de dita cidade.

[1871] En José del Peso y Sevillano, "Expediente de José del Peso y Sevillano" (Madrid: ACME-AGA: 083713-2576).

[1872] José del Peso é natural La campana provincia de Sevilla, con domicilio en C/ Felipe II nº 14.

[1873] En Orde Ministerial do 4 de xullo de 1942, *Boletín Oficial do Estad,* Madrid, do 6 ao 27 de agosto de 1942.

baixa no *escalafón* por un delito consumado de Masonería. Aos 51 anos de idade atribuíronlle unha pena de doce anos e un día de reclusión menor, este castigo significou a inhabilitación absoluta e perpetua para o exercicio de calquera cargo do Estado. O vinte de xuño de 1947 o consello de ministros desestimou o recurso interposto contra devandita sentenza, conmutándolle unha pena de nove anos e un día de confinamento e inhabilitación. Once anos máis tarde, o quince de marzo de 1959 faleceu en Córdoba aos 63 anos de idade.[1874]

4.3.10.5. José Ramón y Fernández Ojea. (Ben-Cho-Shey)

Outro dos inspectores máis destacados que estiveron na provincia de Lugo foi José Ramón Fernández (Ben Cho Shey), a pesar do pouco tempo que pasou. Naceu en Ourense en 1896. O seu pai era Pío Ramón Ojea (1869-1943) foi un político, mestre e pedagogo nado en Allariz. A súa nai foi Dolores Fernández Antelo e a súa irmá Teresa Ramón Fernández, tendo dúas irmás Elisita e Ermitas.[1875] Ben Cho foi moi polifacético: político, xornalista, escritor, etnógrafo, polígrafo e inspector; destacando polo seu traballou como galeguista e por ser un firme defensor da cultura e da lingua galega.

Na cidade de Ourense estudou o bacharelato, compartindo estudos con integrantes da *Xeración Nos*: Ramón Otero Pedrayo, Vicente Risco e Florentino López Cuevillas. Esta circunstancia fixo que durante a súa vida traballara de xeito intenso a prol da defensa do galego e na procura da identidade de Galicia.[1876] En 1921 tivo que incorporarse a filas, como soldado na Guerra de Marrocos. En Melilla escribía crónicas de guerra baixo o nome de Ben Cho Shey (pseudónimo polo que sería recoñecido).

Ilustración 88. O inspector Ben Cho Shey na Guerra de Marrocos, fotografía exposta na Biblioteca da Deputación de Ourense[1877]

[1874] En Expediente de José del Peso y Sevillano (Madrid. ACME-AGA 083713-2576).

[1875] En José Ramón Fernández Oxea, *Ben Cho Shey Diario de Lug*o (Lugo: Deputación de Lugo, 2024), 57.

[1876] En Xosé Fernández Fernández, "Visita a centros de anormales de Francia y Bélgica por Xosé Ramón Fernández-Oxea (Ben-cho-sey) pensionado por las diputaciones de Orense y Pontevedra (1928)", en F. Sánchez, J. Alejo, G. F. Calvo (Varios), *Relaciones Internacionales en la Historia de la Educación. Junta para Ampliación de Estudios e Investigaciones científicas* (Estremadura: Universidade de Estremadura. Cáceres, 2007), 73.

[1877] Imaxe extraída do Fondo da Biblioteca de Ourense, pertencente ao Arquivo Ben Cho Shey.

Posteriormente viaxou a Madrid para continuar cos seus estudos pedagóxicos. Emporiso que Ben Cho Shey fixo o curso de Especialización na Ensinanza de Cegos na EESM, dende 1927 ata 1930. Amais, facendo uso do título de mestre nacional,[1878] en 1925 traballou no Colexio de Cariño (A Coruña) e na *Escuela nacional de Moreiras* na provincia de Ourense en 1931.[1879] O seu pai, Pío Ramón Ojea tamén estudou na EESM, realizando tamén traballos de dinamización do maxisterio. Co tempo, Ben Cho Shey ocupou o cargo de profesor Auxiliar de Letras da Escola Normal de Mestres de Ourense,[1880] encargándose da ensinanza de Xeografía e do cargo de Secretario.[1881] En 1928 ingresou no Seminario de Estudos Galegos.

As súas viaxes de estudos

Ben Cho Shey viaxou en 1928 a Francia e a Bélxica para visitar escolas e aprender coñecementos pedagóxicos,[1882] bolsa financiada polas deputacións galegas de Ourense e Lugo.[1883] Nestas viaxes coñeceu o funcionamento dos sistemas educativos europeos, visitando escolas de gran calidade tanto arquitectónica como pedagóxica. En 1931 solicitou outra pensión á JAE para estudar no estranxeiro *Métodos Aplicados á Enseñanza de los Anormales* en Francia, Bélxica e Suíza. Este mesmo ano solicitou unha ampliación da bolsa, esta vez para coñecer a *Organización e o Funcionamento de la Inspección Profesional Primaria* dos mesmos países europeos.[1884] O tema da organización de talleres para alumnos con necesidades educativas especiais ocupou gran parte da súa formación no estranxeiro, comprometido coa integración dos discapacitados físicos e psíquicos. Despois das súas viaxes, Ben Cho evidenciou bastantes carencias no noso sistema educativo, observando a necesidade dun cambio xeral. Entre as súas reflexións sobre a dotación da ensinanza nacional recóllense as seguintes conclusións:

> España necesitaba un urxente tanto na dotación material como na organización escolar". Por exemplo a implantación dunha escola graduada para a implantación do tan estendido por Europa método de Decroly.[1885]

[1878] Periódico dirixido por Basilio Álvarez e Roberto Blanco Torres.

[1879] Vide Xosé Manuel Cid Fernández, *Educación e Ideoloxía en Ourense na II República. Ourense* (Ourense: Andavira Editora, 2010).

[1880] Vide Orde da Dirección Xeral de primeira ensinanza do 19 de novembro de 1914.

[1881] Vide Salvador Ferrer C. Maura, *Una Institución docente española. La Escuela de Estudios Superiores del Magisterio (1909-1932),* (Madrid: 1973); e en Antonio Molero Pintado, María del Mar del Pozo Andrés, *Un precedente histórico en la Formación Universitaria del profesorado Español. Escuela de Estudios Superiores del Magisterio (1909-1932)* (Madrid: Dept. de Edu. Universidade de Alcalá de Henares, 1989).

[1882] En Xosé Fernández Fernández, "Xosé R. Fernández Oxea. Ben-Cho-Shey: un luchador por la adaptación de la escuela a la realidad gallega en el primer tercio del siglo XX", *Societat D´Historia d eL´Educació del Països de Llengua Catalana, La Renovació Pedagógica* (Girona: CCG Edicións, 2003), 125-141.

[1883] En Carmen Benso Calvo, "José Fernando-Ojea, mestre. Memorias do seu paso por dúas escolas galegas", *Sarmiento*, Nº 10 (2006): 272.

[1884] Aparte de castelán e galego falaba tamén en francés. En José Ramón Fernández Ojea, "Expediente de José Ramón Fernández Ojea", (Madrid: JAE. Sinatura: JAE/120-24).

[1885] En Xosé Fernández Fernández, "Visita a centros de anormales de Francia y Bélgica por Xosé Ramón Fernández-Oxea (Ben-cho-sey) pensionado por las diputaciones de Orense y Pontevedra (1928)". En F. Sánchez, J. Alejo, G. F. Calvo (Varios), *Relaciones Internacionales en la Historia de la Educación. Junta para Ampliación de Estudios e Investigaciones científicas* (Estremadura: Universidade de Estremadura. Cáceres, 2007), 87.



Ilustración 89. Luis Peña Novo (*Unión Republicana)* e Ben Cho Shey en *El Progreso*[1886]

A súa estadía en Lugo

En 1935, Ben Cho Shey ingresou por oposición no corpo de inspectores e foi destinado a Lugo como inspector de ensinanza primaria da zona sur da provincia ata o verán de 1937,[1887] o que lle permitiu investigar durante estes anos sobre o románico na Ribeira Sacra. Neste destino realizou unha intensa campaña política a prol do Estatuto de Autonomía de Galicia, sendo candidato por Lugo nas eleccións ás Cortes republicanas do ano 1936.[1888] Na cidade de Lugo viviu en dous domicilios, emprazados: en primeiro lugar nun piso situado na Mosqueira e máis tarde noutro na Rúa Quiroga Ballesteros número 2-4.[1889]

Ilustración 90. Fotografía de Ben Cho Shey publicada en *Galicia Digital*[1890]

Nesta provincia foi membro da *Agrupación Galeguista Lucense*, chegando a ocupar o cargo de Presidente deste Partido. Ánxel Fole tamén formou parte do equipo directivo desta organización como secretario provincial. Ambos os dous levaron a cabo un proxecto chamado *Programa de Audición Futura*.[1891] Como Presidente do *Partido Galeguista* en Lugo fixo varios mitins e mobilizacións por toda a provincia. Froito do traballo que desenvolveu, o seu Partido medrou de forma exponencial. Pola súa relevancia o propio Fole dedicoulle un capítulo no seu *Cartafolio Galego*.[1892]

[1886] Arquivo fotográfico do FPI (Fondo Pablo Iglesias). Publicada na obra de Xesús Alonso Montero.
[1887] En Carmen Benso Calvo, "José Fernando-Ojea, mestre. Memorias do seu paso por dúas escolas galegas", *Sarmiento*, Nº 10, (2006): 272.
[1888] En José Ramón Fernández Oxea, *Ben Cho Shey Diario de Lugo* (Lugo: Deputación de Lugo, 2024).
[1889] En Anxel Fole, *Cartafolio Galego* (Vigo: Prensa & Criación A nosa Terra, 1996), 96.
[1890] En "Fotografía de Ben Cho Shey", en *GaliciaDigital* (Interdix Galicia S.L.).
[1891] Ídem, 97.
[1892] Ídem, 96-97.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Cabe destacar a súa posición como dinamizador cultural mentres estivo na provincia de Lugo. Aparte de inspector e político, Ben Cho Shey levou a cabo un intenso traballo cultural, participando a través de varias publicacións, das *Irmandades da Fala* e do *Seminario de Estudos Galegos* (SEG).[1893] Particularmente, sobre Lugo fixo un interesante estudo sobre os escudos das casas luguesas, titulado: *Escudos de Lugo* (1979).

A súa depuración

Cando chega o estalido da Guerra Civil en 1936, Ben Cho Shey está en Lugo, dende aquí observou a pouca resistencia ante o golpe militar e a implantación de antigas figuras de goberno: "Tódolos concellos de Chantada nomeando os caciques máis vellos !Bo xeito de rexenerar o país¡".[1894] Segundo Ben Cho Shey, mentres tanto a cidade de Lugo estaba deserta e comezaba a sentir o medo e a presión social. Estas sensacións foron recollidas na súa obra *Diario de Lugo 1936*, texto onde reflectía o seguinte pensamento:

> Despois de xantar danme a noticia de que hai orden de detención contra min, contra o Fole, o Piñeiro e outros galeguistas máis. Anque teño a conciencia tranquía e non me metín en nada que poidera dar lugar a proceder contra min, non me extraña a medida pois nistes tempos as persoas decentes e honradas non poden andas polas rúas.[1895]

Finalmente Ben-Cho-Shey foi depurado e sancionado por motivos ideolóxicos: suspendido de emprego e soldo durante tres meses. Posteriormente foi trasladado á inspección de Cáceres en 1937, cidade onde viviu na Guerra Civil o proceso de depuración. Nestes anos escribiu o *Catón Galego*, que non sería editado ata 1969.[1896] Despois da represión franquista trasladouse a Madrid onde permaneceu ata o seu falecemento en 1988.

As súas obras

En Madrid colaborou co *Grupo Brais Pinto*, traballou como representante da editorial Galaxia e foi directivo do *Centro Gallego de Madrid*. Do mesmo xeito, formou parte da *Real Academia Galega* e foi membro de honra da *Asociación de Escritores e Escritoras en Lengua Gallega* (AELG) en 1981, e académico da *Real Academia de la Historia*.[1897] Ben Cho Shey tamén foi un estudoso etnográfico galeguista.[1898] En Galicia, está considerado como un dos escritores galegos con máis sentido do humor e cunha grande influencia política, asinando obras como *Xan Fouciño*. En 1969, elaborou un estudo etnográfico minucioso que recolleu no libro *Santa Marta de Moreiras*. Como escritor literario publicou: *Berzas* (1953), *Andrómenas* (1954), *A ducia do frade* (1966), *O Barallete* (1969), *Catón Galego* (1969), *Contos do Fiadeiro* (1973), *Galicia no Corazón* (1977) e *Escudos de Lugo*

[1893] Sendo o membro número 26 do SEG dende 1928. Vide José Ramón Fernández Oxea, *Ben Cho Shey Diario de Lugo* (Lugo: Deputación de Lugo, 2024).

[1894] En José Ramón Fernández Oxea, *Ben Cho Shey Diario de Lug*o (Lugo: Deputación de Lugo, 2024), 25.

[1895] En José Ramón Fernández Oxea, *Ben Cho Shey Diario de Lug*o (Lugo: Deputación de Lugo, 2024), 30.

[1896] En Antón Costa Rico, "A escola que mudou: Dinámicas, innovacións e experiencias na educación en Galicia (1961-2000)", *Sarmiento*, Nº 11 (2007): 11.

[1897] En "José Ramón Fernández-Oxea", *Real Academia de la Historia*, extraído o 27 de setembro de 2023 de: https://dbe.rah.es/biografias/53878/jose-ramon-fernandez-oxea)

[1898] Vide Xesús Alonso Montero, *Ben Cho Shey Mestre, político galeguista, etnógrafo, bibliófilo, erudito, xornalista. O valedor da lingua galega* (Vigo: Ir Indo, 1996) 15.

(1979). Froito da seu celo e profesionalidade obtivo numerosas consideracións: *Premio José Cornide* do *Centro Gallego de Buenos Aires* (1960), homenaxe no Ateneo de Ourense (1977) ou a *Medalla Castelao* (1986).[1899] Finou o día 2 de maio de 1988 en Madrid. O seu funeral e enterro celebrouse no cemiterio de San Francisco de Ourense.[1900]

Como xornalista, neste tempo colaborou cos diarios, xornais e revistas como: *La Zarpa*, *El Miño*, *Galicia*, *La Voz de Ortigueira*, *Heraldo de Madrid*, *La Región*, *Vida Gallega*, *Céltiga*, *El Pueblo Gallego*, *A Fouce* e *El Boletín del Magisterio* (dirixido polo seu pai). Tamén realizou traballos para os xornais: *Nós*, *A Nosa Terra*, *Lar* ou *Faro de Vigo*. Máis tarde colaboraría intensamente co *Grupo Galaxia*. Esta prolífera participación xornalística foi sinalada por Blanco Amor no prólogo da súa novela *Xente ao lonxe*.[1901]

4.3.10.6. Salvador Cillán Hernández

Salvador Cillán Hernández foi outro dos inspectores de ensinanza primaria na provincia luguesa. Con anterioridade foi mestre da sección na *Escuela graduada de niños de Arenas de San Pedro*. Posteriormente foi nomeado como Director da Escola *Graduada Anexa a la Normal del Magisterio Primario de Ávila*. Segundo consta na *Gaceta* do 12 de decembro de 1934 aprobou as oposicións ao corpo de inspectores de primeira ensinanza ese ano. Como primeiro destino, asignóuselle en propiedade unha das prazas de inspector de Primeiro Ensino en Lugo. A pesar diso, Salvador Cillán preferiu continuar desempeñando o cargo de dirección da *Escuela Graduada de Ávila*. Logo presentou unha instancia ao Ministerio de Instrución Pública solicitando a continuación no seu posto, petición que foi denegada.[1902] Deste xeito, incorporouse de xeito administrativo como inspector na provincia lucense, pero nunca chegou a tomar posesión da praza.[1903]

> Salvador Cillán carece del derecho qué (alega a ser declarado excedente en el Cuerpo de inspectores de Primera Enseñanza, sin haber tomado posesión de su destino en Lugo, para el que fué nombrado y que, por consiguiente, la Orden impugnada que así lo declaró, vulnera ese supuesto derecho y debe ser confirmada.[1904]

Salvador Cillán pasou pouco tempo na provincia de Lugo, a maior parte da súa vida estivo destinado en Ávila, sendo secretario da Xunta Provincial. Cando chegou a Guerra Civil Salvador Cillán foi depurado polo goberno golpista, cando exercía como mestre nacional.[1905]

[1899] Ídem.

[1900] En Centro de documentación da ALG, "Biografía de Xosé R. Fernández Oxea. Ben-Cho-Shey", *AELG*, extraído o 12 de maio de 2014 de: http://www.aelg.org/Centrodoc/GetAuthorById.do?id=autor410.

[1901] En José Ramón Fernández Oxea, *Ben Cho Shey Diario de Lugo* (Lugo: Deputación de Lugo, 2024).

[1902] Vide Orde Ministerial do 27 de decembro de 1934, denegación da solicitude de readmisión.

[1903] Para Salvador Cillán Hernández en Orde do 16 de marzo de 1946, *BOE*, Nº 105 (1946) extraído o 8 de xullo de 2014 de http://www.boe.es/datos/pdfs/BOE/1945/105/A02979-02979.pdf), 2979.

[1904] En Orde de 16 de marzo de 1945 polo que se resolve o preito contencioso administrativo de Salvador Cillán coa Administración, *BOE* (15 abril 1945): 2980.

[1905] En "Expediente de Salvador Cillán Hernández", *Ministerio de Educación Nacional*, (AGA, sinatura: 32/13209, Ávila, Depuracion 1936-1942). Notas: Conten periódico *Magisterio Abulense.*

4.3.10.7. Luis Jorge y Téllez de Meneses

Téllez de Meneses foi inspector de ensino primario na provincia lucense en 1934 ata 1939. Naceu en 1898 na provincia de Ourense, fillo do inspector xefe da Coruña Luis Jorge de Pando.[1906] En 1930, foi mestre con especialidade de Orientación Marítima na provincia de Pontevedra.[1907] Logo realizou os seus estudos específicos e unha vez superadas as oposicións, ingresou na inspección do ensino primario en 1934 con destino na provincia lucense. En 1935 foi compañeiro de Ben Cho Shey, con que traballou e viviu un ano despois do golpe de estado do Franco. O día 12 de xullo de 1936, Ben Cho Shey apuntaba no seu diario sobre a difícil situación que se prevía, facendo referencia á actitude de Téllez:

> Iste idiota de Téllez, que ten máis medo que sete vellas, non fai máis que maxinar compricacións. Hoxe antoxóuselle que había que ir a presentarse ó Gobernador. Non vin cousa máis necia que iste imbécil. Alá van todos en procesión a pedi-la amán.[1908]

A súa depuración

Falemos agora da criba posbélica levada a cabo no ensino primario, ao respecto sinalemos que Téllez tamén foi obxecto desta inxusta purga administrativa e ideolóxica. Así, coa vitoria dos franquistas foi depurado e sancionado segundo a Orde Ministerial do 4 de maio de 1939.[1909] Finalmente, este inspector sería inhabilitado para ocupar cargos públicos e de confianza. En 1939 esta sanción sería retirada por considerala non apropiada.[1910]

Ademais de exercer como inspector, Téllez deu clase na academia Akademos,[1911] onde preparada cursos del Bacharelato. Neste centro foi compañeiro de traballo do inspector Joaquín García Ojeda e do director do *Grupo Escolar Quiroga Ballesteros*, Manuel López Gutiérrez. A matrícula desta Academia era limitada e realizábase nos respectivos domicilios dos profesores.[1912]

Ilustración 91. Carmen Muñoz Manzano (extraída de www.culturagalega.org)

4.3.10.8. Carmen Muñoz Manzano

Comezaremos destacando que Carmen Muñoz foi a primeira muller que traballou como inspectora no ensino primario en Lugo. Naceu en Estremadura en 1906, concretamente na localidade cacereña de Malpartida de Plasencia. Creceu no eido dunha familia acomodada, máis tarde realizou os estudos de

[1906] El *El compostelano, diario independiente* (30 de decembro de 1937), 2.
[1907] En *Diario Oficial del Ministerio de Marina*, Nº 41 (20 de febreiro de 1930): 326.
[1908] En José Ramón Fernández Oxea, *Ben Cho Shey. Diario de Lugo 1936* (Lugo: Deputación de Lugo, 2024), 37.
[1909] Vide Orde Ministerial do 4 de maio de 1939.
[1910] Podemos consultar dita anulación na Orde Ministerial do 31 de outubro de 1939, publicada ese mesmo ano no *BOE* do 7 de novembro de 1939.
[1911] Situada na Rúa doutor Castro de Lugo, número 22, 1º.
[1912] Nesta academia deu clases de Literatura Ánxel Fole, cun soldo 1.000 pesetas ao mes, cantidade elevada para a época. Vide *El Progreso*, 4 de outubro de 1936.

Maxisterio en Madrid e participou nas *Misiones Pedagógicas*. En 1933 opositou e conseguiu unha praza no corpo de inspectores de primeira ensinanza. O seu primeiro destino foi Cáceres, trasladándose posteriormente a Lugo onde permaneceu seis meses.[1913]

Ilustración 92. Carmen Muñoz Manzano (extraída de www.galegos.galiciadigital.com)[1914]

Carmen Muñoz como pensionada da JAE

En once de xullo de 1934 Carmen Muñoz solicitou unha pensión á JAE, resolvéndose desfavorablemente o 9 de agosto dese mesmo ano. En 1935 a inspectora insistiu, volvendo a solicitar a respectiva pensión. Finalmente, o 14 de xuño de 1935 concédeselle unha bolsa por 5 meses para ampliar estudos de Psicoloxía Infantil, en relación cos programas escolares europeos. Despois de realizar este curso entregou unha Memoria e un traballo titulado "Principios generales (y plan de trabajo) para la concepción de un programa escolar".[1915] A pesar de toda a súa brillante carreira como pedagoga e inspectora, Carmen Muñoz era recoñecida maiormente por contraer matrimonio co escritor rianxeiro Rafael Dieste.

A súas obras

Como escritora tamén publicou varios libros, entre as súas obras destacou o *Epistolario amoroso* editado na Coruña por *La Voz de Galicia* en 1995.[1916] Ademais en Bos Aires fixo varias revisións e traducións de libros para a editorial Atlántida. Á marxe disto, tamén redactou centos de cartas describindo as aventuras humanas do seu matrimonio. Polo miúdo, a continuación facemos unha listaxe co seu legado literario no seguinte cadro, para que o lector poida coñecer de xeito pormenorizado a traxectoria literaria da inspectora que nos ocupa: [1917]

Cadro 56. Obra de Carmen Muñoz Manzano
1. Carmen Muñoz Manzano, "Diario de sueños", en *P.A.N. Revista epistolar y de ensayos* (Madrid: Imprenta Juan Pueyo, N.º 2, 1935), 31-32.
2. Carmen Muñoz Manzano, "Epistolario. Como parece que son las mujeres", en *P.A.N. Revista epistolar y de ensayos* (Madrid: Imprenta Juan Pueyo, N.º 6, 1935), 121-122.
3. Carmen Muñoz Manzano, *La Edad Media* (Bos Aires: Atlántida, 1945).
4. Carmen Muñoz Manzano, "No aniversario de Rafael Dieste", en *Encrucillada* (N.º 30, setembro de 1982), 51-54
5. Carmen Muñoz Manzano, "Prólogo" en Rafael Dieste, *La Isla. Tablas dun naufragio* (Barcelona: Anthropos 1985).
6. Carmen Muñoz Manzano, "Semblanza cronológica de Rafael Dieste", en *Documentos* (Barcelona: Anthropos, N.º1, 1990), 46-199.
7. Muñoz Manzano, C. (1991). "Dos cartas incompletas sobre el proceso

[1913] Carmen Muñoz coñeceu a Rafael Dieste en Valencia de Alcántara mentres facía un curso na *Universidad Internacional de Santander* en 1934 (regresaba das Misións Pedagóxicas), con quen máis tarde contraería matrimonio.

[1914] En ""Carmen Muñoz Manzano", en *GaliciaDigital* (Interdix Galicia S.L.).

[1915] En "Expediente de Carmen Muñoz Manzano" (Madrid: Arquivo JAE, JAE/104-882).

[1916] En Rosario Portela Yáñez, "Carmen Muñoz Manzano. Activista cultural nas dúas beiras do Atlántico", *Cultura galega* (2002) extraído o 4 de febreiro de 2014 de: http://www.culturagalega.org/album/detalle.php?id=295.

[1917] En J . M. J. / C. F. Ribeira, "Fallece la vida de Rafael Dieste", *La voz de Galicia,* extraído o 13 de abril de 2002 de: http://www.lavozdegalicia.es/hemeroteca/2002/04/13/1046341.shtml.

	creador". *Documentos A*. N.º1, p. 39-43.
8.	Muñoz Manzano, C. (1991). "Testimonio personal de Carmen Muñoz". *Documentos A*. N.º1. p. 198-48.
9.	Muñoz Manzano, C. (1995). *Epistolario amoroso*. A Coruña. *La Voz de Galicia*. (Ed. de X.L. Axeitos). Biblioteca Galega.
10.	Muñoz Manzano, C. (2005). *Epistolario*. Sada, Ediciós do Castro (ed. de X.L. Axeitos R. Portela Yañez). Biblioteca del Exilio, VII.

Fonte: Elaboración Propia. En Rosario Portela Yáñez, "Carmen Muñoz Manzano. Activista cultural nas dúas beiras do Atlántico", *Cultura galega*, (2002) extraído febreiro de 2014 de: http://www.culturagalega.org/album/detalle.php?id=295.

Ilustración 93. Carmen Muñoz Manzano[1918]

En 1976 Carmen Muñoz xubilouse como inspectora de ensinanza primaria na Coruña. Posteriormente dedicouse a recoller o legado artístico e literario do seu marido. Entre as súas amizades frecuentaba a compañía de Maruxa Seoane e Jenny Fernández Armesto. Coñecida polo seu pseudónimo de "Beatriz Galindo".

A súa depuración

Carmen Muñoz foi depurada polo goberno golpista e estivo perseguida xunto ao seu marido, que loitou no *Ejército del Este* e fundou *Hora de España*.[1919] Tras a caída do Goberno Republicano, os dous foron internados no campo de concentración de Saint Cyprien (Pirineos Orientais). En 1939 Carmen Muñoz tivo que ser hospitalizada debido ás feridas que sufriu durante un bombardeo onde faleceu unha amiga súa.[1920] Podemos afirmar que debeu de pasar momentos moi duros. Foi unha muller moi apreciada polos veciños, por este motivo en 1995 nomeárona filla adoptiva de Rianxo.[1921] En 1981 faleceu o seu querido Rafael Dieste. Carmen finou na Coruña o doce de abril de 2002 aos 95 anos de idade.[1922]

4.3.10.9. Elisa Rodríguez Estévez

Elisa Rodríguez foi a segunda muller que estivo na provincia de Lugo como inspectora de ensino primario. Naceu en León en 1905, posteriormente realizou os seus estudos de Maxisterio e as prácticas no *Grupo Escolar Carmen de Burgos* de Madrid.

[1918] En Asociación Alexandre Boveda, *A Corunha das mulleres*, Extraído o 4 de xaneiro de 2025 de: https://acorunhadasmulleres.gal/carmen-munoz-manzano/

[1919] Pode consultarse esta revista na Hemeroteca Dixital da Bilioteca Nacional de España. Vide varios, *Hora de España,* (Madrid: Hemeroteca Dixital Biblioteca Nacional de España, extraído de: https://hemerotecadigital.bne.es/hd/es/card?sid=4393764).

[1920] Vide Emilio Oliva Fernández, *Carmen Muñoz Manzano y su tiempo (1906-2002): 60 (estudio),* (Estremadura: Editora Rexional de Estremadura, 2021).

[1921] En Rosario Portela Yáñez, "Carmen Muñoz Manzano. Activista cultural nas dúas beiras do Atlántico", *Cultura galega,* (2002) extraído o 4 de febreiro de 2014 de: http://www.culturagalega.org/album/detalle.php?id=295.

[1922] Vide Iliana Olmedo Muñoz, "Estrategias discursivas y sentimiento exílico en el epistolario de Carmen Muñoz Manzano", *El exilio republicano de 1939 y la segunda generación,* (Madrid: Renacimiento 2011) 1076-1087.

Nesta institución emprendeu unha obra educativa e de estruturación en 1933,[1923] acto que se levou a cabo en novembro de 1933.[1924] Un ano máis tarde ingresou no corpo de inspectores, exercendo como inspectora na provincia de Lugo nas zonas de Mondoñedo e Fonsagrada ata 1936.[1925]

A súa depuración

Durante o gran conflito bélico nacional, Elisa Rodríguez tiña destino en Lugo e foi depurada e castigada.[1926] A sanción aplicada inhabilitouna para ocupar cargos directivos e de confianza.[1927] Posteriormente, a *Comisión Superior Dictaminadora de Expedientes de Depuración* liberouna do castigo, alegando ausencia de fundamentos e probas nas acusacións.[1928] Unha vez readmitida no corpo, nos anos cincuenta do século XX estivo traballando como inspectora en Lugo.[1929] Por último, en 1965 formou parte do tribunal de posicións para o ingreso ao Maxisterio Nacional, convocado pola Orde do 25 de outubro de 1965.[1930]

4.3.10.10. Carmen Castilla Polo

A pesar de que Carmen Castilla foi inspectora en Lugo a partir de 1947, cómpre estudar a esta muller dada a que foi unha das inspectoras máis importantes, activas e polifacéticas que traballaron en Lugo, representando a continuidade das mulleres na inspección. Esta inspectora naceu en Logroño o 16 de novembro de 1895 (La Rioja), nunha familia onde foi a maior de once irmáns, quedando orfa o que a obrigou a ocuparse da educación da súa familia. O 28 de maio de 1920 conseguiu o título de Mestra Normal (Sección de Ciencias). Ata xullo estivo estudando na EESM (1916-1919), ano no que ingresou no *escalafón* de inspectores de educación primaria, o 19 de xullo. Neste tempo, traballou en Teruel en 1920, en Barcelona 1928, en Toledo en 1930, en Ourense en 1931, en Salamanca, Segovia e en Madrid ata 1939. En Lugo estivo destinada dende 1947 ata 1954, especializándose en linguaxe de signos e realizando cursos agropecuarios para mestres.[1931] En Cuenca foi xefa de inspección en 1961 e por último, en 1963 ocupou o cargo en Guadalaxara.

[1923] En Grupo Escolar Carmen Burgos, "Acto cultural del grupo escolar Carmen de Burgos", *Luz*, (Madrid, 10 de novembro de 1933), 15.

[1924] Ídem

[1925] Vide José Manuel Vázquez, "Factores influentes na formación da identidade docente da muller en Lugo (1900-1936)", *XX Coloquio Internacional Historia de la Educación. Identidades, Internacionalismo, Pacifismo y Educación siglos XIX y XX* (Santiago: Universidade de Santiago de Compostela, 2019), 236.

[1926] Vide Orde ministerial do 30 de decembro de 1939.

[1927] Actualmente podemos consultar esta información no *BOE* do 22 de xaneiro de 1940.

[1928] En Elisa Rodríguez Estévez, "Expediente de Elisa Rodríguez Estévez" (Madrid: ACME-AGA, sinatura: 083710-05663).

[1929] En Orde de 8 de enero de 1954 "por la que se disponen corridas las escalas, en virtud de la reforma de plantillas de inspectores de Enseñanza Primaria", *BOE*, Nº 82 (23 marzo 1954): 1741.

[1930] No Orde do 25 de outubro de 1965, *BOE*, Nº 306 (23 de decembro de 1965): 17265.

[1931] En De enseñanza, "Cursillos de formación agropecuaria para maestros nacionales", *El Progreso*, 31 de xullo de 1948.

Ilustración 94. Carmen Castilla Polo[1932]

Durante a ditadura de Primo de Rivera traballou en Barcelona e Toledo, ocupando cargos de certa responsabilidade para este Goberno: encargada de "vixiar" o uso do catalán nas escolas da Cidade Condal. Foi recoñecida como unha persoa caracterizada por ser unha: "intelixente y culta inspectora".[1933] Pola súa adhesión ao Goberno primorriverista,[1934] durante a Segunda República foi sancionada e trasladada a Ourense, Salamanca e Segovia.[1935] No albor dos anos trinta, en 1929 e 1930 aprobou os estudos de Disártricos no *Colegio Nacional de Sordomudos*, superando ademais dous cursos no *Instituto Central de Cultura Religiosa*. Despois da súa viaxe continuou colaborando coa JAE impartindo cursos elementais de vacacións en 1932 e 1933. Tamén participou dentro dun programa de intercambio de señoritas promovidas por José Castillejo e María Maetzu.[1936]

En 1932 acadadou a praza de inspectora de ensinanza primaria. O seu primeiro destino foi Teruel. Tamén estivo en Cuenca, Guadalaxara e Madrid.[1937] Neste último lugar permaneceu ata abril de 1939. As súas irmás traballaron en Tetuán, unha como mestra e outra no *Ministerio de Industria e Comercio*. En 1948 foi destinada á provincia de Lugo (Zona da Mariña Lucense), traballando a prol da dinamización cultural desta zona.[1938]

Carmen Castilla destacou no *campo científico* e foi nomeada como membro da *Comisión* encargada de seleccionar aos inspectores de ensinanza por concurso restrinxido de 1932,[1939] convocándose por primeira vez unha proba para a cubrir dez prazas en función dos méritos dos aspirantes.[1940] Un ano máis tarde formou parte do tribunal para evaluar aos cursillistas de selección do maxisterio.[1941] Dende 1931 ata 1933 comezou a súa vida sindical afiliándose á UGT. O dez e 13 de abril de 1931 foi a vogal da Comisión Executiva do Segundo Congreso da FETE. Sobre todo despois da

[1932] Publicada en: *Buscame en el ciclo de la vida de Blogspot.com*, Fondo Fotográfico Fundación Pablo Iglesias.

[1933] En "sobre Carmen Castilla Polo", *La Asociación*, Nº 439 (16 de xullo de 1921): 3.

[1934] Segundo a Real Orde de 19 de abril de 1928, *Gaceta*, Nº 111 (1928), trasladáronse doce inspectores e cinco inspectoras de primeira ensinanza para combater o separatismo e prohibir o uso do catalán en instancias oficiais. Entre estas inspectoras atopábase Carmen Castilla que foi destinada a Barcelona.

[1935] En Luis Batanaz Palomares, *La inspección de primera enseñanza durante la guerra civil y el primer franquismo* (Córdoba: Servizo de Publicacións de la Universidade de Córdoba, 2011), 67.

[1936] Vide Teresa Marín Eced, *Innovadores de la educación en España (Becarios de la Junta de Ampliación de Estudios)* (Castilla La Mancha: Universidade de Castilla La Mancha, Servizo de Publicacións, 1991).

[1937] En 1940 otopábase destinada en Lugo. Finalmente, en xullo de 1960 foi a inspectora xefa de Ensino Primario da provincia de Cuenca, segundo *BOE* do 30 de agosto dese mesmo ano.

[1938] En Carmen Castillla Polo, "Expediente de Carmen Castilla Polo" (Madrid: AGA-ACME. Sinatura: 21806, Top. 32/70).

[1939] Na Orde do 9 de setembro de 1932 regulouse o proceso de selección restrinxido, convocándose por primeira vez unha proba para a cubrir dez prazas en función dos méritos dos aspirantes.

[1940] En *Gaceta* do 3 de decembro de 1932. Publica a Orde de 2 de decembro de 1932 que regulaba o nomeamento da Comisión de Selección para a dotación de dez prazas por concurso restrinxido de méritos. Para levar a cabo esta selección formouse unha Comisión seleccionadora constituída por: un conselleiro de Instrución Pública, Carmen Castilla e outro inspector, un profesor da Escola Normal e un mestre nacional.

[1941] En "Tribunal de Magisterio", *Gaceta de Madrid*, Nº 235 (23 de agosto de 1933): 1258.

USC

Guerra Civil, Carmen Castilla traballou como política pertencendo á FETE e ao *Partido Socialista*.[1942]

Carmen Castilla Polo en Lugo

En 1947 Carmen Castilla foi readmitida como inspectora de ensino primario, visitando as escolas da costa luguesa, denominadas coloquialmente escolas da "Mariña Lucense" ata 1954. Nesta zona colaborou nos *Cursos Agropecuarios para Maestros* e na *Exposición Regional de Santiago de Compostela.* Tamén organizou a *Sección de Bibliotecas Escolares Lucenses*. Cómpre enxalzar que particularmente se ocupou da creación de *Escuelas de Orientación Marítima.* Ademais participou en varias revistas, publicando diversos artigos pedagóxicos en: *Revista de Educación* do Ministerio de Educación Nacional, a *Escuela Primaria* de Cuenca, *Mundo Escolar*, *Veletea* en colaboración no Colexio Maior Feminino e *Santa Rosa de Jesús.*[1943] Nesta provincia acadou un *Certificado de Actuación na Inspección Primaria*. Participou nas Misións Escolares (sanitarias). En 1954 solicitou o traslado de Lugo a Madrid, debido a que a súa nai Rosa Polo Ortigosa, de 80 anos de idade, se atopaba moi delicada de saúde e necesitaba dos seus coidados.

Ilustración 95. Fotografía de Carmen Castilla Polo publicada na *Real Academia de La Historia*[1944]

As viaxes coa JAE

Acerca dos estudos e méritos de Carmen Castilla, é necesario destacar que formou parte do profesorado dos *Cursos para Estranjeros* da JAE dende 1923 ata 1936, impartindo clases na *Escuela de Verano de Middelbury College*. No curso 1921-1922, e en conformidade coa proposta da JAE, gozou dunha pensión para realizar estudos de Educación e Ensinanza na *Escuela norteamericana de Smith College*, en Northampton (Massachusetts). Neste centro asistiu parte do curso a un *Grupo Escolar* anexo á

[1942] Primeiramente militou na FETE e despois defendeu os fundamentos franquistas, aspecto curioso e aínda que parece incompatible por este motivo foi dobremente depurada.

[1943] Os números da revistas nas que colaborou foron o 45, 46, 47, 48 e 49.

[1944] En Expediente Carmen Castilla Polo (ACME-Archivo General de la Administración, exp. 21806; sign. 32/68-69).

Sección de Pedagogía na que realizou un traballo sobre as Ciencias Naturais.[1945] Ao ano seguinte concedéuselle un permiso para asistir ao Laboratorio de Bioloxía Experimental do *Museo de Ciencias Naturales*, o curso lectivo do ano 1923.[1946]

En 1948, o *Instituto Internacional para Señoritas en España* concedeulle unha bolsa de tres meses para realizar estudos de *Bibliotecomanía* na *Universidad de Birminghan* (Inglaterra).[1947] En 1956 obtivo unha nova pensión do ministro de Educación Nacional para visitar as escolas de xordomudos de Francia e Italia. En xaneiro de 1959 foi seleccionada para participar na viaxe de Intercambio Técnico aos EEUU, acadando o diploma do Departamento de Washington. Nas súas viaxes por Francia, Bélxica, Inglaterra e Estados Unidos, visitou institucións culturais de grande interese no campo da educación e ensinanza. Especialmente interesouse por aquelas materias que integran a vida do neno e a formación do mestre, establecendo relacións cos departamentos de educación dos países visitados.[1948]

Unha inspectora sometida a unha dobre depuración

Un dos aspectos máis curiosos da vida de Carmen Castilla e que foi *depurada dúas veces*: primeiro polo Goberno Republicano e despois polos franquistas. Así, o doce de febreiro de 1937 foi separada do servizo pola Administración da República.[1949] Un tempo máis tarde, curiosamente tamén foi perseguida polo réxime sublevado: expedientada e sometida ao proceso de depuración o 13 de xaneiro de 1940.[1950] Por este motivo, Carmen Castilla foi separada da inspección por Orde Ministerial o 26 de xullo de 1940, acusada de: adoptar unha postura ideolóxica incompatible co movemento sublevado, pertenza á FETE e ao Partido Socialista.[1951] Mentres estivo separada do seu cargo como inspectora traballou no *Colegio del Niño Jesús* (Eduardo Dato, número 4 en Madrid) no que estudaron as súas seis irmás. Dous dos seus irmáns loitaron como alférez provisionais na zona Nacional.

En 1947, tras varias revisións do seu expediente, rehabilitárona con plenitude de dereitos no seu posto de traballo.[1952] Así, o Consello de *Guerra Permanente Nº 1* dictaminou que os cargos polos que se acusou non eran constitutivos de delito, quedando así demostrada a súa boa conduta profesional e persoal. Este feito librouna de calquera represalia, quedando libre con todos os pronunciamentos favorables. Juan Zaragüeta e José Rogerio Sánchez defenderon a legalidade desta inspectora e conseguiron restituúla finalmente no seu cargo.[1953]

[1945] En María Torres, "Carmen Castilla polo maestra de la Segunda República", en "Buscame en el ciclo de la vida*". Blogspot.com,* extraído o 4 de febreiro de 2014 de: http://buscameenelciclodelavida.blogspot.com.es/2012/11/carmen-castilla-polo-maestra-de-la.html.

[1946] Vide Real Orde do 9 de xaneiro de 1923.

[1947] En Enriqueta Martín y Ortiz de la Tabla, "Certificado de graduación en Bibliotecomanía do Instituto Internacional de Señoritas en España", (Madrid: AGA-ACME. Sinatura: 21806, Top. 32/70).

[1948] Ídem.

[1949] En Luis Batanaz Palomares, *La inspección de primera enseñanza durante la guerra civil y el primer franquismo* (Córdoba: Servizo de Publicacións de la Universidade de Córdoba, 2011), 67. Vide *Gaceta de Madrid* do 12 de febreiro de 1937.

[1950] Esta situación foi vivida tamén polo inspector destinado na provincia de Lugo Jacinto Ruiz Santiago. En Luis Batanaz Palomares, *La inspección de primera enseñanza durante la guerra civil y el primer franquismo* (Córdoba: Servizo de Publicacións de la Universidade de Córdoba, 2011), 55-56.

[1951] En *BOE* do 23 de setembro de 1940.

[1952] En ACME-AGA, (21806-005).

[1953] En Carmen Castilla Polo, "Expediente de Carmen Castilla Polo", (Madrid: ACME-AGA. Sinatura: 21806-005).

Extensa formación e activa vida laboral

Nos anos corenta e cincuenta do século XX, Carmen Castilla titulouse como profesora de *Educación Especial* e especializouse no estudo das bibliotecas escolares, na cidade e no campo. No seu expediente constan os certificados de asistencia ao *Congreso Hispano Americano* (Madrid en 1951), ás Xornadas Pedagóxicas de Santander e Cádiz, e o Instituto *Central Cultural Religiosa Superior*. Na *Escuela Internacional de Boston* acadou o diploma de *Bibliotecomanía* (1941-1943). Sucesivamente gradúase como profesora Especial de Xordomudos no *Colegio Nacional de Sordomudos,* durante o curso 1955-1956. Máis tarde, acadou o "Certificat os merit" (Vocational Education), o Certificado da *Escuela Nacional de Sanidad* en 1961 (Madrid) e o *Certificado de la Internacional Cooperation Administration*. En 1956 foi asesora técnica especializada na ensinanza de xordomudos na *Sección de Educación Especial en Cuenca*. En 1955 e 1957 obtivo o *Voto de Gracia* dos directores xerais de ensinanza primaria, polos traballos realizados no Servizo Escolar de Alimentación. Cabe sinalar que foi socia e fundadora da *Asociación de Logopedia y Foniatría.* Ademais, formou parte das asociacións A.S.C.D. e da Geographic Society.

Nos anos sesenta, Carmen Castilla foi designada como representante da *Dirección General de Enseñanza Primaria en la Conferencia Internacional sobre Educación Sanitaria* en Filadelfia (1962). Igualmente foi nomeada como representante do *Servicio Escolar de Alimentación y Nutrición* na mesma conferencia.[1954] Entre outros diplomas posuíu o certificado de asistencia ao *Cursillo de Puericultura de Cuenca*, realizado en 1962, e o Diploma do Departamento de "Health, Education and Welfare", en 1959. Para complementar os seus estudos continuou no itinerario Grupo Español: *Special Seminar and Plans*. Tamén formouse en zooloxía (experiencias en *Drosophila Melanogaster*) mediante a realización dun curso de anatomía e fisioloxía con prácticas de laboratorio e xenética.

Os anteriores coñecementos adquiridos foron impartidos ao persoal do *Museo de Ciencias Naturales* no que estivo traballando durante un ano.[1955] Ademais da súa ampla formación, dominaba catro idiomas castelán, inglés, francés e italiano; adquirindo os Certificados de Estudos Primarios da *Academia de Bordeaux*, o *Colegio Saint-Maur* de profesora de francés, o Certificado Internacional do *Institute for Girls in Spain* e o de *Smith College*.[1956] Finalmente, xubilouse en 1965 e finou en Madrid o cinco de Marzo de 1979.[1957] Esta muller foi unha figura referencial no proceso de incorporación feminina á inspección: incansable traballadora da ensinanza, mestra, científica, sindicalista e inspectora de primeira ensinanza.[1958]

[1954] Ídem.

[1955] En Carmen Castilla Polo, "Artigo de Carmen Castilla Polo" (2012, extraído o 4 de febreiro de 2014 de http://maestrasrepublicafeteugt.blogspot.com.es/2012/08/carmen-castilla-polo.html).

[1956] En Carmen Castilla Polo, "Expediente de Carmen Castilla Polo" (Madrid: AGA-ACME. Sinatura: 21806, Top. 32/70).

[1957] En María Torres, "Carmen Castilla Polo" en *Buscame en el ciclo de la vida Blogspot.com* (2014) extraída o 4 de febreiro de 2014 de http://buscameenelciclodelavida.blogspot.com.es/2012/11/carmen-castilla-polo-maestra-de-la.html.

[1958] Para Carmen Castilla Polo en Eduardo Montegut Contreras, "La memoria histórica como proyecto social y cultural", en *La comunidad-El país,* (Agosto-2012), extraído o 7 de agosto de 2012 de: http://lacomunidad.elpais.com/tags/carmen-castilla-polo.

4.3.10.11. Joaquín García Ojeda

Joaquín García foi o inspector que *substituíu a Luis Soto* ao fronte da xefatura de inspección provincial en 1936. Naceu en Cacabelos, na provincia de León, o cinco de abril de 1891. Despois de graduarse como mestre estivo destinado dende 1914 ata 1921 na *Escuela de Niños de Páramo del Sil* en León. De marzo a agosto dese mesmo accedeu ao *Grupo Cervantes de Madrid*.[1959] Ademais aprobou as oposicións libres de 1914 e as restrinxidas de 1918. Logo volveu á *Escuela de Niños del Páramo de Sil* dende 1921 ata 1927. Por último, estivo na *Escuela Nacional de Niños de los Vados* en León dende 1927 ata 1934, ano no que ingresou no corpo de inspectores de ensino primario.[1960] Debido ao seu traballo recibiu o *Voto de Gracia* da inspección de primeira ensinanza en León en 1919, 1921 e 1933. O 31 de xullo de 1925 concedéuselle outra vez este premio pola súa actuación nos cursiños celebrados en Madrid, para prover as prazas de mestres directores da *Misión Pedagógica* das Hurdes.[1961]

As súas viaxes coa JAE

Posteriormente, Joaquín García solicitou unha pensión á JAE, pero no ano 1914 interrompeuse o envío de grupos de mestres e inspectores a causa da Primeira Guerra Mundial. A situación Europea obrigou a cancelar as excursións colectivas polo perigo que estas supoñían. En 1921 as viaxes de ampliación de estudos restablecéronse, coa organización de tres grupos formado por inspectores de primeira ensinanza e mestres para visitar centros educativos no estranxeiro: Joaquín García participou no primeiro destes.[1962] Nesta viaxe visitou durante dous meses establecementos de ensinanza franceses, xunto a varios docentes e inspectores. Esta quenda estivo dirixida polo inspector de Primeira Ensinanza agregado á JAE Luis Álvarez Santullano, axudado por Ángel Llorca e Eusebio José Lillo. A sección de mestres, ademais de Joaquín García Ojeda, estaba constituída por: Isidro Almazán y Francos (Madrid), Eduardo Cantó Roncaño (Madrid), Martín Chico Suárez (Soria), Camilo Chousa López (Sevilla), Eusebio Gazapo Abelló (Murias de San Hipólito de Voltregat en Barcelona), Rafael Giner Daroca (Valencia), José Herrero Pérez (Cidade Real), Lorenzo de la Peña Lobón (Jaén), Sidonio Pintado Arroyo (Madrid) e Dionisio Prieto Fernández (Madrid). Á súa vez, a sección de inspectores estaba formada por: Valentín Aranda y Rubiales (Cuenca), Antonio Ballesteros y Usano (Segovia), Juán Capó y Valls (Baleares), Manuel Díaz Rosas (A Coruña), Félix Isaac Faro de la Vega (Burgos), Federico García y Díaz (Ávila), Claudio García y Martínez (Navarra), Lorenzo Gordón y Gómez (Badajoz), Gervasio Manrique y Hernández (Soria), Agustín Nogués y Sardá (Madrid), Federico Ortega y Valero (Valencia), Francisco Rodríguez y Besteiro (Madrid), Ángel Rodríguez y Mata (Cáceres), Juan José Senent e Ibañez (Alicante), José Junquero Muné (Gerona) e Juan Vives Llorca (León).[1963]

[1959] Joaquín García ocupou a devandita praza a través dunha oposición.

[1960] En Joaquín García Ojeda, "Expediente de Joaquín García Ojeda" (Madrid: AGA-ACME. Expediente de Joaquín García Ojeda. Sinatura: 16697 sig. Topográfica 32/51).

[1961] Ídem.

[1962] Vide Real Orde do 24 de xaneiro de 1921.

[1963] En Joaquín García Ojeda, "Expediente de Joaquín García Ojeda", (Madrid: JAE. Sinatura: JAE/64-311).



Ilustración 96. Joaquín García Ojeda[1964]

Os países elixidos pola JAE para ampliar os seus estudos de Pedagoxía foron Francia, Bélxica e Suíza. Estes destinos eran escollidos pola maior facilidade do idioma e por ser centros neurálxicos das correntes máis vangardistas do momento. Deste xeito pretendíase que os pensionados intensificaran a súa formación pedagóxica, evitando a tendencia dunha visión superficial das cuestións educativas. Para incrementar os coñecementos ofrecíaselle tamén a posibilidade de realizar prácticas. Con estas actividades adquiriron experiencias máis próximas e reais ás escolas primarias punteiras, estudando polo miúdo a realidade da aula nos centros escolares europeos. Os mestres pensionados, entre os que figuraban Joaquín García, visitaron o *Instituto J. J. Rousseau* para coñecer a marcha interna e os métodos pedagóxicos empregados. Nestas viaxes estudou a organización e o funcionamento destes centros nos seus diferentes graos: maternais e de párvulos, elementais e superiores, as escolas normais e outras institución docentes. Tamén aproveitou a oportunidade para visitar os museos científicos e de arte, e coñecer obras interesantes de carácter social.[1965]

Despois da súa viaxe de estudos presentou un diario acerca do traballo realizado, e unha memoria sobre a cuestión pedagóxica. O arquivo da JAE conserva estes traballos, os máis importantes publicados nun tomo dos *Anales de la JAE*.[1966] En Bélxica tivo contacto con varias autoridades e organismos docentes, facendo fincapé na presenza do director xeral de primeira ensinanza Lapie, Sluys, de Vuyst, Devogel, Claperéde e Bovet do *Instituto J. J. Rousseau*. Neste centro estudou os problemas da cultura primaria relativas ao oficio da inspección, investigando especificamente a resolución dos problemas económicos relativos ao restablecemento das visitas ordinarias. Convén lembrar que ao longo da historia, os inspectores reclamaron a necesidade de acadar un maior nivel relativo ás aspiracións de tipo económico. Estas pretensións concretáronse en 1920 e 1931 en estes catro puntos: ampliar o cadro de persoal, mellorar o pago de dietas das visitas, aumentar os gastos de locomoción e representación dos inspectores xefes. [1967]

O dezasete de maio de 1927, Joaquín García foi nomeado *xefe da Sección Administrativa* da primeira ensinanza de Lugo. Posteriormente foi inspector en León, dende 1934 ata 1935. Un ano máis tarde ocupou o cargo de xefe de Inspección de Ensino Primario lucense ata 1956, proposta realizada polo Consello Provincial de Inspección de Lugo.[1968] Nesta provincia foi pai de familia numerosa, composta polo matrimonio e sete fillas. Debido a esta situación necesitaba un ingreso extra para facer

[1964] En Joaquín García Ojeda, "Fotografía tasa por tarjeta de identidad" (Madrid: AGA-ACME. Expediente de Joaquín García Ojeda. Sinatura: 16697 sig. Topográfica 32/51).

[1965] Ídem.

[1966] Ídem.

[1967] En Joaquín García Ojeda, "Expediente de Joaquín García Ojeda", (Madrid: AGA-ACME. Sinatura: 16697 sig. Topográfica 32/51).

[1968] Cargo autorizado polo Director Xeral na Orde Civil de *Alfonso X el Sabio* coa categoría de Encomenda.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

fronte os gastos familiares, por este motivo solicitou á Dirección Xeral de primeira ensinanza a autorización para dedicarse á ensinanza privada.[1969] Finalmente impartiu clases na academia Akademos,[1970] onde preparada cursos de Bacharelato xunto ao seu compañeiro, tamén inspector, Luis Jorge y Téllez de Meneses e Manuel López Gutiérrez, director do *Grupo Escolar Quiroga Ballesteros*.[1971]


AKADEMOS

Doctor Castro, 22, 1.º—LUGO

PREPARACION PARA LOS CURSOS DEL BACHILLERATO
a cargo de los Inspectores de primera enseñanza D. Joaquín García Oje
D. Luis Jorge Téllez de Meneses, y del Director del grupo escolar Qu
Ballesteros D. Manuel López Gutiérrez
Matrícula limitada en los respectivos domicilios de los señores profesor

Ilustración 97. Anuncio de academia onde traballaba Joaquín García Ojeda (1936 en *Vida Escolar*)

Ademais dos servizos e actividades realizadas, propias das representacións e inherentes á xefatura de inspección lucense, Joaquín García despregou un intenso *traballo artístico e histórico* xunto aos seus compañeiros. Estas investigacións atópanse recollidas na memoria que foi publicada máis tarde e que está recollida no arquivo da JAE.[1972] Ademais, durante os cursos de formación do maxisterio, organizados en 1937, impartiu quince conferencias relativas a " El hombre" e "El niño".[1973] En maio dese mesmo ano colaborou coa *Asociación de Maestros Católicos*, impartindo unha conferencia na sección de apertura titulada "Orientaciones Metodológicas para la Enseñanza de la Religión y la Moral". Durante a represión franquista aos republicanos, García Ojeda realizou varios discursos como xefe de inspección lucense para enaltecer o modelo político ditatorial, disertando sobre os seguintes temas:

1. O dous de maio de 1937, ao depositar os nenos da escola de Lugo ramos de flores sobre as tumbas dos militares caídos na Guerra Civil.
2. O dezasete de xullo de 1937, na vila de Rábade ao ser entregadas á Deputación Provincial, Garda Civil e Falanxe, cadros alegóricos debuxados nas escolas de devandita localidade.
3. O nove de decembro de 1937 en Láncara con motivo da clausura do curso relixioso-patriótico organizado pola maxisterio e clero daquel Concello.

[1969] Aspecto regulado na Orde do quince de abril de 1935. En Joaquín García Ojeda, "Expediente de Joaquín García Ojeda" (Madrid: AGA-ACME. Sinatura: 16697 sig. Topográfica 32/51).

[1970] Situada na Rúa doutor Castro de Lugo, número 22, 1º.

[1971] Nesta academia deu clases de Literatura Ánxel Fole, cun soldo 1.000 pesetas ao mes, cantidade moi elevada para a época. En *El Progreso*, 4 de outubro de 1936.

[1972] Na Memoria correspondente a JAE de 1920-1921 aparece o nome deste inspector e os traballos adxuntos. Vide "Memoria da JAE 1920-1921", *www. aleph.csic.es* (Madrid: Biblioteca CSIC, extraído o 11 de outubro de 2023) 79, extraído de: http://aleph.csic.es/imagenes/mad01/0013_JAE/120256_Memoria_1920-1921.pdf.pdf.

[1973] Vide Circular do 17 de xullo de 1937.

4. O 23 de abril de 1938, no salón de actos da Deputación provincial, con motivo da *Festa del Libro*, baixo o título "Las Armas y los Libros".
5. O cinco de xullo de 1938 con motivo da inauguración da exposición dos traballos das escolas de beneficencia.
6. O cinco de agosto no "Hogar del Herido" analizou o tema "El comunismo, ¿Se cumplen profecías de nuestra Gloriosa Gesta de Liberación?"
7. O nove de outubro de 1938, en Chantada na inauguración do novo edificio escolar de San Jorge de Asma.
8. O doce de outubro de 1938, na "Academia Galicia" dos Maristas de Lugo, con motivo da *Festa da Raza* e reparto de obsequios aos feridos da guerra.[1974]

A partir do dez de xaneiro do 1944, ademais do seu cargo como xefe de Inspección primaria da provincia de Lugo, este inspector foi axudante interino da Sección de Ciencias da *Escuela Normal de Magisterio de Lugo*. Esta sección estaba constituída por dúas cátedras: Matemáticas e Metodoloxía da Fisiología e Ciencias da Natureza. Estas disciplinas eran impartidas por Sofía Somoza e Ana María Múgica. En 1944, esta última profesora residía na Coruña e deixoulle a súa disciplina ao cargo do inspector estudado.

Cadro 57. Servizos especias e méritos de Joaquín García Ojeda
1. Aprobou as seguintes oposicións: maxisterio en 1914, as restrinxidas no ano 1918 para cubrir as prazas do escalafón, en 1920 para cubrir as prazas Grupo Escolar "Cervantes" de Madrid, nesta obtivo o Nº3 e as do Corpo de Inspección de Ensinanza Primaria.
2. Como mestre nacional ingresou no *Escalafón* o cinco de xuño de 1914 e cesou o 31 de decembro de 1934. Polo tanto exerceu como mestre vinte anos e seis meses.
3. O 24 de febreiro de 1919 déronlle un Voto de Grazas pola inspección. O dez de marzo de 1921 concedéronlle outro Voto de Grazas novamente.
4. No ano 1921 foi pensionado polo Estado para estudar a organización das ensinanzas en Francia, Bélxica e Suíza.
5. O 31 de xullo de 1925 obtivo o Voto de Grazas de Real Orde pola súa actuación nos cursos celebrados en Madrid, para prover a praza de Mestre Director da Misión Pedagóxica das Hurdes.
6. Foi vogal nato del Consello Provincial de Educación e Presidente da Comisión Permanente deste Organismo.
7. Foi vogal nato da Xunta Provincial de Construcións Escolares e da súa Comisión.
8. Foi vogal nato da Xunta Provincial contra o Analfabetismo e o seu secretario.
9. Foi vogal do Padroado de Ensinanza Media Profesional.
10. Foi vogal do Padroado de Ensinanza Industrial.
11. Foi vogal del Padroado do Colexio de Fingoy.
12. Foi vogal do Padroado Municipal de Ensinanza Primaria.
13. Foi vogal da Xunta Provincial de Protección de Menores.
14. Foi vogal da Xunta Provincial de Protección á Muller e a súa Comisión.
15. Foi vogal da Xunta Provincial de Beneficencia.
16. Foi presidente da Comisión Provincial de Mutualidades e Cotos Escolares de Previsión.
17. Foi vogal da Comisión de Depuración do Maxisterio Primario da Provincia de Lugo. Tamén foi secretario da Delegación Provincial de devandita depuración.
18. Desempeñou durante oito días por mandato da Comisión de Cultura e Ensinanza da *Xunta Técnica do Estado* a Delegación Administrativa da Ensinanza Primaria da provincia.

[1974] En Joaquín García Ojeda, "Expediente de Joaquín García Ojeda" (Madrid: AGA-ACME. Sinatura: 16697 sig. Topográfica 32/51).

19. Ao fronte da xefatura pronunciou numerosos discursos, conferencias e charlas sobre asuntos moi variados en relación coa ensinanza.
20. Publicou numerosos artigos de prensa: *Un libro de Preparación de Lecciones* aprobado polo Consello Nacional de Educación. Tamén publicou un folleto sobre *Plan de traballo escolar*.
21. Servizos do maxisterio primario varios (sen concretar no expediente).
22. O oito de xullo de 1933 déronlle o Voto de Grazas con motivo da "Semana Pedagógica" que organizou na Escola de nenos Nº1 de Toral dos Vados (León), para dar a coñecer a trinta e catro mestres a organización e o plan de traballo que tiña establecido en devandita escola.
23. Desempeñou a xefatura de inspección de primeira ensinanza dende o 1 de setembro de 1936 en Lugo.

Fonte: Elaboración propia. En Joaquín García Ojeda, "Expediente de Joaquín García Ojeda" (Madrid: AGA-ACME. Sinatura: 16697 sig. Topográfica 32/51).

O sete de decembro dese mesmo ano, durante o proceso de depuración administrativa, se lle encargou constituír a *Comisión Depuradora de las Bibliotecas Escolares* da provincia, xunto cun representante do bispo e outro do claustro de profesores do instituto. Joaquín García tamén foi nomeado como vogal da *Comisión Depuradora del Magisterio Primario de Lugo*, actuando como secretario.[1975] Finalmente xubilouse o cinco de abril de 1961.[1976]

4.3.10.12. Daniel Calvo Portero

Daniel Calvo foi inspector de Primeiro Ensino na provincia de Lugo durante a Segunda República. Natural de Cuenca, despois de realizar os seus estudos dirixiu a publicación dun semanario titulado *El Escolar* (1921).[1977] En 1923, ocupou a dirección do *Heraldo de Cuenca* (1936-38) e *La Aurora del Magisterio*, diario esquerdista que reivindicaba entre outros asuntos a mellora salarial dos mestres.[1978] Neste tempo, Daniel Calvo era o representante da *Confederación Nacional de Maestros* e participaba na redacción do único diario profesional del magisterio de Cuenca, titulado *Magister*. En 1933 exerceu como inspector de Primeiro Ensino en Lugo durante pouco tempo.[1979] Unha vez incorporado a este destino escribiu un artigo enxalzando a importancia de que os inspectores e os mestres tiveran contactos frecuentes.[1980] Acerca disto, segundo o Decreto do 2 de decembro de 1932, todos os inspectores tiñan que facer dúas reunións anuais con todos os mestres do Concello, unha ao comezo de cada curso escolar e outra ao rematar todas as visitas aos centros escolares.[1981] O 25 de agosto de 1934 participou nas *Misións Pedagóxicas*, visitando Mariana e outras aldeas da provincia de Cuenca.

[1975] En Joaquín García Ojeda, "Expediente de Joaquín García Ojeda" (Madrid: AGA-ACME. Sinatura: 16697 sig. Topográfica 32/51).

[1976] Ídem.

[1977] Vide Juan Peralta Juárez, *Daniel Calvo Portero. Un luchador incansable en defensa del magisterio* (Varios. 2022).

[1978] En Clotilde Navarro García, "La preocupacion educativa en un periodico hecho por maestros", *Revista Interuniversitaria de Formación del Profesorado*, Nº15 (1992): 164.

[1979] En Daniel Calvo, "Informe Daniel Calvo sobre a creación da escola na parroquia de Coeo-Quintela" (Lugo: APL. Sinatura: 1200-01, 1933).

[1980] Vide Decreto do 2 de decembro de 1932, pola que se reforma a inspección profesional.

[1981] En Daniel Calvo, "Inspección provincial de 1ª enseñanza", *Vida Escolar*, Nº 317, ano VII (1933): 6.

Ilustración 98. Daniel Calvo Portero ("Número especial sobre a Semana Pedagóxica Lucense", ***Vida Escolar*****)**

A súa depuración

Despois da Guerra Civil, Daniel Calvo estivo sometido ao proceso de *depuración*. Consecuentemente abríuselle un expediente disciplinario e foi apartado do servizo como inspector de ensinanza primaria da provincia de Cuenca. Os cargos que se lle imputaron foron: ser fundador e director do *Heraldo de Cuenca*, facer propaganda do marxismo, ser presidente da FETE e do *Socorro Rojo Internacional*.[1982] Despois de ser xulgado polo tribunal militar, foi condenado a unha pena de 30 anos de reclusión maior e accesorias. O 22 de decembro de 1950 rematou de cumprir a condena ditaminada, cancelando así os antecedentes penais.

O día 3 de abril de 1951 solicitou a *revisión do expediente* de depuración. Despois de cumprir a condena, o propio tribunal militar manifestou que Daniel Calvo non pertenceu a ningún partido político, dedicándose plenamente a súas ocupacións profesionais e respectando as leis: un testemuño canto menos incoherente coa sanción imposta e cumprida. Segundo a súa defensa aínda que foi esquerdista, nunca participou en actos delituosos nin vandálicos durante o levantamento militar, mantendo unha conduta moral, social e relixiosa correcta. Grazas a esta boa actitude social e política foi readmitido no servizo público, pero con traslado fóra da provincia de Cuenca durante cinco anos e inhabilitado para ocupar cargos directivos e de confianza. Esta decisión e o respectivo reintegro laboral foi acordado o 5 de marzo de 1958.[1983] Finalmente, en 1963 foi inspector de Albacete, xubilándose no ano 1972.[1984]

4.3.10.13. José María Díaz y Díaz Villamil

Convén expoñer os datos referidos a José María Díaz y Díaz Villamil, o único inspector que traballou en Lugo que foi *asasinado*, segundo as fontes militares franquistas.[1985] Naceu na localidade de Cerdeiral, no concello de A Pontenova da provincia de Lugo. Máis tarde, estudou maxisterio e ingresou no corpo de mestres nacionais, traballando no *Colegio de Vilameá* na comarca da Mariña Oriental. Tamén estudou a carreira de Dereito, chegando a exercer como avogado. Despois ocupou a praza de inspector na provincia de Lugo. A pesar disto non chegou a exercer no ensino. Debido ao seu carácter reivindicativo e crítico, foi nomeado como Presidente da *Sociedad de Estudiantes de Derecho*, responsabilidade pola que durante o Goberno de

[1982] Este servizo social foi creado en 1922 pola *Internacional Comunista* para realizar entre outras accións apoio aos aos prisioneiros comunistas.

[1983] En Judgado Superior de Revisións, "Expediente de Depuración de Daniel Calvo Portero" (Madrid: AGA-ACME. Caja: 31-19603, 5589, 1958).

[1984] Daniel Calvo Portero, "Dicen los Redactores de Magister", *Magister*, Nº 53 (1931): 3

[1985] Vide María Jesús Souto Blanco, *La represión franquista en la provincia de Lugo (1936-1940)* (A Coruña: Ediciones Do Castro, 1998).

USC DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Primo de Rivera sería represaliado. Tamén foi militante da *Izquierda Republicana* dende 1934, razón pola que máis tarde foi preso no cárcere en Madrid.[1986]

A súa traxectoria política

José María Díaz dedicou gran parte da súa vida á política. Chegou a ser gobernador civil de Huesca, Málaga, Zaragoza e Lugo (interino). Tamén foi membro da *Federación Republicana Gallega* e da ORGA. De ideoloxía esquerdista, asinou o "Pacto de Barrantes" en 1929.[1987] Este documento identificaba ao centralismo político como causa dos principais problemas e a raíz das dificultades en Galicia. Nestes anos, o galeguismo e o republicanismo uníronse para reclamar a autonomía administrativa e política. É necesario ter en conta que os gobernos estatais acumulaban unha cadea de erros bastante importantes: mala administración, desastres coloniais, inestabilidade política, confrontación *cronificada* e falta de vertebración do Estado.[1988] Ademais de inspector de ensino primario, José María Díaz traballou como avogado en Lugo e Vilalba. En 1934, tamén organizou a Asemblea Rexional lucense. Nas eleccións de febreiro de 1936 foi elixido como Deputado pola provincia de Lugo pola Fronte Popular. Tamén ocupou o cargo de gobernador civil de xeito interino.

Ilustración 99. José María Díaz y Díaz Villamil[1989]

A súa depuración

Este foi o inspector que traballou na provincia de Lugo que tivo un desenlace máis tráxico no período estudado (1900-1936). Pero relatemos os feitos, co estalido da Guerra Civil en xullo de 1936, este home organizou unha pequena resistencia xunto Rafael de Vega Barrera e Jacinto Calvo.[1990] Logo escapou a zona de Ribadeo e aos poucos entrou en terras asturianas. En 1936, tras un tempo fuxido foi finalmente asasinado en Taramundi.[1991] Un dos seus familiares foi David Labrador, mestre en A Pontanova que tamén foi acusado de rebelión militar e executado.[1992]

[1986] En Antón Costa Rico e Uxía Bolaño Amigo, "Represión política e castigo do profesorado republicano na provincia de Lugo. As consecuencias do 36", *Sarmiento*, Nº 21 (2017): 116.

[1987] En Álvarez Tardío y Villa García, *Nuevos estudios sobre la Cultura Política en la II República Española 1931-1936* (Madrid: Dykinson, 2011), 34.

[1988] Vide José Ortega y Gasset, *España invertebrada* (Madrid: El arquero, 1966).

[1989] En Arquivo Histórico Diputados, "José María Díaz y Díaz Villamil", *Wikipedia*, extraida o 20 de febreiro de 2025 de: https://es.wikipedia.org/wiki/Jos%C3%A9_Mar%C3%ADa_D%C3%ADaz_y_D%C3%ADaz-Villamil.

[1990] En Carlos Fernández, *Alzamiento y guerra civil en Galicia (1936-1939) II* (A Coruña: Ediciós do Castro, 2000), 981.

[1991] Vide María Jesús Souto Blanco, *La represión franquista en la provincia de Lugo (1936-1940)* (A Coruña: Ediciones Do Castro, 1998).

[1992] En Antón Costa Rico e Uxía Bolaño Amigo, "Represión política e castigo do profesorado republicano na provincia de Lugo. As consecuencias do 36", *Sarmiento*, Nº 21 (2017): 116.

4.3.10.14. Jacinto Ruiz Santiago

Por último convén poñer de manifesto os datos referidos a Jacinto Ruiz Santiago. Este inspector naceu en Málaga en 1898, posteriormente estudou maxisterio e máis tarde na EESM. Mediante este organismo ingresou en 1924 na inspección de primeira ensinanza. O seu primeiro destino foi a provincia lucense, onde permaneceu dende maio de 1924 a outubro de 1927.[1993] En Lugo ocupouse do reparto da *cartilla militar* anual de 1924, 1925 e 1926.[1994] Despois de case tres anos nesta provincia a administración concedeulle o traslado a Cuenca, ás Palmas de Gran Canaria e finalmente a Málaga.[1995]

Na súa folla de servizos expedida en Lugo o 2 de marzo de 1925 consta que era mestre superior e mestre normal da Sección de Ciencias de Primeira Ensino. Igualmente, tiña aprobados os estudos de Náutica e por aquel entón cursaba a carreira de Perito Mecánico e Electricista. Tamén obtivo o premio extraordinario na disciplina de Mecánica Aplicada pola *Escuela Industrial de Madrid*. Así mesmo, contaba cun diploma ou certificado de aptitude de axundante de Enxeñeiro Mecánico, expedido polo Centro Internacional de Ensino da *International Correspondence School de Scranton* (Pensilvania, EE.UU.).[1996]

A súa depuración

Jacinto Ruiz foi depurado pola *Junta Técnica del Estado,* que o separou do servizo o 2 de decembro de 1937.[1997] Como funcionario tamén foi acusado de: manter unha conduta antirrelixiosa, cooperación cos ambientes revolucionarios, afiliación ao partido da Fronte Popular, afinidade coa revolución de outubro de 1934 e infraccións de tipo moral no Orfanato de Torremolinos como director do mesmo. Consecuentemente foi apartado do seu cargo segundo a Orde Ministerial do 3 de marzo de 1940.[1998] En 1950 mantívose a sanción de: "traslado forzoso de cinco anos e inhabilitación para ocupar cargos directivos e de confianza".[1999] En marzo de 1957 foi readmitido no corpo de inspectores, exercendo a súa función na provincia de Cuenca ata 1963.[2000] O seu último

[1993] Tomou posesión o 7 de maio cun soldo anual de 4.000 pesetas. En Jacinto Ruiz Santiago, "Expediente personal del inspector de primera enseñanza Jacinto Ruiz Santiago", (Madrid: ACME-AGA, Sección: Educación, caixa: 40555).

[1994] En Fernando Ventajas Dote, "La depuración franquista de la Inspección de Primera Enseñanza en Málaga: el caso del fuengiroleño Jacinto Ruiz Santiago (1898-1988)", *Isla de Arriarán: revista cultural y científica,* Nº 42 (2015): 603-653.

[1995] En Real Orde do 10 de outubro de 1927, *Gaceta* do 18 de outubro de 1927.

[1996] Tomou posesión o 7 de maio cun soldo anual de 4.000 pesetas. En Jacinto Ruiz Santiago, "Expediente personal del inspector de primera en señanza Jacinto Ruiz Santiago", (Madrid: ACME-AGA, Sección: Educación, caixa: 40555).

[1997] Cómpre sinalar que este inspector tamén foi sancionado polo goberno republicano por ser partidario do levantamento militar dirixido por Franco. En Luis Batanaz Palomares, *La inspección de primera enseñanza durante la guerra civil y el primer franquismo* (Córdoba: Servizo de Publicacións da Universidade de Córdoba, 2011), 30-48.

[1998] Este inspector abandonou o seu destino, segundo o artigo número 171 da Lei de Instrución Pública do 9 de setembro de 1857. En *BOE* do 4 de abril de 1940.

[1999] En Jacinto Ruiz Santiago, "Expediente de Jacinto Ruiz Santiago" (Madrid: ACME-AGA. Sinatura: 83716-4477).

[2000] En Fernando Ventajas Dote, "La depuración franquista de la Inspección de Primera Enseñanza en Málaga: el caso del fuengiroleño Jacinto Ruiz Santiago (1898-1988)", *Isla de Arriarán: revista cultural y científica,* Nº 42 (2015): 603-653.

destino como inspector foi en As Palmas de Gran Canaria, onde traballou dende 1963 ata 1968.[2001] Finalmente Jacinto Ruiz finou en Madrid o 20 de febrero de 1988.

4.3.11. O proceso de depuración dos inspectores e inspectoras coa chegada da Guerra Civil

Ao longo do século XIX, a historia nacional caracterizouse por ter unha *feble unión social e política*. Segundo Ortega y Gasset, España atopábase *invertebrada* e frecuentemente desunida, característica que se agudizou nos primeiros decenios do século XX, especialmente a mediados dos anos trinta.[2002] A nivel educativo existía unha notable carencia dunha infraestrutura escolar estable e unha falta de continuidade dos programas de renovación pedagóxica aplicados a nivel nacional. É aquí un dos problemas de fondo históricos máis importantes do noso País,[2003] un déficit que foi combatido polos plans republicanos na implantación dunha "democracia escolar".[2004]

En efecto, os problemas sociopolíticos *cronificados* na sociedade española co tempo desembocaron na Guerra Civil, circunstancia que puxo fin a un conxunto de reformas de modernización escolar comezadas en 1900 coa creación do *Ministerio de Instrucción Pública.* Durante a posguerra, Franco desmantelou case por completo o desenvolvemento dos servizos educativos e sociais republicanos, desviando os recursos cara outros campos.[2005] Así, os plans trazados polo goberno da Segunda República nas cuestións educativas foron truncados no período posbélico. Non obstante, durante os anos que durou o período republicano, melloraron as condicións laborais dos mestres e inspectores e a súa reputación social.[2006]

A depuración levada a cabo polo goberno de Franco na provincia de Lugo aos inspectores e inspectoras considerados "desleais".

Na provincia de Lugo, nos primeiros meses do conflito bélico produciuse un enorme medo na poboación: "Aumenta o número dos feixistas armados; agora hai moitos nas aldeas. Apesares de que non teñen nemigo enfrente fan un gasto terrible de medo".[2007] Ao pouco tempo o chamado bando nacional comezou a realizar unha *contrarreforma* da obra educativa republicana.[2008] Progresivamente foise instaurando un novo modelo educativo composto por un *binomio entre o catolicismo e o*

[2001] En "Expediente personal del inspector Jacinto Ruiz Santiago" (Madrid: ACME. AGA, Administración. Secc. Educación, caja 40555).

[2002] Analogamente consultamos a obra de José Ortega y Gasset, *España Invertebrada* (Madrid: Revista de Occidente, 1967).

[2003] Vide José Ortega y Gasset, *España invertebrada* (Madrid: El arquero, 1921).

[2004] Concepto que apareceu previamente en Francia coa publicación dunha serie de textos de Adolphe Ferriere, a partir de 1921 Ferriére (1982), 119-123. Este sentir foi estudado noutros países con gran forza e de xeito paralelo. Vide Adolphe Ferriére, *La escuela activa* (Barcelona: Herder, 1982).

[2005] En efecto, a Guerra e o período de posguerra frearon parte do progreso educativo, desviando a atención administrativa cara o campo militar.

[2006] Sobre temas tratados en De instrución, "La Semana Pedagógica Lucense", *El Progreso,* Lugo, 23 de xuño de 1933.

[2007] En José Ramón Fernández Oxea, *Ben Cho Shey. Diario de Lugo 1936* (Lugo: Deputación de Lugo, 2024), 21.

[2008] A provincia luguesa foi unha zona dominada por completo polo Goberno de Franco sen apenas resistencia. Na súa capital, ao igual que no resto de provincias nacionais, a partir do 1 de outubro de 1936, iniciouse a campaña de selección ideolóxica da Administración educativa denominada "depuración".

nacionalismo.[2009] O Estado viu na Igrexa e no *Partido Único*,[2010] os fundamentos ideolóxicos ideais para soster unha escola moral tradicional e conservadora, identificando a educación cos valores relixiosos e políticos nacionalistas.[2011] O proceso bélico e as súas repercusións para a inspección do ensino primario foron estudados pormenorizadamente por Batanaz Palomares na súa obra titulada: *La inspección de primera enseñanza durante la guerra civil y el primer franquismo*.

En primeiro lugar, a vitoria dos golpistas veu acompañada dunha íntegra *reforma na lexislación*, parte desta nova normativa regulou a depuración administrativa.[2012] Entre as distintas leis que conformaron este proceso de selección sobresaían: a Circular do 7 de decembro de 1936, pola cal se daban as orientacións aos presidentes das comisións depuradoras.[2013] Tamén convén sinalar a relevncia do Decreto do 31 de xullo de 1936 pola cal se produciron as primeiras destitucións, levando a cabo unha selección de mestres e inspectores segundo os principios ideolóxicos.[2014] A través desta normativa, nos anos 1936 e 1937 en Galicia foron sancionados dezasete inspectores do ensino primario. O "tren lexislativo franquista" tiña entre as súas prioridades rematar co sistema educativo republicano, facendo unha considerable e consistente purga.[2015] Outro Decreto importante foi o do 5 de abril de 1938 que regulou a eliminación do dereito a inmobilidade dos inspectores, un tema historicamente polémico e controvertido.[2016]

En segundo lugar é preciso considerar que mentres a inspección en Europa xa tiña unha boa consideración. Pero o 18 de xullo de 1936 establecíase en España un *proceso de depuración* dos inspectores de ensino, aspecto que significou a ruptura da unidade do corpo da inspección nacional. A tenor dos informes analizados, a depuración desta provincia baseábase principalmente: na afinidade política, na conduta pública, na actividade social e nos cargos políticos e sindicais ocupados con anterioridade. Ademais, o goberno golpista condenou e perseguiu o laicismo, a masonería e os cambios introducidos indirectamente pola ILE como: a liberdade de conciencia, a laicidade e a coeducación. Tomando en consideración estes datos, estableceuse un período de retroceso e represión importantes.

Na provincia de Lugo, cabe sinalar a presenza dunha depuración enfocada nos cargos públicos, onde as *medidas represivas* máis empregadas foron catro: separación do cargo, depuración, represalia e sanción. Así, os inspectores foron sometidos a un proceso de revisión ideolóxica e xudicial ante un tribunal que dictaminaba sentenzas, recoñecendo ou non a súa idoneidade. En especial, atopamos o caso dos inspectores depurados que traballaron en Lugo Joan Comas Camps, José Galera Moreno e Luis Soto Menor; acusados de pertenza a grupos políticos inimigos ou contrarios a Franco.

[2009] En Antonio Molero Pintado, "Estudio Preliminar" *Historia de la Educación en España. La Educación durante la Segunda República y la Guerra Civil, 1931-1939* (Madrid: Ed. Ministerio de Educación y Ciencia, Col. Breviarios de Educación, Tomo IV, 1991), 119-125.

[2010] En Pierre Malerbe e outros, *La crisis del Estado: Dictadura, República, Guerra (1923-1939)* (Barcelona: Labor, 1989), 345-351.

[2011] En Manuel Puelles Benítez, *Educación e ideología en la España contemporánea* (Barcelona: Labor, 1986), 386.

[2012] En Alicia Alted Vigil, *Política del Nuevo Estado sobre el Patrimonio Cultural y de la Educación durante la guerra civil española* (Madrid: Dirección Xeral de Belas Artes e Arquivos, 1984), 167-175.

[2013] En *BOE* do 10 de decembro de 1936.

[2014] En *Gaceta de Madrid* do 2 de agosto de 1936.

[2015] En Domingo Muñoz Marín, *La Inspección de Enseñanza Primaria durante el franquismo (1936-1975)* (Murcia: Universidade de Murcia, 1994), 67-77.

[2016] En *BOE* do 7 de abril do 1938.

Con base nisto, a avaliación negativa de Luis Soto non permitiu a este inspector continuar co seu cargo, o que levouno a dedicarse a outros exercicios de carácter privado: como xa dixemos, impartir clases particulares e exercer como representante de produtos alimenticios (marmelo).[2017]

Para facerse unha idea da envergadura da do proceso de depuración, cómpre ter en conta que do escalafón de 1943 foron depurados cinco dos sete inspectores destinados en Lugo.[2018] O restante cadro de persoal non sancionado ou perseguido que estivo traballando na provincia lucense estaba constituído por dous.[2019]

Ilustración 100. Un dos inspectores depurados: Joan Comas Camps[2020]

O proceso de depuración da ensinanza primaria levada a cabo na provincia lucense foi controlada pola *Junta de Defensa Nacional* e a *Comisión de Cultura* e *Enseñanza de la Junta Técnica del Estado*.[2021] Nun primeiro momento constituíuse unha *Comisión de Depuración Provincial*,[2022] organismo controlado pola *Comisión de Cultura*.[2023] Unha das decisións máis polémicas e importantes foi a substitución do xefe de Inspección Luis Soto Menor por Joaquín García Ojeda. O Decreto do 8 de novembro de 1936 regulou os niveis e comisións de depuración do persoal docente dos centros oficiais de todos os niveis educativos.[2024] Neste proceso o inspector Joaquín García foi o secretario da *Comisión de Depuración.* Este organismo actuou seleccionando o grao de idoneidade dos inspectores para ocupar o cargo.

O día 2 de outubro, no *BOE* publicáronse as primeiras depuracións anunciadas baixo o título de: "Suspensión de emprego e soldo".[2025] Ante esta situación algúns inspectores que traballaron nesta provincia optaron por tomar o camiño do exilio como Joan Comas Camps e Carmen Muñoz Manzano. Deste xeito evitaron someterse ao

[2017] Vide María Dolores Seijas Soto, *El maestro de Zaín* (Madrid: San Lorenzo del Escorial, Edicións Libertarias, 2009).

[2018] En Luis Batanaz Palomares, *La inspección de primera enseñanza durante la guerra civil y el primer franquismo* (Córdoba: Servizo de Publicacións de la Universidade de Córdoba, 2011), 198-205.

[2019] Ubaldo naceu en Burgos o 16 de maio de 1905, foi mestre nacional con destino en Ávila número 225 e ingresou por oposición no corpo de inspectores no posto número 1, o 19 de novembro de 1932. Cita textual extraída do Informe persoal correspondiente a Ubaldo Ruiz Tablado, audio e 2 cuartillas persoais. Segundo as fontes locais era a persoa de maior altura física que se coñecía en Lugo durante a época e tiña unha gran cultura. En J. A. Jiménez Eguizábal, "Etnohistoria y política educativa. Repensando el sujeto y las fuentes". *www.scielo.org.com*, (2018) 1.

[2020] En Cincuenta años del exilio español en la UNAM.

[2021] Regulada no Decreto do 29 de setembro de 1936, publicado no *BOE* do 30 de setembro de 1936.

[2022] A comisión destinada a depurar aos inspectores na provincia de Lugo estaba formada por un Presidente, un director do instituto de ensinanza media, un secretario (o inspector Joaquín García Ojeda), tres vocais, un inspector de Primeira Ensinanza, o Presidente da Asociación de Pais de Familia e unha persoa de "solvencia social recoñecida".

[2023] Este proceso estivo regulado mediante a Lei da Xunta Técnica do Estado do 1 de outubro de 1936.

[2024] O primeiro nivel foi o encargado de depurar ao persoal universitario, o segundo nivel ocupouse da depuración do persoal de escolas de enxeñeiros e arquitectos, o terceiro atopábase reservado para os profesionais da ensinanza incluíndo aos inspectores e administrativos. Por último, o quinto nivel depuraba ao Maxisterio. Vide Decreto do 8 de novembro de 1936.

[2025] En *BOE* do 2 de outubro de 1936.

proceso de depuración e ao correspondente expediente de regulación.[2026] A pesar disto, ámbolos dous inspectores foron separados do seu cargo e perseguidos para ser sancionados.[2027] O réxime golpista implantou unha educación *nacionalcatolicista* nas escolas.[2028] En consecuencia, ensinanza católica declarouse obrigatoria nos centros educativos a través da ensinanza da *Religión e Historia Sagrada*. Ademais, mediante a Comisión de Cultura e Ensinanza, o Goberno Franquista desenvolveu cursos, de dúas semanas de duración nas capitais de provincia, para restablecer os hábitos relixiosos e reparar o dano que causaron os republicanos.[2029]

> El estudio detallado de la confrontación ideológica entre el Estado y la Iglesia, sobre todo por el forcejeo entre los grupos conservadores y liberales, condicionan muchas acciones profesionales de los inspectores, obligados por la disciplina funcionarial a seguir una línea de trabajo establecida.[2030]

O goberno golpista purgou a un total de doce inspectores e inspectoras que estiveron destinados en Lugo. Moitos destes homes e mulleres estudaron coa JAE e participaron nas *Misiones Pedagógicas*. En concreto, entre os inspectores e inspectoras sancionadas atopábanse varios integrantes da promoción de 1935 da EESM. Destes doce inspectores, dous participaron nas Misións Pedagóxicas, o que supón o 16,6%. A continuación preséntase a relación de inspectores sancionados polo franquismo na provincia luguesa atópanse recollidos no seguinte cadro.[2031]

Cadro 58. Inspectores con destino en Lugo sancionados polo franquismo (incluíndo dous exiliados)

Data	Nome	Apelidos	Provincia	JAE	Misións pedagóxicas.
1933	Carmen	Muñoz Manzano	Lugo	non	Si
1937	José	Galera Moreno	Lugo	Si	Non
1937	Carmen	Castilla Polo	Lugo	Si	Non
1937	Jacinto	Ruiz Santiago.	Lugo	Si	Non
1939	Juan	Comas Camps	Madrid	Si	Non
1939	Luís Jorge	Téllez de Menenses	A Coruña	non	Non
1936	José R.	Fernández Ojea	Lugo	non	Non
1942	José	Peso y Sevillano	Lugo	Si	Non
1939	Elisa	Rodríguez Estévez	Lugo	non	Non
1945	Luis	Soto Menor	León	non	Non
1939	Ubaldo	Ruiz Tablado	Lugo	non	Si
1936	José Mª.	Díaz y Díaz Villamil	Lugo	non	Non

Fonte: Elaboración propia. Para Carmen Muñoz Manzano en J . M. J. / C. F. Ribeira, "Fallece la vida de Rafael Dieste", *La voz de Galicia,* abril-2002, extraído o 13 de abril de 2002 de: http://www.lavozdegalicia.es/hemeroteca/2002/04/13/1046341.shtml; para José del Peso y Sevillano en "Expediente de José del Peso y Sevillano" (Madrid: ACME-AGA.

[2026] Unha vez abertos os expedientes de depuración eran emitidos á Comisión de Cultura e Ensinanza. Dende 1938, os expedientes pasaron ao Ministerio de Educación Nacional. A Lei do 10 de febreiro de 1939 creaba a Comisión Superior Ditaminadora das depuracións, segundo a Orde do 18 de marzo de 1939. Este organismo foi o encargado de examina e resolver os expedientes acumulados.

[2027] A maioría dos expedientes dos inspectores de primeira ensinanza atópanse no Arquivo Central do Ministerio de Educación (ACME) e no Arquivo Xeral da Administración (AGA). Algún documento non puido ser consultado por limitacións legais. A pesar disto, están recollidos os nomes nas resolucións e propostas da Comisión Superior Ditaminadora dos Expedientes de Depuración do Ministerio de Educación nacional de 1942. Estes documentos están actualmente arquivados no ACME.

[2028] En Alicia Alted Vigil, *Política del Nuevo Estado sobre el Patrimonio Cultural y de la Educación durante la guerra civil española* (Madrid: Dirección Xeral de Belas Artes e Arquivos, 1984), 158-159.

[2029] Vide *BOE* do 24 de setembro de 1936 publica a Orde 21 de setembro de 1936.

[2030] En Antonio Molero Pintado, "Trayectoria Histórica del Servicio de Inspección", *Estudios históricos sobre la inspección Educativa* (Madrid: 1996), 232.

[2031] Probablemente os tres sancionados polo goberno republicano foran tamén castigados polo goberno franquista.

Sinatura: 083713-2576); en José Galera Moreno, "Expediente de José Galera Moreno" (Madrid: ACME-AGA, Sinatura: 018462-0075); para Luís Jorge Téllez de Meneses en Batanaz e Ubaldo Ruiz Tablado en Luis Palomares, *La inspección de primera enseñanza durante la guerra civil y el primer franquismo* (Córdoba: Servizo de Publicacións da Universidade de Córdoba, 2011) 198-205; para Joan Comas Camps en Carmen Ortiz García e Luis Ángel Sánchez Gómez, *Diccionario histórico de la antropología española*, (Madrid: Edit. Consejo Superior de Investigaciones Científicas, 1994), 208; para Elisa Rodríguez Estévez en "Expediente de Elisa Rodríguez Estévez" (Madrid: ACME-AGA: 083710-05663); en Luis Soto Menor, "Expediente de Luis Soto Menor" (Madrid: ACME-AGA: 083711-797); e en Antón Costa Rico e Uxía Bolaño Amigo, "Represión política e castigo do profesorado republicano na provincia de Lugo. As consecuencias do 36", en *Sarmiento,* Nº 21, (2017): 116.

É interesante analizar a relación entre os inspectores represaliados por Franco e a súa vinculación coa ILE e a Segunda República. Así, cinco dos doce inspectores sancionados en Lugo estiveron pensionados coa JAE, o que supón o 41,6%. Ademais, o 66,6% destes homes e mulleres que estudaron na EESM foron castigados.[2032] Estas porcentaxes tan elevadas indican unha relación significativa e lóxica. Convén ter en conta que a ILE introduciu en España xeitos de pensar incompatibles cos ideais do goberno de Franco como: o laicismo escolar, a coeducación ou a supremacía da ciencia. Un exemplo desta *anticonfesionalidade* foi o caso do inspector José Galera Moreno, que tratou a importancia da renovación pedagóxica de España e a aplicación da laicidade.[2033] A continuación, o seguinte cadro achega os nomes dos sancionados que obtiveron unha bolsa coa JAE.

Cadro 59. Inspectores de Ensino Primario depurados polo franquismo que estiveron en Lugo e viaxaron coa JAE

Nome	Apelidos	Destino	Sinatura e separación.	JAE
Juan	Comas Camps	Lugo	Exiliado	Si
José	Del Peso y Sevillano.	Lugo	083713-2576	Si
José	Galera Moreno	Lugo	018462-0075	Si
Ruiz Santiago	Jacinto	Lugo	83716-4477	Si
Castilla Polo	Carmen	Madrid e posteriormente Lugo (1947)	21806-005	Si

Fonte: Elaboración propia. En Elisa Rodríguez Estévez, "Expediente de Elisa Rodríguez Estévez", (Madrid: ACME-AGA 083710-05663); en José del Peso y Sevillano, "Expediente de José del Peso y Sevillano", (Madrid: ACME-AGA. Sinatura: 083713-2576); en José Galera Moreno, "Expediente de José Galera Moreno", (Madrid: ACME-AGA. Sinatura: 018462-0075); para Luís Jorge y Téllez de Menenses, *BOE* do 11 de maio de 1939; Jacinto Ruiz Santiago, "Expediente de Jacinto Ruiz Santiago", (Madrid: ACME-AGA. Sinatura: 83716-4477); en Luis Soto Menor, "Expediente de Luis Soto Menor" (Madrid. ACME-AGA. Sinatura: 083711-797); e en Carmen Castilla Polo, "Expediente de Carmen Castilla Polo" (Madrid: ACME-AGA. Sinatura: 21806-005).

Convén rememorar que o servizo de inspección sempre estivo vinculado á política, xa que dende os seus inicios este servizo público obedecía principalmente a razóns partidistas e fiscais. Esto pode explicar a excesiva función burocrática e auditora, que foi máis aguda nos períodos de goberno ditatoriais. Ademais a multiplicación constante da normativa e documentación enquistou en parte e función técnica deste organismo, xa

[2032] En Luis Batanaz Palomares, *La inspección de primera enseñanza durante la guerra civil y el primer franquismo* (Córdoba: Servizo de Publicacións de la Universidade de Córdoba. 2011), 48-50.

[2033] En José Galera Moreno, "Columna vertebral de acero", *Vida Escolar,* Nº 336, ano VII (1933): 19.

que os inspectores estaban en gran parte ocupados na vixianza e na fiscalización das escolas. Pola contra, grazas aos influxos da ILE e o republicanismo, posteriormente demandouse un perfil de inspector máis técnico, como xa analizamos anteriormente. Sobre todo no primeiro bienio da Segunda República valorouse máis a faceta pedagóxica, a pesar de que a función de orientación escolar estivo infravalorada no século XIX e primeiros anos do século XX. Con todo, este tema estivo condicionado pola falta de recursos, xa que a falta de persoal fixo que non se fixeran as visitas regulares aos centros. Isto tamén impediu un apoio pedagóxico axeitado aos equipos directivos e aos mestres. Ante esta situación, os inspectores destinados en Lugo reivindicaron a necesidade de levar a cabo un proceso de modernización da inspección, da escola e das institucións ligadas a ela na provincia luguesa. Alén disto, cómpre ter en conta que o goberno franquista tamén depurou inspectores e profesores de ensino medio e profesional que estiveron destinados na provincia de Lugo. A continuación preséntase un cadro co respectivo persoal sancionado.

Inspectores e profesores de ensino medio e profesional sancionados polo Goberno Franquista que estiveron destinados na provincia de Lugo.	
PROFESORES DE INSTITUTO.	**Pseudónimo**
Celestino Noya.	
G. Albarrán Puent.	
José Mª Font Tullot.	
Emilio Ceide Vilar.	
Camilo Chousa López (represaliado en Málaga) Chegou a ser alcalde de Antequera en 1935 e a crear unha Biblioteca.	Chousa
PROFESORES DE ESCOLAS NORMAIS.	
Narciso Aloguín	
PROFESORES DE ESCOLAS_DE TRABALLO E DE ARTES DE OFICIOS.	
José Fernández Pimentel.	
INSPECTORES DE ENSINO PRIMARIO.	
Luis Soto Menor.	O mestre de Zaín
José Galera Moreno.	
Joan Comas Camps	
José del Peso y Sevillano	
Luís Jorge y Téllez de Meneses	
Elisa Rodríguez Estévez	
Jacinto Ruiz Santiago	
Carmen Castilla Polo	
Carmen Muñoz Manzano	
Ubaldo Ruiz Tablado	
José María Díaz y Díaz Villamil	
José R. Fernández Ojeda	Ben Cho Shey

Fonte: En Luis Batanaz Palomares, *La inspección de primera enseñanza durante la guerra civil y el primer franquismo,* (Córdoba: Servizo de Publicacións de la Universidade de Córdoba, 2011) 198-205; e Antón Costa Rico e Uxía Bolaño Amigo, "Represión política e castigo do profesorado republicano na provincia de Lugo. As consecuencias do 36", *Sarmiento,* Nº 21, (2017): 101-118.

A masonería

Durante a guerra e a posguerra, tamén perseguiuse o movemento da masonería. Na provincia lucense, as principais loxas masónicas eran: *Lucus* de Lugo e o *Triángulo Fraternidad Humana Nº 75* de Viveiro. Estas organizacións disolvéronse e os seus integrantes foron represaliados, entre eles atopábase o docente Bonifacio González

Pedre,[2034] e os inspectores José del Peso e José Galera.[2035] Este último, ademais era militante do partido de *Izquierda Republicana*. En relación con esta loxa, o avogado Alfonso Santos Alonso afirmaba:

> A masonería substenta a doctrina máis perfecta de todas cantas profesan os homes (porque) a masonería exclúe totalmente ao fanático (que non fan as relixións). A Liberdade, a Igualdade e a Fraternidade, son antitéticas do fanatismo. A nosa Institución, ao sentar como postulado inconmovíbel a autoridade máxima da Razón na investigación científica, destrúe por completo o mórbido fanatismo e inmuniza ao individuo dos tóxicos da fe e do providencialismo que tantos estragos causaron e causan nas humanas conciencias. Así pois Venerábel Mestre e queridos irmáns... direi que: o mundo masónico clama universalmente pola luz; que de agora en diante as nosas loxias converteranse en escolas; o noso traballo deberá ser o estudio; o noso salario, a cultura (...).[2036]



El Excmo. Sr. Presidente de la Junta Técnica del Estado, con fecha 17 del actual, me comunica lo siguiente:

"Visto el expediente de D. JOSÉ GALERA MORENO, Inspector de Primera Enseñanza de Lugo, de conformidad con la propuesta de la Comisión de Cultura y Enseñanza y con arreglo a lo dispuesto en el Decreto de 8 de Noviembre último y Orden de 10 del mismo mes para su aplicación; esta Presidencia ha acordado la separación definitiva y la baja en el escalafón respectivo del referido Inspector= Dios guarde a V:E. muchos años= Burgos 20 de Marzo de 1937.= Fidel Dávila.= Rubricado.= Excmo. Sr. Presidente de la Comisión de Cultura y Enseñanza".

Lo que traslado a V.S. para su conocimiento, el del interesado y demás efectos.

Dios guarde a V.S. muchos años. Burgos 20 de Marzo de 1937.

EL VICEPRESIDENTE,

Ilustración 101. Separación definitiva de José Galera do cargo de inspector (expediente personal do Arquivo da JAE)

Respecto ao andaluz José del Peso estableceu vínculos cos círculos máis intelectuais e progresistas da cidade, ingresando na masonería. Razón polo que máis tarde sería perseguido. No momento do levantamento militar armado, estaba en Córdoba e foi xulgado polo *Tribunal Especial de Represión de la Masonería y el Comunismo*. A pesar desta persuasión política nun primeiro momento non foi separado do seu posto, superando favorablemente o expediente de depuración regulado na Orde do nove de xullo de 1936, por este motivo puido continuar ocupando o seu cargo ata 1942. Posteriormente foi separado do servizo,[2037] condenado a doce anos de prisión e inhabilitado para ocupar cargos públicos. Nunca volveu exercer como inspector.[2038]

En Lugo, moitas das publicacións educativas apoiaron ao réxime de Franco, entre elas rescatamos o periódico *La Voz de la Verdad* e a revista *Vida Escolar* lucense. Nunha portada desta última plataforma pode apreciarse no titular o unitarismo ideolóxico implantado polo franquismo, concretamente no número 519 do 3 de abril de 1937 publicaba o titular: "UNHA PATRIA: ESPAÑA.-UN CAUDILLO: FRANCO". É necesario ter en conta que descoñecemos si este artigo era publicado por afinidade ao Goberno ou por presións sociais e medo á censura. Probablemente esta última opción

[2034] En M. Fernández, "Masones que pertenecían al Triángulo Fraternidad Humana Nº 75", *La Voz de Galicia,* (dixital, 20 de maio de 2022) extraído de: https://www.lavozdegalicia.es/noticia/amarina/2022/05/18/gran-interes-documento-aparecio-viveiro-lista-miembros-masones-triangulo-fraternidad-humana-numero-75/00031652875826128228551.htm).

[2035] En Antón Costa Rico, *La educación en Galicia (1669-1970)* (A Coruña: Universidad de Santiago, 1999), 1058-1509.

[2036] En Alfonso Santos Alfonso, *La sublevación militar en Lugo* (Sada: E. do Castro, 1999), 242-243.

[2037] En *BOE* do sete de agosto de 1942.

[2038] En José del Peso y Sevillano, "Expediente de José del Peso y Sevillano" (Madrid: ACME-AGA. Sinatura: 083713-2576).

sexa a máis acertada dada a estrica normativa imposta nos anos do franquismo en España.[2039]

AÑO XI LUGO 3 DE ABRIL DE 1937 NUM. 519

Vida Escolar

SEMANARIO DEDICADO A LA DEFENSA DEL MAGISTERIO LUCENSE

Dirección y Admón Ruanueva 31, 2.º

FRANQUEO CONCERTADO

Precios de suscripción 12 pesetas año

Se publica los sábados

UNA PATRIA: ESPAÑA.-UN CAUDILLO: FRANCO

Ilustración 102. Alegoría ao réxime franquista (1937 na revista *Vida Escolar*)

Outros dous inspectores, que estiveron destinados en Lugo, depurados polo goberno golpistas foron Luís Jorge y Téllez de Meneses e Jacinto Ruiz Santiago, apartados dos seus traballos e sancionado tamén polo Goberno Republicano (dobremente sancionados). Posteriormente foron inhabilitados para ocupar cargos públicos e de confianza.[2040] En 1939 esta sanción sería retirada por considerala "inapropiada".[2041]

As mulleres inspectoras sancionadas en Lugo

En Lugo foron tres as *inspectoras sancionadas* no proceso de depuración posbélico: Carmen Muñoz Manzano, Carmen Castilla Polo e Elisa Rodríguez Estévez. En primeiro lugar falamos de Carmen Castilla que, a pesar que daquela aínda non chegara a Lugo, foi separada do servizo polo goberno da República o 12 de febreiro de 1937 e máis tarde represaliada polo Goberno o 13 de xaneiro de 1940:[2042] un dos poucos casos, xunto a Luís Jorge y Téllez de Meneses e Jacinto Ruiz Santiago, de dobre depuración de inspectores que estiveron traballando na provinca de Lugo.[2043]

[2039] O que si se pode constatar é que se aprecia unha proporción moi elevada de inspectores represaliados polo Goberno de Franco, ligados a súa maioría ao movemento pedagóxico internacional da Escola Nova e a ILE. Isto fai pensar que as novas teorías educativas que apostaban pola coeducación e o laicismo non tiñan lugar no caixón ideolóxico franquista.

[2040] Destitución levada a cabo segundo a Orde do 2 de decembro de 1937.

[2041] Vide Orde Ministerial do 4 de maio de 1939, *BOE* do 11 de maio de 1939. Pódese consultar dita anulación na Orde Ministerial do 31 de outubro de 1939, publicada ese mesmo ano no *BOE* do 7 de novembro de 1939.

[2042] En Luis Batanaz Palomares, *La inspección de primera enseñanza durante la guerra civil y el primer franquismo* (Córdoba: Servizo de Publicacións de la Universidade de Córdoba, 2011), 55-56.

[2043] Ídem, 35-48.

Outra inspectora destinada en Lugo sancionada por motivos políticos foi Carmen Muñoz Manzano, recoñecida como a muller de Rafael Dieste, debido á relevancia cultural do seu marido. Cando estalou a Guerra Civil o matrimonio atopábase en Madrid, cidade onde levaba a cabo tarefas culturais e pedagóxicas a prol da defensa da Segunda República. No conflito bélico nacional, o seu marido loitou no *Ejército del Este* e fundou *Hora de España*.[2044] Tras a caída de Cataluña ante os golpistas, os dous foron internados no campo de concentración de Saint Cyprien (Pirineos Orientais). En 1939 Carmen Muñoz tivo que ser hospitalizada debido ás feridas que sufriu durante un bombardeo onde faleceu unha amiga súa.[2045]

Posteriormente estiveron 22 anos exiliados en Francia, México, Inglaterra, Uruguay e Argentina. Neste último destino traballou para a editorial Atlántida. Residiron nas cidades de París, Bos Aires, Cambridge e Monterrey. Nesta última cidade impartiu clases no Instituto Tecnolóxico en México. No exilio relacionáronse cos exiliados Luís e Maruxa Seoane, Lorenzo Varela, Antonio Baltar e Mireya Dieste Fernández, Enrique Casal Chapí, Antonio Sánchez Barbudo, Arturo Serrano Plaja, Gabriel Zaid, Esther de Cáceres, Federico Lachica e Isaac Díaz Pardo, entre outros. En 1948 Carmen Muñoz viaxou a España para ver a súa familia. En 1958 morre a súa irmá Rosa e non pode acudir ao seu enterramento, circunstancia que lle afectou en consideración. Finalmente regresaron a Galicia en 1961 asentándose na localidade natal do seu marido: Rianxo.[2046] Puideron realizar este traslado grazas ao irmán maior de Carmen que era director xeral de Farmacéuticos Rurais de España.[2047]

A última das inspectoras analizadas que estivo destinada en Lugo e foi sancionada é Elisa Rodríguez Estévez. Esta muller foi condenada por Orde ministerial do 30 de decembro de 1939.[2048] Na sanción aplicada constaba a inhabilitación para exercer cargos directivos e de confianza.[2049] En 1941 realizouse unha revisión do seu expediente de depuración, posteriormente a *Comisión Superior Dictaminadora de Expedientes de Depuración* dictaminou: ausencia de fundamentos nas acusacións. Por este motivo, fóronlle retirados os cargos quedando libre de devandita sanción.[2050]

Aparte destas tres inspectoras de ensino primario que estiveron destinadas en Lugo, é preciso facer referencia a aquelas que naceron en terras luguesas e que traballaron fóra da súa provincia natal como inspectoras de ensino primario: María Victoria Díaz Riva (Oviedo) e Antonia Ortiz Currais (Ourense).[2051] Tendo en conta todo o anterior, agora procederemos á análise da depuración republicana que, aínda que foi menos

[2044] Pode consultarse esta revista na Hemeroteca Dixital da Bilioteca Nacional de España. Vide varios, *Hora de España*, (Madrid: Hemeroteca Dixital Biblioteca Nacional de España, extraído de: https://hemerotecadigital.bne.es/hd/es/card?sid=4393764).

[2045] Vide Emilio Oliva Fernández, *Carmen Muñoz Manzano y su tiempo (1906-2002): 60 (estudio)*, (Estremadura: Editora Rexional de Estremadura, 2021).

[2046] En Portela Yáñez, "Carmen Muñoz Manzano. Activista cultural nas dúas beiras do Atlántico", *Cultura galega*, extraído o 4 de febreiro de 2014 de: http://www.culturagalega.org/album/detalle.php?id=295.

[2047] En Carlos González de Rivera, "Publican una biografía sobre la figura de Carmen Muñoz", *El Correo Gallego*, extraído o 11 de outubro de 2023 de: https://www.elcorreogallego.es/tendencias/publican-una-biografia-sobre-la-figura-de-carmen-munoz-JJ10085149, 2022.

[2048] En Carmen Muñoz Manzano, "Acto cultural del grupo escolar Carmen de Burgos", *Luz*, Madrid, 10 de novembro de 1933.

[2049] Vide *BOE* do 22 de xaneiro de 1940.

[2050] En Elisa Rodríguez Estévez, "Expediente de Elisa Rodríguez Estévez" (Madrid. ACME-AGA 083710-05663).

[2051] No ano 1936 foi trasladada a Lugo por un corto período de tempo, xa que aos poucos foi depurada. En Rosa María Cid, "A primeira inspectora de ensino primario en Galicia comprometida coa ensinanza e defensora da educación da muller", *Eduga*, Nº 80, (decembro de 2020).

intensa en forma e número, tivo a súa presenza no persoal que traballou na provincia luguesa.

O proceso de depuración moral e simbólico levado a cabo polo Goberno Republicano.

Despois da sublevación militar do 18 de xullo de 1936 o Goberno Republicano realizou un proceso de depuración aos funcionarios "desleais", cesando a aqueles empregados públicos que foran partidarios do levantamento militar ou que se amoldaron aos criterios franquistas. Este proceso estivo regulado a través do Decreto do 21 de xullo de 1936. En Lugo foron destituídos por afinidade ao movemento franquista ou a Primo de Rivera dous inspectores: Jacinto Ruiz Santiago e Luís Jorge y Téllez de Meneses. Sucesivamente, o Goberno Republicano publicou o Decreto do 19 de setembro de 1936, que contemplaba o nomeamento de inspectores interinos para substituír a aqueles membros da inspección e docentes de primeira ensinanza sancionados.[2052] Esta consideración tivo en conta principalmente a participación co movemento sublevado, unha acción que era considerada incompatible co ingreso e a realización da función pública nos organismos oficiais republicanos. Unha vez identificados os inspectores desleais foron sometidos a un *procedementos sancionador* que só tiñan efectos morais e simbólicos, polo que comparando este proceso co levado a cabo polos golpistas, pode considerarse como unha "depurabranda", xa que non temos constancia de que se efectuara encadeamentos ou fusilamentos de mestres, tan só destitucións.[2053] Por este motivo, cómpre tomar en consideración como a represión republicana foi menor e menos intensa ca do Goberno Franquista, tanto a nivel cualitativo como cuantitativo. O seguinte cuadra recolle os inspectores represaliados polo Goberno Republicano e a sinatura da separación.[2054]

Cadro 60. Inspectores represaliados polo Goberno Republicano.			
Nome	**Apelidos**	**Destino**	**Separación**
Luís Jorge	Téllez de Meneses	Lugo	G 03/02/1937
Jacinto	Ruiz Santiago	Lugo	G 19/03/1937
Carmen	Castilla Polo	Lugo	G 12/02/1937

Fonte: Elaboración propia. En Luis Batanaz Palomares, *La inspección de primera enseñanza durante la guerra civil y el primer franquismo* (Córdoba: Servizo de Publicacións da Universidade de Córdoba, 2011), 30-48.

Ademais destes inspectores, en Lugo tamén foron destituídos polo Goberno Republicano os seguintes profesores de ensino secundario do Instituto de Lugo: Alfredo Rodríguez Labajo (Director e profesor de Matemáticas),[2055] Jesús Varela Novo (Secretario), Manuel Pérez Saavedra (profesor de Debuxo), Delio Mendaña Álvarez (profesor de Física e Química), Ramón Martínez López (profesor de Lingua Española), Antonio Respiro Díaz (profesor de Latín), Glicerio Albarran Puente (profesor de Francés), Antonio Roma Fábregas (profesor de Agricultura), Teófilo L. Pérez Cacho Villaverde (profesor de Matemáticas), José María Font Tullot (profesor de Ciencias

[2052] Proceso levado a cabo a través do Decreto do 21 de xullo de 1936. En *Gaceta de Madrid* do día 22 de xullo de 1936.

[2053] En José Ramon Fernández Oxea, *Ben Cho Shey, Diario de Lugo, 1936* (Lugo: Deputación de Lugo), 46.

[2054] En Luis Batanaz Palomares, *La inspección de primera enseñanza durante la guerra civil y el primer franquismo* (Córdoba: Servizo de Publicacións da Universidade de Córdoba, 2011), 30-48.

[2055] Vide Julio Reboredo, "Don Alfredo Rodríguez Labajo (1897-1968). Catedrático de Matemáticas, director del Instituto de Lugo e inspector de Enseñanza media", *Revista de la Asociación Nacional para la Defensa del Patrimonio de los Institutos Históricos*, Nº 0 (2014): 81-111.

Naturais) e Xosé Filgueira Valverde, un dos promotores da constitución da Dereita Galeguista que traballaba no Instituto de Lugo.[2056]

Segundo Batanaz Palomares, no espazo nacional en total entre o Goberno Republicano e o Franquista foron represaliados o 77,2% dos inspectores, que foron perseguidos ou sancionados por un ou por outro bando.[2057] Isto supuxo unha dura etapa social, profesional e económica para eles, que con frecuencia tiveron que vivir de actividades privadas. Para finalizar, cómpre sinalar a creación en 1942 do *Juzgado Superior de Revisiones* encargada de supervisar os expedientes sancionadores. Grazas a este organismo revisáronse moitos dos expedientes de depuración, "resolvendo" as graves acusacións e os castigos desproporcionados realizados con anterioridade polos gobernantes franquistas. En relación con isto, na provincia luguesa Antonio Rosón Pérez defendeu o bando falanxista en numerosos consellos de guerra, antes de ser nomeado delegado provincial de Educación.[2058]

Os inspectores e inspectoras nacidas en Lugo que foron represaliadas fóra da provincia lucense

Este apartado recolle o nome dos inspectores e inspectoras de primeira ensinanza nados na provincia de Lugo, que foron sancionados e que estiveron destinados fóra do territorio lugués: Victoria Díaz Rivas, José López Varela, Jesús Carballeira López e Manuel Maceda López. O seguinte cadro, ademais dos nomes recolle o destino dos inspectores, bolsa JAE, participación nas Misións Pedagóxicas e a sinatura do expediente de separación.

Inspectores lucenses depurados e destinados fóra de Lugo.				
Nome	**Apelidos**	**Destino**	**Sinatura e separación**	**JAE ou Misións pedagóxicas**
Victoria	Díaz Riva.	Málaga	Depuración Franco	Non
José	López Varela.	Pontevedra	ACME-AGA-83718-6044 Depuración República	Non
Jesús	Carballeira López.	En E. Nacional-Oviedo	ACME-AGA-83710-0398 Depuración Franco	Non
Manuel	Maceda López.	Ourense	ACME-AGA.083710-0084 Depuración Franco	Non

Fonte: Elaboración propia. En José López Varela, "Expediente José López Varela", (Madrid: Arquivo ACME-AGA. Sinatura: 83718-6044); en Jesús Carballeira López, "Expediente Jesús Carballeira López", (Madrid: Arquivo ACME-AGA. Sinatura: 83710-0398) e Luis Batanaz Palomares, *La inspección de primera enseñanza durante la guerra civil y el primer franquismo,* (Córdoba: Servizo de Publicacións da Universidade de Córdoba, 2011).

Un dos inspectores lucenses destinados fóra da súa provincia natal foi José López Varela, nado o dezanove de decembro de 1893. En 1932 ingresou mediante as oposicións na inspección do ensino primario, tomando como destino Pontevedra. A *Gaceta de la República* do 3 de febreiro de 1937 publicaba a sanción aplicada tralo

[2056] En Olegario Negrín Fajardo, "La depuración franquista del profesorado en los institutos de segunda enseñanza en España (1937-1943)". Estudio Cualitativo de Galicia, Sarmiento, Nº 10 (2006): 74.

[2057] En Luis Batanaz Palomares, *La inspección de primera enseñanza durante la guerra civil y el primer franquismo* (Córdoba: Servizo de Publicacións da Universidade de Córdoba, 2011) 30-48

[2058] En Pilar López e Mª Jesús Baz, "Una aproximación a Falange en la provincia de Lugo (1936-1942)", *A Patria enteira. Historia Política* (Santiago: USC, 2008), 200.

proceso de depuración.[2059] Finalmente, en 1939 foi separado do cargo e dado de baixa no seu *escalafón*.[2060]

Jesús Carballeira López

Outro dos inspectores lucenses apartados da inspección foi Jesús Carballeira López. Naceu en 1899 e ingresou na inspección do ensino primario en 1934 a través do acceso por oposicións. Nun primeiro momento estivo destinado en Oviedo.[2061] Foi apartado do servizo debido aos seguintes motivos: ideoloxía de esquerda política, ocupación de cargos no Goberno Republicano, negarse á mobilización a pesar de ter a idade correspondente e formar parte e votar a favor dos extremistas da esquerda.[2062] Anos máis tarde, Carballeira solicitou a revisión do seu expediente: o tribunal mantívolle a sanción pero lle permitiu ocupar o cargo de mestre de ensino primario.[2063] En 1943 apareceu de alta no *escalafón* e en 1950 foi rehabilitado no corpo de inspectores, aínda que sen poder ocupar cargos de confianza.[2064]

Manuel Maceda López

Por último, convén ter en conta ao inspector Manuel Maceda López, nado en 1889 en Lugo. Estudou na EESM e en 1920 ingresou na inspección por promoción interna, sendo destinado a Ourense. O 20 de febreiro 1937 foi separado do servizo por ditame da *Junta Técnica del Estado*.[2065] Máis tarde o seu caso foi revisado e anulado. Aínda así tivo que facer fronte a dous anos de suspensión de emprego e soldo, inhabilitado para ocupar cargos directivos e trasladado forzosamente durante cinco anos.[2066] Estas medidas disciplinarias foron aplicadas principalmente por estar afiliado ao *Partido Socialista Obrero Español*.[2067]

[2059] En José López Varela, "Expediente José López Varela", (Madrid: Arquivo ACME-AGA. Sinatura: 83718-6044).

[2060] Ídem

[2061] Vide a Orde Ministerial do 15 de decembro de 1939, *BOE* do 22 de xaneiro de 1940.

[2062] En Jesús Carballeira López, "Expediente Jesús Carballeira López", (Madrid: Arquivo ACME-AGA. Sinatura: 83710-0398).

[2063] Por orde ministerial do 30 de novembro de 1941, *BOE* do 9 de decembro de 1941.

[2064] En "Jesús Carballeira López, "Expediente Jesús Carballeira López", (Madrid: Arquivo ACME-AGA. Sinatura: 83710-0398).

[2065] Vide Orde ministerial do 21 de decembro de 1939

[2066] Esta revisión pode ser consultada no *BOE* do 2 de xaneiro de 1940.

[2067] En Manuel Maceda López, "Expediente Manuel Maceda López", (Madrid. Arquivo: ACME-AGA. Sinatura: 083710-0084).

4.4. OS FACTORES DE INCIDENCIA NO PROCESO DE MODERNIZACIÓN ESCOLAR NA PROVINCIA DE LUGO (1900-1936)

A principios do século XX comezou a emerxer en España un proceso de modernización e construción dunha nova *cultura escolar*, impulsada dende arriba pola administración educativa e dende abaixo por algúns mestres e inspectores.[2068] Este período non pode analizarse dun xeito illado, xa que foi froito dunhas iniciativas previas e dun conglomerado de diversos sucesos, polo que adoptaremos unha postura *interdisciplinar* para facer a devandita análise. Por este motivo, no presente capítulo estudáronse o conxunto de propostas e factores que incidiron na escola primaria na provincia de Lugo, dende 1900, coa creación do *Ministerio de Instrucción Pública y Bellas Artes,* ata 1936 co estalido da Guerra Civil. Para levar a cabo esta análise, de forma especial investigouse a situación do ensino primario, a inspección, os cambios na política educativa e as principais iniciativas de desenvolvemento pedagóxico levadas a cabo durante estes anos. Ademais, estudáronse as principais relacións establecidas entre a escola e o resto de institucións socioeducativas, benéficas e circumescolares que formaron parte deste desenvolvemento inconcluso e interrompido finalmente pola Guerra Civil.

En primeiro lugar, para entender a tentativa de *modernización escolar* sucedido nestes anos convén ter en conta os seguintes aspectos: as reformas educativas gobernamentais, as propostas de cambio introducidas en España pola ILE, a creación de escolas indianas, as colonias escolares, as misións pedagóxicas realizadas en Lugo, o aumento das publicacións educativas, a influencia dos congresos pedagóxicos de 1923 e 1933, a función dos organismos administrativos locais e provinciais, as propostas favorables á introdución dun cambio organizativo e curricular, a tentativa da introdución da escola laica, as accións escolares encamiñadas ao coñecemento do medio natural endóxeno, a defensa da escola rural por parte dos mestres e inspectores, a función da *Escuela Normal de Lugo*, as asociacións circumescolares e as *Juntas Locales de Instrucción*.[2069] Estas institucións estableceron diversos vínculos que axudaron a conformar unha corrente de mellora do ensino público, da defensa dos dereitos dos escolares e mestres. Pero esta parte do traballo non só analiza as distintas leis de educación que conformaron unha nova política educativa, xa que significaría caer nun puro recordatorio lexislativo, senón que tamén se centra nas distintas experiencias de reflexión pedagóxica que axudaron a crear un clima de certa preocupación e actualización do ensino primario na provincia luguesa.

A suma de accións de modernización escolar, sucedidas nas primeiras décadas do século XX por parte da administración e dalgúns inspectores e mestres, viñeron acompañadas da *multiplicación de publicacións e asociacións educativas*.[2070] Deste xeito, en Lugo moitos docentes comezaron a agruparse en sociedades para tratar temas relacionados coa escolarización, a defensa dos dereitos dos traballadores da ensinanza, a hixiene escolar, a metodoloxía e a didáctica. Estas organizacións reivindicaron entre

[2068] En José María Hernández Díaz, "La inspección educativa y la cultura escolar en España. Génesis, procesos constituyente y actualización de funciones", *Aula 25* (2019): 68.

[2069] En José Manuel Vázquez López, "Relación entre a defensa da escola rural cos inspectores e Mestres (Lugo 1900-1936)", *Educació i desenvolvement rural als segles XIX-XX-XXI* (Lleida: Universitat de Lleida, 2018), 161-175.

[2070] En Jesús de Juana e Julio Prada, *Historia contemporanea de Galicia* (Barcelona: Ariel, 2005), 194-195.

outros asuntos: a gratuidade da ensinanza, a obrigatoriedade da asistencia, o ingreso no Maxisterio por oposición, a regularización do pago dos salarios, o subsidio de orfandade dos fillos e viúvas, a importancia da independencia ideolóxica do mestre e o soldo mínimo.[2071]

Junta provincial protección huérfanos del Magisterio

UNA CIRCULAR

La Junta Central ha dispuesto que los socios de la Institución que pasen a situación de excedentes, si quieren conservar sus derechos, están obligados a seguir contribuyendo a su sostenimiento con el uno por ciento del último sueldo disfrutado en el servicio activo y que abonarán a la tesorería de las juntas provinciales, bien directamente o por mediación de los habilitados de partido correspondiente.

Y resultando que en esta provincia a partir de primero de noviembre de 1929 ha habido diversas excedencias;

El presidente que suscribe, en representación de la junta y para cumplimiento de lo dispuesto, publica la presente circular para que los interesados que a continuación se relacionan, y cuyo domicilio actual se ignora, tomen la resolución pertinente, en la inteligencia que caso de no abonar en breve plazo los atrasos de las cuotas se darán de baja como miembros de la Institución sin derecho a sus beneficios caso de fallecimiento.

Lugo, 24 de junio de 1931.—El presidente, *Juan Comas*.

Ilustración 103. Protección das viúvas e orfos do maxisterio (publicada en *El Progreso*, "Junta Provincial Protección de Huérfanos do Magisterio")

Mentres tanto, a comezos do século XX, as *institucións eclesiásticas* continuaban tendo unha representación importante nas principais cidades da provincia lucense: tradicional e contraria á introdución de calquera teoría laica. Neste sentido na cidade de Lugo existía un grupo de mulleres de dereitas, ligadas coa relixiosidade local, que levaron unha vida moi activa no referente á educación e á beneficencia.[2072] Estas mulleres constituíron varias asociacións para loitar polos dereitos dos nenos e promover os valores educativos do catolicismo.[2073] Estes organismos formábanse principalmente nas urbes, onde existía unha notable presenza de colexios privados.[2074] En Lugo, dende 1900 existían varios centros relixiosos que se ocupaban na ensinanza primaria: as *Hijas de la Caridad del Colegio de la Milagrosa* fixéronse cargo da "Escola para nenas pobres", institución promovida polo Bispo Benito Murúa, centro situado no edificio anexo á Igrexa de San Juan de Dios que un día foi o Hospital de San Bartolomé, obra de Nemesio Cobreros e primeiro centro hospitalario da cidade.[2075]

[2071] Vide Eric Jorge Fontoba Jordá, "Asociacionismo docente en España durante el siglo XIX y XX. Inicios y puntos de partida durante el siglo XIX", *Pedagogias alternativas y educación en los márgenes a lo largo del siglo XX* (Valencia: Universidade de Valencia, 2022), 76-77.

[2072] En Emilio Grandío Seoane, *Los orígenes de la Derecha Gallega: la CEDA en Galicia (1931-1936)* (A Coruña: Edicións do Castro, 1998), 102-106.

[2073] En Eric Jorge Fontoba Jordá, "Asociacionismo docente en España durante el siglo XIX y XX. Inicios y puntos de partida durante el siglo XIX", *Pedagogias alternativas y educación en los márgenes a lo largo del siglo XX* (Valencia: Universidade de Valencia, 2022), 76-77.

[2074] Referímonos principalmente ás seguintes asociacións lucenses: *Acción Católica de la Mujer, Juventudes Antonianas, Agrupación Femenina Lucense, La Gota de Leche, Damas Catequistas, Cantinas Escolares* e *o Ropero Escolar*.

[2075] En Colexio Plurilingüe da Milagrosa, "Sección historia", *lu37*, extraído o 20 de xuño de 2021 da páxina do Colexio Plurilingüe da Milagrosa de Lugo, sección historia, http://lu37.e.telefonica.net/historiacole.html.

Ilustración 104. "Escola para nenas pobres" anexa a Igrexa San Juan de Dios de Lugo (extraída de: *Lugo en fotos*)

Dentro deste *clima de tradicionalidade e relixiosidade*, comezan a xurdir diversas iniciativas particulares de varios docentes que traballaron a prol da tan necesaria renovación escolar, ante o depauperado acondicionamento da ensinanza, situación herdada do século XIX. Algúns destes axentes fixeron propostas de actualización, dinamización e introdución de cambios pedagóxicos para mellorar o ensino primario que arrastraba un acusado abandono.

De todas as descricións sobre a ensinanza na provincia de Lugo no primeiro terzo do século XX, convén destacar os artigos publicados por Luis Bello Trompeta. Este xornalista visitou unha mostra importante de escolas lucenses, testemuñando o mal acondicionamento xeneralizado dos centros. Aspecto importante para a *triangulación* desta información coa dos informes dos inspectores, epistolarios, artigos e os traballos dos mestres. Bello tamén destacou o bo traballo realizado por varios docentes, entre os que figuraban: Lola Viñas en Rábade, López Piñoal (Piñol) en Begonte, Hortensia e Marcelino Friol Novoa en Monforte, Cuena en San Xoán de Alba, Ramón Salgado Toimil en Foz e Felipe Carnicer en Viveiro.[2076] Segundo as crónicas deste xornalista, a gran parte destes docentes acudiron aos congresos pedagóxicos celebrados en Lugo en 1923 e 1933, co obxectivo de contrastar os aspectos metodolóxicos empregados coas correntes pedagóxicas contemporáneas deste período.[2077]

No municipio de Lugo, fai falta facer fincapé na mestra *María Concepción Currais Blanco*, nai da primeira inspectora de ensino primario de Galicia, Antonia Ortiz Currais. María matriculouse en Maxisterio na Escola Normal da Coruña en 1891. Unha vez rematados os seus estudos traballou nas escolas de: Riveras del Miño en Pantón, Irixo na provincia de Ourense, vila de Tor en Monforte de Lemos, Anceu en Ponte Caldelas, o Corgo e a vila de Nadela na provincia de Lugo, onde se xubilou en 1923. En 1903 impartiu varias conferencias en Lugo a favor da creación das "escolas para adultas" para favorecer a alfabetización e a cultura das mulleres. Ademais protexeu á infancia sen recursos axudando na organización das cantinas escolares. O 12 de outubro de 1928

[2076] En Luis Bello Trompeta, *Viaje...* (Madrid: Akal, 1974), 81, 102, 103, 121 e 129.

[2077] Vide temas tratados en "Congreso Pedagógico lucense" (1923), *El Progreso*, Lugo, 10 de outubro de 1923 e "La Semana Pedagógica Lucense", *El Progreso*, Lugo, 23 de xuño de 1933.

acudiu á homenaxe de Basilio Álvarez, realizando unha contribución económica de 25 céntimos.[2078]

En Burela destacou *Camilo Fernández Díaz*, coñecido como "El Maestro". Este docente era natural de Castañedo (Navia de Suarna), nado no eido da familia do Crego de Brancio en 1890. Despois de realizar os estudos de Maxisterio en 1911 aprobou as oposicións, o que lle permitiu impartir clases en Fonsagrada, nas parroquias de Cuiñas, Trobo e Lama de Campo. Logo trasladouse á Mariña Lucense: nun primeiro momento a Viveiro e finalmente a Burela, durante o curso 1919-1920. Entre as súas accións máis destacadas atópase a fundación do *Pósito de Pescadores* e a xestión da construción do primeiro peirao burelense en 1931. Afeccionado á agrimensura, este docente de corte liberal foi depurado, desterrado e sancionado; principalmente porque apoiou politicamente a Cándido Fernández López e Manuel Becerra Fernández durante o período da Segunda República.[2079] Faleceu en Burela en 1974, onde foi homenaxeado pola súa incansable acción como docente. Contemporáneo a súa época, no Concello próximo de Cervo tamén destacou o mestre de San Ciprián, *Francisco Rivera Casás*.



Ilustración 105. Camilo Fernández Díaz "El Maestro" de Burela e Francisco Rivera Casás de San Ciprián (Juanel)[2080]

Por outro lado, cabe destacar a *Ramón Salgado Toimil,* mestre da zona da Mariña Lucense no primeiro terzo do século XX. Por este motivo, en 1928 foi elixido como vogal delegado na Asemblea Nacional, en representación da *Asociación Nacional de Maestros* (1930).[2081] Ademais, publicou varias obras, presentadas inicialmente como comunicacións e traballos nos congresos pedagóxicos de Lugo (1923) e A Coruña (1926). Tamén realizou un estudo sobre a catedral de San Martiño de Mondoñedo e escribiu os seguintes títulos: *Concepción Arenal en el aspecto pedagógico* (1925), *Qué*

[2078] Rosa María Cid, "A primeira inspectora de ensino primario en Galicia comprometida coa ensinanza e defensora da educación da muller", *Eduga,* Nº 80 (decembro de 2020).

[2079] Ídem, 198-199.

[2080] En Ricardo Pena Domínguez, *Burela. Apuntes Históricos y Crónicas del Siglo XX* (Viveiro: Lar, 2004), 199.

[2081] En Ramón Salgado Toimil, "A los compañeros de la provincia", *Vida Escolar,* Nº 78, ano II (1928): 1-2.

medios pueden ponerse en práctica para elevar la cultura general y profesional de los maestros actuales (1925), *Puntos cardinales del pensamiento pedagógico contemporáneo, Sociología infantil. Escuela única. Pacifismo* (1927) e *Colaboraciones sociales que la escuela precise* (1928). Tamén escribiu varios ensaios: *Capricho literario-apologético* (1910), *Por Galicia y por el arte* (1920), *Odoario o Lugo en el siglo VIII* (1923) *e Santuarios Gallegos: El Corpiño* (1929).[2082] Igualmente publicou un artigo na *Semana Pedagóxica Lucense* de 1933 criticando a falta de financiamento da ensinanza publica, titulado: "Para que la lámpara alumbre".[2083] Ramón Salgado foi un dos redactores do diario de corte conservador *La Voz de la Verdad*. Durante a Guerra Civil manifestou publicamente a súa afinidade pola agrupación da *Falange,* realizando unha celebración na súa escola de Foz de corte patriótico e relixioso.[2084] Estivo ao cargo deste centro durante dezaoito anos, situada ao lado do calabozo municipal. Por este motivo e segundo Luís Bello, na súa visita ao centro, cando o xornalista lle preguntou a Ramón Salgado polo número de alumnos, o docente respondeulle ironicamente "¿Chicos o presos?"[2085]

Outro mestre destacado foi José *Antonio Quintela Ferreiro*, un dos pioneiros na aplicación de práctica de *ensinanza activa* nesta provincia. Nado en Lugo o 22 de maio de 1912. O seu irmán foi o profesor e escritor Luis José Quintela Ferreiro, e os seus pais foron Francisco Quintela Pallín e Aurora Ferreiro Varela. En 1928 rematou os estudos de Maxisterio na Escola Normal de Santiago de Compostela. Logo foi mestre da Escola da Liga Santaballesa (1932-1936), impartindo leccións de Dereito e Economía e editando o periódico infantil *La Antorcha* (1934-1936).[2086] Neste centro aplicou unha "aprendizaxe práctica para a vida" (ensinanza activa), sendo un referente na provincia de Lugo en métodos activos: Quintela ideou un sistema de ensinanza polo cal os escolares se organizaban como un órgano público xudicial, adoptando diferentes responsabilidades, convivindo e aprendendo as materias transversais: "Os comportamentos que interrumpían o labor docente eran xulgados polos alumnos maiores, que ademais actuaban como mediadores e, chegando o caso, impoñían castigos". Ademais os escolares máis avantaxados obtiñan "pagamentos" (ficticios), como reforzador cognitivo da conduta positiva, estes cartos podían cambiarse por material escolar e libros.[2087] Como xornalista colaborou en *El Progreso, Vida Gallega, El Momento* e *Faro* de Vilalba do que foi presidente en 1936. Tamén foi un destacado escritor publicando as seguintes novelas:[2088] *Ensayos poéticos* en 1930, *Lucha* en 1936,[2089] *Espíritu y carne* en 1939, *El enigma de un muerto*, en 1944 *La diosa del bosque* en 1944, *Exámenes de Amor* en 1950, *Matrimonio urgente* en 1955 e *Cumbres amorosas* en 1958.[2090] Tamén escribiu varias pezas teatrais escolares e un libro de poemas titulado *Ensayos Poéticos*.[2091] A nivel político, foi directivo de *Izquierda*

[2082] En Ramón Salgado Toimil, "Ramón Salgado Toimil", extraído o 16 de xaneiro de 2018 de: https://gl.wikipedia.org/wiki/Ram%C3%B3n_Salgado_Toimil)

[2083] En Ramón Salgado Toimil, "Número especial sobre a Semana Pedagóxica Lucense", *Vida Escolar,* Nº 336, ano VII (1933): 4-32.

[2084] En Ramón Salgado Toimil, "Foz", *El Progreso,* Lugo, 5 de setembro de 1936.

[2085] En Luis Bello Trompeta, "Un maestro en Foz", *Vida Escolar*, Nº 158, ano IV (1930): 5-6.

[2086] Publicación dirixida por Antonio Quintela Ferreiro que se editou durante dous anos. En A. Ceidan, "Un tiempo pasado fue mejor", *La Voz de Galicia*, 23 de xullo de 2007, extraído o 2 de novembro de 2023 de: https://www.lavozdegalicia.es/noticia/lugo/2007/07/23/tiempo-pasado-mejor/0003_6008022.htm.

[2087] En Xosé Pombo Mosquera, *Liga Santaballesa. Historia dunha Escola Habanera 1907-2007* (Vilalba: Padroado da Liga Santaballesa, 2007), 381.

[2088] En *El Progreso*, Lugo, 4 de xullo de 1936.

[2089] En *El Pueblo Gallego*, 5 de febreiro de 1936.

[2090] Consultamos estas obras na sección de: Obras da Rede de Bibliotecas de Galicia

[2091] En *Heraldo de Villalba*, Vilalba, 27 de marzo de 1931.

Republicana polo que sería detido polo Goberno Franquista o 30 de agosto de 1936. En setembro dese mesmo ano sairía en liberdade e foi trasladado á *Escuela de Bagueixos* na parroquia de Tirimol en Lugo.[2092] Máis tarde combateu no exército sublevado como alférez provisional de Infantería, destinado na Quinta División, pasando en agosto de 1938 ao cuarto Batallón do Rexemento de Infantería Zamora número 29.[2093] Despois da Guerra trasladouse a Barcelona, traballando no *Grupo Escolar Reyes Católicos* e formando parte do Centro Galego e estudou Filosofía e Letras.[2094]

E non podemos esquecernos de *Gregorio Sanz,* outro dos representantes máis significativos da *escola activa* na provincia de Lugo.[2095] Naceu en Ayllón (Segovia) o 4 de xaneiro de 1900 nunha familia humilde de agricultores. Despois de estudar Maxisterio frecuentou o Museo Pedagóxico de Madrid onde mantivo contactos con Cossío. Chegou a costa lucense en 1922 (Vilaframil-Ribadeo), como mestre da *Fundación Agrícola Pedro Murias* ata 1927.[2096] Nesta escola iniciaba aos nenos na aprendizaxe da agricultura, divulgando os coñecementos agropecuarios entre os agricultores e gandeiros da zona.[2097] En 1928 aprobou as oposicións a Maxisterio, exercendo como mestre da Escola de San Pedro de Benquerencia, realizando experiencias próximas á Escola Nova denominadas "Escola Rural Activa".[2098] En 1930 ingresou no maxisterio público, ocupando a *Escuela de San Pedro de Benquerencia* (Barreiros). Debido á influencia da ILE e da *Escuela Nueva* lévase a práctica algunha experiencia pedagóxica activa no devandito centro docente.[2099] En 1932 fíxose cargo da escola preparatoria do *Instituto de Ribadeo*, con máis de trinta alumnos e alumnas.[2100] Nesta cidade levou a cabo varios proxectos interesantes:[2101] foi o principal impulsor do periódico *El Pequeño Escolar*, fundou a *Biblioteca Popular Circulante*, deu diversas conferencias e defendeu a escola pública en diversos actos de tipo cultural.[2102] Realizou dous ensaios titulados "Ensayo de escuela activa" e "A escola activa".[2103] Esta publicación describía a práctica educativa nunha escola rural da Mariña Luguesa. En 1932, tamén presentou en Ribadeo a obra teatral titulada *La Barraca*.[2104] Igualmente foi presidente da *Asociación de Maestros del Partido Judicial de Mondoñedo*. Convén citar que na Segunda República, Gregorio Sanz levou á práctica unha metodoloxía de gran modernidade: segundo reflectiu un exalumno, este docente levaba a cabo varias experiencias de "vivenciación" no medio natural.[2105] Ao longo de toda a súa vida pronunciou moitas conferencias e leccións na provincia de Lugo, sobre a situación das mulleres no Ateneo de Ribadeo.[2106] Tamén impartiu varios cursos de selección do

[2092] En *El Progreso*, Lugo, 20 de setembro de 1936.
[2093] En *BOE*, (26 de agosto de 1938): 920.
[2094] En José de Cora, "Antonio Quintela Ferreiro", *El Progreso*, 27 de maio de 2020, extraído o 18 de xaneiro de 2023 de: https://www.elprogreso.es/articulo/album-de-los-lucenses/antonio-quintela-lopez/202004281352411435681.html.
[2095] En 1923 sería o director escolar da *Fundación Agrícola*. En Antón Costa, "Na escola do franquismo non había a ilusión que debía haber", *Nova Escola Galega,* Nº 14 (1992): 66–68.
[2096] En Narciso de Gabriel, "Gregorio Sanz, o mestre elocuente", *Sarmiento,* Nº 22, (2018): 209.
[2097] En J. A. Fariñas, *La voz de Galicia*, 29 de abril de 1981.
[2098] En Gregorio Sanz, "Ensayo de escuela activa", *Revista de Pedagogía,* Nº 130 (1932): 454-458.
[2099] En Luis Bello Trompeta, "Al salir de Lugo. Benquerencia, San Miguel y Reinante", *Vida Escolar,* Nº 162, ano IV (1930).
[2100] En *Las Riberas del Eo*, Riberas del Eo, 26 de novembro de 1932.
[2101] En Víctor Moro, *"Limiar" a Gregorio Sanz, Uno de tantos* (Sada: Ediciós do Castro, 1990), 6.
[2102] Vide Narciso de Gabriel, "Gregorio Sanz, o mestre elocuente", *Sarmiento,* Nº 22 (2018).
[2103] En Gregorio Sanz, "Ensayo de escuela activa", *Revista de Pedagogía,* Nº 130 (1932): 454-458.
[2104] En Carlos Álvarez Lebredo, "La Barraca", *La Comarca del Eo*, Riberas del Eo, 22 de setembro de 2007.
[2105] En Víctor Moro, "Limiar", *Gregorio Sanz Uno de tantos* (Sada: Edicións do Castro 1990), 6.
[2106] En Gregorio Sanz, "Siruación das mulleres", *El Progreso,* Lugo, 11 de decembro de 1923.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

maxisterio realizados na capital da provincia de Lugo.[2107] Segundo a *Sociedad Ribadense* foi un dos máis importantes dinamizadores culturais da zona de Ribadeo.[2108] Neste municipio presidiu a UGT e fixo varios mitins da Fronte Popular, aspectos polos que máis tarde sería encadeado.[2109] Finalmente finou en Ribadeo o 13 de setembro de 1997.[2110]

Por último, é necesario salientar o traballo realizado dende aproximadamente 1913 polos mestres da *Escola da Liga Santaballesa*, probablemente por ser dos primeiros docentes da provincia en aplicar unha *ensinanza activa*, planificada no seu moderno *Plan de Estudios.* Dende 1913 ata 1936, rexentaron este centro os seguintes docentes: Antonio González Rouco (1913-16), seguido de Dositeo Ramos (1916-17), Ángel Fraga Orosa (1917-19), Antonio García Penabad (1920), Benito López García (1921),[2111] Román A. Crespo Franco (1922-27), Heliodoro Paz Carballeira (1927-30), Luís López Iglesias (1931), Antonio Quintela Ferreiro (1932-36) e como profesora auxiliar Josefa Fernández (1918-32).[2112]

Debido a súa extensión, o cadro que achega o estudo sobre os docentes máis destacados na provincia de Lugo está recollido no Anexo 7.9. Este profesorado foi un organismo que en ocasións procurou a modernización escolar por contigüidade durante a denominada por Mainer *Edad de Plata* da cultura española. Nesta período acadouse unha das mellores etapas históricas no referente á formación pedagóxica (técnica) e á preparación para a renovación do sistema educativo.[2113] Aínda que este obxectivo non se chegou a concluír debido á falta de recursos e de continuidade do programa republicano do primeiro bienio. Ademais, a escasa unidade político, social española e a aparición da Guerra Civil remataron por agravar esta situación. A pesar disto, un dos signos de mellora do sistema educativo durante estes anos foi o tránsito do pensamento da ILE á Escola Nova, aspecto tratado no seguinte punto.

4.4.1. O transito do pensamento da ILE á *Escola Nova*

Tendo en conta a revisión do *estado da cuestión* realizada por Antón Costa en 2021, cómpre coñecer o xurdimento da ILE en España e como derivou nas principais teorías da *Escola Nova*, difundidas especialmente polos estudantes da JAE no primeiro terzo do século XX. Como consecuencia da difusión destas novas educativas, algunhas escolas nacionais realizaron experiencias por aquel entón innovadoras, que se mesturaron coas tradicionais, constituíndose unha especie de "híbridos didácticos".[2114]

[2107] En Narciso de Gabriel, "Gregorio Sanz, o mestre elocuente", *Sarmiento,* Nº 22 (2018): 212.

[2108] En varios, *Sociedade Ribedense (1900-1936)* (Ribadeo: Editorial Nigoboa, 1999) 59.

[2109] En Carlos Álvarez Lebredo, "Publicado un estudo sobre o proceso contra o mestre Gregorio Sanz", *La Comarca del Eo,* Comarca del Eo, 24 de agosto de 2019.

[2110] En "Necrolóxica", *La Voz de Galicia*, 14 de setembro de 1997.

[2111] Tamén foi mestre da Escola do Páramo e da de Roupar en 1928, onde exerceu a docencia durante 43 anos. En María Caravel, "Llegan meses para juntarse", *La voz de Galicia* (28 de xuño de 2009) extraído o 5 de xuño de 2024 de: https://web.archive.org/web/20160311162211/http://www.lavozdegalicia.es/lugo/2009/06/28/0003_7813873.htm?idioma=galego

[2112] En Xosé Pombo Mosquera, *Liga Santaballesa. Historia dunha Escola Habanera 1907-2007* (Vilalba: Padroado da Liga Santaballesa, 2007), 437.

[2113] En José María Hernández Díaz, "La inspección educativa y la cultura escolar en España. Génesis, procesos constituyente y actualización de funciones", *Aula 25* (2019): 69.

[2114] En María del Mar del Pozo Andrés, "La renovación pedagógica en España (1900-1939): Etapas, características y movimientos", *Vº Encontro Ibérico de História da Educação. Renovação Pedagógica* (Castelo Blanco: ed. Ernesto Candeias Castelo Blanco, Alma Azul, 2005), 143-159.

Por exemplo en Lugo, unha destas experiencias foi a levada a cabo polo mestre lucense Gregorio Sanz en 1932,[2115] pero o fundamental é que estas innovacións aínda hoxe dan alento pedagóxico a realidade educativa actual.[2116]

No seguinte apartado explicaremos como o pensamento internacional da *Escola Nova* chegou a España, e como algúns membros da ILE expandiron estas teorías. Posteriormente en 1921, algúns dos institucionistas formaron parte da LIEN, un espazo onde os afiliados debatían sobre as correntes educativas internacionais.[2117] Nesta organización, o movemento español foi practicamente invisible nos encontros internacionais dos anos 20 e 30, as principais razóns desta invisibilidade foron, segundo Marimar del Pozo, "el individualismo, la ausencia de líneas comunes, la imposibilidad de trabajar cooperativamente y, sobre todo, la falta de estímulos para divulgar los resultados de sus experiencias más allá de nuestras fronteras".[2118] Un ano máis tarde, en 1922 Lorenzo Luzuriaga fundou a *Revista de Pedagogía*, que comezou a ser un referente para os mestres. Pronto converteuse na principal plataforma teórica de divulgación pedagóxica do primeiro terzo do século XX en España.[2119] En 1927 esta Revista dedicaba un número especial á LIEN, pasando a ser o seu órgano de expresión en España.[2120] Con todo, segundo J. M. Ruiz Jiménez a finais do decenio dos anos vinte do século XX a sociedade española comezaba a preocuparse con certa seriedade polas cuestións educativas.

> Actualmente, gracias a la reacción natural un poco tardía que se ha operado en la conciencia española, se va escribiendo y hablando de enseñanza con la seriedad y el cuidado que el caso trascendental requiere….[2121]

A mediados do século XIX, iniciáronse un conxunto de fortes *cambios* nos ideais pedagóxicos, significando un dos períodos máis importantes na historia. Kant, Krause e Pestalozzi serían os principais promotores desta renovación pedagóxica internacional.[2122] Este último autor defendeu un concepto de educación que estimulara a intelixencia, a personalidade e a moralidade do neno.[2123] Á súa vez, as ideas pestalozzianas inspiraron a Froebel para elaborar unha nova concepción da educación baseada na liberdade e na democracia escolar, que tivo nos Kindergarten a súa máxima expresión, en contraposición ao modelo de escola industrial lancasteriana.[2124] Esta nova concepción foi a xerme da *Escola Nova*.

[2115] En Gregorio Sanz, "Ensayo de escuela activa en una escuela rural", *Revista de Pedagogía,* Nº 130, Ano XI (1932): 454-458.

[2116] En Antón Costa Rico e Luis Alberto Marques Alves, "Presentación: A Nova Educación (1921-2021) (LIEN): A Ligue Internatinale pour L'Éducation Nouvelle", *Sarmiento. Revista Galego-Portuguesa de Historia da Educación*, Nº 25 (2021): 10.

[2117] Organización que en 2021 celebrou o 100 aniversario da súa constitución, vide "Pegadas e influencias da Ligue Internationale pour L'Éducation Nouvelle no espazo ibérico e brasileiro (1921-2021)", *Sarmiento,* Nº 25 (2021).

[2118] En María del Mar Del Pozo Andrés, "A LIEN e os educadores españois: unha historia de desencontros e infidelidades", *Sarmiento. Revista Galego-Portuguesa de Historia da Educación*, Nº 25 (2021): 53.

[2119] En Herminio Barreiro Rodríguez, *Lorenzo Luzuriaga y la Renovación en España (1889-1936)* (A Coruña: Educións do Castro, 1989), 176.

[2120] En Antonio Viñao Frago, "La modernización pedagógica española a través de la "Revista de Pedagogía" (1922-1936)", *Revista Universidad de Murcia,* Nº 12-13 (1994): 14

[2121] En J. M. Ruiz Jiménez, "El maestro nacional", *El Progreso,* Lugo: 20 de outubro de 1929.

[2122] Vide Lorenzo Luzuriaga, "Vida e obra de Pestalozzi", *Revista de Pedagogía,* Nº 62, Ano VI, (1927): 78-86.

[2123]En August Messer, "Significación de Pestalozzi para nuestro tiempo", *Revista de Pedagogía,* Nº 62, Ano VI (1927), 49-58.

[2124] En Luis de Zulueta, "Pestalozzi, fundador de la escuela popular", *Revista de Pedagogía,* Nº 62, Ano VI (1927), 59-64

Lentamente, grazas aos *impulsos renovadores da ILE* iniciouse unha xiro no papel do alumno na escola, na lexislación educativa e na influencia da ensinanza primaria, trasladando parte do pensamento da *Escola Nova*.[2125] Mentres tanto, as novas teorías internacionais centrábanse no interese do alumno, o sincretismo, a integración, a globalización ou o pacifismo.[2126] Varias destas cuestións foron tratadas no VI Conferencia Internacional de Escolas Novas de Helsingor celebrada en 1929.[2127] É necesario citar ineludiblemente a Ovide Decroly e a súa obra *La Función de la globalización en la enseñanza,*[2128] onde se desenvolveron os conceptos de globalización e o estudo sobre os centros de intereses do alumno.[2129] Este pedagogo tamén deseñou un programa educativo para nenos deficientes, baseado en teorías biolóxicas e psicolóxicas na escola de *l´Ermitage.* Entre as súas obras, sobre o referido tema, destacou *El Niño Anormal e Psicología aplicada a la educación,* traducido e publicado en España en 1934 ou *El método de la Pedagogía Cientitífica* de María Montessori.[2130] Outro dos impulsores da nova pedagoxía foi Edouard Claparéde (1873-1940), que defendeu a aplicación dunha pedagoxía funcional.[2131] Cómpre ter en conta que as prescricións deste autor serían fundamentais para o movemento pedagóxico da *Escola Nova.*[2132] O 25 de xullo o ao 4 de agosto de 1932 celebrouse o Congreso Pedagóxico de Xenebra (Suíza), igualmente o 8 de agosto do mesmo ano se inaugurou o Congreso de Helsingor (Dinamarca), eventos aos que acudiu como asistente o inspector destinado en Lugo Joan Comas Camps, onde puido aproveitar as ensinanzas de Claperède e Ferrière.[2133]

Con todo, a transformación educativa estivo acompañada polo auxe da aparición de novas imprentas e sociedades, o que propiciou a efervescencia de publicacións de revistas educativas nacionais como a *Escuela Moderna* ou a *Revista de Pedagogía*. Vemos aquí reflectida a influencia da aparición de novas tecnoloxías e o sindicalismo docente. Estas revistas trasladaron a España as novas teorías internacionais da *Escola Nova* e cuestionaban o enfoque clásico sobre os procesos de ensino e aprendizaxe.[2134] Por este motivo, para entender a renovación pedagóxica levado a cabo nas tres primeiras décadas do século XX en España, convén ter en conta o papel que xogaron estas revistas. Especialmente temos que ter en conta a *Revista de Pedagogía,* como principal órgano difusor de teorías escolanovistas e "empresa intelectual" para os membros da LIEN en España, como cita Antonio Viñao.[2135] En efecto, era o medio de difusión

[2125] En Agustín Escolano Benito, *La educación en la España contemporánea* (Madrid: Escuela Nueva, 2002), 81.

[2126] Sobre o pacifismo e o humanismo promulgado por Ferrière e os seus postulados, podemos consultalos en: Daniel Hameline e outros, *Autour d´Adholpe Ferrière et de l`Education Nouvelle,* (Xenebra: Université de Genéve, 1981) e Daniel Hameline, "Adolphe Ferrière (1879-1960)", *Perspectivas,* (UNESCO) 85-86, e L`école active: textes fondateurs (París: PUF, 1995).

[2127] En Antón Costa Rico, *Historia da educación e da cultura en Galicia* (Vigo: Xerais, 2004), 853.

[2128] Esta obra foi editada en castelán pola universidade de Madrid edicións: Ovide Decroly, *La función de la globalización y la enseñanza,* en *Revista de Pedagogía,* (Madrid: 1927). Agora pode atoparse en: Ovide Decroly, *La función de la globalización en la enseñanza* (Madrid: Biblioteca Nueva, 2007).

[2129] En Pedro Natalias, "Un ensayo del método de los centros de interés", *Revista de Pedagogía,* Nº 66, Ano VI (1927): 260-267.

[2130] Vide F. Beltrán, *El Niño Anormal e Psicología aplicada a la educación* (Madrid, 1934) e T. Causí, "La globalización de Decroly y la Psicología", *Revista de Pedagogía,* Nº 103, Ano IX (1930): 293-301.

[2131] Vide as obras de *La educación Funcional* (1931) e *La psicología do neno e pedagogía experimental,* Edouard Claperéde, esta última traducida por María Luisa Navarro en España. Algunha obra tamén foi traducida ao castelán por Joan Comas Camps, inspector do ensino primario en Lugo ata 1931.

[2132] En Lorenzo Luzuriaga, "La educación nueva II", *Revista de Pedagogía,* Nº 24, Ano II (1923): 457-464.

[2133] En Expediente Juan Comas Camps, (Madrid: AGA-ACME, sinatura. 16752, topográfica: 32/53).

[2134] En John Dewey, "La educación y los problemas sociales actuales", *Revista de Pedagogía,* Nº 140, Ano XII (1933): 337-344.

[2135] En Antonio Viñao Frago, "La modernización pedagógica española a través de la "Revista de Pedagogía" (1922-1936)", *Anales de Pedagogía,* Nº 12-13 (1994): 8.

empregado polos membros da sección española da LIEN para coñecer os textos referentes a autores como Claparéde, Bovet, Piaget e Ferrière, entre outros investigadores que estiveron á fronte da pedagoxía contemporánea. Progresivamente, os mestres interesados polas novas teorías educativas constituíron a sección española da LIEN. Este organismo tiña como principais obxectivos: institucionalizar o movemento en España, debater sobre educación, realizar congresos pedagóxicos, colaborar coa *Revista de Pedagogía* e defender o movemento de renovación pedagóxica sucedido no noso país.

Moitos educadores influíron decisivamente nos proxectos de organización da Escola Nova, tomando como referencia principal a Lorenzo Luzuriaga como membro executivo da LIEN e fundador da *Revista de Pedagoxía*. A nivel internacional, outro personaxe histórico vinculado ao movemento de renovación pedagóxica escolanovista foi Georg Kerschensteiner (1854-1932), este modelo educativo foi deseñado a través dun enfoque social, cívico e filosófico.[2136] Seguindo coas propostas anteriores de reforma educativa de carácter paidocéntrico cómpre sinalar: a Célestin e a Elisa Freinet, con eles aplicaríanse novas técnicas escolares activas como a imprenta escolar.[2137] Do mesmo xeito, cómpre sinalar a importancia da aparición do construtivismo de Piaget, esta teoría servirá como base para posteriores concepcións curriculares nos séculos XX e XXI.[2138] Por último, convén facer referencia á influencia da psicanálise, o investigador máis importante deste movemento foi Sigmund Freud (1856-1939).[2139] Este autor investigou o papel do inconsciente no psíquico e a sexualidade infantil das persoas,[2140] aspecto que promoveu a aparición dos primeiros estudos sobre este tema en España, como os de José María Sacristán na *Revista de Pedagogía*.[2141]

Tamén a *Revista de Pedagoxía* trasladou novas experiencias pedagóxicas renovadoras europeas, como por exemplo a levada a partir de 1907 nas *Case dei Bambini* de Montessori,[2142] que foron precedidas das escolas fundadas polas irmás Agazzi.[2143] Igualmente, en Italia G. Pizzigoni fundaba a Rinovatta en Milán.[2144] En Suecia aplicáronse novos métodos de educación física e estableceron as bases do "traballo manual" que logo se difundiu por toda Europa.[2145] Moitas destas experiencias foron un elemento importante, para a renovación escolar doutros países como Bélxica ou Francia.[2146] A educación infantil tivo un grande impulso coa creación en Xenebra da

[2136] En Lorenzo Luzuriaga, "La pedagogía de Jorge Kerschensteiner", *Revista de Pedagogía,* Nº 42, Ano IV (1925): 249-254.

[2137] Vide Célestin Freinet, *Técnicas Freinet da Escola Moderna*, (Pontevedra: Kalandraka, tradución de Antón Costa, 2019). Tamén podemos consultar a crónica de Freinet (1896-1966) sobre a Escola Moderna, así como os seguintes títulos: *Parábolas para unha pedagoxía popular*, *Por unha escola do pobo*, *A educación polo traballo* ou *Nacemento dunha pedagoxía popular*.

[2138] En Antón Costa Rico, *A reforma da educación... (1906-1936). X. V. Viqueira e a historia da pedagogía de Galicia* (Sada: Do Castro, 1996), 142-144.

[2139] En José M. Sacristan, "La Teoría psicoanalítica de Freud", *Revista de Pedagogía*, Nº 18, Ano II (1923): 201-206.

[2140] Estes dous temas son tratados con profundidade por Freud nas seguintes obras: *Introdución a la psicanálisis,* que data de 1917, e *Tres ensayos para una teoría sexual,* de 1905.

[2141] En José M. Sacristán, "El psicoanálise como método de exploración del incisciente", *Revista de Pedagogía,* Nº 21, Ano II (1923): 321-326.

[2142] En María Montessori, "El nuevo método en la educación", *Revista de Pedagogía,* XI, Nº 123 (1932): 201-204.

[2143] En O. Muñoz, "Las escuelas nuevas en Italia", *Revista de Pedagogía,* Nº 54 (1926): 260-267.

[2144] En O. Muñoz, "La reforma escolar italiana", *Revista de Pedagogía,* Nº 40, Ano IV (1925): 145-152.

[2145] En J. Aguilera, "La educación física en Suecia", *Revista de Pedagogía,* Nº 72, Ano VI (1927): 551-557.

[2146] En A. Rodríguez Mata, "El método activo aplicado en las escuelas de Francia y Bélgica", *Revista de Pedagogía,* Nº 44, Ano IV (1925): 337-346.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Maison des Petits, que dirixían Mina Audemars y Louise Lafendel.[2147] Neste mesmo ámbito se desenvolveu unha visión sobre a infancia relacionada coa aparición do Instituto Juan Jacobo Rousseau, fundado en 1912.[2148] Pouco a pouco apareceron prácticas pedagóxicas que precisaban dun ensino activo e máis práctico. Como consecuencia da apertura destas novas escolas apareceu un clima de renovación pedagóxica sen precedentes na historia da educación,[2149] que se manifestou en modelos que superaban o marco das aulas e a "pedagoxía sedentaria" dominada polo pupitre. Apareceron experiencias libertarias que tiveron moita fama, como as Comunidades Escolares Libres de Hamburgo (1919-1935), que promoveu Gustav Wyneken, ou a escola inglesa de Summerhill de Alexander Sutherland Neill.[2150] Estes centros caracterizábanse por aplicar un estilo educativo permisivo, non intervencionista e autoxestionador do alumno,[2151] pero que, como no caso alemán, non sempre remataron como institucións democráticas.[2152] Igualmente, Decroly outorgaba importancia á vontade do suxeito, mediante o estudo dos centros de interese e a súa influencia nos procesos de ensino e aprendizaxe.[2153]

A *Revista de Pedagoxía* tamén fixo unha revisión das teorías que xurdiron no continente americano, onde tamén houbo un proceso de cambio que coincidía co movemento escolanovista. Dewey creaba a escola da Universidade de Chicago, materializando os seus ensaios experimentais. Os seus principios permanecen recollidos no seu texto titulado *Mi credo pedagógico* (1897).[2154] Tamén apareceron as Escolas norteamericanas de Winnetka e a súa individualización da ensinanza.[2155] Na aplicación da Educación Progresiva norteamericana destacou a elaboración do plan Dalton de individualización dos ritmos de aprendizaxe.[2156] Esta teoría influíu de maneira decisiva na formulación do Métodos de Proxectos de Kilpatrick.[2157]

Todas estas escolas de "nova" creación constituíron un renovado xeito de aplicar os procesos de ensinanza e aprendizaxe que influíron posteriormente en España.[2158] Nestas centros puxéronse en práctica as teorías *escolanovistas* de renovación pedagóxica e cultural. Estas experiencias promoveron o desenvolvemento intelectual do alumno, a metodoloxía indutiva, as experiencias vitais e activas, o respecto dos momentos evolutivos, a individualización, a socialización, a promoción da liberdade,[2159] a actividade do suxeito, a autonomía, o espírito de iniciativa, un novo enfoque da

[2147] En P. Miaja, "Una visita a la Maison des Petits", *Revista de Pedagogía,* Nº 64, Ano VI (1927): 178-183.

[2148] En Édouard Claperede, "Rousseau y la significación de la infancia", *Revista de Pedagogía,* Nº 4, Ano I (1922): 121-131.

[2149] En Lorenzo Luzuriaga, *Historia de la Educación y de la Pedagogía* (Buenos Aires: Losada, 1980), 225.

[2150] En Pierre Bovet, "La libertad, fin o medio", *Revista de Pedagogía,* Nº 70, Ano VI (1927): 449-452.

[2151] Porén, un das obras máis coñecidas onde pode atoparse un modelo destas características foi a de E. Erikson co título *Childhood and Society*, en 1950.

[2152] É coñecido que o movemento xuvenil que desenvolveu Wyneken, que fora colaborador de Hermann Lietz creador dos fogares de educación no campo (*Landerziehungsheime*). Este organismo foi absorbido en gran parte polas xuventudes hitlerianas que dirixía Baldur von Schirach. *Vide* Conrad Vilanou e Jordi García Farrero, "La juventud, entre el ethos victoriano y el eros pedagógico", *Ars Brevis,*17 (2011), 193-231.

[2153] En Ovide Decroly, "Libertad y educación", *Revista de Pedagogía,* Nº 70, Ano VI (1927): 452-455.

[2154] En John Dewey, "Mi credo pedagógico", *Boletín de la ILE,* XLVIII, 776 (1924): 330-331.

[2155] En Carleton Wolsey Washburne, "La técnica Winnetka", *Revista de Pedagogía,* Nº 70, Ano VI (1927): 489.

[2156] En D. J. Lynch, "EL trabajo individual en la escuela según el Plan Dalton", *Revista de Pedagogía* Nº 97 (Ano IX, 1930): 19-23.

[2157] En Willian Heard Kilpatrick, "La filosofía social en la educación nueva", *Revista de Pedagogía,* Nº 163 (1935): 289-295.

[2158] En Lorenzo Luzuriaga, *Historia de la Educación y de la Pedagogía* (Buenos Aires: Losada, 1980), 217.

[2159] En Carleton Washburne, "La libertad por el dominio del individuo", *Revista de Pedagogía* (1927): 455-460.

moralidade menos confesional, a democracia escolar, a educación na natureza, o traballo manual, o xogo, as viaxes e a cultura física e a coeducación. Para os integrantes do movemento da Escola Nova, os factores curriculares, metodolóxicos e didácticos orientáronse cara unha perspectiva máis renovadora coidando a relación entre o alumno e o mestre. A visión global, a actividade, os ambientes de liberdade e a cooperación cambiaron totalmente os procesos de ensinanza e aprendizaxe.[2160] En parte, estes novos pensamentos favoreceron o aumento de escolas e a súa contribución ao proceso de alfabetización da sociedade, tema que será tratado no seguinte apartado.

4.4.2. O aumento das escolas públicas e a redución dos centros privados, de tempada e de ferrado

Tendo en conta a obsoleta situación da ensinanza primaria ao final do século XIX, o punto de partida para a implementación dunha *rede adecuada de escolas* de ensino primario en Lugo era deficiente, sobre todo porque non existían os recursos suficientes, o número de centros era baixo e tiñan unha precaria dotación. Pese a isto, dende 1900 ata 1936 produciuse un aumento significativo de creacións escolares públicas e indianas, en detrimento dos centros privados, de tempada e de ferrado. Este aspecto pode considerarse como un dos principais resultados do proceso de renovación escolar.[2161] A número de centros de nova creación non chegaron para levar a cabo unha reforma íntegra, nin tiñan unhas condicións pedagóxicas e hixiénicas adecuadas, como reflectiu Luis Bello nas súas visitas ás escolas da provincia de Lugo.[2162] Outros testemuños desta situación foron os inspectores e mestres, que confirmaron o reflectido polo xornalista. Por este motivo, tanto no seu epistolario, como nos seus traballos e informes, constatamos a presenza de numerosas reivindicacións sobre a necesidade de crear máis escolas e dotar ás existentes dos recursos necesarios. Nunha Xunta Local en 1911 que tivo na Casa Consitorial con todos os mestres do distrito e os párrocos de Alba, para facernos unha idea do déficit de escolas, tan só no Concello de Vilalba nas localidades de Codesido, Gondaísque, Ladra, Oleiros, Sancovade, Santaballa e Vilalba faltaban un total de 35 escolas nas parroquias de: Alba, Árbol, Belesar, Boizán,[2163] Carballido, Codesido, Corvele, Cuesta, Distriz, Goiriz, Insua, Xoibán, Ladra, Lanzós, Nete, Noche, Oleiros, Rioaveso, Román, Sancovade, Santaballa, Torre, Vilapedre e Vilalba.[2164]

Para empezar, convén resaltar que no primeiro terzo do século XX a provincia de Lugo experimentou un *aumento xeral do número de escolas públicas*, como consecuencia directa do incremento poboacional e do cambio na política educativa do Estado. O aumento de cidadáns provocou unha maior demanda de prazas e unha subida significativa do número de alumnos matriculados.[2165] Ademais, aos poucos a ensinanza

[2160] En Joaquín Xirau, "La psicología de la forma", *Revista de Pedagogía*, Nº 57, Ano V (1926): 385-391.

[2161] Vide Manuel B. Cossío, *La enseñanza primaria en España* (Madrid: R. Rojas, 1915), 77

[2162] En Luis Bello Trompeta, "Un maestro en Foz", *Vida Escolar*, Nº 158, ano IV (1930): 5-6.

[2163] O 27 de decembro de 1929 fudouse unha escola mixta nesta paroquia con axeitado moblaxe e material, pasando a ser definitiva. En Xosé Pombo Mosquera, *Liga Santaballesa. Historia dunha Escola Habanera 1907-2007* (Vilalba: Padroado da Liga Santaballesa, 2007), 323.

[2164] En Xosé Pombo Mosquera, *Liga Santaballesa. Historia dunha Escola Habanera 1907-2007* (Vilalba: Padroado da Liga Santaballesa, 2007), 73.

[2165] Vide *Censo de la población de España de 1900*, T. III (1900): 116-7, 168-9, 202-3, 234-5, 296-7; para 1910 *Censo de la población de España de 1910*, T. II (1910): 152-3, 236-7, 281-2, 318-9; para 1920 *Censo de la población de España de 1920*, T. II (1920): 280-3; para 1933 *Anuario Estadístico de España*. En Antón Costa Rico, *Historia da educación e da cultura en Galicia* (Vigo: Xerais, 2004), 916; para 1932 en Mercedes Samaniego Boneu, *La política educativa de la Segunda República* (Madrid: CSIC, 1977), 254.

USC

primaria comezou a ter unha maior consideración a nivel social e político,[2166] en parte grazas ás achegas pedagóxicas realizadas pola ILE, a LIEN a través da *Revista de Pedagogía* e ás propostas dalgúns mestres e inspectores. Neste sentido, convén enxalzar a etapa da ditadura de Primo de Rivera e o *primeiro bienio* da Segunda República. Sobre maneira, entre os proxectos republicanos destacaban a importancia que tiñan a constitución de novas aulas públicas, as denominadas "creacións escolares".[2167] Polo tanto pode dicirse, que esta extensión do ensino público foi consecuencia dun cambio na conciencia pedagóxica dalgúns sectores socioculturais, que propiciou á súa vez unha viraxe na política nacional.

Como consecuencia da creación de escolas nos primeiros anos do século XX, *incrementouse o número de mestres e inspectores*, sobre todo no quinquenio 1922-1926 e no bienio reformador da Segunda República (1931-1933). Coa instauración do período republicano pretendeuse levar a cabo unha reestruturación global da ensinanza primaria: reabríronse e construíronse novas escolas, aumentouse o cadro de persoal do *Cuerpo de Maestros*, subíronse os salarios dos docentes, reformouse o modelo de formación, selección e perfeccionamento profesional do Maxisterio.[2168] En efecto, o incremento de centros veu acompañado loxicamente do correspondente aumento de mestres, redundando de forma positiva na situación xeral da ensinanza. Así, en 1931, o goberno provisional republicano creou 526 novas prazas de mestres de ensino primario na provincia de Lugo, case todas para centros unitarios, pasando de 965 prazas de mestres en 1931 a 1.491 en 1935.[2169]

Do mesmo xeito que sucedeu cos mestres, o número de inspectores pasou a ser maior, sobre todo coas reformas lexislativas do primeiro bienio republicano. En Lugo, rememoremos que en 1933 produciuse un aumento cuantitativo na planta de inspección do ensino primario pasando de tres a sete prazas.[2170] Ademais, respecto á dirección destes centros, sinalamos que moitas escolas estaban dirixidas por mulleres, diminuíndo as ocupadas por homes. Comezouse así a consolidar un proceso de feminización profesional do maxisterio e da inspección, froito do progresivo acceso da muller aos estudios superiores, con anterioridade deficitario.[2171]

En ocasións, algunhas *entidades privadas e filántropos colaboraron* co concello para a instauración dunha nova escola. Así, en 1920 habilitábase unha nova escola grazas á doazón do deputado Benigno Quiroga Ballesteros: "El 24 de Noviembre de 1920 se construye el *Colegio Benigno Quiroga Ballesteros*, gracias a una donación de sus instalaciones".[2172] Igualmente, o 9 de novembro de 1935, un veciño anónimo doaba

[2166] Vide Manuel B. Cossío, *La enseñanza primaria en España* (Madrid: Edit. R. Rojas Museo Pedagóxico Nacional Madrid 1915).

[2167] En María del Pilar García Salmerón, "La política y las realizaciones educativas de la segunda República, a la luz de los estudios locales", *Sarmiento*, Nº 8 (2004): 105.

[2168] En Meritxell Simon-Martin y Gloria Jové Monclús, "Los "cursillos de selección profesional" en la Escuela Normal de Lleida, 1931-1933", *Pedagogias alternativas y educación en los márgenes a lo largo del siglo XX* (Valencia: Universidade de Valencia, 2022), 286.

[2169] En Xose Ramón Barreiro Fernández, *Historia de Galicia IV. Edade contemporánea* (Vigo: Galaxia, 1981), 205.

[2170] En Antonio Molero Pintado e María del Mar del Pozo Andrés, *Escuela de Estudios Superiores del Magisterio (1909-1932)* (Alcalá de Henares: Universidade de Alcalá de Henares, 1989), 200-214.

[2171] Na cidade de Lugo predominaban as escolas privadas segundo o *Boletín Oficial da Provincia* en 1908, existían tan só dúas escolas publicas de nenas, unha elemental e unha superior, mentres que privadas había 15 escolas de nenas, 5 elementais e 1 superior.

[2172] En varios, "Contratos y arrendamientos los años 1920 y 1930" (Lugo: APL. Sinatura: 1200-01, Novembro-1920).

ao Concello de Lugo unha das súas casas en propiedade para o aloxamento da escola. Por regra xeral, o concello non desaproveitaba a ocasión de obter un local prestado, en ocasións durante trece anos. Grazas a estas accións altruístas non se viron minguados os poucos recursos cos que contaba o concello.[2173]

Análise histórico do incremento de construcións escolares

Pero analicemos agora como foi *a evolución do crecemento das construcións escolares* na provincia de Lugo. No primeiro decenio do século XX, dende 1900 ata 1908 o crecemento do número de escolas en Lugo foi lento. Tomando como referencia a estatística de 1910, a provincia lucense non contaba co número de escolas necesarias: segundo Amor Meilán dende 1908 ata 1910 habilitáronse 30 novos centros, chegando ás 428 escolas. Dende 1910 ata 1928 creáronse 157 máis, acadando as 585. Ademais existían 77 colexios benéficos. A pesar disto, tan só Fonsagrada contaba co número de escolas que determinaba a lexislación.[2174]

Respecto ao *ritmo de creacións* de escolas apreciamos un avance moderado na primeira e segunda década, para intensificarse nos anos trinta, como afirma Antón Costa.[2175] Neste período apréciase unha diminución das escolas mixtas, mentres que as de nenos mantéñense e as de nenas aumentan. Non obstante, o incremento medio das escolas non foi proporcional ao da poboación, sendo o número de escolas sempre insuficiente.[2176]

> O resultado máis chamativo posiblemente sexa o de Lugo. Esta provincia era unha das que presentaba un maior déficit de escolas públicas, como puñan de manifesto as estadísticas escolares, algunhas das cales lle adicaban comentarios específicos.[2177]

Na zona da Mariña Lucense tamén ampliouse o número de escolas nacionais, sobre todo grazas á Administración e ás *doazóns indianas*. En 1908 abríronse 35, atendidas por 35 mestres nos concellos do distrito de Ribadeo (Barreiros, Ribadeo, Trabada, Vilameá e Vilaodrid). A estes centros asistían un total de 863 nenos e 465 nenas. Ademais nos concellos de Ribadeo e Barreiros había algunhas escolas privadas á que asistían 180 nenos e 140 nenas: 12 en Ribadeo, 8 en Trabada, 6 en Barreiros, 6 en Vilaodrid e 3 en Vilameá [2178] Na localidade de Barreiros José Fernández Díaz, coñecido como o alcalde *xetas*, converteu a súa casa natal, a *Casa de Arriba*, nunha escola pública. Descoñecendo a data exacta da creación, o certo é que este político promoveu en Castroverde a construción da Escola de Nenos e Nenas, dato que trasladamos por ser un feito que, sumado aos outros, contribuíu o proceso de modernización.[2179]

[2173] Ídem.

[2174] En Manuel Amor Meilá, "Estadística en geografía General del Reino de Galicia", *La provincia de Lugo. Volume VIII. Tomo I* (La Coruña: Edit. Gallegas. Casa Editorial Alberto Martín, 1980), 1 a 14, 81 a 91 e 112 e 114.

[2175] En Antón Costa Rico, A. e Uxía Bolaño Amigo, "Represión política e castigo do profesorado republicano na provincia de Lugo. As consecuencias do 36", *Sarmiento*, Nº 21 (2017): 106

[2176] En Manuel B. Cossío, *La enseñanza primaria en España* (Madrid: R. Rojas, 1915), 77

[2177] En Narciso de Gabriel (varios), "O proceso de alfabetización en Galicia (1860-1991)", *Sarmiento*, Nº 1 (1997): 15

[2178] En Ministerio de Instrucción Pública y Bellas Artes, *Estadística Escolar de España en 1908* (Lugo: Imp. de la Dirección General del Instituto Geográfico y Estadístico, Madrid, tomo III, 1910).

[2179] En Silvia Iglesia, "¿Quién era el alcalde Xetas y por qué hay una calle en Castroverde con su nombre?", *El Progreso* (6 de marzo de 2025) extraído o 12 de xaneiro de 2025 de: https://www.elprogreso.es/articulo/comarca-lugo/quien-era-alcalde-xetas-tiene-calle-castroverde/20250305151005185409 9.html

Convén ter en conta o tema dos *traslados de centros* debido á creación de novos colexios. Durante os anos dez realizáronse varios cambios en toda a provincia: por exemplo en 1911, a *Junta Provincial* solicitou ao alcalde de Becerreá que se informara á *Junta Local* sobre unha instancia onde varios veciños de San Pedro de Tortes (Becerreá) protestaban polo traslado da escola desta localidade.[2180] Normalmente, estes cambios realizábanse para albergar aos alumnos nun local con mellores condicións, pero en ocasións obrigaban aos nenos e nenas a realizar longos traxectos, ante a falta de transporte escolar, as malas vías de comunicación e a acusada dispersión poboacional luguesa. A diferenza da tónica xeral española, en vez de construír unha nova escola, os concellos alugaban vivendas particulares que en moitas ocasións non estaban deseñadas para tales fins. Noutros casos as veciñanzas ofrecían os medios humanos e materiais para construír unha nova, sobre todo con recursos indianos alén de ultramar.

Nos anos vinte do século XX convén facer fincapé no traballo realizado pola constitución do *Patronato provincial de construciones escolares* constituído no tempo primorriverista, presidido polo gobernador civil e polos respectivos representantes da Deputación e do Concello. Igualmente, o Real Decreto do 23 de novembro de 1920 produciu un aumento do número de escolas ante a evidente carencia. Cabe sinalar que se tomamos como referencia o decenio 1917-1927, Lugo foi a provincia española onde máis escolas se crearon, como afirmaba o inspector lucense Jacinto Ruiz:

> Lugo ocupa el *primer lugar* entre las provincias que más escuelas nacionales han creado en el último decenio. De 398 escuelas con que contaba en 1917, han pasado a 839, que funcionan en la actualidad; aumentando su censo escolar en 441 centros primarios.[2181]

En 1921 o Concello de Lugo propuxo a construción dun grupo escolar. Nestes tempos iniciouse tamén un "Proxecto de creación de 24 escolas" dispersas por todo o municipio.[2182] Así o 14 de outubro de 1922, Rodríguez de Viguri trasladaba o informe favorable para a apertura destes centros.[2183] Debido a isto, os centros educativos en Lugo multiplicáronse nos anos vinte. Ademais abriuse algún centro privado por autorización do bispo Plácido Rey Lemos: O Colexio das *Siervas de San José*, ás que coloquialmente coñecense como "as Pepas".[2184] Dende 1925 ata 1927, Eduardo Rosón López substituíu a Ángel López López na acaldía, no seu discurso de posesión transmitiu a vontade de crear máis escolas e as denominadas "casas baratas" de Lugo.[2185]

[2180] En varios, *Lugo XX historia de un Siglo* (Lugo: Tomo I, *El Progreso*, 2000), 205.
[2181] En Jacinto Ruiz, "La primera enseñanza en la provincia de Lugo-1927", *Vida Escolar*, Nº 40, ano I (1927): 2.
[2182] Vide Julio Reboredo Pazos, *López López la mosca blanca La ciudad de Lugo en el primer tercio del siglo XX* (Lugo: Concello de Lugo, 2022).
[2183] En AAL, "Actas de Plenos de 1922" (Lugo: sinatura 7.991-5,14 de outubro de 1922), 29-29.
[2184] En AAL, "Actas de Plenos de 1926" (Lugo: sinatura 7.992-3, 28 de xaneiro de 1926), 21-22.
[2185] En AAL, "Actas de Plenos de 1925" (Lugo: sinatura 7.992-2, 13 de xaneiro de 1925), 33-34

Ilustración 106.José López Varela e María Vázquez Suárez
(publicada en *¡Que pouco vale unha mestra!*...)

Segundo a estatística oficial de *referencia de 1922*, a provincia lucense contaba con 412 escolas mixtas e 180 unitarias, algunhas delas indianas.[2186] En 1925, esta provincia xa tiña 766 escolas e 772 mestres.[2187] Este aumento de centros reflectiu os impulsos económicos realizados pola administración, os indianos ou algunha iniciativa particular. Ao igual que no resto de Galicia, en Lugo se operaban múltiples solicitudes demandando novas construcións escolares. Para facernos unha idea, no meridiano deste decenio, tramitábanse no *Ministerio* preto de 300 expedientes de creación de centros, reflectindo así unha notable demanda cultural e educativa da poboación lucense. A pesar do aumento de construcións escolares, en 1927 faltaban por construír 197 en toda a provincia, para ter as esixidas pola Lei Moyano. Esta lexislación non chegaría a aplicarse con rigorosidade ata ben entrado o século XX, xa que se establecía que nas localidades con máis de 500 habitantes debía de crearse unha escola elemental de nenos e outra de nenas, podendo ser incompleta. As comunidades veciñais de menor poboación agrupábanse con outras veciñanzas para construír unha escola elemental completa, e senón era posible, creábase unha incompleta ou como última opción unha de tempada: con servizo dun mestre nunha determinada franxa temporal ao ano.[2188] Así citaba o inspector de ensino primario de Lugo Jacinto Ruiz:

> Teniendo en cuenta el último censo de la población de derecho, de 517.918 habitantes, y calculando una escuela por cada 500, el número total de maestros que se necesitaban como mínimo, es de 1036. Es decir; que faltan aún por crear 197 escuelas.[2189]

[2186] En total existían 99 escolas deste tipo en Lugo segundo o inventario "Escolas da Emigración", un proxecto levado a cabo en 2008: extraído de http://mapas.consellodacultura.org/escolas/. Fotos en Vicente Peña, *Luces de Alén Mar. As escolas de americanos en Galicia* (Santiago: Edición revisada e ampliada, 2013).

[2187] En José del Peso y Sevillano, "Galicia y su Enseñanza Primaria" (Madrid: Arquivo JAE. Sinatura: JAE/115-391, xuño 1925).

[2188] En Manuel B. Cossío, *La enseñanza primaria en España* (Madrid: Edit. R. Rojas Museo Pedagóxico Nacional: 1915), 75.

[2189] Ídem, 2.

Cadro 61. Escolas segundo o número de habitantes-*Ley Moyano*	
Localidades de 2000 habitantes	2 escolas completas
Localidades de 4000 habitantes	3 escolas completas
Por cada 2000 habitantes	Aumentaba unha escola por cada sexo
Poboacións que chegasen a 10.000 habitantes:	1 escola Superior 1 escola dominical ou unha escola nocturna Debíase de procurar a creación de 1 escola de párvulos

Fonte: Elaboración propia. En Manuel B. Cossío, "La enseñanza primaria en España" (Madrid. Edit.: R. Rojas Museo Pedagóxico Nacional, 1915), 75.

En 1928 produciuse unha diminución de cargas municipais e en cada provincia creouse unha *Comisión de Construcciones Escolares*, autorizando á construción de casa-vivenda do mestre no mesmo edificio escolar.[2190] Na creación de centros non faltaron os *incidentes nos alugamentos*. Un dos casos máis polémicos foi o da Escola de Coeo-Quintela, referidos ao veciño Sabino Torrón, quen recibindo o material escolar non prestou a súa casa para a referida Escola. En consecuencia o lucense Anxo Castro García tivo que prestar a súa. Deste caso, atopamos un amplo informe no APL, xa que tivo que intervir a Garda Civil: "dada a negativa de Sabino Torrón de devolver o material escolar, a benemérita tivo que facer uso da forza para recuperar o material do que o citado veciño posuía ilegalmente". Segundo os informes atopados, este veciño cobraba o aluguer sen prestar o local escolar. A resolución deste caso foi publicado no *Boletín Oficial do Ministerio de Instrución Pública* a favor do veciño Anxo Castro García, quen denunciou ao seu veciño por cobrar o aluguer do local para a escola e nunca empregalo para tales fins.[2191]

Cadro 62. Informes da escola da parroquia de Coeo
-Expediente da escola de San Vicente de Coeo
-Acta Xurada sobre a creación da Escola Nacional de Nenas na vila de Coeo
-En 1933 para que se leve o material da Escola
-En 1932 informe Luis Soto Menor
-O 19 de maio de 1933 o inspector xefe Daniel Calvo

Fonte: en A. Castro Garcia, "Informe da Escola no Concello de Coeo" (Lugo: APL. Sección: Concello, sinatura: 1200-01, 1932-1933).

Na provincia de Lugo, No decenio dos *anos trinta* do século XX experimentouse un *intensificación* significativa da fundación de escolas.[2192] Este proceso foi impulsado polas reformas educativas republicanas do primeiro bienio e as reivindicacións particulares dos inspectores, mestres e párrocos.[2193] Estes últimos axentes eclesiásticos trasladaban as necesidades das familias á Administración,[2194] circunstancia que axudou á construcción da cultura a través da escola.[2195] Probablemente, pouco a pouco a

[2190] En Antón Costa Rico, *Escolas e mestres...* (Santiago de Compostela: Servizo Central de Publicacións, Consellería da Presidencia e Administración Pública, 1989), 62-64.

[2191] En A. Castro Garcia, "Informe da Escola na parrroquia de Coeo" (Lugo: APL. Sección: Concello, sinatura: 1200-01, 1932-33).

[2192] En Antón Costa Rico, A. e Uxía Bolaño Amigo, "Represión política e castigo do profesorado republicano na provincia de Lugo. As consecuencias do 36", *Sarmiento*, Nº 21 (2017): 106

[2193] Na década dos anos trinta intensificouse a fundación de escolas, grazas principalmente ao impulso realizado polo goberno do primeiro bienio republicano: así especialmente en 1932 a provincia luguesa experimentou un empuxe considerable segundo as fontes citadas.

[2194] Por ser en moitas aldeas a única persoa letrada con capacidade para redactar a solicitude.

[2195] Entendendo isto como un factor moral e educativo. Vide María Antonia Bravo, *La familia en la historia: Propuestas para su estudio desde la «nueva» historia cultural*, (Encuentro, vol. 168, 2010).

sociedade lucense foi tendo unha maior consideración pola educación pública e a importancia da ensinanza primaria, grazas entre outros aspectos á publicación dos numerosos artigos educativos editados nas revistas e prensa, e á celebración dos congresos pedagóxicos de 1923 e 1933. Neste último ano existían na provincia luguesa 1268 escolas públicas, das que 398 eran unitarias e 867 mixtas.[2196] Ademais, cómpre sinalar a presenza de colexios modelo.[2197] En efecto, en 1932 rexistrouse un notable aumento de escolas nacionais, repercutindo favorablemente no prestixio social dos mestres, como se manifestaba en *El Progreso*.

> Cuando la Monarquía se hundió tenía España 35.716 escuelas. Faltaban 27.151. -Están funcionando 6.280 escuelas nuevas... Será posible crear en el último cuatrimestre del año 3.000 escuelas, con lo cual tenemos 10.000. Desde 1908 a 1931 había aumentado de 24.128 a 35.716 (15.888 escuelas), y nosotros habremos creado en año y medio 10.000. En cinco años habremos saldado todo nuestro déficit de escuelas primarias. Al maestro la República le va a dar una formación como la que tiene en Inglaterra, en Alemania, en los Estados Unidos. Para que el maestro se mantenga en un cierto nivel es indispensable una inspección eficiente, y nosotros creamos 110 inspectores. Al final del mes de abril, podremos organizar más de cuarenta misiones pedagógicas semanales por las aldeas. Se les deja la biblioteca. Van repartidas ya 160; preparadas otras 100. Y se está preparando el museo ambulante seleccionado por D. Manuel B. Cossío. Tenemos 17 institutos, un plus sobre 1931 de 10 internados y residencias, 8 nuevas salas de permanencia, 10 bibliotecas circulantes, 20 escuelas preparatorias.[2198]

Cadro 63. Principais escolas de ensino primario creadas na provincia de Lugo (1900-1936)

Ano	Nome da escola
1896	Escola Pública de Nenos de Sarria
1896	Escola Pública de Nenas de Sarria
1897	Escola de Santa Rita. Galdo (Viveiro)
1906	Escola da Ferrería (O Incio)
1907	Escola da Liga Santaballesa
1912	Escola Vella de Rinlo
1913	Escola de Boimente
1913	Escola de Aurá (San Pedro)
1913	Escola de Landrove
1913	Escola de Magazos
1913	Escola de Cabanas
1913	Escola de Bravos
1918	Escola de Mondoñedo. De Pardo Montenegro, atendida polas fillas de San Vicente de Paul (Mondoñedo)
1919	Escola de Aguirre. Landrove (Viveiro)
1919	Escola de Vilar de Pousada (barrio Chousa Vella)
1922	Escola de Bravos (Ourol)
1922	Escola de Seixo (Abadín)
1925	Escolas Unitarias (Xove)
1929	Escola de Lamela Pultín (Castroverde)
1931	Escola de San Mamed (Antas de Ulla)
1931	Escola de Rial (Antas de Ulla)

[2196] En Antón Costa Rico e Uxía Bolaño Amigo, "Represión política e castigo do profesorado republicano na provincia de Lugo. As consecuencias do 36", *Sarmiento,* Nº 21 (2017): 106.

[2197] Vide Narciso de Gabriel Fernández, *Escolantes e escolas de ferrado,* (Vigo: Xerais de Galicia, 2001); Narciso de Gabriel, *Escolantes e escolas de ferrado* (Vigo: Xerais, 2001); Antón Costa Rico, *Historia da educación e da cultura en Galicia* (Vigo: Xerais, 2004) 929; en Antón Costa Rico, *Escolas e Mestres. A educación en Galicia: Da restauración á Segunda República,* (Santiago: Editorial: Servizo Central de Publicacións: Xunta de Galicia, 1989), op. cit. 125-126; en E. Reboredo Blanco, "Solicitud de acondicionamiento de centro escolar en el período de vacaciones para no interferir en el comienzo de las clases" (Lugo: APL. Fondo: Concello. Sinatura: 931, 1911); Vicente Peña Saavedra, *Éxodo, organización comunitaria e intervención escolar,* (A Coruña: Xunta de Galicia, 1993); e José del Peso y Sevillano, "Galicia y su Enseñanza Primaria" (Madrid: Arquivo JAE. Sinatura: JAE/115-391, xuño 1925); consultamos os informes onde describían o mal estado das escolas en Luis Soto Menor, "Informe de Luis Soto Menor da Junta Provincial de Lugo" (Lugo: APL. Fondo Concello. Sinatura: 1202-01, outubro 1924).

[2198] En G. Ríos, "La República y la escuela", *El Progreso,* Lugo, 27 de marzo de 1932.

1931	Escola de Castro (Begonte)
1931	Escola de Campos de Arriba (Begonte)
1931	Escola de Donalbay (Begonte)
1931	Escola de Reboltas (Begonte)
1931	Escola de Castroverde
1931	Escola de Bolaño (Castroverde)
1931	Escola de Barredo (Castroverde)
1931	Escola de Serés (Castroverde)
1931	Escola de Páramo (Castroverde)
1931	Escola de Monte (Castroverde)
1931	Escola de Rena (Castroverde)
1931	Escola de Mesón do Sal (Castroverde)
1931	Escola de Vilacote (Castroverde)
1931	Escola de Pumarega (Castroverde)
1931	Escola de Furis (Castroverde)
1931	Escola de Mirad (Courel)
1931	Escola de Barreiros (Corgo)
1931	Escola de Quinte (Corgo)
1931	Escola de Rioaveso (Cospeito)
1931	Escola de Criba (Xermade)
1931	Escola de Roupar (Xermade)
1931	Escola de Grolos (Guntín)
1931	Escola de Zolle (Guntín)
1931	Escola de Lamela (Guntín)
1931	Escola de Noián (O incio)
1931	Escola de Villardavata (O incio)
1931	Escola de Marrín (O incio)
1931	Escola de Balbon (O incio)
1931	Escola deParedes de Rendar (O incio)
1931	Escola de Viloira (O incio)
1931	Escola de Villamor (O incio)
1931	Escola de Pacios (O incio)
1931	Escola de Trascastro (O incio)
1931	Escola de Couto (Láncara)
1931	Escola de Souto (Láncara)
1931	Escola de Pobra de San Xiao (Láncara)
1931	Escola de Marzán (Monterroso)
1931	Escola de Guillar (Otero de Rei)
1931	Escola de Gayoso (Otero de Rei)
1931	Escola de Vincinte (Otero de Rei)
1931	Escola de Liñares (Otero de Rei)
1931	Escola de Caboy (Otero de Rei)
1931	Escola de Castelo (Otero de Rei)
1931	Escola de Canday (Otero de Rei)
1931	Escola de Aspay (Otero de Rei)
1931	Escola de Orosa (Palas de Rei)
1931	Escola de Remonde (Palas de Rei)
1931	Escola de Fonte de Uz (Palas de Rei)
1931	Escola de Forracal (Palas de Rei)
1931	Escola de Cuiña (Palas de Rei)
1931	Escola de Casco (Palas de Rei)
1931	Escola de Coence (Palas de Rei)
1931	Escola de Albite (Palas de Rei)
1931	Escola de Rugando (Quiroga)
1931	Escola de Vilachá (Paradela)
1931	Escola de Las Porras (Pol)
1931	Escola de Ríojuan (Pol)
1931	Escola de Fornelas (Pobra do Brollón)
1931	Escola de Cobadelas (Pobra do Brollón)
1931	Escola de Tudrid (Pobra do Brollón)
1931	Escola de Castroncelos (Pobra do Brollón)
1931	Escola de Estación (Pobra do Brollón)
1931	Escola de Gorzar (Portomarín)

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

1931	Escola de Villajuste (Portomarín)
1931	Escola de Castroncán (Samos)
1931	Escola de Vilameá (Samos)
1931	Escola de Sarria de niñas (Sarria)
1931	Escola de Tremeado (Sarria)
1931	Escola de Callás (Sarria)
1931	Escola de Reboredo (Sarria)
1931	Escola de Freilán (Sarria)
1931	Escola de Laugeiro (Sarria)
1931	Escola de Villamayor (Sarria)
1931	Escola de Teibente (Sarria)
1931	Escola de Casco (Sarria)
1931	Escola de Lavandeira (Sarria)
1931	Escola de Santiago de Vega (Sarria)
1931	Escola mixta de Pájara (O Saviñao)
1931	Escola de Juventos (O Saviñao)
1931	Escola de Sohaz (Taboada)
1931	Escola de Taboada de los Frailes (Taboada)
1931	Escola de Gondulce (Taboada)
1931	Escola de Mesonfrío (Taboada)
1931	Escola de Ouriz (Taboada)
1931	Escola de Vilar de Caballos (Taboada)
1931	Escola de Vilar (Triacastela)
1931	Escola de Román (Vilalba)
1931	Escola de Santa Eulalia de Alloz (Vilalba)
1931	Escola de Belesar (Vilalba)
1931	Escola de Casco (unitaria niños e párvulos) (Vilalba)
1931	Escola de Noche (Vilalba)
1931	Escola de Nete (Vilalba)
1931	Escola de Goiriz (Vilalba)
1931	Escola de Codesido (Vilalba)
1931	Escola de Lanzos (Vilalba)
1931	Escola de Feira Nova (Vilalba)
1931	Escola de Sampayo (Vilaoudriz)
1931	Escola de Gandahedos (Vilaoudriz)
1931	Escola de Villaje(Vilaoudriz)
1931	Escola de Cillero (Viveiro)
1932	Escola de Carral do Vilar (Castro de Rei)
1932	Escola de Sumedo (Castro de Rei)
1932	Escola de Cubelo (Castro de Rei)
1932	Escola da Rúa de Arriba (Castro de Rei)
1932	Escola de Hermida (Castro de Rei)
1932	Escola de Formigueiro (Castro de Rei)
1932	Escola de Riberas de Lea (Castro de Rei)
1932	Escola de Couto (Taboada)
1932	Escola de Sobrecedo, (Taboada)
1932	Escola de Campo (Taboada)
1932	Escola de Bouzoa (Taboada)
1932	Escola de Vilelano (Taboada)
1932	Escola de Seoane (Fonsagrada)
1932	Escola de Touville (Láncara)
1932	Escola de Láncara (Láncara)
1932	Escola de Fontarón
1932	Escola de Sevane (Becerreá)
1932	Escola de San Lázaro (Mondoñedo)
1932	Escola de Fojaca (Pastoriza)
1932	Escola de Pastoriza (Pastoriza)
1932	Escola de Axulfe (Chantada),
1932	Escola de Bazar (Lugo)
1932	Escola de Nadela (Lugo)
1932	Escola da Casa de Beneficencia (Lugo)
1936	Colexio Martínez Otero (Foz)
1936	Grupo Escolar Viveiro (Ocupado como Hospital de

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

	Campaña ata 1943).
1938/39	Escola de Mendreiras e Lastra (Baleira)

Fonte: Elaboración propia. En Lucía Porto, "La primera escuela rural de Sarria", *El Progreso*, (21 de xullo de 2018): 1; en Joan Comas Camps, "Creación de centros escolares en Lugo", *El Progreso,* Lugo, 7 de xullo de 1931; e en *Gaceta de Madrid* do 5 de xullo de 1931 e posteriormente na do 19 de setembro de 1931; en varios "Información de Enseñanza", *El Progreso,* Lugo, do 19 de xaneiro de 1932 e varios "Creación de escuelas", *El Progreso,* Lugo, 24 de xaneiro de 1932; en Antón Costa Rico, *Historia da educación e da cultura en Galicia,* (Vigo: Xerais, 2004) 928; para "Escola Unitaria de Xove" Real Orde 5 de setembro de 1925.

De entre todas estas creacións escolares destacou o esforzo para construír o Grupo Escolar en Viveiro, demandado dende 1929 por Justo Taladrid Catá, como director da sociedade indiana *Vivero y su Comarca*. Para isto formouse unha Comisión Pro-Grupo Escolar, que conseguiu poñer a primeira pedra desta Escola en 1936, máis co estalido do conflito bélico fixo que as súas instalacións albergaran o Hospital de Campaña ata 1943, ano no que se retomaron os labores educativos.[2199]

Gráfico 21. Aumento do número de escolas na provincia de Lugo.



Fonte: Elaboración propia. Para 1900 en Antonio Correa Fernández, *Historia fin de siglo* (Lugo: Tipografía de A. Villamarín, Tomo I, 1900) 72; para 1917 e 1927 en Jacinto Ruiz, "La primera enseñanza en la provincia de Lugo-1927", *Vida Escolar*, Nº 40, ano I (1927): 2; para 1920 en José del Peso y Sevillano, "La cultura popular gallega", *Vida Escolar*, Nº 91, ano II, (1928); para 1925 en José Del Peso y Sevillano, "Galicia y su Enseñanza Primaria" (Madrid: Arquivo JAE. Sinatura: JAE/115-391, xuño 1925); para 1931 e 1933 en J. Santa María "Número especial sobre a Semana Pedagóxica Lucense", en *Vida Escolar*, Nº 336, ano VII, (1933): 13; e En Antón Costa Rico e Uxía Bolaño Amigo, "Represión política e castigo do profesorado republicano na provincia de Lugo. As consecuencias do 36", *Sarmiento*, Nº 21 (2017): 101-118.

No bienio reformador da Segunda República (1931-33) e a nivel nacional, o ministro de instrución pública destinou 35 millóns de pesetas para dotar de recursos necesarios ás 7000 escolas novas creadas por Llopis.[2200] Segundo o *Jefe da Sección Administrativa de educación* J. Santa María de 1933, Lugo foi a provincia que máis escolas creou e máis movemento de persoal tivo dende o 14 de abril de 1933. Este feito foi debido á dotación de novos centros educativos e ao persoal para atendelos. En total

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[2199] En Emilio Xosé Ínsua, *Verdades Como Puños y Consideraciones* (Xunta de Galicia, 2023), 72.
[2200] En varios "De enseñanza", *El Progreso,* Lugo, 14 de febreiro de 1932.

na provincia creáronse, dende 1923 ata xuño de 1933, 613 centros educativos.[2201] Tan só no mes de xaneiro de 1932, establecéronse na provincia lucense as escolas de Carral do Vilar, Sumedo, Cubelo, Rúa de Arriba, Hermida, Formigueiro, Riberas de Lea (Castro de Rei), as de Couto, Campo, Sobreceda, Bouzoa, Vilelano (Concello de Taboada), Seoane (Fonsagrada), Touville, Láncara, Fontarón, Sevane (Becerreá), San Lázaro (Mondoñedo), Fojaca, Pastoriza (Pastoriza), Axulfe (Chantada), Bazar, Nadela (Lugo) e a Casa de Beneficencia de Lugo.[2202] Estes novos centros formaban parte da intención republicana de crear centros decorosos e hixiénicos.[2203] Pese a isto, moitas escolas eran un foco de infección de enfermidades e por este motivo Germán Lastra dicía en 1932: "La Escuela ha de poner especial cuidado en inculcar a los niños la virtud del aseo".[2204] En xaneiro de 1932, tras a ameaza de derrube do edificio, a escola de Momán (Xermade) foi hixienizada, sendo segundo a prensa local un dos edificios más saneados.[2205]

Con todo isto podemos denotar o impulso na creación e dotación de centros escolares na provincia de Lugo.[2206] Dende 1900 o crecemento sucedeu en igual proporción que o resto das provincias galegas: "Con parecido ritmo se ha multiplicado las escuelas primarias en la provincia de Lugo: En 1920 existían en ella solo 544. En la actualidad se ha elevado esta cifra a 766, con 772 Maestros".[2207] A seguinte táboa recolle o número das escolas creadas neste período para a estruturación do sistema educativo lucense. As principais referencias empregadas foron a prensa lucense e a obra de Llopis titulada *La revolución en la escuela. Dos años en la Dirección General de Primera Enseñanza.* En consecuencia e tendo en conta esta documentación achéganse as seguintes cifras:

Táboa 20. Número de escolas nacionais existentes en Lugo dende 1931 e 1933									
Número de escolas nacionais de 1931									
Escolas que existen ata o 14-4-31	**Unitarias**			**Mixtas**		**S. graduadas**			**Escolas creadas 1931-1933**
	Nenos	Nenas	Párvulos	Mestres	Mestras	Nenos	Nenas	Párvulos	221
992	17	28	2	120	48	3	3	--	
Número de escolas nacionais en 1933									
Escolas	**Graduadas**		**Unitarias**		**Mixtas**		**Totais**		
	3		398		867		1268		

Fonte: Elaboración propia. Para 1931 en Rodolfo Llopis, *La revolución en la escuela. Dos años en la Dirección general de Primera enseñanza* (Madrid: M. Aguilar, 1933) 168; e para 1933 en Antón Costa Rico e Uxía Bolaño Amigo, "Represión política e castigo do profesorado republicano na provincia de Lugo. As consecuencias do 36", *Sarmiento,* Nº 21 (2017): 106.

[2201] En J. Santa María, "Número especial sobre a Semana Pedagóxica Lucense", en *Vida Escolar*, Nº 336, ano VII (1933): 13.

[2202] En varios "Información de Enseñanza", en *El Progreso,* Lugo, do 19 de xaneiro de 1932 e varios "Creación de escuelas", *El Progreso,* Lugo, 24 de xaneiro de 1932.

[2203] En Germán Lastra, "La escuela del porvenir- Edificios decorosos e higiénicos", *El Progreso,* Lugo, 21 de xaneiro de 1932.

[2204] En Germán Lastra, "La escuela del porvenir- Higiene, mucha higiene", *El Progreso,* Lugo, 24 de xaneiro de 1932 e *El Progreso,* Lugo, de 29 de xaneiro de 1932.

[2205] En varios "La escuela de Monán", *El Progreso,* Lugo, 14 de xaneiro de 1932.

[2206] En varios en De instrución, "Creación de 7000 plazas docentes-Del Magisterio", *El Progreso,* Lugo, 26 de xuño de 1931.

[2207] En José del Peso y Sevillano, "La cultura popular gallega", *Vida Escolar*, Nº 91, ano II (1928): 4.



DEL MAGISTERIO

Se crean siete mil plazas de maestros y maestras con destino a escuelas nacionales

El ministro de Instrucción públi ca dictó un decreto, que en su parte dispositiva dice lo siguiente:

«Artículo primero. Se autoriza al ministro de Instrucción Pública para crear, a partir del primero de julio 7.0000 plazas de maestros y maestras con destino a las escuelas nacionales.

Artículo segundo. Dichas plazas, que habrá de distribuirse proporcionalmente en las distintas categorías del escalafón, se calculan a los solos efectos del crédito que haya de solicitarse dotadas en 5.000 pesetas cada una de ellas.

Artículo tercero. Los 11 666.667 pesetas que suponen para este ejercicio económico la creación de las 7.000 plazas, ya que su creación definitiva se harán con fecha primero de septiembre, se satisfarán con la cantidad de 1.247 000 pesetas que figura con destino a la creación de mil plazas de maestros y maestras en el capítulo cuarto, artículo primero, concepto tercero, del vigente presupuesto, y con el crédito de 10.419 667 pesetas que se solicitará de las Cortes.

Ilustración 107: Anuncio do 26 de xuño de 1931 en *El Progreso*: creación de 7000 prazas de mestres

Sobre todo, o lote de escolas creadas en 1931 significou a mellor partida de construcións escolares histórica, dotación necesaria que se víña demandando dende facía varias décadas polos mestres e inspectores da provincia.[2208] A continuación, o seguinte cadro recolle os nomes das escolas luguesas creadas e o concello no que se construíron. En total, as escolas creadas no ano de 1931, foron 99 situadas ao longo desta provincia.

Cadro 64: Creación de escolas na provincia de Lugo en 1931 (segundo o informe de Joan Comas)

Concello	**Nome da Escola**	Nº
Antas de Ulla	San Mamed e Rial.	2
Begonte	Castro, Campos de Arriba, Donalbay e Reboltas.	4
Castroverde	Pumarega, Vilacote, Furis, Mesón do Sal, Rena, Monte, Páramo, Serés, Barredo e Bolaño.	10
Courel	Mirad.	1
Corgo	Barreiros e Quinte.	2
Cospeito	Rioaveso.	1
Xermade	Criba e Roupar.	2
Guntín	Grolos, Zolle e Lamela.	3
Incio	Noián, Villardavata, Marrín, Balbon, Paredes de Rendar, Viloira, Villamor, Pacios e Trascastro.	9
Láncara	Couto, Souto, Pobra de San Xiao.	3
Monterroso	Marzán.	1
Outeiro de Rei	Guillar, Gayoso, Vincinte, Liñares, Aspay, Caboy, Canday e Castelo.	8
Palas de Rei	Orosa, Remonde, Fonte de Uz, Forracal, Cuiña, Albite, Coence e Casco.	8
Paradela	Vilachá.	1
Pol	Las Porras, Ríojuan.	2
Pobra de Brollón	Fornelas, Cobadelas, Tudrid, Castroncelos e Estación.	5
Portomarín	Gorzar e Villajuste.	2
Quiroga	Rugando.	1
Samos	Castroncán, Vilameá.	2
Sarria	Sarria de niñas, Santiago de Vega, Lavandeira, Casco, Teibente, Laugeiro, Freilán, Reboredo, Villamayor, Callás e Tremeado.	11
O Saviñao	Escola mixta de Pájara, Juventos.	2
Taboada	Sohaz, Taboada de los Frailes, Gondulce, Mesonfrío, Ouriz e Vilar de Caballos.	6
Triacastela	Vilar.	1
Vilalba	Román, Santa Eulalia de Alloz, Belesar, Casco (unitaria niños e párvulos), Noche, Nete, Codesido, Goiriz, Lanzos e Feira Nova.	10
Vilaoudriz	Sampayo, Gandahedos, Villaje.	1
Viveiro	Cillero.	1
TOTAL:		**99**

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[2208] Documentos recollidos no epistolario dirixido ao Concello, arquivados en APL: varios "Carta do Alcalde en 1885" (Lugo: APL, fondo do Concello, sinatura: 931, 1985).

Fonte: Elaboración propia. En Joan Comas Camps, "Creación de centros escolares en Lugo", *El Progreso,* (Lugo 7 de xullo de 1931); e en *Gaceta de Madrid* (Madrid, do 5 de xullo de 1931 e posteriormente na do 19 de setembro de 1931).

El bienio negro: o estancamento da rede escolar pública

No segundo bienio republicano *contrarreformador* (1934-36), o novo goberno presidido por Lerroux rebaixou de xeito significativo a política de creación e reformas escolares, paralizando os programas de construcións de escolas. No entanto, o *bienio negro* foi un período de latencia no referente ao aumento de centros educativos, que estivo acompañada de reformas legais en defensa dos intereses da Igrexa na ensinanza primaria. Estes cambios propiciaron: a conxelación da coeducación, frearon a substitución da ensinanza relixiosa nas escolas e a suprimiron a Inspección Central. Ademais, os proxectos de construción de novas infraestructuras escolares paralizáronse ao non atopar apoio do goberno central. Este aspecto foi importante porque fixo que o plan de construcións escolares non tiveran fondos económicos. En consecuencia, a falta de locais adecuados para as escolas e a provisionalidade dalgunhas instalacións fixéronse patentes como consecuencia dos feitos revolucionarios de Outubro de 1934. Segundo Antón Costa, a distancia entre as escolas públicas da provincia luguesa era a maior de toda Galicia,[2209] analogamente ás terras centrais máis illadas. Despois disto os continuos cambios de goberno e a aparición da Guerra Civil remataron por truncar as intencións republicanas, sobre maneira as de continuar coa creación de centros públicos.

Centros de instrución superior

Como continuación á ensinanza primaria, é preciso facer fincapé na creación de varios centros de *instrución superior* na provincia de Lugo no período 1900-1936, institucións que tiñan bastante influencia social. Varias personalidades lucenses demandaron un aumento destes centros: en primeiro lugar, é necesario salientar a solicitude de creación dunha escola nocturna e un novo edificio para a *Escuela Normal de maestras.* Así, o mestre da Escola Elemental de Lugo, Evaristo Usero Sánchez propuxo a Xunta Local de Primeira Ensinanza a creación dunha escola nocturna, para facilitar aos alumnos que traballaban a posibilidade de aprender a ler e escribir correctamente. Incluso o propio Evaristo Usero ofreceuse de forma voluntaria para impartir as clases, en detrimento das súas propias horas de descanso. Por outro lado, o director do diario lucense *El Buscapié,* Bernardino de Azpiazú Álvarez propuxo á Xunta Local a creación dun novo edificio para da *Escuela Normal de Maestras.*[2210] Unha proposta realizada tamén polo inspector de Primeiro Ensino Joan Comas Camps.[2211] A continuación recóllese o nome dos centros educativos de instrución superior máis importantes da provincia luguesa neste período.[2212]

Cadro 65. Centros educativos máis importantes da provincia de Lugo a finais do século XIX	
Nome	**Lugar**
1. Instituto Provincial de Segunda Ensinanza	Lugo
2. Colexio de Padres Escolapios	Monforte

[2209] En Antón Costa Rico, *Historia da educación e da cultura en Galicia* (Vigo: Xerais, 2004), 925.

[2210] Ubaldo de Azpiazú foi o introdutor en España da "Carta Magnética", deputado radical que fomentou a construción das "Casas Baratas" en Lugo.

[2211] En varios, "Proposta creación de Escuela Nocturna y Escuela Normal de Maestras" (Lugo: APL. Fondo do Concello. Sinatura: 931, 1900).

[2212] En Antonio Correa Fernández, *Historia fin de siglo* (Lugo: Tipografía de A. Villamarín, Tomo I, 1900), 72.

3. Colexio de Nosa Señora dos Remedios	Mondoñedo
4. Escola Normal Elemental de mestres	Lugo
5. Seminario Conciliar	Lugo
6. Seminario Conciliar	Mondoñedo
7. Seminario Menor de Monterroso	Monterroso
8. Escola de Obreiros	Lugo
9. Escola de Artes e Oficios[2213]	Lugo
10. Escola Mercantil	Lugo

Fonte: Elaboración propia, en Antonio Correa Fernández, *Historia fin de siglo* (Lugo: Tipografía de A. Villamarín, Tomo I, 1900), 72; para 1900-1930, en José Trapero Pardo, *Lugo 100 años de vida local* (Lugo: Edicións Celta, 1969), 208-263; para 1930-1936, en Blanca García Montenegro (cord.), "Lugo: cien años de progreso" (Lugo: *El Progreso*, 1 de marzo de 2008); "Homenaje al seminario de Mondoñedo (1572-2013)" en https://www.homenaxeseminariomondonedo.com/dominguez-monterroso-una-promocion-excepcional/

Ilustración 108. Seminario Conciliar de Lugo a comezos do século XX

A redución de escolas privadas, de tempada e de ferrado

As primeiras escolas de ferrado apareceron en Galicia no século XVIII, como evidencia do interese da sociedade galega pola instrución elemental, e a súa capacidade para crear xeitos de acceder á cultura escrita. Estes centros estaban formadas por mestres, os denominados escolantes, que impartían clase a cambio dun ferrado de cereal. Polo xeral estes veciños eran "docentes" sen titulación e con escasa formación. Historicamente, nalgúns concellos de Lugo este tipo de escolas tiveron moita presenza. Por ejemplo en 1875, en Fonsagrada asistían 1.068 nenos e 58 nenas a este tipo de clases. Co transcurso do tempo estas escolas foron desaparecendo, aínda que nalgunhas bisbarras galegas o pago "en especie" chegou a existir ata os anos 60.[2214]

Igualmente, os centros privados e de tempada víronse reducidos a medida que creceron os públicos. Dende o século XIX, nos principais núcleos de poboación da provincia lucense existía unha forte presenza de institucións privadas e eclesiásticas. Particularmente nas cidades de Lugo, Mondoñedo e Monforte. No que se refire ás escolas de tempada a súa presenza na provincia foi desaparecendo dende finais do

[2213] Un dos principais impulsores desta Escola foi José Bolaño Rivadeneira.

[2214] En Narciso de Gabriel, "A cultura escolar popular e as escolas de ferrado", *EDUGA*, Nº 55, (2009): 70.

século XIX, sobre todo a medida que se foron creando novos centros escolares públicos. O 20 de outubro de 1885 suprimíanse as vinte escolas de tempada no municipio de Lugo. Este feito obrigou á creación de escolas nos distintos distritos, referencia que se fixo patente mediante un comunicado da *Dirección General de Instrucción Pública*.[2215] Na correspondencia ao concello, os veciños da cidade de Lugo propuxeron a creación dunha escola de adultos, unha completa de nenos, unha superior de nenas e as incompletas de asistencia mixtas que se consideraban necesarias. As creacións destas escolas supoñían facer fronte ás necesidades da poboación, sumados aos problemas ligados á falta de medios de transporte, ás malas vías de comunicación, á dispersión poboacional, ás duras condicións climatolóxicas e ao complicado relevo montañoso lucense. O reitor da *Universidad de Santiago de Compostela* Antonio Casares Rodríguez propuxo levar a cabo as reformas necesarias educativas en Lugo para actuar conforme á Lei Moyano.[2216] O seguinte gráfico reflicte o gran desequilibrio que existía en 1885 entre o número de escolas públicas e privadas no Concello de Lugo.

Gráfico 22. Número de escolas públicas e privadas no Concello de Lugo en 1885



Fonte: Elaboración propia. Documento arquivados en APL: varios "Carta do Alcalde en 1885" (Lugo: APL, fondo do Concello, sinatura: 931, 1985).

En 1900 a provincia contaba con preto de 177 escolas libres.[2217] Non obstante, a presenza de centros particulares reduciuse considerablemente nos tres primeiros decenios deste século. A estatística escolar do *Boletín Oficial da Provincia de Lugo* (de aquí en adiante BOPL) publicou en 1908 o número de colexios que tiña cada municipio da provincia lucense e o seu número de habitantes. Así, o Concello de Lugo en 1908 contabilizou un total de 11.721 residentes, dos que 1500 eran nenos de entre 6 e 12 anos. Das 30 escolas existentes 26 eran privadas, en total un 86,6%. Esta cifra era alta, xa que segundo Cossío, en 1908 a nivel nacional tan só o 15% eran privados.[2218] Non obstante, a cidade de Lugo tiña unha tendencia a albergar este tipo de colexios.[2219] O seguinte cadro traslada as escolas que tiña Lugo a comezos do século XX, diferenciando entre públicas e privadas. Tamén achegamos os colexios que debería ter o Concello, onde se reflicte unha vez máis a deficitaria situación.

[2215] En A. F. Guerra, "Carta del gobernador al rector en 1885" (Lugo: APL. Fondo Concello. Sinatura: 931, 1985).

[2216] Esta documentación está arquivada no APL con data do 20 de novembro de 1885 polo Director Xeral de Instrución Pública: A.F. Guerra, "Carta del gobernador al rector en 1885" (Lugo: APL. Fondo Concello. Sinatura: 931, 1885).

[2217] En Antonio Correa Fernández, *Historia fin de siglo* (Lugo: Tipografía de A. Villamarín, 1900), 72.

[2218] Cómpre ter en conta que en 1908 o 15% das escolas totais de España eran privadas. En Manuel B. Cossío (1915), 95. Tendo en conta este dato, claramente observamos o importante papel do ensino privado en España e particularmente no Concello de Lugo.

[2219] No Concello de Lugo as cifras publicadas polo *BOPL* facían referencia só a zona antiga e nos arredores.

Cadro 66. Escolas no Concello de Lugo en 1908
Escolas que debía de ter
-7 Escolas de nenos, 6 elementais e 1 superior.
-6 Escolas de nenas, 5 elementais e 1 superior.
-1 Escola de párvulos.
Total: 14 Escolas que debería de ter a cidade de Lugo.
Escolas que tiña
a) Públicas:
-2 Escola de nenos, 1 elemental e 1 superior.
-2 Escolas de nenas, 1 elementais e 1 superior.
-1 Escola de párvulos.
- De padroado: 0
- Clases de adultos: 1
Total: 5 escolas públicas.
b) Privadas:
-8 Escola de nenos, 1 elemental e 1 superior.
-15 Escolas de nenas, 5 elementais e 1 superior.
-3 Escola de párvulos.
Total: 26 Escolas católicas.
-Suma de escolas privadas e públicas: 31

Fonte: Elaboración propia. Estatística escolar do *Boletín Oficial da Provincia de Lugo* (A continuación BOPL), publicaba en 1908, *BOPL* "Estadística escolar" (Lugo: APL, Fondo Concello, 1908 Sinatura: 1202-01).

Respecto ás escolas privadas, recapitulemos que, segundo a análise feita por Cossío en 1915, á hora de inspeccionar os centros os colexios privados que se someteran á inspección e tiveran dous anos de experiencia podían converterse en públicos. Pero estes centros libres non podían exceder máis de dúas terceiras partes dos totais.[2220] Ademais, nesta década comezaron a xurdir en Lugo diversas academias de formación privada que se anunciaban nos diarios locais. A continuación achégase o anuncio editado no diario *El Progreso,* onde se anunciaba unha academia de estudos privada, ofertando: servizos de apoio aos alumnos de primeira ensinanza, reforzo de aprendizaxes para os discentes de estudos superiores e preparación de oposicións.[2221] Posteriormente constituíuse a academia Akademos constituída polo inspector xefe Joaquín García Ojeda.


Academia de Nuestra Señora de los Ojos Grandes

Primera enseñanza, estudios del Bachillerato, Magisterio y oposiciones al mismo.

Escuela Politécnica-Carreras especiales: Correos, Telégrafos, Obras públicas, Ferrocarriles, Hacienda, Comercio, Inglés y Alemán, Cálculos mercantiles, Economía política y Tecnología industrial, Mecanografía, etc.

Preparación para carreras militares con arreglo al nuevo plan de estudios.

Este Centro, de competencia reconocida, reanudará sus clases el día 1.º de Octubre, a cuyo fin queda abierta la matrícula.

Escuela de instrucción militar autorizada por el Excmo. Sr. Capitán General de la Región.--Desde la publicación de este ANUNCIO queda abierta la matrícula para el ingreso en dicha Escuela.

Ruanueva, 19.--LUGO. (Pídanse detalles y Reglamentos)

Ilustración 109. Academia privada anunciada (1914, *El Progreso*)

Por último, cabe repasar que nesta provincia, a evolución da creación de institucións de ensino primario público sufriu o primeiro balance positivo a partir do

[2220] En Manuel B. Cossío, *La enseñanza primaria en España* (Madrid: R. Rojas, 1915), 75.

[2221] En Anuncio "Anuncio de academia na contraportada del diario El Progreso", *El Progreso,* Lugo, 29 de outubro de 1914.

ciclo da ditadura de Primo de Rivera. Neste período, levouse a cabo a tentativa de implantar un ambicioso plan para a mellora e construción de infraestruturas escolares públicas.[2222] Convén ter en conta, que un dos obxectivos principais do ditador era combater o analfabetismo, que por aquel entón era bastante elevado acadando: no censo de 1920 do 54,92% e no censo de 1930 do 43,1% (producíndose unha redución de 11,8%). Así, dende 1923 ata 1929 creáronse nesta provincia un total de 279 centros.[2223]

Respecto á cuestión da demanda de escolarización, igualmente produciuse un crecemento paralelo ao aumento de poboación, feito que fixo que aumentaran os centros públicos de ensinanza primaria, ocasionando unha menor influencia dos colexios privados.[2224] Así, a provincia lucense foi pioneira en España no descenso de entidades privadas, xa que dende 1886 ata 1929 desapareceron 116 escolas particulares. Acerca disto, en 1928 o inspector de ensino primario José del Peso y Sevillano trasladaba o seguinte, nun artigo de *Vida Escolar*:

> Como fenómeno correlativo a éste y acusador de la eficacia creciente de estas escuelas nacionales y de la confianza que el pueblo les otorga, debemos consignar que, según la estadística de escuelas privadas publicada en 1927 por el referido Ministerio, solo existen en la provincia de Lugo 58 escuelas particulares, no aventajando en contigüidad de número a esta provincia sino la de Soria, con 39 de estos centros. En cambio Lugo vuelve a alcanzar lugar preferente entre todas las provincias de España en lo que respecta a la progresiva disminución de los mismas, pues desde 1886 solo en esta provincia y en la de Soria disminuyeron tales escuelas, y en número de 116 y 48 respectivamente.[2225]

Gráfico 23. Evolución do Nº de escolas privadas que deixan ver a súa redución en Lugo.



Fonte: Elaboración propia. Para 1886 e 1927 en José del Peso y Sevillano, "La cultura popular gallega", *Vida Escolar* (Lugo: Nº 91, ano II, 1928), 4; para 1900 en Antonio Correa Fernández, *Historia fin de siglo* (Lugo: Tipografía de A. Villamarín, Tomo I, 1900), 72; e para 1934 J. Santa María, "Número especial sobre a Semana Pedagóxica Lucense", *Vida Escolar* (Lugo: Nº 336, ano VII, 1933), 13.

[2222] En Teresa Rabazas Romero y Carlos Sanz Simón, "Entre el trabajo infantil y el abandono temprano. La educación de la mujer en la ditadura de Primo de Rivera a través de los informes de inspección", *Pedagogias alternativas y educación en los márgenes a lo largo del siglo XX* (Valencia: Universidade de Valencia, 2022), 168.

[2223] En Ramón López Martín, *Ideología y educación en la dictadura de Primo de Rivera: Escuelas y maestros* (Valencia: Universitat de València, Vol. 18, 1994), 75-111.

[2224] En E. Ferreira, "Nombramiento de Enrique Ferreira como comisario de la Federación Nacional de Maestros Católicos" (Lugo: APL. Fondo Concello. Sinatura: 1422-02, 1936). Neste documento constituíuse unha comisión para desenvolver o programa das escolas nacionais de Primeiro Ensino, simplemente aparece un comunicado, porque non detalla máis información

[2225] En José del Peso y Sevillano, "La cultura popular gallega", *Vida Escolar,* Nº 91, ano II (1928): 4.

O aumento das escolas graduadas

Na segunda década do século XX iniciouse en España un proceso de graduación das escolas nacionais. Para crear estes centros, en moitas ocasións fíxose un desdobramento das escolas auxiliares existentes.[2226] Aínda que neste tempo existían moi poucas escolas deste tipo.[2227] En Lugo, levouse a cabo a tentativa de constituír o primeiro colexio graduado durante o primeiro decenio do século XX, graduación que non chegaría a realizarse ata 1911, cando se produciu a introdución do soldo persoal dos mestres da *Escola Graduada de Nenos da cidade de Lugo*. Segundo indica o inspector José del Peso, en 1922 na provincia de Lugo tan só existía este centro, con catro seccións atendidas por catro mestres e situado na praza de Santo Domingo, nun vello convento de Recoletas, preto do mercado e cunhas pésimas condicións para os docentes.[2228] Facendo unha análise comparada, obervamos na seguinte táboa como a provincia luguesa era a que menos centros deste tipo tiña de toda Galicia, en 1922.[2229]

Táboa 21. Escolas graduadas en Galicia ata 1922						
	De nenos	**Seccións**	**Mestres**	**De nenas**	**Seccións**	**Mestres**
A Coruña	3	10	11	3	12	13
Lugo	1	4	4	---	---	---
Ourense	2	6	7	1	3	3
Pontevedra	8	27	29	5	15	16
Total	14	47	51	9	30	32

Fonte: Elaboración Propia. En José del Peso y Sevillano, *Galicia y su Enseñanza Primaria* (Lugo: Arquivo JAE. Sinatura: JAE/115-391, xuño 1925; e Antón Costa Rico e Uxía Bolaño Amigo, "Represión política e castigo do profesorado republicano na provincia de Lugo. As consecuencias do 36", *Sarmiento,* Nº 21 (2017): 106.

Ao final dos anos vinte comezouse a construír unha nova escola: o *Grupo Escolar Quiroga Ballesteros*.[2230] Deste xeito, despois da Segunda República (1933) existían tres centros con esta tipoloxía en toda a provincia luguesa:[2231] A Escola Graduada de Nenos dirixida por Victoriano Tuñón e García,[2232] o Grupo Quiroga Ballesteros fundada o un de xaneiro de 1931 e a Escola Graduada de Nenos da cidade de Lugo. Na Praza de Abastos estaba situada a Escola do *Traballo*, perpendicular á Rúa Quiroga Ballesteros. Máis tarde, vendéronse os terreos para construír o *Palacio de Justicia* e a Escola Graduada para Nenas.[2233] Este aumento estivo precedido pola proposta realizada dende inspección por Joan Comas que defendeu a creación "dunha escola graduada anexa á Escola Normal", na que exercía docencia a súa esposa.[2234] En 1932, o mestre Antonio

[2226] En Manuel B. Cossío, *La enseñanza primaria en España* (Madrid: Edit. R. Rojas Museo Pedagóxico Nacional, 1915), 39.

[2227] Vide Antonio Viñao Frago, *Innovación pedagógica y racionalidad científica la escuela graduada pública en España, (1898-1936)* (Madrid: Akal, 1990).

[2228] En Luis Bello Trompeta, "Lugo. -La Capital", *Vida Escolar,* Nº 142, ano III (1929): 4.

[2229] En José del Peso y Sevillano, "Galicia y su Enseñanza Primaria", (Lugo: Arquivo JAE. Sinatura: JAE/115-391, xuño 1925).

[2230] En Luis Bello Trompeta, "Lugo. -La Capital", *Vida Escolar,* Nº 142, ano III (1929): 4.

[2231] En Antón Costa Rico, *Historia da educación e da cultura en Galicia* (Vigo: Xerais, 2004), 927.

[2232] Este centro dependía do *Instituto Provincial de Lugo* e estivo dirixido nos seus inicios polo prestixioso publicista Antonio Couceiro Freijomil. Un dos profesores da Escola Graduada de Nenos foi Manuel Gutiérrez. En Antonio Prado Gómez, *O Instituto Provincial de Lugo 1842-1975* (Lugo: Servizo de Publicacións de Lugo, 2013), 135.

[2233] En Julio Reboredo Pazos, *López López la mosca blanca. La ciudad de Lugo en el primer tercio del siglo XX* (Lugo: Concello de Lugo, 2022), 248.

[2234] En Joan Comas Camps, "Creación dunha Escola Normal Graduada", *El Progreso*, Lugo, 9 de xuño de 1931.

Quintela Ferreiro incidiu na necesidade de introducir máis centros destas características.[2235]

Gráfico 24. Número de escolas públicas en Lugo con distinción de graduadas.



Fonte: (1916) Datos estatísticos oficiais Datos do *Anuario Estadístico de España* (1916): 466-7 e (1933 e 1934): 78.

O reducido número de escolas de párvulos

Outro aspecto importante foi a falta de escolas de párvulos na provincia lucense durante o primeiro terzo do século XX.[2236] En 1908 existía tan só unha escola pública deste tipo e tres privadas.[2237] Convén coñecer que a maioría dos alumnos matriculados a nivel provincial eran maiores de seis anos, polo que a educación infantil era practicamente inexistente. A continuación, no seguinte gráfico apréciase esta descompensación: en 1922 tan só estaban matriculados 1.057 nenos menores de 6 anos, fronte aos 6.066 maiores de 6 anos.[2238] A maioría destes alumnos acudían ás escolas unitarias onde recibían clases xunto aos nenos maiores, aplicando a *ensinaza mutua*. Por este motivo, nos anos vinte e trinta a educación infantil estaba bastante descoidada.

Gráfico 25. Poboación matriculada de menores de 6 anos en 1922



Fonte: Elaboración propia. En José del Peso y Sevillano, *Galicia y su Enseñanza Primaria* (Madrid: JAE. Sinatura: JAE/115-391, xuño 1925).

[2235] En Antonio Quintela Ferreiro, "Renovación de la escuela rural", *El Progreso*, Lugo, 17 de marzo de 1932.
[2236] Denominadas posteriormente de Preeescolar e centros de Educación Infantil
[2237] En "Estatística escolar do Boletín Oficial da Provincia de Lugo publicaba en 1908", *BOPL*, (1908) número conservado no APL (Fondo Concello. Sinatura: 1202-01, 1908).
[2238] José del Peso y Sevillano, "Galicia y su Enseñanza Primaria" (Madrid: Arquivo JAE. Sinatura: JAE/115-391, xuño 1925)

Realizando unha análise comparativa de todas as provincias galegas, en 1922 as que tiñan máis centros públicos deste tipo eran Pontevedra e A Coruña, e as que menos Lugo e Ourense. Por conseguinte, tendo en conta este reducido número, denotamos que dende 1900 ata 1936 a provincia luguesa carecía dunha rede de centros de párvulos, xa que tan só contaba cunha escola pública destas características e tres privadas.[2239] Os demais alumnos desta idade acudían ao colexio ordinaria, por regra xeral non graduado.[2240] Respecto a este tema, a seguinte táboa reflicte o número de centros deste tipo das catro provincias galegas, mostrando unha vez máis a deficitaria situación luguesa.

Táboa 22. Escolas públicas de párvulos en Galicia en 1922 (Educación Infantil)	
Provincias	**Nº de escolas de párvulos.**
A Coruña	3
Ourense	2
Pontevedra	3
Lugo	1

Fonte: Elaboración propia. En José del Peso y Sevillano, *Galicia y su Enseñanza Primaria* (Madrid: Arquivo JAE. Sinatura: JAE/115-391, xuño 1925).

Neste período, á única escola pública de párvulos existente na provincia lucense foi o *Colexio da Milagrosa* de Lugo. Este centro estaba dirixido polas Fillas da Caridade de San Vicente de Paúl, que albergaba dende xaneiro de 1880 a "Escola de Párvulos".[2241] Aquí, as Irmás da Caridade impartían clases aos escolares nas primeiras aprendizaxes sobre letras e números, favorecendo a consecución dos posteriores obxectivos na etapa de ensinanza primaria e o coñecemento da relixión católica.[2242]

En conclusión, Lugo ao igual que o resto de provincias galegas non tiña unha rede consolidada de centros de educación infantil, seguindo un comportamento histórico lineal dende a Restauración ata a Segunda República. A pesar disto houbo algunhas persoas que se preocuparon por este asunto, nos anos trinta a *Sociedad Tipográfica Lucense* convocou nos seus locais, aloxados na Rúa do Miño, a todos os presidentes das agrupacións obreiras de Lugo, co obxectivo de constituír unha *Agrupación Socialista Lucense*: o un de maio de 1930, esta organización publicou as súas reivindicacións, entre as que se atopaban a demanda da construción doutra escola de párvulos.[2243]

4.4.3. A difusión de teorías transnacionais promovidas pola ILE

Segundo Tuñón de Lara, a existencia da ILE en España pode dividirse en tres fases: a primeira vai dende 1876 ata 1881, a denominada "etapa universitaria", a segunda comprendida dende 1881 ata a creación da JAE, e a terceira que abarca dende esta última data ata o estalido da Guerra Civil.[2244] Durante toda a súa existencia, a ILE contribuíu á recuperación e o progreso dunha ensinanza nacional bastante abandonada, influíndo fortemente en moitos sectores da cultura española. Dende o século XIX a

[2239] A Escola pública de párvulos da cidade de Lugo estaba atendida por Carmen Fouz.

[2240] En José del Peso y Sevillano, "Galicia y su Enseñanza Primaria" (Madrid: Arquivo JAE. Sinatura: JAE/115-391, xuño 1925).

[2241] En Colexio Milagrosa de Lugo, extraído da páxina do Colexio Plurilingüe La Milagrosa de Lugo, http://lu37.e.telefonica.net/historiacole.html.

[2242] En S. Castilla López, "Solicitude de ampliación da formación dos nenos do Hospital Municipal de Lugo" (Lugo: APL. Fondo: Ayuntamiento. Sinatura: 930, 1924).

[2243] En *El Progreso*, Lugo, 30 de abril de 1930.

[2244] Vide Manuel Tuñón de Lara, *Medio siglo de cultura española* (Madrid: Tecnos, 1973).

"cuestión pedagóxica" foi un tema de Estado, que non podía facer fronte a unha renovación íntegra do sistema educativo. O programa da ILE abarcaba amplos obxectivos de tendencia humanista, recollendo o mellor da tradición do 68 e do rexeneracionismo máis elaborado.[2245] Para os institucionistas, a exaltación da arte e da cultura eran elementos educativos esenciais que formaban parte da educación estética, constituíndo no seu tempo unha novidade en Europa dentro das concepcións curriculares.[2246]

Na primeira etapa, a ILE iniciou en España unha corrente de *dignificación da educación* e a naturaza, a través do traslado das ideas krausistas, introducindo experiencias de: educación estética, ensinanza activa,[2247] coeducación, actividades ao aire libre, educación física e excursionismo.[2248] Baixo o seu influxo, en 1882 creouse o *Museo Pedagógico de Instrucción Primaria,* logo denominado o *Museo Pedagógico Nacional.* Dende esta institución promoveuse a realización das primeiras *Colonias Escolares,* en 1887. Nos seus orixes naceron co obxectivo de ofrecer hixiene preventiva para os nenos e nenas en risco, pero con Cossío adoptaron un carácter máis pedagóxico.[2249] En Lugo, estas actividades pedagóxicas estiveron organizadas por Manuel Lorenzo Gil e Luis Soto Menor.[2250] Nos anos dez, ao mesmo tempo que florecían as primeiras colonias escolares, prohibiuse aos mestres a organización de batallóns escolares en 1915.[2251] Grazas a este impulso e ao cambio de paradigma, algúns alumnos e alumnas lucenses comezaron a gozar de actividades no medio natural como recurso educativo: paseos, excursións, Festividade da Árbore, etc.[2252] Todas elas permitían o coñecemento e a relación co contorno próximo. Así, o mestre Quintela Ferreiro manifestaba en palabras textuais, que un dos aspectos máis importante para a escola eran os recursos que ofrecían a natureza.[2253]

A nivel nacional, unha circunstancia que influíu na política foi a dimisión de Juán De la Cierva no Ministerio de Instrución Pública.[2254] Como consecuencia, en 1905 Reimundo Fernández Villaverde nomeou ao médico Carlos María Cortezo y Prieto de Orche como ministro de *Instrucción Pública,* cargo que ocupou pouco tempo.[2255] Os seus postulados tiñan certa concomitancia coa ILE, como se constatou no seu Proxecto de Lei.[2256]

[2245] En Herminio Barreiro Rodriguez, A institución libre de enseñanza, "unha política de pedagoxía", *Sarmiento*, Nº 5 (2001): 18-20.

[2246] En José A. Garrido González e Amparo Pinto Martín, *La enseñanza y el aprendizaje del arte: una innovación de la ILE* (Granada: Grupo Editorial Universitario, 2002), 392.

[2247] En Xosé Pombo Mosquera, *Liga Santaballesa. Historia dunha Escola Habanera 1907-2007* (Vilalba: Padroado da Liga Santaballesa, 2007), 29.

[2248] Vide Manuel Tuñón de Lara, *Medio siglo de cultura española* (Madrid: Tecnos, 1973).

[2249] En Eugenio Manuel Otero Urtaza, Rubén Navarro Patón, and Silvia Basanta Camiño, "Las colonias escolares de vacaciones y la Institución Libre de Enseñanza. Historia y actualidad", *Revista de Investigación en Educación*, Nº 11.2 (2013): 145.

[2250] En Manuel Lorenzo Gil, "Comunicaciones de inspección, Provincia de Lugo (1858-1924)", *A.H.U.S.* (Santiago: A.H.U.S. Sección Instrución Pública, sinatura: 56, 2013).

[2251]En Manuel B. Cossío, *La enseñanza primaria en España* (Madrid: Edicións R. Rojas Museo Pedagóxico Nacional, 1915), 36.

[2252] Vide Antón Costa Rico, "Xardíns escolares e festas da árbore en Galiza", *Sarmiento*, Nº 22 (2018): 237-248.

[2253] En Antonio Quintela Ferreiro, "Renovación de la escuela rural", *El Progreso,* Lugo, 18 de marzo de 1932.

[2254] Segundo o Real Decreto do 8 de abril de 1905,

[2255] En *Gaceta de Madrid* do 9 de abril de 1905.

[2256] En María Dolores Gómez Molleda, "La inspección de la Iglesia en la enseñanza oficial, una forma de esclavitud", en *Los reformadores de la España contemporánea* (Madrid: C.S.I.C. 1966), 424.

Convén ter presente que dende 1907 ata 1918 foi a etapa onde a ILE tivo unha maior influencia, que remata coa creación do *Instituto Escuela*, considerado por moitos como o centro de educación máis innovador do momento a nivel internacional.[2257] Respecto disto cómpre sinalar a importancia que tivo a creación da *JAE en 1907*, debido ás bolsas concedidas por esta institución para ampliar os seus estudos no estranxeiro. Coa JAE viaxaron entre outros varios inspectores e profesores que traballaron en Lugo como José Galera Moreno, Joan Comas Camps, Ben Cho Chey ou Regina Lago. Este organismo foi unha fonte de achegas de teorías pedagóxicas transnacionais, xa que os pensionados estudaron as principais teorías do movemento da *Escola Nova* en Europa, trasladándoas posteriormente á provincia de Lugo mediante artigos publicados principalmente no diario *El Progreso* a a revista *Vida Escolar*. Estas dúas vías de información foron canles importantes para difundir novas teorías transnacionais como o método *Winnetka* e o *plan Dalton*.[2258] Igualmente, algúns mestres lucenses levaron á práctica teorías afíns á Escola Nova, como Gregorio Sanz en Ribadeo ou Antonio Quintela Ferreiro en Santaballa. Máis tarde, estes docente trasladaron as experiencias levadas a cabo no seu centro sobre a ensinanza activa.[2259]

Un suceso importante sucedido nesta etapa descrita por Tuñón de Lara foi a creación en 1909 da *Escuela de Estudios Superiores del Magisterio* (EESM). Neste centro estudaron algúns inspectores que estiveron destinados posteriormente en Lugo como Jacinto Ruiz Santiago ou José del Peso y Sevillano. Coa súa creación pretendíase implantar unha formación máis específica, na que a aprendizaxe pedagóxica do inspector tivera unha posición relevante. Frecuentemente, nas súas instalacións leváronse a cabo prácticas baixo enfoques pedagóxicos renovadores: entre 1909 e a reforma de 1911 traballaron un total de 28 profesores numerarios e once auxiliares cun alto nivel cultural, como por exemplo José Ortega y Gasset, Enrique Reig, Blas Lázaro, Adolfo A. Buylla, Rufino Blanco Sánchez, Luis de Hoyos Sainz, Ricardo Beltrán y Rózpide, Vicente Vera, Luis de Zulueta, Magdalena S. Fuentes, Concepción Saiz ou José Rogerio Sánchez...[2260] Paralelamente, o cadro de inspectores en activo aumentou, dada a desproporcionada *ratio* de escolas que tiñan que supervisar.[2261] Estes progresos eran concomitantes ao ideario pedagóxico de Cossío, consolidando progresivamente á incorporación dunha estrutura máis europea ao sistema educativo español. Para coñecer estes cambios convén ter en conta as modificacións lexislativas que se viñeron producindo no período estudado (1900-1936) en referencia á inspección e ao maxisterio.

Outra texto lexislativo no que a ILE tivo influencia foi no Real Decreto do 5 de maio de 1913 que reformaba a inspección do ensino primario. Este documento estivo vixente moito tempo, xa que durou ata 1932: "Una de las disposiciones que dieron al servicio su mayor impulso y eficacia, y que no sería superada hasta la reforma efectuada por la República en 1932".[2262] Este lonxevo documento ocasionou unha reorganización

[2257] Vide Eugenio Otero (coord), *Laboratorios de la nueva educación: en el centenario del Instituto-Escuela. Fundación Francisco Giner de los Ríos, Institución Libre de Enseñanza,* (Madrid: Fundación Giner de los Ríos, 2019).

[2258] En Joan Comas Camps, "Individualización de la enseñanza", *Vida Escolar,* Nº 207, ano V (1931): 2-4.

[2259] En Gregorio Sanz, "Ensayo de escuela activa", *Revista de Pedagogía,* Nº 130 (1932): 454-458.

[2260] En Salvador Ferrer C. Maura, "La escuela de estudios superiores del magisterio (1909-1932)", *Revista de Educación* (Madrid: 1975) 44.

[2261] Vide Rafael Fenoy Rico, *Historia de la inspección de educación,* (2018) recuperado de htpp://www.educativa.es/Docus/Ensayos/Historia4%20Inspección.pdf.

[2262] En María Teresa López del Castilllo, "El acceso de la inspección profesional en el sistema educativo español", en Eduardo Soler Fiérrez, María Teresa López del Castillo, Domingo Muñoz Marín, Antonio Molero

da inspección de primeira ensinanza: o inspector pasaba a ser unha extensión da *Escuela Normal*, exercendo como un prolongador da formación permanente do mestre, un aspecto innovador. Así ampliáronse as funcións dos inspectores, antano excesivamente ocupados en tarefas fiscalizadoras. Baixo esta reforma procurouse acadar un maior carácter social e pedagóxico deste gremio, sendo o fío condutor de novas aprendizaxes. Esta innovación iría na liña das reivindicacións realizadas nos dous congresos lucenses realizados en 1923 e 1933. Estes cambios modificaron cualitativamente o clima pedagóxico dalgunha escola na provincia de Lugo, como a de Gregorio Sanz, que contemplada o centro educativo como un espazo de actividade e de educación popular.[2263]

Grazas aos impulsos establecidos pola ILE diversos inspectores e mestres comezaron a organizar actividades de diversa índole a prol da *escola activa* e a educación popular.[2264] Entre os vínculos educativos establecidos pódense distinguir tres fases: unha primeira de introdución de actividades relacionadas coa ILE, outra de desenvolvemento, e por último, a terceira fase de incorporación á estrutura educativa española (inconclusa debido á arribada do *bienio negro*). Este proceso sería posible grazas ao apoio do Goberno Republicano do *primeiro bienio*, xa que se produciu unha penetración de influencias pedagóxicas como: a coeducación, a laidicidade, os traballos manuais e as saídas ao campo. En Lugo, os mestres e inspectores viron como o panorama escolar e cultural foi mudando paulatinamente a través de: a utilización de medios de comunicación profesional como o *Boletín de la Institución Libre de Enseñanza* (en adiante *BILE*), o emprego da biblioteca como instrumento de divulgación científico-pedagóxica,[2265] a posta en marcha de Colonias Escolares, a realización da Misión Pedagóxica e a construción de novos centros escolares, provocando un aumento de mestres e inspectores. Así, as iniciativas trasladadas pola ILE favoreceron ao proceso modernización da ensinanza primaria e a súa inspección. Posteriormente, nos anos corenta, o mestre Eladio Iglesias fundaba a *Escola Libre de Cadavedo* (1944-1947) no interior da provincia de Lugo.

Como dixemos, un dos obxectivos principais dos institucionistas era a incorporación de teorías contemporáneas á estrutura educativa española, e a consecución da tan desexada modernización escolar.[2266] Este proceso foi inconcluso debido aos freos establecidos polo goberno no *bienio negro* e o golpe militar dirixido polo xeneral Franco, que desembocou no gran conflito bélico militar. Ademais, na provincia de Lugo hai que sumarlle varios impedimentos, como foron o seu acusado ruralismo, ou o seu marcado carácter conservador e eclesiástico.

Pintado, Elías Ramírez Aísa, *Estudios históricos sobre la Inspección Educativa* (Madrid: Escuela Española, 1995), 137.

[2263] En Gregorio Sanz, "Ensayo de escuela activa", *Revista de Pedagogía,* Nº 130 (1932): 454-458.

[2264] Respecto á escola activa citaremos as prácticas levadas a cabo en Lugo polo mestre Gregorio Sanz e Julián Pérez Palacios, en Gregorio Sanz, "Ensayo de escuela activa", *Revista de Pedagogía,* Nº 130 (1932): 454-458; e en Julián Pérez Palacios e J. J. Pérez Fernández, *Vida y Pedagogía de un maestro. Julián Pérez Palacios (1901-1984)* (A Coruña: Publicacións Arenas, 2011) 20, 24 e 40. Tamén citamos como impulsor destas ideas escolanovistas ao inspector Joan Comas Camps. En Joan Comas Camps, "Escuelas Nuevas-Educación activa I", *Vida Escolar,* Nº 96, ano II (1928): 3-5; e Joan Comas Camps, "Escuelas Nuevas-Educación activa II", *Vida Escolar,* Nº 97, ano II (1928): 3-4.

[2265] No Cádavo (Baleira) destacou a fundación o 20 de outubro de 1935 da *Biblioteca da Escola de San Bernabél*. En Xervasio López Portela, *Trabada unha vida rica en cultura* (Lugo: 2025), 50.

[2266] Vide Antonio Molero Pintado, *La Institución Libre de Enseñanza: Un proyecto de reforma pedagógica* (Madrid: Biblioteca de Nueva, 2000).

A oposición da Igrexa

Na capital lucense as institucións clericais cuestionaron as reformas laicas promovidas pola ILE a través do diario *La Voz de la Verdad*.[2267] Ademais, nesta cidade existía varios grupos de mulleres de dereitas fortemente ligadas coa relixiosidade, que constituíron diversas asociacións como: *Acción Católica de la Mujer, Juventudes Antonianas, Agrupación Femenina Lucense, La Gota de Leche, Damas Catequistas* e o *Ropero Escolar.* Estas institucións estaban fortemente influídas pola Igrexa, e tiñan os principais obxectivos de defender os dereitos dos nenos e promover os valores educativos do catolicismo.[2268] A Igrexa culpaba á ILE de querer "monopolizar a ensinanza" a través da ensinanza *única* ou *unificada* e introducir o laicismo escolar. Os partidarios do clero entendían estas innovacións como un perigo para a súa privilexiada posición cultural como principal institución educadora en España. Aínda así, o inspector Joan Comas defendeu os postulados laicos na prensa local, en contra dos colexios relixiosos da capital lucense, o que lle custou algunha que outra incomodade na cidade.[2269]

> La "fobia" que "La Voz de la verdad" manifiesta para cuanto signifique arraigar en las escuelas nacionales de España como lo está en la mayoría de los países civilizados la neutralidad religiosa, dando muestra de respeto y libertad hacia los distintos sectores ideológicos del país, ya que todos sufragan los gastos de Enseñanza y muchos no son precisamente católicos, es uno de los cuales leo con fruición las cotidianas citas documentadísimas que cual fulminantes explosiones lanza para aniquilar entre los lectores cuanto no sienten fé ciega, absoluta, en la escuela de secta: en este caso particular la católica, apostólica y romana.[2270]

O impulso dos congresos pedagóxicos lucenses de 1923 e 1933

Mediante a colaboración en congresos, os institucionistas favoreceron a introdución de cambios na ensinanza. En Lugo realizáronse dous o *Congreso pedagógico de 1923* e a *Samana Pedagógica de 1933.* Estas convocatorias serviron como plataforma para a relación e o intercambio pedagóxico de ideas innovadoras sobre o ensino,[2271] tendo en conta que moitas das teorías introducidas foron achegadas a través da ILE e da JAE. Por exemplo, o mestre Julián Pérez Palacios achegou unha experiencia de "educación popular" e "escola activa" realizada no seu centro escolar.[2272] Seguindo esta liña, o mestre lucense Gregorio Sanz tamén realizou varios traballos a prol da independencia do alumno. Víctor Moro relataba estas interesantes actividades na súa obra *"Limiar" a Gregorio Sanz, Uno de tantos:*

> Asomámonos en clases inesquecíbeis en contacto coa natureza aos nosos vales e montañas. Estudamos as árbores e as flores, acariñando os troncos e as súas follas caprichosas ou admirando o misterio dunha corola aínda chorosa do orballo da mañá. Recorremos as nosas vellas igrexas e monumentos e da súa man entramos na pequena historia da nosa contorna [...] Un día

[2267] Vide Viriato, "El Estado y la libertad de la enseñanza", *La Voz de la Verdad,* 13 de xuño de 1931.

[2268] En Emilio Grandío Seoane, *Los orígenes de la Derecha Gallega: la CEDA en Galicia (1931-1936)* (A Coruña: Edicións do Castro, 1998), 102-106.

[2269] En Joan Comas Camps, "Lo que es la Escuela única", *El Progreso,* Lugo, o 17 de xuño de 1931.

[2270] En Joan Comas Camps, "La escuela única", *El Progreso,* Lugo, 28 de xuño de 1931.

[2271] En Temas tratados, "Congreso Pedagógico lucense", *El Progreso,* Lugo, 10 de outubro de 1923; en varios, "La Semana Pedagógica Lucense", *El Progreso,* Lugo, 23 de xuño de 1933.

[2272] En Julián Pérez Palacios e J. J. Pérez Fernández, *Vida y Pedagogía de un maestro. Julián Pérez Palacios (1901-1984)* (A Coruña: Publicacións Arenas, 2011), 20, 24 e 40.

> tamén tocamos coas nosas mans o regato mínimo, puro e cristalino, onde comeza a súa andaina galega o Pai Miño.[2273]

Outro proposta importante sucedida convocatoria lucense de 1923 foi a da profesora Parga Serrano, demandando a relevancia da incorporación da muller á vida social e laboral. Así, o 11 de outubro de 1923 no *Certame Pedagógico Lucense,* esta docente incidía no dereito feminino de recibir a instrución igual que o home. Do mesmo xeito se reivindicaba a necesidade de ofrecer unha boa instrución ás mulleres debido ao seu importante papel na sociedade. Acertadamente, Parga propuxo a creación de círculos culturais femininos nas cidades, vilas e aldeas galegas; onde as mulleres se puideran reunir un día á semana para compartir as inquedanzas, lecturas instrutivas, experiencias culturais e persoais.[2274] Paulatinamente, nestes anos incrementouse a presenza de mulleres no estudo do bacharel, favorecendo a posterior feminización da docencia e da inspección. Así en 1935, baixo o influxo institucionista da Segunda República, en España dos 390 inspectores nacionais 152 eran mulleres e 238 homes.[2275]

O BILE en Lugo

Como xa dixemos, outro medio de información impulsado pola ILE foi o *BILE*. Na provincia lucense, os socios deste boletín pagaban un importe anual de 250 pesetas.[2276] Por outra parte, ademais de facer o correspondente pago da matrícula, en ocasións os accionistas colaboraban realizando donativos, publicacións e conferencias. Entre os subscritores lucenses figuraban as seguintes personalidades: Tomás Cobos, Andrés de la Caballería, Segundo Moreno Barcia e Máximo Teijeiro. A seguinte táboa recolle a listaxe dos principais accionistas lucenses da ILE e o número de accións que posuían.[2277]

Táboa 23. Listaxe dos accionistas lucenses da ILE		
Nome	**Nº de orde**	**Nº de accións**
1. Tomás Cobos (propietario)	178	202
2. Andrés de la Cavallería (ex-alcalde de Ribadeo)	209	237
3. Segundo Moreno Barcia (Avogado e ex-diputado de Ribadeo)	274	313
4. Máximo Teijeiro (doutor de Monforte de Lemos)	387	434

Fonte: Elaboración propia. En Ángel Serafín Porto Ucha, *La Institución Libre de Enseñanza en Galicia* (A Coruña: Do Castro, 1986), 101-102.

O *BILE* foi un revista para difundir información e novidades interdisciplinares transnacionais de carácter científico, literario e sobre todo educativo.[2278] Tiña unha periodicidade mensual, cun volume de 32 páxinas. Ata 1916 habían 31 subscricións repartidas por toda Galicia, na provincia lucense existían tres zonas de subscrición:

[2273] En Víctor Moro, *"Limiar" a Gregorio Sanz, Uno de tantos* (Sada: Ediciós do Castro, 1990), 6.

[2274] En Parga Serrano, "Congreso Pedagógico Lucense-Terceira sesión", *El Progreso,* Lugo, día 10 de outubro de 1923.

[2275] En Manuel Bartolomé Cossío, *La enseñanza primaria en España,* (Madrid: Edit. R. Rojas Museo Pedagóxico Nacional, 1915) 89; e Antonio Ballesteros Usano, "La inspección de enseñanza primaria en España", en Robert Dottrens, *El problema de la inspección y la educación nueva* (Madrid: Espasa Calpe, 1935).

[2276] En Angel Serafín Porto Ucha, *La Institución Libre de Enseñanza en Galicia* (A Coruña: Do Castro, 1986), 100.

[2277] En *Boletín Istitución Libre de Enseñanza,* I (1877): 23.

[2278] Vide Juana Salomé Fernández Cobo, "El Boletín de la Institución Libre de Enseñanza (BILE) como introductor en España de tendencias innovadoras: ciencia y sanidad" (Jaén: Universidade de Jaén, 2021).

Lugo, Viveiro e Monforte de Lemos. Francisco de Alvarado en Viveiro foi un dos principais accionistas. Este avogado tivo unha estreita amizade con Giner, con quen mantiña unha dilatada correspondencia. Igualmente carteábase con Cossío e Rubio, mostrando unha boa relación e algunha manifestación de afecto.[2279]

> Le remito el importe de mi suscripción al Boletín y le ruego que me indique si recibió el giro del año pasado que si mal no recuerdo hice en la primera quincena de abril, recuerdo esto por si fuese necesario reproducirlo antes de que caduque.[2280]

En Monforte de Lemos estaban subscritos a este *Boletín* Joaquín Arias Sanjurjo e o doutor Máximo Teijeiro. Este último, tamén mantiña lazos de amizade con Giner ao que visitaba persoalmente. Actualmente, existen tres cartas arquivadas onde o monfortino recomendaba o seu neto para a candidatura da *Secretaría General da Universidade de Oviedo*:

> Mi nieto político Ramón Milón, Oficial de 1ª de la Secretaría del Instituto del Cardenal Cisneros, pretende la Secretaría General de la Universidad de Oviedo. Mi buen amigo Varela de la Iglesia me ha dicho que nadie como usted podría recomendar e influir tan eficazmente para reunir votos en favor de la candidatura de mi expresado nieto.[2281]

Á marxe dos accionistas do *BILE*, varios inspectores e mestres desta provincia manifestaron tamén a súa afinidade polas teorías trasladadas por este *Boletín*, entre estas figuras máis relevantes sinalamos a: Luis Soto Menor, Daniel Calvo Portero, Víctor Ballester Gozalvo, Antonio Guiraum Martín, Nicolás Longarón, Carlos Moltó, Ramón Salgado Toimil, Marcelino Friol Novoa, Juan Encinar, J. Santa María, Amador F. Carral, Domingo Saavedra, Enrique Correa, José Galera Moreno, José Mª. Pereda Álvarez,[2282] José S. Prol, Manuel Torrón Fole, Francisco Reigada, Francisco Medina, Germán Lastra, Manuel Cordeiro, José María Pérez-Brun, Joan Comas Camps ou Antonia Ortiz Currais. Ademais, cabe subliñar o labor realizado en Lugo polo docente filantrópico Ángel Santos Vila.[2283] Coincidindo, estes docentes e inspectores tiveron certa relevancia no ensino, no referente á influencia exercida no maxisterio lucense dende 1900 ata 1936.[2284] Por este motivo, podemos deducir que probablemente todos eles estaban en contacto, con certa frecuencia, coas teorías máis vangardistas do momento promovidas pola ILE.

A influencia da ILE durante a primeiro bienio da Segunda República en Lugo

O proceso de intensificación da modernización pedagóxica ocorrida nos anos trinta non se pode analizar como un feito illado e estanco, xa que comezou a formarse nas décadas anteriores coa aparición de diversos cambios técnicoprofesionais da actividade escolar. A nivel da provincia luguesa estes cambios adoitaban ser puntuais como o *Plan*

[2279] En Francisco Alvarado, "Correpondencia de Giner e Francisco de Alvarado", *Biblioteca del Archivo Histórico Nacional* (AHN) (Fondo Giner de los Ríos. Caixa 10, sobre 1900 A-C).

[2280] Ídem.

[2281] En. Máximo Teijeiro, "Correspondencia de Máximo Teijeiro e Giner", en *Biblioteca del Archivo Histórico Nacional* (AHN) (Fondo Giner de los Ríos. Caixa 9, 1898).

[2282] Exerceu como mestre en Viveiro (Lugo) dende 1922, onde foi director da Escola graduada e concelleiro en 1927. En *El Progreso*, Lugo, 1 de febreiro de 1943.

[2283] En José de Cora Paradela, *110 lucenes singulares* (Lugo: El Progreso de Lugo S.L., 2018), 93.

[2284] En varios, "Número especial sobre a Semana Pedagóxica Lucense", *Vida Escolar* Nº 336, ano VII (1933): 4-32.

de Estudos de Santaballa en 1907, as experiencias pedagóxicas de ensinanza activa de Gregorio Sanz ou o Congreso Pedagóxico Lucense celebrado en 1923. A nivel nacional todas as accións promovidas polas ILE culminaron no primeiro bienio da Segunda República, comprendido dentro do período de *expansión influinte da ILE*.[2285] Diferenciamos varios momentos nesta etapa: a dos gobernos provisionais, a coalición republicana-socialista (bienio azañista) e o bienio radical cedista (contrarreforma educativa).[2286] Nos dous primeiros anos existiu un notable desenvolvemento pedagóxico institucionista, froito deste influxo leváronse a cabo importantes reformas de educación.[2287] A ILE tiña dous claros obxectivos: dirixir un proceso de reforma pedagóxica de gran relevancia en España e conseguir a implantación eficiente dun sistema educativo laico. Co tempo, estas ideas converteríanse na orixe da tan necesaria renovación e modernización escolar, ante a obsoleta situación do sistema educativo español decimonónico. Neste proceso, os principais artífices deste impulso foron Francisco Giner de los Ríos e o seu discípulo Manuel Cossío.[2288] Estas figuras impulsaron a influencia da ILE na política educativa liberal educativa, xogando un papel fundamental para a renovación do ensino en España. Xa na república, figuras como Lorenzo Luzuriaga, Rodolfo Llopis e un elenco extraordinario de mestres xogaron un papel fundamental para o proceso de modernización escolar: Carmen López-Cortón,[2289] Gregorio Sanz García, Ramón Salgado Toimil, Manuel Torrón Fole, Francisco Reigada Rodríguez, Marcelino Friol Novoa, Domingo Saavedra Sánchez,[2290] María Barbeito, Roxelio Pérez González ou José Díaz Rozas.[2291]

Coa instauración do período republicano do *primeiro bienio* reformador (1931-1933), o novo programa educativo do Goberno estaba inspirado en ideas internacionais, trasladadas en gran parte pola JAE, defendidas na *Neudeutsche Schule* alemán. Esta nova proposta era máis progresista e cuns fundamentos pedagóxicos sólidos, influenciados polas ideas de Giner e Cossío.[2292] Estes postulados iniciaron unha viraxe na concepción do alumno, do mestre e do inspector. Comezouse a consolidar un novo sistema democrático, onde a educación tiña un papel importante para o futuro do Estado. Neste proxecto, a inspección de primeira ensinanza foi un medio esencial para a construción dunha escola moderna e a consolidación dun novo goberno democrático.[2293] Entre os cambios propuxéronse cambios na avaliación dos alumnos e alumnas: "No más suspensos", así titulaba o diario *El Progreso* de Lugo a medida instaurada pola República o 17 de xullo de 1931. Esta reforma modificaba o sistema de cualificación, quedaba prohibido empregar o cualificativo "suspenso" nos exames. No seu lugar os profesores debían deixar en branco a proba ou facer constar a nota que merecía o

[2285] Vide Antonio Jiménez-Landi, *La institución Libre de Enseñanza y su ambiente, "Periodo de expansión influyente"* (Madrid: Editorial Computense, Tomo IV, 1996), 118-120.

[2286] En Anxo S, Porto Ucha, "Dous modelos educativos, duas escolas enfrontadas: a escola republicana e a escola nacional-católica", *Sarmiento*, Nº 10 (2006): 116-118.

[2287] Vide Manuel Tuñón de Lara, *Medio siglo de cultura española* (Madrid: Tecnos, 1973).

[2288] Vide Eugenio Otero Urtaza, *Manuel Bartolomé Cossío, trayectoria vital de un pensador* (Madrid: CSIF, 1994).

[2289] En Laura Fontán de Bedout, "Un recorrido histórico-pedagógico por la ILE, el Instituto-Escuela y sus relaciones con Galicia", *Temps d´Educación*, Nº 58 (2020): 279

[2290] Elaboración propia: en varios "Número especial sobre a Semana Pedagóxica Lucense", *Vida Escolar*, Nº 336, ano VII (1933): 4-32.

[2291] En "Misiones Pedagógicas", homenajea na Coruña a los que "acercaron la cultura al medio rural" a partir de 1931", *Europapress* (1931) estraído de: https://www.europapress.es/galicia/noticia-misiones-pedagogicas-homenajea-coruna-acercaron-cultura-medio-rural-partir-1931-20070601193255.html)

[2292] En Ángel Serafín Porto Ucha, *La Institución Libre de Enseñanza en Galicia*, (A Coruña: Do Castro, 1986) 101-102.

[2293] Exaltación da vida de Luis Soto Menor como inspector xefe durante trece anos en Lugo, en Marcelino Friol Novoa, "Por la Semana Pedagógica Lucense", *Vida Escolar*, Nº 336, ano VII (1933): 11

examinando. O problema foi a curta duración do Goberno Republicano progresista, un bienio que non chegou para que estes cambios tiveron continuidade e consistencia.[2294]

Pese a que non se chegou a completar a reforma republicana,[2295] debido a todas estas iniciativas comezou a emerxer en España unha nova cultura escolar, creando unha atmosfera de preocupación polo sistema educativo. Para conseguir isto, os partidarios da ILE traballaron en publicacións de artigos, conferencias, manuais, estudos ou traducións de obras.[2296] En efecto, o goberno da Segunda República pretendeu construír un cambio baseado no espírito rexeneracionista, reivindicando a importancia da educación como motor de progreso.[2297] Neste senso, o alumno pasaba a ser un suxeito activo. Agora o cidadán era o centro da construción democrática, na que a inspección xogaba un papel importante. Os sectores conservadores criticaron estes postulados, identificando este cambio como un ataque contra a identidade nacional, xerme do socialismo e anarquismo.[2298] Así, paulatinamente a escola converteuse nun dos factores máis importante para a transformación cultural da sociedade española,[2299] como xa dixemos, idea central e un dos piares fundamentais do Goberno Republicano e da ILE. En relación con isto, o político lucense German Lastra Cancio lamentaba que esta reforma non se houbera producido antes:

> ..., para decirles que no condenen tan terriblemente la actitud de los rebeldes, ya que en el fondo no son responsables de sus actos [...] Si desde principios del siglo pasado hubiese establecidas en España todas las escuelas necesarias, la revolución no se haría con bombas y petardos, sinó con plumas y cuartillas.[2300]

Así a todo, vemos como a influencia renovadora promovida pola ILE favoreceu a ampliación do cadro de persoal dos mestres e inspectores durante a Segunda República.[2301] En Lugo, como recoñecemento ao seu formidable labor educativo, o mestre de Foz, Ramón Salgado Toimil[2302] ocupou unha sección da *Escuela del Instituto de Segunda Enseñanza de Lugo*.[2303]

[2294] En "No mas suspensos, *El Progreso* 17 de xullo de 1931", "Fascículos para coleccionar", *Lugo XX historia de un Siglo* (Lugo: Tomo I. El Progreso. 2000), 518.

[2295] Segundo Pierre Vilar para levar a cabo unha reforma educativa á francesa, España tiña que construir preto de 27.000 escolas, fronte ás 7000 escolas creadas finalmente por Llopis. En Pierre Vilar, *La Historia de España* (París: Editorial Librairie Espagnole, 1975) 122.

[2296] En Joan Comas Camps, "Creación de centros escolares en Lugo", *El Progreso,* Lugo, 7 de xullo de 1931); *Gaceta de Madrid* do 5 de xullo de 1931 e posteriormente na do 19 de setembro de 1931.

[2297] En F. Reigada, "A renovación pedagóxica da Segunda República", *Vida Escolar*, Nº 336, (ano VII): 4-32; e en E. Correa, "Os beneficios para o maxisterio da Segunda República en España", *Vida Escolar*, Nº 336 (ano VII): 4-32

[2298] En María del Mar del Pozo Andrés, "Educación para la ciudadanía democrática en la Segunda República: Un intento de construcción de la identidad nacional desde la escuela", *Historia de la Educación*, Nº 27 (2008): 105-135.

[2299] Queda constancia de que a chegada da Segunda República foi unha das etapas onde se realizaron máis cambios a prol da ensinanza pública. Non obstante, o inicio da Guerra Civil paralizou calquera investimento ou innovación republicana na rede de centros públicos.

[2300] En Germán Lastra, "La escuela del Porvenir-Revolución cultural", *El Progreso,* Lugo, do 13 de marzo de 1932.

[2301] Vide Antón Costa Rico, *Historia da educación e da cultura en Galicia* (Vigo: Xerais, 2004), 918-920. Na provincia de Lugo incrementouse o número de inspectores de tres a sete entre 1933 e 1936. Neste período estiveron os seguintes inspectores: Luis Soto Menor (ata 1936), Carmen Muñoz en 1932, José Galera Moreno (1935-1936), Luis Jorge y Téllez de Meneses (1934-1937), Elisa Rodríguez Estévez (1934-1939), José Ramón Fernández Ojea (1934-1936), Fabriciano Posada Codón (1934), José Fernández Rodríguez, Daniel Calvo, Salvador Cillán e por último Joaquín García Ojeda (1936-1961), substituíndo ao Inspector Xefe Luis Soto Menor.

[2302] En "Creación de 7000 plazas docentes-Del Magisterio", *El Progreso,* Lugo, 26 de xuño de 1931.

[2303] En Ramón Salgado Toimil, "La escuela de nuestro instituto", *El Progreso,* Lugo, 24 de abril de 1932.

Ilustración 110. O mestre de Foz Salgado Toimil en 1926[2304]

Finalmente, convén incidir sobre as achegas teóricas e prácticas da ILE á provincia luguesa durante as tres fases descritas. As achegas máis notables vinculadas a esta insitución foron: a introdución de experiencias escolares de *ensinanza activa* na *Escola da Liga Santaballesa,*[2305] as prácticas de Antonio Quintela Ferreiro, as levadas a cabo na Mariña Lucense por Gregorio Sanz e Ramón Salgado,[2306] o traballo manual de Victoriano Tuñón e García (educación práctica manipulativa), a importancia das condicións e instalacións da escola, a educación do carácter, o laicismo escolar (entendida como "a liberdade de elección espiritual"), o aumento do financiamento da ensinanza pública, a necesidade de creación de escolas, a modernización do maxisterio, a renovación pedagóxica, a importancia do altruísmo na sociedade, o rexeitamento á educación bancaria, a coeducación, a graduación da ensinanza, a importancia das actividades na natureza e o deporte ao aire libre (movemento das colonias escolares, fútbol, etc), a visita das Misións Pedagóxicas a algunhas localidades lucenses, a introdución das correntes da *Escuela Nueva,* como a individualización proposta no *Método Winnetka* ou o *Plan Dalton*.[2307]

Unha das figuras máis destacadas da provincia de Lugo foi Ramón Salgado Toimil, que estaba en contra da educación bancaria e defendía as ideas escolanovistas da educación activa na natureza. Deste xeito, na conferencia realizada no *Centro de Artesanos de Vilalba* o popio Toimil manifestaba: "a sacar la escuela de sus cuatro paredes y trasladarla allí donde la vida se manifieste".[2308] Unha clara declaración de intencións a favor da ensinanza activa promovida, nesta provincia por Gregorio Sanz e Antonio Quintela, como xa dixemos.

Ilustración 311. O estudioso do Bispo Odoario e mestre de Foz, Ramón Salgado Toimil (1883-1942) (publicada en *110 lucenes singulares*)

A curta duración da implantación da escola laica

Un dos aspectos ideolóxicos máis notables da ILE foi a pretensión de defender a autodeterminación de conciencia na escola, ou máis ben a favor da liberdade do individuo de elixir a súa propia espiritualidade. Isto non debe ser entendido como que a

[2304] Ídem.

[2305] En Xosé Pombo Mosquera, *Liga Santaballesa. Historia dunha Escola Habanera 1907-2007* (Vilalba: Padroado da Liga Santaballesa, 2007), 29.

[2306] En Víctor Moro, "Limiar", *Gregorio Sanz Uno de tantos* (Sada: Edicións do Castro, 1990), 6.

[2307] En Joan Comas Camps, "Individualización de la enseñanza", *Vida Escolar,* Nº 207, ano V (1931): 2-4.

[2308] En José de Cora, "Salgado Toimil, precursor de Marshall McLuhan", *Bitácora de Cora,* (2023), extraído o 6 de outubro de 2023: http://bitacoradecora.galiciae.com/?p=19551.

ILE estaba en contra da Igrexa, máis ben en contra da imposición dunha determinada relixiosidade nas escolas ou de calquera dogma espiritual. Recapitulemos, que os valores éticos e morais nos que se fundamentaba a ILE estaban arraigados no discurso liberal que tiñan como base o krausismo.[2309] A introdución destas ideas foi a primeira tentativa de crear unha intelectualidade laica en España que defendía a liberdade do pensamento.[2310] Como consecuencia floreceron novas tendencias pedagóxicas.[2311] Segundo Pierre Vilar, a pesar disto das reformas realizadas durante o primeiro bienio, as congregacións relixiosas seguían ocupando unha posición moi relevante na ensinanza primaria. Aludindo ao afán e ao sentimento de constituír unha escola laica, o propio Vilar dicía:

> La Institución Libre de Enseñanza se convirtió en el modelo de la Universidad y de los Institutos secundarios. Pero la escuela primaria fue más difícil de edificar. Para hacer una escuela laica, al modo francés, hubieran hecho falta veintisiete mil nuevas escuelas, pero los créditos sólo permitían empezar con una tanda de siete u ocho mil. Faltaban maestros. Por último disputar a las congregaciones religiosas sus seiscientos mil alumnos planteaba, además de los difíciles problemas prácticos, la más delicada cuestión psicológica: la de la religión.[2312]

Pouco a pouco, no primeiro terzo do século XX, apareceron *novas voces* ligadas ao ensino primario avogando pola laicidade na provincia luguesa. En concreto, o tema foi tratado na revista *Vida Escolar* polos inspectores: Carlos Moltó, Joan Comas e José Galera. Estas figuras criticaron o papel da Igrexa na educación, sobre todo no referente ao fanatismo e o sectarismo clerical.[2313] Paulatinamente, un sector crecente da inspección manifestouse a favor do neutralismo escolar, defendendo a importancia de levar a cabo un proceso de renovación pedagóxica baseado, entre outros aspectos, nun sistema educativo laico.[2314] Así, en 1930, o inspector de Primeiro Ensino José Galera publicaba un artigo titulado "Dignidad". Neste traballo describía a un "Clero adoutrinador" que freaba a arribada de innovacións pedagóxicas no maxisterio lucense:

> ...creo y continuaré creyendo, que en el seno del clero, por desgracia, y muy particularmente dentro de las órdenes religiosas, se cobija el enemigo más formidable que tiene el maestro y la escuela nacional. ¿Perjuicios? ¿Animosidad? No. Realidades y a veces bastante tétricas.
>
> Yo-y perdone que olvide las advertencias frailunas que me hace en la suya-creí, creo y continuaré creyendo, que en el seno del clero, por desgracia, y muy particularmente dentro de las órdenes religiosas, se cobija el enemigo más formidable que tiene el maestro y la escuela nacional. ¿Perjuicios? ¿Animosidad? No. Realidades y a veces bastante tétricas.[2315]

Igualmente, algúns *mestres* lucenses estaban en contra da obrigatoriedade do ensino da relixión nas escolas, como mostran as publicacións, os artigos e os certames pedagóxicos celebrados en Lugo en 1923 e 1933. En Lugo, o mestre Amador F. Carral defendeu a importancia do proceso de renovación pedagóxica e da incorporación do laicismo escolar, como factores de revolución cultural.[2316] Do mesmo xeito, este

[2309] En Herminio Barreiro Rodríguez, "A ILE unha política da Pedagoxía", *Sarmiento*, Nº 5 (2001): 7-21.

[2310] En Herminio Barreiro Rodríguez, *Lorenzo Luzuriaga y la Renovación en España (1889-1936)* (A Coruña: Educións do Castro, 1989), 41.

[2311] En Adolf Kiessling, "Tendencias actuales de la psicopedagogía", *Revista de Pedagogía*, Nº 89 (1929): 220-223.

[2312] En Pierre Vilar, *La Historia de España* (París: Editorial Librairie Espagnole, 1975), 122.

[2313] En Carlos Moltó, "Número especial sobre a Semana Pedagóxica Lucense", *Vida Escolar*, Nº 336, ano VII (1933): 9.

[2314] En José Galera Moreno, "Columna vertebral de acero", *Vida Escolar*, Nº 336, ano VII (1933): 19.

[2315] En José Galera Moreno, "Dignidad", *Vida Escolar*, Nº 226, ano V (1931): 6-7.

[2316] Este docente foi directivo da UGT en Lugo e posteriormente represaliado polo réxime franquista.

docente publicou en *El Progreso* un artigo tratando o laicidade e os seus detractores, titulado "Apreciaciones".[2317]

> Rectificar el equivocado concepto de la misma, borra los prejuicios que existen contra ella y acabar con los enemigos que braman contra el laicismo y maldicen sus orientaciones, es tarea larga, difícil y penosa, porque si todo proyecto se importancia requiere estudio laborioso y detenido examen, aún hallando cooperación ¿qué no sucederá con la labor de la escuela, que halla a su paso neutralización constante, obstrucción obstinada y persecución sistemática? [2318]

Todas estes cambios fixeron que, especialmente nos anos trinta do século XX, existira unha *confrontación* entre os sectores que defendían a laicidade e a Igrexa, constituíndose unha "guerra escolar".[2319] O final de goberno primorriverista, fixo que a Igrexa reducira a súa notable influencia política. Lentamente os procesos educativos e culturais cobraron unha maior relevancia social, especialmente no primeiro bienio da Segunda República. Baixo o mandato do Goberno Republicano comezouse a declarar o carácter laico, como afirmaba Jiménez Eguizábal.[2320] Neste período, o choque ideolóxico entre partidarios de introducir o laicismo escolar e os sectores conservadores foi unha realidade, co pano de fondo da modificación funcional dos centros eclesiásticos concretada na *Lei de Congregaciones Religiosas.* Na provincia lucense, esta normativa fixo que moitas institucións eclesiásticas tiveron que maquillar a súa ideoloxía: por exemplo en Monforte, o *Patronato de los Escolapios* realizaron un convenio coa *Sociedad Anónima de Enseñanza Libre* (SADEL) para poder seguir dando clases.[2321] Na Semana Pedagóxica de 1933, Carlos Moltó manifestaba sobre a aplicación desta normativa:

> La Ley de Congregaciones religiosas ha sido cual espolazo que ha levantado el alarido de la intransigencia en la turbamulta de la reacción, creyendo ver atropelladas y perseguidas sus íntimas creencias.[2322]

Ilustración 112. Catecismo infantil. Grao 1º de Catecismo e Historia Sagrada[2323]

A nivel lexislativo, coa aparición da Segunda República implantouse en España un modelo escolar laico, a través da normativa vinculada á Constitución de 1931.[2324] Na provincia de Lugo, Joan Comas foi o

[2317] En A. F. Carral, "Número especial sobre a Semana Pedagóxica Lucense", *Vida Escolar,* Nº 336, ano VII (1933): 4-32.

[2318] Ídem, 14.

[2319] En Ana Cebreiros Iglesias, "O acceso das mulleres ao ensino secundario e superior en Galicia no primeiro terzo do século XX. Unha aproximación histórica", *Actas do V Congreso Manuel Luís Acuña* (Orense: Deputación Provincial de Ourense, 2021), 45.

[2320] En Alfredo Jiménez Eguizábal, "Génesis de la función social y carácter profesional de la Inspección Educativa en España (1849-1936)", *Revista de Educación*, Nº 17 (1998): 206.

[2321] En "Acta da Coorporación Municipal monfortina. Sesión do 24-9-1933, no AHM Monforte de Lemos. Convenio SADEL", *Periódico local El Combate,* Nº 22, Edit El Colegio "Sadel de Lemos", (1935): 3-2.

[2322] En Carlos Moltó, "Número especial sobre a Semana Pedagóxica Lucense", *Vida Escolar,* Nº 336, ano VII (1933): 9.

[2323] Incorporamos esta reprodución para amosar a enorme influenza clerical mediante os libros nas escolas en particular e na sociedade en xeral.

[2324] En Amador F. Carral, "Apreciaciones", *Vida Escolar,* Nº 336, ano VII (1933): 14.

encargado de levar a cabo este proceso en 1932.[2325] No *Boletín Oficial* do 16 de xaneiro de 1932 publicábanse as seguintes normas: a supresión da ensinanza relixiosa nas súas escolas, a aplicación do laicismo escolar, a eliminación da aprendizaxe do catecismo e a retirada dos crucifixos. Ademais, o *Boletín* do 17 de xaneiro de 1932 designaba que a ensinanza da materia de relixión sería substituída por outras leccións de carácter laico.[2326] Mentres que o Goberno Republicano non nomeaba os mestres nacionais definitivos, e para que non se atrasara a transición ao laicismo escolar, os directores dos centros xesuítas eran os responsables de designar un profesorado provisional que aplicara a nova normativa.[2327] Lentamente foi desorganizándose a estrutura tradicional, baseada nunha formación relixiosa-tradicional, cambios que redundaron pouco tempo (ata finais de 1933).

En febreiro de 1932 publicábase a Lei de expropiación e exclaustración dos colexios da *Compañía de Jesús,* os denominados "centros xesuitas". A pesar da promulgación destas leis, non se chegou a implantar completamente debido á chegada no poder dos radicaiscedistas en novembro de 1933.[2328] O laicismo escolar en España durou un breve período de tempo, debido a que durante o segundo bienio se derrogaron as disposicións presentadas polo Goberno Republicano respecto á ensinanza da relixión nas escolas.[2329] Para entender o panorama ideolóxico-cultural no referente á concepción da acción cultural e educativa, convén ter en consideración que no período republicano existiron tres problemas fundamentais: o militar, o agrario e o eclesiástico.[2330] O primeiro desembocou na Guerra Civil, o segundo en revoltas sociais e o terceiro floreceu a xeito de discrepancias educativas no período republicano do primeiro bienio, volvendo con máis forza durante a posguerra, onde as institucións eclesiásticas foron empregadas como órganos propagandísticos dos golpistas de ideoloxía *nacionalcatolicista*.[2331] Este mobilización de recursos freou en seco o proceso de renovación escolar lucense, a semellanza do resto de provincias nacionais.

Respecto ás escolas privadas na provincia de Lugo, unha das iniciativas máis importantes de institución laica foi a *Academia Juan Jacobo Rousseau* de Monforte de Lemos, fundada por Pedro Saco Filloy.[2332] A creación de centros privados deste tipo, que empregaban doutrinas aconfesionais, espertaron a oposición das organizacións relixiosas e dalgúns mestres públicos.[2333] O político Germán Lastra reivindicaba no diario *El Progreso* a importancia do dereito do alumno de ter liberdade de conciencia na escola, incidindo en non coaccionar ideoloxicamente ao discente: "Al niño jamás debe

[2325] En Joan Comas Camps, "Información de Enseñanza. El laicismo en las escuelas", *El Progreso,* Lugo, 17 de xaneiro de 1932.

[2326] A inspección de Primeiro Ensino da provincia de Lugo publicou no *Boletín Oficial* a Circular coa normativa referente ao regulamento escolar, nesta disposición deixábase de impartir a ensinanza relixiosa nas escolas provinciais. Esta materia foi substituída por varias leccións ocasionais impartidas polos mestres confesionais.

[2327] Segundo a *Gaceta* do 29 de xaneiro de 1932.

[2328] En Ana Cebreiros Iglesias, "O acceso das mulleres ao ensino secundario e superior en Galicia no primeiro terzo do século XX. Unha aproximación histórica", *Actas do V Congreso Manuel Luís Acuña* (Orense: Deputación Provincial de Ourense, 2021), 45.

[2329] En "El laicismo en las escuelas", *El Progreso,* Lugo, 17 de xaneiro de 1932.

[2330] En Juan Alfredo Jiménez Eguizábal, *La inspección de primera enseñanza en la segunda república (1931-1936)* (Salamanca: Universidade de Salamanca, 1984), 27.

[2331] Vide Gabriel Parra Nieto, "Origen y evolución de la escuela elemental del nacionalcatolicismo", *Studia Zamorensia* 20 (2021): 21-31.

[2332] En Pedro Gómez Álvarez, *O ensino a terra de Lemos nos séculos XIX e XX*. (Monforte de Lemos: Deputación de Lugo, 2022), 251.

[2333] En Jordi Verrié, *Continuitat pedagógica catalana durant els segles XVIII i XIX*. (Barcelona: Grup promotor d´Ensenyament i difusió en Catalá, 1981), 99.

coaccionársele con la imposición de ninguna idea política o religiosa".[2334] Igualmente en marzo de 1932, o mesmo docente dedicou un artigo completo á importancia de aplicar un sistema educativo laico.

> Por eso yo estoy conforme con que en la España del porvenir no se obligue a los futuros ciudadanos a practicar una religión determinada.[2335]

Na provincia luguesa, os colexios relixiosos empregaban un marco eficaz e ríxido mediante fórmulas de transmisión verbais. Na provincia lucense, os conservadores empregaban *La Voz de la Verdad* para defender os seus postulados clericais: "a Igrexa estaba en contra do laicismo escolar e comparaba a *escola única* ou *unificada* co monopolio da ensinanza do Estado".[2336] Esta idea era contraria ao concepto acuñado por Lorenzo Luzuriaga, entendendo a *escola única* como un sistema educativo cunha criterios unificados para levar a cabo unha ensinanza pública activa e adecuada.[2337] Dada a brecha ideolóxica existente e como afirmaba Pierre Vilar: "Es el signo de una quiebra en la educación popular: escuela y catecismo a la vez. Este fracaso es apenas discutible".[2338]



Me tomo la libertad de proponer a la prensa de derecha, en bien para su causa, que busquen quien redactara esos artículos circulares de carácter religioso-social-pedagogico con más originalidad y conocimiento de causa; solo así conseguirán adeptos entre los que estamos en la acera de enfrente. Los de su cuerda desde luego, y aún así argumentos de ninguna especie, están convencidos de la verdad emanada a la «buena prensa».

JUAN COMAS.

Ilustración 113. Artigo de Joan Comas criticando a confesionalidade da prensa lucense, (en *El Progreso*)

Acerca disto, na Semana Pedagóxica de 1933, o inspector Carlos Moltó Gargori alertaba sobre o perigo que tiña para a escola, o fanatismo e o sectarismo.[2339] Neste congreso José Galera Moreno tamén analizou os beneficios do laicismo escolar.[2340] Igualmente, o inspector Antonio Guiraum Martín falou da importancia da liberdade no ensino como fonte de desenvolvemento, mediante o artigo: "Libertad en la educación".[2341] En relación con isto, o inspector Víctor Ballester Gozalvo tamén publicou un artigo disertando sobre a importancia da moralidade na ensinanza, titulado: "Maestros sí; pero antes hombres".[2342] Neste traballo, Ballester defendía a actitude proactiva no exercicio do maxisterio:

[2334] En Germán Lastra, "La Escuela del Porvenir", *El Progreso* Lugo, 24 de febreiro de 1932.
[2335] En Germán Lastra, "La escuela del Porvenir-Laicismo", *El Progreso*, Lugo, 6 de marzo de 1932.
[2336] En Viriato, "El Estado y la libertad de la enseñanza", *La Voz de la Verdad*, Lugo, O 13 de xuño de 1931; e en Joan Comas Camps, "La escuela única", *El Progreso*, Lugo, 28 de xuño de 1931.
[2337] En Herminio Barreiro Rodríguez, *Lorenzo Luzuriaga y la Renovación en España (1889-1936)* (A Coruña: Educións do Castro, 1989), 247.
[2338] En Pierre Vilar, *Historia de España* (Barcelona. Crítica: 2008), 166.
[2339] En Carlos Moltó era inspector de primeira ensinanza na Coruña pero participou na Semana Pedagóxica de Lugo en 1933. En Carlos Moltó, "Número especial sobre a Semana Pedagóxica Lucense", *Vida Escolar*, Nº 336, ano VII, (1933): 9.
[2340] En José galera Moreno, "Columna vertebral de acero", *Vida Escolar*, Nº 336, ano VII (1933): 19.
[2341] En Antonio Guiraum Martín, "Libertad en la educación", *Vida Escolar*, Nº 336, ano VII (1933): 7-8
[2342] En V. Ballester Gozalvo, "Maestros sí; pero antes hombres", *Vida Escolar*, Nº 336, ano VII (1933): 6.

Lo accidental, lo transitorio en la vida es la profesión; lo permanente, lo duradero, debe ser la ilusión. Hagamos que ésta se polarice en una lontananza espiritual, pongamos en ella como hito la Escuela,...[2343]

En parte, no primeiro bienio da Segunda República produciuse unha masiva apertura de escolas públicas e indianas. Este movemento tivo como consecuencia un *descenso da influencia clerical* nos estudos primarios, decrecendo a súa presenza. En tal sentido, a tendencia do aumento de centros públicos promulgou unha maior rigorosidade na aplicación das leis. A centralización da educación e o aumento de inspectores estimularon a rápida multiplicación das escolas nacionais.[2344] Pese a isto, en 1932 existían no Concello de Lugo 32 centros que dependían das congregacións e comunidades relixiosas, nas cidades incluso creáronse novos centros deste tipo. Este número era bastante importante tendo en conta que existían 35 escolas nacionais.



Ilustración 114. Amador F. Carral
Presidente de la Asociación do Partido de Lugo
("Número especial da Semana Pedagóxica Lucense")

Nos anteriores á República, na cidade de Lugo floreceron algúns centros escolares relixiosos, seguindo esta orde cronolóxica: en 1598 fundouse o *Seminario,* en 1879 seis eclesiásticas *Hijas de la Caridad* fixéronse cargo da educación dos nenos sen recursos de 3 a 6 anos, en 1907 o bispo lucense impulsou a creación do Colexio dos Maristas, e en 1926 constitúese o Colexio de San José coñecido como a "Escola das Josefina" ou "As Pepas".[2345]

[2343] Ídem.

[2344] En Joan Comas Camps, "Creación de centros escolares en Lugo", *El Progreso,* Lugo, 7 de xullo de 1931; e en *Gaceta de Madrid* do 5 de xullo de 1931 e posteriormente na do 19 de setembro de 1931.

[2345] En Sabela Corbelle, "Aulas que todavía no colgaron los hábitos", *El Progreso,* (2022), extráido o 12 de xuño 2022, de: https://www.elprogreso.es/articulo/lugo/aulas-que-todavia-colgaron-habitos/20220612132732158325 9.html.

Gráfico 26. Colexios de Primeiro Ensino de Lugo pertencentes ás congregacións relixiosas en 1932.



Fonte: Ángel Serafín Porto Ucha, *La Institución Libre de Enseñanza en Galicia*, (A Coruña: Do Castro, 1986) 367.

Aparte do lacismo escolar, o período republicano tivo outras consecuencias: segundo o oficial da sección administrativa J. Santa María, Lugo foi a provincia española que máis escolas nacionais creou e máis movemento de persoal tivo dende o catorce de abril de 1933 ata 1934. Este feito produciuse en parte polo peche de numerosos centros educativos relixiosos e pola falta de persoal docente. Consecuentemente segundo o oficial desta sección administrativa, o un de xaneiro de 1934 cesaron na provincia lucense un total de 23 escolas relixiosas, dez de nenos e trece de nenas. [2346]

		Lugo	Mon-forte	Mondo-ñedo	Ribadeo	Tra-bada	Vivero	Cervo	TOTAL
Escuelas Religiosas que cesarán 1 enero 1934.	Niños. . . .	2	3	1	»	1	2	1	10
	Niñas. . . .	4	2	2	1	»	3	1	13

Ilustración 115. Redución de Escolas Relixiosas en 1934 publicadas en *Vida Escolar*

Pese a isto, debido ao gran poder secular da Igrexa, moitos mestres estaban sometidos a un control social e administrativo do párroco, por este motivo varios docentes foron acusados de adoptar unha mala conducta no seu centro, manter unha actitude anticlerical ou por desobediencia. No referente ás faltas administrativas interpostas no *Consejo Universitario de Santiago de Compostela*, os expedientes abertos por actuacións negativas dos mestres lucenses recollen os seguintes cargos: situacións de abandono do ensino e carencia de celo ou incumprimento dos deberes laborais.[2347]

Respecto ao tema da *masonería*, os seus membros adoitaban estar a favor da expansión das escolas laicas, en ocasións incluso realizaban diversas achegas económicas, técnicas ou científicas para a implantación de colexios con este signo. Por

[2346] En J. Santa María, "Número especial sobre a Semana Pedagóxica Lucense", *Vida Escolar*, Nº 336, ano VII (1933): 13.

[2347] No APL atópanse arquivadas as copias destas sentenzas. En varios, "Informes de buena y mala conducta" (Lugo: APL. Fondo Concello. Sinatura: 1574, 1900-1936).

este motivo entre outros, as autoridades monárquicas, eclesiásticas e franquistas perseguiron a estes entidades.[2348] Segundo Pedro Álvarez Lázaro, en Galicia sobresaía a Gran Logia Regional Galaica (GLRG).[2349] Respecto ás loxas lucenses, a finais do século XIX supoñían o 22,6% das coñecidas en Galicia,[2350] as máis destacadas eran: *Vallibria Redempta* en Mondoñedo, *La Perfección* e *La Fortaleza* en Ribadeo,[2351] *Hijos de Hirám* e *Loxa de Riobarba* en O Vicedo, *Luz de Lugo Nº 9, Perfección Nº 89, Moreto Nº 230* e *Lucus* en Lugo, e por último o *Triángulo Fraternidad Humana Nº 75* en Viveiro fundada en 1931.[2352] Algúns docentes e inspectores estiveron vinculados a estes organismos, entre eles atopamos: ao mestre Bonifacio González Pedre,[2353] presidente de *El Triángulo Fraternidad Humana*,[2354] e ao inspector José Galera Moreno como membro da loxa masónica *Lucus.* Este último afirmaba que a ciencia era o antídoto contra a relixión Católica, avogando pola creación de institucións asépticas a este tipo de adoutrinamento relixioso. Baixo este paraugas creáronse varias institucións, algunhas con capital indiano, como as Escolas do Centro de Instrución e Recreo de Benquerencia dende 1906.[2355]

> A masonería substenta a doctrina máis perfecta de todas cantas profesan os homes (porque) a masonería exclúe totalmente ao fanático (que non fan as relixións). A Liberdade, a Igualdade e a Fraternidade, son antitéticas do fanatismo. A nosa Institución, ao sentar como postulado inconmovíbel a autoridade máxima da Razón na investigación científica, destrúe por completo o mórbido fanatismo e inmuniza ao individuo dos tóxicos da fe do providencialismo que tantos estragos causaron e causan nas humanas conciencias. Así pois Venerábel Mestre e queridos irmáns... direi que: o mundo masónico clama universalmente pola luz; que de agora en diante as nosas loxias converteranse en escolas; o noso traballo deberá ser o estudio; o noso salario, a cultura (...).[2356]

Despois da Guerra Civil, os vencedores franquistas implantaron unha *nova ideoloxía escolar* fronte ao modelo republicano.[2357] Neste novo sistema tiña unha importancia especial a formación ideolóxica e españolizadora, por isto este goberno promulgou un modelo patriótico, militarista e católico. A educación relixiosa pasou a ter unha importancia política prioritaria. No período de posguerra, a influencia da Igrexa no ensino brillou outra vez coa implantación na ditadura dunha ensinanza

[2348] En Jesús de Juana e Julio Prada, *Historia contemporanea de Galicia* (Barcelona: Ariel, 2005), 193.

[2349] En Pedro Álvarez Lázaro, *La Masonería, escuela de formación del ciudadano* (Madrid: UPCo, 1996), 148-149.

[2350] En Alberto J. V. Valín Fernández, "Reflexiones en torno a la distribución geográfica de la masonería gallega a lo largo del siglo XIX", *La masonería en la España del siglo XIX* (1987, 326-328.

[2351] En Martín Fernández, "Las primeras logias de A Mariña fueron La Perfección y La Fortaleza, de Ribadeo", *La Voz de Galicia*, 17 de maio de 2020, extraído o 10 de novembro de 2023: https://www.globalgalicia.org/noticia/argentina/2020/05/17/primeras-logias-marina-fueron-perfeccion-fortaleza-ribadeo/0003_202005X17C7994.htm.

[2352] En M. Fernández, "Masones que pertenecían al Triángulo Fraternidad Humana Nº 75", *La Voz de Galicia*, 20 de maio de 2022, extraído de: https://www.lavozdegalicia.es/noticia/amarina/2022/05/18/gran-interes-documento-aparecio-viveiro-lista-miembros-masones-triangulo-fraternidad-humana-numero-75/00031652875826128228551.htm.

[2353] Vide "Expediente de Bonifacio González Pedre", *Centro Documental de la Memoria Histórica* (Sinatura: ES.37274.CDMH/4//SE-MASONERÍA_A,C.11,EXP.8)

[2354] En M. Fernández, "Masones que pertenecían al Triángulo Fraternidad Humana Nº 75", *La Voz de Galicia*, 20 de maio de 2022, extraído de: https://www.lavozdegalicia.es/noticia/amarina/2022/05/18/gran-interes-documento-aparecio-viveiro-lista-miembros-masones-triangulo-fraternidad-humana-numero-75/00031652875826128228551.htm.

[2355] Antón Costa Rico, "Con billete de volta: os americanos da Mariña, a creación de escolas e a busca do progreso", *Estudios Migratorios. Revista Galega de Análise das Migracións*, Nº 2, vol 1 (2008): 141.

[2356] En Alfonso Santos Alfonso, *La sublevación militar en Lugo* (Sada: E. do Castro, 1999), 242-243.

[2357] En F. Raposo, "Lista de los alumnos en Abril de 1936 de la escuela de la Calle Santiago, acompañado por el inventario del material escolar El maestro F. Raposo (señalando artículos propios de las escuelas con fecha del 4 de Julio de 1936)" (Lugo: APL. Sección: Concello, sinatura: 1200-02, 1936).

nacionalcatolicista en todo o territorio nacional: "La escuela del nacionalcatolicismo tiene sus orígenes en el programa del bando sublevado para conseguir el control del país que, con la intención de suprimir y desmantelar la educación republicana".[2358] Con base nisto, Gabriel Parra Nieto afirmaba:

> El estado que surgió victorioso de la guerra civil adoptará en el periodo comprendido entre 1936-1945 una orientación totalitaria que en el terreno pedagógico se caracterizó por la formación de "un hombre nuevo" presidida por los valores de autoridad, jerarquía, orden, disciplina y en la transmisión de los valores religiosos del catolicismo tradicional.[2359]

A provincia lucense apenas ofreceu resistencia ao levantamento militar de Franco. Así, a posición eclesiástica da educación continuou tendo moita influencia. Froito destas cinzas, na cidade de Lugo creáronse: a Escola do Divino Maestro en 1949, a Escola de María Auxiliadora en 1953, a escola da Divina Pastora en 1962 e a Escola dos Franciscanos en 1969.[2360] No período de posguerra, o goberno golpista condenou ao laicismo, á masonería e aos cambios introducidos no primeiro bienio da Segunda República como: a liberdade de conciencia, a escola activa e a coeducación. A pesar disto a maioría das escolas eran unitarias, por exemplo tan só ás aforas de Mondoñedo existían varias escolas mixtas repartidas en catorce ou quince localidades pertencentes ao respectivo Concello.[2361] Esta era unha das zonas con maior influencia clerical da provincia, e a súa cidade ten unha enorme presenza de institucións de signo relixioso.

Respecto disto, no período posbélico a ensinanza católica declarouse obrigatoria nos centros educativos a través da ensinanza da disciplina: *Religión e Historia Sagrada*.[2362] Neste período ditatorial, a inspección foi un factor fundamental para controlar o sistema educativo. A ensinanza primaria foi controlada pola *Junta de Defensa Nacional*, a *Comisión de Cultura* e a *Enseñanza de la Junta Técnica del Estado*.[2363] Así, mediante o seguinte proceder os organismos promoveron múltiples accións para restablecer as costumes relixiosas.[2364] En primeiro lugar organizaron cursos de dúas semanas de duración nas capitais de provincia, segundo os conservadores para reparar o "dano" que habían causado a ILE e os republicanos: nestes cursos identificábase a educación católica coa educación patriótica. En segundo lugar encargouse aos inspectores-xefes a vixianza da austeridade e da orde dos actos,[2365] realizando unha memoria elevada á respectiva *Comisión* para o seu control.[2366] Así, fronte ao modelo escolar republicano, os vencedores da Guerra Civil implantaron un novo aparato ideolóxico e escolar, que se caracterizaba pola ortodoxia relixiosa, unha

[2358] En Gabriel Parra Nieto, "Origen y evolución de la escuela elemental del nacionalcatolicismo", *Studia Zamorensia* 20 (2021): 21.

[2359] En José María Parra Ortiz, "La evolución de la enseñanza primaria y del trabajo escolar en nuestro pasado histórico reciente", *Tendencias pedagógicas* 14 (2009): 150.

[2360] En Sabela Corbelle, "Aulas que todavía no colgaron los hábitos", *El Progreso*, extráido o 12 de xuño de 2022 de: https://www.elprogreso.es/articulo/lugo/aulas-que-todavia-colgaron-habitos/20220612132732158325 9.html.

[2361] En Luis Bello Trompeta, "Mondoñedo. Lourenzana", *Vida Escolar*, Nº 149, ano III (1929): 2-4.

[2362] En *BOE* do 24 de setembro de 1936 publica a Orde 21 de setembro de 1936.

[2363] Regulada no Decreto do 29 de setembro de 1936, publicado no *BOE* de 30 de setembro do mesmo ano.

[2364] En Alicia Alted Vigil, *Política del Nuevo Estado sobre el Patrimonio Cultural y de la Educación durante la guerra civil española,* (Madrid: Dirección Xeral de Belas Artes e Arquivos, 1984), 158-159.

[2365] En diversos momentos da historia os gobernos centrais empregaron a escola como ferramenta de control e adoutrinamento, a través dela impartíronse os valores e saberes seleccionados pola goberno rexente. Mediante a inspección os estados controlaban que os contidos seleccionados foran aplicados correctamente. A aplicación durante a Segunda República do laicismo escolar suscitou un grande oposición dos sectores clericais.

[2366] En Orde Circular de Xullo de 1937, recollido no *BOE* do 21 de xullo de 1937.

concepción totalitaria do Estado, o retroceso dos dereitos das mulleres e a perda dos valores democráticos.[2367]

Ilustración 116. Explicación dos sacramentos (*Vida Escolar*, 1936)

A nivel pedagóxico durante a ditadura de Franco, o Estado ademais de restituír a confesionalidade nas escolas, impulsou unha tradición conservadora que abandonaría a educación activa e a cultural democrática. Este devir foi aplicado de xeito global porque, aparte das escolas nacionais e privadas, a provincia lucense seguía albergando numerosas institucións de carácter eclesiástico como: o *Seminario de Estudios*, a *Escuela de niños de la Sociedad de Obreros Católicos* e as *Hermanas de la Caridad* no hospital. A instauración da ditadura de Franco impulsou a influencia social destas institucións clericais, implantándose un ensinanza relixiosa-católica onde a Igrexa acumulaba un enorme poder sobre os procesos de ensinanza e aprendizaxe.[2368]

Unha vez analizada a influencia da ILE en Lugo convén estudar a importancia da creación das escolas indianas, tomando como base os estudos de Vicente Peña e as achegas dos documentos atopados nos distintos arquivos consultados para a realización deste estudo, como o traballo do inspector José del Peso y Sevillano titulado *Galicia y su Enseñanza Primaria*.[2369]

4.4.4. A creación de escolas indianas

No presente apartado analizaremos a renovación escolar ligada ao "paternalismo filantrópico" principalmente indiano, aínda que tamén xurdiron outras iniciativas de

[2367] Podemos ver o signo da ideoloxía implantada a través dos materiais escolares. En F. Raposo, "Lista de los alumnos en Abril de 1936 de la escuela de la Calle Santiago, acompañado por el inventario del material escolar El maestro F. Raposo (señalando artículos propios de las escuelas con fecha del 4 de Julio de 1936)" (Lugo: APL. Sección: Concello, sinatura: 1200-02, 1936).

[2368] A través dos artigos publicados en Lugo, algúns docentes manifestaron que estaban a favor do modelo escolar laicista, especialmente no bienio reformista (1931-1933). Moitos dos novos postulados laicistas tiñan a súa orixe nas teorías introducidas pola ILE e as viaxes coa JAE.

[2369] En José del Peso y Sevillano, "Galicia y su Enseñanza Primaria" (Madrid: Arquivo JAE. Sinatura: JAE/115-391, xuño 1925).

carácter individual ou foráneas a estas asociacións. Con todo, nun primeiro momento destacan máis "como conxunto" a importancia das intervencións complementarias á escola pública de orixe migratorio. No que respecta á creación de escolas indianas na provincia de Lugo, a primeira escola rural deste tipo da que temos constancia é a Escola de Mundín (Lier), doada polo benfeitor sarriano José García Losada na segunda metade do século XIX (1864). Este centro contaba con varias aulas e habitacións, para o mestre e o conserxe. A finais da primeira metade do século XX as súas instalacións foron abandonadas.[2370] Paulatinamente estes establecementos multiplicáronse. Como resultado na provincia luguesa, un dos factores que influíron positivamente no ensino primario foi o retorno de recursos dos emigrados, sobre todo no referido ás construcións escolares. Feito que contribuíu ademais no proceso de modernización pedagóxica da ensinanza primaria.[2371] Pero o aumento destes bens non só afectaron ao ámbito educativo, segundo González Lopo, os emigrados traballaron en tres aspectos principalmente: a educación, a beneficencia e a relixión:

> ... "os indianos do Antigo Réxime orientaron as súas actuacións nunha tripla dirección: a educación, a beneficencia e as fundacións de tipo relixioso. No que respecta aos indianos contemporáneos, fixeron o mesmo no eido da cultura, dun xeito moi salientable na esfera do ensino".[2372]

Todas estas doazóns tiveron un factor común o altruísmo. Neste sentido, Vicente Peña Saavedra sinalaba a existencia dunha "tendencia filantrópica, altruísta e caritativa na práctica totalidade dos doadores".[2373] Pero segundo Emilio Xosé Ínsua, non todas estas escolas foron eido de cultura, porque houbo reproches a moitos centros indianos en referencia a que eran: "unha prolongación do clientelismo político do sistema da Restauración a nivel local", ou "institucións conformadoras de novos emigrantes e obedientes cidadáns do caciquismo da desgaleguización".[2374]

Disertando un pouco máis sobre a cuestión da *relación* entre a emigración e a instrución primaria, a pesar de estar máis illada dos focos migratorios tradicionais, na provincia de Lugo tamén sucedeu este fenómeno con preponderancia, principalmente por varias razóns: falta de traballo, mala situación económica, acompañamento dalgún familiar, procura de novas expectativas vitais, inestabilidade política do país ou para evitar a depuración a partir de 1936. En maior medida, a presenza destas circunstancias no panorama social e económico lugués de comezos do século vinte excitou a saída ao exterior como vía de escape ante as malas condicións laborais.[2375]

Esta atmósfera de presión favoreceu a emigración principalmente a América, Europa e ao interior de España. Así, moitos lucenses aventuráronse a viaxar a outros continentes ou cidades industriais na procura de prosperidade laboral, social e económica. Debido á forte presenza de españois emigrados en Argentina, o *Consejo*

[2370] En Lucía Porto, "La primera escuela rural de Sarria", *El Progreso*, (21 de xullo de 2018): 1

[2371] Vide Vicente Peña Saavedra, "Das fundacións docentes dos indianos ás escolas de americanos: cano séculos de intervención escolar dos emigrantes galegos", *I Encontros Galicia-América* (Santiago: CIHUGA, 1992), 53-79.

[2372] En Domingo L. González Lopo, "Los frutos de la emigración: las fundaciones filantrópicas de los indianos gallegos", *Galicia & América: cinco siglos de historia* (Consello da Cultura Galega, 1992), 213-214.

[2373] En Vicente Peña Saavedra, *Éxodo, organización comunitaria e intervención escolar. La impronta educativa de la emigración transoceánica en Galicia*, (Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 2 vols., 1991), 324.

[2374] En Emilio Xosé Ínsua, *Verdades Como Puños y Consideraciones* (Xunta de Galicia, 2023), 38-39.

[2375] Vide Vicente Peña Saavedra, *Éxodo, organización comunitaria e intervención escolar* (A Coruña: Xunta de Galicia, 1993).

Nacional de Educación puxo o nome de España a unha Escola en Bos Aires en 1932.[2376] Aínda que Lugo foi a provincia que presentaba un menor índice de emigración rexistrada no Consulado Español de Río de Xaneiro no período 1877-1939, acadando o 2,62% do total de emigrantes (52 lugueses).[2377]

Para coñecer os proxectos sociais e culturais da época (1915-1936), convén ter en conta o estudo da *prensa galega* na emigración. En concreto, foron notables as publicacións do *Eco de Galicia* (8.431 páxinas) e de *Céltiga* (6.382 páxinas), como principais plataformas periodísticas de proxección dos segmentos sociais da *Galiza imaxinaria* dos emigrados.[2378] Para iso, cabe ter en conta o estudo realizado por Eugenia Bolaño Amigo, que manifestaba a importancia destes órganos de difusión á hora de indagar no desenvolvemento e representación das identidades colectivas, nas imaxes e sentimentos *identitarios* do endóxeno e do esóxeno.[2379]

Unha vez instalados nos diferentes países estranxeiros, moitos lucenses constituíron *asociacións de emigrados* que doarán diñeiro para a construción de colexios indianos ao longo da provincia.[2380] Igualmente, algúns filántropos tamén agasallaron importantes cantidades económicas para o deseño e instalacións escolares. Os edificios instalados polos indianos estaban polo xeral ben dotados, denominándose popularmente como "colexios de indianos": a súa contribución inmobiliaria máis importante manifestouse grazas á constitución destas asociacións.[2381] Como afirma Antón Costa, un dos capítulos máis fermosos da historia escolar galega foi a realizada polos estímulos dos emigrados galegos alén de ultramar.[2382] Como xa dixemos, este tema foi estudado polo miúdo polo profesor Vicente Peña na investigación referente á construción e dotación escolar galega.[2383] Para verificar isto, basta con visitar as maxestosas escolas que hoxe en día se estenden pola Mariña Lucense, como o edificio entregado ao Concello de Cervo doado pola sociedade *Hijos del Partido de Viveiro*, no que colaboraron entre outros: Jesús Pardo, Secundino Barcia, Eliseo Basanta e Manuel Abad.[2384] Esta realidade consigue adornar a costa de fermosos edificios de planta americana, en ocasións abandonados. Isto tamén sucede no interior, sobre todo na Terra Chá, como o *Museo escolar y de la emigración* promovido pola *Liga Santaballesa.* Testemuños paisaxísticos que representan aínda hoxe os importantes investimentos ultramarinos realizados naqueles tempos.[2385]

[2376] En Asociación Patriótica Nacional, "De enseñanza", *El Progreso*, Lugo, do 21 de febreiro de 1932.

[2377] En Erica da Silva Sarmiento, "Os galegos en Río de Xaneiro", *Estudios Migratorios. Revista Galega de Análise das Migracións*, Nº 2 , vol 1 (2008): 25.

[2378] Concepto empregado polo historiador Ramón Villares ou Xosé M. Nuñez Seixas para describir os retratos reais e idealizados da Galicia emigrada.

[2379] En María Eugenia Bolaño Amigo, "Identidade, educación, xénero e nación. A Galiza imaxinada a través da prensa galega da emigración", *XX Coloquio- Congreso Internacional Historia de la Educación. Identidades-Intercionalismo, Pacifismo y Educación. Siglos XIX y XX*, (Ourense: Deputación de Ourense-SEDHE, 2019), 313.

[2380] Vide Vicente Peña Saavedra, *Las Escuelas de Americanos y las Sociedades de Instrucción en Galicia* (Santiago: USC, 1991).

[2381] Como factor económico e social, a emigración lucense contribuíu á incorporación de galegos no mercado laboral internacional.

[2382] En Antón Costa Rico, *Historia da educación e da cultura en Galicia* (Vigo: Xerais, 2004), 933.

[2383] Vide Vicente Peña Saavedra, *Exodo, organización comunitaria e intervención escolar. La impronta educativa de la emigración transoceánica en Galicia* (Santiago: Xunta de Galicia, 1991).

[2384] En Ricardo Pena Domínguez, *Burela. Apuntes Históricos y Crónicas del Siglo XX* (Viveiro: Lar, 2004), 195-197.

[2385] En "Escolas de indianos", *El Progreso*, Lugo, 18 de novembro de 1914.

En Galicia, os indianos crearon preto de 283 escolas,[2386] estes centros *contribuíron positivamente á alfabetización* da poboación galega.[2387] Na provincia de Lugo, a Mariña Lucense e a Terra Chá foron os territorios máis beneficiados, cun total de 90 escolas construídas.[2388] Este proceso sucedeu de modo semellante ao fenómeno indiano acontecido en toda a cornixa cantábrica, sobre todo nas zonas costeiras, onde a emigración supuxo a entrada de influxos culturais organizadores da vida sociocultural. Procedentes de terras americanas, as partidas económicas máis relevantes foron as invertidas na construción dos edificios escolares de Benquerencia, San Miguel de Reinante, Ribadeo, Galdo, Viveiro e a Terra Chá.[2389] Aquí o fluxo migratorio retornado contribuíu á entrada de capitais indianos,[2390] destacando as achegas realizadas pola *Liga Santaballesa* fundada na Habana en 1907, recadando fondos de 180 veciños para a creación dunha escola en San Pedro de Santaballa.[2391] Por aquel entonces o mestre da Escola Nacional de Santaballa era Antonio Porto Stolle (1911).[2392] Tamén destacaremos a presenza da *Sociedad de Instrucción y Recreo de los jóvenes de Santa María de Carballido* creada na Habana o 25 de xaneiro de 1920.[2393] Como resultado e realizando unha análise por comarcas, a da Terra Chá foi a que máis escolas indianas tiña da provincia de Lugo cun total de 27, seguida de: a Mariña Occidental con 21, a Mariña Central con 10, a Mariña Oriental con 10, Sarria con 5, Chantada con 4, a Ulloa con 3, Terra de Lemos con 1 e Meira con 1.[2394]

Como consecuencia, hoxe en día aínda observamos con asombro as formidables construcións que adornan á Mariña Lucense ou á Terra Chá. Incluso, actualmente varias están activas como a *Liga Santaballesa* en Vilalba, a *Junventud de Baleira y su Comarca* en Baleira ou o *Círculo Habanero de A Devesa* en Ribadeo. Esta última Asociación promove a realización da efeméride veraniega denominada *Ribadeo Indiano,* celebrada no mes de xullo. Segundo Antón Costa, esta zona foi moi beneficiada polos recursos alén de ultramar: "A Mariña de Lugo viviu de preto todo este proceso de modernidade, de civismo e de educación".[2395]

[2386] Vide Benito Castillo Sagredo, *El aporte de los indianos a la instrucción pública, a la beneficiencia y al progreso general de España y su historia hecha en La Prensa,* (Oviedo: Castillo, 1926).

[2387] En Narciso de Gabriel, "Emigración y alfabetización en Galicia", *Historia de la Educación*, (1985): 321-336

[2388] En especial nestas zonas a saída de capital humano en Lugo contribuíu posteriormente de xeito positivo ao proceso de renovación pedagóxica. En varios, "Veinte filantropos trece sociedades emigrantes crearon marina 61 escuelas", *La Voz de Galicia*, extraído o 20 de novembro de 2021 de: https://www.lavozdegalicia.es/noticia/amarina/ribadeo/2015/11/15/veinte-filantropos-trece-sociedades-emigrantes-crearon-marina-61-escuelas/0003_201511X15C6992.htm.

[2389] Este feito foi un factor importante para o desenvolvemento cultural e educativo en Lugo.

[2390] Vide Vicente Peña Saavedra, *Éxodo, organización comunitaria e intervención escolar* (A Coruña: Xunta de Galicia, 1993).

[2391] En Daniel Manuel Vázquez Vila, *Legado Migratorio Santaballes* (Vilalba: Padroado pro-escola da Liga Santaballesa, 2011), 28.

[2392] Ídem, 97.

[2393] En Daniel Manuel Vázquez Vila, *Las escuelas Habaneras en el Ayuntamiento de Vilalba* (Lugo, 2005), 77.

[2394] En Vicente Peña Saavedra, *Luces de alén mar, As escolas de Americanos en Galicia* (Consello de Cultura Galega, 2012), 34.

[2395] En Antón Costa Rico, "Con billete de volta: os americanos da Mariña, a creación de escolas e a busca do progreso", *Estudios Migratorios. Revista Galega de Análise das Migracións,* Nº 2, vol 1 (2008): 136.

Ilustración 117. José María Pereda, mestre de Viveiro[2396]

Igual que nas demais dimensións sociais e culturais, o nivel de progreso nas diferentes zonas foi asimétrico, podendo apreciar unha diferenza significativa no nivel de desenvolvemento económico entre as zonas costeiras e as do interior (salvo a Terra Chá). Segundo o inspector José del Peso, os centros escolares da Mariña polo xeral reunían unhas mellores condicións, grazas aos influxos e doazóns dos indianos. En cambio, as sociedades de emigrados do interior, excepto os da Terra Chá, amasaron unha menor fortuna e cultura, exercendo menos influencia sobre o ensino primario.[2397] Nun dos traballos entregados por este inspector á JAE, manifestaba:

> Aquí, las construcciones escolares están generosamente dotadas de todo lo necesario, e incluso de lo estético, son locales espléndidos, reflejo de las influencias ultramarinas y del dinero de procedencia americana. Al cerrarse un local, rápidamente se construía otro de magnífica dotación, en comparación con los del interior; con dinero proveniente de las sociedades de emigrantes gallegos, más sensibilizados con la labor educativa en su país natal.[2398]

Ilustración 118. Francisco Reigada, mestre nacional de Piñeira (Ribadeo) ("Número especial sobre a Semana Pedagóxica Lucense", *Vida Escolar*)

A *nivel estético*, en 1930 a zona da Mariña occidental contaba con varias escolas cun aspecto decorado, iluminado, hixiénico, confortable e bastante decoroso grazas aos cartos doados polos indianos. Luis Bello describiu a boa dotación dalgunhas escolas instaladas pola asociación indiana *Sociedad de Viveiro y su Comarca*, enxalzando as edificacións das parroquias de Galdo e de Ourol. Entre elas atopábanse a Escola de Merille, situada preto da localidade de Ourol e a de Magazos. Estes dous centros tiñan unhas boas condicións, a pesar de non ter vivenda para os mestres.[2399] Pero todo isto ten unha importancia significativa, en palabras textuais de José del Peso y Sevillano, en Galicia grazas aos influxos ultramarinos dos emigrados, comezou un proceso de renovación cultural.

> En Galicia ambos elementos de progreso y de robustez racial comienzan a florecer conjuntamente. Saludables influencias ultramarinas, llegadas poco a poco a estas bravas costas por la estela de luz de los barcos de emigrantes, las van paulatinamente emparejando.[2400]

[2396] En varios, "Número especial sobre a Semana Pedagóxica Lucense", *Vida Escolar,* Nº 336, ano VII (1933): 20-21.

[2397] En José del Peso y Sevillano, "Galicia y su Enseñanza Primaria" (Madrid: Arquivo JAE. Sinatura: JAE/115-391, xuño 1925).

[2398] Ídem.

[2399] En Luis Bello Trompeta, "Vivero. Campo y Mariña", *Vida Escolar,* Nº 159, ano IV (1930): 1-2.

[2400] En José del Peso y Sevillano, "La cultura popular gallega", *Vida Escolar,* Nº 91, ano II (1928): 2.

USC DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Segundo Luis Bello, nos municipios e parroquias de O Vicedo, Riobarba, Moncide, Escourido, Foz e a Devesa de Ribadeo da Mariña Lucense oriental atopábanse as escolas indianas mellor instaladas. Pola contra, este xornalista describiu a mala situación do centro escolar de Barreiros,[2401] cunhas condicións parecidas ás zonas de montaña, onde os colexios continuaban sendo bastante primitivos.[2402] Estes colexios atopándose polo xeral deficientemente acondicionados e creados polas colectividades veciñais.[2403] En concreto, en 1928 Luis Bello visitaba a zona da Mariña Lucense, destacando a xenerosidade dos edificios financiados polos emigrados en Benquerencia e San Miguel de Reinante, creadas pola asociación *Hijos de San Miguel y Reinante*. As construcións escolares máis importantes establecidas polos indianos e filántropos nesta provincia eran: as Escolas do Círculo Habanero da Devesa dende 1911 ata 1922, a Granxa Escola Pedro Murias de Vilaframil inaugurada en 1922, as Escolas dos Fillos de S. Miguel de Reinante, as Escolas do Centro de Instrución e Recreo de Benquerencia, as Escolas de Rinlo e as Escolas de Trabada.[2404]

Na zona da Terra Chá, para admirar a súa riqueza arquitectónica basta con visitar os municipios de Vilalba, Xermade, Santaballa ou Muras. Zonas que albergan as escolas *de San Simón* (Vilalba) e *Roupar* (Xermade). Entre todas elas, cabe destacar a *Escuela Habanera* creada pola *Liga Santaballesa*, inaugurada no curso 1916-1917 grazas aos recursos económicos doados polos emigrados residentes en Cuba. Esta sociedade sigue en activo hoxe e alberga un pequeno museo que recrea un centro educativo, constituída por varias zonas: unha administrativa, a vivenda dos mestres, a escola e un xardín botánico con especies autóctonas galegas.[2405] Pero o máis destacable deste centro foi o seu innovador *Plan de Estudos*, como referente da *ensinanza activa*, da orientación laboral, da especialización de contidos, da *Gramática Galega* e da *Xeografía de Galicia* na provincia de Lugo.[2406] Neste Concello tamén destacan as escolas de Lanzós, A Costa, Goiriz e Corvelle.

Outras asociacións en activo hoxe son *Fonsagrada y Baleira* e *Juventud de Baleira y su Comarca.* Esta última ten certa relevancia no interior de Lugo, destacando o seu gran dinamismo na Habana e presentada como un prototipo de asociacionismo migratorio. Entre as súas principais accións consta: a promoción e xestión de escolas e bibliotecas, a organización de conferencias ou a subscrición a revistas e a periódicos na zona de Fonsagrada e de Baleira. Nesta localidade sobresaíron os teares e boeiros, sumando tamén o traballo realizado polo eclesiástico Joaquín Moliner en 1796 na parrroquia de Santiago de Martín.[2407]

> Segundo o seu regulamento os seus obxectivos eran procurar por todos os medios ao seu alcance, a protección moral e material dos seus asociados e contribuír ao desenvolvemento cultural

[2401] En Luis Bello Trompeta, "Al salir de Lugo. Benquerencia, San Miguel y Reinante", *Vida Escolar*, Nº 162, ano IV (1930): 1-2.

[2402] Vide Luis Bello Trompeta, *Viaje por las escuelas de Galicia* (Madrid: Akal, 1973).

[2403] Podemos consultar unha análise das diferenzas entre as escolas galegas no traballo do inspector de Ensinanza Primaria en José del Peso y Sevillano, "Galicia y su Enseñanza Primaria" (Madrid: Arquivo JAE. Sinatura: JAE/115-391, xuño 1925).

[2404] Vide Anexo 7.5. En José del Peso, "La cultura popular gallega", *Vida Escolar*, Nº 91, ano II (1928): 2-4.

[2405] En Turismo Vilalba, "Liga Santaballesa", Lugo, www.*turismovilalba.es*, extraído o 15 de maio de 2024 de: https://www.turismovilalba.es/es/listings/liga-santaballesa/

[2406] En Xosé Pombo Mosquera, *Liga Santaballesa. Historia dunha Escola Habanera 1907-2007* (Vilalba: Padroado da Liga Santaballesa, 2007) 29.

[2407] Vide María Cando, Tino de Díaz e Antón Cando, *Rota dos boeiros, río Eo Valeira-Benavente* (Baleira: Todos tus libros-Tino de Díaz).

dos mesmos, propoñendo recreo e distracción. En 1928 organizan festas para recadar fondos para a construción dun Panteón social.[2408]

Tamén no interior da provincia de Lugo, o delegado da sociedade *Hijos del Distrito de Sarria en la República de Cuba* explicaba no Certame Pedagóxico lucense de 1923 a importancia da escola de indianos para a educación deste municipio.[2409] Asemade, a *Sociedad Monterroso y Antas de Ulla* promoveu a construción das escolas de: Verín (parroquia de Peibás), Gradoi (parroquia de Santiago de Reboredo) e Santa Cristina de Areas (Antas de Ulla).[2410] Nesta zona, os emigrados non só construíron escolas, tamén habilitaron casas e industrias. Ademais estes homes e mulleres trasladaban noticias cobre os acontecementos internacionais, como as experiencias de desenvolvemento industrial noutros países, imprimindo un novo sentido de superación individual e colectiva.[2411] Pouco a pouco, as sociedades indianas foron aprendendo da cultura americana e europea máis desenvolvidas. Por este motivo, no Certame Pedagóxico Lucense, os asistentes agradeceron aos emigrantes a súa contribución ao melloramento das escolas e o ideario. A seguinte táboa describe os grupos escolares creados polos indianos máis relevantes:

Táboa 24. Centros educativos indianos máis importantes da provincia lucense

Escola	Descrición
Escola de Galdo	Segundo Luis Bello unha das mellores escolas da provincia de Lugo, dotación innovadora de material de orixe indiano.
Escolas do Círculo Habanero da Devesa dende 1911, con edificio dende 1922	En 1928 cesábanse os locais ao Estado para servir como escolas públicas de nenos e de nenas. Instalacións dotados de material escolar suficiente. O seu funcionamento estaba regulado por parte dunha Delegación conformada na Devesa dende 1914, presidida por Pedro Murias e con Justo Río Fernández como secretario.
Escola Vella de Rinlo	Fundada por Pedro Murias Rodríguez e Jesús Rodríguez Murias en 1912. Foi xestionada pola "Unión Rinlega". Tiña dúas plantas nas que se impartía docencia, arriba para nenos e abaixo para nenas. Ademais posuía comedor, cociña e un reloxo de Antonio Canseco y Escudero. Co paso do tempo habilitouse unha escola nocturna para maiores coñecida como "la pequeña universidad" en Rinlo, solicitada por Agustín Gutiérrez. En 1934 fundouse a *Agrupación Cultural* da localidade creando grazas a Fernando del Pino unha Biblioteca Pública. Despois os seus locais empregáronse para múltiples usos: teatro, mitins e xuntanzas da Asociación de Veciños no salón de actos na antiga clase de nenas ou o Coro Parroquial nas instalacións de arriba.
Granxa Escola Pedro Murias de Vilaframil inaugurada en 1922 (comezou as clases en 1928 ata 1936)	Constituída por 6 edificios, albergando aulas e dormitorios, atendida por un cadro de mestres constituído por: tres enxeñeiros agrícolas e dous directores. Colaborou coa creación da *Federación de Sociedades Agrarias del Distrito de Ribadeo* e ofreceu ensino primario desde 1923, mediante as

[2408] En Consello da Cultura Galega, "Juventud de Baleira y su Comarca", extraído o 1 de xaneiro de 2024 de: http://arquivo.consellodacultura.gal/index.php/juventud-de-baleira-y-su-comarca.

[2409] En "El Congreso Pedagóxico lucense", *El Progreso,* Lugo, 16 de outubro de 1923.

[2410] En Dosinda Nélida Vilameá Diéguez, "Memoria dunha escola habaneira na parroquia de ulloá Santa Cristina Areas", *El Progreso,* Lugo, 13 de novembro de 2023, extraído o 14 de novembro de 2013 de: https://www.elprogreso.es/articulo/ulloa-melide/memoria-dunha-escola-habaneira-parroquia-ulloa-santa-cristina-areas/202311131731241700635.html

[2411] En José del Peso y Sevillano, "Galicia y su Enseñanza Primaria" (Madrid: Arquivo JAE. Sinatura: JAE/115-391, xuño 1925).

	clases impartidas por Gregorio Sanz, para os nenos de Vilaframil. Enrique Suárez Couto foi o primeiro director, ocupándose da Escola de Capacitación e converténdoa nun centro de innovación técnica.
Escolas dos Fillos de S. Miguel e Reinante en 1912	Escola cunha matrícula de máis de 200 alumnos, atendida por dous profesores Manuel Couto na de nenos e Consuelo Quintela na de nenas. A partir do curso 1918-19 ofrecía clases nocturnas para adultos e tiña casa-vivenda para os docentes. En 1927, o centro colaborou no Dia da Árbore plantando 50 árbores e lendo unha poesía titulada "Un diálogo en gallego", coa participación de José M. Villamil e Secundino L. Valcárcel. Neses momentos dábanse, así mesmo, os primeiros pasos para a creación do edificio escolar con dúas aulas en Santiago de Reinante, construído antes de 1930
Escolas do Centro de Instrucción e Recreo de Benquerencia dende 1906	Centro de gran beleza e carácter laico que funcionou ata 1922, cando se produciu o traspaso como Escola Nacional. Centro atendido desde 1928 polo mestre Gregorio Sanz ata 1932, cando pasou a exercer a docencia na escola preparatoria para o acceso ao Instituto de bacharelato en Ribadeo.
Escolas de Rinlo dende 1904	Escolas creadas por Pedro Murias Rodríguez e Jesús Rodríguez Murias, foron traspasadas como escolas nacionais en 1922. Estes centros dispuxeron ademais de cantina e de roupeiro escolar grazas ao testamento doado en 1922 por Inocencio Aguiar López.
Escolas de Trabada.	Escola de ensino primario e preparatoria para vida laboral dos emigrantes, creada grazas á Sociedade habaneira *Hijos del Ayuntamiento de Trabada*.
Escola Habanera da Liga Santaballesa	No Concello de Santaballa tamén destacan as escolas de Lanzós, A Costa, Goiriz e Corvelle.
Escola de San Simón	Concello de Vilalba: un dos centros indianos lucenses cun contorno natural máis fermoso.
Escola de Roupar	Concello de Xermade.
Escola de San Simón da Costa	Destaca pola súa fermosura e contorno
Grupo Escolar Mixto da Virxe do Carmen (Burela)	Coñecidas como "Escolas Vellas", foron fundadas en 1924 grazas ás donacións da Asociación: *Hijos del Partido de Vivero de Buenos Aires*. En 1962 pechou as súas portas aínda que foi empregada como *Unidade Asistencial de Drogodependencias*.
Escola de San Roman de Vilastrofe	Inaugurada en 1913 en Cervo, grazas a donación de Manuel Candia dende Arxentina.
Escola de San Cibrao	Inaugurada en 1931 por Mª. F. Montenegro e Manuela Goñi, nos terreos mercados pola Sociedade *Centro Hijos del Partido de Vivero en Buenos Aires*.
Escolas de Lieiro	Fundadas en 1931 pola asociación *Hijos del Partido de Viveiro en Buenos Aires* en colaboración con José Mª. F. Montenegro e Manuela Goñi.
Escola de Adelán	Situada en Alfoz e inaugurada en 1933, grazas ao traballo realizado pola *Sociedade Valle de Oro en la Habana*.
Escola de San Xurxo de Cadramón.	No Valadouro, fundada en 1907.
Escola de Valcarría	Situada no concello de Viveiro e doada pola asociación *Hijos de Vivero y su Comarca* en 1923.
Escola de Magazos	Fundada en 1910 por *Hijos de Vivero y su Comarca*.
Escola de Galdo	Fundada polo sacerdote en Cuba Pedro Escudero e a Sociedade *Vivero y su Comarca*.
Escola de Chavín	Fundada polo sacerdote Manuel Seara Martínez.
Escolas do concello de Ourol	Ambosores en 1910, San Pantaleón de Cabanas en 1914, Merille en 1915 e Santa María de Ourol pola Sociedade *Vivero y su Comarca* e Vicente Casavella.
Escola de San Roman do Val	O Vicedo, promovida pola Sociedade *Hijos de Vicedo*

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

	en Cuba.
Escolas no Concello de Viveiro	Centros financiados pola Sociedade *Hijos de Vicedo en Cuba*: Bravos, Riobarba, Boimente, Perdiz, O Burgo, Silán e Irixoa.
Escola de Xove	Centro educativo inaugurado en 1927, que logo foi empregado para diversas funcións socioculturais.
Escola de Cervo	Escola inaugurada en 1917 por José Álvarez, representando á sociedade indiana na parroquia de Sargadelos.
Escola de Meixide	Situada no Concello de Palas de Rei, construída en 1927 pola Sociedade habanera "Monterroso, Antas de Ulla e Palas de Rei.

Fonte: Elaboración propia. En Luis Bello, Trompeta, "Vivero. Campo y Mariña", *Vida Escolar*, Nº 159, ano IV, (1930): 2; Antón Costa Rico, "Con billete de volta: os americanos da Mariña, a creación de escolas e a busca do progreso", *Estudios Migratorios. Revista Galega de Análise das Migracións*, Nº 2, vol 1, (2008): 141; A. Cabana Iglesia, *Pedro Murias, tabaqueiro na Habana, indiano na Devesa*, (Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 2000, e D. Hortas, *Algo más que un indiano. Pedro Murias,* (Madrid: Edicións AM, 1999); Turismo Vilalba, "Liga Santaballesa", Lugo, *www.turismovilalba.es*, extraído o 15 de maio de 2024 de: https://www.turismovilalba.es/es/listings/liga-santaballesa/; en Veciños de Burela O Vencello, Escolas Vellas de Burela (Burela: Deputación de Lugo), 3-9; e en "Escola Vella", *www.rinlo.gal*, extraído o 5 de xaneiro de 2024 de: https://omeupoboderinlo9.wixsite.com/portadagallego/escola-vella.

Comparando estes centros coas escolas públicas a calidade variaba notablemente, xa que a mala situación dos centros públicos era máis difícil de atopar nas institucións indianas, porque usualmente as de orixe americano estaban mellor equipadas e contaban con máis recursos. Deste xeito, os colexios creados polos emigrados ao ter máis poderes económicos regularmente contaban con máis mobiliario e libros. Na Mariña Lucense, 20 indianos e 13 sociedades financiaron a construción de 61 escolas. Deste xeito, esta zona constitúe á que maior escolas deste tipo alberga na provincia lucense, dobrando as 29 asentadas na Terra Chá.[2412] No territorio costeiro, 41 centros foron construídos polas sociedades da Habana e Bos Aires, e 21 por doazóns privadas.

Os principais benfeitores e as súas obras benéficas

É adecuado agora tratar o tema das obras benéficas, indianos e filántropos en Lugo (divididas por zonas: costa e interior). Destacan as 61 edificacións escolares na comarca da Mariña Lucense que hoxe se atribúen aos doadores estudados neste apartado. A súa incidencia foi relevante porque formaron parte do proceso de renovación e modernización pedagóxica. Por este motivo, a continuación preséntase a seguinte táboa que achega as iniciativas particulares máis recoñecidas, sobre todo no que respecta á dotación de centros escolares.

Táboa 25. Obras benéficas, indianos e filántropos en Lugo (divididas por zonas: costa e interior)

Filántropo	Zona	Doazón educativa
-Francisco Sierra Pambley	Mariña Lucense	Escola e colexio de gramática en Ribadeo en 1713
-Antonio Díaz Maseda (encargado)	Mariña Lucense	Fundacións escolares de Trabada dende 1727 e Escola de Fórnea
-Tomás García Amieiro y Vaamonde	Mariña Lucense	"Casa de aulas" en 1738

[2412] En varios, "Veinte filantropos trece sociedades emigrantes crearon marina 61 escuelas", en *La Voz de Galicia,* extraído o 20 de xaneiro de 2024 de: https://www.lavozdegalicia.es/noticia/amarina/ribadeo/2015/11/15/veinte-filantropos-trece-sociedades-emigrantes-crearon-marina-61-escuelas/0003_201511X15C6992.htm.

-Agustín Martínez de Castro (encargado)	Mariña Lucense	Escola de Cedofeita
-Manuel F. López e José Acevedo Martínez	Mariña Lucense	Escola da Devesa ou Escola de Cinxe. Indianos residentes en Cuba.
-Pascual Villapol	Mariña Lucense	Indiano residente en Perú que realizou unha doazón escolar en Foz, concretamente a Escola de Fondós.
-Manuel Candia López	Mariña Lucense	Indiano residente en Arxentina que realizou unha doazón escolar en Cervo.
-Pedro María e Juan Moreno Ulloa (irmáns)	Mariña Lucense	Fundaron varias escolas privadas de nenos e nenas en Ribadeo (1840-1845) e doaron 150.000 pesetas para o Instituto.
-Benigno Rodríguez Arango y Mon	Mariña Lucense	Emigrante residente en Perú que sostivo e fundou a Escola de Nenos e Nenas de Ribadeo, o século XVIII
-Manuel Seara Martínez (sacerdote)	Mariña Lucense	Centro escolar de Chavín, indiano residente en Cuba.
-Melitón Cortiñas Rodríguez (Sociedade)	Mariña Lucense	Edificio Sociedade de obreiros, indiano residente en Cuba.
-Vicente Abadín García	Mariña Lucense	Escola de Viveiro en 1926
-Manuel Candia López	Mariña Lucense	Escola de San Román de Vilaestrofe, indiano residente en Cuba.
-Manuela Goñi Maíste e José Mª. Fernández Montenegro (Matrimonio).	Mariña Lucense	Fundador en 1931 do *Grupo Escolar Fernández Montenegro* no porto de San Ciprián. O seu sucesor dende 1934 foi Francisco Moisés Rivera Casás, mestre da *Escuela de Faro*.
-Ramón González Fernández	Mariña Luncese	(Ribdeo 1890-Porriño 1925) Subenciona dende 1917 o Ateneo, impartindo actividades e clases.
-Padres Agustinos	Mariña Lucense	Escola de Comercio de San Tirso de Abres dende 1916 ata 1923
-Gregorio Sanz García	Mariña Lucense	Funda unha Biblioteca Popular Circulante en 1922 e unha Escola de Música
-Juan Moreno Ulloa (Ribadeo)	Mariña Lucense	En 1925 realiza unha importante doazón educativa.
-Vicente Casabella	Mariña Lucense	Escola de Ourol
-Pedro Martínez Rego	Mariña Lucense	Escola Pía de Arante en 1688, indiano residente en Panamá
-Benigno Rodríguez-Arango y Mon	Mariña Lucense	Financiou dúas escolas en Ribadeo
-Pedro María e Juan Moreno Ulloa	Mariña Lucense	Instituto de Segunda Ensinanza Ribadeo, Escola Vella de Rinlo e Granxa Escola de Pedro Murias. Tamén fixo unha doazón de 50.000 pesetas.
-Fernando del Pino	Mariña Lucense	Biblioteca Pública na Escola Vella de Rinlo.
-Clemente Martínez Pasarón e Ernestina Masille (Fundación)	Mariña Lucense	Instala na súa casa unha escola en Ribadeo en 1916 ata 1923. Participaron no financiamento dun hospital.
-Pedro Murias Rodríguez	Mariña Lucense	Indiano residente en Cuba (Devesa 1840- Habana 1906) promotor de varias obras benéficas e educativas como a Granxa Escola de Villaframil en 1922.
-José Acevedo Martínez	Mariña Lucense	Escola de Cinxe en 1933.
-Jesús Rodríguez Murias	Mariña Lucense	Obras benéficas e educativas en Rinlo, indiano residente en Cuba.
-Pedro Escudeiro Viqueiras	Mariña Lucense	Escola de Galdo

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

-Antonia Trobo Rodríguez (e irmás)	Mariña Lucense	Escola en A Abilleira 1921 (Galdo), residente en Cuba.
-Rogelia Aguirre Pardo	Mariña Lucense	Integrante da Xunta Provincial de Beneficencia. Fundadora da *Escuela Gratuita para niños pobres* de Landrove (Viveiro), constituida o 11 de marzo de 1919 e denominada "Escuela Aguirre" (Padroado Aguirre).[2413]
-Justo Taladrid Catá	Mariña Lucense	(Magazos 1864-1938 A Coruña) Empresario en Cuba, presidente de *Viveiro y su Comarca* e importante promotor de varias escolas en Viveiro, entre elas o Grupo Escolar de Viveiro dende 1929 ata 1936. Foi deputado provincial de Lugo durante a ditadura de Primo de Rivera. Autor en 1935 de *Verdades como puños* e outros escritos.
-Ramón Domínguez López e Josefa González Pico	Mariña Lucense	Filántropos que doaron os terreos para a construción das "Escolas Vellas" de Burela.
-Vicente Casabella Fernández	Mariña Lucense	(Ourol 1840-1900 A Coruña) Emigrou a Cuba e cos recursos acumulados como carboeiro fundou a Escola de Santa María de Ourol.
-Pedro Escudero (...)	Mariña Lucense	Sacerdote en Cuba fundador da Escola de Galdo.
-Eliseo Martínez Otero	Mariña Lucense	Indiano de Foz que financiou unha escola e o asilo.
-José María Hermida Rodríguez	Maríña Lucense	Fundou a Escola de Artes e Oficios.
- Emilio Rodríguez Eijo	Mariña Lucense	Indiano que colaborou coa construcción escolar na localidade de a Cuiña en Cervo.
José Fernández Díaz (*alcalde xetas*)	Mariña Lucense	Na localidade de Barreiros converteu a súa casa natal, a *Casa de Arriba*, nunha escola pública. Posteriormente, na década dos anos cincuenta, este político promoveu en Castroverde a construción da escola de nenos e nenas.
-Pedro Varela (...)	Interior de Lugo	Párroco oriúndo de Marrube-Sabiñao que cedeu uns terreos en 1905 para a construción da escola de Vilachá de Salvadur (Pobra de Brollón).
-Tomás López (...)	Interior de Lugo	Indiano residente en Arxentina que realizou unha doazón escolar en Baralla no Século XVIII: Casa Escuela De Lexo (1749).
-José María e Pedro Álvarez Saavedra	Interior de Lugo	Indianos residentes en Arxentina que realizaron doazóns escolares en Baralla, fundando a Escola de Papín.
-Francisco Albo Fernández e Bárbara Baonza (esposa)	Interior de Lugo	Escola de Vilares (Merille)
-Luis Rico	Interior de Lugo	Indiano residente en Uruguai que realizou unha doazón escolar en Fonsagrada
-José Valcarce Luna ("cura Luna")	Interior de Lugo	Agrarista e párroco colaborador na fundación do Colexio de Santa Cristina de Areas (Antas de Ulla), promovida pola *Sociedad Monterroso*

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[2413] En "Fundación Aguirre", *Gaceta de Madrid*, Nº 218 (6 de Agosto de 1921): 601-602.

		y Antas de Ulla.
-Balbina Rodríguez de Alonso	Interior de Lugo	Indiana residente en Cuba que fixo unha doazón escolar a Sarria
-Bárbara Baonza (viuda de Francisco de Albo)	Interior de Lugo	Colexio das Terciarias Franciscanas de la inmaculada Concepción. Ceradora da Fundación Albo-Baonza.
-Benigno Quiroga y López Ballesteros	Interior de Lugo	Deputado doador das instalacións que albergaban o Grupo Escolar Quiroga Ballesteros.
-Belarmino Fernández Iglesias	Interior de Lugo	Indiano residente en Brasil que relizou unha doazón escolar no concello de Sober, localidade onde traballaron como substitutos os mestres Issac Pin Vilares e Mariano Sánchez San Esteban.
-Ángel Fernández Gómez	Interior de Lugo	Filántropo que creou a Escola do Campo Castillo de Lugo, que en 1893 foi transportada posteriormente á calle de Clérigos. Ademais deixou unha salientable herdanza para a construción de outras aulas escolares.[2414]
-Francisco Arias Galán	Interior de Lugo	Integrante da Xunta Provincial de Beneficencia. Fundación López Carvajal 1770.
-Juan Bautista Neira Arias	Interior de Lugo	Integrante da Xunta Provincial de Beneficencia. Fundador da Asociación Cerezal-Becerreá.
-Antonio Díaz Maseda	Interior de Lugo	Indiano residente en México que fixo unha doazón escolar no concello de Trabada, durante o século XVIII.
-Manuel Peña Vidal	Interior de Lugo	Indiano residente en Cuba que fixo unha doazón escolar no Concello de Vilalba.
-Agustín López Arias	Interior de Lugo	Indiano residente en Cuba que realizou unha doazón no Concello de Vilalba.
-Pedro Seijo Vaamonde	Interior de Lugo	Integrante da Xunta Provincial de Beneficencia. Fundador da Escola Seijo-Abadín.
-Eduardo Lamela Pallín	Interior de Lugo	Integrante da Xunta Provincial de Beneficencia.
-Leonor Estevez Rodríguez	Interior de Lugo	Integrante da Xunta Provincial de Beneficencia. Creadora da Fundación Estévez.
-J. Rodrigo de Castro	Interior de Lugo	Integrante da Xunta Provincial de Beneficencia. Fundador da *Asociación Escolapios-Lura.*
-Juan Bautista Neira	Interior de Lugo	Integrante da Xunta Provincial de Beneficencia. Fundador da Escola do Cerezal.
-Ángel Santos Vila	Interior de Lugo	Filántropo e mestre das escolas de Vegadeo e Ribadeo. Fundador do *Premio Ángel Santos Vil*a para incentivar a asistencia escolar.
-Antonio Pernas Martínez	Interior de Lugo	Integrante da Xunta Provincial de Beneficencia. Fundador da Escola de Santa Rita en 1903.
-Jesús Franco Fernández	Interior de Lugo	Integrante da Xunta Provincial de Beneficencia. Fundador do Padroado Aguirre en 1921.
-Matías López López	Interior de Lugo	Deputado e senador (1825-1891) de Sarria, condecorado coa *Cruz de*

[2414] Vide Ángel Ferández Gómez, "Escola situada en Campo Castillo", *La Idea Moderna,* 18 de abril de 1914.

		Isabel la Católica e cabaleiro da *Legión de Honor* que en 1896 dona recursos para construír varias escolas públicas.
-José García Losada	Interior de Lugo	Fundador da primeira escola rural de Sarria denominada Escola de Mundín (Lier) en 1864.
-Juan Ramón Álvarez	Interior de Lugo	(Valadouro 1880-Habana 1932). Fundou a Sociedade de Instrución, Recreo e Protección *El Valle de Oro*.
-Francisco Domínguez Mosquera	Interior de Lugo	(Lousada 1889-Habana 1937) Foi un filántropo emigrado e galeguista.
-Benigno Ledo González	Interior de Lugo	Promotor da modernización da apicultura na provincia de Lugo, creando os "cotos escolares apícolas", impartindo clases ambulantes como profesor da Deputación (1927-1948).

Fonte, Elaboración propia: En P. Madoz, *Diccionario geográfico-estadístico-histórico*, (Madrid, 1845); en F. Lanza Álvarez, "Escuelas, maestros y fundaciones de segunda enseñanza", *Ribadeo Antiguo* (A Coruña: Edicións do Castro, 1973), 189-199 ; varios "Figuras españolas. José Acevedo", *El Astur,* Asturias, 8 de xullo de 1927; varios, "Veinte filantropos trece sociedades emigrantes crearon marina 61 escuelas", *La Voz de Galicia,* extraído o 20 de xaneiro de 2024 de: https://www.lavozdegalicia.es/noticia/amarina/ribadeo/2015/11/15/veinte-filantropos-trece-sociedades-emigrantes-crearon-marina-61-escuelas/0003_201511X15C6992.htm; e en José de Cora, *110 lucenes singulares* (Lugo: *El Progreso* de Lugo S.L., 2018), 93; en M.ª Aneiros González e A. Díaz Otero (coords.), *Legado sociocultural da emigración galega,* (Santiago: Xunta de Galicia, 2002); en Lucía Porto, "La primera escuela rural de Sarria", *El Progreso* (21 de xullo de 2018): 1; en Vicente Peña Saavedra, *Luces de alén mar, As escolas de Americanos en Galicia* (Consello de Cultura Galega, 2012) 19; e en "Juan Ramón Álvarez", Album de Galicia, extraído o 13 de xaneiro de 2023 de: https://consellodacultura.gal/album-de-galicia/detalle.php?persoa=97; en "Carballedo recupera a memoria do filántropo nacionalista Francisco Domínguez", *Nós Diario*, extraído o tres de xuño de 2022 e *Chantada, Carballedo y sus comarcas. Memoria de los trabajos efectuados por esta sociedad desde su fundación hasta la fecha 1912-1926* (Habana: Imprenta "Aida" 1927); en Emilio Xosé Ínsua, *Verdades Como Puños y Consideraciones* (Xunta de Galicia, 2023) 72; en Veciños de Burela O Vencello, *Escolas Vellas de Burela* (Burela: Deputación de Lugo, 2024), 9; en Benigno Ledo, "Homenaje póstumo a D. Benigno Ledo González", *El Progreso,* (24 de decembro de 1957): 3; en Xosé María Pin Villares, "Escolas doutro tempo", *Galicia Digital* , 23 de xaneiro de 2009, extraído o 20 de xaneiro de 2023 de: https://www.galiciadigital.com/opinion/opinion.3217.php; en Silvia Iglesia, "¿Quién era el alcalde Xetas y por qué hay una calle en Castroverde con su nombre?", *El Progreso*, 6 de marzo de 2025, extraído o 12 de xaneiro de 2025 de: https://www.elprogreso.es/articulo/comarca-lugo/quien-era-alcalde-xetas-tiene-calle-castroverde/20250305151005185409 9.html; e en en "Escola Vella", *www.rinlo.gal*, extraído o 5 de xaneiro de 2024 de: https://omeupoboderinlo9.wixsite.com/portadagallego/escola-vella.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Ilustración 119. José Mª. Fernández Montenegro e Manuela Goñi Maíste (matrimonio) fundadores do Grupo Escolar Fernández Montenegro Museo Provincial do Mar de San Cibrao (Germán Limeres) (porto de San Ciprián en 1931)

As asociacións indianas lucenses

A maioría das sociedades indianas lucenses xorden en Bos Aires, na Habana e en Montevideo, tendo un período de máxima intensidade entre 1907 e 1925.[2415] En total en 1927 existían 157 asociacións indianas. Entre as máis importantes é necesario sinalar:[2416] *Hijos de Viveiro y su Comarca, Hijos de Santaballa-Liga Santaballesa, Hijos de Lanzós en Cuba e Hijos de Roupar en Xermade*. Nesta última asociación tamén colaboraron as agrupacións *Hijos de Goiriz, Hijos de San Simón da Costa e Samarugo, Sociedad de Instrucción de San Lázaro da Árbore y su Comarca, Hijos de Tardaz e Distriz*. Dentro da provincia, outras asociacións uníronse ao conglomerado indiano, fomando un certo minifundismo social: *Liga Santaballesa*, *Hijos do Concello de Trabada, Hijos de Sarria, Hijos de Marce en Cuba, Sociedade de Chantada* ou *Sociedade de Taboada e de Portomarín*. Na Mariña Lucense atopábanse a sociedade de *Hijos de Benquerencia, Hijos de San Miguel de Reinante (Barreiros), Sociedad de Viveiro y su Comarca*.[2417] Esta última é unha das sociedades máis destacadas porque construíu varias edificacións escolares, instalando incluso un taller de carpintaría para dotar do axeitado moblaxe aos centros educativos da comarca. Segundo Luis Bello, estes colexios chegaron a reunir unha sorprendente cantidade de material pedagóxico e científico, incorporando gabinetes, laboratorios e museos ben dotados. Entre estas asociacións máis relevantes, tamén destacaba a de *Hijos de Sarria en La Habana,* responsable da apertura das escolas de Ferreiros, Lavandeira- Biville, Louseiro e Santiago da Veiga.[2418]

[2415] En Herminia Pernas Oroza, "Mariñaos en américa: unha aproximación ás sociedades de instrución da mariña luguesa, ca. 1900-1940", *Estudios Migratorios. Revista Galega de Análise das Migracións*, Nº 2, vol 1 (2008): 154.

[2416] Vide Xose M. Núñez Seixas, *Emigrantes, caciques e indianos. O influxo sociopolítico da emigración transoceánica (1900-1936)* (Vigo: Xerais, 1998).

[2417] En Luis Bello Trompeta, "Vivero, con los americanos", *Vida Escolar*, Nº 154, ano III (1929): 2-3.

[2418] En Lucía Porto, "La primera escuela rural de Sarria", *El Progreso* (21 de xullo de 2018): 1

Outra das sociedades máis importantes foi *Centro de Hijos del Partido de Vivero en Buenos Aires*. Esta asociación foi creada en 1909, levando a cabo un intenso traballo a prol da formación e o desenvolvemento de iniciativas: mutualistas, recreativas, políticas e culturais. O seu primeiro presidente foi Francisco Baño, destinando o 35% das cotas dos socios á creación de escolas. Ademais editaba a revista *Vivero de Plata*, colaborando co xornal *El Heraldo de Villalba*. Unha das súas creacións foi as *Escolas Vellas* de Burela en 1924 inauguradas polo inspector Luis Soto Menor.[2419]

En Lugo as escolas construídas entre 1927 e 1928 tiñan unhas condicións pedagóxicas e hixiénicas adecuadas, entre estes colexios sobresaían: *Escuela de Bullán*, *Oselle*, *Cruzul*, *Ferreiros*, *Morcelle* e *Guilfrei*. Os seguintes anos construíronse as de *Cela*, *Vilouta de Abajo*, *Tonsón*, *Neira de Rei*, *Puentes de Catín*, *Sebane-Fontaron*, *Villáiz* e *Villachapedrosa*. En 1933 a *Sociedad Hijos Valle del Oro de la Habana* construíu a *Escuela de Adelán*. Similarmente a *Sociedade de Chantada* inaugurou a Escola de Chantada, rexentada por José Rois Castro, antes de pasar a formar parte do cadro de profesores da *Escuela Preparatoria dependente do Instituto Provincial de Lugo*.[2420] A pesar destas novas escolas, preto de 200 localidades do concello quedaban desasistidas durante os anos trinta.[2421] A continuación, o seguinte cadro recolle as sociedades indianas máis relevantes, presentes na provincia luguesa naqueles tempos.[2422]

Cadro 67. Sociedades de emigrados lucenses máis relevantes
1. Sociedad Hijos de Santaballa
2. Sociedad de Instrución de San Lázaro da árbol y su Comarca
3. Sociedad de Chantada
4. Sociedad de Taboada
5. Sociedad de Portomarín
6. Sociedad Viveiro e Comarca
7. Sociedad Gueimunde y Portela
8. Sociedad habanera Monterroso, Antas de Ulla y Palas de Rei
9. Sociedad Cultural de Pol y su Comarca
10. Hijos de Lanzós en Cuba
11. Hijos del Valle de Oro de la Habana
12. Hijos de Roupar en Xermade
13. Hijos de Goiriz
14. Hijos de San Simón da Costa
15. Hijos de Samarugo
16. Hijos de Tardaz
17. Hijos de Distriz
18. Hijos do Concello de Trabada (Escola a cargo de Antonio Díaz Maseda)
19. Hijos de Sarria
20. Hijos de Marce en Cuba
21. Hijos de Benquerencia
22. Hijos de Cabarcos
23. Hijos de la Villa de Barreiros
24. Hijos de San Pedro Benquerencia
25. Hijos de San Miguel e Reinante (Barreiros)
26. Hijos Valle del Oro
27. Brisas del Eume

[2419] En Veciños de Burela O Vencello, *Escolas Vellas de Burela* (Burela: Deputación de Lugo, 2024), 11-12.
[2420] En Antonio Prado Gómez, *O Instituto Provincial de Lugo 1842-1975* (Lugo: Servizo de Publicacións de Lugo, 2013), 173.
[2421] En Luis Bello Trompeta, "Lugo: Becerrea", en *Vida Escolar*, Nº 145, ano III (1929): 2.
[2422] Vide Vicente Peña Saavedra, *Las Escuelas de Americanos y las Sociedades de Instrucción en Galicia* (Santiago de Compostela : Servizo de Publicacións e Intercambio Científico, 1991).

28. Sociedad cultural Cervantes
29. Fonsagrada y Baleira
30. Juventud de Baleira y su Comarca
31. Unidos de Fonsagrada y sus distritos
32. Monterroso y Antas de Ulla
33. Unión cultural de la provincia de Lugo
34. Unión quiroguesa
35. Centro de protección y recreo del ayuntamiento de Samos
36. Hijos del Vicedo
37. Neira de Jusá
38. Centro vivariense
39. Centro de Hijos del Partido de Vivero en Buenos Aires.
40. Unidos de Sarria
41. Asociación de Trasparga
42. Residentes del ayuntamiento de Riobarba
43. Hijos del Valle de Lourenzana
44. Hijos del Partido de Lourenzana
45. Orfeón Mondoniense
46. Hijos de Mondoñedo
47. Mondoñedo y sus Distritos
48. Mondoñedo y su comarca
49. Unión de Vilameá y Vilaoudriz
50. Unión Rinlega
51. Hijos de Santa Eulalia de la Devesa
52. Círculo habanero de la Devesa
53. Centro Ribadeo y sus distritos
54. Sociedad de Instruccción y Recreo de los jóvenes de Santa María de Carballido (1920)

Fonte: Elaboración propia. En Vicente Peña Saavedra, *Las Escuelas de Americanos y las Sociedades de Instrucción en Galicia,* (Santiago de Compostela: Servicio de Publicacións e Intercambio Científico, 1991) e en Luis Bello Trompeta, "Vivero, con los americanos", *Vida Escolar,* Nº 154, ano III (1929): 1-3; en Daniel Manuel Vázquez Vila, *Las escuelas Habaneras en el Ayuntamiento de Vilalba* (Lugo, 2005), 77; en Antón Costa Rico, *Luis Bello. Viaje por las escuelas de Galicia* (Xixón: Trea, 2010); e en Herminia Pernas Oroza, "Mariñaos en américa: unha aproximación ás sociedades de instrución da mariña luguesa, ca. 1900-1940", *Estudios Migratorios. Revista Galega de Análise das Migracións*, Nº 2, vol 1 (2008): 168.

Ilustración 120. Escola de Adelán,
Sociedade *Hijos del Valle de Oro de la Habana*

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

O *funcionamento* e a *apertura dos centros* educativos realizábase de forma habitual así: nun primeiro momento as sociedades indianas proporcionaban edificio e material aos alumnos. A partir de 1922 moitas destas escolas traspasáronse ao Estado, transformándose en colexios públicos. Nestes casos a administración dotaba dun mestre nacional ás debanditas institucións. Neste binomio de cooperación, as sociedades controlaban ás escolas e facían observacións para mellorar o uso das infraestruturas. Segundo Luis Bello, en 1929 a *Sociedad de Viveiro y su Comarca* denunciaba ao mestre polo mal uso que lle deu ao seu centro.[2423] Entre as propostas realizadas por esta sociedade atopábanse: suprimir as clases nocturnas de adultos, que todas as escolas mixtas foran atendidas por mestras e que a Sociedade funcionara como un axente auxiliar da inspección. A continuación, o seguinte cadro recolle as contribucións educativas que os centros indianos promoveron na sociedade lucense.

Cadro 68. Características das sociedades indianas
1º Modernización e desenvolvemento cultural.
2º Traslado de dereitos cívicos e conciencia solidaria.
3º Creación e dotación de escolas.
4º Nacemento de sociedades e grupos de indianos.
5º Envío de abonos económicos para construción de infraestruturas veciñais.
6º Introdución dunha ensinanza laica, moral e cívica.[2424]
7º Incorporación de metodoloxías próximas á Escola Nova.
8º Reivindicación de reformas pedagóxicas e materiais.
9º Extensión da educación popular e defensa do ensino do galego.
10º Educación integral e racional.

Fonte: Elaboración propia. En Vicente Peña Saavedra, *Las Escuelas de Americanos y las Sociedades de Instrucción en Galicia* (Santiago de Compostela,: Servicio de Publicacións e Intercambio Científico, 1991); e en Xose M. Núñez Seixas, *Emigrantes, caciques e indianos. O influxo sociopolítico da emigración transoceánica (1900-1936)* (Vigo: Xerais, 1998)

As escolas indianas en Lugo rexíanse por regra xeral polo programa oficial español, pero coa introdución de diversos cambios pedagóxicos nas súas escolas. No primeiro bienio da Segunda República, algúns centros educativos indianos modificaron en parte o plan de estudos das escolas públicas: o seu currículo substituía a Doutrina Cristiá e a Historia Sagrada pola ensinanza da Constitución, Agricultura, Industria e Educación Moral.[2425] No referente á aplicación do programa de estudos, as leis estatais foron as mesmas esixidas aos centros privados galegos. Nas escolas de Santaballa levouse a cabo unha planificación educativa diferente que incluía o estudo do galego: *Plan de Estudios de la Escuela de la Liga Santaballesa* en 1907.[2426] Estas escolas consideraban fundamental que os seus mestres empregaran o uso deste idioma nas súas aulas, feito asociado á natureza de protexer a cultura galega.

Segundo Ana Cabana Iglesia, estes centros foron un dos posibilitadores da mellora da calidade do ensino e das taxas de alfabetización da Galicia durante o primeiro terzo do XX.[2427] Estas escolas achegaron novos recursos culturais, ante a indefensión cultural desprendida do abandono gobernamental. A medida que o ensino primario foi tomando

[2423] Vide Antón Costa Rico, *Luis Bello. Viaje por las escuelas de Galicia* (Xixón: Trea, 2010-con corrección da toponimia); e en Luis Bello Trompeta, "Vivero, con los americanos", *Vida Escolar*, Nº 154, ano III (1929): 2-3

[2424] Cómpre sinalar que algúns galegos emigrantes se empaparon coas correntes sociais e ideolóxicas progresistas e democráticas dos países receptores. Coñecementos que en ocasións eran trasladadas as zonas de orixe.

[2425] En Jesús de Juana e Julio Prada, *Historia contemporánea de Galicia* (Barcelona: Ariel, 2005), 192-193.

[2426] Estes centros foron os antecedentes dun conxunto delas que comezaron a aplicar o estudo do idioma oficial de Galicia.

[2427] En Ana Cabana Iglesia, ""Mirando polos que quedaron". A man dos indianos no ensino primario: o caso de ribadeo", *Estudios Migratorios. Revista Galega de Análise das Migracións*, Nº 2, vol 1 (2008): 175.

consideración para o goberno e a sociedade, a demanda de prazas foi aumentando e os locais foron mellorando.[2428] Modestamente reduciuse a dependencia dos adiantos pedagóxicos ligados habitualmente ás iniciativas externas á provincia: recursos indianos, innovacións dalguns mestres como Gregorio Sanz ou Mª. Concepción Currais Blanco,[2429] achegas dos congresos pedagóxicos, publicacións e ás modificacións gobernamentais. Así, algúns centros conseguiron unha maior idoneidade das instalacións, dos recursos e das condicións hixiénicas e pedagóxicas.[2430] Ademais estes colexios funcionaban como centros culturais de xuntanza de veciños, xa que algunhas tiñan formidables bibliotecas para o acceso cultural. É necesario constatar a existencia de mestres e inspectores que foron testemuño desta importante función social.

> A miúdo, o centro de ensinanza non pasaba de ser unha humilde escola, medianamente dotada, alí onde antes nada houbera. Aínda que, en moitas outras ocasións, o centro (ou "plantel" era, en efecto, un importante e moderno espazo cultural e educativo. As veces, tal dotación e creación corría por conta dun emigrante enriquecido nas Américas, máis, adoito, viña ser o resultado dunha singular experiencia colectiva, a prol do acceso á cultura, nunha especie de transacción entre a cultura tradicional, cunha forte compoñente de oralidade, e a cultura escrita, exterior e poderosa.[2431]

[2428] En José del Peso y Sevillano, "Galicia y su Enseñanza Primaria" (Madrid: Arquivo JAE. Sinatura: JAE/115-391, xuño 1925).

[2429] Vide "Expediente de Gregorio Sanz" (Santiago: Expte. 26 da Caixa 464 da Serie Histórica do Arquivo Histórico da Universidade de Santiago).

[2430] Vide Vicente Peña Saavedra, *Éxodo, organización comunitaria e intervención escolar* (A Coruña: Xunta de Galicia, 1993).

[2431] En Antón Costa Rico, *Historia da educación e da cultura en Galicia* (Vigo: Xerais, 2004), 933.

Ilustración 121. Orla dos emigrantes que contribuíron á construción da Escola de Santa Cristina de Areas (en *El Progreso* o 13 de novembro de 2023)

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Respecto ao papel da Igrexa en relación coas asocicións indianas, cabe incidir que algúns párrocos colaboraron con estas sociedades, administrando o capital e contribuíndo con esforzo á creación de novas escolas. Entre eles atopamos á figura de José Mª. Valcárcel, o tamén coñecido como "cura luna", fundador do Colexio de Santa Cristina de Areas (Antas de Ulla) promovido pola Sociedade habaneira *Sociedad Monterroso y Antas de Ulla*.[2432] Este clérigo agrarista foi un benfeitor da ensinanza na zona de Antas de Ulla. En 1921 participou na defensa dun veciño na aldea de Castro, cando unha comitiva de recadadores e a Garda Civil querían embargar os seus bens por falta do pagamento do imposto dos consumos. Como consecuencia da pelexa, o mestre da vila finou debido ás feridas sufridas.[2433] Tamén é necesario subliñar a figura doutros sacerdotes como Pedro Escudero e Manuel Seara, pola súa contribuíron na construción de escolas indianas.

Ilustración 122. José Mª. Valcárcel, o cura "Luna" (en *El Progreso*)

A pesar das formidables accións levadas a cabo polas agrupacións indianas no período comprendido entre 1900 e 1936, cabe sinalar a grande inestabilidade e o agudo minifundismo social no seu decorrer: algunhas refundáronse e cambiaron de nome e outras separáronse da entidade primixenia debido ás discordias entre os seus directivos e asociados.[2434] Tampouco faltaron as críticas e as desconfianzas dalgúns veciños que cuestionaron a labor dos indianos. A *Asociación de Instrucción y Recreo de los jóvenes de Santa María de Carballido* respondía así ante a negatividade relfectiva:

> Dígale a esos vecinos que la desconfianza en nuestra actuación carece de fundamentos; pues si estando tan lejos nos preocupamos por el progreso de esa Parroquia, de desagradecido, pueden tildarse los que piensen ma de este asunto.[2435]

Ademais, co estalido da Guerra Civil algunhas escolas desta tipoloxía creadas polos emigrados foron pechadas, sobre todos os centros que avogaron pola laicidade, a coeducación ou algunhas iniciativas progresistas na ensinanza foron abandonados.[2436] En 1942 debido a todas estas dificultades, varias sociedades da provincia de Lugo decidiron fusionarse no *Centro Lucense*.[2437]

[2432] Vide X. Bautista Costa, *Cura Luna* (Vigo: Rvdo. P. Xoán Bautista Costa, 1983).

[2433] En Dosinda Nélida Vilameá Diéguez, "Memoria dunha escola habaneira na parroquia de ulloá Santa Cristina Areas", *El Progreso*, Lugo, 13 de novembro de 2023, extraído o 14 de novembro de 2013 de: https://www.elprogreso.es/articulo/ulloa-melide/memoria-dunha-escola-habaneira-parroquia-ulloa-santa-cristina-areas/202311131731241700635.html.

[2434] Cambio de nome da Sociedade dos naturais de Monterroso, Antas e Palas de Rei, que se fundou na Habana en 1911 e se refundou en 1922, pero xa co nome de Monterroso y Antas de Ulla. Separación da sociedade Residentes del municipio de Riobarba en 1927 do Centro Vivariense. En Herminia Pernas Oroza, "Mariñaos en américa: unha aproximación ás sociedades de instrución da mariña luguesa, ca. 1900-1940", *Estudios Migratorios. Revista Galega de Análise das Migracións*, Nº 2, vol 1 (2008): 155.

[2435] En Daniel Manuel Vázquez Vila, *Las escuelas Habaneras en el Ayuntamiento de Vilalba* (Lugo, 2005), 77.

[2436] En Jesús de Juana e Julio Prada, *Historia contemporanea de Galicia* (Barcelona: Ariel, 2005), 193.

[2437] Asociacións que formaban parte da fusión *Centro Lucense: Alianza Céltigos-Incio-Corbelle, Brisas del Eume, Sociedad cultural Cervantes, Fonsagrada y Baleira, Unidos de Fonsagrada y sus distritos, Monterroso y Antas de Ulla, Unión cultural de la provincia de Lugo, Unión quiroguesa, Centro de protección y recreo del ayuntamiento de Samos, Hijos del Vicedo, Neirá de Jusá, Centro vivariense, Unidos de Sarria* e a *Asociación de*

4.4.5. As colonias escolares

Para comezar falando da aparición das colonias escolares, convén introducir brevemente a relación entre o home e a natureza ao longo da historia. Cómpre indicar que a maior parte das sociedades tiñan moito arraigamento ao medio natural, pero este estaba asociado ao traballo, á alimentación e aos perigos do bosque. Por este motivo, algunhas escolas enfocaban esta situación introducindo experiencias formativas agrícolas, como foi o caso en 1886 do mestre Manuel Formoso Lamas en Chantada, realizando traballos no campo polas tardes cando o tempo o permitía.[2438] A pesar de todo, ata o século XVIII a actividade escolar na súa maior parte era bancaria, a natureza aínda que estaba preto da escola, no era obxecto de estudo nin se contemplaba como un espazo educativo.

Esta situación comezou a mudar a nivel internacional no século XVIII coa arribada das ideas de Rousseau, levadas adiante posteriormente por Pestalozzi e Fröebel que contemplaban á natureza como un medio para a aprendizaxe e o aproveitamento do alumnado: "...naturaleza como maestra, aprendiendo de ella y ejercitando las capacidades que ha otorgado al hombre".[2439] Así mesmo, en 1876 créase a primeira colonia escolar, posta en marcha en Suíza polo pastor protestante Walter Bion, concretamente en Appenzell para nenos enfermos sen recursos. Con esta iniciativa pretendíase conciliar as ideas de hixiene coas de filantropía.[2440] Segundo Pedro Luis Moreno Martínez, nos inicios estes proxectos benéficos sostíñanse mediante o financiamento filantrópico: "De hecho, su realización seguiría dependiendo, en un primer momento, de la caridad, la filantropía y la beneficencia pública".[2441]

No ano 1878 Rafael Torres Campos visitou a Exposición Universal de París, trasladando a España a idea de facer un sistema de excursións especialmente ao medio natural para os nenos menos favorecidos.[2442] Daquela, algúns colexios de Europa xa practicaban estas actividades, como a *Escuela Monge* de París.[2443] Movidos por estas e outras experiencias pedagóxicas, Giner e Cossío promoveron en España a realización de actividades ao aire libre e na natureza, desenvolvendo en maior medida o matiz pedagóxico das mesmas.[2444] Tendo en conta estas cuestións, posiblemente a ILE foi a primeira institución en España en utilizar a natureza na escola con fines educativos, a través do excursionismo.[2445] Probablemente, a idea das colonias escolares deberon

Trasparga. En Herminia Pernas Oroza, "Mariñaos en américa: unha aproximación ás sociedades de instrución da mariña luguesa, ca. 1900-1940", *Estudios Migratorios. Revista Galega de Análise das Migracións*, Nº 2, vol 1 (2008): 168.

[2438] En "As escolas de Primeiro Ensino en Chantada na segunda metade do século xix", *A Eirexe* (13 de outubro de 2019) extraído o 10 de decembro de 2024 de: https://eirexe.es/as-escolas-de-primeiro-ensino-en-chantada-na-segunda-mitade-do-seculo-xix/.

[2439] En Jean-Jacques Rousseau, *Emilio* (Edaf, Vol. 33, 2007) 12.

[2440] En Miguel A. Pereyra, "Educación, salud y filantropía: el origen de las colonias escolares de vacaciones en España", *Historia de la Educación*, Nº 1 (1982).

[2441] En Pedro Luis Moreno Martínez, "De la caridad y la filantropía a la protección social del estado: Las colonias escolares de vacaciones en España", *Historia de la educación: revista interuniversitaria* (2009): 143.

[2442] En José Antonio Rodríguez Esteban, "Rafael Torres Campos (1853-1904): geografía educadora y educación geográfica", *Ería 16* (1988): 132.

[2443] En Eugenio Manuel Otero Urtaza, "Giner y Cossío en el verano de 1883: memoria de una excursión inolvidable", *Boletín de la Institución Libre de Enseñanza* 55 (2004): 10.

[2444] Vide Eugenio Otero Urtaza, "A educación ao aire libre nunha perspectiva histórica", *Sarmiento*, Nº22 (2018): 5-9.

[2445] Un exemplo da realización destas excursións foi a levada a cabo no ano 1883, cando Francisco Giner e Manuel B. Cossío cun grupo de tres estudantes da Institución Libre de Ensinanza (ILE) visitarán Galicia e Portugal.

coñecela Giner e Cossío na viaxe que fixeron a París 1886. Quizais isto motivou a realización da primeira Colonia Escolar española en 1887 situada en San Vicente de La Barquera (Cantabria),[2446] adoptando o modelo francés que introduciu Edmont Cotinett en 1883.

En Galicia esta experiencia foi apoiada pola *Sociedade Económica de Amigos do País* de Santiago Compostela en 1893, ano no que se celebrou a primeira Colonia Escolar galega.[2447] No século XX, a primeira destas actividades pedagóxicas levouna a cabo o profesor da *Escola Normal de la Universidad de Santiago de Compostela* Luis López Elizagaray (USC), dende o cinco de agosto ata o 21 de setembro de 1912 en Rianxo.

As colonias escolares en Lugo

Agora centrémonos na análise das colonias escolares na provincia de Lugo, como experiencias educativas de verán que contribuíron á saúde dos nenos e nenas pobres. Posteriormente descubriuse que este tipo de actividades era enriquecedora no só para os escolares sen recursos, senón para todos os alumnos e alumnas, xa que melloraba a educación, a saúde, a socialización e o coñecemento do medio endóxeno. Por este motivo, unha das cuestións máis importantes das colonias escolares foi o contacto coa natureza.

LAS COLONIAS ESCOLARES

A las once y media de la mañana del domingo 26, se rennirán en la Casa-Ayuntamiento los 40 colonos acompañados de los exploradores, autoridades y demás personas que quieran asociarse al acto de despedida.

En el templete de la música de la Alameda se dirá a las doce en punto una misa por un Rvdo. Padre de la Orden Franciscana de esta ciudad, y terminada ésta se servirá a los 40 niños en la misma Alameda una comida, en la que serán atendidos por una sección de exploradores.

La partida para las playas de Foz y Barreiros será a la una de la tarde, a cuyo efecto estarán dispuestos los automóviles necesarios frente al edificio del «Círculo de las Artes».

Para las autoridades, prensa y demás personas que prestaron su concurso a estas colonias se tienen reservadas sillas en sitio preferente en relación con el lugar destinado a los colonos.

Acompañan a las colonias, como directores, los maestros de Sarria. D.ª María del Pilar Amparo Rodríguez Iglesias y D. Antonio Gómez Requejo, que con tanto acierto y discrección dirigieron las de 1912.

Na provincia de Lugo a primeira Colonia Escolar foi organizada polo inspector de Primeiro Ensino Manuel Lorenzo Gil en 1912, movidas nun primeiro momento pola saúde e a falta de recursos infantís.[2448] Esta actividade estivo constituída por 32 nenos e levouse a cabo nas praias de Foz e Barreiros, segundo a comunicación ao reitor o 28 de xullo de 1912.[2449] Estas colonias estaban organizadas polo *Patronato de Protección Escolar Lucense*, da que formou parte a partir de 1914 Luis Soto Menor.

Ilustración 123. Colonias Escolares lucenses celebradas no verán de 1914 (en *El Progreso*)

Para soster os *gastos* destas experiencias, o Padroado de Protección organizaba previamente festas para a recadación de fondos, como as realizadas no ano 1911 na

[2446] En Eugenio Manuel Otero Urtaza, Rubén Navarro Patón e Silvia Basanta Camiño, "Las colonias escolares de vacaciones y la Institución Libre de Enseñanza. Historia y actualidad", *Revista de Investigación en Educación*, Nº 11.2 (2013): 140-157.

[2447] Vide Carmen Pereira Domínguez, *La primera Colonia Escolar de Galicia*, (Santiago: Imprenta de José María Paredes e Universidade de Santiago de Compostela, 1893); e en Antón Costa Rico, *A Colonia Escolar Compostelana de 1893. Primeiro centenario*, (Salamanca: Ediciones Universidade de Salamanca, 2013).

[2448] En Ángel Serafín Porto Ucha, *La institución Libre de Enseñanza en Galicia*, (A Coruña: Do Castro, 1986) 220.

[2449] Ídem.

cidade de Lugo.[2450] Ademais algúns veciños participaban realizando doazóns para a realización das *colonias* e as *cantinas escolares*.[2451] Estas actividades realizábanse en verao, de xeito común nas zonas de Foz, Benquerencia e San Miguel de Reinante; albergando entre 26 nenos e 27 nenas.[2452] Normalmente instalábanse nos colexios de indianos,[2453] contribuíndo ao coñecemento do medio en Lugo, á defensa dos dereitos da infancia e ao aproveitamento e valorización dos recursos naturais desta provincia.

O doce de xuño de 1913 organizouse unha quenda de colonias, conformadas por 26 nenos e 27 nenas. Os destinos elixidos para celebrar estas actividades foron as localidades de Foz, Benquerencia e San Miguel de Reinante. Nesta campaña a colonia instalouse outra vez nos colexios de indianos, para realizar actividades asociadas ao excursionismo costeiro. Os directores desta colonia foron os mestres de Sarria María del Pilar Amparo Rodríguez Iglesias e Antonio Gómez Requejo. Sucesivamente, Manuel Lorenzo Gil comunicou ao reitor da Universidade a organización doutras dúas *colonias escolares* para poder albergar a todos os alumnos, instalándose nos edificios escolares de Barreiros e Foz. Así, o propio inspector comunicaba á Administración no mes de xullo:

> En los presentes momentos nos ocupamos en organizar otras dos Colonias que también instalaremos en dos edificios de las escuelas públicas de Foz y Barreiros, las cuales saldrán de esta ciudad en los últimos días de julio próximo.[2454]

Historicamente e dada a súa beleza, como xa dixemos a zona da Mariña Lucense foi o destino preferente para realizar as excursións e colonias escolares.[2455] Neste lugar, o 27 de xullo 1914 o *Patronato de Protección* organizou unha campaña con 40 colonos nas praias de Foz e Barreiros. O principal obxectivo era atender aos alumnos e mellorar e coñecer os recursos naturais desta provincia para uso e aproveitamento do contorno. Neste verao, organizáronse outras dúas quendas debido ao gran número de alumnos demandantes, dende xullo ata agosto. Para a realización destas actividades a *Dirección General* destinou 1250 pesetas. Ao finalizar as colonias o director tiña que realizar unha memoria, remitida posteriormente á administración.[2456]

Na década dos anos vinte foi Luis Soto quen dirixiu as colonias escolares na provincia luguesa. Así, o vinte de agosto de 1926, este inspector solicitaba ao Ministerio de Instrución Pública a respectiva autorización. As seguintes colonias escolares tamén estiveron sufragadas polo Padroado de Protección. Soto ademais ocupouse do asesoramento e xestión preliminar destas actividades. As colonias escolares estiveron emprazadas nas praias de San Miguel de Reinantes e Benquerencia (Barreiros). Outra

[2450] Vide José Trapero Pardo, *Lugo 100 años de vida local* (Lugo: Edicións Celta, 1969).

[2451] En *El Norte de Galicia*, 18 de marzo de 1919.

[2452] En Ángel Serafín Porto Ucha, *La Institución Libre de Enseñanza en Galicia* (A Coruña: Ed. do Castro, 1984) 210.

[2453] Neste movemento participaron os inspectores: Manuel Lorenzo Gil, Luis Soto Menor, Joan Comas Camps, Galera Moreno, José del Peso e Jacinto Ruiz. Este último inspector de primeira ensinanza destinado en Lugo foi trasladado a Málaga en 1927 por motivos familiares. En Jacinto Ruiz Santiago, "D. Jacinto Ruiz Santiago- Su traslado", *Vida Escolar*, Nº 42, ano I (1927): 3.

[2454] En Manuel Lorenzo Gil, "Comunicaciones de inspección, Provincia de Lugo (1858-1924)", *A.H.U.S*, (Santiago: A.H.U.S. Sección Instrución Pública, sinatura: 56, 2013).

[2455] En Ángel Serafín Porto Ucha, *La Institución Libre de Enseñanza en Galicia* (A Coruña: Ed. do Castro, 1984), 210.

[2456] Os mestres de Sarria que dirixiron a viaxe foron outra vez: María del Pilar Amparo Rodríguez Iglesias e Antonio Gómez Requejo. Baixo o beneplácito do inspector Manuel Lorenzo Gil, estes axentes foron os primeiros organizadores destas experiencias pedagóxicas para promover o contacto coa natureza. En Manuel Lorenzo Gil, "As colonias escolares", *El Progreso*, Lugo, 25 de xullo de 1914.

vez, debido ao gran número de alumnos tivéronse que realizar dúas quendas máis neste curso.[2457] No verán de 1927, o Padroado de Protección emprendeu a marcha doutra quenda de colonias escolares, promovida tamén por Luis Soto na praia de Benquerencia. Estas actividades estiveron dirixidas polo mestre Francisco Reigada. A revista *Vida Escolar* fíxose eco desta noticia, anunciando a súa celebración no número de xullo de 1927 do seguinte xeito.

> "Se viene trabajando con toda actividad y con mayor entusiasmo con objeto de organizar como todos los años las Colonias escolares lucenses".[2458]

En 1928, o Padroado conformou unha Colonia nas praias de Benquerencia (Barreiros) cun total de 52 alumnos. En 1929 realizouse outra quenda con vinte nenos e nenas de Sarria na que se incorporaron varias novidades: foi unha Colonia posiblemente mixta e tivo como destino o *Hospital Marítimo de Oza*.[2459] En 1929 e 1930, Luis Soto organizou dúas colonias con 61 alumnas e 50 alumnos respectivamente, dirixidas outra vez polo mestre Francisco Reigada. A duración desta foi de 32 días entre xullo e agosto.[2460] Na Memoria das expedicións das colonias infantís veraniegas do Sanatorio Marítimo de Oza en outubro de 1929, o responsable Eugenio Martínez y Rodríguez manifestaba:

> Durante la época veraniega, millares de niños vienen de Madrid, Toledo, Lugo, Orense, Ferrol, Sarria, Salamanca, Ciudad Real y otras ciudades a fortalecer su constitución débil mediante un tratamiento adecuado, del que es nervio la vida al aire libre en el campo, entre pinares y en la playa pletórica de aire y luz y una alimentación sana y abundante.[2461]

Cómpre facer fincapé nun aspecto aparte das funcións educativas. Ao longo da historia as colonias escolares xunto ás cantinas realizaron un *labor asistencial e benéfico* importante. Tendo en conta isto, en 1931 o *Patronato de Protección* fixo un chamamento a poboación lucense para a recadación de donativos para contribuír ao sostemento destes servizos dirixidos aos alumnos e alumnas máis necesitados e necesitadas. O inspector Luis Soto tamén solicitou ao *Ministerio* unha subvención para sufragar estas actividades. Neste ano foron seleccionados 50 novos colonos, dos cales 26 eran nenas e 24 nenos. Os directores do devandito evento foron os mestres nacionais Alida Arias Iglesias, Francisca Mendí Fuentes, Domingo Castro Cao e Ángel Rodríguez. Esta quenda tivo unha duración dun mes e estiveron estacionadas novamente nas praias da Mariña Lucense.[2462] En 1932 emprendeuse outra Colonia, albergadas nas zonas lucenses de San Miguel de Reinante e na vila da Devesa. En total nesta quenda participaron 60 nenos e nenas, estes datos foron publicados na revista *Vida Escolar*, nas que se informaba textualmente:

> "Los pequeños alegran con sus cantos y juegos infantiles la playa y pueblos inmediatos a los que hemos hecho algunas excursiones, siendo la última al pintoresco pueblo de La Devesa".[2463]

[2457] En Luis Soto Menor, "Expediente Luis Soto Menor", (Madrid: AGA-ACME 16748 topográfica 32/53).

[2458] En Seminario de educación, "Seminario dedicado a la defensa del magisterio lucense", *Vida Escolar,* Nº do 23 de xullo de 1927 (1927): 3.

[2459] O *Hospital Marítimo de Oza* tiña un Pavillón de Colonias destinado a acoller as Colonias Escolares, edificación obra do arquitecto Pedro Mariño.

[2460] En Organizador de Colonias Escolares, "Colonias Escolares Lucenses", *Vida Escolar,* Nº 13 de xullo de 1929, 13 de agosto de 1929 e 7 setembro de 1929 (1919-1930): 3.

[2461] En Isabel Bugallal, "Robustecer "la raza" en Oza", *La Opinión. A Coruña,* 12 do marzo de 2008, extraído de: https://www.laopinioncoruna.es/galicia/2008/03/12/robustecer-raza-oza-25443338.html.

[2462] En De enseñanza, "Colonias Escolares Lucenses", *Vida Escolar,* Nº 1 de agosto de 1931 (1931): 3.

[2463] En Comité Organizador, "Colonias Escolares Lucenses", *Vida escolar,* Nº do 13 de agosto de 1932 (1932): 3.

Ilustración 124. Nenos ca cantina escolar lucense de 1920 xunto ao deputado Joaquín Quiroga Espín[2464]

Nos anos trinta Luis Soto tamén foi o promotor destas experiencias. En 1933 o Padroado levou a cabo unha Colonia de verán composta por 60 alumnos, 30 nenas e 30 nenos. Estes discentes foron elixidos de entre todas as escolas nacionais da cidade de Lugo. En 1935 volveuse realizar outra convocatoria, esta actividade estivo dirixida polos mestres directores Andrés Gómez Legaspi, director de *Vida Escolar* e Manuel Torrón Fole. Celebradas no mes de agosto, as colonias estiveron habilitadas na Mariña Lucense, nas praias de San Miguel de Reinante e Foz.[2465]

Ilustración 125. Andrés Gómez Legaspi (en "Número especial sobre a Semana Pedagóxica Lucense", *Vida Escolar*)

En 1936, o Padroado de Protección organizou outra Colonia, pero non temos constancia de si esta actividade levouse á práctica, debido á aprición da Guerra Civil. Despois no franquismo, estas actividades foron substituídas polos denominados *Campamentos de verano del Frente de Juventudes*.[2466] En esencia, estas campañas tiñan un perfil máis autoritario, patriótico, relixioso e baixo a influencia do ideario *nacionalcatolicista*.

[2464] En Vida Gallega "Nenos ca cantina escolar lucense de 1920 xunto ao deputado Joaquín Quiroga Espín", *Wikipedia* (Archivo de Wikimedia Commons), extraído o 18 de xaneiro de 2025 de: https://es.wikipedia.org/wiki/Archivo:Joaqu%C3%ADn_Quiroga_Esp%C3%ADn_cos_nenos_da_Cantina_escolar,_Lugo_1920.jpg

[2465] En Comité Organizador, "Colonias Escolares", *Vida Escolar,* Nº do 15 de xullo de 1933 e 5 agosto 1933 (1933): 2.

[2466] En Antón Costa Rico e Uxía Bolaño Amigo, "Represión política e castigo do profesorado republicano na provincia de Lugo. As consecuencias do 36", *Sarmiento,* Nº 21 (2017): 107

As cantinas escolares

Igualmente, en relación cos nenos sen recursos, as cantinas foron unha das principais actividades promovidas polo Padroado de Protección para a defensa dos dereitos dos alumnos con menos capacidades económicas. Realizando un repaso histórico das *cantinas* escolares na provincia luguesa, cando apareceron na capital estas xa existían en España dende a primeira década do século XX. A súa aparición en Lugo foi tardía, con anterioridade ocupábase deste servizo a denominada *Cocina Económica*, situada dende 1896 no edificio da Beneficencia. O padroado das cantinas estaba constituído por Avelino González López, párroco de la Iglesia de San Pedro, o inspector Luis Soto Menor e o avogado Julio Pérez Guerra.[2467]

As colonias complementaban en verao o traballo asistencial realizado polas cantinas escolares, promovendo principalmente a satisfacción das necesidades alimenticias dos nenos pobres despois de acudir aos centros educativos.[2468] Debido á mala situación económica dalgunhas familias lucenses, en xaneiro de 1919 creouse a *primeira Cantina Escolar*, que proporcionaba comidas aos nenos e nenas da capital con poucos recursos. Grazas ás doazóns dos veciños lucenses, en xaneiro de 1932 creouse unha nova Cantina Escolar cun presuposto de preto de 1.200 pesetas.[2469]

> Ámbalas dúas organizacións cubrían as necesidades alimenticias dos nenos conservando a súa saúde: "pues en ellas encontrará el niño el alimento suficiente con que cubrir todas las deficiencias orgánicas, y así se criarán y conservarán sanos y fuertes".[2470]

Ilustración 126. Comisión Organizadora das Cantinas Escolares de 1924 (publicada en *Lugo XX, Historia de un siglo)*

Estas actividades anunciábanse no diario *El Progreso* e na revista *Vida Escolar*. Grazas a estes artigos podemos saber que estas experiencias recadaron fondos para manter o traballo social e cidadá para as familias con poucos recursos. Por este motivo é oportuno reflexionar que sen estes servizos circumescolares, moitos escolares non

[2467] En *El Norte de Galicia*, 18 de marzo de 1919.
[2468] Vide José Trapero Pardo, *Lugo 100 años de vida local* (Lugo: Edicións Celta, 1969).
[2469] En varios, "Cantinas escolares lucenses", en *El Progreso*, Lugo, 6 de xaneiro de 1932.
[2470] En Comité organizador, "Colonias Escolares", *Vida Escolar* (19 de xullo de 1930, 9 de agosto de 1930 e 16 agosto de 1930): 2-5.

poderían asistir á escola. Segundo Andrés Gómez Legaspi, o abandono da infancia era unha circunstancia de decadencia social. Nun artigo da prensa local, describía as graves consecuencias da ausencia dos servizos de beneficencia, como un factor de retroceso para a sociedade:

> Ahora ya volverán aquellos niños a su abandono, y por el arroyo nauseabundo de la ciudad reaparecerán enseguida pululeando desabridamente, hasta perder todo aquello que en poco tiempo habían ganado.[2471]

4.4.6. A Misións Pedagóxicas na provincia de Lugo

Para comezar este apartado, é oportuno facer unha revisión histórica sobre a orixe desta institución. En 1881, Giner de los Ríos solicitou por primeira vez ao ministro José Luis Albareda a idea de constituír as *misiones pedagógicas*, co obxectivo de preservar as funcións e liberdade dos mestres fronte ao caciquismo rural. Partindo desta suxerinte idea e tras a creación da Dirección Xeral de Primeira Ensinanza en 1911, os *institucionistas* lograrán poñer en marcha as primeiras experiencias deste tipo. O propio Cossío as describía como: "escuelas ambulantes que van de pueblo en pueblo, donde no hay que aprender con lágrimas; lo primero es divertirse".[2472] Segundo Otero Urtaza: "Existía así, antes da la llegada de la Segunda República, un estado de opinión que solicitaba una solución para el mundo rural".[2473] Baixo esta inspiración naceron as *misiones pedagógicas*, a partir dunha crecente preocupación *institucionista* pola depauperada ensinanza nas zonas rurais, sendo "a diversión na ensinanza" obxecto das miradas destes "mariñeiros do entusiasmo".[2474] Respecto a isto, aqueles xoves "misioneiros" tiñan presente: "Should be very careful not to produce in the village the demoralising sensation that they have gone there to have fun".[2475]

O Padroado das Misións Pedagóxicas fundouse mediante a publicación do Decreto do 29 de maio de 1931 e tiñan a súa sé no *Museo Pedagógico Nacional*.[2476] A Comisión Central deste organismo estaba formado por: José Ballester Gozalvo, Francisco Barnés, Luis Bello, Amparo Cebrián, Oscar Esplá, Rodolfo Llopis, Ángel Llorca, Antonio Machado, Lucio Martínez, María Luisa Navarro, Marcelino Pascua, Enrique Rioja, Pedro Salinas, Juan Uña, Luis Santullano (Secretario) e Manuel Cossío (Presidente).[2477] Estes membros aprobaron a primeira *Misión Pedagóxica*, celebrada dende o 17 ao 25 de decembro de 1931, na localidade segoviana de Ayllón.[2478]

A principal finalidade das misións pedagóxicas era dar un "alento de progreso", divertindo aos habitantes das zonas rurais e espertando nas familias das vilas a

[2471] En De enseñanza, "Colonias Escolares", *Vida Escolar*, Nº do 2 de outubro de 1930, (1930): 2.

[2472] En Amando Vega Fuente. "Las misiones pedagógicas: más que una utopía", *RES: Revista de Educación Social 24* (2017): 1222.

[2473] En Eugenio Otero Urtaza, *Las Misiones Pedagógicas 1931-1936* (Madrid: Sociedad Estatal de Conmemoraciones Culturales, 2006), 73, 75 e 78.

[2474] En José Manuel Vázquez López, "Relación entre a defensa da escola rural cos inspectores e Mestres (Lugo 1900-1936)", *Educació i desenvolvement rural als segles XIX-XX-XXI* (Lleida: Universitat de Lleida, 2018), 161-175.

[2475] En Eugenio Otero-Urtaza, "The Educational Missions under the Second Republic in Spain (1931-1936): a framework for popular education", *Paedagogica Historica*, 47 (2011): 208.

[2476] En Decreto do 29 de maio de 1931.

[2477] En Patronato de Misiones Pedagógicas, *Memoria de la Misión Pedagógica-social en Sanabria (Zamora). Resumen de trabajos realizados en el año 1934* (Madrid: Patronato Misiones Pedagógicas, 1935).

[2478] En Eugenio Otero-Urtaza, "The educational missions under the Second Republic in Spain (1931–1936): A framework for popular education", *A History of Popular Education* (Routledge: 2014): 210.

curiosidade pola cultura e a arte. Porén, estas visitas foron tamén unha resposta institucional ante o lamentable abandono e illamento cultural ao que estaban sometidas as zonas rurais. Este proxecto de solidariedade cultural contou coa colaboración dun grupo de intelectuais, inspectores, xornalistas e mestres que distribuíron máis de 5000 bibliotecas, promovendo a cultura e a educación na poboación máis desfavorecida culturalmente: as zonas rurais.[2479] Acerca das principais *actividades* levadas a cabo polos misioneiros, distinguimos as seguintes: o museo circulante de pintura, a constitución de bibliotecas, as lecturas públicas, o teatro e coro do pobo, o retablo de fantoches (monicreques), as sesións cinematográficas, as charlas e conferencias (actividades de animación sociocultural), as excursións, as visitas ás localidades, as audicións musicais e en xeral a valoración da súa cultura viva e material.[2480]

Convén centrar agora a nosa ollada na Misión Pedagóxica realizada en 1933 en Galicia e as súas visitas ás localidades da provincia luguesa. Aquí, pese a ser poucas as localidades visitadas no seu número este organismo xogou un papel notable na loita contra o illamento cultural, sobre todo grazas á creación de bibliotecas. En efecto, a súa presenza redundou de forma positiva no proceso de actualización cultural, bastante descoidado ata o momento.[2481] Por todo isto, as visitas levadas a cabo por este proxecto de solidariedade cultural pode considerarse como un factor de modernización pedagóxica.

O 13 de agosto de 1933 iniciouse a primeira Misión Pedagóxica en Galicia, probablemente coincidindo coa inauguración do Museo en Xinzo de Limia.[2482] Os integrantes desta Misión eran: Rafael Dieste, Ramón Gaya, Arturo Serrano Plaja, Antonio Ramos Varela, Xosé Otero Espasandín, Antonio Sánchez Barbudo,[2483] Cándido Fernández Mazas e José Val del Omar.[2484] O director e un dos colaboradores máis importantes desta Misión foi Rafael Dieste.[2485] Este escritor galego entrou no Padroado da man de Pedro Salinas, porque tiña moitas ideas sobre a fala popular, como se pode apreciar nos seus artigos xornalísticos previos ou na edición de *A fiestra valeira*.[2486]

Aparte disto convén incidir nunha circunstancia significativa, en 1932 o reitor da Universidade de Santiago de Compostela, Alejandro Rodríguez Cadarso, emprendeu de xeito "independente" un plan de misións paralelo nas provincias de Pontevedra e A Coruña. Este proxecto estaba apoiado por varios inspectores e foi ben acollido polos

[2479] Vide Eugenio Otero Urtaza, "O labor educativo de Rafael Dieste nas Misións Pedagóxicas", *Revista Galega de Educación*, Nº 23 (1995).

[2480] En Manuel B. Cossío, *Patronato de Misiones Pedagógicas: septiembre de 1931-diciembre de 1933* (Madrid: 1934), 53-54

[2481] En José Manuel Vázquez López, "Relación entre a defensa da escola rural cos inspectores e Mestres (Lugo 1900-1936)", *Educació i desenvolvement rural als segles XIX-XX-XXI* (Lleida: Universitat de Lleida, 2018), 161-175.

[2482] En Manuel B. Cossío, *Patronato de Misiones Pedagógicas: septiembre de 1931-diciembre de 1933* (Madrid: 1934), 52.

[2483] En Eugenio Otero Urtaza, "Antonio Ramos Varela noticia dun inelectual liberrtario esquecido", en *Boletín galego de literatura*, Nº 39-40, (2008): 297-316; e Manuel B. Cossío, *Patronato de Misiones Pedagógicas: septiembre de 1931-diciembre de 1933* (Madrid: 1934) 53-54.

[2484] Realizáronse filmacións das visitas ás aldeas da Costa da Morte e Santiago de Compostela En Eugenio Otero Urtaza, "As Misións Pedagóxicas na España rural republicana", *Eduga*, Nº 51 (2007): 55.

[2485] En Eugenio Otero Urtaza, *Las Misiones Pedagógicas: Una experiencia de educación popular*, (Sada: Edicións do Castro, 1982); e en Eugenio Otero Urtaza, "O labor educativo de Rafael Dieste nas Misións Pedagóxicas", en *Revista Galega de Educación*, Nº 23 (1995): 90-92.

[2486] En Xosé Manuel Cid, Narciso de Gabriel Fernández e Eugenio Manuel Otero Urtaza, "Tres piares de educación contemporánea: alfabetización, dignificación da profesión docente e extensión cultural", *Realidades e horizontes da educación en Galicia* (Pontevedra: Kalandraka, 2024), 29.

membros do Padroado. En realidade era unha experiencia próxima á Misión e tiña múltiples paralelismos, sobre todo, no referente ao traslado de experiencias culturais a zonas das Rías Baixas.

Antes da visitas da Misión Pedagóxica de 1933 á provincia de Lugo, cabe sinalar como antecedente a experiencia levada a cabo en abril de 1926 por Antonio Noriega Varela,[2487] cando levou a cabo varias rutas polas zonas montañosas realizando recitais e lecturas, iniciativa polo que máis tarde recibiría varias homenaxes. Por este motivo foi recoñecido como o "Poeta da Montaña".[2488] Así, Noriega emprendeu unha serie de viaxes culturais ás zonas rurais lucenses máis illadas, precedendo e con certa analoxía á posterior Misión Pedagóxica posta en marcha en Galicia no ano 1933.[2489]

Xa na década dos anos trinta, concretamente o 27 de maio de 1933, o inspector lucense Daniel Calvo solicitou ao Reitorado da Universidade de Santiago de Compostela a autorización para que a Misión puidera visitar as localidades da provincia de Lugo. Despois do pertinente consentimento administrativo, a Comisión visitou seis localidades luguesas na procura da acadar un maior diversificación cultural e pedagóxica.[2490] O percorrido que fixo esta Misión foi a seguinte:[2491] do 8 ao 13 de novembro visitaron Vilalba, do 23 ao 28 de novembro Ribadeo, do 7 ao 11 de decembro Fonsagrada, por último Baralla, Becerreá e Quiroga.[2492] Respecto a isto, o mestre Manuel Cordeiro afirmaba na Semana Pedagóxica de 1933:

> Esas legiones llamadas Misiones pedagógicas, que se desplazan por los más apartados rincones aldeanos, sembrando cultura e inquietudes, no cabe duda, es otro manantial vivo y potente que acerca los pueblos a la escuela.[2493]

José María Pérez-Brun Pórtoles e as Misiones Culturales

Para comezar este apartado, cabe facer unha revisión histórica sobre o concepto de *Misiones Culturales.* Tendo en conta isto, as primeiras experiencias oficias deste tipo comezan o 17 de outubro de 1923, debido ao acordo cidadán do Presidente da República de México Álvaro Obregón para impulsar a educación nas zonas rurais mexicanas. A prensa do noso país seguía este interesante proxecto. En concreto a revista *Escuelas de España* trasladaba e resaltaba os beneficios acadados por este proxecto levado a cabo polo *Coopera-Órgano Oficial del Departamento de Enseñanza Primaria y Normal de la Secretaría de Educación Pública de México*, engadindo que sería oportuna a realización deste tipo de campañas en España, debido sobre todo ao abandono da escola rural:

[2487] Vide Xosé Ramón, Freixeiro Mato, *Antonio Noriega Varela: vida e obra* (Coruña: Universidade da Coruña, 1992).

[2488] En "Antonio Noriega Varela. Poeta da montaña", *Faro de Vigo, Número Especial Conmemorativo del Centenario (1853-1953)* (1953): 164.

[2489] En varios, "Fascículos para coleccionar. Lugo XX historia de un Siglo" (Lugo: Tomo I. *El Progreso*, 2000), 443.

[2490] Vide Ángel Serafín Porto Ucha, "Las Misiones Pedagógicas en Galicia: un modelo de educación popular durante la Segunda República (1931-1934)", *Moviment obrer i educació popular* (1986), 135-144.

[2491] En Eugenio Otero Urtaza, *Las Misiones Pedagógicas: Una experiencia de educación popular* (Sada: Ed. do Castro, 1982), 57-58.

[2492] En Manuel B. Cossío, *Patronato de Misiones Pedagógicas: septiembre de 1931-diciembre de 1933* (Madrid: 1934), 117.

[2493] En Manuel Cordeiro, "La asistencia escolar en el Rus", *Vida Escolar*, Número especial sobre a Semana Pedagóxica Lucense, Nº 336, ano VII (1933): 26.

> Hace unos años que venimos aquí pensando en las Misiones Culturales. En el segundo número de *Escuelas de España*, antes de tener el gusto de conocer esta revista amiga, fraternalmente amiga, señalábamos como poderoso medio de perfeccionamiento del Magisterio. Pues bien, estas Misiones Culturales que nosotros considerábamos necesarias en España están actuando en México con enorme entusiasmo.[2494]

Por outro lado, en 1927 os botánicos Luis Crespí (director) e Nikolái Vavílov realizaron varias viaxes coleccionistas por Galicia e Asturias denominándoas *Misiones Culturales de Galicia*. A este proxecto sumáronse naturistas como Sampaio, emprendendo unha expedición aos montes dos Ancares, Serra da Queixa e o Invernadeiro. Posteriormente, froito destas investigacións Crespí publicou a obra titulada *Contribuciones al folklore gallego* (1929).[2495]

Talvez partindo destas ideas, en 1930 o mestre da Escola de Retorta (Guntín), José María Pérez Brun, decidiu comezar en Galicia de forma individual un proxecto denominado *Misiones Culturales*. Esta inicativa persoal consistiu en visitar as zonas rurais ofrecendo "bellas y ardientes palabras" en favor "de la vida rural española, cantando la realidad de la aldea española". A partir de 1933, e como continuación das Misións levadas a cabo en Galicia impulsou este proxecto na zona de Castañares da Rioja. O diario *El Ideal del Magisterio* explicaba isto do seguinte xeito:

> Ha dado ya Pérez Brun dos conferencias ante el micrófono de "Radio-Rioja", de Logroño, y charlas e diversos pueblos, como continuación de las Misiones Culturales que organizó en Galicia, donde antes estuvo de Maestro.[2496]

Na *Semana Pedagógica Lucense* de 1933, afirmaba que se realizaron un total de 70 viaxes nas que se percorreron 300 localidades. O afán destas visitas explicounas o propio Brun nun artigo titulado "Misiones Culturales", desenvolvendo o concepto amplo da "culturalidade". Para este docente, máis ala das cuestións puramente pedagóxicas a misión non era trasladar coñecementos puramente académicos, o importante era a divulgación dunha cultura popular forxada en bos hábitos, relacións afectivas, artísticas e espirituais.

> Las misiones tienen por objeto, digo, emprender en la ciudad una cruzada para que los hombres de corazón, cabezas claras de España, dediquen algunas de su espíritu, de su arte o de su ciencia a esos hombres sencillos alejados de cultura. Que cada uno dé lealmente, noblemente, lo que lleve dentro. Quien no entienda de huertas ni de arados puede predicar la tolerancia, el amor humano, el cultivo de las flores, combatir el alcoholismo; quien desconozca la alternativa de cosechas y los abonos artificiales, puede difundir higiene en los hogares, recomendar el respeto al árbol, implantar sociedades mutuas, aconsejar el bien hablar. Es indudable que todos con buena voluntad, con deseos fervientes de laborar, podemos hacer algo a medida de nuestras fuerzas que divulgue por doquier la cultura popular.[2497]

Segundo C. Martínez Page, este mestre tamén publicou varios folletos de divulgación, en concreto catro "perfiles" en diversas revistas nacionais.[2498] Temos

[2494] En "Coopera-Órgano Oficial del Departamento de Enseñanza Primaria y Normal de la Secretaría de Educación Pública de México", *Escuelas de España*, Año II, Caderno I (Segovia: xaneiro de 1930): 108

[2495] En Luis Crespí Jaume, *Contribuciones al folklore gallego* (Madrid: JAE-Misiones Culturales en Galicia, 1929)

[2496] En C. Martínez Page, "Labor cultural y literaria del confederado José María Pérez Brun", *El ideal del Magisterio* (3 de septiembre de 1933).

[2497] En José María Perez Brun, "La Semana Pedagógica Lucense", *Vida Escolar*, Número especial sobre a Semana Pedagóxica Lucense, Nº 336, ano VII (1933): 27.

[2498] En C Martínez Page, "Labor cultural y literaria del confederado José María Pérez Brun", *El ideal del Magisterio* (3 de septiembre de 1933).

constancia de que era un incansable traballador intelectual, colaborando con múltiples xornais como: *Vida Escolar, La Escuela moderna, El ideal del magisterio* e *La Libertad* (1919). Nesta última revista publicou un interesante artigo titulado: "Gestos y hombres. Y el verbo se hizo... látigos".[2499] Tamén colaborou nunha homenaxe a Marcelino Domingo e participou nun concurso literario do periódico *La Libertad.*[2500] Entre todos os seus traballos destaca a novela titulada *La crueldad de los felices* (1933) publicada en *Vida Escolar*. En referencia a isto a revista *El ideal del magisterio* facía eco desta publicación, incidindo do seguinte xeito en 1933:

> *Vida Escolar* va a empezar a publicar, en forma de folletón, una bellísima novela titulada *La crueldad de los felices* (1933), debido a la pluma del querido compañero u entusiasta confederado, Pérez Brun, que ya cuenta con el campo literario y pedagógico con muchos y merecidos triunfos.[2501]

Respecto a súa rutina de traballo, Brun polas mañás traballaba na escola e pola tarde escribía no seu despacho, realizando no seu tempo de lecer e de xeito altruísta as visitas ás aldeas. Este "peregrino sementador de cultura" era unha persoa bondadosa que establecía fortes lazos cos veciños pola súa xenerosidade. Tamén sabemos que nas súas viaxes ás vilas acompañábao a súa muller Consuelo Bartolomé Lecea, coa que non tivo fillos. Concha Espina, coñecedora destas viaxes, dedicoulle estas liñas publicadas na prensa rioxana:

> Gran misionero José María Pérez Brun, que anda por los caminos rurales encendiendo palabras de cultura donde ayer los antiguos trovadores su canto de amor. Ya estos mensajes de hoy no son endechas que arrebatan el viento; son una semilla fecunda para las tierras del alma, un germen de belleza y de sabiduría popular que dará su fruto en muchas conciencias españolas. [2502]

O propio Marcelino Domingo coñecía o traballo de Brun, enxalzando as Misións Culturais inspiradas nos versos: "Castilla, rosa de fuego, seca de tanto soñar". En relación con isto, este ministro afirmaba no diario *El Ideal del magisterio*:

> Las Misiones Culturales de Pérez Brun, en verdad, merecen por completo el aplauso de todos, estimulándole a seguir laborando en ellas con el entusiasmo hasta hoy demostrado.[2503]

Algunhas fontes iniciden en que José María xunto ao seu irmán Mariano Pérez Brun participaron nas Misións Pedagóxicas que se desenvoleron en Castilla, La Rioja e Aragón entre 1934 e 1936.[2504] Neste último destino, o noso protagonista realizou tres audicións nos principais teatros dentro do plan coñecido como Misións Culturais presentada pola *Asociación Los Artistas y Escritores Reunidos de Madrid*.[2505] Emporiso

---

[2499] En José María Pérez Brun, "Gestos y hombres. Y el verbo se hizo... látigos", *La Libertad,* (6 de xullo de 1935): 6

[2500] En "Homenaje a Marcelino Domingo", *Suplemento de La Escuela moderno,* Nº 3501 (26 de xullo de 1930): 8

[2501] En José María Pérez Brun, "La crueldad de los felices", *El Ideal del magisterio,* Nº 334 (23 de xaneiro de 1933)

[2502] En "Homenaje a Marcelino Domingo", *Suplemento de La Escuela moderno,* Nº 3501 (26 de xullo de 1930): 8

[2503] Ídem

[2504] En Carlos Gil Andrés, "Un noble afán. El magisterio republicano de José Mª Pérez Brun, maestro de Herramélluri", *Berceo,* 165 (Logroño: 2013): 116.

[2505] En José María Perez Brun, "La Semana Pedagógica Lucense", *Vida Escolar,* Número especial sobre a Semana Pedagóxica Lucense, Nº 336, ano VII (1933): 27. Tamén sabemos que Brun participou na Misión Pedagóxica de xullo de 1936, visitando a aldea de Almarza de Cameros Viejos (Logroño) e realizando actividades cinéfilas xunto a María Millán, Esperanza Zubiaurre, Vicente Urbierna e Rodríguez Sáenz. En José María Pérez Brun, "Las Misiones Pedagógicas", *CSIC* (1931-1936) extraído o 13 de decembro de 2024 de: http://cipres.residencia.csic.es/misiones/ficha_participante.php?id_persona=939&nombre=&apellido=P

que segundo Carlos Muntión Hernáez foi difícil concretar a participación de José María nestas campañas por falta de fontes.[2506] Aínda que temos constancia de que participou en concreto nas Misións Pedagóxicas levadas a cabo en Cameros, na aldea de Santa María, xunto ao inspector Anselmo Rodríguez e os mestres María Millán e Vicente Urbierna.

Ilustración 127. José María Pérez-Brun, mestre da *Escola de Retorta* (Guntín)[2507]

Pero afondemos un pouco máis sobre a vida do mestre José María Pérez-Brun. Naceu en Villastar (Teruel) en 1903. Residiu por un tempo en Agoncillo (Logroño). Despois de realizar os estudos de Maxisterio en Logroño exerceu como mestre en 1926 en varias localidades de Burgos, Navarra, Santander e Lugo. Nesta última provincia traballou na *Escuela Nacional Mixta de Retorta* (Guntín), centro onde estivo tres anos, dende novembro de 1930 a agosto de 1933. Despois trasladouse como docente a unha pequena localidade da Rioja, Herramélluri. Aquí participou en varias misións entre 1934 e 1936. Daquela tamén fundou a *Liga de la Bondad*, combatendo a incultura e o analfabetismo a través dunha técnica chamada o *Convencimento Amoroso*. Sobre as Misións, en 1933 Pérez-Brun afirmaba:

> Las *Misiones Culturales* de las que yo he dado tres *Audiciones* ya con un éxito halagador, dicho sea sin presunción, por vía de ensayo, y las que he de continuar este verano contratando en los principales teatros de Castilla y Aragón, presentado por la *Asociación Los Artistas y Escritores Reunidos* de Madrid, tiene por objeto hablarles a los rústicos labriegos además de sus cosechas y de las ovejas del aprisco, de algo que no sepa a vulgaridad ni a egoismo, de algo que refulja en espiritualidad y en ideal y así las rudas concepciones que anidan en el espíritu de los aldeanos como hemos hecho constar al principio de este escrito, mostrarán tonos más suaves que las humanicen. Quizás ya no tengan de la ciudad el concepto tan desgarrador y crudo que tanto les inquieta.[2508]

Con estes datos coñecemos mellor a vida deste interesante docente que traballou en Guntín, pero continuemos: a nivel político Brun foi delegado de *Izquierda Republicana*, colaborando no periódico oficial deste Partido. Pola súa preponderancia intelectual e a súa traxectoria foi nomeado Delegado Gobernativo de Herramélluri, multando ao párroco por non quitar a propaganda electoral da súa Iglesia.[2509] Convén facer fincapé na importancia da publicación do seu libro censurado polo franquismo en 1936 *Ejemplario*: nesta obra presentaba 29 biografías de personaxes "exemplares" baixo un modelo de educación motivadora, libre, sentida, cultural e espiritual. Máis tarde, estes textos foron modificados polos franquistas, reeditándoos na década dos corenta e borrando o nome do autor Pérez Brun. Finalmente co estalido da Guerra Civil, este docente foi sancionado e separado do servizo, sendo un dos asasinados polas forzas sublevadas en *La Barranca* no ano 1936.[2510]

[2506] En Carlos Muntión Hernáez, "Anselmo Rodríguez y José María Pérez Brun escuela católica vs escuela laica", *Piedra de Rayo*, 51 (Rioja, 2018): 78

[2507] Foto extraida da revista *Vida Escolar*, Número especial Semana Pedagóxica Lucense de 1933.

[2508] En José María Pérez-Brun, "Misiones Culturales", *Vida Escolar*, Número especial sobre a Semana Pedagóxica Lucense, Nº 336, ano VII (1933): 27-28.

[2509] En Miguel Martorell Linares y Pilar Mera Costas, "José María Pérez-Brun: El maestro Borrado", *Radio UNED* (2024), extraído o 18 de decembro de 2024 de: https://www.youtube.com/watch?v=fzWz6Ugt92U

[2510] En Carlos Gil Andrés, "Un noble afán. El magisterio republicano de José Mª Pérez-Brun, maestro de Herramélluri", *Berceo*, Nº 165 (Rioja: Goberno da Rioja, 2013).

A visita de María Luisa Navarro

En relación ás Misións Pedagóxicas na provincia de Lugo, é necesario incidir na visita de María Luisa Navarro á capital lucense durante a *Semana Pedagógica* realizada en 1933, como integrante do Padroado das Misións Pedagóxicas.[2511] Acompañada polo seu marido Lorenzo Luzuriaga, esta pedagoga deu varias conferencias, trasladando no seu relatorio a finalidade e os procedementos levados a cabo nas visitas pedagóxicas realizadas ás zonas rurais. Así, María Luisa Navarro expresaba o seu sentir aos congresistas:

> Ante un público muy numeroso habló la señora Navarro de Luzuriaga, enviada por el Patronato de Misiones Pedagógicas para exponer la finalidad y los procedimientos de éstas", informando además de la actividad desarrollada hasta el momento por las Misiones, así como de la pendiente de realizar. Dio lectura a una carta del Sr. Cossío y para finalizar el acto -previa proyección de algunas películas para mostrar una idea más clara de la labor realizada- "exhortó a los maestros y profesores para que se unan a la obra de justicia cultural que representan las Misiones.[2512]

Segundo a prensa local, durante a súa visita proxectou algunhas películas para trasladar mellor aos asistentes a idea das misións. É posible que utilizara as películas documentais, especialmente: "Estampas de Misiones", que facía pouco editara José Val del Omar, "Coro y Teatro del Pueblo" e "El Museo circulante de Pintura". Segundo Francisco Canes Garrido, Navarro tiña a súa disposición:

> Aunque no se menciona, las películas documentales que María Luisa tenía a su disposición para proyectar en actos de este tipo o similares eran "Estampas de Misiones", "Coro y Teatro del Pueblo" y "El Museo circulante de Pintura", todas ellas documentos informativos de la labor de Misiones existentes en la Cinemateca del Patronato.[2513]

Ilustración 128. María Luisa Navarro[2514]

Posteriormente foi nomeada profesora de *Pedagogía e Historia* en la *Escuela Normal de Lugo*.[2515] Pese a isto, nunca chegou a ocupar esta praza porque renunciou posteriormente á mesma, xa que estaba á fronte do *Colegio Nacional de Sordomudos.* Neste sentido, foi sometida a certa presión gobernamental, xa que o propio ministro Joaquín Dualde advertiulle, que si abandonaba a dirección do Colexio de Sordomudos causaríalle un enorme prexuízo ao seu funcionamento.[2516]

[2511] En varios, "Serie Histórica", A.H.U.S. (Santiago: A.H.U.S. sinatura: 52).

[2512] En María Luisa Navarro, "La Semana Pedagógica de Lugo. Conferencias de los señores de Luzuriaga", *Luz. Diario de la República* (Madrid: 27 de xuño de 1933): 8-16.

[2513] En Francisco Canes Garrido, "Las M isiones Pedagógicas: educación y tiempo libre en la Segunda República", *Revista complutense de educación,* Nº 1, vol. 4, (1993): 165.

[2514] En Beatriz Peyrot Marcos, "Fotografía María Luisa Navarro", *Maestrasrepublicanas.blogspot*, extraído o 16 de xaneiro de 2018 de: http://maestrasrepublicanas.blogspot.com.es/2013/01/maria-luisa-navarro-margati-de-luzuriaga.html, 2013.

[2515] En María Luisa Navarro, "Expediente de María Luisa Navarro" (Fundación Ortega-Marañón, Madrid: carpeta 5).

[2516] En María Dolores Cotelo Guerrra, "María Luisa Navarro: Vida y obra. Historia de una profesión docente en el movimiento renovador español (1885-1948)", Tesis doutoral UDC (2023): 156-157.

> ...que en el caso de tomar posesión de la Cátedra de la Escuela Normal de Lugo, para la que ha sido nombrada, tendría que cesar sus clases en el curso normal de sordomudos de Madrid, con la perturbación que ello supondría para sus enseñanzas.[2517]

Segundo a Orde do 16 de maio, a Administración autorizaba a Luisa Navarro a terminar o curso no Colexio Nacional de Xordomudos, respectando así o Decreto de 4 de febreiro de 1933 que establecía: "los Profesores encargados de curso, cuando sean nombrados por oposición o concurso para un establecimiento de enseñanza distinto, deberán terminar el curso en el Centro que lo comenzaron". Durante o seguinte curso 1935-1936 decidiu continuar en Madrid, asumindo a dirección das prácticas e as materias do Curso Normal do Colexio de Xordomudos: o *Laboratorio de la palabra*.[2518]

> Sin perjuicio para el porvenir de los derechos que tenga adquiridos para pasar al Profesorado de Escuelas Normales y a las Inspecciones de 1ª Enseñanza, con arreglo a lo dispuesto en las Reales Órdenes de 28 de marzo de 1913 y 10 de agosto de 1922.[2519]

O 8 de outubro de 1935, Luisa Navarro solicitaba ao Director Xeral de Primeira Ensinanza o rexeitamento da praza lucense. Finalmente, o 20 de novembro, a Dirección Xeral resolveu favorablemente a solicitude, notificándolle a perda do dereito a ocupar a praza na Escola Normal de Lugo, por non tomar posesión da mesma no prazo habilitado para tales fins.[2520]

Non obstante María Luisa Navarro mostrou certo interese en ocupar a vacante na Escola Normal de Lugo, para impartir as disciplinas de Pedagoxía e Paidoloxía. Segundo a Orde de 28 de febreiro de 1935, nun primeiro momento concedéuselle a vacante de Pedagoxía, pero nun escrito posterior dirixido ao director xeral de Primeira Ensinanza atribuíronlle a vacante de Paidoloxía e de Organización escolar. No seu expediente recóllese a solicitude de anulación do seu nomeamento:

> Instancia de María Luisa Navarro dirigida al Director General de Primera Enseñanza el 8 de octubre de 1935, solicitando la anulación de su nombramiento como profesora de Paidología y Organización escolar de la Escuela Normal de Lugo sin perjuicio de perder los derechos adquiridos para pasar al Profesorado de Escuelas Normales y a las Inspecciones de Primera Enseñanza por continuar en el desempeño de las enseñanzas del Colegio nacional de Sordomudos y del Grado Normal para profesores de la especialidad.[2521]

[2517] En "Comunicación de María Luisa Navarro, dirigida a la Dirección General de Enseñanzas Profesionales y Técnicas el 10 de mayo de 1935, pediendo autorización para tomar posesión en Madrid como profesora de la Escuela Normal de Lugo", En María Luisa Navarro, "Expediente de María Luisa Navarro" (Fundación Ortega-Marañón, Madrid: carpeta 5).

[2518] En "Borrador de una comunicación de septiembre de 1935, sin destinatario nin sinatura, en el que el Ministerio de Instrucción Pública dispone la creación en el Colegio Nacional de Sordomudos de un Laboratorio de la palabra para el examen de las perturbaciones del lenguaje y el estudio de los métodos más adecuados para la corrección de aquellas y la enseñanza de la palabra a los sordomudos, encargándose del mismo a la profesora del Seminario para la formación de Maestros de la especialidad Dª Mª Luisa Navarro Margati, que no percibirá remuneración especial alguna", (Fundación Ortega-Marañón, Madrid: carpeta 5).

[2519] En "Instancia de María Luisa Navarro dirigida al Director General de Primera Enseñanza el 8 de octubre de 1935, solicitando la anulación de su nombramiento como profesora de Paidología y Organización escolar de la Escuela Normal de Lugo sin perjuicio de perder los derechos adquiridos para pasar al Profesorado de Escuelas Normales y a las Inspecciones de Primera Enseñanza por continuar en el desempeño de las enseñanzas del Colegio nacional de Sordomudos y del Grado Normal para profesores de la especialidad" (Fundación Ortega-Marañón, Madrid: carpeta 5).

[2520] En María Dolores Cotelo Guerrra, "María Luisa Navarro: Vida y obra. Historia de una profesión docente en el movimiento renovador español (1885-1948)", Tesis doutoral UDC (2023), 156-157.

[2521] En María Luisa Navarro, "Expediente de María Luisa Navarro" (Fundación Ortega-Marañón, Madrid: carpeta 5).

As bibliotecas constituídas polas Misións Pedagóxicas

Segundo Cossío, un dos fundamentos do Padroado era favorecer a cultura a través das bibliotecas circulantes e a distribución de obras pedagóxicas entre os veciños das localidades rurais.[2522] Este feito foi fundamental, temos que ter presente que o primeiro bienio da Segunda República alborexou nun país carente dunha rede sólida de bibliotecas para os seus cidadáns.[2523] Como reacción a isto e ante a escaseza destes servizos fundamentais, Marcelino Domingo decidiu abrir estes centros mediante a publicación do Manifesto do 8 de agosto de 1931. Así, dende 1931 ata xuño de 1936, ano no que se disolveu o Padroado, as misións crearon en toda España 5522 bibliotecas circulantes, cifra moi relevante.[2524] Os coordinadores deste Servizo foron o poeta Luis Cernuda, o bibliotecario Vicéns de la Llave e as irmás María e Matilde Moliner.[2525]

Pero centrémonos agora en detallar este asunto de forma particular na provincia de Lugo, na que se constituíron un total de 68 bibliotecas ata 1934.[2526] A seguinte táboa achega o número de instalacións albergadas e o ano de creación, segundo o Padroado das Misións. Mediante o traslado desta información, pretendemos que o lector coñeza mellor a evolución e o ritmo de creación destes centros, empregando principalmente os estudos de Ángel Serafín Porto Ucha, na súa obra *La Institución Libre de Enseñanza en Galicia.*

Táboa 26. Bibliotecas creadas nas escolas nacionais polo Padroado de Misións Pedagóxicas en Lugo	
Ano.	**Nº de bibliotecas.**
1931	20
1932	1
1933	28
1934	19 (durante o primeiro trimestre 17)
Total:	**68**

Fonte: Elaboración propia. Ángel Serafín Porto Ucha, *La Institución Libre de Enseñanza en Galicia* (A Coruña: Do Castro, 1986), 382-386; e Anxo S. Porto Ucha e Raquel Vázquez Ramil. "Innovacións republicanas na educación popular: as misións pedagóxicas. Análise dunha experiencia, con referencias a Galicia" *Innovación educativa* 23 (2013): 114.

Agora disertemos en maior medida sobre *onde* se albergaron estas iniciativas culturais. Usualmente as bibliotecas estaban asentadas nas instalacións das escolas das localidades. Nestes centros as familias podían consultar e pedir o préstamo dos libros doados polo Padroado, contribuíndo á lectura dos veciños e veciñas. Segundo as Memorias do Padroado, a continuación achéganse o nome das localidades lucenses onde foron creadas as bibliotecas: Becerreá, Benquerencia, Bravos, Cerezal, Cinge, Cobariza-Friol, Chantada, Charín, Friol, Lugo (2 bibliotecas), Muras, Obe-Ribadeo, Pedrafita do Cebreiro, Portomarín, Reboredo, Ribadeo, San Martiño, San Miguel de Reinante,

[2522] En Manuel B. Cossío, "Las Misiones Pedagógicas. Introducción a Patronato de Misiones Pedagógicas. Setembro de 1931", *Boletín de la ILE,* Nº 89 (1934): 98

[2523] En Eugenio Otero Urtaza, *Las Misiones Pedagógicas 1931-1936* (Madrid: Sociedade Estatal de Conmemoracións Culturais, 2006), 300.

[2524] Ídem, 306.

[2525] En Mariano Boza Puerta e Miguel Ángel Sánchez Herrador, "Las bibliotecas en las misiones pedagógicas", *Boletín de la Asociación andaluza de bibliotecarios* 19.74 (2004): 45.

[2526] En Eugenio Otero Urtaza, *Exposición Las Misiones Pedagógicas (1931-1936)* (A Coruña: Ayuntamiento da Coruña, 2007), 18.

Santalla-Revesa, Santiago de Reinante, Taboada, O Vicedo (unha biblioteca ao *Pósito de Pescadores* e unha ao *Centro Cultural y Recreativo*), Vieiro, Vilalba, Villandrí, Villares e Viveiro. No distrito de Castroverde existían tres bibliotecas deste tipo: Furís-Albardeiro, Riomol e Furís.[2527]

Respecto ao *número de libros* de cada biblioteca, a Misión entregaba unha colección de 100 exemplares, entre os que non existe constancia de que se distribuíran obras en galego. Unha das tarefas máis complicadas do Padroado foi a selección de obras, xa que estaban dirixidas a unha poboación rural sen hábitos de lectura e sen goce lector. Segundo as *Memorias* do Padroado, nalgunhas localidades a instalación destas novas bibliotecas produciron algunhas actitudes de roxelo por parte das autoridades. Estas reaccións negativas foron resoltas mediante a actitude clara e decidida dos misioneiros.[2528] Aínda que pareza mentira, algunhas persoas estaban en contra de que os labregos aprenderan a ler, quizais polo medo á perda da súa posición como única figura letrada da localidade, ou o temor á difusión de teorías laicas ou renovadoras. Probablemente por estes motivos algúns párrocos mostráronse reticentes á arribada de novas lecturas, protestando pola creación das bibliotecas de Chantada e Pedrafita do Cebreiro. Nestas localidades as autoridades sustentaron as súas queixas en aspectos éticos, aludindo a que os libros destes centros non eran lecturas "morais", e incluso pensando que chegaría un goberno que suprimiría as bibliotecas e as escolas: "Cuando venga un Gobierno favorable, suprimirán Escuelas y Bibliotecas".[2529]

No tocante ás bibliotecas das misións pedagóxicas e ao seu desenvolvemento cultural na provincia de Lugo, en 1935 publicábase en *Vida Escolar* un artigo onde se manifestaba o desexo dalgúns docentes sobre a necesidade do desenvolvemento deste tipo de iniciativas para mellorar a modernización e o progreso provincial. Así, nun artigo titulado "Misiones Pedagógicas" o mestre E. Díaz indicaba:

> Muy pronto veremos aquí en Lugo a los paladines de la cultura haciendo su entrada triunfal por alejadas aldeas y vetustos rincones, habitados por los que viven del agro, para llevarles nuevos aires de modernismo y progreso conviviendo con ellos unas horas, haciéndoles sentir y admirar las grandezas del mundo ante la pequeñez de lo desconocido.[2530]

Monicreques e Teatro de Fantoches

Agora, cómpre introducir brevemente o achegamento de obras teatrais ás zonas rurais en España. Durante a década dos anos trinta, temos que comezar aludindo nestes anos á interesante labor realizada pola compañía *La Barraca* e o *Teatro Universitario,* que realizou 13 obras de teatro en 74 localidades.[2531] Na provincia de Lugo *La Barraca* tan só actuou en Ribadeo, proxecto eloxiado na Semana Pedagóxica de 1933 polo mestre Pérez Brun.[2532] Aparte disto tamén afloraron outras iniciativas teatrais interesantes a nivel nacional. Sobre o teatro das Misión, Eszter Katona afirmaba:

[2527] En Manuel B. Cossío, *Patronato de Misiones Pedagógicas: septiembre de 1931-diciembre de 1933* (Madrid: 1934), 173

[2528] Ídem.

[2529] En Padroado de Misiones Pedagógicas, *Memoria de la Misión Pedagógica-social en Sanabria* (*Zamora)* (Madrid, 1935), 80-81.

[2530] En E. Díaz, "Misiones Pedagógicas", *Vida Escolar*, Nº do 7 de xuño de 1935 (1935): 3.

[2531] Vide Acción Cultural Española (ed.), *La Barraca. Teatro y Universidad: Ayer y hoy de una utopía* (Madrid, Acción Cultural Española, 2011).

[2532] En José María Pérez-Brun, "Misiones Culturales", *Vida Escolar*, Número especial sobre a Semana Pedagóxica Lucense, Nº 336, ano VII (1933): 27-28.

"Podemos decir que en su forma externa esta comparsa era hermana de La Barraca, aunque el teatro de las Misiones tenía una finalidad mucho más pedagógica y didáctica que artística".[2533]

En referencia ao denominado *Teatro de Guiñol ou Retablo de Fantoches*, esta foi unha actividade que se creou para achegar as representacións teatrais ás aldeas onde non podía pasar o camión co Grupo de Teatro, levando a pé os fantoches que permitirían cumplir a vocación escénica e literaria de Rafael Dieste.[2534] Nunha entrevista de Eugenio Otero Urtaza, transcrita por Marga Romero Lorenzo, o propio Dieste describía como foi a primeira vez que falou con Salinas sobre a creación deste proxecto e do entusiasmo que lle suscitou:

> Pensamos algunha vez na creación dun Teatro de Guiñol para as Misións Pedagóxicas. Animaríase vostede a crealo, dirixilo, dotalo de farsiñas, etc? Apresureime a dicir si.[2535]

A primeira actuación do *Teatro de Guiñol* levouse a cabo en Malpica en 1933.[2536] Segundo Manuel Aznar Soler, esta experiencia tivo un grande éxito e eficacia. Con todo, non se volveron a facer máis actividades deste tipo ata chegar a Fonsagrada, visita que se caracterizou polo mal tempo e pola construción de dezaoito fantoches de pasta, papel, cola e xeso. Como anécdota, ante a climatoloxía invernal secáronse no forno, cambiando o seu aspecto orixinal:

> Esta experiencia no pareció suficiente a los misioneros para persuadirse de la eficacia del Guiñol. Faltaba repetirla en pueblos de carácter diverso, pues en Malpica podría atribuirse el éxito a la actitud especialmente favorable de aquellas gentes. Un arte ingenuo y primario tenía que gustar en aquel pueblecillo. Además, Galicia gusta de la sentencia, de la pelea verbal, del diálogo a la vez claro y laberíntico que desemboca en sucesos impresionantes... Se construyó otro Guiñol; éste en mejores condiciones de tiempo, pero no de lugar: por montaraces tierras lucenses en época de nieves y ventiscas. De esta vez, por no hallar madera ligera y fácil de tallar, se hicieron los fantoches de pasta, papel, cola y yeso, procedimiento que ha prevalecido porque permite fabricar muñecos con mayor rapi-dez. Así, en pocos días se realizaron dieciocho cabezas. Único inconveniente: había que esperar a que la pasta se endurezca [sicj, y, en aquellos días, la falta de calor demoraba el resultado; o bien había cine apresurarlo con el calor de un horno, en detrimento de la justeza plástica de ingenuas esculturas. Algunas de ellas entraron en el horno con un carácter y salieron con otro, como si hubieran sido sometidas a una prueba expiatoria. Se divertían los campesinos viendo hacer a los misioneros tales operaciones, y en el horno poblado de cabezas descubrían una graciosa imagen del purgatorio y pedían, en broma, piedad para los pequeños personajes. «No los martiricen más; bien pagaron su culpa... Éste sale enojado, con razón... La vieja tiene más conformidad, pero se le ha doblado la nariz...». Junto al fogón de una cocina aldeana, que era a la vez taberna, los muñecos tenían ya una vida teatral, animada por el humor campesino.[2537]

No referente á *dotación material,* os misioneiros en Lugo contaban con diverso recursos pedagóxicos e audiovisuais: ilustracións, marionetas, reproducións pictóricas, libros para as bibliotecas escolares circulantes ou filmes. Porén, podemos afirmar que existía unha interesante diversificación de experiencias culturais, xa que o equipo da Misión levaba unha das coleccións do Museo de Pintura, cine mudo e sonoro,

[2533] En Eszter Katona, "Teatros ambulantes en la Segunda República española", *Colindancias-Revista de la Red de Hispanistas de Europa Central* 5 (2014): 37.

[2534] En Xosé Manuel Cid, Narciso de Gabriel Fernández e Eugenio Manuel Otero Urtaza, "Tres piares de educación contemporánea: alfabetización, dignificación da profesión docente e extensión cultural", *Realidades e horizontes da educación en Galicia* (Pontevedra: Kalandraka, 2024), 29.

[2535] En Marga Romero Lorenzo, *Entrevista a R. Dieste* (Vigo: Nigra, 1994), 112.

[2536] Ídem, 132.

[2537] Texto de Dieste publicado na Memoria do Padroado. En Manuel Aznar Soler, "Rafael Dieste y el Retablo de Fantoches de Misiones Pedagogicas", *Las misiones pedagógicas 1931-1936* (2007), 469.

gramófono, biblioteca e *Teatro de fantoches*.[2538] Para levar a cabo esta última actividade, en Fonsagrada durante a visita na época invernal, os misioneiros construíron marionetas de pasta de papel, cola e xeso:[2539]

> Y en horno poblado de cabezas, descubrían una graciosa imagen del purgatorio y pedían, en broma, piedad para los pequeños personajes... Junto al fogón de una cocina aldeana, que era a la vez taberna, los muñecos tenían ya una vida teatral, animada por el humor campesino.[2540]

Museo circulante de Pintura

Outro dos propósitos da Misión Pedagóxica era achegar as grandes obras artísticas ás localidades, para isto o equipo integraba nas súas visitas unha *colección circulante* de réplicas dos pintores máis famosos do *Museo del Prado*: Burreguete, Coello, El Greco, Ribera, Zurburán, Velázquez, Murillo e Goya. Estas actividades realizábanse polo xeral nos salóns de actos dos concellos e o horario de apertura era de once a unha da mañá, e de catro a nove da tarde.[2541]

Centremos agora a nosa mirada na localización das *exposicións*. Na provincia de Lugo realizáronse as seguintes mostras de *coleccións* de pintura: do 8 ao 13 de novembro en Vilalba, do 23 ao 28 de novembro en Ribadeo e do 7 ao 11 de decembro en Fonsagrada.[2542] Segundo as Memorias do Padroado de 1933, distribuíronse 14 fotografías grandes e 168 pequenas en cada unha das localidades mencionadas.[2543]

Exposición de películas

E só nos falta falar das sesións cinematográficas das Misións, que eran documentais e sesións de cine onde ollábanse películas cómicas mudas, xeralmente de Charlot, ás veces acompañadas de música de piano ou gramófono. En total, o Padroado chegou a ter un fondo aproximado de 500 películas, moitas agasalladas por Kodak. No tocante á provincia de Lugo, en 1933 reproducíronse 18 filmes nas seguintes localidades: en outubro Vilalba, en novembro Ribadeo e en decembro Baralla e Fonsagrada.[2544] En referencia a estes exposicións, con moita probabilidade, María Luísa Navarro empregou en terras luguesas o documental titulado: "Estampas de Misiones". Este filme amosaba o traballo realizado polas Misións, recollido na Cinemateca do Padroado.[2545]

[2538] Vide Patronato de Misiones Pedagógicas. *Memoria de la Misión Pedagógica-social en Sanabria (Zamora)* (Madrid, 1935).

[2539] Vide Manuel B. Cossío, *Patronato de Misiones Pedagógicas: septiembre de 1931-diciembre de 1933* (Madrid: 1934), 123-124.

[2540] En Ángel Serafín Porto Ucha, *La Institución Libre de Enseñanza en Galicia* (A Coruña: Do Castro, 1986), 121.

[2541] En Manuel B. Cossío, *Patronato de Misiones Pedagógicas: septiembre de 1931-diciembre de 1933* (Madrid: 1934), 115-116.

[2542] Ídem, 117.

[2543] Os "donativos das producións fotográficas" tiñan as seguintes medidas 26 x 35 con marco fotográfico as reproducións grandes e 13 x 18 as pequenas. En Manuel B. Cossío, *Patronato de Misiones Pedagógicas: septiembre de 1931-diciembre de 1933* (Madrid: 1934), 118.

[2544] En Manuel B. Cossío, *Patronato de Misiones Pedagógicas: septiembre de 1931-diciembre de 1933* (Madrid: 1934), 86.

[2545] Vide Eugenio Otero Urtaza, "The educational missions under the Second Republic in Spain (1931–1936): A framework for popular education", *Paedagogica Historica. International journal of the history of education*, 47, Nª 1 (2014): 207-220.

Coa instauración do goberno da *CEDA*, a partir do outubro de 1933 minorouse case por completo a actuación das Misións Pedagóxicas. Tres anos máis tarde en 1936, os vencedores da Guerra Civil interromperon totalmente a actuación destas iniciativas. O posterior período ditatorial desmantelou integramente as misións, e calquera iniciativa republicana implantada no primeiro bienio reformador (1931-1933): de xeito concreto, a *Junta da Defensa Nacional* levou a cabo a incautación e destrución das obras consideradas socialistas e comunistas das bibliotecas circulantes, oprimindo tamén aos integrantes deste organismo.[2546] Mediante *Vida Escolar* sabemos que a Comisión de Depuración propuxo dividir os libros en tres grupos: "os que poden ser empregados nas escolas e lidos polos nenos, os destinados exclusivamente ás bibliotecas de adultos e os que tiñan que ser retirados por diversas circunstancias das bibliotecas locais". Aínda así, grazas sobre todo á creación destes "suprimidos proxectos" durante este tempo promoveuse a cultura nas localidades rurais, seguindo a liña ideolóxica comezada por Giner de los Ríos e Cossío.[2547] Porén, convén poñer en valor estes servizos xa que dotaron ás zonas rurais de libros, contribuíndo a crear un campesiñado interesado pola cultura escrita, carentes case por completo de material bibliográfico, achegando así os libros ás localidades con menos posibilidades de acceso cultural.

4.4.7. A importancia da muller como educadora e protectora da infancia

No que se refire á implantación da *coeducación* na provincia lucense, cómpre ter en conta a opinión de Xoán Francisco de Castro Fernández, nacido en Lugo en 1772. Este clérigo e avogado tivo unha grande influencia na intelectualidade lucense e foi moi crítico coas costumes tradicionais. Segundo o propio de Castro, a implantación de escolas para nenos e nenas servía para loitar contra a decadencia da xuventude na súa cidade natal. Finalmente en 1792, o Consello de Castela autorizou a utilización dos fondos píos beneficiais da catedral para a creación de colexios, como xeito de combater o deficitario estado da ensinanza. Unha circunstancia de deterioro educativo descrita polo propio Francisco de Castro do seguinte xeito:

> Se hace irremediable que gran parte de esta juventud de ambos sexos quede sin educación christiana, inepta e imposibilitada para las artes y oficios útiles y necesarios para la sociedad. En cuanto a los enfermos es cosa lastimosa ver hombres y mujeres cadavéricos por la calle sin social refugio...[2548]

[2546] En Carmen Muñoz Manzano en J . M. J. / C. F. Ribeira, "Fallece la vida de Rafael Dieste", *La voz de Galicia*, extraído o 13 de abril de 2002 de: http://www.lavozdegalicia.es/hemeroteca/2002/04/13/1046341.shtml; para José del Peso y Sevillano en "Expediente de José del Peso y Sevillano" (Madrid: ACME-AGA. Sinatura: 083713-2576); en José Galera Moreno, "Expediente de José Galera Moreno" (Madrid: ACME-AGA, Sinatura: 018462-0075); para Luís Jorge Téllez de Meneses en Batanaz e Ubaldo Ruiz Tablado en Luis Palomares, *La inspección de primera enseñanza durante la guerra civil y el primer franquismo* (Córdoba: Servizo de Publicacións da Universidade de Córdoba, 2011) 198-205; para Joan Comas Camps en Carmen Ortiz García e Luis Ángel Sánchez Gómez, *Diccionario histórico de la antropología española* (Madrid: Edit. Consejo Superior de Investigaciones Científicas, 1994), 208; para Elisa Rodríguez Estévez en "Expediente de Elisa Rodríguez Estévez" (Madrid: ACME-AGA: 083710-05663); en Luis Soto Menor, "Expediente de Luis Soto Menor" (Madrid: ACME-AGA: 083711-797); e en Antón Costa Rico e Uxía Bolaño Amigo, "Represión política e castigo do profesorado republicano na provincia de Lugo. As consecuencias do 36", *Sarmiento,* Nº 21 (2017): 116.

[2547] En Ángel Serafín Porto Ucha, *La Institución Libre de Enseñanza en Galicia* (A Coruña: Do Castro, 1986), 391.

[2548] En F. Dopico: 61 e 85-95, citado en Concepción Burgo López e Felipe Arias Vilas, "Lugo na Idade Moderna", en *Historia de Lugo* (A Coruña: Vía Láctea, Capítulo: III, 2001), 176.

Antes afondar no estudo do século XX é oportuno realizar unha revisión histórica da progresiva incorporación da muller na provincia de Lugo aos estudos primarios que lle permitiu acceder aos secundarios. Convén ter en conta, que os séculos anteriores se caracterizaron por unha desatención considerable pola escolarización das mulleres, excluídas inicialmente do sistema de instrución pública ideado polo liberalismo español. Ademais, por aquel entón a escola procuraba a formación dunha muller cun perfil centrado no desempeño das funcións de esposa e de nai.[2549]

Nesta provincia, os antecedentes educativos femininos nas cidades estaban ligados a un carácter eclesiástico e privado.[2550] Na capital lucense, en 1773 existía o *Convento de Santa María,* coñecido como "a Nova": un centro habitado por 34 relixiosas e dez mulleres xoves, no que se practicaba una educación católica tradicional. As irmás impartían o catecismo como instrución principal, usando unha ensinanza fundamentada na fe cristiá. Cabe sinalar, que non todas as menores lucenses podían acudir aos centros privados. Na cidade de Lugo, o Colexio público *da Milagrosa,* situado no edificio do antigo *Hospital de San Bartolomé,* atendían ás nenas con menos recursos. Ademais nas zonas rurais as alumnas iban ás escolas públicas, por regra xeral as únicas, alcanzando maiores taxas de analfabetismo e absentismo escolar que os alumnos.

Para entender mellor a evolución histórica da ensinanza feminina lucense cómpre coñecer o papel que tiñan as mulleres como *educadoras* e a súa influencia sociocultural no século XIX.[2551] A presenza da muller estivo vinculada principalmente ao coidado dos fillos, traballos domésticos e agropecuarios; pero tamén á constitución de diversas asociacións dedicadas á beneficencia e á educación, segundo Marcos Villares Díaz excesivamente influídas pola Igrexa.[2552] Talvez este modelo de educación tradicional trasladou unha serie de roles que limitou as súas posibilidades de acceso á educación nos primeiros anos do século XX. Este aspecto influíu aos homes en menor medida, como se observa nas porcentaxes de alfabetización e asistencia escolar. O inspector José del Peso explicaba así as circunstancias da elevada ausencia das alumnas nas escolas:

> Son, pues, numerosos los días que, durante el curso, se ven privados de recibir la instrucción los hijos de los campesinos gallegos, los cuales no pueden asistir con asiduidad a sus escuelas sino cuando las lluvias o las nieves, por fortuna frecuentísimas en esta región, estorban la realización de las tareas agrícolas.[2553]

Ademais, é necesario analizar qué pasaba coas alumnas que non acudían á escola. Así, eran as súas nais quen regularmente exercían o seu coidado nos fogares, encargándose cos seus recursos persoais da educación non regrada das cativas: mestres de ferrado ou aceptación da situación de analfabetismo. O feito de que os homes tivesen que traballar por unha cuartilla de terra ou xornal fóra do fogar propiciou que a muller esperara coidando da casa -no sentido amplo-: traballo agrario, administración e crianza...; este aspecto case idiosincrático fixo que o reparto dos quefaceres diarios non

[2549] En Narciso de Gabriel, "A educación das mulleres no século XIX: exclusión, dependencia e autonomía", *Sarmiento,* Nº 17 (2013): 7.

[2550] En Antonio Prado Gómez, *La Diputación Provincial y los inicios de la instrucción pública* (Lugo: Servizo de Publicacións da Deputación Provincial, 1990), 35.

[2551] En Emilio Grandío Seoane, *Los orígenes de la Derecha Gallega: la CEDA en Galicia (1931-1936)* (A Coruña: Edicións do Castro, 1998), 102-106.

[2552] En Marcos Villares Díaz, "A muller consevadora lucense: do labor social á organización da dereita política" (1931-1933), *Revista CROA Boletín do Museo do Castro de viladonga* (2014), 48-49.

[2553] En José del Peso y Sevillano, "Galicia y su Enseñanza Primaria" (Madrid: Arquivo JAE. Sinatura: JAE/115-391, xuño 1925).

foran equitativos. No campo, era normal que nais e fillas participaban nos labores agropecuarios baixo as duras condicións climatolóxicas e montañosas da provincia lucense. Esta *sobreocupación* da muller liberaba en parte ao resto dos integrantes familiares destes quefaceres.

Mentres tanto nas principais *cidades* da provincia luguesa, onde as condicións de vida eran menos arduas e a dedicación agropecuaria menos aguda, algunhas mulleres comezaban a compaxinar a vida laboral coas súass ocupacións familiares, xurdindo así varios grupos femininos fortemente influídos pola Igrexa, que traballaron a prol da infancia nas diversas asociacións mencionadas anteriormente.[2554] Neste contexto histórico naceu a *Asociación de Madres-La Gota de Leche* (en adiante LGL): consciente e preocupada polas familias máis necesitadas de Lugo.[2555] Ademais, cómpre ter en conta o panorama social que achou Unamuno na súa viaxe por terras galegas, recollida na súa obra *Por tierras de Portugal y España*:

> El paisaje es en Galicia femenino, y luego apenas se ve mujeres más que trabajando en el campo; los hombres están fuera navegando, pescando en América, en el interior de España. Allí quedan, en la tierra vieja, mujeres y niños... me aseguraron que había quince o dieciséis mozas por cada mozo soltero, y en general podría suponerse que hay una docena de mozas por cada mozo.[2556]

Convén ter en conta que a finais do século XIX existía un gran medo colectivo ante a posibilidade de ruptura da estructuración social básica: a familia. Durante o tempo no que estivo á fronte da *Sociedad Económica de Amigos del País de Lugo* levouse a cabo a tentativa de crear varias escolas mixtas no *Hospital de San Bartolomé,* mediante a aplicación dun fondo caritativo da catedral. Finando o século XIX, a provincia de Lugo contaba con 226 institucións na que se xuntaban nenos e nenas, ao ser escolas unitarias. Ademais, existían 177 escolas libres sostidas durante o inverno e a primavera nas localidades rurais, centros onde se aplicaba unha educación mixta.[2557] Polo xeral realizábase por imperativos circunstanciais, é dicir, xuntábanse nenos e nenas ante a imposibilidade de crear dúas escolas separadas por xénero, máis que por convicción pedagóxicas.

Na cidade de Lugo, a finais do século XIX, a *Escuela Nacional* de ensinanza primaria estaba atendida pola mestra Carmen Chaín. Esta docente impartía as súas clases nunha antiga casona da Praza Maior, edificio onde en 1896 se construiu *El Círculo de las Artes*. Esta escola era coñecida como "La Tajonera", alí acudían nenos de ambos sexos para aprender a ler, escribir e rezar. Por aqueles anos, neste tipo de escolas empregábanse os seguintes libros: *El Silabario*, *La Guía del Artesano*, *El Catecismo del P. Astete*, *El Catón de San Casiano*, *El Catecismo de Ripalda*, *El Catón de José González Seijas*, *El Libro segundo*, *El Fleure* e as cartillas *Rayas* de Ángel Rodríguez Álvarez. Daquela, algunhas nenas pasaban a colexios particulares onde aprendían a cultura xeral e labores. As escolas máis recoñecidas ou con máis fama da capital lucense

[2554] En Emilio Grandío Seoane, *Los orígenes de la Derecha Gallega: la CEDA en Galicia* (1931-1936) (A Coruña: Edicións do Castro, 1998), 102-106.

[2555] Superando os desfavores históricos e con capacidade para compaxinar o traballo público e privado, varias mulleres ocuparon a dirección e o mantemento de varias asociacións como o *Ropero Escolar* ou a *Asociación de Madres de Familia*, con publicacións en: Asociación de Madres de Familia, "Ropero Escolar ou a Asociación de Madres de Familia no diario", *El Progreso,* Lugo, 19 de xaneiro de 1921.

[2556] Neste libro describiu as súas impresións sobre a realidade galega en xeral, salvagardando as correspondentes e lóxicas particularidades das zonas de montaña e costa. Así, manifestou, moi oportunamente, o papel da feminidade das terras galegas, a descompensación demográfica entre sexos e a relevancia social da muller entre 1906 e 1909. Vide Miguel de Unamuno, *Por tierras de Portugal y España* (Madrid: Espasa-Calpe, 1969).

[2557] En Antonio Correa Fernández, *Historia fin de siglo* (Lugo: Tipografía de A. Villamarín, 1990), 72.

eran a *Escuela de Emilia Nieto* e a das *Señoritas de Rois*: a música, sobre todo o piano, foron a moda educativa das familias, nunha cidade acostumada a participar en orfeóns e concursos musicais.[2558]

Respecto á atención das *nenas sen recursos*, na cidade de Lugo en 1879, seis eclesiásticas *Hijas de la Caridad* fixéronse cargo da beneficencia provincial. No edificio do museo, este grupo de relixiosas ocupáronse da educación dos nenos e nenas pobres de 3 a 6 anos do hospital, do asilo e do hospicio. En 1900, o bispo Benito Murúa solicitou a este grupo de monxas que se fixeran cargo da Escola de Nenas sen recursos situada na Igrexa de San Froilán.[2559] Nesta cidade, a directora da *Escuela Pública de Niñas*, Rosa Filomena Grobes, describía con dor a finais do século XIX a descoidada situación da educación, sobre todo no referido á dotación e á organización pedagóxica: "a situación non era propicia para levar a cabo unha adecuada educación coas alumnas lucenses". Ademais Rosa Filomena non só se ocupaba do ensino das nenas, senón que tiña unha aprendiz "gratuita" ao seu cargo, á que instruía no oficio do maxisterio. Despois de varios anos loitando por mellorar o ensino público, esta mestra obtivo o premio de *Modelo en su Clase*, sendo ascendida.[2560] Por este motivo, afirmamos que foi unha das docentes máis destacadas do ensino desta cidade a finais deste século. Igualmente, nestes anos o inspector Manuel Panero confirmaba a mala dotación da escolas públicas nesta cidade.[2561]

O *aumento da asistencia escolar feminina* redundou de xeito positivo no acceso a estudos superiores. Respecto á presenza de mulleres na educación secundaria, segundo Consuelo Flecha, a presenza de chicas matriculadas nas aulas do Instituto de Lugo remóntase ao curso 1879-1880.[2562] Isto supuxo un grande avance na ensinanza feminina desta provincia,[2563] facilitando a progresiva incorporación de cada vez máis mulleres aos estudos superiores, propiciando a incorporación laboral e a feminización da ensinanza.

Os inicio do século XX e os cambios favorables para a educación feminina

Partindo da mala situación da educación feminina no século XIX, o *avance* experimentado durante as primeiras décadas do século XX foi significativo. Así comezan a aparecer as primeiras mulleres "asembleístas", presentes na tribuna do *Congreso* na ditadura de Primo de Rivera: as súas primeiras opcións e propostas

[2558] En Salvador Castro Freire, *Lugo y sus hombres. Ensayo de síntesis histórica* (Lugo: Imprenta Celta, (...), 129.

[2559] En Sabela Corbelle, "Aulas que todavía no colgaron los hábitos", *El Progreso*, Lugo, extráido o 12 de xuño de 2022 de: https://www.elprogreso.es/articulo/lugo/aulas-que-todavia-colgaron-habitos/202206121327321583259.html.

[2560] En Rosa Filomena Grobes Jeremías, "Propuesta de ascenso de Rosa Filomena Grobes Jeremías" (Lugo: APL. Fondo Concello. sinatura: 931, 1886).

[2561] O inspector de primeira ensinanza de Lugo Manuel Panero realizou un informe sobre o depauperado estado das escolas públicas na provincia de Lugo, aportando datos interesantes sobre o investimento escolar en Galicia que achegamos. En Manuel Panero, "Informe sobre a inversión educativa" (Lugo: APL. Fondo Concello, sinatura: 931, 1859).

[2562] En Consuelo Flecha García, "La incorporación de las mujeres a los institutos de segunda enseñanza en España", *Historia de la Educación*, Nº 17 (1998), 166.

[2563] Vide Consuelo Flecha García, "Las mujeres en el sistema educativo español", *Las mujeres en la construcción del mundo contemporáneo* (2002), 211

ofreceron novas perspectivas reivindicativas sobre o papel da muller na educación.[2564] Coa entrada do século XX comézase a admitir en Galicia a implantación dunha escolarización conxunta física e curricular. Esta iniciativa levouse a cabo unicamente en períodos intermitentes, especialmente no intervalo de Goberno republicano-progresista (1931-1933).[2565]

Ilustración 129. Rosario Torviso Monge (1916-2016), (publicada en *Lucenses singulares*, *El Progreso*)

Respecto ao *acceso da muller á educación* era complexa, pero pouco a pouco esta situación de desfavor educativo foi minguando. Como consecuencia, durante os primeiros anos do século XX comezan a incrementarse o número de mulleres con estudos superiores. Así, excepcionalmente algunhas lucenses accederon a postos cualificados, entre as que destacaron: Antonia Ortiz Currais como primeira inspectora de ensino primario en Galicia, Rosario Torviso Monge como primeira profesora de Ciencias do Instituto de Lugo, e Manuela Antonia Barreiro Pico como primeira muller matriculada na *Universidad de Santiago de Compostela* (1896) e a primeira licenciada en 1900.[2566]

Por outro lado, convén ter en conta que a *incorporación laboral* das mulleres en Lugo experimentou un aumento no primeiro terzo do século XX,[2567] aspecto "exemplificador" que redundou de forma positiva na incorporación doutras mulleres aos estudos superiores. En efecto, nestes primeiros anos produciuse un incremento da feminización docente e da inspección: factor relevante para o posterior desenvolvemento escolar e benéfico. Pese a isto, segundo Cristina Navarro Robles a invisibilidade feminina no relato histórico foi unha realidade ata fai poucas décadas.[2568] Convén ter en conta que socialmente a presenza da muller a comezos do século XX continuaba en gran medida vinculada ao coidado dos fillos, ás tarefas agropecuarias e ás domésticas.

Durante estes anos e sobre todo nas cidades, as familias lucenses máis acomodadas mandaban as súas fillas a colexios privados, factor que influenciaba as súas posibilidades de acceso á educación.[2569] Nas zonas rurais, a maioría das nenas asistían ás escolas públicas con irregularidade, porque tiñan que dedicar tempo ao traballo

[2564] En Isabel Grana Gil, "Identidad femenina durante la dictadura de Primo de Rivera: las mujeres asmbleístas", *XX Coloquio- Congreso Internacional Historia de la Educación. Identidades-Intercionalismo, Pacifismo y Educación. Siglos XIX y XX* (Ourense: Deputación de Ourense-SEDHE, 2019), 204.

[2565] En José Ramón Fernández Vázquez, "Algúns aspectos históricos sobre a incorporación femenina á educación e a normalización do formato escolar mixto en Galicia", *Sarmiento,* Nº 7 (2003): 90.

[2566] En José de Cora Paradela, *110 lucenes singulares* (Lugo: *El Progreso* de Lugo S.L. 2018), 46.

[2567] En Ana Cebreiros Iglesias, "O acceso das mulleres ao ensino secundario e superior en Galicia no primeiro terzo do século XX. Unha aproximación histórica", *Actas do V Congreso Manuel Luís Acuña* (Orense: Deputación Provincial de Ourense, 2021), 43.

[2568] En Cristina Navarro Robles, "Educación femenina en las culturas políticas del primer tercio del siglo XX", *Pedagogias alternativas y educación en los márgenes a lo largo del siglo XX* (Valencia: Universidade de Valencia, 2022), 46.

[2569] En Gobernador Civil, "Carta del Alcalde de Lugo al presidente de la Junta provincial de primera enseñanza en 1885" (Lugo: APL. Fondo Concello. Sinatura: 931, 1885).

agrario.[2570] Tendo en conta a excesiva ruralización desta provincia, superior ao 80%, a economía luguesa era principalmente de autoabastecemento onde costumes e descansos se organizaban en torno ao traballo.[2571] Segundo o mestre Quintela Ferreiro, tanto nenas como nenos tiñan que colaborar con frecuencia nas tarefas agrarias porque as familias necesitaban da súa axuda.[2572] Por este motivo, a realidade social da muller estivo vinculada a un atraso educativo e económico característico de Galicia.[2573] Este factor non favoreceu ao acceso do sistema educativo nin a asistencia escolar, feito que atrasou a presentación de certa modernidade cultural. Ademais, probablemente este foi un dos motivos polos que as mulleres tiñan a taxa de alfabetización máis baixa e un absentismo bastante agudo.[2574] A finais deste século, Antonio Correa Fernández describía o panorama cultural lucense facendo fincapé nos adiantos conseguidos no tema da alfabetización:

> Los lucenses se hallan bastante ilustrados y puede decirse que desde este punto de vista han adelantado muchísimo; prueba de ello es que la provincia de Lugo figura en las estadísticas españolas como una de las que tienen mayor proporción de individuos que saben leer y escribir; sin embargo, aún existen algunas personas que desconocen estos laudables rudimentos, sobre todo las de mayor edad, efecto casi siempre de pereza y abandono.[2575]

Ademais, o papel feminino na provincia de Lugo cambiou de forma importante a causa da *emigración lucense* a América. A saída de homes ao estranxeiro obrigou á muller a colaborar aínda máis nas tarefas do campo.[2576] En xeral todo os membros da familia participaban en maior ou menor medida nos quefaceres agrícolas. Baixo esta tesitura, o papel social feminino cobrou unha importancia fundamental, xa que, ante a ausencia dos familiares masculinos, as mulleres se ocupaban case exclusivamente da educación e da administración familiar dos capitais indianos.[2577] En efecto, tradicionalmente emigraban case exclusivamente os homes, pero pouco a pouco as mulleres participaron tamén nestes movementos migratorios de poboación. Así, en vista do estancamento económico implantado en Lugo, moitas acompañaron ao resto da familia emigrada. En 1925 segundo José del Peso y Sevillano, as mulleres comezaban a mudar a costume tradicional de agardar polos seus homes en terras lucenses.[2578] Este fluxo de capital humano, foi a orixe dunha nova estruturación familiar, onde foi ela quen levou a administración dos fogares nas vilas. Circunstancia descrita o mesmo ano

[2570] En José Manuel Vázquez López, "Relación entre a defensa da escola rural cos inspectores e Mestres (Lugo 1900-1936)", *Educació i desenvolvement rural als segles XIX-XX-XXI* (Lleida: Universitat de Lleida, 2018), 161-175.

[2571] Esta carta foi escrita no confinamento de Salmerón en Lugo, tras a aplicación da "segunda cuestión universitaria de Orovio", en plena Restauración. En Ángel Serafín Porto Ucha, *La Institución Libre de Enseñanza en Galicia* (A Coruña: Do Castro, 1986), 76.

[2572] Esta situación foi arrastrada dende finais do século XIX ata 1923. En Antonio Quintela Ferreiro, *Problemas de la escuela actual*, *El Progreso*, Lugo, 14 de outubro de 1923.

[2573] En F. Andoneguí, "Mestra da Escola de Niñas da cidade de Lugo, comunicando as numerosas baixas das alumnas por dedicarse aos labores do fogar ou por mortalidade" (Lugo: APL. Fondo: Concello, sinatura: 931, 1908).

[2574] Este espazo foi ampliado coa consulta dos estudos históricos de Atonio Viñao e Narciso de Gabriel que fan referencia aos altos índices de analfabetismo na provincia lucense a inicios do século XX.

[2575] En Antonio Correa Fernández, *Historia fin de siglo* (Lugo: Tipografía de A. Villamarín, 1990), 72.

[2576] Trátase dunha cuestión moi importante para Galicia e en concreto para Lugo. O 90% das aldeas de Lugo non alcanzaban os 500 habitantes, cifra que a Lei Moyano esixía para constituír unha escola. Este factor obrigaba a implantar un centro no asentamento correspondente. En varios "Novembro-1884", *Periódico Semanal de Instrucción Pública,* (Madrid: exemplar conservado en APL. Fondo: Concello. Sinatura: 931, 1884).

[2577] En José del Peso y Sevillano, "Galicia y su Enseñanza Primaria" (Madrid: Arquivo JAE. Sinatura: JAE/115-391, xuño 1925).

[2578] Ídem.

por Indalecio Prieto,[2579] que aseguraba nun artigo baixo o título "La emigración española":

> América, que antaño necesitó de esclavos, ahora ha menester de hombres libres. No se compran estos en el mercado, como se compraban los negros; pero van a América empujados por los malestares económicos y atraídos por el ansia de bienestar y libertad.[2580]

Esta circunstancia dificultou a aparición de certa modernidade cultural e o acceso da muller ao sistema educativo. No século XX, as vilas da provincia lucense xa contaban con comodidades impulsadas a veces polas relacións migratorias. Porén nas zonas rurais os adiantos chegarían con máis lentitude. Alí, en xeral a vida era máis dura e a muller participaba activamente nos tarefas agrarias. Esta situación estaba promovida por imperativos sociais e naturais, ante unha economía de auto-abastecemento nas zonas de montaña, onde as familias vivían principalmente do traballo da súa terra. Esta vital autosuficiencia económica, trouxo consigo un certo illamento das familias, *desdibuxando* as relacións sociais e favorecendo a falta de comunicación, reducida a contactos veciñais. No entanto, dentro das illas de montaña as relacións familiares e entre veciños eran fortes.[2581]

Tendo en conta os anteriores aspectos socioculturais e económicos, nas zonas rurais o traballo era agudo por imperativos tradicionais,[2582] nunha economía de autoabastecemento, as costumes e descansos organizábanse en torno á ocupación agrícola. Segundo Salmerón no seu desterro lucense, describía a Giner o ambiente na capital a finais do século dezanove: "o traballo tiña un papel prioritario, ocupando practicamente toda a xornada".[2583] Asemade, o mestre Quintela Ferreiro describía esta situación nun artigo titulado *Problemas de la escuela actual*.[2584] Así, a realidade social das familias estaba vinculada ás oportunidades e aos sistemas económicos tradicionais.[2585] Moitas lucenses, ante os escasos recursos, emprenderon viaxes ao estranxeiro na procura de novas oportunidades de prosperidade económica: e aquí o fenómeno da emigración tan presente en Galicia sobre todo nos anos vinte do século XX. En resumo, a saída de capital masculino e feminino ao estranxeiro, a economía de autoabastecemento e o troque de excedentes obrigou a colaborar aínda máis nas tarefas do campo á muller.[2586] Tendo en conta esta situación, moitas familias tiñan dificultades

[2579] Indalecio Prieto foi militante do PSOE e chegou a ocupar a titularidade dos ministerios de Facenda, Obras Públicas, Mariña e Defensa Nacional durante a Segunda República. Co estalido da Guerra Civil tivo que fuxir a México, terra afastada da súa terra natal asturiana.

[2580] En Indalecio Prieto, "La emigración española", *ELB*, 20 de xuño de 1925.

[2581] En José del Peso y Sevillano, "Expediente José del Peso y Sevillano" (Madrid: Arquivo JAE. Sinatura: JAE 115/391).

[2582] A presenza das mulleres nas citadas faenas agropecuarias, obrigaríanos a tela moi en conta nun análise da economía lucense deste período.

[2583] "Si las gentes de aquí no extremaran sus oficios. No sería tan ingrata la estancia." Esta carta foi escrita no confinamiento de Salmerón en Lugo, tras a aplicación da "segunda cuestión universitaria de Orovio", en plena Restauración. En Ángel Serafín Porto Ucha, *La Institución Libre de Enseñanza en Galicia* (A Coruña: Do Castro, 1986), 76.

[2584] Esta situación foi arrastrada dende o século XIX e descrita como un problema actual xa ven entrado o século XX. En Antonio Quintela Ferreiro, "De enseñanza", en *El Progreso*, Lugo, 14 de outubro de 1923.

[2585] A mestra Filomena Andoneguí en 1908, mestra da escola de nenas da cidade de Lugo, anunciaba mediante dous comunicados das numerosas baixas das alumnas por dedicarse ás ocupacións do fogar ou por mortalidade. En Filomena Andoneguí, "De enseñanza" (Lugo: Fondo do concello, APL, sinatura: 931).

[2586] Polo xeral nas zonas rurais todos os membros da familia participaban en maior ou menor medida nos quefaceres do campo. Trátase unha cuestión moi importante, sobre todo para Galicia e, en concreto para Lugo o 90% das aldeas de Lugo non alcanzan os 500 habitantes que a Ley Moyano obriga a ter para implantar unha escola. En varios, "De enseñanza", en O *Periódico Semanal de Instrucción Pública* (Madrid: exemplar conservado en APL, sinatura 931, fondo do concello, novembro 1984).

USC

para cubrir as necesidade básicas aos menores, por este motivo un grupo de mulleres decide constituír a asociación LGL na provincia de Lugo.

Por outra parte, convén ter en conta a *influencia da ILE* para a educación da muller, que aproximou o pensamento krausista e as iniciativas de educación feminina promovidas por Fernando de Castro e Francisco Giner dos Ríos.[2587] Como consecuencia, comezaron a xurdir en España novas experiencias afíns ás escolas maternais.[2588] Ao longo da segunda década do século XX, apréciase como se foron incorporando cada vez máis mulleres ao exercicio profesional do maxisterio a través da *Escuela Normal*. A presenza de profesoras no ensino foi impulsada pola apertura da *Escuela Superior do Magisterio*, a *Residencia de Señoritas* en Madrid e tamén coa apertura da *Escuela Normal de Maestras* de Lugo. Grazas a isto, durante os primeiros decenios do século XX cada vez máis mulleres dedicáronse á educación. Ademais xuridiron diversas asociacións que mantiveron unha constante relación co ensino e a beneficencia: *Escuela de Madres*, *Ropero Escolar*, etc. As docentes traballaron a prol da educación e a emancipación social da muller a través do ensino.[2589]

Primeiras reivindicacións femininas a favor da ensinanza da muller

Entre estas novas mulleres que se incorporaron á docencia, en 1908 atopamos a Mª. Concepción Currais Blanco que foi nai de Antonia Currais (a primeira inspectora de ensino primario en Galicia). Esta profesora foi a primeira muller que defendeu a creación de escolas para adultas en Lugo e a organización de cantinas escolares para a infancia sen recursos. Nestes anos foi mestra do municipio lucense do Corgo e de Nadela.[2590] Ela foi unha das pioneiras en facer estas reivindicacións. Logo comezaron a xurdir outras voces pedindo de igualdade entre homes e mulleres, dada a importancia destas para a ensinanza e a beneficencia nesta provincia, manifestadas no Certame Pedagóxico de Lugo de 1923.[2591] Así o día 11 de outubro deste ano, a profesora Dolores Parga Serrano expuxo as conclusións do seu estudo na terceira sección, trasladando as principais ideas referidas á educación da muller:[2592]

> En la sección tercera se aprobaron después de movida discusión las conclusiones siguientes, que corresponden a un interesante trabajo de la señorita Parga Serrano: 1º La mujer, por su capacidad, tiene derecho a la instrucción. 2º Por su perfección igualmente. 3º Por el papel que como mujer, esposa y madre desempeña en la sociedad, tiene la obligación de ser instruida.
>
> Medios para fomentar la instrucción femenina: 1º Debiera de crearse una especie de círculos en las ciudades como en las aldeas, para que a la vez, siquiera un día a la semana, los domingos por ejemplo, la mujer pudiera dedicarse a expandir su espíritu, cambiar impresiones tendentes a su cultura, y donde a la vez nutriese su alma con amenas lecturas instructivas. 2º Que en las ciudades lo mismo que en las villas y aldeas se diesen conferencias por lo menos mensuales, donde se fomentase

[2587] Vide Raquel Vázquez Ramil, *Mujeres y educación en la España contemporánea. La Institución Libre de Enseñanza y la Residencia de Señoritas de Madrid* (Madrid: Akal, 2012).

[2588] En M. Bufanda, "Una escuela maternal", *Revista de Pedagoxía,* Nº 39, Ano IV (1925): 111-115.

[2589] En Manuel Panero, "Informe de Manuel Panero" (Lugo: APL. fondo del Concello. Sinatura: 931).

[2590] Vide Rosa María Cid, "A primeira inspectora de ensino primario en Galicia comprometida coa ensinanza e defensora da educación da muller", *Eduga,* Nº 80 (decembro de 2020).

[2591] En Antonio Prado Gómez, *O Instituto Provincial de Lugo 1842-1975* (Lugo: Servizo de Publicacións de Lugo, 2013), 173.

[2592] Estas foron as primeiras reivindicacións feministas atopadas na provincia lucense durante o século XX, alegacións que procuraban unha maior igualdade de dereitos entre o home e a muller. Entre as principais demandas recollíanse: as de favorecer o ensino feminino e a práctica da coeducación nas escolas.

> la cultura femenina y estas fuesen dadas sin apasionamiento de sexos, y si solamente procurando con disertaciones el progreso de la mujer en el orden intelectual.[2593]
>
> Derecho de la Mujer a recibir una instrucción que corresponda a su capacidad y perfección. Es necesario que se le ofrezca buena instrucción sobre el importante papel que desempeña como mujer, esposa y madre en la sociedad. La creación oportuna de círculos culturales en ciudades, pueblos y aldeas; como la forma de reunir a más personas un día a la semana para compartir inquietudes, lecturas instructivas, experiencias culturales y personales.[2594]

Esta conferencia realizada a mediados da segunda década do século XX, foi o pórtico de *novas reivindicacións* feministas que fortaleceron socialmente os dereitos da ensinanza da muller. A este respecto, convén citar ao primeiro feminista lucense Manuel Cordero Pérez que, nas Cortes constituíntes de 1931, defendeu o sufraxio universal e a incorporación da muller como suxeito activo da política. O seu obxectivo era construír "una escuela de ciudadanía".[2595]

Reivindicacións femininas en Lugo.
1. Redución do absentismo escolar.
2. Aumento da formación feminina.
3. Descenso do traballo infantil.
4. Creación da Escola Normal de Mestras en Lugo.
5. Avances na normalización da instrución feminina.
6. Descenso da mortalidade infantil e pensións de viúvas dos mestres.
7. Seguro de maternidade e as mestras.

Fonte: Sucedeu un salto cualitativo en 1936 no que se recoñeceron melloras do seguro de maternidade. Pode consultarse en Maxisterio Español (1936). "El seguro de maternidad y las maestras". Lugo. *Vida Escolar*: Nº 502, o 17 de outubro de 1936; e en anónimo, (1915). "Artigo de prensa en relación sobre o decreto que modificou en 1915, os artigos 1º e 2º da lei do 16 de xullo de 1887". Lugo. *El Progreso* do 3 de marzo de 1915.

Ilustración 130. O mestre Antonio José Quintela Ferreiro[2596]

Grazas as novas iniciativas estudadas, pouco a pouco conseguíronse importantes progresos: redución do absentismo escolar, aumento da presenza feminina en estudos primarios e superiores, redución da mortalidade infantil, asistencia en orientación maternal en escolas de nais, descenso da participación no traballo agrario, avances na normalización da instrución feminina, pensións de viúvas ou seguro de maternidade para as docentes.[2597] Ademais, durante estes anos, o presidente da asociación *Viveiro y su Comarca*, Justo Taladrid Catá, defendía a teoría de que as escolas de

[2593] En Parga Serrano, "Congreso Pedagóxico de 1923", *El Progreso,* Lugo, 12 de outubro de 1923.

[2594] En Parga Serrano, "Reivindicación oficial da situación da muller no sistema educativo no. Congreso Pedagógico lucense de 1923", *El Progreso,* Lugo, 10 de outubro de 1923.

[2595] En Javier Rivera, "El primer feminista de Lugo", *El Progreso,* 17 de outubro de 2020, extraído o 24 de setembro de 2024 de: https://www.elprogreso.es/articulo/comarca-lugo/primer-feminista-psoe/20201017202835146509 7.html.

[2596] En Vida Gallega, "Antonio José Quintela Ferreiro", Wikipedia, extraído o 17 de xaneiro de 2025 de: https://es.wikipedia.org/wiki/Archivo:Antonio_Quintela_Ferreiro_1936.jpg

[2597] Recoñecéronse melloras sobre o seguro de maternidade. Pode consultarse en Maxisterio Español, "El seguro de maternidad y las maestras", *Vida Escolar,* Nº 502, (17 de outubro de 1936); e en "Artigo de prensa en relación sobre o Decreto que modificou en 1915, os artigos 1º e 2º da lei do 16 de xullo de 1887", *El Progreso,* Lugo, 3 de marzo de 1915.

nenas debían ser atendidas por mestras.[2598]

As primeiras asociacións femininas do século XX

A finais do século XIX e a comezos do XX, na procura da formación do bo cidadán, a urbanidade e a educación cívica en Galicia formaron parte do modelo escolar adoptado en moitas escolas para a infancia e a xuventude.[2599] Neste proceso, a muller tivo un *papel social importante*, sobre todo como mestras nas escolas e como integrantes das institucións benéficas. Por este motivo, nos primeiros decenios do século XX produciuse un aumento considerable do asociacionismo feminino. En Lugo existían dez sociedades benéficas femininas, a maioría delas estaban formadas por mulleres con convicción relixiosas ligadas ao catolicismo.[2600] Pouco a pouco, foise constituíndo un movemento provincial a prol da defensa dos dereitos da infancia, iniciado principalmente polas seguintes sociedades: *Asociación Católica de la Mujer, El Ropero Escolar, Asociación de Madres de Familia, La Cantina Escolar, LGL, Escuela de Madres, Damas Catequistas, Acción Católica Galega, Juventudes Antonianas ou a Agrupación Feminina Lucense.*[2601] En 1914 levouse a cabo a *Asamblea Nacional de Protección da Infancia.* Durante a súa celebración resaltouse o "loable" e útil labor realizado por estas agrupacións.[2602] As principais accións levadas a cabo por estas entidades eran: achegaban material a través do *Ropero Escolar*, alimentaban aos nenos e nenas pobres mediante a *Cantina Escolar*, ofertaban viaxes de verán coas *Colonias Escolares,* orientación maternal, asistencia médica, orientación educativa complementando á escola. Porén, todas elas contribuíron á creación dunha atmosfera de solidariedade coa infancia máis desprotexida e realizaban reivindicacións hixiénicas e pedagóxicas básicas, importantes tendo en conta o alto índice de analfabetismo. A nivel asistencial destacou o *Ropero Escolar* creado en 1922 baixo o teito da *Asociación Católica de la Mujer*:

> En Julio de 1922, se crea en Lugo la asociación del Ropero Escolar, formada para proporcionar a los alumnos de las Escuelas de Lugo de ropas para el invierno, reparto de vestuario para los niños pobres, para proporcionar abrigo y cubrir primeras necesidades de los alumnos, benéficamente. […] Esta asociación se encuentra dentro de la Asociación Católica de la Mujer, Carmen Pardo Losada la preside. [2603]

Unha das agrupacións máis importantes foi a *Asociación Católica de la Mujer.* A presidenta era a profesora Carmen Pardo Losada, unha muller moi comprometida coa educación das mulleres e os dereitos dos nenos sen recursos. Unha das principais accións desta sociedade era axudar para cubrir as necesidades dos alumnos e alumnas que non podían ir á escola con regularidade. En moitas ocasións, estes casos eran preocupantes dada a situación de risco social dalgunhas familias.

[2598] Vide Emilio Xosé Ínsua, *Verdades Como Puños y Consideraciones* (Xunta de Galicia, 2023), 72.

[2599] En Carmen Benso Calvo, "La urbanidad y la educación cívica como disciplinas escolares: relación e implicaciones", *Sarmiento*, Nº 12 (2008): 36.

[2600] En Emilio Grandío Seoane, *Los orígenes de la Derecha Gallega: la CEDA en Galicia* (1931-1936), (A Coruña: Edicións do Castro, 1998), 102-106.

[2601] En varios, "Asociacións" (Lugo: APL, Fondos do Goberno Civil, Sinatura: 13035/19).

[2602] En varios, "Incorporación bibliográfica en relación á protección da infancia en Lugo: *II tomo da Asemblea Nacional de Protección da Infancia*", *El Progreso*, Lugo, 21 de novembro de 1914.

[2603] En Carmen Pardo Losada, "Estatuto Asociación Católica de la Mujer", (Lugo: APL. Fondo Goberno Civil sinatura: 13040/01, 1922).

Dentro do prisma da constitución do bo cidadán, estas asociacións trasladaban leccións e consellos de urbanidade e educación cívica a través da prensa. Deste xeito, en 1901 a *Asociación de Madres de Familia* denunciaban os *malos hábitos* sociais dalgúns veciños na cidade de Lugo, afirmando: era un problema "os xogos de apostas e o alcoholismo".[2604] *El Progreso* fixo referencia á aparición dunha "compañía anónima de apostas" que preocupaba á opinión pública. Segundo esta institución, os hábitos desta compañía eran nocivos para os intereses dos lucenses, asiduos a asistir ao *Casino*. Cinco anos máis tarde, en 1906 púxose en marcha outra campaña en contra do alcoholismo na cidade como consecuencia dos numerosos incidentes ocorridos nas tascas e tabernas.[2605] Noutra ocasión esta Asociación denunciou outros aspectos relacionados coa dignificación e as boas costumes da sociedade, denunciando a necesidade de previr a venda de revistas pornográficas nos quioscos. Así a *Asociación Madres de Familia* publicaba en xaneiro de 1921 un artigo no diario *El Progreso*:

> …piden se emprenda una campaña contra la plaga del juego y que se haga cumplir la prohibición de entrada de los menores en los aludidos centros de perversión. Y continua, también solicitan que se giren visitas a los quioscos de venta de periódicos, a fin de que no se exhiban, ni mucho menos se vendan a la juventud, revistas pornográficas.[2606]

BIBLIOGRAFIA

PROTECCION A LA INFANCIA

Hemos recibido el tomo segundo de la recientemente celebrada Asamblea nacional de protección a la infancia y represión de la mendicidad, que forma un volumen de 468 páginas, con numerosos fotograbados de centros e instituciones benéficas de Madrid y provincias.

Como estos libros se editan para difundir la trascendental obra benéfico-social, debemos alabar al Consejo Superior y recomendar una obra que supone trabajo intenso por parte de cuantos han imtervenido en las sesiones de la asamblea.

Tan meritoria, loable y práctica es la labor realizada por la noble agrupación que fraternalmente ha contribuído a llenar de sabia doctrina los dos tomos de la asemblea, que no han menester de encomio especial; ella sola se alaba y se recomienda a la gratitud del Estado, del Consejo Superior y de todos cuantos se interesan por la solución del problema infantil y de reprimir la mendicidad pública.

La edición de los dos volúmenes, no sólo son un alarde de confección, de orden y de gasto considerable, sino que es la primera asamblea que ha logrado repartir a sus odheridos, antes del año de su celebración, las actas que conmemoran el éxito indiscutible de la inolvidable asamblea protectora oficial.

Ilustración 131. Protección á infancia, (*El Progreso)*

Respecto á ensinanza primaria, as mestras e integrantes das sociedades tamén *denunciaron o mal estado das escolas* a través das asociacións sindicais-femininas e as Juntas Locais. Así, o doce de xaneiro de 1906, María Concepción López González,

[2604] En Asociación de Madres de Familia, "Denuncia pública en contra del juego y la exposición de revistas pornográficas", *El Progreso,* Lugo, 19 de xaneiro de 1921.

[2605] Vide José Trapero Pardo, *Lugo 100 años de vida local* (Lugo: Edicións Celta, 1969).

[2606] En Asociación de Madres de Familia, "Denuncia pública en contra del juego y la exposición de revistas pornográficas", *El Progreso,* Lugo, 19 de xaneiro de 1921.

mestra da *Escuela de San Pedro de Meira,* trasladaba o seu malestar polas malas condicións laborais e pola desproporcionada *ratio* de alumnos e alumnas. Igualmente, en 1908 a mestra da *Escuela de San Juan del Campo* manifestaba a súa preocupación sobre a mala situación do pavimento, a falta de iluminación, as condicións de frío e a humidade da súa escola.[2607] Asemade en 1924, o inspector Luis Soto Menor describiu as duras condicións das escolas da capital:

> Es vergonzoso que en esta capital se hayan hecho tantas obras de urbanización y se sigan haciendo otras cuyo provecho no le toca discutir y no haya un hombre de espiritualidad suficiente para emprender la más necesaria y provechosa de todas, la construcción de edificios adecuados para sus escuelas primarias.[2608]

Outro aspecto importante foi á análise do papel do clero nestas sociedades. Observamos como a *Igrexa* estivo presente na maioría de iniciativas referidas, sobre todo, á beneficencia, destacando o marcado carácter evanxelizador de varios grupos de mulleres que levaron unha vida moi activa no referente á difusión de iniciativas altruístas,[2609] con moita frecuencia promovendo os valores educativos do catolicismo.[2610] Porén, o Bispo de Lugo Benito Murúa avogou pola proliferaron deste tipo de asociacións.[2611] Non obstante, a influencia católica nas asociacións desta provincia é apenas discutible.

Ilustración 132. Manuela Antonia Barreiro Pico (publicada en *Luceses singulares*)

As mulleres máis destacadas das organizacións

Tendo en conta as mulleres luguesas máis destacadas e que promoveron o societarismo, é necesario citar a Generosa Moreno Rodrigo, muller do benfeitor infantil e mestre nacional de Ribadeo Ángel Julio Santos Vila,[2612] o cal foi substituído posteriormente por Juan Encinar.[2613] Esta educadora dedicou toda a súa vida a traballar a prol da infancia máis desprotexida mediante a *Fundación Benéfico-docente Ángel Santos Vila* e o *Premio Ángel Santos Vila*, que

[2607] A cidade de Lugo en 1908 contaba cun total de 11.721 habitantes dos que 1500 eran nenos de entre 6 e 12 anos. Segundo estes datos o Concello debía de contar con seis escolas de nenas, cinco elementais e unha de clase superior. Así e todo, por aqueles anos esta cidade tan só contaba con dúas escolas de nenas, unha elemental e unha superior. En varios, "De instrucción", *Boletín Oficial de la Provincia* de 1908 (Lugo, 1908).

[2608] En Xunta Local, "Expediente de reorganización de la Junta Local de Primera Enseñanza" (Lugo: APL. Fondo Concello. Sinatura: 1202-01, febreiro 1908).

[2609] En Emilio Grandío Seoane, *Los orígenes de la Derecha Gallega: la CEDA en Galicia* (1931-1936) (A Coruña: Edicións do Castro, 1998), 102-106.

[2610] En Eric Jorge Fontoba Jordá, "Asociacionismo docente en España durante el siglo XIX y XX. Inicios y puntos de partida durante el siglo XIX", *Pedagogias alternativas y educación en los márgenes a lo largo del siglo XX* (Valencia: Universidade de Valencia, 2022), 76-77.

[2611] En Colexio Milagrosa de Lugo, Fotos históricas, extraído o 3 de xaneiro de 2021 da páxina do Colexio Plurilingüe da Milagrosa de Lugo, sección historia, http://lu37.e.telefonica.net/historiacole.html.

[2612] En José de Cora Paradela, *110 lucenses singulares* (Lugo, Edit. en *El Progreso,* 2018), 2.

[2613] En Asociación Magisteria, "Los curillos de Magisterio", *El Progreso*, Lugo, 5 de xaneiro de 1932.

levaba o nome do seu marido.[2614] O seu traballo nesta corporación altruísta foi un factor de progreso e de igualdade de oportunidades, promovendo a lectura. Esta muller ocupou o posto de responsabilidade, manifestando a súa preocupación polo analfabetismo da poboación sen recursos e as desvantaxes socioculturais que este sector soportaba.[2615]

Outra lucense desacada foi María Vázquez Suárez, mestra nacida en Vilaescura (Sober) en 1894. Logo estudou na Escola Normal da Coruña, exercendo como docente nas escolas da Pobra do Caramiñal e Miño. A nivel político promoveu mitins en defensa dos dereitos das mulleres, colaborando coa *Liga Internacional de Mujeres Ibéricas e Hispanoamericanas* e a *Asociación de Mujeres Republicanas*. En 1933 formou parte da FETE-UGT, ocupando o cargo de vicetesoureira en 1935. En 1936 foi cruelmente asasinada polos franquistas en Miño por defender os dereitos dos traballadores e das mulleres dende o bando republicano-socialista.[2616]

Ilustración 133. Generosa Moreno Rodrigo (publicada en *El progreso*, *Luceses singulares*)

Por outro lado, convén incidir no papel da *Comisión de Instrucción Pública.* Este organismo era unha entidade encargado de estudar e propoñer reformas ao sistema educativo. Este grupo, entre outras propostas, demandou unha maior atención educativa á muller luguesa, propoñendo a creación dunha *Escuela Normal de Maestras* na cidade de Lugo.[2617] A creación desta Institución significou un adianto para a formación educativa do maxisterio feminino.[2618] Cabe sinalar, o esforzo realizado por María Padrón González como directora deste centro para mellorar as súas condicións.[2619] Nesta institución estudou Amalia Álvarez Gallego (1906-2001), esposa de Alexandre Bóveda. Esta muller era filla do mestre e escritor Xerardo Álvarez Limeses, á súa vez tío e padriño de Xosé María Álvarez Blázquez: gañador do premio das Letras Galegas en 2008. A pesar de estudar maxisterio acabou opositando para facenda pública. Amalia Álvarez era xunto ao seu marido membro da *Coral Polifónica de Pontevedra*.[2620]

[2614] En José de Cora Paradela, *110 lucenes singulares* (Lugo: *El Progreso*, 2018), 92-93.

[2615] Un claro exemplo foi a capital provincial lucense que en 1908 contaba con 21 escolas privadas e catro escolas públicas.

[2616] En Juan Sobrino Ceballos e Manuel Domínguez Ferro, "¡Que pouco vale unha mestra! Un achegamento á figura de María Vázquez Suárez", *Cátedra*, Nº 18 (2011): 211-227.

[2617] En A. Bernardino, "Carta de Bernardino A. á Comisión de Instrución Pública de Lugo o 8 de abril de 1897" (Lugo: APL. Fondo Concello. Sinatura: 931, 1897).

[2618] A partir do curso 1927 concederíanse 50 títulos de mestras de primeira ensinanza. Analizamos este dato e a convocatoria de ingreso á Escola Normal de Lugo para o curso 1927-28 en varios, "Convocatoria de ingreso a Escuela Normal", *El Progreso*, Lugo, 30 de marzo de 1928 e 1 de outubro de 1929.

[2619] En Antón Costa Rico e Uxía Bolaño Amigo, "Represión política e castigo do profesorado republicano na provincia de Lugo. As consecuencias do 36", *Sarmiento*, Nº 21 (2017): 106.

[2620] En Xose María Álvarez Blázquez, *Alexandro Bóveda* (Vigo: Ir Indo, 1992), 11.

Ilustración 134. Profesora Amalia Álvarez Gallego (1906-2001), esposa de Alexandre Bóveda, publicada en *Lucenses singulares (El Progreso*)

Unha das profesoras máis destacadas da Escola Normal en Lugo foi Carmen Pardo Losada. Esta ourensán nacida en 1890, estudou en Madrid na EESM. Máis tarde traballou na *Escuela Normal de Mestras de Lugo* como catedrática de *Pedagogía, Historia del Derecho y Legislación Escolar*.[2621] Na escola lucense foi directora dende o 3 de setembro de 1916 ata o 8 de xuño de 1931, cargo que ocupou ata a instauración da Segunda República. O 20 de xuño de 1928 formou parte da Xunta da *Institución La Gota de Leche* e do *Padroado de Cantinas e Colonias Escolares*. A nivel organizativo en Lugo contribuíu á creación da Escola Graduada anexa a Maxisterio. Despois da Guerra Civil, en 1939 sería reposta e volveu dirixir a *Escuela Normal de Maestras de Lugo* ata 1959, probablemente por conveniencia do franquismo. Pola súa contribución social e cultural foille concedida a *Cruz de la Orde de Alfonso X el Sabio*. Ademais foi nomeada como Directora Honoraria da Escola de Maxisterio Feminina. Finalmente faleceu en Madrid en 1983.[2622]

Outra docente comprometida coa formación feminina no exercicio do maxisterio foi Ana María Múgica. Esta lucense foi a primeira muller en acceder a unha cátedra en Lugo e ocupou o cargo de directora da Escola Normal da mesma cidade, amosando boas habilidades para a súa organización.[2623] En xaneiro de 1932, presidiu os *Cursillos del Magisterio* promovidos pola *Dirección General de Primera Enseñanza* en Lugo. A súa praza como directora da Escola Normal foi ocupada posteriormente por Herminia Martínez Cabrera. Esta muller era tamén integrante da *Junta de Damas de La Gota de Leche*, para a protección da infancia.[2624] En Lugo, Herminia dedicou gran parte da súa vida á formación das mestras como docente de *Lengua castellana y Literatura*,[2625] ocupando simultaneamente a dirección da *Escuela Normal*.[2626] Asemade ocupou os cargos de vogal da *Junta Provincial de Primera Enseñanza*,[2627] vicedirectora da *Escuela Normal de Lugo*, xurado de varios tribunais,[2628] profesora de cursos de oposicións,[2629]

[2621] En María José Méndez Lois (Coord.), *Mulleres na educación en Galicia* (MUPEGA: Xunta de Galicia, 2009), 199-200.

[2622] En Adolfo de Abel Villela, *Cincuenta años de Formación Profesional en Lugo (1932-1981)* (Lugo: Xunto de Galicia, Consellería de Educación e Cultura, 1985), 90-92.

[2623] Foi destinada para a Escola Normal de Lugo en virtude do Real Orde do 1 de xullo de 1919, con célula persoal de 7ª clase Nº 4011. Feito expedido e confirmado o 2 de xuño do mesmo ano, na Real Decreto do 17 de outubro de 1919.

[2624] En Paco Rivera, "San Froilan 2", *Blog de Paco Rivera*, extraído o 9 de xullo de 2014 de http://pacorivera.galiciae.com/?p=2616.

[2625] Actuou na selección das cátedras de Lingua Castelá e Literatura na Escola de Maxisterio de Lugo en 1953. En Orde Ministerial do 1 de maio de 1953.

[2626] O rematar o conflito nacional Herminia continuou actuando como vogal do tribunal dos cursos de selección para o ingreso no maxisterio nacional. Convocatoria na Orde Ministerial do 9 de marzo de 1945.

[2627] Herminia Martínez foi nomeada como vogal polo reitorado da Universidade de Santiago en 1936 e 1937.

[2628] Este proceso estivo convocado no Decreto do 3 de xullo de 1931. Neste documento explicaba as leccións esixidas para o ingreso ao corpo nacional de mestres, e posteriormente na Orde Ministerial do 28 de agosto de 1953.

organizadora de excursións, profesora numeraria da *Sección de Letras* de maxisterio e directora de traballos de intensificación cultural. Debido a isto, a consideramos como unha das profesoras máis activas, sobre todo tendo en conta o seu traballo polifacético e a súa predisposición para a dinamización pedagóxica e a administrativa da Escola Normal.

Ilustración 135. Caricatura de María Luisa Navarro editada en *La estampa*[2630]

E cómpre rememorar, como xa citamos anteriormente, que María Luisa Navarro nunca chegou a ocupar a praza de *Pedagogía e Historia* na Escola Normal de Lugo porque atopábase no *Colegio Nacional de Sordomudos* en Madrid.[2631] O propio ministro Joaquín Dualde enxalzaba a importancia do traballo de Luisa Navarro neste centro, advertindo o grave prexuízo que significaría a perda desta profesora para o seu funcionamento.[2632]

Cadro 69. Mulleres e educación na provincia de Lugo (1900-1936)	
Nombre	**Cargo**
1. Emilia Nieto	Directora da Escola de Emilia Nieto da cidade de Lugo.
2. Carmen Chain	Directora da Escola de Carmen Chain da cidade de Lugo.
3. Mª Concepción Currais Blanco (1908)	Nai de Antonia Currais (a primeira inspectora de ensino primario en Galicia), foi a primeira profesora que defendeu a creación de escolas para adultas en Lugo e a organización de cantinas escolares para a infancia sen recursos.
4. Antonia Ortiz Currais	Primeira inspectora de ensino primario en Galicia,
5. Rosario Torviso Monge	Primeira profesora de Ciencias do Instituto de Lugo.
6. Manuela Antonia Barreiro Pico	Primeira muller matriculada na *Universidad de Santiago de Compostela* (1896) e a primeira muller licenciada en 1900.
7. Generosa Moreno Rodrigo	Promotora da lectura e muller do benfeitor infantil e mestre nacional de Ribadeo Ángel Julio Santos Vila.
8. María Vázquez Suárez	Mestra nacida en Vilaescura (Sober) en 1894 foi docente nas escolas da Pobra do Caramiñal e Miño. A nivel político promoveu mitins en defensa dos dereitos das mulleres, colaborando coa *Liga Internacional de Mujeres Ibéricas e Hispanoamericanas e a Asociación de Mujeres Republicanas*. En 1933 formou parte da FETE-UGT, ocupando o cargo de vice-tesoureira en 1935.

[2629] Os curso impartidos estiveron regulados na Orde Ministerial de 17 de abril de 1933, no Decreto do 7 de xuño de 1933 e as condicións para a avaliación estiveron fixadas no Decreto do 24 de xullo de 1931 (para as probas A e B).

[2630] En Bon "Caricatura realizada por Bon", *La estampa* (2/4/1927): 22

[2631] En María Luisa Navarro, "Expediente de María Luisa Navarro" (Fundación Ortega-Marañón, Madrid: carpeta 5).

[2632] En María Dolores Cotelo Guerrra, "María Luisa Navarro: Vida y obra. Historia de una profesión docente en el movimiento renovador español (1885-1948)", Tesis doutoral UDC (2023), 156-157.

	Asasinada en 1936 folas tropas franquistas.
9. María Padrón González	Directora da *Escuela Normal de Maestras* na cidade de Lugo.
10. Ana María Múgica	Esta lucense foi a primeira muller en acceder a unha cátedra en Lugo e ocupou o cargo de directora da Escola Normal da mesma cidade.
11. Herminia Martínez Cabrera	Docente de Lengua castellana e Literatura, ocupando simultaneamente a dirección da *Escuela Normal*. Asemade ocupou varios cargos de vocal da *Junta Provincial de Primera Enseñanza*.
12. Regina Lago García.	Docente traballou na *Escuela Normal de Lugo* como profesora de Matemáticas dende outubro de 1928 ata o curso 1930-1931. Publicou *Repúblicas Juveniles* e foi muller do inspector Joan Comas Camps.
13. Concepción Fernández López,	Pedagoga que estudiou na *Residencia de Señoritas* (promoción 1928-1935), impulsora xunto a seu irman Antonio Fernández López da Escola de Fingoi.
14. Ángeles Pardo Celada	Médica.
15. Carmen Pernas Sanjurjo (1935-1936)	Mestra.
16. Filomena Páramo Fernández.	A primeira profesora do Instituto de Ensinanza Media.
17. Aurora Sampedro Piñeiro	Química e investigadora de San Pedro de Benquerencia (Barreiros)
18. Rosa Doel Traseira	Científica
19. Carmen Pardo Losada (1916-1931 e 1939-1959).	Profesora destacada da Escola Normal de Lugo como catedrática de *Pedagogía, Historia del Derecho y Legislación Escolar*. Pola súa contribución social e cultural foille concedida a Gran Cruz de la Orde de Alfonso X el Sabio. Directora da Escola Normal de Lugo 1916-1931 e 1939-1959.
20. Dolores Parga Serrano	Docente defensora pioneira na defensa do ensino feminino. Colaborou no diario *El Progreso* e na Semana Pedagóxica Lucense de 1933.
21. Carmen de la Torre	Secretaria do *Ropero Escolar*.
22. Elisa Rodríguez Estévez	Foi inspectora das zonas de Mondoñedo e Fonsagrada en 1936.
23. Teresa Luzzatti	Viúva de López Rúa e directora da *Universidad Cultural de la Mujer,* colaborou como asembleísta con discursos referidos a: "Discurso sobre o neno desvalido, na festa literaria organizada pola xunta de señoras da *Gota de Leche* en 1929".
24. Carmen [intelixible] Castro	Directora escolar en Lugo
25. Elvira López Alonso	Directora escolar en Lugo
26. Pilar Rego Rodríguez	Directora escolar en Lugo
27. María Collazo Buey;	Directora da Escola situado na Rúa Nova da cidade de Lugo.
28. Emilia Serrano García	Directora do Colexio de la Praza do Bispo Izquierdo da cidade de Lugo
29. Matilde Blanco Fonteboa	Directora no Colexio situado na Praza do Campo Castelo (anteriormente denominada Calvo Sotelo) da cidade de Lugo.
30. Carmen Lourido Varela	Directora no *Colegio de San Pedro* da cidade de Lugo.
31. Asunción Lomas Díaz	Directora do colexio coñecido como *Colegio de Asunción* da cidade de Lugo
32. Enriqueta Otero Blanco	Foi auxiliar de enfermería ao mesmo tempo que rexentaba a Escola asentada da Rúa Montevideo de Lugo.[2633] Coñecida como "María de los Dolores

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

2633

	a Pasionaria Lucense", traballou na *Delegación Provincial de Lugo del Ministerio de Instrucción Pública*.
33. Hortensia Friol e Friol	Mestra da escola pública de Monforte durante máis de 40 anos.
34. Claudia Otero Besteiro	Mestra licenciada no ano 1919-20. Naceu en Lugo en 1895 e estudou na Residencia de Señoritas de Madrid. Máis tarde fundou a *Escuela de Sambreixo* (Monterroso). Tras a Guerra civil foi depurada e destinada a Badajoz en 1942.
35. Rosario Vila Hernández	Profesora da Normal de Lugo en 1922 que destacou no Congreso realizado no ano 1923.
36. Filomena Páramo Fernández	Primeira muller profesora do Instituto lucense de Enseñanza Media. Colaborou no *Congreso Pedagógico* de Lugo de 1923. En 1950 trasladouse ao *Instituto Cardenal Cisneros* (Madrid).
37. Leonor Estevez Rodríguez	Integrante da Xunta Provincial de Beneficencia e a *Fundadora Estévez*.
38. Rogelia Aguirre Pardo	Integrante da Xunta Provincial de Beneficencia. Fundadora da *Escuela Gratuita para niños pobres* de Landrove (Viveiro), constituida o 11 de marzo de 1919 e denominada "Escuela Aguirre" (Padroado Aguirre).
39. Lola Viñas (Dolores)	Destacada mestre no concello de Rábade, segundo Luis Bello.
40. Gabriela Nieto Chaín	Mestra da Escola de O Cereixal (Becerreá) en 1922, Logo foi trasladada á Escola de Rábade, onde permanecerá durante 30 anos. Nos cursillos da Escola Normal celebrados en 1932 realizou un traballo titulado: "La impenetrabilidad de la materia". Foi a primeira alcaldesa da provincia de Lugo en Rábade. Casou con Desiderio Fole, irmán de Ánxel Fole, e foi homenaxeada en 1968 con motivo do *Día del Maestro*.
41. Mª del Carmen Iravedra Otero	Foi a primeira mestra de Burela, comezou aos 22 anos de idade e tiña na súa clase 125 nenas de entre 6 e 14 anos.
42. Matilde González López	Mestra das "Escolas Vellas" de Burela dende 1934 ata 1943.
43. Ángeles Pardo Celada	Redactora das nocións de puericultura no diario *El Progreso*.

Fonte: Elaboración propia. En José de Cora Paradela, *110 lucenses singulares* (Lugo, Edit. en *El Progreso,* 2018) 2; en Juan Sobrino Ceballos e Manuel Domínguez Ferro, "¡Que pouco vale unha mestra! Un achegamento á figura de María Vázquez Suárez", *Cátedra*, Nº 18 (2011): 211-227; en María José Méndez Lois (Coord.), *Mulleres na educación en Galicia* (MUPEGA: Xunta de Galicia, 2009) 199-200; en En Martín Fernández, "Memoria de mariñáns: Diez mujeres de Lugo en la Residencia de Señoritas de Madrid", *La voz de Galicia*, 15 de decembro de 2023, extraído de: https://www.lavozdegalicia.es/noticia/amarina/barreiros/2023/08/26/memoria-marinans-diez-mujeres-lugo-residencia-senoritas-madrid/00031693054052792446220.htm; en Camen Pardo Losada, "Estatutos da fundación de El Ropero Escolar*",* *El Progreso,* Lugo, 8 de marzo de 1921; en Distribución especificada en Joaquín García Ojeda, "Inspección de Primera Enseñanza", *Vida Escolar*, Nº 513, (30 de xaneiro de 1937); en Teresa Luzzatti, "Discurso sobre o neno desvalido, na festa literaria organizada pola xunta de señoras da *Gota de Leche* en 1929", *El Progreso,* Lugo, de 10 de outubro de 1929; en Salvador Castro Freire, *Lugo y sus hombres. Ensayo de síntesis histórica* (Lugo: Edit. Celta,), 129; en Ángel Rodríguez Gallardo, *Letras armadas. As vidas de Enriqueta Otero Blanco* (Lugo: Concello de Lugo-Fundación, 2005).

Entre todas estas mulleres, cómpre facer fincapé en Herminia Martínez Cabrera. A súa carreira profesional na Escola Normal comezou no ano 1916 cando foi nomeada profesora numeraria de Gramática e Literatura Castelá en Soria[2634]. Neste posto realizou

[2634] Herminia Martínez foi nomeada segundo o Decreto de 24 marzo de 1913.

exercicios de lectura, catro cursos de Xeografía no curso 1917-1918 e dous no curso 1918-1919. O claustro de profesores da EESM propuxo a Herminia para ocupar este cargo, obtendo o número oito na lista de cualificación da Sección de letras.[2635]

O 31 de xullo de 1919 cesou como profesora na Escola Normal de Soria, pasando a desempeñar o mesmo cargo na Escola Normal de Lugo.[2636] Herminia foi profesora de Lingua Castelá e Literatura na Escola Normal do Maxisterio primario de Lugo dende 1919 ata 1954. Dende 1927 ata 1936 foi vocal da Xunta Provincial da Primeira Ensinanza e vicedirectora da Escola Normal lucense. Durante este tempo foi Directora deste centro durante dous anos. Debido a súa boa conduta profesional e antigüidade sería ascendida con mensualidades extraordinarias en 12 ocasións. Á marxe do seu posto, Herminia Martínez traballou pola dinamización da lingua castelá, a gramática e a literatura. Tamén exerceu como membro do xurado nos Xogos Florais celebrados en outubro de 1919. Un ano despois, foi designada polo gobernador civil como integrante da Xunta de Damas de "La Gota de Leche" para protección á infancia, coincidindo co ano da inauguración dos locais de A Escola de Nais LGL.

En 1930, 1931 e 1932 a parte de Profesora da Escola Normal de Lugo, Herminia tamén foi vocal do Padroado local de Formación Profesional da Provincia.[2637] Ademais en xullo de 1931 foi vocal da Xunta Provincial de Primeira Ensinanza. Cómpre destacar que en maio de 1932 recibiu o Voto de Grazas pola organización e dirección dunha excursión de alumnas a Madrid, Toledo e Salamanca. Esta condecoración foi expedida polo claustro de profesores da Escola de Maxisterio lucense.

En 1933 Herminia Martínez dirixiu os traballos de intensificación da cultural e artística. Debido a súa meritoria carreira na dirección e organización do maxisterio foi unha muller importante para a formación no ensino do maxisterio das mestras lucenses. O 27 de abril dese mesmo ano foi seleccionada para impartir catro leccións de Lingua Castelá nos cursos para a formación cultural e pedagóxica os mestres propietarios[2638]. Durante a Semana Pedagóxica de 1933 participou na Comisión de Selección dos Traballos presentados ao certame pedagóxico. Ademais foi presidenta da Comisión Organizadora da velada teatral dedicada os seminaristas. Tamén neste ano actuou como vocal do primeiro Tribunal de Cursos de Selección de Mestres da provincia.[2639] En xuño de 1934 Herminia Martínez tamén se ocupou de dirixir o Cadro Artístico de Declamación formado polas alumnas da Escola Normal da cidade. En agosto participou coma vocal da Xunta Provincial de Primeira Ensinanza. En novembro foi designada unha vez máis polo claustro como vocal do Padroado Provincial para a selección de alumnos pensionados. Un ano máis tarde recibiu o Voto de Grazas pola organización das festas celebradas con motivo do Tricentenario de Lope de Vega en Lugo.

Na súa carreira profesional cesou o seu exercicio profesional en tres ocasións nos anos 1926, 1929 e 1936. En outubro de 1926 interrompeu a súas labores como profesora en Gramática e Literatura por atoparse no seu oitavo mes de embarazo. En 1929 tamén

[2635] Ocupou o cargo segundo o Real Decreto do 24 de outubro e o Real Decreto do 14 de decembro de 1918.

[2636] Foi destinada para a Escola Normal de Lugo en virtude do Real Orde do 1 de xullo de 1919, con célula persoal de 7ª clase Nº 4011. Feito expedido e confirmado o 2 de xuño do mesmo ano, na Real Decreto do 17 de outubro de 1919.

[2637] Este proceso estivo convocado no Decreto do 3 de xullo de 1931. Neste documento explicaba as leccións esixidas para o ingreso ao corpo nacional de mestres.

[2638] Ditos cursos foron establecidos por Orde Ministerial de 17 de abril de 1933.

[2639] Os curso impartidos estiveron regulados no Decreto do 7 de xuño de 1933.

solicitou a baixa por motivos de saúde[2640]. Igualmente en maio de 1936 renunciou ao cargo de vicedirectora da Escola Normal de Lugo. En xuño dese mesmo ano presentou a súa renuncia coma suplente do primeiro Tribunal de Cursos de Selección da provincia para o ingreso no maxisterio nacional. Con estas experiencias adquiriu a condición de profesora capacitada para explicar leccións nas probas correspondentes.[2641]

Durante a Guerra Civil española Herminia colaborou na fundación e sostemento do Roupeiro Normalista do Soldado, que funcionou nas escolas lucenses nos cursos 1936-37 e 1937-38. Por este traballo, máis tarde sería condecorada. Durante estes anos Herminia foi designada pola dirección da Escola Normal de Lugo para impartir os estudos de Paidoloxía. Simultaneamente, esta profesora actuou coma vocal do tribunal para o exame final dos alumnos de terceiro curso do grado profesional. Ocupou este cargo durante dous anos consecutivos[2642]. Mentres tanto, participou de xeito voluntario e gratuíto na confección de pezas para o Roupeiro Militar. Do mesmo xeito formou parte da agrupación Mulleres ao servizo de España co número nove de traballo a domicilio. Nesta asociación acadou o segundo lugar polo rendemento de traballo rexistrado no primeiro balance anual, rexistro feito pola propia entidade. Estes traballos propiciaron que o Ministro do Exercito concedéralle, o 21 de febreiro de 1940, a Medalla de Campaña con Distintivo de Retagarda polos servizos prestados no Movemento Nacional. Neste ano estivo conxuntamente encargada de explicar a materia de Historia da Pedagoxía.

O rematar o conflito nacional Herminia continuou actuando como vocal do tribunal dos cursos de selección para o ingreso no maxisterio nacional[2643]. En setembro de 1948 foi nomeada polo Alcalde de Lugo como vocal xurado cualificador dos traballos presentados no Certame Literario Anual de San Froilán. Catro anos máis tarde volveu a participar como vocal do tribunal para a provisión por oposición restrinxida da Seccións Graduadas Anexas a Escolas do Maxisterio da cidade lucense. Co mesmo cargo actuou na selección das cátedras de Lingua castelá e Literatura na Escola de Maxisterio de Lugo en 1953[2644]. Durante o mesmo ano foi presidenta do Tribunal de Oposicións Restrinxidas na provisión de seccións da Escola Graduada Anexa[2645]. Herminia Martínez tamén destacou pola súa entrega e seriedade nos seus cargos. Durante toda a súa carreira vivificou a cultura da cidade de Lugo. En 1954, A súa biografía profesional sumaba máis de 38 de servizos como profesora numeraria de Gramática e Literatura Castelá. A parte compartiu moitos outros cargos. Durante máis de 30 destes anos laborais estivo destinada na Escola Normal lucense, xubilándose cunha idade de 67 anos.

Resumindo a vida de Herminia Martínez, pódese afirmar que estivo marcada pola entrega ao maxisterio e a ensinanza da Lingua castelá e Literatura. Durante a súa estancia en Lugo ocupou diversos cargos de responsabilidade compartidos coa ensinanza na Escola Normal de Lugo. Esta muller responsable e traballadora foi elixida en numerosas ocasións polos seus compañeiros da Escola Normal para ocupar cargos directivos e de organización de eventos pedagóxicos. Debido a boa conduta diaria ocupou distintos cargos como: vocal de la Xunta Provincial de Primeira Ensinanza,

[2640] Para solicitar este permiso acolleuse aos dereitos establecidos na Real Orde do 5 de xaneiro de 1924.
[2641] Estas condicións estiveron fixadas no Decreto do 24 de xullo de 1931 para as probas A e B.
[2642] Herminia Martínez foi nomeada como vocal polo reitorado da Universidade de Santiago en 1936 e 1937.
[2643] Convocatoria na Orde Ministerial do 9 de marzo de 1945.
[2644] En Orde Ministerial do 1 de maio de 1953.
[2645] En Orde Ministerial do 28 de agosto de 1953

vicedirectora e directora en funcións da Escola Normal de Lugo, xurado de varios tribunais, profesora de cursos das oposicións, organizadora de excursións, profesora numeraria da Sección de Letras de maxisterio e directora de traballos de intensificación cultural. A súa traxectoria foi moi activa, por este motivo pode considerarse como unha das mulleres máis prolíferas do século XX en Lugo. En varias ocasións foi recoñecido o seu bo facer e predisposición para a dinamización pedagóxica e administrativa na cidade. A Guerra Civil española e a posguerra paralizou o desenvolvemento da reforma educativa republicana. Durante a guerra as mestras combinaron as súas funcións docentes con traballos á comunidade. Durante o conflito bélico, a mestra Amalia Quiroga traballou como auxiliar de enfermería ao mesmo tempo que rexentaba a escola da rúa Montevideo de Lugo. A profesora da Escola Normal, Herminia Martínez colaborou co Roupeiro Militar do movemento nacional, polo que máis tarde sería condecorada.

A relevancia das mulleres pioneiras do século XX no ensino lucense

Na primeira metade do século XX apareceron un grupo de mulleres que *cuestionaron* as limitacións das normas de xénero establecidas e as representacións culturais hexemónicas.[2646] Como xa dixemos, estas docentes comezarán a traballar nunha tripla dirección: educación, relixiosidade e beneficencia. Secasí, non podemos esquecernos da primeira mestra importante do século XX en Lugo, *Filomena Andonegui* que foi mestra da *Escuela Pública de Niñas* da cidade. O seis de setembro de 1908, explicaba á Administración a imposibilidade de dar clase a máis de 123 nenas matriculadas por motivos de saúde. Esta docente foi a primeira que trasladou ao Concello e á *Junta Local* a necesidade de realizar reformas nos distintos centros educativos: incorporación de mobiliario para os colexios, demanda de libros, branqueo das paredes e a mellora das condicións hixiénicas e pedagóxicas dos colexios.[2647]

Outra personalidade feminina destacable foi Regina Lago García. Esta docente traballou case sempre fóra das aulas. Aínda así impartiu clases na *Escuela Normal de Lugo* como profesora de Matemáticas dende outubro de 1928 ata o curso 1930-1931. Como muller do inspector Joan Comas Camps disfrutou dunha pensión coa JAE estudando en Xenebra no Instituto J.J. Roussesu. Despois de saír de Lugo foi a Xefa de *Sección de Materiales* do *Museo Pedagógico Nacional*.[2648] En 1936 foi directora da *Residencia de Señoritas*, substituíndo a María Maetzu,[2649] institución que deixou de funcionar como consecuencia da Guerra Civil, igual que o resto de os organismos dependentes da JAE.[2650] Nesta Residencia tamén estudaron as seguintes mulleres lucenses, entre 1915 y 1936: a pedagoga Concepción Fernández López (promoción 1928-1935), a médica Ángeles Pardo Celada, as mestras Carmen Pernas Sanjurjo (1935-1936) e Claudia Otero Besteiro (1919-1920), a profesora da Escola Normal de Lugo Rosario Vila Hernández, a primeira profesora do Instituto de Ensinanza Media Filomena Páramo Fernández, a química e investigadora de San Pedro de Benquerencia

[2646] En Cristina Navarro Robles, "Educación femenina en las culturas políticas del primer tercio del siglo XX", *Pedagogias alternativas y educación en los márgenes a lo largo del siglo XX* (Valencia: Universidade de Valencia, 2022), 46.

[2647] En varios, "Correspondencia de los maestros con fecha del 5 de deciembre de 1903" (Lugo: APL, sinatura: 931, 1903).

[2648] En Carmen García Colmenares, *Las primeras psicólogas españolas itinerarios vitales y profesionales* (Granada: Editorial Universidade de Granada, 2011), 44.

[2649] Ídem, p. 36.

[2650] En Raquel Vázquez Ramil, *Mujeres y educación en la España contemporánea. La Institución Libre de Enseñanza y la Residencia de Señoritas de Madrid*, (Madrid: Akal, 2012) e en *Sarmiento,* Nº 16 (2012): 218.

(Barreiros) Aurora Sampedro Piñeiro, a científica Rosa Doel Traseira e a directora da Escola Normal Carmen Pardo Losada (1916-1931 e 1939-1959).[2651]

Como mostra da presenza de mulleres relevantes e activas en Lugo (1900-1936) atopamos: na *Semana Pedagógica Lucense de 1933* a María Luisa Navarro que visitou Lugo como membro do *Patronato de las Misiones Pedagógicas*,[2652] Dolores Parga Serrano colaborou no diario *El Progreso*, Carmen de la Torre como secretaria do *Ropero Escolar*,[2653] Gabriela Nieto Chaín impartiu clases e chegou a ser alcaldesa en Rábade, Elisa Rodríguez Estévez foi inspectora das zonas de Mondoñedo e Fonsagrada en 1936,[2654] ou Teresa Luzzatti, viúva de López Rúa e directora da *Universidad Cultural de la Mujer*, colaborando como asembleísta en 1929: "Discurso sobre o neno desvalido, na festa literaria organizada pola Xunta de Señoras da *Gota de Leche* en 1929".[2655]

E non podemos esquecernos das mulleres que levaron unha vida menos pública pero non por iso menos importante, porque elas constituían o groso do traballo que sustentaba gran parte do sistema educativo primario na provincia de Lugo. Deste xeito, convén ter en conta que nos primeiros catro primeiros decenios do século XX existían numerosos colexios baixo a *dirección* de mulleres relixiosas, entre eles atopábanse: o *Colegio Femenino* dirixido por *Las Siervas P. José* e o *Colegio de La Milagrosa* dirixido por *Las hijas de la Caridad*. No *Colegio de Señoritas de Rois* estiveron ocupando o dirección dende 1913 ata 1936: Carmen [intelixible] Castro, Elvira López Alonso e Pilar Rego Rodríguez. Outras mulleres que exerceron a dirección de colexios da capital lucense foron: na Escola situado na Rúa Nova, María Collazo Buey; no Colexio de la Praza do Bispo Izquierdo, Emilia Serrano García; no Colexio situado na Praza do Campo Castelo (anteriormente denominada Calvo Sotelo), Matilde Blanco Fonteboa; no *Colegio de San Pedro,* Carmen Lourido Varela, e no *Colegio de Asunción*, Asunción Lomas Díaz. Tendo en conta estes datos, como xa dixemos, cómpre poñer de manifesto a relevancia da dirección feminina durante as primeiras catro décadas do século XX.[2656] Esta situación fíxose extensiva nas institucións benéficas e circumescolares da provincia.[2657] Destes feitos despréndese polo tanto unha conclusión: a muller no ensino e nos organismos de beneficencia lucense foi un axente influente no sostemento, protección, ensinanza e alfabetización infantoxuvenil.[2658]

[2651] En Martín Fernández, "Memoria de mariñáns: Diez mujeres de Lugo en la Residencia de Señoritas de Madrid", *La voz de Galicia*, 15 de decembro de 2023, extraído de: https://www.lavozdegalicia.es/noticia/amarina/barreiros/2023/08/26/memoria-marinans-diez-mujeres-lugo-residencia-senoritas-madrid/00031693054052792446220.htm

[2652] Esta figura pedagóxica tamén participou como membro da comisión organizadora da Semana Pedagóxica Lucense celebrada en 1933.

[2653] En Camen Pardo Losada, "Estatutos da fundación de El Ropero Escolar*",* *El Progreso,* Lugo, 8 de marzo de 1921.

[2654] Distribución especificada en Joaquín García Ojeda, "Inspección de Primera Enseñanza", *Vida Escolar*, Nº 513, (30 de xaneiro de 1937). Tamén presente no *Boletín Oficial* do 18 de xaneiro de 1937.

[2655] En Teresa Luzzatti, "Discurso sobre o neno desvalido, na festa literaria organizada pola Xunta de Señoras da *Gota de Leche* en 1929", *El Progreso,* Lugo, de 10 de outubro de 1929.

[2656] Referímonos tanto a ensinanza pública como privada.

[2657] Asociacións benéficas: Padroado de Protección Escolar, Roupeiro Escolar, "La Gota de Leche", Asociación Católica da Muller, Escola de Nais e os organismos de beneficencia lucense, etc.

[2658] Vide José María Azpeurrutia, "El maestro y las obras de protección de la infancia", *Revista de Pedagogía*, Nº 23, Ano II (1923): 411-416.

Os avances no ensino da muller durante a Segunda República

No *primeiro bienio* republicano levouse a cabo unha reforma educativa que apostaba pola coeducación e polo ensino da muller a nivel nacional.[2659] Nestes anos impulsouse un sistema educativo centrado nas ideas institucionistas e socialistas: laica, de balde, creadora, activa e social. Segundo Manuel de Puelles, unha das preocupacións do Goberno provisional foi a de reformar dos plans de estudos da Escola Normal e o ensino primario a través do Decreto do 29 de setembro de 1931: "...no quedará sólo en las intenciones sino que, como es sabido, acometerá en tan escasos meses un ambicioso plan de construcción de escuelas".[2660] Mediante esta normativa desenvolveuse unha serie de cambios que redundaron a favor da reforma da escola, que se atopaba nunha situación problemática: "El primer deber de toda democracia es este: resolver plenamente el problema de la instrucción pública".[2661] Un feito salientable foi que ata a publicación deste decreto non se esixía aos mestres o título de maxisterio para impartir clases. Ademais, esta nova lexislación ampliaba a formación dos mestres e mestras, establecía unha duración de tres cursos, realizando tamén prácticas nas escolas anexas. Daquela os alumnos e alumnas de maxisterio realizaban un exame que posibilitaba a ocupación dun posto de traballo docente.

Co goberno da *CEDA* levouse a cabo unha *contrarreforma* educativa que esmoreceu parte do camiño andado no primeiro bienio republicano: descenderon as construcións escolares, prohibiuse a coeducación nas escolas primarias e implantouse un modelo curricular centrado na formación doméstica das nenas.[2662] Igualmente, coa aparición da Guerra Civil española e a posguerra paralizouse o desenvolvemento da reforma educativa republicana. Durante o conflito bélico algunhas mestras combinaron as súas funcións docentes con traballos á comunidade. Así, a mestra Amalia Quiroga Carreno traballou como auxiliar de enfermería ao mesmo tempo que rexentaba a Escola situada na Rúa Montevideo de Lugo. Igualmente, a profesora Herminia Martínez colaborou co *Ropero Militar* dos sublevados, polo que máis tarde sería condecorada.[2663]

Factores influentes na formación da identidade docente da muller

Os principais feitos que definiron a *identidade docente* da muller en Lugo no primeiro terzo do século XX foron catro: dificultades de acceso á educación neste tempo, frecuencia da presenza da muller en cargos directivos relixiosos, realización de reivindicacións sobre as malas circunstancias das escolas e a estreita relación entre a muller a a beneficencia.[2664] E como xa citamos tomaron unha tripla dirección: educación, beneficencia e relixiosidade. Para realizar esta análise tivéronse en conta os

[2659] En Rita Gradaílle Pernas, "As traxectorias educativas da muller rural galega: unha visión interxeneracional", *Sarmiento*, Nº 8 (2004): 149.

[2660] En Manuel de Puelles Benítez, "El sistema educativo republicano: un proyecto frustrado", *Historia contemporánea*, Nº 6 (1991): 161.

[2661] En Decreto de 29 de septiembre de 1931 pola que se reforman os plans de estudo da Escola Normal, *Gaceta* (30 de setembro de 1931): 155.

[2662] En Rita Gradaílle Pernas, "As traxectorias educativas da muller rural galega: unha visión interxeneracional", *Sarmiento*, Nº 8 (2004) :149.

[2663] Herminia Martínez formou parte da agrupación Mulleres ao servizo de España. Estes traballos propiciaron que o Ministro do Exercito concedéralle, o 21 de febreiro de 1940, a *Medalla de Campaña con Distintivo de Retagarda* polos servizos prestados no Movemento Nacional. Neste ano estivo conxuntamente encargada de explicar a materia de Historia da Pedagoxía.

[2664] En José Manuel Vázquez López, "Factores influentes na formación da identidade docente da muller en Lugo (1900-1936)", *XX Coloquio- Congreso Internacional Historia de la Educación. Identidades-Intercionalismo, Pacifismo y Educación. Siglos XIX y XX* (Ourense: Deputación de Ourense-SEDHE, 2019), 235-238.

marcados antecedentes femininos e a vida laboral das mulleres máis relevantes que traballaron como mestras, directoras e inspectoras nesta provincia. Así, neste apartado citamos nomes como: Emilia Nieto, Enriqueta Otero Blanco, Rosa Filomena Groves ou Carmen Pardo Losada. Estas docentes adquiren unha importancia fundamental como axentes de detección, análise e renovación da escola; sendo as protagonistas da construción dun modelo de referencia para as futuras xeracións docentes.

a) O primeiro factor a ter en conta na constitución da identidade docente feminina foi a *falta de recursos* materias, físicos e metodolóxicos: a ensinanza primaria estaba bastante desatendida e asistencia era baixa.[2665] No curso 1923/24 a asistencia total de alumnos e alumnas na provincia de Lugo era de entre o 40 e 50%.[2666] A participación das mulleres nos labores domésticos e agropecuarios provocaron un elevado absentismo escolar, sobre todo nas épocas de sementeira e recolleita. Esta situación privou a moitas nenas de obter unha adecuada formación, agudizando o analfabetismo feminino que acadou unhas porcentaxes superiores ás do sector masculino.[2667] Ademais, convén ter en conta que nas zonas rurais as tarefas agropecuarias eran máis acusadas, acompañadas dunhas cargas familiares máis amplas. Posteriormente, aparte das alumnas, as mestras foron un axente para a detección, análise e renovación da mala situación da escola lucense.

Ilustración 136. Escola de nenas de Ulloá de Santa Cristina de Areas en 1927 (en *El Progreso*)

b) A segunda cuestión que nos ocupa como factor constitutivo de identidade feminina foi a presenza regular feminina en *cargos de dirección* e de organización

[2665] O inspector Manuel Panero realizou un informe sobre o depauperado estado das escolas públicas na provincia de Lugo, aportando datos interesantes sobre investimento escolar en Galicia e as necesidades educativas: en Manuel Panero, "Inversión educativa en Galicia" (Lugo: APL, fondo do Concello, sinatura: 931).

[2666] En Ramón López Martín, *Ideología y educación en la dictadura de Primo de Rivera: Escuelas y maestros* (Valencia: Universitat de València, Vol. 18, 1994), 126.

[2667] Hai unha ausencia de datos estatísticos debido á falta de fontes documentais. Este baleiro foi solapado coa consulta dos estudos históricos de Viñao e Narciso de Gabriel que fan referencia aos altos índices de analfabetismo lucenses nas primeiras décadas do século XX.

escolar relixiosa.[2668] Evidentemente as escolas femininas eran atendidas case exclusivamente por mulleres: Carmen Chaín, Emilia Nieto e as Señoritas de Rois. Igualmente a *Escuela Pública de Niñas* estaba dirixida por Rosa Filomena Grobes a finais do século XIX. Nas primeiras tres décadas do século XX existiron numerosas escolas particulares nas cidades sostidas por freguesas e relixiosas como: Carmen [intelixible] Castro, Elvira López Alonso, Pilar Rego Rodríguez, María Collazo Buey, Emilia Serrano García, Matilde Blanco Fonteboa, Carmen Lourido Varela, Asunción Lomas Díaz.[2669]

Ilustración 137. Enriqueta Otero no Cárcere[2670]

c) Respecto a defensa dos *dereitos da muller*, rememoremos a Enriqueta Otero Blanco e a profesora Dolores Parga Serrano o 11 de outubro de 1923: mulleres que demandaron publicamente unha maior igualdade social, favorecendo a concienciación sobre a importancia do ensino e a práctica da coeducación nas escolas,[2671] destacando a importancia da emancipación cultural, social, económica e laboral da muller. [2672]

d) Por último, outro factor fundamental foi a relación da muller coas *asociacións benéficas* lucenses, anteriormente estudadas.[2673] Así, algunhas mulleres transcendían o pedagóxico, chegando a conformar unha figura social relevante para o coidado dos máis necesitados. É necesario recordar que dende 1900 ata 1936, na provincia existía un excesivo ruralismo, e a economía da maior parte das familias era humilde. Esta circunstancia fixo que os menores tiveran que traballar dende a máis terna idade e que existira unha excitación frecuente da emigración. Porén, a beneficencia e o altruísmo adquiría na sociedade unha maior relevancia.

As súas funcións no proceso de renovación pedagóxica foi a de detectar, analizar e intervir nos procesos de mellora do sistema educativo e de beneficencia. Despréndese o feito de que, superadas as dificultades históricas observadas e soportando quefaceres públicos e privados, o traballo das mulleres no ensino lucense foi un factor fundamental

[2668] En José Manuel Vázquez López, "Factores influentes na formación da identidade docente da muller en Lugo (1900-1936)", *XX Coloquio- Congreso Internacional Historia de la Educación. Identidades-Intercionalismo, Pacifismo y Educación. Siglos XIX y XX* (Ourense: Deputación de Ourense-SEDHE, 2019), 235-238.

[2669] Na cidade de Lugo predominaban as escolas privadas segundo o *Boletín Oficial da Provincia* en 1908, existían na cidade de Lugo tan só dúas escolas publicas de nenas, unha elemental e unha superior, mentres que privadas había 15 escolas de nenas, 5 elementais e 1 superior.

[2670] Publicada en "Enriqueta Otero. Mestra e guerrilleira antifranquista, presa vinte anos nos cárceres franquistas".

[2671] En Parga Serrano, "Reivindicación oficial da situación da muller no sistema educativo no. Congreso Pedagógico lucense de 1923", *El Progreso,* Lugo, 10 de outubro de 1923.

[2672] En Manuel Panero, "Informe de Manuel Panero" (Lugo: APL, fondo del Concello, sinatura: 931).

[2673] Así, recóllense a existencia das seguintes asociacións: *La gota de leche, Ropero escolar, Asociación Católica de la Mujer, Padroado de cantinas e Colonias escolares, Asociación Católica de la Mujer*

para o sostemento da protección, ensinanza e alfabetización infantoxuvenil. Así, no *Certamen Pedagógico* celebrado en 1923 en Lugo, expuxéronse unha serie de medidas para normalizar a instrución da muller e loitar pola renovación pedagóxica.[2674] Con todo, a presenza dalgunhas mulleres na ensinanza xogou un papel relevante a nivel social e cultural.

4.4.7.1. A Escola de Nais-"La Gota de Leche"

A asociación *La Gota de Leche* naceu en Francia a finais do século XIX, inicialmente emprendidas polo médico León Dufour, de Fecamps.[2675] Con anterioridade, houbo distintas escolas de nais e consultas de maternidade no país galo, como a escola materna fundada por Pierre Budin en 1892 no *Hospital de la Caridad de París.* Do mesmo xeito, o doutor Variot, profesor de Pediatría do *Hospital de Niños de París* e responsable do *Dispensario de niños pobres de Belleville*, fundou unha consultoría que ofrecía ás nais impedidas a lactación artificial como alternativa. A finais do século XIX, estas institucións incorporaron instalacións e técnicas de esterilización dos biberóns mediante calor.[2676]

En España a finais do século XIX, o doutor Francisco Vidal Soares creou o primeiro "consultorio gratuíto" no *Hospital de Niños Pobres de Barcelona.*[2677] Aquí dispensábase leite esterilizada aos nenos de peito dende 1890. Posteriormente, inaugurouse no noso país a primeira *Gota de Leche* baixo a tutela dos doutores Cardenal Girona e Soler.[2678] Para mellorar a atención ás familias existía un fondo bibliográfico referido á difusión benéfico-social. Estas iniciativas impulsaron en parte a "maternalización da leite". Segundo a valoración que realizou Mª. Ascención Martínez:

> Con la maternalización de la leche consiguieron tres objetivos: descender la mortalidad infantil de los expósitos a límites razonables, hacer desaparecer las nodrizas que en muchas ocasiones dejaban de amamantar a sus hijos para hacerlo con los ajenos y a la crianza de todos aquellos niños a los que su madre no podía alimentar, evitando también, las temidas gastroenteritis que llevaban a cientos de niños a una muerte temprana.[2679]

Pola súa parte Rafael Ulecia e Cardona (1850-1912) introducirían en Madrid o *Consultorio de Niños de Pecho y Gota de Leche.* Esta Institución apareceu o 22 de xaneiro de 1904, ano no que tamén se inaugurou *El Servicio Lácteo Infantil* en Barcelona. Con anterioridade, Rafael Ulecia visitou as asociacións de París e Belleville

[2674] En varios, "El congreso pedagóxico de 1923", *El Progreso,* Lugo, 12 de outubro de 1923.

[2675] O termo de La Gota de Leche naceu froito do poema romántico Alfred de Musset (1810-1857), acuñado con posteridade a este tipo de asociacións. Nun primeiro momento eran coñecidas como Consultorios de Niños de Pecho y Gota de Leche. Nas súas orixes, foron creadas para traballar polos dereitos dos recen nados e atender os problemas de desnutrición, sobre todo ante a alta mortalidade infantil. Polo xeral, atendían a un perfil de familia caracterizado por varias circunstancias: pola carencia de recursos económicos, para contratar unha ama de crianza ou de leite e ante a imposibilidade ou a negativa das súas nais biolóxicas de dar o peito ao menor.

[2676] Fervendo o leite durante quince minutos e preparando biberóns para alimentar diariamente os nenos sen recursos. Vide Historia, "quienes somos", *Gota de leche.org,* extraído o 20 de decembro de 2021 de: http://www.gotadeleche.org/quienes-somos/historia/.

[2677] Coloquio sobre "El desarrollo urbano de Montréal y Barcelona en la época contemporánea: estudio comparativo", *ub.edu,* (Barcelona: Universidade de Barcelona, 5-7 de maio de 1997) pode consultarse en: http://www.ub.edu/geocrit/rafbcn.htm.

[2678] Vide José María Urkia Etxabe, *Cien años de Medicina en Gipuzkoa 1899-1999* (Donostia: Ediciones Fundación Kutxa, 1999).

[2679] En Martín Martínez, *Gipuzkoa en la vanguardia del reformismo social. Beneficencia, ahorro y previsión (1876-1936)* (Donostia-San Sebastián, Fundación Kutxa, Colección "Documento", 1996) 277-287.

traendo as técnicas de "maternización".[2680] De xeito progresivo, pronto numerosas cidades españolas como Lugo incorporarían *Consultorios de Niños de Pecho y Gota de Leche*.[2681]

A Gota de Leche en Lugo

A comezos do século XX, algúns médicos, mulleres e educadores lucenses constituíron un *consultorio* para as nais, na procura dunha "maternidade máis científica e profesional".[2682] Con este signo apareceron algunhas organizacións como a *Escuela de madres-La Gota de Leche*, ofrecendo apoio benéfico e asistencial aos nenos con poucos recursos.[2683] Mentres tanto, nas escolas ofrecíase un currículo específico, destinado a capacitar as alumnas como futuras nais.[2684] Convén evocar que a mortalidade infantil, a pobreza e o absentismo escolar eran problemas presentes no período comprendido entre 1900 e 1936, por este motivo dende os anos vinte comezan a formarse agrupacións de mulleres para defender os dereitos dos nenos e promover os valores educativos relixiosos.[2685] Así, varias profesoras en Lugo destacaron por afanarse en dous ámbitos intimamente relacionados: a beneficencia e a educación.[2686] Ademais, nestes anos incrementouse o número de mulleres dedicadas á docencia e con elas o número de asociacións femininas: *Juventudes Antonianas*, *Acción Católica de la Mujer*, *Agrupación Feminina Lucense*, *Ropero Escolar* ou *Damas Catequistas*. Produciuse así un progresivo proceso de feminización da beneficencia e do ensino, vinculado á protección dos nenos desfavorecidos.[2687]

A asociación *Escuela de madres-LGL* en Lugo foi unha organización de carácter altruísta, educativo e asistencial; formado por varias nais voluntarias que naceu nos anos vinte. Os menores que recibían a atención desta institución eran menores orfos ou pobres. Foi creada grazas ao acordo establecido pola *Junta de Protección a la Infancia* o 1 marzo de 1928,[2688] data na que se celebrou a inauguración dos seus locais: "En Marzo, inauguración de locales de La Gota de Leche, que tantos servicios había de prestar bajo la dirección del médico don Germán Alonso".[2689]

[2680] Estas técnicas impulsaron a alimentación materna para os lactantes e o tratamento do leite mediante a desnatación, centrifugación e esterilización.

[2681] Anos de creación de asociacións LGL: San Sebastián (1903), La Rioja (1905), Sevilla (1906), Bilbao (1906), Málaga (1906), Valladolid (1911), Granada (1916), Córdoba (1916), Salamanca (1919), Ciudad Real (1921), Huelva (1922) e Lugo (1928). Despois destes anos, en 1953, baixo a sinatura de acordos cos EEUU houbo un reparto de leite el polvo polas escolas de España. Deste xeito, o feito de beber un vaso de leite nas escolas foi unha práctica frecuente a finais dos anos cincuenta e principios dos sesenta do século XX nas escolas públicas nacionais.

[2682] En Lugo moitos destes consellos publicaronse no diario *El Progreso*: Vide Jacobo Rodríguez Pereira e outros, "Temas de maternidade", *El Progreso,* Lugo, do 2 de febreiro de 1921; ou Jacobo Rodríguez Pereira, "Alimentación natural del recién nacido", *El Progreso,* Lugo, 25 de marzo de 1928.

[2683] En José Manuel Vázquez López, "Escuela de Madres-La Gota de Leche", *Actas do V Congreso Manuel Luís Acuña* (Orense: Deputación Provincial de Ourense, 2021), 129-131.

[2684] En Irene Palacio Lis, ""Consejos a las Madres": autoridad, ciencia e ideología en la construcción social de la función materna. Una mirada al pasado", *Sarmiento,* Nº 7 (2003): 61.

[2685] En Marcos Villares Díaz, "A muller consevadora lucense: do labor social á organización da dereita política" (1931-1933), *Revista CROA Boletín do Museo do Castro de viladonga* (2014): 51.

[2686] Dous grandes campos que foron importantes para o sostemento da protección e alfabetización infantil.

[2687] En varios, "Asociacións" (Lugo: APL, Fondos do Goberno Civil, Sinatura: 13035/19).

[2688] En *El Progreso,* Lugo, 2 de marzo de 1928.

[2689] No acto de creación, acordouse instalar a LGL nunha das habitacións da planta baixa do Goberno Civil, comprometéndose a dotar dos utensilios que foran precisos para o seu correcto funcionamento. O dous de marzo de 1928, a LGL atendeu ao primeiro neno, fillo de Mercedes Caldo, veciña da Parroquia de San Froilán. Devandita celebración, levouse a cabo nunha das salas do instituto de hixiene situado por aquel entón na Ronda da Coruña. O acto foi presidido polo gobernador civil Rogelio Tenorio Casal o que tamén asistiron: o gobernador militar García Zabarte, o alcalde López Pérez, o vicario particular Sindín, a directora da escola Normal Carmen Pardo, o presidente

Respecto ás *integrantes* desta organización convén facer fincapé en Irene Montenegro Castro de Domínguez (directora) e Herminia Martínez Cabrera (profesora da Escola Normal de Lugo dende 1919).[2690] A tesoureira desta institución era Teresa Cora Sabater, encargada da administración a recadación de doazóns e dos fondos nas entidades bancarias. A secretaria foi María González Fariña, tratando entre outras funcións: a realización de actas e convocatorias, citando aos membros do padroado ás reunións, levando o rexistro dos actos e dos nenos atendidos. No caso de que a presidenta Irene Montenegro estivera indisposta o seu cargo era ocupado pola vicepresidenta: Pilar Areal de López.[2691]

> Afortunadamente para la pureza de nuestras costumbres, la madre española no ha menester estímulos en lo que se refiere al cuidado y al amor de sus hijos. [2692]

Respecto as *funcións* realizadas por esta sociedade, os vogais eran os encargados da distribución dos biberóns.[2693] Mensualmente, esta Institución convocaba ao *Patronato Técnico Administrativo* para organizar os plans de acción: reuníase para distribuír o traballo, adoptar modificacións de melloramento ou facer as estatísticas da mortalidade e morbilidade infantil. Mentres a entidade non tivo instalacións propias, unha vogal encargábase das dilucións, esterilización e distribución do leite. Deste xeito, esta institución comezou a traballar no desenvolvemento dunha mentalidade máis científica e contemporánea. A LGL rexistrouse por primeira vez no Goberno Civil en xuño de 1932.[2694]

---

da audiencia Blasco, o presidente de *Acción Católica Agraria* Ramón Saavedra, o vogal da *Unión Patriótica* Teijeiro, o beneficiado da catedral Goyanes, o concelleiro Dario Vila, o director da *Casa de la Maternidad* Germán Alonso Hortas, o secretario e vogal da *Junta de Protección a la Infancia* os señores Prado Mañobre e Revilla, o inspector de sanidade Domínguez, entre outras personalidades. En José Trapero Pardo, *Lugo 100 años de vida loca*, (Lugo. Ediciones Celta, 1969), 253.

[2690] En Herminia Martiñez Cabrera, profesora numeraria de Gramática e literatura de Lugo, conservado no "Expediente de Herminia Martínez Cabrera".

[2691] En Jacobo Rodríguez Pereira, "Alimentación natural del recién nacido", *El Progreso*, Lugo, 25 de marzo de 1928.

[2692] Na prensa lucense tratáronse temas referidos á maternidade, en varios, "Temas de maternidade", *El Progreso*, Lugo, do 2 de febreiro de 1921.

[2693]

A nivel funcional, a LGL non só se ocupou de dirixir a atención fisiolóxica dos nenos, dado que tamén realizou tarefas educativas coas nais que figuraban no seu rexistro. Para levar a cabo estas finalidades, este organismo prestaba os seguintes servizos semanalmente ofrecían: consultas de lactación, visitas domiciliares, formación ás nais de hixiene e subministración de alimentos infantís gratuítos ou cun prezo reducido. Contaban co apoio do Patronato Técnico Administrativo composto por médicos e técnicos. En efecto, as integrantes da LGL traballaban en distintas funcións: organizar e administrar o capital, investigar a situación económica das nais atendidas, visitar os domicilios e informar sobre as prescricións médicas e educativas.

[2694] En Arquivo Provincial de Lugo na sección do Goberno Civil, encóntrase o expediente da varios, varios, "Escuela de madres de Lugo y La Gota de Leche" (Lugo, APL, sinatura: 13047/29). Anexo a este documento atopamos o regulamento da "Escuela de madres-LGL", no que se recollen os nomes das persoas que constitúen devandita asociación en xuño de 1932. _Figurando así: como presidenta Irene Montenegro Castro de Domínguez, vicepresidenta Josefa Carro Crespo, tesoureira Teresa Cora Sabater, secretaria María González Fariña, vicesecretaria Mercedes Sánchez Arrieta e como vocais, Carmen Pardo Losada, Teresa Fernández de Vega, Teresa Pardo Pallín, Pedrosa Ulloa e Mercedes Vázquez Fernández Pimentel.



Junta de Damas de Lugo

Relación de los donativos y cantidades recaudadas para la suscripción patriótica iniciada por S. M. la Reina D.ª Victoria a fin de socorrer a los repatriados pobres.

	PESETAS.
Sra. D.ª Carmen Wais, de Garrido, presidenta.	15
Elena Molina, de Collazo, vicepresidenta.	5
Purificación Gayoso, de Pardo, tesorera.	5
Francisca Cañamaque, de Dominguez, secretaria.	5
María Cortiñas de Fariña, vocal.	5
Elena Núñez, de Irízar, id.	5
Delfina Suárez, de Páez, idem	5
Remedios Nogueira, de Tapia idem.	2
Sra. de Iglesias López (D. José), id.	5
Sra. de Iglesias Fariñas (don Carlos), id.	5
Suma y sigue.	57

* * *

La suscripción continúa abierta en las redacciones de todos los periódicos de esta capital.

Ilustración 138. Relación de donativos da Xunta de Damas de Lugo[2695]

Outras *actividades* realizadas por esta asociación estaban dirixidas á *crianza fisiolóxica* dos nenos de idade temperá: alimentación, orientacións educativas e a atención médica que as súas proxenitoras biolóxicas non podían cubrir. Con frecuencia, as nais que acudían a esta institución tiñan dificultades económicas ou "de ausencia" por orfandade. Seguindo esta liña, esta Asociación preocupábase ademais por outras cuestións: formación sobre temas referidos á hixiene, crianza e saúde infantil.[2696]

Os *beneficiarios* destes servizos foron os nenos de cero a dous anos inscritos no rexistro da institución. Para a fiscalización das interesadas non se tiña en conta o estado civil das nais: para poder obter a axuda do material, as familias eran sometidas a unha entrevista previa na que se investigaban os seus medios económicos. Por este motivo, antes de ser inscritas, as nais tiñan unha cita coa Directora na que detallaban as súas condicións persoais. Posteriormente tanto a proxenitora como o neno eran sometidos a unha revisión médica.

[2695] Unha vez revisada a situación familiar, a Presidenta propoñía o padroado administrativo a correspondente admisión. Cabe sinalar, que á terceira falta inxustificada ás consultas semanais as nais podían ser dadas de baixa. Tamén podía ser causa de baixa no organismo calquera conduta negativa, como desobedecer aos mandatos do médico. Pola contra, aquelas nais que mostraban unha maior distinción no coidado dos fillos, recibían primas como alimentos, roupa ou diñeiro. En Junta de Damas de Lugo, "Junta de Damas de Lugo", *El Progreso,* Lugo, el 26 de agosto de 1914.

[2696] Tamén ofrecía consultas e orientacións a aquelas proxenitoras con problemas e inquietudes relacionadas coa infancia: realizaban visitas ao domicilio das familias con problemas para desprazarse, administrando e repartindo alimentos gratuítos como fariñas para cubrir as necesidades básicas dos cativos e cativas. O médico Germán Alonso era o encargado de explicar ás funcións que prestaría á comunidade, aludindo ás nocións de puericultura e incidindo na importancia da colaboración cidadá. Esta corporación, sumouse ao conxunto de asociacións que viñan traballando e defendendo polos dereitos dos nenos con poucos recursos, con independencia da ideoloxía política das súas familias. Polo seu signo social e educativo, este organismo non só influíu no coidado de moitos cativos ao largo da súa vida, ademais ofreceu orientacións sobre o coidado e alimentación infantil. Polo seu matiz benéfico e altruísta leváronse a cabo festas para recadar fondos, realizando diversas actividades culturais, organizando charlas e reunións sobre os problemas da infancia.

Ilustración 139. Nenos da Casa de Beneficencia (en *Maiores Lugo 3.0)*

Respecto ao *financiamento* de LGL, as súas principais fontes económicas foron: doazóns, subvencións, festivais, producións de artistas e subscricións públicas.[2697] No primeiro mes de vida da entidade sucedéronse de forma espontánea unha multitude de doazóns anónimas.[2698] Segundo a prensa local, a inauguración desta entidade foi moi ben acollida pola sociedade luguesa, debido a que ofrecía servizos caritativos e sociais aos nenos pobres. Os seguintes anos aumentaron os donativos entregados á fundación de maneira voluntaria, destacando de forma especial a doazón do lucense Generoso Carro Crespo o 22 de abril de 1932. No que respecta ao tipo de festividades para recadar diñeiro, cabe destacar a celebración da *Fiesta de la Poesía Gallega*, celebrada en Lugo dende 1925 e organizada pola *Sociedad Cultural Lucense*. Esta conmemoración realizábase no *Círculo das Artes*, contando coa participación de Ramón Otero Pedrayo e Antón Vilar Ponte.[2699]

Convén facer fincapé agora no traballo de algúns artistas e intelectuais a favor da LGL, ademais da incorporación de bibliografía relacionada coa *Asamblea Nacional de*

[2697] Dende a primeira década do século XX hasta a chegada da sublevación militar que deu comezo a Guerra Civil en 1936, Lugo viviu un período de un certo progreso social, benéfico e cultural: aparición de novas asociacións, multiplicación das publicacións educativas, aumento do sindicalismo docente, aumento de asociacións benéficas, etc. Nesta mellora de condicións vitais, estiveron implicados a aparición dalgunhas institucións e entidades como a "Escuela de Madres-La Gota de Leche", encargadas da defensa e protección da infancia.

[2698] Doazóns coma o do popular lucense Antonio Cora Sabater de 25 pesetas ou a de José Diez del Corral de 100 pesetas. En "Doazóns LGL", *El Progreso,* Lugo, días 20, 21 e 23 de marzo de 1928.

[2699] En varios, "Fascículos para coleccionar. Lugo XX historia de un Siglo" (Lugo: Tomo I. *El Progreso.* 2000), 425.

Protección da Infancia.[2700] Á marxe das doazóns, subvencións e subscricións públicas, serían algúns ilustrados locais os que ofrecerían as súas producións para colaborar con esta institución.[2701] Para entender os ideais que movían este organismo, cómpre rescatar unha poesía dedicada á LGL: versos que foron escritos polo avogado Juan Bautista Varela Balboa e recitados por Mimí Ucelay Porras:

Bendita institución
¡Qué llena de angustia suspira esa madre
con su hijito en brazos!
Es pobre y no cuenta
con los medios precisos para alimentarlo.
Y el niño está débil,
y el niño está pálido;
lo dicen sus ojos de opaca mirada,
lo dicen sus labios,
sus tiernas mejillas
y todo su rostro macilento y flácido…
El niño está triste,
y está demacrado;
y aunque lo acaricia con ansia su madre,
apenas se advierte sonrisa en sus labios.
Carece del jugo que para la vida
le es tan necesario;
porque es muy mezquino,
porque es muy escaso
el que intermitentemente fluye de aquel pecho
que está casi exhausto,
del pecho que ansioso
con sus manecitas el anda buscando.
Pobre pequeñuelo que empieza la vida
sintiendo del hambre sus duros zarpazos,
zarpazos que hieren también a su madre
que está muy enferma y no puede ganarle!
¿Más hay Providencial…
Que cuando del niño desfallece el ánimo
y la pobre madre de fuerzas ya escasa
apenas si puede mantenerle en brazos,
augusta figura de beldad celesta,
las nubes rasgando,
descienden radiantes con lúcido nimbo,
y níveo su manto,
y aquellos dos seres que infelices sufren
les tiende la mano,
y amante los lleva por senda segura
que conduce al puerto del remedio santo…
Desde ese momento solemne, grandioso,
La escena ha cambiado:
Transcurren los días y de aquella madre
las hondas angustias han ido cesando,

[2700] En varios, "Incorporación bibliográfica en relación á protección da infancia en Lugo: *II tomo da Asemblea Nacional de Protección da Infancia*", *El Progreso*, Lugo, 21 de novembro de 1914.

[2701] O 9 de outubro de 1928, a Xunta de Señoras de LGL, organizou unha Festa Literaria no salón do *Círculo das Artes de Lugo*: "En Octubre, fiesta literaria a favor de La Gota de Leche." Destacar o traballo a cargo da directora de la "Universidad Cultural de la Mujer" e asembleísta Teresa Luzzatti muller de López Rúa. Unha vez máis, o gobernador civil da provincia Ramón Bermúdez de Castro y Plá mostrou a súa simpatía pola entidade participando en dito evento. A presidenta desta celebración foi Conchita Bermúdez do Castro Rebellón, acompañada á súa vez pola Corte de Honor formada por: Mercedes V. Fernández Pimentel, Marina Martínez, Araceli Iglesias Oscariz, Lola Pita, Maruja García Gesto, Enriqueta Paradela, María Teresa Correa Calderón, Maruja Fraga e Mimí Ucelay Porras. En José Trapero Pardo, *Lugo, 100 años de vida local* (Lugo: Edicións Celta, 1969), 255.

y ve complacida que su hijo del alma
está ya robusto y se halla animado:
que hay vida en sus ojos,
color en sus labios,
que el niño sonríe y su madre besa
y brinca en sus brazos…
¡Bendita por siempre la Beldad radiante
que majestuosa descendió de lo Alto!
¡Bendita mil veces "La Gota de Leche"!
¡Bendita mil veces su nombre sagrado!

Bautista Varela Balboa[2702]

Con todo, a LGL formou parte dun movemento de asociacións femininas que loitaron polos dereitos das familias e promoción dos valores educativos católicos.[2703] En efecto e segundo Marcos Villares Díaz, nestes tempos existían varias asociacións excesivamente influídas pola Igrexa,[2704] pero que participaron na formación dunha comunidade lucense solidaria, xogando un papel notable na evolución do asociacionismo lucense.[2705] En efecto, a necesidade de combater a pobreza infantil na cidade de Lugo fixo que algunhas mulleres formaran asociacións. Esta comunidade achegaba material e colaboraba de modo altruísta cos coidados infantís ás numerosas familias cunha depauperada situación económica.

Un factor complementario á LGL foron as nocións de puericultura de Ángeles Pardo Celada e as publicacións no diario *El Progreso* de Jacobo Rodríguez Pereira: este profesor escribiu unha serie de artigos para ampliar a formación dos pais e nais lucenses sobre coidados dos infantes.[2706] Os temas disertados aludían principalmente ás condicións de salubridade, de hixiene e á correcta alimentación dos nenos. En la suma, tanto este autor como a institución LGL traballaron para conseguir o benestar dos cativos de curta idade. Este aspecto foi importante para combater a elevada mortalidade e morbilidade infantil. Para conseguir estas finalidades levouse a cabo unha serie de actividades moi variadas segundo a natureza das demandas, recollidos actualmente no regulamento interno da entidade.[2707]

[2702] En Bautista Varela Balboa, "Bendita institución", *El Progreso,* Lugo, 10 de outubro de 1929.

[2703] En Emilio Grandío Seoane, *Los orígenes de la Derecha Gallega: la CEDA en Galicia* (1931-1936) (A Coruña: Edicións do Castro, 1998), 49.

[2704] En Marcos Villares Díaz, "A muller consevadora lucense: do labor social á organización da dereita política" (1931-1933), *Revista CROA Boletín do Museo do Castro de viladonga* (2014): 48-49.

[2705] Como por exemplo o *Padroado de Protección da infancia de Lugo* ou *El Ropero Escolar,* iniciativas que tentaban solapar os escasos ou nulos servizos oficiais de protección á infancia máis desprotexida.

[2706] Un artigo sobre nocións de puericultura, en varios, "Alimentación natural del recien nacido", *El Progreso,* Lugo, día 25 de marzo do 1928.

[2707] Este documento incide na procura do coidado da saúde infantil e a defensa dos dereitos dos máis pequenos ante a desnutrición infantil de comezos de século: dirixindo unha formación entre as nais de familia, de hixiene infantil aplicada aos fogares e ofreceu consultorios gratuítos sobre os nenos peito. As actividades de formación, estiveron asociadas á esperanza de promover o progreso, a conciencia social e as actividades altruístas necesarias para construír unha sociedade máis igualitaria. Si ben, este organismo reivindicou a defensa dos dereitos da infancia máis desfavorecida, cristalizando as intencións máis humanas dalgúns lucenses comprometidos coas persoas máis débiles da sociedade: os nenos e nenas máis desprotexidos e desprotexidas. En Arquivo Provincial de Lugo na sección do Goberno Civil, encóntrase o expediente da "Escuela de madres de Lugo y de sus anexo La Gota de Leche" (Lugo, APL, sinatura: 13047/29). A chegada da Guerra Civil española en 1936 en Lugo tivo unha gran repercusión de represión social. Os nenos separados, desprotexidos ou orfos quedaban ao cargo do Auxilio Social ou noutras ocasións eran adoptados. Estas circunstancias favoreceron as desaparicións de menores durante o período de guerra e posguerra. Vide Raquel Vanyó Vicedo, "La desaparición forzada de la identidad: la justicia internacional como antídoto a la impunidad en el caso de los niños robados", *Anuario Iberoamericano de Derecho Internacional Penal,* Nº 8 (2020): 1-24.

Por último, incidir nos motivos da *desaparición e transformación* da asociación LGL. A principal razón foi a aparición da Lei de Saúde Infantil e Materna en 1941 e do Seguros Informe Obrigatorio de Enfermidade (SOE) en 1942 (predecesor do Instituto Nacional de Sanidade (INSALUD)), que implantou a atención e a asistencia sanitaria gratuíta para os traballadores e os menores. Así, coa aparición de Consultas pediátricas e de puericultura, atendido por médicos especialistas, as entidades como a LGL perderían gran parte da súa razón de ser.[2708] Estas foron as principais razóns da súa desaparición. Unha vez coñecido o papel da muller na escola, as asociacións complementarias e o resto de factores de incidencia no desenvolvemento educativo, é necesario analizar o aumento das publicacións educativas como factor influinte no proceso de modernización pedagóxica.

4.4.8. O aumento das publicacións educativas

Nas últimas dúas décadas do século XIX, en España produciuse un auxe de publicacións relacionadas co asociacionismo e a defensa dos intereses do maxisterio,[2709] como por exemplo a revista *La Instrucción* en 1880.[2710] Igualmente, durante os primeiros anos do século XX apreciouse unha certa efervescencia editorial,[2711] emerxendo con máis intensidade novas publicacións dos docentes e dos inspectores. En relación con isto, convén incidir na aparición da Editorial Palacios, situada na Rúa de Bispo Esquerdo de Lugo. Segundo Antón Bao Abelleira, esta empresa imprimiu importantes revistas e xornais de sentir cultural como *Ronsel* (1924) ou *Sarria* (1929).[2712]

Entre outros, frecuentemente os temas que trataban as revistas eran sobre cultura, sindicalismo e educación, en especial preocupados polos dereitos dos traballadores e pola constitución dunha nova *cultura escolar*, como reacción ao estado de decadencia do século decimonónico. Para dar luz a esta realidade, estes axentes empezan a multiplicar as súas publicacións, denunciando a necesidade de iniciar un proceso de modernización escolar. En efecto, iníciase unha multiplicación de artigos, aspecto paralelo ao aumento do asociacionismo sindical e cultural, á presentación de novas correntes internacionais e ás novas reformas educativas da Administración.[2713]

Seguindo co estudo da *proliferación nacional* de publicacións escolares, nos anos vinte consolídanse grandes editoriais: Hernando, Calleja, El Magisterio Español, Dalmau, Carles, Paluzie, Casa Bastinos, Seix Barral o Bruño. Ademais neste tempo comézanse a incorporar novas tecnoloxías ás editoriais, aumentando a calidade das producións, perfeccionando a tipografía e incrementando o número de ilustracións.

[2708] En Arana Amurrio, José Ignacio e Miguel Ángel Zafra Anta, "Transformación de la lactancia y consiguiente desaparición de las Gotas de Leche", *Historia y significación de las Gotas de Leche en España, Cuadernos de Historia de la Pediatría Española* Nº 8 (Octubre 2014): 33.

[2709] Vide Antonio Checa Godoy, *Historia de la prensa pedagógica en España* (Sevilla: Universidade de Sevilla, Nº1, 2002).

[2710] En Antón Costa Rico, *Historia da educación e da cultura en Galicia* (Vigo: Edicións Xerais, 2004), 1002-1003.

[2711] Cómpre destacar que non só influían as edicións locais, tamén as nacionais.

[2712] Xornal quincenal independiente. En Antón Bao Abelleira, *Día de Galiza Lugo 1935* (Lugo: Unicopia Artes Gráficas S.L., 2010), 3.

[2713] Actualmente esta documentación forma parte dunha valiosa información gardada nos arquivos, que resultou esencial para a realización deste traballo. Entre estes libros e folletos en materia educativa destacamos a obra do inspector Vicente Pérez titulada: *El niño ante la sociedad o Reglas de urbanidad, buena crianza y educación.* Esta obra formou parte dun lote de libriños escolares editados a finais do século XIX.

Paulatinamente apareceron novos libros máis visuais, mellor editados e con máis debuxos, favorecendo unha pedagoxía máis modernista e con exercicios prácticos.[2714] Ademais, estes aspectos redundaron positivamente na posibilidade de publicar novos estudos pedagóxicos e no aumento dos mesmos. Incluso nalgunhas bibliotecas e centros culturais da provincia de Lugo comezaron a incorporar puntualmente obras sobre a cultura galega, como o título *Literatura Gallega*.[2715]

A pesar da efervescencia editorial vivida en España a finais do século XIX e principios do século XX.[2716] A provincia de Lugo xunto coa de Ourense foron as zonas máis atrasadas de España na aparición de periódicos educativos.[2717] Respecto ás plataformas de edicións, a primeira imprenta lucense estivo a cargo de José Pujol en 1815.[2718] Igualmente, parte do debate sobre a incorporación da muller galega ao sistema educativo dirimiuse na prensa mediante artigos cunha clara orientación ideolóxica.[2719] Por estes motivos denotamos que a prensa foi unha ferramenta fundamental para o proceso socializador.[2720]

Xa no século XX, un aspecto influinte no proceso de modernización escolar en Lugo foi a aparición de *novas imprentas* como a de Antonio Suárez (*Grupo Yunque*) ou a revista *Ronsel* (Editorial Palacios), que fomentaron a difusión cultural e o galeguismo, tendo nos mestres un novo usuario formativo e informativo.[2721] Esta circunstancia propiciou á súa vez o aumento doutras publicacións educativas e culturais, favorecendo a difusión de novas teorías como foi o caso de *Vida Escolar*.[2722] Ademais segundo Herminio Barreiro, a prensa foi un dos elementos que exerceu máis presión nas relacións sociais.[2723] Aspecto estudado máis tarde por Antonio Checa Godoy na súa obra *Historia de la prensa pedagógica en España*, enxalzando a aparición do *BILE, La Escuela Moderna* e a *Revista de Pedagogía*, na que colaboraron algúns lucenses.[2724] En 1933, esta última revista acadou unha tirada de 4.000 exemplares, feito significativo nas

[2714] Vide Angel Bueno, *La Educación por la vista,* (Hijos de Santiago Rodríguez, 1907).

[2715] Número gardado no Centro Cultural Santallés da Ribeira de Piquín. En Eugenio Carré Aldao, *Literatura Gallega* (Barcelona: Casa Editorial Maucci, 1911).

[2716] Convén citar que en novembro de 1884, os sectores máis progresistas do panorama intelectual nacional propuxeron a través do *El Periódico Semanal de Instrucción Pública* (Madrid) contidos, innovacións e reformas necesarias para o ensino primario. A súa aparición trataba moitos dos problemas educativos presentes nas provincias, unha publicación con carácter reformista que avogaba pola defensa dos dereitos dos traballadores do ensino, resumindo as carencias sufridas polas comunidades educativas. En varios, *El Periódico Semanal de Instrucción Pública* (Madrid: APL, sinatura: 931, novembro 1884).

[2717] En Antonio Checa Godoy, *Historia de la prensa pedagógica en España* (Sevilla: Universidade de Sevilla, 2002), 335.

[2718] A partir de 1868 produciuse un salto cualitativo e cuantitativo, debido a que as Xuntas Revolucionarias recoñeceron a "liberdade de imprenta". En palabras da profesora María Cruz Seoane: "Nunca, ni antes ni después, fue tan libre la prensa española como en estos años". Vide María Paz Teijeira e María de la Torre, *A prensa en Lugo, dous séculos de historia* (Lugo: Servizo de Publicacións da Deputación Provincial de Lugo, 1997).

[2719] En José Ramón Fernández Vázquez, "Algúns aspectos históricos sobre a incorporación femenina á educación e a normalización do formato escolar mixto en Galicia", *Sarmiento,* Nº 7 (2003): 96.

[2720] En Cristina Redondo Castro e Isabel Grana Gil, "Experiencias y prácticas de renovación pedagógicas. Análsis desde el suplemento de pedagogía e instrucción pública del periódico *El Sol* (1917-1921)", *Pedagogias alternativas y educación en los márgenes a lo largo del siglo XX* (Valencia: Universidade de Valencia, 2022), 179.

[2721] Os colaboradores desta imprenta sufriron unha forte represión coa chegada da ditadura franquista. En Claudio Rodríguez Férnandez, "Exposición Vello Cárcere de Lugo" (Lugo: Vello Cárcere, 2023)

[2722] Vide Manuel Tuñón de Lara, La *Espana Del Siglo XX* (Barcelona: Editorial Lala, 1974).

[2723] En Herminio Barreiro Rodriguez, "A Institución Libre de Enseñanza, "unha política de pedagoxía"", *Sarmiento*, Nº 5 (2001): 14.

[2724] Vide Antonio Checa Godoy, *Historia de la prensa pedagógica en España,* Nº 1 (2002).

publicacións nacionais e unha cifra importante para a época.[2725] Por este motivo, Viñao afirmaba que a *Revista de Pedagogía* chegou a ser: "la empresa intelectual más importante del primer tercio del siglo XX".[2726] De forma similar, *El Sol* foi un diario comprometido coa renovación pedagóxica, enxalzando o conxunto de artigos de Luis Bello onde describiu o panorama das escolas lucenses nesta época.[2727] Tendo en conta isto, convén analizar e valorar agora a contribución da prensa nacional e local, aludindo ao campo das achegas pedagóxicas na provincia luguesa destes anos (1900-1936), asunto que nos ocupan estas liñas.

Ilustración 140. Imprenta de Antonio Suárez, grupo *Yunque*: Romero Boelle, Ánxel Fole, Francisco Lamas e Antonio Suárez (Arquivo de Santiago Lamas)

Analizando os influxos externos á provincia, pronto denotaremos a contribución dos indianos. Así, tamén no estranxeiro, algúns galegos emigrados comezan a publicar os proxectos sociais e culturais da época (1915-1936), reflectindo parte da *Galiza imaxinaria*.[2728] Para isto, cabe ter en conta os estudos realizados por Eugenia Bolaño Amigo, que manifestaba a importancia destes órganos de difusión á hora de indagar no desenvolvemento e representación das identidades colectivas, nas imaxes e sentimentos *identitarios* do endóxeno e esóxeno.[2729]

Na ditadura de Primo de Rivera interrompese o sistema de liberdade de elección, tentando a implantación "texto único e obrigatorio". Neste período producese a popularización do uso de dúas obras: *Rayas* e *El primer manuscrito* da editorial

[2725] Entre a relación das cincuenta provincias españolas con máis tiradas, ordenadas de maior a menor, atopábase a provincia lucense en sétimo lugar entre as dez primeiras: Madrid, Barcelona, Lleida, Valencia, Oviedo, Coruña, Lugo, Huesca y Navarra Así. En *Revista de Pedagogía* (1933): 430.

[2726] Vide Antonio Viñao Frago, "La modernización pedagógica española a través de la "Revista de Pedagogía (1922-1936)", *Anales de Pedagogía*, Nº 12-13 (1994).

[2727] En Cristina Redondo Castro, "*El Sol.* Un diario comprometido con la renovación pedagógica (1917-1921)", *Pedagogias alternativas y educación en los márgenes a lo largo del siglo XX* (Valencia: Universidade de Valencia, 2022), 97.

[2728] Concepto empregado polo historiador Ramón Villarres ou Xosé M. Nuñez Seixas para describir os retratos reais e idealizados da Galicia emigrada.

[2729] En María Eugenia Bolaño Amigo, "Identidade, educación, xénero e nación. A Galiza imaxinada a través da prensa galega da emigración", *XX Coloquio- Congreso Internacional Historia de la Educación. Identidades-Intercionalismo, Pacifismo y Educación. Siglos XIX y XX* (Ourense: Deputación de Ourense-SEDHE, 2019), 313.

Dalmau. No *estudo comparado* sobre a cantidade de publicacións galegas: A Coruña foi a provincia máis fecunda no número de edicións, seguida por Pontevedra, como núcleos de reflexión pedagóxica. Respecto á provincia de Lugo, os anos trinta foi o período onde houbo un maior número de publicacións. Por exemplo, a través de *Vida Escolar* difundíronse experiencias activas de traballo escolar, substituíndo ao método escolástico bancario, verbalista e memorístico. Destacaremos sobre todo o número especial publicado no ano 1933 con motivo da *Semana Pedagógica Lucense*. Esta revista contribuíu á *visibilización* da necesidade de modernizar o ensino primario e á introdución dunha nova *cultura escolar*. Uns anos máis tarde, en maio de 1936, a Federación de Traballadores do ensino de Lugo publicaba a revista L.A.T.E., contribuíndo á información, sindicación e renovación pedagóxica.[2730]

Por outro lado no que respecta á contribuíron da *formación permanente* dos mestres e mestras, entre todas as revistas editadas en Lugo destacou tamén a revista *Vida Escolar*, un semanario que tiña como obxectivo principal en palabras textuais: "a defensa do maxisterio e dos intereses da escola nacional e do neno". Editábase os sábados e os seus artigos influíron na difusión de novas educativas, facendo patente as nosas carencias e a vivificación da nosa cultura escolar.[2731]

> *Vida Escolar* pola súa continuidade entre 1927 e 1936, ten un interese excepcional, porque ademais é un bo reflexo das vicisitudes do profesorado da provincia de Lugo naqueles intres.[2732]

Esta revista estaba dirixida por Andrés Gómez Legaspi,[2733] mestre e xornalista natural de Muxa, parroquia lucense. Antes de fundar *Vida Escolar* traballou como docente en Ribadeo, en San Román de Vilaestrofe e Cima de Vila.[2734] Ao longo da súa vida tamén dirixiu varias quendas de colonias escolares en San Miguel de Reinante e foi membro de Unión Republicana.[2735]

Ademais de *Vida Escolar*, existían *outros títulos* notables empregados para informar aos docentes sobre temas de educación e da vida cultural na provincia de Lugo. Así, citaremos ás revistas de maior relevancia: *La Educación, Los Anales de Primera Enseñanza, El Mensajero de Primera Enseñanza, La Enseñanza Moderna, El Maxisterio Lucense, La Unión del Maxisterio, Boletín de Educación, L.A.T.E., Unión Escolar, Juvenilia, Ahora, Guión e Yunque*.[2736] Todas elas constitúen hoxe un legado do traballo dos xornalistas, mestres e inspectores a prol da educación. Esta obra foi complementada cos artigos publicados no diario *El Progreso,* concretamente na súa sección titulada: "De enseñanza".

A ditadura de Primo de Rivera foi un período de censura e vixilancia mediante os delegados gobernativos e o gobernador civil da provincia. Temos que entender que

[2730] Para os periódicos lucenses catálogo Hemeroteca da Biblioteca Nodal de Lugo e en Antón Costa Rico, *Historia da educación e da cultura en Galicia* (Vigo: Xerais, 2004), 983.

[2731] En Andrés Gómez Legaspi, "Andrés Gómez Legaspi", *Vida Escolar*, Nº 16, XI (1933): 1.

[2732] En Antón Costa Rico, *Historia da educación e da cultura en Galicia* (Vigo: Xerais, 2004), 983.

[2733] En Andrés Gómez Legazpi, "Cambio de hora de su centro" (Lugo: APL. Fondo Concello. Sinatura: 1202-01, xaneiro 1934).

[2734] En Concello de Lugo, "El Ayuntamiento felicita al Maestro Lopez Legazpi por la actividad del "Día del árbol"" (Lugo: APL. Fondo Concello. Sinatura: 1202-01, 1930).

[2735] En Andrés López Legazpi, "Andrés López Legazpi informa sobre El día del árbol" (Lugo: APL. Fondo Concello. Sinatura: 1202-01, 1929).

[2736] Vide Antón Costa Rico, *Escolas e Mestres. A educación en Galicia: Da restauración á Segunda República* (Santiago: Editorial Servizo Central de Publicacións Xunta de Galicia, 1989), 382-388; e en Antonio Prado Gómez, *O Instituto Provincial de Lugo 1842-1975* (Lugo: Servizo de Publicacións de Lugo, 2013), 170.

calquera manifestación rexionalista foi perseguida porque era entendida polo Goberno como un perigo para a unidade de España. Así, durante este período as publicacións cedíanse ás exixencias da Administración Central. Isto non fará máis que avivar as ganas dalgúns docentes e inspectores de difundir libremente os seus ideais, como foi o caso de Joan Comas Camps en Lugo. Este feito traduciuse nunha eclosión de artigos de carácter laico e republicano ao finalizar o período primorriverista.

No período do *primeiro bienio* da Segunda República o anticlericalismo literario, o republicanismo e a defensa da escola pública estiveron intimamente vinculados.[2737] En Lugo, o avogado e político Germán Lastra publicou un gran número de artigos no diario *El Progreso*, achegando un estudo interesante sobre a ensinanza en Lugo. Así, a partir do 6 de xaneiro 1932, este lucense escribiu unha serie de estudos describindo o mal acondicionamento dos colexios, sobre todo nas zonas rurais desta provincia.[2738] Ademais enxalzou o traballo "infatigable" dos mestres lucenses: o propio autor comparaba esta sucesión de artigos co traballo realizado anteriormente polo intelectual e xornalista Luis Bello. Igualmente, o 17 de marzo de 1932, Germán Lastra publicou o seu último artigo, onde describía a escola pre republicana e a súa situación. Estas publicacións foron o prólogo dun traballo máis amplo que titularía: *Al servicio de la Escuela.*[2739]

> El maestro de maestros y periodistas, el admirado Quijote de la escuela, incansable caminante Luis Bello, nos ha enseñado desde las columnas de *El Sol* la labor que puede realizarse en bien de la humanidad con una campaña de divulgación bien encauzada. Jamás España pagará cumplidamente a este hombre excepcional la labor realizada en pro de la cultura. Labor de una eficacia tal que aún a los enemigos de la escuela lograba interesar, tal era la maestría con que había sido enfocado el interesante reportaje. No soy tan iluso que quiera comparar mi insignificante labor con la realizada por Luis Bello. No siendo ni periodista, ni intelectual, me será difícil, poco menos que imposible, lograr que mis artículos sean leídos con el entusiasmo que yo pongo al escribirlos; pero, como dejo dicho, considero un deber aportar mi grano de arena a la gran obra que desde las alturas del Poder ha comenzado a desarrollar mi ilustre correligionario don Marcelino Domingo...[2740]

Outro mestre destacado nesta provincia foi Antonio Quintela Ferreiro, como un dos personaxes históricos que traballaron na provincia luguesa e que máis artigos e proxección editorial achegaron. En 1932, este docente publicou unha serie de traballos a prol da renovación e modernización da escola rural.[2741] Dentro deste conglomerado de textos, Quintela Ferreiro analizou as principais causas contrarias á introdución de novas ideas no ensino primario lucense: principalmente a falta de centros educativos, a mala dotación dos mesmos e a organización non graduada establecida con regularidade.[2742] A maioría dos seus artigos non estiveron exentos de certa teorización pedagóxico e

[2737] En Fernando Álvarez-Uría Rico, "Escuela, laicismo, y democracia: Literatura clerical y anticlerical en la España de la Restauración", *Sarmiento*, Nº 26 (2022): 9.

[2738] En Germán Lastra, "La escuela del porvenir", *El Progreso*, Lugo, 6 de xaneiro de 1932. Cómpre ter en conta que Germán Lastra foi tesoureiro do Partido Republicano Radical Socialista, sindical organizador da UGT, secretario da Asociación da Prensa de Lugo en 1932 e xestor da Deputación de Lugo denden marzo de 1936.

[2739] Probablemente non chegou a editar este traballo xa que non figura nos arquivos nin nas bibliotecas, pero consultamos os artigos en Germán Lastra, "Temas Sociales-La Escuela del Porvenir XX-Epílogo", *El Progreso,* Lugo, 17 de marzo de 1932.

[2740] En Germán Lastra, "La escuela del porvenir", *El Progreso,* Lugo, 6 de xaneiro de 1932.

[2741] En José Manuel Vázquez López, "Relación entre a defensa da escola rural cos inspectores e Mestres (Lugo 1900-1936)", *Educació i desenvolvement rural als segles XIX-XX-XXI* (Lleida: Universitat de Lleida, 2018), 161-175.

[2742] En Antonio Quintela Ferreiro, "Renovación de la escuela rural", *El Progreso,* Lugo, 17 de marzo de 1932.

didáctica, procurando unha análise clara e concisa dos problemas educativos, achegando posteriormente algunhas posibles solucións.

Outro aspecto importante para os mestres e inspectores na provincia de Lugo foron os artigos publicados durante os dous congresos pedagóxicos, celebrados no período analizado (1900-1936): o *Congreso Pedagógico* de 1923 e a *Semana Pedagógica Lucense* de 1933; como xa citamos, especialmente no "Número Especial do 33" e a edición do traballo premiado sobre Concepción Arenal. Este foi un instrumento de información impulsado polos docentes que participaron nos devanditos certames, medio que colaborou coa prensa profesional. Por enriba disto, rememoremos como durante a implantación do *bienio reformador* do Goberno Republicano (1931-1933) houbo importantes impulsos educativos: a educación primaria obrigatoria e de balde, a realización de prácticas tendentes ao activismo didáctico, a procura da democratización na escola, a coeducación ou a tentativa de implantar o laicismo escolar e a coeducación. A través da *Semana Pedagógica Lucense de 1933* e das publicacións periódicas de diversas revistas existiu unha certa impregnación teórica das propostas educativas republicanas, tamén referímonos a medios como o *BILE,* a *Revista de Pedagogía* ou *La Escuela Moderna.*

A partir da terceira década do século XX apreciouse nos artigos lucenses unha preocupación máis aguda pola perspectiva da *modernización*. Ao carón do pensamento republicano do primeiro bienio lexislativo. En efecto, algúns mestres e inspectores comezaron a publicar artigos sobre temas máis contemporáneos, aspecto favorecido polos contactos establecidos por algúns docentes coas bolsas da JAE. Deste xeito, xorde un cambio nos intereses, máis centrados nas solucións e na europeización dos discursos. Un exemplo desta viraxe de mentalidade atopámolo nas conferencias ofrecidas polos asembleístas do 33, celebración na que se trataron varios ensaios referentes: á individualización da ensinanza, á laicidade escolar, á socialización do discente ou á ensinanza activa.[2743] Para facernos unha idea máis clara disto, a continuación o seguinte cadro recolle as publicacións culturais e educativas máis representativas de Lugo nos primeiros anos do século XX:

Cadro 70. Prensa cultural lucense sobre o Maxisterio (ata 1936)	
Título	**Descrición.**
La Educación	Revista do século XIX cunha dilatada publicación sobre os momentos educativos lucenses (presente na Biblioteca Nacional).
Los Anales de Primera Enseñanza (1865- 1870)	En *La Reforma* Nº 8 do 1 de setembro de 1870.
El Mensajero de Primera Enseñanza (1893)	Revista de educación e órgano da asociación provincial do maxisterio de ensinanza primaria en Lugo, fundada e dirixida en 1892 por Celestino Buján Suárez. Publicada en Lugo en 1893. Cfr. Blanco Sánchez
La Enseñanza Moderna	Publicada en Lugo no ano 1901.
El Magisterio Lucense	Revista de Pedagoxía decenal editada en 1906, o seu director foi Vitoriano Tuñón García (Cfr. Branco e Sánchez).
La Unión del Magisterio	Revista dirixida por José Vázquez Senra publicada en Lugo en 1907.
Vida Escolar	Publicada en 1927 e suspendida dez anos máis tarde, o seu director foi Andrés Gómez Legazpi.
Boletín de Educación	Esta revista data do ano 1936, cfr.: *Correo de Galicia* en Bos Aires.
L.A.T.E.	Publicada polo órgano de Federación de Traballadores do Ensino de Lugo en 1936, revista de sindicación e de renovación pedagóxica.
Unión Escolar	Periódico escolar de Pedrafita do Cebreiro publicado en 1936.
Juvenilia	Revista literaria editada nos talleres de *El Progreso* cada dez meses.

[2743] Entre eles atopábase un estudo sobre Concepción Arenal.

	Apareceu por primeira vez en maio de 1918, promovida polos alumnos do Instituto de Bacharelato de Lugo. Os seus directores foron Antonio Goy Díaz e Juan Antonio Correa Calderón. Na súa redacción participaron Evaristo Correa Calderón, Glicerio Barreiro e Juan Antonio Correa Calderón, como principal redactor.
¡Ahora! (1930)	Anxel Fole participou na creación e elaboración deste semanario republicano lucense. Editado na imprenta de Antonio Suárez.
Guión (1931)	Editada nos anos trinta foi a continuadora do publicación titulada *Ahora*. Anxel Fole asinou unha sección crítica e anticlerical co pseudónimo de "Troitiño". Máis tarde promoveu a publicación dun número obreirista e revolucionario con motivo do Primeiro de Maio de 1931, no que se substituíu o rótulo de "Semanario Republicano" polo de "Semanario de Izquierdas".
Yunque (1932-1934)	Anxel Fole fundou esta revista continuadora das publicacións *Ahora* e *Guión,* en defensa do pensamento republicano de vangarda política. Saíron seis números entre 1932 e 1934, nunha liña revolucionaria e marxista. Editado na imprenta de Antonio Suárez.
La Antorcha	Revista que durou dous anos, dirixida por Antonio Quintela Ferreiro, mentres era mestre da Escola de Santaballa.
Prensa xeral lucense	
El diario de Lugo	Diario lucense que foi creado en 1876 ata 1923.
La Idea Moderna	Prensa lucense progresista no que colaborou Celestino Buján Suárez.
El Progreso	Diario liberal editado en Lugo.
Las Dos Regiones	Diario da zona de Ribeira de Piquín (1908 e 1909) de interes xeral.
La Reforma	Diario de Viveiro en 1882, director Eusebio Aguileta.[2744]
RONSEL (1924)	Mostra importantes artigos e innovacións. Revista galeguista de arte e literatura (6 números), centrada na xeración do 27. Dirixida por Evaristo Correa Calderón (Baralla) e Álvaro Cebreiro. Colaboraron entre outros: Castelao, Cabanillas, Noriega Varela, Teixeira de Pascoaes, Manuel Abril, Antonio Robles, Jesús Bal y Gay, Cansinos, Díaz Fernández, José Francés, Ramón Gómez de la Serna, Juan González del Valle, Jarnés, López Picó, Malespine, Manuel Antonio, Marichalar, Alfons Maseras, Pérez de la Ossa, Pimentel, Baldomero Sanín Cano, Guillermo de Torre e Francisco Vighi.
Las Riberas del Eo	Impulso social e cívico das terras de Ribadeo
La Comarca	Ídem.
El Heraldo de Viveiro (1912)	Deixou de publicarse no ano 1937, retomando a súa publicación nos anos sesenta, dirixido en 1968 por José Trapero Pardo.
Despertar	Dirixido por Francisco Calvo Jarrín (Foz).
Vanguardia Gallega	Dirixida por Evaristo Correa en 1931, dura dous anos.
Prensa non profesional do Maxisterio	
El Pequeño Escolar	Periódico infantil publicado en San Miguel de Reinante (Ribadeo), en 1935.

Fonte: Elaboración propia. En Antón Costa Rico, *Historia da educación e da cultura en Galicia* (Vigo: Xerais, 2004), 983; para os periódicos lucenses catálogo Hemeroteca da Biblioteca Nodal de Lugo; e Antonio Checa Godoy, *Historia de la prensa pedagógica en España* (Sevilla: Universidade de Sevilla, Nº1, 2002); en Manuel Pereira Valcárcel, "RONSEL Revista de arte (Lugo, 1924)", *Madrygal: Revista de Estudios Gallegos,* Nº 13 (2010): 213; María Victoria Ramos Carballo-Calero, "EL Arte Nuevo y las revistas de creación en Galicia (1918-1936), *RONSEL,* Lugo, (1924); en "Ecléctica2", *Abrente* Nº 305 (2009): 40-41; para *Juvenilia*, en *El Regional*, 2 de maio de 1918 e "Ayer con... Antonio Goy Díaz", *El Progreso*, Lugo, 1 de agosto de 1959; en Claudio Rodríguez Fer, "Anxel Fole: Panorama e rusofilia." *Eduga: revista galega do ensino,* Nº 16 (1997): 15; e en Aurora Marco López, Anxo Serafín Porto Ucha, *A Escola Normal de Santiago de Compostela. De Escola Normal Superior a Escola Universitaria (1849-1996)* (Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 2000), 379.

[2744] Ademais este home foi autor da obra sobre hixiene escolar e urbanismo: Eusebio Aguileta, *La Estrella Infantil o sean Preceptos higiénicos, morales y de urbanidad para las Escuelas de primera enseñanza. Primer grado de LecturaContinuación del ejercicio preliminar,* (Madrid: Establecimiento Tipográfico de Góngora y C. 1881) e tamén outra titulada *Ejercicio preliminar de lectura* e *Ortografía y caligrafía : compendio*, (Bilbao: Imprenta de Joaquín F. Mayor, 1ª ed., 1871). Eusebio Aguileta foi un dos representantes máis importantes do Republicanismo en Bilbao. En Jon Penche González, *Republicanos en Bilbao (1868-1937)* (País Vasco: Servizo Editorial da Universidade del País Vasco/Euskal Herriko Unibertsitatearen Argitalpen Zerbitzua, 2010), 45.

En particular, é preciso destacar a gran tradición periodística do concello da capital da Terra Chá. En Vilalba a comezos do século XX aparecían numerosos periódicos: o *Ideal Villalbés* (1902), *El Eco de Villalba* (1908) dirixido por Manuel Mato Vizoso e Novo Freire, *El Ratón* (1910), *El Vigía Villalbés* (1913), *Azul y Blanco* (1914), *Villalba y su comarca* (1915), *Galicia Pintoresca* (1916), *El Heraldo de Villalba* (1916) no que participaba García Hermida, A Xustiza (1918) periódico escrito en galego, *Aurora* (1918), *El Gato* (1919), *La Voz Villalbesa* (1921), *El Progreso Villalbés* (1922) creado por Enríquez Chanot, *El Villalbés* (1925), *El Villalbés de Buenos Aires* (1927), *La Unión Ciudadana* (1929) e por último durante os anos da Segunda República o *Faro Villalbés* (1932) no que colaborou Carmiña Prieto Rouco, autora do "Himno da Terra Chá". Segundo Antonio Peña, tamén cómpre incidir na controversia social que produciron as publicacións de *Ratón, Juventud Antoniana* e a revista mensual *A Tia Culasa*.[2745]

Entre os impulsores do federalismo atopamos ao mestre de primeira ensinanza Eusebio Aguileta. Este docente colaborou no Congreso Pedagóxico de 1882 en representación dos mestres de Viveiro, realizando unha exposición sobre o ensino primario e a súa organización.[2746] Este librepensador dirixiu a revista *La Reforma.* Un republicano que defendeu os seus fundamentos no *Colegio de Nalda*. Debido á defensa destes ideais foi sancionado polo goberno e a Igrexa. En consecuencia foi condenado polo bispo, que mandou queimar os seus libros. Segundo Carlos Parrilla, "Os primeiros anos da Restauración tiveron en Aguileta un paradigma desa España onde manter a integridade podía significar renunciar ao futuro".[2747]

Outro das personalidades máis importantes para a prensa lucense foi Antonio Goy Díaz. Naceu en Lugo en 1900, o seu pai era Antonio Goy Ulloa, casado con Isabel Veloso Calvo en 1923.[2748] A partir de 1917, este intelectual colaborou co xornal *La Idea Moderna.* En 1918 dirixiu *Juvenilia.* En 1931 foi redactor de *La Provincia* e *El Progres*o como xefe de Redacción. Tamén foi presidente da *Asociación da Prensa de Lugo*. Ademais publicou as seguintas obras: *Entre o clavo i-a ferradura* (*contos e poemas do ferreiro Mocles*) (1928), *Rutas de turismo. 1ª ruta. Lugo-Otero de Rey-Villalba-Vivero* (1940) e as novelas *Las cinco hijas de Miramontes* e *Augusta*. Á marxe do seu labor como xornalista e escritor, este lucense foi oficial de telégrafos dende 1918 e xefe de Telégrafos de Foz nos anos vinte. Coa aparición da Guerra Civil dirixiu o semanario falanxista *Azul* ata xuño de 1937. Ademais ocupou varios cargos de relevancia como delegado provincial de prensa do Estado e subdelegado para *Prensa y Propaganda de Lugo*.[2749] Dende 1947 traballou como xefe do Corpo de Telégrafos de Madrid. En 1964 ocupou o cargo de delgado xefe provincial do *Centro de Telecomunicación de Almería*.[2750] Nesta provincia pasaría o resto da súa vida ata o seu falecemento en 1976.[2751]

[2745] En Xosé Pombo Mosquera, *Liga Santaballesa. Historia dunha Escola Habanera 1907-2007* (Vilalba: Padroado da Liga Santaballesa, 2007), 117.

[2746] En Eusebio Aguileta, *Enciclopedia Galega Universal* (2025), extrado o 1 de xaneiro de 2025 de www.egu.xunta.gal.

[2747] En Carlos Parrilla Alcaide, "El caso de Aguileta", *Biblioteca de la Rioja. Almudena Grandes* (La Rioja: Fondo Rioja, 2021) extraído o 20 de xaneiro de 2022 de: http://www.blr.larioja.org/content/el-caso-aguileta-carlos-parrilla-alcaide

[2748] En *El Norte de Galicia*, 23 de novembro de 1929.

[2749] En *El Pueblo Gallego*, 18 de xuño de 1937.

[2750] En *El Progreso*, Lugo, 20 de marzo de 1964.

[2751] En *La Voz de Almería*, Almería, 24 de febreiro de 1976.

E non podemos esquecer o traballo realizado en Ribadeo por Gregorio Sanz, en referencia á edición de *El Pequeño Escolar* no que participou este mestre, segundo a entrevista que lle realizou o historiador e profesor Antón Costa Rico.[2752] Esta revista lucense foi un instrumento interescolar de comunicación de orientación escolanovista. Na súa realización participaban vinte escolas e os mestres do *Colegio de San Miguel e de Santiago de Reinante*. Os docentes Antonio Pérez López e José Arévalo Simón tamén propiciaron a súa edición, editada nunha imprenta comercial na costa luguesa.[2753] Entre os seus apartados incluía textos infantís relacionados coa vida social e escolar. Principalmente, Gregorio Sanz potenciou a súa utilización na comarca da Mariña Lucense, pero incluso chegou a enviarse algunhas escolas fóra de Galicia. A lingua empregada para a súa confección era o castelán, seguindo coa tendencia xeral de edicións nese tempo.

> *El Pequeño Escolar*: un xornal "de" e "para" os nenos que, con formato case de tabloide, comezou a editarse o 1 de febreiro de 1935 e do que coñecemos once números editados ata xullo de 1935. Foi editado nunha imprenta comercial e en cada número incluíanse unha media de 18 textos que, na súa maioría, eran textos infantís, relacionados coa vida social, co contexto e coa vida escolar. Interviñan aquí varios mestres e, de feito, os textos proceden de vinte escolas da comarca da Mariña, das cales sete delas eran as máis representadas. O grande animador e mestre era Antonio López Pérez e tamén Gregorio Sanz García, por quen coñecemos inicialmente esta colección, tivo nela intervención. *El Pequeño Escolar* era un instrumento de comunicación interescolar na perspectiva dos xornais escolares de orientación freinetiana, que se enviaba a algunhas outras escolas de localidades fóra de Galicia, aínda que apenas se alude nel a outros xornais infantís. Son pícaros e nenas as que escriben e fano raramente en galego.[2754]

Respecto á *utilidade* da prensa educativa, segundo as fontes, serviu aos mestres e inspectores como avisador administrativo sobre as convocatorias ou novidades de instrución pública, sendo un axente fundamental para a vida das diferentes asociacións e o seu proceso socializador.[2755] Deste xeito, os mestres coñecían os cambios na lexislación, as preocupacións, as novidades e os dereitos profesionais. Neste sentido, a prensa permitiu unha certa continuidade informativa e formativa, solapando en parte a ausencia de programas de formación permanente do profesorado e dun medio de comunicación profesional unificado.[2756]

Analizando o tema da *publicidade nas revistas*, coñecemos a través dos anuncios aspectos moi interesantes, sobre todo no referido ás clases particulares e outros servizos relacionados coa educación privada.[2757] Outras seccións incluían as disposicións e normativas referentes á lexislación educativa. Aquí os mestres expoñían as súas inquedanzas sobre os problemas do ensino nos apartados de opinión e de ensaios.[2758] É necesario poñer de manifesto a presenza de artigos relacionados cos conmemoracións como *El día del Árbol* e as celebracións relacionadas coa protección da infancia.[2759] O

[2752] En Narciso de Gabriel, "Gregorio Sanz, o mestre elocuente", *Sarmiento,* Nº 22 (2018): 211.

[2753] José Arévalo Simón foi depurado 1936-1942, con expediente de mestres, en "Expediente de José Arévalo Simón", (Ministerio de Educación Nacional, AGA, sinatura 32/13203).

[2754] En Antón Costa Rico e Uxía Bolaño Amigo, "Represión política e castigo do profesorado republicano na provincia de Lugo. As consecuencias do 36", *Sarmiento,* Nº 21 (2017): 110.

[2755] En Cristina Redondo Castro e Isabel Grana Gil, "Experiencias y prácticas de renovación pedagógicas. Análsis desde el suplemento de pedagogía e instrucción pública del periódico *El Sol* (1917-1921)", *Pedagogias alternativas y educación en los márgenes a lo largo del siglo XX* (Valencia: Universidade de Valencia, 2022), 179.

[2756] Un dos problemas máis discutidos na prensa e artigos foi a tardía aplicación da Lei de Instrución Pública do 1857 (Lei Moyano).

[2757] En varios, "Anuncio de academia na contraportada del diario *El Progreso*", *El Progreso,* Lugo, 29 de outubro de 1914.

[2758] En Germán Lastra, "La Escuela del Porvenir", *El Progreso,* Lugo, 6 de xaneiro de 1932.

[2759] En "La fiesta del Árbol", *Vida Escolar,* Nº 207, ano V (1931): 1-2.

motivo desta festividade foi contribuír ao enriquecemento forestal e recadar fondos de forma altruísta para os nenos en situación desfavorecida. Cómpre citar que o *Patronato de Protección de la Infancia en Lugo* empregaba frecuentemente os medios de comunicación local para anunciar as colonias escolares realizadas na Mariña Lucense, con frecuencia realizadas Benquerencia e Foz.[2760] Ademais nas publicacións editadas na terceira década do século XX denotouse a influencia da ILE: sobre todo no referido aos artigos de Joan Comas sobre a aplicación da escola laica e unificada.[2761]

Outro medio de difusión de novas educativas foi o *Boletín de Educación.* Esta plataforma tiña a finalidade de mellorar a relación técnica entre a *Dirección General* e os distintos organismos de primeira ensinanza. Segundo o propio Boletín, o último trimestre de 1933 e 1934 en Lugo xa se podía adquirir con regularidade esta revista.[2762] A súa subscrición era obrigatoria para todas as escolas cun excedente no seu presuposto de cinco pesetas anuais. Segundo as fontes atopadas, esta publicación era un medio de coordinación e difusión pedagóxica entre o maxisterio e os seus estamentos pedagóxicos superiores.[2763]

Respecto á colaboración de varios lucenses en medios de tirada nacional. En concreto, cabe destacar as colaboracións na *Revista de Pedagoxía* de Antonio Pérez López, Evaristo de Cuena[2764] e Gregorio Sanz. En 1932, este último docente participou no número 130 da citada revista cun artigo titulado "A escola activa", introducindo varias rutinas creativas na súa escola, a análise de publicacións variadas e as experiencias vivenciais.[2765] Posteriormente este docente publicaba un ensaio titulado "Ensayo de escuela activa".[2766] Sobre este tema, o mestre Antonio Pérez López tamén colaborou nesta revista cun traballo sobre outra experiencia activa levada a cabo nunha excursión escolar na Mariña Lucense.[2767]

Por último, antes do levantamento militar de Franco en 1936, é necesario facer fincapé noutro suceso que sobresaltou á opinión pública lucense, referímonos á inauguración da primeira emisora de radio lucense en 1935. A pesar de non ser unha editorial nin revista esta era unha innovación relevante respecto á incorporación de novos medios de comunicación. Igualmente este ano celebrouse a primeira edición do premio San Froilán de ciclismo.[2768]

Co estalido da *Guerra Civil*, varios dos responsables das revistas que fomentaron a cultura lucense sufriron unha forte represión por parte do goberno de Franco, sobre todo no referido aos intelectuais que colaboraron con publicacións laicas, republicanas ou

[2760] Vide Elisa Rodríguez Estévez, "Distribución especificada de zonas de inspección", *Vida Escolar,* Nº 513 (30 de xaneiro de 1937).

[2761] Referímonos á defensa dunha escola única e gratuíta que facilitaba o acceso á ensinanza a todos os alumnos e alumnas. En Joan Comas Camps, "Lo que es la Escuela única", *El Progreso,* Lugo, 17 de xuño de 1931.

[2762] En Lugo achegouse o *Boletín de Educación* ás escolas durante os anos 1933 e 1934 cunha periodicidade trimestralmente (en total 8 números).

[2763] En varios, "Presuposto *Boletín de Educación*", *Boletín de Educación,* Nº 7 (1934): 57-64.

[2764] O mestre de San Xoan de Alba Evaristo de Cuena esribiu algún artigo sinxelo na *Revista de Pedagoxía*. Vide Herminio Barreiro Rodríguez, "De onte a hoxe. Presencia galega nunha publicación pedagóxica innovadora: a Revista Pedagoxía (1922-1936)", *Homenaxe a Ramón Lorenzo* (Vigo: Galaxia 1998).

[2765] En Víctor Moro, "Limiar", *Gregorio Sanz Uno de tantos* (Sada: Edicións do Castro, 1990), 6.

[2766] En Gregorio Sanz, "Ensayo de escuela activa", *Revista de Pedagogía,* Nº 130 (1932): 454-458.

[2767] En Antonio Pérez López, "Excursión escolar en San Miguel de Reinante", *Revista de Pedagogía,* Nº 164 (1935): 355-361.

[2768] Xornal quincenal independiente. En Antón Bao Abelleira, *Día de Galiza Lugo 1935* (Lugo: Unicopia Artes Gráficas S.L., 2010): 2.

rexionalistas. Entre as principais personalidades represaliadas en Lugo destacaron: o director do "Semanario republicano" *!Ahora!* Avelino López Otero, o membro de Irmandades da Fala Luis Peña Novo, o médico Rafael de Vega Barrera, o membro de Izquierda Republicana César López Otero, o profesor mindoniense da Escola Normal Central Antonio Maseda Bouso, o codirector de *Yunque* Francisco Lamas López e o escritor Anxel Fole.[2769] Ademais gran parte dos colaboradores, entre os que figuraban varios moitos mestres e inspectores, tamén foron perseguidos e depurados, entro os que destacamos a: Luis Soto Menor, José Galera Moreno, Joan Comas Camps ou José del Peso y Sevillano. Ante esta situación, algúns optaron polo exilio, como foi o caso de Joan Comas. Respecto do dito, Ben Cho Shey recollía no seu diario a atmosfera que se respiraba na cidade de Lugo durante o levantamento militar do 36:

> Cada mañá trae consigo a desaparición dun amigo e o tremendo é que por máis que busca e pensa non atopa xustificación pra tales ferocidades. Parece como si a xente perdese o xuízo e non tivese outro placer que o do asesinato.[2770]

4.4.9. A influencia dos congresos pedagóxicos lucenses

A finais do século XIX e a comezos do século XX comezaron a organizarse os primeiros congresos pedagóxicos. En España, o primeiro evento nacional destas características foi o organizado en Madrid en 1882. Dez anos máis tarde, celebrouse o *Congreso Pedagógico Hispánico-Portugués-Americano*, tamén de salientable importancia, no que participou a galega Emilia Pardo Bazán.[2771] En Galicia, a primeira reunión pedagóxica deste tipo foi o *Congreso Pedagógico Regional* celebrada en Pontevedra en 1887.[2772] Tras seis anos, en 1893 e 1894, o director xeral de instrución pública Eduardo Vincenti y Reguera impulsou este tipo de eventos educativos mediante varias disposicións. Acerca disto, tamén interveu en varios encontros pedagóxicos celebrados en Galicia e foi director da revista *Educación Moderna.*[2773]

Do mesmo xeito, a comezos do século XX este tipo de congresos foron promovidos na contorna lucense. Durante o período estudado (1900-1936) organizáronse dous de gran repercusión: o *Congreso Pedagógico Lucense* de 1923 e a *Semana Pedagógica Lucense* de 1933. Podémos afirmar que estas dúas convocatorias foron das máis importantes levadas a cabo durante o século XX nesta provincia, contribuíndo ao proceso de modernización escolar e ao desenvolvemento do maxisterio. Un aspecto destacable que axudou a poñer en común os problemas escolares e a realizar propostas de mellora. Por este motivo e dada a súa relevancia, cómpre analizalos como factores de influencia no proceso de modernización e renovación escolar. Ademais estes actos tiveron unha notable asistencia, acudindo docentes de toda Galicia e importantes personalidade nacionais como Lorenzo Luzuriaga ou Federico Landrove, director xeneral de primeira ensinanza.[2774] A continuación, presentamos o cadro que recolle o nome dos dous certames pedagóxicos celebrados na provincia de Lugo e a data, a duración e o tipo de Comisión Organizadora.

[2769] En Claudio Rodríguez Férnandez, "Exposición Vello Cárcere de Lugo" (Lugo: Vello Cárcere, 2023).

[2770] En José Ramon Fernández Oxea, *Ben Cho Shey, Diario de Lugo, 1936* (Lugo: Deputación de Lugo), 43.

[2771] Vide Narciso De Gabriel, "Emilia Pardo Bazán, las mujeres y la educación: el Congreso Pedagógico (1892) y la Cátedra de Literatura (1916)", *Historia y memoria de la educación: Hme* (2018).

[2772] En Eugenio Otero-Urtaza, "O discurso de Victoriano Encinas no Congreso Pedagóxico de Pontevedra (1887)", *Sarmiento: Revista Galego-Portuguesa de Historia da Educación,* Nº1 (1997): 199-214.

[2773] En Antón Costa Rico, *Historia da educación e da cultura en Galicia* (Vigo: Xerais, 2004), 975.

[2774] En varios, "El congreso", *El Progreso,* Lugo, 25 de xuño de 1933.

Cadro 71. Congresos pedagóxicos lucenses dende 1900 ata 1936			
Nome do certame	**Duración**	**Ano**	**Organización**
Certame e Congreso Pedagóxico Lucense	4 días.	Entre o 9 ao 13 de outubro de 1923.	Inspección e Comisión Organizadora
Semana Pedagóxica Lucense, certame e exposición escolar	6 días	Do 20 ao 25 de xuño de 1933.	Consello Provincial de Primeira Ensinanza

Fonte: Elaboración propia. En varios, "Certame e Congreso de 1923", *El Progreso*, Lugo, días 10 e 12 de outubro de 1923; e en varios, "Semana Pedagóxica Lucense de 1933", *El Progreso*, Lugo, días 21, 22, 23, 24, 25 de xuño de 1933.

Ora ben, o estudo destes *certames* foi un aspecto básico para coñecer a dotación das escolas nesta provincia, xa que mediante a súa análise observamos cales foron os principais problemas e as propostas máis importantes para a modernización e renovación escolar. Algunhas destas iniciativas foron interrompidas co goberno da CEDA e no período ditatorial de Franco, que veu acompañada do desmantelamento, case por completo, do ambicioso programa de renovación escolar republicano. Unha vez que se coñecen os motivos e os ámbitos onde se desenvolveron as citas pedagóxicas de 1923 e 1933, é necesario estudar por separado ambas as dúas convocatorias, deste xeito coñeceremos en profundidade cales foron os relatorios, actividades, traballos premiados, reivindicacións e propostas realizadas nestes dous eventos pedagóxicos.[2775] Nestas actividades, os mestres e os inspectores tiveron un peso considerable, sendo obxecto de estudo nos seguintes apartados.

4.4.9.1. O Congreso Pedagóxico Lucense de 1923

O primeiro certame pedagóxico realizado en Lugo celebrouse do 9 ao 13 de outubro de 1923 e foi denominado como: *Certame e Congreso Pedagógico Lucense*. Os seus actos tiveron unha duración de catro días e estivo dividido en catro seccións, unha delas exclusivamente feminina. Este último aspecto foi moi interesante, progresista e revelador. Os principais asistentes foron mestres, inspectores, políticos e personalidades preocupadas polas malas condicións da ensinanza primaria en Galicia.[2776] A nivel comparativo o *Congreso* de 1923 tivo unha orientación máis conservadora que a *Semana Pedagógica Lucense* celebrada posteriormente en 1933, pero cun denominador común: a denuncia do mal acondicionamento das escolas e a procura de posibles solucións educativas. Para facernos unha idea desta situación, transcribimos un ilustrador treito escrito por Luís Bello en 1929, describindo o estado das escolas no concello das Nogais:

> La mayor parte de las veces, los pueblos, eran un conjunto de chozas con techumbres de bálago empapado de humedad y cubierta frecuentemente de vegetación silvestre. Había montones de estiércol delante de las puertas y abundaban los charcos y lodazales. Enormes cerdos pululan

[2775] Ámbolos dous certames son fontes importantes para a difusión de novas teorías escolares. Do mesmo xeito, actualmente constitúen unha fonte importante para coñecer o estado do ensino en Lugo durante as tres primeiras décadas do século XX. Esta información axudou á reconstrución dos feitos da presente investigación sobre o medio escolar.

[2776] En Antonio Prado Gómez, *O Instituto Provincial de Lugo 1842-1975* (Lugo: Servizo de Publicacións de Lugo, 2013), 173.

> mezclados con chiquillos en cueros. El interior de las chozas, correspondía a su apariencia exterior: estaban llenas de suciedad y miseria.[2777]

Un dos temas máis importantes tratados neste congreso foi as principais causas das desigualdades de oportunidades de acceso ao ensino primario. Esta situación de desvantaxe contribuía ao desequilibrio social, cultural e educativo entre os menores. Esta circunstancia producíase debido á diferenza de posibilidades de acceso a unha cultura letrada entre as familias con máis ou menos recursos. Ademais facían falta máis centros educativos. Dende a instauración da Lei Moyano ata a arribada da Segunda República na provincia de Lugo, nunca se normalizaron o número de escolas públicas esixidas pola lexislación. Segundo J. M. Ruiz Jiménez, para darse conta do abandono do ensino público en 1929, basta con fixarse na tardía reacción da sociedade española nos asuntos da ensinanza. Achegado así no diario *El Progreso* de Lugo:

> Actualmente, gracias a la reacción natural un poco tardía que se ha operado en la conciencia española, se va escribiendo y hablando de enseñanza con la seriedad y el cuidado que el caso trascendental requiere…. La Primera Enseñanza ha estado harto descuidada hasta hace poco tiempo…[2778]

Os inspectores que traballaban en Lugo xa facía tempo que advertían esta situación. Segundo o inspector de Primeiro Ensino José del Peso y Sevillano ata os anos vinte o aderezo, o saneamento e a creación dalgunhas escolas hixiénicas non sería unha realidade social.[2779] En 1931, este intelectual puntualizaba con dor que a provincia de Lugo continuaba padecendo os seguintes graves problemas: absentismo escolar agudo en épocas de recolleita ou sementeira, metodoloxía bancaria e obsoleta, escola non graduada maioritariamente, forte influencia dos postulados clericais, falta de dotación de recursos, mala remuneración económica do persoal docente, inexistencia de escolas, peche por falta de pagamento de alugamentos por parte dos concellos, prácticas caciquís e persecución á cultura non dominante.[2780] Os periodistas tamén reflectiron esta situación. Segundo Luis Bello, a pobreza dos mestres era salientable, retratada así nas súas visitas ás escolas lucenses nos anos vinte:

> La familia era un lujo que no puede pagarse un maestro. El libro es otro lujo que no puede pagarse un maestro [...] Habitualmente sólo existían dos colegios nacionales en cada municipio de la provincia de Lugo, uno para niños y otro para niñas, cuando no se cerraban por falta de recursos económicos y educativos. [2781]

No *Certamen y Congreso de 1923*, outro dos temas notables tratados foi: os problemas das escolas rurais. É preciso poñer énfase en que os centros rurais máis illados estaban peor atendidos e por máis tempo que nas cidades.[2782] Con todo é oportuno lembrar que nas cidades de Mondoñedo, Monforte e Lugo existían unha forte

[2777] Visita de Luis Bello en 1929 ao concello dos Nogais. En Luis Bello Trompeta, *Viaje por las escuelas de Galicia* (Madrid: Akal, 1973), 154-155.

[2778] En J. M. Ruiz Jiménez, "El maestro nacional", *El Progreso,* Lugo, 20 de outubro de 1929.

[2779] O inspector de primeira ensinanza José del Peso y Sevillano creou na súa zona de xurisdición lucense máis de 150 escolas nacionais, fomentando a construción dos locais para o aloxamento das mesmas, coa axuda das prestacións económicas dos modestos concellos e as concesións veciñais. Vide José del Peso y Sevillano, "Expediente de José del Peso y Sevillano (Madrid: Sección de Educación e Ciencia, Arquivo Xeral da Administración (MEC), sinatura 16749).

[2780] En varios, "De instrucción primaria", *El Progreso,* Lugo, Martes 9 de xuño de 1931.

[2781] Testemuño en Luis Bello Trompeta, "no *raid* de Lugo a Villalba en 1929". En Luis Bello Trompeta, *Viaje por las escuelas de Galicia* (Madrid: Akal, 1973), 195.

[2782] En N. Pardo González, "La escuela en el campo", *El Progreso,* Lugo, 31 de xullo de 1932.

presenza das institucións eclesiásticas e cun mal estado dos centros.[2783] Con todo, este panorama foi a principal razón polo que o inspector Luis Soto decidiu organizar o Congreso de 1923.

Os actos deste Congreso leváronse a cabo no mes de outubro no Salón do *Círculo de las Artes* da cidade de Lugo, supoñendo unha novidade e unha fonte de ideas para mellorar a educación. Analogamente, e de corrido organizouse outra convocatoria na Coruña de notable importancia: o *Congreso Pedagógico Regional*. Certame moi concorrido ao que chegaron a asistir 900 persoas. Esta actividade cultural tivo tamén como principal obxectivo reafirmar a posición do maxisterio español, tratar as dificultades educativas e propoñer solucións para levar a cabo unha renovación e modernización escolar na provincia coruñesa.[2784]

Cómpre disertar agora o tema das solucións propostas durante o Certame. Entre outras, propúxose dotar á provincia de bos centros e de facer un reforma global no maxisterio. Emporiso que a partir desta convocatoria apréciase un maior número de publicacións e un tratamento da ensinanza un pouco máis innovadora por parte dalgúns mestres. En Lugo principalmente Antonio Quintela Ferreiro,[2785] Antonio Pérez López, Evaristo de Cuena[2786] e Gregorio Sanz e os mestres da Escola da Liga Santaballesa levaron a cabo diversas experiencias de *ensinanza activa*, adecuando o currículo ao medio sociocultural e reclamando o auxilio para mellorar as condicións da escola.[2787]

As sesións do Congreso de 1923

Analicemos agora o contido das diferentes *sesións* do Certame. Na *sesión de apertura* fíxose fincapé na importancia de ampliar a formación dos mestres, en consonancia cos tempos e necesidades. Aparte deste tema, Carmen Pardo Losada expuxo os plans e os propósitos que animaron á organizar este Congreso. Logo, José Soto Reguera expuxo as súas conclusións sobre o maxisterio,[2788] poñendo énfase na necesidade de crear boas escolas, na importancia dos mestres como base para o progreso do país e na necesidade de emprender reformas para dignificar a profesión de mestre.[2789] Tamén participaron nesta xornada como relatores: o director do Sanatorio para alienados de Vilapedre de Sarria, o mestre de Vilalba Carlos Moltó, o doutor Marcelino Ramírez García da Coruña, o profesor *da Escuela Normal de Santiago* Celestino Buján Suárez, o inspector xefe de ensino primario Luis Soto Menor e o mestre de Quiroga José S. Prol Blas.[2790]

[2783] Moitos dos centros educativos nas cidades eran de carácter privados e relixiosos, sobre todo en Lugo e Mondoñedo, ambas as dúas sés episcopais. Tamén en Monforte coa presenza dos Padres Escolapios e o Convento dod Beneditinos.

[2784] Durante o primeiro terzo do século XX estas reunións celebráronse en outras provincias de España.

[2785] En Xosé Pombo Mosquera, *Liga Santaballesa. Historia dunha Escola Habanera 1907-2007* (Vilalba: Padroado da Liga Santaballesa, 2007), 29.

[2786] O mestre de San Xoan de Alba Evaristo de Cuena esribiu algún artigo curto na *Revista de Pedagoxía*. Vide Herminio Barreiro Rodríguez, "De onte a hoxe. Presencia galega nunha publicación pedagóxica innovadora: a Revista Pedagoxía (1922-1936)", *Homenaxe a Ramón Lorenzo* (Vigo: Galaxia 1998).

[2787] En Gregorio Sanz, "Ensayo de escuela activa", *Revista de Pedagogía*, Nº 130 (1932): 454-458.

[2788] José Soto Reguera foi político e avogado, naceu en Lugo o 11 de agosto de 1881 e finou en Madrid o 23 de decembro de 1953.

[2789] En "El Congreso Pedagóxico Lucense", *El Progreso*, Lugo, 16 de outubro de 1923.

[2790] José S. Prol Blas foi autor do *Estudio biobibliográfico-crítico de las obras de Rosalía de Castro*, publicado en 1917.

No referente á *segunda sesión* destacou a participación de Vicente Casabella, Carmen de la Torre e a profesora da *Escuela Normal de la ciudad de Lugo* Pilar Areal.[2791] O vicesecretario foi o director do *Colegio de Balmes* (Domínguez). Nesta sección impartíronse varias conferencias levadas a cabo polo mestre de Foz Ramón Salgado Toimil, o profesor da Normal de Santiago Celestino Buján e o mestre de Ribadeo José Novo Rico, presidente da Asociación Provincial de Mestres.

A *tercera sesión* celebrouse o día once de outubro de 1923, os principais participantes nesta reunión foron: unha profesora la *Escuela Normal da Coruña* (Barberá), o inspector de ensinanza primaria José del Peso y Sevillano, a directora e a profesora da *Escuela Normal de Lugo* Carmen Pardo Losada e o docente Villen. As conferencias nesta xornada foron impartidas por: a profesora Dolores Parga Serrano, o mestre da *Escola de Villapedre* Silva de Castro, o mestre da *Escola de Quiroga* José S. Prol Blas, o mestre da *Escola de Villardones* Rodríguez Chao e o xornalista Antonio de Cora Sabater.[2792] Esta sesión foi moi importante, porque se introduciu por primeira vez na historia de Lugo unha sesión dedicada a enxalzar o papel da muller na ensinanza.[2793] Respecto a isto é preciso destacar a participación da profesora *Dolores Parga Serrano,* que reivindicou a importancia das mulleres na educación, criticando a pouca consideración social que estas tiñan. Da súa conferencia extraéronse varias propostas e conclusións interesantes: a necesidade de ofrecer unha boa instrución ás muller pola súa relevancia na sociedade, a procura da creación de círculos culturais femininos, a importancia de reunir un día á semana ás mulleres para realizar lecturas instrutivas, experiencias culturais e persoais.[2794] Curiosamente, nesta xornada tamén se propuxo a posibilidade de esixir ás mulleres a implantación dun certificado de aptitude moral e intelectual para o matrimonio. Igualmente, tratouse o papel da muller e a súa acción social, recordando que nos anos vinte, existía un grupo de mulleres en Lugo que desenvolveron un importante traballo social e benéfico.[2795] Nesta sección Antonio de Cora afirmou que todos os municipios lucenses debían de ter escolas de párvulos atendidas sempre por mestras. Por último, este periodista engadiu que as asociacións benéficas encargadas da atención dos cidadáns, máis desprotexidos economicamente, tiñan a obrigación de escolarizar aos nenos sen recursos nas escolas públicas existentes.[2796]

Na celebración da cuarta e *última sesión,* presentouse o estudo do profesor Tévar, analizando varias cuestións sobre o mestre e a escola. Pola súa parte, a profesora da *Escuela Normal de Lugo,* Rosario Vila Hernández, expuxo un estudo sobre o xeito de explicar a xeografía nas escolas, reivindicando a relevancia das explicacións máis próximas á natureza que á política. Finalmente o 11 de outubro, a *Asociación del Magisterio de la provincia de Lugo* enviou un telegrama a Madrid dirixido ao Presidente Nacional do Maxisterio, nesta correspondencia a *Comisión Organizadora* achegou as conclusións extraídas das diferentes xornadas do Certame, recollendo o

[2791] O empresario e filántropo Vicente Casabella Fernández naceu no Candedo (Ourol) o 2 de xullo de 1840 e finou na Coruña o 27 de xullo de 1900. Vide Concello de Ourol, *Ourol. A nosa historia* (A Coruña: ISBN 978-84-606-5262-5, 2011).

[2792] En varios, "Congreso Pedagóxico de 1923", *El Progreso,* Lugo, 13 de outubro de 1923.

[2793] Tamén discutíronse outros temas pedagóxicos referidos ás dificultades observadas no maxisterio durante os anos vinte.

[2794] En varios, "De instrucción primaria", *El Progreso,* Lugo, Martes 9 de xuño de 1931.

[2795] En Emilio Grandío Seoane, *Los orígenes de la Derecha Gallega: la CEDA en Galicia (1931-1936)* (A Coruña: Edicións do Castro, 1998), 102-106.

[2796] En "El Congreso Pedagóxico Lucense", *El Progreso,* Lugo, 16 de outubro de 1923.

apoio de toda a asemblea á modernización escolar e á reforma do Estatuto do Maxisterio.[2797]

Relatores do Certame Pedagóxico lucense de 1923

Respecto ao número de *congresistas* que participaron no certame, inscribíronse un total de 44 participantes.[2798] A maioría dos asistentes eran docentes que procedían de Ourense, A Coruña (Teo) e Lugo (das localidades do Páramo, Baralla, Castelo, Baleira, Gerbolés, Santa María da Parte, San Vicente, Mazaeda, Paradavella, Trobo, Celas, Outeiro, Lamas, Donaos, Cedeira, Antas de Ulla, Roais, Sober, Santa Cruz de Incio, Cedofeita e Ribadeo).[2799] Convén destacar a participación activa de María Barbeito Cerviño, xunto ás Escolas da Guarda, no Certame de Lugo de 1923 e o celebrado na Coruña en 1926.[2800]

Cadro 72. Relatores do Certame Pedagóxico lucense de 1923	
Sección	**Relatores**
1ª sección.	O profesor da Escola Normal de Santiago, Celestino Buján e o inspector xefe Luis Soto Menor (membro da Comisión organizadora do evento).
2ª sección.	O mestre de Foz Ramón Salgado Toimil e o mestre de Ribadeo José Novo Rico.
3ª sección.	O mestre de Vilapedre, Silva de Castro e o mestre da *Escola de Quiroga*, José S. Prol Blas e o avogado Cora Sabater.
4ª sección	A mestra de Navia de Suarna, a profesora Catrillón e a docente da Escola Normal de Lugo Rosario Vila Hernández.

Fonte: En varios, "Congreso Pedagóxico de 1923", *El Progreso*, Lugo, 10 de outubro de 1923.

Os relatorios máis importantes do Congreso Pedagóxico do 23

Respecto aos relatorios máis relevantes, cómpre analizar por separado cada unha das intervencións. En primeiro lugar é preciso destacar a comunicación realizada polo profesor de Celestino Buján Suárez.[2801] Este docente levou a cabo a primeira conferencia, presentando un traballo sobre os xogos dos nenos nas escolas.[2802] A súa premisa principal foi destacar a importancia das actividades lúdicas e a súa incidencia na aprendizaxe: "deixar que o neno xogue para que aprenda xogando". Posteriormente, o señor Domínguez expuxo unha memoria sobre a tuberculose nos nenos, baseada nos estudos do doutor Marcelino Ramírez García da Coruña. Este traballo deu lugar a un interesante debate sobre as conclusións do respectivo médico. Ao finalizar, este relatorio foi moi concorrido e aplaudido polo público segundo os xornalistas locais.[2803]

[2797] En "El Congreso de 1923", *El Progreso,* Lugo, 13 de outubro de 1923.

[2798] En varios, "El congreso", *El Progreso,* Lugo, 13 de outubro de 1923.

[2799] Tamén acudiron ao Certame os párrocos José Valladares e Avelino González.

[2800] En Antón Costa Rico e Manuela Rodríguez, *Mulleres imprescindibles. Educadoras na vangarda do século XX* (Pontevedra: Gráficas Anduriña, 2022), 64.

[2801] Celestino Buján traballou en Lugo dende 1887-1893, fundando e dirixindo en 1892 a revista lucense de Primeiro Ensino *El Mensajero.* Tamén foi director de *El Magisterio Gallego* e colaborou co xornal de Lugo *La Idea Moderna*. En Aurora Marco López, Anxo Serafín Porto Ucha, *A Escola Normal de Santiago de Compostela. De Escola Normal Superior a Escola Universitaria (1849-1996)* (Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 2000), 379.

[2802] Ídem.

[2803] En varios, "Congreso Pedagóxico de 1923", *El Progreso,* Lugo, 10 de outubro de 1923.

ASAMBLEA DEL MAGISTERIO, EN LUGO

Las sesiones de estos días

Según quedara acordado en la sesión del sábado, el domingo a las diez de la mañana se reunieron de nuevo la mayoría de los maestros y maestras de esta provincia, presididos por los inspectores, en asamblea general.

Comenzó el acto, con la discusión de varios capítulos del nuevo Estatuto del Magisterio, buscando la mejor forma de adaptarlos a las necesidades de esta provincia. De entre los acuerdos, podemos citar como de mayor importancia, «El Almanaque Escolar» que quedó reducido a 240 días de clase durante el año, dos meses de vacaciones en el verano que comenzarán en 15 de julio para terminar en 15 de setiembre y los demás días de vacaciones repartidos según costumbre.

Brillante conferencia

El domingo ocupó la cátedra pedagógica, el inspector-jefe don Luis Soto Menor.

Comenzó el orador inspirándose en la frase latina «Nosce te ipsum» y siguió extendiéndose en demostraciones sobre quién es el niño, quién es el hombre, y quién soy yo.

Remontándose en la Historia de la Pedagogía, expuso las dos tendencias de la cultura griega: sofística y pitagórica.

Aconsejó al maestro que imitase a Sócrates, Platón y Aristóteles cuyas ideas pedagógicas jamás pasarán a olvido.

Para estudiar al niño—dijo—es menester empezar por conocer su psiquis. Explicó las sensaciones y el proceso de su vida evolutiva, valiéndose para ello de una figura geométrica en forma de pirámide triangular, cuyos vértices representan un cuadro sinóptico y como conexión de todos ellos la cúpula que representa el alma.

Estudió la educación desde los tiempos antiguos hasta nuestros días, señalando magistralmente los puntos más interesantes para la experiencia del maestro.

En una palabra, el señor Soto se presentó como un esforzado campeón de la Pedagogía moderna y fué muy aplaudido.

El banquete

A las dos de la tarde del domingo, tuvo lugar en la «Casa Alicia» una comida íntima entre maestros e inspectores a la que asistieron como invitados, el jefe de la Sección D. Nicolás Arias, el Sr. Charfolé, en representación del Instituto y la Srta. Directora de la Normal de Maestras.

Una vez llegada la hora de los brindis hicieron uso de la palabra los Sres. Encinar, Silva de Castro, Soto Menor, Charfolé, del Peso y Andreu.

***

Ayer, lunes, se reunieron de nuevo maestros e inspectores a las once de la mañana, y después de un cambio de impresiones dieron por terminadas estas conferencias pedagógicas, congratulándose de la gran asistencia de maestros.

En nombre de éstos habló el Sr. Silva de Castro, con su elocuencia de costumbre y se levantó la sesión.

Ilustración 141. Conferencia de Luis Soto na asemblea de maxisterio de 1923[2804]

En segundo lugar, outra das intervencións máis interesantes sobre a docencia foi a de *José del Peso y Sevillano*, da cal se trasladaron as seguintes conclusións: a importancia de revisar os valores dos mestres, a necesidade dunha maior especialización inicial na formación do profesorado nas materias do que vai a ser responsable, o aumento sobre o coñecemento da realidade da escola primaria, a importancia da ampliación dos estudos no estranxeiro para os funcionarios, a creación de internados para estudantes das escolas normais nas capitais de provincia, a agrupación das escolas normais masculinas coas femininas, a preparación do camiño para a unión dos institutos e as escolas normais, converter os estudos de Maxisterio nunha carreira universitaria, a creación de facultades de Pedagoxía para que os seus licenciados puideran acceder ás cátedras de instituto e os estudos doutorais, a organización de excursións de mestres aos centros de ensinanza estranxeiros, o aumento da retribución dos funcionarios de acordo ás esixencias e calidades integrais dos mestres, e o aumento do prestixio oficial dos mestres pola súa indispensable función social.[2805]

Outra das conferencias mellor acollidas foi a do mestre de Foz, *Ramón Salgado Toimil*. Este docente expuxo un traballo sobre o maxisterio, no seu discurso apréciase unha tendencia á procura da modernización do ensino e á introdución de teorías europeístas. Así, denotamos que se comezan a trasladar unhas liñas ideolóxicas novas e progresistas, recollendo un conxunto de conclusións sobre as necesidades da escola: realizar un estudo continuo e intensivo sobre o maxisterio, establecer contactos cos medios sociais e cos órganos educativos culturais do contorno, adquirir libros e revistas científicas para as bibliotecas escolares, publicar un catálogo informativo sobre as publicacións análogas ao sistema "Board" inglés onde o mestre puidera elixir aquelas que mellor se adaptasen ás necesidades da súa escola, eliminar a *Escuela Superior del Magisterio* a favor da incorporación de facultades de Pedagoxía nas universidades, cambiar a inspección educativa por unha máis pedagóxica e menos burocrática, crear escolas modelo formadas co profesorado máis destacado de cada provincia, conceder ao maxisterio primario de todos os dereitos políticos, representar ao maxisterio no Senado, intervir con máis intensidade nas xuntas relacionadas coa infancia, cultura e educación popular. Estas achegas foron discutidas posteriormente nas sesións plenarias de debate,

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[2804] Ídem.

[2805] En "El Congreso Pedagóxico Lucense", *El Progreso*, Lugo, 16 de outubro de 1923.

observando a aparición dun discurso máis centrado nas tendencias europeas e na modernización da ensinanza, introducíndose así, ideas contemporáneas con certa inclinación aos postulados defendidos pola ILE.[2806]

Por outro lado, o deputado das Cortes Gerardo Doval tratou un tema bastante interesante e polémico: o asunto da responsabilidade criminal nos menores. Previsiblemente, este tema provocou un "fervoroso" debate, segundo o redactor do diario *El Progreso* e as actas do Certame. Cambiando de tema, logo expuxose un traballo de neuroloxía sobre a educación de diminuídos mentais do doutor Núñez. Aos poucos, a cuarta sección abriu un amplo debate de carácter pedagóxico. Máis tarde, os congresistas agradeceron ás escolas normais da Coruña e Santiago a súa asistencia ao Certame lucense, chegando á conclusión da necesidade de programar o próximo congreso na cidade da Coruña.[2807]

A *última sesión* estivo presidida polo profesor da Escola Normal de Santiago Víctor Aramburo e o xefe da Sección Administrativa de Instrución Pública en Lugo Arias Andreu. Na secretaría estaba conformada por María Páramo e o mestre de Lugo Enrique Correa. As conferencias desta xornada foron impartidas pola mestra da Escola de Navia de Suarna a señorita Castrillón, polo mestre da Escola de Cea José María González (Ourense), o mestre da Escola de Vilahermide Tévar e a profesora da Escola Normal de Lugo Rosario Vila Hernández.[2808]

Os traballos premiados no Certame

Respecto á cuestión dos traballos seleccionados e *premiados* neste Certame foron os seguintes: o xurado decidiu conceder o primeiro premio ao estudo titulado "Amor y esperanza", referido ao primeiro tema do autor Gerardo Doval. A mención honorífica foi para o traballo "Alma de mi alma". O ganador do segundo tema foi para a investigación "Amore socio, via secura", de Luis Rodríguez de Viguri. A mención honorífica foi para "Hágase tu voluntad ". No terceiro tema o premio foi acadado polo traballo de Luis Quiroga Espin "!Terra a nosa¡"[2809]

Por último, o día trece de outubro de 1923 celebrouse o *acto de clausura* deste Certame. Esta xornada realizouse no salón de festas do Circulo das Artes. O acto foi presidido polo reitor da Universidade de Santiago de Compostela, Luis Blanco Rivero. Nun primeiro momento, a inspectora de instrución primaria señorita Carmen de la Torre procedeu a lectura da memoria do Certame, expoñendo todas as actividades levadas a cabo nas diferentes xornadas. En relación con isto, fixéronse públicos os nomes das actividades premiadas desta xornada. O primeiro premio resultou deserto, con accésit para o mestre de Bilbao Bonifacio Arrabal e mención honorífica ao oficial da sección administrativa de Huelva Antonio Moya Escribano. O segundo premio foi para o mestre de Haro Felipe Castiella Santafé e a mención honorífica para o xefe da Sección Administrativa de Valladolid Juan José Hernández. O terceiro premio acabou nas mans de Ramón Salgado Toimil, mestre da escola de Foz.[2810]

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[2806] Ídem.
[2807] En varios, "Clausura del Congreso Pedagóxico lucense", *El Progreso,* Lugo 13 de outubro de 1923.
[2808] Ídem.
[2809] En varios, "Congreso Pedagóxico lucense", *El Progreso,* Lugo, 12 de outubro de 1923.
[2810] En varios, "Clausura del Congreso Pedagóxico lucense", *El Progreso,* Lugo, 13 de outubro de 1923.

As sesións de debate e agradecementos

Posteriormente, realizáronse dúas sesións de *debate e agradecementos*: a primeira sección aprobou as conclusións sen ningunha discusión e a segunda ocupouse da exposición do traballo do profesor Celestino Buján Suárez. Este estudo trataba sobre a necesidade de instalar máis escolas nacionais en Galicia. O autor desta investigación defendeu a relevancia da creación dos novos centros a cargo dos concellos. En contraposición a esta idea, unha gran concorrencia de asistentes mostrouse a favor de que as escolas foran responsabilidade directa do Estado, debido ás frecuentes débedas contraídas polos concellos desta provincia. Co tempo cobrou importancia esta segunda teoría, debido ao abandono que sufrían as escolas en maos da Administración local. Daquela ofrecéronse agradecementos aos emigrantes pola súa contribución ao melloramento das escolas da provincia. Particularmente, o delegado en Galicia da sociedade *Hijos del Distrito de Sarria en la República de Cuba* foi o encargado de homenaxear as doazóns ás escolas do Concello de Sarria.[2811]

Despois da entrega de premios, houbo tempo para unha sección dedicada aos *discursos*: en primeiro lugar interveu o docente Fernández Mato, afirmando que o analfabetismo era o campo de cultivo do caciquismo. Logo interveu o deputado Gerardo Doval, eloxiando a función do mestre e facendo mención ás conclusións tratadas ao longo do Certame. Tamén fíxose fincapé na importancia de mellorar a cultura da muller, esta foi outra das cuestións máis destacadas tratadas e debatidas por este Deputado. Daquela fixo unha análise da actualidade política dende un punto de vista optimista, facendo referencia ao futuro de España.[2812] Por último, organizouse un banquete de clausura no Hotel Méndez Núñez, no que os organizadores do Certame volveron a agradecer aos colaboradores a súa participación no evento.[2813]

Despois da clausura do Certame fixéronse varias reunións para analizar a *repercusión das conferencias* pedagóxicas. Na reunión do domingo día catorce de outubro discutíronse varios capítulos do Estatuto do Maxisterio e da forma de adaptalos ás necesidades da provincia. Entre os capítulos discutidos destacaron: "El Almanaque Escolar" resultando 240 días lectivos, dous meses de vacacións no verán (do quince de xullo ao quince de setembro) e os días festivos correspondentes os festexos tradicionais. Pola súa parte, Luis Soto Menor impartiu unha conferencia infundida na frase latina "Nosce te ipsum", tratando o tema da identidade propia do neno e do home.[2814] Para isto partiu da historia da pedagoxía, establecendo a reflexión dende dúas vertentes da cultura grega sofística e pitagórica. Na súa intervención centrouse nas ideas de Sócrates, Platón e Aristóteles, de modo directo incidiu na importancia do estudo do neno e da súa psiqué, antes de comezar o proceso de ensino e aprendizaxe. Así e todo, para Soto Menor a función docente nacía na pregunta socrática ao discente. Seguidamente, analizou a vida evolutiva do home mediante unha figura xeométrica en forma de pirámide. Os vértices do triángulo representaban o sinóptico, conectado coa torre que representaba o estado espiritual da persoa denominándoa "a alma". Para rematar, Soto Menor resumiu a historia da educación sinalando as partes máis significativas e interesantes para a experiencia docente. A prensa provincial fíxose eco destes amplos

[2811] En "El Congreso Pedagóxico Lucense", *El Progreso,* Lugo, 16 de outubro de 1923.
[2812] En varios, "Clausura del Congreso Pedagóxico lucense", *El Progreso,* Lugo, 13 de outubro de 1923.
[2813] En varios, "Conferencia Pedagóxica lucense", *El Progreso,* Lugo, 14 de outubro de 1923.
[2814] Tradución do aforismo grego: "Conócete a ti mismo".

estudos, incidindo nos coñecementos do relator, que se mostrou como un grande especialista e dominador da pedagoxía moderna.[2815]

O luns día quince de outubro de 1923 celebrouse unha nova convocatoria entre os mestres e inspectores. Esta sería a derradeira reunión entre os asistentes do Certame, centrada no *intercambio de impresións.* Deste xeito, déronse por concluídas as conferencias pedagóxicas. O encargado de facer o discurso final e levantar a sesión foi Silva de Castro. Entre as súas alusións fixo mención á grande asistencia de mestres ás xornadas pedagóxicas do Certame. Froito da numerosa concorrencia e boa experiencia foi a organización doutra semana de conferencias, aínda que tardou dez anos en organizarse, dilatándose ata xuño de 1933.

En 1930 os inspectores de primeira ensinanza divulgaron a realización de novos *cursillos* pedagóxicos, actividades de formación docente que non se chegaron a realizar. Pero a pesar de non chegarse a poñer en práctica, esta iniciativa foi unha declaración de intencións sobre a necesidade de ampliar e renovar a formación dos docentes. Neste sentido, cabe sinalar o traballo ralizado polo Soto Menor, sobre todo no referente á promoción e a tentativa de actualización metodolóxica do maxisterio lucense.[2816]

4.4.9.2. A Semana Pedagóxica Lucense de 1933

A *Semana Pedagóxica lucense* celebrada en 1933 foi o segundo congreso educativo celebrado no século XX na provincia de Lugo, e quizais o máis importante, tomando como criterio a calidade dos relatores, enxalzando especialmente a visita do director xeral de primeira ensinanza, Federico Landrove. A Comisión Organizadora encargada da planificación do Congreso estaba formada por los inspectores de primeira ensinanza: Daniel Calvo, Luis Soto Menor e a profesora da *Escuela Normal* de Lugo Carmen Pardo Losada.[2817] Esta Semana realizouse nun contexto favorecedor, xa que o goberno do *primeiro bienio* da Segunda República concedía moita importancia á educación. Un goberno da coalición republicana socialista (bienio azañista), que estivo vixente dende o 16 do decembro de 1931 ata o 12 de setembro de 1933. Neste período leváronse a cabo moitas iniciativas de impulso educativo, sendo esta, unha etapa onde a preocupación pola escolarización primaria e a formación do profesorado xogaron un papel importante.[2818] Con todo, baixo este panorama social e político levouse a cabo un dos certames pedagóxicos máis importantes do século XX en Lugo, baixo o título: *La Semana Pedagógica lucense.* As distintas sesións celebráronse dende o 19 ao 24 de xuño de 1933, no Salón Teatro do *Círculo das Artes* da cidade de Lugo.

Por outro lado, convén destacar que, no primeiro bienio, se levou a cabo unha serie de medidas educativas importantes como reacción á anterior ditadura de Primo de Rivera. O seu Goberno foi un Réxime centrado en controlar aos mestres e inspectores, construír infraestruturas escolares e reducir os altos índices de analfabetismo e absentismo. Estes aspectos poñían de manifesto a complicada situación escolar que

[2815] En varios, "El congreso pedagóxico lucense", *El Progreso,* Lugo, 16 de outubro de 1923.
[2816] En varios, "Congreso Pedagóxico de 1923", *El Progreso,* Lugo, 10 de outubro de 1923.
[2817] En varios, "Semana Pedagóxica de 1933", *El Progreso,* Lugo, 25 de xuño de 1933.
[2818] En Anxo S, Porto Ucha, "Dous modelos educativos, duas escolas enfrontadas: a escola republicana e a escola nacional-católica", *Sarmiento,* Nº 10 (2006): 118.

soportada España.[2819] A instauración do período republicano tamén produciu un aumento dos establecementos e colexios públicos. Este feito sucedeu de xeito paralelo á redución de centros privados, moitos deles de carácter relixioso nas cidades. Acerca disto, a pesar da disolución da *Compañía de Jesús* non se conseguiu expulsar completamente aos xesuítas do país.[2820] Na zona da Mariña Lucense e na Terra Chá, a creación de centros indianos e as iniciativas veciñais contribuíron á construción dunha rede de colexios mellor dotados.[2821] Paulatinamente, a provincia experimentou un aumento na creación de novos centros de iniciativa indiana, primorriverista e republicana.[2822] A pesar do aumento de colexios públicos, estes non foron suficientes, faltaban aínda por albergar moitos centros. Respecto a isto, en 1931 Joan Comas sinalaba publicamente:

> El señor Comas trata del problema de la Enseñanza manifestando que actualmente existen en el término municipal de Lugo 59 escuelas, cuando si se cumpliera con lo legislativo, harían falta 90.[2823]

Este incremento estivo acompañado polo traslado de diferentes *propostas teóricas e prácticas* expostas durante a Semana Pedagóxica de 1933.[2824] Estas iniciativas estiveron acompañadas dun período de reformas educativas destacables e un aumento da consideración social do maxisterio.[2825] Como xa dixemos con anterioridade, algunhas propostas trasladadas na Semana Pedagóxica tiveron aplicación práctica nalgunhas escolas da provincia. Podemos citar entre outras, a Escola de Santaballa que xa tiña experiencia en ensinanza activa en 1913, ou as actividades levadas a cabo por Gregorio Sanz na Mariña Lucense.

Un dos temas máis relevantes tratados durante esta Semana foi a necesidade de promover unha educación pública, laica, *única* ou *unificada*.[2826] Os institucionistas consideraban a ensinanza *única* como un dos piares fundamentais para superar as desigualdades sociais e desenvolver o progreso das comunidades.[2827] Como xa advertimos con anterioridade, cómpre ter en conta que a partir da Segunda República houbo un tratamento un pouco máis innovador da ensinanza, apreciándose unha maior preocupación pola modernización e a europeización dos discursos. Ademais, nesta

[2819] En Teresa Rabazas Romero y Carlos Sanz Simón, "Entre el trabajo infantil y el abandono temprano. La educación de la mujer en la ditadura de Primo de Rivera a través de los informes de inspección", *Pedagogias alternativas y educación en los márgenes a lo largo del siglo XX* (Valencia: Universidade de Valencia, 2022), 168.

[2820] En Mariano Pérez Galán, *La enseñanza en la Segunda República Española* (Madrid: Edicusa, 1977), 159; e en *Gaceta* de 1924.

[2821] Vide Vicente Peña Saavedra, *Éxodo, organización comunitaria e intervención escolar* (A Coruña: Xunta de Galicia, 1993).

[2822] En xuño de 1931 creáronse sete mil prazas de mestres con destino a escolas nacionais en toda España, o que favoreceu á provincia de Lugo cunha partida moi importante de novos centros educativos. En varios, "De enseñanza", *El Progreso,* Lugo, 26 de xuño de 1931.

[2823] En Joan Comas Camps, "De instrucción primaria", *El Progreso,* Lugo, 9 de xuño de 1931.

[2824] En Asamblea organizadora, "Congreso Pedagóxico Lucense", *El Progreso,* Lugo, 10 de outubro de 1923 e en Asamblea organizadora, "Semana Pedagógica Lucense", *El Progreso,* Lugo, 23 de xuño de 1933.

[2825] En Joan Comas Camps, "Creación de escolas en Lugo", *El Progreso,* Lugo, 7 de xullo de 1931 e posteriormente no do 13 de outubro de 1931. 2 sendo Juan Comas vicesecretario do Consello Provincial de primeira ensinanza de Lugo. Tamén en *Gaceta de Madrid* do 5 de xullo de 1931 e posteriormente na do 19 de setembro de 1931.

[2826] Referímonos á defensa dunha escola única e gratuíta que facilitaba o acceso á ensinanza a todos os alumnos. En Joan Comas Camps, "Lo que es la Escuela única", *El Progreso,* Lugo, 17 de xuño de 1931.

[2827] O establecemento escolar da provincia de Lugo en 1915 foi habilitado polos veciños ante a ausencia dun centro máis próximo: en "La escuela no era pública sino creada por los vecinos de aquellos lugares a causa de las distancias a que tienen las Casas-Escuelas públicas correspondientes", "Una escuela que se hunde", *El Progreso,* Lugo, 3 de febreiro de 1915.

Semana analizáronse outros puntos bastante contemporáneos, sobre todo no referido á adecuación do currículo ao medio sociocultural.[2828]

Outro dos temas máis notables tratados nesta Semana foi o *mal estado das escolas* e a *falta de estabilidade política*, dous dos principais motivos que animaron a algúns mestres e inspectores a organizar este evento pedagóxico. Antano, o aumento das escolas particulares enmascarou a ausencia das públicas, poucas e mal dotadas.[2829] Para mostrar a situación da ensinanza no momento da realización deste Certame, é necesario observar a falta de investimento educativo que existía en España: o presuposto nacional dirixido á educación era baixo, en comparación ao resto de países europeos. Tomando como referencia os estudos do inspector Joan Comas Camps, apreciamos o deficitario investimento español en educación en 1931. En relación con isto. este inspector afirmaba no diario *El Progreso*:

> Finalmente, es pueril pretender ignorar la verdadera causa de ciertos pueblos, y atribuirlo a lo que no es. La cultura de una nación está en razón directa del porcentaje que dedica a educación en su presupuesto total.[2830]

A modo de síntese, o resto *temas* tratados nesta Semana foron: a lingua vehicular, a educación da muller, os aspectos curriculares de ciencias e matemáticas, as cuestións administrativas do profesorado, o absentismo escolar, a revisión dos temas tratados no certame lucense de 1923, as instalacións e dotacións escolares, así como a implantación e relación coas institucións circumescolares.

Os traballos e exposicións escolares

Con motivo desta Semana Pedagóxica, varias personalidades galegas e nacionais reuníronse para compartir as inquedanzas sobre educación, realizando unha serie de cuartillas recollendo os *traballos e exposicións* realizadas. O seguinte cadro recolle os títulos, autores e temas tratados no certame de xeito sintético. Estas cuartillas foron publicadas no número especial editado pola revista *Vida Escolar* o 24 de xuño de 1933.[2831]

Cadro 73. Temas tratados na Semana Pedagóxica de 1933

Título	Autor	Tema tratado
Paz, cultura, alegría...	Luis Soto Menor	Importancia do ensino de valores na escola.
El maestro nacional	Daniel Calvo Portero	Defensa do maxisterio español.
Maestros sí; pero antes hombres	Víctor Ballester Gozalvo	Importancia da moralidade na ensinanza.
Libertad en la educación	Antonio Guiraum Martín	Liberdade no ensino como fonte de

[2828] Nos dous congresos discutíronse as teorías institucionistas, rexeneracionistas e pragmáticas.

[2829] Unha das funcións da Comisión da Inspección de primeira Ensinanza en Lugo era dotar ás escolas do debido material escolar previamente solicitado. En Comisión da Inspección de primeira Ensinanza, en varios, "Inspección de primera Ensinanza", *El Progreso,* Lugo, xoves 4 de xuño de 1931.

[2830] En Joan Comas Camps, "Lo que es la escuela única", *El Progreso,* Lugo 17 de xuño de 1931.

[2831] En varios, "Número especial sobre a Semana Pedagóxica Lucense", *Vida Escolar,* Nº 336, ano VII (1933): 4-32.

		desenvolvemento.
Para "Vida Escolar"	Nicolás Longarón	A escola como medio para conseguir o desenvolvemento da humanidade.
Fanatismo y sectarismo	Carlos Moltó	Lei de Congregacións Relixiosas, en contra da escola laica.
Para que la lámpara alumbre	Ramón Salgado Toimil	Falta de financiamento da ensinanza pública.
Por la Semana Pedagógica Lucense	Marcelino Friol Novoa	Exaltación da vida de Luis Soto Menor.
Caridad y amor	Juan Encinar	Importancia do altruísmo e afectividade na ensinanza.
Datos Estadísticos	J. Santa María	Creación de escolas dende 1923 ata 1933.
Apreciaciones	Amador F. Carral	El laicismo e os seus detractores.
Crisol de ideas	Domingo Saaavedra	Amor á ensinanza dende o punto de vista de F. Nietzsche.
Sugerencias del medio	Enrique Correa	Os beneficios para o maxisterio da Segunda República en España.
Columna vertebral de acero	José Galera Moreno	A Renovación pedagóxica de España e o laicismo escolar.
De mi diario	José Mª. Pereda	Importancia do altruísmo na sociedade.
Fragmentos	José S. Prol Blas	Importancia da rehabilitación económica como motor da reforma.
La educación física en España.	Manuel Torron Fole	Importancia do exercicio físico na sociedade.
Desde la aldea	Francisco Reigada	A renovación pedagóxica da Segunda República en España.
Horizontes de la escuela	Francisco Medina	A personalidade humana e a escola.
Contrastes	Germán Lastra	A importancia da renovación pedagóxica e a súa evolución.
La asistencia escolar en el rus	Manuel Cordeiro	El absentismo escolar e a creación de escolas.
Misiones culturales	José María Pérez-Brun	*Misiones Culturales* en Galicia.
Inauguración de la Semana	Andrés Gómez Legaspi	Crónica das distintas sesións do

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Pedagógica		evento.

Fonte: Elaboración propia. En "Número especial sobre a Semana Pedagóxica Lucense", *Vida Escolar*, Nº 336, ano VII (1933): 4-32.

A sesión de apertura da Semana Pedagóxica

A *sesión de inauguración* deste evento levouna a cabo Luis Soto Menor, daquela responsable da inspección provincial. Neste día, este inspector analizou a situación do maxisterio español e as súas características, destacando a importancia da humildade dos mestres e do exercicio do maxisterio.[2832] Esta sesión de apertura tivo lugar o 19 de xuño de 1933 e foi presidida polo gobernador civil da cidade, substituíndo ao director xeral de Primeira Ensinanza. O presidente estivo acompañado polo alcalde Vázquez F. Pimentel e o director do *Instituto de Segunda Ensinanza* de Lugo Alfredo Rodríguez Labajo, tamén catedrático de matemáticas. A inauguración comezou coas comunicacións dos inspectores Daniel Calvo e Luis Soto, que trataban sobre o significado e a importancia das semanas pedagóxicas celebradas en case todas as provincias de España.

Tamén presentouse unha *exposición escolar* instalada na *Escola de Párvulos de Lugo*, situada na avenida de Rosalía de Castro. De seguido, celebrouse un concerto da banda Polifónica en honor aos congresistas.[2833] Entre as composicións interpretadas destacou a peza "Albada de Alcañiz" do mestre Sariñena e o Himno de Galicia. Por outro lado, a Coral cantou a obra "Sardana de las Monjas".[2834] Durante esta xornada, tamén se presentaron as liñas que distinguían ao maxisterio español, poñendo a énfase na "honra e humildade" do mestre. Seguidamente, o gobernador civil fixo referencia á importancia da responsabilidade e das funcións do mestre.

> Vosotros sois los formadores de la nueva generación que ha de engrandecer a España. Tened en cuenta la responsabilidad que os cabe, porque esa generación está en vuestras manos.[2835]

As seccións da Semana Pedagóxica

Tras a sesión da apertura, inaugurouse a *primeira sección* do certame do día 20 de xuño. Esta xornada dedicouse á escola rural: o primeiro tema tratado foi a "Escuela rural y sus problemas", de José Galera Moreno.[2836] Despois analizáronse as necesidades da escola rural no traballo "Lo rural, la Escuela y el Maestro".[2837] Ao pouco tempo, achegáronse os seguintes estudos: "Rural, rudeza y rutina" de Valentín Barbero e "Quien solo medicina sabe, ni medicina sabe", de Francisco Reigada. No arquivo da JAE, consultamos o expediente de José Galera, no que Luis Soto Menor certificaba nun documento: "obtuvo el primer premio José Galera Moreno con un trabajo titulado "La Escuela rural y sus problemas", así mismo se le premió con una mención honorífica,

[2832] En Luis Soto Menor, "Semana Pedagóxica de 1933", *El Progreso,* Lugo, 20 de xuño de 1933.
[2833] O evento tivo lugar no salón do teatro do *Círculo das Artes.*
[2834] En varios, "Semana Pedagógica", *El Progreso,* Lugo, 21 de xuño de 1933.
[2835] En varios "Semana Pedagógica lucense", *El Progreso,* Lugo, 20 de xuño de 1933.
[2836] En José Manuel Vázquez López, "Relación entre a defensa da escola rural cos inspectores e Mestres (Lugo 1900-1936)", *Educació i desenvolvement rural als segles XIX-XX-XXI* (Lleida: Universitat de Lleida, 2018), 161-175.
[2837] Durante esta xornada, tamén se realizou unha exposición dos traballos, instalada na Escola situada no parque da cidade de Lugo, o tema foi: a escola rural e os seus problemas, recibindo o primeiro premio, o mestre da Escola Mixta de San Román (Ríobarba) e inspector José Galera Moreno.

otro titulado "La coeducación y sus problemas en la escuela primaria"".[2838] Nesta xornada realizouse unha visita á exposición escolar instalada na *Escuela da Beneficencia Municipal de Lugo*. Os colexios que participaron nesta actividade foron a *Escuela de Parga, a Escuela de niñas de Outeiro de Rei, a Escuela de Fazouro, a Escuela da Puebla de Brollón, a Escuela de Villaselán, a Escuela de Bonxe* (Outeiro de Rei), a *Escuela de niñas da Rúa Manuel Becerra e a Escuela de San Miguel de Barreiros*.[2839]

No *segundo día*, celebrado o 21 de xuño de 1933, tratáronse os seguintes temas relacionados co papel que exercían os axentes na comunidade educativa: "Relaciones entre autoridades, padres y maestros". Entre os traballos presentados durante esta xornada gañou o de Jesús Castro Bello, titulado: "!Unión¡ Este es el norte que ha guiado y guiará a la sociedad en su verdadero progreso". Nesta xornada, tamén se levou a cabo unha nova conferencia e outra exposición escolar. [2840]

Ilustración 142. Escola en Monforte de Lemos en 1933 publicada en *Lugo século XX: Historia de un siglo*

O *terceiro* día, 22 de xuño, tratouse o tema: "Programa escolar y cuadro de Distribución del Trabajo en las escuelas rurales". O traballo gañador desta terceira sección foi o de Ángel Fraga, titulado "Querer es hacer". Nesta reunión deu unha conferencia o reitor da *Universidad de Santiago de Compostela* Alejandro Rodríguez Cadarso, sobre a influencia do deficiente material escolar sobre a deformación do esqueleto do neno. Pola tarde, celebrouse unha segunda conferencia ofrecida por Antonio Azpiazu Tato.[2841] A mesa estivo presidida pola profesora da *Escuela Normal* Herminia Martínez Cabrera.[2842] Esta docente concedeu o primeiro premio ao traballo do mestre de Vieiro (Viveiro), Ángel Fraga Orosa. Despois da lectura e da exposición dos distintos traballos relacionados co tema "Programa escolar y cuadro de distribución del trabajo en las escuelas", realizouse un debate sobre os diversos contidos educativos achegados anteriormente. Na exposición do material escolar instalada no *Grupo de Quiroga Ballesteros*, exhibiuse material das Casas Lombardero e Reboredo, colecciónS

[2838] En José Galera Moreno, "Expediente de José Galera Moreno" (Madrid: Arquivo JAE. Sinatura: JAE/58-23BIS).

[2839] En varios, "Semana Pedagógica lucense", *El Progreso*, Lugo, 20 de xuño de 1933.

[2840] Ídem.

[2841] Ídem.

[2842] Nai do que foi ministro e deputado lucense Antonio Carro Martínez.

de: libros, mapas, obxectos fotográficos, máquinas de escribir, de labores, mobles e diversos instrumentos novos aplicados á escola.[2843]

O día 23 de xuño de 1933, levouse a cabo o *quinto* día da Semana Pedagóxica (contando a xornada de inauguración). Nesta xornada promoveuse a realización da terceira e da cuarta conferencia, outra exposición escolar e o escrutinio para a adxudicación de premio xeral dos traballos expostos. O último día desta Semana estivo presidido e clausurado polo ministro de instrución pública Francisco Barnés.[2844] O máis destacado desta xornada foi a visita do pedagogo e inspector de primeira ensinanza Lorenzo Luzuriaga e a súa esposa María Luisa Navarro. Na súa visita esta intelectual realizou unha intervención sobre a importancia das *Misiones Pedagógicas*.[2845] Outro relatorio levado a cabo foi o estudo titulado: "La coeducación en las escuelas primarias". O traballo que acadou o primeiro posto sería o de Luis Diego Cuscoy titulado: "La gracia Helénica".[2846] Despois da lectura e discusión dos relatorios seleccionados, José Galera Moreno tratou o tema da "Libertad, Igualdad y Fraternidad". Debido a boa calidade deste estudo foi seleccionado para ser publicado no *Libro da Semana Pedagógica*.[2847] Este libro probablemente foi editado baixo o título: Número especial da Semana Pedagóxica de 1933, publicado por *Vida Escolar*.

Na sesión celebrada o día 24 de xuño levouse a cabo unha síntese das conclusións e a entrega de *premios*. A Comisión Organizadora concedeu os seguintes galardóns aos congresistas: o primeiro tema elixido obtivo 500 pesetas dos organismos docentes provinciais, o segundo 300 do Concello, o terceiro 250 da Deputación Provincial e o cuarto unha obxecto de arte da Exposición Escolar. Do mesmo xeito se premiaron os distintos traballos escolares seleccionados. Ademais, enviáronselle varios lotes de contos e libros ás escolas participantes. As entidades colaboradoras foron: o *Concello de Lugo*, a *Deputación Provincial*, a *Asociación Patronal de Lugo*, o claustro da *Escuela Normal del Magisterio*, a *Inspección de Primeira Ensinanza*, o *Instituto de Segunda Enseñanza* de Lugo e diferentes particulares. Despois do acto de confraternidade celebrouse unha festa dedicada aos mestres e ao seu traballo nas escolas da provincia.[2848]

Ilustración 143. Mestre con praza na provincia lucense Luis Diego Cuscoy[2849]

[2843] En varios, "Semana Pedagóxica Lucense", *El Progreso*, Lugo, 22 de xuño de 1933.
[2844] Francisco Barnés foi exdirector do Instituto Escuela de Madrid.
[2845] En varios, "Semana Pedagóxica Lucense", *El Progreso*, Lugo, 24 de xuño de 1933.
[2846] Cuscoy foi poeta, profesor, escritor, arqueólogo, etnógrafo, antropólogo, naturalista, fotógrafo, cronista da súa época e creador e director do Museo Arqueolóxico de Tenerife. Debido a isto actualmente é unha figura ilustre con amplos méritos na galería da cultura do século XX en Canarias. Foi trasladado dous anos dende as Illas Canarias a Galicia, concretamente a Castro das Seixas (provincia de Lugo), en Bruno Juan Álvarez Abreu, "Don Luis Diego Cuscoy", extraído o 17 de xaneiro de 2017 de: http://efemeridestenerife.blogspot.com.es/2017/09/don-luis-diego-cuscoy.html.
[2847] En varios, "Semana Pedagóxica Lucense", *El Progreso*, Lugo, 24 de xuño de 1933.
[2848] En varios, "El congreso", *El Progreso*, Lugo, 25 de xuño de 1933.
[2849] En Luis Diego Cuscoy "Efemérides", *efemeridestenerife.blogspot.com*, extraído o 4 de xaneiro de 2024 de: https://efemeridestenerife.blogspot.com/2017/09/don-luis-diego-cuscoy.html.

O día 25 de xuño os actos estiveron presididos por Federico Landrove, director xeneral de primeira ensinanza.[2850] Este político fixo mención á importancia da substitución da ensinanza confesional e da obrigación de adoptar unha determinada política relixiosa. Ademais, ao acto acudiron as personalidades máis importantes relacionadas coa educación provincial. Representando á inspección educativa fixeron acto de presenza: Daniel Calvo Portelo, Luis Soto Menor, Víctor Ballester Gozalvo,[2851] Sr. Lorgarón e Luisa Navarro. Ademais, asistiron o alcalde Carlos Vázquez Fernández Pimentel, o director do *Instituto de Segunda Enseñanza* Alfredo Rodríguez Labajo, a profesora da *Escuela Normal de Maestras* Carmen Pardo Losada e o médico José Eleizegui.[2852] A sección administrativa estivo representada pola xefa da Sección Enriqueta Otero, a inspectora das *Misiones Pedagógicas*, o presidente da *Asociación Provincial del Magisterio*, o presidente da *Confederación de Maestros* Jesús Barreira, o presidente da *Asociación de Trabajadores de la Enseñanza* Ángel Fernández Romero e o director da *Vida Escolar* Andrés Gómez Legaspi.



Ilustración 144. Enriqueta Otero Blanco (1910-1989, O Carriño) (publicada en *Lucenses singulares*, editado por *El Progreso*)

Os relatorios máis importantes da Semana Pedagóxica do 33

Segundo *El Progreso,* as conferencias máis aplaudidas foron a de María Luisa Navarro, xunto coas do director xeral de primeira ensinanza Federico Landrove Moiño, o inspector central de primeira ensinanza Florentino Martínez Torner,[2853] o reitor da *Universidad de Santiago Compostela* Rodríguez Cadarso e o *Secretario Técnico del Ministerio de Instrucción Pública* Lorenzo Luzuriaga.[2854] Tanto a inauguración como a clausura foron anunciadas acusticamente na antiga Praza da República, actual Praza Maior.

[2850] Ídem.

[2851] Inspector de ensino primario en Murcia, *BOE,* (25 de febreiro de 1941): 1322.

[2852] En "Semana Pedagóxica de 1933". *El Progreso*, Lugo, 25 de xuño de 1933.

[2853] Nese período Torner foi o autor dunha das primeiras obras musicais infantís: en Eduardo Martínez Torner, "El folklore en la escuela", *Revista de Pedagogía* (1936)

[2854] Consultamos o diario *El Progreso* dende o día 10 de outubro de 1923 e os días vindeiros números, conservados na hemeroteca da Biblioteca Nodal de Lugo.

Ilustración 145. Carmen Pardo Losada, profesora da Escola Normal e membro da Comisión Organizadora da *Semana* (en "Número especial sobre a Semana Pedagóxica Lucense")

Na Semana Pedagóxica tratáronse varios *temas relevantes* para a educación: a escola rural, os problemas escolares, as relacións entre os membros da comunidade educativa, o programa escolar, o cadro de distribución e a coeducación nas escolas.[2855] Ademais das exposicións, concursos e conferencias celebrouse unha velada e festa, destacando o traballo dos mestres e mestras. Estes actos tamén pretenderon incidir na importancia da educación na sociedade. A este evento asistiron docentes principalmente das provincias da Coruña, Lugo e Ourense.[2856]

Ilustración 146. Comisión Organizadora
(en "Semana Pedagóxica de 1933", *El Progreso*)

[2855] En José Manuel Vázquez López, "Relación entre a defensa da escola rural cos inspectores e Mestres (Lugo 1900-1936)", *Educació i desenvolvement rural als segles XIX-XX-XXI* (Lleida: Universitat de Lleida, 2018), 161-175.

[2856] Vide Xosé Manuel Cid Fernández, *Educación e Ideoloxía en Ourense na II República. Ourense* (Ourense: Andavira Editora, 2010).

O discurso de Federico Landrove Moiño

Ilustración 147. Federico Landrove Moiño (extraída de Fundación Pablo Iglesias)

A conferencia ofrecida por *Federico Landrove* tivo unha notable importancia para os asistentes da Semana Pedagóxica. Sobre todo no referente á idea de que o *carácter individual* do mestre provocaba transcendentes dificultades para lexislar a materia de ensinanza. Segundo o relator, o mestre tiña a obrigación de non mostrar excesiva adhesión aos medios e as técnicas habituais do traballo no ensino. O maxisterio tiña o deber de actualizarse, empregando métodos en consonancia cos tempos: "La escuela es un órgano de renovación social, de transformación, de progreso".[2857] A continuación, o director xeral fixo referencia á importancia da transformación da ciencia pedagóxica nos últimos decenios, apuntando aquí o papel da inspección do maxisterio como medio para contrastar os métodos de traballo.

Por outro lado, Landrove cuestionou os *malos hábitos pedagóxicos* dos mestres, solicitando a súa supresión: "El maestro no ha de hacer lo que quiera y como quiera si no que ha de hacer lo que debe hacer". Observamos como se mostrou abertamente en contra do individualismo laboral, recordando que a creación das escolas graduadas posibilitaba a coordinación dos métodos pedagóxicos, o traballo en equipo e o colectivismo. Por estes motivos demandou unha revisión dos métodos habituais de traballo.[2858] Aparte dos asuntos educativos pertencentes ao seu cargo, Landrove falou sobre política pedagóxica, afirmando: "La política es una sustancia venenosa y hay que utilizarla con mucha precaución".[2859] Continuando con este tema, mencionou a relevancia do traballo en materia educativa que fixo o Goberno Republicano do primeiro bienio, afirmando sobre este período: "Dar la talla social que no tenía, elevarla socialmente. Si hay alguien que lo ignore o si alguien tiene una incapacidad fundamental para ser maestro". Segundo este relator, a República logrou trasladar ao pobo os problemas e inquietudes da ensinanza, aludindo á idea de que Galicia era a rexión española máis atrasada, ou menos sensible aos problemas educativos, por ter un xeito máis primario e tradicional de entender a vida:[2860]

> …porque es el pueblo mismo la base en que se asienta el régimen democrático" "una de las cuestiones de más importancia del pueblo español, está en la cultura primaria" [continua] "Tengo, como gallego, una sospecha amarga: la de que el pueblo que menos siente el problema de la escuela, es el pueblo gallego. Yo desde hace muchos años vivo fuera de Galicia, vengo siempre que puedo a refrescar el espíritu en mi tierra, y he aprendido que aún hay pueblos donde el máximo agravio es el sueldo del maestro. Todos tenemos, pues, la ineludible obligación de

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[2857] En varios, "Semana Pedagóxica de 1933", *El Progreso,* Lugo, 25 de xuño de 1933.
[2858] Ídem.
[2859] Ídem.
[2860] Ídem.

> intensificar en Galicia la labor encaminada al resurgimiento de la conciencia pública con relación a la escuela primaria.[2861]

Ilustración 148. José S. Prol, mestre participante na *Semana Pedagógica Lucense* de 1933 representado á *Escola de Quiroga* ("Número especial sobre a Semana Pedagóxica Lucense", *Vida Escolar*)

Logo, este interlocutor dirixiu unhas palabras sobre a Lei de Congregacións e Confesións Relixiosas, que se ocupaba da substitución da ensinanza confesional: "levantando solamente la primera capa de esta masa (ilexible), sería fácil llegar a la conclusión de que es un problema de Gobierno, que el Gobierno solo tiene que resolver. Pensar así es una equivocación". Landrove apostou pola aplicación desta normativa, sen incorrer no erro de confundir a relixión coa acción liberadora do Estado. Para el non existía ningunha incompatibilidade relixiosa, o que existía era un problema político e social: en verdade, a relixión empregábase con frecuencia para facer campañas de propaganda. Así, Landrove cuestionaba aos que se opoñían á Lei de Congregacións. Sobre isto, afirmaría posteriormente que as continuas trabas en contra da súa posta en práctica inferían en dous enormes agravios:

> El primero, el de proclamar que el magisterio en España no tiene la debida preparación ni la suficiente capacidad, para sustituir a los que legítimamente venían dedicándose a la enseñanza confesional. El segundo agravio -el más grave, por la intención que lo inspira- ese el de decir que la Escuela nacional es la de la inmoralidad" [...] "Mana de la ignorancia creer que lo que se ventila es la conciencia religiosa. Hay un problema religioso. Hay un problema político. La religión es la bandera de una campaña política repugnante.[2862]

Respecto a isto, Landrove invitou aos mestres que sentían a incompatibilidade da súa función docente coas súas crenzas relixiosas a abandonar a escola laica, implantada no primeiro bienio da Segunda República: "No es honrado vivir a cuenta del Estado y traicionarlo. La escuela no puede ser agente de una Religión". Defensor do laicismo escolar, avogaba pola liberdade de pensamento, declarando: "cada cuál piensa y siente como quiere. Pero no se puede abusar de la conciencia de un niño para convertirlo en miembro de una religión determinada". Con estas declaracións concisas e claras, o ministro pechou a súa conferencia. Como denotamos, o sentir republicano e *institucionista* estivo presente no seu discurso, defendendo a escola laica, o corporativismo e a liberdade de pensamento. Segundo *El Progreso,* ao finalizar o seu relatorio foi ovacionado polos presentes ao Certame, sendo ben recibidas as ideas expostas. [2863]

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[2861] Ídem.

[2862] Segundo a prensa local, este discurso puxo o auditorio en pé para aclamar e aplaudir a Federico Landrove. En varios, "El congreso", *El progreso,* Lugo, 25 de xuño de 1933

[2863] En varios, "El Congreso", *El progreso,* Lugo, 25 de xuño de 1933.

Clausura e agradecementos

Tralo Certame organizouse un banquete no comedor do Hotel Méndez Núñez. Segundo a prensa local, ao convite asistiron máis de trescentos comensais. Entre os asistentes atopábanse os congresistas e o director xeral Federico Landrove. Aos poucos, no Teatro do *Círculo de las Artes* celebrouse unha velada teatral dedicada aos asistentes, amenizada co Coro da *Escuela Normal,* dirixido pola profesora Datas. Despois destas interpretación, un grupo afeccionado cantaron as obras "El manzano" e "Nido de águila". Na clausura do festival, tamén foi amenizado polo *Coro Regional*, interpretando "Flores e Silveiras". Con motivo do peche dos actos da Semana Pedagóxica visitaron a cidade os inspectores de primeira ensinanza Antonio Ortiz, Manuel Maceda López e a súa irmá María Maceda (Ourense). Igualmente viñeron a Lugo, a directora da *Escuela Normal de Ourense* e o inspector de primeira ensinanza da Coruña Carlos Moltó. Pola noite seguiron as actos no salón do *Círculo de las Artes* cun baile dirixido aos asistentes.[2864]

Analizando o número de asistentes, segundo a crónica publicada polo diario *El Progreso* acudiron preto de 1200 mestres.[2865] Un encontro que serviu como medio de información para reflexionar sobre os problemas educativos e as novas teorías pedagóxicas. Constatamos a relevancia deste cita, non só polas iniciativas expostas, senón pola grande asistencia de autoridades e ao seu carácter innovador. Ademais, convén ter en conta que a este evento asistiron moitas autoridades lucenses, o profesorado dos centros, os inspectores de Primeira Ensinanza e a Administración educativa.[2866]

> Asistieron más de mil maestros de la provincia y en ella se discutieron temas de interés para la enseñanza y el magisterio, además de celebrarse dos exposiciones: una de material escolar y otra de trabajos escolares.[2867]

A xeito de *conclusión*, a Semana Pedagóxica repercutiu favorablemente na educación de Lugo, orientando aos asistentes en novas liñas educativas resumidas polo inspector de Murcia Víctor Ballester Gozalvo.[2868] Para levar a cabo estas orientacións houbo importantes conferencias, dúas exposicións escolares (unha de traballos e outra de materiais) e un concurso pedagóxico. Pode afirmarse, que xunto á convocatoria lucense de 1923, esta celebración foi o acto pedagóxico máis importante e significativo celebrado en Lugo en todo o século XX. Despois de coñecer o devir destes congresos, o seguinte apartado achega a análise das propostas favorables á introdución de cambios no ensino primario, levados a cabo principalmente polos inspectores e docentes que traballaron nesta provincia, promovendo así a actualización e a mellora da escola.

[2864] En varios, "La Semana Pedagóxica Lucense", *El Progreso,* Lugo, 25 de xuño de 1933.

[2865] Publicado no diario *El Progreso,* día 10 de outubro de 1923, e os vindeiros números conservados na hemeroteca da Biblioteca Nodal de Lugo.

[2866] En varios, "Semana Pedagógica lucense", *El Progreso,* Lugo, do 17 de xuño de 1933.

[2867] En Lorenzo Luzuriaga, "La Semana Pedagógica de Lugo. Conferencias de los señores de Luzuriaga", *Luz. Diario de la República*, do 27 de xuño de 1933.

[2868] En varios "Semana Pedagógica", *El Progreso,* Lugo, 21 de xuño de 1933.

4.4.10. Propostas favorables á introdución de cambios na escola

Historicamente e como xa advertimos anteriormente, Lugo foi unha provincia vinculada a unha *forte tradición eclesiástica* e agrícola.[2869] Unha mostra disto é a numerosa presenza de edificios eclesiásticos. Segundo as fontes atopadas, nas escolas regularmente dominaban unhas prácticas pedagóxicas tradicionais, pasivas, cunha ensinanza non graduada, pouco innovadoras e motivadoras. A finais do século XIX, Castro Freire trasladaba unha mostra das prácticas regulares establecidas nos colexios lucenses, recollidas na súa obra *Lugo y sus hombres*:

> En todas estas escuelas se empleaban métodos pedagógicos parecidos; sistemas persuasivos y convincentes: encierro, vara y palmetazos. Por algo dice el refrán: "la letra con sangre entra". La Gramática, la Geografía, la Historia y la Aritmética, sólo con varas se explicaban. La escuela era el terror de los muchachos. La escritura era la preocupación de los maestros y la pesadilla de los chicos.[2870]

Pese a todo, a medida que foron chegando as innovacións escolanovistas a España *difundíronse algunhas teorías transnacionais,* favorecendo a actualización pedagóxica. Aínda que existía unha forte presenza de institucións eclesiásticas, froito destas teorías apareceron unha serie de experiencias de modernización escolar na provincia como a *ensinanza activa* aplicada dende 1913 na Escola da Liga Santaballesa.[2871] Ademais, paulatinamente a Administración realizou algunhas reformas no sistema educativo español. E así, o currículo da escola primaria foi ampliado e unificado mediante o Real Decreto do 26 de outubro de 1901.[2872] Neste aspecto da ensinanza, os mestres e mestras non estaban preparados para impartir esta nova reforma curricular.[2873] Segundo este R.D. e respecto á ampliación de *materias*, os alumnos e alumnas tiñan que estudar:

> Doctrina cristiana y Nociones de Historia Sagrada, Lengua Castellana: Lectura, Escritura y Gramática, Geografía e Historia, Rudimentos de Derecho, Nociones de Geometría, Nociones de Ciencias físicas, químicas y naturales, Nociones de Higiene y de Fisiología humana, Dibujo, Canto, Trabajos Manuales y Ejercicios corporales.[2874]

A partir do primeiro terzo do século XX, debido á presenza de *intentos de reforma*, as características curriculares dalgunhas escolas mudaron por unhas condicións pedagóxicas máis heteroxéneas.[2875] Ademais, produciuse unha redución da presenza de escolas relixiosas, de ferrado e de tempada.[2876] De xeito paralelo, multiplicáronse os centros públicos e indianos, baixo un maior control administrativo.[2877] En 1927, o

[2869] En varios, "Semana Pedagógica", *El Progreso,* Lugo, 25 de xuño de 1933.

[2870] En Salvador Castro Freire, *Lugo y sus hombres. Ensayo de síntesis histórica* (Lugo: Edit. Celta,...), 129.

[2871] En Xosé Pombo Mosquera, *Liga Santaballesa. Historia dunha Escola Habanera 1907-2007* (Vilalba: Padroado da Liga Santaballesa, 2007), 29.

[2872] En varios, *Historia de la Educación en España, T.III De la Restauración a la República* (Madrid: Ministerio de Educación y Ciencia, 1989), 163.

[2873] En Carmen Benso Calvo e Rosa María Cid Galante, "A ensinanza privada en Ourense a principios do século XX", *Sarmiento,* Nº 8 (2004): 67.

[2874] Artigos 3 e 4 do Real Decreto do 26 de outubro de 1901.

[2875] En Luis Soto Menor, "Solicitudes económicas y creación de escuelas" (Lugo: APL. Sinatura: 1200-01, 1932).

[2876] Durante o período estudado, aínda que o total de centro relixiosos decreceron, tamén xurdiron novas escolas deste tipo como: o Colexio dirixido polas Fillas da Caridade en 1900, o Colexio dos Maristas en 1907, o Colexio da Compañía de María en 1917 e o Colexio das Josefinas en 1926.

[2877] Vide Narciso de Gabriel Fernández, *Escolantes e escolas de ferrado,* (Vigo: Xerais de Galicia, 2001); en Antón Costa Rico, *Historia da educación e da cultura en Galicia* (Vigo: Xerais, 2004), 929; en Antón Costa Rico, *Escolas e Mestres. A educación en Galicia: Da restauración á Segunda República* (Santiago: Editorial: Servizo

inspector Jacinto Ruiz Santiago explicaba as condicións que afectaban aos cambios introducidos na escola, mediante un artigo titulado "La primera enseñanza en la provincia de Lugo-1927".[2878]

E cómpre poñer énfase especialmente no *primeiro bienio* da Segunda República, aquí o político Germán Lastra analizaba en Lugo a importancia de reformar a escola: este avogado incidiu na necesidade de modernización do sistema educativo tradicional, introducindo contidos pacifistas e ecolóxicos nos colexios.[2879] Igualmente, en febreiro de 1932, este home manifestaba a relevancia de aplicar unha pedagoxía pacifista na escola.[2880] Do mesmo xeito, o mestre Quintela Ferreiro a través dun artigo de prensa propuxo que se tivese en conta en maior medida a liberdade do alumno nas escolas.[2881]

A *reforma pedagóxica* promovida polas autoridades republicanas foi acollida con entusiasmo por algúns docentes e por a maior parte dos movementos asociativos do maxisterio,[2882] sobre todo tendo en conta que se melloraron as contribusións económicas a este colectivo. Así e promovida pola atmosfera de modernización escolar que se creou a nivel nacional, algúns inspectores e mestres demandaron un cambio metodolóxico nas súas escolas, sobre todo no referido ás novas teorías introducidas pola ILE a prol dunha maior actividade do neno: é o comezo da "escola activa" en Lugo.[2883]

Nestes anos, a reforma educativa republicana tivo unha vertente ideolóxica e organizativa que estaba a favor da *renovación da escola*, constituíndo unha ensinanza pública unificada, activa e laica.[2884] Este feito supuxo un gran reto, tendo en conta a estreita relación entre a escola e as tradicións eclesiásticas lucenses. Respecto aos cambios que incidiron á aplicación da ensinanza de relixión, convén facer fincapé na Circular publicada o 17 de xaneiro de 1932. Nesta disposición o inspector de Primeiro Ensino ordenaba deixar de impartir a ensinanza de relixión nas escolas, substituída por outras materias aplicadas polos mestres nacionais. O laicismo na provincia lucense implantouse por un breve período de tempo, debido a que durante o segundo bienio derrogáronse as disposicións do primeiro bienio respecto ao laicismo escolar.[2885]

Estas experiencias educativas foron innovadoras para a escola, a pesar de non ter continuidade nin estar normalizadas: cambios cheos de ideas renovadoras, sinxeleza,

---

Central de Publicacións: Xunta de Galicia, 1989), 125-126; en E. Reboredo Blanco, "Solicitud de acondicionamiento de centro escolar en el período de vacaciones para no interferir en el comienzo de las clases", (Lugo: APL. Fondo: Concello. Sinatura: 931, 1911); en Vicente Peña Saavedra, *Éxodo, organización comunitaria e intervención escolar* (A Coruña: Xunta de Galicia, 1993); e José del Peso y Sevillano, "Galicia y su Enseñanza Primaria", (Madrid: Arquivo JAE. Sinatura: JAE/115-391, xuño 1925); tamén atopamos os informes onde describían o mal estado das escolas en Luis Soto Menor, "Informe de Luis Soto Menor da Junta Provincial de Lugo" (Lugo: APL. Fondo Concello. Sinatura: 1202-01, outubro 1924).

[2878] En Jacinto Ruiz Santiago , "La primera enseñanza en la provincia de Lugo-1927", *Vida Escolar*, Nº 40, ano I (1927): 2.

[2879] En Germán Lastra, "La escuela del porvenir- Higiene, mucha higiene", *El Progreso*, Lugo, 24 de xaneiro de 1932.

[2880] En Germán Lastra, "La Escuela del Porvenir-Pedagogía Pacificta", *El Progreso,* Lugo, 27 de febreiro de 1932; e Germán Lastra, "La Escuela del Porveni-La paz, base de cultura", *El Progreso*, Lugo, 3 de marzo de 1932.

[2881] En Antonio Quintela Ferreiro, "Ideas Pedagógicas", *El Progreso,* Lugo, del 4 de marzo de 1932.

[2882] En María C. Palmero Cámara, *Educación y sociedad en la Rioja republicana* (Logroño: Ler, 1990), 215.

[2883] Gregorio Sanz foi en Lugo un dos máximos expoñentes desta nova concepción metodolóxica educativa, levando a cabo diversas experiencias nas escolas ao seu cargo.

[2884] En María del Pilar García Salmerón, "La política y las realizaciones educativas de la segunda República, a la luz de los estudios locales", *Sarmiento,* Nº 8 (2004): 111.

[2885] En *Gaceta de Madrid,* (14 de 1932): 383. Tema tratado na prensa da provincia en "El laicismo en las escuelas", *El Progreso,* Lugo, o 17 de xaneiro de 1932.

compromiso, ilusión e entrega dos antigos mestres e inspectores; como a visualización de sesións de cine, a divulgación de bibliotecas circulantes, o florecemento da prensa escolar, ou o *Día da Flor*. Dende un punto de vista romántico, asemella fascinante imaxinar ante o dominio da escola tradicional o excursionismo, as clases ao aire libre, as *Misiones Pedagógicas*, a celebración do *Día da Flor* ou o *Día del Árbol*.[2886]

Ilustración 149. Nenos da Escola de Santaballa 1922[2887]

Con todo, as novas teorías activas achegadas pola ILE e a LIEN, propuxeron un cambio na organización curricular importante: *a ensinanza activa, vivencial e o traballo manual*. Estas novas teorías chocaban co currículo ríxido, pasivo e memorístico aplicado na provincia de Lugo: "no que saber o mapa de España ou o dominio das fraccións eran obxectivos curriculares prioritarios", como por exemplo a cuartilla publicada polo profesor Manuel Torrón Fole.[2888]

Respecto á *introdución de libros* e cambios curriculares: en 1932 a *Gaceta* publicou un Decreto de Instrución Pública, ordenando que os alumnos das escolas nacionais aprenderan a *Constitución* aprobada nas Cortes. Segundo esta normativa, os mestres tiñan que introducir na escola un sentido educativo e democrático nacional.[2889] Ese mesmo ano, Joan Comas ordenaba a supresión da ensinanza de contidos relixiosos nas escolas lucenses e a retirada dos crucifixos.[2890] En xaneiro tamén houbo diferentes propostas respecto á introdución da educación sexual: así o político Germán Lastra publicaba no diario *El Progreso* a necesidade de aplicar un programa que contemplara certos contidos básicos sobre a sexualidade na escola. A pesar destas reivindicacións, historicamente a educación sexual foi unha disciplina invisibilizada na educación

[2886] Vide Antón Costa Rico, "Xardíns escolares e festas da árbore en Galiza", *Sarmiento,* Nº 22 (2018): 237-248.

[2887] Fotografía extraída do fondo fotográfico da Escola de Santaballa. Publicada tamén en memoriadixitallugo.es e Maiores 3.0.

[2888] En M. Torrón Fole, "La educación física en España. Número especial sobre a Semana Pedagóxica Lucense", *Vida Escolar,* Nº 336, ano VII (1933): 22.

[2889] En varios, "La Constitución en las escuelas", *El Progreso,* Lugo, 16 de xaneiro de 1932.

[2890] En Joan Comas Camps, "Información de Enseñanza. El laicismo en las escuelas", *El Progreso,* Lugo, 17 de xaneiro de 1932.

formal, quedando relegada a espazos informais ou non formais.[2891] Por este motivo, a pesar da aparición destas propostas, estes contidos non chegaron a aplicarse.

> Siendo los órganos genitales los que la Naturaleza ha dotado de funciones más elevadas, no veo el motivo por el que se continúa manteniendo el misterio sobre su funcionamiento y desarrollo. Ese mal entendido pudor da origen a que los adolescentes se encuentren con la sorpresa de cosas raras de las que no tienen la más ligera noción. ¿Es esto prudente? No; las funciones sexuales no deben seguir siendo un misterio cuyo velo se descorra en la obscuridad. La Escuela moderna no debe permitir que por ignorancia o falta de educación sexual, se cometan los errores que se cometen en la época del desarrollo. Hay que facilitar a la humanidad infantil el acceso a esos mundos desconocidos, cuyas puertas ha abrirle la Naturaleza.[2892]

Tendo en conta todo o presentado anteriormente, o presente cadro rexistra os *feitos e cambios* organizativos máis notables levados a cabo nas escolas lucenses entre 1900 e 1936, ou que por contigüidade tiveron incidencia. O obxectivo é poñer a atención do lector nas innovacións, achegando as máis significativas a nivel provincial (xunto o nome da escola e o ano). Desta maneira estes datos quedan recollidos de forma máis visual, analítico, sintético e global:[2893] sobre todo no referido á introdución de experiencias organizativas menos ortodoxas, ligadas ás ideas escolanivistas da conservación medioambiental, ao excursionismo ou ás colonias escolares.[2894]

Cadro 74. Feitos curriculares e circumescolares introducidos nas escolas lucenses (1900-1936)

Ano	Escola ou zona	Cambios
1900	Concello de Lugo	Uso do libro: *Cartilla agraria para las escuelas rurales de la provincia de Lugo*.
1900	La Tajonera (Lugo)	Aplicación dunha ensinanza mixta na Escola da "Tajonera", na cidade de Lugo.
1903-1909	Zonas rurais de toda a provincia	Creación de campos de demostración agrícola e hortas escolares.
1906	Lugo	Victoriano Tuñón y García dirixiu unha carta ás autoridades promovendo e alertando da importancia que tiña a aplicación nas escolas do "traballo manual" para o desenvolvemento psicolóxico.
1907	Lugo	Creación do Colexio do Sagrado Corazón, dirixido polos Maristas. En 1929 era un centro completo e graduado, impartindo a ensinanza primaria, secundaria e comercial (matemáticas, francés, inglés, alemán e "carreiras especiais"). No referente á súa dotación, era un dos centros mellor equipados e situados, xa que contaba con: xardíns, destacado frontón, disposición avantaxada para a graduación da ensinanza, capela, gabinetes específicos (Química, Física, Anatomía, Radiotelefonía e clases de mecanografía) e incluso calefacción.
1907	Terra chá	*Plan de Estudos da Escola da Liga Santaballesa* de Vilalba en 1907. Pioneira na aplicación dunha *ensinanza activa*, favorecendo: os estudos comercias, as prácticas, os idiomas (francés e inglés) e a galeguización da escola. Por todo isto pode considerarse como o centro máis importante do período estudado. Aplicación de

[2891] En Ainhoa Resa Ocio e Miriam Revuelta Vidal, "La educación sexual en el siglo XX: paradigmas, olvido y revolución", *Pedagogias alternativas y educación en los márgenes a lo largo del siglo XX* (Valencia: Universidade de Valencia, 2022), 189.

[2892] En Germán Lastra, "La escuela del porvenir- Higiene, mucha higiene", *El Progreso,* Lugo, 24 de xaneiro de 1932.

[2893] Así, recóllense as particularidades significativas incorporadas por cada colexio e non só nunhas determinadas escolas ou zonas.

[2894] O inspector José Del Peso describiu as particularidades nas escolas marítimas, de montaña e nas cidades. En José del Peso y Sevillano, "Galicia y su Enseñanza Primaria" (Madrid: Arquivo JAE. Sinatura: JAE/115-391, xuño 1925).

		Gramática Galega e Xeografía de Galicia e dunha materia que incluía nocións de urbanidade. Contemplando tamén a posibilidade de docencia de inglés e francés.
1911	Escola Graduada de Nenos da Cidade de Lugo na praza de *Santo Domingo*.	Creación dunha Escola graduada (4 seccións-4 mestres).
1912	Creación da Escola Vella de Rinlo	Centro de ensino primario promovido por Pedro Murias Rodríguez e Jesús Rodríguez Murias, que albergaba unha escola nocturna para maiores coñecida como "la pequeña universidad" solicitada por Agustín Gutiérrez e unha Biblioteca Pública (1934) promovida por Fernando del Pino.
1912-1927	San Miguel de Reinante e Alfoz	Celebración do "Día da árbore" nas escolas.
1912	Foz e Barreiros	Inauguración da Primeira Colonia Escolar lucense.
1913	Toda a provincia	Real Decreto do 24 de abril de 1913. Con esta normativa a asistencia ao ensino do Catecismo foi declarada voluntaria nas escolas públicas para os nenos de pais non católicos.
1914	Chantada	Antonio Farto Bravo, Mestre da Escola de Chantada, comezou as xestións para crear o primeiro grupo *scouts* lucense, denominado Exploradores de España.
1922	A Devesa-Ribadeo	En Lugo a principal experiencia de ensino agrícola foi na Escola-Agrícola Pedro Murias na Devesa (Ribadeo).
1923	Toda a provincia	Durante a celebración do *Congreso Pedagóxico lucense* cuestionáronse a supremacía dos métodos e contidos educativos tradicionais.
1925	Viveiro	A organización indiana *Hijos de Viveiro y su comarca* instalou un taller de carpintaría para dotar ás escolas da bisbarra do axeitado moblaxe, e recompilou grandes cantidades de material pedagóxico e científico de aplicación curricular.
1926	Vilalba	O 31 de decembro de 1926 introdúcese un novo regulamento na Liga Santaballesa. Segundo esta reforma, os alumnos máis adiantados comezaban os seus estudos de: Mecanografía, Taquigrafía, Aritmética Mercantil, Teneduría de Libros, Documentos Comerciais e Prácticas de Comercio. A través destas materias exercitábase o uso e redacción de documentos mercantís: contratos, follas de servizos, instancias e obrigas de pagamento.
1926	Vilalba	Na parroquia de Cazás plantéxase a construcción dunha escola conforme aos máis modernos métodos pedagógicos para a educación dos nenos e nenas.
1927-1934	Escola da Rúa (Cervo)	O mestre Julián Pérez Palacios escribiu unha memoria de influencia decroliana en 1935, titulada: "Mi vida en la escuela".
1927	Mariña Lucense	Novo regulamento das escolas públicas marítimas aplicando os seguintes contidos curriculares: Historia Marítima, lectura de cartas, Xeografía Física local, Astronomía, Navegación, cartas marítimas, sinais de navegación, industria local, traballos manuais e Economía Social.
1929	Lugo	Inauguración da Escola Nocturna da Sociedade de Comercio Lucense.
1929	Viveiro	Felipe Carnicer organizou xunto a José Galera a "Biblioteca Popular Circulante" en Viveiro.
1930	Escola de Galdo (Viveiro)	Dotación innovadora de material de orixe indiano, a mellor escola luguesa en 1930, segundo Luis Bello.
1930	Vegadeo e Ribadeo	Ángel Santos Vila: pedagogo, filántropo e mestre das escolas de Vegadeo e Ribadeo. Fundador do *Premio Ángel Santos Vila* para incentivar a asistencia escolar e a lectura.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

1930	Mariña lucense	Antonio Pérez López e Arévalo Simón promotores da edición de *El Pequeño Escolar* de orientación freinetiana.
1931	Lugo	Fundación do Grupo Escolar Quiroga Ballesteros (1-1-1931).
1932	Santaballa (Vilalba)	Cabe destacar a aplicación dun moderno sistema de reforzo positivo e unha organización escolar innovadora levada a cabo por Antonio Quintela Ferreiro. A súa escola funcionaba como un "centro de xustiza", aplicando a teoría da aprendizaxe entre iguais, a ludificación da aula e a ensinanza mutua. Incluso algúns aspectos recordan ao modelo da aula invertida.
1932	Escola de Benquerencia	Ensaio de "escola activa" con Gregorio Sanz, mestre da Granxa-Escola xunto a Pedro Murias na Mariña Lucense.
1932	Toda a provincia	Introdución no sistema educativo do sentido democrático nacional do Goberno rexente.
1932	Toda a provincia	O inspector Joan Comas ordenou suprimir a ensinanza relixiosa nas escolas de Lugo: supresión da aprendizaxe do catecismo e a retirada dos crucifixos nas escolas da provincia.
1932	Toda a provincia	O 17 de xaneiro de 1932, publicouse unha Circular coa normativa escolar: segundo esta disposición deixábase de impartir a ensinanza relixiosa nas escolas nacionais provinciais.
1932	Toda a provincia	Prohibición de aplicar a ensinanza relixiosa de xeito xeral nas escolas: *Catecismo do Padre Astete, o Señor Meu Xesucristo, o Rosario e o Catecismo de Ripalda.*
1933	Lugo	Creación da Escola Graduada de Nenas da cidade de Lugo.
1933	Toda a provincia	Importancia da *Educación Física* en Lugo a través dun artigo do profesor lucense Manuel Torrón Fole.
1933	Escola de Palas de Rei	Mestre Luís Diego Cuscoy: introdución de experiencias escolares sobre comprensión lectora.
1933	Escola de Cervo	Julián Pérez Palacios: introdución de experiencias sobre educación popular e escola activa.
1933	Lugo	Primeira *Misión Pedagóxica* en Galicia, visitando seis municipios da provincia luguesa, promovendo: música, visualización de sesións de cine, teatro, coro, museo, guiñol e bibliotecas circulantes.
1933	Guntín	Misiones Culturales de Pérez Brun.
1933	Lugo	Na *Semana Pedagógica Lucense* cuestionáronse os métodos pasivos e tradicionais.
1935	O Cádavo	Na zona do Cádavo (Baleira) destacou a fundación o 20 de outubro de 1935 da Biblioteca da Escola de San Bernabé.
1935	San Miguel de Reinante e Alfoz	O mestre Antonio Pérez López realizou varias excursións na Mariña Lucense: entre elas ao Mirador-Casa do Cantábrico.

Fontes: Elaboración propia. En Antón Costa Rico e Uxía Bolaño Amigo, "Represión política e castigo do profesorado republicano na provincia de Lugo. As consecuencias do 36", *Sarmiento,* Nº 21 (2017): 101-118; en Gregorio Sanz, "Ensayo de escuela activa", en *Revista de Pedagogía,* Nº 130 (1932): 454-458; en Narciso de Gabriel Fernández, *Agricultura e escola. Contra a rutina e o éxodo rural,* (Santiago: Universidade de Santiago de Compostela, 1989); en Antón Costa Rico, "Ensino da agricultura na escola primaria na escolas primaria" *Escolas e Mestres...* (1989), 322-335; en Antón Costa Rico, *Historia da educación e da cultura en Galicia* (Vigo: Xerais, 2004), 1024-25; en Antón Costa Rico, *La educación en Galicia (1669-1970)* (A Coruña: Universidade de Santiago: 1999), 33; en M. Torrón Fole, "La educación física en España. Número especial sobre a Semana Pedagóxica Lucense", *Vida Escolar,* Nº 336, ano VII (1933): 22; en Luis Soto Menor, "Solicitudes económicas y creación de escuelas" (Lugo: APL. Sinatura: 1200-01, 1932); En Jacinto Ruiz santiago, "La primera enseñanza en la provincia de Lugo-1927", *Vida Escolar,* (Lugo: Nº 40, ano I, 1927) 2; vide Narciso de Gabriel Fernández, *Escolantes e escolas de ferrado,* (Vigo: Xerais de Galicia, 2001); en José Cao Moure, *Lugo y su provincia: (Libro de oro)* (Lugo: Editorial P.P.K.O.,1929), 9. Extraído o 7 de xaneiro de 2024 de:

https://deputacionlugo.gal/sites/deputacionlugo.org/files/inline-files/Libro%20de%20Oro%20LugoNEO_0.pdf; en Antón Costa Rico, *Historia da educación e da cultura en Galicia* (Vigo: Xerais, 2004), 929; Antón Costa Rico, *Escolas e Mestres. A educación en Galicia: Da Restauración á Segunda República* (Santiago: Editorial Servicio Central de Publicacións: Xunta de Galicia, 1989), 125-126; en E. Reboredo Blanco, "Solicitud de acondicionamiento de centro escolar en el período de vacaciones para no interferir en el comienzo de las clases", (Lugo: APL. Fondo: Concello. Sinatura: 931, 1911); Vicente Peña Saavedra, *Éxodo, organización comunitaria e intervención escolar* (A Coruña: Xunta de Galicia, 1993); en José del Peso y Sevillano, *Galicia y su Enseñanza Primaria*, (Madrid: Arquivo JAE. Sinatura: JAE/115-391, xuño 1925); atopamos os informes onde describían o mal estado das escolas en Luis Soto Menor, "Informe de Luis Soto Menor da Junta Provincial de Lugo", (Lugo: APL. Fondo Concello. Sinatura: 1202-01, outubro 1924); en "La Constitución en las escuelas", *El Progreso*, Lugo, 16 de xaneiro de 1932; en Julián Pérez Palacios e J.J. Pérez Fernández, *Vida y Pedagogía de un maestro. Julián Pérez Palacios (1901-1984)* (A Coruña: Publicacións Arenas, 2011), 20, 24 e 40; en Joan Comas Camps, "Información de Enseñanza. El laicismo en las escuelas", *El Progreso*, Lugo, 17 de xaneiro de 1932; en Carré Aldao, "Sociedad de amigos de los árboles", en *Boletín de la Real Academia Gallega*, l de novembro de 1918 (1918): 199; en A. Pérez López, "Excursión escolar en San Miguel de Reinante", *Revista de Pedagogía*, Nº 164, (1935): 355-361; en Pardo Vila, "Creación de la Escuela Nocturna de la Sociedad de Comercio lucense en 1929" (Lugo: APL. Fondo Concello, Sinatura: 931, 1929); en José de Cora Paradela, *110 lucenes singulares*, (Lugo: *El Progreso* de Lugo S.L., 2018) en Cabello Francisco, *Catecismo de Ripalda* (Serradilla: Editorial Sánchez Rodríguez, 1932); en Julián Pérez Palacios e Julián Jesús Pérez Fernández, *Vida y pedagogía de un maestro. Julián Pérez Palacios (1901-1984)* (A Coruña: Publicaciones Arenas, 2011); en Alfredo Pardo, "Los exploradores de chantada", *El Progreso*, extraído o 4 de maio de 2020 de: https://www.elprogreso.es/gl/articulo/ribeira-sacra/exploradores-chantada/202005041445361436649.html; en Xosé Pombo Mosquera, *Liga Santaballesa. Historia dunha Escola Habanera 1907-2007* (Vilalba: Padroado da Liga Santaballesa, 2007) 263; e en Xervasio López Portela, *Trabada unha vida rica en cultura* (Lugo: 2025) 50; e en en "Escola Vella", *www.rinlo.gal*, extraído o 5 de xaneiro de 2024 de: https://omeupoboderinlo9.wixsite.com/portadagallego/escola-vella.

Plan de Estudos da Escola da Liga

Entre todas estes feitos cómpre salientar, polo seu carácter innovador, o *Plan de Estudos da Escola da Liga Santaballesa* que entrou en funcionamento por vez primeira no curso 1913-14 en Vilalba.[2895] En primeiro lugar destacaremos a súa *ensinanza activa*, orientada cara a formación en prácticas de comercio para os nenos e nenas na clase superior. O mestre tamén ensinaba aos alumnos a traballar o campo e as alumnas costura e labores. Mediante un currículo diferenciado preparaban aos menores para o futuro laboral en Galicia e alén do mar. Así, procurábase o achegamento ao coñecemento do medio e o estudo da agricultura para os escolares procedentes do mundo rural. En segundo lugar, convén facer fincapé na ensinanza de *Gramática Galega* e *Xeografía de Galicia*, como materias de coñecemento, protección e conservación da nosa cultura. En terceiro lugar, é preciso sinalar a aplicación dunha materia que incluía nocións de urbanidade, contemplando tamén a posibilidade de docencia de inglés e francés.[2896] O 31 de decembro de 1926 introdúcese un novo regulamento na Liga Santaballesa. Neste documento definíanse as materias que se impartiron na Escola, adaptándoos ao plan de estudos nacionais para que puideran ter validez. Segundo esta reforma, os alumnos máis adiantados comezaban os seus estudos

[2895] O Regulamento foi aprobado é de 1907. Tema tratado en 1982 por Antón Costa onde fala da materia da lingua galega e outras na súa Tese Doutoral.

[2896] En Xosé Pombo Mosquera, *Liga Santaballesa. Historia dunha Escola Habanera 1907-2007* (Vilalba: Padroado da Liga Santaballesa, 2007), 29.

de: *Mecanografía, Taquigrafía, Aritmética Mercantil, Teneduría de Libros, Documentos Comerciais* e *Prácticas de Comercio*. A través destas materias exercitábase o uso e redacción de documentos mercantís: contratos, follas de servizos, instancias e obrigas de pagamento. Vemos unha vez máis o carácter innovador deste centro, pioneiro na provincia de Lugo, xa que o seu primeiro regulamento data de 1907. Primeiro pretendíase formar aos escolares nas primeiras letras e as destrezas numéricas básicas, logo establecíase a formación *práctica* orientada cara o mundo do comercio e das transaccións, adaptando a ensinanza dos escolares ás necesidades laborais migratorias do momento, enfocadas ao ámbito empresarial. Neste centro destacou a participación de Antonio Quintela Ferreiro cun moderno modelo de organización curricular.[2897]


ANTONIO QUINTELA FERREIRO

MAESTRO Y BACHILLER

Teniendo en cuenta la escasez de escuelas para niños, se ofrece a la enseñanza de aquellos cuyos padres lo soliciten, en sus respectivos domicilios.

Para más informes dirigirse a esta Administracción o a casa del interesado, calle de la Piedra.

Ilustración 150. Anuncio de prensa de Antonio Quintela (*Liga Santaballesa. Historia dunha Escola Habanera 1907-2007*)

Unha vez coñecidas as principais características e cambios curriculares e organizativos levados a cabo na provincia de Lugo dende 1900 ata 1936, denotando a seguinte nota sintética: ao longo do primeiro terzo do século XX, emerxeu en Lugo un tímido, incompleto e lento proceso de modernización escolar, apoiado principalmente polos cambios lexislativos e pedagóxicos do goberno, e por algúns mestres e inspectores de carácter progresista. O motor dos principais cambios estivo impulsado dende arriba polos continuos cambios na normativa e por abaixo por un grupo de docentes comprometidos coa educación, recollidos no Anexo 7.9. Estes homes e mulleres fixeron propostas de cambio que favoreceron o proceso de modernización. Esta circunstancia histórica e educativa promoveu ademais o cambio da concepción social sobre a ensinanza primaria. Igualmente, produciuse un novo xeito de entender o coñecemento do medio, tema tratado no seguinte apartado.

4.4.11. Dende a ensinanza agraria á realización das primeiras experiencais dirixidas ao ocio, coñecemento e protección da natureza

Para facer un breve percorrido histórico sobre a relación entre a *natureza e a escola*, cómpre incidir en primeiro lugar nos primeiros pasos seguindos no século XIX por destacados educadores como Pestalozzi, Froebel,[2898] Geddes, Giner ou Bion.[2899] Estes educadores promoveron unha ensinanza onde a natureza tiña un papel central.[2900] Do mesmo xeito, os teóricos empiristas e positivistas potenciaron o uso das ciencias físicas e naturais na educación, cuestión retomada por Herbert Spencer en 1861.[2901] Promovendo esta liña de pensamento, en 1909 María Montessori dedicaba varias

[2897] Ídem 269.

[2898] En Ileana Gadea Rivas "Los fines del jardin infantil en el pensamiento de Friedrich Froebel", *Revista Humanismo y Cambio Social,* (2015) 8-16. Vide Johan Heinrich Pestalozzi, *Mis investigaciones: Sobre el curso de la naturaleza en la evolución de la humanidad,* (Vol. 5. Antonio Machado Libros, 2019).

[2899] En Eugenio Otero Urtaza, "As escolas na natureza: a historia do seu presente en Galicia", en Alexandre Sotelino Losada, *A educación en Galicia en perspectiva* (Santiago de Compostela: 2024), 83.

[2900] Ámbolos dous salientable pedagogos foron pioneiros en promover as visitas dos alumnos e alumnas á natureza para exercer procesos de ensinanza e aprendizaxe. Vide Alessandra Arce, *A pedagogia na" era das revoluções": uma análise do pensamento de Pestalozzi e Froebel* (Editora Autores Associados LTDA, 2015).

[2901] En Lorenzo Luzuriaga, *Historia de la Educación y de la Pedagogía* (Buenos Aires: Losada, 1980) 207.

páxinas á reflexión sobre a natureza, na súa obra *El método de la pedagogía científica.*[2902] Dez anos despois, en 1919 Rudolf Steiner fundaba a primeira *Escola Waldorf* en Stuttgart,[2903] onde tamén se aplicaba unha ensinanza favorecedora do uso de materias naturais e da identificación coa natureza.[2904] Aparte desta escola, tamén apareceron outros modelos como o de Reggio Emilia, representada por Loris Malaguzzi na primeira *Escola Infantil Municipal de Reggio Emilia* fundada en 1963.[2905] Mediante estas primeiras experiencias internacionais pouco a pouco forxouse un novo xeito de entender a natureza máis próxima á escola.

Experiencias próximas ao excursionismo en España

En España, sería a ILE quen promoveu a importancia da natureza dentro e fóra da escola.[2906] Deste xeito, sería esta institución quen levaría adiante as primeiras experiencias *excursionistas*.[2907] Un dos feitos máis importantes sería a excursión realizada en 1883 por Giner e Cossío con varios alumnos polo norte de España e Portugal. Un ano antes, a administración creaba o *Museo Pedagógico* co apoio da ILE, institución que promoveu en 1887 a protección e o fomento das *colonias escolares* de vacacións.[2908] Aos poucos, a natureza comezouse a ver como un medio de aprendizaxe para a escola e a educación do tempo libre.[2909] Ademais, Giner e os seus discípulos difundiron os beneficios destas actividades no só para a saúde, senón para a *formación do carácter*, dos valores sociais e morais dos escolares.[2910] Por outro lado, cabe incidir no papel do rexeneracionista Joaquín Costa, que publicaba en 1912 *El arbolado y la Patria*, incidindo na necesidade de desenvolver a modernización agraria en conxunción coa creación de escolas mediante o lema: "escuela y despensa".[2911] Dous anos despois, en 1914 Rosa Sensat puxo en marcha a *Escola de Bosque de Montjuic*, na que se practicaron os postulados de Domingo Barnés das Escolas ao aire libre.[2912] Esta experiencia constituíu un precedente ás actuais aulas da natureza.[2913]

Por outro lado pero en relación á introdución de experiencias na natureza, cómpre facer fincapé na organización das primeiras actividades en España de *alpinismo e esquí.*

[2902] Vide María Montessori, *Pedagogia científica* (Sao Paulo: Flamboyant, 1965).

[2903] En Galicia a primeira escola deste tipo foi a Escola Waldorf Meniñeiros, aberta no ano 2009. En María Noelia Díaz Portillo e Eugenio Otero-Urtaza, "Pedagoxías alternativas na educación infantil: dúas Escolas ao aire libre de Galicia", *Sarmiento: Anuario galego de historia da educación,* Nº 22 (2018): 82.

[2904] Vide Nicol Janni, *Understanding the Steiner Waldorf approach: early years education in practic,*. (Routledge, 2012).

[2905] Vide Iciar García, "Vivir y atravesar la experiencia educativa de Reggio Emilia", *Tarbiya: Revista de investigación e innovación educativa,* Nº 42 (2011): 35.

[2906] Vide Eugenio Otero Urtaza, "La pedagogía caminante: pensar la excursión", *Experiencias y prácticas innovadoras en la formación de profesionales de la educación* (Dykinson, 2023): 183-202.

[2907] En Eugenio Otero Urtaza, "Giner y Cossío en el verano de 1883. Memoria de una excursión inolvidable", *Boletín de la Institución Libre de Enseñanza*, Nº 55 (2004): 9-37; e Nicolás Ortega Cantero, *Paisaje y excursiones: Francisco Giner, la Institución Libre de Enseñanza y la Sierra del Guadarrama* (Madrid-Las Rozas: Raíces, 2001).

[2908] En Manuel B. Cossío, *La enseñanza primaria en España* (Madrid: Edicións R. Rojas Museo Pedagóxico Nacional, 1915), 36.

[2909] En Rubén Martínez García, "A natureza como medio educador na historia da educación: unha aproximación desde la educación escolar e a educación no tempo libre", *Sarmiento,* Nº 18-19 (2015): 187.

[2910] Vide Eugenio Otero Urtaza, "A educación ao aire libre nunha perspectiva histórica", *Sarmiento,* Nº22 (2018): 5-9.

[2911] En Antón Costa, "Xardíns escolares e festas da árbore en Galiza", *Sarmiento: Anuario galego de historia da educación,* Nº 22 (2018): 239

[2912] Vide Domingo Barnes, *Escuelas al aire libre* (Madrid: Junta para Ampliación de Estudios e Investigaciones Científicas, 1910).

[2913] En José Mariano Bernal Martínez, "De las escuelas al aire libre a las aulas de la naturaleza", *Áreas. Revista Internacional de Ciencias Sociales* 20 (2000): 171.

Nestes termos en 1903 produciuse un feito importante, Manuel González de Amezúa construíu unha cabana para practicar esquí por las pendentes del Ventorrillo (Serra do Guadarrama), a denominada *Twenty Club*. Outro feito significativo levouse a cabo o catro de agosto de 1904, cando Pedro Pidal e Gregorio Pérez, "el Cainejo", ascenderon ao *Naranjo de Bulnes*. Dous anos despois, un grupo de amigos fundaron o primeiro club de alpinismo de Madrid e en 1909 o coñecido *Club Alpino Español*.[2914] Ademais, en 1911 Teodoro Iradier e Arturo Cuyás crearon os *Exploradores de España* e en 1913 Constancio Bernaldo de Quirós fundou a *Real Sociedad Española de Alpinismo de Peñalara*, reunindo a destacados científicos e intelectuais. Por último, en 1922 constituíuse a *Federación Española de Alpinismo*.[2915] Ademais, durante estes anos comezaron a editarse publicacións importantes onde se recollían este tipo de experiencias na natureza: en 1908 Baden Powel publicou o *Escultismo para muchachos* e en 1916 José Mª. Có de Triola publicou o libro *Excursionismo*, entre outros.[2916]

De xeito paralelo a estes feitos e aos poucos, comézouse a introducir unha metodoloxía máis favorable á formación relacionada coa saúde, estética, desenvolvemento persoal e coñecementos biolóxicos.[2917] Como xa evocamos anteriormente, a arte e a natureza eran elementos educativos esenciais para a educación estética,o carácter e a saúde, constituíndo no seu tempo unha novidade en Europa dentro das concepcións curriculares.[2918] Unhas ideas desenvoltas primeiro pola ILE e logo pola arribada de correntes educativas asociadas á Escola Nova, que achegaron unha visión máis contemporánea e menos instrumentalista e utilitaria do coñecemento do medio, orientándoa cara unha ensinanza máis lúdica, protectora e conservadora do contorno.

Actividades no medio natural en Galicia

En Galicia, a maioría de habitantes vivían moi vinculadas ao medio natural debido ao seu *acusado ruralismo e dispersión poboacional*,[2919] sendo a provincia de Lugo, xunto coa de Ourense, as zonas máis ruralizadas e dispersas.[2920] No século XIX, a ensinanza e o coñecemento do medio foi unha disciplina invisibilizada na educación formal, quedando relegada á ensinanza da xeografía, métodos agrarios e artes de pesca. En certo modo, as escolas eran espazos diferenciados do seu contorno pola súa función alfabetizadora.[2921] En xeral, o colexio era un medio orientado a formar alumnos e alumnas nas primeiras letras e nas nocións básicas de matemáticas, que lle permitiran comprender *contratos de compravenda* e desenvolverse nos seus postos de traballo: os chamados antano "negocios de la vida".[2922] Debido ao proceso de urbanización e

[2914] Mentres tanto, a nivel internacional chegaban noticias de grandes proezas. Así, o 8 de xuño de 1924, George Mallory e Andrew Irvine tentaron ascender ao Everest por la Vía de Collado Norte, sen éxito. Do mesmo xeito, o 29 de agosto de 1936, Noel Ewart Odell y Bill Tilman alcanzan la cume del Nanda Devi, de 7.816 metros de altura.

[2915] Vide FEDME, *Un siglo de montañismo federado 1922-2022* (España: La librería, 2022).

[2916] Vide Baden Powell, *Escultismo para muchachos* (2021).

[2917] En Antón Costa Rico, "Xardíns escolares e festas da árbore en Galiza", *Sarmiento*, Nº 22, (2018): 237.

[2918] En José A. Garrido González e Amparo Pinto Martín, *La enseñanza y el aprendizaje del arte: una innovación de la ILE* (Granada: Grupo Editorial Universitario, 2002), 392.

[2919] En Xose Manuel Beiras, *O atraso económico de Galicia* (Vigo: Galaxia, 1981), 18.

[2920] En 1900 o 86% dos galegos dedicábanse case exclusivamente aos traballos agrícolas. Segundo Fernández Prieto, durante as primeiras décadas do século XX realizáronse avances importantes para desenvolver o proceso de industrialización da sociedade agraria. Vide Lourenzo Fernández Prieto, *Labregos con ciencia. Estado, sociedade e innovación tecnolóxica na agricultura galega, 1980-1939* (Vigo: Xerais, 1992).

[2921] En Europa, durante os séculos XVII e XVIII varios pedagogos de recoñecido prestixio, entre eles Pestalozzi e Rousseau, comezaron a introducir a natureza nas escolas.

[2922] En Esteban Palurie Cantalozella, *Guía del Artesano* (Barcelona: Hijos de Palurie. Casa Editorial. Deputación 337, 1924).

industrialización contemporánea, a relación da escola coa natureza comezou a mudar.[2923] Sobre este tema, Raquel Cutrín, Silvia Basanta e Rubén Navarro analizaron a importancia da aprendizaxe experiencial e as actividades cooperativas na educación primaria.[2924] Igualmente, destacaremos a revisión histórica sobre experiencias ao aire libre, trasladadas por Eugenio Otero Urtaza e María Noelia Díaz Portillo.[2925] Tamén é oportuno poñer énfase na presenza dalgunhas granxas escolas, xardíns escolares e as festas da árbore, analizadas por Antón Costa en 2018.[2926]

Este tipo de iniciativas na provincia de Lugo

Como xa advertimos anteriormente, na provincia de Lugo, durante o século XIX as primeiras aprendizaxes sobre a natureza estaban *orientados ao mundo laboral*, cara a adquisición de coñecementos de técnicas agrarias e de pesca na Mariña Lucense. Así, as actividades escolares relacionadas con este tema estaban dirixidas principalmente ao coñecemento instrumental de ocupacións agropecuarias e pesqueiras. Por este motivo, iníciansе algúns campos de experimentación agraria anexos aos colexios.[2927] Segundo a Lei Moyano, este tipo de ensinanzas agrarias estaban dirixidas ás escolas completas, case inexistentes nas zonas rurais de Lugo ata o primeiro terzo do século XX. A finais deste século, as ensinanzas transmitidas nas escolas sobre o coñecemento do medio seguían sendo contidos formativos enfocados a un posterior desempeño laboral, adoptando así un punto de vista funcional e instrumentalista.[2928] En 1886, o docente de Chantada Manuel Formoso Lamas foi felicitado pola inspección educativa por estender entre os alumnos e alumnas os coñecementos da agricultura, realizando traballos extraescolares no campo nas tardes dos xoves: "ensaye excursiones agrícolas por las inmediaciones de la villa, haciéndose acompañar de sus discípulos más aventajados…"[2929]

Con base nestas suxerintes iniciativas aparecen publicados diversos *traballos* que trataban sobre a conexión entre a escola co mundo agrario. Secasí en 1846, publicouse un pequeno libro titulado *Cartilla agraria para las escuelas rurales de la provincia de Lugo*. Esta obra, realizada por Alejandro Oliván, analizaba a aplicación de técnicas agrarias nas escolas rurais,[2930] mellorando o coñecemento teórico e práctico.[2931] Por enriba de todo, as condicións para as que foi deseñado este texto distanciábanse bastante

[2923] En Rubén Martínez García, "A natureza como medio educador na historia da educación: unha aproximación desde la educación escolar e a educación no tempo libre", *Sarmiento,* Nº 18-19 (2015): 180.

[2924] En Raquel Cutrín Santos, Silvia Basanta Camiño e Rubén Navarro Patón, "Natureza, aprendizaxe experiencial e actividades cooperativas na educación primaria", *Sarmiento: Anuario galego de historia da educación,* Nº 22 (2018): 99-116.

[2925] En Eugenio Otero Urtaza, "A educación ao aire libre nunha perspectiva histórica", *Sarmiento,* Nº 22, (2018): 7-8 e en María Noelia Díaz Portillo e Eugenio Otero-Urtaza, "Pedagoxías alternativas na educación infantil: dúas Escolas ao aire libre de Galicia", *Sarmiento: Anuario galego de historia da educación,* Nº 22 (2018): 82.

[2926] En Antón Costa Rico, "Xardíns escolares e festas da árbore en Galiza", Sarmiento*: Anuario galego de historia da educación,* Nº 22, (2018): 237-248.

[2927] En Antón Costa Rico, "Xardíns escolares e festas da árbore en Galiza", *Sarmiento,* Nº 22 (2018): 237.

[2928] En José Manuel Vázquez López, "Introducción de actividades para a defensa da natureza na escola lucense (1900-1936)", en *Pedagogias alternativas y educación en los márgenes a lo largo del siglo XX,* (Valencia: Universidade de Valencia, 2022), 269-271.

[2929] En "As escolas de Primeiro Ensino en Chantada na segunda metade do século xix", *A Eirexe,* (13 de outubro de 2019) extraído o 10 de decembro de 2024 de: https://eirexe.es/as-escolas-de-primeiro-ensino-en-chantada-na-segunda-mitade-do-seculo-xix/.

[2930] Vide José Jorge de la Peña, *Cartilla agraria para las escuelas rurales de la provincia de Lugo* (Lugo: Imprenta de la V. de Riesgo e Hijos, 1846)

[2931] Autor que publicou tamén: Alejandro Oliván, *Manual de agricultura* (Madrid: Librería de Hernando, 1877).

da agricultura galega.[2932] Igualmente publicouse a *Guía lexislativa y directiva de las escuelas rurales* do profesor Justo Pico de la Coaña e Vinjoy.[2933] Este traballo trataba sobre a organización das escolas rurais, achegando indicacións para o ensino da agricultura.[2934] En 1849 estableceuse oficialmente o ensino da agricultura nas escolas. Ademais, os mestres directores dos centros que impartían ensinanzas agrícolas tiñan unha partida económica para cubrir os gastos pertinentes.[2935]

En Lugo, dende mediados do século XIX, a sociedade *Amigos del país* potenciou a ensinanza de contidos agrarios na escola, introducindo así cambios organizativos: favoreceu a utilidade de ensinar coñecementos referidos á explotación agraria en contornos rurais, difundindo a importancia de iniciar aos discentes en saberes de agricultura, gandería e pesca. Observamos como tradicionalmente a relación entre a escola co seu medio natural dirixíase á xestión de ocupacións agropecuarias nas *Granjas-Escuela* e nas *Escuelas de Orientación Marítima*. Un exemplo desta realidade era o emprego para o ensino e aprendizaxe da lectoescritura da *Guía do Artesano*: libro que principalmente tiña o obxectivo de ensinar aos alumnos e alumnas a ler manuscritos de compravenda, como sinala o propio autor na primeira páxina.

> Primeiro había o Silabario, do Silabario pasábase ao Catón, do Catón viña a Guía do Artesano, viña un manuscrito de Paluzzi, despois viñeron aquel manuscrito de Jovellanos, despois ultimamente (...) Países y Mares, ou sea letra manuscrita, non, e así; despois (...) un libro que se chamaba a Juanita (...), e despois viñeran os libros de Rayas, porque tamén xa en tempos, en tempos había tamén xa un método (...) era o mismo Rayas, pero era en cartillas, non, despois xa veu primeiro, segundo e terceiro de Rayas (...); despois viñeran as enciclopedias (...), estas de Federico Torres, esa de Fillos de Santiago Rodríguez (...), a de Alvarez.[2936]

Guia del Artesano

Libro que contiene los documentos de uso más frecuente en los negocios de la vida, y 240 caracteres de letra, para facilitar a los niños la lectura de manuscritos, tan útil a toda clase de personas

por

Esteban Paluzie y Cantalozella

Correspondiente que fué de la Academia de la Historia, del Circulo Alemán, Inspector de Antigüedades, etc. etc.

ARMOBADA PARA TEXTO

Barcelona
Hijo de Paluzie S. en C. Casa Editorial
Diputación 337
1924

Ilustración 151. *Guía del Artesano* de Esteban Palurie Cantalozella

[2932] Vide Narciso de Gabriel Fernández, "La agricultura y la escuela en España (1848-1901)", *Historia de la Educación*, Nº 2 (1983) extraído e citado o 9 de maio de 2020 de: https://revistas.usal.es/index.php/0212-0267/article/view/6474).

[2933] En Antón Costa Rico, *Escolas e Mestres. A educación en Galicia: da Restauración á II República* (Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 1989), 322-335.

[2934] En Narciso de Gabriel Fernández, *Agricultura e escola. Contra a rutina e o éxodo rural,* (Santiago: Universidade de Santiago de Compostela, 1989); e en Antón Costa Rico, "Ensino da agricultura na escola primaria na escolas primaria", en *Escolas e Mestres*... (1989), 322-335.

[2935] En "De enseñanza. Campos agrícolas escolares", *El Progreso*, Lugo, 24 de abril de 1932: 1-2

[2936] En Narciso De Gabriel Fernández. *Escolantes e escolas de ferrado* (A Coruña: Xerais, 2001), 120.

Neste sentido, na provincia lucense destacaron as *Granxa-Escola de Pedro Murias* na Mariña Lucense ou na Devesa.[2937] A ensinanza sobre coñecementos agrarios estivo presente no sistema educativo ata a reforma do Real Decreto 1901, con esta actualización desapareceu en parte a ensinanza de agricultura na escola primaria. A pesar disto, para paliar en gran parte o abandono escolar existente construíronse *granxas-escola* en 1903, 1905 e 1909, o que modificaba en parte a organización curricular. Con todo, a nivel práctico a Administración continuou recoñecendo a utilidade de crear campos de demostración agrícola, hortas escolares e campos anexos ás escolas públicas das zonas rurais.[2938] Así, o Estado mantivo a porta aberta ao ensino dos contidos agropecuarios nas escolas nacionais, no primeiro trimestre de 1932 designáronse 250 pesetas para cubrir os gastos dos mestres directores destes centros.[2939] Respecto a isto, o docente José Díaz Teijeiro afirmaba:

> Nuestra escuela rural, en su mayor parte, está en un medio agrícola y esto mismo dá motivo a que se establezcan pequeñas granjas agrícolas –según los medios económicos de que se disponga- en que el niño, dirigido por el maestro, siembre, plante y trabaje, a fin de que se eduque y tome cariño al campo que tantos bienes puede proporcionar".[2940]

O cambio de concepción sobre a natureza

Mentres que a finais do século XIX o medio natural era concibido como un contido instrumental para que os discentes tiveran coñecementos agrícolas, durante as primeiras décadas do século XX esta concepción comezou a mudar. Así, prodúcese un cambio de interpretación do uso das contornos naturais, dirixidas esta vez ao *aproveitamento, protección e coñecemento do medio*. Esta nova concepción afastábase dos postulados decimonónicos, nos que só tiña importancia escolar os coñecementos agrarios e pesqueiros, enfocándose máis nas posibilidades da natureza como potencia educadora.

Entre os novos vínculos educativos establecidos pódense distinguir *dúas fases*: unha primeira de introdución de actividades ao aire libre e outra de normalización de experiencias en medios naturais, promovendo así unha corrente de valoración da natureza, máis próxima á educación e o ocio, no que aparecen diversas actividades como: o excursionismo escolar, as colonias escolares,[2941] o deporte de montaña, o interese polos xogos populares, as actividades excursionistas, os xogos ao aire libre ou organizacións xuvenís como o *escultismo*.[2942] Así, en 1914 comezaron as xestións para constituír os primeiros *Scouts* lucenses na parroquia de Asma (Chantada), os denominados *Exploradores de España*. Dirixidos polo mestre da mesma localidade Antonio Farto Bravo (natural de Paredes, parroquia de Vilaboa-Pontevedra), esta

[2937] Antecedentes na provincia de Lugo en A. Median, "Carta de Antonio Medina sobre la creación de granjas modelos" (Lugo: APL. Fondo: Concello. Sinatura: 931, 1876).

[2938] En Antón Costa Rico, *Historia da educación e da cultura en Galicia* (Vigo: Xerais, 2004), 1024-25.

[2939] En "De enseñanza. Campos agrícolas escolares", *El Progreso*, Lugo, 24 de abril de 1932.

[2940] En José Díaz Teijeiro, "De Pedagogía", *El Progreso*, Lugo, 27 de marzo de 1932.

[2941] Vide Mª del Carmen Pereira Domínguez, "La primera colonia escolar de Galicia, (Santiago de Compostela, 1893)" (Santiago de Compostela, 1983).

[2942] Baden Powel publicaba en 1908 a primeira edición española de *Escultismo para muchachos*. Experiencias baseadas nun carácter quizais menos pedagóxico e máis "militar", dirixidas á organización infantil para impulsar: a relación, as normas, a disciplina, a valoración, o gozo e o coñecemento da natureza. Cómpre sinalar que este tipo de actividades foi contemporánea aos batallóns infantís lucenses, como se sinalaba en 2019 nun artigo da hemeroteca de *El Progreso*: En Alfredo Pardo, "Los exploradores de chantada", *El Progreso*, Lugo, extraído o 4 de maio de 2020: https://www.elprogreso.es/gl/articulo/ribeira-sacra/exploradores-chantada/202005041445361436649.html.

USC

agrupación disipouse co estalido da Guerra Civil.[2943] Destas primeiras experiencias consérvanse varias fotografías, nunha apréciase ao fondo a Ponte Vella de Lugo de orixe romano.[2944]



Ilustración 152. Primeiros colectivos de nenos lucenses "boy scouts" (editadas en *El Progreso*)

Aludindo ao tratamento da naturaleza nas escolas, algúns inspectores e mestres demandaron un *cambio metodolóxico*. Principalmente promoveuse unha maior actividade do neno fóra da aula e a introdución do traballo manual, concepcións baseadas nos postulados dunha *escola activa e vivencida*. Paulatinamente, nalgunhas escolas os infantes pasaron a contemplarse como suxeitos activos na natureza, mentres que os mestres eran os guías responsables de titorizar os procesos de ensino e aprendizaxe.[2945] Igualmente propúxose a aplicación de horarios flexibles e a combinación de clases prácticas coas teóricas.[2946] Pretendíase renovar a metodoloxía tradicional implantada, caracterizada por aplicar métodos pasivos, memorísticos e adoutrinamentos fundamentados nos antigos programas do século XIX. A medida que nos metemos no século XX, como testifica o artigo de "Educación Física" do profesor Manuel Torrón.[2947] Outra persoa interesada en desenvolver a natureza na escola foi o inspector Luis Soto, que en 1933 incidía:

> Haced de la Escuela templo de amor y de virtud, de tolerancia y de solidaridad entre todos los hijos de madre; llevad a ella la alegría de la Naturaleza y la idealidad espiritual y, sin pretenderlo, el alma de los niños entonará el salmo de Isaías...[2948]

[2943] En Alfredo Pardo, "Los exploradores de chantada", *El Progreso,* extraído o 4 de maio de 2020 de: https://www.elprogreso.es/gl/articulo/ribeira-sacra/exploradores-chantada/202005041445361436649.html.

[2944] Esta instantánea foi tomada á marxe do río Miño e recollida máis tarde no diario lucense *El Progreso*. Cómpre sinalar que este tipo de actividades foi contemporánea aos batallóns infantís lucenses, como se sinalaba en 2019 no artigo da hemeroteca do citado periódico. En Alfredo Pardo, "Los exploradores de chantada", *El Progreso,* extraído o 4 de maio de 2020: https://www.elprogreso.es/gl/articulo/ribeira-sacra/exploradores-chantada/202005041445361436649.html.

[2945] En Antonio Quintela Ferreiro, "Renovación de la escuela rural", *El Progreso,* Lugo, 18 de marzo de 1932.

[2946] En Ricardo Pena Domínguez, *Burela. Apuntes Históricos y Crónicas del Siglo XX* (Viveiro: Lar, 2004), 195-197.

[2947] En Manuel Torrón Fole, "La educación física en España". Número especial sobre a Semana Pedagóxica Lucense, *Vida Escolar,* Nº 336, ano VII (1933): 22.

[2948] Probablemente Luis Soto referiuse ao Salmo 41:10 de Isaías máis coñecido: "Así que no temas, porque yo estoy contigo; no te desmayes, porque yo soy tu Dios; te fortaleceré y te ayudaré; te sostendré con mi justa mano derecha". En Luis Soto Menor, "Paz, cultura, alegría...", *Vida Escolar,* Número especial sobre a Semana Pedagóxica Lucense, Nº 336, ano VII (1933): 11.

Festa da Árbore

Complementando a todas as anteriores iniciativas, institucións como o *Padroado Lucense de Protección Escolar* traballaron a prol do coñecemento da natureza mediante a organización de: *colonias escolares,* excursións á Mariña Lucense e a celebración do *Día del Árbol.*[2949] En Galicia, a primeira destas efemérides foi levada a cabo en 1910, na localidade de Tui, promovida polo enxeneiro Manuel Areses.[2950] O profesor Antón Costa achegou os primeiros textos escritos en galego sobre esta efeméride, realizados por Portela Valladares (fundador da *Liga Agraria Acción Gallega* en 1909) e Otero Pedrayo. Recentemente apareceu un folleto impreso en 1927 en lingua galega titulado "Festa do Arbre", dedicado aos escolares galegos.[2951] Amais, esta festividade era coñecida principalmente como *La fiesta del Árbol*, segundo o Real Decreto do 12 de marzo de 1904 e outro de 1905 do conde Romanones.[2952]

En marzo de 1912, o organizador deste evento *na provincia de Lugo* era o mestre de Vilalba Evaristo de Cuena González, docente que traballou con Ángel Llorca en Madrid e sería máis tarde inspector en Galicia.[2953] Ademais, foi colaborador da *Revista de Pedagogía* e coñecía a Luis Bello polas súas visitas ás escolas galegas.[2954] Outro inspector que participou na promoción desta festividade foi José Galera Moreno, que antes exerceu como mestre na *Escuela Pública de San Román*.[2955] Nestas xornadas realizábanse plantacións para contribuír ao enriquecemento forestal (entendido como repoboación forestal), ademais de: lectura de poemas, coidado das árbores, mostra de traballos escolares e formación de coros. O inspector Luis Soto foi outro dos organizadores desta efeméride, levada a cabo do trece e o vinte de marzo de 1927 en San Miguel de Reinante e Alfoz respectivamente. Estas zonas da comarca da Mariña eran elixidas frecuentemente para a realización de excursións escolares á natureza. No concello de Viveiro tamén se levaron á práctica a celebración destas xornadas, descritas por Lois Tobío en 1931.[2956]

> Un día recibiuse de Madrid a orde de que había que facer a "Fiesta del árbol". Era unha medida que respondía á córrente de rexeneracionismo que daquela estaba moi viva nalgúns centros de goberno. Cumpría promover a repoboación forestal e coidar as árbores, e mentalizar nese sentido á xente xa desde a escola. Recibíranse instrucións detalladas de coma había que facer a festa, mesmo un himno con letra de Sinesio Delgado, entón coma o poeta oficial, que habían cantar os rapaces na ocasión. Meu pai encargou ao director da banda da vila, don Xoán Latorre, que o ensaiara cos rapaces da súa escola cos que organizou un coro. O concello encontrou un lugar no areal da Misericordia, preto da Furada dos Asnos, para nel facer a plantación das árbores; era de forma circular e estaba arrodeado dun cerco de chantóns de piñeiro xunguidos con aramios. E cando chegou o día da festa aló fomos os rapaces de todas as escolas da comarca cos nosos mestres e as forzas vivas e plantamos cadansúa árbore despois de cantar o himno, que comezaba:

[2949] Vide Antón Costa Rico, "Xardíns escolares e festas da árbore en Galiza", *Sarmiento*, Nº 22 (2018): 237-248.

[2950] En Galicia temos o privilexio de ter datada documentalmente a festa sobre os árbores máis antiga de España, foi na cidade de Mondoñedo o 28 de marzo de 1503, cando o bispo Pedro de Munébrega prohibía cortar árbores e obrigaba aos propietarios de terras a plantar catro árbores cada ano, conforme se sinala nas Ordenanzas feitas pola Xustiza e Rexemento da vila.

[2951] Vide Antón Costa Rico, "Xardíns escolares e festas da árbore en Galiza", *Sarmiento*, Nº 22 (2018): 237.

[2952] En "La fiesta del Árbol", *El Progreso*, Lugo, 5 de marzo de 1912.

[2953] En Luis Bello Trompeta, "Un raid- Villalba", *Vida Escolar*, Nº 148, ano III (1929): 3.

[2954] En "La fiesta del Árbol", *El Progreso*, Lugo, 5 de marzo de 1912.

[2955] En Santos Alfonso, A., *La sublevación militar en Lugo* (Sada: E. do Castro, 1999), 242-3.

[2956] En "La fiesta del Árbol", *Vida Escolar*, Nº 207, ano V (1931): 1-2.

Cantemos al árbol
que voy a plantar.
Si Dios lo protege
del rayo y del viento
salud y riqueza dará.

Cada rapaz cravou un papel co seu nome no chantón que estaba diante da árbore que viña de plantar, houbo os discursos de rigor nestes casos e rematou a festa.[2957]

Outro dos Concellos onde se celebrou esta festividade foi no concello de Vilalba. Daquela, o 17 de decembro de 1925 a inspección de primeira ensinanza daba a coñecer unha circular pola que se promovía esta celebración, inculcando aos nenos e nenas o amor pola árbore como fonte de riqueza, poesía, tradición, recordo, morriña e sinal de identidade galega, evocadora de rexeneración. Especialmente, esta efeméride foi recordada na *Escuela Habanera de Santaballa*, centro pioneiro en *ensinanza activa* e que sempre favoreceu o coñecemento do medio a través da agricultura e a ensinanza da Xeografía en Galicia.[2958] Do mesmo xeito, no ano 1933, a Escola nacional de Cubilledo (Baleira) organizaba outra quenda de alegorías deste signo, actividades promovidas pola mestra Manuela Folgueira.[2959]

Ilustración 153. En *El Progreso*: xornada da Festa da Árbore de 1912 (publicada en *Lugo XX Historia de un siglo*)

Festividade da Flor

Nestes anos tamén se realizaron as primeiras actividades deportivas ao aire libre como o fútbol ou a *Festividad de la Flor*.[2960] Esta última efeméride consistía nunha celebración floral con motivo das Festas de San Froilán, patrón de Lugo. Nestas conmemoracións presentábanse poemas e alegorías á natureza. Nesta mesma liña de actuación, o político Germán Lastra realizou varias reivindicacións a favor do emprego

[2957] En Luis Tobío, *As décadas de L. T.* (Sada: Edicións do Castro, 1994), 140.

[2958] En Xosé Pombo Mosquera, *Liga Santaballesa. Historia dunha Escola Habanera 1907-2007* (Vilalba: Padroado da Liga Santaballesa, 2007), 241.

[2959] En Manuela Folgueira, "Fiesta del Árbol", *Vida Escolar* (1933).

[2960] Estas foron iniciativas que favoreceron a toma de conciencia sobre este tema mediante os xogos, a cultura e a educación; revalorizando o patrimonio natural desde un ámbito socioeducativo. En José Manuel Vázquez López, "Introducción de actividades para a defensa da natureza na escola lucense (1900-1936)", *Pedagogias alternativas y educación en los márgenes a lo largo del siglo XX* (Valencia: Universidade de Valencia, 2022), 269-271.

da natureza nas escolas, mediante varias publicacións en *El Progreso*, nas que respaldaba estas ensinanzas como algo imprescindible e notable para a formación integral da persoa.[2961]

Estas experiencias promoveron en certo modo a educación e o *coñecemento da naturaleza* na provincia de Lugo. As escolas adoptaron unha postura receptiva, abrindo as portas para que os nenos e nenas acudiran ás campañas de verán das colonias escolares organizadas por Luis Soto, aos paseos, ás excursións e á celebración de diversas efemérides asociadas á natureza.[2962] Todas elas permitían establecer unha relación máis íntima e estreita co contorno próximo, realizando procesos de ensino e aprendizaxe máis próximos a nosa cultura, costumes e lingua propia.[2963]

Acerca disto, cómpre rememorar que un dos problemas persistentes en Galicia foi o alto índice de alumnos que se dedicaban ás tarefas de labranza. Na procura de solucións e tratando o tema do absentismo escolar, o inspector lucense Jacinto Ruiz afirmaba que unha posible opción era a adaptación dos tempos escolares aos quefaceres do campo, afirmando: "adaptar as horas de clase ás faenas agrícolas", proposta que pretendía conciliar o traballo infantoxuvenil normalizado coa asistencia á escola:

> Y aún cabe más; establecer las horas de clase de acuerdo con las de las faenas agrícolas. Esto lo creo una necesidad y es más fácil de realizar que el establecimiento de roperos y cantinas escolares rurales, que suena a una utopía hace bastantes años. [2964]

Ilustración 154. Festa da Flor celebrada en San Froilan de 1915 (editada en *Lugo XX Historia de un siglo*)

[2961] En Germán Lastra, "La escuela del porvenir- Higiene, mucha higiene", *El Progreso,* Lugo, 24 de xaneiro de 1932.

[2962] Denotamos como nalgunhas escolas lucenses o coñecemento e a conservación da natureza era un contido importante. Estes centros escolares formaban aos seus discentes sobre a necesidade de protexer o medio, realizando actividades ao aire libre, sobre todo nos campos agrícolas escolares con orientación laboral.

[2963] En Antonio Quintela Ferreiro, "Renovación de la escuela rural", *El Progreso,* Lugo, 18 de marzo de 1932.

[2964] En Jacinto Ruiz,"La primera enseñanza en la provincia de Lugo-1927", *Vida Escolar,* Nº 40, ano I (1927): 4.



Ilustración 155. Poema presentado na festividade da Flor:
Ollo c'o esa pécora, de Francisco Villamarín
(en *Biografía apasionada de Francisco Vales Villamarín*)

Entre as actividades ao aire libre introducidas en Lugo durante os primeiros anos do século XX, convén destacar o primeiro partido de *fútbol* realizado en 1908, un deporte que ten orixe escolar e foi introducida pola ILE en España. Na prensa local titulaban esta novo xogo como "El higiénico y exótico juego del foot-ball". Así, o 4 de outubro de 1908 celebrouse na cidade de Lugo unha "competición-exhibición" no campo do Montirón. Neste partido enfrontouse el "Windowers F.C." e o "Club Coruña". Froito da boa aceptación social que tivo este deporte, en 1920 Lugo xa contaba cun Equipo de Fútbol Infantil.[2965] Paulatinamente, este tipo de enfrontamentos estendéronse pola provincia lucense, practicándose noutros concellos como os de Vilalba e Mondoñedo. A medida que nos metemos no século XX, estes torneos eran máis frecuentes. Por exemplo o 21 de abril de 1926, o *Sporting Club Villalbés* organizaba unha velada con diversos encontros para recadar fondos para a mellora do seu campo de fútbol.[2966]

[2965] En J. Paradela de Cora, *Lugo XX Historia de un siglo* (Lugo: Edit. *El Progreso*, 1999), 344.
[2966] En Xosé Pombo Mosquera, *Liga Santaballesa. Historia dunha Escola Habanera 1907-2007* (Vilalba: Padroado da Liga Santaballesa, 2007), 257.

Ilustración 156. Primeiro partido de fútbol lucense en 1908 e Equipo de Fútbol Infantil de Lugo en 1920, (publicadas *Lugo XX Historia de un siglo)*

Tendo en conta todas estas novas actividades sociais relacionadas con exercicios ao aire libre, nesta mesma liña de actuación, algúns mestres e inspectores da provincia comezan a realizar reivindicacións a favor do coidado e protección do contorno, a través principalmente de publicacións e informes.[2967] Ademais, estas personalidades xestionaron a construción de novas escolas nacionais nas zonas rurais, favorecendo a súa dinamización cultural,[2968] aspectos nos que xa traballaban os indianos, construíndo edificacións que modificaron a paisaxe luguesa, sobre todo na zona da Mariña Lucense e a Terra Chá. Así, pouco a pouco fóronse introducindo novos elementos de coidado e renovación rural.[2969] Este rexeitamento foi lento e progresivo, aparecendo publicacións na prensa que demandaban un melloramento das condicións da ensinanza primaria e un maior contacto coa natureza, advertencias tratadas a continuación.[2970]

Voces a favor de aplicación de experiencias educativas na natureza

De xeito paralelo ao aumento do sindicalismo e á aparción de novas imprentas, a partir dos anos vinte do século XX comezou a producirse unha intensificación da aparición de publicacións a favor da aplicación de experiencias medioambientais nas escolas. Como xa dixemos, no *Congreso Pedagógico Lucense de 1923,* presentáronse diversos traballos encamiñados ao coñecemento do medio natural de proximidade. Entre eles atopamos o traballo da profesora da Escola Normal, Rosario Vila Hernández, expoñendo un estudo sobre o xeito de explicar a xeografía nas escolas, na que reivindicou unha explicación máis próxima á natureza que á política.[2971] Ademais deste traballo destacaron os dos mestres: Gerardo Doval con "Alma de mi alma", Luis Rodríguez de Viguri con "Amore socio, via secura" e Luis Quiroga Espín con "!Terra a nosa¡"[2972]

[2967] En Antonio Quintela Ferreiro, "Renovación de la escuela rural", *El Progreso,* Lugo, 18 de marzo de 1932.

[2968] En José Manuel Vázquez López, "Relación entre a defensa da escola rural cos inspectores e Mestres (Lugo 1900-1936)", *Educació i desenvolvement rural als segles XIX-XX-XXI* (Lleida: Universitat de Lleida, 2018), 161-175.

[2969] Ídem.

[2970] En José Manuel Ruiz Jiménez, "El maestro nacional", *El Progreso,* Lugo, 20 de outubro de 1929.

[2971] En "El Congreso de 1923", *El Progreso,* Lugo, 13 de outubro de 1923.

[2972] En varios, "El Congreso Pedagóxico lucense", *El Progreso,* Lugo, 12 de outubro de 1923.

Igualmente, na segunda década publicáronse as primeiras colaboracións lucenses na *Revista de Pedagogía* de Lorenzo Luzuriaga dos mestres A. Pérez López ou Gregorio Sanz. Estes docentes publicaron artigos sobre as excursións na natureza e os seus beneficios, feito que estimulou a concienciación social sobre a importancia destas actividades pedagóxicas, favorecendo a creación dunha atmosfera máis activa. Experiencias que xa se viñan realizando a nivel nacional noutras provincias, onde temos constancia de senllas reflexións sobre a práctica educativa ao aire libre.[2973] Sobre todo tendo en conta o excursionismo promovido por Giner a finais do século XIX.

Coa instauración do *primeiro bienio* da Segunda República redóbranse as propostas de introdución do coñecemento do medio máis práctico nas escolas. En 1932, respecto á *valoración da natureza*, o mestre Quintela Ferreiro manifestaba que o recurso máis importante para a escola era o "contorno natural", publicando un artigo titulado "Renovación de la escuela rural". Neste traballo describíase a aplicación dunha ensinanza centrada no contacto coa natureza e os proxectos baseados nos centros de interese do alumno.[2974]

> El único libro de valor es la Naturaleza; la oposición más higiénica es estar derecho, el caminar. En los bancos solo estarán los niños cuando escriban; en los libros solo leerán para saberlos interpretar y tomarles afición. Estas ideas, en la práctica son de muy fácil aplicación. Por la mañana los alumnos saldrán al campo provisos de una libreta de apuntes; allí ante la Naturaleza, el maestro les irá explicando poco a poco lo que ven. Cada día se tomará un objeto como "centro de interés", es decir, partiendo, por ejemplo, de la contemplación de un pino, se darán al niño nociones de cálculo, de moral, de lenguaje y, sobre todo, se preocupará sus sentidos y su potencia discursiva. Ya en la escuela, pondrá en limpio sus notas, practicando la escritura y contribuyendo a que se le graven más las ideas adquiridas.[2975]

Igualmente, en febreiro de 1932 o político Germán Lastra publicaba en *El Progreso* a necesidade de aplicar na escola unha *pedagoxía pacifista e natural*. Igualmente, en marzo dese mesmo ano, o mestre Quintela Ferreiro analizaba os métodos, a liberdade e a disciplina na ensinanza: en primeiro lugar facía referencia á importancia de ter en conta o momento evolutivo do discente, en segundo termo facía fincapé na harmonización entre a liberdade e a disciplina, e por último criticaba os sistemas baseados en premios e castigos. Seguindo esta liña, Germán Lastra publicaba un artigo recollendo o pensamento roussoniano sobre a natureza como fonte de coñecemento e medio para levar a cabo procesos de ensino e aprendizaxe. Neste sentido, este político afirmaba:

> Ha de romperse de una vez con las viejas rutinas a la moderna Pedagogía, que no admite excepciones para explicar el por qué de las cosas. La Naturaleza es un libro abierto a todas las inteligencias; pero para leer en él es preciso que el profesor nos guíe a fin de que no interpretemos erróneamente sus lecciones.[2976]

A introdución dos contidos asociados á *protección do medio na escola* formou parte do interrompido e incompleto proceso de modernización escolar na provincia, unha

[2973] Vide Rosa Sensat, "La escuela al aire libre", *Futuros posibles para las escuelas y la educación,* Nº 35 (2020): 153-158.

[2974] En José Manuel Vázquez López, "Relación entre a defensa da escola rural cos inspectores e Mestres (Lugo 1900-1936)", *Educació i desenvolvement rural als segles XIX-XX-XXI* (Lleida: Universitat de Lleida, 2018), 161-175.

[2975] En Antonio Quintela Ferreiro, "Renovación de la escuela rural", *El Progreso,* Lugo, 18 de marzo de 1932.

[2976] En German Lastra, "La escuela del porvenir- Higiene, mucha higiene", *El Progreso,* Lugo, 24 de xaneiro de 1932.

actualización pedagóxica que empregou o contorno lucense como un dos seus centros de interese. Así, o mestre da *Escuela de Benquerencia*, Gregorio Sanz publicaba un artigo enxalzando o papel activo do alumno na natureza.[2977] Respecto á apertura de granxas agrícolas no curso 1932-33, lembraremos como José Díaz Teijeiro afirmaba en *El Progreso*: "Nuestra escuela rural, en su mayor parte, está en un medio agrícola y esto mismo dá motivo a que se establezcan pequeñas granjas agrícolas".[2978] Do mesmo xeito, Germán Lastra manifestaba a importancia de que nas escolas se promovera o coñecemento e a protección do medio ambiente. Entre os seus postulados atopábase o principio de promover a repoboación forestal nos centros de ensinanza primaria da provincia: "Una de mis grandes pasiones después de la Escuela, es el Árbol".[2979] Esta artigo tiña como obxectivo que os lectores tiveran unha imaxe comparada sobre a responsabilidade e o compromiso coa conservación do medio.

> Hay países en los que se obliga a todos los ciudadanos a plantar seis, doce y más árboles por cada uno que se derriba. Estas medidas, llevadas con inflexible rigurosidad, hacen que de año en año aumente enormemente la riqueza forestal en esos dichosos países. En nuestra España, por el contrario, por cada cien mil árboles que se talan despiadadamente, no se planta uno solo [...] La Escuela Nacional tiene que catalogar entre sus deberes principales, el de proteger y fomentar la repoblación forestal, haciendo que los niños se dén cuenta de la inmensa riqueza que encierra el arbolado.[2980]

Outro momento importante, analizado anteriormente, foi a *Semana Pedagóxica Lucense* de 1933. Nesta convocatoria tratáronse diversos temas relacionados coa natureza: a importancia do ensino de valores na escola, o exercicio físico ao aire libre, a importancia da renovación pedagóxica e a necesidade de realizar misións pedagóxicas nas zonas rurais.[2981] Foi aquí, onde o profesor de Educación Física Manuel Torrón introduciu a importancia do exercicio físico ao aire libre.[2982] De similiar xeito, durante estas xornadas o mestre de Guntín, José María Pérez Brun realizou un discurso defendendo a realización do seu proxecto individual coñecido como *Misiones Culturales*, facendo alusión á importancia do respecto á árbore, sobre todo nas zonas máis illadas da provincia, onde os estímulos culturais eran escasos.[2983]

> Quien no entienda de huertas ni de arados puede predicar la tolerancia, el amor humano, el cultivo de las flores, combatir el alcoholismo; quien desconozca la alternativa de cosechas y los abonos artificiales, puede difundir higiene en los hogares, recomendar el respeto al árbol, implantar sociedade mutuas, aconsejar el bien hablar.[2984]

[2977] Vide Herminio Barreiro Rodríguez, "De onte a hoxe. Presencia galega nunha publicación pedagóxica innovadora: a Revista Pedagogía (1922-1936)", *Homenaxe a Ramón Lorenzo* (Vigo: Galaxia, 1998).

[2978] En José Díaz Teijeiro, "De Pedagogía", *El Progreso*, Lugo, 27 de marzo de 1932.

[2979] En Germán Lastra, "La escuela del Porvenir-Repoblación forestal", *El Progreso*, Lugo, 10 de marzo de 1932.

[2980] Ídem

[2981] En varios, "Número especial sobre a Semana Pedagóxica Lucense", *Vida Escolar*, Nº 336, ano VII (1933): 4-32.

[2982] Este profesro escribiu unha cuartilla titulada "La educación física en España". En Manuel Torrón Fole, Número especial sobre a Semana Pedagóxica Lucense, *Vida Escolar*, Nº 336, ano VII (1933): 4-32.

[2983] José María Pérez-Brun naceu en Teruel. Despois de realizar os estudos de Maxisterio, exerceu como mestre na *Escuela Nacional Mixta de Retorta* (Guntín). Neste centro estivo tres anos, dende novembro de 1930 a agosto de 1933. Convén facer fincapé na publicación da súa obra censurada polo franquismo *Ejemplario*, onde presentaba un modelo de educación e sociedade republicano, que máis tarde foi modificada e reeditada conforme ás ideas franquistas. Durante a represión da Guerra Civil foi un dos asasinados en La Barranca (La Rioja) no ano 1936 polas forzas de Franco. En Carlos Gil Andrés, "Un noble afán. El magisterio republicano de José Mª Pérez-Brun, maestro de Herramélluri", *Berceo*, Nº 165, (2013).

[2984] En José Pérez-Brun, "La Semana Pedagógica Lucense", *Vida Escolar*, Número especial sobre a Semana Pedagóxica Lucense, Nº 336, ano VII (1933): 27-28.

Igualmente, en 1935 o mestre Antonio Pérez López publicaba na *Revista de Pedagogía* a memoria dunha excursión á zona da Mariña Lucense.[2985] Denótase que nestes anos algúns mestres e mestras emprenderon experiencias pedagóxicas favorecedoras da creación dun clima de coñecemento da cultura e o medio ambiente. Despréndese así unha relación entre o progreso da escola e o emprego da natureza, tendo en conta a forte instauración das mentalidades tradicionais políticas e pedagóxicas nesta provincia. Unha vez coñecidos os principais defensores da natureza na escola, o estudo continuará afondando nas escolas de orientación marítima (pola súa íntima e estreita relación co contorno natural) e por contigüidade co medio costeiro lugués, tradicionalmente enfocado na inserción laboral pesqueira.

As escolas de orientación marítima e os centros de ensino primario da Mariña Lucense

Durante o século XIX, nas zonas costeiras da provincia de Lugo a principal ocupación dos seus habitantes era a pesca e a agricultura. Froito da necesidade de facer contas para a venda de excedentes, do seu transporte e da interpretación de escritos comezou a xurdir na poboación a necesidade de certa preparación cultural letrada. Por exemplo, na parroquia de Lieiro en 1855 existía unha escola atendida polo mestre Francisco Peña á que acudían 30 nenos e nenas das aldeas contiguas. A Escola Pública desta parroquia estivo aloxada nas Vellas Escolas de Aduana ata o 28 de xuño de 1931, ano no que se inaugurou o Grupo Escolar de José María Fernández Montenegro nuns terreos doados polo *Centro Hijos de Vivero*. Ao marxe deste centro existían outros privados coñecidos como "pasantías", aos que os alumnos e alumnas acudían cando non tiñan quefaceres marítimos nin agrícolas, normalmente de noite.[2986]

Dende finais do século XIX coa aparición de novas tecnoloxías, a pesca experimentou un importante crecemento, producíndose unha aumento da capitalización e *industrialización* do sector.[2987] Isto tivo como consecuencia a aparición de novos armadores e un proceso máis agresivo de "proletarización" dos mariñeiros, no que era frecuente que os traballadores deste sector soportaran unhas misérrimas condicións de vida e a uns elevados índices de analfabetismo, aspectos que nun principio suscitaron pouca atención por parte das institucións.[2988] Debido a este panorama apareceron novas asociacións privadas que comezaron a botar mao no asunto. Así, no ano 1840, a *Sociedad de Fomento* creou en Ribadeo unha escola primaria. Dende 1842/1844, esta era "un centro de ensinanza que impartía o ensino das matemáticas aplicadas á Náutica". En 1856 converteuse nun organismo con carácter oficial como *Escuela de Náutica,* dirixida por Segundo Moreno Barcia, albergando preto de 100 alumnos atendidos por varios profesores ata 1882.[2989] En 1896, para solventar a ausencia dun *Centro de Náutica y Pilotaje* en Ribadeo, abriu as súas portas o *Colegio de San Luis de*

[2985] En A. Pérez López, "Excursión escolar en San Miguel de Reinante", *Revista de Pedagogía,* Nº 164 (1935): 355-361.

[2986] En Manuel Barro Quelle, *San Ciprián parroquia de Lieiro* (A Coruña: Edicións do Castro), 239-240.

[2987] A aparición de embarcacións de vapor de mediano e gran tonelaxe multiplicou o número de pescadores, en detrimento das tradicionais artes de pesca e a favor da industrialización do sector pesqueiro.

[2988] En Manuel Muñoz Morales. "Los Pósitos de pescadores en la Costa del Sol Occidental (1920-1937)", *Cilniana: Revista de la Asociación Cilniana para la Defensa y Difusión del Patrimonio Cultural,* Nº 14 (2001): 98.

[2989] En Francisco Lanza Álvarez, "Escuelas, maestros y fundaciones de segunda enseñanza", *Ribadeo Antiguo* (A Coruña: Edicións do Castro, 1973), 189-199.

Pilotaje y del Comercio ata 1905.[2990] Este organismo estaba situado nun primeiro momento no edificio do Hospital e máis tarde no "Patín".[2991]

A comezos do século XX, a expansión do *sindicalismo* e a desconfianza suscitada nos mariñeiros ante as malas condicións laborais, fixo que apareceran novas asociacións obreiras, co desexo de harmonizar o capital e os intereses dos traballadores. Entre as iniciativas que tiveron unha maior aceptación e continuidade atópanse os denominados Pósitos de Pescadores: *Pósito de pescadores de Rinlo* (1925),[2992] *Pósito de pescadores de Foz* (1929-1936),[2993] *Pósito de pescadores Burela* (1923),[2994] *Pósito Marítimo Terrestre de San Ciprián* (Lieiro, Cervo, 1929-1942),[2995] *Pósito de pescadores de Celeiro* (1923), *Pósito de pescadores de O Vicedo* (1931-1937),[2996] e *Pósito de pescadores de Ribadeo* (1940-1941).[2997]

Así, en 1923 creouse o *Pósito de Celeiro* (en Viveiro): o máis importante e antigo da provincia. Estaba presidido por Bonifacio Cora Trobo, que era coñecido como o "Pañoletas", e que en agosto dese ano solicitaba a construción da *Escuela Elemental de Pesca*.[2998] Igualmente, o mestre Camilo Fernández Díaz fundou o *Pósito de Pescadores de Burela,* xestionando a construción do primeiro peirao burelense en 1931.[2999] En O Vicedo, o Pósito de Pescadores tiña unha biblioteca preto do *Centro Cultural y Recreativo*.[3000] Aínda que a configuración destas organizacións era maioritariamente obreira, en parte perseguían a mellora das condicións morais, materiais e a extensión da cultura, mediante a creación de centros como bibliotecas e escolas.

En 1935 o *Pósito de San Ciprián* reuniuse, considerando a necesidade de crear unha escola de orientación marítima e unha biblioteca. Un ano máis tarde, convocouse a oposición para dotar de mestre este centro, denominado como *Escuela Elemental Profesional de Pesca del Pósito Marítimo Terrestre de San Ciprián*, onde exerceu docencia durante moitos anos o mestre coñecido como Moisés Rivera Casás.[3001]

Igualmente comezaron a crearse os *colexios de orientación marítima* na Mariña Lucense, ao igual que en toda a cornixa cantábrica. Estes centros tiñan como principal obxectivo a formación en contidos relacionados co mar, o seu dominio e a súa explotación pesqueira. A consecución deste fin propiciou situacións de ensino/aprendizaxe e o tratamento de contidos prácticos no contorno natural, empregando o mar como escenario para a aplicación das súas múltiples artes de pesca.

[2990] En J. M. Lombardero Rico, "Aspectos menos coñecidos da emigración americana: a formación dos emigrantes na Mariña luguesa e asturiana", *Campo de Tablado,* Nº 2 (2006): 45.

[2991] En Francisco Lanza Álvarez, "Escuelas, maestros y fundaciones de segunda enseñanza", *Ribadeo Antiguo* (A Coruña: Edicións do Castro, 1973), 159.

[2992] En "Pósito pescadores de Rinlo", *Galiciana,* (Arquivo dixital de Galicia, sinatura: Caixa 13037/20, sinatura antigua 449, 13041/12, extraído de : https://arquivo.galiciana.gal/arpadweb/es/consulta/registro.do?id=640023)

[2993] Ídem, (Caixa 13039/14, sinatura antigua: 452, 13043/05).

[2994] Ídem, (Caixa 13037/09, sinatura antigua: 449, 13041/01).

[2995] Ídem, (Caixa 13039/32, sinatura antigua: 453, 13043/23).

[2996] Ídem, (Caixa 13041/33, sinatura antigua: 456, 13045/42).

[2997] Ídem, (Caixa 13047/25, sinatura antigua: 463, 13053/34).

[2998] En R.G.R., "Celeiro celebró los cien años de su cofradía de pescadores", *La Voz de Galicia,* 9 de outubro de 2023, extraído de: https://www.lavozdegalicia.es/noticia/somosmar/pesca-marisqueo/2023/10/07/celeiro-celebro-cien-anos-cofradia-pescadores/00031696707491286701849.htm.

[2999] En Ricardo Pena Domínguez, *Burela. Apuntes Históricos y Crónicas del Siglo XX* (Viveiro: Lar, 2004), 199.

[3000] En Manuel B. Cossío, *Patronato de Misiones Pedagógicas: septiembre de 1931-diciembre de 1933* (Madrid: 1934), 173.

[3001] En Manuel Barro Quelle, *San Ciprián parroquia de Lieiro* (A Coruña: Edicións do Castro), 126.

O seu funcionamento foi regulado polo Ministerio de Instrución Pública en 1927, denominándoas *Escuelas Públicas Marítimas*, formados por nenos de entre oito e dezaoito anos.[3002] Segundo Antón Costa, estes centros contaron co apoio oficial da *Caja Central de Crédito Marítimo del Ministerio de Marina*:

> Estas escuelas fueron apoyadas y contaron con el reconocimiento oficial de la *Caja Central de Crédito Marítimo del Ministerio de Marina*. Fueron regulados en 1927 por las Normas del Ministerio de Instrucción Pública y declaradas Escuelas públicas "marítimas" con orientación y profesorado específicos que llevaban a cabo cursos preparatorios sobre conocimientos marítimos.[3003]

Nestas escolas situadas ao longo da xeografía da costa de Lugo aplicábase unha *metodoloxía tradicional*, onde un dos principais obxectivos era formar alumnos en coñecementos marítimos. Seguindo o regulamento das devanditas institucións educativas, o programa de contidos curriculares aplicado era o seguinte: *Historia Marítima, Lectura de cartas, Geografía Física local, Astronomía, Navegación, Cartas marítimas, Señales de navegación, Industria Local, Traballos Manuales* e *Economía Social*.[3004] Os mestres encargados de impartir este programa foron: Carlos Adrán Cambón en Celeiro, Eladio Lerma Orquillas en Rinlo, José María López Rodríguez en Escourido, José Moar Vázquez en Ourol, Francisco Moisés Rivera Casás en San Ciprián e José Montero Trobo en Celeiro.

> Maestros nacionales que son designados para ocupar las Escuelas Nacionales de Orientación Marítima Pesquera: Carlos Adrán Cambón-Celeiro-; Eladio Lerma Orquillas -Rinlo-; José María López Rodríguez -Escourido- José Moar Vázquez- Orol- Francisco Moisés Rivera Casás-San Ciprián- José Montero Trobo- Celeiro-. En mayo de 1943 el Boletín Oficial del Estado crea con carácter definitivo las Escuelas Nacionales de Enseñanza Primaria de Orientación Marítimo Pesquera, que serán sostenidas por el Instituto Social de la Marina, tal dicterio afecta a San Ciprián, en cuanto a los niños. Por cierto que, ya en mayo de 1936, el Pósito Marítimo Pesquero de San Ciprián, anunciaba concurso para cubrir la plaza de maestro de primera enseñanza. Se estaban dando todas las condiciones legales para disfrutar del mejor de los Maestros. Nuestro inolvidable Don Francisco. Aquel que veía en la mar, desde su galería, paisajes capaces de inspirarle para luego contarnos y enseñarnos lo que su alumno Alberto Pillado señaló como hijos de la mar y el viento.[3005]

Centrándonos agora na *localización xeográfica* destas institucións, as escolas deste tipo na provincia de Lugo estaban situados nas seguintes localidades: Escourido, Ourol, Celeiro, Rinlo e San Cibrao.[3006] Aparte destes centros educativos, existían as escolas nacionais de ensino primario, con frecuencia en malas condicións. En 1913, a Escola de nenas de San Ciprián estaba atendida por Josefa Forester Pita. Logo este centro pasaría ás mans de Sagrario Martínez.[3007] En Foz, Luís Bello visitou esta Escola que segundo describiu tiña unha organización caótica e atopábase situada compartindo edificio co calabozo municipal.[3008]

[3002] Vide artígo 34.

[3003] En Antón Costa Rico, *Historia da educación e da cultura en Galicia,* (2004) 1026.

[3004] Ídem.

[3005] En Pablo Mosquera, "Largo invierno", *Ribadeando,* 1 do setembro de 2018, extraído de https://www.ribadeando.com/2018/01/largo-invierno.html.

[3006] Hoxe en día existe algunha antiga infraestrutura das antigas fábricas de salgadura onde practicaban artes de pesca, como as de Cervo ou os portos baleeiros de Morás, Nois, Cangas e Foz. Vide varios, "Las escuelas de los Pósitos pasarán a ser nacionales", *España Marítima*, Nº 20, Año II (31 de agosto de 1927): 5-6.

[3007] Pablo Mosquera, "Mujeres inolvidables", *La Voz de Galicia,* 7 de marzo de 2016, extraído de: https://www.lavozdegalicia.es/noticia/amarina/2016/03/07/inolvidables-mujeres/0003_201603X6C11992.htm

[3008] En Luis Bello, "Un maestro en Foz", *Vida Escolar*, Nº 158, ano IV (1930): 5-6.

Ilustración 157. Sagrario Martínez, mestra da Escola de San Cirprián (Juanel)

Pero los presos llaman a los chicos desde lo alto de sus rejas, y hablan con ellos, y les dan encargos. Algunas veces les dicen que traigan retama, que se hielan; la escuela de humo en plena sesión. Y más grave aún era -con serlo mucho esta convivencia- que los presos estaban allí sin vigilancia y tenían abierto un "boquerón", por donde otros se fugaron, que daba precisamente a los bajos de la escuela. Si permanecían presos era por su palabra y por su hombría de bien.[3009]

En Burela, preto do ano 1917 creouse de forma provisional a primeira Escola Nacional, promovida por Ramón Alsina Magén e atendida polo mestre interino José Díaz Varela ata os anos vinte, tempo no que se incorporou o coñecido Camilo Fernández.[3010] Convén sinalar que ata 1918 non se fixo oficial a apertura deste centro, inaugurado baixo o nome de *Escuela Nacional de Burela*, constituída segundo o Decreto do 3 de decembro de 1917: "Fruto de la perseverancia de los vecinos en sus continuas instancias al Gobierno".[3011] Este centro estaba situado no Pedrón e foi trasladado posteriormente durante algún tempo á *Venta*. Aquí impartíanse clases nocturnas para facilitar a asistencia dos escolares que traballaban. Os mestres encargados de impartir as leccións eran Ramón Ben e Paulino García Abad.[3012] Nesta mesma veciñanza, o 21 de setembro de 1924 fundouse o *Grupo Escolar Mixto da Virxe do Camen*, coñecido como as "Escolas Vellas", promovidas pola asociación *Centro Hijos del Partido de Vivero de Buenos Aires*.[3013] Este Grupo Escolar estivo atendido polos seguintes docentes: dende 1920 ata 1959 por Camilo Fernández Díaz, dende 1922 ata 1926 por Marina de la Torre, dende 1927 ata 1928 por Casta Calviño Salazar, dende 1929 ata 1931 por Caridad Castedo Díaz, dende 1930 ata 1931 por Concepción Portela, dende 1930 ata 1933 por Fructuosa Pire García e dende 1934 ata 1943 por Matilde González López. Nos anos cincuenta estiveron os mestres José Antonio Barcia Martínez e Carmen Iravedra Otero. Nunha misiva esta última docente alertaba sobre a precariedade das instalacións, incidindo na necesidade de crear un novo grupo escolar.[3014]

[3009] Ídem

[3010] En María Cuadrado, "Cien años de conquista y de lucha por la escuela pública en Burela", *La Voz de Galicia*, 16 de decembro de 2018, extraído o 20 de setembro de 2020 de: https://www.lavozdegalicia.es/noticia/amarina/2018/12/16/cien-anos-conquista-lucha-ensenanza-publica-burela/0003_201812X16C5992.htm

[3011] En *Haraldo de Viveiro*, 28 de abril de 1918.

[3012] En Ricardo Pena Domínguez, *Burela. Apuntes Históricos y Crónicas del Siglo XX* (Viveiro: Lar, 2004), 195-197.

[3013] En Asociación de Veciños de Burela o Vencello, *100 aniversario Escolas Vellas de Burela* (Burela: Deputación de Lugo, 2024), 3.

[3014] Ídem, 25.

Ilustración 158. Grupo Escolar de Burela,
(fotografía da publicación "Viveiro en la Plata")

Especialmente, é necesario subliñar a importancia das *escolas indianas* na zona da Mariña Lucense, sobre todo porque dende o albor do século XX ata o final da terceira década, estes centros tiñan as mellores condicións materiais de toda a provincia. Asemade, para o inspector José del Peso, algunas escolas costeiras reunían unhas boas dotacións de recursos grazas aos influxos e doazóns dos emigrantes. Por regra xeral estaban construídos con cartos dos emigrantes retornados, un circunstancia que determinaba a calidade, a cantidade de material, a intensificación, a utilidade escolar e os resultados acadados.

> Aquí, las construcciones escolares están generosamente dotadas de todo lo necesario, e incluso de lo estético, son locales espléndidos, reflejo de las influencias ultramarinas y del dinero de procedencia americana. Al cerrarse un local, rápidamente se construía otro de magnífica dotación, en comparación con los del interior; con dinero proveniente de las sociedades de emigrantes gallegos, más sensibilizados con la labor educativa en su país natal.[3015]

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[3015] En José del Peso y Sevillano, "Galicia y su Enseñanza Primaria" (Madrid: Arquivo JAE, Sinatura: JAE/115-391, xuño-1925).

Ilustración 159. Alumnos da Mariña Lucense a principios do século XX[3016]

Unha das sociedades de emigrantes altruístas lucenses máis importantes foi *Hijos de Viveiro y su comarca*. Esta organización construíu edificacións escolares e instalou un taller de carpintaría para dotar ás escolas da bisbarra dun axeitado moblaxe. As escolas marítimas chegaron a reunir grandes cantidades de material pedagóxico e científico, entre os seus recursos contaban con aparatos propios da navegación. Os emigrantes do norte da provincia lucense desprazáronse en maior proporción cara a terras alén de ultramar, conseguindo normalmente unha maior fortuna e empapándose de máis influxos culturais cos emigrantes que o facían cara ao interior de España. En consecuencia, exercían unha maior influencia sobre o ensino primario,[3017] gozando en ocasións dunha formidable dotación de escolas creadas polas asociacións de emigrados.[3018]

> En medio del natural entusiasmo, hijo de una seria preocupación, se alquilaron locales –pocas veces adecuados al fin- que se dotaron del "outillage" más imprescindible, buscaron profesores y empezaron a funcionar multitud de escuelas diseminadas por toda Galicia sostenidas por las sociedades gallegas...
>
> Alguna sociedad, de acuerdo con los maestros nacionales del distrito respectivo, con visión clara del problema, adoptaron otro procedimiento y entendiendo que la escuela nacional, una vez creada, no puede morir jamás, optaron por construir edificios utilizando la aportación de las parroquias interesadas, las proveyeron de material abundante y, ofrecido todo ello al Estado, se crearon nuevas escuelas nacionales o fueron trasladadas, donde ya las había, a aquellos edificios. Estas escuelas con personal nombrado y pagado por el Estado, estaban sometidas al régimen de las nacionales porque nacionales son, tienen hoy vida próspera, realizando las funciones que le son propias en condiciones ventajosas, merced a la constante protección de que disfrutan por parte de las sociedades hispanoamericanas que atienden a sus necesidades con prodigalidad, cooperando así con el Estado en su acción de tutelar.[3019]

[3016] En Y. G., "Burela conmemora hoy los cien años de su escuela pública", *La Voz de Galicia*, extraído o 21 de novembro de 2018 de: https://www.lavozdegalicia.es/noticia/amarina/burela/2018/12/20/burela-conmemora-hoy-cien-anos-escuela-publica/00031545309227715202998.htm.

[3017] Ídem

[3018] En "Escolas de indianos", *Progreso*, Lugo, 18 de novembro de 1914.

[3019] En Antonio Farto Bravo, "Los centros gallegos de América y la cultura popular", *Sociedad Fomento de Porriño, Boletín Oficial*, Nº 30, Año VII (1929): 5.

Ao igual que as zonas do interior da provincia de Lugo, uns dos problemas máis importantes para a escola na Mariña era o alto absentismo e o abandono escolar prematuro. Segundo os mestres Jesús de Juana e Julio Prada, os escolares pronto abandonaban a escola para poñerse a traballar: "Desde los diez años, y aún desde los nueve se los llevan a la pesca. Las niñas, a las fábricas de salazón".[3020] Esta situación provocaba a falta na continuidade da asistencia escolar dos alumnos e alumnas, incentivando a rápido inserción laboral e o ingreso na industria pesqueira.



Ilustración 160. *Escolas Vellas. San Ciprián*
(en "Cien años de escuela pública en Burela", *La Voz de Galicia*)[3021]

En *Viveiro*, a escola desta vila contaban case cun século de antigüidade e asentábase nun antigo convento franciscano. O seu contorno era ruidoso, compartindo o edificio cos presos porque o seu local contiguo servía como cárcere. Esta circunstancia fixo que a súa organización non fora a máis axeitada para crear un clima pedagóxico, propiciando un anticipado abandono escolar. Os mestres que exerceron aquí o maxisterio non dubidaron en denunciar a incompatibilidade e nocividade deste ambiente coa docencia.

> En tal ambiente se educan los muchachos. Van y vienen al mismo tiempo que los detenidos por la Guardia Civil. Oyen lamentos y blasfemias. Esa placita de la iglesia ve desfilar la clientela más heterogénea: Junto a los niños y los maestros, los curas y sus feligreses, están los carceleros y alguaciles, presos, borrachos, pleiteantes...[3022]

[3020] En Jesús de Juana, e Julio Prada, *Historia contemporanea de Galicia* (Barcelona: Ariel, 2005), 191.
[3021] En María Cuadrado, Y. G., "Burela conmemora hoy los cien años de su escuela pública", *La Voz de Galicia*, extraído o 21 de novembro de 2018 de: https://www.lavozdegalicia.es/noticia/amarina/burela/2018/12/20/burela-conmemora-hoy-cien-anos-escuela-publica/00031545309227715202998.htm.
[3022] En Luis Bello Trompeta, "Vivero. La Villa", *Vida Escolar,* Nº 153, ano III (1929): 4.

Outra das organizacións que empregaban o medio natural da Mariña Lucense como centro de interese eran as *colonias escolares.* Estas actividades estiveron organizadas na provincia de Lugo polo *Patronato de Protección Escolar Lucense*. Mediante a realización destas experiencias, algúns alumnos e alumnas podían coñecer o medio natural da Mariña Lucense a comezos do século XX. Este aspecto cobraba maior importancia para aqueles nenos e nenas con menos recursos que non tiñan a posibilidade de viaxar coas súas familias. Tendo en conta isto, o Padroado de Protección ofrecía aos menores pobres a oportunidade de coñecer a Mariña Lucense e o seu contorno no período de verán. Convén citar aos inspectores Lorenzo Gil e Luis Soto Menor como principais impulsores das Colonias Escolares levadas a cabo entre 1912 e 1936.[3023]

A aparición de todas estas organizacións detonaron, máis que un cambio absoluto, unha *modificación* lenta do xeito de entender o "ámbito natural": pasando dun coñecemento do medio exclusivamente ligado á explotación do mar á valoración da natureza en si mesma. Comezouse así a realizar diversas actividades escolares no medio natural: primeiro dirixidos á adquisición de coñecemento básicos agropecuarios e pesqueiros, e logo máis orientados ao xogo e a protección do medio. Estas experiencias axudaban a conservar e valorar a natureza, mediante unha serie de características: iniciación dunha nova metodoloxía máis preocupada polo medio ambiente, introdución do aproveitamento dos recursos naturais como fonte de coñecemento, mellora da defensa da propia cultura e autocoñecemento. Nunha posterior fase de normalización leváronse a cabo varias iniciativas pedagóxicas públicas e privadas a fin de mellorar a relación infantoxuvenil coa natureza. Comezou a emerxer así un grupo de inspectores e mestres preocupados polo uso educativo da natureza, aplicando unha visión escolar máis *activa*, influídos en gran medida polo movemento da *Escola Nova* e por suposto polas ideas institucionistas.

> Por otra parte, las distintas experiencias renovadoras fundamentadas en las ideas pedagógicas de la escuela activa, van a contribuir a cambiar la visión que se tenía sobre la función que debían desempeñar las ciencias de la naturaleza en la enseñanza primaria.[3024]

Tendo en conta todas as referencias e as fotos anteriormente achegadas, verificamos como a escola tivo unha *estreita relación* coa natureza mediante diversas experiencias levadas a cabo durante o ano académico. Coa aparición da Guerra Civil e a posterior ditadura franquista produciuse un desartellamento das iniciativas republicanas deste tipo, substituídas por experiencias na natureza cun carácter máis patriótico, evanxelizador, militaristas ou totalitarias realizadas principalmente pola *Frente de Juventudes.*[3025] Sopesando esta cuestión atoparemos o estudo de José Ignacio Cruz Orozco, nos que afirmaba que esta organización imitaban ás *Hitler Jugend* en moitos dos seus trazos:

[3023] En Ángel Serafín Porto Ucha, *La institución Libre de Enseñanza en Galicia* (A Coruña: Do Castro, 1986), 220.

[3024] En José Mariano Bernal Martínez, "De las escuelas al aire libre a las aulas de la naturaleza", *Áreas. Revista Internacional de Ciencias Sociales,* 20 (2000): 172.

[3025] Comparando o *escultismo* e as posteriores accións realizadas pola *Frente de Juventudes*. En José Ignacio Cruz Orozco, "Dos modelos pedagógicos con y en la naturaleza: Los exploradores de España y el Frente de Juventudes", *Sarmiento,* Nº 22 (2019): 37-50.

> Hitler Jugend, a la hora de organizar la política de juventud del franquismo y que lo siguieron en bastantes de sus rasgos más característicos.[3026]

A chegada do réxime franquista tampouco axudou a paliar o mal estado dalgunhas escolas dos concellos da Mariña Lucense. En Burela, entre 1850 e 1890 existía unha escola en malas condicións sufragada polos pais,[3027] nela exercía a docencia Manuel Rodríguez, acadando unha gran popularidade entre os veciños e emigrantes. Durante estes anos tamén produciuse a apertura dalgún centro específico. Nesta localidade constituíuse en 1954 a Escola elemental profesional de pesca.[3028] Unha vez analizadas as principais experiencias no contorno natural realizadas en Lugo a comezos do século XX, a continuación estudarase a incidencia dos inspectores como axentes de dinamización escolar mediante o seus traballos, publicacións e informes.[3029]

4.4.12. Os inspectores como axentes de desenvolvemento escolar

Dende o albor do século XX, os inspectores foron axentes que favoreceron o desenvolvemento escolar, pero de xeito moi limitado, porque principalmente o inspector era unha *figura de control*, que acudían as Xuntas Locais e puntualmente inauguraban algún centro. A medida que nos adentramos neste século o inspector foi *ampliando as súas funcións*, chegando a ser no primeiro bienio da Segunda República un axente pedagóxico vivificador da cultura e da educación. Emporiso, historicamente os inspectores foron asumindo cada vez máis tarefas, entre elas, procurar a dinamización do proceso de modernización escolar.

Segundo López del Castillo, a *Semana Trágica de Barcelona* de 1909 posiblemente foi o motivo que impulsou a revalorización da función inspectora. Como sabemos, a figura de Ferrer i Guardia foi o mártir daqueles desafortunados incidentes: "Creemos que no es casualidad que a raíz de los tremendos sucesos de la Semana Trágica y la de la supuesta implicación en ellos de las escuelas anarquistas, se inicie una rapidísima revalorización, ampliación y consolidación del cuerpo de inspectores".[3030] Pero, podemos ter en conta esta afirmación? De xeito persoal, considero que máis que unha "revalorización" foi un "sobreemprego fiscalizador dos inspectores" como figuras de control, xa que na miña opinión, unha "revaloración real" significaría tamén ter en conta a súa faceta técnico e pedagóxica, naqueles momentos bastante descoidada.

Na provincia lucense no primeiro e segundo decenio do século XX, o inspector tamén realizaba funcións asociadas á *beneficencia* en colaboración co Padroado de Protección da Infancia. Neste sentido, distinguimos aquí a dinamización levada a cabo primeiro por Lorenzo Gil e despois por Luis Soto Menor, como principais impulsores das Colonias Escolares levadas a cabo entre 1912 e 1936 nesta provincia.[3031] Ademais,

[3026] En José Ignacio Cruz Orozco, "Falange, Frente de Juventudes y el nuevo orden europeo. Discrepancias y coincidencias en la política de juventud durante el primer franquismo", *Revista de Educación*, 357 (Xaneiro-abril 2012): 531.

[3027] En Pascual Madoz, *Diccionario Geográfico-Estadístico-Histórico de España y sus posesiones de Ultramar* (Santiago: Ed. facsímil, 1986).

[3028] En Asociación de Veciños Burela o Vencello, *100 aniversario Escolas Vellas de Burela* (Burela: Deputación de Lugo, 2024), 3.

[3029] En Luis Soto Menor, "Informe a la Junta Local de Lugo" (Lugo: APL. Sinatura: 1202-01, 1924).

[3030] En Eduardo Soler Fiérrez, María Teresa López del Castillo, Domingo Muñoz Marín, Antonio Molero Pintado e Elías Ramírez Aísa, *Estudios históricos sobre la Inspección Educativa* (Madrid: Escuela Española, 1995), 129.

[3031] En Ángel Serafín Porto Ucha, *La institución Libre de Enseñanza en Galicia* (A Coruña: Do Castro, 1986), 220.

o inspector foi unha figura de detección, demanda e intervención dos principais problemas educativos: sobre todo no referente á falta de recursos e ao alto absentismo escolar detectado. Neste sentido, e sobre todo baixo a dirección de Luís Soto redactáronse informes demandando cambios. Debido a isto organizáronse certames pedagóxicos, dinamizáronse campañas a prol da cultura e xestionáronse a creación de novos centros, como principal froito do proceso de modernización escolar.

> Bajo su dirección se organizan colonias y cantinas escolares, se crearon numerosas escuelas, se construyeron edificios escolares, se organizó el Congreso Pedagógico de 1923, y en la tribuna pública y en la prensa se hizo recia campaña en pro de la cultura...[3032]

Na *ditadura de Primo de Rivera*, segundo Elías Ramírez, a inspección viviu un período de *crise*. Nestes anos moitos inspectores foron trasladados forzosamente, estaban controlados polos delegados gobernativos e servían como medio de represión das ideas contrarias ao Goberno ditatorial, como os "nacionalistas" e os "anarquistas".[3033] Aínda que a inauguración de novos centros multiplicouse, porque un dos principais obxectivos do ditador era a redución das taxas de analfabetismo e a formación de "cidadáns modernos", convenientemente adoutrinados nos postulados de Primo de Rivera.[3034]

O aumento de inspectores durante o primeiro bienio da Segunda República

No *primeiro bienio* da Segunda República levouse a cabo a nivel nacional unha *completa reforma* na educación: incrementouse en 13.000 mestres, chegando aos 50.527 en 1936, aplicouse o *Plan Profesional de Formación* do profesorado primario, creáronse 7.000 novas escolas en 1931,[3035] aumentouse en 350.000 os alumnos matriculados nas escolas primarias, aprobouse a *Ley de Congregaciones y Asociaciones Religiosas* de 1933 pola cal se tramitou a expulsión dos xesuítas (historicamente moi presentes no ensino primario), o 29 de abril de 1931 publicouse a normativa para a regulación do bilingüismo en Cataluña e a liberdade relixiosa, aprobouse os ascensos salariais nos niveis do *escalafón* máis baixos do profesorado, renovouse o *Consejo de Instrucción Pública,* creáronse os *Consejos Escolares* provinciais e municipais, aplicouse un sistema de coeducación de sexos nos centros, creáronse as *Misiones Pedagógicas*, aprobouse a obrigatoriedade de asistencia á escola de seis a doce anos, promulgouse a *Constitución Republicana* aprobada o 9 de decembro de 1931 e ampliouse o corpo de mestres e inspectores de ensino primario.[3036]

En Lugo, o aumento de mestres e inspectores redundou de xeito positivo no asesoramento docente e no desenvolvemento escolar.[3037] Segundo os datos recollidos na

[3032] En Jesús Golmar Rodríguez, "D. Luis Soto Menor", *Vida Escolar,* Nº 325, ano VII (1933): 2-3.

[3033] En Elías Ramírez Aísa, "Introdución á historia da Inspección en España", *Fundamentos de Supervisión Educativa* (Madrid: Ed. A Muralla, 1993), 220.

[3034] Vide Ramón López Martín, *Ideología y educación en la dictadura de Primo de Rivera: Escuelas y maestros* (Valencia: Universitat de València, Vol. 18, 1994).

[3035] En Joan Comas Camps, "Creación de centros escolares en Lugo", *El Progreso,* Lugo, 7 de xullo de 1931; e en *Gaceta de Madrid* do 5 de xullo de 1931 e posteriormente na do 19 de setembro de 1931.

[3036] Vide Eugenio Otero Urtaza, *Las Misiones Pedagógicas: Una experiencia de educación popular* (Sada: Ed. do Castro, 1982); Mariano Pérez Galán, *La enseñanza en la Segunda República Española* (Madrid: Edicusa, 1977); Mercedes Samaniego Boneu, *La política educativa de la Segunda República* (Madrid: CSIC, 1977) e María del Carmen Monzón Pinilla e Aurelio Usón Jaeger, "Propuestas didácticas innovadoras para la enseñanza de las ciencias físicas, químicas y naturales en el primer tercio del siglo xx en la escuela primaria española", *Revista Complutense de Educación,* Nº 1, vol. 8 (1997): 271.

[3037] En E. Correa, "Sugerencias del medio", *Vida Escolar,* Nº 336, ano VII (1933): 18.

presente investigación obsérvase: como a provincia de Lugo aumentou de tres a sete os inspectores, incrementando á súa vez a presenza nos colexios. En maior medida estiveron atentos ás distintas reformas, redundando de forma positiva na dirección, na xestión de construcións escolares e na dinamización pedagóxica dos colexios de ensino primario.

Por outro lado, os mestres tamén tiñan que realizar un informe sobre a situación e dotación da escola que rexentaban. Este documento era revisado polo inspector cando realizaba a pertinente visita ao centro. Este hábito protocolario víñase realizando dende comezos do século XX. A continuación, trasladamos un texto de Manuel Formoso Lamas onde observamos un exemplo desta norma. Esta Escola diferenciábase porque o mestre, aparte da ensinanza dos números e letras, impartía coñecementos da agricultura, realizando traballos e labores do campo cando o tempo o permitía. Por estas boas prácticas foi felicitado polo inspector Tomas de la Concha.[3038]



Provincia de Lugo. Partido judicial de Chantada.

Pueblo de Chantada de 14.968 almas.

Estado de la Escuela pública elemental completa de niños á cargo de D. Manuel Formoso Lamas.

Observaciones del Inspector.

Datos suministrados por el Profesor.

1º

La escuela se halla situada en el único piso del local propio del Municipio, el cual afecta la figura de un paralelógramo rectangular, cuyos lados más largos corresponden al Este y Oeste, y los más cortos al Norte y Sur; tiene una sola entrada hacia el Norte; recibe la luz únicamente por el Este. La casa del Maestro se halla separada de la escuela, es alquilada, decente y capaz.

2º

En la plataforma, que está en uno de los lados menores de la escuela, se halla la efigie del Redentor debajo de un dosel, el retrato de S. Mª; cinco cuadros, uno de la Virgen, otro de S. José, distribución del tiempo y trabajos, clasificación de la enseñanza y cuatro de Reyes; un reloj para regular las oficinas y un armario para guardar

Ilustración 161. Informe sobre o estado da Escola de Chantada (Arquivo Histórico da Universidade de Santiago de Compostela) realizado por Manuel Formoso Lamas

[3038] En Casa de Eirexe, "As escolas de Primeiro Ensino en Chantada na segunda metade do século xix", *A Eirexe*, (13 de outubro de 2019) extraído o 10 de decembro de 2024 de: https://eirexe.es/as-escolas-de-primeiro-ensino-en-chantada-na-segunda-mitade-do-seculo-xix/.

Principais funcións dos inspectores

Segundo Maillo, convén facer unha separación das ocupacións dos inspectores en tres núcleos preponderantes de acción: *a función administrativa-burocrática, a función técnicopedagóxica e a función socioprofesional*.[3039] Tendo en conta isto, entre as atribucións positivas cara o proceso de modernización escolar estudado distínguese sete funcións relacionadas co desenvolvemento pedagóxico: a creación e adaptación de escolas, a detección da mala situación dos centros de ensinanza, a organización de congresos e actividades pedagóxicas, a difusión de novas teorías transnacionais asociadas á escola activa, a dinamización de accións de beneficencia, o apoio pedagóxico aos mestres e a defensa da cultura e a lingua galega (especialmente levadas por Luis Soto e Ben Cho Shey).

a) *A creación e adaptación de escolas.* O primeiro inspector que creou unha escola na provincia de Lugo a comezos do século XX foi Daniel Calvo, fundando a *Escuela de Coeo-Quintela*.[3040] Posteriormente, cabe destacar o labor pedagóxico realizado por Luis Soto, sendo o axente de modernización máis importante para esta provincia. Este home foi o responsable da creación de máis de 1000 escolas, influíndo no proceso incompleto de modernización pedagóxica lucense, circunstancia que axudou a mellorar a ensinanza na provincia. Amais, convén ter en conta o elevado volume de traballo que desenvolveu este home durante o seu mandato: dirixiu a inspección máis de dez anos, cunha *ratio* inspector por número de escolas a supervisar desproporcionada. Outro inspector que fundou varias escolas na provincia de Lugo foi José del Peso. Este home impulsou a creación administrativa na súa zona de xurisdición en máis de 150 escolas nacionais, fomentando a construción dos locais para o aloxamento das mesmas, coa axuda das prestacións económicas dos modestos concellos e as doazóns veciñais.[3041]

b) *A detección do mal estado das escolas.* As funcións de control, administración e burocracia foron as principais actividades realizadas polos inspectores ao longo do período estudado, e poden considerarse como as atribucións demandadas con máis frecuencia polos distintos gobernos. Por este motivo poden ser valoradas como as competencias tradicionais e con máis presenza histórica. En Lugo, os inspectores denunciaban o mal acondicionamento das escolas e o alto absentismo escolar.[3042] Neste sentido, os seus informes foron esenciais para obter unha imaxe historiográfica da ensinanza. Grazas a estes documentos obtense unha imaxe da escola e das súas necesidades semellante, xa que todos estes inspectores describiron a situación docente de forma similar, achegando as mesmas conclusións: unha aguda obsolescencia das escolas, obtendo como resultado sintético, "durante as primeiras décadas do século XX, a maioría dos centros de ensino lucenses eran insalubres e sórdidos". En palabras textuais dos propios campesiños: "repudiaban a escola polo seu mal olor e polo frío".[3043] En 1924, un dos informes de Luis Soto á *Junta Local* de Lugo recollía as seguintes *necesidades da escola*:

[3039] Vide Adolfo Maillo, *La inspección de enseñanza primaria. Historia y funciones* (Madrid: Escuela Española, 1967).

[3040] En Daniel Calvo, "Informe Daniel Calvo sobre a creación da escola na parroquia de Coeo-Quintela" (Lugo: APL. Sinatura: 1200-01, 1933).

[3041] En José del Peso y Sevillano, "Expediente de José del Peso y Sevillano" (Madrid. ACME-AGA, sinatura: 083713-2576).

[3042] En Luis Soto Menor, "Informe a la Junta Local de Lugo" (Lugo: APL. Sinatura: 1202-01, 1924).

[3043] En Luis Bello Trompeta, "Los trabajos y los días-Luis Bello en Lugo", *Vida Escolar,* Nº 91, ano II (1928): 3-4.

1. Necesidade de reformar as escolas ante as malas condicións pedagóxicas, hixiénicas, estéticas e mal orientadas das escolas nacionais da localidade de Lugo, incluso con perigos de orde moral.
2. Necesidade de facer fronte á falta de inquietude urbanística dos responsables da cidade pola construción de edificios adecuados para as súas escolas primarias.
3. Necesidade de crear seis escolas na cidade de Lugo, debía de ter catorce escolas nacionais e tan só contaba con oito.
4. Necesidade de adecuar a conformidade marcada na Lei Moyano.
5. Necesidade de dispoñer dunha escola práctica anexa a *Escuela Normal de Maestras* da cidade de Lugo, esta situación era altamente prexudicial para a infancia e a formación profesional das alumnas do maxisterio.
6. Necesidade de cooperar coa acción benéfica do Padroado de Protección Escolar Lucense no referente ás colonias, cantinas e roupeiros escolares.
7. Necesidade da creación dunha escola anexa á graduada que imparta clases especiais aos educandos enfermos psíquicos, rexentada por un mestre especialista.
8. Necesidade de crear escolas na zona rural lucense, segundo a Lei Moyano correspondíanlle 43 escolas e contaba soamente con 32.
9. Necesidade de prestar máis atención ao censo escolar e a obrigatoriedade de asistencia á escola dos discentes. Os inspectores eran os responsables de constatar as faltas no traballo nas escolas de ensinanza primaria provincial.
10. Necesidade de incorporar pais de familias humildes ás Xuntas Locais propostos polos mestres, porque as familias adiñeiradas non mostran interese polo acondicionamento das escolas nacionais.
11. Necesidade de que os médicos dos respectivos distritos visitaran as escolas para controlar a vacinación dos alumnos, condicións hixiénicas das escolas e prevención de enfermidades.
12. Necesidade de trasladar á escola de Vilamoure a un local doado polo veciño Benigno Anseres Neira.[3044]

En moitos informes dos inspectores destinados en Lugo aparecía unha frecuente preocupación polas condicións hixiénicas, pedagóxicas e ambientais.[3045] Tendo en conta o método de triangulación empregado para verificar a información extraída na investigación, esta perspectiva coincide cos informes e traballos realizados polos inspectores: Joan Comas Camps, Jacinto Ruiz Santiago, Luis Soto Menor, José del Peso y Sevillano e José Galera Moreno. Debido a isto pódense establecer bastantes analoxías entre as diferentes versións sobre o estado dos centros desta provincia. Estas similitudes coinciden ademais co testemuño do xornalista Luis Bello e os mestres provincias que rexentaban as escolas. Dadas as coincidencias dos testemuños e das fontes, denotamos as seguintes necesidades: preocupante limitación dos recursos persoais e materiais,[3046] excepcionalmente algún caso de falta de celo docente, polo xeral malas condicións hixiénicas e pedagóxicas, forte presenza das institución privadas nas cidades, ruptura entre o modelo escolar confesional e laico,[3047] aplicación en termos xerais de regras pedagóxicas tradicionais, escaso soldo dos mestres sobre todo ata a implantación da

[3044] En Luis Soto Menor, "Informe a la Junta Local de Lugo" (Lugo: APL. Sinatura: 1202-01, 1924).
[3045] En Manuel Panero, "Informe do inspector Manuel Panero" (Lugo: APL, Fondo: Concello. Sinatura: 931, 1924).
[3046] En José del Peso y Sevillano, "La cultura popular gallega", *Vida Escolar*, Nº 91, ano II (1928): 4.
[3047] En José Galera Moreno, "Dignidad", *Vida Escolar*, Nº 226, ano V (1931): 6-7.

Segunda República, falta de asistencia escolar en periódos de recolleita e sementeira, contribución dos nenos e nenas ao traballo agrícola, e un distanciamento existente entre o programa escolar, cultura e a lingua ambiental.[3048]

Como xa dixemos, tras a visita aos centros escolares lucenses, Luis Bello afirmaba que as escolas mellor dotadas da provincia eran as de orixe *indiano*, situadas polo xeral na Mariña lucense e na Terra Chá. Como excepcional exemplo temos a Escola de Galdo en 1928, centro mixto que tiña un enorme casal indiano onde acudían setenta nenos e nenas, segundo o propio Luis Bello: "La escuelita mixta más rica y más absurda que ha creado en Galicia el espíritu de los americanos".[3049] A costa de Lugo contaba con edificios escolares con aspecto decoroso, iluminado, hixiénico e confortable, grazas ao impulso dos recursos alén de ultramar. Luis Bello describiu a maxestuosidade dalgunhas destas escolas instaladas polos indianos: a parroquia de Ourol ou a de Magazos tiñan unhas boas condicións a pesar de non ter vivenda para os mestres.[3050]

Así, dende 1900 ata 1936, os informes dos diferentes inspectores ofreceron unha concepción do conxunto da escola luguesa *similar*. Os documentos cuestionaban as seguintes prácticas levadas a cabo polo maxisterio na provincia: rendemento dos alumnos por debaixo do esperado, emprego de métodos pouco motivadores e pasivos, xestión escolar deficiente, metodoloxía e organización escolar obsoleta, falta de ensinanza na iniciativa, personalidade e carácter, inmobilismo laboral dos mestres, falta de significado e pasividade dos traballos escolares, pouca preocupación polo interese e as necesidades do discente e aplicación de métodos pasivos.[3051] Estes problemas educativos suscitaban normalmente pouco interese na poboación destas localidades, máis preocupados pola economía agrícola de subsistencia.[3052] Non obstante, algúns veciños lucenses colaboraron coa ensinanza primaria a través de importantes doazóns.[3053] Ante esta situación, a figura do inspector era imporante para promover unha escola como centro de cultura e de paz, como Soto Menor indicaba:

> Haced de la Escuela templo de amor y de virtud, de tolerancia y de solidaridad entre todos los hijos de madre; llevad a ella la alegría de la Naturaleza y la idealidad espiritual…[3054]

c) *Organización de congresos e actividades pedagóxicas.* Nas primeiras décadas do século XX, os inspectores axudaron a constituír congresos pedagóxicos nas súas zonas de influencia. Estes eventos foron relevantes para a *difusión de novas teorías* pedagóxicas, como se apreciou nas dúas convocatorias lucenses analizadas anteriormente, celebradas en 1923 e 1933. Estas reunións duraron varios días, aglutinando mestres de distintos lugares de España que compartían as mesmas inquietudes. Nas diferentes xornadas presentáronse varias conferencias o exposicións sobre educación, intercambiando información e discutindo sobre temas de ensino. Os

[3048] En Luis Soto Menor, "Informe de Luis Soto Menor da Junta Provincial de Lugo" (Lugo: APL. Fondo Concello. Sinatura: 1202-01, outubro 1924) e Antonio Quintela Ferreiro, "Problemas de la escuela actual", *El Progreso,* Lugo, 14 de outubro de 1923.

[3049] En Luis Bello Trompeta, "Vivero. Campo y Mariña", *Vida Escolar,* Nº 159, ano IV (1930): 2.

[3050] En Luis Bello Trompeta, "Vivero. Campo y Mariña", *Vida Escolar,* Nº 159, ano IV (1930): 1-2.

[3051] En Joan Comas Camps, "De educación", *Vida Escolar,* Nº 193, ano IV (1930): 2-3.

[3052] Vide Luis Bello Trompeta, "Vivero. Campo y Mariña", *Vida Escolar,* Nº 159, ano IV (1930): 2.

[3053] En Luis Soto Menor, "Paz, cultura, alegría... Número especial sobre a Semana Pedagóxica Lucense", *Vida Escolar,* Nº 336, ano VII (1933): 11.

[3054] Ídem.

inspectores asistentes ocupáronse do asesoramento dos mestres, denunciando a mala dotación da escola pública e xestionando a creación de centros educativos.[3055]

Na Semana Pedagóxica lucense levada a cabo en 1933, os seguintes inspectores colaboraron coa disertación de *varios traballos:* Luis Soto Menor con "Paz, cultura, alegría", Daniel Calvo Portero con "El maestro nacional" e José Galera Moreno con "Columna vertebral de acero".[3056] O primeiro estudo trataba sobre a importancia do ensino de valores na escola, o segundo sobre a defensa do maxisterio español e o terceiro sobre a renovación pedagóxica de España e o laicismo escolar. Neste sentido, entre 1900 ata 1936 a inspección foi un axente que colaborou no proceso de actualización pedagóxica en Lugo: impulsando o ensino primario rural, o progreso cultural, a creación de escolas e a dinamización pedagóxica provincial.[3057]

d) *A difusión de novas teorías transnacionais.* O traslado das teorías institucionistas e escolanovistas levada a cabo polos inspectores de Primeiro Ensino resultaron significativas para o panorama ideolóxico e cultural de Lugo.[3058] O principal xeito empregado para trasladar estas ideas foi mediante: os traballos, as conferencias nos congresos pedagóxicos e as súas publicacións; tendo moito que ver nisto as viaxes realizadas coa JAE. Luis Soto Menor foi o figura máis importante e o principal organizador de actividades pedagóxicas favorecedoras do traslado teórico e pedagóxico. Cómpre destacar a importancia da actividade e individualización na escola,[3059] e o "traballo manual" estudado polo presidente da *Asociación del Magisterio lucense*, Victoriano Tuñón y García.[3060] Estas propostas fundamentábanse nos novos paradigmas escolanovistas e a influencia da ILE. Ademais experimentouse unha progresiva introdución da escola laica, tendo o seu momento máis representativo no primeiro bienio da Segunda República coa *Constitución de 1931*.[3061] En Lugo, Joan Comas foi o inspector que trasladou máis teorías pedagóxicas transnacionais, como a aplicación da ensinanza "individualizada",[3062] concepto que era moi difícil de aplicar debido á falta de recursos, de escolas graduadas e á reticencia do sector *socioconservador* a introducir cambios pedagóxicos. A pesar disto, en 1929 a asociación *Viveiro y su Comarca* solicitaba a construción dunha Escola Graduada.[3063]

Como xa observamos na *Semana Pedagóxica de 1933*, os relatores manifestaron a súa neutralidade relixiosa, partidarios da aplicación dun modelo escolar laico.[3064] Estes postulados tiñan en contra a influencia dos sectores católicos provinciais, que algúns

[3055] Progresivamente a inspección comezou a ser un axente de reivindicación do depauperado estado das escolas mediante os seus informes, traballos, participación na organización de congresos e publicacións.

[3056] En varios, "Número especial sobre a Semana Pedagóxica Lucense", *Vida Escolar,* Nº 336, ano VII (1933): 4-32.

[3057] En José Manuel Vázquez López, "Relación entre a defensa da escola rural cos inspectores e Mestres (Lugo 1900-1936)", *Educació i desenvolvement rural als segles XIX-XX-XXI* (Lleida: Universitat de Lleida, 2018), 161-175.

[3058] Consultar o artigo de Joan Comas Camps defendendo a "Escola Única" publicado no diario local *El Progreso*. En Joan Comas Camps, "Lo que es la escuela única", *El Progreso*, Lugo, 17 de xuño de 1931.

[3059] En Antón Costa Rico, *La educación en Galicia (1669-1970)* (A Coruña: Universidade de Santiago, 1999) 33

[3060] En Vitoriano Tuñón y García, "Introducción del trabajo manual y un certamen pedagógico por el presidente de la Asociación del Magisterio lucense, Victoriano Tuñón y García" (Lugo: APL. Fondo: Concello. Sinatura: 930, 1906).

[3061] En Amador F. Carral, "Apreciaciones", *Vida Escolar,* Nº 336, ano VII (1933): 14.

[3062] En Joan Comas Camps, "Individualización de la enseñanza (continuación)", *Vida Escolar,* Nº 208, ano V (1931): 2-5.

[3063] En Emilio Xosé Ínsua, *Verdades Como Puños y Consideraciones* (Xunta de Galicia, 2023), 72.

[3064] En Antonio Guiraum Martín, "Libertad en la educación", *Vida Escolar,* Nº 336, ano VII (1933): 7-8.

talvez seguían a liña do reformismo educativo de inspiración cristiá de Andrés Manjón (1846-1923). Por último falta falar da tentativa de aplicar unha coeducación nas escolas por parte do Goberno Republicano. De xeito común, a maioría dos colexios da provincia eran unitarios (mixtos e non graduados), tendo que aplicar a ensinanza mutua para atender á diversidade de alumnado e aos diferentes ritmos de aprendizaxe.[3065]

e) *A dinamización de accións benéficas.* Na provincia de Lugo, historicamente a inspección estivo moi relacionada co *Padroado de Protección Escolar*, sobre todo a través da figura de Lorenzo Gil e Luis Soto. Este organismo encargábase de xestionar principalmente: as cantinas escolares, o roupeiro escolar, as colonias escolares e a organización de actividades benéficas para recadar fondos como a *Garden-Party* na festividade de Santiago Apóstolo en 1920 ou o "Día de la Madre".[3066] Na celebración destas efemérides a muller tivo un papel social importante, sobre todo como integrantes desta e outras institucións benéficas. Igualmente, a inspección colaborou con *La Mutualidad del Magisterio de la Asociación Provincial de Lugo.*[3067]

En relación ao tema benéfico que nos ocupa e facendo referencia ao importante papel que tivo Luis Soto, cabe sinalar que unha das súas principais preocupacións foi o alto *absentismo escolar* dos alumnos provenientes de familias labregas, por iso un dos seus obxectivos foi controlar a obrigatoriedade de asistencia á escola. Ademais, levouse a cabo a tentativa de introducir pais de familias humildes nas Xuntas Locais, amosando interese polo acondicionamento das escolas nacionais. Igualmente, dinamizou a realización de campañas de recollida de xoguetes para os nenos sen recursos nas épocas do Nadal.[3068] Respecto aos nenos con dificultades educativas, este inspector demandou á Xunta Local a necesidade de crear unha escola, anexa á graduada, que impartira clases especiais á infancia con enfermidades psíquicas.[3069]

f) *O apoio pedagóxico aos mestres.* Cando Luis Soto ocupou a xefatura de inspección de Lugo na década dos anos dez, atopouse cunha feble rede de centros escolares nacionais de condicións pedagóxicas heteroxéneas: presenza de "escolas de ferrado", control administrativo variable, aumento da creación de escolas nacionais,[3070] redución de centros de tempada e relixiosos,[3071] presenza de colexios modelo, mala estruturación administrativa de modelo municipal que desatendía as escolas das parroquias, presenza de aulas clandestinas, escolas públicas sen condicións espaciais e materiais axeitadas excepto algúns centros indianos.[3072] Na ditadura primorriverista

[3065] En Antón Costa Rico, *La educación en Galicia (1669-1970)* (A Coruña: Universidade de Santiago, 1999), 33

[3066] En María Dolores Seijas Soto, *El maestro de Zain* (Madrid: Ediciones Libertario, 2009), 35-36.

[3067] En Jacinto Ruiz, "La primera enseñanza en la provincia de Lugo-1927", *Vida Escolar*, Nº 40, ano I (1927): 1-4.

[3068] En Luis Soto Menor, "Los Reyes Magos en las escuelas de Lugo", *Vida Escolar*, Nº 51, ano I (1927): 1-3.

[3069] En Luis Soto Menor, "Informe a la Junta Local de Lugo" (Lugo: APL. Sinatura: 1202-01, 1924).

[3070] En Luis Soto Menor, "Solicitudes económicas y creación de escuelas" (Lugo: APL. Sinatura: 1200-01, 1932).

[3071] En Jacinto Ruiz, "La primera enseñanza en la provincia de Lugo-1927", *Vida Escolar*, Nº 40, ano I (1927): 2.

[3072] Vide Narciso de Gabriel Fernández, *Escolantes e escolas de ferrado*, (Vigo: Xerais 2001); en Antón Costa Rico, *Historia da educación e da cultura en Galicia* (Vigo: Xerais, 2004), 929; Antón Costa Rico, *Escolas e Mestres. A educación en Galicia: Da restauración á Segunda República* (Santiago: Editorial Servizo Central de Publicacións Xunta de Galicia, 1989), 125-126; E. Reboredo Blanco, "Solicitud de acondicionamiento de centro escolar en el período de vacaciones para no interferir en el comienzo de las clases" (Lugo: APL. Fondo: Concello. Sinatura: 931, 1911); Vicente Peña Saavedra, *Éxodo, organización comunitaria e intervención escolar* (A Coruña: Xunta de Galicia, 1993); e José del Peso y Sevillano, "Galicia y su Enseñanza Primaria" (Madrid: Arquivo JAE. Sinatura: JAE/115-391, xuño 1925); achegamos os informes onde describían o mal estado das escolas en Luis Soto

promoveuse a figura dun inspector máis controlador, á súa vez vixiado polos delegados gobernativos. Pese a todo, un mes máis tarde de proclamarse a ditadura celebrábase o Certame Pedagóxico lucense de 1923, organizado entre outros por Luis Soto. Neste evento, mediante o asesoramento do inspector, tratouse de mellorar as condicións xerais das escolas.

Debido ao gran número de *escolas a supervisar* era practicamente imposible ofrecer un servizo de orientación pedagóxica de calidade, nin os inspectores podían visitar os centros con certa regularidade. No primeiro decenio, cada inspector tiña ao seu cargo preto de 450 escolas, un número desproporcionado que impedía virar unha visita anual a cada centro.[3073] Nos anos trinta, produciuse unha ampliación do cadro de persoal, pero tamén se multiplicaron os centros polo que resultaba difícil ofrecer un apoio pedagóxico adecuado. Como xa dixemos, o preámbulo do Decreto do 2 de decembro de 1932 ofreceu unha imaxe do inspector máis técnica-pedagóxica e menos fiscalizadora. Na *Semana Pedagóxica Lucense* de 1933, o inspector de primeira ensinanza de Coruña Nicolás Longarón disertaba sobre o asesoramento aos mestres:

> Todo maestro se debe a única y exclusivamente a sus compañeros maestros, porque todos forman una colectividad, una unidad colectiva que se llema Magisterio, y que esta integrada por todos los maestros del mundo...
>
> Haced de vuestras escuelas una sociedad perfecta e integral, donde se den todas las manifestaciones de la vida en su realidad actual, pero mirando al porvenir. Que vuestra escuela sea el centro de la vida de la aldea, pero mirando al mañana. No olvideis la realidad del medio en que vuestra escuela vive.... Ved al niño lo que es, un niño y nada más que un niño; educandolo como tal niño; no veais en el un hombre en miniatura, pero pensad que será y que teneis que prepararlo para esa finalidad.[3074]

Para levar a cabo o apoio pedagóxico aos mestres, un aspecto fundamental foi o *aumento das visitas* aos centros. Por este motivo, o inspector de Lugo Daniel Calvo Portero escribiu un artigo destacando a importancia de que os inspectores e os mestres tiveran contactos frecuentes, tal e como establecía o Decreto do 2 de decembro de 1932. Esta normativa reformaba a inspección profesional, obrigando ao inspector a facer dúas reunións anuais con todos os mestres dos concellos da súa xurisdición, unha ao comezo de cada curso escolar e outra ao rematar todas as visitas aos centros escolares.[3075]

g) *Defensa da cultura galega:* Por último, no que se refire ao proceso de *galeguización* da escola, convén destacar as actividades realizadas por Luis Soto e Ben Cho Shey,[3076] entendendo como "galeguización" ao movemento que representa a reivindicación política e social de Galicia e a súa cultura. En Lugo, este inspector foi Presidente do *Partido Galeguista*. Neste sentido e froito do traballo que desenvolveu, o propio Fole dedicoulle un capítulo no seu *Cartafolio Galego*.[3077] Cómpre ter en conta que Ben Cho Shey estivo dende moi novo preto do ambiente das *Irmandades da Fala*,

---

Menor, "Informe de Luis Soto Menor da Junta Provincial de Lugo" (Lugo: APL. Fondo Concello. Sinatura: 1202-01, outubro 1924).

[3073] En Rosa María Cid Galante, "A percepción dos docentes do ensino primario ourensán a comezos do século XX: un profesorado en entredito", *Sarmiento*, Nº 11 (2007): 42-43.

[3074] En Nicolás Longarón, "Para Vida Escolar", *Vida Escolar*, Número especial sobre a Semana Pedagóxica Lucense Nº 336, ano VII (1933): 8.

[3075] En Domingo Calvo, "Inspección provincial de 1ª enseñanza", *Vida Escola*, Nº 317, ano VII (1933): 6.

[3076] En Delfín Caseiro Nogueiras, "A inspección educativa e a normalización lingüística no primeiro terzo do século XX", *Actas do V Congreso Manuel Luís Acuña* (Orense: Deputación Provincial de Ourense, 2021), 30.

[3077] Ídem, 96-97.

xa que o seu pai Pío Ramón era membro delas en Ourense.[3078] Esta organización pretendía canalizar a galeguización da sociedade a través de diversos medios, como a prensa, as conferencias, a literatura, e tamén a través da escola.[3079]

> Ao respecto, permítasenos lembrar que cando Risco elaborou, precisamente en 1921, o único plano realizado en Galicia para a galeguización, innovación e reforma do ensino, o "Plan pedagóxico pra galeguización d'as escolas", propuña o emprego da música popular, seguindo o programa de Ben-Cho-Shey.[3080]

Ilustración 162. Ben Cho Shey e o seu pai Pío Ramón (extraida de www.aelg.org)

Entre as iniciativas escolares executadas para favorecer a galeguización escolar, cabe destacar en Vilalba o *Plan de estudos da Escola da Liga Santaballesa*.[3081] Tamén destacaremos o traballo realizado en Galicia polos inspectores: Gerardo Álvarez Limeses, Antonio Couceiro Freijomil,[3082] Antonio Alonso Ríos, Manuel Díaz Rozas,[3083] Rogelio Pérez González e en Lugo por Ben Cho Shey e Luis Soto Menor; denunciando o enorme distanciamento entre o programa escolar, a cultura e a lingua ambiental.[3084] Outro aspecto importante foi a aparición da imprenta de Antonio Suárez onde

[3078] O pai de Ben cho Shey fora membro das Irmandades da Fala e asinante das actas da Asemblea Nacionalista de Lugo, en 1918. En "Exposición Ben Cho Shey", *50 anos de maxisterio cultural (1918 – 1968),* extraído o 1 de febreiro de 2024: https://benchoshey.wordpress.com/2013/03/04/os-irmaucinos-bcs-e-as-irmandades/.

[3079] En Narciso de Gabriel, "A dimensión educativa das Irmandades da Fala. Algunhas propostas e realizacións", *Sarmiento. Revista Galego-Portuguesa de Historia da Educación,* Nº 27 (2023): 337.

[3080] En José Fernández Fernández, "José Ramón Fernández Ojea ea aplicación da música popular nas escolas", *Sarmiento: Anuario galego de historia da educación,* Nº 23 (2019): 303.

[3081] En Antón Costa Rico, *Escolas e Mestres. A educación en Galicia: Da restauración á Segunda República* (Santiago: Editorial Servizo Central de Publicacións: Xunta de Galicia, 1989), 125-126.

[3082] En 1911 tomou posesión da praza como mestre na *Escola Práctica Graduada de Lugo* e o 17 de xaneiro de 1912 como profesor na *Escuela Superior Graduada de Lugo*. En Xesús Andrés López Calvo, "Antonio Couceiro Freijomil (1888-1955) na estela dos patriarcas das letras galegas", *Cátedra: revista eumesa de estudios,* Nº12 (2005): 36-39.

[3083] En Delfín Caseiro Nogueiras, "A inspección educativa e a normalización lingüística no primeiro terzo do século XX", *Actas do V Congreso Manuel Luís Acuña* (Orense: Deputación Provincial de Ourense, 2021), 30.

[3084] En Luis Soto Menor, "Informe de Luis Soto Menor da Junta Provincial de Lugo" (Lugo: APL. Fondo Concello. Sinatura: 1202-01, outubro 1924) e Antonio Quintela Ferreiro, "Problemas de la escuela actual", *El Progreso,* Lugo, 14 de outubro de 1923.

traballaron o *Grupo Yunque* formado por: Ramón Boelle, Ánxel Fole, Francisco Lamas e Ángel Johan.

En 1929 o inspector lucense José María Díaz y Díaz asinaba o Pacto de Barrantes e en 1930 Francisco Lanza, Suárez Couto e Ángel Santos Vila entre outros fundaban a *Irmandade de Ribadeo*.[3085] Igualmente, refundábanse as de *Viveiro* e *Lugo*, coa presenza dalgúns afiliados en Chantada.[3086] Todo este conxunto de medidas, promovidas dentro e fóra do ámbito escolar, axudaron a tomar en consideración da importancia de preservar a nosa cultura e a singularidade do pobo galego.[3087] Este conglomerado de iniciativas constituíron un piar para os posteriores movementos de protección da cultura e lingua propia, historicamente bastante desatendida.

Ilustración 163. Ramón Boelle, non identificado, Ánxel Fole, Francisco Lamas, Antonio Suárez e Ángel Johan (*Grupo Yunque*, imprenta de Antonio Suárez. Foto do Arquivo de Santiago Lamas)

A defensa da escola rural por parte dos inspectores.

A finais do século XIX e comezos do XX, partindo dun estado do illamento cultural considerable de moitas zonas rurais, pouco a pouco comezan a aparecer a nivel nacional experiencias favorecedoras da dinamización da cultura entre os habitantes destas rexións, como: o excursionismo, as experiencias de ensinanza activa na natureza, as excursións, a celebración de efemérides, La Barraca (grupo de teatro), as iniciativas indianas (bibliotecas e escolas principalmente) ou as colonias escolares.[3088]

[3085] En José de Cora, "Ángel Santos Vila", *El Progreso*, 16 de abril de 2019, extraído de: https://www.elprogreso.es/articulo/album-de-los-lucenses/generosa-moreno-rodrigo-angel-santos-vila/20190416183615137129 4.html.

[3086] En Justo Beramendi, "Irmandades da Fala e cultura política", *As Irmandades da Fala no seu tempo: perspectivas cruzadas* (Consello da Cultura Galega, 2021), 9-24.

[3087] En Sabela Rivas Barros, "A educación e a galeguización da sociedade", *Sarmiento,* Nº 1 (1997): 170.

[3088] En 1882 a ILE conseguiu crear o Museo Pedagóxico. Esta institución promoveu en 1887 a protección e o fomento das colonias escolares en vacacións, as asembleas escolares e a prohibición aos mestres de organizar batallóns escolares. Estas experiencias tiveron en conta a educación medioambiental provincial a comezos do século XX. En Manuel Bartolomé Cossío, *La enseñanza primaria en España* (Madrid: Edicións R. Rojas Museo Pedagóxico Nacional, 1915), 36.

Por outro lado, cómpre falar outra vez do pouco contacto entre os inspectores e os mestres por imperativos circunstanciais, aspecto que non favorecía a defensa dos intereses dos labregos. Tradicionalmente na provincia de Lugo, o contacto do inspector co mestre era moi escaso debido: á falta de efectivos, á *elevada ratio* inspector por número de escolas a avaliar, ás malas vías de comunicación, ás duras condicións climatoloxicas invernais e á dispersión poboacional. Ademais destes problemas, as principais causas da decadencia cultural rural eran as duras esixencias da vida no campo, a falta de recursos das familias, a necesidade de máis institucións educativas e o pouco interese que suscitaba a educación para os propios labregos. Conscientes disto, o goberno do primeiro bienio reformador da Segunda República ampliou significativamente o cadro de persoal. Como xa citamos, o cambio de tres a sete inspectores redundou de forma positiva para o asesoramento das escolas rurais. A pesar disto, nestas zonas a poboación estaba tan dispersa que provocaba en parte que o inspector tardara moito en acudir á escola.[3089] Segundo Luis Soto, a maioría da poboación lucense estaba tan disgregada que para visitar algunhas escolas rurais tiña que percorrer longos traxectos, a través de camiños en ocasións bastante dificultosos.[3090]

Para obter unha imaxe máis nítida desta situación consultamos os informes e os artigos da prensa provincial:[3091] en febreiro de 1932, analizando o problema xeográfico da provincia de Lugo, atopamos un artigo do político galego Germán Lastra en *El Progreso*. Neste documento o autor afirmaba que o sistema escolar tiña grandes inconvenientes asociados á dispersión poboacional e á topografía montañosa lucense.

> La topografía de nuestra tierra ofrece una gran dificultad para que la Escuela rinda todo el fruto apetecido. Pequeños grupos de casa perdidos entre las montañas y peñacos, forman infinidad de aldeas, cuyo escaso número de habitantes hace que no se las tenga para nada en consideración.[3092]

Igualmente, o inspector de ensino primario Jacinto Ruiz realizaba unha disertación sobre este tema, preguntándose como a infancia lucense podía soportar tan difíciles circunstancias para acudir á escola, lamentado:

> Porque, ¿Dónde está la escuela? ¿Cómo es posible exigir a un ciudadano el cumplimento de un cometido social si no se le dan medios para ello? ¿Puede obligarse a los niños a recorrer 3, 4, 5, o más kilómetros, dos o cuatro veces al día para asistir a las escuelas? ¿Hay derecho a hacinar los niños en locales inmundos, sin luz, sin ventilación, ateridos de frío? [3093]

Algúns mestres das zonas rurais tamén eran conscientes desta situación, entre eles atopamos a Manuel Formoso Lamas en Chantada, que promovía entre os escolares o ensino e a aprendizaxe dos traballos do campo polas tardes, sempre e cando o tempo o permitía, aspecto polo que foi felicitado pola inspección educativa.[3094] No caso do Concello de Lugo, algúns docentes informaban ás autoridades a través da

[3089] Ídem.

[3090] En Jacinto Ruiz, "La primera enseñanza en la provincia de Lugo-1927", *Vida Escolar*, Nº 40, ano I (1927): 1-4.

[3091] En Varios, "Correspondencia de los maestros de Lugo al Ayuntamiento como contestación a la Circular nº 265 del Consejo Local" (Lugo: APL. Fondo Concello. Sinatura: 1422-02, 1936).

[3092] En Lastra, G.,"La Escuela del Porvenir XII-Un cuerpo móvil de maestros jóvenes", *El Progreso* Lugo, o 14 de febreiro de 1932.

[3093] En Jacinto Ruiz, "La primera enseñanza en la provincia de Lugo-1927", *Vida Escolar*, Nº 40, ano I (1927): 1-4.

[3094] En "As escolas de Primeiro Ensino en Chantada na segunda metade do século xix", *A Eirexe*, (13 de outubro de 2019) extraído o 10 de decembro de 2024 de: https://eirexe.es/as-escolas-de-primeiro-ensino-en-chantada-na-segunda-mitade-do-seculo-xix/.

correspondencia de que os escolares tiñan que atravesar dificultosos sendeiros. Esta situación facía que moitos nenos e nenas chegaran mollados aos centros, poñendo en perigo a súa saúde:

> Desprovistos de caminos, los niños tienen que atravesar grandes barrizales en invierno y cruzar ríos desbordados, peligrosos y con frecuencia acuden mojados hasta las rodillas.[3095]

Ilustración 164. Manuel Formoso Lamas (*La Voz de Galicia*)[3096]

Debido a estas circunstancias, dende finais do século XIX, existía unha certa preocupación polo estado da *escola rural.* O sistema educativo nacional necesitaba unha dignificación. En Lugo veciños, mestres e inspectores demandaban unha mellora da ensinanza primaria, cuestión que se intensificou coa instauración da Segunda República. Por parte da Administración comezáronse a constituír un conxunto de modificacións lexislativas a prol da mellora do sistema educativo, sobre todo ao carón do Goberno Republicano do bienio reformista (1931-1933). Ademais algúns mestres e inspectores de ensino primario comezaron a traballar a prol da modernización escolar de forma individual,[3097] concepto que non só significaba a actualización do sistema educativo, senón que implicaba a adopción de novas correntes pedagóxicas contemporáneas como a ensinanza activa, instaurada xa con forza noutros países. Estes axentes denunciaron a mala situación xeral das escolas, organizaron conferencias, xestionaron a creación de novos centros, realizaron traballos e informes sobre todo das zonas rurais demandado unha actualización. As aldeas máis afastadas das principais vías de comunicación tiñan polo xeral maiores dificultades: estando máis illadas dos influxos culturais, con escolas normalmente máis modestas e desatendidas.[3098]

Segundo os inspectores, é necesario ter en conta que as *zonas rurais* tiñan varias características que entorpeceron a instauración das primeiras tentativas de modernización pedagóxica. Segundo o inspector José del Peso, a poboación rural tiña

[3095] En Varios, "Correspondencia de los maestros de Lugo al Ayuntamiento, como contestación a la Circular nº 265 del Consejo Local, publicado el 9 de septembre de 1936" (Lugo. APL. Fondo Concello. Sinatura: 1422-02, 1936).

[3096] En Armando Cascón Rodríguez, *Arzúa na memoria: espello histórico dunha terra*, (Deputación da Coruña, 2015) e en Roi Fernández e Francisco Albo, "Un século de ausencia de Manuel Formoso Lamas", *La Voz de Galicia*, 18 de xuño de 2013.

[3097] Vide José María Hernández Díaz, "La inspección educativa y la cultura escolar en España. Génesis, proceso costituyente y actualización de funciones", *Aula 25* (2019): 60.

[3098] En José del Peso y Sevillano, "Galicia y su Enseñanza Primaria" (Madrid: Arquivo JAE. Sinatura: JAE/115-391, xuño 1925).

polo xeral menos oportunidades educativas de adquirir unha cultura letrada, debido principalmente ás seguintes particularidades: dependencia agraria aguda, duras esixencias da vida no campo, malas vías de comunicación, dispersión poboacional, duras condicións climatolóxicas, falta de recursos das familias, poucas institucións educativas próximas e escaso interese que suscitaba a educación para os gobernos locais e os propios labregos.[3099] Debido a isto, no primeiro terzo do século XX, os inspectores dinamizaron con máis intensidade experiencias dirixidas ao coidado da escola rural, unhas propostas que estiveron acompañadas de varias actividades como: as misións pedagóxicas, a creación de escolas indianas, o excursionismo, as colonias escolares ou o aumento de experiencias de proximidade coa natureza.[3100]

Respecto á análise da situación da escola rural, cómpre facer énfase no *Congreso Pedagóxico de 1923* e a *Semana Pedagóxica Lucense de 1933,* onde se analizaron os principais problemas pedagóxicos destas zonas. Deste xeito, a *primeira sección* do certame celebrada o día 20 de xuño de 1923 dedicouse exclusivamente a valorar as necesidades rurais, tratando os seguintes temas: "Escuela rural y sus problemas",[3101] "Lo rural, la Escuela y el Maestro",[3102] "Rural, rudeza y rutina" de Valentín Barbero e "Quien solo medicina sabe, ni medicina sabe" de Francisco Reigada.[3103] De igual xeito, na *Semana Pedagóxica do 33* José María Pérez Brun disertou un artigo titulado "Misiones Culturales", que trataba a necesidade de realizar as misións nas zonas rurais. Debido a esta situación de desamparo, ao longo do primeiro terzo do século XX pódense distinguir tres fases na defensa da escola rural: unha primeira de detección, outra de análise e por último de intervención.[3104]

a) *Fase de detección dos problemas da escola rural.* Na primeira fase, os inspectores que traballaron en Lugo eran conscientes da falta de asistencia escolar, da mala infraestrutura dás escolas e da obsolescencia dos métodos pedagóxicos. Así, estes axentes comezaron a advertir á Administración Central a lamentable *situación de abandono* das escolas rurais. Por exemplo, atopamos o testemuño de José del Peso, segundo este inspector as infraestruturas escolares desgastábanse polo clima invernal da provincia e as súas numerosas precipitacións: a humidade nestes edificios chegaba a constituír un verdadeiro perigo para a saúde e a integridade dos escolares. A choiva deterioraba os tellados de lousa que protexía as escolas das frecuentes precipitacións. As fiestras e as paredes de pedra mal labrada, con frecuencia superpostas, tampouco ofrecían o adecuado aislamento para protexer aos escolares e o escaso material da climatoloxía. Consecuentemente sabemos que as escolas rurais en Lugo non tiñan locais adecuados para illar aos nenos das duras condicións climatolóxicas, paredes xeralmente de argamasa, portas mal construídas con grosas táboas, minúsculas fiestras que non ofrecían a suficiente luz pero si deixaban pasar o aire frío invernal.

[3099] Ídem.

[3100] En José Manuel Vázquez López, "Relación entre a defensa da escola rural cos inspectores e Mestres (Lugo 1900-1936)", *Educació i desenvolvement rural als segles XIX-XX-XXI* (Lleida: Universitat de Lleida, 2018), 161-175.

[3101] En José Galera Moreno, "Expediente de José Galera Moreno" (Madrid: Arquivo JAE. Sinatura: JAE/58-23BIS).

[3102] Durante esta xornada, tamén se realizou unha exposición dos traballos, instalada na Escola situada no parque da cidade de Lugo, o tema foi: a escola rural e os seus problemas, recibindo o primeiro premio, o mestre da Escola Mixta de San Román (Ríobarba) e inspector José Galera Moreno.

[3103] En José Manuel Vázquez López, "Relación entre a defensa da escola rural cos inspectores e Mestres (Lugo 1900-1936)", *Educació i desenvolvement rural als segles XIX-XX-XXI* (Lleida: Universitat de Lleida, 2018), 161-175.

[3104] Ídem.

Convén lembrar que esta situación estendíase tamén ás *cidades* como Mondoñedo, Monforte, Viveiro e Lugo, onde as escolas estaban tamén en malas circunstancias.[3105] De xeito similar, o aspecto das escolas rurais era infradotado e lóbrego.[3106] Polo tanto, afirmamos que esta situación era xeneralizada, exceptuando algunhas escolas de indianos lucenses. Respecto a este tema, N. Pardo González publicaba un artigo na prensa local no que afirmaba:

> "Hace días me refería con el mismo título al lamentable abandono de las escuelas en las aldeas…" […] "...invitando a seguir el ejemplo de un maestro rural que pasando por encima de todas las dificultades viene realizando con un celo verdaderamente apostólico esta tarea divulgadora".[3107]

Ilustración 165. Escolares da Liga Santaballesa (1922-1923)
(en *Liga Santaballesa. Historia dunha Escola Habanera 1907-2007*
e memoriadixitallugo.es)

A *acusada dispersión poboacional* perdurou dende 1900 ata 1936 en toda a provincia de Lugo, vinculada á topografía montañosa deste territorio e a unha excesiva ruralización.[3108] Ademais, a economía era principalmente de autoabastecemento onde costumes e descansos se organizaban en torno ao traballo, secasí existía unha gran dependencia agraria. En 1925, o dilatado illamento dos asentamentos na provincia lucense producía un agudo ruralismo.[3109] Neste ano, máis do 85% dos núcleos de poboación eran rurais, cifra que en 1940 aínda se atopaba no 81%. Esta situación foi cambiando lentamente reducíndose o elevado índice de analfabetismo,[3110] e o agudo absentismo escolar.[3111]

[3105] Normalmente a Ensinanza Primaria nas cidades estaba en maos de institución privadas, as poucas escolas nacionais que existían estaban en mal estado. En Luis Bello Trompeta, "Lugo. -La Capital", *Vida Escolar*, Nº 142, ano III (1929): 4.

[3106] En José del Peso y Sevillano, *Galicia y su Enseñanza Primaria* (Madrid: Arquivo JAE. Sinatura: JAE/115-391, xuño 1925).

[3107] En N. Pardo González, "La escuela en el campo", *El progreso*, Lugo, 31 de xullo de 1932.

[3108] En José Manuel Vázquez López, "Relación entre a defensa da escola rural cos inspectores e Mestres (Lugo 1900-1936)", *Educació i desenvolvement rural als segles XIX-XX-XXI* (Lleida: Universitat de Lleida, 2018), 161-175.

[3109] Ídem.

[3110] Estes factores foron estudados por Viñao e Narciso de Gabriel, facendo referencia aos altos índices de analfabetismo na provincia luguesa nos primeiros anos do século XX.

[3111] Os factores relacionados co alto absentismo escolar en Lugo eran aclarados nunha carta do gobernador civil da provincia ao Reitor da Universidade de Santiago de Compostela xa en 1885. Esta carta describía o clima acusadamente invernal e os longos traxectos dos nenos ata as escolas. Do mesmo modo, xa incidía neste aspecto en *El Periódico Semanal de Instrucción Pública* editado en Madrid en novembro de 1884. Ámbolos dous documentos

> ¡Claro'!- dice, casi llorando—. Yo como no puedo asistir a la escuela más que dos o tres meses cada año, porque tengo que alternar con mis hermanos que están trababando mientras yo vengo, pues lo que el señor maestro me enseña en estos meses se me olvida enseguida, y como en mi casa no tengo ningún libro.[3112]

Os inspectores afirmaban que un dos problemas máis graves detectados nas zonas rurais era a *irregularidade na asistencia*, debido principalmente ao tradicionalismo e a enorme dependencia agraria das familias. Así, o elevado índice de absentismo escolar converteuse nun dos aspectos máis graves nas numerosas zonas rurais. Os inspectores conscientes do problema observaban como os alumnos deixaban de acudir aos centros educativos, trasladando esta circunstancia á *Junta Local e Provincial*. Polo xeral, no tempo que o alumno non acudía as clases, as mulleres eran quen exercían o coidado dos menores nos fogares, encargándose da educación dos cativos mediante os escasos recursos persoais. Era frecuente que os homes tiveran que traballar por unha cuartilla de terra ou xornal fóra do fogar, mentres a muller esperaba coidando da casa. Nun sentido amplo, o traballo feminino ocupaba múltiples quefaceres: agrario, limpeza, administración e crianza... Esta acumulación de ocupacións semellaba unha tarefa ardua, pero permitía liberar ao resto dos integrantes familiares destes traballos.[3113] O inspector José del Peso explicaba esta situación en relación coa elevada ausencia dos alumnos e alumnas nas escolas.[3114]

Ante a aguda dispersión poboacional os *mestres de ferrado* xogaron un papel histórico importante, ante a falta de institucións escolares oficiais próximas. Tema estudado por Narciso De Gabriel na súa obra publicada en 1990, titulada: *Leer, escribir e contar*.[3115] O xornalista Luis Bello foi testemuño deste panorama, por exemplo na vila de Landrove existían dúas escolas: unha situada na taberna e outra de fundación rexentada polo cura.

> La escuelita, como las escuelas de Landrove, maestra, luchando con los malos hábitos del país: las niñas trabajan demasiado pronto, y la enseñanza es algo accidental, discontinuo, en pequeña familia. El maestro tiene su local en la casa de la taberna.[3116]

poden consultarse en Sección de Educación: (Lugo: Arquivo Provincial de Lugo, fondo do Concello coa sinatura: 931). Tamén pode consultarse a estatística escolar de 1938 emitido en Alcalde da cidade en: "Estadística escolar de 1938", (Lugo: APL, sinatura: 1200-02).

[3112] En Germán Lastra, "La escuela del porvenir- Ojeada retroespectiva. El Niño", *El Progreso,* Lugo, 8 de xaneiro de 1932.

[3113] En Lugo a gandería era unha das principais actividades económicas. En José de Cora Paradela, *Lugo XX Historia de un siglo* (Lugo: Edit. *El Progreso*, 1999), 43.

[3114] En José del Peso y Sevillano, "Galicia y su Enseñanza Primaria" (Madrid: Arquivo JAE. Sinatura: JAE/115-391, xuño 1925) 10.

[3115] Vide Narciso De Gabriel Fernández, *Leer, escribir e contar* (A Coruña: Do castro, 1990).

[3116] En Luis Bello Trompeta, "Vivero. Campo y Mariña", *Vida Escolar,* Nº 159, ano IV (1930): 1-2.

Ilustración 166. Xuventude lucense colaborando nas tarefas agropecuarias (editada en *Lugo XX: Historia de un siglo)*

b) *Fase de análise de posibles solucións aos problemas da escola rural.* Nesta segunda fase de avaliación, os inspectores analizaron as causas e consecuencias do abandono da escola rural.[3117] O atraso do ensino primario suscitou unha considerable preocupación no século XX para os gobernos. Neste sentido, o inspector José Soto Campo realizou un informe describindo a situación e a alta "in-asistencia" escolar.[3118] Este aspecto foi analizado de forma máis formal a partir de 1923, coincidindo coa celebración do primeiro *Congreso Pedagógico Lucense*.[3119] Precisamente dous dos temas máis destacados deste evento foron: o alto índice de absentismo escolar e o abandono do ensino público máis agudo nas zonas rurais.[3120] No APL atopamos varias cartas referidas a este asunto.[3121] Respecto a esta circunstancia, o inspector José del Peso estudou a asistencia máxima e mínima no curso escolar correspondente ao ano 1922: o resultado deste estudo afirmaba que o mes de máxima afluencia escolar era xaneiro, conformando así unha liña en forma de campá, onde os meses con maior absentismo coincidían coa época de sementeira e recolleita.[3122]

Outro problema analizado polos inspectores foi a *diferenza de posibilidades de acceso á cultura* entre as zonas rurais e as urbanas. Polo xeral o nivel de alfabetización das cidades era un pouco maior xa que os nenos e nenas tiñan máis oportunidades de obter unha cultura letrada. Polo xeral, nas urbes existía un maior nivel cultural, sendo zonas máis sensibles á proliferación e multiplicación de estímulos de progreso. Non obstante nas zonas rurais, o campesiñado dedicábase á agricultura de xeito máis intenso e xeralmente non sentía a necesidade de aprender a ler nin escribir, situación que

[3117] En José Manuel Vázquez López, "Relación entre a defensa da escola rural cos inspectores e Mestres (Lugo 1900-1936)", *Educació i desenvolvement rural als segles XIX-XX-XXI* (Lleida: Universitat de Lleida, 2018), 161-175.

[3118] Este informe atópase no Arquivo Histórico da Universidade de Santiago, Sección Primeira Ensinanza, Lugo en 1903, editado en Antón Costa Rico, *Historia da educación e da cultura en Galicia* (Vigo: Xerais, 2004), 918-920.

[3119] Vide Juan Rincón Fernández, *Memoria acerca de los medios prácticos para conseguir la asistencia de los niños a las escuelas* (A Coruña: Imp. Galicia Minera, 1903).

[3120] En varios, "Congreso Pedagóxico Lucense", *El Progreso,* Lugo, 10 de outubro de 1923.

[3121] Estes documentos recollen as denuncias dos mestres ante a aguda falta de asistencia nas temporadas agrícolas, informando debidamente do problema detectado. En varios, "Denuncias" (Lugo: APL, fondo do Concello. Sinatura: 1422-02).

[3122] En José del Peso y Sevillano, "Galicia y su Enseñanza Primaria" (Madrid: Arquivo JAE. Sinatura: JAE/115-391, xuño 1925).

comezou a mudar durante os primeiros anos do século XX, pola presión de aprender a asinar contratos de compra e venda de terreo, e para adquirir novas propiedades. Si a estas circunstancias unímoslle a pouca consideración e investimento na educación pública de principios do século XX, obtemos unha situación de prexuízo educativo xeneralizado.

Como *solucións* primarias ao abandono escolar da provincia de Lugo atopamos a presenza de escolas de ferrado e de tempada, que foron artífices da alfabetización do mapa lugués nos antecedentes históricos desta provincia. Estes axentes, xunto ás de carácter privado creadas polas veciñanzas, foron as encargadas de ofrecer a cultura e educación da poboación rural, ante a falta dun sistema educativo sólido, moderno e ben constituído.[3123] Segundo José del Peso, as zonas rurais estaban máis illadas e era máis dificultosa a súa visita e estimulación pedagóxica. Pola contra as localidades próximas as vías de comunicación e comercio tiñan máis posibilidades de recibir influencias externas de modernización. As principais vías de comunicación unían a cidade de Lugo, Monforte, Ribadeo, Viveiro e Mondoñedo. Nestas localidades existía certo dinamismo e multiplicábanse as relacións sociais.[3124] Polo xeral estas zonas tiñan maiores posibilidades para albergar instalacións educativas e establecer mellores vías de comunicación. Por este motivo as súas escolas adoitaban reunir mellores condicións que as zonas de montaña, aspecto que influíu ás posibilidades de acceso á cultura.[3125] Ademais, a poboación feminina lucense alcanzaba uns índices de analfabetismo maiores que a poboación masculina, respondendo á tendencia xeral das rexións galaicas. A pesar destas nefastas condicións, nas primeiras décadas do século XX incrementouse o ritmo da alfabetización, especialmente nos anos trinta.[3126]

c) *Fase de realización de medidas de modernización escolar*. Coa chegada do primeiro bienio republicano intensificouse o movemento de modernización pedagóxica e a *difusión de novas teorías transnacionais*, na procura dunha nova cultura escolar, impulsada mediante unha serie de cambios lexislativos e polas accións dalgúns inspectores e mestres. Esta sería a fase de intervención, onde se levaron a cabo varias iniciativas pedagóxicas co fin de solapar a mala situación xeral da escola rural. Incluso produciuse a adopción dalgunha experiencia contemporánea de *ensinanza activa*, sendo estas unha excepción.[3127] Realizando unha visión conxunta, denotamos como xurdiron unha serie de propostas e accións de melloramento como: a realización da *Misión Pedagógica* na provincia, a creación de novas escolas estatais e indianas, a multiplicación de artigos na prensa local, a realización de traballos na *Semana Pedagógica Lucense* de 1933, a entrega de informes dos inspectores á *Junta Local e Provincial*, a realización de novas experiencias de comprensión lectora por parte de Luís Diego Cuscoy, a aplicación de experiencias de ensinanza activa de Gregorio Sanz ou Julián Pérez, a aparición de novas asociacións docentes, a celebración de *colonias escolares* na Mariña Lucense ou a realización de excursións.

[3123] En Narciso de Gabriel, *Ler e escribir en Galicia* (A Coruña: Universidade da Coruña: 2006), 155.

[3124] Afirmamos que os seus concellos eran máis ricos e influentes que os das comunidades máis illadas da provincia, algunhas visitadas máis tarde polas Misións Pedagóxicas.

[3125] En José del Peso y Sevillano, "Galicia y su Enseñanza Primaria" (Madrid. Arquivo JAE. Sinatura: JAE/115-391, xuño 1925).

[3126] Del Antonio Viñao Frago, "Del analfabetismo a la alfabetización. Análisis de una mutación antropológica e historiografía II" (Murcia: Universidade de Murcia. 1985), 221.

[3127] Referímonos principalmente ás experiencias de ensinanza activa levadas a cabo por Gregorio Sanz. Vide Narciso de Gabriel, "Gregorio Sanz, o mestre elocuente", *Sarmiento,* Nº 22 (2018).

Ilustración 167. Excursión ao Cuartel das Mercedes de Lugo (publicada en *Historia de un siglo*)

Nesta terceira fase denominada de intervención, a Administración pública intensificou as reformas: introdución do modelo organizativo escolar graduado, recoñecemento da necesidade de renovar pedagoxicamente as escolas, aumento da creación de escolas autorizadas pola *Junta de Construciones Escolares* (1918), ampliación da obrigatoriedade de asistencia escolar ata os 12 anos, impulso da ensinanza pública, aplicación do laicismo escolar ou o fomento de experiencias activas e coeducativas.[3128] As sucesivas reformas administrativas e a creación de novos centros viuse intensificada especialmente no período do *primeiro bienio* reformista da Segunda República (1931-1933). Paralelamente, os inspectores comezaron a publicar artigos, manifestando a necesidade de introducir estes cambios nas escolas rurais para combater a falta de asistencia escolar e a organización non graduada.[3129] Especialmente multiplicáronse as reivindicacións deste tipo, coincidindo coa *Semana Pedagógica Lucense* de 1933.

Igualmente, a evolución da construción de institucións de ensino primario público sufriu un segundo balance positivo, iniciado nun primeiro momento no ciclo da Ditadura de Primo de Rivera.[3130] A medida que aumentaron as escolas públicas nas zonas rurais reduciuse a presenza de escolas particulares. Neste sentido, a provincia lucense foi pioneira en España no descenso de entidades privadas dende 1886 ata 1929, en total desapareceron 116 escolas deste tipo.[3131] Fenómeno explicado polo inspector de ensino primario José del Peso nun artigo da revista *Vida Escolar* en 1928. Malia os avances que se produciron na educación española na Segunda República, o ensino

[3128] Este proceso iniciouse a comezos do século XX coa creación do creación do *Ministerio de Instrucción Pública y Bellas Artes*. Este foi un dos aspectos máis significativos ao darlle á educación unha maior inportancia e autonomía. Ao longo dos anos, este Ministerio foi ensanchando a súa estrutura coa creación en 1911 da *Dirección General de Enseñanza Primaria*.

[3129] En Antonio Quintela Ferreiro, "Renovación de la escuela rural", *El Progreso*, Lugo, 17 de marzo de 1932.

[3130] Vide Teresa Rabazas Romero y Carlos Sanz Simón, "Entre el trabajo infantil y el abandono temprano. La educación de la mujer en la dictadura de Primo de Rivera a través de los informes de inspección", *Pedagogias alternativas y educación en los márgenes a lo largo del siglo XX* (Valencia: Universidade de Valencia, 2022), 168.

[3131] En E. Ferreira, "Nombramiento de Enrique Ferreira como comisario da la Federación Nacional de Maestros Católicos" (Lugo: APL. Fondo Concello. Sinatura: 1422-02, 1936). Neste documento constituíuse unha comisión para desenvolver o programa das escolas nacionais de Primeiro Ensino, simplemente aparece un comunicado, porque non detalla máis información

primario continuaba nunha situación de certo abandono, os esforzos do primeiro bienio non foron suficientes para paliar tantos anos de descoido escolar. Segundo o mestre Quintela Ferreiro, en outubro de 1932 as escolas das zonas rurais de Lugo necesitaban unha urxente renovación. Para isto consideraba unha prioridade combater a pobreza das familias que non podían prescindir do traballo infantil, principal causa de absentismo escolar. Neste senso, apuntaba:

> Es un hecho triste, pero real, que el campesino no pueda prescindir del trabajo de sus hijos,…, más adelante, en el verano, que trabajen, que se acostumbren a luchar por la vida. Es lo natural y lógico.[3132]

Ilustración 168. Eladio Marcos Rodríguez/Marcos da Abeleda (Sober 1908-2000), emigrado a Arxentina (publicada en *Lucenses singulares)*

Noutro artigo de Antonio Quintela Ferreiro, o mestre de Vilalba propoñía unha serie de solucións para conseguir a procurada *renovación escolar* nun artigo titulado: "Renovación de la escuela rural".[3133] Nesta publicación avogábase pola aplicación dunha ensinanza centrada no contacto coa natureza e os centros de interese do alumno.[3134] Ademais, enxalzaba a importancia do contorno rural como medio para o ensino e aprendizaxe, empregando os paseos pola natureza para explicar leccións de: matemáticas, linguaxe, moral, etc.[3135] Noutra publicación, e disertando sobre o tema do absentismo escolar, o inspector Jacinto Ruiz Santiago propuxo que unha posible solución á falta de asistencia escolar nos períodos de recolleita e recolección, era adaptar as horas de clase ás faenas agrícolas.[3136] Emporiso que na Semana Pedagóxica de 1933, José María Pérez Brún sinalou a necesidade de intensificar o seu proxecto individual denominado Misións Culturais,[3137] experiencias sumadas ás que se realizaron pola provincia, conforme o pensamento de Cossío.[3138]

A pesar de que historicamente o inspector era unha figura de control importante para detectar a mala situación laboral dos mestres, tralo *primeiro bienio* republicano, esta función adquiriu un carácter máis pedagóxico, orientando aos docentes rurais na tarefa de educar en condicións difíciles. Isto significaba cambiar o paradigma tradicional do inspector fiscalizador, por unha figura máis técnica e orientadora. Esta nova faceta trasladaba elementos de modernización á escola rural, apreciándose un leve

[3132] En Antonio Quintela Ferreiro, "Problemas de la escuela actual", *El Progreso,* Lugo, 14 de outubro de 1923.

[3133] Ídem.

[3134] Vide José Manuel Vázquez López, "Las experiencias de educación artística en PnaC (1922-2010)", *XIX Coloquio Historia de la Educación Imágenes, discursos y textos en Historia de la Educación* (Madrid: Universidade de Alcalá, 2017), 309-313.

[3135] En Antonio Quintela Ferreiro, "Renovación de la escuela rural", *El Progreso,* Lugo, 18 de marzo de 1932.

[3136] En Jacinto Ruiz, "La primera enseñanza en la provincia de Lugo-1927", *Vida Escolar,* Nº 40, ano I (1927): 4.

[3137] En varios, "Número especial sobre a Semana Pedagóxica Lucense", *Vida Escolar,* Nº 336, ano VII (1933): 4-32.

[3138] En Manuel B. Cossío, "Las Misiones Pedagógicas. Introducción a Patronato de Misiones Pedagógicas. Setembro de 1931", *Boletín de la ILE,* Nº 89 (1934): 98

cambio na mentalidade social e institucional. Pero, por enriba de todo, o proporción de mestres para apoiar por "xurisdición" inspeccionada era moi elevada, chegando a xirar unha soa visita anual por escola ou incluso menos.[3139] Estes avances foron lentos, aparecendo algunha publicación na prensa lucense afirmando que existía un certo melloramento das condicións da escola pública.[3140]

Facendo referencia ás *conclusións* ou resultados obtidos, cabe sinalar como algúns inspectores que traballaron na provincia de Lugo foron axentes que colaboraron a prol da *modernización escolar* das zonas rurais, como Joan Comas, Luis Soto, José Galera ou José del Peso. Nun primeiro momento informaron sobre a mala dotación da escola rural lucense e logo analizaron a situación. Por último, nos anos trinta intensificaranse as accións pedagóxicas e administrativas xa estudadas neste traballo.[3141] En efecto, dende 1900 ata 1936, a inspección foi un corpo que traballou a prol da mellora escolar, o seu traballo impulsou o ensino primario, o progreso cultural, a creación de escolas e a dinamización pedagóxica (ver congresos). Estes aspectos cobraron unha maior importancia no *primeiro bienio* da Segunda República, porque ofreceuse un modelo educativo democrático, baseado no impulso que deu primeiro a ILE, dende a súa fundación en 1876, e as ideas da Escola Nova que especialmente impulsou Lorenzo Luzuriaga e as viaxes de estudos da JAE. Nestes anos a ensinanza estaba considerada como un medio activo para fvorecer as capacidades dos escolares e favorecer un clima educatico acorde coa modrnidade que traía a república. Pero estes esforzos non foron suficientes. A pesar da visión innovadora e renovadora dalgúns mestres e inspectores, a realidade mostraba unha escola lucense que seguía sufrindo un elevado índice de absentismo escolar e graves deficiencias nos aspectos pedagóxicos, materiais e hixiénicos.

Pero recapitulemos aínda máis, para realizar estas conclusións en primeiro lugar empregáronse os fondos documentais do Arquivo Provincial de Lugo e a Administración Central. En segundo cómpre sinalar a importancia documental das publicacións da prensa nacional, provincial e local, fontes imprescindibles para coñecer a relevancia da función dos inspectores na creación de escolas e na dinamización cultural ou a traxectoria vital dos inspectores, centrándose nas accións máis significativas do proceso renovación pedagóxica desde 1900 a 1936 na provincia de Lugo: recóllense, entre outros, o nome de Luis Soto Menor ou José del Peso y Sevillano. Para isto as achegas nutríronse dos documentos en arquivos, bibliotecas, librerías de Lugo e de fóra da provincia: o arquivo Xeral Universitaria en Santiago e o Universitario, pero tamén ao Arquivo Histórico Nacional e á Real Academia da Historia en Madrid, ao Arquivo Central do Ministerio de Educación en Alcalá.

Por outro lado, cómpre incidir en que a escola foi o principal "centro de interese" dos inspectores para explicar os cambios pedagóxicos na denominada "Idade de Prata".[3142] A súa vez, os xiros na pedagoxía provincial tivo como principais

[3139] En Matilde Mantecón, *Joan Comas Camps, de pedagog a antropóleg* (Menorca: Edicións Institut Menorquí d´Estudis, 2001), 152-153

[3140] En J.M. Ruiz Jiménez, "El maestro nacional", *El Progreso*, Lugo, 20 de outubro de 1929.

[3141] Influencia da climatoloxía, demografía, dispersión de habitantes, pobreza de recursos, privación cultural, dependencia agraria, absentismo escolar, falta de vías de comunicación adecuadas, metodoloxía inadecuada e organización pedagóxica obsoleta. En José del Peso y Sevillano, "Galicia y su Enseñanza Primaria" (Madrid: Arquivo JAE. Sinatura: JAE/115-391, xuño 1925).

[3142] Cítase a Idade de Prata facendo fincapé no aspecto de modernización pedagóxica, sen esquecer a renovación científica e literaria sucedida a comezos do século XX.

protagonistas aos inspectores e mestres. Os dous sucesos máis substanciais do pasado educativo en Lugo foron os dous congresos pedagóxicos celebrados en 1923 e 1933. Estes eventos educativos lograron reunir a un gran número de educadores aglutinando importantes cuestións teóricas, ideoloxías, empíricas, estruturais e contextuais. Aspecto que contribuíu ao desenvolvemento escolar lucense no século XX. Estas citas configuran unha parte importante da reconstrución histórica educativa que conforman o patrimonio cultural lucense. Os congresos descubriron as achegas privadas e públicas máis significativas que se aplicaron posteriormente na rede de centros escolares en Lugo. Por este motivo, a vida profesional dos inspectores favoreceu a recuperación pedagóxica dunha escola pública abandonada. Ademais, estes axentes tiñan bastantes inquedanzas intelectuais representados nos traballos e artigos publicados na prensa local. Isto explica en parte "a historia da escola en Lugo", limitada e relacionada cos factores culturais, físicos, políticos e cos costumes da sociedade lucense.[3143]

Durante a análise do percorrido histórico apréciase como a consideración da educación pública foi cambiando segundo os distintos gobernos. Esta importante cuestión nacional dependía da administración rexente. Unha circunstancia que ganou impulso coa creación e expansión dunha rede de institucións escolares na provincia iniciada en 1907, segundo a estatística escolar e os expedientes dos inspectores de primeira ensinanza analizadas no cuarto e quinto capítulo respectivamente. Un proceso de dotación escolar con máis relevancia na década dos anos vinte e intensificado na década dos anos trinta. Isto marcou a consecución dos obxectivos que estiveron dirixidos á obtención do coñecemento sobre que pasou cos mestres e inspectores nesta provincia neste período determinado. A construción do desenvolvemento educativo histórico forma parte do avance da historia da educación provincial. Así precisouse a finalidade da investigación, en canto ás súas expectativas máis amplas en torno ao coñecemento da ensinanza primaria e á súa inspección en Lugo. O bosquexo do obxectivo xeral axudou a orientar a investigación, pretendendo acadar o coñecemento sobre a influencia e a evolución da ensinanza primaria en Lugo entre 1900 e 1936. Para isto os principais libros consultados tratan sobre a historia cultural galega, a educación, a lingua galega, os indianos, a economía e mesmo xeografía. Porque todos estes campos influíron de forma decisiva sobre a educación provincial e local. Para comprender a educación lucense, por exemplo, o clima é o conformador da paisaxe lucense e da organización dos costumes. Ademais, épocas de recolleita ou sementado marcaron o ritmo de asistencia aos colexios. Polo tanto, o estudo da historia educativa provincial abarca estudos que lle confiren un sentido global.

No presente estudo dos inspectores como factor de renovación, primeiro definiuse o obxectivo e despois formulouse a identificación de todos os elementos que conforman a validación das hipóteses. Así, neste traballo formuláronse hipóteses que tratan de describir a biografía dos inspectores e mestres en Lugo entre 1900 e 1936. Estes interrogantes foron estudados polo doutorando en base aos documentos atopados, en palabras de Signobos: "sin documentos no hay historia". Tamén estudiouse a relación da inspección coa organización de eventos pedagóxicos, o uso do galego, a ensinanza laica, aumento de escolas graduadas, excursións escolares, defensa da natureza,

[3143] Non esquezamos que existiu unha relación recíproca entre a escola e os factores culturais, físicos, políticos, sociais e económicos. Estas dependencia regulou os cambios no sistema educativo. Por este motivo neste estudo tivéronse en conta os diferentes cambios de goberno, o clima, o releve montañoso, as reformas educativas, as celebracións sociais e culturais. Ademais, os cambios na escola reguláronse a través dos cambios lexislativos. Esta normativa está recollida no apartado da bibliografía e citadas ao pé de páxina ao longo dos distintos capítulos.

incremento da participación en revistas educativas e aumento do societarismo. Partindo dos descubrimentos, o método descritivo constituíu unha das ferramentas, procedementos, instrumentos e xeitos de reconstruír a historia educativa: así, este traballo partiu do análise cualitativo do contexto a nivel económico, político, social, cultural, climático, orográfico, as regras, as normas, os modos de vida e as sancións aplicadas aos inspectores.

Esta análise histórica parte da teoría, na que o medio (social, físico, económico, político e científico) propina constantes influxos á escola, e viceversa. Estas influencias externas e internas condicionan o axuste ou desaxuste do funcionamento da inspección na súa realidade. O estudo do proceso de adaptación da escola ao longo dos anos axuda a comprensión e unha mellor ensamblaxe. Obsérvase así unha clara sensibilidade do sistema educativo ao medio e as relacións onde se constrúen os alicerces da escola actual. Alén disto, este traballo intentou estudar cada un dos factores que influíron á escola e por contigüidade á inspección. Función realizada a prol do coñecemento histórico e educativo do pasado de Lugo. Abranguendo as datas máis representativas da renovación pedagóxica, como os movementos intelectuais da Segunda República na cidade de Lugo.[3144]

Para constatar a influencia dos inspectores no ensino primario, primeiramente realizouse a obtención de datos sobre os fenómenos educativos máis relevantes entre 1900 e 1936. En segundo lugar fíxose a recolección de datos sobre a inspección. E, por último, rexistrouse a información para a súa posterior análise. A técnica de observación e análise empregada seguiu os seguintes pasos:

1. Primeiro determinouse o obxecto de estudo: inspectores e mestres de ensino primario (Lugo, 1900-1936).
2. En segundo lugar formuláronse os obxectivos e hipóteses correspondentes.[3145]
3. Seguidamente seguiu a parte metodolóxica e os elementos de observación: biografías, artigos, correspondencia, lexislación, traballos, fotografías, publicacións, estatísticas, fenómenos e situacións influentes.
4. En terceiro lugar constituíuse o xeito de rexistrar os datos.

[3144] Datos confidenciais, cando non se tivo permiso do enquisado, o doutorando foi o responsable directo da non difusión dos nomes, direccións ou datos persoais dos inspectores. No que se referiu aos aspectos éticos, contouse coa aprobación e axuste da lexislación sobre protección de datos. Referímonos á Lei Orgánica 15/1999 do 13 de decembro de Protección de Datos de Carácter Persoal (LOPD) e o Real Decreto 1720/2007, de 21 de decembro, Regulamento de desenvolvemento da anterior Lei (RLOPD). Esta Lei Orgánica garante e protexe o tratamento dos datos persoais, as liberdades públicas e os dereitos fundamentais das persoas físicas. Tamén fai referencia especialmente á conservación da honra, intimidade e privacidade persoal e familiar. No obstante respectáronse as datas de consulta. Ao tratarse dunha cuestión de consulta da Administración Pública, a normativa que se tivo en conta para encaixar o acceso aos expedientes dos inspectores nos arquivos da AGA-ACME, foi a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico e Procedemento Administrativo Común (LRJPAC), que nos seus artigos 35 e 37 fai referencia ao dereito de acceso dos cidadáns aos documentos dos procedementos, arquivos e rexistros da Administración por parte dos cidadáns que o soliciten.

[3145] Entre os obxectivos da investigación destaca a contribución ao proceso de descubrimento do pasado histórico educativo-provincial. Neste sentido mantívose o idioma da fonte empregada naqueles textos onde a súa tradución comprometía ou modificaba o contido. Esta investigación partiu da revisión do estado da cuestión, fundamentado no coñecemento achegado polos estudos historiográficos. Os historiadores de referencia no presente estudo foron principalmente Antón Costa, Eugenio Otero Urtaza, Vicente Peña, Herminio Barreiro, Anxo Porto Ucha, Narciso de Gabriel, polo que corresponde a historia da eduación en Galicia sobre todo, e Eduardo Soler Fiérrez, Adolfo Maíllo, Alfredo Jiménez Eguizábal, Morente Díaz e Cuesta e Luís Batanaz Palomares, en relación coa historia da inspección educativa.

5. En cuarto lugar chegou a propia observación dos documentos e publicacións referidas ao tema.
6. En quinto lugar pasouse ao rexistro de datos atopados.
7. Sexto realizouse a análise e interpretación dos mesmos.
8. Seguidamente pasouse á formulación das conclusións.
9. Por último redactouse e elaboráronse os informes de observación sobre os inspectores e mestres. Neste caso o informe incluíu os resultados obtidos en todo o proceso de investigación.

Os resultados e consecución destas suposicións forman parte das conclusións finais do estudo. Para levar a cabo este fin foron fundamentais os documentos escritos, empregando tanto textos inéditos como os informes e traballos dos inspectores non publicados, como os textos impresos que foron editados. En definitiva, comprobar as hipóteses, entendidas como deducións ou suposicións que partiron dunhas análises cuantitativas e cualitativas. Tendo en conta isto, pódese dicir que son predicións que orientaron ao traballo. Estes supostos foron seleccionados segundo a súa relevancia e contrastados empiricamente mediante evidencias específicas claras. O fin da súa comprobación foi explicar as características que identifican a evolución e influencia do ensino primario e a súa inspección. A definición do problema foi o resultado da análise da información extraída na fase de fichado (arquivo, prensa, expedientes, bibliografía), gardado de datos e súa posterior revisión.

Por conseguinte, a base para a realización desta investigación foi a revisión previa do contexto, tendo en conta que o sistema educativo implantado lucense dependía da administración central. Para levar a cabo este proceso realizouse un traballo de verificación das fontes. Con esta acción pretendeuse fundamentar o percorrido da renovación pedagóxica sucedido no primeiro terzo do século XX, así como as viaxes coa JAE dos inspectores que traballaban en Lugo, como Joan Comas. Este proceso foi realizado en base aos documentos dos arquivos. Estas fontes contribuíron a descubrir o estado do ensino primario lucense dende 1900 ata 1936.[3146] En definitiva, esta investigación trata de dar resposta a cuestión xeral resolvendo as preguntas secundarias anteriormente expostas. Pódese afirmar que o proceso de renovación pedagóxica no primeiro terzo do século XX estivo vinculada ao traballo dos mestres e inspectores. Algúns destes axentes formaron parte da introdución de teorías de innovación educativa: Luis Soto, José del Peso ou Joan Comas.

Entre os inspectores e grazas ás relacións europeas dos institucionistas conseguiuse crear unha atmosfera de preocupación por unha escola primaria obsoleta. Estas novas inquietudes chegaron a Lugo principalmente pola boa vontade mostrada por determinados docentes e inspectores, en contacto coa realidade social e as novas teorías europeas. Así, neste apartado preténdese estudar a relevancia destas relacións e a posterior función pedagóxica institucional destes axentes. Unha importancia para a innovación pedagóxica da provincia de Lugo e a creación das escolas. Este estudo completouse coa realización do capítulo que desenvolve o estudo do contorno político e educativo español, galego e lucense. A provincia de Lugo distinguiuse por ter unha

[3146] En base as fontes documentais elaborouse o estudo educativo, dando sentido á historia do ensino primario e a súa inspección na provincia lucense. A recopilación documental constitúe unha importante labor para representar esta parte da historia da ensinanza primaria lucense. Representación xustificada mediante os informes, publicacións e expedientes persoais dos inspectores. Fontes nas que figuran diversos temas como: os textos que introducían novas teorías en favor da renovación pedagóxica provincial, a creación de novas escolas públicas de ensino primario, os cambios na lexislación e a descrición do mal estado da escola.

dispersión poboacional moi elevada que facía moi difícil a dotación escolar nas zonas rurais. Destacan neste sentido a contribución dos municipios e as fundacións privadas indianas, que fixeron importantes investimentos en infraestruturas educativas, sobre todo na Mariña Lucense e na Terra Chá. Neste capítulo tamén se aborda a cuestión dos sucesivos cambios no goberno e a súa política educativa, que empezará a ter un protagoismo que alcanzará o seu maior desenvolvemento durante a Segunda República. As melloras no ensino e o maxisterio público influenciaron o cambio, tratando temas como a expansión da escola graduada, o incremento das escolas de párvulos, o aumento das construcións escolares, así como a creación de cantinas, roupeiros e colonias escolares. Respecto ao maxisterio primario, trátanse as melloras na súa formación inicial e as actividades de formación.

Cómpre dicir tamén, que esta parte do traballo céntrase nos inspectores e na súa función en Lugo. Despois de investigar nas actividades realizadas por estes axentes despréndese a idea de que a inspección do ensino primario repercutiu de xeito positivo na actividade do persoal docente, no funcionamento e creación de centros escolares. O inspector como axente pedagóxico tivo unha importante función dinamizadora na creación de escolas e supervisión das institucións (tendo como referente de xeito especial á función realizada por Luis Soto Menor). Esta circunstancia adquire unha relevancia no presente estudo xa que está directamente vinculada á escola e os mestres . Por este motivo foi tratada de xeito pormenorizado neste capítulo. Para isto, foron de grande utilidade os documentos atopados nos arquivos e as publicacións referidas ao ensino primario en Lugo e a súa inspección. As fontes consultadas corresponden a documentos comprendidos dende comezos do século XX ata a chegada da Guerra Civil española e a súa represión sobre o profesorado e inspección. Para a súa elaboración realizouse unha revisión completa dos fondos do Arquivo Provincial de Lugo (APL). Estas catas foron complementadas coa consulta dos fondos pertinentes existentes no Arquivo Xeral da Administración e os da Universidade de Santiago de Compostela. Esta investigación recolle tamén as publicacións atopadas na prensa provincial, na bibliografía e nos documentos arquivados. O tipo de fontes documentais máis consultadas foron os informes dos inspectores, os expedientes persoais e as publicacións lucenses. Grazas a estas documentos achegáronse ao estudo os diferentes acontecementos que serviron de referencia para a elaboración da investigación. Os expedientes dos profesionais dedicados á educación foron de grande axuda porque sintetizan algunhas das inauguracións de escolas, congresos, publicacións, certames, días conmemorativos ou colonias escolares.[3147]

Para a inspección, cómpre tomar en consideración o contexto político español de comezo do século XX ata a chegada da Guerra Civil, este período resúmese nas seguintes liñas: En 1900 o panorama político en España se caracterizou pola Restauración política e a vixencia da Constitución de 1876. Dous anos despois en 1902, Alfonso XIII iniciou o seu reinado ata o 14 de abril de 1931. Anteriormente, en

[3147] Cómpre nomear cinco autores que conforman o groso histórico do estudo da inspección do ensino primario. Estas fontes secundarias constitúen o marco teórico nacional no referente ao estudo dos inspectores. Deste xeito, para a elaboración do presente estudo realizouse unha análise dos datos achegados polos investigadores especialistas. Os autores empregados para o estudo da inspección educativa xeral foron os seguintes investigadores: Eduardo Soler Fiérrez (1992, 2001) especialista no estudo, coordinación e recolección de estudos sobre a inspección en colaboración actualizada; Adolfo Maíllo (1989) especialista na función da inspección no desenvolvemento do sistema educativo español; Alfredo Jiménez Eguizábal (1984) especialista no estudo específico sobre a inspección de primeira ensinanza na Segunda República; Morente Díaz e Cuesta (2009) especialista na Depuración de funcionarios no franquismo e Luis Batanaz Palomares (2011) especialista sobre a inspección de Primeira Ensinanza durante a Guerra Civil e o primeiro franquismo.

setembro de 1923, se produciu o golpe de estado do Xeneral Primo de Rivera, finalizando sete anos despois. O 12 de abril de 1931 se estableceu eleccións municipais proclamándose a Segunda República, constituíndose novos gobernos republicanos e socialistas. O 19 de novembro de 1931 se aprobou unha nova Constitución política con vixencia ata 1939. O 15 de setembro de 1932 aprobouse nas Cortes o Estatuto de Autonomía de Cataluña.[3148] Por último a finais de 1933, o goberno conservador conseguiu poñerse o fronte do Goberno.

En relación á inspección, a ILE constituiría en España a punta de lanza na introdución de novas teorías europeas no referente á educación. Os cambios promovidos por este movemento foi o escenario de fondo para o desenvolvemento dunha rede de inspección máis técnica e menos burocrática. A maioría dos inspectores mantiveron unha vida activa, organizando e participando en certames e actividades pedagóxicas. Na súas traxectorias profesionais destacaron a participación dos inspectores nos congresos pedagóxicos lucenses de 1923 e 1933 recollidos neste capítulo: a reconsideración dos períodos da infancia e da adolescencia trouxo consigo a aplicación de novas prácticas educativas e un papel máis activo do alumno. En 1933 os inspectores e mestres asociáronse emprendendo accións e orientacións para mellorar o sistema educativo provincial. Ademais, a escola foi estudada globalmente, xa que cada suceso está relacionado con outros que conforman a progresión histórica. Este aspecto tivo en consideración a relación entre a ILE e formación dos inspectores e mestres que traballaban na provincia luguesa.[3149]

Para o estudo da influencia pedagóxica da inspección, tívose en conta, dende unha perspectiva cultural, as variables históricas dos enfoques políticos, económicos e sociais. Así, este presente estudo constrúese en base a catro vertentes fundamentais: política, social, física e pedagóxica. É dicir, por un lado encóntranse os avances pedagóxicos introducidos polo movemento da Escola Nova, por outro as consecuencias que a renovación pedagóxica trouxo na sociedade lucense, e por último a relación cos cambios na lexislación que favoreceron os avances científicos. As dúas primeiras cuestións son conformadoras da terceira. Os sucesos sociopolíticos nacionais foron, releve en parte, o desencadéante das melloras na escola e a súa inspección. Os aspectos físicos serían o relieve montañoso de Lugo e o clima invernal. En efecto, dende catro dimensións acóutanse os conceptos e as relacións históricas tratadas na investigación, como pódese observar no esquema exposto posteriormente. Preténdese contemplar o conxunto de aspectos socioeducativos, as relacións sociais, políticas e pedagóxicas comprendidas no período histórico definido entre 1900 e 1936. Trátase de analizar os aspectos educativos e coñecer as repercusións que tiveron na escola, e por contigüidade, na sociedade; observando os diferentes cambios no proceso de renovación pedagóxica e a súa dimensión empírica na provincia de Lugo. Trátase dunha relación de ida e volta porque tamén a escola influíu nos catro factores. Así, as distintas variables mencionadas

[3148] En F. Marti Alpera, "El estatuto de Cataluña y la enseñanza". *Revista de Pedagogía*, (Madrid, agosto Nº 116, Ano X, 1931): 362-368.

[3149] En del Peso y Sevillano, J. "Expediente de José del Peso y Sevillano" Madrid. ACME-AGA. Sinatura: 083713-2576; e Galera Moreno. "Expediente de José Galera Moreno". Madrid. ACME-AGA. Sinatura: 018462-0075. Para Joan Comas Camps en Ortiz García C. e Sánchez Gómez L.A., (1994). *Diccionario histórico de la antropología española.* Madrid. Edicións do Consello Superior de Investigacións Científicas, p. 208; Para X. Fernández Fernández, "Xosé R. Fernández Oxea. Ben-Cho-Shey: un luchador por la adaptación de la escuela a la realidad gallega en el primer tercio del siglo XX", en Societat D´Historia de L´Educació del Països de Llengua Catalana, *La Renovació Pedagógica*. (Girona. Edicións CCG, 2003) 125-141.

producen unha rede interna de causas e efectos. A historia educativa de Lugo está influída polo percorrido sociopolítico, formando un binomio difícil de separar.

Coa exposición deste traballo obsérvase como o primeiro terzo do século XX foi un período de cambios profundos e constantes nas variables descritas. En definitiva, trátase de recoller dende un punto de vista científico unha parte do coñecemento educativo e cultural lucense no primeiro terzo do século XX. Preténdese construír unha visión global do proceso de renovación pedagóxica, empregando os documentos arquivados, as publicacións e a información extraída da bibliografía. Trátase de comprender mellor a historia observando a relación e a causalidade dos sucesos históricos da educación en Lugo. Con todo, procuramos concretar a trama de procesos e realidades da escola, describindo e explicando os acontecementos históricos asociados. Para isto tómase como fío condutor todos aqueles datos que nos achegan as fontes documentais. Estes puntos de apoio histórico teñen un carácter dinámico normalmente relacionados con procesos máis amplos e de maior orde como: a política, a cultura, a pedagoxía ou a economía. Estes foron factores que afectaron de forma decisiva o rumbo da historia da escola lucense, como provincia integrada nun estado español, centralizador, unificador e moi inestable nas primeiras tres décadas do século XX. Por este motivo, ao longo do estudo faise alusión as variables inter relacionadas, fenómenos e procesos socioeducativos máis complexos. En consecuencia, dous dos aspectos que vertebran todo o estudo foron: a influencia das teorías europeas achegadas pola ILE e os constantes cambios no contexto cultural, político e social. Estas características afectaron á historia educativa provincial, atravesada na súa cerna polos sucesos científicos, sociais, culturais, políticos e económicos.[3150]

Máis alá disto, a nivel internacional tamén eran tempos de cambio, por aquel entón en EEUU, o norteamericano Jerome S. Brunner partiu das teorías de Vigotski e Piaget, para deseñar unha nova concepción da aprendizaxe. Por outro lado, Brunner cuestionaba a ensinanza tradicional, un sistema bancario e pasivo onde o alumno simplemente acumulaba coñecementos de diversas disciplinas.[3151] En relación con isto, David Ausubel investigou as condicións do "aprendizaxe significativa" e a influencia das teorías de procesamento da información do discente.[3152] Na súa teoría psicolóxica os conceptos novos teñen que estar relacionados cos conceptos previamente adquiridos. Este modo de organizar os contidos influíu na construción curricular posterior iniciadas por L. Stenhouse[3153] e E, W. Eisner. En España, as teorías de Ausubel influirán as correntes psicolóxicas do século XX.[3154] Moitas destas teorías foron estudadas a través da JAE polos inspectores de ensino primario. No expediente de Joan Comas atopamos os carteis dos congresos aos que acudiu mentres tiña a praza en Lugo. Uns

[3150] Por exemplo, o caso máis notorio das discrepancias nacionais foi a Semana Tráxica de Barcelona en 1909 e o fusilamento de Ferrer i Guardia. Outro exemplo en relación a sucesos clturais Galegos foi a presenza en Galicia dos "mestres de ferrado". Estes educadores recibían a cambio de dar clase "un ferrado" da produción das terras veciñais. Vide N. Gabriel, *Escolantes e escolas de ferrado* (Vigo: Xerais, 2001).

[3151] Vide J. Brunner, *The relevance of education,* (Londres, 1962); J. Brunner, *Hacia una teoría de la instrucción* (México, 1972): UTEHA; J. Brunner, *Desarrollo cognitivo y educación*. Madrid: Morata e Linaza, J. L (Comp.) (1984). *Jerome Brunner» Acción, pensamiento y lenguaje* (Madrid: Alianza 1988).

[3152] Vide D.P. Ausubel, *Psicología educativa. Un punto de vista cognitivo* (México: Trillas, 1976) e Ausubel D. P., Novack, J. D., H. Hannesian, *Psicología educativa* (México: Trillas, 1983).

[3153] Vide L. Stenhouse, *An Introduction to Curriculum. Research an Development* (Londres: Heinemann, 1975).

[3154] A influencia exercida en España nos anos oitenta por Ausubel foi fecunda e ampla. Así atopamos publicacións na revista *Cuadernos de Pedagogía* e *Papeles de Psicología.* Neste proceso participaron un gran número de autores comprometidos coas súas teorías. Así colaboraron Cesar Coll, Mario Carretero, Jimeno Sacristán, Juan del Val, Pérez Gómez, Miguel Zabalza ou Juana María Sancho.

coñecementos trasladados, en parte, á provincia a través dos seus artigos en *Vida Escolar*.

A modo de conclusión e en base a estes datos, apréciase como Luis Soto Menor foi o principal axente de renovación pedagóxica do século XX ata a chegada da Guerra Civil en Lugo. A súa renovación e defensa do ensino público sustentouse na creación de colonias escolares na Mariña Lucense, realización dos dous Congresos Pedagóxicos de 1923 e 1933, organización dos cursos de maxisterio, elevación da espiritualidade do maxisterio, creación de máis de mil escolas, adaptación e construción de centos de institucións escolares, formación de cantinas escolares, bibliotecas, conferencias, "Festas da árbore" e "Festa do libro". Ourensán de nacemento (Zaín en 1881), este inspector foi esencial para a defensa da escola pública lucense. Ademais de desenvolver os eu cargo como Inspector Xefe colaborou estreitamente na organización de actividades pedagóxicas. Así mesmo, defendeu a creación de escolas públicas respecto a lexislación e participou nos certames pedagóxicos realizados na capital lucense. No seu destino tivo relación co tamén inspector e antropólogo Joan Comas. En Lugo foi unha personalidade importante pola súa destacada actividade profesional e política. Ademais publicou moitos artigos pedagóxicos na prensa local galega. O seu nome figura na *Gran Enciclopedia Galega*. Nas súas publicación utilizaba o pseudónimo de "El maestro de Zaín". Entre as súas accións pedagóxicas na cidade destacan a organización dos congreso pedagóxicos de 1923 e 1933. Por último, Luis Soto colaborou na redacción do Estatuto de Autonomía de Galicia nos aspectos educativos. Luis Soto tamén criticou a falta de inquietude urbanística pola construción de centros educativos adecuados. Asemade defendeu o cumprimento de respectar o número de escolas que determinaba a Lei Moyano. Entre o seu traballo a prol da elevación espiritual do maxisterio lucense destacou a creación dunha escola práctica anexa a Escola Normal de Mestras da cidade de Lugo. Preocupouse tamén polos nenos máis desfavorecidos, favorecería a creación de Cantinas Escolares, Roupeiro Escolar e as Colonias Escolares. A defensa do neno e do maxisterio foi promulgando a necesidade de cooperar coa acción benéfica do Padroado de Protección Escolar Lucense no referente as colonias, cantinas e roupeiros escolares. Por este motivo traballou en beneficio dos alumnos con necesidade específicas de apoio educativo, mediante a demanda dunha escola anexa a graduada que impartía clases especiais aos educandos enfermos psíquicos.

Alén disto, Luis Soto tamén formou parte do Padroado de Colonias Escolares de Lugo de 1926 ata 1936. Como podemos observar foi unha figura activa na dinamización cultural e educativa de Lugo. Entre os seus postulados defendeu a necesidade de crear escolas na zona rural lucense. Por este motivo tivo en conta a importancia de prestar máis atención ao censo escolar e a obrigatoriedade de asistencia á escola dos discentes. Introduciu nas xuntas locais aos pais das familias humildes que mostraban interese polo acondicionamento das escolas nacionais. No referente ao acondicionamento das escolas sinalou que os médicos visitaran as escolas para controlar a vacinación dos alumnos, as condicións hixiénicas das escolas e a prevención de enfermidades. Un aspecto moi importante foi a súa labor política combinada co seu cargo como inspector. Este feito tróuxolle dificultades na súa labor profesional. En unha ocasión foi cuestionado publicamente por Joan Comas na revista *Vida Escolar*.[3155] Finalmente someteuse ao proceso de Depuración do Goberno franquista e foi destituído, sancionado e apartado do servizo público. Posteriormente dedicouse ao comercio de marmelo e a dar clases

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[3155] En J. Comas Camps, "Carta Abierta (contestación)". *Vida Escolar* (Nº 236, ano V, 1931): 5-6

particulares. Máis tarde sería readmitido como mestre de ensino primario e máis tarde como inspector. Destinado na provincia de León, despois de uns meses recibiu a xubilación forzosa.

> La Institución Libre de Enseñanza se convirtió en el modelo de la Universidad y de los Institutos secundarios. Pero la escuela primaria fue más difícil de edificar. Para hacer una escuela laica, al modo francés, hubieran hecho falta veintisiete mil nuevas escuelas, pero los créditos sólo permitían empezar con una tanda de siete u ocho mil. Faltaban maestros. Por último disputar a las congregaciones religiosas sus seiscientos mil alumnos planteaba, además de los difíciles problemas prácticos, la más delicada cuestión psicológica: la de la religión.[3156]

Mediante o Decreto do 2 de decembro de 1932,[3157] levouse a cabo unha reforma da inspección de primeira ensinanza que duraría ata 1967.[3158] Este normativa estaba influenciada polas experiencias dos viaxes de estudos e os congresos promovidos pola JAE e a ILE. O Congreso Nacional de Pedagoxía de 1932 foi un certame importante para reflexionar sobre os problemas educativos do noso país.[3159] Un ano máis tarde, en Lugo celebrouse a Semana Pedagóxica de 1933.

Logo chegaría o gran conflito bélico e a depuración. Moitos inspectores procuraron o auxilio das organizacións republicanas. Coa vitoria do réxime franquista, a escola cesou de nutrirse das teorías vangardistas europeas introducidas pola JAE. O número de inspectores depurados con destino na provincia de Lugo foron dez: Luis Soto Menor, José Galera Moreno, Joan Comas Camps, José del Peso e Sevillano, Luís Jorge y Tellez de Meneses, Elisa Rodríguez Estévez, Jacinto Ruiz Santiago, Carmen Castilla Polo, Carmen Muñoz Manzano e Ubaldo Ruiz Tablada.[3160] Despois da depuración, a Orde do 20 de xaneiro de 1939 regulou as visitas dos inspectores seleccionados aos centros educativos.[3161] Por aquel entón, o traballo da inspección tiña un marcado carácter de control, fiscalización e orientación ideolóxica nas escolas.[3162] Unha das principais funcións era a exaltación do espírito relixioso e patriótico.[3163] Este aspecto era contrario ás teorías europeas de carácter laico. Os inspectores tiñan as ordes definidas no artigo 5º da citada Orde do 20. A mentalidade "adoutrinadora" tamén reflectiuse no novo material escolar. Nestes momentos produciuse unha clara ruptura social e ideolóxica na sociedade e a influencia pedagóxica dos inspectores decreceu, substituída por funcións de corte máis fiscalizador, dadas as circunstancias posbélicas.

[3156] En P. Vilar, *La Historia de España* (París, Editorial Librairie Espagnole, 1975) 122.

[3157] En *Gaceta de Madrid* do sete de decembro de 1932.

[3158] En R. Fenoy Rico, *Historia de la inspección en la educación*. Recuperado de http://www.edudactica.es/Docus/Ensayos/Historia4%20Inspeccion.pdf. "Historia de la Inspección", (2007): 15.

[3159] En *Congreso Nacional Pedagógico de 1882*, (Madrid): 97; e en A. Porto Ucha, *La Institución Libre de Enseñanza en Galicia* (A Coruña: Do Castro, 1986), 179.

[3160] En L. Batanaz Palomares, *La inspección de primera enseñanza durante la guerra civil y el primer franquismo* (Córdoba. Servizo de Publicacións de la Universidade de Córdoba, 2011) 198-205.

[3161] En BOE do 27 de xaneiro de 1939.

[3162] En F. Bohígas Gavilanes, *La inspección de Primera Enseñanza y la educación de la generación nueva* (Madrid. Cigüeña, 1941), 87-91.

[3163] En F Montilla Tirado, *Inspección escolar. Normas de pedagogía práctica* (Madrid. Escola Española, 1942), 33-36.

5. AS CONCLUSIÓNS XERAIS

Unha vez coñecidos os catro apartados que conforman os resultados da investigación, e de publicar seis comunicacións en congresos educativos internacionais e nacionais de historia,[3164] procederei a expor as conclusións que se derivan desta investigación. Estas terminacións pretenden responder aos obxectivos e as preguntas previamente realizadas e expostas no primeiro apartado, determinando os aspectos formais e describindo o proceso de modernización escolar levado a cabo entre 1900 e 1936 na provincia de Lugo. O resultado a estas cuestións coinciden coas pretensións primeiras e as respostas ás hipóteses establecidas, que trataremos a continuación, procurando responder na mesma orde en que foron presentadas nun primeiro momento.

5.1. CONCLUSIÓNS RESPECTO AO PROCESO DE MODERNIZACIÓN ESCOLAR

No albor do século XX empezou a emerxer en España unha nova *cultura escolar*, impulsada por un conxunto de modificacións lexislativas realizadas pola Administración Educativa, pero tamén por iniciativas levadas a cabo por algúns mestres e inspectores innovadores na provincia de Lugo. Así, comezou a aparecer un tímido proceso de renovación e modernización do modelo escolar "tradicional", fundamentado nas ideas propostas polo *rexeneracionismo* pedagóxico sucedido despois da crise finesecular. Así e todo, cómpre responder ata que punto as reformas promovidas pola ILE e o movemento da Escola Nova implicaron cambios significativos na *gramática escolar* lucense deste período (1900-1936)?[3165] En efecto, a presenza destas novas experiencias escolares non se traduciron nunha transformación inmediata na práctica.[3166] Foi un cambio lento e puntual debido principalmente: á falta de estabilidade política nacional, á forte instauración do modelo escolar tradicional lucense decimonónico, á insuficiencia de recursos escolares e familiares, ao inmobilismo e reticencia social aos cambios, á aguda presenza e tradición eclesiástica implantada, ao fluxo de capital humano dos procesos migratorios, á falta de *cultura escolar* e ao elevado analfabetismo instaurado na poboación. Alén disto, denotamos que na *gramática da escola* existía unha certa resistencia e falta de permeabilidade a estes cambios educativos, que tiveron máis intensidade no primeiro bienio da Segunda República (1931-1933). A pesar desta reticencia, incidimos que durante estes anos comezaron a realizarse diversas reformas e modestas innovacións na práctica escolar,

[3164] En José Manuel Vázquez López, "Las experiencias de educación artística en PnaC (1922-2010)", en *XIX Coloquio Historia de la Educación Imágenes, discursos y textos en Historia de la Educación* (Madrid: Universidade de Alcalá, 2017), 309-313, José Manuel Vázquez López, "Relación entre a defensa da escola rural cos inspectores e Mestres (Lugo 1900-1936)", *Educació i desenvolvement rural als segles XIX-XX-XXI* (Lleida: Universitat de Lleida, 2018), 161-175; José Manuel Vázquez López, "Factores influentes na formación da identidade docente da muller en Lugo (1900-1936)", *XX Coloquio- Congreso Internacional Historia de la Educación. Identidades-Intercionalismo, Pacifismo y Educación. Siglos XIX y XX* (Ourense: Deputación de Ourense-SEDHE, 2019), 235-238; en José Manuel Vázquez López, "Escuela de Madres-La Gota de Leche", *Actas do V Congreso Manuel Luís Acuña* (Orense: Deputación Provincial de Ourense, 2021) 129-131; e en José Manuel Vázquez López, "Introducción de actividades para a defensa da natureza na escola lucense (1900-1936)", *Pedagogias alternativas y educación en los márgenes a lo largo del siglo XX* (Valencia: Universidade de Valencia, 2022) 269-271.

[3165] Pode consultarse no Cadro 74: principais sucesos que afectaron ao ensino primario na provincia de Lugo.

[3166] Vide a Táboa 23: sobre a listaxe dos accionistas lucenses da ILE.

constituíndo así un conxunto de avances en materia educativa ao longo das primeiras décadas do século XX ata o estalido da Guerra Civil, describindo un suave, lento e incompleto proceso de *modernización escolar*. Este período foi impulsado e favorecido polas ideas do movemento internacional máis relevante nese período histórico: a Escola Nova, instaurado con máis forza no maxisterio durante o Goberno Republicano do primeiro bienio.[3167] Os docentes e inspectores que participaron neste movemento empregaron as ideas escolanovistas como medio máis efectivo para transformar e mellorar a escola, en moitos casos facéndoas súas, o que significa tamén unha paulatina transformación das súas prácticas: traducidas xeralmente na aplicación dunha metodoloxía máis *activa*, individualizada e a introdución do traballo manual aplicadas en 1916 na *Escola da Liga Santaballesa*. Tamén a través das revistas comézanse a trasladar á provincia de Lugo algunhas das ideas características deste modelo internacional como o Plan Dalton ou o método Winnetka.[3168] Así, neste traballo demóstrase como algúns inspectores e docentes que traballaron en Lugo seguiron un discurso rexeneracionista e transformador, apoiando o tan necesario proceso de modernización escolar. Mestres como Gregorio Sanz ou Julián Pérez Palacios levaron á práctica ideas escolanovistas. Inspectores como Joan Comas Camps, José Galera Moreno, José del Peso Sevillano e Luis Soto Menor apostaron por un modelo de modernización escolar, no que non faltou a difusión da idea da educación única e unificada.

O primeiro obxectivo desta investigación poderíase resumir na pregunta: Cales foron os avances na provincia de Lugo no proceso de modernización escolar levado a cabo a comezos do século XX? Os resultados presentados demostran que en Lugo se levou a cabo un conglomerado de reformas que podemos denominar proceso de modernización escolar, representado sobre todo pola multiplicación de centros escolares e a presenza de cambios que axudaron a dignificar en parte o mal acondicionamento do ensino primario nesta provincia. Así, enumeramos os principais avances sucedidos dende 1900 ata 1936: o aumento do número de escolas e prazas de mestres, a presenza de construción de novos colexios de orixe indiano, a realización de Colonias Escolares en verán, a visita das Misións Pedagóxicas a algúns municipios lucenses, o aumento da asistencia escolar, o maior investimento económico do Estado sobre todo no período do primeiro bienio da Segunda República, a presenza de institucións circumescolares que axudaron a mellorar as condicións dos discentes e a súa incidencia escolar (*Ropero Escolar, Cantinas Escolares, Escuela de Madres-LGL*, etc.), o aumento do asociacionismo docente, a implantación de tres escolas graduada na provincia entendidas como elemento de renovación escolar, o incremento significativo nas publicacións educativas trasladando solucións e novas teorías pedagóxicas, a aparición de novas imprentas, a influencia da ILE na provincia a través das publicacións, a realización de dous congresos pedagóxicos de bastante relevancia realizados en 1923 e 1933, a multiplicación de propostas favorables á introdución dun cambio curricular, a

[3167] Vide Antón Costa Rico, "Ecos, influencias e manifestacións da Escola Nova e Activa en Galicia", *Sarmiento. Revista Galego-Portuguesa de Historia da Educación*, Nº 25 (2021).

[3168] Respecto á escola activa citaremos as prácticas levadas a cabo en Lugo polo mestre Gregorio Sanz e Julián Pérez Palacios, en Gregorio Sanz, "Ensayo de escuela activa", *Revista de Pedagogía,* Nº 130 (1932): 454-458; e en Julián Pérez Palacios e J. J. Pérez Fernández, *Vida y Pedagogía de un maestro. Julián Pérez Palacios (1901-1984),* (A Coruña: Publicacións Arenas, 2011), 20, 24 e 40. Tamén, citamos como impulsor destas ideas escolanovistas ao inspector Joan Comas Camps, en Joan Comas Camps, "Escuelas Nuevas-Educación activa I", *Vida Escolar,* Nº 96, ano II, (1928): 3-5; e Joan Comas Camps, "Escuelas Nuevas-Educación activa II", *Vida Escolar,* Nº 97, ano II (1928): 3-4. Respecto á introdución do Traballo Manual en Lugo cómpre citar: en Vitoriano Tuñón y García, "Introducción del trabajo manual y un certamen pedagógico por el presidente de la Asociación del Magisterio lucense, Victoriano Tuñón y García" (Lugo: APL. Fondo: Concello. Sinatura: 930, 1906).

introdución da escola laica levada a cabo no período da Segunda República (asunto xestionado en Lugo por Luis Soto e Joan Comas), a experimentación dun cambio de concepción do coñecemento do medio natural endóxeno na escola, a redución do número de centros privados, a demanda por parte da inspección educativa de levar a cabo un necesario proceso de modernización escolar, tendo en conta a importancia dos inspectores como axentes de desenvolvemento pedagóxico.[3169]

En segundo lugar, convén desenvolver a pregunta previamente formulada: Cal foi a relevancia dos inspectores e mestres no proceso de modernización escolar lucense dende 1900 ata 1936? Respecto disto, nun primeiro momento convén incidir na importancia do crecemento exponencial do número de mestres e inspectores en Lugo.[3170] Circunstancia que se produciu grazas ás reformas escolares promovidas polo aumento poboacional,[3171] unha maior demanda de matrícula escolar, un incremento da asistencia escolar e un descenso da mortalidade infantil,[3172] grazas en parte á evolución científica e ao aumento da calidade de vida dos lucenses.[3173] Estes avances produciron á súa vez unha relación en cadea, creando un "efecto dominó" que provocou co tempo unha mellora dos índices de alfabetización. E seguindo con esta liña ascendente, cómpre facer fincapé nas melloras das condicións laborais dos mestres e inspectores: renovación da formación docente,[3174] no traslado de experiencias próximas á ILE, no aumento do sindicalismo como xeito de defender os dereitos dos traballadores da ensinanza,[3175] no progresivo aumento da muller como educadora e protectora da infancia,[3176] tendo en conta a humilde vida laboral dos mestres e mestras e o tradicional problema da financiamento docente.[3177] Asemade, temos que ter en conta a forte ruptura co modelo republicano que se implantou coa chegada da Guerra Civil, seguida dun proceso de depuración e militarización dalgúns mestres e inspectores que traballaban na provincia

[3169] En Joan Comas Camps, "Creación de centros escolares en Lugo", *El Progreso,* Lugo, 7 de xullo de 1931; e en *Gaceta de Madrid* do 5 de xullo de 1931 e posteriormente na do 19 de setembro de 1931.

[3170] En 1908 *Datos da Estadística Escolar de España de 1908* (1908) 393; para 1910 *Datos do Anuario Estadístico de Instrucción Pública de 1909-1910* (1910) 199; 1916, *Datos do Anuario Estadístico de España de 1911* (1911) 470-71 inclúense mestres titulados ou non empregados pola Administración; 1922: datos do *Anuario Estadístico de España de 1930* (1930), 619; 1926: *Ministerio de Instrución Pública: La primera enseñanza en España* (Madrid, 1927); 1928: *Datos do Anuario Estadístico de España de 1928* (1928), 577; 1931 e 1935: *Ministerio de Instrución Pública. Oficina de Informacións, Publicacións e Estatísticas: Estadísticas de Escuelas Graduadas,* (Madrid, 1935); 1932: *Datos do Anuario Estadístico de España de 1932,* (1932) 62 (o *Anuario* de 1932-33 dá uns datos diferentes); 1933: *Datos do Anuario Estadístico de España 1934* (1934), 82 (o Anuario de 1934/35 dá tamén datos diferentes); e en Antón Costa Rico, *Escolas e Mestres: da Restauración á II República* (Santiago: Xunta de Galicia, 1980), 380-386.

[3171] En Antón Costa Rico, *Escolas e Mestres. A educación en Galicia: Da restauración á Segunda República* (Santiago: Servizo Central de Publicacións, Xunta de Galicia. 1989), 26.

[3172] Vide a Táboa 10 sobre a mortalidade infantil por provincias galegas (1901-1939).

[3173] En Arbelo Cubelo, *Sanidad infantil en España,* (Madrid: Ministerio de la Gobernación,Dirección General de Sanidad, 1971) 145-147; e estudos de Salomó Marqués, "Un mestre catalán nunha aldea galega", *Revista Galega de Educación*, Nº 18 (1933): 60-64.

[3174] En "Reforma das escolas normais", *El Progreso,* Lugo, 28 de agosto de 1914; en José María Ramón Sánchez y R. C., "La formación de maestros en España (1838-2008): necesidades sociales, competencias y planes de estudio", *Educación XX1,* Nº 11, (2008) 79; e en Agustín Escolano Benito, "Las escuelas normales, siglo y medio de perspectiva histórica", *Revista de educación* (1982): 67.

[3175] En varios, "Asociacións", (Lugo: APL, Fondos do Goberno Civil, sinatura: 13035/19) e Vide *La Voz de la Verdad* (Lugo: 30 de maio 1931, 7 e 24 de decembro de 1931).

[3176] En Emilio Grandío Seoane, *Los orígenes de la Derecha Gallega: la CEDA en Galicia* (1931-1936) (A Coruña: Edicións do Castro, 1998), 102-106.

[3177] En varios, "Alquileres y denuncias de propietarios de locales", (Lugo: APL. Fondo Concello. Sinatura: 930, 1900-1936); en Manuel Panero, *Informe de Manuel Panero* (Lugo: APL. Fondo do Concello: Sinatura: 931); en Luis Soto Menor, *Informe de Luis Soto Menor da Junta Provincial de Lugo* (Lugo: APL. Fondo Concello. Sinatura: 1202-01, outubro 1924) e Antonio Quintela Ferreiro, *Problemas de la escuela actual, El Progreso,* Lugo, 14 de outubro de 1923.

luguesa.[3178] Unha circunstancia que veu acompañada da aparición de prófugos, dunha adecuación aos novos fundamentos ideolóxicos e educativos do franquismo[3179] e da existencia de profesorado exiliado e falecido.[3180] En Lugo, Ben Cho Shey puntualizaba no seu diario:

> Hoxe fai un mes que os militares ambiciosos se sublevaron e aínda non se axexa por ningures o remate dista guerra cruenta e feroz na que, tantas vidas, ilustres algunhas, se segaron e tantos fillos quedaron sen pai. Ó cabo do tempo pasado e ante a montaña inmensa de víctimas sacrificadas, pregúntase un si é posible que sexa tan grande a ambición dos homes e tan terrible a súa ferocidade que non repare en matar milleiros de semellantes i en arruinar a un país enteiro con tal de saírse co seu capricho.[3181]

Por outro lado, convén subliñar a importancia dos inspectores como axentes de renovación pedagóxica na provincia de Lugo dende 1900 ata 1936.[3182] Estes homes e mulleres tiveron que loitar primeiramente a un sistema de acceso á inspección cambiante, esixente e vinculado a EESM.[3183] Ademais, debido aos continuos cambios de goberno nalgúns períodos tiveron que ser traslados forzosamente, como xeito de control.[3184] Ademais, a *ratio* inspector por numero de escolas foi extremadamente alta no período estudado (1900-1936).[3185] Pero non todo foron malas condicións, durante estes anos conseguíronse melloras significativas: os soldos dos inspectores e mestres aumentaron,[3186] demandouse unha formación máis técnica e menos burocrática e concedéronse bolsas de estudos coa JAE ao estranxeiro. Ademais, a pesar da incidencia da inestabilidade política, produciuse un aumento progresivo de inspectores e inspectoras,[3187] o que redundou de forma positiva no apoio pedagóxico aos mestres. Nesta ampliación a presenza da muller comezou a ser relevante.[3188] Non obstante, no bienio reformador (1931-1933) pretendeuse constituír unha inspección máis forte, técnica e significativa. Unha idea xa anticipada por Giner, trasladada nun texto glosado de Maíllo en 1989:[3189] "la inspección debe ser una especie de Escuela Normal a domicilio".[3190]

[3178] Poden consultarse os mestres militarizados no Cadro 26. En Antonio Quintela Ferreiro, "Incorporación a filas de mestres" (Lugo: APL. Fondo Concello. Sinatura: 1202-01, 1936). Os docentes sancionados están recollidos no Cadro 28 (Elaboración propia).

[3179] En Listas de prófugos, "Listas de prófugos de 1926, 1927, 1928 e 1929 e 1930" (Lugo: APL. Fondo Concello. Sinatura: 1262).

[3180] En Consello Local, "Militarización dos mestres" (Lugo: APL. Fondo Concello. Sinatura: 1202-01, 1936).

[3181] En José Ramon Fernández Oxea, *Ben Cho Shey, Diario de Lugo, 1936* (Lugo: Deputación de Lugo), 42.

[3182] En Joan Comas Camps, "Expediente de Joan Comas Camps-Administración" (Madrid: AGA-ACME, sinatura: 16752, topográfica: 32/53, 1925).

[3183] En María Teresa López del Castilllo, "El acceso a la inspección profesional en el sistema educativo español", en Soler Fiérrez E., López del Castillo, Domingo Muñoz Marín, Antonio Molero Pintado e Elías Ramírez Aísa, *Estudios históricos sobre la Inspección Educativa* (Madrid: Escuela Española, 1995), 48. (Anexo 7.8.)

[3184] En *Gaceta de Madrid* do 17 de abril de 1926.

[3185] Vide a Táboa 19 sobre a distribución provincial de inspectores e número de escolas ao seu cargo en 1933.

[3186] Pode consultarse no Cadro 34, fonte: en Manuel B. Cossío, *La enseñanza primaria en España*, (Madrid: Edit. R. Rojas Museo Pedagóxico Nacional: 1915) 64-65; e en Juan Alfredo Jiménez Eguizábal, *La inspección de primera enseñanza en la segunda república española (1931-1936)* (Salamanca: Edit. Universidade de Salamanca, 1984) 121. Vide a Táboa 15 sobre o soldo e número de inspectores de Primeiro Ensino en 1915 e a Táboa 16 sobre o soldo medio dos inspectores 1924-1936.

[3187] Vide a Táboa 18 sobre a evolución do número de inspectores do ensino primario en Lugo (1900-36).

[3188] En Consuelo Flecha García, "La inspcción de primera enseñanza en la España del primer tercio del siglo XXI: modelos, contextos y protagonistas", *Historia Caribe*, Nº 33, volumen XIII (2018): 202.

[3189] En Adolfo Maíllo, *Historia crítica de la inspección escolar en España* (Madrid: Union Sindical de Inspectores Tecnicos de Educacion Basica, 1989), 104-105.

[3190] En Francisco Giner de los Ríos, "El problema de la educación nacional y las clases «productoras»", en *F. Giner de los Ríos Obras completas*, (Madrid: Espasa-Calpe, 1933), 237-295.

Para a reconstrución das particularidades históricas do proceso de modernización escolar nesta provincia,[3191] un dos aspectos máis significativo foron os traballos dos inspectores/as e mestres/as destinados en Lugo como fonte documental. O conxunto de informes, conferencias, epistolarios e publicacións achegadas ao longo do estudo ilustran a imaxe dunha escola en malas condicións e o inicio de medidas de renovación e modernización establecidas para remedialа.[3192] A inspección tamén xogou un papel determinante, sobre todo no referido á xestión de construción de escolas, á publicación de artigos pedagóxicos e á organización de congresos pedagóxicos provinciais.[3193] O conxunto de inspectores que máis destacaron nesta provincia como promotores da renovación escolar foron: Luis Soto Menor, Joan Comas Camps, José Galera Moreno, José del Peso y Sevillano e José Ramón y Fernández Ojea (Ben-Cho-Shey).[3194] Finalmente, é necesario incidir no proceso de depuración ao que moitos destes inspectores e mestres foron sometidos, perseguidos, sancionados, finados, exiliados ou conversos ao bando franquista.[3195] Respecto a estes últimos, Ben Cho Shey exteriorizaba a súa opinión no seu *Diario de Lugo*, amosando o gran dor que supoñía esta traizón:

> O Acuña, un dos nosos rapaces que parecía máis entusiasta e no que tíñamos máis confianza, fíxose feixista. Decepcións como esta hemos de ver moitas, pro non por eso deixan de ser doorosas.[3196]

En terceiro lugar, convén coñecer como era o ámbito escolar na provincia lucense de principios do século XX, respondendo así á cuestión: Cal era o estado da escola de Primeiro Ensino en Lugo segundo os mestres e inspectores entre 1900 e 1936? A escola, entendida como unha *institución alfabetizadora*, durante estes anos estivo caracterizada por: a mala dotación das escolas,[3197] o predominio da aplicación dunha educación metodolóxica tradicional fronte aos novos avances pedagóxicos,[3198] a excesiva dependencia das familias do campo e do mar e a súa incidencia no agudo absentismo escolar,[3199] o choque cultural entre a lingua ambiental e a lingua escolar no que a primeira saíu prexudicada,[3200] as malas infraestruturas para chegar aos colexios,[3201] o dominio da Igrexa na escola a través da aplicación da imposición dunha ensinanza

[3191] Vide Lynn Hunt, "Introduction: History, culture, and text", *The new cultural history* (California: University of California Press, 1989), 1-22; e Peter Burke, *Qué es la historia cultural* (Barcelona, Paidós, 2006).

[3192] En José del Peso y Sevillano, "Galicia y su enseñanza primaria", (Madrid: Arquivo JAE. Sinatura: JAE/115-391, xuño 1925), anexado e presente no arquivo da JAE; e en José Galera Moreno, "Expediente de José Galera Moreno" (Madrid: Arquivo JAE. Sinatura: JAE/58-23BIS).

[3193] Luis Soto Menor, "Informe a la Junta Local de Lugo" (Lugo: APL. Sinatura: 1202-01, 1924); Santiago Esteban Frades, *La inspección de educación*, (Castilla León: KRK edicións, 2014), 30; e Luis Soto Menor, "Paz, cultura, alegría...", *Vida Escolar,* Nº 336, Número especial sobre a Semana Pedagóxica Lucense, ano VII (1933): 11.

[3194] Menos Luís Soto, as accións dos demais inspectores concéntranse na fin dos anos vinte e tempo da República.

[3195] Vide a Táboa 14 sobre Profesorado/estudantes/inspectores de ensino sancionado en Lugo (1936-1942) e Luis Batanaz Palomares, *La inspección de primera enseñanza durante la guerra civil y el primer franquismo* (Córdoba: Servizo de Publicacións da Universidade de Córdoba, 2011).

[3196] En José Ramón Fernández Oxea, *Ben Cho Shey Diario de Lugo 1936* (Lugo: Deputación de Lugo, 2024), 44.

[3197] En Luis Bello, "Un raid- Villalba", *Vida Escolar,* Nº 148, ano III (1929): 3.

[3198] Vide Concepción Burgo López, "Lugo na Idade Moderna", *Historia de Lugo* (A Coruña: Vía Láctea. Capítulo III, 2001).

[3199] Vide a Táboa 6 sobre a asistencia máxima e mínima en 1922 e Benigno Rodríguez Santamaría, *Los pescadores del Norte y Noroeste de España* (Madrid: Imprenta Alemana Fuencarral, 1916), 278-279.

[3200] En Antonio Quintela Ferreiro, *Problemas de la escuela actual, El Progreso,* Lugo, 14 de outubro de 1923.

[3201] En Caseiro Nogueiras, Delfín, "A inspección educativa e a normalización lingüística no primeiro terzo do século XX". *Actas do V Congreso Manuel Luís Acuña* (Ourense: Deputación Provincial de Ourense, 2021); e en Benigno Rodríguez Santamaría, *Los pescadores del Norte y Noroeste de España* (Madrid: Imprenta Alemana Fuencarral, 1916), 278-279.

confesional,[3202] o progresivo aumento das escolas públicas e a redución dos centros privados (particulares, de tempada e de ferrado),[3203] o descenso da mortalidade infantil debido á mellora da calidade de vida e os avances médicos,[3204] a unha menor posibilidade de acceso á educación das mulleres,[3205] o aumento demográfico e a emigración como factores de flutuación do número de alumnos e alumnas escolarizadas e que asistían á escola.[3206]

En cuarto lugar, dentro do estudo social e do maxisterio preguntámonos: Cal foi o principal papel da muller na ensinanza primaria e na protección da infancia na provincia de Lugo entre 1900 e 1936, como parte do proceso de modernización escolar? No apartado 4.4.7. atopamos o estudo específico das *identidades socioprofesionais* desde a perspectiva de estudo de xénero. Tendo en conta como esta reconstrución histórica foi unha parte importante de progreso socioeducativo, que trouxo consigo melloras para as mulleres sobre todo respecto á alfabetización,[3207] á incorporación a estudos superiores e ao futuro ingreso laboral.[3208] Respecto ás principais características da incorporación da muller ao ensino como mestras en Lugo dende 1900 ata 1936 foron as seguintes: forte presenza de escolas privadas e eclesiásticas nas cidades herdanza do século XIX,[3209] educación separada por sexos, existencia dun currículo diferenciado, alto absentismo escolar das alumnas por dedicarse ás tarefas familiares e agropecuarias,[3210] aumento progresivo da presenza na provincia de mestras e inspectoras, aparición de reivindicacións sobre a importancia da educación das mulleres,[3211] condicións laborais

[3202] Vide Francisco Carballo e Alfonso Margariños, *La Iglesia en la Galicia contemporánea. Análisis histórico y teológico del período 1931-1936* (Madrid: Akal, 1978); e en Juan Alfredo Jiménez Eguizábal, "Xénese da función social e carácter profesional da Inspección Educativa en España (1849-1936)", *Revista de Educación,* Nº 17 (1998): 206.

[3203] En Joan Comas Camps, "Creación de centros escolares en Lugo", *El Progreso,* Lugo, 7 de xullo de 1931; e en *Gaceta de Madrid* do 5 de xullo de 1931 e posteriormente na do 19 de setembro de 1931; en Rodolfo Llopis, *La revolución en la escuela. Dos años en la Dirección general de Primera enseñanza* (Madrid: M. Aguilar, 1933), 168; e en José del Peso y Sevillano, "La cultura popular gallega", *Vida Escolar,* Nº 91, ano II (1928): 4.

[3204] En Arbelo Cubelo, *Sanidad infantil en España* (Madrid: Ministerio de la Gobernación, Dirección General de Sanidad, 1971), 145-147.

[3205] Rosa María Cid Galante, "Breve revisión á situación educativa do primeiro terzo do século XX no partido xudicial da Pobra de Trives e as primeiras mulleres que acceden aos estudos superiores", *Actas do V Congreso Manuel Luís Acuña* (Orense: Deputación Provincial de Ourense, 2021), 60.

[3206] Vide a Táboa 12 sobre a poboación galega e emigración lucense dende 1900 ata 1936 e o *Anuario Estadístico de España de 1934,* (1934) 16; e S. Carreira, "La población gallega creció en el siglo XX tres veces menos que la española". Extraído o 30 de outubro de 2017 de: https://www.lavozdegalicia.es/noticia/sociedad/2007/09/28/poblacion-gallega-crecio-siglo-xx-tres-veces-espanola/0003_6180120.htm.

[3207] En Narciso de Gabriel, *Ler e escribir en Galicia. A Alfabetización dos galegos e aalegas nos Séculos XIX e XX* (Monografías) (Coruña: Servizo de Publicacións da Universidade da Coruña, 2014). *Censo de Población de España de 1910* (1910, T. III) 7-15 para obter a poboación de máis de dez anos, e o *Censo de Población de España de 1900* (Madrid, T. II, 116-7, 202-3, 168-9, 234-5, 296-7) para todos os demais datos; (2) 1910: Datos do *Censo de Población de España de 1910* (T. II, 449-50 e T. III, 152, 234-7, 278-81, 316-19); (3) 1920: Datos do *Censo de Población de España* de (1920) 36; (4) 1930: Datos do *Censo de Población de España de 1930*, (Resúmenes generales) 4-7, para os datos de España e *Tomos Provinciales de Coruña, Lugo, Orense y Pontevedra del Censo de Población de España de 1930* (1930), 8-9, 6-7 e 55-53 e 2-7.

[3208] En José de Cora Paradela, *110 lucenes singulares* (Lugo: *El Progreso* de Lugo S.L. 2018), 43 e 46.

[3209] En Gobernador Civil, "Carta del Alcalde de Lugo al presidente de la Junta provincial de primera enseñanza en 1885" (Lugo: APL. Fondo Concello. Sinatura: 931, 1885).

[3210] A participación das menores nos traballos domésticos e agropecuarios provocaron un elevado absentismo escolar nos períodos de recolleita e sementeira, unha situación que privou a moitas escolares de recibir unha adecuada formación, agudizando o analfabetismo feminino que acadou unhas porcentaxes máis elevados que as do sector masculino: segundo os estudos históricos de Viñao e Narciso de Gabriel que fan referencia aos altos índices de analfabetismo nesta provincia nos primeiros anos do século XX.

[3211] Pode consultarse no Cadro 69. En Parga Serrano, "Reivindicación oficial da situación da muller no sistema educativo no. Congreso Pedagógico lucense de 1923", *El Progreso,* Lugo, 10 de outubro de 1923.

sombrías en escolas obsoletas e mal acondicionadas,[3212] presenza das primeiras lucenses que realizaron estudos superiores accedendo a postos cualificados,[3213] papel relevante da muller nas organizacións benéficas como protectora da infancia sen recursos,[3214] ensinanza e alfabetización infantoxuvenil.[3215] Mediante o estudo das composicións dos arquivos de vida profesional das docentes que traballaron en Lugo, observamos as súas traxectorias e experiencias profesionais que amosan a aparición dun grupo de mulleres activas, por regra xeral de dereitas e fortemente ligadas coa relixiosidade, que comezaron a constituír numerosas asociacións educativas e benéficas en toda a provincia.[3216] Estas institucións desenvolveron un importante labor social e caritativo, sobre todo nos anos vinte e trinta. As principais asociacións femininas constituídas ao longo do primeiro terzo do século XX foron: *Acción Católica de la Mujer*, *Escuela de Madres-LGL,*[3217] *Damas Catequistas, Madres de familia,*[3218] *Ropero Escolar,*[3219] *Cantina Escolar, Agrupación Feminina Lucense* ou *Las Juventudes Antonianas*.[3220]

Outra das preguntas secundarias importantes foi: Cales foron as principais tentativas de renovación pedagóxica no ensino primario na provincia de Lugo dende 1900 ata 1936?[3221] As *iniciativas de modernización* escolar sucedidas nestes anos xurdiron principalmente dende dúas vertentes: en primeiro lugar dende arriba por parte da Administración Educativa estatal e as súas correspondentes modificacións lexislativas, e en segundo lugar dende abaixo mediante as propostas persoais de diversos mestres e inspectores, ligados aos movementos nacionais máis importantes de progreso pedagóxico, comandados principalmente pola ILE, Escola Nova e o *Museo Pedagógico Nacional*. Continuando e respondendo á cuestión con que se abría este parágrafo, os principais feitos levados a cabo na provincia de Lugo (1900-1936) foron os seguintes: o aumento do número de escolas públicas (consecuentemente mestres e inspectores),[3222] a introdución de propostas de modernización escolar,[3223] a introdución da escola laica e a coeducación durante o primeiro bienio republicano,[3224] a creación de escolas indianas,[3225] a constitución de colonias escolares,[3226] as visitas ás localidades rurais

[3212] En Xunta Local, "Expediente de reorganización de la Junta Local de Primera Enseñanza" (Lugo: APL. Fondo Concello. Sinatura: 1202-01, febreiro 1908).

[3213] En Ana Cebreiros Iglesias, "O acceso das mulleres ao ensino secundario e superior en Galicia no primeiro terzo do século XX. Unha aproximación histórica", *Actas do V Congreso Manuel Luís Acuña*, (Orense: Deputación Provincial de Ourense, 2021); e en José de Cora Paradela, *110 lucenes singulares* (Lugo: *El Progreso* de Lugo S.L. 2018), 43 e 46.

[3214] En Emilio Grandío Seoane, *Los orígenes de la Derecha Gallega: la CEDA en Galicia* (1931-1936) (A Coruña: Edicións do Castro, 1998), 102-106.

[3215] Vide José María Azpeurrutia, "El maestro y las obras de protección de la infancia", *Revista de Pedagogía*, Nº 23, Ano II (1923): 411-416.

[3216] En Emilio Grandío Seoane, *Los orígenes de la Derecha Gallega: La CEDA en Galicia (1931-1936)* (A Coruña: Editorial Castro, 1998), 49.

[3217] Vide José Manuel Vázquez López, "Escuela de Madres-La Gota de Leche", *Actas do V Congreso Manuel Luís Acuña* (Orense: Deputación Provincial de Ourense, 2021).

[3218] En Asociación de Madres de Familia, "Denuncia pública en contra del juego y la exposición de revistas pornográficas", *El Progreso,* Lugo, 19 de xaneiro de 1921.

[3219] En Carmen Pardo Losada, "Estatuto Asociación Católica de la Mujer" (Lugo: APL. Fondo Goberno Civil, sinatura: 13040/01, 1922).

[3220] En "Las Juventudes Antonianas" (Lugo: Fondo APL do Goberno Civil, sinatura: 13035/19).

[3221] En Antonio Viñao Frago, *Innovación Pedagógica y racionalidad científica* (Madrid: Akal, 1990), 11.

[3222] Vide a Táboa 20 sobre o número de escolas nacionais existentes en Lugo dende 1931 e 1933 e Xose Ramón Barreiro Fernández, *Historia de Galicia IV. Edade contemporánea* (Vigo: Galaxia, 1981), 205.

[3223] En Gregorio Sanz, "Ensayo de escuela activa", *Revista de Pedagogía,* Nº 130 (1932): 454-458.

[3224] Referímonos á defensa dunha escola única e gratuíta que facilitaba o acceso á ensinanza a todos os alumnos. En Joan Comas Camps, "Lo que es la Escuela única", *El Progreso,* Lugo, 17 de xuño de 1931.

[3225] Pode consultarse na táboa 24. Vide Vicente Peña Saavedra, *Éxodo, organización comunitaria e intervención escolar* (A Coruña: Xunta de Galicia, 1993).

[3226] En Manuel Lorenzo Gil, "As colonias escolares", *El Progreso,* Lugo, 25 de xullo de 1914.

realizadas polas Misións Pedagóxicas e a distribución de bibliotecas,[3227] o importante traballo educativo e benéfico realizado polas numerosas asociacións,[3228] o aumento de imprentas e publicacións educativas,[3229] os dous certames pedagóxicos lucenses,[3230] as diversas propostas recollidas favorables á introdución de cambios organizativos e curriculares máis innovadores,[3231] a viraxe sobre unha concepción da ensinanza do coñecemento do medio nunha escola menos instrumentalista,[3232] e aos inspectores e mestres como axentes de desenvolvemento escolar.[3233]

Respondendo á cuestión: Quen foron os mestres e inspectores máis representativos para o ensino primario dende 1900 ata 1936? Convén sinalar a listaxe dos mestres máis importantes neste período na provincia de Lugo, sobre todo no referido á práctica de novas influencias: Domingo Saavedra Sánchez, Gumersindo Gómez Otero, Ángel Fernández Gómez, Mª. Concepción Currais Blanco, Camilo Fernández Díaz, José María Rodríguez Rivera, Evaristo de Cuena González, Victoriano Tuñón e García, Hortensia Friol e Friol, Marcelino Friol Novoa, Bernardino de Azpiazú Álvarez, Gregorio Sanz García, Pedro Saco Filloy, José Rois Castro, Antonio Farto Bravo, Carmen Pardo Losada, Concepción Fernández López, Emilio Ceide Vilar, Luís Diego Cuscoy, Claudia Otero Besteiro, Antonio Couceiro Freijomil, Antonio Pérez López e José Arévalo Simón, Julián Pérez Palacios, Rosario Vila Hernández, Juan Mariño López, Rosa Filomena Grobes Jeremías, Ángel Fernández Romero, Filomena Páramo Fernández, Felipe Carnicer, Felipe Paz Agrio, José R. Fernández Carral, Manuel Vázquez Barrio, Francisco Arias Galán, Juan Bautista Neira Arias, Pedro Seijo Vaamonde, Eduardo Lamela Pallín, Leonor Estevez Rodríguez, Rodrigo de Castro Osorio, Ángel Santos Vila, Antonio Pernas Martínez, Jesús Franco Fernández, Rogelia Aguirre Pardo, José Vázquez Senra, Ramón Salgado Toimil, Andrés Gómez Legaspi, Sergio Castilla López, Lola Viñas, López Piñoal (Piñol), Argimiro Rico Trabada, José Antonio Quintela Ferreiro,[3234] José Valcárcel, coñecido como o "cura Luna", Gabriela Nieto Chaín, Dionisio Roca Castro, Xoán Bautista Núñez Varela, Alfonso Fernández Vázquez, Francisco-Moisés Rivera Casas, Domingo Pérez Ocampo e Fermín Fraga Bello, Benjamín Álvarez Fernández, José López Varela, Enrique Suárez Couto,

[3227] Vide a Táboa 26 sobre as bibliotecas creadas nas escolas nacionais polo Padroado de Misións Pedagóxicas en Lugo. En Eugenio Otero Urtaza, *Las Misiones Pedagógicas: Una experiencia de educación popular*, Sada: Edicións do Castro, 1982); e en Eugenio Otero Urtaza, "O labor educativo de Rafael Dieste nas Misións Pedagóxicas", *Revista Galega de Educación,* Nº 23 (1995): 90-92.

[3228] En José Manuel Vázquez López, "Factores influentes na formación da identidade docente da muller en Lugo (1900-1936)", *XX Coloquio- Congreso Internacional Historia de la Educación. Identidades-Intercionalismo, Pacifismo y Educación. Siglos XIX y XX* (Ourense: Deputación de Ourense-SEDHE, 2019) 235-238; e en José Manuel Vázquez López, "Escuela de Madres-La Gota de Leche", *Actas do V Congreso Manuel Luís Acuña* (Orense: Deputación Provincial de Ourense, 2021), 129-131.

[3229] Poden consultarse as novas máis relevantes publicadas durante estes anos no Cadro 70. Vide María Paz Teijeira e María de la Torre, *A prensa en Lugo, dous séculos de historia* (Lugo: Servizo de Publicacións da Deputación Provincial de Lugo, 1997).

[3230] En varios, "Certame e Congreso de 1923", *El Progreso,* Lugo, día 10 e 12 de outubro de 1923; e en varios, "Semana Pedagóxica lucense de 1933", *El Progreso*, Lugo. 21, 22, 23, 24, 25 de xuño de 1933.

[3231] En Anexo 7.9. e Cadro 74.

[3232] En José Manuel Vázquez López, "Introducción de actividades para a defensa da natureza na escola lucense (1900-1936)", *Pedagogias alternativas y educación en los márgenes a lo largo del siglo XX* (Valencia: Universidade de Valencia, 2022), 269-271.

[3233] En Luis Soto Menor, "Informe a la Junta Local de Lugo" (Lugo: APL. Sinatura: 1202-01, 1924).

[3234] Cómpre destacar a este mestre pola aplicación dun moderno sistema de premios e castigos e organización escolar levada a cabo por Antonio Quintela Ferreiro. A súa escola funcionaba como un "centro de xustiza", onde os nenos adoptaban diferentes responsabilidades e cargos, aplicando unha *ensinanza activa* e os métodos de: aprendizaxe entre iguais, ludificación da aula e ensinanza mutua. Este mestre resaltou polo seu innovador modelo de organización escolar, baseado na aplicación de responsabilidades aos seus alumnos e alumnas. Vide Xosé Pombo Mosquera, *Liga Santaballesa. Historia dunha Escola Habanera 1907-2007* (Vilalba: Padroado da Liga Santaballesa, 2007), 437.

Antonio María Palmeiro Pérez, Cosme López Rodríguez, Jacinto Crespo Figueras, Segundo Moreno Barcia, Eladio Marcos Rodríguez, Ignacio Herrero Fuentes, Modesto García Parapar, Francisco Calvo Jarrín, Ricardo Goyanes Melgarejo, José María Gallo Gallo, Antonio García Penabad, José Vizoso Vizoso, Angel Fraga Orosa, Enrique Correa Álvarez, José Benito Guitián López, Camilo Saco López, José López Quintela, Francisco Varela Ouro, Dositeo Ramos López, Ticiano Picón San Miguel, José María Pereda Álvarez, María Vázquez Suárez, Benito López García, Mª. del Carmen Iravedra Otero, Matilde González López, Benigno Ledo González, Manuel Formoso Lamas (Arzúa), José María Pérez-Brun Pórtoles, Juan Encinar García, Amador F. Carral, José Galera Moreno, José S. Prol, Manuel Torrón Fole, Francisco Reigada (...), Francisco Medina (Pazamor), Manuel Cordeiro González e Juan Abramo Dios.[3235]

Respecto aos inspectores máis significativos que traballaron na provincia lucense a prol da modernización escolar achegamos os seguintes nomes, poñendo énfase no seu labor como difusores de novas teorías transnacionais: Manuel Panero y Martínez, Vicente Pérez Sierra (1885), José Soto Campos (1903), Manuel Lorenzo Gil (1912), Luis Soto Menor, inspector xefe da provincia (1914-1936), José del Peso y Sevillano (1922-1930), Jacinto Ruiz Santiago (1924), Joan Comas Camps (1927-31) (Pensionado 1928 e 29), José Ramón Fernández Ojea (1934-1936), José Galera Moreno (1935-1936) e Joaquín García Ojeda (1936-1961), substituíndo en 1936 a Luis Soto Menor no cargo de inspector xefe provincial e dándolle entrada ao cambio ideolóxico franquista.[3236]

En canto ás asociacións máis importantes da provincia de Lugo que complementaron a función educativa e asistencial da escolas foron as seguintes, respondendo así a pregunta cales foron as institucións socioculturais relacionadas directa ou indirectamente coa escola e a inspección do Primeiro Ensino en Lugo?: *Liga Santaballesa de Educación e Instrucción, Asociación benéfica "escuela de madres-la gota de leche",*[3237] *Asociación Católica de Maestros de Lugo, Asociación Maestros Interinos e Substitutos, Asociación del Ropero Escolar,*[3238] *Asociación de Maestros Nacionales del Partido de Lugo, Asociación Profesores de Magisterio Primario, Asociación Provincial de Maestros de Lugo, Confederación Nacional de Maestros, Instituto de Cultura Galega, Patronato de Protección Escolar de Pedrada-Cimavila, Alumnos do Maxisterio Primario de Lugo, Juventudes Antonianas, Agrupación Feminina Lucense e o Patronato de Protección Escolar de Lugo,*[3239] *Acción Católica de la Mujer, Damas Catequistas, Madres de Familia,*[3240] *e a Cantina Escolar.*[3241]

Por último, cómpre responder a que repercusións tivo a Guerra Civil para os mestres e inspectores na provincia de Lugo? En primeiro lugar afirmamos que se produciu unha persecución do ideario educativo republicano, poñendo fin

[3235] As iniciativas de modernización e os protagonistas están recollidos no Cadro 74 e no Anexo número 7.9.

[3236] Pode consultarse no Cadro 29.

[3237] Vide José Manuel Vázquez López, "Escuela de Madres-La Gota de Leche", *Actas do V Congreso Manuel Luís Acuña* (Orense: Deputación Provincial de Ourense, 2021).

[3238] En Carmen Pardo Losada, "Estatuto Asociación Católica de la Mujer" (Lugo: APL. Fondo Goberno Civil, sinatura: 13040/01, 1922).

[3239] En "Libro de asociacións lucenses" (Lugo: APL. Fondo: Goberno Civil 1900-1936); e directiva da Asociación de Alumnos do Maxisterio Primario de Lugo, "Información de Enseñanza", *El Progreso,* Lugo 27 de xaneiro de 1932; para Agrupación Feminina Lucense: en Marcos Villares Díaz, "A muller consevadora lucense: do labor social á organización da dereita política (1931-1933)", *Revista CROA Boletín do Museo do Castro de viladonga* (Lugo, 2014), 51.

[3240] En Asociación de Madres de Familia, "Denuncia pública en contra del juego y la exposición de revistas pornográficas", *El Progreso,* Lugo, 19 de xaneiro de 1921.

[3241] En "Las Juventudes Antonianas" (Lugo: Fondo APL do Goberno Civil, sinatura: 13035/19).

consecuentemente as ideas pedagóxicas implantadas na Segunda República, xa ao día seguinte do levantamento militar. En segundo lugar, estableceuse un férreo proceso de depuración dos mestres e inspectores, especialmente aos que tiñan algunha afinidade co ideario republicano. De xeito paralelo iniciouse un movemento de exaltación das ideas educativas do novo Réxime. Entre os depurados atopamos os seguintes inspectores: Carmen Muñoz Manzano, José Galera Moreno, Carmen Castilla Polo, Jacinto Ruiz Santiago, Joan Comas Camps, Luís Jorge Téllez de Menenses, José Ramón Fernández Ojea, José del Peso y Sevillano, Elisa Rodríguez Estévez, Luis Soto Menor, Ubaldo Ruiz Tablada e José Mª Díaz y Díaz Villamil.[3242] Nos primeiros meses de 1936 (agosto-novembro), dos 1491 mestres[3243] que traballaban na provincia de Lugo foron depurados 184, segundo os datos recollidos no BOP de Lugo.[3244] Tras realizar a respectiva investigación, temos constancia de que en total 291 docentes foron castigados, dos que 205 eran homes e 86 mulleres. Os nomes de todos os mestres e mestras depurados trasladáronse ao Anexo 7.6. do presente traballo.[3245] Tamén nos consta que houbo un proceso de militarización, o cal non foi moi significativo polo número de mestres recrutados.[3246]

A nivel provincial, as zonas de máis *estimulación educativa* foron a cidade de Lugo, a Mariña Lucense e a Terra Chá. Con relación a este último destino, concretamente grazas aos cambios educativos promovidos pola *Liga Santaballesa de Educación e Instrucción* e ao seu mestre Antonio Quintela Ferreiro. Achégase á conclusión de que no período estudado (1900-1936) houbo unha serie de cambios que conformaron, polo seu número e intensidade, un conxunto de reformas escolares na provincia de Lugo, denominado como xa dixemos un proceso de modernización escolar. Advertindo que a pesar das múltiples achegas modernizadoras, debido á falta de continuidade e de forza prevaleceu a *cultura escolar tradicional* das etapas anteriores. Esta conclusión foi o resultado do estudo comparativo entre os discursos pedagóxicos, informes, traballos dos mestres, inspectores e xornalistas como Luis Bello: onde non se detectaron discrepancias significativas, facilitando a reconstrución do devir histórico e educativo lucense, e do seu proceso de modernización escolar sucedido durante estes anos. Para isto empregouse o método de triangulación, sostido polas numerosas referencias que se achegaron ao longo do traballo de investigación.[3247] Ademais, grazas aos informes de inspección, ás fotos e aos diversos documentos probatorios, verificamos as prácticas e eventos relatados ao longo do traballo. Facendo un contraste comparativo entre as múltiples publicacións, destacamos as achegas dos diarios *El Progreso*, *El Heraldo de Villalba* e a revista *Vida Escolar*, entre outras. Estas publicacións ofrecen un bo garante da fidelidade das conclusións presentadas, apoiándonos tamén nas diversas referencias, fotografías e nos diversos materiais achegados: traballos escolares desenvolvidos nas

[3242] Pode consultarse nos cadros 58, 59 e 60.

[3243] En Antón Costa Rico, *Escolas e Mestres. A educación en Galicia: da Restauración á segunda República* (Santiago de Compostela: Consellería de Presidencia e Administración Pública, 1989), 383.

[3244] En Rodrigo Alvarado Iglesias, "A primeira etapa do proceso de depuración de mestres e mestras de Primeiro Ensino na provincia de Lugo: agosto-novembro de 19361", *Sarmiento*, Nº 18-19 (2015): 124.

[3245] En (1936-1942) "Expedientes de depuración da provincia de Lugo" (Madrid. Sección de Educación e Ciencia, Arquivo Xeral da Administración (MEC), cartapacio 251, sinaturas: 32/12744, 32/12743, 32/13204, 32/13211, 32/12730, 32/12734, 32/12742, 32/12740 e 32/12738); e en Rodrigo Alvarado Iglesias, "A primeira etapa do proceso de depuración de mestres e mestras de Primeiro Ensino na provincia de Lugo: agosto-novembro de 1936", en *Sarmiento. Anuario Galego de Historia de Educación,* Nª 18 e 19 (2015): 127-128.

[3246] En Consello Local, "Militarización dos mestres" (Lugo: APL. Fondo Concello. Sinatura: 1202-01, 1936).

[3247] En Luis Bello Trompeta, *Viaje por escuelas de Galicia* (Madrid: Akal, 1974) 137.

aulas e producidos nos colexios de ensino primario da provincia de Lugo dende 1900 ata 1936.[3248]

Por outro lado, convén sinalar que se denotou certa resistencia socioeducativa na *gramática da escola* establecida ante os cambios e reformas políticas. Convén situar ao lector, xa que a principios do século XX en toda a provincia luguesa dominaba un *modelo escolar tradicional, eclesiástico* e cun forte legado decimonónico de decadencia educativa.[3249] Esta resistencia ao "novo" foi particularmente intensa no período republicano do primeiro bienio, sobre todo coa tentativa de instaurar o laicismo e a coeducación nas escolas.[3250] Xurde así neste período diversas voces públicas en contra do proceso de implantación do modelo escolar laico e mixto.[3251] Isto permite evidenciar tamén a convivencia das distintas prácticas, tanto tradicionais como renovadoras no período estudado, onde as primeiras eran máis frecuentes. Uns postulados que confluían entre o discurso pedagóxico oficial e o resistente ao cambio, segundo o goberno de quenda. Entón, convén discernir que a achega das teorías escolanovistas á provincia de Lugo non significaron un revulsivo na escola, debido principalmente ao número, lentitude e fraxilidade coa que se produciron. Quizais por isto, as experiencias renovadoras estudadas e levadas a cabo nesta provincia teñen máis importancia pola súa significatividade. É curioso comprobar como nestes tempos, por un lado se manifestaba a necesidade de levar a cabo unha modernización escolar e por outro existía unha resistencia e temor aos cambios, sobre todo nos sectores eclesiásticos máis conservadores,[3252] nunha época denominada como a "Idade de Prata" da pedagoxía española. Por todo isto, falamos de que existiron unha serie de medidas que conformaron un proceso de modernización escolar na provincia de Lugo: impulsada sobre todo polos cambios lexislativos, a creación de centros, os traballos dos mestres e inspectores. Pero vemos como estes non foron un *totum revolutum*, nin moito menos, xa que existiu unha continuidade co modelo anterior, modificado iso si, en certos períodos con máis intensidade: sobre todo nos dous anos que durou o bienio reformador (1931-1933). Porén existiron varios aspectos complexos e heteroxéneos que dificultaron a implantación de cambios na realidade da escola lucense debido: á lentitude da aparición, á idiosincrasia lucense, á forte presenza eclesiástica, á falta de estabilidade sociopolítica, á forte dependencia económica agropecuaria ou aos escasos apoios e recursos educativos.

A continuación recóllense as ideas principais, procurando que sexan declaracións claras, cortas e concisas. Estes coñecementos foron obtidos grazas á investigación previamente realizada sobre a análise histórico do ensino primario e a súa inspección lucense. Organizáronse en forma de parágrafos curtos e numerados para facilitar a súa lectura, análise e comprensión. Ordenados de maior a menor importancia, procuramos

[3248] En Gregorio Sanz, "Ensayo de escuela activa", *Revista de Pedagogía,* Nº 130 (1932): 454-458; en Narciso de Gabriel Fernández, *Agricultura e escola. Contra a rutina e o éxodo rural* (Santiago: Universidade de Santiago de Compostela, 1989); e en Antón Costa Rico, "Ensino da agricultura na escola primaria na escolas primaria" en *Escolas e Mestres...* (1989), 322-335.

[3249] En Luis Bello Trompeta, "Monforte y el país de Lemos", *Vida Escolar,* Nº 141, ano III, (1929): 9; en Antonio Correa Fernández, *Historia fin de siglo* (Lugo: Tipografía de A. Villamarín, Tomo I, 1900), 72; e José del Peso y Sevillano, "Galicia y su Enseñanza Primaria" (Madrid: Arquivo JAE. Sinatura: JAE/115-391, xuño 1925)

[3250] En Viriato, "El Estado y la libertad de la enseñanza", *La Voz de la Verdad,* Lugo, o 13 de xuño de 1931; e en Joan Comas Camps, "La escuela única", *El Progreso,* Lugo, 28 de xuño de 1931.

[3251] En Justo Pelayo Cuesta, "Discurso leído por por el Excm. Rector de la Institución, en la apertura del curso académico de 1878-79", *BILE,* II (1978): 147-50.

[3252] En Viriato, "El Estado y la libertad de la enseñanza", *La Voz de la Verdad,* Lugo, 13 de xuño de 1931; e en Joan Comas Camps, "En contestación", *El Progreso,* Lugo, 28 de xuño de 1931.

que non se superasen as dez conclusións. Todas elas atópanse relacionadas directamente coas hipóteses e obxectivos previamente presentados na investigación. As conclusións parten dunha análise e investigación das fontes documentais historiográficas previas. Secasí, a revisión previa foi fundamental para realizar o presente traballo: partindo dos estudos históricos anteriores sobre Europa, España, Galicia e Lugo. A procura de información nos arquivos empregouse como ferramenta de traballo e investigación para recoller información sobre historia da educación lucense. Isto explica abondosa presenza de referencias documentais imprescindibles para verificar os feitos expostos. A prensa tamén foi un recurso moi importante para documentar os cambios educativos máis importantes, por exemplo: os certames pedagóxicos, as conmemoracións ou a inauguración de centros. Empregáronse así unha fervenza de datos cronoloxicamente ordenados, que reflicten o aumento de escolas primarias no primeiro terzo do século XX, especialmente na década dos anos trinta. Aspecto que veu acompañado polo traslado de innovacións educativas, en parte grazas ao modelo de política educativa adoptado polo primeiro bienio da Segunda República, que primou a escolarización e a loita contra o analfabetismo.[3253] Estas institucións reivindicaron unha escola mellor equipada, influídas polas correntes pedagóxicas europeas. Partindo da consideración de que o progreso da sociedade susténtanse nun sistema educativo adecuado: "...este trabajo sirve el punto de partida para que el niño pueda trazar y seguir el progreso de la humanidad a través de la historia".[3254]

De seguido expóñense as contribucións extraídas dos catro capítulos achegados ao longo da investigación, recollendo as ideas esenciais acerca dos descubrimentos sobre a escola, os mestres, a inspección e os factores de modernización escolar en Lugo (1900-1936). As seguintes afirmacións atópanse acompañadas de referencias a pé de páxina para xustificar de onde foron extraídas. Como xa dixemos, estas afirmacións partiron da revisión do "estado da arte", analizando os coñecementos xerais e particulares das anteriores investigacións. Con base nisto, expóñense as achegas atopadas nos diferentes arquivos, descritas ao longo de traballo e que representan os seguintes resultados. De forma previa, as presentes conclusións partiron da comprobación dos feitos, redactados na procura da mellor comprensión do lector a través dunha organización cronolóxica. Ademais cabe sinalar a importancia da utilización de cadros, táboas, ilustracións e figuras de apoio para facilitar a lectura do receptor, poñendo a énfase no coñecemento sobre a escola, os mestres, a inspección e o proceso de modernización escolar levado a cabo no período estudado na provincia de Lugo.

1. Tendo en conta o método de triangulación, podemos afirmar que os xornalistas, inspectores e mestres que traballaron na provincia de Lugo ofreceron unha imaxe similar da escola (1900-1936), incidindo nos principais problemas educativos: un alto índice de analfabetismo, a falta do número de centros esixidos pola Lei Moyano,[3255] un absentismo escolar agudo sobre todo en épocas de sementeira e recolleita,[3256] un abandono

[3253] Vide a Táboa 11 sobre a porcentaxe de analfabetismo neto en Lugo.

[3254] En John Dewey, "La escuela y el progreso social", *Boletín de la Institución Libre de Enseñanza* (1899): 662-33.

[3255] Vide a Táboa 1 sobre o número de escolas públicas na provincia de Lugo en 1900.

[3256] Vide as táboas 2, 3, 4 e 5 sobre asistencia e escolarización. Tomado como referencia o curso de 1922, detectouse un alto abandono escolar e unha asistencia media total e parcial baixa, sobre todo nos primeiros e últimos meses do ano, coincidindo coa temporada de recolleita e sementeira. Conforme os escolares eran maiores estes valores fóronse agudizando, acadando unhas cifras máis elevadas nos último cursos da Ensinanza Primaria, unha circunstancia vinculada ao costume galego da pronta incorporación ao traballo de comezos do século XX. En José del Peso y Sevillano, "Galicia y su Enseñanza Primaria" (Madrid. Arquivo JAE. Sinatura: JAE/115-391, 1925).

USC

precoz do ensino primario dos escolares,[3257] existencia de tan só unha escola de párvulos,[3258] unha elevada mortalidade infantil, un mal estado hixiénico e pedagóxico das escolas, unha alta proporción de centros privados nas cidades, o uso maioritario dunha metodoloxía obsoleta e pasiva, unha alta porcentaxe da poboación activa agraria, unha densidade de poboación por Km² baixa polo predominio dun tipo de asentamento rural,[3259] provocando que os discentes tiveran que percorrer longos dificultosos traxectos para acudir á escola, prexudicando a súa dotación e o seu asesoramento por parte dos inspectores. Este panorama favoreceu a presenza de desigualdade de oportunidades de acceso á educación e o desenvolvemento persoal e académico dos escolares, provocando situacións de marxinación.[3260]

2. Dende 1900 ata 1936 producíronse un conxunto de melloras no maxisterio que denominamos como un "proceso de modernización escolar", paulatinamente foron aumentando: a poboación, a matrícula, a asistencia escolar, a creación de escolas públicas,[3261] a alfabetización, as experiencias pedagóxicas innovadoras, o número de mestres e inspectores, as escolas graduadas, a difusión de novas teorías, a incidencia das mesmas na política educativa, as iniciativas de galeguización escolar e a alfabetización. Pouco a pouco producíronse innovacións escolares debido: á emigración, á influencia da ILE, á aparición de novas asociacións, á apertura de novas imprentas, ás iniciativas particulares de mestres e inspectores ou das disposicións gobernamentais. Apreciouse un maior desenvolvemento no período republicano do bienio reformador (1931-1933), con cambios a favor do laicismo escolar e a coeducación. As innovacións máis significativas na provincia realizáronse a través do *Plan de Estudios de la Liga Santaballesa* e o seu mestre Antonio Quintela. Igualmente, convén destacar as levadas a cabo polo mestre de Ribadeo, Gregorio Sanz. Pese a isto, este proceso de modernización escolar foi lento, insuficiente, inconcluso e paralizado pola implantación do goberno da CEDA, a eclosión da Guerra Civil e a posterior ditadura franquista.

3. Existiu unha tendencia a establecerse unha relación "simbiótica" entre os factores sociais, culturais, económicos, políticos, pedagóxicos e a escola. Este comportamento repetiuse con certa regularidade no período estudado. É dicir, o desenvolvemento dependeu do equilibrio entre os anteriores factores, que á súa vez nutriron á ensinanza primaria. Por exemplo e

[3257] Vide a Táboa 7 sobre a situación dos alumnos asistentes en Galicia, onde pode apreciarse como a medida que se facían maiores os alumnos ían abandonando o ensino primario de xeito precoz.

[3258] Vide Táboa 22 sobre as escolas públicas de párvulos en Galicia en 1922.

[3259] Vide a Táboa 9 sobre a densidade de poboación por Km2 das provincias galegas e a Táboa 8 sobre a tipoloxía contextual dos asentamentos da poboación galega.

[3260] Influencia da climatoloxía, demografía, dispersión de habitantes, pobreza de recursos, privación cultural, dependencia agraria, absentismo escolar, falta de vías de comunicación adecuadas, metodoloxía inadecuada e organización pedagóxica obsoleta. En José del Peso y Sevillano, "Galicia y su Enseñanza Primaria" (Madrid: Arquivo JAE. Sinatura: JAE/115-391, xuño 1925).

[3261] Lugo foi a provincia española onde producirse un maior descenso de escolas privadas: "Lugo vuelve a alcanzar lugar preferente entre todas las provincias de España en lo que respecta a la progresiva disminución de los mismas, pues desde 1886 solo en esta provincia y en la de Soria disminuyeron tales escuelas, y en número de 116 y 48 respectivamente". En José del Peso y Sevillano, "La cultura popular gallega", *Vida Escolar*, Nº 91, ano II (1928): 4. En 1934 tamén produciuse unha redución de colexios pertencentes ás congregacións relixiosas, en total cesaron na provincia lucense 23 escolas deste tipo. En J. Santa María, "Número especial sobre a Semana Pedagóxica Lucense", *Vida Escolar*, Nº 336, ano VII (1933): 13.

facendo referencia ao factor económico, cando as familias tiñan máis recursos as necesidades económicas eran menores, podendo prescindir do traballo dos seus fillos, posibilitando a asistencia escolar, reducindo o absentismo e afectando positivamente aos procesos de ensino/aprendizaxe. Facendo referencia ao factor pedagóxico, o modelo de Goberno Republicano acelerou o progreso escolar porque alimentouse de teorías pedagóxicas institucionistas e dun axeitado financiamento.[3262] En cambio, o modelo franquista levou a cabo a *desmantelación* do programa escolar republicano, evitando a entrada de novas propostas pedagóxicas, ao vincular estas con teorías laicas contrarias aos seus postulados. Esta decisión foi contraproducente porque freou o dinamismo científico.

4. Os congresos pedagóxicos de 1923 e 1933 foron os dous certames con máis relevancia pedagóxica levados a cabo no século XX en Lugo, realizados principalmente para promover a renovación e modernización escolar. Nestes eventos varios mestres e inspectores trasladaron diversas teorías e innovacións afíns ás teorías da ILE e a Escola Nova, favorecendo o desenvolvemento pedagóxico entre os asistentes. Estes postulados presentáronse a través de relatorios e traballos, recollidos no apartado 4.4.9 do presente traballo. Aquí tratáronse diversos temas como: o laicismo escolar, a defensa do maxisterio español, o desenvolvemento da humanidade, o financiamento da escola, o amor á ensinanza dende o punto de vista de F. Nietzsche, a importancia do exercicio físico na sociedade ou a necesidade de realizar Misións Culturais nas zonas rurais.[3263]

5. Os organismos escolares e circumescolares que afloraron en Lugo durante as primeiras décadas do século XX colaboraron frecuentemente cos mestres e inspectores no proceso de modernización escolar, sobre todo no referido á beneficencia, educación e sindicalismo docente. Acerca disto, nesta provincia destacaron moitos benfeitores.[3264] Dende 1900 ata 1936 houbo unha efervescencia de creación de asociacións sindicais. Con este pano de fondo, o sector profesional docente estivo sometido ás influencias entre o confesionalismo católico, o papel de funcionarios de Estado e o

[3262] Así, durante a Segunda República o proceso de renovación pedagóxica intensificouse en Lugo, aumentaron as escolas públicas e reducíronse os centros educativos privados.

[3263] En varios, "Número especial sobre a Semana Pedagóxica Lucense", *Vida Escolar*, Nº 336, ano VII (1933): 4-32.

[3264] Benfeitores: Antonio Díaz Maseda, Tomás García Amieiro y Vaamonde, Agustín Martínez de Castro, Manuel F. López e José Acevedo Martínez, Pascual Villapol, Manuel Candia López, Pedro María e Juan Moreno Ulloa (irmáns), Benigno Rodríguez Arango y Mon, Manuel Seara Martínez (sacerdote), Melitón Cortiñas Rodríguez (sociedade), Vicente Abadín García, Manuel Candia López, Manuela Goñi Maíste e José Mª. Fernández Montenegro (matrimonio), Ramón González Fernández, Gregorio Sanz García, Juan Moreno Ulloa (Ribadeo), Vicente Casabella, Pedro Martínez Rego, Benigno Rodríguez-Arango y Mon, Pedro María e Juan Moreno Ulloa, Clemente Martínez (fundación), Pedro Murias Rodríguez, Jesús Rodríguez Murias, José Acevedo Martínez, Fernando del Pino, Pedro Escudeiro Viqueiras, Antonia Trobo Rodríguez, Rogelia Aguirre Pardo, Justo Taladrid Catá, Ramón Domínguez López e Josefa González Pico, Vicente Casabella Fernández, Pedro Escudero (...), Eliseo Martínez Otero, José María Hermida Rodríguez, Emilio Rodríguez Eijo, Tomás López (...), José María e Pedro Álvarez Saavedra, Francisco Albo Fernández, Luis Rico (...), José Valcarce Luna ("cura Luna"), Balbina Rodríguez de Alonso, Bárbara Baonza (viuda de Francisco de Albo), Benigno Quiroga Ballesteros, Belarmino Fernández Iglesias, Ángel Fernández Gómez, Francisco Arias Galán, Juan Bautista Neira Arias, Antonio Díaz Maseda, Manuel Peña Vidal, Agustín López Arias, Pedro Seijo Vaamonde, Eduardo Lamela Pallín, Leonor Estevez Rodríguez, J. Rodrigo de Castro, Juan Bautista Neira, Ángel Santos Vila, Antonio Pernas Martínez, Jesús Franco Fernández, Matías López López, José García Losada, José Fernández Díaz (alcalde xetas), Juan Ramón Álvarez, Francisco Domínguez Mosquera e Benigno Ledo González. Poden consultarse as doazóns feitas por estes filántropos na táboa número 25 do presente traballo.

institucionismo. Ademais, e necesario destacar o labor das asociacións indianas,[3265] o Padroado de Protección Escolar lucense, a Misión Pedagóxica de 1933 e as *Misiones Culturales* levadas a cabo por José María Pérez Brun (1930-1933).

6. Luis Soto Menor foi o inspector máis importante de Lugo durante o período comprendido entre 1900 e 1936. Estivo destinado como inspector xefe máis de dezaseis anos ata a súa depuración en 1936. Neste tempo defendeu a escola pública, a ensinanza das zonas rurais, o progreso pedagóxico, as colonias escolares, a cultura galega, a atención da infancia desfavorecida e a creación de centros escolares. O goberno de Primo de Rivera promoveu os traslados forzosos, entre eles o do inspector Joan Comas a Lugo, o que contribuíu indirectamente a vivificar o proceso de modernización pedagóxica, porque publicou máis de dezanove artigos na prensa provincial. Durante estes anos produciuse unha ampliación do equipo de inspectores de Lugo, con influencia do medio administrativo, inmobilidade no cargo variable e utilización gobernamental do inspector como axente de control e fiscalización. Tamén apareceu a figura do *inspector-mestre*, con José Rois.

7. Dende 1900 ata 1936, algúns mestres e inspectores colaboraron no proceso de modernización escolar en Lugo, mediante a aplicación e traslado do novas experiencias de ensinanza activa, divulgación de teorías escolanovistas, organización de eventos pedagóxicos (convocatorias de 1923 e 1933), uso do galego na *Escola da Liga Santaballesa*,[3266] aplicación dunha ensinanza laica no primeiro bienio da Segunda República, aumento de escolas graduadas,[3267] realización de excursións escolares, actividades a prol da defensa da natureza, incremento da participación en revistas educativas e aumento do asociacionismo a prol da defensa dos intereses de docentes e escolares.

8. En Lugo, entre 1900 e 1936 produciuse un aumento das reivindicacións femininas a favor dos dereitos da muller, da mellora das condicións das escolas e dos dereitos dos menores. Pouco a pouco, produciuse un incremento do número de alumnas nas escolas de ensino primario e no Instituto de Segunda Ensinanza de Lugo. Ademais, apréciase un incremento na presenza delas na ocupación de cargos directivos, inspectoras e mestras. Neste sentido, as mulleres máis importantes neste período foron: Emilia Nieto e Carmen Chain, Mª Concepción Currais Blanco (1908), Antonia Ortiz Currais, Rosario Torviso Monge, Manuela Antonia Barreiro Pico,[3268] Generosa Moreno Rodrigo, María Vázquez Suárez, María Padrón González, Ana María Múgica, Herminia Martínez Cabrera, Regina Lago García, Concepción Fernández López, Ángeles Pardo Celada, Carmen Pernas Sanjurjo (1935-1936), Filomena Páramo Fernández, Aurora Sampedro

[3265] Os cartos provenientes da emigración foi un factor que influíu positivamente no proceso de renovación pedagóxica lucense: as escolas mellor equipadas da provincia eran as escolas indianas. Nesta provincia, a Mariña Lucense e as terras de Vilalba foron as zonas máis favorecidas polos influxos indianos.

[3266] En Xosé Pombo Mosquera, *Liga Santaballesa. Historia dunha Escola Habanera 1907-2007* (Vilalba: Padroado da Liga Santaballesa, 2007), 29.

[3267] Vide a Táboa 21 sobre as escolas graduadas en Galicia ata 1922.

[3268] Vide María Isabel Fernández García, *Manuela Barreiro Pico. Ribadense destacada* (Lugo: Deputación Provincial de Lugo, 2017).

Piñeiro, Rosa Doel Traseira, Carmen Pardo Losada (1916-1931 e 1939-1959), Dolores Parga Serrano, Carmen de la Torre, Elisa Rodríguez Estévez, Elvira López Alonso, Pilar Rego Rodríguez, María Collazo Buey, Emilia Serrano García, Matilde Blanco Fonteboa, Carmen Lourido Varela, Asunción Lomas Díaz, Enriqueta Otero Blanco, Hortensia Friol e Friol, Claudia Otero Besteiro, Rosario Vila Hernández, Filomena Páramo Fernández, Leonor Estevez Rodríguez, Rogelia Aguirre Pardo, Lola Viñas (Dolores), Gabriela Nieto Chaín, Mª del Carmen Iravedra Otero, Matilde González López. Para rematar cómpre destacar o papel delas a nivel benéfico, evanxelizador e educativo, sobre todo a través das organizacións femininas que contribuíron á educación e o coidado dos nenos sen recursos, como o *Colegio de La Milagrosa* de Lugo dirixido por *Las Hijas de la Caridad*.

9. O Goberno Republicano do bienio reformador acelerou a introdución de innovacións educativas, unha mostra disto foi o crecemento de institucións escolares, o laicismo escolar, a coeducación, o aumento da alfabetización e o melloramento de dereitos laborais. Os mestres e inspectores lucenses foron testemuños desta situación, colaborando segundo o goberno de quenda a prol do melloramento das condicións dos colexios. Neste período trasladáronse algunhas innovacións pedagóxicas como o *Traballo Manual*, *a Ensinanza Activa* ou *a Ensinanza Individualizada.*[3269]

10. O estalido da Guerra Civil española tronzou a aplicación das dinámicas de modernización e laicidade, propiciando a depuración de 9 inspectores, 3 inspectoras e 291 mestres (dos cales 86 eran mulleres) que estiveron destinados na provincia de Lugo.[3270] Como consecuencia, moitos foron separados do corpo, militarizados, sancionados, mortos ou exiliados; especialmente os que tiveron algún vínculo co Goberno Republicano do primeiro bienio, ocuparon cargos políticos ou sindicais contrario ao Goberno Franquista. O cadro número 28 do presente traballo recolle os nomes dos 33 mestres asasinados nesta provincia dos que temos constancia. Por outro lado, cómpre poñer énfase na relación dos depurados coa pertenza a JAE e a EESM. Así, cinco dos doce inspectores sancionados en Lugo estiveron pensionados coa JAE, o que supón o 41,6%. Ademais, o 66,6% destes homes e mulleres que estudaron na EESM foron tamén castigados. A implantación do *modelo nacionalcatólicista* esnaquizou os planes de renovación educativa republicana, deixándose de nutrir da pedagoxía transnacional introducida sobre todo pola ILE, desacelerando o progreso científico e apostando por unha educación patriótica, pasiva e relixiosa. A nivel xeral, a aparición do conflito bélico nacional propiciou un retroceso pedagóxico, redundando negativamente na implantación dunha escola pública máis forte, activa, democrática e progresista. Convén ter en conta que non todos os mestres eran partidarios dos cambios: o modelo conservador de carácter clerical negouse a aceptar teorías vangardistas de carácter laico. Parte da Igrexa estaba en contra da introdución de calquera proposta de laicidade ou de iniciativas que puxeran en perigo a súa posición privilexiada no ensino, promovidas entre outros por varios inspectores

[3269] En Joan Comas Camps, "Individualización de la enseñanza", *Vida Escolar,* Nº 207, ano V (1931): 2-4.
[3270] Nomes recollidos no Anexo 7.6.

destinados en Lugo que viaxaron coa JAE como Joan Comas Camps ou José Galera Moreno. Pola contra, tamén temos constancia de que algúns eclesiásticos favoreceron a aplicación dunha ensinanza máis progresista, referímonos entre outros ao traballo realizado nesta provincia por párrocos como: Benigno Ledo González, Pedro Varela, José Fort y Recuerda,[3271] Pascual Pérez de Armesto,[3272] José Valcarce Luna coñecido como o "Cura Luna", Fermín Fraga Bello, Melchor Montes e Domingo Pérez Ocampo párrocos de Santaballa e promotores do nacemento da *Liga Santaballesa de Educación e Instrucción*,[3273] Pedro Escudero e Manuel Seara Martínez fomentadores das escolas indianas de Viveiro, ou Antonio Medina como impulsor da creación de varias granxas modelo.[3274]

[3271] Impulsor da creación de escolas no sur da provincia de Lugo. En Francisco Albo, "En La escuela rural más antigua del sur de la provincia cumple 300 años", *La Voz de Galicia*, 27 de maio de 2024.

[3272] Ídem.

[3273] En Xosé Pombo Mosquera, *Liga Santaballesa. Historia dunha Escola Habanera 1907-2007* (Vilalba: Padroado da Liga Santaballesa, 2007), 24.

[3274] Vide X. Bautista Costa, *Cura Luna* (Vigo: Rvdo. P. Xoán Bautista Costa, 1983).

5.2. LIÑAS FUTURAS DE INVESTIGACIÓN

Unha vez finalizado o presente estudo e extraído as anteriores conclusións, o presente traballo abre as portas a outras liñas de investigación para reconstruír os acontecementos e as circunstancias da historia socioeducativa da provincia de Lugo. Estes aspectos constitúen novos desafíos nos que investigar ou afondar, procurando o coñecemento da realidade pasada e o dinamismo da ciencia histórica e educativa. En primeiro lugar, convén incidir que as análises biográficas do presente estudo constitúen posibles liñas de investigación, que se poden desenvolver no futuro. En segundo lugar, débese incidir nos vínculos creados entre as institucións e as persoas que se mencionaron neste traballo, directa ou indirectamente, referímonos ao estudo do asociacionismo e os organismos circumescolares que traballaron a prol da infancia: *Ropero Escolar, Cantinas Escolares, Colonias Escolares, Patronato de Protección Escolar Lucense* e as diversas asociacións como LGL ou a *Patronato de Huérfanos del Magisterio*.[3275] En terceiro lugar esta investigación pode abrir novas vías para valorar a importancia e repercusión das iniciativas inspiradas ou impulsadas pola ILE, entendidas como un factor de modernización pedagóxica do período estudado. Emporiso que a apertura destas novas liñas de investigación posibilita a contribución ao desenvolvemento pedagóxico, intelectual e modernización cultural.

Seguindo unha orde cronolóxica, este traballo sirve como punto de partida para o estudo do seguinte periódo histórico educativo do século XX en Lugo, que sería: a ensinanza primaria durante a Guerra Civil e a ditadura franquista (1936-1975). Para isto, a presente investigación achega o nome dos principais mestres e inspectores depurados, a lexislación e a descripción do proceso de depuración. E non só esta sería unha boa base para comezar a análise do que pasou despois con estes mestres e inspectores, e de como foi o proceso de adecuación ideolóxica da escola aos novos principios franquistas. Neste sentido, hoxe sabemos que no curso de 1937 impartíronse conferencias para enaltecer o modelo político ditatorial, relativas a: "El niño",[3276] "El hombre" e "Orientaciones Metodológicas para la Enseñanza de la Religión y la Moral".[3277] Igualmente o dous de maio de 1937, os nenos da escola de Lugo depositaron ramos de flores sobre as tumbas dos militares caídos na Guerra Civil. O dezasete de xullo de 1937 na vila de Rábade, as escolas da devandita localidade entregaron cadros alegóricos debuxados á Deputación Provincial, Garda Civil e Falanxe.[3278] O nove de decembro de 1937 en Láncara, o maxisterio e clero daquel Concello organizaron un acto relixioso e patriótico con motivo da clausura do curso. O 23 de abril de 1938, no salón de actos da Deputación provincial de Lugo celebrouse un acto baixo o título "Las Armas y los Libros", con motivo da *Festa del Libro*. O cinco de xullo de 1938, inaugurouse unha exposición dos traballos das escolas de beneficencia. O cinco de agosto deste ano, no *Hogar del Herido* promoveuse unha reunión onde se disertou o tema "El comunismo, ¿Se cumplen profecías de nuestra Gloriosa Gesta de Liberación?". O nove de outubro de 1938, en Chantada realizouse a inauguración do novo edificio escolar de San Jorge de Asma. E por último, o doce de outubro de 1938, na "Academia Galicia" dos Maristas de

[3275] Canto menos, é importante o estudo do asociacionismo educativo lucense como un aspecto que contribuíu ao proceso de modernización escolar lucense. En Juan Encinar, "Número especial sobre a Semana Pedagóxica Lucense", *Vida Escolar*, Nº 336, ano VII (1933), 11.

[3276] Vide Circular do 17 de xullo de 1937.

[3277] Impartidas en maio dese mesmo ano pola *Asociación de Maestros Católicos*.

[3278] Sobre Vicente Castro Dans, "… non é, cal afirma, fundador da Falange en Lugo". En Luis Lamela, *Golpistas e represores. Retratos e memoria histórica de falaxistas galegos* (Santiago de Compostela: Laiovento, 2025), 131.

1931 ordenaba a inmobilidade do corpo de inspectores de ensino primario.[3306] Este feito foi o pórtico dun período clave, no referido á implantación dunha nova conceptualización da función inspectora.[3307] Amais, o Decreto do 29 de maio de 1931 anulaba polo tanto o Decreto Lei do 16 de maio de 1926, modificando a liña negativa da inspección establecida na Ditadura de Primo de Rivera e garantindo os dereitos do corpo de inspectores. Ademais estas modificacións estiveron acompañadas do reintegro dunha maior presenza da súa función técnica.[3308] Debido a esta decisión, na provincia lucense trasladaron a Joan Comas ao seu destino natural fóra de Lugo, circunstancia anunciada publicamente no *Boletín Oficial del Ministerio de Instrucción Pública y Bellas Artes* do 16 de xuño de 1931.

Con todo isto, cómpre lembrar a primoxénita intención da Segunda República de levar á práctica unha renovación do corpo de inspectores, sobre todo logo de asumir a concepción negativa primorriverista. Por este motivo, durante o primeiro bienio constituíuse unha Comisión no *Ministerio de Instrucción Pública*, dirixida por Marcelino Domingo Sanjuán. Un novo equipo que realizou unha revisión de toda a obra lexislativa. Despois de revisar o marco legal, publicouse o Real Decreto do 29 de maio de 1931 que anulaba o Real Decreto de 1926. Deste xeito quedaban suspendidos os traslados e as adxudicacións dos destinos realizadas entre setembro de 1913 e abril de 1931.[3309] Entre estes traslados forzosos atopábase o de Joan Comas a provincia luguesa. Consecuentemente as prazas foron distribuídas mediante un concurso xeral de traslados, comandado pola antigüidade. Este axuste do equipo foi publicado na Orde ministerial do 9 de xuño de 1931.[3310] Así, en xuño de 1931 fíxose público os nomes do novo equipo da provincia de Lugo, xunto coa distribución de todo o sistema de efectivos do corpo nacional de inspectores.[3311]

Pero continuemos disertando un pouco máis sobre a lexislación, sobre todo no referente aos aspectos referidos ao Decreto do 2 de outubro de 1931. A través desta normativa a inspección ficou delimitada baixo tres vertentes:[3312] por un lado a misión dos inspectores como orientadores pedagóxicos, por outro lado a estreita relación do inspector co mestre, e por último, a organización dunha inspección superior chamada posteriormente *Inspección Central*.[3313] Estas tres ópticas configuraban a implantación dunha nova conceptualización da función inspectora máis pedagóxica baixo a bandeira republicana. Con estes cambios lexislativos comezouse a constituír un equipo de inspectores máis técnicos e cunha maior carga de orientación pedagóxica, que promoveron a transformación e a mellora da educación nacional.[3314] Estas intencións foron acollidas positivamente por un amplo sector da opinión pública.[3315] En definitiva, o Decreto do 2 de decembro de 1932 perfeccionou o funcionamento da inspección dándolle unha maior autonomía, confianza, rigor e regulamentación. Esta disposición

[3306] En *Gaceta de Madrid* do 11 de abril de 1931

[3307] En Alfredo Jiménez Eguizábal, *La inspección de primera enseñanza en la segunda república (1931-1936)* (Salamanca: Universidade de Salamanca, 1984), 54.

[3308] En *Gaceta de Madrid* do 30 de maio de 1931 e rectificado na *Gaceta de Madrid* do 4 de xuño de 1931.

[3309] En varios, *Colección legislativa de Instrucción Pública* (Madrid: Boletín oficial del Ministerio, 1931), 211-215.

[3310] Ídem, 277-283.

[3311] En *Gaceta de Madrid* do 11 de xuño de 1931.

[3312] En varios, *Colección legislativa de Instrucción Pública* (Madrid: Boletín oficial del Ministerio, 1931), 594-600.

[3313] En *El Progreso*, Lugo, 25 de setembro de 1931.

[3314] Vide *El Magisterio Español*, 17 de novembro de 1932.

[3315] Vide *El Sol*, Madrid, 8 de decembro de 1932.

complementaba de modo significativo os decretos de 1913 e de 1915, que sentaron as bases da inspección nun primeiro momento. Este cambio lexislativo outorgoulle á función inspectora unha misión máis construtiva, que tiña unha maior influencia sobre os mestres e as escolas.[3316] Con esta lei pretendeuse eliminar toda arbitrariedade, tipificando a organización da inspección mediante un novo modelo máis lexítimo.

A aplicación desta reforma acompañouse de novas esixencias pedagóxicas ao corpo de mestres. O afán de transformación educativa do noso país animou á organización de novas conferencias pedagóxicas.[3317] Como consecuencia, un aspecto de repercusión foi a organización en Lugo da *Semana Pedagógica Lucense de 1933*. Este foi o evento pedagóxico máis salientable da provincia no primeiro terzo do século XX. Nas actividades das xornadas participaron os principais inspectores lucenses: Jacinto Ruiz Santiago, Luis Soto Menor, José Galera Moreno e José del Peso y Sevillano.[3318] Segundo o propio Llopis, a maioría dos inspectores de España solicitaban a participación nalgunha conferencia, o que demostraba o alto índice de colaboración e interese polas actividades de renovación e modernización pedagóxica.

> Desde el advenimiento de la República se está produciendo en la Escuela primaria una profunda renovación material, espiritual y pedagógica. La inspección profesional de Primera enseñanza ha de ser la base esencial de esa transformación. Asi, lo estimó el Ministerio de Instrucción Pública, y a ello responde el Decreto de 2 de diciembre de 1932, en la que queda perfectamente definida la nueva fisonomía de la función inspectora.[3319]

Os cambios realizados coa chegada do goberno da CEDA

Coa instauración do segundo bienio da Segunda República, ou *bienio negro*, implantáronse reformas de tipo conservador (CEDA). En decembro de 1933 subían ao poder o goberno *radicalcedista* poñendo en marcha unha contrarreforma educativa. Neste bienio anuláronse varias das innovacións introducidas polos republicanos. No referente á Inspección Profesional de Primeira Ensinanza modificáronse tres aspectos importantes: en primeiro lugar iniciouse unha campaña en contra da *Inspección Central*, suprimíndoa en virtude do artigo 45 da Lei de Presupostos publicada no Decreto do 23 de xullo de 1935,[3320] xa que esta institución non contou co crédito necesario do Parlamento, polo que foi suprimida ese mesmo ano.[3321] En segundo lugar eliminouse a inmobilidade dos inspectores segundo o artigo único do Decreto do 26 de novembro de 1935.[3322] Por último recortouse o presuposto dirixido a sufragar as dietas e viaxes para realizar a función inspectora dos colexios, redución regulada a través da publicación da Lei de Restricións.[3323] Ademais descenderon as construcións escolares e prohibiuse a coeducación nas escolas primarias, tentando perpetuar un modelo feminino centrado na formación doméstica das nenas.[3324] Tamén se paralizaron varias

[3316] En Rodolfo Llopis (1933), 185-186.

[3317] Influencia das ideas de Giner e Cossío da ILE.

[3318] En "Semana Pedagógica", *El Progreso*, Lugo, 25 de xuño de 1933.

[3319] En Ministerio de Instrución Pública e Belas Artes, *La inspección de Primera Enseñanza. Organización y legislación*. Madrid: Publicacións da Inspección Central (1934), 25.

[3320] En *Gaceta de Madrid* do 25 de xullo de 1935.

[3321] En V. Fernández Ascarda, "Anuario del Maestro para 1936", *El Magisterio Español* (1936): 429.

[3322] Mediante o Decreto do 26 de novembro de 1933 introducíronse varios cambios e o reestablecimiento da mobilidade nos destinos por conveniencia do servizo. En *Gaceta de Madrid*, Madrid, 28 de novembro de 1935.

[3323] Esta supresión levouse a cabo mediante un recorte no gasto presupostado para o devandito organismo. En *Gaceta de Madrid* do 25 de xullo de 1935.

[3324] En Rita Gradaílle Pernas, "As traxectorias educativas da muller rural galega: unha visión interxeneracional", *Sarmiento*, Nº 8 (2004): 149.

reformas planificadas no primeiro bienio, circunstancia que trouxo consigo as protestas lideradas por José María Gil Robles.[3325] A pesar diso, o inspector Joan Comas continuou mantendo unha liña de renovación pedagóxica progresista, publicando en 1934 a obra titulada *Manual del Inspector de Primera Enseñanza*. Os coautores deste libro foron Rafael Álvarez e Juvenal de Vega. Este manual trataba sobre ensinanzas e orientacións fundamentais para os inspectores, levadas a cabo durante a Segunda República.[3326] Este título tivo bastante relevancia para a consulta e a regulación da función inspectora en España.

Seguindo coa liña da análise da lexislación máis notable deste período, o Decreto do 26 de novembro de 1935 afirmaba que a inspección estaba suxeita permanentemente ás decisións do Ministerio de Instrución Pública.[3327] Aínda que esta normativa recoñecía que a permanencia nun destino era beneficiosa, tamén afirmaba que era importante que Administración puidera dispoñer dos servizos dos inspectores segundo as súas necesidades. Este decreto foi asinado polo ministro Luis Bardají López, pertencente ao goberno do presidente Joaquín Chapaprieta. Con esta normativa poñía o destino do inspector outra vez en mans da *conveniencia política*, podendo cambialo de cidade segundo os intereses administrativos. Esta potestade tamén lle permitía ao Estado desfacerse de calquera acción indiscreta dos funcionarios, ou rematar con todos os sinais contrarios aos intereses políticos do goberno rexente.

Mobilidade de inspectores e inspectoras nadas en Lugo

Respecto á mobilidade de inspectoras nadas en Lugo que foron destinadas a outras provincias, é preciso facer referencia a aquelas que naceron en terras luguesas e que traballaron fóra da súa provincia natal: María Victoria Díaz Riva (Oviedo) e Antonia Ortiz Currais (Ourense).[3328] O traballo destas inspectoras nos seus inicios obedecía principalmente a razóns políticas e fiscais. Ademais, a excesiva función burocrática e auditora foi máis aguda nos períodos de goberno ditatoriais. A multiplicación constante da normativa e documentación enquistou en parte e función técnica deste organismo, xa que estas inspectoras estaban en gran parte ocupadas na entrega de documentos e na fiscalización das escolas. Grazas aos influxos da ILE e o republicanismo, posteriormente demandouse un perfil de inspectora máis técnica. Sobre todo no primeiro bienio da Segunda República valorouse a faceta pedagóxica, a pesar de que a función de orientación escolar estivo infravalorada no século XIX e primeiros anos do século XX. Rememoremos que por falta de recursos non se facían as visitas regulares aos centros, isto tamén impedía o apoio pedagóxico aos equipos directivos e aos mestres. Ante esta situación, algúns inspectores reivindicaron a necesidade de levar a cabo un proceso de modernización da inspección, da escola e das institucións ligadas a ela. O seguinte cadro recolle o nome dos inspectores e inspectoras de primeira ensinanza nados na provincia de Lugo, que estiveron destinados fóra do territorio lugués: Victoria Díaz Rivas, Antonia Ortiz Currais, José López Varela, Jesús

[3325] A CEDA levou a cabo unha serie de reformas na inspección do ensino primario no período comprendido dende 1933 ata a súa disolución en 1937. O Decreto do 26 de novembro 1933 estableceu unha vez máis a mobilidade nos destinos por conveniencia do servizo.

[3326] Vide R. Álvarez, J. Comas e J. Vega, *Manual del Inspector de Primera Enseñanza* (Madrid: Publicacións da *Revista de Pedagoxía,* 1934).

[3327] En *Gaceta de Madrid* do 26 de novembro de 1935

[3328] No ano 1936 foi trasladada a Lugo por un corto período de tempo, xa que aos poucos foi depurada. En Rosa María Cid, "A primeira inspectora de ensino primario en Galicia comprometida coa ensinanza e defensora da educación da muller", *Eduga,* Nº 80 (decembro de 2020).

Carballeira López e Manuel Maceda López. Amais dos nomes recolle o destino dos inspectores, bolsa JAE, participación nas Misións Pedagóxicas e a sinatura do expediente de separación.

Cadro 1. Inspectores lucenses depurados e destinados fóra de Lugo.				
Nome	**Apelidos**	**Destino**	**Sinatura e separación**	**JAE ou Misións pedagóxicas**
Victoria	Díaz Riva	Málaga	Depuración Franco	Non
José	López Varela	Pontevedra	ACME-AGA-83718-6044 Depuración República	Non
Jesús	Carballeira López	En E. Nacional-Oviedo	ACME-AGA-83710-0398 Depuración Franco	Non
Manuel	Maceda López	Ourense	ACME-AGA.083710-0084 Depuración Franco	Non
Antonia	Ortiz Currais	Ourense	-----	Si

Fonte: Elaboración propia. En José López Varela, "Expediente José López Varela" (Madrid: Arquivo ACME-AGA. Sinatura: 83718-6044); en Jesús Carballeira López, "Expediente Jesús Carballeira López" (Madrid: Arquivo ACME-AGA. Sinatura: 83710-0398) e Luis Batanaz Palomares, *La inspección de primera enseñanza durante la guerra civil y el primer franquismo* (Córdoba: Servizo de Publicacións da Universidade de Córdoba, 2011).

José López Varela

Un dos inspectores lucenses destinados fóra da súa provincia natal foi José López Varela, nado o dezanove de decembro de 1893. En 1932 ingresou mediante as oposicións na inspección do ensino primario, tomando como destino Pontevedra. A *Gaceta de la República* do 3 de febreiro de 1937 publicaba a sanción aplicada tralo proceso de depuración.[3329] Finalmente, en 1939 foi separado do cargo e dado de baixa no seu *escalafón*.[3330]

Jesús Carballeira López

Outro dos inspectores lucenses apartados da inspección foi Jesús Carballeira López. Naceu en 1899 e ingresou na inspección do ensino primario en 1934 a través do acceso por oposicións. Nun primeiro momento estivo destinado en Oviedo.[3331] Foi apartado do servizo debido aos seguintes motivos: ideoloxía de esquerda política, ocupación de cargos no Goberno Republicano, negarse á mobilización a pesar de ter a idade correspondente e formar parte e votar a favor dos extremistas da esquerda.[3332] Anos máis tarde, Carballeira solicitou a revisión do seu expediente: o tribunal mantívolle a sanción pero lle permitiu ocupar o cargo de mestre de ensino primario.[3333] En 1943 apareceu de alta no *escalafón* e en 1950 foi rehabilitado no corpo de inspectores, aínda que sen poder ocupar cargos de confianza.[3334]

[3329] En José López Varela, "Expediente José López Varela" (Madrid: Arquivo ACME-AGA. Sinatura: 83718-6044).

[3330] Ídem

[3331] Vide a Orde Ministerial do 15 de decembro de 1939, *BOE* do 22 de xaneiro de 1940.

[3332] En Jesús Carballeira López, "Expediente Jesús Carballeira López" (Madrid: Arquivo ACME-AGA. Sinatura: 83710-0398).

[3333] Por orde ministerial do 30 de novembro de 1941, *BOE* do 9 de decembro de 1941.

[3334] En "Jesús Carballeira López, "Expediente Jesús Carballeira López" (Madrid: Arquivo ACME-AGA. Sinatura: 83710-0398).

Manuel Maceda López

Por último, convén ter en conta ao inspector Manuel Maceda López, nado en 1889 en Lugo. Estudou na EESM e en 1920 ingresou na inspección por promoción interna, sendo destinado a Ourense. O 20 de febreiro 1937 foi separado do servizo por ditame da *Junta Técnica del Estado*.[3335] Máis tarde o seu caso foi revisado e anulado. Aínda así tivo que facer fronte a dous anos de suspensión de emprego e soldo, inhabilitado para ocupar cargos directivos e trasladado forzosamente durante cinco anos.[3336] Estas medidas disciplinarias foron aplicadas principalmente por estar afiliado ao *Partido Socialista Obrero Español*.[3337]

A chegada da Guerra Civil.

Despois do retroceso sufrido co *período radicalcedista*, o goberno da Fronte Popular vitorioso nas eleccións de febreiro de 1936 restableceu a *inmobilidade* dos inspectores, medida recollida no Decreto do 4 de marzo de 1936.[3338] Esta reforma foi levada a cabo polo goberno de Azaña e Marcelino Domingo, que dirixía o *Ministerio de Instrucción Pública*.[3339] O triunfo da Fronte Popular fixo que Marcelino Domingo volvera a ocupar este Ministerio, significando para a política educativa de España o retorno á liña de decisións tomadas no primeiro bienio da Segunda República (1931-1933). Este home retomou as medidas globais orientadas á defensa da ensinanza pública mediante a publicación do Decreto do 4 de marzo de 1936.[3340] Cargo que ocupou moi pouco tempo debido ao cambio de goberno, sucedido a partir do alzamento militar de Franco.

O estalido do conflito bélico provocou que a inspección estivera *invertebrada*, cada bando aplicou as normas segundo o seus intereses políticos. Na zona republicana, o Decreto do 21 de xullo de 1936 cesaba a todos os traballadores públicos sublevados ao Goberno de Manuel Azaña. O Decreto do 19 de setembro de 1936 fixo efectivo o nomeamento de inspectores interinos para substituír aqueles funcionarios sublevados que participaron no desmantelamento.[3341]

Lugo era unha zona ocupada case sen esforzo polo réxime sublevado de Franco, provincia que non ofreceu apenas resistencia. Por conseguinte, nesta provincia durante os primeiros meses da Guerra Civil comezouse un proceso de depuración de todo o sistema educativo republicano. Por este motivo, a ideoloxía e a afinidade política dos cidadáns serían obxecto de revisión por parte das autoridades franquistas. Como consecuencia Luis Soto Menor sería depurado e destituído por Joaquín García Ojeda. Durante este proceso tamén se suprimiu a inmobilidade, a través do Decreto do 5 de abril de 1938, eliminando o dereito de ter un destino fixo.[3342]

[3335] Vide Orde ministerial do 21 de decembro de 1939

[3336] Esta revisión pode ser consultada no *BOE* do 2 de xaneiro de 1940.

[3337] En Manuel Maceda López, "Expediente Manuel Maceda López" (Madrid. Arquivo: ACME-AGA. Sinatura: 083710-0084).

[3338] En *Gaceta de Madrid* do 5 de marzo de 1936.

[3339] Este cargo foi ocupado por pouco tempo debido ao comezo da Guerra Civil.

[3340] Entre os cambios introducidos máis importantes restableceu a *Inspección Central de Primeira Ensinanza* e a non mobilidade dos inspectores profesionais En o artigo número un da correspondente disposición. Vide *Gaceta de Madrid* do 5 de marzo de 1936.

[3341] En Decreto do 19 de setembro de 1936.

[3342] En *BOE* do 7 de abril do 1938.

Para rematar a análise deste tema, convén lembrar que as consecutivas suspensións e restablecementos da *inmobilidade-mobilidade* dos inspectores poñían de manifesto a utilización política da inspección do ensino primario, como un instrumento de control político do Estado, empregado para utilizar o sistema educativo baixo criterios sociopolíticos. Por todo isto, a *utilización política-administrativa* deste gremio era frecuente e mudaba segundo o goberno rexente. Secasí, os gobernos conservadores foron máis propicios a empregar a mobilidade dos inspectores, movidos pola desconfianza e o afán de control. Pola contra os gobernos progresistas avogaron pola inmobilizade dos destinos. Nos períodos ditatoriais, a implantación dos traslados forzosos foi unha medida de control do goberno, empregada con frecuencia de xeito abrupto. Tendo en conta isto, o traslado "forzoso ou obrigado" de Joan Comas a Lugo tivo unha influencia positiva no proceso de modernización escolar lucense, porque grazas a este feito a provincia beneficiouse do traballo deste intelectual, no referente sobre todo á difusión e traslado de novas teorías, achegadas dende os seus viaxes de estudos ao estranxeiro coa JAE. Este aspecto pode considerarse como unha cuestión relevante neste estudo, xa que a pesar do pouco tempo que estivo destinado na provincia de Lugo publicou máis de vinte artigos.

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

7.8. ESTUDO SOBRE O ACCESO Á INSPECCIÓN

José Manuel Vázquez López
Xuño, 2024

Ao longo do século XIX existiron varios *cambios* e inconvenientes para acceder á inspección do ensino primario, moitas delas vinculadas á inestabilidade política española. A primeira modificación foi a relativa ao Real Decreto do 25 de agosto de 1855, con esta normativa produciuse unha reorganización e ampliación global do número de inspectores.[3343] Este cambio aumentou o número de traballadores no ramo ata 90 prazas. Todos eles estaban suxeitos ao Ministerio, aludindo aos seus nomeamentos e traslados. No século XIX, unha das leis que influíu no sistema de acceso á inspección foi a Ley de Instrucción Pública do 9 de setembro de 1857, a denominada *Ley Moyano*: este documento estableceu un curso de acceso específico e obrigatoriedade de formación dos inspectores na *Escuela Normal Central*,[3344] do que foi profesor o mindoniense Antonio Maseda Bouso.[3345] Salvo este cambio, esta lei non fixo ningunha modificación respecto ao Decreto anterior.

A primeira vez que se propuxo o *ingreso por oposición* no corpo de inspectores foi coa reforma de Pidal en 1885,[3346] pero este sistema non se chegaría a aplicar.[3347] Este xeito de acceder tan só se establecería nos municipios con máis de 100.000 habitantes: reorganización global que introduciu ademais a figura dos *delegados de inspección*, que eran persoas nomeadas entre os veciños do contorno local que controlaban aos inspectores e ás escolas. Por último, atopamos unha nova modificación no século XIX: o Real Decreto do 27 de marzo de 1896. Esta normativa cambiou a *proposta* de sistema de acceso por oposición, que tampouco se chegou a implantar, habilitando o nomeamento a dedo.[3348] O perfil conservador do ministro Aureliano Linares Rivas restableceu a posibilidade de traslado dos inspectores, rematando así coa anterior inmobilidade. Debido a estes cambios o inspector pasaría a ser unha figura instrumental dos sistemas políticos rexentes, como se repetirá con máis intensidade nos distintos períodos ditatoriais.

A chegada do século XX desencadeou tamén unha serie de cambios na normativa,[3349] que outorgaban ao inspector cada vez máis peso, accedendo mediante oposición a partir de 1900. Neste tempo, os requisitos e o xeito de acceder ao corpo de inspectores de ensino primario caracterizouse por ser *cambiante*, *esixente* e *vinculado* á *EESM*. A evolución destas cuestións dependeu das modificacións lexislativas da Administración Central, sucedidas ao longo dos primeiros decenios deste século. Así o xeito de acceder á profesión de inspector de ensino primario cambiou o seu grao de esixencia permanentemente, de forma descontinua e a veces contraditoria segundo as

[3343] Vide Real Decreto do 25 de agosto de 1855.
[3344] Vide Lei de Instrución Pública do 9 de setembro de 1857.
[3345] Vide Antonio Maseda Bouso, "Regimen juridico de las sociedades anonimas en España: compilación de disposiciones vigentes y jurisprudencia" (Reus: 1953).
[3346] En Eduardo Soler Fiérrez e outros, *Estudios históricos sobre la Inspección Educativa* (Madrid: Edit. Escuela Española, 1995), 113.
[3347] Sistema lexislado no Real Decreto do 24 de novembro de 1885, *Gaceta Madrid*, Nº 329 (25 de novembro de 1925): 658.
[3348] Vide Real Decreto do 27 de marzo de 1896.
[3349] En Real Decreto do 12 de 1901, o 26 de agosto de 1902, o Real Decreto do 18 de 1905, o Real Decreto 18 de novembro de 1907 e o Real Decreto do 5 de maio de 1913.

USC DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

concepcións políticas e ideolóxicas de quenda. De tal xeito, a principios do século XX a Administración tentou que algúns políticos ingresaran neste gremio por conveniencia persoal. Por conseguinte, calquera aumento era un feito significativo, xa que a *ratio* entre inspector e o número de mestres en España foi en proporción das máis baixas de Europa.[3350] Para darnos conta desta desproporción, en 1935 por cada inspector existían 121,09 mestres en España.[3351]

O Real Decreto do 6 de xullo de 1900 foi creado polo Goberno de Antonio García Alix, presidido no ministerio de instrución pública por Silvela.[3352] Este equipo estableceu que o acceso á inspección fóra mediante a aplicación dunha proba.[3353] Esta normativa tamén abordaba outras cuestións como a *mobilidade*, concedendo moita importancia á inspección e ás escolas normais. Tratando brevemente as normas de acceso, cabe estudar as seguintes cuestións: as condicións para o ingreso no corpo de inspectores eran ter o título de mestre da Escola Normal e desempeñar en propiedade unha escola pública durante tres anos prácticos. Esta lei foi importante porque García Alix introduciu cambios anteriormente planificados, aludindo ao xeito de incorporación á profesión, aspecto que evidentemente afectou aos inspectores destinados en Lugo. No referente á designación e nomeamento de inspectores García Alix establecía:

> A partir de aquí, es necesario poner un esmerado esfuerzo en la designación y nombramiento de dos inspectores para que su delicada misión tenga un carácter verdaderamente técnico y los funcionarios que la desempeñan no estén sujetos a una movilidad que prive de unidad a su trabajo y les quite estímulo al personal que lo realiza y confiar a la oposición el nombramiento de dos Inspectores renunciando a la facultad discrecional que hasta ahora vio hacer uso para la elección de estos funcionarios.[3354]

En efecto, coa publicación das Reais Ordes do 27 de decembro de 1900 e do 8 de xaneiro de 1901 convocáronse as primeiras oposicións da historia da inspección para cubrir prazas en Barcelona e Málaga. Ademais, coa promulgación desta normativa e do Real Decreto do 6 de xullo de 1900 establecéronse as condicións para acceder ás vacantes.[3355] A primeira persoa que accedeu á inspección por oposición en Lugo foi Luis Soto Menor en 1914, ocupando o posto denominado: *Jefatura de la Inspección Provincial de Enseñanza Primaria de la provincia lucense.* Cargo que rexentaría ata 1936 cando foi depurado e substituído por Joaquín García Ojeda.[3356]

Respecto aos requisitos para entrar dentro do proceso de oposición, a partir de 1901 os aspirantes a inspector tiñan que reunir unhas condicións determinadas, entre as que se atopaban, ter: a nacionalidade española, entre 25 e 40 anos, un estado físico correcto, o título de mestre de primeira ensinanza e unha experiencia docente de cinco anos nunha escola pública (dez na privada) ou como inspector de primeira ensinanza. O tribunal estaba constituído por dous conselleiros da Sección de Primeira do Consello de

[3350] En María Teresa López del Castilllo, "El acceso a la inspección profesional en el sistema educativo español". Soler Fiérrez E., López del Castillo, Domingo Muñoz Marín, Antonio Molero Pintado e Elías Ramírez Aísa, *Estudios históricos sobre la Inspección Educativa* (Madrid: Escuela Española, 1995), 48.

[3351] En Luis Batanaz Palomares, *La inspección de primera enseñanza durante la guerra civil y el primer franquismo* (Córdoba: Servizo de Publicacións da Universidade de Córdoba, 2011), 35.

[3352] En Eduardo Soler Fiérrez e outros, *Estudios históricos sobre la Inspección Educativa* (Madrid: Edit. Escuela Española, 1995), 97.

[3353] En Pedro Ferrer e Rivero, *Tratado de Lexislación de Primera Enseñanza vixente en España* (Madrid: Librería dos Sucesores de Hernando, 1906), 397.

[3354] En Real Decreto do 6 de xullo de 1900, publicado na *Gaceta de Madrid* do 8 de xullo de 1900.

[3355] Ter o título de mestre Normal e posuír tres anos de exercicio en escola pública.

[3356] En "Expediente de Joaquín García Ojeda" (Madrid: JAE, sinatura: JAE/64-311).

Instrución Publica, un profesor da *Escuela Normal Central,* dous inspectores do distrito universitario, dous académicos da Real Academia Española da Lingua e outro de Ciencias Morais e Políticas. Na Real Orde do 28 de decembro de 1900 fixáronse as probas para a selección dos inspectores, sendo bastantes estritas. A primeira convocatoria obrigaba ao opositor a superar cinco exercicios. O seguinte cadro recolle os diferentes exercicios que os inspectores do ensino primario destinados en Lugo tiveron que aprobar a partir de 1901.[3357]

Cadro 1. Probas da primeira oposición para o acceso do corpo de inspectores
1. Memoria sobre o concepto de inspección escolar
2. Tradución do francés a libro aberto
3. Exercicio escrito sobre cuestións de Pedagoxía Xeral ou de Historia da Pedagoxía
4. Exercicio oral sobre preguntas de Metodoloxía, Lexislación Escolar e Organización Comparada
5. Exercicio práctico consistente nunha visita de inspección ante tribunal e elaboración do informe correspondente

Fonte: Elaboración propia. En Alfonso Capitán Díaz, *Historia da educación en España* (Madrid: Dykinson, 1994), 226.

Daquela, unha vez que se aprobaban as distintas probas e presentaban os distitntos traballos, por maioría de votos adxudicábanse as prazas de inspector. Unha vez seleccionados os aspirantes, o *Ministerio de Instrucción Pública* encargábase dos nomeamentos dos correspondentes aprobados. En Lugo, accederon á inspección mediante oposición os seguintes inspectores no período 1900-1936: Carmen Muñoz Manzano en 1932, Luis Jorge y Téllez de Meneses, Elisa Rodríguez Estévez e José Galera Moreno en 1934. Tamén aprobaron devandita proba os lucenses destinados fóra de Lugo: José López Varela en 1932 e Jesús Carballeira López en 1934.

Todas estas disposicións anteriores non tiveron continuidade debido ao cesamento do gabinete de Silvela e a instauración do novo goberno de Sagasta, que nomeou ao conde de *Romanones* como titular do *Ministerio de Instrucción Pública*. O acceso mediante oposición libre cambiou con este ministro. O novo dirixente realizou dous tipos de nomeamento de inspectores: os de confianza e os transitorios. Cómpre lembrar que dende finais do século XIX os inspectores foron empregados como axentes do Estado para controlar o ensino primario,[3358] o xeito de seleccionar os inspectores representaba en certo modo o perfil do inspector que o Goberno procuraba. Asemade, as anteriores probas tamén se empregaban como filtro de selección para imprimir o carácter que máis conviña aos intereses políticos de quenda. Emporiso, a partir de abril de 1901, tres meses máis tade da primeira convocatoria de oposicións, o Conde de Romanones volveu declarar a inspección como un "cargo de confianza e transitorio", implantando así a designación directa por parte do Goberno.

> Reconoce el Ministro que suscribe que era necesario robustecer el principio de inspección en las provincias, confiriendo a los que la ejercen una autoridad profesional adecuada a la función importantísima que desempeñan, y al mismo tiempo evitar que estos cargos, de suyo delicados y que tanta influencia ejercen en la enseñanza primaria puedan estar en manos inhábiles o al servicio de

[3357] En María Teresa López del Castillo, "El acceso de la inspección profesional en el sistema educativo español", en Eduardo Soler Fiérrez, María Teresa López del Castillo, Domingo Muñoz Marín, Antonio Molero Pintado e Elías Ramírez Aísa, *Estudios históricos sobre la Inspección Educativa* (Madrid: Escuela Española, 1995), 43-172.

[3358] En Eduardo Soler Fiérrez e outros, *Estudios históricos sobre la Inspección Educativa* (Madrid: Edicións Escuela Española, 1995), 96.

> intereses y pasiones no muy lícitos. [...] Pero esta necesidad tan evidente no se satisface con solo proveer los cargos por oposición, pues si se reconoce que estas funciones pudieran caer en manos inhábiles, nada resuelve con declarar inamovible a aquellos que las desempeñan sin antes haber hecho una debida depuración de aptitudes y condiciones. [...] Un medio, que aparte de dejar sin inspección los distritos vacantes por largo espacio de tiempo, podrá comprobar la aptitud científica de los que hayan de ejercer estos cargos, pero en modo alguno, su moralidad que es la más principal de las condiciones que han de reunir. Compréndase la oposición para obtener aquellos cargos cuya misión sea exclusivamente didáctica; pero no para estos (los de Inspección) cuyo fin primordial es denunciar y corregir abusos, debiendo responder los que los desempeñen es todo momento a la confianza de la Autoridad superior en cuyo nombre ejerce sus funciones.[3359]

Para Romanones a oposición como sistema de acceso á inspección non comprobaba a *condición moral*, por este motivo a figura do inspector era distinguida entre cargo transitorio e de confianza. Este aspecto era un factor regular na súa política, este Ministro recoñecía, no preámbulo do Real Decreto do 12 de abril de 1901, a necesidade de poñer ao cargo da inspección a homes con aptitudes e condicións morais adecuadas: "Evitar que estes cargos de suyo tan delicados y que tanta influencia ejercen en la enseñanza primaria, puedan estar en manos inhábiles o al servicio de intereses y pasiones no muy lícitos".[3360]

En relación co *xeito de elección* dos inspectores, o Real Decreto do 24 de agosto de 1902 lexislaba a inspección dos establecementos de ensino oficiais e regulaba o nomeamento dos inspectores por designación ministerial. O inspector era un axente con autoridade gobernamental cun marcado carácter fiscalizador, pero falto de independencia profesional, uns enviados especiais nomeados "ad hoc" para cada provincia, suprimindo o seu aspecto técnico.[3361] En Lugo ata 1903, o inspector Vicente Pérez Sierra efectuaba as visitas aos centros de ensino primario e realizaba os respectivos informes e memorias.[3362] Cada provincia contaba cun inspector provisto polo propio ministro, que actuaba como delegado transitorio e circunstancial do Goberno. Co Real Decreto do 24 de agosto de 1902 non se aumentou o número de inspectores na provincia lucense, a partida económica deste ano limitábase a cubrir os gastos designados con anterioridade para o corpo de inspección do ensino primario.[3363] Un ano máis tarde accedeu ao corpo de inspectores da provincia luguesa José Soto Campos (1903).[3364]

Posteriormente houbo outro "característico cambio hispano" no goberno, Agora, *De la Cierva* xustificou a necesidade de reorganizar a inspección mediante o Real Decreto de marzo de 1905.[3365] Para ingresar no corpo de inspectores, os aspirantes tiñan que posuír o título de mestre de primeira ensinanza da Normal e exercer durante cinco anos nunha escola pública. Igualmente, os opositores tiñan que realizar as

[3359] En Preámbulo do Real Decreto do 12 de abril de 1901, *Gaceta de Madrid* do 13 de abril de 1901.

[3360] En *Gaceta de Madrid* do 13 de abril de 1901.

[3361] Este Decreto foi criticado polo seu déficit *técnicopedagóxico* e non ter en conta a importancia do asesoramento e orientación ao profesorado, en Consuelo Flecha, "La inspección de primera enseñanza en la España del primer tercio del siglo XXI: modelos, contextos y protagonistas", *Historia Caribe*, Nº 33, volumen XIII (2018): 194.

[3362] En José del Peso y Sevillano, *Galicia y su Enseñanza Primaria* (Madrid: Arquivo JAE. Sinatura: JAE/115-391, xuño 1925).

[3363] En Manuel B. Cossío, *La enseñanza primaria en España* (Madrid: Edit. R. Rojas Museo Pedagóxico Nacional, 1915), 75-83.

[3364] Existe un informe sobre o estado do ensino en Quiroga (Lugo), atópase no Arquivo Histórico da Universidade de Santiago, sección Primeira Ensinanza, en 1903. En Antón Costa Rico, *Historia da educación e da cultura en Galicia* (Vigo: Xerais, 2004) 918-920.

[3365] En *Gaceta de Madrid* do 1 de abril de 1905.

seguintes cinco probas de aptitude: redacción dunha memoria técnica, composición dunha disertación escrita sobre *Pedagogía e Historia de Pedagogía*, explicación dun tema de *Organización Escolar* ou *Metodología Pedagógica* e outro de *Lexislación Escolar*, inspección dunha escola pública e tradución dun texto ao francés. Unha vez superadas estas probas, os aspirantes debían de someterse a unha proba de aptitude para ascender dentro do *escalafón*. A Subsecretaría do Ministerio publicaba un rexistro no que constaban as notas dos aprobados. Unha vez en posesión da praza podían ser separados libremente do seu cargo por orde ministerial, esta circunstancia facía que os inspectores non foran libres para actuar, porque unha orde superior podía trasladalos fóra do seu primeiro destino, a denominada: *mobilidade*. Non obstante, a Reforma de De la Cierva incorporaba uns notables avances respecto á Lei anterior de Romanones, pero debido á falta de crédito nos presupostos estas reformas non chegaron a aplicarse.[3366]

E como non, ao pouco tempo, houbo outro cambio no goberno. Logo, mediante a publicación do Real Decreto do 8 de abril de 1905 e como consecuencia da dimisión De la Cierva, foi nomeado o ministro de instrución pública ao médico Carlos *M. Cortezo Fernández*, cargo que ocupou pouco tempo.[3367] Os postulados deste home eran afíns á ILE, como se constatou no seu Proxecto de Lei.[3368] Esta proposta incorporaba as reformas De la Cierva, engadindo varias novidades interesantes: o título número II estaba dedicado á inspección e aumentaba o número de inspectores en catro por provincia como máximo. Este incremento fíxose a razón de dez incorporacións por ano ao equipo de inspección nacional. Outra novidade foi a aparición da figura do *Inspector Central*, chamado así ao inspector xefe con residencia en Madrid. Este posto era nomeado polo Goberno, a proposta da *Junta Central de Primera Enseñanza*. Pero a novidade máis importante foi o anuncio da creación da *Escuela Superior de Estudios Pedagógicos*. A súa creación estaba recollida no título VI dedicado ás Escolas Normais no artigo 59.[3369] Este centro dedicaríase ao perfeccionamento e a provisión do *Grado Normal*.[3370] Este feito foi relevante porque vemos reflectida a influencia da ILE, xa que con anterioridade víñase reclamando a creación dun curso superior para formar os mestres, institución que sería posteriormente a EESM.

En 1907 volveuse implantar o *acceso por oposición*, sendo ministro o conservador Rodríguez Sampedro. Outra das novidades foi a introdución da figura do *auxiliar de inspección* pola cal se accedía por antigüidade. Con este ministro tamén podían ser trasladados por razóns de servizo, posibilidade suxeita aos intereses partidistas da propia Administración. Neste ano, o artigo número un do Real Decreto do 11 de xaneiro de 1907 implantaba o *Grado Normal Superior*: "Para la formación de inspectores de Primera Enseñanza y de profesores de las Escuelas Normales se crea en Madrid un curso de Grado Normal Superior".[3371] Unha iniciativa organizada pola a *Junta para el Fomento de la Educación Nacional*, pero o cambio de goberno ao

[3366] En Eduardo Soler Fiérrez, María Teresa López del Castillo, Domingo Muñoz Marín, Antonio Molero Pintado, Eduardo Soler Fiérrez, *Estudios históricos sobre la Inspección Educativa* (Madrid: Escuela Española, 1995), 105-106.

[3367] En *Gaceta de Madrid* do 9 de abril de 1905.

[3368] En María Dolores Gómez Molleda, "La inspección de la Iglesia en la enseñanza oficial, una forma de esclavitud", en *Los reformadores de la España contemporánea* (Madrid: C.S.I.C., 1966), 424.

[3369] En "Proyecto Ley", *Gaceta de Madrid*, N 167 (16 de xuño de 1905), 1091.

[3370] En Antonio Molero Pintado e María del Mar del Pozo Andrés, *Escuela de Estudios Superiores del Magisterio (1909-1932)* (Alcalá de Henares: Universidade de Alcalá de Henares, 1989), 28.

[3371] En Salvador Ferrer Maura, "Una institución docente española. La Escuela de Estudios Superiores de Magisterio (1909-1932)", *mecd.gob.es.* (Madrid por Cedesa, 1973).

conservador Antonio Maura fixo que esta iniciativa non se chegara a poñer en práctica.[3372]

Dous anos máis tarde, en 1909 fundouse a EESM. A súa creación veu a suplir o baleiro creado pola supresión en 1901 do *Grado Normal Superior.*[3373] Neste ano tamén se publicou o Real Decreto do 3 de xuño de 1909. Lei que introduciu cambios moi significativos animados pola creación da EESM.[3374] A creación deste organismo tamén modificou o xeito de ingresar no corpo de inspectores. Con ela, dende 1912 se reservaron un terzo das vacantes para o ingreso por oposición, o resto cubríase cos alumnos propostos nas distintas promocións de devandita institución.

No albor dos anos dez, novamente sucedeu unha ampliación e reforzo do corpo de inspectores de Romanones. Así, en 1910 a carteira de *Instrucción Pública* de Romanones levou a cabo a maior ampliación ata a data, seguindo a liña de preocupación pola situación da educación como factor social anteriormente emprendida por Rodríguez San Pedro.[3375] Deste xeito ampliouse o cadro de persoal dun a catro inspectores xerais: reorganización da inspección educativa levouse a cabo mediante a publicación do Real Decreto do 7 de maio de 1910.[3376] O principal obxectivo desta nova distribución era establecer un maior contacto efectivo entre o *Ministerio de Instrucción Pública* e os centros educativos, profesorado e fundacións docentes. Para acadar esta finalidade, a Administración adoptou dúas vías: por un lado unha maior frecuencia das visitas dos inspectores e por outro unha maior ampliación do cadro de persoal da inspección de Primeiro Ensino. Deste xeito, con Romanones, a inspección da ensinanza primaria foi ampliada de 10 a 60 inspectores auxiliares, pretendendo aumentar a frecuencia das visitas ás escolas. O obxectivo era que cada tres anos todas as escolas foran inspeccionadas no territorio nacional. Para realizar estas visitas, as dietas concedidas eran de 500 a 1500 pesetas anuais por inspector. Por enriba disto, estes axentes tamén tiñan que visitar a Escola Normal, Xunta e Sección Provincial de Instrución Pública; realizando unha memoria anual ao final de cada curso lectivo.[3377]

A partir de 1912 saíu a oposición un terzo das vacantes de Inspección de Ensino Primario, mediante un proceso bastante esixente. Baixo esta reforma incorporáronse 20 novos inspectores. Os requisitos para presentarse ás oposicións eran: ser español, maior de 25 e menor de 45 anos, non padecer ningunha enfermidade, posuír o título de mestre de *Primera Enseñanza Normal* ou o *Superior* segundo o plan de 1901 e unha experiencia de cinco anos como mestre dunha escola pública. Así a todo, os aspirantes tiñan que aprobar os seguintes exercicios: un exame oral sobre *Psicoloxía, Pedagoxía, Organización Escolar* e *Didáctica* e tradución dun texto en francés, un exercicio práctico sobre unha visita de inspección a unha escola pública ou privada (analizando os aspectos referentes ao material, persoal e organización) e un exame escrito sobre un caso práctico de Pedagoxía, Historia da Pedagoxía e Organización Escolar. Unha vez superadas as probas, o novo inspector posuía a inmobilidade *no cargo* pero non *no destino*. As zonas foron adxudicadas segundo o Real Decreto do 14 de agosto de

[3372] En Real Decreto do 10 de xaniero de 1907, *Gaceta de Madrid* (Madrid 14 de xaneiro de 1907), 158-159

[3373] En Jean Louis Guereña (coord.) e "Narciso de Gabriel", *Historia de la educación en la España contemporánea: diez años de investigación* (Madrid: Ministerio de Educación, 1994), 228.

[3374] Vide Real Decreto do 3 de xuño de 1909.

[3375] Este Goberno ordenou a reposición con carácter urxente das prazas vacantes de inspección mediante a Real Orde do 21 de febreiro de 1910, publicado na *Gaceta de Madrid* do 23 de febreiro do mesmo ano.

[3376] En *Gaceta de Madrid* do 29 de maio de 1910.

[3377] Vide Real Decreto do 7 de maio de 1910, *Gaceta de Madrid* (29 de maio de 1910).

1912.[3378] Durante estes anos non houbo ningunha incorporación no cadro de persoal lucense, exercendo o cargo en solitario o inspector Manuel Lorenzo Gil.[3379]

En Lugo, non se ampliaría a cadro de persoal ata a chegada de Luis Soto Menor en 1914, segundo o disposto no artigo quince do Real Decreto do 5 de maio de 1913 que imos disertar a continuación.[3380] Con anterioridade na primeira promoción de inspectores ingresados por oposición publicado na Real Orde do 16 de xullo de 1908, non figuraba o nome de ningún inspector destinado na provincia lucense.[3381] Con esta normativa o territorio nacional estaba distribuído en 59 zonas de inspección, recoñecendo a capacidade do inspector para visitar todas as escolas das súa respectiva xurisdición, polo menos unha vez cada tres anos,[3382] estas territorios denomináronse *Zonas de Inspección de Primera Enseñanza*.[3383] Por outra parte, e tratando o tema da posibilidade de cesamento do servizo, no artigo número 15 do Real Decreto citado, fixaba a imposibilidade de que os inspectores foran separados do seu cargo. Só podían ser cesados por falta grave aos seus deberes, e logo dunha sentenza xudicial.[3384]

O Decreto do 5 de maio de 1913:

No referente ao acceso á inspección, comparando o *Decreto do 5 de maio de 1913* co anterior de Romanones existen as seguintes diferenzas: en primeiro lugar ampliou a oferta a profesores normais, (xefes da Sección Administrativa e aos licenciados en Dereito, Ciencias e Filosofía e Letras), en segundo lugar suprimiuse o límite de idade de ingreso e por último eliminou o acceso aos mestres con título superior, que no posuían servizos no ensino oficial. Estas medidas respondían á tendencia mantida pola ILE de non cerrar a selección de postos a candidatos procedentes do Maxisterio.[3385] Parece razoable a idea de non ignorar a valiosa opinión e experiencia deste colectivo. Igualmente, este decreto continuou coa dobre vía de ingreso: dous terzos reservados para os alumnos da EESM e un terzo das vacantes para os opositores. Agora ben, neste ano aprobouse o dereito das mulleres a ingresar no corpo de Inspección de Ensino primario,[3386] aspecto relevante para a adquisición da tan necesaria igualdade.

Segundo o Real Decreto de 5 de maio de 1913 e a Real Orde complementaria de 23 de xuño do mesmo ano, existían tres clases de inspectores: *natos, especiales* e *profesionales.* En primeiro lugar, os inspectores *natos* eran conselleiros de instrución pública, profesionais podían exercer funcións inspectoras en todo momento. Por outro lado, estaban os inspectores *especiales,* que eran axentes nomeados polo ministro aos que se lle encomenda a inspección de carácter técnico ou administrativo, escollidos pola súa xerarquía ou aptitude. Por último, atopábanse os *profesionales* que serían os inspectores que tiñan a praza por oposición, que só podían ser inspeccionados por outros con categoría superior a eles. Como xa citamos, esta praza de inspector

[3378] En *Gaceta de Madrid*, (16 de agosto de 1912).
[3379] En Manuel Lorenzo Gil, "As colonias escolares", *El Progreso* (Lugo 25 de xullo de 1914).
[3380] En María Dolores Seijas Soto, *El maestro de Zain* (Madrid: Ediciones Libertario, 2009), 23
[3381] En *Gaceta de Madrid* do 30 de xullo de 1908.
[3382] O Ministerio de Instrución Pública e Belas Artes dividiu o territorio da península e illas adxacentes en 59 zonas, entre elas a lucense.
[3383] En Gaceta *de Madrid* do 07 setembro de 1908.
[3384] En Real Orde do 16 de xullo de 1908, artigo 15, *Gaceta de Madrid* (07 setembro de 1908).
[3385] En O Real Decreto do 5 de maio de 1913, *Gaceta de Madrid*, Nº 133 (13 de maio de 1913).
[3386] En Consuelo Flecha García, "La inspección de primera enseñanza en la España del primer tercio del siglo XXI: modelos, contextos y protagonistas", *Historia Caribe* (volumen XIII, Nº 33, 2018), 202.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

profesional era ocupada en Lugo dende 1914 por Luis Soto Menor.[3387] Segundo o Real Decreto do 5 de maio de 1913 os conselleiros de instrución pública tiñan funcións de inspectores de ensinanza, para ocupar este cargo non necesitaban encargo do Ministro. Despois dos conselleiros atopábanse por orde xerárquica os reitores da universidade, axentes que exercían como xefes de Ensino Primario nos seus respectivos distritos universitarios.

Facendo un resumo a xeito de síntese, coa publicación do Decreto do 5 de maio de 1913 a inspección do ensino primario mellorou de xeito cualitativo e cuantitativo: en primeiro lugar o Estado creou corenta novas prazas, en segundo lugar coa reforma do Decreto do 5 de maio creouse a inspección feminina, por último celebrouse un curso de perfeccionamento para inspectores.[3388] Por outro lado, esta lexislación tamén establecían unha serie de requisitos para realizar o nomeamento dos inspectores xerais, establecendo os requisitos que tivo que cumprir Luis Soto para ser ocupar o cargo de inspector xefe da provincia de Lugo.

Cadro 2. Requisitos para ser inspector de ensino primario en 1913
a) Os inspectores natos, eran todos os conselleiros de instrución pública con facultades inspectoras; outorgábaselles a clase de inspector nato.
b) Os inspectores especiais eran nomeados polos inspectores natos. Exercían con categoría e soldo de xefe de Administración Civil ou de primeira clase, ou que gozase dunha renda superior a este último grao durante dous anos.
c) Os inspectores profesionais constituían o Corpo Orgánico de Actuación: central ou provincial. Eran nomeados polo ministro de instrución pública. Tiñan que ser catedrático de Universidade, Instituto, Escola Normal, Escola Superior do Maxisterio ou Escola Especial.

Fonte: Elaboración propia. En Real Decreto de 5 de maio de 1913 e Real Orde de 23 de xuño de 1913 que a desenvolve.

As primeiras rectificacións do *Decreto de Altamira* realizáronse entre maio e outubro de 1913: en primeiro lugar publicouse a Real Orde de 5 de maio que modificou as condicións de acceso dos inspectores interinos, en segundo lugar apareceu a Real Orde do 26 de maio que abriu o prazo para solicitar o nomeamento dos candidatos que cumprían os requisitos,[3389] en terceiro lugar saíu a Orde Ministerial do 23 de xuño que desenvolveu o Decreto polo cal aparecían por primeira vez os inspectores profesionais de primeira ensinanza.[3390] Esta disposición tamén agregou por primeira vez unha rectificación no acceso dos licenciados en Dereito, Ciencias, Filosofía e Letras; esixíndolles acreditar a súa aptitude pedagóxica mediante un certificado. Por último, o Real Decreto do 17 de outubro modificou a composición do *tribunal de oposicións*, incluíndo os conselleiros de instrución pública e substituíndo na presidencia ao director xeral.[3391]

Respecto ao tema dos *ascensos*, alcanzábanse a través da antigüidade no servizo do corpo. En Lugo, Luis Soto Menor foi ascendido ao cargo denominado: *Inspector Jefe*

[3387] Vide María Dolores Seijas Soto, *El maestro de Zaín* (Lugo: Ed. Libertarias, 2009).
[3388] En Manuel B. Cossío, *La enseñanza primaria en España* (Madrid: Edit. R. Rojas Museo Pedagóxico Nacional, 1915), 41.
[3389] En *Gaceta de Madrid* do 28 de maio de 1913.
[3390] En *Gaceta de Madrid* do 27 de xuño de 1913.
[3391] En *Gaceta de Madrid* do 21 de outubro de 1913.

USC DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Provincial de Lugo, ocupando a titularidade dende 1914 ata 1936.[3392] Os inspectores tamén podían solicitar o traslado ás escolas normais e viceversa, para realizar este cambio de posto existían varias condicións: a primeira tíñase que presentar os documentos que certificaran os seus servizos pedagóxicos ou científicos, e en segundo lugar debían achegar un traballo sobre pedagoxía xeral ou didáctica.

A importancia da creación da EESM (Escuela de Estudios Superiores del Magisterio)

A *Reforma de Faustino Rodríguez San Pedro* trouxo consigo importantes novidades, como xa dixemos, establecendo dúas vías de acceso á inspección: o ingreso por oposición e mediante a formación na EESM. Este ministro conservador puido levar a cabo esta *Reforma* debido a que o seu mandato durou máis de dous anos, aspecto clave na eficacia da súa xestión.[3393] Con base nisto, o proceso de oposición estaba composto por unha serie de exercicios cun grao de esixencia considerable: en primeiro lugar o aspirantes facían unha tradución dun texto en francés, logo tiñan que facer unha redacción dun informe sobre un caso práctico de lexislación escolar, unha disertación escrita dun texto de Pedagoxía e Historia de Pedagoxía, unha explicación dun texto de Psicoloxía, o desenvolvemento dun texto de Ética e unha crítica sobre unha obra declarada de utilidade escolar.

En efecto, a creación da EESM modificou o acceso ás prazas de inspección do ensino primario, Cossío e Aniceto apoiaron a idea de separar os mestres que procedían do maxisterio do ingreso ao corpo de inspectores, diferenciando entre o título de mestre e o de licenciado ou mestre superior.[3394] A través deste organismo ingresaron na provincia de Lugo os seguintes inspectores: Jacinto Ruiz Santiago (undécima promoción 1919-1923), Carmen Castilla Polo (1917-1920), José del Peso y Sevillano e Joan Comas Camps (décima promoción 1918-1921), o inspector Manuel Maceda López e as inspectoras María Victoria Díaz Riva e Antonia Ortiz Currais (sétima promoción 1915-1918).[3395]

Segundo a Real Orde de 23 de xuño de 1913, unha das condicións para participar nas oposicións de inspección era posuír o título de mestre superior: "...acreditar a súa aptitude mediante o certificado correspondente ou o título de Mestre Superior".[3396] Despois da publicación do Real Decreto do 5 de maio de 1913 algúns docentes solicitaron o reingreso ao corpo de inspección, este feito produciu un aumento do prestixio laboral e a mellora desta profesión. A Real Orde do 10 de setembro de 1913 aprobou o reingreso dos solicitantes aínda que non se someteran ao proceso de oposicións. A continuación, recóllese un treito textual, sobre o xeito no que se recoñecía e aprobaba a correspondente solicitude:

[3392] Vide María Dolores Seijas Soto, *El maestro de Zaín* (Lugo: Ed. Libertarias, 2009).

[3393] Con anterioridade, o ingreso por oposición foi proposto por Pidal en 1885 e iniciado coa reforma de García Alix en 1900.

[3394] En María Teresa López del Castillo, "El acceso de la inspección profesional en el sistema educativo español". En Eduardo Soler Fiérrez E, María Teresa López del Castillo,Domingo Muñoz Marín, Antonio Molero Pintado e Elías Ramírez Aísa, *Estudios históricos sobre la Inspección Educativa* (Madrid: Escuela Española, 1995), 141-142.

[3395] En Antonio Molero Pintado e María del Mar del Pozo Andrés, *Escuela de Estudios Superiores del Magisterio (1909-1932)* (Alcalá de Henares: Universidade de Alcalá de Henares, 1989), 200-214.

[3396] Ídem.

> ... Considerando que, aunque el solicitante no procede de la oposición, su nombramiento fue tan legítimo como el propuesto por un Tribunal, y así como no puede ni debe distinguirse, para excluirlos, entre los actuales Inspectores que han ingresado en virtud de sistemas distintos, tampoco entre los cesantes para dejar de incluirlos.[3397]

Esta normativa tamén estableceu unha *quenda de cesantes* no corpo de inspectores de primeira ensinanza na provincia de Lugo, o prazo de reingreso para os mestres solicitantes foi de quince días. As peticións presentadas resolvéronse segundo o Real Decreto do 22 de outubro de 1913, os funcionarios cesantes foron incorporándose pouco a pouco, ocupándose unha de cada tres vacantes ofertadas dende o 16 de setembro deste ano.[3398]

En 1914, a dirección da EESM estaba constituído por un director elixido polo claustro de profesores de xeito democrático, un cargo exclusivamente burocrático que representaba a institución e se dedicaba a tarefas de organización e mantemento. Segundo o Real Decreto do 30 de agosto de 1914 a EESM, dividiuse en dúas seccións unha masculina e outra feminina. Esta división por xénero aumentou o número alumnos e profesores da EESM, así como o conseguinte gasto de mantemento, que por aquel entón segundo Cossío xa era excesivo. A EESM outorgaba nas súas dúas seccións os títulos de *Letras y Ciencias* para os profesores e *Letras, Ciencias y Labores* para as profesoras. Na provincia de Lugo, a única muller que estudiou neste centro e estivo destinada posteriormente como inspectora foi Carmen Castilla Polo (1917-1920), que tiña unha intensa formación pedagóxica, teórica e práctica.[3399]

A *titulación* expedida por esta EESM capacitaba ao titulado para o ingreso no profesorado das escolas normais, no maxisterio e na inspección de Primeiro Ensino. Non obstante, existía unha división entre o ensino oficial e acceso libre, estes últimos necesitaban realizar unha oposición para poder ingresar en calquera dos cargos anteriormente vistos.[3400] Os requisitos para acceder ao ingreso da EESM eran: ter entre 18 e 36 anos de idade, posuír o título de *Maestro Superior o licenciatura de Filosofía y Letras o Ciencias* e superar un exame de dous exercicios. As probas para o ingreso na Escola eran diferentes segundo a sección elixida. A continuación o seguinte cadro recolle a avaliación que os aspirantes tiñan que realizar.[3401]

Cadro 3. Requisitos para o ingreso na EESM
Existían unha serie de requisitos para poder ingresar na EESM:
1. En primeiro lugar, o aspirante ao ingreso tiña que ser maior de 18 anos e menor de 36.
2. En segundo lugar, debía de ser mestres superiores ou licenciados en filosofía e letras ou en ciencias.
3. O aspirante tiña que superar un exame con dous exercicios comúns nas tres seccións (ciencias, letras e labores): unha proba de tradución e lectura, e outra de redacción dun tema de pedagoxía.
Constaban para cada sección unhas probas especiais:
a) Para a sección de ciencias: resolución de problemas de aritmética, álxebra e xeometría.
b) Para a sección de letras: análise gramatical exercicio práctico de

[3397] En Varios, *Colección legislativa de Instrucción Pública. Año 1913* (Madrid: Imprenta de la Dirección Xeral do Instituto Xeográfico e Estadístico, 1913), 570-571.

[3398] En Ídem, 694-695.

[3399] En Antonio Molero Pintado e María del Mar del Pozo Andrés, *Escuela de Estudios Superiores del Magisterio (1909-1932)* (Alcalá de Henares: Universidade de Alcalá de Henares, 1989), 200-214.

[3400] En Real Decreto do 30 de agosto de 1914

[3401] En Manuel B. Cossío, *La enseñanza primaria en España* (Madrid: Edit. R. Rojas Museo Pedagóxico Nacional, 1915), 182.

xeografía e preguntas sobre materias da sección.
c) Para a de labores: corte e feitura de roupa branca, execución de bordados en branco, debuxo e preguntas.

Fonte: Elaboración propia. En Eduardo Soler Fiérrez e outros, *Estudios históricos sobre la Inspección Educativa* (Madrid: Edit. Escuela Española, 1995), 121.

Para coñecer o aumento da formación técnica dos inspectores que estudaron na EESM é adecuado analizar o programa de estudos levado a cabo. O resultado da *Proba-Exame* era a suma das diferentes exercicios. Segundo a cualificación obtida repartíanse as prazas convocadas para a respectiva convocatoria. O número de prazas para o ingreso na EESM era de 40 para alumnos e 20 para alumnas. Con todo, existía un número limitado de prazas e os estudantes tiñan que aboar unha matrícula de 25 pesetas por curso. Agora ben, o plan académico era moi completo. Os discentes que se presentaban por libre non podía optar ás prazas das escolas normais sen oposición, deste xeito cada aspirante tiña que se enfrontar ao mesmo proceso de exame que os oficiais.

Grazas á EESM, os alumnos e alumnas obtiñan unha completa *formación pedagóxica e técnica*, pensando no posterior traballo de orientación ao mestre.[3402] Unha vez ingresados na EESM, o programa de estudos constaba de tres cursos. Cada sección tiña un plan formativo diferenciado: letras, ciencias e labores. Existían unha serie de materias comúns e outras específicas: o seguinte cadro recolle as disciplinas que estudaron os inspectores e inspectora que estiveron destinados posteriormente na provincia de Lugo, procedentes da EESM.

Cadro 4. Programa de estudos da EESM
O 1º ano os estudos eran os seguintes:
1.Relixión e moral.
2.Principios de filosofía.
3.Fisioloxía e hixiene xeral.
4.Pedagoxía fundamental.
O 2º ano:
1.Pedagoxía de anormais.
2.Lexislación escolar comparada.
3.Técnica da inspección.
4.Dereito e economía social.
5.Inguas ou Alemán.
O 3º ano:
1.Historia da pedagoxía.
2.Hixiene escolar.
3.Inglés ou alemán.
Os estudos especiais das tres seccións eran:
Sección de Letras.
1º ano:
1.Preceptiva e Historia Xeral Literaria;
2.Xeografía (1º curso)
3.Historia da Civilización (1º curso)
2º ano:
1.Lingua e Literatura Españolas
2.Xeografía (2º curso)
3.Historia da Civilización (2º curso).
3º ano:
1.Teoría e Historia das Belas artes.

[3402] En Manuel B. Cossío, *La enseñanza primaria en España,* (Madrid. Edit. R. Rojas Museo Pedagóxico Nacional, 1915) 182-183; e Eduardo Soler Fiérrez e outros, *Estudios históricos sobre la Inspección Educativa* (Madrid: Edit. Escuela Española, 1995), 122.

Sección de ciencias:
1º ano:
1.Aritmética e Álxebra.
2.Física
2º ano:
1.Xeometría e Trigonometría
2.Química
3.Historia Natural (1º curso)
3º ano:
1.Historia Natural (2º curso)
2.Practica de Agricultura.
Sección de Labores:
1º ano e 2º ano:
1.Labores Útiles
2.Labores Artísticos
3º ano:
1.Economía Doméstica.

Fontes: Elaboración propia. En Manuel B. Cossío, *La enseñanza primaria en España* (Madrid: Edit. R. Rojas Museo Pedagóxico Nacional, 1915), 182-183. e Eduardo Soler Fiérrez e outros, *Estudios históricos sobre la Inspección Educativa* (Madrid: Edit. Escuela Española, 1995), 122.

No que respecta á cuestión *económica* para o seu mantemento, para cubrir os gastos mínimos de material, cada alumno recibía unha partida de 600 pesetas por curso para os que vivían en Madrid, e 800 para os que residían no resto das provincias.[3403] A duración das clases era como máximo de hora e media, alternando as distintas leccións. No terceiro curso realizábanse prácticas de ensino e de inspección, na EESM e nas escolas normais de Madrid. Cada alumno e alumna recollía estas actividades nun diario, incidindo de forma especial nas observacións prácticas.

Cadro 5. Quendas para obter a praza de profesor numerario
Por concurso: Podían acudir
Os catedráticos das facultades de Filosofía e Letras, e Ciencias.
Os profesores numerarios das escolas normais con cinco anos de antigüidade e tiveran a cátedra de ensinanza igual ou análoga á vacante.
Os inspectores de primeira ensinanza e mestres de escola pública que se atoparan nas tres primeiras categorías do *escalafón*.
Por oposición: Podían aspirar
Os mestres normais
Os doutores en filosofía e letras, e en ciencias.

Fonte: Elaboración propia. En Manuel B. Cossío, *La enseñanza primaria en España* (Madrid: Edit. R. Rojas Museo Pedagóxico Nacional, 1915), 185.

Para conseguir un nivel formativo tan completo o *número de docentes* da EESM era elavado. Para darnos conta disto, en 1915 os exercicios ou exames eran corrixidos por 41 profesores, un profesor para cada unha das materias. En total neste ano atopábanse matriculados 120 alumnos na EESM (entre os que non figuraba ningún lucense ou persoal destinado na provincia de Lugo). As clases de Hixiene Escolar e Técnica da Inspección impartíanse tamén por profesores da EESM. Posteriormente foron suprimidos seis profesores e a disciplina de Coeducación. Todos eles obtiñan unha remuneración salarial que oscilaba entre 1500 e 4500 pesetas anuais, ademais existían aumentos por quinquenio ou desempeño de vacantes.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[3403] Vide Antonio Molero Pintado e María del Mar Del Pozo Andrés, *Escuela de Estudios Superiores del Magisterio (1909-1932)* (Alcalá de Henares: Universidade de Alcalá de Henares, 1989), 200-214.

> Los directores y maestros de las Escuelas Normales que se supriman, quedarán de Inspectores de escuelas en sus respectivas provincias con los mismos sueldos que en la realidad disfrutan, y pagados de la propia manera (art. 58). El Gobierno establecerá en las demás provincias los Inspectores que juzgue necesarios, pagados de los fondos que las Cortes concedan con este objeto (art. 59). Los gastos de visita serán satisfechos por las respectivas provincias (art. 60).[3404]

No ano 1915, o ingreso no corpo de inspectores realizábase do seguinte modo: dúas terceiras partes das vacantes estaban reservadas aos mestres normais da EESM e unha terceira parte a través dunha oposición. A partir deste ano o acceso estaba regulado a través do Real Decreto do 4 de marzo de 1915, dividindo o proceso en dúas quendas: unha a Libre e outra Restrinxida. En primeiro lugar, a quenda Libre estaba destinada a aqueles mestres con título Normal ou Superior que posuían tres anos de servizo en escola pública e licenciados en Filosofía, Letras e Ciencias e que tiñan aprobada a Pedagoxía e Historia da Pedagoxía nunha Escola Normal ou na EESM. Por esta vía accedeu ao cadro de persoal lucense a inspectora Carmen Castilla Polo en 1917. En segundo lugar, a quenda Restrinxida era para os mestres con título Superior que ingresasen a través dunha oposición e que contaban con máis de cinco anos de experiencia no ensino público.

O tribunal estaba formado por un conselleiro de instrución pública (presidente), un profesor ou profesora de numérico de escolas normais e dous inspectores de Primeiro Ensino (o máis novo actuaba como secretario). O exame comprendía cinco exercicios de oposición que amosaban un grao de esixencia bastante elevado. O seguinte cadro recolle as probas propostas aplicadas aos opositores que pretendía acceder ao corpo de Inspección de Ensino Primario:

Cadro 6. Exercicios para o ingreso no corpo de inspectores en 1915
1º Contestar a dous temas en catro horas sacados a sorte sobre estas materias: Pedagoxía Fundamental, Historia da Pedagoxía, Pedagoxía de Anormais, Lexislación Escolar Comparada e Técnica da Inspección.
2º É oral, o opositor contestaba nunha hora a cinco temas daquelas materias.
3º Tradución dunha páxina dun libro de pedagoxía en francés, alemán, inglés ou italiano, segundo o idioma que elixía o opositor.
4º Resolución dun expediente dos que xeralmente tiñan que tramitar os inspectores nas súas visitas ás escolas.
5º Exercicio práctico de ensino nunha escola.

Fonte: Elaboración propia. Real Decreto do 4 de marzo de 1915 polo cal se regulaba o acceso por oposición ao corpo de inspectores.

A regulación do sistema de oposición de 1915 modificou o sistema de acceso, o *Decreto de Altamira* que determinaba que debía de implantarse un sistema de oposicións para o ingreso no corpo de inspectores de Ensino Primario. Con todo, esta normativa non especificaba como se debía realizar este proceso. Este decreto só determinaba os requisitos dos aspirantes e a composición dos tribunais. O Real Decreto do 4 de marzo de 1915 modificaba e complementaba a lexislación de acceso de 1913, especificando os exercicios da oposición, os prazos e os tribunais.[3405] As 20 prazas reservadas para o concurso foron creadas coa Lei de Presupostos de 1915 e asinadas polo ministro de instrución pública, o conde de Esteban Collantes.[3406] Coa implantación da quenda dos novos inspectores creouse un escalafón de aspirantes composta co excedente ou substitutos. Esta promoción empregaba as prazas no caso de necesidade

[3404] En Real Decreto do 23 de setembro de 1847 (Madrid. Dirección General de Estudios: art. 58-59-60).
[3405] En *Gaceta de Madrid* dos días 5 e 6 de marzo de 1915
[3406] Vide Real Decreto do 19 de febreiro de 1915 en *Gaceta de Madrid* do 20 de febreiro de 1915.

de cubrir con rapidez as vacantes.[3407] A parte dispositiva regulaba a oposición directa para ocupar un terzo das vacantes, o resto era reservada para os alumnos da EESM. Este proceso dividíase en dúas quendas: a primeira reservada para os mestres de escolas nacionais e a segunda oposición libre para os mestres normais, licenciados en Filosofía e Letras e Ciencias. En ambas as dúas quendas aplicáronse as mesmas cinco probas: contestar por escrito, en catro horas, a dous temas sacados a sorte de: *Pedagogía Fundamental, Historia de Pedagogía, Pedagogía de Anormales, Legislación Escolar Comparada* y *Técnicas de Inspección*. Logo procederíase a unha lectura pública; contestar oralmente, durante unha hora como máximo, a cinco temas dun cuestionario composto con temas de: *Pedagogía Fundamental, Historia de Pedagogía, Pedagogía de Anormales, Legislación Escolar Comparada* y *Técnicas de Inspecció*n. De corrido, os aspirantes debían traducir unha páxina dun libro de pedagogía escrito en francés, alemán, inglés ou italiano elixida polo opositor. De forma sucesiva realizábase un exercicio práctico mediante a tramitación dun expediente de Inspección de Ensinanza Primaria ou un sobre a visita de inspección a unha escola pública. Por último realizaban unha práctica de ensinanza nunha escola nacional, durante o tempo de acordo do tribunal.[3408]

Respecto ao *tribunal* que seleccionou aos inspectores estaba composto por: un conselleiro de instrución pública pertencente á sección primeira do Consello (que exercía de presidente), un profesor numerario da EESM, un profesor numerario das escolas normais e dous inspectores de primeira ensinanza (o máis novo exercía como secretario). Os requisitos para participar no proceso de selección eran os seguintes: ser español, ter os 21 anos de idade e non estar incapacitado para exercer cargos públicos. Os opositores tiñan que presentar os documentos acreditativos dos seus méritos no *concurso-oposición*, os puntos acumulados proviñan de premios pedagóxicos, artísticos, científicos ou literarios. Amais, os opositores debían de presentar un traballo persoal sobre unha cuestión de pedagóxica xeral ou metodoloxía aplicada a unha escola primaria.

Paulatinamente, mediante as distintas convocatorias de oposición produciuse un notable *incremento das prazas* de inspección e das de profesorado das escolas normais. Un aumento que non puido absorber con suficiencia ás alumnas e aos alumnos titulados na EESM. Por este motivo, o Real Decreto do 3 de marzo de 1922 eliminou os artigos 46 e 52 do Real Decreto do 30 de agosto de 1914, que facía referencia á colocación directa dos alumnos da EESM. Así, a última convocatoria de ingreso por esta vía foi anunciada na Real Orde do 14 de xullo de 1922, sendo a derradeira promoción de acceso directo a de 1922-1926.[3409]

Unha vez visto o sistema de acceso desta normativa, cómpre coñecer a *esixencia* da realización de exercicios aos inspectores que traballaron na provincia de Lugo. Unha vez rematadas as probas, a Dirección Xeral en colaboración coa JAE formaba unha listaxe cos admitidos e coas admitidas. A continuación, o tribunal de oposicións

[3407] A cuestión de substitucións de inspectores en Lugo foi moi polémica porque en 1931 Joan Comas Camps, cando viaxou coa JAE para ampliar os seus estudos, non foi substituído, o que provocou un incremento do número de escolas a supervisar para Luis Soto Menor, cando a provincia xa arrastraba unha carencia de inspectores e unha dilatada dispersión escolar. Cómpre rememorar que os inspectores tiñan unha sobrecarga de traballo e un nomadismo laboral agudo, circunstancias que foron problemáticas á hora de desenvolver unha ocupación integral e de calidade. En Joan Comas Camps, "Expediente Joan Comas Camps" (Madrid: Arquivo JAE/37-588).

[3408] Ídem.

[3409] En *Gaceta de Madrid* do 31 de xullo de 1922.

organizaba para os aprobados un curso de ampliación de estudos en Madrid e unha viaxe ao estranxeiro. O tribunal estaba constituído polo director xeral de primeira ensinanza que actuaba como presidente e catro vogais: o director do *Museo Pedagógico Nacional*, un profesor da EESM e dous inspectores de primeira ensinanza.

Os inspectores, unha vez incorporados á provincia lucense, tiñan un sistema de *ascenso* no *escalafón* baseado nun sistema alternativo de antigüidade e mérito. As vacantes cubríanse mediante un concurso de traslado, proceso que tiña en conta a orde segundo o número na listaxe concursante.[3410] Unha vez ocupada a praza, os inspectores podían ascender mediante un concurso de méritos tendo en conta os seguintes criterios de *baremación*: antecedentes profesionais, premios nas memorias de inspección e distincións mencións honoríficas do Ministerio.

Respecto ao tema da *inmobilidade* no destino, todos estes cambios conformaron unha nova realidade. Unha das reformas máis notables foi a levada a cabo en 1913, pero que máis tarde foi modificada.[3411] Unha vez superado o proceso de oposición garantiuse a inmobilidade no cargo, pero non no destino. Estas novidades non aseguraban o dereito de permanecer nun lugar fixo, xa que os inspectores podían ser trasladados por Real Orde segundo o artigo número catorce. Con regularidade, estes axentes eran figuras que estaban a disposición da Administración para intervir en determinados casos.

O acceso á inspección de Primeiro Ensino durante a Segunda República

No bienio reformador da Segunda República (1931-1933) o cadro de persoal de inspectores de Lugo foi *ampliado*, sufrindo a maior extensión da súa historia, dende 1900 ata 1936. Tendo en conta isto, grazas o goberno do primeiro bienio da Segunda República, os inspectores que conformaron o cadro de persoal lucense foron: Manuel Vázquez Gesto, José Luis Asián Peña (inspector e catedrático da Escuela Prepatoria, Carmen Muñoz Manzano e Daniel Calvo Portero.

Durante este período, o ingreso ao corpo de inspección tamén cambiou. Sobre todo no referido a diversos matices e consideracións lexisladas no Decreto do 2 de outubro de 1931, que regulaba o proceso de acceso á inspección de Primeira Ensinanza.[3412] En último termo, este período transmitiu con maior forza o carácter técnico do inspector, por este motivo no preámbulo desta normativa destacaba a importancia da función inspectora como elemento de *orientación pedagóxica*. Ademais, este decreto introducía unha novidade: a aparición dunha nova figura chamada *inspector-mestre* (ocupada en Lugo por José Rois Castro).

Na Segunda República o *acceso á Inspección* de Ensino Primario realizábase mediante dous procedementos: por oposición libre para os mestres das escolas nacionais e por concurso restrinxido para mestres nacionais cunha experiencia de quince anos de servizo integro. Os primeiros tiñan que posuír a praza en propiedade, ter menos de 40 anos, cinco anos de bos servizos ou ser licenciados en Pedagoxía ou

[3410] Vide Real Decreto de 5 de maio de 1913 e Real Orde de 23 de xuño de 1913 que a desenvolve.

[3411] En Adolfo Maíllo, "Historia y problemas de la inspección de enseñanza primaria", *Bordón*, Nº 84-85 (1959): 215-239.

[3412] En Decreto do 2 de outubro de 1931, *Colección legislativa de Instrucción Pública, (año 1931)* (Madrid: Imprenta La Enseñanza, 1932), 540-600.

mestres normais procedentes de EESM. O tribunal estada composto por un conselleiro de instrución pública, un profesor de Pedagoxía da Escola Normal ou da Universidade numeraria da EESM, un mestre nacional e dous inspectores de Primeira Ensinanza. A selección do persoal estaba configurada en realidade como un concurso oposición, constituída por dúas partes: en primeiro lugar os aspirantes entregaban unha memoria comprensiva e analizaban varios informes da inspección, en segundo lugar os admitidos ás oposicións realizaban varios exercicios. As probas realizadas eran: un exercicio escrito de *Pedagogía Fundamental*, un exercicio de *Organización y Metodología Escolar*, unha lección práctica a un grupo de nenos (os aspirantes podían ser eliminados do proceso neste exercicio cando non mostraban unha correcta preparación), unha visita colectiva a unha escola unitaria entregando un informe escrito coa análise do centro, unha visita a unha escola graduada con entrega de redacción de situación do funcionamento e plan de mellora, un exercicio escrito sobre lexislación escolar de primeira ensinanza e unha tradución escrita dunha páxina dun libro de Pedagoxía en francés sen apoio de dicionario.[3413]

O segundo xeito de ingresar no corpo de inspectores durante a Segunda República era mediante concurso restrinxido, este proceso estaba reservado para seleccionar os *inspectores-mestres*. A Comisión encargada de facer esta selección estaba formada por un conselleiro de instrución pública, un profesor da Escola Normal, un mestre nacional e dous inspectores de Primeira Ensinanza. Esta Comisión estaba encargada de valorar as memorias, informes de inspección e traballos entregados polos aspirantes. Despois de examinar a documentación, o equipo de avaliación visitaba ás escolas dos admitidos decidindo a adxudicación das prazas concursantes, propostas que se elevaban aos organismos superiores.

Segundo o mesmo Decreto do 2 de outubro de 1931 tamén se creou un novo organismo denominado a *Inspección Central de Primera Enseñanza y Escuelas Normales*. Este equipo atopábase constituído por tres inspectores profesionais e dous da Escola Normal, que foron elixidos polos seus bos servizos durante dez anos como mínimo.[3414] Estes axentes denominábanse *inspectores centrais*, *xerais ou superiores*, pola súa categoría superior. As funcións da *Inspección Central* eran principalmente administrativas, ofrecendo algunhas orientacións educativas e promovendo a eficacia das disposicións do Ministerio. Coa creación desta entidade pretendíase potenciar a conexión técnica entre a Administración Central e os órganos periféricos de ensinanza.[3415]

Por outro lado, cabe realizar unha análise da aparición do Novo regulamento da Inspección de Primeira Ensinanza, lexislado a través do Decreto do 2 de decembro de 1932 e que establecía unha importante reforma da inspección de Primeira Ensinanza.[3416] Este decreto, xunto á creación da *Dirección General de Primera Enseñanza*, foron as disposicións que outorgaron á inspección lucense un maior impulso e eficacia ata o período estudado.[3417] Nesta reforma recollíase o procedemento

[3413] En Decreto do 2 de outubro de 1931, *Colección legislativa de Instrucción Pública, (año 1931)* (Madrid: Imprenta La Enseñanza, 1932), 540-600.

[3414] Vide Decreto do 2 de outubro de 1931.

[3415] En Mariano Pérez Galán, *La enseñanza en la segunda república española* (Madrid: Cuadernos de Diálogo, 1975), 121.

[3416] En *Gaceta de Madrid* do 7 de decembro de 1932.

[3417] En Eduardo Soler Fiérrez e outros, *Estudios históricos sobre la Inspección Educativa* (Madrid: Edit. Escuela Española, 1995), 137.

de ingreso á inspección, un proceso similar ao publicado no Decreto do 2 de outubro de 1931, aínda que esta disposición introduciu algunhas modificacións: en primeiro lugar ampliaba a 45 anos a idade límite para presentarse ás oposicións libres, en segundo lugar especificaba que os aspirantes que non foran mestres, tiñan que presentar un tema de investigación pedagóxica, (desapareceu o concurso restrinxido) e por último modificaba o segundo exercicio pasando a ser oral.

No referente á composición de *tribunais*, este novo regulamento non introduciu cambios. De igual xeito, o tribunal continuou estando composto por un conselleiro de instrución pública, un inspector xeral de Primeira Ensinanza, un profesor de Pedagoxía da Escola Normal e dous inspectores de Primeira Ensinanza. Con todo, o Decreto do 2 de decembro de 1932 introduciu varias novidades: a primeira foi a unificación das zonas de inspección femininas e masculinas. A segunda a aplicación de experiencia de coeducación nas escolas. Estes feitos fixeron que a separación das *zonas por xénero* xa non tivese sentido. O terceiro cambio foi a posibilidade de que as xuntas provinciais de inspección propuxeran á *Inspección Central* o nomeamento de "delegados da inspección", que eran mestres que visitaban temporalmente a escolas próximas para levar consignas dos inspectores.[3418] O 27 de agosto de 1932 tamén saíron a oposición seis prazas de oficiais da secretaría técnica do Ministerio de Instrución pública e Belas Artes.[3419]

Os alumnos e alumnas da EESM que quedaban tiñan dereito á colocación directa, esta circunstancia resolveuse reservando dous terzos das prazas de nova creación. A provisión facíase mediante un concurso restrinxido para os aspirantes da desaparecida EESM. Coa publicación da Lei de Presupostos do ano 1932 creáronse novas prazas de inspección no primeiro bienio, significando unha importante ampliación do equipo de inspectores. Ao ano seguinte apareceu unha nova convocatoria creando máis postos mediante dúas quendas de oposición. O Decreto do 23 de xuño de 1933 regulaba as oposicións establecidas para as cátedras do profesorado de ensino secundario.[3420] Así en 1933, o cadro de persoal de inspectores na provincia de Lugo quedaba constituído por sete inspectores.[3421] Este equipo estaba constituído polos seguintes inspectores: Daniel Calvo (traballando en 1933), Manuel Vázquez Gesto, Ubaldo Ruiz Tablado e José Mª. Díaz e Díaz Villamil (todos eles rexentaban o cargo con Luis Soto Menor).[3422]

O goberno da CEDA e a chegada da Guerra Civil

Despois dos cambios que se produciron no primeiro bienio produciuse un retroceso coa arribada do período *radicalcedista*: volta á lexislación anterior ao goberno do primeiro bienio da Segunda República. Mais tarde, o Goberno da Fronte Popular (vitorioso nas eleccións de febreiro de 1936) restableceu a *Inspección Central* e a inmobilidade no destino, mediante dous decretos segundo denominados igual: Decreto do 4 de marzo de 1936.[3423] Esta reforma foi levada a cabo polo Goberno de Azaña e

[3418] En Joan Comas Camps, "Propuesta para maestro-inspector", *El Progreso*, Lugo, 25 de setembro de 1931.
[3419] En *Gaceta* do 21 de setembro de 1932.
[3420] En *Gaceta* de Madrid de 1927.
[3421] A primeira quenda atópase recollida na Orde Ministerial do once de abril de 1932 e a segunda coa Orde Ministerial do 5 de setembro de 1933.
[3422] En Luis Batanaz Palomares, *La inspección de primera enseñanza durante la guerra civil y el primer franquismo* (Córdoba: Servizo de Publicacións da Universidade de Córdoba, 2011), 198-205
[3423] En *Gaceta de Madrid* do 5 de marzo de 1936.

Marcelino Domingo, que dirixía o *Ministerio de Instrucción Pública*, cargo ocupado por pouco tempo debido ao comezo da Guerra Civil.

Mentres tanto, en Lugo o inspector Daniel Calvo rexentaba a inspección xunto con Luis Soto Menor, como inspector xefe provincial. Todos estes cambios lexislativos conformaron ao longo do período estudado un perfil profesional de inspector de ensino primario. As diversas reformas na inspección estiveron suxeitas aos obxectivos do goberno central de quenda. A pesar do movemento pendular político, ata a instauración do goberno da CEDA, a inspección gañou en calidade e cantidade grazas: a unha maior consideración sociopolítica do inspector, ao aumento do cadro de persoal de inspectores, aos cambios introducidos na formación (especialmente coa constitución da EESM), ás viaxes de estudos coa JAE, á influencia renovadora da ILE e ao maior liderado da inspección nas políticas educativas. Así, apréciase que dende o comezo do século XX houbo unha tendencia xeral á mellora das condicións laborais: sobre todo na redución paulatina do número de escolas a supervisar. Por este motivo, convén lembrar as demandas dos inspectores no referente: á ampliación do número de inspectores e a unha formación máis especializada do inspector (técnica e pedagóxica).

O inicio da Guerra Civil provocou que todos os inspectores republicanos foran remexidos dos seus destinos para telos controlados. Outra vez, produciuse unha *sobreutilización* da función fiscalizadora do inspector como figura de control. Non debemos esquecer que eran épocas de desconfianza e depuración, promovidas por un contexto bélico, *invertebrado* e socialmente esnaquizado. Chegaron duros tempos caracterizados por traslados, xuízos, situacións de inxustiza e crueldade. Igualmente, durante a ditadura de Franco todos os organismos relacionados coa ILE ou movementos de corte progresista como a JAE deixaran de funcionar.[3424] Ben Cho Shey foi testemuño desta situación, incluso chegou a manifestar o mal clima social que se respiraba na capital lucense:

> Dende que estas bestas se apoderaron violentamente do mando comezou o imperio da inxustiza, do horror, do desbaraxuste, do latrocinio e de tódalas, calamidás imaxinables.[3425]

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[3424] En Raquel Vázquez Ramil, *Mujeres y educación en la España contemporánea. La Institución Libre de Enseñanza y la Residencia de Señoritas de Madrid* (Madrid: Akal, 2012); e en *Sarmiento*, N 16, (2012): 218.

[3425] En José Ramon Fernández Oxea, *Ben Cho Shey, Diario de Lugo, 1936* (Lugo: Deputación de Lugo) 46.

7.9. ESTUDO SOBRE OS DOCENTES MÁIS DESTACADOS (1900-1936)

Estudo de:
José Manuel Vázquez López

O seguinte cadro recolle os mestres e mestras máis destacadas que traballaron na provincia de Lugo entre 1900 e 1936, loitando non só polas condicións escolares, senón tamén polos dereitos dos mestres e escolares desfavorecidos, complementando ás accións benéficas e gobernamentais.

Cadro 1. Docentes e personalidades destacadas da provincia de Lugo para o ensino primario (1900-1936)	
Nome	**Méritos polo que destacaron**
-Gumersindo Gómez Otero	(Ribeira de Piquín 1864-Lourenza 1929) Mestre e xornalista de Lourenzá emigrado a Cuba (Sancti Spíritus) onde se doutorou en Pedagoxía. En Galicia fundou un semanario que informaba sobre A Pontenova e as comarcas de Meira e A Fonsagrada en 1907, coñecido como *Las dos Regiones*.
-Domingo Saavedra Sánchez	Naceu en Friol en 1887 e finou en Sarria en 1970. Exerceu preto de 40 anos a función docente en Sarria, impartindo clases de: primaria, preparatorias para bacharelato, maxisterio, comercio, oposicións etc. Figura de gran relevancia na vila de Sarria que obtivo a medalla de *Afonso X O Sabio* e ten unha Rúa ao seu nome. Foi presidente da *Asociación del Partido de Sarria* na década dos anos trinta e colaborador da Semana Pedagóxica de 1933.
-Ángel Fernández Gómez	Filántropo que creou a Escola do Campo Castillo de Lugo, que en 1893 foi transportada posteriormente á calle de Clérigos. Recoñecido como "o mestre" de Ángel López Pérez (alcalde lucense), en 1914 defendeu a conservación dos árbores da Alameda de Praza de España de Lugo.[3426] Dende 1886 foi director da Escola de Obreiros, baixo o beneplácito do bispado.[3427]
-Mª. Concepción Currais Blanco	Mestra en 1908 do municipio lucense de O Corgo e Nadela ata 1923. Defendeu a creación de escolas para adultas e organizou varias cantinas escolares para a infancia sen recursos.
-Camilo Fernández Díaz	Coñecido como "El Maestro" foi o máis destacado mestre de Burela dende 1919, fundador do *Pósito de Pescadores* e encargado da xestión da construción do primeiro peirao burílense en 1931.
-José María Rodríguez Rivera	Mestre da veciñanza de Lugo que ocupou o cargo de directivo e participou activamente en diversos actos provinciais.[3428]
-Evaristo de Cuena González	Destacou como mestre de Tardad (Vilalba), posteriormente foi profesor no *Grupo Cervantes* de Madrid e inspector de Primeiro Ensino na Coruña en 1936. En outubro de 1935 publicou un artigo na *Revista de Pedagogía* sobre a educación sexual, titulado: "Consideraciones acerca de la educación sexual".[3429]
-Victoriano Tuñón y García	Director e Presidente da *Asociación del Magisterio Lucense*. Desenvolveu certames pedagóxicos e cursos de formación educativa. Director da Escola Graduada da capital de Lugo.
-Hortensia Friol e Friol	Mestra da Escola Pública de Monforte durante máis de 40 anos.
-Marcelino Friol Novoa	Mestre destacado de Monforte de Lemos, presidente da *Asociación Provincial del Magisterio de Lugo* en 1933 e marido de Hortensia Friol, que exerceu a docencia nesta localidade durante moitos anos.

[3426] Vide Ángel Ferández Gómez, *La Idea Moderna*, 18 de abril de 1914.
[3427] En *El Lucense*, Lugo, 9 de febreiro de 1889.
[3428] Vide "José María Rodríguez Rivera", *Nomes e Voces*, extraído o 17 de outubro de 2023 de http://vitimas.nomesevoces.net/gl/ficha/16988/.
[3429] Vide Evaristo de Cuena, ""Consideraciones de la educación sexual", *Revista de Pedagogía*, Nº 166, Outubro (1935).

-Bernardino de Azpiazú Álvarez	Director do dairio *El Buscapié* e autor dunha carta en defensa da implantación do maxisterio feminino en Lugo.
-Gregorio Sanz García	Introdución de experiencias da escola activa, impulsor do periódico *El Pequeño Escolar* e colaboración coa *Revista de Pedagogía*.
-Pedro Saco Filloy	Fundador da Academia Juan Jacobo Rousseau en Monforte de Lemos.
-José Rois Castro	Foi proposto polo Joan Comas como *inspector-mestre* e formou parte da Comisión Provincial para visitar as escolas rexentadas polos opositores de 1928. Mestre en Chantada e docente da Escola Preparatoria dependente do Instituto Provincial de Lugo.
-Antonio Couceiro Freijomil	En 1911 tomou posesión da praza como mestre na *Escuela Práctica Graduada de Lugo* e o 17 de xaneiro de 1912 como profesor na *Escuela Superior Graduada de Lugo*. Tamén publicou *La aceptación del dolor*, conferencia organizada pola *Juventud Antoniana* de Lugo, na *Escuela de Obreros* de Lugo o 25 de marzo de 1914.
-Antonio Farto Bravo	Mestre da Escola de Chantada que impulsou en 1914 a creación do primeiro grupo *scouts* lucense, denominado *Exploradores de España*. Defensor do asociacionismo, máis tarde trasladouse a Porriño para dirixir a Escola Graduada de Nenos ata a súa xubilación en 1953. Durante a Guerra Civil foi suspendido de emprego e soldo.
-Carmen Pardo Losada	Directora da Escola Normal de Lugo 1916-1931 e 1939-1959.
-Concepción Fernández López	Pedagoga e empresaria que estudou na Residencia de Señoritas de Madrid, impulsora xunto a seu irman Antonio Fernández López da Escola de Fingoi.
-Emilio Ceide Vilar	Docente da *Escola de San Ciprián entre 1910 e 1915*. Despois traballou na *Escola Preparatoria* dependente do *Instituto Provincial de Lugo*. Máis tarde foi catedrático do *Instituto de Segunda Ensinanza de Lugo* en 1936.
-Luís Diego Cuscoy	Introdución de experiencias escolares sobre comprensión lectora. Mestre da Escola de Palas de Rei, citado en 1933 na revista freinetiana *L´Éducateur Proletarien*.
-Claudia Otero Besteiro	Mestra licenciada no ano 1919-20. Naceu en Lugo en 1895 e estudou na Residencia de Señoritas de Madrid. Tamén fundou a *Escuela de Sambreixo* (Monterroso). Tras a Guerra civil foi depurada e destinada a Badajoz en 1942.
-Antonio Pérez López e José Arévalo Simón	Promotores da edición *El Pequeño escolar*, experiencia de comunicación interescolar de orientación freinetiana. Antonio Pérez colaborou en 1935 coa *Revista de Pedagogía* cun artigo sobre unha excursión á Mariña Lucense.
-Julián Pérez Palacios	Introdución de experiencias sobre educación popular e escola activa. Mestre da *Escola de Rúa* (Cervo) dende setembro de 1927 a febreiro de 1934. Membro dende 1930 da UGT e colaborador nas revistas *Vida Escolar* e *Heraldo de Vivero*.
-Rosario Vila Hernández	Profesora da Normal de Lugo en 1922 que destacou no Congreso realizado no ano 1923.
-Juan Mariño López	Mestre da Escola de Ribas Altas, Academia Juan Jacobo Rousseau e director do Seminario Agora.
-Rosa Filomena Grobes Jeremías	Ascendida pola súa competencia profesional e entrega, combinando a docencia coa beneficencia e a formación dunha aprendiz.
-Ángel Fernández Romero	Portavoz da Asociación de substitutos-interinos, cuestionando o sistema caciquil implantado en Lugo.
-Filomena Páramo Fernández	Primeira muller profesora do Instituto lucense de Enseñanza Media. Colaborou no *Congreso Pedagógico* de Lugo de 1923. En 1950 trasladouse ao *Instituto Cardenal Cisneros* (Madrid).
-Felipe Carnicer López	En 1929 organizou xunto a José Galera a *Biblioteca Popular Circulante* en Viveiro.
-Felipe Paz Agrio	Ídem.
-José R. Fernández Carral	Presidente da *Asociación Nacional de Maestros de Lugo*.
-Manuel Vázquez Barrio	Presidente *Asoc. de Maestros interinos-substitutos*.
-Francisco Arias Galán	Integrante da Xunta Provincial de Beneficencia. *Fundación López Carvajal 1770*.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

-Juan Bautista Neira Arias	Integrante da Xunta Provincial de Beneficencia. Fundador da *Asociación Cerezal-Becerreá*.
-Pedro Seijo Vaamonde	Integrante da Xunta Provincial de Beneficencia. Fundador da *Escola Seijo-Abadín*.
-Eduardo Lamela Pallín	Integrante da Xunta Provincial de Beneficencia.
-Leonor Estevez Rodríguez	Integrante da Xunta Provincial de Beneficencia e *Fundadora Estévez*.
-Rodrigo de Castro Osorio[3430]	Integrante da Xunta Provincial de Beneficencia. Fundador da *Asociación Escolapios-Lura* e o *Colexio de Nuestra Señora de la Antigua*.
-Ángel Santos Vila	Galeguista, pedagogo, filántropo e mestre das escolas de Vegadeo e Ribadeo (Lugo 1891-Sacramento 1965). Fundador do *Premio Ángel Santos Vil*a para incentivar a asistencia escolar.
-Antonio Pernas Martínez	Integrante da Xunta Provincial de Beneficencia. Fundador da Escola de Santa Rita en 1903.
-Jesús Franco Fernández	Integrante da Xunta Provincial de Beneficencia. Fundador do Padroado Aguirre en 1921.
-Rogelia Aguirre Pardo	Integrante da Xunta Provincial de Beneficencia. Fundadora da *Escuela Gratuita para niños pobres* de Landrove (Viveiro), constituida o 11 de marzo de 1919 e denominada "Escuela Aguirre" (Padroado Aguirre).[3431]
-José Vázquez Senra	Director da revista *La Unión del Magisterio* editada en Lugo en 1907.
-Ramón Salgado Toimil	Mestre da Escola de Foz destacado a nivel provincial, fundador da *Biblioteca Popular Focense* e secretario do Pósito de pescadores de Foz. En 1928 foi elixido como vogal delegado na Asemblea Nacional polos mestres da provincia de Lugo. Amais, este rexeneracionista inaugurou varias escolas de indianos e realizou varias conferencias no *Centro Obrero de Cultura*.
-Andrés Gómez Legaspi	Director da revista *Vida Escolar* e da Comisión Organizadora da Semana Pedagóxica de 1933.
